

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS, FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

LINGUA GALEGA E NOVOS SOPORTES COMUNICATIVOS: A LINGUAXE SMS

Tese de doutoramento realizada por

D^a Estefanía Mosquera Castro

Dirixida polos profesores doutores

D. Manuel Ferreiro Fernández e

D. Xosé Manuel Sánchez Rei

A Coruña, Xuño 2014

Lingua galega e novos soportes comunicativos: a linguaxe SMS

Estefanía Mosquera Castro

Tese de doutoramento UDC / 2014

Visto e prace

Visto e prace

Manuel Ferreiro Fernández

Xosé Manuel Sánchez Rei

Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

I. Agradecementos

Nos últimos tempos apareceron numerosos traballos científicos que estudan a lingua galega desde as diversas esferas da descrición filolóxica e que, por tanto, contribúen para preencher as lacunas provocadas polo desenvolvemento tardío e exíguo da nosa tradición gramatical. No entanto, xulgamos relevante que, ao mesmo tempo, o noso idioma sexa tamén analizado desde o prisma doutras orientacións epistemolóxicas, cal a neurolingüística ou a lingüística aplicada, para que a reflexión filolóxica sexa capaz de dar resposta ás novas prácticas e aos novos usos da lingua. Este é o motivo fundamental que orientou as nosas pesquisas cara ao ámbito da Lingüística da Internet, área cunha grande proxección internacional e sobre a cal pouco se ten reflectido desde o marco da lingua galega. Así as cousas, o principal propósito do presente traballo será coadxuvarmos na medida das nosas posibilidades en acrecentarmos a investigación sobre o galego desde esta nova focaxe.

No desenvolvemento da tarefa investigadora foron moitas as persoas que de forma xenerosa e altruísta nos ofreceron a súa axuda e que contribuíron de diverso modo para a súa realización. Por tal razón, xulgamos que as palabras iniciais deben deixar constancia da nosa gratitude para con todas elas. Así, e en primeiro lugar, merecen o noso agradecemento os coorientadores do presente traballo, o Profesor Manuel Ferreiro e o Profesor Xosé Manuel Sánchez Rei, os cales desde o inicio fixeron posíbel esta empresa, avalando a nosa elección, orientándonos nos aspectos máis complexos do labor investigador, proporcionándonos materiais e fontes bibliográficas de grande relevancia, reflectindo sobre grande parte dos argumentos que hoxe forman esta tese e, tamén no persoal, estimulando o noso gosto pola lingua e pola carreira investigadora naqueles momentos en que o camiño se fixo máis angosto.

En segundo lugar, tamén queremos agradecer a inestimábel colaboración do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística e, sobre todo, da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña. En particular, a nosa gratitude é para D. Xosé Ramón Freixeiro Mato, para D^a. Goretti Sanmartín Rei, para D. Luciano Rodríguez Gómez, para D^a. Laura Tato Fontaíña e para D^a. Carme Fernández Pérez-Sanjulián, dado que as súas suxestións e os seus comentarios favoreceron a mellora deste traballo. Tamén valorizamos a axuda desinteresada das nosas compañeiras de doutoramento, concretamente de Luz Varela Armas e Noemí Ares Pereira, coas cales partillamos o labor docente e investigador e ás cales queremos dar as grazas polas súas recomendacións, as súas ideas e a súa dispoñibilidade para colaboraren connosco.

Este estudo tampouco tería sido posíbel sen o aval que nos emprestaron outras persoas e organismos. Por esta razón, agradecemos inmenso o apoio económico proporcionado pola Universidade da Coruña a través dun contrato predoutoral e tamén estimamos moito a axuda en forma de bolsa FPU do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Nos dous casos concedéusenos a oportunidade de nos formarmos na Área de Filoloxías Galega e Portuguesa, participando activamente no traballo da equipa de investigación do grupo ILLA (Investigación Lingüística e Literaria Galega) e da actividade docente universitaria. Igualmente, valorizamos moito a axuda de todo o persoal docente e investigador con que traballamos nestes anos. En especial, é a nosa vontade expresarmos o noso agradecemento ao Profesor José del Valle e ao Centro de Estudos Galegos da City University of New York (CUNY), polo convite para realizar unha estadía e por nos ofrecer novas perspectivas desde as cales nos achegamos á investigación sobre a lingua galega.

En último lugar, merecen tamén a nosa gratitude aquelas persoas máis próximas, en especial a familia e as amizades, que durante todo o tempo se mostraron pacientes e comprensivas e nos alentaron desde o inicio para a consecución deste proxecto. Os seus estímulos optimistas e a súa inestimábel confianza nas nosas capacidades foron un dos motores fundamentais ao longo das distintas fases que requiriu a elaboración do presente traballo. Somos cientes de que, con certeza, é esta unha enumeración forzosamente incompleta, por canto foron moitas as persoas que dunha forma ou doutra nos agasallaron tamén coa súa colaboración. Para todas elas van dirixidas, igualmente, as nosas palabras liminares de agradecemento.

II. Resumo / Resumen / Abstract

A presente tese de doutoramento *Lingua galega e novos soportes comunicativos: a linguaxe SMS* analiza as características das novas tipoloxías textuais e dos códigos lingüísticos que se xeraron a partir do desenvolvemento da comunicación electrónica. En particular, focaliza a súa atención na modalidade discursiva das mensaxes de texto e no sistema de escrita abreviada coñecido como “a linguaxe SMS”, en tanto que medio e vehículo da interacción persoal. Neste sentido, xulgamos que as particulares condicións en que se desenvolve a comunicación no contorno dixital e as posibilidades interactivas das súas aplicacións determinan a aparición de novos modos de interlocución e, en consecuencia, de modelos textuais e códigos lingüísticos novidosos que exigen reflexión desde un prisma filolóxico e lingüístico. Con tal propósito, pareceunos relevante non só describirmos as súas propiedades textuais e gramaticais, que constitúen o argumento principal, mais tamén realizarmos unha aproximación diacrónica e sociolóxica que permita entendermos estas modalidades no contexto en que se enmarcan, determinarmos o grao de innovación e de débeda a respecto doutros sistemas de comunicación, eliminarmos os preconceitos que existen aínda en relación con estas prácticas e, por último, constataremos a proxección sociocultural e o enorme potencial que nos ofrece este fenómeno lingüístico.

La presente tesis de doctorado *Lengua gallega y nuevos soportes comunicativos: el lenguaje SMS* analiza las características de las nuevas tipologías textuales e de los códigos lingüísticos que se crearon con motivo de la expansión de la comunicación electrónica. En particular, centra su atención en la modalidad discursiva de los mensajes de texto y en el sistema de escritura abreviada conocido como “el lenguaje SMS”, en tanto que medio y vehículo de la interacción personal. En este sentido, consideramos que las particulares condiciones en que se desarrolla la comunicación en el entorno digital y las posibilidades interactivas de sus aplicaciones determinan la aparición de nuevos modos de interlocución y de modelos textuales y de códigos lingüísticos novedosos que exigen reflexión desde un prisma filológico. Por eso nos pareció relevante describir sus propiedades textuales y gramaticales, que conforman el argumento principal, y realizar, igualmente, una aproximación diacrónica y sociológica que permita entender estas modalidades en el contexto en el que se enmarcan, determinar el grado de innovación y de tradición de estos sistemas de comunicación, eliminar los prejuicios que todavía existen sobre estas prácticas y verificar la proyección sociocultural y el gran potencial que nos ofrece este fenómeno lingüístico.

This PhD thesis *Galician language and new communication media: texting* analyzes the characteristics of the new types of textual and linguistic codes that were created as a result of the expansion of electronic communication. In particular, it focuses on the discursive mode of text messages and shorthand writing system known as “texting”, as much as medium and vehicle of personal interaction. In this regard, we consider the particular circumstances in which communication takes place in the digital context and the interactive possibilities of their applications determine the appearance of new forms of dialogue and, therefore, novel textual models and linguistic codes that require study and reflection from a philological prism. For this purpose, we found relevant not only to describe their textual and grammatical properties –which make up the main argument–, but also to perform a diachronic and sociological approach in order to understand these modalities in the context in which they are framed, determine the scale of innovation and tradition regarding other communication systems, eliminate prejudices that still exist about these practices and, in last place, verify the social projection and the great potential offered by this linguistic phenomenon.

III. Limiar

Obxectivos

A Internet e os sistemas de interacción dixitais constituíron unha auténtica revolución social e na actualidade conforman unha parte importante do noso día a día. Igualmente, ao se tratar dun medio eminentemente gráfico, será tamén unha revolución no ámbito da linguaxe. Por esta razón, viran necesarias aproximacións lingüísticas que se acheguen á nova realidade e que a describan coa maior profundidade posíbel e desde múltiples perspectivas. Sería esta circunstancia a que motivaría a nosa escolla temática e a que nos conduciu ao presente traballo. Así as cousas, o propósito fundamental asenta na análise e na influencia que as tecnoloxías da información e da comunicación exercen no aparecemento de novas prácticas comunicativas e na modificación da forma en que as persoas utilizan a lingua para interaxiren no soporte dixital. Especificamente, a nosa atención focalízase no estudo pormenorizado da modalidade discursiva das mensaxes de texto e na descrición dos fenómenos lingüísticos característicos do código gráfico que a ela xorde asociado, a linguaxe SMS. Os obxectivos que perseguimos coa presente investigación son diversos: por unha parte, ofrecermos unha visión ampla da antedita tipoloxía textual e das súas propiedades lingüísticas; por outra parte, contribuírmos para a modernización e a actualización da Filoloxía Galega introducindo unha nova focaxe, a dos usos lingüísticos da Internet, desde a cal nos aproximarnos do estudo da nosa lingua, que non só debe asentar na tradición, mais tamén na análise da realidade máis inmediata. Outrosí, un traballo de tales características será capaz de favorecer igualmente a normalización das novas prácticas discursivas e tamén do galego, na medida en que verifica a súa vitalidade.

No entanto, a necesaria reflexión que exige este fenómeno desde as diversas áreas da descrición (socio)lingüística permítenos establecermos obxectivos máis precisos que, de modo complementar aos xa sinalados, guiarán a nosa investigación e que citamos a seguir:

- a) determinarmos as propiedades inherentes ao discurso electrónico e o mapa de potencialidades comunicativas do soporte dixital.
- b) coñecermos o modo en que se estrutura esta tipoloxía textual e cales son as súas características diferenciais a respecto do resto das modalidades electrónicas.
- c) describirmos as estratexias lingüísticas e os recursos gráficos presentes na linguaxe SMS e establecermos os seus condicionantes, a súa funcionalidade e as súas finalidades.
- d) verificarmos o grao de orixinalidade e o grao de débeda da linguaxe SMS a respecto doutros mecanismos de escrita abreviada.
- e) ofrecermos unha aproximación diacrónica da historia da escrita que incorpore as prácticas máis recentes producidas no medio electrónico.
- f) constataremos como a representación da lingua por escrito é un organismo en continua mudanza e en constante adaptación aos novos tempos e aos novos espazos.
- g) afondarmos na nova orientación da Lingüística relativa ao contexto dixital, nomeadamente no que se refire ao xénero das mensaxes de texto e á linguaxe SMS.

- h) comprobarmos o nivel de (a)normalidade con que as mudanzas orixinadas polas TIC foron asumidas na esfera lingüística en comparación con outras áreas e campos.
- i) especificarmos e refutarmos os preconceptos que existen arredor dos usos lingüísticos en Rede tanto a nivel social como dentro da comunidade investigadora.
- j) determinarmos o perfil da persoa usuaria destes medios e destes códigos, aprofundando nas causas e nos propósitos que estimulan a dita praxe.
- k) coñecermos as potencialidades da escrita gráfica para fomentaren a invención e a creatividade lingüística do usuariado.
- l) reflectirmos sobre a utilidade do emprego das modalidades discursivas e dos códigos lingüísticos dixitais nas aulas de lingua como ferramenta pedagóxica.
- m) verificarmos que se trata dun fenómeno universal e que, en consecuencia, todas as linguas desenvolveron unha variedade gráfica de similares características para se adecuaren ao novo contexto.
- n) termos coñecemento da proxección social e da rendibilidade da linguaxe SMS noutras esferas, como a publicitaria, a literaria e inclusive a artística.
- o) constataremos a necesidade de vincularmos a lingua galega ao soporte dixital e ás novas realidades lingüísticas para favorecermos o proceso de revitalización do noso idioma.

En definitiva, o presente traballo pretende contribuír a escala global para ampliarmos as perspectivas da reflexión lingüística, incorporando novos escenarios de uso e novas realidades lingüísticas que precisan ser estudadas; e a escala local persegue favorecer a investigación sobre a lingua galega nun ámbito asaz concreto, o da Internet, ao tempo que preenche os baleiros provocados polo serodio desenvolvemento da tradición gramatical e que amplía as perspectivas de reflexión lingüística do noso idioma.

Metodoloxía

De acordo co xa sinalado, o desenvolvemento das TIC fixo proliferar toda unha variedade de novas plataformas de interacción cuxo estudo e observación non permanecen alleos aos intereses das disciplinas humanísticas, entre elas a Lingüística, que está a presenciar continuamente o nacemento de novos xéneros discursivos. O das mensaxes de texto é tan só un exemplo que, xunto ao correo electrónico, os chats ou a mensaxaría instantánea completan o mapa de tipoloxías textuais xurdidas nos espazos de comunicación en Rede. A nosa investigación inscríbese, por tanto, no contexto de aparición de novos usos lingüísticos e ten como finalidade a súa caracterización. Porén, a novidade deste tipo de investigacións implica tamén acharmos certos obstáculos, especialmente no referente ao marco teórico e aos principios metodolóxicos que deben estruturar un traballo de tales características para garantir a súa coherencia. De feito, no ámbito galego-portugués non existe ningún estudo monográfico que trate con pormenor estes aspectos, mais tan só algunhas notas ou artigos que reflecten sobre cuestións puntuais. Esta carencia é o motivo de que algunhas das teorías enunciadas no traballo a respecto do noso idioma fosen formuladas *ex nihilo* e de que sexan os contributos realizados para a lingua inglesa os que se erixan en boa medida como referentes, xa que é un dos idiomas sobre o que máis investigacións se realizaron neste campo. Con todo, os seus autores tamén son conscientes da dificultade de

analizarmos unha disciplina que non existe ou que, cando menos, non está recollida como tal nos manuais especializados ou nas materias dos cursos universitarios. A análise lingüística da Internet e dos contextos electrónicos constitúe un novo ámbito de investigación que, a pesar da súa transcendencia, aínda se encontra nun estado incipiente. Por esta razón, a perspectiva desde a cal abordamos o estudo das SMS e da linguaxe SMS é a da descrición lingüística, dado que xulgamos que no momento actual é o que estes códigos precisan: descrições que permitan entender a súa funcionalidade no soporte en que emerxeron.

A caracterización das mensaxes de texto e das súas propiedades lingüísticas en tanto que modalidade discursiva e sistema gráfico singulares desde unha óptica descritiva ten de partir, necesariamente, dun corpus de textos o suficientemente representativo para dar conta de todas as súas particularidades. E, máis unha vez, tamén neste punto a nosa investigación encontra diversos atrancos, pois a nivel xeral existen moi poucos bancos de datos que recollan mostras das novas prácticas lingüísticas e, en particular, porque ningún dos existentes incorpora hoxe en día a lingua galega ao seu abano de idiomas. Coñecemos no ámbito galego-portugués algunhas iniciativas neste sentido, mais o número de textos manexados é aínda limitado tanto do punto de vista cualitativo –ao estaren restrinxidos a unha temática concreta– como cuantitativo –ao conteren un número reducido de mostras. Consecuentemente, decidimos crear un corpus de SMS en galego que nos permitise describir con rigor os seus trazos máis representativos. O corpus consta de 812 mensaxes que foron extraídas dunha mostra máis ampla que serviu para a súa selección e compiladas a través de varios sistemas: primeiramente, recolleamos as SMS que se produciron como resultado dun concurso da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (e cuxa referencia no texto será C-Nadal) que premiaba a SMS de Nadal máis orixinal; en segundo lugar, após varias probas iniciais, seleccionamos varios informantes repartidos por toda a xeografía galega para que recollesen un conxunto de SMS representativo de todo o territorio; por último, utilizamos un formato de colaboración aberta creando un formulario electrónico (<http://goo.gl/n0szso>) en que todo o mundo podía contribuír achegando as súas SMS en galego. Nesta liña, e para conseguirmos unha ampla participación, foi difundido a través das redes sociais para que grazas ao usuariado partillar ou retuitear puidese chegar ao maior número de galegofalantes. En ambos os casos, para alén das SMS, solicitamos información de tipo persoal (idade, sexo e procedencia) para determinarmos en liñas xerais o perfil sociolóxico das persoas usuarias deste sistema de escrita.

De acordo con Pérez Guerra (1998:28), canto maior for o volume dos textos recollidos, maiores serán as oportunidades de análise e de descrición lingüística dun determinado fenómeno. Non obstante, convén repararmos na dificultade de compilarmos un corpus deste tipo, que implica traballarmos con textos que se inscriben adoito na esfera privada do individuo. Non resulta fácil accedermos a mostras que precisan da doazón desinteresada das persoas e da súa autorización. As reticencias son moitas e, por esta razón, a grande maioría das SMS foi cedida ou compilada por xente do noso contorno máis próximo. Outrosí, debemos ter en conta que nalgúns casos as SMS recibidas poden non corresponder á mensaxe orixinal, isto é, é posíbel que puidesen presentar certas alteracións: corrección de erros, desenvolvemento de abreviaturas etc. En todo o caso, xulgamos que, a pesar dos mencionados condicionantes e a teor dos textos recibidos e de estudos similares sobre outras modalidades textuais, as persoas informantes conforman un grupo o suficientemente diverso. Por tanto, achamos que as 812 SMS que compoñen o corpus constitúen unha mostra significativa que permitirá identificarmos as características principais do sistema de escrita abreviada que se utiliza neste medio. Na análise lingüística, os datos persoais son irrelevantes, de modo que os nomes de informantes e o das entidades que cederon as

mensaxes foron eliminados co fin de respectarmos a súa intimidade, salvo naqueles casos en que temos consentimento expreso ou onde estas referencias resultaren relevantes para o estudo lingüístico ou textual. E aínda que o banco de datos con que contamos presenta máis información, na relación de SMS que figura no Anexo I incorporamos tan só a súa referencia en función do bloco de idade a que pertencen (15-25 será A, 26-40 será B, +40 será C) e a tipoloxía das mensaxes (Persoais e Non persoais). Igualmente, na medida das nosas posibilidades, procurouse incluír algúns exemplos de unidades interaccionais completas para analizarmos aspectos relativos ao encadeamento de mensaxes e á súa estruturación, e tamén textos pertencentes a outras tipoloxías discursivas (Outras mostras ou OM), tales como as redes sociais, os chats ou o correo para determinarmos a súa rendibilidade noutros soportes con diferentes condicionamentos técnicos.

Non obstante, alén da descrición lingüística do novo sistema de representación da escrita, tamén nos pareceu relevante estudarmos este fenómeno desde a óptica da Lingüística Perceptiva, isto é, desde aquela disciplina que concede atención ao punto de vista dos propios utentes da lingua, para así verificarmos cal é a súa consideración social. Con tal propósito deseñamos un cuestionario que foi difundido a través das redes sociais, nomeadamente Facebook e Twitter, o que nos permitiu chegarmos a un amplo abano de informantes de procedencia xeográfica e social moi diversa. O número total de persoas que realizou o inquérito foi de 237, cifra que dá conta da representatividade dos nosos datos. O cuestionario consta de trinta e dúas cuestións –moitas delas vinculadas a través dunha relación de causa-efecto–, en que se interroga as persoas sobre diversos aspectos relacionados coas SMS, a escrita reducida e a súa percepción social. As preguntas preséntanse en diversas modalidades –escolla entre varias opcións, texto libre, respostas fechadas de ‘si’ ou ‘non’, selección a partir dunha listaxe etc.–, de modo que nin sempre é posíbel ofrecermos estatísticas. Igualmente, poden distinguirse tres bloques fundamentais: unha primeira serie de preguntas en que se identifica o perfil das persoas que participan do cuestionario (grupo de idade, procedencia e sexo), unha segunda sección que se centra no xénero das mensaxes de texto (frecuencia de envío, razóns que motivan o seu uso etc.) e a última, e máis extensa, que focaliza a súa atención no sistema de escrita abreviada (argumentos que apoian a súa utilización, caracterización das persoas usuarias, recursos lingüísticos e valorizacións a respecto do seu uso e do seu futuro). Igual que acontece co corpus –en que a orixinalidade lingüística radica na subversión a respecto do modelo estándar–, tamén nos excertos de textos citados tanto do inquérito como da bibliografía resolvemos adoptar criterios de literariedade e reproducilos tal e como figuran na edición empregada. Tan só alteramos o texto naqueles casos en que detectamos grallas de natureza tipográfica coa finalidade de facilitarmos a lectura.

No referente ao marco teórico, seguimos fundamentalmente o modelo da gramática funcional que, para alén de ser o dominante na esfera dos estudos filolóxicos na Galiza, é aquel que mellor encaixa coa orientación deste traballo, pois entende a lingua como punto de partida para explicar a organización, a variación e a (re)produción de cada un dos elementos que a enforman e concede unha grande relevancia ás circunstancias contextuais que envolven todo o acto lingüístico. No entanto, tamén non negamos a relevancia das orientacións máis formalistas ao longo destas páxinas. Por iso, decidimos adoptar unha metodoloxía mixta que se aproxime deste fenómeno lingüístico combinando a introspección reflexiva coa observación e o traballo sobre os textos; así, a explicación teórica reparará non só nos falantes, no seu contorno lingüístico e nas súas pretensións comunicativas, mais tamén na procura de principios comúns ou universais que permitan estudarmos, en último caso, a capacidade lingüística dos seres humanos. Tamén queremos manifestar a importancia da

tradición gramatical galega como apoio para a descrición lingüística deste código; as obras de Xosé Ramón Freixeiro Mato, Manuel Ferreiro, Rosario Álvarez e Xosé Xove foron algunhas das referencias teóricas máis valiosas a este respecto. E na mesma medida, non podemos obviar a nosa débeda coa literatura lingüística xeral, nomeadamente coa anglófona, que, debido á xa citada exigüidade de investigacións deste teor no ámbito galego-portugués, virou imprescindible como soporte teórico: os traballos de David Crystal, Naomi Baron, Crispin Thurlow, Rich Ling ou Susanne Herring, entre outras referencias, contribuíron de modo significativo para enriqueceren esta tese.

Estruturación

Coa finalidade de organizarmos dun modo coherente a exposición dos obxectivos e a observación dos resultados do corpus e do inquérito, optamos por dividirmos convencionalmente este traballo en diversos capítulos; cada un deles focaliza a súa atención en aspectos particulares relativos á definición das mensaxes de texto e da linguaxe SMS en tanto que xénero textual e código lingüístico novidosos no marco da comunicación escrita. Nalgúns casos, a pertinencia dos subcapítulos pode verse a partir da visión de conxunto, de modo que todos eles resultarán eficaces para entendermos a natureza e a singularidade do fenómeno SMS en toda a súa amplitude e complexidade.

Para alén da sección introdutoria, en que figuran as cuestións de método e os índices, son seis as partes en que está dividido o noso estudo. Na primeira delas, intitulada “Tradición e innovación na comunicación escrita”, achegámonos a dous ámbitos que xulgamos imprescindibles para interpretarmos as tipoloxías textuais e os códigos lingüísticos que está a propiciar o contexto dixital: por unha banda, examinamos os trazos máis característicos dos sistemas de representación escrita da lingua e dos seus soportes ao longo da historia e tamén os antecedentes dos mecanismos de escrita abreviada para determinarmos o grao de innovación da linguaxe SMS e das súas estratexias lingüísticas; por outra banda, tamén centramos o noso interese na esfera tecnolóxica e nas súas repercusións desde unha perspectiva lingüística e comunicativa. Neste sentido, realizamos unha contextualización histórica e ocupámonos da descrición das diferentes aplicacións empregadas na interacción electrónica e das súas posibilidades lingüísticas. Tamén analizamos a proxección social destas tecnoloxías para observarmos o grao de (in)naturalidade con que estas foron asumidas nuns e noutros casos. Somos conscientes da excesiva extensión dun capítulo cuxo obxectivo é só contextualizar, mais xulgamos necesario aprofundarmos nesta dupla perspectiva, dado que constituirá –debido á ausencia de aproximacións teóricas doutra índole– o principio fundamental desde o que nos achegamos a estas prácticas.

O capítulo 2, “As SMS no marco do discurso electrónico”, repara nas consecuencias lingüísticas producidas pola aparición dun novo soporte para a interacción entre seres humanos. Sobre este particular, pareceunos relevante tratarmos primeiramente algúns aspectos relativos aos fundamentos da linguaxe que nos permitisen coñecermos en profundidade o seu funcionamento e, en consecuencia, entendermos tamén a orixe e a rendibilidade dun fenómeno destas características. Así, o achegamento ao código lingüístico, aos modelos comunicativos ou á tipoloxía textual servirá de base para identificarmos as propiedades intrínsecas do discurso electrónico, en tanto que macroclase de toda a variedade discursiva xerada neste contorno. Para tal efecto, realizamos unha aproximación histórica do Discurso Mediado por Computador e das liñas de investigación fundamentais desde as cales se abordou o seu estudo. A partir de aí atenderemos á súa caracterización, facendo especial fincapé nos trazos inherentes ao propio soporte, como a dimensión espacio-temporal, as

limitacións técnicas das aplicacións ou a falta de retroalimentación. Será esta aproximación a que facilite a comprensión das propiedades discursivas dos xéneros textuais electrónicos, da natureza híbrida da súa modalidade gráfica –a medio camiño entre a oralidade e a escrita– e do carácter a un tempo sintético e expresivo dos recursos lingüísticos que a definen. En último lugar, o capítulo inclúe tamén a descrición pormenorizada do xénero das mensaxes de texto desde unha dupla perspectiva: i) a sociolóxica, que se centra no usuariado e que analiza a funcionalidade desta ferramenta, e ii) a comunicativa, que clasifica as SMS atendendo á súa tipoloxía, aos condicionamentos de espazo e tempo, ás modalidades de interacción predominantes e á súa estrutura paratextual.

Pola súa parte, o capítulo 3, intitulado “A linguaxe SMS”, está orientado cara ao estudo da variedade discursiva desde unha óptica fundamentalmente lingüística, isto é, ao tratamento de todas aquelas cuestións relevantes para definirmos a nova modalidade escrita. Neste punto, abordamos tamén algúns aspectos sociolóxicos, como o perfil do usuariado ou as motivacións e as finalidades para o uso destes códigos. As páxinas centrais da epígrafe están dedicadas á análise dos seus trazos lingüísticos máis característicos, agrupados en función da área gramatical a que pertencen: ortografía, fonética, morfosintaxe, semántica, pragmática etc. Esta é, do noso punto de vista, unha das partes máis interesantes do traballo, xa que a descrición lingüística do fenómeno SMS pon de manifesto, por un lado, a capacidade de creación lingüística das persoas, que xogan coas particularidades da lingua para as moldearen segundo os seus obxectivos e, por outro lado, as posibilidades expresivas e a vitalidade das linguas, que de maneira inmediata e case instintiva se adaptan aos novos espazos de uso e ás exixencias dos seus utentes. Neste sentido, tamén concedemos atención a determinados aspectos sociolingüísticos, como a variación dialectal ou a situación de contacto lingüístico para observarmos en que medida inflúen na conformación da linguaxe SMS. Igualmente, observamos a modalidade desde unha perspectiva global, examinando o modo en que outras linguas se comportan no mesmo soporte e as similitudes estruturais entre as propiedades da escrita abreviada e a doutras variedades lingüísticas, como os pidgins e os crioulos. O estudo da linguaxe SMS complétase coa análise da súa transcendencia sociocultural; nesta liña, centrarémonos na súa consideración social e na súa proxección a outras áreas, cal a literaria, a educativa ou a artística.

No capítulo 4 figuran as conclusións xerais a que nos conduciu a nosa investigación. Sobre esta cuestión, convén sinalarmos que tamén no encerramento de cada capítulo incluimos unhas breves notas que sintetizan os aspectos principais que foron tratados. Así as cousas, nestas liñas finais establecemos pontes entre os obxectivos formulados no limiar e os resultados presentados ao longo do traballo.

O capítulo 5 contén as referencias bibliográficas que nos serviron de soporte teórico para realizarmos a presente investigación e que foron citadas ao longo do texto. Aparecen clasificadas en dous grupos: no primeiro –e máis numeroso– encóntranse as obras de consulta primaria, quere dicir, aquelas que manexamos para sustentarmos as nosas hipóteses, extraermos datos ou confrontarmos os resultados; trátase fundamentalmente de estudos (socio)lingüísticos e filolóxicos, moito embora a natureza tecnolóxica do tema tratado impida a súa exclusividade. No segundo presentamos as obras de consulta secundaria, fundamentalmente volumes literarios de que tiramos algúns dos exemplos expostos no traballo. En relación co sistema de citación, é preciso apuntarmos que seguimos o modelo americano, pois xulgámolo máis conveniente para non interferir en exceso a lectura, reservando o espazo das notas a rodapé para ampliarmos determinada información ou completarmos a rexistrada no corpo principal do texto. Deste modo, as indicacións

particulares ofrecidas non obstaculizan mais complementan a necesaria visión de conxunto. E como corresponde a un estudo de tales características, alén das consultas de obras físicas, tamén os recursos *online* conformaron un resorte imprescindible para a elaboración da presente tese. Para estes títulos, acrescentamos á referencia bibliográfica o enderezo web onde se poden consultar e a data en que accedemos a eles por última vez. Nalgúns casos, o formato electrónico imposibilita a citación por número de páxina destes materiais.

Esta tese de doutoramento conclúe no capítulo 6, “Anexos”, onde se ofrece unha serie de apéndices que foron utilizados como fonte de información ao longo da investigación e que son referidos en diversas partes do texto. En primeiro lugar, inclúese a relación de mensaxes de texto de que consta o noso corpus tendo en conta a clasificación adoptada para a súa citación no desenvolvemento do traballo. En segundo lugar, adxuntamos tamén o formulario web que foi utilizado para extraermos os datos sociolóxicos a respecto do sistema de mensaxes de texto e da linguaxe SMS; nesta sección incluimos tamén unha ligazón para a súa localización web, pois tan só deste modo poderán visualizarse as diversas alternativas suxeridas para aquelas preguntas que non presentan unha resposta libre. En terceiro lugar, incluimos os principais datos estatísticos utilizados ao longo do traballo sobre as mensaxes de texto e a linguaxe SMS. E, en último lugar, incorporamos a tradución para o inglés do limiar e das conclusións deste traballo, como resultado das exigencias do doutoramento internacional.

ÍNDICE XERAL

I. AGRADECEMENTOS.....	5
II. RESUMO / RESUMEN / ABSTRACT.....	7
III. LIMIAR.....	9
Obxectivos.....	9
Metodoloxía.....	10
Estruturación.....	13
ÍNDICE XERAL.....	17
V. ÍNDICE DE FIGURAS E TÁBOAS.....	23
VI. RELACIÓN DAS PRINCIPAIS ABREVIATURAS CITADAS NO TEXTO.....	25
CAPÍTULO 1. TRADICIÓN E INNOVACIÓN NA COMUNICACIÓN ESCRITA.....	27
1.1. Achegamento á historia da escrita: desenvolvemento e simplificación.....	27
1.1.1. Aproximación aos sistemas de representación da linguaxe.....	30
1.1.1.1. Consideracións sociais da escrita.....	38
1.1.2. Historia dos soportes da escrita. Do papiro á pantalla.....	43
1.1.3. Antecedentes dos mecanismos de escrita abreviada. Visión histórica.....	54
1.1.4. Sistemas de simplificación lexical. Perspectiva gramatical.....	67
1.2. As TIC e os novos sistemas de comunicación.....	71
1.2.1. Os soportes da interacción electrónica.....	73
1.2.1.1. A informática e as telecomunicacións.....	73
1.2.1.1.1. O computador: de máquina de cálculo a medio de comunicación.....	74
1.2.1.1.2. A telefonía móbil.....	76
1.2.1.2. Historia da Internet.....	80
1.2.1.3. A www.....	83
1.2.1.3.1 A web 2.0: o paso definitivo cara a un modelo comunicativo.....	86
1.2.1.3.1.1. Blogs.....	89
1.2.1.3.1.2. Redes Sociais.....	91
1.2.2. Os novos medios de comunicación.....	95
1.2.2.1. O correo electrónico.....	96
1.2.2.2. Foros de debate, grupos de novas e listaxes de distribución.....	100
1.2.2.3. Os chats.....	103
1.2.2.4. Mensaxaría Instantánea (MI).....	105
1.2.2.5. As SMS.....	107

1.2.2.6. As chamadas perdidas	109
1.2.2.7. MUDs e MOOD	111
1.2.2.8. Comunicacións de voz e vídeo por Internet (VoIP).....	114
1.2.3. Repercusións sociais das TIC	116
1.2.3.1. Comunidade virtual vs comunidade presencial	118
1.2.3.2. A división dixital	126
1.2.3.2.1. División socioeconómica	128
1.2.3.2.2. División xeracional.....	131
1.2.3.2.3. División lingüística	134
1.2.3.3. Lecer e socialización: adicción ás TIC	137
1.3. Conclusións	143
CAPÍTULO 2. AS SMS NO MARCO DO DISCURSO ELECTRÓNICO	147
2.1. Achegamento aos fundamentos da linguaxe	149
2.1.1. Linguaxe, lingua e fala	152
2.1.2. Código lingüístico e modelos comunicativos	155
2.1.3. Variación lingüística.....	160
2.1.4. Aproximación á tipoloxía textual.....	169
2.2. CMC: o discurso electrónico.....	177
2.2.1. Breve historia da CMC.....	178
2.2.2. O discurso mediado por computador (DMC)	183
2.2.2.1 Aproximación á historia do DMC	185
2.2.2.2. Liñas de investigación nos estudos sobre DMC	188
2.2.3. Caracterización do DMC.....	192
2.2.3.1. Factores que inflúen nas especificidades do medio	194
2.2.3.2 Tipoloxía textual electrónica.....	204
2.2.3.3. O oral e o escrito no discurso dixital.....	210
2.2.4. Aproximación á linguaxe da informática e da Internet	221
2.3. As mensaxes de texto	227
2.3.1. Cuestións xerais.....	227
2.3.1.1. Definición	227
2.3.1.2. Propiedades das mensaxes de texto.....	228
2.3.2. Socioloxía das SMS	234
2.3.2.1. Persoas usuarias	235
2.3.2.2. Motivos do suceso	244
2.3.2.3. Funcionalidade das SMS	248
2.3.3. Tipoloxía das SMS.....	254
2.3.3.1. Clasificación segundo criterios funcionais	255
2.3.3.1.1. A mensaxe persoal.....	256
2.3.3.1.2. A mensaxe profesional	257
2.3.3.1.3. A mensaxe institucional.....	259
2.3.3.1.4. A mensaxe comercial e publicitaria	261
2.3.3.1.5. Mensaxes de cadeas de reenvío.....	263
2.3.3.1.6. Mensaxes non solicitadas	264
2.3.3.1.7. Mensaxes xeradas de forma automática.....	266

2.3.3.2. Clasificación segundo criterios enunciativos	267
2.3.3.2.1. O papel da persoa que coenuncia	271
2.3.4. O tempo e o espazo nas SMS	276
2.3.4.1. Un medio diferido	277
2.3.4.2. A pantalla como espazo partillado.....	285
2.3.5. Modalidades de interacción nas SMS.....	289
2.3.5.1. A noción de sesión	295
2.3.5.2. Estratexias para xestionar as interaccións	296
2.3.5.3. Análise conversacional das SMS	299
2.3.5.3.1. Esquemas interaccionais: SMS continuas e descontinuas.....	304
2.3.6. Estrutura paratextual das SMS.....	307
2.3.6.1. Estudo paratextual dos programas de envío de SMS	310
2.3.6.2. Análise paratextual do corpo do texto nas SMS	313
2.4. Conclusións	319

CAPÍTULO 3. A LINGUAXE SMS..... 323

3.1. Achegamento sociolóxico	325
3.1.1 Perfil da persoa usuaria.....	326
3.1.1.1 Quen?.....	326
3.1.1.2. Por que?	336
3.1.1.3. Para que?	340
3.2. Cuestións lingüísticas.....	345
3.2.1. A compoñente gráfica e fonético-fonolóxica	350
3.2.1.1. Recursos de simplificación	350
3.2.1.1.1. Elisión de vogais.....	350
3.2.1.1.2. Ausencia de acentuación	355
3.2.1.1.3. Elisión de consoantes	356
3.2.1.1.4. Redución de grupos consonánticos	359
3.2.1.1.5. Os grupos consonánticos cultos	362
3.2.1.1.6. Simplificación dos dígrafos	363
3.2.1.1.7. Simplificación da correspondencia fonema / letra.....	364
3.2.1.1.8. Reducións grafo-fonéticas	368
3.2.1.1.9. Uso de grafías etimolóxicas	370
3.2.1.1.10. Reducións alfanuméricas.....	372
3.2.1.1.11. Uso de símbolos	374
3.2.1.1.12. Omisión de espazos	380
3.2.1.1.13. Puntuación reducida.....	382
3.2.1.1.14 As abreviacións na escrita SMS	385
3.2.1.2. Recursos de ampliación	390
3.2.1.2.1. Estiramientos gráficos	391
3.2.1.2.2. Puntuación expresiva	393
3.2.1.3. Mecanismos de creación	398
3.2.1.3.1 Novos usos das maiúsculas.....	398
3.2.1.3.2. Uso de grafemas foráneos.....	400
3.2.1.3.3. Novos usos da puntuación.....	402
3.2.2. A compoñente morfolóxica e sintáctica	405

3.2.2.1 Mecanismos de redución.....	405
3.2.2.1.1. Emprego de @.....	405
3.2.2.1.2. Encurtamento vocabular.....	407
3.2.2.1.3. Crases ou contraccións.....	410
3.2.2.1.4. Concordancia.....	415
3.2.2.1.5. Simplificación da sintaxe:.....	417
3.2.2.2. Estratexias de ampliación ou mantemento.....	424
3.2.2.2.1. Uso de perífrases.....	424
3.2.2.2.2. Uso do Infinitivo Flexionado.....	427
3.2.2.2.3. Uso do Futuro do Subxuntivo.....	429
3.2.2.2.4. Uso do diminutivo.....	430
3.2.2.2.5. Uso de intensificadores.....	434
3.2.2.2.6. Estruturas pleonásticas e redundantes.....	437
3.2.2.3. Outros recursos morfosintácticos.....	440
3.2.2.3.1. Adaptación de estranxeirismos.....	440
3.2.2.3.2. Sintaxe coloquial.....	442
3.2.3. A compoñente semántico-lexical.....	451
3.2.3.1. Estratexias de simplificación.....	452
3.2.3.1.1. Emprego de pro-formas.....	452
3.2.3.2. Mecanismos de ampliación ou mantemento.....	457
3.2.3.2.1. Repeticións lexicais.....	457
3.2.3.2.2. Onomatopeas.....	459
3.2.3.2.3. Interxeccións.....	462
3.2.3.3. Estratexias de creación.....	464
3.2.3.3.1. Ampliacións lexicais e/ou semánticas.....	464
3.2.3.4. Outros recursos lexicais.....	466
3.2.3.4.1. Introducción de estranxeirismos.....	467
3.2.3.4.2. Léxico ou expresións coloquiais.....	473
3.2.3.4.2.1. Xiria xuvenil.....	474
3.2.3.4.2.2. Léxico infantil.....	476
3.2.3.4.2.3. Frases feitas e expresións fixas.....	478
3.2.3.4.2.4. A expresión de afecto.....	480
3.2.3.4.2.5. Linguaxe malsoante.....	484
3.2.3.4.2.6. Linguaxe sexual.....	486
3.2.3.4.3. Tratamento da toponimia.....	487
3.2.4. A compoñente pragmático-textual.....	490
3.2.4.1. Mecanismos de redución.....	491
3.2.4.1.1. Simplificación textual.....	491
3.2.4.1.1.1. A elipse.....	491
3.2.4.1.1.2. A deíxe.....	495
3.2.4.1.1.2.1. A deíxe indicial, persoal e espacio-temporal.....	496
3.2.4.1.1.2.2. Deíxe textual: anáfora e catáfora.....	500
3.2.4.1.2. Supeditación da cohesión á coherencia informativa.....	504
3.2.4.2. Estratexias de ampliación. A función expresiva da linguaxe SMS e a súa finalidade pragmática.....	505
3.2.4.3. Recursos de creación. Uso de emotícones.....	506
3.2.4.4. Outros mecanismos de natureza discursiva. A orde pragmática.....	513
3.3. Aspectos sociolingüísticos.....	519
3.3.1. A linguaxe SMS e a variación dialectal.....	520

3.3.2. A linguaxe SMS e o contacto de linguas	525
3.3.3. A linguaxe SMS e a diversidade lingüística	538
3.3.4. A linguaxe SMS, os pidgins e os crioulos	547
3.4. Proxección sociocultural	553
3.4.1. Análise crítica da literatura a respecto da linguaxe SMS.....	554
3.4.2. A linguaxe SMS e outros ámbitos.....	564
3.4.2.1. Linguaxe SMS e ensino.....	565
3.4.2.2. Linguaxe SMS e literatura	576
3.4.2.3. Linguaxe SMS e publicidade.....	587
3.4.2.4. Linguaxe SMS e informática.....	590
3.4.2.5. Linguaxe SMS e outras artes.....	594
3.5. Conclusións	597
 CAPÍTULO 4. CONCLUSIÓNS FINAIS.....	 601
 CAPÍTULO 5. BIBLIOGRAFÍA.....	 605
5.1. Obras de consulta primaria.....	605
5.2. Obras de consulta secundaria	649
 CAPÍTULO 6. ANEXOS	 651
6. I. Corpus de mensaxes de texto	651
6. II. Inquérito sobre as mensaxes de texto e a linguaxe SMS	687
6. III. Relación dos principais datos estatísticos sobre as SMS e a súa escrita SMS	693
6. IV. Tradución para o inglés: Limiar e conclusións finais	703

V. Índice de figuras e táboas

Figura 1. Exemplos de inscricións en vaixelas, pedra e cerámica.....	43
Figura 2. Á esquerda, exemplo de papiro. Á dereita, o pergamiño vindel.....	44
Figura 3. Evolución do formato libro: do manuscrito ao electrónico.....	47
Figura 4. Lousa do século VIII documentada no actual Carrio (Asturias), tirada de Velázquez Soriano (1989)	56
Figura 5. Fragmento dunha cantiga da autoría de D. Dinís [B502].....	57
Figura 6. Interface dunha conversa electrónica en Facebook.....	199
Figura 7. Intercambio múltiple nunha Rede Social.....	201
Figura 8. Exemplos de telemóbel con teclado Querty e norma.....	229
Figura 9. Mostras do sistema de texto predictivo e de escrita manual.....	230
Figura 10. ‘Der Bote’, Matthas Haasse.....	250
Figura 11. Esquema enunciativo prototípico da mensaxaría electrónica.....	266
Figura 12. Esquema do acto de enunciación.....	269
Figura 13. Interface da caixa de entrada de SMS e dunha mensaxe en particular.....	280
Figura 14. Exemplo da estrutura de diferentes xestores de SMS.....	291
Figura 15. Exemplos de marcas paratextuais icónicas e lingüística nas SMS.....	308
Táboa 1. Diferenzas entre a comunicación sincrónica e asincrónica	195
Táboa 2. Trazos dos sistemas de interacción electrónica.....	203
Táboa 3. Propiedades da lingua oral aplicadas á ciberfala.....	214
Táboa 4. Propiedades da lingua escrita aplicadas á ciberfala. Adaptado de Crystal (2006:47).....	217
Táboa 5. Listaxe de emotícones máis comúns.....	505
Táboa 6. Reducións alfanuméricas en galés.....	539

VI. Relación das principais abreviaturas citadas no texto

ADMC:	Análise do discurso mediado por computador
ASCII:	American Standard Code for Information Interchange
CD:	Complemento directo
CI:	Complemento indirecto
CMC:	Comunicación mediada por computador
DMC:	Discurso mediado por computador
ELE:	Ensino linguas estranxeiras
GPRS:	General Packet Radio Service
GSM:	Global System for Mobile
IRC:	Internet Relay Chat
ITU:	International Telecommunication Union
MI:	Mensaxaría instantánea
MMS:	Multimedia Messaging System
MNP:	Mensaxes non persoais
MOOD:	Mud Object-Oriented Dungeon
MUD:	Multi User Dungeon
MUT:	Multi User Talk
OM:	Outras mostrás
PLN:	Procesamento de linguaxe natural
SL:	Second Life
SMS:	Short Message Service
T9:	Texto predictivo
TIC:	Tecnoloxías da información e da comunicación
VOIP:	Voice over IP (Internet Protocol)

Capítulo 1. Tradición e innovación na comunicación escrita

1.1. Achegamento á historia da escrita: desenvolvemento e simplificación

O ser humano identifícase e distínguese do resto por se tratar do único que posúe unha linguaxe articulada, isto é, un sistema de signos que se agrupan arredor de unidades mínimas significativas que, combinadas entre si, dan lugar a outras de maior complexidade semántica. Noutras palabras, o produto cultural¹ por excelencia da actividade da persoa está representado polas linguas, ligadas á capacidade especificamente humana da linguaxe, que, para alén de se constituír como cultura en si propia, tamén funda a comunidade sobre a cal se edifica todo o construto cultural humano, pois a comunidade idiomática é a condición *sine qua non* para a existencia deste (Porzig 1964:218). Nesta liña, Gelb (1982:17) afirma que as dúas características externas máis relevantes da conduta humana son a expresión e a comunicación. O ser humano posúe moitas formas, ben naturais ou ben artificiais, para expresar as súas ideas e os seus sentimentos e, debido a esta finalidade comunicativa, faise necesaria a existencia dun sistema convencional de signos ou de símbolos que, se ben son utilizados por unhas persoas, teñen tamén de ser comprendidos por aquelas que o reciben. Como consecuencia de a linguaxe ser un fenómeno eminentemente oral, a interacción en circunstancias normais exixía a presenza de dous ou máis interlocutores: as persoas que emiten e aquelas que reciben a dita comunicación.

Os medios de que dispón o individuo para interaxir con outros son, segundo Gelb (1982:17), demasiado numerosos e variados, mais cómpre resaltarmos, alén da linguaxe oral, a comunicación visual, por medio do xesto ou a través da mímica, que xorde nomeadamente para resolver determinadas restricións ao emprego da fala debido a circunstancias naturais ou

¹ Casado Velarde (1988:27) sinala a este respecto que a linguaxe, canto que actividade libre do ser humano e, igualmente, como produto desa actividade, se configura como un fenómeno cultural. Neste sentido, acrecenta que a linguaxe posúe todos os trazos daquelas actividades creadoras do espírito, cuxos resultados non son materiais, ou cando menos non son os máis relevantes, e que se denominan conxuntamente cultura. Tórnase preciso citarmos Coseriu (1977:77-78) cando afirma que a linguaxe é unha forma de cultura, se callar a máis universal de todas, e a primeira que distingue o ser racional dos restantes seres da natureza.

artificiais², como é o caso dos xordomudos, privados da facultade da fala. Outro sistema de comunicación visual é o referido aos sinais ópticos que se conseguen a través do lume, da luz etc., do mesmo modo que o asubío é tamén utilizado para a comunicación auditiva, ademais doutros medios artificiais como os tambores, as trompetas ou os sinos, que se utilizan con frecuencia como sinais acústicos; igualmente, o tacto constitúe un outro sentido por medio do cal podemos comunicar, xa sexa a través dunha aperta, de afagos ou dun simple apertón de mans. Con todo, o sistema de comunicación auditiva máis significativo é a linguaxe oral, fenómeno universal que afecta todos os seres racionais e que se materializa en sistemas concretos denominados linguas. Aliás, a linguaxe permite ao ser humano estruturar e relacionar as ideas do seu pensamento.

Porén, este tipo de sistemas de comunicación presenta dúas características que limitan a súa transcendencia: por un lado, posúe unha validez momentánea, quere dicir, goza dunha temporalidade limitada, dado que, en canto se pronunciar a palabra ou se producir o xesto este desaparece e non é posíbel recuperármolo, mais do que a través da súa repetición. Por outro lado, só pode ser utilizado como medio de comunicación entre persoas que se acharen próximas entre si, de forma que están condicionadas polo espazo. En consecuencia, estes trazos dos sistemas de comunicación están limitados tanto polo tempo como pola situación espacial. A necesidade de encontrar un novo medio para expresar ideas e pensamentos sen restricións espacio-temporais levou á aparición de medios de comunicación mediante obxectos, onde destacan os sistemas mnemónicos³, e aqueloutros mediante sinais en obxectos ou en material sólido (Gelb 1982:20). Estes últimos serán a base para a aparición da escrita⁴ desde unha fase pictórica até chegarmos ao actual sistema en que os signos, a manteren ou non a súa relación icónica, se converten en símbolos secundarios que serven para expresaren nocións de valor lingüístico.

Do mesmo modo que os sistemas de comunicación se foron transformando e evoluíndo co pasar do tempo até se converter a escrita no medio de representación por antonomasia, tamén aconteceu o mesmo cos soportes en que esta era transmitida, pois os materiais utilizados para seren escritos eran moi variados e do máis diversos: desde materiais brandos como a arxila, até bases duras como a pedra, o óso, o metal ou a madeira. Tamén o papiro, o pergamiño e o papel se configuran como medios relevantes a través dos cales chegaron até nós numerosos exemplos da escrita doutras épocas. Así sendo, Cardona

² Cómpre destacarmos neste punto, na liña do exposto en Gelb (1982:19), a linguaxe de xestos dos monxes trapenses, os cales, debido ao seu voto de silencio, se viron na obriga de idearen un sistema alternativo de linguaxe. Do mesmo modo, a comunicación por medio de xestos é empregada tamén polas viúvas dos aborixes australianos, ás cales, en tempo de loito, non se lles permite pronunciaren unha palabra. Igualmente, este sistema paralingüístico é con frecuencia utilizado para a comunicación entre tribos que falan distintos idiomas mutuamente incomprensíbeis, como acontece cos indios Plain. Tamén en López Viñas / Lourenço Modia / Moreda Leirado (2010:29) se realiza unha clasificación dos tipos de linguaxe non verbal en función dos órganos implicados na súa percepción, onde, para alén das xa citadas figuran tamén a linguaxe olfactiva e a gustativa. De igual forma, en paralelo coa existencia da comunicación animal e a humana, consideran unha outra tipoloxía, máis recente, como a comunicación virtual, que xorde como consecuencia dos avances tecnolóxicos que se experimentaron no ámbito da informática e das telecomunicacións e que, na súa opinión, aumentou a capacidade comunicativa das persoas. Sobre este particular, véxase 1.2 e 2.1.2.

³ Estes sistemas eran frecuentemente utilizados en moitos lugares do mundo para se realizaren contas, entre os cales destacan pola súa simplicidade os paus para contar, ou sexa, varas onde se tallan marcas que corresponden ao número de obxectos que se están a numerar. Segundo Gelb (1982:21), os anteditos métodos empregábanse para contar o gando.

⁴ Cardona (1994:21) sinala, recollendo os postulados de Saussure, que lingua e escrita son dous sistemas de signos diferentes e que a única razón de ser do segundo é a de representar o primeiro. O obxecto lingüístico non estaría, pois, definido pola combinación da palabra escrita e da falada, mais está última sería por sí soa o dito obxecto.

(1994:51) sinala que nas distintas culturas a elección do soporte está naturalmente condicionada polo material do que se dispón no contorno, mais acrecenta que cando existe a opción de escoller, os materiais especialízanse e xorden técnicas máis acaídas e diferenciadas. En relación con isto, empregarmos materiais diferentes facilitará a elaboración e a adopción de múltiples variedades de escrita. De acordo co autor, cómpre distinguirmos entre soportes de escrita permanentes, quere dicir, cuxa función é a de conservaren durante un tempo prolongado unha mensaxe, cal o papel ou a pedra, e os medios de escrita efémera; a última tipoloxía está máis próxima das características da linguaxe oral, na medida en que tamén está condicionada por unha temporalidade limitada, en canto os soportes permanentes encaixan mellor coa finalidade de todo o sistema de escrita, ou sexa, fixar unha produción para que fiquen ao longo do tempo.

Continuándonos cos soportes da escrita e como veremos máis ao pormenor en 1.1.2, o libro xogou un papel relevante na difusión da cultura e da propia linguaxe a través dos tempos, nomeadamente a partir da aparición no século XV da imprenta⁵, que contribuíu para ampliar o público lector, para reducir o tempo de produción e os custos de fabricación e que inclusive promoveu a uniformización das linguas (Ávila 2006:11). En paralelo a este sistema de representación da escrita, que chega até os nosos días, no século XIX e sobre todo no XX xorden novos medios de información, cal a radio ou a televisión, que facilitaron tamén o proceso de estandarización da lingua falada. No entanto, será o desenvolvemento da tecnoloxía informática e das telecomunicacións o que fará xurdir un novo soporte para a linguaxe, fundamentalmente escrita, mais que tamén dá cabida a outras compoñentes, como a multimedia. A pantalla dos computadores e a dos terminais móbeis xorde nas últimas décadas como un novo medio virtual que, debido ás súas características intrínsecas, está a modificar os modos tradicionais en que se distribúe a información; igualmente, está a ter importantes repercusións lingüísticas, como se verá en capítulos posteriores (véxase cap.2 e cap.3), entre as cales destacan unha forte aproximación do texto oral e do texto escrito e a aparición de novos sistemas de representación da escrita que priman a rapidez e a economía lingüística.

A este respecto, coa aparición de Internet, da WWW e, consecuentemente, do novo soporte dixital, moitos críticos, para alén de recoñeceren o importante logro tecnolóxico que supón e o seu potencial comunicativo e social, tamén manifestan as súas reticencias e a súa preocupación, entre as cales destacan as cuestións de tipo lingüístico. Para este sector, as vítimas da Rede acabarán sendo a linguaxe en xeral e cada unha das linguas en particular (Crystal 2006:1-2), referíndose nomeadamente ao emprego de sistemas de escrita abreviada, cal a linguaxe dos chats e das mensaxes de texto. Con todo, concordamos co exposto en Sotomayor (2003), cando defende a tese de que se trata de códigos empregados xa noutras épocas⁶ para finalidades semellantes e que reaparecen na tecnoloxía como consecuencia das propias regras e características do novo contorno (véxase 1.1.2).

⁵ Cómpre referirmonos á imprenta como un novo método técnico de escribir, isto é, é preciso subliñarmos o seu carácter técnico para comprendermos que non constitúe unha mudanza formal e inherente da escrita que afecte as formas das letras, dos nexos e das abreviaturas, mais ao procedemento material e mecánico do modo en que estes signos son trazados. A este respecto, en MEC (1977:370) afirmase o seguinte: “antes ese procedemento [o da escrita] estaba confiado en su totalidad a la mano del hombre; ahora empezará a confiarse a una máquina, rudimentaria y pobre en los comienzos, pero llamada a revolucionar la producción escrita, sobre todo en el aspecto cuantitativo, que es de lo que se trataba propiamente con el nuevo invento: multiplicar fácilmente las copias de determinados escritos”.

⁶ Neste sentido, convén salientarmos que a necesidade de abreviar é un trazo característico tamén doutros períodos, como a época clásica ou a Idade Media e que parte da dispoñibilidade dos materiais utilizados para escribir. Isto é, en momentos históricos en que os materiais empregados son accesíbeis e baratos as abreviacións son pouco frecuentes, ao paso que en épocas en que estes se tornan escasos ou custosos se tende a aproveitar

1.1.1. Aproximación aos sistemas de representación da linguaxe

Os seres racionais, canto que posuidores dunha linguaxe articulada, víronse na obriga de desenvolveren diferentes sistemas, ben naturais ben artificiais, que lles permitisen expresaren ideas e pensamentos e, en última instancia, relacionárense. Como xa sinalamos, a linguaxe é un fenómeno de carácter predominantemente oral, de forma que nun primeiro momento a comunicación require a presenza dos interlocutores que participan na conversa, de modo que o emisor e o receptor teñen necesariamente de partillar un mesmo espazo e un mesmo tempo. Na liña de Gelb (1982:18) a recepción da comunicación é realizada por medio dos nosos sentidos, entre os cales a vista, o ouvido e o tacto desempeñan os roles máis significativos. Tamén o olfacto e o gusto poden ser considerados, mais exercen unha función moi limitada e non conseguen desenvolver un sistema de signos completo (véxase 1.1). Do punto de vista da comunicación visual, tórnase preciso salientarmos desde os medios de comunicación máis primitivos, como os sinais por medio do fume, do lume ou mesmo da luz até a interrelación por medio dos xestos e da mímica, cal a linguaxe de signos. Estes últimos chegan até os nosos días como sistemas de signos completos que se desenvolveron para combateren as limitacións ao emprego da fala por circunstancias naturais. Para alén da linguaxe falada, sistema de comunicación auditiva máis relevante, existen outros máis rudimentares como o asubío, medio natural, ou outros medios artificiais, como os sons que emiten certos instrumentos musicais como os xa referidos en 1.1 coa finalidade de chamaren alguén. Do mesmo modo, a comunicación por medio do tacto, como poden ser as apertas ou os afagos, constitúen modos de comunicación relevantes, sobre todo no que respecta á expresión dos sentimentos⁷.

No entanto, estes medios de comunicación posúen certas restricións que limitan a súa relevancia e a súa expansión como sistema de signos universal. Por unha banda, presentan un condicionamento espacio-temporal, isto é, trátase de medios de interacción que exixen a presenza física dos interlocutores e non permiten fixar o xesto ou a palabra, dado que os sinais só poden ser recuperados mediante unha nova produción. Como consecuencia destas características, vese a necesidade de procurar medios alternativos para a expresión de ideas e de pensamentos que perduren no tempo e que non impliquen necesariamente que os participantes na comunicación partillen un mesmo contorno físico. Neste sentido, Cardona (1994:34) sinala nunha clasificación evolucionista da historia da escrita unha fase denominada “previa á escrita”, en que aparecen medios mnemotécnicos, cal os cordeis ou os nós, as marcas en paus e táboas, ou sexa, sistemas que permitían transcribir informacións limitadas e de procedencia fundamentalmente africana, asiática e americana. A súa finalidade, como a de todo o sistema de escrita posterior, é faceren lembrar algún dato ou acontecemento e, a este respecto, Gelb (1982:21) sinala desde medios sinxelos, como meter pedras nunha bolsa para contar o gando, até outros máis complexos, cal a escritura *quipu* dos incas do Perú, en que as contas de obxectos e de seres eran indicadas a través de cordas e de nós de diferentes dimensións e cores. Este tipo de sistemas comunicativos non serven para describiren acontecementos históricos, mais o seu obxectivo é o de deixaren constancia de feitos moi simples e, normalmente, de carácter estatístico.

mellor a superficie da escrita mediante o emprego de abreviaturas. Para alén de aforrar espazo, tamén se utilizaban para aforrar tempo de escrita, nomeadamente nos *scriptoria* medievais, dedicados á elaboración de manuais. Véxase MEC (1977: Vol. I)

⁷ Gelb (1982:20) afirma que as persoas xordomudas cegas empregan un sistema completo de comunicación por medio da presión da man, e entre elas cómpre salientarmos o coñecido caso de Helen Keller, escritora e pedagoga americana. Tamén nun estudo que realiza Cohen (1948-1951) sobre a escrita berbere se dá conta dun outro sistema táctil: a mocidade berbere, cando namora, costuma utilizar un tipo de comunicación tracexando signos nas palmas das mans.

Posteriormente ao desenvolvemento dos sistemas de comunicación mnemotécnicos e aqueloutros que, como xa vimos, se baseaban na inscrición de sinais en obxectos ou en material sólido, prodúcese unha segunda fase en que predominan as pictografías, quere dicir, debuxos máis ou menos realistas que se refiren a un obxecto, a unha idea ou mesmo a unha situación. As pictografías fan parte, seguíndomos Cardona (1994:39), da prehistoria da escrita e representan dun modo fiel obxectos ou acontecementos do mundo circundante dun modo independente da linguaxe. Neste sentido, Gelb (1982:25) salienta a forte conexión que existe entre a pintura e a escrita, o que se torna evidente se reparamos en que o modo máis natural de representarmos ideas por medio de signos visíbeis é a través da imaxe plástica⁸. En relación con isto, o antedito autor afirma que a través do tempo a pintura se desenvolverá en dúas direccións: por un lado, a da arte pictórica, en que as pinturas continúan a reproducir fidedignamente obxectos e sucesos dunha forma independente á linguaxe e, por outro lado, a da escrita, onde os signos, retendo ou non a súa forma pictórica, se constitúen en última instancia en símbolos secundarios que representan nocións de valor lingüístico. A este respecto, o propio Gelb (1982:48) sinala que xa na antigüidade o ser humano deixou pegadas do poder da súa imaxinación a través de debuxos sobre as rochas desde a época do paleolítico até a idade moderna. Se estes estiveren debuxados ou pintados denominaríanse petrógramas, en canto se foren tallados ou gravados recibirán o nome de petróglifos. No tocante a este tipo de expresión, subscribimos as seguintes palabras:

Estas pinturas no constituyen escritura porque no forman parte de un sistema convencional de signos y pueden ser entendidos tan sólo por quien las dibujó o por su familia y amigos que tuviesen noticia del hecho. Igual que el idioma se derivó de la imitación del sonido, la escritura se desarrolló de la imitación de las formas de los objetos o seres reales. En la raíz de toda escritura se encuentra la pintura. Esto es evidente no sólo por el hecho de que todas las escrituras primitivas modernas poseen carácter pictórico, sino también porque todos los grandes sistemas orientales, como el sumerio, el egipcio, el hitita, el chino, etc., fueron originariamente auténticas escrituras pictóricas (Gelb 1982:50-51).

Os tales sistemas foron evoluíndo até que as pinturas iniciais se converteron en signos xeométricos, chegando ás veces a se desvincularen das pinturas ou dos obxectos reais que representaban. Como se pode comprobar grazas ao estudo das escritas antigas máis coñecidas, cal o sumerio, o exipcio ou o chinés, estes sistemas foron desenvolvendo co tempo unha forma cursiva e linear que as distanciaba das pinturas de que partían pois, na opinión de Gelb (1982:53), sen o coñecemento dos estadios intermediarios resultaría en ocasións imposible deducirmos que estas formas lineares son descendentes directos das pictóricas. O que diferencia esta escrita pictográfica da pintura é que a finalidade primordial da escrita⁹ é a creación de símbolos que representen palabras da lingua, o que se consegue con medidas de

⁸ En Araújo (1973:112), Platón sinala estes vínculos cando está a realizar unha apoloxía da cultura da oralidade e, xa que logo, a súa caracterización está fortemente connotada cando afirma o seguinte: “Lo terrible en cierto modo de la escrita, Fedro, es el verdadero parecido que tiene con la pintura: en efecto, las producciones de ésta se presentan como seres vivos, pero si les preguntas algo mantienen el más solemne silencio. Y lo mismo ocurre con los escritos: podrías pensar que hablan como si pensarán, pero si los interrogas sobre algo de lo que dicen con la intención de aprender, dan a entender una sola cosa y siempre la misma”.

⁹ Máis un exemplo que ilustra a relación entre a pintura e a escrita é a propia etimoloxía da palabra *escribir* en diferentes linguas, que reflicte o feito de os símbolos escritos seren executados normalmente a través da acción motriz das mans ao deseñar, pintar ou gravar. Neste sentido, cómpre salientarmos os datos achegados por Gelb (1982:25), quen afirma que a palabra inglesa *to write* procede dunha outra nórdica que significa ‘gravar’, do mesmo modo que o termo alemán *reissen* significa ‘rasgar’. No gótico *escribir* significaba nun principio ‘pintar’ e en eslavo *pisati*, ‘escribir’, facía referencia orixinariamente á pintura. Un proceso análogo de desenvolvemento semántico pode verificarse, igualmente, para o caso das linguas semíticas: a raíz *str*, ‘escribir’, tivo de significar nun comezo ‘cortar’, como se pode inferir da palabra áraber *sātūr* ‘coitelo longo’, da mesma forma que *ktb*, ‘escribir’, significaba en orixe ‘gravar’.

economía que tenden a omitir todos os pormenores desnecessarios para a comprensión do símbolo. Deste modo, a pictografía sería, segundo Cardona (1994:42), o antecedente obrigado de todas as escritas ideográficas, tamén denominadas logográficas¹⁰. Neste sentido, o logograma servirá para nomear o obxecto representado e para dar un nome que tiver o mesmo son que o dito obxecto, ou unha secuencia fónica equivalente que poida facer parte dun contexto máis longo¹¹. Ademais, este autor tamén sinala que no primeiro caso unha mesma escrita pode lerse en varias linguas, de igual forma que aínda na actualidade os modernos logogramas, cal os números, se recoñecen en diversos idiomas; para o segundo, o máis probábel é que o logograma só sexa válido para ser entendido nunha lingua determinada. Existen exemplos, como aconteceu coa escrita cuneiforme ou a exipcia, en que non se chegou a un sistema baseado en principios fonéticos, mais en que se continuou a facer uso da logografía, pois neses contornos manter un sistema desas características era suficiente para cubrir as súas necesidades.

A fase fonética constitúe o seguinte paso na evolución da escrita e nela os signos gráficos fan referencia ao carácter especificamente fonético da lingua, de modo que prescindin de toda a indicación do significado. Consecuentemente, a escrita perde, para Cardona (1994:43), a súa individualidade modeladora e pode codificar a lingua converténdose nun código vicario. Para este autor, os sistemas fonéticos subdivídense, por súa vez, en dous tipos: por un lado os silábicos, en que cada signo equivale a unha sílaba ou a parte dunha sílaba¹², e os alfabéticos, onde cada signo representa tan só un fonema. Na opinión de Gelb (1982:90), os sistemas completos de escrita orixináronse por vez primeira no Oriente, onde se distinguen sete modelos que, nun principio presentan unha orixe independente. Estámonos a referir ao sumerio (Mesopotamia, 3100 a. C.- 75 d. C.), ao proto-elamita (Elam, 3000-2200 a.C.), ao proto-indio (Val do Indo, ca. 2200 a. C.), ao chinés (China, 1300 a. C. –até hoxe), ao exipcio (Exipto, 3000 a.C. – 400 d.C.), ao cretense (Creta e Grecia 2000-1200 a. C.) e ao hitita (Anatolia e Siria, 1500-700 a.C.). No sistema sumerio a necesidade dunha representación apropiada para os nomes propios foi unha das causas principais que provocaron o desenvolvemento da fonetización¹³, mais do que a necesidade de

¹⁰ Este termo foi acuñado por Bloomfield para facer referencia ao feito de un signo representar unha palabra (en grego *logos*). Con todo, á diferenza de Gelb (1982), que considera que a pictografía e a ideografía fan parte dunha mesma fase que denomina “sistema representativo-descriptivo”, Cardona (1994) acha máis acaído estudalas como fases sucesivas, mais independentes da historia da escrita.

¹¹ Estas posibilidades adquirirán unha enorme relevancia nas novas linguaxes xurdidas nos contextos electrónicos e virtuais e na comunicación mediada por computador, pois moitos dos mecanismos de abreviación, na maioría dos casos de carácter fonolóxico, realízanse mediante a conxunción de letras, símbolos e números que serven para representaren palabras ou, no seu caso, secuencias fónicas, cal *m8 (moito)*, *t2 (todos)*, *X (por)*, entre as máis utilizadas. Sobre este particular véxase 3.2.1.

¹² Cardona (1994:43) sinala que as escritas semíticas do segundo milenio antes de Cristo eran sistemas fonéticos, pois posuían símbolos para as consoantes, mais non para as vogais, característica que se explica porque nestas linguas a presenza das consoantes era suficiente. No entanto, a pesar de que puidésemos pensar que pola súa estrutura responden mellor ao tipo alfabético, son en realidade silábicas, pois cada grafema equivale a unha sílaba, de modo que se transcribisemos estaríamos representando /b, ba, bi, bu/ etc. Nalgúns casos, en que si aparecen as vogais, estas achegarían tan só indicacións morfolóxicas; na tradición gramatical occidental son frecuentemente denominadas *matres lectionis*, isto é, signos auxiliares que indican a existencia dunha vogal, utilizados sobre todo para casos en que existise certa ambigüidade. Estes datos, como veremos cando analizarmos máis ao pormenor os sistemas de escrita consonántica, serán tamén relevantes para establecermos analoxías e similitudes a respecto dos novos sistemas de representación da escrita xurdidos no soporte electrónico.

¹³ Nas fases máis primitivas deste sistema de escrita, a logografía resultaba útil para referir palabras concretas, mais axiña se fixo necesario crear un método que permitise que os debuxos expresasen non só os obxectos que describen, mais tamén palabras con que puidesen estar asociados secundariamente. Con todo, a logografía deste

indicarmos elementos gramaticais¹⁴. Consecuentemente, podemos afirmar que a fonetización apareceu pola necesidade de indicar sons ou palabras que non eran posíbeis de expresar a través de debuxos ou de combinación de pinturas. Sobre esta cuestión, tórnase relevante citarmos Gelb (1982:100-101) cando sinala que

una vez introducido, el principio de la fonetización se extendió con rapidez. Con él, se abrieron horizontes completamente nuevos para la expresión de todas las formas lingüísticas, por muy abstractas que fuesen, por medio de símbolos escritos. El establecimiento de un sistema de escritura completamente desarrollado exigía la convencionalización de las formas y de los principios. Las formas de los signos tenían que normalizarse para que todos los dibujasen aproximadamente de la misma forma. Tuvieron que establecerse las correspondencias de los signos con las palabras y los sentidos determinados, y que elegirse signos con valores silábicos definidos. Tuvo que producirse una nueva regulación del sistema en lo relativo a la orientación de los signos y la dirección, forma y orden de las líneas [...]. La formalización del sistema de la escritura exigía no solamente el establecimiento de reglas, sino también el aprendizaje efectivo de las formas y los principios de la escritura.

Aínda que co aparecemento da fonetización todos os sons dunha lingua puidesen manifestarse por escrito, determinados sistemas como o dos hieróglifos exipcios tornábanse inadecuados para un sistema práctico de escrita, pois nestes priman factores como a rapidez e a exactitude na lectura. Así, viuse a necesidade de establecer unha serie de convencionalismos para escribir as mesmas sílabas de palabras distintas con signos idénticos¹⁵. Dos sete sistemas de escrita mencionados anteriormente desenvóléronse catro tipos de sistemas silábicos: os silabarios cuneiformes (elamita, hurrita etc.), os silabarios semíticos occidentais (sinaítico, fenicio etc.), o silabario chipriota e o xaponés (do chinés). Seguíndomos, máis unha vez, Gelb (1982:215), podemos salientar que todas as escritas silábicas son ou ben idénticas ou ben simplificacións dos respectivos silabarios das escritas logo-silábicas de que derivan. Para Cardona (1994:34-44), a fase alfabética configurárase como aquela de maior perfeccionamento, como consecuencia da finalidade da escrita, ou sexa, a reprodución fiel da lingua falada. Así sendo, tamén afirma que coa adopción do alfabeto as marxes entre a lingua escrita e a oral fican enormemente reducidas¹⁶, dado que a persoa lectora non ten opcións, quere dicir, non ten de interpretar, mais só debe responder, ben mentalmente, ben en voz alta, ás indicacións que a propia escrita impón. Non obstante,

segundo tipo tamén ofrece desvantaxes, pois é incapaz de indicar moitas nocións da lingua e das formas gramaticais, a pesar de que o significado era comprendido normalmente grazas ao “contexto de situación”.

¹⁴ A este respecto, Gelb (1982:99) afirma que o dito factor non tivo grande relevancia na orixe da fonetización, pois mesmo despois do completo desenvolvemento deste proceso a escrita deixou de indicar durante moito tempo os elementos gramaticais de modo adecuado.

¹⁵ Para alén dos signos lexicais e dos silábicos, nestes sistemas orientais existe unha terceira clase de signos, os denominados auxiliares. Trátase duns signos, cal a puntuación, cuxa característica principal é que ao se leren ou ao se escribiren non teñen unha correspondencia concreta coa fala, mais facilitan a comprensión dun signo ou conxunto de signos ou do contexto en xeral (Gelb 1982:154). Os sinais de puntuación serán de vital relevancia na linguaxe SMS e tamén na dos chats canto que desenvolveron un sistema de emotícones a partir da combinación de diferentes signos. Estes permiten inferirmos o ton da mensaxe ou a intención do noso interlocutor cun determinado enunciado. Véxase 3.2.4.3.

¹⁶ Non obstante, Sempere (2007:65) sinala que o alfabeto fonético supuxo unha especie de visualización ou de referente icónico da cultura oral, isto é, a fixación da palabra no espazo, e salienta, igualmente, que se ben pode parecer un proceso natural tivo repercusións psíquicas e sociais dunha enorme transcendencia que nalgúns casos permaneceron inadvertidas: translación da comprensión preferencialmente ao sentido da vista, percepción do ambiente a través da escrita en termos visuais e espaciais e oscilación mental por parte da persoa lectora, por medio da translación continua dicción-son e á inversa.

cómpre tamén non esquecermos que ningún sistema de escrita corresponde de forma fiel a un só tipo¹⁷, mais a unha combinación de varios, en maior ou menor proporción.

Se entendemos por alfabeto o sistema de signos que representan sons individuais da fala, podemos afirmar, baseándonos no exposto en Gelb (1982:217-274), que o primeiro alfabeto foi o grego, pois se ben ao longo do segundo milenio antes de Cristo se crearon diversos recursos para indicaren as vogais nalgúns silabarios semíticos, como o exipcio, ningún deles conseguiu desenvolver un sistema vocálico completo. O que os estudiosos interpretan como a orixe do sistema vocálico grego é o seguinte: a escrita semítica tiña certos signos que expresaban as denominadas consoantes débeis, que en grego non eran fonemáticas. O que fixeron os gregos foi converteren estes signos, que aparentemente eran desnecessarios, en vogais. Por tanto, non inventaron un novo sistema vocálico, mais simplemente empregaron como vogais aqueles signos que noutros sistemas anteriores podían realizar a súa función baixo a aparencia das xa citadas *matres lectionis*. O que torna transcendente esta innovación do sistema grego non é tanto a invención dun novo método que indicase as vogais, mais a aplicación permanente dun recurso que nos sistemas de escrita semítica era empregado tan só de modo irregular e esporádico. Gelb (1982:237-239) sostén que o máis probábel é que a escrita grega máis antiga exprímise as vogais tamén de forma asistemática, cal a semítica, e que posteriormente este sistema vocálico completo se foi desenvolvendo e sistematizando de modo gradual. Tamén acrecenta que ningún dos sistemas orientais chegou a desenvolver con independencia un alfabeto, debido ao emprego contraditorio da indicación vocálica. Por tanto, o grego, grazas á utilización regular deste recurso tomado de Oriente e ao principio de redución, configúrase como o primeiro sistema alfabético de natureza gráfica.

O desenvolvemento do alfabeto grego pode considerarse como un dos últimos feitos relevantes na historia da escrita, pois desde esa época até a actualidade non se produciron mudanzas significativas na súa configuración interna, xa que en termos xerais continuamos a escribir as consoantes e as vogais do mesmo modo que o fixeron os gregos antigos (Gelb 1982:239-240). Así pois, este sería o sistema que conquistaría o mundo, dado que, aínda que os alfabetos das distintas linguas se diferencien entre si, cando menos en aparencia, todos posúen características, ben internas, ben externas, que remiten para unha orixe semítico-grega¹⁸. Desde o ámbito da estrutura interna, podemos sinalar, logo do exposto até este momento, que o trazo principal do alfabeto se fundamenta na existencia de signos especiais para as consoantes e para as vogais. A maioría dos alfabetos do mundo emprega as primeiras da mesma forma e, nesta liña, podemos diferenciar estes sistemas de escrita en varios tipos de alfabeto en relación co emprego que realizan dos signos vocálicos. Distínguense tres tipos fundamentais, máis tórnase preciso incidirmos, antes de máis, en que se trata de modelos ideais, pois na práctica moitos alfabetos presentan tantas influencias que, nalgúns casos, resulta complexo adscribirmolos a unha categoría determinada¹⁹. O primeiro tipo, que estaría

¹⁷ A este respecto, subscribimos as palabras de Cardona (1994:44) cando sinala que “hasta en el sistema alfabético quedan muchos logogramas, y es raro que un sistema histórico sea coherentemente fonético; a menudo tal sistema tiene otras informaciones, tanto históricas (por ejemplo la etimología de la palabra y por consiguiente una forma de la palabra más antigua) como morfológicas (en inglés o en ruso se escriben de modo análogo las palabras morfológicamente vecinas, aunque fonológicamente sean muy diferentes)”.

¹⁸ O propio Gelb (1982:240) salienta que se excluímos os diversos precursores da escrita que se encontran distribuídos polo mundo, o reducido grupo de escritas da Asia oriental que derivan do chinés e dos sistemans silábicos introducidos na idade moderna entre as sociedades primitivas, só existe un sistema de escrita en uso na actualidade, quere dicir, o alfabeto de orixe semítica-grega.

¹⁹ Trátase de denominacións que pretenden definir as características principais dun tipo de escrita. A este respecto, a escrita que se emprega no inglés, do mesmo modo que a latina, denomínase alfabética, a pesar de

representado, segundo o antedito autor, polo alfabeto grego, é o máis simple: as vogais represéntanse mediante signos especiais, mais de igual categoría que as consoantes. Este sistema é común a todas as escritas occidentais, aínda que se diferencien na súa forma externa, cal o latín, o eslavo, o nórdico e inclusive algunhas escritas orientais como o neo-púnico.

No entanto, as escritas semíticas son, polo xeral, contrarias a esta introdución sistemática dos signos vocálicos ao mesmo nivel que os signos consonánticos e prefiren situalos, ben por riba, ben por baixo²⁰, o que constitúe o segundo tipo. Gelb (1982:242) sinala entre as razóns para esta adversión a devoción ás grafías tradicionais dos libros sagrados e o feito de que “al dejar intacta la estructura consonántica y colocar los signos vocálicos encima o debajo de los consonánticos, se dejaba abierta la posibilidad para cuantos desearan continuar escribiendo las consonantes solas sin preocuparse de las vocales”. De feito, existen aínda hoxe en día sistemas de escrita, cal o árabe ou o hebreo, que funcionan perfectamente sen a utilización de vogais e que conforman o que se denominou escrita consonántica. A razón fundamental desta resistencia para o historiador polaco é evitar a obstrución da estrutura consonántica coa inserción dos signos vocálicos que, nas linguas semíticas, son idénticos aos consonánticos, de modo que en moitos casos se creou un novo tipo de vocalización, o segundo, expresado por signos diacríticos especiais, en lugar de por consoantes débeis. En todos os casos, as vogais están sinaladas por pequenos trazos, puntos ou círculos que se adxuntan ao signo consonántico. Cardona (1994:73) salienta que a orixe dos sistemas de escrita consonántica é aínda unha cuestión problemática: desde a antigüidade téñense mencionado diversos creadores, como os fenicios ou os exipcios; para algúns investigadores modernos, cal Evans (1895), a orixe da escrita era cretense, en canto outros, como Gardiner (1988), formulan unha posíbel orixe protosinaítica; mais segundo o estudioso italiano, todas estas hipóteses son insatisfactorias por un ou outro motivo. Nestes medios, Cardona (1994:74) afirma que a lingua máis antiga das escritas consonánticas data do século XIV e áchase en Ugarit (Siria); pertence ao tipo cuneiforme e é de orixe mesopotámica²¹.

Un terceiro tipo de vocalización é o que encontramos nas escritas india e etíope, e que presenta unha maior complexidade do que as anteriores modalidades. Nestes sistemas o signo básico sempre ten o valor dunha consoante, en canto outras consoantes están representadas a través de trazos curtos que se acrecentan ao signo con que forman unha unidade. A respecto das vogais, convén salientarmos que mesmo aquelas que se utilizan inicialmente son indicadas mediante os mesmos signos diacríticos. Como se pode observar, este tipo de vocalización é semellante ao anterior, mais presenta unha diferenza significativa: se no tipo II os signos vocálicos son indicados por separado, neste sistema represéntanse sempre unidos aos respectivos signos silábicos. Este método de diferenciación vocálica non se emprega en ningún outro sitio, o que dá para pensarmos que existe unha orixe común entre as escritas

conter certos signos verbais, como na grafía £ para *pounds*. Tamén no chinés, escrita fonográfica, podemos encontrar elementos pertencentes á etapa semasiográfica (Gelb 1982:257).

²⁰ Gelb (1982:242) sinala que cando no século VIII os signos vocálicos gregos foron introducidos nos sistemas de escrita siria adoptaron este sistema, ou sexa, en lugar de seren colocados xunto ao signo consonántico, como aconteceu no grego, situáronse por encima ou por debaixo del.

²¹ A este respecto, o autor engade que en 1949 se encontrou o primeiro dunha serie de alfabetarios ugaríticos en que aparece a orde das letras, que coincide de forma exacta coa orde fenicia, polo que isto formulou un outro problema, ou sexa, a relación que existía entre os ditos sistemas. Non obstante, sábese que cronoloxicamente, o sistema ugarítico é o máis antigo. No tocante ás características internas, un podería ser o modelo do outro, mais a proximidade temporal dificulta o sostemento de tal filiación, polo que aparece unha nova tese que establecece un terceiro sistema do que ambos poderían derivar. Unha última hipótese é a que afirma que o sistema ugarítico podería estar inspirado no fenicio e ter mudado os signos na liña da escrita cuneiforme, que xa fora unha forma utilizada para escribir o acadio.

india e etíope (Gelb 1982:243-244). Como vemos, existen notábeis similitudes entre a anotación vocálica destes sistemas e a utilizada nas de tipo semítico, pois xa sexan marcas diacríticas independentes, cal no árabe ou no hebreo, xa sexan engadidas ao signo, a función é a mesma, quere dicir, indicaren a distinción vocálica. O problema deste tipo de escritas está na súa clasificación como silabarios ou como alfabetos, pois aínda que os sistemas gráficos, como o árabe moderno, son perfectamente capaces de representaren a diferenciación vocálica, en moitas ocasións pásana por alto e escriben só as consoantes²². Segundo o propio Gelb (1982:245), o desenvolvemento do alfabeto a partir da fase grega escapa en maior ou menor medida á teoría da escrita e, na súa opinión, todos os problemas que suscitan os fíos que fican por unir resultan inquietantes e deben abandonarse á especulación dunha futura teoría da escrita, cuxas investigacións deriven en definicións tipolóxicas máis concretas. Isto contribuirá para resolvermos as dificultades que, aínda na actualidade, presenta a clasificación de certos sistemas de escrita.

Despois desta aproximación histórica da escrita, podemos observar que as diversas etapas de desenvolvemento, desde as máis primitivas da semasiografía, en que eran os debuxos os que servían para expresaren o significado, até a fonografía, en que a escrita procura reflectir de modo máis ou menos fiel a lingua, se encamiñan cara a un mesmo obxectivo, quere dicir, xorden para resolveren as dificultades que formulaban outros medios de comunicación que exixían a presenza física dos participantes na interacción e que non permitían fixar o discurso no tempo, para alén de algúns deles seren sistemas moi limitados para transmitiren certo tipo de nocións, cal os mnemotécnicos. Igualmente, á medida que se tornaban máis completos, estes sistemas tamén se foron simplificando²³, pois cun menor número de símbolos ou signos combinados entre si para formaren outros novos, podíanse expresar nocións máis complexas que nos sistemas anteriores. Na mesma liña, as pinturas deixaron paso aos logogramas que, por súa vez e grazas á fonetización, foron substituídos por sistemas completos de escrita que posibilitaron a expresión de calquera forma lingüística mediante símbolos con valores convencionais. Nun primeiro momento eran de carácter logosilábico, mais a partir deles xurdiron inicialmente os silabarios, sistemas máis simplificados que eliminaban a maior parte do pesado aparello logográfico, e nunha última etapa os sistemas alfabéticos, como desenvolvemento dos silábicos, e onde a escrita permite expresar os sons individuais dunha lingua.

Mais aínda que foron os gregos os que, unha vez aceptadas na súa totalidade as formas do silabario semítico occidental, desenvolveron un sistema de vogais que, engadidas aos signos silábicos reducían o valor destas sílabas ao de simples signos consonánticos e creaban por vez primeira un sistema alfabético de escrita, matizamos as palabras de Gelb

²² A este respecto, Gelb (1982:244) salienta que non parece correcto denominarmos estes sistemas de escrita como silábicos pois o termo era aplicado ás antigas escritas semíticas que ignoraban como expresaren a diferenciación vocálica, de modo que os problemas sobre as ditas cuestións están aínda por resolver. En relación con isto, o investigador polaco observa similitudes entre este tipo de escritas e os sistemas taquigráficos, que tamén indican a variación vocálica modificando a forma do signo básico. Este exprésase mediante unha consoante, cuxa forma forte se representa por medio dun signo silábico, non alfabético, mais mesmo así dificilmente poden ser calificados de silábicos.

²³ A este respecto, McLuhan (2010:146) afirma o seguinte: “Grazas á simplicidade do alfabeto, a escrita virou cousa moi común; xa non é un dominio máis ou menos exclusivo das clases sacerdotais ou doutros privilexiados, como foi en Exipto, Mesopotamia ou China. A educación virou en gran medida cuestión de ler e escribir e é posible para todos. O feito de que o alfabeto fonético sobrevivira con relativamente poucos cambios durante tres milenios e medio, malia a introdución dos prelos, a máquina de escribir e o uso extensivo da taquigrafía é a mellor proba da súa adecuación para servir ás necesidades de todo o mundo moderno. É esa simplicidade, adaptabilidade e adecuación o que asegurou o triunfo do alfabeto sobre os outros sistemas de escrita”.

(1982:239-240) cando se refería a este como o último feito relevante da historia da escrita, canto que non se tiñan orixinado transformacións relevantes no desenvolvemento interno dos sistemas de representación gráfica. Porén, desde que este historiador publicou a súa obra, hai xa tres décadas, producíronse importantes mudanzas en todos os ámbitos da sociedade²⁴, o que tamén inclúe a linguaxe e os sistemas mediante os que se representa por escrito. Se ben é certo que, *grosso modo*, continuamos a escribir as consoantes e as vogais de xeito semellante a como o facían os gregos antigos²⁵ é igualmente verdade que o grande desenvolvemento da enxeñaría informática e as telecomunicacións está a xerar novos soportes comunicativos e novas formas de relacionamento interpersoal, como a comunicación mediada por computador (CMC). As propias características do novo soporte das interaccións están a ter implicacións no modo de representarmos a escrita a distintos niveis (lexical, fonolóxico, morfosintáctico, pragmático etc.) e, a pesar de ser un fenómeno orixinal polas súas repercusións, do punto de vista lingüístico non supón ningunha novidade, pois, seguíndomos Crystal (2008:37), “we can find antecedents in earlier language use. Many of them were being used in computer interactions that predated the arrival of mobile phones, such as in chatrooms. Some can be found in pre-computer informal writing, dating back a hundred years or more”, en canto outros constitúen mecanismos e recursos empregados desde antigo, cal a pictografía, a ideografía ou os logogramas.

A escrita normalmente segue unha evolución linear, quere dicir, avanza nunha soa dirección. A este respecto, Gelb (1982:258-259) sinala que o sistema de representación gráfica, ao alcanzar o seu definitivo desenvolvemento, calquera que sexan os seus precedentes, ten de pasar polas fases de logografía, silabografía e alfabetografía nesta orde e non noutra. Como consecuencia, ningún sistema de escrita pode comezar cun período silábico ou alfabético, sempre e cando non o tome emprestado dun outro sistema que presente as etapas anteriores. Naturalmente, un sistema de escrita pode deterse nunha etapa intermediaria, interrompendo así a evolución; neste sentido, algunhas escritas detivéronse na etapa logográfica e na silábica, mais non existe o proceso inverso, quere dicir, que un alfabeto se converta nun silabario. Con todo, a escrita pode pasar por varias etapas por medio dunha liña de desenvolvemento circular ou en espiral, e retomar recursos e sistemas anteriores para usos concretos. Se ben que se torna complexo predicir cales serán os camiños que tomará a escrita no futuro, cómpre examinarmos os novos sistemas de representación da linguaxe prestando especial atención ao propio percurso histórico da escrita, pois en moitos casos, poderemos ver que, aínda que os exemplos poden ser novidosos, o proceso, no entanto, non o é²⁶ (Crystal

²⁴ Para afondar con máis pormenor nestas cuestións, véxase a epígrafe 1.2., en que se analizan as transformacións que as tecnoloxías informáticas e da comunicación produciron, non só no que respecta ás linguas e aos soportes comunicativos, mais tamén a todas as esferas da nosa sociedade, cal a economía, o dereito etc. Neste sentido, a lingua, en canto que produto cultural e social, e en última instancia a escrita, como sistema que a representa, mudan para se adaptaren ás novas necesidades que a sociedade vai formulando, do mesmo modo que os primitivos sistemas comunicativos o fixeron para daren paso aos actuais medios de interacción.

²⁵ A este respecto, facemos nosas as palabras de Gelb (1982:255): “Al contemplar los menudos y sencillos caracteres de nuestra letra manuscrita o de imprenta, nos resulta difícil comprender que un espacio de miles de años se extiende entre nuestros modernos caracteres y sus antecedentes originales. Muchos llamarían ‘inglesa’ a la escrita que sirve para expresar el idioma inglés. Otros quizá sepan que puede ser llamada ‘latina’, porque incluso en su forma moderna se diferencia poco de la escrita latina de dos mil años atrás. Pero ¿cuántos saben las etapas que preceden en la historia a la escrita latina; que el alfabeto latino es un desarrollo del alfabeto griego, y que éste, a su vez, es una adaptación de una escrita desarrollada por los semitas de Siria a mediados del segundo milenio a. C.?”

²⁶ É dicir, non se trata dun avance revolucionario no sentido de que represente un fenómeno enteiramente novo, pois o único desenvolvemento notorio na historia da escrita é a sistematización nunha determinada etapa de recursos que, aínda que coñecidos anteriormente, foran só empregados de modo casual, ou á inversa (Gelb 1982:263). A este respecto, Bittar Bueno / Macedo Patti (2005) afirman que esta nova escrita é un verdadeiro

2008:43). Por tanto, apropiándonos do título de Sotomayor (2003), cómpre concluírmos esta epígrafe a defendermos que estamos perante unha reformulación das vellas linguaxes nas novas tecnoloxías²⁷.

1.1.1.1. Consideracións sociais da escrita

A linguaxe e a escrita teñen unha estreita relación, pois costuma ser complexo estudarmos un idioma sen coñecermos a súa grafía ou se este carecer dela, e resulta practicamente imposible entendermos un sistema de representación escrita sen termos coñecemento da lingua para a cal se emprega. Con todo, debemos indicar que existen numerosas linguas que carecen de modalidade gráfica e que, por tanto, tan só se documentan na súa vertente oral²⁸. En relación con isto, cómpre parafrasearmos O'Donnell (2000:21) cando sinala que a palabra, canto unidade fundamental do discurso, pode ser entendida como unha leve onda sonora no eco dunha sala baleira cando alguén falar en voz alta, mais case con toda a probabilidade ninguén é capaz de entender unha palabra como entidade á parte sen a visualización palpábel do escrito para a separar doutras entidades como ela. Este autor afirma que unha palabra pode ser considerada como unha serie de símbolos gráficos que se transmite de diversas formas (gravada na pedra, escrita coa pena no papel, fotocopiada en papel ou a través dos píxeles dunha pantalla), e os ditos símbolos poden ser alfabéticos ou pictográficos. Por tanto, a función de tal instrumento gráfico costuma ser a de intermediaria, isto é, as palabras son meramente instrumentais. No entanto, para este autor ningunha cultura humana é imaxinábel sen palabras, canto que estas, ben sexan escritas ou orais, presupoñen a materialización da linguaxe.

Non obstante, a escrita, igual que aconteceu con outros inventos como a imprenta ou mesmo as tecnoloxías, nin sempre gozou do máximo apoio por parte das comunidades en que se estaba a desenvolver. A este respecto, achamos acaído parafrasearmos Castañeda Quintero / Prendes Espinosa (2005:18) cando sinalan que o fenómeno da tecnofilia e o da tecnofobia non é algo exclusivo da nosa era e das nosas tecnoloxías: o concepto de nova tecnoloxía existiu durante toda a historia da humanidade, se ben que con matices idiomáticos de maior ou menor calado, fundamentalmente porque durante todo este tempo se foron sucedendo descubrimentos técnicos e tecnolóxicos que mudaron a vida das persoas dun modo significativo: o lume, a roda, a astronomía, a electricidade e a imprenta son tan só algúns dos que provocaron nos seus respectivos momentos históricos un movemento de opinión que eloxiaba as súas posibilidades e outro que, polo contrario, agoiraba as súas fatais consecuencias e a súa devastadora influencia para as persoas. En consecuencia, cando falamos da escrita tórnase necesario facermos referencia ao *Fedro* de Platón, onde se narra como o deus exipcio Theuth, inventor dos números e do cálculo, da xeometría, da astronomía e tamén da escrita²⁹, expón as súas invencións ao rei de Tebas e de Exipto para que sexan

hieróglifo moderno: “abrevia-se e cria-se verdadeiros ‘ideogramas’ porque o tempo de reacção entre a escrita (motora) e o pensamento é grande, e há que abreviar o máximo possível para se dar conta de manter um verdadeiro diálogo, quando a oralidade não se faz presente”.

²⁷ Para alén disto, é preciso termos en consideración que a palabra escrita ou impresa non suplantou a palabra falada, senón que a completou. Cada nova xeración de avances tecnolóxicos adoita sumarse aos anteriores e torna máis complexas as relacións entre os diferentes medios (O'Donnell 2000:11).

²⁸ Neste sentido, Crystal (2004:89-90) sinala a respecto da presenza das linguas na Internet que unha das condicións previas, para alén das necesarias infraestruturas, é a existencia dun sistema escrito, o que exclúe aproximadamente unhas dúas mil linguas que aínda non foron documentadas. Sobre este particular, véxase 1.2.3.4.

²⁹ Gelb (1982:296) sinala a este respecto que a noción dunha orixe e dun carácter divino da escrita é recollida en todas as partes, desde as épocas antigas até as máis modernas, en pobos civilizados e nos máis primitivos. Neste sentido, salienta o seguinte: “el origen de la escrita se atribuye tanto en el este como en el oeste, a un ser divino.

logo difundidas entre todos os habitantes do país. Nesta pasaxe o rei pide a Theuth que lle explique as vantaxes e a finalidade de cada unha delas. Cando chega o turno da escrita acontece o seguinte:

Este conocimiento, ¡oh rey! –dijo Theuth–, hará más sabios a los egipcios y vigorizará su memoria: es el elixir de la memoria y de la sabiduría lo que con él se ha descubierto”. Pero el rey respondió: “¡Oh ingeniosísimo Theuth! Una cosa es ser capaz de engendrar un arte, y otra ser capaz de comprender qué daño o provecho encierra para los que de ella han de servirse, y así tú, que eres el padre de los caracteres de la escritura, por benevolencia hacia ellos, les has atribuido facultades contrarias a las que poseen. Esto, en efecto, producirá en el alma de los que lo aprendan el olvido por el descuido de la memoria, ya que, fiándose a la escritura, recordarán de un modo externo, valiéndose de caracteres ajenos; no desde su propio interior y de por sí. No es, pues, el elixir de la memoria, sino el de la rememoración lo que has encontrado. Es la apariencia de la sabiduría, no su verdad, lo que procuras a tus alumnos; porque, una vez que hayas hecho de ellos eruditos sin verdadera instrucción, parecerán jueces entendidos en muchas cosas no entendiendo nada en la mayoría de los casos, y su compañía será difícil de soportar, porque se habrán convertido en sabios en su propia opinión, en lugar de *sabios*” (Araújo 1973:110-111).

Esta pasaxe, como se pode observar, representa unha das derradeiras defensas da civilización da cultura oral, cando a escrita estaba en pleno apoxeo nese mundo. Para Platón a verdadeira sabedoría non pode adquirirse sen un verdadeiro ensino que, segundo el, só pode ser oral. A partir desta base débese pois exercitar a mente e a memoria, xa que só as cousas así aprendidas converterán en sabias as persoas³⁰. A escrita é, para este filósofo, un atallo para poder lembrar as cousas nun determinado momento. Segundo a interpretación que realiza Cardona (1994:128) desta pasaxe, na cultura do oral todo está na memoria e unha persoa non pode dicir que sabe algo se efectivamente non é quen de o lembrar, de modo que a masa de coñecemento de que dispón a humanidade non pode exceder a capacidade de memoria que posúen os individuos; así, o incremento de novas nocións implicará antes ou despois o esquecemento de outras que xa non son úteis. Polo contrario, na cultura escrita, a memoria perde grande parte do seu valor e cada coñecemento que non for inmediato ou cotián se transcribe nun documento, de maneira que non hai limite para a acumulación de textos³¹, mais ao crecer o saber confiado á escrita tamén diminúe cada vez máis a posibilidade de coñecermos as cousas por nós mesmos, sen recorreremos aos documentos³².

Para los babilonios fue el dios Nabû, patrón de las ciencias y escriba de los dioses, el que inventó la escrita, con lo que ocupaba una posición que en la anterior tradición mesopotámica correspondió en parte a la diosa Nisaba. Los egipcios creían que el dios Thoth era el inventor de la escrita [...]. En las leyendas chinas, el inventor de la escrita era, o bien Fohi, fundador del comercio, o bien el sabio Ts'ang Chien, con el rostro de un dragón de cuatro ojos. Los hebreos tuvieron su escrita 'divina' más antigua además de la escrita 'humana' posterior. En la tradición islámica, es Dios mismo quien creó la escrita. Según los hindúes, era Brahma el que había dado noticia de las letras a los hombres. La saga nórdica atribuye la invención de las runas a Odín; y en la leyenda irlandesa, se conoce a Ogmios como el inventor de la escrita.”

³⁰ O'Donnell (2000:31) afirma que Sócrates é un dos filósofos que se sitúa precisamente nesa fronteira que separa os mundos do discurso falado e do escrito e afirma que no *Fedro* encontramos o núcleo de ambigüidade de Sócrates, mais tamén no resto das obras sobre este personaxe, pois os seus postulados chegan a nós baixo a aparencia de diálogos escritos e veneran un home que profesa un grande excepticismo pola escrita.

³¹ Platón salienta tamén que unha vez que foron escritos, os discursos circulan por todas as partes e entre os entendidos e, igualmente, entre aqueloutros a quen nada lles interesan, de modo que non saben a quen deben dirixirse e a quen non (Araújo 1973:112).

³² Neste sentido, O'Donnell (2000:18) considera que nos tempos pasados as persoas treinaban a memoria mellor do que o facemos na actualidade e que a confianza na palabra impresa minguou a nosa facultade para a memorización.

Cardona (1994:129-130) sinala que utilizarmos a escrita implicou o desenvolvemento doutros fenómenos no plano da organización do propio pensamento e que son estes os que subxacen á defensa platónica da oralidade. Nunha sociedade que non coñeza ningún método de representación da escrita, o patrimonio de coñecementos está totalmente confiado á memoria e será transmitido oralmente (mitografía, teoloxía, historia etc.). Nesta liña, as persoas de maior idade serán as depositarias do saber e as intermediarias das novas xeracións. Nunha comunidade de tales características o desenvolvemento da oralidade en todas as súas múltiples formas de socialización adquirirá unha grande relevancia, mais, como xa vimos cando tratamos o desenvolvemento dos sistemas de escrita, este tipo de comunicación exige un eixo temporal concreto e a presenza física do interlocutor. Na mesma liña, convén salientarmos que son escasas as sociedades que están completamente privadas de escrita, pois aínda en culturas en que non existe un medio para transcribir a lingua falada é moi frecuente que se manexe algún outro sistema de símbolos gráficos, por máis que for limitado ou se encontrar especializado. Do mesmo modo, nunha sociedade gráfica, a palabra escrita non suplanta de modo natural os valores vinculados co idioma falado, senón que os complementa, embora se poidan observar diversas diferenzas: cando un corpus de coñecemento se condensar nun texto escrito desaparece a opción da continua reelaboración que se produce nunha cultura oral e aparecen especializacións, cal a glosa, o comentario etc.

Igualmente, a palabra escrita favorece un exame extremadamente analítico³³ dos textos, independentemente do factor temporal e da dimensión linear do discurso. Por tanto, a verdadeira revolución que constitúe a adopción dun sistema de escrita é a posibilidade que nos ofrece para manipularmos un determinado contido dunha perspectiva visual, onde, de acordo con Cardona (1994:133), o ollo pode chegar até calquera punto do texto e deterse nel á vontade, e temporal, pois temos a opción de compararmos diferentes discursos independentemente do momento en que estes foron enunciados, fronte ao eixo temporal e linear característico do discurso oral. Neste sentido, existen disciplinas que presupoñen a existencia dun apoio gráfico, como o cálculo, a xeometría etc., que precisan dun soporte escrito que obxectibe os símbolos con que se traballa e que permita combinalos, cotexalos ou mesmo conservalos con precisión para que poidan ser utilizados novamente noutro momento. Para Sócrates a escrita non tiña as proteccións contra o malentendido que si presentaba o discurso oral, razón pola cal a conversa face a face posuía un notábel prestixio; na actualidade, unha vez que a escrita é aceptada como medio, é tamén preferida á oralidade para certos contextos, e recórrese a moitos dos razoamentos que empregaba Sócrates para defender a fala fronte á escrita. Sobre este particular, O'Donnell (2000:33-34) sinala que agora o que valorizamos é a obxectividade e a exterioridade da escrita e o feito de as palabras por escrito permaneceren, independentemente de que os seus autores muden o seu pensamento ou modifiquen o seu punto de vista. A este respecto, subscribimos as palabras do autor:

Podemos apreciar el diálogo y la comunicación cara a cara sin despreciar otras formas y otros medios. (Si lo hacemos con sagacidad podemos ver nuevos medios haciendo a veces resurgir viejas formas con una nueva vitalidad). La idealización socrática de una forma de comunicación es poco realista de todos modos. Si dependemos de la comunicación en vivo, condenamos a las organizaciones sociales más amplias en las que confiamos para el sustento. Se nos niega la comunicación más allá de las limitaciones de espacio y tiempo, el gran beneficio de la palabra escrita.

³³Cardona (1994:130-131) afirma que un texto pode ser fragmentado en períodos, en parágrafos, en versículos e que esta división non provoca que perda a súa forma, de modo que é posíbel analizarmos un por un os seus segmentos, considerármolos de novo e comparármolos entre si aínda que non figuren contiguos. No texto escrito pódense citar palabras isoladas, fragmentos internos etc.

No tocante á relación entre a escrita e a memoria que se formula na pasaxe que foi citada anteriormente, Cardona (1994:134) salienta que hoxe en día é común a sensación de que a civilización occidental está a perder moitas das aptitudes mnemónicas que, polo contrario, nas culturas non occidentais aínda continúan a estar moi desenvolvidas e sinala que estas sociedades posúen unha facultade memorística moi sólida porque esta está organizada e estruturada, á diferenza da nosa, que está suxeita a unha grande cantidade de pequenas informacións que proceden de campos moi diversos e que non se fixan nunha construción culturalmente coherente. Nesta liña, a escrita tamén ofrece un modelo de organización e clasificación dos coñecementos, dado que, polo feito de termos vivido sempre nunha sociedade gráfica³⁴, tendemos a lembrar con máis clarezza aquilo que lemos que aquilo que escoitamos, o que se ten denominado lembranza visual ou memoria fotográfica da escrita. Sobre estas cuestións O'Donell (2000:35-36) considera que é máis apropiado falarmos de que a mesma memoria se deseña e se redeseña culturalmente co paso do tempo³⁵ e de que, por tanto, a aparición da escrita nos ensina un novo modelo mnemónico. Cardona (1994:135) salienta, a este respecto, que boa parte da nosa actividade cognoscitiva e mental en xeral ten como punto de partida a referencia ao modelo de escrita. A memoria, en consecuencia, asimilase ao medio gráfico, de forma que se tornan espontáneas imaxes cal “imprimir algo na memoria” ou “escribir algo na memoria”, metáforas que teñen unha orixe certamente antiga, pois documéntanse xa en autores clásicos como Cícero.

Tornando ás relacións entre a lingua oral e a escrita, cómpre sinalarmos que se ben que existen características que as aproximan, tamén posúen trazos que permiten diferencialas. Así sendo, a escrita costuma ser máis conservadora do que a lingua e, na opinión de Gelb (1982:287-288), exerce un notábel poder de coacción sobre o desenvolvemento natural dun idioma: a lingua escrita conserva habitualmente formas que no idioma cotián xa non se utilizan e empregamos na escrita un rexistro diferente, máis formal, ao da lingua falada. Nalgúns sociedades, as diferenzas entre a lingua literaria e a habitual son moi marcadas, cal no antigo babilónico. A escrita costuma ser máis intolerante co cambio lingüístico, considerado en moitos casos como corrupción, de modo que podemos afirmar que a escrita posúe unha forza restritiva significativa perante as mudanzas, como se pode observar no desenvolvemento gramatical de calquera idioma (véxase 2.3.2.1). A este respecto, o antecitado autor sinala que o feito de as linguas como o inglés mudaren relativamente pouco durante os últimos catro ou cinco séculos, en comparación coas profundas transformacións lingüísticas que se produciran con anterioridade, pode ser debido en certo modo ao extenso coñecemento da escrita nos últimos tempos. Tendo isto en conta, tamén podemos explicar no caso galego a forte dependencia do modelo español, xa que a demora de estudos lingüísticos e gramaticais sobre a lingua galega e, por tanto, a ausencia dunha norma que regulase os usos escritos desta provocaron a asunción do modelo ortográfico do español, cando non a mudanza

³⁴ En relación con isto Cardona (1994:134) afirma que, se ben o tipo de comunicación que nos rodea hoxe en día tende cada vez máis a ser a través de imaxes e sons e non mediante a escrita, é por medio do escrito como se realiza a nosa educación formal, de modo que o estudo se realiza sobre libros e mesmo cando estamos a escoitar unha exposición tomamos apuntamentos, quere dicir, transformamos a oralidade en escrita, de modo que serán as notas que tomemos o verdadeiro obxecto de estudo.

³⁵ Neste sentido, O'Donell (2000:35) afirma que os escritores greco-romanos falaban con asombro daqueles que memorizaban a Iliada ou a Eneida completas, como se pensasen que tales persoas conservaban algunha habilidade anterior ao alfabeto, mais considera tamén que o concepto de repetición oral de textos extensos é imposíbel de imaxinar nunha cultura non alfabetizada: “los trovadores de la cultura anterior al alfabeto contaron la misma historia repetidamente, pero con continuas variaciones menores y (se supone) con vivacidad. La recitación mecánica de textos depende de tener un manuscrito con el que comparar”.

de código, en canto o idioma da Galiza ficaba reducido á súa vertente oral³⁶. No tocante ao sinalado sobre os vínculos entre a lingua escrita e a falada, achamos preciso citarmos o seguinte fragmento d' *A lingua de Eulália*³⁷, novela sociolingüística de Bagno (2003:87):

O importante, meninas, é a gente ter sempre en mente que “nem tudo o que se escreve se pronuncia”, assim como “nen tudo o que se pronuncia se escreve”. A lingua escrita serve como registro permanente...scripta manent...é usada para a transmisión do saber e da cultura, e muitas veces é até interesante que ela permaneça sem muitas mudançás, para que a gente possa ler com facilidade documentos antigos e livros impressos há muito tempo. O que não podemos admitir é que ela seja usada como um “instrumento de tortura” ou uma “prisão” para a lingua falada. Nunca é demais lembrar que o homem fala há milhões de anos e que as primeiras formas de escrita datam apenas de 3500 antes de Cristo.

En relación con isto, existen contextos en que a lingua oral é máis expresiva do que o seu equivalente na escrita e outras en que a escrita posúe unha maior efectividade para os obxectivos que persegue. Noutras palabras, é relevante o grande poder da palabra falada desde un púlpito ou desde unha tribuna pública, en canto noutras ciencias, cal a matemática, tan só a escrita é capaz de expresar o seu complexo simbolismo dun modo claro, conciso e eficaz. Na mesma liña, Gelb (1982:294) sinala que a escrita é, normalmente, máis expresiva do que a fala, sobre todo en sistemas pictóricos como o exipcio, que conservan fidedignamente a forma da pintura, de forma que ás veces se pode indicar unha información adicional por medio de determinativos que non son pronunciados. Mais aínda téndomos en consideración as afirmacións de Bagno (2003:81) cando sinala que “enquanto a lingua falada, viva e eléctrica, está se mexendo, se transformando, a lingua escrita aínda está tentando se acostumar com as mudançás que aconteceram há muito tempo” e os argumentos de Gelb (1982: 287-288) que apuntan para o conservadorismo da escrita, na actualidade, a aparición dun novo sistema de representación da escrita –utilizado en certos contextos electrónicos–, alterou de modo significativo estes parámetros. Así, innovación, expresividade e mudanza son hoxe en día aspectos tamén aplicábeis a esta modalidade gráfica, como veremos en 3.2.

Neste sentido, Cardona (1994:200) sinalaba hai xa dúas décadas que en moitas prácticas semióticas acontece que non nos limitamos a utilizar o determinado código que foi elixido, mais traballamos sobre el, valorizámolo e explotámolo até esgotarmos as súas potencialidades, non por necesidade de comunicación inmediata, mais por un sentido da arte, pola veneración da forma máis rica e ornamentada, por un ideal estético que, para alén de comunicar algo, se comunica tamén consigo mesmo. E acrecenta o seguinte: “si esto ocurre en el uso de los códigos verbales [...], tanto más evidente será la acción en este sentido sobre un código que ya de por si es artificial, manual, que exige control y capacidad y que ya es plurifuncional”. Por tanto, as transformacións gráficas producidas no soporte electrónico non constitúen unha práctica inédita na historia da escrita, moito embora as características do medio en que se producen as dote de certa singularidade; non obstante, xulgamos outrosí que este novo medio provoca mudanzas na forma de nos relacionarmos coa escrita e que –a

³⁶ Gelb (1982:293) sinala a este respecto que o predominio cultural dun determinado país ten habitualmente como resultado a adopción do seu modelo de escrita por parte dos seus veciños culturalmente menos desenvolvidos. No caso galego, o poder político e económico con que conta o español provocou e provoca unha situación de conflito lingüístico, en que aquel figura como lingua dominante e o galego como lingua minorizada, o que tivo como consecuencia que nalgúns momentos o sistema ortográfico español fose imposto, máis do que aceptado. Gelb sinala inclusive casos en que mudou o código de representación utilizado –alfabeto, silabario etc. –como aconteceu nalgúns pobos de alto ou baixo nivel cultural do antigo Oriente Medio, que asumiron a escrita cuneiforme para os seus idiomas.

³⁷ Convén resaltarmos o título que lle dá nome á epígrafe en que se insire este texto, canto que metáfora clarividente dos vínculos entre a lingua escrita e a oral: “A lingua voa, a mão se arrasta” (Bagno 2003).

discordarmos co sinalado por Cardona–, nos últimos tempos a necesidade de comunicación inmediata, favorecida polas propiedades do medio dixital como a espontaneidade, a creatividade, a brevidade ou a rapidez, si presenta fortes implicacións na alteración dos sistemas de escrita (véxase 3.2).

1.1.2. Historia dos soportes da escrita. Do papiro á pantalla

A linguaxe, como acabamos de ver, é predominantemente oral e como tal, o vehículo orixinario e orixinal da palabra é a voz humana. Polo contrario, a escrita tan só é imaxinábel a través dos soportes que se empregan para a albergaren e dos materiais utilizados para a tallaren, a pintaren ou a serigrafaren³⁸. Á diferenza da cultura oral, cuxa única depositaria era a memoria, o nacemento da escrita provocou tamén o desenvolvemento paralelo de múltiples e variados soportes, do mesmo modo que a creación de novas técnicas para a poder representar. Neste sentido, podemos afirmar que a escrita non existe máis do que inscrita nalgún corpo ou obxecto, ben sexa físico ou virtual. No proceso de fixación da letra escrita interveñen, para alén do factor humano, fundamentalmente representado pola man que escribe, outros dous elementos imprescindíbeis: por un lado a materia sobre a que se trazan os signos gráficos e, por outro, o instrumento con que son realizados (MEC 1977:61). Estes elementos reciben a denominación de materias escritoriais, ou sexa, aqueles que constitúen o soporte da escrita e que forman o obxecto ou a peza en que se representan os correspondentes signos. A casuística daquilo que dá forma á operación de escribir é moi ampla, de xeito que diversos estudiosos, cal Cardona (1994:50), establecen certas subdivisiones, se ben que alertan da súa arbitrariedade. O antedito autor decidiu agrupar os diferentes soportes en función do factor temporal, dado que unha das funcións da escrita é a de conservar por un período máis ou menos prolongado unha certa mensaxe, e, xa que logo, fai referencia ás escritas permanentes e ás efémeras³⁹, como xa apuntamos; na súa opinión “escribir consiste en trazar grafismos que permanezcan visibles o de cualquier manera activos por cierto tiempo o también ilimitadamente” (Cardona 1994: 50-51).

Igualmente, podemos catalogar estas materias escritoriais como ordinarias ou extraordinarias, quere dicir, entre aquelas que pola súa natureza e finalidade principal están destinadas para serviren de soporte aos signos gráficos e aquelas outras que, polo contrario, só son utilizadas para reproduciren a escrita de modo circunstancial. Cardona (1994:50-51) sinala as múltiples posibilidades de materialización da escrita, xa que se poden facer incisións nos materiais brandos como a arxila ou nunha superficie encerada. Outrosí, é posíbel esculpir materiais duros como a pedra, o óso, o metal ou a madeira; e, de utilizarmos pigmentos de cores, tórnanse tamén superficies aptas a pel de animal, o tecido, a terracota, o papiro, o

³⁸ A respecto da historia dos soportes da escrita, remitimos, para alén da bibliografía específica que figura na parte final deste estudo, ao seguinte enderezo electrónico: http://www.rinconcastellano.com/lenguas/hist_escr_ii.html# que, a partir de agora será citado pola seguinte sigla SMTE, correspondente ao título que presenta “Soportes, materiais e técnicas para a escrita”.

³⁹ Se ben que os exemplos de escrita permanente son similares ao doutros autores, Cardona (1994:52-55) salienta entre os efémeros aqueles que non están concibidas para deixaren pegada máis do que de forma momentánea, cal a escrita na area, documentada xa desde o mundo antigo como soporte normal da escrita, ou a que se realiza na palma da man, que chega até a actualidade e que serve para nos lembrarmos dun feito puntual, mais que xa era empregada na antigüidade con outras finalidades: “es la forma de escrita que emplean los tuareg cuando cortejan: durante el ahal, la reunión nocturna que tiene carácter de corte de amor, las parejas se escriben mensajes de esta manera, usando una forma de tifyay, la escrita tuareg simplificada”. Hoxe en día, tamén podemos pensar, de continuarmos nesta liña, que as tatuaxes poden converterse en moitos casos en exemplos en que o corpo humano se converte nun soporte da escrita, esta vez de carácter permanente.

pergamiño, o papel, as follas de árbore, o estuco etc. Como é evidente, a elección do soporte ou da base estará condicionada por aquilo que as diferentes culturas tiveren ao seu dispor no ambiente, do mesmo modo que, segundo Gelb (1982:100-101), o material escollido inflúe tamén no desenvolvemento dos trazos⁴⁰. A interrelación entre a escrita e os soportes materiais en que se transmite é, pois, evidente, a termos en conta estes factores. De feito, existen diversas disciplinas científicas ligadas á historia da escrita que se caracterizan en función dos materiais empregados, cando menos nas súas definicións máis clásicas, como acontece coa epigrafía e a paleografía, encargadas do estudo da escrita sobre materiais duros e brandos respectivamente. Así sendo, para Cardona (1994:51) o emprego de diferentes materiais favorece a elaboración e a adopción de múltiplas variedades de escrita⁴¹.

Pode dicirse, por tanto, que practicamente calquera material susceptíbel de ser inciso ou pintado, ben sexa de orixe orgánica, vexetal ou animal, ben sexa inorgánica, cal pedras ou metais, serviu nalgunha ocasión como soporte da escrita. A escolla dos materiais en que a escrita se desenvolveu, como xa sinalamos anteriormente, está condicionada por factores de diverso tipo, ou sexa, desde os coñecementos e técnicas que se practican nunha determinada zona, como aconteceu en Exipto co papiro, até o emprego de materiais á man, sinxelos e económicos, como a madeira, as táboas de cera ou a lousa; inclusive pode responder a obxectivos sociopolíticos, que procuran establecer mensaxes que permanezan a través do tempo e que alcancen a toda a poboación e que, por tanto, utilizarán materiais máis duradeiros, como acontece coas inscricións romanas, realizadas sobre a pedra. A respecto dos primeiros soportes da escrita, o que en MEC (1977:61) é denominado materiais extraordinarios ou ocasionais, cómpre destacar o barro, que se presentaba baixo diversas formas (tellas, ánforas, vasos e utensilios en xeral) e mediante distintas técnicas (cun instrumento agudo que se utiliza cando o barro está aínda brando, cun pincel ou pluma mollado en tinta etc.); os metais, nomeadamente o chumbo e o bronce, mais tamén o ferro, a prata e o ouro⁴²; as pedras, onde predominan as inscricións en mármore, granito ou lousa⁴³; e finalmente os grafitos, isto é, as mostras de escrita trazadas sobre muros ou paredes. No entanto, existen outros materiais igualmente relevantes nun estudo destas características, como a seda, os ósos, a cerámica e as escamas empregadas na China, ou as follas de palma seca, moi utilizadas sobre todo na India. Nas imaxes que se mostran a seguir poden observarse algúns dos máis comúns:

⁴⁰ Na escrita mesopotámica a arxila era empregada como o soporte básico e, debido a que o punzón non permitía marcar as formas redondeadas dos debuxos, os signos acabaron por adquirir co tempo unha forma angular. Con todo, a cuneiforme foi tamén plasmada noutros materiais, cal a pedra e o metal, e, igualmente, existen indicios da utilización da madeira como medio de representación en Mesopotamia que, do mesmo modo que o sinalado para a arxila, tería provocado tamén a evolución das formas redondas noutras angulosas ou inclusive cadradas (Gelb 1982:100-101). Tamén Velázquez Soriano (1989:69) sinala que no caso da lousa, o soporte material é o factor fundamental que incide na morfoloxía das letras e dos nexos, ademais de alterar o curso das liñas, xa que se trata dun material duro, mais doadamente esgrafiábel.

⁴¹ Tamén convén facermos unha distinción canto aos instrumentos empregados, de modo que obteríamos os manuscritos, quere dicir, aqueles que se realizan con utensilios diversos, como os pinceis, os cálamos ou as penas, e aqueloutros deseñados con aparellos que se foron desenvolvendo en paralelo á evolución da técnica, nomeadamente a partir da invención da imprenta, en que se utilizarán teclados, soportes magnéticos etc. Véxase SMTE.

⁴² As táboas de execración romanas eran escritas en chumbo e os textos legais romanos en bronce (MEC 1977:67). Existen algúns exemplos destes materiais na colección que posúe o Museo Arqueolóxico Nacional de Madrid.

⁴³ Velázquez Soriano (1989:312-313) no seu estudo sobre as lousas visigodas documenta algunhas na fronteira entre a actual Galiza e Asturias, que datan do século VIII, e que, por tanto, estarían incluídas dentro dos límites territoriais da Gallaecia.



FIGURA 1. Exemplos de inscricións en vaixelas, pedra e cerámica.

Entre os pobos mediterráneos, a escrita comezou, segundo O'Donnell (2000:59) sobre a pedra, mais cando se converteu de modo fundamental nun vehículo útil para a difusión da información foi no momento en que se perfeccionou a tecnoloxía dos rolos de papiro, material que debe o seu nome á planta de que se obtén, *cyperus papyrus*. Exipto foi durante séculos o seu único produtor, até que se estendeu a outras zonas, nomeadamente a partir da conquista árabe. Desde ese momento, a industria do papiro foi levada a outros lugares, entre os cales destaca Sicilia, que o mantivo activo até o século XII (MEC 1977:62). O papiro substituíu as táboas de madeira e de marfil, pois era un material moito máis lixeiro e doado de transportar. Os rolos de papiro producíanse mediante o encolado de varias follas e envolvíanse nun cilindro de madeira, de modo que para ler era necesario ir desenrolándoo pouco a pouco e de modo horizontal. Normalmente figura escrito por unha soa cara e disposto en varias columnas. Na opinión de O'Donnell (2000:59), o papiro era un soporte fermoso para a súa contemplación, máis moi incómodo para o utilizar, a pesar de que o tamaño destes estaba estritamente delimitado a unhas mil liñas aproximadamente, o que xa supuña unha longa folla de papiro, de vinte a trinta pés de lonxitude. Cómpre salientarmos o seguinte texto para ilustrarmos as implicacións que, tanto un sistema de escrita, como o seu soporte, poden ocasionar do punto de vista social:

En combinación con el papiro, el alfabeto significó el fin de la hegemonía de los templos y del monopolio cultural de los sacerdotes. En contraposición a la escritura criptográfica prealfabética, el alfabeto podía ser comprendido en unas pocas horas. El dominio de un conocimiento de tanto alcance y de un arte tan complicado como debió ser la escritura prealfabética sobre objetos tan duros como el ladrillo y la piedra, aseguraba a la casta de escribientes un monopolio de poder sacerdotal. El alfabeto, más fácil de aprender, y el papiro, liviano, barato y transportable, hicieron que el poder pasara de la clase sacerdotal a la clase guerrera (Sempere 2007:64).

Para alén do transvasamento de poder grazas ao alfabeto e ao papiro, este posibilitou igualmente a proliferación e a difusión da escrita e, como consecuencia, tamén da literatura. Exportado a Grecia e a Roma, o papiro foi o o soporte máis prezado da escrita e a orixe, en boa medida, do libro moderno se pensarmos en todo o referente á copia e á distribución de exemplares, que favoreceu a sistematización dos arquivos e a aparición das bibliotecas. Con todo, durante os primeiros séculos da nosa era vai tomando forma a idea de crear un novo soporte literario formal de páxinas atadas seguindo o modelo da táboa de cera. O material creado denominouse xa na Antigüidade códice e podía ter follas de papiro ou de peles de animais, mais finalmente acabou por estenderse o uso do pergamiño⁴⁴ e da vitela, xa que o

⁴⁴ Este material conseguíase a partir da pel dos animais (ovella, vaca, cordeiro etc.) e podía conservarse durante máis tempo (O'Donnell 2000:60). A respecto do proceso de elaboración, a dermis deixábase en remollo e logo repasábase con cal para eliminar a epidermis e evitar así que apodrecese, ao tempo que facilitaba a eliminación

papiro era un material carísimo, o que o converteu nun produto de luxo a que só algunhas persoas tiñan acceso. Para alén disto, a súa conservación requiría coidados especiais: os rolos debían permanecer gardados para a súa preservación en recipientes ou ben de madeira ou ben de arxila e tiñan de se impregnar en aceite, de aí ese ton amarelento tan característico, mais estas precaucións non eran suficientes, pois a humidade e a calor dificultaban a súa conservación. Segundo O'Donell (2000:60), o uso do códice para textos literarios chega a ser considerábel no século II, imponse durante o século III e no IV este conseguirá monopolizar o mercado da escrita. A este respecto, tamén en MEC (1977:63) se sinala que a partir desa época o uso do pergamiño terá unha liña sempre ascendente até se converter entre os séculos VIII e XIII na materia escriptoria por excelencia, chegando mesmo a excluír as demais⁴⁵. Nesta liña, McLuhan (2010:165) sinala as consecuencias sociopolíticas que provoca esta mudanza: “a decadencia dos abastos de papiro no imperio romano serodio é a causa adoitado imputada da ‘caída’ deste imperio e do seu sistema de calzadas, pois as calzadas romanas eran as rutas do papel en todos os sentidos”. Nas seguintes ilustracións pódese ver o papiro e o seu substituto inmediato, o pergamiño:



FIGURA 2. Á esquerda, exemplo de papiro. Á dereita, o pergamiño Vindel

Igual que o papiro, o pergamiño tamén requiría dun laborioso proceso de preparación, mais este era un soporte máis consistente, de aí que fose progresivamente substituíndo aquel. De acordo co exposto en MEC (1977:63), de o confrontarmos co papiro, as vantaxes do pergamiño son significativas: en primeiro lugar porque se trata dun material moito máis abundante e doado de conseguir, xa que o primeiro só se producía, como xa sinalamos, en Exipto e Sicilia, en canto o pergamiño podía acharse en calquera zona. Para alén disto, é máis

do pelo. O seguinte paso consistía en raspar o tecido subcutáneo e, unha vez reducida a pel a unha capa fina e limpa, esta era estirada e tensada sobre un bastidor, en que tamén se goteaba e raspaba. Finalmente, pasábaselle un trapo húmido e pó calizo en repetidas ocasións para que a base de secar e mollar a pel tensa se producise unha reordenación das fibras de coláxeno. Feito isto e xa fóra do bastidor, a pel era raspada de novo en seco para a tornar máis fina e flexíbel e pulíase coa pedra pómez para lle dar un acabado perfecto. Véxase MEC (1977:63).

⁴⁵ Outra das causas que se atribúen á desaparición progresiva dos textos escritos en papiro ten que ver co deterioro deste material que convertía os textos en pouco lexíbeis, polo que estes eran copiados en pergamiño, o que, por súa vez, provocou que fosen desaparecendo os textos orixinais no soporte anterior. Véxase SMTE. Tamén neste sentido, en MEC (1977:62) sinálase que do punto de vista gráfico o papiro inflúe na escrita, dado que lle imprime unha serie de trazos, como consecuencia da falta de alisamento nas superficies sobre as que se escribe. Por tanto, en canto o papiro presentaría estrías pronunciadas na base, no pergamiño a superficie aparecería completamente lisa, o que favoreceu a súa substitución, xa que as estrías provocaban que os trazos das letras e dos signos fosen menos firmes e un pouco oscilantes.

resistente e, por tanto, presenta unha maior duración, admite a escrita polos dous lados da folla e a súa morfoloxía adecuábase mellor á do formato do códice ou do libro, moito máis cómodo que o rolo de papiro. Igualmente, a suavidade e a firmeza da súa superficie favorecen a mellora da calidade no trazado dos signos gráficos e ofrecen posibilidades inimaxinábeis no papiro, cal os debuxos, as cores, as pinturas etc. Con todo, tamén convén salientarmos que, embora os documentos escritos en pergamiño adoiten presentarse en forma de follas, ben soltas ou ben unidas, integradas nun conxunto, isto é, nun códice, tamén este material foi empregado en forma de rolo, mais parece que o seu uso foi minoritario. A supremacía do pergamiño estendeuse até a introdución do papel por parte dos árabes na Europa, a finais do século VIII. Logo da difusión do papel, o pergamiño⁴⁶ continuou aínda durante moito tempo sendo a materia escriptoria preferida para os códices miniados⁴⁷, fundamentalmente até a aparición da imprenta, fito que marcará un antes e un despois na historia dos soportes da escrita.

Existen diversos tipos de códices que empregan como material o pergamiño: por un lado, é preciso sinalarmos aqueles exemplares que presentan as súas follas tinxidas de púrpura e sobre as cales se escribía con tinta de ouro ou de prata. Son os coñecidos como *codex purpureus*, *codex aureus* ou *codex argenteus*. Porén, a variedade máis significativa dos códices en pergamiño corresponde aos palimpsestos, tamén denominados *codices rescripti*, dado que se trata de manuscritos onde a primeira escrita que se realizou sobre as súas follas foi borrada para dar lugar a unha segunda e, en ocasións, a unha terceira ou inclusive máis. Este proceso de reescrita realizábase por medio do lavado e do raspado do texto escrito que sempre deixaba unha pegada máis ou menos profunda. A razón principal que explica o desenvolvemento desta práctica é a necesidade de aproveitar o pergamiño de textos que xa pouco interesaban para escribir outros que se consideraban máis importantes, dada a dificultade de comerciar co papiro e debido a un período de escaseza do pergamiño. Segundo o exposto en MEC (1977:64), o conxunto principal de palimpsestos prodúcese entre os séculos VII e IX e os textos borrados costumaban pertencer aos séculos anteriores, nomeadamente aos comprendidos entre o V e o VII. A lectura dos restos de texto eliminados preocupou en grande medida os estudiosos, mais os intentos realizados a este respecto non tiveron un éxito total até o século XX, en que se comezaron a empregar raios ultravioleta que facilitaban a interpretación das capas iniciais destes pergamiños.

Do mesmo modo que o papiro foi substituído polo pergamiño, o papel acabaría por substituír aquel nomeadamente a partir do século XV, debido ás súas enormes vantaxes, sobre todo as de tipo económico⁴⁸. No entanto, as súas orixes son moito anteriores, pois remontan á China de comezos do século II da nosa era, e o seu descubrimento é atribuído a un oficial do emperador chinés chamado Ts'ai Sun, que obtivo os primeiros exemplos de

⁴⁶ O nome deste material procede de Pergamo, cidade situada na Asia Menor e fundada por Filetero no 238 antes da nosa era. A respecto das súas orixes convén salientarmos a historia que nos chega da man do autor latino Plinio, segundo a cal o rei Átalo I fundou en Pérgamo unha biblioteca que alcanzou unha grande importancia, chegando a almacenar 200.000 volumes. Debido a este éxito, o rei de Exipto, Ptolomeo V, ciumento da sombra que esta biblioteca lle puidese estar a facer á de Alexandría, prohibiu a exportación de papiro a esta localidade co obxectivo de que lles faltase a materia prima con que crearen novos libros. Mais os pergamenses decidiron desenvolver e perfeccionar un novo material creado a partir da pel de determinados animais. Por tanto, Pergamo foi, senón a inventora, como sinala Plinio, cando menos a maior produtora deste novo soporte que acabaría por substituír o papiro (MEC 1977:63).

⁴⁷ A este respecto, en MEC (1977:63) tamén se apunta para a preferencia do pergamiño sobre o papel durante a baixa Idade Media e os comezos da Moderna, sobre todo no campo dos manuscritos.

⁴⁸ A súa fabricación é menos custosa, facilita a escrita ao facela máis áxil e rápida e, do mesmo modo que o pergamiño, permite escribir por ambos os lados e favorece o formato libro. véxase http://www.mcu.es/principal/docs/novedades/2010/Escrita_EscritoES.pdf.

papel a base de trapos e doutros produtos vexetais. En China este material tivo un enorme suceso e deslocou outros soportes até ese momento habituais como o bambú, a seda, a madeira e o óso. Con todo, e na liña do exposto en MEC (1977:64), os chineses mantiveron en segredo o proceso de fabricación e, aínda que presentemente é o soporte universal da escrita, demorou bastante tempo en ser difundido, sobre todo en Occidente. A comezos do século VII Corea e Xapón convertíanse tamén en produtores deste material e a meados do milenio seguinte os árabes fixéronse coa fórmula para o fabricaren e estableceron unha nova fábrica de papel⁴⁹. Mais, como foi apuntado, o pergamiño tardará en ser desprazado, pois en Europa o papel non comeza a ser usado de forma habitual até os séculos X e XI. Será sobre todo a través da vía árabe que o papel chegará a outras zonas: ao Cairo no ano 900, a Marrocos no 1100 e á Península Ibérica en 1154⁵⁰. A difusión do papel⁵¹ e a consecución da supremacía a respecto do resto dos soportes en que se transmitía a escrita constituíron un dos maiores avances na historia da cultura, comparábel ao descubrimento da imprenta e, como é obvio, moi relacionado con esta.

Como xa sinalamos, as cuestións de teor económico contribuíron para que o papel substituíse o pergamiño e a maior parte dos materiais escritorios que se utilizaba até ese momento, dado que o seu baixo custo contribuíu para a democratización da escrita, o que, por súa vez, favoreceu o aumento desta actividade. Porén, a expansión definitiva do papel e, por tanto, do libro tal e como o coñecemos hodiernamente, producírase a partir de meados do século XV, grazas ao nacemento no ano 1440⁵² da imprenta de tipos móbeis, da man de Gutemberg, ourive alemán; parafraseándonos Ávila (2006:16), constitúe o medio de comunicación masiva máis antigo. A imprenta supón unha evolución da xilografía ou da impresión a través de láminas ou caracteres gravados en madeira, utilizada polos chineses desde o século VI e estendida a Europa a partir do século XII (Jiménez Vargas / Campos 2005:5). Esta tecnoloxía tivo fortes repercusións lingüísticas, máis tamén políticas e económicas. A respecto das primeiras, a imprenta facilitaba a difusión dos textos escritos e, para alén disto, permitía evitar as variantes, características do proceso de copia tradicional. Deste modo, contribuíu para fixar e estabilizar a forma escrita de moitas linguas. Noutras palabras, a difusión que se consegue a través da copia mecánica dun mesmo texto promove un modelo escrito estandarizado, o que, por súa vez, favorece a creación dun sentimento de identidade nacional, lingüística e cultural (Ávila 2006:17).

⁴⁹ Esta descuberta foi consecuencia dunha vitoria árabe perto de Samarkanda, dentro dos conflitos entre os árabes e os chineses, onde entre os prisioneiros de guerra acharon algúns artesáns dedicados á fabricación do papel. Véxase SMTE e MEC (1977:64).

⁵⁰ Segundo o exposto en MEC (1977:64) está foi a data en que se estableceu en Xátiva unha fábrica de papel, a primeira de Europa. Noutros territorios, como Italia, terían de agardar até o século XIII. A este respecto, en SMTE, afirmase que a fabricación de papel se propagou con rapidez durante os séculos XI e XII tamén en Córdoba, Sevilla, Granada e Toledo. Este proceso culmina no século XVIII coas fábricas catalás, que se encontraban entre as principais de maior calidade da Europa, para logo daren paso á fabricación de papel industrial, que comeza no XIX e chega até os nosos días.

⁵¹ Canto ao seu proceso de elaboración, en China o papel contiña elementos de orixe vexetal, mais estes abandonáanse e as compoñentes básicas estarán integradas fundamentalmente por trapos de liño e cáñamo. Unha vez que os árabes se iniciaron na fabricación deste material tamén perfeccionaron as técnicas que permitían unha maior rapidez e uns mellores resultados na calidade do papel. O conxunto de vinte e cinco follas formaban unha man e vinte e cinco mans constituían unha *resma*, palabra de orixe árabe (MEC 1977:64).

⁵² A primeira obra que publica Gutemberg a través da imprenta de tipos móbeis foi a *Biblia* e isto provocou fortes consecuencias. Segundo Ávila (2006:16) a publicación deste libro deu a posibilidade de que fose lida máis alá dos mosteiros, de maneira que foi un factor relevante para a chegada do protestantismo luterano, que cobra pulo a comezos do século XVI.

Canto medio de comunicación global, a imprensa crea as condicións para a alfabetización das masas e tamén para o nacemento dos xornais e da opinión pública. Segundo Sahagún (2004:355), a imprensa deu orixe a unha nova forma de comunicación (o panfleto) e a un novo actor nas relacións internacionais: o editor. Non obstante, e a pesar das enormes vantaxes que ofrecía a respecto da distribución de libros tradicional, como todo o novo, bateu cunha forte resistencia. Sobre este particular, Crystal (2006:2) sinala que, do mesmo modo que as tecnoloxías actuais contan con numerosos detractores, no século XV “the arrival of printing was widely perceived by the Church as an invention of Satan, the hierarchy fearing that the dissemination of uncensored ideas would lead to a breakdown of social order and put innumerable souls at risk of damnation”. Para alén disto, Sahagún (2004:355) acrecenta que a clase dirixente discordou fortemente nun primeiro momento, pois, segundo este autor, quen ten o monopolio dos medios de comunicación posúe tamén o das ideas, de modo que a imprensa podía traer consigo grandes repercusións en todos os ámbitos da sociedade. Neste sentido, afirma que a tecnoloxía foi, é e será sempre neutral e, consecuentemente, por si propia non determina ningunha transformación histórica⁵³. As seguintes figuras dan boa conta das mudanzas de soporte da palabra impresa ao longo do tempo:




FIGURA 3. Evolución do formato libro: do manuscrito ao electrónico

Antes da aparición da imprensa, a produción de copias facíase manuscrita e non existía a función dos libeiros, encargados de produciren e de distribuíren múltiples copias do mesmo exemplar. O autor do libro manuscrito continuaba a ser o responsábel do que escribira e a obra era en si mesma unha produción persoal, isto é, non existían grandes diferenzas entre o público e o privado a este nivel⁵⁴. Non entanto, os medios que ofrecía a imprensa orixinaron ese divorcio. Noutras palabras, o acto da escrita converteuse en algo privado, agora trabállase en silencio para pulir as palabras, que logo se distribuirían por todo

⁵³ O propio Sahagún (2004:21) sinala que nos achamos no medio dunha nova revolución, en cuxa orixe se encontra, como aconteceu en todas as anteriores, a mudanza tecnolóxica. Hai xente que considera a tecnoloxía como a causa directa das transformacións, outras persoas, no entanto, vena como un simple catalizador. Porén, ninguén pode negar que a transcendencia social que a tecnoloxía está a ter nas últimas décadas, como se podería ver en epígrafes posteriores (véxase 1.2.4.).

⁵⁴ Kernan (1990:131) sinala o seguinte a este respecto: “In conversation, the people involved are face to face, interacting and constantly adjusting to one another to insure understanding. On public occasions, each listener’s understanding is guided by the speaker and by others in the audience, which tends to rule out excentric, individual reactions in favor of more normative responses. Reading, by its nature, however, makes for the private, inward-turned self, the separated individuals who make up modern society’s “lonely crows”. Orality reinforces communal, public life, favors the outgoing personality, and it makes for group conformity. Oral life is tribal life, reading makes for modern society made up of separate individuals, what electronic life will be we are only beginning to glimpse”.

o mundo e farían coñecida a persoa encargada da súa redacción, isto é, nacera o “autor” tal e como o entendemos na actualidade. Aínda que este concepto xa existía, “el papel reconocido del autor y su separación de las palabras que se difundían para representarlo ante un amplio público de desconocidos, fueron fenómenos que adquirieron unha nueva intensidad con la introducción de la imprenta” (O’Donnell 2000:24). Tras a invención desta tecnoloxía e en paralelo á difusión da escrita a través do papel por medio dos xornais e dos libros, habería que agardar preto de cinco séculos para o aparecemento dun novo medio de difusión masiva, que neste caso tiña como vehículo a lingua falada. Referímonos á radio que, á diferenza da tecnoloxía anterior, non precisa dun público alfabetizado⁵⁵, de modo que pode chegar a un maior número de persoas, o que se traduce nun grande poder de penetración (Ávila 2006:23).

Igualmente relevante será a aparición na segunda metade do século XX da televisión⁵⁶, que, canto que medio audiovisual, unirá o cinema e a radio. Este novo medio permite chegar a unha maior poboación do que a radio, dado que abranxe un ámbito xeográfico máis extenso. Sahagún (2004:241) sinala que cada medio deixa obsoleto o seu predecesor, o cal para sobrevivir se ve obrigado a transformarse e a adaptarse á nova tecnoloxía. Neste sentido, a televisión forzou o cinema, a radio e a prensa a mudaren de forma radical e, se ben que tenden a complementarse nalgúns aspectos, cada nova aplicación tecnolóxica modifica e quebra o equilibrio anterior. Con todo, a verdadeira revolución dos medios de comunicación de masas non se produce até as últimas décadas do século XX, como consecuencia do desenvolvemento da tecnoloxía informática⁵⁷, nomeadamente da Internet e da World Wide Web (véxase 1.2.1.2 e 1.2.1.3). De acordo co exposto en Ávila (2006:25) estamos perante o medio de comunicación masiva máis participativo e democrático, pois permítenos acceder a calquera información que figure na Rede. Para alén disto, cómpre resaltarmos que se trata dun contorno multimedia⁵⁸, mais cunha base fundamentalmente textual, de modo que se configura como un novo soporte para a escrita e provocará, como veremos en pormenor en 3.2, implicacións lingüísticas significativas⁵⁹. No

⁵⁵ A este respecto, Paz Gago (2004:158) afirma o seguinte: “Lo cierto es que la escrita impresa, el libro, no sólo no es el soporte natural de la literatura, sino que es un soporte muy reciente, privativo durante siglos de una minoría culta y elitista, y condenado a una regresión necesaria por razones ecológicas, económicas y socioculturales [...]. El soporte originario y original de la literatura, de lo que los folcloristas denominan desde hace décadas la oralitura, es la voz humana. Con esta oralidad intrínseca se reencontrará la literatura del futuro, lo que hoy mismo podemos denominar visualitura, en el nuevo soporte propiciado por las tecnologías audiovisuales, desde el cine hasta las redes informáticas, que en este sentido no significan más que un retorno a los orígenes, puesto que en el medio audiovisual la oralidad recobra toda su importancia y su función”.

⁵⁶ Pareceunos conveniente tratarmos tamén novos soportes, cal a radio e a televisión, pois, a pesar de seren medios predominantemente orais, tamén funcionan en ocasións como soporte da lingua escrita: pénsese nos guiños da radio e no texto que figura nos teleprompter para o caso dos presentadores de televisión, nomeadamente nos telexornais, ou simplemente repárese nas mensaxes de texto que poden ser enviadas a certos programas para participar nos debates que se están a desenvolver.

⁵⁷ Sobre este particular, Paz Gago (2004:158) afirma que “la hegemonía de los medios audiovisuales de los últimos años confirma la sustitución del soporte impreso por el soporte audiovisual, que integra escrita, imagen y oralidad, sistema simbólico y sistema icónico”.

⁵⁸ Cassany (2000) sinala no tocante á integración de códigos que o dixital incorpora todo o tipo de linguaxes e de formatos, quere dicir, fala, escrita, imaxe estática e en movemento, infografía, reprodución virtual etc., de modo que se configura como un poderoso sistema multimedia de representación e de comunicación de datos, de o compararmos cos limitados recursos tipográficos do escrito.

⁵⁹ Esta nova era e as tecnoloxías que se están a desenvolver ofrecen á escrita e, xa que logo, tamén ás linguas, novos e polimórficos soportes, unha multiplicidade de modalidades signicas que interaxen cunha grande eficacia comunicativa e que complementan a escrita con todo o poder da imaxe, o son, a reencontrada oralidade e a potenciación definitiva da iconicidade simbólica. As anteriores características serán fundamentais para analizarmos e comprendermos a reinvenção da escrita que está a operar nalgúns contextos tecnolóxicos. Cassany (2000) afirma, neste sentido, que o contorno dixital creou novos xéneros (e-mail, chat) e formatos

entanto, as transformacións canto á escrita non son as únicas, pois a Internet tamén se erixe como un medio de difusión da información que permite a publicación electrónica, onde só é preciso que exista un exemplar, e que ofrece a posibilidade de difundir unha obra e de ver a reacción do público de forma case instantánea e sen a necesidade de intermediarios. O'Donell (2000:25) afirma que é no ciberespazo onde o noso discurso particular chega até un público máis amplo e de forma moito máis inmediata⁶⁰.

A este respecto, son significativas as afirmacións de Sempere (2007:66) cando salienta que os medios electrónicos marcaron os límites da tecnoloxía alfabética e pasaron a partillar co alfabeto a tecnoloxía dos procesos de comunicación. Noutras palabras, crearon efectos e reaccións novas, xeraron unha interacción sensorial que eclipsou o protagonismo do ollo, canto que órgano de percepción dominante. Os novos medios modificaron a traslación do oral para o visual e supuxeron o descubrimento do elo perdido coa vella era e o vello home preliterario. Segundo este autor, a Era Electrónica alcanzou o reequilibrio e recupera a orde anterior dos sentidos, isto é, a cultura electrónica é, de novo, oral e auditiva. Na mesma liña, O'Donell (2000:22) salienta que estamos a vivir un momento da historia en que os medios sobre os cales se funda a palabra mudan a súa natureza e amplían o seu alcance até extremos nun vistos desde a invención dos tipos móbeis da imprenta. As transformacións leváronse a cabo durante todo o século XX, cando se produciu unha revitalización da palabra oral na comunicación por telefone e por radio e cando a imaxe do cinema e da televisión complementou a palabra escrita. Igualmente, o aparecemento e a grande acollida do computador persoal e o crecemento vertixinoso das conexións entre os ditos terminais por medio das redes mundiais da Internet conforman un contexto realmente novo e transformador. De igual modo que aconteceu coa propia escrita, os integrados, seguindo as denominacións que figuran en Eco (1977), proclaman as maravillas deste novo medio dixital, en canto os apocalípticos ou escépticos, cal Sócrates a respecto da palabra escrita, desconfían das posibilidades desta tecnoloxía e auguran consecuencias negativas derivadas do seu emprego⁶¹.

É obvio que os soportes en que se “fixa” e se recibe a información sufriron unha evolución desde os seus inicios. Chega con repararmos en que a información máis do que fixarse –de aí as aspas– é visualizada ou escoitada para, deste modo, poder deixar paso a outra e así sucesivamente, como se estivesemos ante un palimpsesto continuo (Díaz Noci 2000). Neste sentido, a pantalla, se ben que actualmente se tornou no soporte por excelencia, para alén dos contextos en que o papel continúa coa súa supremacía, tamén experimentou

discursivos que paseniñamente van estandarizando os seus usos lingüísticos, cunha estrutura, un rexistro e unha fraseoloxía particulares.

⁶⁰ Aliás, cómpre termos en conta a ruptura da linearidade grazas ao hipertexto. A este respecto, Cassany (2000) sinala que, se ben a escrita liberara xa o usuario da obriga de se axustar ao fio discursivo permitíndolle saltar adiante e atrás ao seu antollo, o contorno dixital emprega o hipertexto como estrutura básica: “el escrito lineal y unidireccional se rompe en diversidad de fragmentos autónomos que se conectan entre sí con enlaces (links) o llamadas que permiten saltar ágilmente de uno a otro, en cualquier dirección”.

⁶¹ En relación con isto cómpre salientarmos a obra de Kernan (1990) cuxo título, *The Death of Literature*, dá conta do seu ton decadente. Nesta obra, Kernan relata os factores que inflúen de forma fundamental na morte da literatura, entre os cales destacan a televisión e a tecnoloxía informática. Tamén, nesta liña, contamos coa obra de Birkerts (1999) sobre o futuro da lectura na era electrónica, que se presenta cun título que deixa clara a súa postura desde o comezo: *Elexía a Gutenberg*. No sentido contrario, outros autores, cal Paz Gago (2004:153) encontran nas TIC un novo medio a través do que os xéneros literarios poden reinventarse e, a este respecto, sinala o seguinte: “la literatura, lejos de sucumbir, va a buscar nuevas vías y caminos, soportes cada vez más complejos y renovados sistemas de transmisión y difusión, para hacerse un hueco privilegiado en la nueva sociedad humana regida por las comunicaciones, las tecnologías informáticas y la imagen, la ya inaugurada sociedad de la comunicación digital”.

transformacións significativas desde o seu nacemento até a actualidade. Noutras palabras, da pantalla de raios catódicos chegamos a unha finísima e flexíbel pantalla que podemos levar debaixo do brazo, pasando polas pantallas planas. Existe un enorme debate social sobre a substitución dos actuais soportes da información por outros, nomeadamente do papel pola pantalla e na maioría dos casos a discusión costuma orientarse cara a cuestións de carácter técnico. Segundo Díaz Noci (2000), o impacto que sofremos ao descubriremos as marabillas do progreso empece unha reflexión profunda sobre o alcance nos hábitos culturais e, consecuentemente, sobre as mudanzas sociais máis ou menos profundas que este desprazamento dun soporte (físico) a outro (dixital) vai introducir ou introduciu xa na sociedade. A substitución do papel está formulada en termos de caducidade, isto é, a súa substancia física é perecedeira, mais tamén os soportes dixitais padecen de caducidade e de obsolescencia, para alén da efémera vida útil dalgunhas máquinas lectoras, como consecuencia de consideracións técnicas e da evolución do propio mercado.

Para este autor, o que está en crise manifesta é o propio modelo de fixación e de almacenaxe da información, quere dicir, o papel xa non exerce de modo eficaz a súa función como soporte desta, debido á grande acumulación de información, en moitos casos redundante, que o soporte físico impón pola súa propia esencia. Para alén disto, o papel non permite alterarmos a información que figura impresa, o que impón unha organización linear da información, fronte á estrutura hipertextual do soporte electrónico. Con todo, tamén existen outras diferenzas significativas entre o papel e a pantalla, porque a pesar de seren ambas as superficies planas, a segunda pode ser considerada como unha interficie, ou sexa, un lugar virtual en que se nos permite interaxir e onde a secuencia linear se transforma nunha multisequencia que se vai despregando a instancias do público lector, que le de forma secuenciada, mais que establece impresións e que pode saltar a través de diferentes ítems e focalizar a súa atención naquilo que máis lle interese. En palabras de Díaz Noci (2000) a superficie plana da pantalla é quen de sobordar os seus propios lindes, grazas á inmaterialidade da información que contén, e isto non é posíbel de o conseguirmos coa materialidade a que está limitado o papel⁶². Ademais, e como diferenza máis notoria a respecto dos soportes até agora coñecidos, unha pantalla non se configura simplemente como unha superficie con dimensión espacial, mais tamén temporal, pois permite a conexión en liña a informacións de moi diversa índole, multimedia e tridimensional de forma síncrona ou asíncrona.

Anteriormente, libros, xornais, revistas, cartaces e folletos de todo o tipo conformaron durante moito tempo o trono privilexiado do soporte en papel e dunha tecnoloxía da escrita moi útil, quere dicir, a prensa. E se ben que a impresión dixital sobre papel permite compormos texto e imaxes de modo efectivo e rápido, o computador posibilita fuxirmos dos condicionamentos da páxina impresa⁶³. A tecnoloxía dos tipos móbeis mellorou o espazo de tempo entre a produción de códices e a súa reprodución a través de copistas e escribáns e permitiu unha distribución a maior escala, en canto a impresión dixital perfeccionou estas funcións, mais aínda continúa a ser lenta de a compararmos coa velocidade dos fluxos electrónicos. Alén disto, e como xa vimos anteriormente, as posibilidades que ofrece o

⁶² Segundo Terceiro (1998:114), as palabras da pantalla semellan chegar dalgún outro lugar colectivo, na súa aparencia máis profundo e auténtico que a mera subxectividade do escritor ou da escritora. Isto é, na percepción do público lector traspásase parte do poder do escritor para a máquina. Con todo, existe un paradoxo, pois a maior facilidade para manipular, gardar e reproducir información do computador é, en ocasións, parcial e abusivamente utilizada nunha outra posibilidade: a de reproducir innecesariamente. A pesar da incomodidade e do custo que supón adquirir e gardar o papel, o seu consumo inmoderado, mesmo o costume de imprimir as pantallas respondería, segundo Terceiro, a un problema cultural. Véxase Birkerts (1999).

⁶³ Véxase educomedios.site88.net/.../tipos_de_escrita.doc.

hipertexto foxen da páxina en papel para se mostraren na pantalla dos computadores. Consecuentemente, tanto a edición como a almacenaxe nos novos soportes (discos ríxidos, cartóns de memoria, USB, CD-Rom etc.), ademais do acceso en liña, constitúen unha alternativa moi atractiva e dinámica que está a emerxer con forza na Sociedade da Información.

Neste sentido, O'Donnell (2000:22) apunta que todas as mudanzas van provocar custos e beneficios, perdas e gaños, e que aquelas persoas suficientemente afortunadas de viviren en épocas tan estimulantes non terán outro remedio máis do que acharen o modo de adaptaren as novas tecnoloxías ás súas vidas e as súas vidas ás tecnoloxías. Tórnase preciso, en relación ás transformacións sinaladas, citarmos as seguintes palabras de Cassany (2000) a respecto dos cambios tecnolóxicos que se foron producindo ao longo da historia e que sintetizan moi ben as cuestións que tratamos de desenvolver nesta sección:

La técnica es otro de los motores del desarrollo. La invención de la escritura hace 3.000 años ensanchó las prestaciones del habla y supuso avances incuestionables en el devenir humano. Con la grafía el habla se cosifica, despersonaliza, descontextualiza, objetiviza, entre otras facultades, lo cual posibilita el desarrollo de géneros comunicativos nuevos: la correspondencia, el inventario de hechos, la descripción objetiva, etc. [...]. Del mismo modo, el desarrollo en el siglo XX de las tecnologías del habla (telégrafo, telefonía, etc.) y de los medios de comunicación de masas (radio, periodismo, televisión, etc.) tuvo una influencia indiscutible en los procesos de interacción [...] y globalización de las distintas comunidades humanas. [...]. En los albores del siglo XXI estamos asistiendo a una enésima expansión de la capacidad comunicativa humana. Me refiero a la expansión del soporte digital del lenguaje (computadoras, pantallas, teclados, internet, etc.) como complemento o sustituto del soporte analógico tradicional (sonidos, ondas hercianas, papel, libros, etc.) [...]. El día a día se ha llenado de correos electrónicos o e-mails, charlas on line o chats y webs o sitios en la red (Internet), al mismo tiempo que se multiplica el uso de los celulares y que decae el volumen de cartas y faxes.

En definitivo, ao longo destas páxinas podemos observar como foi a evolución dos distintos medios que a palabra escrita e tamén a oral, utilizaron como soporte para a súa produción, conservación e transmisión a través do tempo. Desde o comezo, a oralidade deu paso á escrita e, consecuentemente, a voz deu paso ao papel; do texto manuscrito chegouse ao impreso, e do mesmo modo que do papiro se pasou ao pergamiño e posteriormente ao papel, tamén se chegará ao cristal e ao cuarzo, pasando pola grande pantalla. Paz Gago (2004:157) sinala en relación con isto que, igual que á voz humana, empregada en toda a súa riqueza de efectos e matices e co acompañamento, en moitas ocasións, da música, sucedeu a escrita, primeiro manuscrita e logo impresa, así sobrevirá tamén a forza da imaxe nun futuro moi próximo, se ben que esta xa estivo moi presente desde a aparición do cinema. A galaxia Gutenberg deixa, deste modo, paso a unha nova galaxia, repetidamente rebaptizada como galaxia Marconi, Lumière, Edison etc. Como sinala Castells (2000:16), do mesmo xeito que a difusión da imprensa en Occidente deu lugar ao que McLuhan (2010) denominou a galaxia Gutenberg, na actualidade encontrámonos perante un novo mundo da comunicación, isto é, a galaxia Internet⁶⁴, que por primeira vez permite a comunicación de moitos a moitos nun tempo escollido e a escala global.

A Rede, como trataremos en seccións posteriores (véxase 1.2.2), configúrase como unha das invencións máis notábeis para unha parte importante da humanidade e, en termos de impacto social, sitúase ao mesmo nivel que a imprensa, o ferrocarril, o telégrafo, o automóbil, a televisión ou a enerxía eléctrica. Neste sentido, como medio fundamentalmente escrito, será

⁶⁴ Kernan (1990:9) sinala a este respecto o seguinte: “The scene of writing and reading in recent times has been no less broadly social, and the disintegration of romantic-modernist literature in the late twentieth century has been a part not only of a general cultural revolution but more specifically of a technological revolution that is rapidly transforming a print to an electronic culture”.

relevante atendermos ás implicacións que o impacto da Internet está a ter sobre a linguaxe, pois como se puido ver, ao longo da historia da escrita o soporte condicionou en numerosas ocasións o modo en que as persoas se interrelacionaban. Igualmente, o medio produciu transformacións nos propios sistemas de representación da linguaxe, que tiñan de se adaptar ás súas características, o que, por súa vez, dá conta da vitalidade e da actualización das linguas, que se amoldan ás novas necesidades da sociedade moderna. A Internet, como medio lingüístico, está a desenvolver os seus propios principios e as súas propias normas, as cales serán moi diferentes das que podemos achar noutros medios, do mesmo modo que o son as necesidades comunicativas que as motivan. Os efectos lingüísticos que produciu a chegada deste novo soporte electrónico son fundamentalmente dous: por un lado, orixina mudanzas no carácter formal das linguas que o empregan e, por outro lado, ofrece novas oportunidades para a actualización e a revitalización das linguas⁶⁵, que encontran neste medio un espazo mediante o cal se promocionaren, cuestión importante sobre todo no caso das linguas minorizadas (véxase 1.2.3.4 e 1.2.4.4).

1.1.3. Antecedentes dos mecanismos de escrita abreviada. Visión histórica

As tecnoloxías e nomeadamente a Internet, como teremos oportunidade de analizar en epígrafes posteriores, revolucionaron moitos ámbitos da sociedade, mais para os obxectivos da nosa investigación tórnanse fundamentais as consecuencias lingüísticas deste fenómeno. Borrás Castanyer (2005:121) sinala a este respecto que a Rede, alén de xerar comunidades virtuais, novos xéneros discursivos, e formas de textualidade pluridimensional, multiplicou e hibridizou os códigos e os usos especiais da lingua, creando tamén novas xirias. Neste sentido, engade que as prazas telemáticas desenvolven na actualidade o papel de grandes contedores abertos onde se mestura a oralidade e a escrita, estilos coloquiais e experimentacións lingüísticas e formas de interacción que crean intimidade e diversión, ademais de posuíren unha función comunicativa de uso fundamental que, ás veces, consegue tamén conter aspectos imprevistos de infuncionalidade. Con todo, as características que presenta este sistema de representación gráfica non son todo o revolucionarias que parecen, pois contan con moitos antecedentes na historia da escrita. Isto é, o código morse, a taquigrafía, os sistemas de encriptación, as inscricións romanas, as abreviaturas nos manuscritos, os apuntamentos do ensino etc. constitúen mostras de toda unha tradición anterior que realizaba este tipo de prácticas gráficas.

Por tanto, consideramos que non se trata de actitudes gráficas novidosas, mais que, como xa se sinalou, o que as torna relevantes e o que as diferencia das anteriores é o soporte en que se producen (pantalla vs. papel) e a rapidez con que se están a propagar. Ao contrario da prensa, que mellorou os procesos de produción e de recepción e que diminuíu os custos de fabricación, a escrita reinvéntase continuamente no medio electrónico para, deste modo, se adaptar aos novos contextos de uso e ás novas necesidades da sociedade. E sobre este fenómeno de escrita abreviada existe tamén unha crenza popular que o condena, na medida en que se entende que acabará por destruír a lingua, e que xerou unha especie de pánico

⁶⁵ Nesta liña, Borrás Castanyer (2005:126) afirma que “las nuevas formas de escrita / lectura electrónica, al igual que las viejas formas reelaboradas en el presente, muestran la vitalidad de la lengua y de sus usos y al mismo tiempo evidencian los estereotipos y las incrustaciones de sentido siempre al acecho”.

moral entre a poboación (véxase 3.4.1). Neste sentido, Crystal (2008:9) sinala que, en particular, é moi frecuente escoitarmos predicións sobre unha catástrofe lingüística xerada como consecuencia dun novo desenvolvemento tecnolóxico: aconteceu coa chegada da prensa, que como vimos para moitos era considerada unha invención do demo ao encher a mente das persoas de opinións falsas (véxase 1.1.2); tamén a creación do telégrafo e do telefone xerou medos similares e será a linguaxe dos chats e das SMS a que orixine novas críticas no século XXI. Segundo o antedito autor “all the popular beliefs about texting are wrong, or at least debatable”, como aconteceu coas anteriores tecnoloxías e engade que “its graphic distinctiveness is not a totally new phenomenon”. Neste sentido, coidamos significativa a seguinte anécdota que relata no seu libro Borràs Castanyer (2005:131):

Me maravilla ver cómo mi hija mayor envía y recibe mensajes de texto con el móvil y, todavía más, cómo pasa ratos conectada al messenger, con unas cuantas ventanas abiertas, con diversas conversaciones simultáneas, en las cuales utiliza un código lingüístico nuevo, aparentemente no convencional. Parece que el objetivo de esta escritura digamos taquigráfica sea ganar tiempo, buscando más que la inmediatez, la simultaneidad. Hay, en esta práctica, una necesidad de economía que se convierte en moda y rasgo distintivo de grupo. Una necesidad de economía que no es nueva, tampoco. Un domingo que paseaba por la Vall d'en Bas, en la comarca de la Garrotxa (Girona), me sorprendió una piedra que coronaba el portal de una casa de dos o tres siglos de antigüedad. En la piedra, estaba escrito el nombre del constructor y la fecha y esta inscripción: AE MRA SNS PCAT CNCBDA. Obsérvese cómo se escribían los mensajes en aquellas piedras de dintel –claro está que se hacían con cincel y martillo: unid la A y la E y podrá leerse AVE, e id siguiendo. Eso es, cosían letras y palabras, elidían vocales o todo aquello que el lector incorporaría sin esfuerzo, inconscientemente, al leer el mensaje. Como en la escritura taquigráfica que nos sorprende hoy en *chats* y *sms*, vemos que se tiende a adecuar los códigos conocidos a las necesidades propias, sin sujeción a antiguas convenciones, pero a la vez generando nuevos protocolos de escritura. Quizás, al fin, reconoceremos en este proceso, que ahora es colectivo y tan veloz, el nacimiento de un nuevo lenguaje apropiado para determinadas prácticas comunicativas, quizás nuevas, o tal vez específicas, y por qué no, culturales⁶⁶.

Como vemos, a tecnoloxía empregada na transmisión dos textos, isto é, o soporte da escrita en cada momento –antes a pedra, logo o papel e agora a pantalla– ten repercusións nas actitudes e, consecuentemente, nas aptitudes e nas capacidades do público lector, do receptor e do emisor. Por tanto, as características e os condicionamentos do soporte ou do medio en que se transmite a escrita favorecen determinadas actitudes e estas acabarán por se converter en aptitudes. Como sinalamos na epígrafe introdutoria, a singularidade principal da nova linguaxe electrónica é o emprego de abreviaturas, mais tamén son relevantes outros trazos típicos, cal a elisión de vogais e consonantes, a simplificación da correspondencia fonema/letra e o uso de números e signos matemáticos con valor fonolóxico, entre outros (véxase 3.2). De repararmos na inscrición a que se refire Borràs Castanyer (2005:131) observaremos que este novo código presenta notábeis similitudes cos utilizados noutras épocas. Neste sentido, Cortés Alonso (1990:163) afirma que a razón da existencia das abreviaturas en cada época foi a economía de gasto ou de esforzo, sempre e cando esta non dificultase sobremaneira a comprensión do escrito. Cómpre salientarmos a relevancia do soporte, xa que cando as materias escritorias eran escasas e, por tanto, moi custosas, os amanuenses xeraban sistemas de escrita abreviada que aforraban signos gráficos e gañaban máis espazo. Segundo a antedita autora, o público lector, coñecedor dos códigos empregados, non precisaba para comprender o texto que todas as letras figurasen trazadas. Xa desde o mundo clásico, este sistema reducido de escrita era frecuentemente utilizado para alixerar a tarefa de escribir.

⁶⁶ Inscrición en lingua catalá: “Ave Maria, sense pecat concebuda”.

O problema xorde cando eses sistemas reducidos da escrita, fixados de modo convencional, xa non se coñecen ou perden o seu valor, de modo que o público lector posterior ten de aprender a descifrar as ditas abreviaturas⁶⁷ e os símbolos. A respecto do emprego destes códigos, podemos establecer varias etapas. Nos textos anteriores ao século XVI as abreviaturas son utilizadas de forma habitual nos manuscritos e nos códices, sobre todo por razóns económicas relativas ao soporte en que se fixaban. Porén, este século marca un antes e un despois debido á invención da imprenta, que leva consigo diversas transformacións lingüísticas, entre as cales destaca a menor frecuencia do uso das abreviaturas pola abundancia do papel e polas facilidades que ofrece a escrita mecánica⁶⁸ (véxase 1.1.2). Tamén Bernis Pueyo (2010) sinala que esta mingua no uso das abreviaturas ocorre, igualmente, con algúns tipos de letra máis itálicos⁶⁹, dado que esta característica xa implicaba un grande aforro. Cómpre destacarmos, pois, que desde os propios comezos da escrita xa se comezan a utilizar as abreviaturas, destinadas de modo fundamental a conseguiren unha maior velocidade e a aforraren espazo nas materias escriptorias empregadas. Máis un argumento para evidenciar a importancia destes mecanismos de redución da linguaxe ao longo da historia da escrita é a existencia dunha ciencia, a baquigrafía (escrita breve) que se encarga do estudo das abreviaturas.

Diez Merino (1990:111) profundiza nas diversas causas que puideron motivar a introdución das abreviaturas na escrita a través dos séculos. En primeiro lugar, afirma que un factor importante é a economía dos materiais, isto é, tanto o pergamiño como o resto dos materiais en que se escribía na antigüidade eran moi custosos, ben fose o chumbo, o bronce, a madeira ou mesmo a arxila. Estes materiais non só eran caros pola súa rareza, mais tamén pola dificultade que implicaba a súa elaboración⁷⁰. Sobre todo o pergamiño, que como vimos foi substituíndo os soportes anteriores, resultaba moi caro e de aí xurdiu a necesidade de aforrar, evitando palabras ou expresións que se puidesen entender tan só con as iniciar ou cando menos con as abreviar. A este respecto, Ostolaza Elizondo (1990:253) apunta que os *codices rescripti* constituén o caso máis extremo a favor da economía dos materiais. Con todo, tamén afirma que este argumento está sometido a crítica, pois na súa contra figurarían os grandiosos códices literarios, litúrxicos, xurídicos e bíblicos en que non se escatimou suntuosidade ao se tinxir o pergamiño ou no emprego de tintas de ouro e de prata, para alén da decoración aparatosa, quere dicir, letras capitais, unciais e semiunciais e marxes amplas. Por outro lado, a economía de tempo tamén se configura, segundo os anteditos autores, como unha das razóns principais do emprego dun sistema de escrita reducida, o que se pode

⁶⁷ Segundo o exposto en MEC (1977:128), etimoloxicamente o verbo *abreviar* e o substantivo *abreviatura* ou *abreviación* proceden do latín *ab brevis* e serven para indicaren que algo reduce a súa extensión e que se torna máis curto do normal. Na linguaxe paleográfica o que se reduce poden ser as sílabas, as palabras ou as frases dun conxunto escrito, ás cales se lles suprime algunha das súas letras, substituíndoas por un signo máis breve. Por tanto, a razón de ser das abreviaturas é fundamentalmente práctica, dado que o seu uso ten dúas finalidades principais: ocupar menos espazo da materia escriptoria e gañar en tempo ao permitir este recurso unha escrita máis fluída e rápida.

⁶⁸ Cortés Alonso (1990:163) sinala que nesta época os escribáns cobraban por liñas escritas e a utilización de sistemas de redución non lles resultaba rendíbel, de modo que só ficaron algúns restos conservados para escasas formas herdadas de séculos anteriores.

⁶⁹ A letra itálica é tamén coñecida como *cursiva*, que quere dicir *corrida* e que procede do verbo latino *currere*, que significa *correr*. É evidente que o nome alude ao aspecto máis exterior das súas letras, trazadas ao correr da man, con máis ou menos présa e maior ou menor descoído. Tamén se lle chama escrita común por ser a que se utilizaba para os escritos relacionados cos aspectos máis correntes e os usos ordinarios da vida (MEC 1977:77).

⁷⁰ Sobre este particular, o propio Diez Merino (1990:111) afirma que a primeira Biblia cristiá se escribiu no século IV d.n.e e que para iso tiveron de ser sacrificados 375 antílopes, ou sexa, todo un rabaño para obter un só libro.

observar se atendemos ao desenvolvemento posterior da taquígrafía⁷¹. En todas as épocas os taquígrafos quixeron avanzar moito en pouco tempo e o único recurso de que dispuñan era o acurtamento das palabras e a utilización de signos ou símbolos que representasen palabras ou mesmo enunciados completos. Por tanto, as razóns de economía de tempo permitirían a redacción dun texto abreviado con maior rapidez do que se este fose escrito de forma completa. Díez Merino (1990:112) apunta, para alén da economía de materiais e de tempo, a necesidade de evitar reiteracións nos casos de frases moi repetidas e xa memorizadas, que por esa razón eran abreviadas.

A respecto dos argumentos a favor dun sistema de abreviaturas, é relevante salientarmos a importancia da cursividade, xa apuntada por Bernis Pueyo (2010), que favorece que a forma da escrita se torne máis rápida e que, como consecuencia, se gañe tempo e espazo. Para alén do aforro de espazo, de materiais e de tempo, Díez Merino (1990:112) sinala o secretismo como máis un móbil para o aparecemento dos sistemas de escrita breve⁷². Aínda que non se coñece con exactitude o momento en que se comezaron a empregar as abreviaturas, o antedito autor sinala para o caso da lingua hebrea que a súa orixe remonta aos primordios da escrita, cando se pasou dos pictogramas ideográficos á estilización alfabética⁷³. O ritmo de aparición destas corre paralelo á ampliación gráfica da transmisión das ideas. Nesta liña, Ostolaza Elizondo (1990:253) afirma que o nacemento das abreviaturas tan só pode entenderse nun mundo culturalmente evoluído, que aplica á escrita determinados recursos semánticos que permiten identificar a palabra, do mesmo modo que nas culturas de tradición oral se utilizaban recursos mnemotécnicos para relataren ou para interpretaren algúns datos de significado preciso. Existen diversos métodos para sinalaren que nun momento dado se está a escribir unha abreviatura ou que un determinado vocábulo serve como abreviatura. Na Idade Media era frecuente empregar puntos e raias sobre as letras que representan a dita abreviatura. De feito, existen diversas achegas culturais que se transmitiron debido ao desenvolvemento destes sistemas de escrita reducida, entre as cales destaca a creación de sinais de puntuación. Segundo Díez Merino (1990:147) o actual signo do “punto e paragrafo” pode ter a súa xénese nunha abreviatura: no comezo escribíase *sof pasuq*, que logo se abreviou até ficar só en dúas letras *s’ p’*, que, por súa vez, ao írense reducindo acabaron por ficar en dous puntos seguidos superlineares, que logo pasaron a horizontais por economía de espazo. O último paso constitúeo a desaparición do punto superior, ficando soamente o inferior.

Díaz Merino (1990:124) constata para a lingua hebrea o emprego de abreviaturas desde o século VI a.d.n.e. nalgunhas inscricións e xa no século V a.d.n.e. se achan tamén nalgunhas inscricións arameas e nalgunhas xerras de Samaria. Normalmente, estas abreviaturas serven para indicaren a propiedade dos obxectos ou dos documentos que podían pertencer a un templo, a unha casa real ou a persoeiros notábeis. Pola súa parte, Ostolaza

⁷¹ Bernis Pueyo (2010) salienta entre os sistemas de abreviación máis coñecidos en paleografía as *notae iuris* e as notas tironianas, creadas por un taquígrafo romano a quen deben o seu nome. O emprego deste código potenciouse grazas ao desenvolvemento burocrático da administración do Imperio, que comezou a demandar taquígrafos hábeis. Neste sentido, o sistema foise incrementado co tempo para dar cabida a un maior número de abreviaturas.

⁷² Ostolaza Elizondo (1990:254) sinala, nesta liña, que as abreviaturas xurdiron por vez primeira nas inscricións, case con certeza pola necesidade de adecuaren o texto ao espazo material; con todo, tamén non descarta outras razóns, cal o seu carácter ocultista; isto atraía o interese do público lector, que se sentía estimulado a descifrar a mensaxe suxerida, en lugar daquela claramente representada.

⁷³ Díez Merino (1990:113) afirma o seguinte: “Si se quisiera precisar un punto cronolóxico de comienzo de las abreviaturas hebreas habría que decir que tienen el mismo origen que la lengua hebrea; pero su proliferación se registra a medida de la evolución temporal y del imperativo circunstancial; cada vez se necesita escribir y decir más cosas en menos espacio”.

Elizondo (1990:253) afirma que tamén se non poden omitir as orixes do costume de abreviar os textos latinos, que remonta ao período clásico romano, de onde se deduce que os sistemas abreviativos empregados ao longo da Idade Media xa estaban configurados na escrita romana, se ben que non se chegou a un emprego tan masivo como na medieval. Neste sentido, sinala tamén que a técnica abreviativa aplica á palabra escrita un código que en principio é facilmente identificábel polo potencial público lector do texto e que nas epígrafes romanas as desinencias, as conxuncións enclíticas e os *prenomina* e os *nomina* persoais son os primeiros en seren abreviados. Para alén disto, Ostolaza Elizondo (1990:254) salienta que o emprego deste sistema de escrita reducida non se restrinxe ao ámbito epigráfico, do que dá boa conta a figura 4, mais tamén no campo administrativo, no xurídico e no xudicial podemos achar, por razóns prácticas, abreviaturas específicas distintas das empregadas nas inscricións, como revelan os exemplos que se analizan a seguir.




FIGURA 4. Lousa do século VIII documentada no actual Carrio (Asturias), tirada de Velázquez Soriano (1989).

Aínda que o sistema abreviativo que ofrece a escrita visigótica en lousa (véxase figura 4) non é demasiado extenso, xa aparecen algunhas variantes significativas, nomeadamente as relativas aos *nomina sacra*⁷⁴. Isto é, ao lado de abreviacións de uso ocasional, aparecen outras cunha frecuencia notábel como pode ser a suspensión de *m* final ou o uso de símbolos para determinadas palabras, nomeadamente gramaticais, cal a conxunción *que* ou a preposición *per*. De acordo con Velázquez Soriano (1989:86), o máis notábel nas lousas que analiza é a tendencia á abreviación mediante contracción, quere dicir, a base de suprimir as vogais das palabras, técnica moi caracterísitica da itálica visigótica. Do mesmo modo, tamén non aparecen sinais de puntuación. A maior parte do sistema de abreviaturas deste tipo dáse, como xa indicamos, nos *nomina sacra* e, neste sentido, na lousa que figura na imaxe aparecen

⁷⁴ Segundo Bernis Pueyo (2010), trátase dun tipo de contraccións utilizadas frecuentemente para traduciren nomes sagrados do grego ao latín (XPS, IHS, EPS). Velázquez Soriano (1989:87) sinala ao respecto que en todas as escritas abreviaturas deste tipo de palabras se producen por contracción, gardando desta maneira as normas coñecidas na serie de *Nomina Sacra* e presentando un sistema coherente e elaborado fronte a outras formas máis arbitrarias e irregulares. Con todo, salienta que as contraccións producidas nestes *nomina* estenderon o seu uso a termos humanos, cal *dominus*.

as seguintes abreviaturas: *ds* ('Deus'), *di* ('Dei'), *dm/n/s* ('Dominus'), *dn/e* ('Domine'), *dn/issim/* ('Dominissimi') e *sps* ('spiritus'), entre outras. A respecto dos textos litúrxicos visigóticos, Gros Pujol (1990:38-39) apunta que o emprego de abreviaturas nestes libros é inusual, ao seren obras que han de ser utilizadas en lecturas e cantos na igrexa e, por tanto, que teñen de ser comprensivas e fluídas, sen as inevitábeis interrupcións e dúbidas que podería causar un excesivo sistema de abreviaturas. Para alén disto, os libros litúrxicos, canto que obras empregadas no culto divino, preséntansenos como volumes de luxo que achegan solemnidade, ou sexa, con letras de tamaño grande e sen a necesidade de aforrar o pergamiño nas marxes nin nos espazos que fican entrelíñas. No entanto, existen determinadas abreviaturas que, a pesar das características salientadas, continúan aparecendo nestes manuscritos litúrxicos, fundamentalmente todos os *nomina sacra* e os signos de abreviación típicos da minúscula visigótica, mais tamén abreviaturas clásicas por suspensión ou por contracción, se ben que utilizadas con moderación e en termos moi coñecidos para facilitaren o seu recoñecemento e, consecuentemente, unha lectura segura do texto en cuestión⁷⁵.




FIGURA 5. Fragmento dunha cantiga da autoría de D. Dinís [B502]

Tamén nos manuscritos dos textos medievais galego-portugueses⁷⁶, como se pode extraír da ilustración anterior, documentamos o emprego habitual de diversas abreviaturas, tanto no referente aos códices que conteñen as cantigas medievais galego-portuguesas, como nos textos notariais ou tabeliónicos⁷⁷ conservados, como se pode comprobar se observamos a

⁷⁵ Nesta mesma liña, Olivar (1990:48) sinala as seguintes abreviaturas litúrxicas: *â*, *añ*, *ant*, *anta*, *at* (*antiphona*), *capL* (*capitula*), *ym*, *ym(n)* (*ymnus*). Existen mesmo casos de contracción e abreviatura ao mesmo tempo, como en *tr(g)*, *tro(g)*, *tro(g)*, *trrg* (*te rogamus*). Segundo este autor, as dúas palabras aparecen tamén escritas da seguinte forma: *terrogamus* e *trrógamus*.

⁷⁶ Con todo, a súa frecuencia de aparición é menor, pois, seguíndomos o exposto en MEC (1977:307), existe unha diminución do número das abreviaturas nos documentos escritos en linguas romances, dado que canto máis cursiva é unha escrita, menos abreviaturas precisa. Por outro lado, o rico e complexo sistema de redución da escrita empregado nos códices latinos tardou varios séculos en se formar e, na maioría dos casos, era só aplicábel á lingua latina. Polo contrario, os romances necesitaban un tempo de que non dispuxeron e, consecuentemente, o seu sistema abreviativo é máis sinxelo e límitase en xeral a uns poucos signos especiais, escasas contraccións e suspensións sen demasiada dificultade.

⁷⁷ Véxase Azevedo Maia (1986), onde figura un conxunto de 168 textos da Galiza e do norte de Portugal correspondentes ao período que vai do século XIII ao XVI, en que se pode constatar a frecuencia do emprego das abreviaturas, na maioría dos casos desenvolvidas, mais marcadas en itálico. No estudo preliminar Azevedo

figura 5, en que aparecen abreviautras para as consoantes nasais (·) e para a conxunción *que* (q̃). Con todo, tamén son moi frecuentes outras cal *p'* (para a preposición *por*), *q̃r* (por *quer*), *9* (para a terminación *-os*, nalgúns casos tamén *-us*), *L* (para a secuencia fónica *uel* ou *ual*) ou o símbolo *r* para representar o desenvolvemento dunha vibrante simple acompañada dunha vogal ou viceversa. Ostolaza Elizondo (1990:255) sinala que a falta de sistematización dalgúnhas abreviaturas orixinou problemas de interpretación, nomeadamente naqueles casos en que as siglas podían ter máis de un significado e onde, por tanto, podía mudar de forma significativa o sentido do texto, de modo que nalgúnhas épocas os escribas tiñan prohibido empregaren as abreviaturas. Neste sentido, Miquel (1990:59) cita a *Constitutio Deo auctore 13*, tratado onde aparece a coñecida prohibición do emperador Xustiniano a respecto do emprego deste sistema de escrita reducido:

Ne autem per scripturam aliqua fiat in posterum dubitatio, iubemus non per siglorum captiones et compendiosa aenigmata, quae multas per se et per suum vitium antinomias induxerunt, eisdem Codicis textum conscribi: etiam si numerus librorum significatur aut aliud quicquam: nec haec etenim per specialia sigla numerorum manifestari, sed per litterarum consequentiam explanari concedimus.

Un dos máis coñecidos exemplos de desenvolvemento problemático nos textos trobadorescos galego-portugueses constitúeo a única cantiga conservada de Meendinho, transmitida polos apógrafos italianos (848 [B852/V438]) e que aínda hoxe en día continúa a crear problemas ecdóticos no referente á interpretación do seu xa coñecido refrán “eu atendendo o meu amig eũ a”. Na liña do sinalado por Ferreiro (2007:61-67), existen diversas lecturas a respecto desta cuestión, desde a transmitida por Adolfo Varnahagen en 1870, en que se omitía calquera referencia á abreviación que figura no final do refrán, até outras discutíbeis do punto de vista ecdótico, como a de Tavani, onde o desenvolvemento da abreviatura nunca pode xerar unha consoante vibrante múltipla. A proposta de Ferreiro (2007:66-67) parte dunha anomalía no proceso de transmisión manuscrita, isto é, da confusión constatada tamén noutros textos de <u> / <n> e desenvolve a abreviación en <ir>, de modo que o refrán ficaría do seguinte xeito: “Eu atendend’o meu amig’en iral!”, xustificábel do punto de vista ecdótico e coherente conceptualmente co contido da cantiga. No entanto, as confusións non constituíron un atranco para a proliferación de mecanismos de redución, pois existían outros condicionantes que favorecían a súa difusión, que chega até a actualidade favorecida polo soporte electrónico (véxase 2.2.4). Para alén de problemas na interpretación, Olivar (1990:43) no seu estudo sobre as abreviaturas dos manuscritos da liturxia romana, tamén fai referencia á diversidade que existe neste ámbito cando sinala que unha soa man nun único códice, por regra xeral, costuma abreviar de forma diferente a mesma palabra, do que deduce que non existían pautas fixas e estabelecidas para estas formas. Por tanto, as condicións de espazo, de tempo e de material, entre as máis importantes, poderán favorecer os mecanismos abreviativos nalgúns casos, en canto noutros permitirán a súa escrita desenvolvida⁷⁸.

Maia (1986:30-31) sinala que nalgúns casos a resolución dalgúnhas abreviaturas suscitou certas dúbidas, mais que finalmente todas foron desenvolvidas con éxito. Segundo afirma, os procesos de abreviación utilizados nos documentos que transcribe son en xeral comúns aos que presentan outros textos, mais destaca entre os máis frecuentes o til, que en función de a que entidade acompañar pode ter valores moi diversos: se aparecer cunha vogal pode indicar o seu carácter nasal ou xeminado, en canto se acompañar a consoante *n* pode indicar a súa palatalización, mentres que colocado sobre *p* e *q* representa respectivamente as grafías *re* e *ue*, entre os usos máis documentados. Sobre estas cuestións, véxase tamén Souto Cabo (2008) sobre os documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII, en que tamén se verifica a complexidade do sistema de abreviaturas empregado, especialmente para o caso das abreviacións vocabulares.

⁷⁸ No noso corpus (véxase 6. I) observamos unha tendencia xeral ao emprego de abreviaturas, sexa cal for a extensión das mensaxes, pois prima a necesidade de conseguir unha comunicación en tempo real ou case

Ostolaza Elizondo (1990:255) afirma que se trata dun sistema moi interesante do punto de vista lingüístico, pois a mente humana é quen nun contexto determinado de captar con maior precisión a representación dunha palabra se esta estiver indicada no esencial, ou sexa, raíz, sílabas centrais e desinencias, de aí que as abreviaturas máis frecuentes sexan as realizadas por contracción que, ademais, teñen a característica de seren fundamentalmente consonánticas (ex. NM [*nomen*], TPR [*tempore*] etc.), isto é, non representan as vogais, excepto nos casos en que estas inician ou finalizan palabra. Nesta liña, Perea / Acha / Carreiras (2009:52-54) sinalan nun estudo sobre a linguaxe SMS que o emprego de abreviaturas non só se aproveita, de modo implícito, da redundancia da linguaxe, mais tamén ten en consideración dous aspectos de especial interese para os investigadores no campo da lingüística cognitiva: por un lado, a eliminación das vogais, de onde se infire que as consoantes son máis importantes do que estas nos primeiros pasos do procesamento lingüístico⁷⁹ e o emprego de abreviaturas fonolóxicas, que teñen un papel chave para facilitaren o acceso á palabra adecuada no “léxico mental”. Con todo, os anteditos autores cuestionan a eficiencia destes sistemas de redución da escrita a nivel de custo cognitivo, no sentido contrario do apuntado por Ostolaza Elizondo (1990:255). Noutras palabras, consideran que do punto de vista da cognición este tipo de escrita non supón un aforro na comunicación, pois embora os enunciados sexan substancialmente máis curtos, exige un esforzo importante no seu procesamento lector. Con todo, tamén sinalan que un tempo de habituamento a estes sistemas de representación da escrita favorece a redución do antedito custo cognitivo, de aí que predominen os seus beneficios. A respecto das abreviaturas na paleografía, Bernis Pueyo (2010) sinala o seguinte:

La palabra de uso frecuente se repite en la forma escrita. Esta repetición constante facilita el reconocimiento no por la visión total de los elementos que constituyen la palabra sino de aquellos que más impresionan, y esto hace que la expresión pueda ser simplificada mediante la eliminación de todo aquello que puede considerarse superfluo. Como ejemplo, podemos hablar de las vocales, que casi nunca son determinantes en una palabra, excepto al principio o final, lo que explica la facilidad con que se suprimen, al igual que la *m* y la *n*. A las razones de rapidez y ahorro [...] prodriamos añadir también una razón de índole psicológica: una estilización en la escritura que expresa el pensamiento mediante la expresión de los rasgos significativos más esenciales.

Mais, para alén do sistema de abreviaturas propio dos amanuenses medievais,⁸⁰ das inscricións en diversos soportes e das escritas cursivas, existen tamén outros mecanismos

simultánea. Con todo, naquelas máis breves achamos unha menor incidencia dos recursos de escrita reducida, pois non existe o condicionante do espazo, factor que achamos fundamental. Sobre este particular, tamén documentamos diferentes abreviaturas para unha palabra na mesma mensaxe ou dunha mensaxe para outra, isto é, estas varían dunha persoa para outra, mais tamén unha única persoa pode empregar formas diversas para unha mesma entidade lingüística en función dunha serie de factores, como se pode ver no seguinte exemplo: *Boas noits fea! Q tal o día? Eu + ou -! Kmpreivs Iepiyo d dnts pa q tñads na miña ksa. XDD nkntróm Ipouk mal! Spro q sts bn! Qtmδmδmδmδ pk! Q dskanss (A6).*

⁷⁹ A pesar de que son as vogais as que en linguas como o galego constitúen o elemento nuclear e as únicas que poden formar por si mesmas unha sílaba (véxase 3.2.1.1.1).

⁸⁰ Sobre este particular, Gelb (1982:308) apunta o seguinte: “Toda escritura, ya sea tomada del extranjero, ya sea producto de creación, es empleada primero preferentemente con propósitos públicos y oficiales. En tales casos, suelen elegirse las formas de los signos individuales con una total despreocupación por la economía de espacio y del tiempo. Sólo gradualmente van evolucionando las escrituras cursivas para el uso práctico y cotidiano, con signos que muestran diversos grados de simplificación, como, por ejemplo, nuestra escritura manuscrita cursiva comparada con la letra de imprenta. Pero con frecuencia incluso las formas cursivas no están lo suficientemente simplificadas para adaptarse al propósito de una escritura rápida. Por esto, desde la época clásica, se ha intentado crear nuevas formas de escritura en las que los signos individuales estuviesen elegidos y combinados de tal manera que hicieran posible el mayor ahorro de tiempo y de espacio”.

creados para reproduciren a escrita de forma reducida coa finalidade de conseguiren unha sensación de simultaneidade, isto é, escribir tan rápido como se fala. En MEC (1977:30) afirmase que estes sistemas, nalgúns casos, requiren de especial preparación e de medios específicos para abordarmos a lectura e a súa interpretación. É o que se denomina escritas cifradas ou criptográficas. Noutras palabras, trátase de sistemas que prescinden das figuras propias de cada letra e que reducen as sílabas, as palabras e os enunciados a signos estraños e convencionais, de modo que calquera intento espontáneo de as interpretar será insatisfactorio se previamente non dispormos dalgunha pauta que nos explique o sentido de tales signos. En MEC (1977:127) afirmase que na escrita visigótico-mozárabe estes mecanismos de escrita oculta foron empregados durante moito tempo e até se poden distinguir tres sistemas: un en que se utilizaban signos alfabéticos que derivaban da propia escrita visigótica cursiva, outro que consistía en substituír as vogais por números romanos do seguinte modo: X ('a'), XX ('e'), XXX ('i'), XL ('o') e L ('u'), en canto o terceiro sistema, embora tamén xogue coas vogais, o fai a través da súa substitución por puntos, seguindo o mesmo esquema apuntado para o caso dos números romanos, desde un para o *a*, até cinco para o *u*. Igualmente, poden ser salientados outros modos de encriptar as mensaxes que se encontran en manuscritos visigóticos, que consisten na escrita do revés dalgunhas palabras, na colocación desordenada das letras ou no emprego de caracteres gregos para representar palabras latinas, entre os máis comúns.

Entre estes mecanismos Gelb (1982:308) sinala os modernos sistemas coñecidos diversamente como estenografía ou escrita estreita, braquigrafía ou escrita breve e taquigrafía ou escrita rápida. Na mesma liña, destaca tamén que do conxunto de reformas da escrita a taquigrafía foi a que obtivo un maior éxito. Os seus testemuños remontan cando menos aos primordios da civilización occidental. A denominación desta disciplina procede das voces gregas *taxos* ('celeridade', 'rapidez') e *grafos* ('escrita') e abarca todo aquel sistema de escrita rápido e conciso que favoreza a transcripción dun texto á mesma velocidade con que este é pronunciado na oralidade. Para conseguir tales obxectivos adóitanse empregar trazos breves, abreviaturas ou caracteres especiais que representen as letras, as palabras e mesmo os enunciados. Como xa sinalamos, a taquigrafía é un método de escrita rápida moi antigo, utilizado xa polos fenicios e polos gregos, e os trazos a que recorre para simplificar o discurso son denominados gramálogos. De acordo co sinalado en MEC (1977:33-34), xa no século I da nosa era se desenvolve en Roma un sistema taquigráfico para a escrita: as notas tironianas, cuxo nome deriva, como xa foi sinalado anteriormente, do seu posíbel inventor, Tirón. A súa aparición derivou de forma inmediata na creación do correspondente sistema de desciframento e de lectura coas súas respectivas normas e regras de uso. Na liña do exposto polos anteditos autores, unha mostra deste sistema chegou a nós nun pequeno tratado en que se recollen as ditas notas denominado *Appendix Probi*, atribuído ao gramático Valerio Probo, contemporáneo de Nerón e de Domiciano⁸¹. En relación con isto achamos necesario citarmos o seguinte excerto:

⁸¹ Con base nas edicións desta apéndice examinadas en distintos estudos centrados no latín vulgar, entre os cales convén salientarmos Väänänen (1988), Díaz y Díaz (1981) e Castro (1991), non achamos que se trate de exemplos de notas tironianas, mais constitúen mostras dun trazo inherente a todo sistema de signos naturais, isto é, da mudanza lingüística. Trátase dun compendio de formas do latín vulgar que son reprobadas por "defectuosas", ás cales se adxunta a súa forma "correcta". A pesar da problemática que pode suscitar a súa catalogación, este pequeno tratado dá conta, en todo o caso, da evolución da lingua ao longo do tempo e da súa tendencia, na maioría das ocasións, á simplificación da linguaxe. Neste sentido, destaca nomeadamente o fenómeno da síncope da vogal átona postónica, do tipo "vetulus non veclus", "iugulus non iuglus" etc., se ben que tamén hai exemplos que contrarian esta hipótese: "exter non extraneus" (véxase Väänänen 1988:330-331).

A partir de entóns e hasta o século XVII non cesará a produción de tales obras prepaleográficas, por chamarlas de algún modo, con títulos que giran case sempre en torno a la palabra Notas (*Notae*) o Abreviaturas (*Abbreviationes*) cuyo significado —el de las dos palabras— es idéntico, a saber: resumen, compendio, redución de una sílaba, de una palabra o de una frase que se condensa en determinados signos o figuras, ocupando un espacio pequeno y menor, naturalmente, que el que ocuparía la frase o la sílaba o la palabra entera. Así tenemos, en el século III las *Notae Iuris*, cuyo uso irá sempre en aumento, hasta llegar a su apogeo en la baja Edad Media y comienzos de la Moderna; los *Notarum Laterculi* de la época carolina; el *Lexikon tironianum* del século XII; el “Diccionario de Abreviaturas latinas” o *Nova regoletta...de abbreviatura usuale*, editada en el século XVI en Brescia; el *Modus legendi abbreviaturas in utroque iure*, del que se hicieron, en menos de tres siglos, 68 ediciones (MEC 1977:43-44).

Aínda que a algúns dos sistemas taquigráficos se lles outorga un recoñecemento internacional, a realidade é que, na opinión de Gelb (1982:309), non existe un sistema único aceptado por todo o mundo, pois embora fose utilizado por varios países, presentará diverxencias impostas polas necesidades locais. Alén disto, a pesar de que estes mecanismos de escrita rápida son empregados en todas as partes, ningún deles conseguiu suplantar os sistemas de escrita nacional, dado que non son o suficientemente prácticos como escritas de uso corrente⁸². A taquigrafía emprégase con frecuencia nos xuízos, que plasman por escrito aquilo de que se está a debater; tamén é empregado polo persoal administrativo para tomar as notas, as cartas ou os pedidos que reciben e, igualmente, é moi útil para rexistrar os discursos parlamentares e, nalgúns casos, para a transmisión en directo de programas de televisión que requiren subtítulos, cal o sistema Closed Caption (CC)⁸³. E aínda que, na teoría, se constitúe como unha ferramenta óptima para o estudantado no momento de asistir ás aulas e tomar apuntamentos, non se trata dun sistema frecuentemente usado no contexto educativo, xa que, na mesma liña simplificadora, tamén aquí se desenvolveron outros mecanismos específicos favorecedores da escrita rápida.

A este respecto, cómpre sinalarmos que existen na Rede diversas táboas que recollen as abreviaturas máis comúns na tomada de apuntamentos⁸⁴, debido a que se trata dun sistema útil que permite concentrar as múltiples ideas expostas polo profesorado de modo rápido e eficaz. Con todo, é preciso termos en conta que na maioría dos casos non existen modelos prefixados que o alumnado poida seguir, mais a escolla dos mecanismos de redución da escrita costuma ser moi persoal, xa que a persoa que toma as notas será ela propia a destinataria da mensaxe que codificou. Deste modo, a variación será un factor a considerarmos de analizarmos os sistemas de escrita breve, embora grande parte das abreviaturas sexan sistemáticas como consecuencia do éxito e da extensión do seu uso. Destacamos entre as máis frecuentes as seguintes: *xq* (‘porque’, ‘por que’), *x* (‘por’), *q* (‘que’) *xa* (‘para’), *cnd* (‘cando’), *qn* (‘quen’), = (‘igual’), *txt* (‘texto’), do emprego de numerais ou símbolos, como + (‘máis’/‘maior’), – (‘menos’/‘menor’) etc. Igualmente, tamén se dan simplificacións que combinan as abreviaturas e o sistema de signos, cal +*q* (‘máis que’) e mesmo se utilizan para representar determinadas palabras ou secuencias fónicas de

⁸² Nesta liña, o propio Gelb (1982:313) sinala que existen dúas razóns en contra dos sistemas taquigráficos, tal como se empregan na actualidade. En primeiro lugar, están pensados para a máxima rapidez en certas aplicacións prácticas, polo que non son exactos e, en segundo lugar, están adaptados para a utilización de determinados idiomas, mais non para todos os do mundo.

⁸³ Este software permite ás persoas con dificultades auditivas teren acceso aos programas de televisión. Á diferenza dos subtítulos tradicionais, que tan só describen os diálogos, este sistema compila todo o audio presente a través de palabras ou de símbolos. Non só é útil para persoas con perdas auditivas, mais tamén para aquelas persoas que están a aprender outras linguas. Estes subtítulos son unha opción que pode ser activada ou non, de aí a súa denominación “closed”, á diferenza do Open Caption, onde os subtítulos están visíbeis para todas as persoas. Véxase <http://transition.fcc.gov/cgb/consumerfacts/closedcaption.pdf>.

⁸⁴ Véxase http://alerce.pntic.mec.es/frol0006/TTI/TOMA_APUNTES.pdf.

palabras: *m8* ('moito'), *imx* ('impor') etc. Moitas delas serán tamén empregadas na linguaxe SMS, pois supoñen procesos óptimos de redución e, por tanto, adáptanse ás limitacións de espazo que determina o soporte electrónico en que se producen (véxase 3.2).

Mais, tornándonos aos sistemas taquigráficos, faise necesario salientarmos a estenotipia, método de escrita rápida cuxa velocidade permite transcribir en tempo real e que, por tanto, se configura como unha ferramenta idónea para documentar os ditados, os debates, os testemuños ou calquera outra forma de rexistro por escrito da palabra expresada oralmente. A estenotipia comezou a deslocar a taquigrafía tradicional a partir da década de 70 como consecuencia das súas vantaxes: coa taquigrafía é preciso traducirmos posteriormente as notas taquigráficas, de modo que se torna imposible realizarmos unha entrega simultánea do discurso recollido. Polo contrario, o estenotipista non ten esa necesidade de tradución, dado que é unha función que realiza de forma automática o computador. Para alén disto, o promedio de palabras por minuto que se poden recoller mediante a taquigrafía é de 160, o que empece que o discurso se poida rexistrar na súa totalidade; a media para o caso da estenotipia establécese arredor das 180 palabras; aliás o tempo máximo de escrita dun taquígrafo a ese nivel non supera os quince minutos consecutivos, en canto o estenotipista pode realizar a súa función de modo ininterropido durante máis de catro horas⁸⁵. Os datos que figuran na Rede (<http://es.taquigrafica.com/publ/3-1-0-31>), non obstante, sinalan tamén que, a pesar de os mecanismos de redución da estenotipia permitiren a transcripción en tempo real, a súa impresión sobre un dispositivo de almacenamento dista moito de conter unha ortografía correcta, de forma que é preciso realizarmos unha posterior interpretación, ben manual, ben informatizada (a través de correctores ortográficos). No entanto, as características deste novo sistema permiten reducir o tempo empregado na transcripción e convérteno nun mecanismo moito máis idóneo do que a taquigrafía tradicional.

A economía de tempo e de espazo provocada por cuestións de tipo económico foron, son e, probabelmente, serán os principios polos cales se rexen os intercambios comunicativos e as características dos soportes utilizados para tal finalidade. Neste sentido, o telégrafo configúrase, na opinión de Sahagún (2004:355), como o primeiro sistema de comunicación que permite transmitir mensaxes a maior velocidade que o medio de transporte máis rápido da súa época e, xa que logo, revolucionou o mundo da información a partir de meados do século XIX. O creador deste dispositivo encargado de transmitir sinais a distancia foi Samuel Morse, quen en 1835 demostrou que os sinais podían ser enviados por medio de arames. Para isto empregou impulsos de corrente para desviar un electroimán que, por súa vez, movía un marcador que producía códigos escritos en papel, feito que se considera como a creación do Código Morse⁸⁶. No tocante ás repercusións do telégrafo, achamos significativas as seguintes palabras:

Desde el punto de vista cultural no anda a la zaga la importancia del telégrafo eléctrico. En primer lugar por su papel como difusor de la información, tanto pública como privada. Asociemos dos hechos: nacimiento del telégrafo y primer auge de la prensa de noticias. El telégrafo alteró los cánones del tiempo y modificó cosmovisiones y percepciones, de lo próximo y de lo lejano. El telégrafo hizo cosmopolitas a las clases ilustradas en un lapso de tiempo reducidísimo. En apenas quince años, su horizonte intelectual se amplió de los limitados márgenes del espacio más próximo, local o regional, pasando a abarcar los límites del planeta. Si con Julio Verne era posible dar la vuelta al mundo en ochenta días por la revolución de las comunicaciones terrestres y marítimas, las noticias de los más apartados lugares del mundo tardaban horas en llegar al lector de periódicos de información (Bahamonde Magro / Martínez Llorente / Otero Carvajal 1993:124).

⁸⁵ Véxase <http://www.stenocap.com/est.html>.

⁸⁶ Véxase <http://www.tryengineering.org/lang/spanish/lessons/electricmessages.pdf>.

Nos momentos iniciais da aparición do telégrafo, este estaba restrinxido a certos ámbitos, nomeadamente o político e o militar⁸⁷ e tiña un obxectivo fundamental, isto é, contribuír para o mantemento da orde pública, de forma que este dispositivo se concibía como un instrumento governamental. Tempo despois formularíanse as posíbeis funcións que o telégrafo podería cumprir como factor de articulación económica ou de fortalecemento da sociedade civil como consecuencia da súa capacidade para reducir o tempo na difusión das mensaxes (Bahamonde Magro / Martínez Llorente / Otero Carvajal 1993:130). En relación con isto, cómpre resaltarmos o carácter secreto da transmisión e do contido das mensaxes, que só podían ser cifradas e descifradas polos comandantes ou polos xefes de telégrafos. Nun primeiro momento estableceíanse concordancias entre unhas determinadas palabras ou enunciados e as claves numéricas correspondentes. Segundo o exposto polos anteditos autores, no *Diccionario Fraseológico Oficial* de 1846 están recollidos todos os signos, os termos e os enunciados de maior uso na transmisión telegráfica da época. A aparición da telegrafía eléctrica non só tivo repercusións no aumento da velocidade de transmisión e na actualización do soporte, mais tamén tivo implicacións no medio comunicativo empregado: os sistemas ópticos foron perfeccionados e podíaase empregar a transmisión alfabética en lugar da codificada. No entanto, existían certos inconvenientes, dado que con este novo método a transmisión se tornaba moi lenta debido ao elevado número de fíos empregados por estes sistemas; foi grazas á aparición do código morse que se puido simplificar de modo considerábel a transmisión e a recepción de mensaxes e que o telégrafo alcanzou un grande suceso a escala mundial.

Segundo Bahamonde Magro / Martínez Llorente / Otero Carvajal (1993:138-139), o método morse supuxo unha volta á codificación, mais esta vez o sistema de encriptado realizábase a través de raias e de puntos ou de sons curtos e longos, desde a perspectiva do receptor. O telégrafo eléctrico e o código morse obtiveron un grande suceso debido á súa simplicidade e á rapidez e á economía nas transmisións. Embora fose un medio que facilitaba a comunicación a distancia e que reducía os límites espacio-temporais doutros sistemas comunicativos, o envío de telegramas era bastante custoso, de aí que o texto das mensaxes fose breve, con enunciados curtos e directos que se enviaban de forma rápida mediante o sistema de codificación morse. O telegrama constituía, por tanto, un medio acaído para transmitir información significativa a través de poucas palabras e dun modo máis veloz do que outros medios de comunicación, cal o correo postal tradicional. Este soporte comunicativo tamén tivo certa sorte de repercusións lingüísticas, dado que a redacción telegráfica adopta unha forma especial debido ás características do propio medio en que se produce. Noutras palabras, o custo da mensaxe establécese en relación co número de palabras empregadas para transmitir a comunicación.


Consecuentemente, o seu estilo tenderá á concisión, á brevidade e ao emprego de enunciados recortados, mais isto non debe afectar a clareza e a perfecta comprensión da mensaxe. Do que se trata, igual que viamos para as SMS no comezo desta epígrafe, é de expresarmos a máxima información co menor número de unidades lingüísticas posíbeis. Á diferenza das SMS, en que se eliminan letras e en que se empregan formas abreviadas para se adaptaren á limitación dos 160 caracteres por mensaxe de texto, nos telegramas non se utilizan abreviaturas, mais téndese a suprimir todo aquilo que non é imprescindíbel, ou sexa, fórmulas de saúdo e de despedida e, fundamentalmente, palabras gramaticais, cal os artigos,

⁸⁷ Sobre este particular, convén citarmos a seguinte disposición real do 26 de novembro de 1846 que establecía que “Unicamente los Capitanes Generales y los Jefes Políticos, podrán dirigir por el telégrafo comunicaciones, ya sea a las Secretarías del Despacho o a las Autoridades Superiores” (Bahamonde Magro / Martínez Llorente / Otero Carvajal 1993:131).

os adverbios, as preposicións e as conxuncións, de xeito semellante ao que acontece no anuncios por palabras. Porén, procurárase sempre que o sentido do texto sexa comprensíbel polo seu público receptor. Por tanto, observamos que o emprego de sistemas de simplificación se documenta xa desde tempos inmemoriais⁸⁸. O seu uso está xustificado polas necesidades de se adaptar ou ben a un soporte concreto ou ben ao contexto comunicativo de que se trate.

A sobrevivencia deste mecanismo de escrita breve até os nosos días convidanos a pensarmos que se trata dun fenómeno lingüístico eficaz que produce máis vantaxes do que atrancos para a comunicación escrita e, consecuentemente, a súa utilidade compensa os posibles problemas de interpretación ou de comprensión que algúns enunciados puideren ocasionar debido á falta de coñecemento dos seus mecanismos de redución. Na actualidade, o contexto electrónico e a comunicación mediada por computador están a revitalizar os sistemas de escrita reducida, como veremos en 2 e 3. Segundo Perea / Acha / Carreiras (2009:52-54), o emprego de abreviacións é consubstancial á linguaxe e as súas orixes remontáanse, como sinalamos, aos primordios da escrita. No entanto, salientan estes autores que na escrita manual estas eran utilizadas de modo esporádico, en canto que coa chegada das novas tecnoloxías e a aparición dun novo modo de comunicación baseado nun sistema de escrita reducida (conxunción de letras, símbolos e números⁸⁹, fundamentalmente) as abreviacións convertéronse nunha nova forma de linguaxe escrita, motivada polas características técnicas dos soportes en que se produce, entre os cales convén salientarmos o telemóbil e o computador⁹⁰ (véxase 1.2.1). Concordamos con estes autores no feito de considerarmos a linguaxe SMS como un fenómeno global perdurábel nas novas formas de (in)comunicación⁹¹ da sociedade do século XXI e, xa que logo, tamén achamos necesario examinarmos as súas singularidades canto que sistema lingüístico desde diversas ópticas: a súa utilidade como ferramenta educativa e de transformación social e, nomeadamente, desde unha perspectiva aplicada.

⁸⁸ Proba disto son os múltiples glosarios e dicionarios de abreviaturas, elaborados para axudaren a comprender e a interpretar os seus significados e frecuentes en todas as épocas. Véxase Borges Nunes (1981) sobre as abreviaturas paleográficas portuguesas, Cappelli (2008) sobre as abreviaturas latinas e italianas e os máis recentes sobre os novos sistemas de representación da escrita, cal Benedito (2003) sobre o léxico da Internet e dos terminais de telefonía móbil.

⁸⁹ Con todo, observamos moitas similitudes entre os recursos que se empregaban na escrita manual e aqueles que o contorno electrónico está a desenvolver. A modo de exemplo, no noso corpus (véxase 6. I) detectamos en numerosas ocasións a abreviatura *m8*, en que o numeral representa, pola súa homofonía, á secuencia fónica -*oito*, en canto en MEC (1977:337) se afirma a respecto da itálica gótica castelá que en palabras como *derecho* a última sílaba era abreviada a través dun signo en forma de 8 tumbado, isto é, , supoñemos que polo seu parecido fónico.

⁹⁰ Non está de máis citarmos Belda Medina (2003:143-144) cando apunta que “la abreviación de unidades lexicais era ya un fenómeno conocido en la antigüedad, pero es durante el siglo veinte cuando se produce un aumento masivo en el número de estas siglas [...]. Si bien el aumento estuvo impulsado en un principio por el desarrollo de armamento nuevo en el terreno militar, hoy en día es sin duda el ámbito científico-tecnológico, especialmente el de la robótica y las telecomunicaciones, el que acelera la proliferación de estas unidades acortadas. Resultado de ello es que las abreviaciones en general [...] constituyen no sólo un fenómeno propio del siglo veinte, sino también un recurso característico de los idiomas propios de aquellos países tecnológicamente máis avanzados, por lo que la profusión de abreviaciones es mucho mayor en la lengua inglesa que en ningún otro idioma”.

⁹¹ Utilizamos este termo para facermos referencia á situación xerada por estes novos medios, pois se ben constitúen un medio de interacción perfectamente comprensíbel para as persoas que o utilizaren, existen outros ámbitos e outras faixas etarias que descoñecen o dito código e para os que a comunicación a través deste sistema se torna sumamente complexa.

1.1.4. Sistemas de simplificación lexical. Perspectiva gramatical

Após unha aproximación diacrónica dos sistemas de redución da escrita, tórnase necesario nun estudo destas características aproximármonos destes mecanismos desde un punto de vista estritamente gramatical e, sobre todo, debemos prestar especial atención aos mecanismos de formación de palabras, dado que “o léxico dunha lingua non é invariábel, senón que está suxeito a constantes mudanzas, pois unhas palabras van deixando de ter uso na lingua oral e/ou escrita e outras van aparecendo cada día, a se producir unha permanente renovación do léxico nas linguas vivas” (Freixeiro Mato 2006, III:159). Neste sentido, os mecanismos de que dispomos para a creación lexical configúranse como unha das esferas lingüísticas en que os utentes posúen maior liberdade e onde se pode ver con clareza a tendencia que, como xa indicamos nas páxinas precedentes, presentan as linguas cara á simplificación. Entre os procesos con que contamos para o acrecentamento lexical destacan a composición e a derivación, mais tamén se torna importante salientarmos outros procedementos para a formación de palabras, igualmente operativos e produtivos na lingua galega actual, se ben que cunha menor incidencia, cal a redución vocabular⁹², recurso que permite crear novas palabras a través da redución ou do encurtamento de termos xa existentes na lingua en que se produce. No entanto, Belda Medina (2003:141) sinala que estes mecanismos constitúen un dos recursos lexicoxenésicos máis significativos, imprevisíbeis e efémeros na nosa linguaxe e apunta que a súa presenza aumentou de forma considerábel sobre todo no ámbito da informática, até o extremo de se converter nun dos principais procesos de formación de palabras para determinadas esferas da nosa lingua (véxase 2.2.4).

Este mecanismo de acrecentamento lexical produce o que se denominou de modo amplo *abreviacións*, isto é, o resultado da omisión ou da redución de unha ou de varias partes de un ou máis lexemas; así, a forma completa é reducida a unha serie de iniciais ou de sílabas que poden ser lidas ou ben como unha sucesión de grafemas ou ben como unha unidade lexical independente, ou sexa, como un novo termo que pasa a formar parte do lexicón dunha lingua. De acordo con Belda Medina (2003:143) é importante, antes de realizarmos esta panorámica sobre os sistemas de simplificación lexical, termos en conta que o seu estudo parte de certa problemática a respecto das delimitacións entre uns fenómenos e outros e da terminoloxía utilizada para os diferenciar⁹³. A definición dos diferentes conceptos pertencentes a este ámbito da reflexión gramatical resulta unha tarefa certamente complexa, pois entre os propios lingüistas aínda na actualidade non existe un consenso total en canto á delimitación de cada concepto. Neste sentido, tamén convén termos en consideración que a terminoloxía empregada para os diferentes procesos de encurtamento lexical pode variar dunha lingua para outra⁹⁴, de forma que se torna necesario establecermos un criterio para a análise destes mecanismos, de modo que seguiremos fundamentalmente o exposto en Ferreiro (2001), en Freixeiro Mato (2006) e en López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado

⁹² Véxase Ferreiro (2001:237). Sobre este particular, véxase tamén Freixeiro Mato (2006:308), onde este tipo de mecanismos reciben a denominación de “encurtamento de palabras”.

⁹³ A este respecto, Belda Medina (2003:150) volta a incidir novamente en que os diferentes conceptos empregados no ámbito das abreviacións resultan adoito imprecisos, o que provoca que algúns autores que se ocupan da terminoloxía de varias disciplinas se adentren o menos posíbel neste aparente caos de definicións.

⁹⁴ A equivalencia entre os termos empregados non só varía dunha lingua para outra, mais tamén pode mudar en función do autor, de forma que o termo inglés *abbreviation* pode ser traducido ao galego como *abreviación* ou *sigla* a depender do lingüista, o que acaba por dificultar en certa medida unha posíbel análise comparada deste fenómeno en ambas as linguas (Belda Medina 2003:151).

(2010)⁹⁵, se ben que non descartamos citar outras fontes para matizarmos ou ampliarmos información sobre os ditos recursos.

De acordo co exposto en Freixeiro Mato (2006, III:308-309), o encurtamento de tipo fónico consiste na redución do corpo sonoro dunha palabra por supresión de sílabas, xeralmente na súa parte final, como nos seguintes casos: *foto* ('fotografía'), *tele* ('televisión'), *profe* (profesor), *insti* ('instituto'), *quilo* ('quilogramo'), *bus* ('autobús') etc. Como se pode observar, a forma reducida non comporta ningunha implicación de tipo semántico, mais só unha forma apocopada que costuma especializarse para o seu emprego en certos contextos e en determinados rexistros, fundamentalmente en situacións comunicativas de carácter informal, moi característico sobre todo da linguaxe xuvenil⁹⁶. Con todo, se o seu emprego for xeralmente aceptado, estas formas reducidas poderán adquirir un estatus lexical pleno que, en ocasións, desprazará a forma completa da conciencia dos utentes da lingua, como xa aconteceu con *cinema* ('cinematógrafo'), *super* ('supermercado') ou *contra* ('contraventá'). Ferreiro (2001:238) engade que, nalgúns casos, as formas apocopadas poden especializarse e adoptar novos significados ou matices en contraposición ás formas plenas: *taxi* vs. *taxímetro*. Na liña do exposto por este autor, a redución lexical é significativamente máis produtiva nas palabras compostas binarias que figuran marcadas por un trazo, dado que "a conciencia da composición pode levar á perda do segundo elemento, ficando como forma máis xeral o primeiro. Este proceso é perceptíbel en formas como *garda* (<garda-[civil]), *limpa*⁹⁷ (<limpa[botas])", entre outros moitos exemplos.

En relación co proceso anterior de fraccionamento, cómpre facermos referencia tamén á simplificación de sintagmas fixos, recurso que se pode documentar xa desde o latín vulgar, en que determinados sintagmas formados por un substantivo e por un adxectivo foron reducidos mediante a perda do primeiro elemento e a consecuente substantivación do segundo: [MALA] MATIĀNA > *maçãa* > *mazá* ou [PRŪNA] DAMASCĒNA > *ameixa*. Un mecanismo semellante operou ao longo da historia da lingua chegando até a actualidade: [BALANZA] ROMANA > *romana* ou [UVA] PASA > *pasa* (Ferreiro 2001:239). No entanto, este estudioso matiza que a redución vocabular con fraccionamento, se ben que se pode documentar desde os momentos iniciais de formación da nosa lingua, non é un recurso de grande rendibilidade na creación lexical galega, dado que en moitos casos estamos perante empréstimos, onde este proceso xa se dera na lingua orixinaria: *piano* (<pianoforte). Para alén deste sistema de redución vocabular por truncamento, isto é, da simplificación da estrutura gráfica e fonolóxica de certas unidades lexicais a través da cal se perden determinados grafemas, mais que non comporta modificacións no significado orixinal, existen outros mecanismos, como a acronimia, as siglas e as abreviaturas, igualmente válidos para o acrecentamento lexical e de grande rendibilidade en certos contextos, como xa se comprobou en páxinas anteriores e como teremos oportunidade de observar máis adiante.

Canto á acronimia, convén salientarmos que se trata dun proceso mediante o cal se forman novas palabras a partir da redución do seu corpo fónico a letras ou sílabas, que

⁹⁵ No entanto, cómpre sinalarmos antes de máis que, nalgúns casos, difiren nas clasificacións que realizan sobre estes procesos. Estas discordancias son consecuencia da estreita relación entre uns mecanismos de redución e outros, de modo que ás veces se torna complexo encaixármolos nunha única categoría.

⁹⁶ Freixeiro Mato (2006, III:309) establece vínculos entre os mecanismos de simplificación e a sufixación apreciativa, dado que tamén depende directamente do falante e pode implicar connotacións, ben sexan afectivas (*señorita* → *seño*), ben pexorativas (*policía* → *poli*), do mesmo modo que acontece cos diminutivos. A este respecto, destacan os hipocorísticos, en que a redución da base pode producirse tanto no inicio como no final: *Antonio* → *Antón/Toño*.

⁹⁷ Actualmente, en paralelo á desaparición deste oficio tradicional, a forma apocopada *limpa* adquire máis un significado e serve tamén para facermos referencia ao *limpaparabrisas* dos carros.

posteriormente son aglutinadas e combinadas para pasaren a formar un novo termo, ou sexa, un acrónimo. Xorden motivadas nomeadamente pola existencia de abundantes conceptos de carácter complexo e de nomenclaturas extensas, moi frecuentes nas denominacións de diversas entidades e organismos (*Adega* < Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza). De acordo con López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:466), os acrónimos serían en realidade siglas que pasan a ser interpretadas como formas independentes do termo orixinario de que derivan e que se pronuncian de modo continuo, isto é, como palabras e non como letras: *láser* (Light Amplification by Stimulated Emission of Radiation), *sida* (Síndrome de Inmunodeficiencia Adquirida), ou *Sergas* (Servizo Galego de Saúde). No entanto, Freixeiro Mato (2006, III:309-310) inclúe tamén nesta categoría o acurtamento dos extremos opostos de dúas palabras, ben sexa o inicio da primeira e o final da segunda ou viceversa, posibilidade tamén recollida en Ferreiro (2001:240) baixo o nome de acronimia simétrica, onde se engade tamén que con frecuencia se trata de empréstimos⁹⁸, cal *motel* (<mo[torist ho]tel), se ben que non sempre: *informática* (<infor[mación auto]mática). Os vínculos entre composición e derivación e a acronimia son máis do que evidentes, mais debemos ter en consideración que se configuran como procesos diferenciados, pois no último caso as partes dos constituíntes que forman o acrónimo non son identificábeis cos afixos ou cos lexemas, o que si acontece nos outros procedementos de formación lexical mencionados.

A forma máis xeral da acronimia, como xa sinalamos, é a sigla, isto é, o procedemento que consiste na redución dunha secuencia de palabras á letra inicial de cada unha delas e que pasa a se constituír como un único termo, onde cada grafema é pronunciado ou ben de forma independente ou ben agrupado en sílabas. Á diferenza do acrónimo, esta é representada en maiúsculas e sen puntos e non obستا variación nin de xénero nin de número: *AELG* (Asociación de Escritores en Lingua Galega), *AS-PG* (Asociación Socio-Pedagóxica Galega), *SMS* (Short Message Service) etc. Ás veces, como afirman López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:465), pode acontecer que algunhas voces oscilen graficamente entre a sigla e o acrónimo, como no caso de *CD/cedé* ou *DVD/deuvedé*. Freixeiro Mato (2006, III:311) apunta, por outra parte, que a motivación dalgunhas siglas se torna escura para o falante, dado que o seu desenvolvemento resulta descoñecido ao estar noutra lingua, o que provoca a súa necesaria lexicalización, cal *NASA* (National Aeronautics and Space Administration), de modo que pasan a funcionar como acrónimos. Con todo, tamén non é preciso que a sigla proceda dunha lingua foránea para que se produza a súa lexicalización, pois esta pódese xerar, igualmente, cando os utentes da lingua perderon a consciencia de sigla debido á súa popularización, como acontece en *talgo* < *TALGO* (< Tren Articulado Lixeiro, Goicoechea Oriol); noutros casos, a sigla procedente do empréstimo convive coa forma adaptada á nosa lingua, cal *USA* ('United States of America') / *EEUU* ('Estados Unidos'). Apropiámonos das palabras de Freixeiro Mato (2006, III:312) para afirmarmos que

a economía expresiva que a sigla supón é a base da súa proliferación na sociedade actual. Mais as siglas non son arbitrarias, senón que constitúen a redución gráfica e fonética dunha secuencia sintáctica que se considera longa demais para ser utilizada na comunicación, mantendo a relación gramatical entre os elementos pola referencia a cada constituínte.

⁹⁸ Tamén Freixeiro Mato (2006:310) salienta que a acronimia constitúe, pola súa complexidade estrutural, un proceso moito menos produtivo para o acrecentamento lexical do que outros, cal a composición ou a derivación, de forma que son poucos os acrónimos existentes na lingua, a termos en conta que a maioría son de procedencia estranxeira, nomeadamente anglicismos.

Outrosí, debemos destacar para a lingua escrita a produtividade dun outro procedemento de redución vocabular, quere dicir, a abreviación, que consisten na representación gráfica dunha palabra a través dunha ou varias das súas letras, o que se denomina abreviatura. Na opinión de López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:466) as razóns por que é habitual omitirmos algunhas letras son fundamentalmente dúas: a economía de tempo e a economía de espazo, como aconteceu ao longo da historia da escrita (véxase 1.1.3). Freixeiro Mato (2006, III:310-311) distingue varias tipoloxías: a abreviatura simple, onde a palabra se reduce mediante un procedemento gráfico e non fonético, de forma que non orixina novas formas lexicais, pois a palabra terá de se pronunciar de modo completo; nestes casos operan procesos de apócope ou de síncope, cal *Don* → *D.*, *Profesor* → *Prof.*, *Señor* → *Sr.* ou *Administración* → *Admón.*; a abreviatura composta, que consiste na redución de dúas ou máis palabras que constitúen un enunciado, en que permanece a primeira letra de cada unha seguida dun punto e, na maioría dos casos, trátase de fórmulas estereotipadas moi comúns tradicionalmente, como acontece con *descanse en paz* → *D.E.P.*; e, por último, a abreviatura complexa ou sigla (véx. máis arriba), onde o relevante é que non só se configura, segundo o antedito autor, como “un procedemento gráfico de redución das palabras, máis tamén fonético, de forma que incide directamente no léxico das linguas dando orixe a novas palabras”. A grande diferenza entre as siglas e as abreviaturas e que estas constitúen formas xa consagradas na lingua e que se reproducen desenvolvendo totalmente a palabra, en canto para as siglas, xa constituídas como nomes propios, só se le a forma apocopada.

Finalmente, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:467) inclúen como máis un procedemento de redución lexical os símbolos⁹⁹, isto é, “un tipo de abreviatura de uso internacional que designa operacións, unidades, dimensións e outros conceptos pertencentes a ámbitos tan diversos como a matemática, a física, a química, a música, as finanzas etc.” e cuxa finalidade principal é a de simplificar a escrita e a transmisión de ideas e de coñecemento. Á diferenza das abreviaturas, os símbolos non van acompañados de puntos e costuman estar formados polas letras iniciais, ou iniciais e finais normalmente en minúsculas, a excepción dos símbolos químicos onde o primeiro elemento se representa mediante unha maiúscula: *h* (‘hora’), *K* (potasio), *m* (metro), *gb* (giga bite), entre outros. Con todo, esta non constitúe a única tipoloxía, pois os símbolos tamén poden estar formados por signos non alfanuméricos, cal *&* (‘e’), *@* (‘arroba’), *\$* (‘dólar’), *=* (‘equivalente’, ‘igual’), *>* (‘maior do que’, ‘evolúe para’), *<* (‘menor do que’, ‘procede de’). En definitivo, trátase, como xa se sinalou, de procedementos moi produtivos sobre todo no ámbito científico e no técnico, mais como apunta Belda Medina (2003:141) e como veremos nos seguintes capítulos, estes recursos están a se converter nunha ferramenta moi empregada no contexto das tecnoloxías da información e da comunicación dado que, de acordo con López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:465), “o ritmo acelerado da vida moderna exige unha maior economía de palabras para unha comunicación máis eficaz” o que explica, en boa medida, “a proliferación de termos creados por redución”. O seu uso corre paralelo á aparición e á difusión de novos sistemas e de produtos tecnolóxicos, de modo que a súa importancia poderá aumentar aínda máis nas próximas décadas conforme aqueles foren avanzando.

⁹⁹ Cómpre non confundirmos este concepto con aquel outro homónimo que fai referencia á transmisión de significados a través dunha convención que actúa nun determinado contexto cultural (a alegoría da xustiza, a pomba da paz etc.) e que constitúe unha clase de signo, do mesmo modo que as iconas e os indicios (véxase López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010:49).

1.2. As TIC e os novos sistemas de comunicación

O rápido desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)¹⁰⁰ está a xerar un novo contexto social que rompe coas estruturas de espazo e de tempo tradicionais e que permite novas formas de interrelación. Non se trata, pois, dunha mudanza exclusivamente tecnolóxica, mais tamén estamos perante unha verdadeira transformación social e cultural. As TIC son consideradas a nivel global como unha das revolucións máis importantes da historia, da mesma transcendencia (ou maior) do que a prensa o fora no seu día (véxase 1.1.2.). Neste sentido, Echeburúa / Labrador / Becoña (2009:46) fan referencia ás mudanzas tan relevantes que as tecnoloxías están a provocar na vida das persoas e no funcionamento da sociedade. Para estes autores as repercusións das TIC non poden ser comparadas coas da prensa, pois esta última non supuxo unha mudanza similar á da televisión ou á dos computadores, que nas sociedades máis avanzadas entraron practicamente no 100% dos fogares e que ficaron co 10% do tempo cotiá das persoas para o seu consumo en exclusiva. Tamén a este respecto Castells (2001:15) sinala o seguinte:

Internet es el tejido de nuestras vidas. Si la tecnología de información es el equivalente histórico de lo que supuso la electricidad en la era industrial, en nuestra era podríamos comparar a Internet con la red eléctrica y el motor eléctrico, dada su capacidad para distribuir el poder de la información por todos los ámbitos de la actividad humana. Es más, al igual que las nuevas tecnologías de generación y distribución de energía permitieron que la fábrica y la gran empresa se establecieran como las bases organizativas de la sociedad industrial. Internet constituye actualmente la base tecnológica de la forma organizativa que caracteriza la era de la información: la red.

A introdución das tecnoloxías da información e da comunicación de base informática e, nomeadamente, a Internet, supuxo modificacións relevantes canto á flexibilidade e á adaptabilidade dos procesos na medida en que estas tecnoloxías permiten a coordinación e a xestión das tarefas dunha maneira máis rápida, o que as converte en ferramentas eficaces para a toma de decisións coordinadas, a execución descentralizada e a comunicación global. A evolución e a mellora dos dispositivos tecnolóxicos, cal o computador e os terminais móbeis, do mesmo modo que a aparición da Internet e o desenvolvemento da World Wide Web, coa súa estrutura hipertextual, provocaron mudanzas sociais relevantes a nivel global. Na opinión de Becerril Ruiz (2007:9), os intercambios que se producen entre as tecnoloxías da información e da comunicación e a sociedade resultan fundamentais, dado que é a sociedade a que recibe as TIC e a que aceptará ou non os seus distintos tipos e o grao de penetración destas na estrutura social. A propia evolución das tecnoloxías, isto é, mellora dos terminais móbeis, aumento das aplicacións e servizos, conexións máis rápidas e maior cobertura, abaratamento dos prezos dos terminais etc., está a provocar que hoxe en día teñamos acceso á practica totalidade dos servizos que puidemos imaxinar. De acordo con Dans (2010:15), esta (r)evolución tórnase patente no día a día se paramos a reflectir no que a Internet e as tecnoloxías en xeral representan para calquera de nós. Neste sentido, no mundo occidental hoxe en día case todos os fogares contan cun equipo informático con conexión á Internet e accédese con asiduidade, ben sexa para consultar a súa caixa de correo electrónico, ben para ver as novas nun xornal dixital ou ben para procurar información ou navegar pola Rede (véxase 1.2.3.2). Como ilustran os exemplos citados, as TIC supuxeron unha revolución

¹⁰⁰ Cómpre, antes de máis, acotarmos que entendemos por tecnoloxías da información e da comunicación, dado que se configura como un termo moi amplo que abarca dispositivos como o telefone, con máis de 130 anos, até outros que tan só levan unhas décadas entre nós, cal o correo electrónico. Con TIC estámonos a referir de modo xeral ás telecomunicacións (radio, televisión, telefones fixos e móbeis etc.) e á informática (computadores, consolas, videoxogos, axendas electrónicas, PDAs, ou E-books, entre as máis comúns).

sobre todo en dous ámbitos: por un lado na comunicación interpersoal, pois xeraron novos soportes comunicativos cal as SMS, os chats, a mensaxaría instantánea, a videoconferencia, os blogs, os foros, as listas de discusión etc. (véxase 1.2.3.1.); por outro lado, tamén se produciron mudanzas no intercambio de información, dado que, fundamentalmente a Internet se configurou como un novidoso medio de comunicación de masas, que polas súas propiedades¹⁰¹ está a ter un alcance e unha potencia maior do que os soportes informativos tradicionais¹⁰².

A importancia das tecnoloxías no desenvolvemento de novas vías de interacción está a favorecer a creación de comunidades virtuais, na medida en que deslocalizan o individuo da limitación espacial física. Trátase dun fenómeno paralelo ao da popularización da Internet e da World Wide Web na segunda metade da década de 90. Como sinala Yus (2007:13), no comezo este tipo de comunidades supuña un suplemento ás comunidades físicas, as cales estaban perfectamente estruturadas e delimitadas, en canto as que se producían no ciberespazo estaban limitadas debido ás súas deficiencias na riqueza contextual e interactiva. No entanto, neste milenio “las relaciones virtuales están marcadas por un proceso de materialización física, un proceso por el que las interacciones que allí se llevan a cabo han obtenido una connotación claramente local”. Con todo, é importante termos en conta que a pesar de que a Internet e as tecnoloxías se estenden a unha velocidade vertixinosa, existen grandes desigualdades no acceso á Rede entre uns países e outros. Esta distribución deficiente vai en paralelo á doutros bens de maior necesidade, o que, por súa vez, incrementa a exclusión social. En relación con isto, Castells (2001:288) afirma que a rápida difusión da Internet está a avanzar de modo desigual por todo o planeta, como se reflicte dos datos que achega:

En setembro de 2000, sobre un total de 378 millóns de usuarios de Internet (que representaban el 6,2 % de la población mundial), el 42,6 % de los usuarios estaban en Norteamérica, el 23,8% en Europa, mientras que en Asia se hallaba un 20,6% del total (Japón incluido), América latina el 4%, Europa del Este el 4,7%, Oriente Medio un 1,6% y África un exiguo 0,6% (con la mayor parte de los usuarios en Sudáfrica).

A mellora das infraestruturas nos últimos anos e o abaratamento destas tecnoloxías contribuíron para reducir o desequilibrio existente entre os diferentes países. Mais a pesar destas desigualdades, é innegábel a repercusión que as TIC están a producir en todos os ámbitos da sociedade, pois mesmo modificaron o modo de interaxirmos socialmente. Un aspecto de vital importancia para o noso estudo son as consecuencias que a propagación das TIC está a provocar do punto de vista lingüístico; nesta liña, Crystal (2006:10), afirma que á medida que adoptarmos unha perspectiva social para enterdermos a Internet, o papel que

¹⁰¹ Os medios dixitais posúen unhas características intrínsecas que tornan este soporte máis vantaxoso a respecto dos tradicionais. Neste sentido, é preciso salientarmos que ao se tratar dunha plataforma virtual non existe límite de espazo e, por tanto, ofrece unha grande capacidade de arquivo, dado que podemos consultar información de meses ou mesmo anos anteriores. Para alén disto, favorece a actualización, a ampliación e mesmo a eliminación dos contidos de forma instantánea, contidos que poden ser presentados en formato multimedia, isto é, combinando texto, son e imaxe. A interactividade da rede e a súa universalidade convértena nun medio ideal para a difusión da información. Véxase Romero / Vaquero (2001), Castells (2001) e Sempere (2007), entre outros.

¹⁰² A respecto dos medios de información dixitais, Dans (2010:98) sinala que nunha primeira etapa se diferenciaban dos medios tradicionais e eran distintos, isto é existían xornais na Rede e xornais impresos. Mais co paso do tempo os medios convencionais (radio, prensa e televisión) decatáronse de que debían adaptarse ás tecnoloxías con rapidez se non querían perder público lector, audiencia e publicidade. Desta forma, algúns medios dixitalizáronse e, nalgúns casos, as edicións dixitais conviven coas tradicionais, en canto noutros só se ofrece a versión electrónica.

desenvolve a linguaxe tamén se tornará nun obxectivo central, canto que o contorno electrónico se configura como un medio predominantemente textual, ao tempo que engade que, sen negarmos o valor que posúen os avances tecnolóxicos e a orixinalidade e a variedade na presentación dos seus contidos, o que resulta evidente é a súa natureza lingüística. Consecuentemente, conclúe sinalando que se considerarmos a Internet como unha revolución, probabelmente será unha revolución lingüística. Nas páxinas que seguen trataremos en profundidade cada un dos aspectos apuntados nesta sección.

1.2.1. Os soportes da interacción electrónica

1.2.1.1. A informática e as telecomunicacións

O discurso electrónico é a consecuencia da aparición de novos contornos de interacción que, por súa vez, son o resultado da aplicación das novidades informáticas no contexto da comunicación interpersonal, nomeadamente no marco das telecomunicacións. Estes contornos comunicativos concretos provocarán a existencia de certas pautas para a construción dos textos electrónicos e isto é o que nos permitirá, entre outras cousas, identificarmos e definirmos os novos xéneros discursivos, do mesmo modo que os soportes comunicativos en que se producen. Na opinión de Lévy (2004), as TIC entraron en todos os ámbitos da nosa vida cotiá até o punto de que algunhas persoas achan que estamos perante unha auténtica mutación antropolóxica, tan relevante como a do neolítico, que posibilitou a desaparición das fronteiras espacio-temporais e, consecuentemente, a creación dun espazo global. A este respecto, Trigo Aranda (2010:9) sinala que hoxe en día a Informática se constituíu como unha parte inseparable da nosa civilización –a occidental– e que non se podería imaxinar unha sociedade actual sen a súa presenza nos fogares, nos centros de ensino, no mundo laboral etc. Nesta liña, afirma tamén que a Internet se converteu no medio de comunicación por excelencia, que está a deixar obsoletos outros como o telefone, a radio ou a televisión e que, para alén disto, favorece a creación dun mercado global que revoluciona a economía mundial.

O desenvolvemento da CMC (Comunicación Mediada por Computador) é o resultado da utilización, cada vez máis frecuente dos dispositivos electrónicos como ferramenta para a comunicación. Inicialmente foron relevantes o computador e o telemóbel, mais na actualidade cobraron tamén unha enorme relevancia os smartphones e as tabletas¹⁰³. A redución en prezo e en volume destes terminais fixéronos accesíbeis para un público máis amplo e a creación e a xeneralización das redes, nomeadamente da Internet, favoreceu o seu uso no contexto das relacións interpersoais. No entanto, convén termos presente que esta proliferación de dispositivos na vida diaria da nosa sociedade non se produciu até meados da década de 80 do pasado século para o caso dos computadores, de 90 para os telemóbeis e até a primeira década do século XXI para os smartphones e as tabletas. Con anterioridade a estas épocas, os terminais –léase os computadores– eran máquinas que ocupaban un grande espazo e cuxo funcionamento viraba moi complexo, para alén de presentaren uns custos que estaban ao alcance de moi poucas persoas. Así as cousas, existían terminais nas grandes

¹⁰³ Por esta razón, asumimos a definición de CMC proposta por Herring (2001), isto é, toda a comunicación producida cando os seres humanos interaccionan por medio de mensaxes transmitidas en formato dixital. Véxase 2.2.1.

empresas ou en centros de investigación, mais non eran accesíbeis a individuos particulares. De feito, neste tempo era frecuente o aluguer e non a venda dos aparellos¹⁰⁴.

O que permitirá reducir o tamaño destes e, consecuentemente, o seu prezo, será a aparición dos microchips de silicio en 1961 que, por súa vez, producirá un aumento da potencia, sen que isto provoque un incremento importante nos custos de produción. Serán estes avances os que tornen posíbel o establecemento dunha nova relación entre as persoas e a máquina, na medida en que posibilitan a aparición de ferramentas informáticas con dimensións humanas (Vela Delfa 2005:82), como verifica o paso do computador de mesa ao portátil. Outrosí, á medida que evolúen os terminais, tamén nos sistemas operativos e nos programas informáticos se producen mudanzas que os converterán en dispositivos moito máis accesíbeis para seren manexados sen a necesidade de posuímos altos coñecementos en informática. Será tamén a simplificación do seu uso a que provocará igualmente a extensión destas novas ferramentas informáticas, que deixarán de ser un recurso restrinxido aos centros de investigación ou ás grandes empresas e que paulatinamente se irán incorporando noutros ámbitos da vida diaria das persoas, até se converteren nun ben de consumo como a radio ou a televisión.

1.2.1.1.1. O computador: de máquina de cálculo a medio de comunicación

A evolución técnica dos computadores, en paralelo á xa sinalada redución de custos e de tamaño, favoreceu o establecemento de relacións máis intuitivas entre a persoa usuaria e a máquina. Na opinión de Licklider (1960), as investigacións realizadas no ámbito da informática desde o comezo estaban orientadas xa na liña de conseguir un sistema de interrelación entre a máquina e o individuo sen que isto exixise a mediación dun informático. Con todo, non se calculou o nivel de relación que se chegaría a consolidar, o que provocou transformacións mesmo nas funcionalidades do terminal, que pasou de ser unha ferramenta de cálculo para se configurar como un medio de comunicación interpersoal. Existe, pois, unha mudanza importante na consideración dos computadores, isto é, “l’apparition de la perspective de l’ordinateur comme un médium et non plus comme un outil” (Barini / Proulx / Tremblay 2001), o que provocará unha modificación da súa propia natureza que terá como resultado o nacemento da comunicación mediada por computador.

Mais para chegar a este punto, o computador sufriu un proceso transformacional en que, asumindo a clasificación realizada por Vela Delfa (2005:84), se distinguen tres etapas que deben ser entendidas como un continuo evolutivo, mais do que como períodos estancos. Neste sentido, teríamos unha fase inicial en que o computador se configura como unha máquina para realizar cálculos, un segundo estado en que, alén de realizar operacións matemáticas, se establece como un dispositivo para comunicar, e a terceira fase en que o computador adquire, fundamentalmente, a funcionalidade de “artefacto comunicativo”. As orixes da informática tiñan como obxectivo principal a creación de máquinas que fosen capaces de realizaren cálculos simples¹⁰⁵ nun tempo inferior ao humano. Por tanto, os

¹⁰⁴ IBM era una das empresas que realizaba este tipo de prácticas e que, igualmente, se encargaba da súa manutención e das reparacións pertinentes. Segundo Griffiths (2001), isto fixo que a compañía obtivese grandes beneficios e que se asegurase una posición dominante no marco da industria informática.

¹⁰⁵ Tratábase de cálculos simples, máis de dimensións desorbitadas, pois como sinala Trigo Aranda (2010:3-4), pódense efectuar facilmente operacións sinxelas como sumas e restas sempre que os números non sexan grandes. Por tanto, aínda que a humanidade utilizou durante moito tempo os dedos e as pedras para realizar estes cálculos, á medida que aumentaron as necesidades aritméticas da sociedade foron aparecendo novos sistemas que permitisen realizar operacións máis complexas. Neste sentido, o ábaco constitúe o primeiro instrumento de cálculo, ao que sucederán a calculadora e, en última instancia os computadores.

primeiros computadores xorden como ferramentas para manexaren datos e realizaren operacións con estes, o que, por súa vez, xera novos datos. A este respecto, convén citarmos os estudos de Griffiths (2001) e de Trigo Aranda (2010) que realizan unha aproximación histórica que abranxe desde as máquinas de cálculo máis primitivas como o ábaco até os computadores máis competentes en materia de procesamento dixital.

No entanto, a pesar de que os principios que rexen o funcionamento dos computadores non mudaron de forma considerábel, isto é, continúan a ser ferramentas que utilizan a información e realizan operacións que orixinan novos datos, a creación de redes que conectan entre si uns dispositivos con outros modificou radicalmente a funcionalidade destes aparellos. As posibilidades que ofrecía o novo sistema de interconexión produciu modificacións tamén na relación entre as persoas usuarias e a máquina, o que provocou unha transformación na natureza destes terminais que, grazas ao desenvolvemento das telecomunicacións, van potenciar a súa vertente comunicativa¹⁰⁶. O éxito do computador como “dispositivo para comunicar¹⁰⁷” débese fundamentalmente á necesidade de interrelación humana que será a causa e a consecuencia que permitirá xustificar o desenvolvemento dos computadores e da microinformática e que terá repercusións non só no contexto tecnolóxico senón tamén no social, pois producíranse mudanzas que afectarán todos os ámbitos da sociedade, como se verá en epígrafes posteriores. Neste sentido, cómpre citarmos Vela Delfa (2005:86) cando apunta que

En los últimos años los ordenadores han pasado a formar parte de nuestra vida individual y social. Hemos asistido al asentamiento de Internet, que ha dotado al artefacto informático de un valor más allá del simple objeto con el que se interactúa, convirtiéndolo en un auténtico espacio de interactividad. Desde una perspectiva individual, la relación del usuario con el ordenador ha sufrido una transformación fundamental en los últimos años. Buena parte de sus usuarios han desarrollado una profunda apropiación de la herramienta informática, convirtiéndose en un verdadero artefacto cognitivo.

Así as cousas, desde un punto de vista social o computador converteuse, grazas á Internet e ás posibilidades que ofrece a Web, nun medio de comunicación e nun espazo de socialización que permitiu eliminar as limitacións que outros medios comunicativos, cal o telefone ou o correo postal, impuñan no modo de nos relacionarmos unhas persoas coas outras. Aliás, as propiedades específicas desta plataforma provocaron a aparición de novos soportes comunicativos. Millerand (2001:4) sinala que a introdución dun dispositivo provoca unha reconfiguración cognitiva e mesmo social da actividade en que incidir. Nestes medios, o computador modificou a nosa forma de actuarmos en moitos contextos da sociedade¹⁰⁸ nun número relevante de actividades, non só na esfera do individual, mais tamén a nivel colectivo, pois xera novas vías de comunicación e de actuación, ao tempo que transforma ou modifica moitas das pautas de interacción até entón existentes, fundamentalmente aquelas que se refiren ao espazo e ao tempo do intercambio. Porén, a Internet non só provoca que o computador se estableza como un instrumento de comunicación, na medida en que o é o telefone, mais constitúese tamén como un espazo de socialización que permite o

¹⁰⁶ Segundo Vela Delfa (2005:85), desde os seus inicios un dos intereses do desenvolvemento informático era a aplicación da tecnoloxía ás necesidades da comunicación. Con todo, até máis tarde non se tornou nun obxectivo principal.

¹⁰⁷ Termo debido a Licklider / Taylor / Herbert (1968).

¹⁰⁸ A este respecto, Vela Delfa (2005:87) sinala que para o estudo do binomio computador-sociedade cómpre observarmos os dous pares resultantes, isto é, o papel da rede e do computador na sociedade, mais tamén o lugar da sociedade na rede.

desenvolvemento de relacións paralelas¹⁰⁹. Facemos nosas as palabras de Terceiro (1996:27), pois resumen perfectamente os pasos desta transformación tecnolóxica:

La substitución del átomo por el bit, de lo físico por lo digital, a un ritmo exponencial, convertirá al homo sapiens en homo digitalis. Desde los humildes comienzos del ordenador, hace ahora poco más de medio siglo, éste ha evolucionado de tal forma que se ha acercado a nuestras vidas cotidianas convirtiéndose en una herramienta de uso progresivamente generalizado. Los mastodónticos primeros ordenadores de los sesenta dan paso al ordenador personal, en los ochenta, como protagonista de una revolución que incluso le permite pensar y aprender con una lógica cuasi humana –borrosa. Esta revolución prosigue, en los noventa, con el uso del ordenador como mecanismo de comunicación a través de las redes.

Consecuentemente, a transformación fundamental opérase no paso do segundo estadio para o terceiro, pois é neste punto en que a relación que as persoas establecen coa máquina muda, do mesmo modo que o lugar que ocupa esta na vida diaria do usuariado. Como sabemos, xa eran coñecidos outros medios de comunicación, mais non creaban novos espazos de interacción como acontece con este dispositivo, o que ten producido numerosas reflexións e achegas a respecto do fenómeno virtual. Así, Yus (2007:35-37) afirma que nos últimos tempos e favorecidos polo desenvolvemento das “redes electrónicas de comunicación social”, entre as cales destacan a Internet e a telefonía móbil, se foron asentando agrupamentos sociais que recibiron o nome de comunidades virtuais, que encontraron no ciberespazo un contexto natural de interacción baseado na desconexión co marco físico (véxase 1.2.3.3.). Por tanto, a evolución do computador desde a postura inicial de máquina de cálculo até o seu establecemento como unha ferramenta comunicativa e un espazo de relación interpersonal favorecerá novos tipos de interacción virtual e mesmo “formas imbricadas a las que el individuo recurre para mantener al día sus redes personales de interacción” (Yus 2007:37). Estas novas modalidades discursivas serán as que nos permitan definir, en seccións posteriores, a CMC e as características do discurso electrónico (cfr. 2.2).

1.2.1.1.2. A telefonía móbil

O telemóbel converteuse nunha das invencións tecnolóxicas de máis éxito nas últimas décadas, chegando a se constituír como un dos medios de comunicación máis importantes debido á grande demanda en todo o mundo; trátase dun dispositivo que permite a relación interpersonal independentemente do momento e do lugar en que esta se produce, isto é, facilita as telecomunicacións e reduce as restricións espacio-temporais que impuñan outros medios, cal o correo postal ou mesmo o servizo de telefonía fixa. Do mesmo modo que a aparición do computador e da Internet tivo repercusións na vida diaria das persoas, a telefonía móbil produciu tamén mudanzas no seu estilo de vida, dado que favorece o establecemento de relacións moito máis estreitas, na medida en que estas se tornan máis frecuentes. Existen, por outra banda, algunhas aproximacións que profundizan nas consecuencias negativas que pode provocar a utilización destes dispositivos, como por exemplo as tendencias adictivas (Echeburúa / Labrador / Becoña:2009). Porén, cómpre salientarmos as vantaxes destes terminais como medio de comunicación, xa que, para alén de realizaren e recibiren chamadas a través da rede telefónica pública, as últimas novidades no campo conteñen outras aplicacións e servizos que converten o telemóbel nun aparello multifuncional¹¹⁰ de vital relevancia no día a día das persoas. Estámonos a referir ao servizo de SMS, ao acceso á

¹⁰⁹ Para afondar nesta liña véxase a epígrafe 1.2.3.3.

¹¹⁰ Neste sentido, Castro (2008:34) subliña que se trata dun medio de conectividade ininterrupta que, para alén de se configurar como un dispositivo de comunicación, pasou a integrar ao longo dos anos servizos que antes tan só se encontraban por separado.

Internet, aos xogos interactivos, á cámara, ao reprodutor de música ou mesmo ao calendario, á calculadora ou ao sistema de alarma¹¹¹.

Castro (2008:34) considera que “o telemóvel, ao conquistar o ser humano com as suas mil e uma utilidade, adquire o estatuto de acessório estético que reflecte a personalidade de quem o utiliza, afastándose da sua função primeira, ou seja, comunicar”. Deste modo, o dispositivo “serve o seu dono na relação como o outro e consigo mesmo” como consecuencia de todas as posibilidades que ofrece¹¹². A respecto do éxito dos terminais móbeis, Almiron (2005:103) sinala que a tecnoloxía que se estendeu de forma máis revolucionaria na última década é a telefonía móbil, superando inclusive a Internet, con todo o seu recente crecemento exponencial. A dita autora salienta, ademais, que as operadoras de telecomunicacións están a recibir máis ingresos con este novo medio de comunicación que coa propia telefonía fixa, dado que nas familias practicamente todos os membros posúen terminal móbil, e mesmo existen casos de persoas que só teñen este dispositivo e que prescinden do telefone fixo, pois aquel ofrece máis servizos e non posúe limitacións espaciais, ao se tratar dun aparello móbil¹¹³. Tamén Castro (2008:35) afirma que “o telefone móvel mudou o modo como pensamos, olhamos o mundo e nos vemos a nós próprios, já que todos passaram a estar ao alcance de um botão” e engade que non só modificou o mundo das comunicacións, mediante a redefinición da paisaxe urbana e das novas fronteiras de espazo e de tempo, mais principalmente reestruturou o noso comportamento a respecto das relacións sociais e interpersoais¹¹⁴.

Tórnase necesaria unha breve aproximación cronolóxica á historia da telefonía móbil para comprendermos o alcance desta revolución tecnolóxica. Castro (2008:35) indica que será en 1947, grazas aos laboratorios Bell, que aparece o concepto de terminal móbil. Segundo Baron (2008:127) “Mobile phones –initially, car-based systems– got their start in Sweden in the mid-1950s. In 1969, a Nordic Mobile Telephone Group was established”. Posteriormente, países como a Alemaña, a Franza, a Italia ou o Reino Unido tentaron crear pola súa conta sistemas similares de telefonía. Non obstante, os custos eran moi altos e non existía ningún tipo de interoperabilidade entre as diferentes compañías, o que dificultaba o suceso da dita tecnoloxía. A este respecto, convén destacarmos os avances conseguidos pola tecnoloxía GSM, que creou un sistema de telefonía móbil que funcionaba en toda a Europa; Terceiro (1996:135) tamén sinala que a aparición do GSM (Global System for Mobile Communication) contribuiría para potenciar aínda máis o emprego da tecnoloxía móbil. Trátase, *grosso modo*, dun sistema de telefonía dixital para toda a Europa; na opinión do autor, as súas vantaxes principais consisten na redución dos prezos dos terminais nun futuro

¹¹¹ Na opinión de Dans (2010:56), os terminais móbeis son cada vez máis lixeiros e potentes, o que provocou que as compañías potencien a conexión á Internet desde estes dispositivos. Por tanto, tamén tivo como consecuencia que os produtores de contidos e de servizos na Rede tivesen que os adaptar ás características técnicas destes aparellos: tamaño reducido da pantalla, pouca memoria e teclados limitados. Porén, existen hodiernamente móbeis que ofrecen a posibilidade de escribiren mediante un teclado *querty*, similar ao que se utiliza nos computadores.

¹¹² Andreoli (2007:28) salienta tamén que o telemóvel posúe moitas das posibilidades que ofrecen a televisión e o computador, o que pode xustificar o seu éxito, dado que se trata dun único dispositivo que integra múltiples posibilidades.

¹¹³ A este respecto, Almiron (2005:103) sinala que “incluso los más recalcitrantes acaban por reconocer que es de lo más útil tener un teléfono móvil a mano cuando el coche te deja tirado en la carretera, o cuando te pierdes en medio de la montaña en plena excursión”.

¹¹⁴ Sobre estas cuestións, Almiron (2005:104) fai referencia a unha mudanza no concepto da propia chamada, pois xa non telefonamos a lugares físicos, como poden ser as casas ou as empresas, senón ás persoas. Agora o espazo físico xa non é relevante. De aí que este dispositivo sexa frecuentemente utilizado polos pais e as nais para localizaren os seus fillos, independentemente do seu emprazamento físico.

inmediato (debido ao efecto da economía de escala na súa fabricación a dimensión panaeuropea) e tamén unha maior seguridade e calidade nas comunicacións. Baron (2008:128) dá testemuño da adopción do GSM ao longo da década de 90. Así, se ben que en 1992 só oito países europeos comezaran a empregar esta rede, tres anos máis tarde a súa utilización estendeuse á maior parte dos países da Europa. Cómpre citarmos os datos apuntados por esta autora:

Adopted in many parts of the world beyond Europe (in more than 200 countries and territories), by early 2007 GSM accounted for over 80 percent of the global mobile market. To put these numbers into perspective: as of early January, there were 2.73 billion mobile phone subscriptions. More than one-third of the earth's population had mobile access, largely on the GSM system (Baron 2008:128).

Os avances que se produciron na telefonía móbil foron categorizados en xeracións. Como sinala Le Bodic (2005:1-2), a primeira delas xorde na década de 80 e provén, como vimos anteriormente, dos países nórdicos. Neste momento as funcionalidades dos terminais eran reducidas e estaban caracterizadas “by analogue wireless communications and limited support for user mobility”; a respecto da primeira xeración (1G¹¹⁵), Gómez Vieites / Otero Barros (2011:39) destacan que os avances na microelectrónica permitiron desenvolver terminais máis pequenos, lixeiros e económicos, mais tratábase aínda de sistemas que empregaban transmisións analóxicas. As tecnoloxías para a comunicación dixital serán incorporadas coa segunda xeración (2G), en que destaca a mellora na calidade dos servizos de voz, o incremento da capacidade dos sistemas (cantidade de persoas usuarias a quen este servizo pode dar cobertura) e a necesidade de proporcionar servizos adicionais. A tecnoloxía GSM supón un dos logros conseguidos neste período. Facemos nosas as palabras de Gómez Vieites / Otero Barros (2011:40) cando salientan que desde a aparición do sistema de telefonía dixital baseado neste estándar é posíbel empregarmos o terminal móbil para transmitir datos (non só de voz) desde un dispositivo a outro ou mesmo para establecermos unha conexión á Internet coas subsecuentes vantaxes, nomeadamente desde a perspectiva da mobilidade¹¹⁶. Con todo, tamén presenta inconvenientes, entre os cales se destaca a baixa velocidade das transmisións de datos.

GSM é considerado eminentemente un estándar de segunda xeración, mais para moitos autores foi a tecnoloxía que revolucionou, en maior medida, o mercado da telefonía móbil. Alén das vantaxes xa sinaladas –unificación dos protocolos, interoperabilidade entre distintas compañías, mellora da calidade e da seguridade das comunicacións e transmisión de datos–, este sistema tamén posibilitou o desenvolvemento de aplicacións novidasas, como o servizo de mensaxes curtas, fundamental para a elaboración deste estudo, non só en tanto que novo xénero discursivo, mais tamén na medida en que as súas características provocaron repercusións lingüísticas, de fondo calado¹¹⁷, como veremos en capítulos posteriores. Neste sentido, Baron (2008:128), sinala que “the network was designed for transmitting voice calls. Almost as an afterthought, a small amount of leftover bandwidth was made available for

¹¹⁵ Utilizamos a abreviatura en lingua inglesa por considerarmos que se trata da nomenclatura máis estendida a nivel mundial. Esta circunstancia afectará tamén no caso doutros fenómenos relacionados sobre todo co ámbito da tecnoloxías da información e da comunicación.

¹¹⁶ A este respecto, Gómez Vieites / Otero Barros (2011:38), destacan o seguinte: “Si el usuario y el terminal móvil se desplazan, es posible que durante el transcurso de una comunicación pasen de la zona de influencia de una estación base a la otra, cambiando de este modo de celda, por lo que la comunicación se podría perder o, en cualquier caso, se degradaría la calidad de la señal. Por este motivo, los sistemas celulares prevén un mecanismo automático de traspaso de la comunicación de una a otra estación base, conocido como *handover*”.

¹¹⁷ No tocante á nomenclatura deste novo servizo, Crystal (2008:6) sinala a proliferación de termos entre os cales destaca “short messaging, short mail, SMSing, person-to-person messaging, mobile messaging, wireless messaging, text messaging, texting, txtng” e engade “whatever we call it, it is evidently here to stay”.

creating text messages on the small phone keypad”. Engade Baron (2008:128) que este servizo foi inicialmente ofrecido de forma gratuita en 1993, mais “over time, GSM began charging for text messages but at a lower price than for voice calls”, abaratamento que provocou o suceso deste novo soporte comunicativo sobre as tradicionais chamadas de voz, nomeadamente, entre as xeracións máis novas.

Posteriormente, o desenvolvemento dos sistemas GPRS (GSM Packet Radio Service) e EDGE (Enhanced Data rates for GSM of Evolution), provocou o que moitos deron en chamar “telefonía móbil 2.5 G”, na medida en que supón un chanzo intermediario entre os sistemas 2G e 3G. Estes melloraron de forma notábel a velocidade de transferencia de datos, que aumentou de 56 a 144 kbps, mediante un servizo de transmisión de información por paquetes vía radio sobre as redes GSM (Gómez Vieites / Otero Barros 2011:41). A telefonía móbil de terceira xeración (3G) foi definida pola Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT) mediante o estándar IMT-2000 e coñécese de forma xeral como UMTS, isto é Universal Mobile Telecommunications System, que está baseado na tecnoloxía W-CDMA (Wideband Code division Multiple Access). Esta tecnoloxía conseguiu mellorar a velocidade da transmisión dos datos, que chegou a alcanzar os 3Mbps por persoa usuaria, e o acceso a redes de banda ancha desde os terminais móbeis. Tamén no que se refire ao cifrado da información, as redes 3G ofrecen un sistema moito máis seguro que os anteriores. A respecto desta tecnoloxía, Le Bodic (2005:2) afirma que “third generation services will encompass a wide range of multimedia and cost-effective services with support for worldwide user mobility”. Gómez Vieites / Otero Barros (2011:41) apuntan que nun futuro próximo se prevé a evolución dos sistemas 3G cara a unha nova xeración, coñecida como tecnoloxía 4G, que se basea de forma exclusiva no protocolo IP da rede, coa finalidade de achegar velocidades de acceso de 100 Mbps para os terminais móbeis e de até 1 Gbps para os dispositivos fixos. Tamén salienta que o WWRF (Wireless World Research Forum) define este novo sistema como unha rede capaz de funcionar na tecnoloxía da Internet, mediante a súa combinación con outro tipo de redes inalámbricas como o WIFI e o WIMAX (Worldwide Interoperability for Microwave Access).

Os teléfonos intelixentes son un exemplo non só da integración deste sistema de telecomunicación, mais tamén da converxencia das dúas tecnoloxías que estamos a analizar. Así, os terminais construídos sobre unha plataforma informática presentan unha maior capacidade de almacenaxe de datos e permiten realizar actividades similares ás dun computador, ao tempo que manteñen as vantaxes de mobilidade e socialización dun telemóbil convencional. O calificativo *intelixente* non alude á habilidade dos terminais para razoar, mais á capacidade de os dispositivos seren utilizados como un computador persoal, ao que nalgúns casos chegan mesmo a substituír. A súa funcionalidade esta convertendo estes telemóbeis na opción prioritaria do usuariado nos últimos tempos, na medida en que incorpora novas funcionalidades –tamén comunicativas– que están a deixar obsoletos os terminais tradicionais –que non as soportan– e as súas modalidades discursivas. A respecto da telefonía móbil, faise necesario concluírmos esta sección citando Sempere (2007:330), quen salienta a multifuncionalidade desta tecnoloxía:

Es arma de negocios y arma de comunicación. Expresión de amor y cohesión familiar (“¿estás bien?”, “ya he llegado”, “Te quiero”), herramienta de defensa, y de primeros auxilios. Tan imprescindible en la carretera como la gasolina o las cadenas. Es la tercera pantalla de la revolución tecnológica, pero la primera en funciones y perspectivas, capaz de albergar los contenidos de todas las demás. Contenidos funcionales, como la comunicación básica o la recepción del correo electrónico, como prolongación de la terminal del ordenador.

1.2.1.2. Historia da Internet

As TIC –como verificamos nas seccións precedentes– están a mudar continuamente, de modo que os adiantos tecnolóxicos, os novos servizos e o desenvolvemento de aplicacións innovadoras constitúen nesta esfera un constante desafío. Neste sentido, a Internet, grande Rede mundial de redes, cobrou nas últimas décadas e mantén na actualidade un protagonismo innegábel que tivo e está a ter repercusións en todos os ámbitos da sociedade (véxase 1.2.3). Na opinión de Gómez Vieites / Otero Barros (2011:15), a recente dixitalización dos contidos, xunto co suceso das redes sociais e as aplicacións baseadas na mobilidade e na xeolocalización contribúen para a transformación da sociedade e condicionan cuestións tan importantes como o acceso á información, a educación, as comunicacións e mesmo as relacións sociais, como teremos oportunidade de notar. Trátase, segundo Crystal (2006:13), dunha conxunción de redes informáticas con regras ou protocolos comúns que permiten enviar mensaxes desde calquera computador central (tamén denominado servidor) dunha rede a calquera servidor doutra. Porén, as súas repercusións van máis alá da simples innovación tecnolóxica e convérteno nun auténtico fenómeno social. A este respecto, Naughton (1999:21-22) sinala o seguinte:

The Internet is one of the most remarkable things human beings have ever made. In terms of its impact on society, it ranks with print, the railways, the telegraph, the automobile, electric power and television. Some would equate it with print and television, the two earlier technologies which people live. Yet it is potentially more powerful than both because it harnesses the intellectual leverage which print gave to mankind without being hobbled by the one-to-many nature of broadcast television.

Aínda que haxa que agardar até meados da década de 90 para que esta revolución tecnolóxica alcance un crecemento espectacular –momento en que deixa de ficar restrinxida á comunidade científica e universitaria e comeza a ser accesíbel para toda a poboación¹¹⁸–, a Internet é un fenómeno social que xorde a finais dos anos sesenta como consecuencia dun proxecto do Departamento de Defensa de Estados Unidos creado durante a Guerra Fría. Na opinión de Gómez Vieites / Otero Barros (2011:83), púxose en marcha unha rede experimental, denominada ARPANET¹¹⁹, que comunicaba os computadores de diversas universidades e centros de investigación. Este tipo de conexión permitía un medio de comunicación eficaz e seguro para os proxectos militares, pois como se sinala en Romero / Vaquero (2001:15), “non tiña un centro neurálxico de información que puidese ser atacado polo inimigo ruso ou chinés (ou cubano...), e tódolos nodos da rede eran iguais, coa mesma autoridade para enviar, pasar e recibir mensaxes¹²⁰”. De acordo con Vela Delfa (2005:91), a Internet está constituída, pois, por un conxunto de computadores interconectados e organizados en forma de rede. Esta simboliza un conxunto de nodos e de enlaces, onde os primeiros se identifican con un número indefinido de terminais informáticos e os segundos coas conexións que relacionan uns nodos da rede con outros. Como xa sinalamos, a finalidade da rede ten que ver co intercambio fiábel da información entre cada un dos puntos

¹¹⁸ Se ben é certo que a carencia de infraestruturas nalgúns casos limitou o dito acceso até os últimos tempos, na actualidade existen, cando menos nos países máis desenvolvidos, os recursos tecnolóxicos necesarios para garantir que toda a poboación poida introducirse nas TIC, fundamentalmente na Internet. Porén, as circunstancias económicas das familias e mesmo das rexións producirán diferenzas nas porcentaxes de conexión, como se poderá notar en epígrafes posteriores. Véxase 1.2.3.2.

¹¹⁹ ARPANET (Advanced Research Project Agency Network) xorde vinculada ao proxecto ARPA, creado en 1957, logo do lanzamento do satélite soviético Sputnik. O proxecto foi dirixido por Licklider, membro do Instituto Tecnolóxico de Massachusetts (Vela Delfa 2005:94).

¹²⁰ Como se deduce do exposto, a Internet foi creada para que non se puidese filtrar ou interceptar a información, de aí que sexa tan complexo detectar os delitos na rede, pois a propia natureza do soporte dificulta este proceso.

e coa posibilidade que ofrece de utilizar calquera recurso dispoñíbel da Rede desde calquera nodo desta. Trátase, xa que logo, dun sistema descentralizado que se crea para conseguir unhas telecomunicacións máis rápidas e seguras, para alén de propiciar o aproveitamento partillado dos seus recursos.

Estas redes favorecían o abaratamento dos gastos, dado que permitían realizar conexións a distancia ao mesmo tempo que garantían a transferencia rápida dos datos; igualmente, propician o traballo en equipo, que se torna máis dinámico e rápido. Neste sentido, o uso da Internet estendeuse do ámbito militar ás comunidades científicas e universitarias; isto facilitou o intercambio de información e de recursos e a comunicación entre os científicos a través da creación de comunidades virtuais de discusión e tamén contribuíu para optimizar os recursos do propio proceso investigador. A este respecto, o correo electrónico supuxo grandes mudanzas nos modelos comunicacionais entre as persoas e promoveu a colaboración interpersoal, independentemente do espazo xeográfico. A pesar de nacer como un proxecto militar, serán os centros de investigación dos ámbitos universitarios os que lle darán o verdadeiro impulso á Internet e os que se aproveitarán das posibilidades deste novo medio. De feito, entre a comunidade científica americana as redes eran, a un tempo, obxectos e ferramentas de investigación (Vela Delfa 2005:93).

Nun primeiro momento, ARPANET, ofrecía fundamentalmente tres servizos: por unha banda, o acceso a computadores a través dun terminal remoto (telnet); por outra banda, a transferencia de arquivos por medio do protocolo FTP (File Transfer Protocol) e, finalmente, a impresión en modo remoto. Haberá que agardar até 1972 para que se cree o primeiro sistema de correo electrónico e até 1978 para a aparición dos grupos de novas. E non será até meados dos 80, cando se produce a separación da rede militar, que pasa a denominarse MILNET, para que a Rede¹²¹ empece a se estender por todo o mundo, comezando sempre polas institucións universitarias até chegar á década de 90, nomeadamente a partir da creación da WWW (cfr. 1.2.1.3), en que a Internet logra un suceso espectacular, con motivo da extensión do seu uso ás masas. A poboación accede á Rede grazas, sobre todo, á proliferación de computadores persoais e ao abaratamento dos custos de conexión. En relación con isto, resultan pertinentes as seguintes palabras de Romero / Vaquero (2001:17) cando apuntan que nesta época

a rede comeza a verse como unha canle de comunicación e como un novo medio de comunicación de masas, que ofrece múltiples posibilidades para o consumo; convértese, logo, en interese de empresas e de grandes grupos mediáticos, en obxecto de grandes operacións financeiras ou especulativas [...]. Xunto cos *vellos* usuarios, conviven agora outros menos activos e creadores, máis cómodos e consumistas. Outro espírito invade a Rede. E a Rede invade, paseniñamente, a sociedade.

A partir desta época, que os antecitados autores denominan o *boom*¹²² da Internet, é cando a Rede chega aos fogares, aos traballos, cando aparecen os primeiros *cibers* nas

¹²¹ A respecto do funcionamento da rede, en Romero / Vaquero (2001:20) sinalase o seguinte: “A información dixitalizada viaxa entre as computadoras conectadas grazas a uns protocolos coñecidos como TCP/IP (protocolo de control de transmisión e protocolo de Internet). Grazas a eles, a información divídese en pequenos paquetes, en tódolos cales figura o enderezo do nodo da rede de orixe e o de destino. Logo, o protocolo de Internet direcciona as unidades de información polo camiño que mellor conveña en cada ocasión ata o destino, onde os paquetes se comprobán e ordenan para reconstruír a totalidade do contido”. Aínda que está pensado para salvar o contido, na medida en que dificulta a perda de datos, se un paquete non chegar ao seu destino, solicitarase ao computador emisor o envío deste paquete, sen que se precise de novo toda a información (Vela Delfa 2005:95).

¹²² Nesta liña, tamén se torna relevante sinalarmos o exposto en Dans (2010:21-22) cando afirma o seguinte: “Internet es el invento que ha sufrido la evolución más rápida de la historia, si tenemos en cuenta que su

idades que permiten acceder aos seus servizos exclusivos etc. Á medida que avanzaban as posibilidades da Internet, tamén os computadores foron aumentando a súa capacidade e, igualmente, mellorou o acceso á Rede e as conexións fóronse transformando, desde medios de transmisión guiados como o cable de par trenzado ou o de fibra óptica até os non guiados, onde a información viaxa por medio de sinais electromagnéticos a través do aire ou do espazo, como a tecnoloxía Wi-Fi. Todo este tipo de avances nas conexións e nos terminais facilitan un acceso máis rápido e fiable á Rede para que as persoas usuarias poidan advertir e beneficiarse do novo soporte. Alén das melloras estritamente tecnolóxicas, tamén é importante destacarmos a redución dos custos de acceso, debido non só aos avances nas conexións, mais tamén á competitividade entre as compañías que ofrecen acceso á Rede. De acordo con Dans (2010: 25-26), convén sinalarmos que en 1995 aparece Infovía, a primeira rede que soporta o tráfico da Internet no Estado Español. Tratábase dun servizo que ofertaba Telefónica mediante o que centralizaba todos os accesos á Rede a través dun único nodo. Con todo, a popularidade que foi cobrando a informática e o aparecemento dos computadores persoais fixo que aumentase o número de persoas usuarias e isto provocou, por súa vez, un colapso na antedita rede. Debido a isto, en moi pouco tempo apareceron numerosas compañías que tamén ofrecían o servizo de conexión á Internet a través da liña telefónica, o que tornou este mercado moi competitivo.

A Internet, tal é como a coñecemos na actualidade, non está formada por unha única rede, mais é a interconexión dun conxunto moi amplo de redes existentes con anterioridade. É precisamente pola súa natureza integradora por que en moitos casos se alude a ela como a grande rede de redes. Inicialmente, as redes que se implementaban tiñan como finalidade conectar os diversos terminais que conformaban un equipo. O número de computadores conectados e a distancia entre eles permitían distinguir entre redes locais e outras máis grandes que vinculaban equipos afastados considerabelmente afastados no espazo. E embora non existise un único modo de crear redes, a propia idiosincrasia do proxecto manifestaba unha tendencia cara a unha estrutura que permitise a interconexión entre redes, pois canto maior fose a súa extensión, maiores serían as súas potencialidades (Vela Delfa 2005:94). Por este motivo, difundíronse e impuxéronse uns sistemas estándares que fixeron posíbel a converxencia de todas as redes existentes creando un único tecido capaz de se ampliar coas novas achegas que foren aparecendo. Esta rede sen nodos centrais estaba baseada na conmutación de paquetes de información, en cada un dos cales figuraba o enderezo de orixe, o de destino e o número da secuencia. A fragmentación do contido e a súa circulación por diversas vías garantía a chegada da información, na medida en que dificultaba a perda dos datos¹²³. Será o protocolo TCP/IP (Transmission Control Protocol / Internet Protocol) o que, finalmente, prevaleza no establecemento deste tipo de conexións: así, TCP encárgase de transformar a información de orixe en pequenos paquetes de datos e de os recompor novamente no seu destino, en canto IP é o responsábel de xestionar os enderezos e de asegurar o envío e a chegada das mensaxes.

Do punto de vista pragmático, e en certo modo simplificado en función dos obxectivos deste traballo, podemos describir a Internet en relación con dúas das súas

finalidad principal cuando fue creado era la de permitir a los usuarios de una universidad poder comunicarse con equipos de otras universidades, con fines de investigación, allá por el año 1969, y en la actualidad, cada día son más las personas que utilizan Internet como medio para trabajar, establecer relaciones (como las redes sociales, chats o emails). Creo que nadie se ha parado a pensar que sucedería si Internet se detuviera por un día. En 40 años ha pasado de ser una herramienta específica para un grupo de gente, a convertirse en una auténtica forma de vida para miles de millones de personas en el mundo”.

¹²³ Neste sentido, se un determinado paquete non chegaba ao destino, o computador receptor solicitaba só o envío dese paquete –con base no número da secuencia– e non de toda a información.

propiedades fundamentais: en primeiro lugar, a súa utilidade en canto ferramenta para partillar recursos e información. Nestes medios, a Rede favorece que o usuariado acceda a todo o tipo de información as 24 horas do día e medidante un simple *clic*, sen a necesidade de realizarmos ningún tipo de esforzo ou deslocamento e de xeito rápido e dinámico. As aplicacións dispoñíbeis, como os buscadores e os directorios, facilitan en boa medida a procura dos datos: permítennos ser receptores pasivos de información, mediante a subscrición a xornais, revistas, ou listaxes de discusión, encontrar contidos que até o de agora podían ser de difícil acceso, como artigos ou estudos de especialistas, información afastada xeograficamente, obras censuradas etc. Outrosí, na Internet a relación que se establece entre produtores e receptores é máis dinámica e participativa e, alén diso, permite romper as barreiras espacio-temporais impostas polos medios tradicionais. En segundo lugar, convén subliñarmos o seu potencial como sistema de interacción, grazas ao desenvolvemento de ferramentas de comunicación, tanto desde unha perspectiva persoal como no referente á comunicación de masas, o que dá como resultado novas formas de comunidade. A este respecto, achamos significativas as palabras que Castells (2001:137) dedica a este fenómeno:

La aparición de Internet como nuevo medio de comunicación ha generado una fuerte controversia sobre el surgimiento de nuevos patrones de interacción social. Por un lado, la formación de comunidades virtuales, basadas principalmente en la comunicación on line se ha interpretado como la culminación de un proceso histórico de disociación entre localidad y sociabilidad en la formación de la comunidad: nuevos y selectivos modelos de relaciones sociales sustituyen a formas de interacción humanas limitadas territorialmente.

A Internet configúrase, consecuentemente, como un dos máis importantes avances científico-tecnolóxicos dos últimos tempos. A súa creación, a xeneralización e a normalización do seu uso tiveron repercusións en todos os contextos da sociedade e en todas as facetas do ser humano, o que provocou a aparición de novos contornos sociais e, xa que logo, de novas modalidades de interacción persoal, que xiran arredor de conceptos como virtualidade ou ciberespazo. A Rede fixo posíbel que a información puidese circular libremente e que se producise unha “democratización” do coñecemento, para alén de crear novas modalidades de desenvolvemento comercial que disolveron moitas das fronteiras económicas. Por tanto, podemos afirmar que a Sociedade da Información é a consecuencia directa das transformacións que produciu este fenómeno revolucionario denominado Internet. Ademais das mudanzas sociopolíticas que se levaron a cabo, tamén convén resaltarmos que o novo contexto modificou de forma relevante as clásicas nocións de espazo e de tempo, o que, na opinión de Akrich (1993) e de Millerand / Giroux / Prouls (2001), provocou, outrosí, mudanzas profundas nalgúns aspectos da cognición humana.

1.2.1.3. A www

A Internet foi deseñada como unha infraestrutura xeral que dese cabida a outros servizos como logo demostrou a aparición da World Wide Web (WWW), pois, segundo Leiner / Cerf / Clarck (1997:10), de modo paralelo á validación experimental e ao uso entre os investigadores estíbese a desenvolver outro tipo de redes e de tecnoloxías. A web foi creada por Tim Berners-Lee¹²⁴, empregado do CERN, en 1990 e configúrase como un

¹²⁴ Con todo, a idea deste investigador non era nova, dado que existían xa en anos precedentes estudos que tiñan como obxectivo conseguiren interrelacionar diversas fontes de información mediante un sistema de computación interactivo. Castells (2001:29) realiza unha aproximación a estes traballos que precederon o de Berners-Lee e apunta as vantaxes que este tivo para o suceso da súa aplicación, entre as cales destaca a existencia previa de Internet, que lle permitía basearse nun poder informático descentralizado a través de *workstations*.

sistema que permitía partillar e buscar información na Internet máis facilmente, de forma que xerou unha nova forma de interactuarmos coa Rede o que, por súa vez, a tornou máis accesíbel a todas as persoas usuarias, que comezaron a se beneficiar das vantaxes desta nova ferramenta. Vela Delfa (2005:98) sinala que o atractivo que achegan os exploradores da Web fica patente na posibilidade de tratarmos textos formateados, gráficos e ligazóns ou hipervínculos incrustados nos documentos. A World Wide Web sufriu numerosas transformacións e melloras para a tornaren máis funcional; de feito, foi a raíz da aparición da Web que a Internet obtivo un crecemento espectacular. Na opinión de Castells (2001:17), en 1995, ano en que se xeneraliza o uso da WWW, a Rede contaba cuns 16 millóns de internautas en todo o mundo, en canto en 2001 a cifra aumentara até os 400 millóns; as predicións apuntaban para 1.000 millóns no ano seguinte e 2.000 cara ao ano 2010. Os datos aproximados que figuran na Rede en relación con esta cuestión concordan coas cifras apuntadas por Castells e estabelecen en 2.400 millóns o número de usuariado para 2012, o que supón un aumento do 556%¹²⁵. A este respecto, Dans (2010:87) sinala que a Web é a parte máis popular da Internet e salienta todas as posibilidades que ofrece este medio:

A medida que navegue por la Web, se dará cuenta de que no hay limitaciones a la hora de buscar contenido, ya que tenemos acceso a texto, gráficos, fotos, vídeos, animaciones y sonidos, a la vez que podemos interactuar con otras personas por medio de foros, chats u otros medios de comunicación basados en la web. Todo esto es posible gracias a la combinación de los medios básicos. Por un lado, los que dependen del internauta: un ordenador, un navegador Web y una conexión a Internet. Por el otro, unos ordenadores llamados servidores, en los cuales se almacena la información y los routers encargados de transportar dicha información.

Gomez Vieites / Otero Barros (2011:112) afirman que estamos perante unha xigantesca “telaraña mundial”, formada por millóns de páxinas que figuran entrelazadas a través de hipervínculos. Por tanto, a exploración da Web consiste en saltar dun hipervínculo dunha páxina para outra facendo uso dos navegadores, entre os cales destacan actualmente Internet Explorer, Mozilla Firefox, Safari e Google Chrome. Nesta liña, a arquitectura da World Wide Web esta representada por un sistema cliente-servidor, onde, de acordo con Dans (2010: 88), o computador das persoas usuarias é o cliente que solicita as páxinas web a que se quere acceder, en canto o servidor é calquera computador remoto encargado de almacenar as ditas páxinas. Se un cliente introducir o enderezo da páxina que gustaría de visitar e enviar os datos ao servidor e se a páxina aínda existir, este transmitirá a información a través do mesmo medio cara ao computador cliente. Unha vez enviada, o navegador terá de a interpretar e de a presentar a través da súa interface. Por súa vez, se a páxina solicitada contiver algún outro hipervínculo, estaremos realizando unha nova petición a un servidor. Sobre esta cuestión, o propio Tim Berners-Lee¹²⁶ sinala o seguinte: “the architecture of W3 is one of browsers (clients) which know how to present data but not what its origin is, and servers which know how to extract data but are ignorant of how they will be presented” e engade que “all the data in the Web is presented with a uniform human interface. The documents are stored (or generated by algorithms) throughout the internet by computers with different operating systems and data formats”. Por tanto, para pór en funcionamento un

¹²⁵ Castells (2001:17) tamén sinala que actualmente as principais actividades socio-económicas, políticas e culturais de todo o mundo se están a organizar e a estruturar mediante a Internet, polo que ficar á marxe destas redes é un dos medios de exclusión máis grave que existen actualmente na nosa sociedade, sendo este en moitos lugares motivado por falta de recursos económicos. Cfr. 1.2.3.2.

¹²⁶ Véxase <http://www.uv.es/biblios/mei3/Web022.html>.

sistema destas características foi necesaria unha serie de pasos previos que describimos a seguir¹²⁷:

- a) Diseñar e desenvolver un novo protocolo que posibilitase a realización de saltos hipertextuais, ou sexa, dun nodo de orixe a un de destino, que podería ser calquera tipo de información en formato electrónico. Este protocolo denominouse HTTP (HyperText Transfer Protocol) e estableceuse como a linguaxe que falan os servidores da WWW.
- b) Crear unha linguaxe que representase hipertextos e que incluíse información sobre a estrutura e o formato de representación, nomeadamente a orixe e o destino dos saltos hipertextuais. A esta linguaxe chamóuselle HTML¹²⁸ (HyperText Markup Language) e está formada por elementos do código ASCII (American Standard Code for Information Interchange)¹²⁹.
- c) Inventar un modo de codificar as instrucións para os saltos hipertextuais dun obxecto a outro da Rede. Debido á variedade de protocolos e de formas de almacenamento e de recuperación da información, estes datos tórnanse esenciais para que os computadores-cliente poidan acceder aos contidos dos servidores.
- d) Desenvolver e implementar aplicacións cliente para todo o tipo de plataformas e, sobre todo, resolver o problema de acceso á información que figura almacenada a través doutros protocolos (FTP, NNTP, Gopher, X.500, WAIS¹³⁰) e de representación da información dixital multiformato, isto é, con texto, gráficos, sons, fragmentos de vídeo etc.

O desenvolvemento de todas estas ferramentas dá lugar á web tal e como a coñecemos hoxe en día; unha web que permitiu crear novos modelos comunicacionais a grande escala e sen precedentes na historia, pois persoas separadas no tempo e no espazo poden aproveitarse dos recursos que a Rede lles ofrece para intercambiaren datos, conversas etc., de modo simultáneo ou case instantáneo. Ideoloxía política, culturas, linguas, literatura, arte, negocios etc., practicamente todo o que quixemos imaxinar pode ser partillado dixitalmente. Á diferenza dos recursos físicos, como poden ser as bibliotecas ou os medios de comunicación impresos, a difusión da información na Rede non consiste no movemento de materiais físicos, mais trátase dun soporte virtual en que a información non é palpábel, o que, alén das posíbeis desvantaxes, favorece –como xa sinalamos– unha maior rapidez e facilidade nas procuras que as que se poden realizar en calquera medio tradicional. Con todo, a data de caducidade das publicacións en Rede pode supor unha problemática, xa que se os servidores deixaren de

¹²⁷ Véxase o artigo que figura no seguinte enderezo: <http://www.uv.es/biblios/mei3/Web022.html>.

¹²⁸ Aínda que o HTML é a linguaxe marcada para a construción de páxinas web e cumpre as normas de SGML (Standard Generalized Markup Language), existen tamén outras linguaxes estándar que nos últimos tempos están a aparecer na web, cal o XML (Extensible Markup Language), que supón unha simplificación e unha adaptación do SGML que permite definir a gramática de linguaxes específicas. XML non é tanto unha linguaxe concreta, como un modo de definir novas linguaxes (Berners-Lee 2000:112-113). A este respecto, cómpre tamén citarmos o XHTML (Extensible Hypertext Markup Language) que é a linguaxe pensada para substituír o HTML como estándar nas páxinas web.

¹²⁹ O conxunto de documentos HTML vinculados entre si constituirá o hipertexto, que será tratado máis ao pomenor nas seguintes epígrafes deste estudo.

¹³⁰ Trátase de diversos protocolos para a transferencia de arquivos (FTP), para a lectura e publicación de artigos ou de novas na rede (NNTP), para indexar repertorios de documentos na Internet (Gopher), para acceder a directorios (X.500) e para procurar texto distribuído (WAIS).

funcionar ou se os enderezos desapareceren, a información deixará de estar accesíbel¹³¹. Nesta liña, Crystal (2006:210-211) afirma que a existencia dunha ligazón non significa necesariamente o acceso á información que contén, pois algúns servidores denegan este, do mesmo modo que certos sitios web. Alén disto, os propietarios destas páxinas poden fechalas ou mudar o seu enderezo, o que dará como resultado o que Crystal denomina *rot link* (ligazón podre) ou *dead link* (ligazón morta).

Na actualidade a World Wide Web é un dos servizos máis utilizados de todos os que presenta a Internet e a súa popularidade responde fundamentalmente a dous motivos: por unha parte, porque conforma unha aplicación doada de utilizar, xa que dispón dunha interface intuitiva e amigábel para o usuariado, como veremos en 1.2.1.3.1. Por outra parte, porque incorporou case todos os servizos básicos ofrecidos pola Internet, como o correo electrónico, o chat ou a mensaxaría instanánea, como resultado das súas posibilidades hipertextuais e da capacidade dos seus navegadores para interpretaren outras linguaxes (Vela Delfa 2005:115)¹³². Así as cousas, podemos concluír esta epígrafe afirmándonos que a web se configura como o medio de maior difusión a nivel comunicativo e informativo. Segundo datos tirados da Wikipedia, a World Wide Web é, en definitivo, “a consecución dunha das maiores ambicións do home: desde a antiga Mongolia, pasando pola Biblioteca de Alexandría ou a mesma Enciclopedia de Rousseau e Diderot”. Nesta enciclopedia dixital sinalase que o hipertexto ofrece a posibilidade de compilarmos nun mesmo tempo e espazo todo o saber acumulado desde os seus inicios até a actualidade. Por tanto, será a súa implantación e o seu suceso o que converta a Internet nun dos maiores medios a escala mundial. Neste sentido, tamén Trigo Aranda (2010:126-127) salienta que para que esta plataforma adquirise popularidade e comezase a se difundir, sería necesario, para alén das melloras nas telecomunicacións, que esta fose atractiva para o público en xeral, o que non aconteceu até a aparición da World Wide Web:

Gracias a las aportaciones de Tim Berners-Lee, Internet fue extendiéndose de forma exponencial, como ninguna otra creación humana. Para hacernos una idea, baste decir que el número de personas que accedían a Internet al inicio del desarrollo de la WWW, rondaba el cuarto de millón; hoy en día, somos más de mil millones quienes nos conectamos regularmente. A su vez, los cuatro nodos iniciales de 1968 se han convertido en más de setecientos millones cuarenta años después...y los diez sitios web que había en 1991 superan ahora los doscientos millones.

1.2.1.3.1 A web 2.0: o paso definitivo cara a un modelo comunicativo

Desde a súa aparición, a Internet foise ampliando en múltiples direccións, isto é, apareceron novos programas e aplicacións, novas ideas, novas empresas etc. Nesta liña, a Web 2.0 foi o camiño por onde avanzaron as tecnoloxías da información e da comunicación¹³³; seguíndomos Dans (2010:279), trátase da verdadeira revolución entre a interacción humana e a máquina. Aínda que existen dificultades para definir de modo exacto

¹³¹ Case con certeza podemos asegurar que nuns anos os enderezos web que nos achegaron valiosas fontes bibliográficas para a elaboración deste traballo deixarán de estar activos, de igual forma que nós non podemos xa acceder a moitas das referencias que aparecen en estudos anteriores que tratan estas cuestións.

¹³² É por esta razón que decidimos non tratar a World Wide Web como máis un medio de comunicación (véxase 1.2.2) senón como un servizo da Internet en que acabaron por converxer todos eles.

¹³³ No momento actual está tamén vixente o termo *Web 3.0* para aludir á transformación da Web nun banco de datos. Esta web e os seus servizos fundaméntanse no que se coñece como *Web Semántica*, isto é, buscas de linguaxe natural, aprendizaxe automático, datamining etc., como resultado do uso de técnicas de Intelixencia Artificial. Con todo, nunha aproximación ás novas modalidades textuais e aos seus códigos gráficos, será a Web 2.0 a que supoña un punto de inflexión no marco da interacción, motivo por que é tratado en pormenor nesta sección.

este fenómeno¹³⁴, a grande maioría dos estudiosos concorda a respecto das súas características principais: a Web 2.0 non é unha novidade tecnolóxica, non se trata dunha aplicación revolucionaria, mais dunha nova forma de encarar a Internet, en que o centralismo inicial dá paso a unha actitude colaborativa, interactiva e descentralizada, onde se partilla todo o tipo de recursos (aplicacións, coñecementos, arquivos etc.). Citando Dans (2010:280), configúrase como unha grande cooperativa a través da Rede; así os sitios creados na Web 2.0 constitúen verdadeiros puntos de encontro e ofrecen a posibilidade de a persoa usuaria interaxir con estes, ao contrario que os sitios web convencionais, simples distribuidores de servizos e/ou de información.

Para De la Torre (2006) a característica principal deste fenómeno é a substitución do concepto de Web de lectura polo de lectura-escritura, dado que existen numerosas ferramentas que contribúen para que os procesos produtivos de información que se levan a cabo na Internet se poidan desenvolver con poucos coñecementos técnicos e sen que implique un gasto excesivo de tempo. Isto, por súa vez, provoca que antes ou despois os internautas se vexan “forzados” a practicaren o exercicio da escrita reflexiva, xogando a seren xornalistas ou mesmo utilizando imaxes ou material multimedia como fonte de debate e de intercambio. Trátase dunha evolución natural da Internet, unha mudanza na filosofía do seu uso e, en última instancia, unha transformación no propio usuariado que, por primeira vez é consciente do seu poder (Dans 2010:281). Se hai uns anos a publicación, a edición e a revisión de contidos na Rede estaba reservada a uns poucos, coa Web 2.0 son necesarios poucos coñecementos informáticos para crearmos un espazo na Rede onde nos poidan ler millares de persoas e onde se poida xerar o debate sobre esas reflexións ou informacións. Neste sentido, o antecitado autor afirma que unha vez que a Internet se implantou na maior parte das esferas da nosa sociedade, as persoas usuarias comezaron a reclamar unha Rede libre, de código aberto¹³⁵ e participativa. Os internautas quixeron contribuír ao avance da Internet e as persoas responsábeis do desenvolvemento técnico ofrecéronlles as ferramentas necesarias. Nesta liña, cómpre destacarmos a revolución que causaron o fenómeno blog e os programas P2P (Peer to Peer), onde o importante era interconectar as persoas para que puidesen partillar as súas ideas, os seus arquivos e os seus intereses, entre outros.

De la Torre (2006) apunta para unha das mudanzas máis significativas que implica o desenvolvemento da Web 2.0, onde o salto tecnolóxico non pode ser tomado como excusa para nos incorporarmos neste proceso de intercambio e de reflexión: a Internet xa non só se constitúe como un medio a través do cal acceder a contidos, mais tamén permite a súa creación. Neste punto, existe un fenómeno que está a revolucionar o campo da información, que xa non só se basea de forma exclusiva nas fontes clásicas. Estámonos a referir á Wikipedia, isto é, a enciclopedia electrónica da Internet en que calquera internauta pode realizar as súas achegas e redixir artigos. Nesta ferramenta a xeración de coñecemento de modo partillado funciona de forma excelente. E, aínda que existen críticos que denuncian a falta de rigor e a inexactitude que un acceso libre pode provocar, nos últimos anos a Wikipedia tornouse nun recurso moi relevante no achegamento á información e, segundo

¹³⁴ A este respecto, De la Torre (2006) afirma que mentres que o concepto Web 2.0 fica claro “no resulta tan fácil definirlo de una manera más o menos directa; la razón de ello podría ser que otras revoluciones de corte tecnológico que hemos presenciado, llegaron orquestadas perfectamente por no más de dos o tres monstruos empresariales mientras que ahora, lo que se puede apreciar en un primer momento es una lluvia casi diaria de nuevas herramientas para ser usadas en Internet”, o que provoca certo desconcerto entre as persoas que se moven neste universo.

¹³⁵ “Código aberto” ou en inglés “Open Source” fai referencia ao software gratuïto que se pode descargar da Internet. Neste sentido, existen aplicacións como Open Office, alternativa gratuïta ao paquete Office de Microsoft.

diversos estudos, moitos dos seus artigos posúen un carácter científico similar ao de traballos especializados. Sobre este particular, a revista *Nature* declarou en 2005 que a Wikipedia en lingua inglesa era case tan fiable e precisa como a propia Enciclopedia Británica (Sempere 2007:353). Na actualidade, conforma unha fonte de consulta indispensábel para moitas cuestións e converteuse nunha das ferramentas máis utilizadas na Internet: conta con máis de 17 millóns de artigos dispoñíbeis en máis de 278 linguas¹³⁶. Estamos, pois, perante unha versión da Web máis rápida e participativa, onde a extensión da banda ancha e doutros dispositivos dixitais permite intercambiar na Rede non só texto, mais tamén material multimedia como video e fotos. Se unimos isto ao desenvolvemento de tecnoloxías como o Ajax¹³⁷, os blogs ou as redes sociais –que integran estas posibilidades informativas con outras de carácter comunicativo e interaccional– comprobamos que a publicación na Internet aumenta de forma considerábel. Neste sentido, é posíbel xerarmos documentos como os de Word en aplicacións web como Google Docs, subir fotos a Flickr, vídeos a You Tube¹³⁸ etc.

O concepto Web 2.0 xorde, segundo Sempere (2007:362), en 2001 durante unha tormenta de ideas entre os executivos de O'Reilly e Media Live International. Tim O'Reilly, fundador da primeira compañía, está considerado como o mellor conferencista, editor e ideólogo sobre informática do mundo, recoñecido fundamentalmente por ser un activista en prol do software gratuíto e dunha arquitectura aberta. No debate que mantiveron as dúas entidades chamouse a atención para o feito de que, a pesar do fenómeno da burbulla.com que tivera como consecuencia a desaparición de moitas empresas da Internet, a Rede permanecía máis activa que nunca: non deixaban de aparecer novas aplicacións, ideas, portais web etc., o que os levou a concluír que se trataba da típica crise provocada por un crecemento indiscriminado, característico de calquera nova tecnoloxía. A esta evolución da Rede, Dale Dougherty, vicepresidente de O'Reilly, decidiu denominala Web 2.0, concepto que se impuxo de forma rápida entre os internautas¹³⁹, a pesar de que, na opinión de Sempere (2007:362), nunca chegou a facerse oficial porque, mais do que unha tecnoloxía concreta, representa unha nova actitude, unha filosofía. Non se trata dun sistema con límites fechados, mais dunha idea viva e gravitatoria. Neste sentido, estaríamos perante unha segunda xeración da Web que mellora as prestacións da primeira:

Wikipedia reemplaza a la Enciclopedia Británica on-line, el blogging hace lo propio con los sitios web personales, el coste por click sustituye con ventaja al recuento de páginas visitadas, la participación a la publicación, la folksonomía del tagging a la taxonomía de los directorios, Google a Netscape, entre otros [...]. Como competencias nucleares se establecían una arquitectura de participación, escalabilidad de la efectividad de costes, transformación de datos y fuentes, software libre y organización de la inteligencia colectiva. Los planetas de este sistema definieron como instrumentos y herramientas ejecutoras los blogs de participación, Wikipedia, los grandes portales como eBay, You Tube, Amazon en los que el usuario participa como emisor y receptor, canales descentralizados como Bit-Torrent o

¹³⁶ O galego ten tamén unha representación nesta plataforma. Así, desde a súa creación en 2003, baixo o nome de Galipedia, o noso idioma é a lingua vehicular de numerosos artigos e, cumpridos xa máis dez anos, contén máis de 112.000 entradas. A grande actividade da versión galega sitúa a nosa lingua nunha posición relativamente estábel en relación co número de artigos, en concreto a 39ª, cos subsecuentes beneficios de cara á súa presenza e visibilidade na Internet.

¹³⁷ Trátase dunha tecnoloxía que permite acelerar a carga das páxinas web á mesma velocidade que se estivesemos operando cunha aplicación instalada no propio computador.

¹³⁸ A Wikipedia e You Tube encóntranse actualmente entre as dez webs máis visitadas do Estado Español. Véxase www.startup2.eu.

¹³⁹ Segundo Sempere (2007:362), en agosto de 2007 documentábanse 811 millóns de entradas en Google para este concepto, en canto en xaneiro de 2014 a cifra ascende a 1.150.000.000, o que dá conta da súa difusión nos últimos anos.

Current TV. Y como principios filosóficos la doctrina esencial de “una actitud, no una tecnología” (Sempere, 2007:362-363).

A web 2.0 conta con numerosos servizos que contribúen para estimular a interactividade e a cooperación e que fomentan a conduta dun usuariado libre, que participa de modo activo no desenvolvemento da Rede. Estas novas tendencias de medios de colaboración, cultura participativa, xornalismo cidadán, redes que permiten a interacción entre os internautas etc., son a consecuencia directa desa mudanza na propia natureza da Internet. De entre todas as sinaladas até o de agora, existen dúas plataformas que se tornan relevantes do punto de vista comunicativo para a fundamentación teórica do noso estudo: por un lado o fenómeno blog, medio de comunicación persoal e participativo aínda en activo e, por outro lado, as redes sociais, tanto persoais como profesionais, que integran as posibilidades do anterior ao tempo que incorporan utilidades para interaxirmos en tempo real ou diferido cos membros da nosa comunidade.

1.2.1.3.1.1. Blogs¹⁴⁰

O termo “blog” apareceu, segundo Sempere (2007:321), no ano 1999, como unha apócope da palabra composta “weblog”, que se creara dous anos antes e cuxo significado é bitácora. Os blogs son un medio de comunicación electrónica sinxelo e libre que funciona a modo de páxina web, en que se incorporan periodicamente comentarios ou artigos que a persoa usuaria ou blogueira decide incluír no seu espazo persoal e que se van mostrando por orde cronolóxica. Cada unha das entradas deste incluírá a data e a hora en que se publicou e poderá ser accesíbel de forma permanente. As bitácoras son de acceso público de forma que calquera dos/as lectores/as destas teñen a posibilidade de enviaren un comentario sobre a mensaxe publicada; na opinión de Dans (2010:300), isto consegue unha retroalimentación que contribúe para dar diferentes puntos de vista ou para comple(men)tar a información. Así, cantos máis comentarios provocar, máis interese adquirirá o blog, xa que se constituirá nun espazo participativo e interactivo, o que propiciará o establecemento de debates e o intercambio de pareceres. Como se pode observar, trátase dun medio diferido, onde non é preciso que a persoa emisora e a receptora estean conectadas ao mesmo tempo; porén, configúrase como unha forma alternativa para difundir información e opinión e mesmo para interaxirmos co resto dos internautas, pois tamén se erixe como un punto de encontro entre persoas que partillaren afeccións, de forma semellante aos foros, aos grupos de novas ou ás listaxes de distribución (véxase 1.2.2.2).

Na opinión de Sempere (2007:322), os motivos que levan a unha persoa usuaria da Rede a crear un blog son moi variados: necesidade de comunicación persoal, profesional, lúdica, creativa etc. Serven tanto de plataforma de investigación como de estandarte para difundiren unha idea, unha materia ou mesmo unha afección, se ben que tamén sinala casos de simple egocentrismo e de exhibicionismo. Igualmente, poden funcionar a modo de taboleiro de anuncios en que se expoñen opinións sobre un tema determinado, o que, por súa vez, permite a posibilidade de establecermos unha comunicación interpersoal. A utilización deste tipo de plataformas está chegando a todos os ámbitos da actividade humana. O campo

¹⁴⁰ Na liña do exposto en Sempere (2007:320), convén indicarmos que se trata do termo máis común para denominarmos este fenómeno da Web 2.0. Existen, no entanto, outros termos que se utilizan para facer referencia a este medio: *Bitácora*, vocábulo de resonancias mariñas que ás veces ten sido criticado por non ser compatíbel coa vangarda que supoñen as tecnoloxías; *ciberbitácora*, demasiado longo para a linguaxe sincopada da Internet; *ciberdiario*, que pode provocar confusión cos xornais dixitais; e variantes como *diarios on-line* ou *cadernos dixitais*. No entanto, hoxe en día posúe aínda unha maior prevalencia o termo orixinal, estendido tamén a outros lugares de fala non inglesa.

educativo está levando a cabo numerosas iniciativas en torno á Internet, pois resulta unha alternativa atractiva para o alumnado e contribúe para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Neste sentido, cómpre mencionarmos a versión educativa das bitácoras, tamén denominada edublogs. De la Torre (2006) afirma que se trata dunha forma doada e gratuíta de escribir de forma periódica, persoal ou colectivamente, na Internet, e que, aliás, permite o debate ou os comentarios sobre cada un dos temas que se van formulando. Constitúe unha forma produtiva para fomentar a escrita do alumnado que, en moitos casos, mantén o seu propio blog na Rede. Sempere (2007:322) sinala un outro uso significativo desta aplicación, como é o creado no Centro Penitenciario da Trinitat de Barcelona¹⁴¹; aquí o blog funciona como un medio para a aprendizaxe e a reinserción dos reclusos, que o conciben como unha plataforma estimulante que, debido a características do propio medio, cal a realidade virtual, lles outorga unha aparencia de liberdade.

Do punto de vista técnico, as bitácoras configúranse como ferramentas de publicación gratuítas e de fácil manexo, grazas á súa estrutura de ligazóns, novas, comentarios e opinións. Canto á disposición da páxina, convén sinalarmos os seus elementos principais: as notas ou os posts, que son o medio de expresión por antonomasia dos blogueiros e que se arquivan cronolóxicamente e tematicamente; tamén poden existir diversos hipervínculos recomendados polo/a autor/a do blog ou as súas referencias persoais, para alén dun sistema que permite que o resto do usuariado poida publicar comentarios (Sempere 2007:322). Ademais destas compoñentes, Dans (2010:301) salienta outros como o título ou a cabeceira¹⁴² e o descriptor, isto é, un pequeno texto que ou ben define o blog ou serve como lema ou frase de presentación deste. Normalmente, este tipo de sitios web presenta un deseño sinxelo, acorde cos postulados da Web 2.0; así as cousas, calquera internauta interesado nestes medios de comunicación pode facer uso da plataforma sen demasiados coñecementos informáticos. Serán estas características e a súa potencialidade como medio de expresión as causas principais do seu grande suceso.

Existen subxéneros do blog como os fotoblogs, os audioblogs os moblogs e os videoblogs. Todas estas subcategorías forman o que se denominou a blogosfera –blogomillo, para aqueles redixidos na nosa lingua–, que goza de centos de millares de persoas usuarias en todo o mundo e que está a crecer de maneira exponencial, paralela á extensión da Internet a todos os lugares. Existen numerosos sitios web que ofrecen modelos e xestores de bitácoras; son aplicacións gratuítas e non requiren demasiados coñecementos. De acordo con Dans (2010:302), as máis coñecidas son as seguintes: Blogia (<http://www.blogia.com>), Blogger (<http://www.blogger.com>), Bitácoras (<http://www.bitacora.com>), La Coctelera (<http://www.lacoctelera.com>) e Fotolog (<http://www.fotolog.com>). Inclusive, algúns dos máis importantes xornais con edición en papel ofrecen a posibilidade de crear desde a súa páxina web blogs persoais, pois son conscientes da importancia que están adquirindo estes medios de expresión, mesmo como alternativa ao xornalismo tradicional. Nesa liña, a teoría da comunicación comezou xa a considerar como un novo actor esta forma de interacción horizontal¹⁴³ e, consecuentemente, as escolas de xornalismo estudan xa o fenómeno *blogging*, como máis unha posibilidade. A este respecto, tórnanse relevantes estas afirmacións:

¹⁴¹ Véxase Mercè Molist (2007): “Bloggers desde la cárcel” en Ciberpaís (10-05-2007) e <http://bloggersdesdeprision.blogspot.com/>.

¹⁴² Esta costuma levar un tipo de letra maior que a do resto da páxina e serve para presentar e definir a bitácora.

¹⁴³ Este tipo de expresión tamén se ten denominado xornalismo cidadán e representa con grande dinamismo a cultura participativa que sustenta a Era Dixital. Trátase, por tanto, da loita entre os vellos magnates analóxicos e o invasor dixital.

Los nuevos medios electrónicos espontáneos se están consolidando como una especie de periodismo periférico, como excelente fuente de noticias alternativas y, a menudo, como una permanente fábrica de *scoops* que le han dotado de legitimidad. El ataque a las Torres Gemelas del 11S 2001, el chapapote del Prestige avistado por los internautas de Finisterre, la guerra de Irak desde dentro de los cercos y núcleos de la violencia, los atentados del 11M 04, y la matanza de la Universidad Politécnica de Blacksburg, Virginia, el 16 de abril de 2007, fueron cubiertas al instante por una red de reporteros espontáneos, actores y narradores, al pie de la noticia y de sus blogs y, en último caso, también del teléfono móvil como cámara providencial. El periodismo electrónico, espontáneo y no profesional, es ya una realidad. Ha llegado para quedarse. Los viejos dinosaurios analógicos tendrán que reconocer la realidad, unirse al enemigo si no lo pueden vencer (Sempere, 2007:323).

Para alén dos datos xa sinalados a respecto da Galipedia, tamén o fenómeno blog contribuíu en boa medida para fomentar a presenza da nosa lingua na Internet. Estas afirmacións están avaladas por diversos estudos¹⁴⁴ que sitúan o galego nun posto privilexiado a respecto dos idiomas máis empregados nestas plataformas. Neste punto virán relevantes os seguintes datos:

Segundo a I Enquisa a blogueiros/as Galegos/as realizada polo Observatorio para a Cibersociedade a lingua dominante nos blogs feitos en Galicia é o galego; de feito, tres de cada catro blogs utilizan só o galego. Segundo Canabal (2006, <http://www.consellodacultura.org/enblogs>), o incremento das bitácoras en Galicia foi exponencial, pasouse de 2 blogs en 2001 a 189 en 2005. Por tratarse dun fenómeno emerxente non é fácil prever a vitalidade e a evolución deste medio pero do que non cabe dúbida é de que a súa presenza está sendo un resorte de visibilidade da nosa lingua (Lorenzo Suárez / Ramallo / Casares Berg 2008:155).

1.2.1.3.1.2. Redes Sociais

Entre os fenómenos orixinados nos últimos anos na Rede, un dos máis coñecidos é o das redes sociais que, aínda que non incorpora novidades tecnolóxicas, isto é, novos protocolos de comunicación entre sistemas, constitúen unha nova “topoloxía relacional” (Gómez Vieites / Otero Barros (2011:190) entre persoas, xa que ofrece canles de interacción estábeis entre estas con diversas finalidades, quere dicir, desde a difusión de novidades até a expresión de sentimentos. Esta plataforma ofrece a todas as persoas usuarias de Rede a posibilidade de difundiren as súas mensaxes persoais, que, como xa se sinalou, poden responder a diversos obxectivos, ben profesionais, promocionais, políticos ou simplemente persoais. Ao contrario doutros medios electrónicos, cal o correo electrónico ou a mensaxaría instantánea, que están orientados fundamentalmente cara á comunicación un-a-un, as redes sociais constitúense como plataformas que permiten chegar a un público máis amplo, escollido previamente polo emisor, o que tampouco acontece noutros medios de moitos a moitos como os chats. Trátase, segundo Dans (2010:287), dunha nova maneira de crear comunidades virtuais dun modo máis ou menos espontáneo, pois estes sitios web funcionan como un clube social, á diferenza de que non se precisa pagar unha cota mensual. A pesar de ser un medio de relación máis artificial do que as interaccións face a face, está triunfando de xeito rotundo entre os internautas, pois permite estarmos en contacto directo coas amizades e os familiares, partillarmos fotografías, videos ou intereses¹⁴⁵. Os implementadores dos sitios web decatáronse do suceso destes servizos, de modo que na actualidade se poden encontrar numerosas redes sociais na Web, que en certo modo asumen e completan as funcionalidades sinaladas para os blogs.

¹⁴⁴ Véxase Artigo da edición dixital de *Galicia Hoxe* (08-10-2009).

¹⁴⁵ O actual ritmo de vida da nosa sociedade provoca que cada vez lle dediquemos menos tempo ás interaccións face a face, polo que este medio se torna nunha alternativa moi eficaz para garantirmos a comunicación entre un grupo de persoas, aínda que se encontren separadas xeograficamente.

Tórnase complexo determinar con exactitude que iniciativa pode ser considerada a primeira rede social da Internet, pois, na liña do exposto en Gómez Vieites / Otero Barros (2011:191-192), os primeiros fenómenos deste tipo poden considerarse subsidiarios das redes de intercambio P2P, como por exemplo Napster. Con todo, apuntan tamén que a aproximación que seguen redes sociais como as antecitadas procede dun antigo postulado do autor Frigyes Karinthy, coñecido como a *Teoría do Pequeno Mundo*, segundo a cal é posíbel escollermos unha persoa ao azar no mundo e chegarmos a ela a través de contactos próximos e de contactos dos nosos contactos en menos de seis saltos. Dentro das redes sociais podemos distinguir dúas liñas perfectamente diferenciadas, isto é, por unha banda, as redes sociais persoais, en que as persoas se agrupan por intereses comúns e partillan opinións, música, fotos etc, como é o caso de Facebook, MySpace ou Tuenti ; e, por outra banda, as redes sociais profesionais, onde a finalidade é a creación de contactos laborais afíns a cada usuariado e o que se partillan son referencias, currículos etc. Neste xénero destacan LinkedIn e Xing (Dans 2010:287). Gómez Vieites / Otero Barros (2011:192) afirman que hoxe en día é posíbel rexistrarse nestas redes e facer pública unha breve recensión do noso currículo, da mesma forma que declarar a situación profesional¹⁴⁶ en que se encontran as persoas usuarias, isto é, no desemprego, con traballo máis en disposición de ser contratados, procurando oportunidades de negocio etc.

Para chegarmos ás orixes das redes sociais persoais hai que remontarse, segundo Trigo Aranda (2010:152), a 1995, ano en que Randy Conrads creou o portal Classmates.com (<http://www.classmates.com>) como unha fórmula para manter o contacto con antigos compañeiros de aulas. Terían de pasar sete anos até que en 2002 comezaron a xurdir algúns sitios webs que promocionaban esta serie de redes de amizades en liña, mais non será até 2003 cando comece o *boom* destas plataformas, debido á aparición de MySpace¹⁴⁷, que se ben que en Europa non é das que máis suceso conseguiron, en EEUU é un dos sitios web máis visitados e conta, aproximadamente, con douscentos millóns de persoas usuarias¹⁴⁸. Canto a Facebook, cómpre sinalarmos que este concepto facía referencia nas universidades norteamericanas ao anuario que se edita a comezos de curso cos nomes e as fotografías de todo o estudantado coa finalidade de se coñeceren mellor. Mark Zuckerberg retomou esta idea en 2004 e trasladouna á Internet, onde focalizou a súa atención no alumnado da universidade de Harvard, en que el estudaba. Habería que agardar até 2006 para que, segundo Dans (2010:288), esta rede, nun principio limitada ao ámbito académico, se convertese nunha plataforma pública que en moi pouco tempo se estableceu como a rede social persoal por antonomasia, tal como o avalan a súa extensión e a súa popularidade en todo o mundo. Na liña dos datos achegados por Trigo Aranda (2010:153), o potencial da empresa era tal que arredor de 2009 a cifra de persoas usuarias de Facebook superaba os 350 millóns¹⁴⁹. A este

¹⁴⁶ Gómez Vieites / Otero Barros (2011:192) advirten que se ben que a idea de se pór en contacto con persoas que puidesen contribuír para o crecemento profesional doutras provocou un aumento masivo de usuarios/as nas redes profesionais, pouco tempo despois percibiuse que este concepto tiña, segundo estes autores, “más de romántico que de práctico”, polo que se desenvolveron servizos en torno aos conceptos de empregabilidade e de intercambio comercial.

¹⁴⁷ Inicialmente desenvolvida por antigos empregados de eUniverse, foi comprada en 2005 por News Corporation, empresa que pagou máis de cincocentos millóns de dólares pola súa adquisición (Trigo Aranda 2010:152).

¹⁴⁸ Nos últimos anos esta plataforma converteuse nun espazo para a promoción de músicos e outros artistas, un lugar onde expoñen as súas creacións. De feito, a maioría dos grupos musicais contan cun perfil en MySpace, desde bandas que acaban de comezar a súa carreira até outras como U2, xa consolidadas (Dans 2010:293).

¹⁴⁹ Segundo Gómez Vieites / Otero Barros (2011:193), Facebook conseguiu en 2010 un fito histórico ao superar a Google como o servizo Web máis empregado polos internautas en EEUU. Outros datos achegados por estes autores revelan a transcendencia desta rede social: en agosto de 2010 a dita plataforma recibiu máis de 500

suceso tamén axudaron as características técnicas da plataforma e, nese sentido, é relevante o seguinte excerto que aparece en Dans (2010:290), en que se afirma que

las posibilidades de Facebook cada día son más amplias, gracias a unas aplicaciones modulares que se pueden incorporar a la interfaz, las cuales son creadas desde Facebook Platform (Plataforma Facebook). Se trata de una utilidad que permite crear aplicaciones que interactúen con las principales funcionalidades de Facebook. Con esta plataforma se han creado multitud de juegos, encuestas y otras utilidades. Las grandes empresas tecnológicas no han querido ser ajenas al éxito de esta red social, por ello, han desarrollado aplicaciones para interactuar con Facebook [...]. Cada vez son más los países en los cuales Facebook permite a los usuarios el envío de mensajes a sus perfiles o amigos, utilizando el servicio de SMS y MMS, sin necesidad de disponer de un teléfono móvil de última generación.

Nesta liña e concordándonos co exposto en Gómez Vieites / Otero Barros (2011:194), coa proliferación de terminais móbeis de alta resolución gráfica se está a desenvolver en maior medida a dependencia deste tipo de servizos de interacción e intercambio, dado que é posíbel enviarnos e recibirmos mensaxes en tempo real. En relación con isto, a limitada ergonomía destes terminais no referente á introdución e a edición de textos deu lugar a outro fenómeno de grande suceso, cal o *microblogging* ou difusión de mensaxes curtas, como un híbrido entre os blogs e as redes sociais. Por esta necesidade de aumentar a frecuencia do contacto e diminuír o esforzo construtivo das mensaxes xurdiu tamén en 2006¹⁵⁰ Twitter, rede social creada por Jack Dorsey, que decidiu deseñar un espazo en que o usuariado se comunicase a través de mensaxes curtas, cunha limitación de 140 caracteres. Unha das razóns desta restrición era a posibilidade de que, para alén de seren enviadas desde o sitio web de Twitter, puidesen transmitirse a través das SMS (limitadas a 160 caracteres), da mensaxaría instantánea etc. Trigo Aranda (2010:153) sinala que foi o día 21 de marzo de 2006 cando o propio Dorsey publicou a primeira mensaxe desta plataforma, “just setting up my twttr”. Este tipo de textos foron denominados *tweets* e convertéronse nun medio moi utilizado para transmitir a un grupo de amizades calquera tipo de información. Segundo o antedito autor, “decirles que estamos tomando un café o paseando por un bonito parque puede parecer banal, pero mucha gente utiliza este servicio con asiduidad, especialmente el público adulto”. De modo similar ao que aconteceu con Facebook, Twitter xa non é o único portal de *microblogging*, pois desde a súa creación apareceron outras iniciativas como Jaiku, Tumbl, Beeing etc., que, porén, non lle disputan a súa supremacía.

Desde unha perspectiva técnica, cómpre sinalarmos, na opinión de Dans (2010:287), que a estrutura das redes sociais conta con diversos elementos: por un lado, trátase dunha plataforma á cal unha persoa usuaria convida un grupo de internautas para que establezan unha conexión por medio dese sitio web. O usuariado que aceptar o convite pasará a formar parte da súa rede de contactos. Estes/as novos/as usuarios/as realizarán a mesma operación, de modo que a rede de relacións sociais se vai estendendo exponencialmente. Nas plataformas de tipo persoal as funcionalidades son ilimitadas: o usuariado pode incluír fotos de perfil e información persoal de todo o tipo, interaxir co resto dos seus contactos, ver os contributos doutras persoas, publicar fotos, escribir comentarios sobre estas etc. Os perfís dos internautas poden ser públicos (isto é, accesíbeis para todo o usuariado rexistrado nesa rede

millóns de visitas, o usuariado pasou 41.1 millóns de minutos conectado, dedicando a Facebook o 9.9% do tempo que emprega para navegar pola rede e, nesta liña, outorgoulle un 9.6% máis de tempo a esta plataforma do que a Google (inclusive tendo en conta o tempo que se inverte en Gmail).

¹⁵⁰ 2006 tamén é o ano en que se dá a coñecer a rede social española Tuenti, dirixida á poboación adolescente e cuxo único modo de rexistrarse é recibindo unha invitación dalgunha persoa que xa pertenza a esa rede, o que asegura que o usuariado está vinculado con outro membro da rede (Dans 2010:294). Nesta liña, García Granja (2010) apunta que as redes son sistemas abertos que se van construíndo co que cada subscrito achega a elas; cada novo membro que se rexistra transforma o grupo nun novo.

social) ou privados¹⁵¹, onde tan só a rede de contactos pode observar a actividade que se realice. Existe tamén a posibilidade de organizar eventos e de convidar outros para se uniren. Estes poden aceptar ou rexeitar o convite; do mesmo modo, tamén se lles ofrece a posibilidade de accederen a grupos en función da súa temática, entre outras opcións. Un outro aspecto importante do punto de vista comunicativo é a aplicación de mensaxaría instantánea que se executa na parte inferior da pantalla e que nos permite interaxir cos contactos que se encontraren conectados nese momento (cfr. 1.2.2.4).

Por outra banda, as redes sociais profesionais serven non tanto para favoreceren a interacción entre un grupo de amizades canto para buscaren emprego, veren en que estado se encontra o mercado laboral etc. Segundo Dans (2010:294), existe na actualidade unha tendencia mediante a cal os departamentos de recursos humanos visitan estas plataformas para acharen persoal candidato que cubra un posto determinado. Á diferenza das redes persoais, en que os contactos se coñecen como amigos, nas profesionais denomínanse conexións. As persoas que se rexistran neste tipo de webs achegan información profesional (aspiracións, experiencia, inquietudes profesionais etc.), como se dun currículo se tratase. Tamén se utiliza como rede de contactos, nomeadamente para as pequenas e medianas empresas e para as persoas autónomas, pois permítelles estableceren relacións con contactos directos, que posibelmente as axudarán a se expandiren. Aínda que nalgúns casos as redes persoais como Facebook tamén poden servir para determinados fins profesionais¹⁵², son dúas as redes máis populares que se dedican en exclusiva ao mundo laboral: LinkedIn e Xing, que presentan unhas funcionalidades moi similares. A primeira foi fundada en 2002 e conta con máis de 45 millóns de persoas usuarias en todo o mundo, sendo máis de 500.000 internautas españois. Pola súa banda, Xing¹⁵³ é unha empresa alemá que se publicou en Rede a mediados de 2003 e que na actualidade ten máis de 8 millóns de persoas rexistradas en todo o mundo. Esta rede posúe unha maior difusión no ámbito europeo, en canto LinkedIn triunfa a nivel mundial. Trátase de webs que permiten a entrada de forma gratuíta, mais se quixermos ter acceso a funcións de uso avanzado é preciso posuímos unha conta Premium (cun custo mensual de 6 euros). Estoutro estatus permite, entre outras cousas, vermos que persoas ou empresas visitan o noso perfil¹⁵⁴.

Desde unha aproximación empresarial, Armstrong / Hagel (1996) puxeron de relevo a importancia de aproveitar o potencial das comunidades virtuais (aínda non existía o concepto de redes sociais), nomeadamente para a área de marketing. Neste sentido, Gómez Vieites / Otero Barros (2011:196) sinalan que xa hai uns anos diversas empresas están a utilizar a Internet para desenvolveren estratexias de mercadotecnia relacional, co obxectivo de integraren a clientela e / ou a potencial clientela arredor dunha comunidade virtual que xire en torno a un produto ou a unha marca. A finalidade é comunicar ao tempo que entreter, o que provoca que se estableza unha “atmosfera especial” arredor dese produto. Este tipo de

¹⁵¹ Facebook ten sido criticado, para Dans (2010:291) polas políticas de privacidade que practica, dado que até non hai moito tempo, cando unha persoa se rexistraba nesta plataforma aceptando os seus termos de uso estaba a ceder toda a información (datos persoais, fotografías etc) a Facebook, de modo exclusivo e para toda a vida. Con todo, esta cláusula foi retirada debido á presión das queixas dos propios usuarios.

¹⁵² Segundo un estudo realizado polo portal de emprego CareerBuilder no 2009 os departamentos de recursos humanos das empresas acceden con maior asiduidade a Facebook do que a LinkedIn para consultaren información persoal sobre os/as usuarios/as (Dans 2010:296).

¹⁵³ O seu nome provén do chinés e significa ‘é posíbel’, mais nun primeiro momento era coñecida baixo o nome de OpenBC. Co paso do tempo adquiriu outras redes profesionais españolas como eConozco e Neurona e mudou o nome para o que presenta actualmente (Dans 2010:297).

¹⁵⁴ No momento en que se realiza o rexistro poderemos acceder de forma gratuíta a estes servizos Premium durante un mes. Este tipo de promocións costumaban ser moi frecuentes e efectivas, pois conseguen que moitos/as usuarios/as se pasen á conta de pago.

iniciativas tórnase unha ferramenta eficaz para os programas de fidelización de clientes¹⁵⁵. A publicidade nas redes sociais permite, segundo estes autores, alcanzar o obxectivo desexado a través de todas as posibilidades que ofrece de segmentación publicitaria: demografía, xeografía etc. Aliás, favorece a aprendizaxe das persoas usuarias mediante o seguimento das súas respostas ou dos seus hábitos de navegación¹⁵⁶. No entanto, existen tamén outros ámbitos en que poden ser aplicadas as redes sociais. A este respecto, García Granja (2010) realiza unha aproximación a estas plataformas do punto de vista educativo e sinala que se trata dunha potente ferramenta de traballo, pois favorece a aprendizaxe colaborativa, aumenta a motivación do alumnado, fomenta a aprendizaxe autónoma, facilita a retención do que se ensina e revaloriza o traballo en equipo. Neste punto, destaca a rede social educativa Edmodo, creada en 2008 e que supera na actualidade as 3.000.000 persoas usuarias.

1.2.2. Os novos medios de comunicación

Nas epígrafes anteriores tratamos o rápido desenvolvemento que experimentaron os campos da Informática e das telecomunicacións. Entre todas as tecnoloxías que, consecuentemente, apareceron, tórnase relevantes para a nosa investigación aquelas que se enmarcan na esfera das chamadas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Na liña do exposto por Vela Delfa (2005:100), estas constitúen o conxunto de procesos e de produtos derivados das ferramentas, dos soportes e das canles de comunicación que se relacionan co almacenamento, co procesamento e coa transmisión electrónica dos datos; e embora información e comunicación sexan realidades estreitamente ligadas neste medio, interésannos especialmente aquelas tecnoloxías ao servizo da comunicación. Entre elas, a Rede e a telefonía móbil ocupan un lugar privilexiado debido, de modo fundamental, á variedade de ferramentas e de aplicacións que poñen ao dispor de todas as persoas usuarias e ao seu potencial para a interacción.

O correo electrónico, os chats, a videoconferencia, as SMS ou a mensaxaría instantánea son algúns exemplos dos novos contornos comunicativos xurdidos como consecuencia dos avances tecnolóxicos. Será ao longo destas páxinas onde estudaremos as características dos principais sistemas de comunicación que apareceron no marco das TIC. Nesta liña, realizaremos unha aproximación aos contornos e ás ferramentas máis relevantes que poden ser utilizadas para mantermos interaccións ou comunicacións interpersoais. A maior parte destes medios móvese no contexto do desenvolvemento do computador e da Internet, mais existen outros, como as SMS ou o *beeping* que teñen como marco dispositivos de telefonía móbil. Porén, xulgamos que a xa sinalada converxencia de ambas as tecnoloxías nos *smartphones* (cfr. 1.2.1.1.2) e a proximidade nas súas características tornan pertinente unha análise conxunta. O noso propósito neste momento será presentarmos estes novos espazos comunicativos, incidindo na súa orixe, evolución e funcionamento. Non obstante, somos conscientes de que as súas particularidades comunicativas e técnicas determinarán igualmente novas modalidades discursivas e usos lingüísticos específicos, como veremos no

¹⁵⁵ Gómez Vieites / Otero Barros (2011:196) sinalan como unha iniciativa empresarial para mellorar a comunicación cos clientes a creación dun perfil dentro das redes sociais en que se acheguen servizos e contidos de grande valor engadido, con actualización de contidos e que fomente a participación activa do usuariado.

¹⁵⁶ En Berners-Lee (2000:133-134) afirmase que a Web ten dous aspectos que poden causar preocupación nos consumidores: por un lado, a información pode recollese de modo máis doado e, por outro lado, pode utilizarse para adaptar o que unha persoa experimentar. Neste sentido, se as empresas web –como Google ou Facebook– descubriren o “click stream” que realiza un internauta cara a un determinado conxunto de sitios, pode, a partir de aí, elaborar un perfil fiel dos lugares frecuentados por esa persoa e, xa que logo, aproveitarse destes datos ofrecendo publicidade afín.

capítulo 2 e 3, en que se analizará con pormenor o caso particular das SMS e do seu código gráfico¹⁵⁷.

1.2.2.1. O correo electrónico

Trátase dunha ferramenta comunicativa que ofrece a Internet e cuxa finalidade consiste en manter unha interacción entre dúas ou máis persoas mediante o intercambio de mensaxes escritas. Igual que acontece coas SMS, estamos perante un contorno de comunicación de carácter diferido, dado que as persoas participantes na interacción non teñen porque estar virtualmente presentes no momento en que se producen as mensaxes, como si acontece nos chats e nos sistemas de mensaxaría instantánea, senón que estas son enviadas e almacenadas nunha caixa de correo¹⁵⁸. No entanto, en ocasións a rapidez con que se realizan as interaccións convérteno nun medio case simultáneo. O funcionamento desta aplicación é moi sinxelo: a persoa usuaria posúe un enderezo electrónico e dispón dunha caixa de correo, á que accederá mediante un computador con acceso á Rede¹⁵⁹, onde se irán almacenando as mensaxes enviadas por outras persoas usuarias. Para acceder a elas é preciso conectarse a un servidor e introducir a dirección electrónica e a clave. Estas mensaxes poden conservarse no servidor e serán agrupadas en diferentes seccións (enviados, recibidos, eliminados, correo non desexado), onde ocuparán un espazo ou, de forma complementar, poden ser tamén descarregadas no computador da persoa usuaria, mediante o uso dun sistema de correo electrónico de acceso local. Este servizo de correspondencia electrónica baséase no protocolo SMTP (Simple Mail Transfer Protocol), que serve non só para garantir a recepción das mensaxes, mais que tamén é empregado polos Mail-Router¹⁶⁰ para posibilitaren que as mensaxes circulen entre eles antes de chegaren ao seu destino. Ao se tratar dun servizo da Web, as persoas usuarias poderán acceder á súa caixa de correo desde calquera computador conectado a Internet (Vela Delfa 2005:102-103).

Dans (2010:105) afirma que o primeiro correo electrónico se produciu en 1971, ano en que Ray Tomlinson, enxeñeiro do proxecto ARPANET, creou un programa para enviar este tipo de textos como consecuencia da actualización dunha aplicación denominada CPYNET. O seu nome inicial foi SNDMSG¹⁶¹ (*Send Message = Enviar Mensaxe*). Porén, este sistema contaba con antecedentes, na súa maioría sistemas locais de mensaxaría que permitían ás persoas usuarias dunha mesma máquina ou dunha mesma rede intercambiaren pequenas mensaxes (Vela Delfa 2005:104). Para proceder ao envío de correos e ampliar o direccionamento na Rede fíxose necesario diferenciar os nomes das persoas usuarias e os

¹⁵⁷ Por esta razón, en 1.2.2.5 trataremos sucintamente as particularidades deste sistema de interacción, dado que ao constituír un dos obxectivos centrais do traballo, terá un desenvolvemento posterior (cfr. 3.2). Así, nesta sección repararemos unicamente nas súas propiedades técnicas.

¹⁵⁸ Vela Delfa (2005:102) sinala a este respecto que a diferenza doutras aplicacións da Internet como Telnet, FTP ou a Web, que presupoñen unha conexión directa entre o remitente e o destinatario, isto é, entre a máquina cliente e o servidor, no correo electrónico non teñen porque permanecer conectados ao mesmo tempo, debido á intervención dos servidores locais de correo electrónico, que reciben e almacenan as mensaxes para logo transmitilas aos seus destinatarios.

¹⁵⁹ Existen aplicacións, como o Outlook de Microsoft que permiten descargar e gardar no computador do usuariado as mensaxes almacenadas no Webmail. Porén, para proceder ao envío e á recepción das mensaxes é preciso conectarse ao servidor.

¹⁶⁰ Servidores locais de correo electrónico.

¹⁶¹ Este novo sistema de comunicación dixital foi denominado *email*, termo derivado de *electronic mail* (correo electrónico).

nomes do servidor e, neste sentido, Tomlinson decidiu escoller o símbolo arroba (@)¹⁶² para os separar, creando así unha notación co formato nome@dominio¹⁶³, aínda vixente na actualidade. A respecto do uso da arroba Hafner / Lyon (1996:193) indican o seguinte:

Tomlinson became well known for SNDMSG and CYPNET. But he became better known for a brilliant (he called it obvious) decision he made while writing those programs. He needed a way to separate, in the e-mail address, the name of the users from the machine the user was on [...]. He wanted a character that would not, under any conceivable circumstances, be founding the user's name. He looked down at the keyboard he was using [...]. In addition to the letters and the numerals there were about a dozen punctuation marks [...]. Tomlinson said "I chose the @ sign". The character also had the advantage of meaning "at" the designated institution. He had not idea he was creating an icon for the wired world.

O correo electrónico configúrase como o primeiro dos sistemas de comunicación en rede e, aínda que xorde a comezos da década de 70, haberá que esperar máis dez anos para que o seu uso se comercialice. Na opinión de Trigo Aranda (2010:140), cando a Internet se fixo de consulta habitual en empresas, en entidades ou nos fogares, este medio de comunicación electrónico resultou moi útil porque simplemente exixía a conexión co servidor durante un curto espazo temporal e porque, outrosí, presentaba moitas máis vantaxes que as comunicacións convencionais: era máis rápido, máis barato e asíncrono¹⁶⁴ e, aliás, o custo da mensaxe non variaba en función da distancia nin do número de persoas destinatarias, o que o converteu nunha plataforma comunicativa de grande alcance e moi accesíbel. Vieites Gómez / Otero Barros (2011:117) afirman que a revolución do correo electrónico é a revolución das comunicacións do século XXI, cun impacto comparábel ao daqueles servizos que impulsaron o desenvolvemento das telecomunicacións en épocas pasadas, isto é, o telégrafo de Samuel Morse de 1844, a primeira chamada de teléfono de Graham Bell en 1876 ou o lanzamento do primeiro satélite artificial en 1957. En relación con isto Trigo Aranda (2010:139) sinala que

las crónicas recogen el primer mensaje telegráfico enviado el 24 de Mayo de 1844 por Morse desde Washington a Baltimore: *What hath God wrought*. También se recuerda la primera conversación telefónica de Graham Bell con su ayudante, Mr. Watson, el 10 de marzo de 1876, que parece ser se redujo a: *Mr. Watson, come here; I want to see you*. En cambio, nadie conoce el texto del primer correo electrónico, ni siquiera Ray Tomlinson, que afirmó que se envió varios mensajes sin sentido a sí mismo de un equipo a otro; en sus propias palabras, "lo más probable es que el primer mensaje fuese QWERTY o algo similar".

Co transcurso do tempo, os programas de correo electrónico foron evoluíndo grazas ao desenvolvemento de novos protocolos, e isto foi o que provocou que os programas lectores de correo electrónico actuais permitan, hoxe en día, empregar o hipertexto nas mensaxes, para alén de adxuntar todo tipo de ficheiros (imaxes, documentos, bases de datos etc.) que se transmiten encapsulados dentro da propia mensaxe (Gómez Vieites / Otero Barros 2011:118). Dentro dos programas lectores de correo electrónico, o mais empregado en todo o mundo é o Outlook de Microsoft nas súas diferentes versións, ou sexa, o Microsoft Outlook que forma parte do paquete Office e o Outlook Express que se distribuíu de maneira

¹⁶² Este símbolo utilizábase nas transaccións comerciais para detallar o prezo de cada unidade dentro dun pedido, polo que se trataba dun carácter cun uso pouco estendido, o que permitiría evitar confusións (Trigo Aranda 2010:139).

¹⁶³ Na opinión de Dans (2010:107), "cada servidor de correo electrónico se encarga de controlar que no se repitan nombres de usuario dentro de un mismo dominio. De este modo, cualquier servidor puede encontrar la dirección IP de cualquier otro servidor de correo electrónico, conectarse a él y transferir un email a los recipientes incluídos en ese dominio, por medio del protocolo SMTP".

¹⁶⁴ Para Gómez Vieites / Otero Barros (2011:117) isto supón unha mellora a respecto do teléfono (síncrono), o fax (bastante máis caro) e o correo postal (moito máis lento).

gratuíta co Internet Explorer; con todo, este último deixou de estar dispoñíbel en 2009 e foi substituído polo Windows Mail de Windows Vista (Trigo Aranda 2010:140). Mais non será até meados da década de 90 en que se desenvolva o servizo de correo baseado na Web, tamén coñecido como Webmail, que permite acceder ás mensaxes gardadas na caixa de correo directamente desde un programa navegador como Internet Explorer, Firefox ou Google Chrome. Esta aplicación presenta unha grande vantaxe, dado que favorece o acceso, independentemente da localización da persoa usuaria, quere dicir, desde calquera computador conectado á Rede e, como consecuencia, evita a necesidade de instalar un programa lector de correo electrónico. Gómez Vieites / Otero Barros (2011:119) salientan que unha das iniciativas pioneiras de servizos webmail foi Hotmail¹⁶⁵, creado en 1996.

Esta aplicación revolucionou o mercado das comunicacións, xa que en tan só catro anos conseguiu alcanzar máis de 40 millóns de usuarios/as en todo o mundo; porén, non houbo que esperar moito tempo para que outras plataformas reaxisen: en 1997 Yahoo lanzou o seu servizo Yahoo Mail, que nos primeiros tempos tamén copou unha grande cota de mercado, e xa en 2004 Google presentou o seu servidor de correo web, Gmail, que ofrecía moito máis espazo de almacenaxe na caixa de correo. En canto Yahoo e Hotmail ofertaban 10 e 25 mb de forma gratuíta, Gmail ofrecía un gigabyte, unha cantidade sorprendente para a época. No entanto, non será até o 2007 cando se comercialice para o público en xeral; en pouco tempo esta aplicación converteuse nun dos servidores preferidos para moitas persoas usuarias de correo electrónico e cada día está a adquirir máis adeptos, ao seren estes conscientes das prestacións e da alta capacidade que ofrece Gmail¹⁶⁶. Segundo Dans (2010:109), o servizo Webmail é un cliente de correo electrónico caracterizado por posuír unha interface Web a través da cal se accede á conta de correo, que ten que ser previamente creada o que, polo xeral, pode ser realizado desde o propio sitio web do provedor. Téndomos en conta as posibilidades que ofrecen estes servizos de correo electrónico para o envío de documentos ou arquivos adxuntos, podemos afirmar, baseándonos no exposto en Vela Delfa (2005:103), que a estrutura básica dunha mensaxe constaría de tres elementos principais: o texto da mensaxe, os arquivos adxuntos (de existiren) e o encabezamento. Tamén Crystal (2006:100) identifica unha estrutura bipartita formada por unha área superior preformateada (a cabeceira) e unha área inferior destinada ao texto principal ou corpo da mensaxe. Con todo, engade a existencia opcional dun terceiro espazo que se activa ao adxuntarmos algún arquivo. Contrariamente, Yus (2001:171) sinala sete zonas formalmente distinguíbeis na estrutura da mensaxe: 1) a chamada ostensiva de atención¹⁶⁷, 2) o remitente, 3) o destinatario, 4) o enderezo electrónico, 5) o asunto, 6) o texto da mensaxe e 7) a sinatura.

Na maioría dos programas empregados para a xestión da correspondencia electrónica podemos sinalar sete funcións básicas: envío de mensaxes, recepción de mensaxes, redacción de mensaxes, lectura de mensaxes, almacenado de mensaxes, clasificación de mensaxes e axenda de enderezos. Vela Delfa (2005:548) agrupa estas funcións en tres categorías principais: a xestión da caixa de correo (envío e recepción), a xestión das mensaxes

¹⁶⁵ En 1997 Microsoft adquiría Hotmail e mudou en sucesivas ocasións o nome deste servizo: nun primeiro momento coñeceuse como MSN Hotmail e a partir de 2005 a súa denominación oficial cambiou para Windows Live Hotmail (Trigo Aranda 2010:143).

¹⁶⁶ En Dans (2010:110) aparece unha comparativa entre os tres servizos Webmail mencionados e Gmail é o que presenta unha maior capacidade (7.5 GB) e un límite máis alto para os arquivos adxuntos (25mb), para alén de ser compatíbel en todos os navegadores, o que non acontece con Hotmail e Yahoo.

¹⁶⁷ Segundo Yus (2001:171), “uno de los rasgos pragmáticos máis interesantes del correo electrónico es que es un medio tecnológico ostensivo [...]. El mensaje electrónico reproduce las características de los actos de comunicación ostensivos y, por lo tanto, los mensajes electrónicos portan en sí mismos la presunción de su ulterior relevancia”.

(armazenado e pesquisa) e a xestión da listaxe de contactos (agenda). A respecto da estrutura paratextual da mensaxe, no encabezado aparecen os principais elementos que logo se mostrarán nas bandexas de entrada e de saída das mensaxes e responden aos rótulos *Para*, *De* e *Asunto*, para alén da data e hora en que se envía a mensaxe. Nos dous primeiros casos figurarán as direccións da persoa destinataria e da remitente do correo electrónico, en canto o *asunto* consiste nunha breve descrición do tema que se vai tratar no corpo do texto¹⁶⁸; e embora sexa opcional, en moitos casos o software preguntará por el se este non for incluído; outras ferramentas, contrariamente, incluírán o rótulo *sin asunto*, para indicaren a súa ausencia. Na cabeceira achamos, para alén dos xa citados, varios elementos opcionais, entre os cales destacan un espazo para as direccións que recibirán unha copia do texto e un espazo que aparecerá de se adxuntaren arquivos. A variación nesta área está bastante limitada, dado que se trata de referencias que teñen de ser interpretadas necesariamente pola aplicación informática porque é a parte en que se codifican os elementos precisos para o envío e a recepción das mensaxes. Canto ao corpo da mensaxe, como sinala Crystal (2006:104), “the obligatory item is, patently, a message of some sort. What is interesting is the extent to which it is preceded by a greeting (or salutation, opening) and followed by a farewell (or signature, closing)”, trazos que reflicten as influencias do correo postal.

A respecto do texto da mensaxe, Yus (2001:180) sinala que nun primeiro momento as mensaxes costumaban ser curtas debido ás restricións, nomeadamente económicas, que impuñan as compañías telefónicas ao uso continuado da conexión á Internet. Mais na actualidade, grazas ao desenvolvemento das tarifas planas e á competencia existente entre o grande número de compañías, as persoas usuarias poden demorar máis tempo en escribiren mensaxes de maior elaboración¹⁶⁹. Crystal (2006:119) apunta para unha extensión relativamente pequena, onde o promedio de liñas por mensaxe é aproximadamente de 10,9, e aínda que na maioría dos casos dependerá das persoas usuarias. Na opinión de Vela Delfa (2005:585), trátase dun espazo en que a vontade do emisor se deixa ver de modo máis evidente. Mais a pesar desta liberdade por parte da persoa autora do texto, existen marcas que foxen da súa responsabilidade; entre elas destaca o recurso para establecer relacións intertextuais entre unha mensaxe e o texto que a precede. Desde unha perspectiva formal o autor da resposta pode incorporar o texto de diversas formas: i) na parte final do seu propio texto; ii) inmediatamente antes do texto de resposta; iii) utilizando o texto de orixe para o dividir en varios fragmentos e, deste xeito, responder de forma intercalada aos distintos asuntos que se foron formulando. Yus (2001:181) e Crystal (2006:121) sinalan a orixinalidade deste último mecanismo. O estudioso galés afirma que se trata dunha característica exclusiva da linguaxe do correo electrónico e que favorece o aforro de tempo e de memoria, dado que poden seleccionarse tan só aquelas partes que requiren resposta.

Continuando cunha perspectiva paratextual, tamén se poden diferenciar dous tipos de mensaxes en función da codificación escollida para a representación do texto, isto é, aqueles en formato *só texto* ou os que presentan o formato HTML. Segundo Vela Delfa (2005:587), a maioría das mensaxes que circula polas caixas de correo pertence ao primeiro tipo, se ben que é certo que o formato HTML está sendo cada vez máis utilizado, nomeadamente nos correos de corte publicitario. Esta modalidade permite incluírmos elementos multimedia e

¹⁶⁸ Crystal (2006:102) sinala que a linguaxe que se utiliza para esta categoría foi obxecto de atención, dado que é o que, a primeira vista, atrae a atención do receptor, xunto co nome do remitente e, xa que logo, constitúe un aspecto esencial na decisión sobre a prioridade que se lle outorgará a ese correo electrónico. Salienta, igualmente, que xa existen manuais onde se recomenda que a descrición do asunto da mensaxe se realice con clarezza, brevidade, relevancia e concreción.

¹⁶⁹ O autor tamén apunta que o dito proceso foi paralelo ao aumento de capacidade que permitía enviar mensaxes longas e, inclusive, outros arquivos, cal fotos ou secuencias de vídeo.

hipertextuais dentro do corpo do texto, como imaxes, cores etc. Igualmente, o formato HTML é compatíbel entre todos os programas de xestión de correo, o que non acontece nas mensaxes de tipo *só texto*. Canto ao estilo de lingua, Crystal (2006:114) afirma que a clareza da mensaxe na pantalla é unha cuestión fundamental nos manuais sobre o correo electrónico, onde se aconsella escribir frases breves e sinxelas, utilizar unha liña en branco entre parágrafos etc. Porén, a velocidade e a espontaneidade con que se envían estas mensaxes¹⁷⁰ teñen como consecuencia unha relaxación da escrita¹⁷¹, o que, por súa vez, provoca unha falta de revisión dos textos antes de proceder ao seu envío. A respecto deste desleixo lingüístico, Crystal (2006:116) sinala que “misspellings are a natural feature of the body message in an e-mail (not in headers, where senders are usually scrupulous, knowing the consequences of error). They occur, regardless of the educational background of the writer” e engade que “for the most part, these errors cause little or no disruption to the communicative process”.

Canto aos usos do correo electrónico, Yus (2001:154) fai referencia a dúas funcións principais: a primeira, como medio de comunicación que permite ás persoas comunicárense entre si con independencia da súa localización xeográfica de modo regular, instantáneo e a un baixo custo; a segunda, como un modo de publicidade e de venda de diferentes produtos. Desde esta perspectiva, sinala tamén que a dita ferramenta se tornará moi útil para os distintos entes sociais, cal as empresas ou as institucións, e mesmo para mellorarmos o proceso de ensino-aprendizaxe non centros educativos. Na mesma liña, Vela Delfa (2005:108) destaca a rápida extensión deste sistema de intercambio de mensaxes, que contribuíu para consolidar a funcionalidade da Rede como espazo de interacción persoal e como medio de comunicación, para alén de favorecer o desenvolvemento da Internet. En definitivo, o correo electrónico motivou a emerxencia dunha nova forma de comunicación que, herdando certas características dos medios tradicionais, supuxo unha revolución nos modos de interacción, dado que conxuga rapidez, adaptabilidade horaria, interactividade e un baixo custo. Outrosí, esta aplicación converteuse nun medio de comunicación cun forte potencial, porque pode ser empregada para situacións comunicativas moi diversas e porque permite o intercambio case instantáneo de grandes cantidades de información de modo sinxelo debido ás melloras nas interfaces.

1.2.2.2 Foros de debate, grupos de novas e listaxes de distribución¹⁷²

O nacemento e a grande difusión do correo electrónico supuxo un xiro radical na concepción inicial de ARPANET, que comezou a desenvolver plataformas e aplicacións que a converteron nun medio que permitía diversos modos de interacción persoal. Desta forma, alén das relacións persoa a persoa, a comunicación grupal viuse tamén favorecida polas posibilidades que ofrecía a ferramenta de Tomlinson para a xestión de listas de correo. Trátase, como o seu propio nome indica, dunha utilización particular do correo electrónico

¹⁷⁰ Estas características son válidas para o caso da relación interpersoal privada, mais non costuman darse en contextos laborais, por exemplo, onde os vínculos que se establecen presentan unha maior formalidade.

¹⁷¹ Sobre esta cuestión, Crystal (2006:128-129) sinala que a maior parte da desviación tipográfica non é exclusiva do correo electrónico, mais tamén se observa noutros intercambios informais producidos na Rede, especialmente entre as faixas etarias máis novas. Yus (2001:169) tamén fai referencia a diferentes aspectos como a informalidade do texto electrónico e o seu carácter oralizante. Para aprofundar neste tema véxase o capítulo 2, en que analizamos de forma pormenorizada as características lingüísticas da CMC.

¹⁷² Yus (2001) considérao unha subsección do correo electrónico, dado que son aplicacións que se aproveitan das posibilidades que lles ofrece este medio de comunicación. Porén, existen diversas opcións de agrupación: nalgúns estudos, como Vela Delfa (2005) ou Gómez Vieites / Otero Barros (2011) son tratados, igual que no presente traballo, de forma autónoma, en canto noutros, cal Crystal (2006), son incluídos dentro dos grupos de chat asíncronos.

que permite distribuír de forma masiva a información entre múltiples/as usuarios/as á vez. Segundo Vela Delfa (2005:109), a primeira e máis popular de todas elas foi NETWORK-HACKERS, en que participaban os propios promotores da Rede e onde se discutía sobre o seu desenvolvemento. O suceso e a proliferación deste tipo de relacións interpersoais acabou derivando na aparición doutros grupos que xiraban arredor de diversos temas como “SF-LOVERS, para os amantes dos filmes de ciencia-ficción, WINE-TASTERS, para os do viño, ou HUMAN-NETS. Os grupos de discusión aproveítanse das funcionalidades do correo electrónico para crearen comunidades virtuais estábeis en que se debaten diversos asuntos de interese. O seu uso é moi simple: costuman funcionar de modo automático mediante a utilización dun xestor de listaxes de correo¹⁷³ que alberga os enderezos electrónicos das persoas interesadas no tema concreto da listaxe; no momento en que se envía unha mensaxe á dirección da listaxe, esta é reenviada aos correos de todas as persoas inscritas nela. A posibilidade de que os receptores poidan, por súa vez, escribir tamén mensaxes vai depender da configuración da aplicación.

Os foros de debate e os grupos de novas son unha evolución das listaxes de correo, servizo definido en 1979 baixo a denominación de USENET. Segundo Gómez Vieites / Otero Barros (2011:121), con esta ferramenta, baseada no antigo sistema EMISARI¹⁷⁴ as persoas usuarias poden participar nunha serie de “taboleiros de anuncios virtuais” que presentan unha división por temas e áreas de interese, que son as que configuran os distintos grupos de debate. Con todo, existen diferenzas entre as listaxes de correo e os sistemas iniciais, dado que estes non exixían darse de alta en ningún grupo, porque se trataba de contribucións onde o acceso era público. Estas aplicacións foron moi útiles xa desde a creación das primeiras comunidades de usuarios/as da rede, o que se torna evidente se pensamos en que estaban formadas por profesionais de centros de investigación e das universidades. Na opinión de Gómez Vieites / Otero Barros (2011:122), inicialmente para poder visualizarmos as contribucións doutros participantes no foro precisábanse programas específicos de lectura, pois a súa difusión estaba vinculada a un enderezo electrónico, mais como unha alternativa aos grupos de novas desenvolvéronse os foros de discusión baseados na Web, pois a World Wide Web foi absorbendo moitas das aplicacións da Rede¹⁷⁵. De feito, na actualidade practicamente todos os portais da Internet inclúen o seu propio foro clasificado por temas, pois estes motivan as persoas usuarias a participaren e serven para crearen comunidades virtuais¹⁷⁶ arredor dos servizos dese sitio web.

De acordo con Vela Delfa (2005:110), as mensaxes dos foros poden configurarse como respostas a unha mensaxe anterior ou como unha nova proposta dentro da temática xeral do foro, de modo que existen series de mensaxes relacionadas, tamén denominadas fíos de discusión. Normalmente, as mensaxes que se envían a un foro de debate poden ser vistas por calquera persoa usuaria inscrita no foro e esta, por súa vez, pode enviar comentarios

¹⁷³ A este respecto, Crystal (2006:136) sinala o seguinte: “LISTSERV®, first developed in 1986, is a software system for managing electronic mailing lists (the lack of a final -e in the name reflects the eight-character name-processing limitation of computers at the time). It was handling over 180.000 lists by October 2000, over 40.000 of them in the public domain”.

¹⁷⁴ Programas que se utilizaban para o intercambio de mensaxes entre os membros dun grupo de traballo que colaboraban a través dunha rede de comunicación interna (Vela Delfa 2005:105).

¹⁷⁵ Neste sentido, a propia web modificou a natureza dos foros de discusión, dado que en moitos casos xa non están relacionados cun enderezo electrónico, mais cun nome de usuario e un contrasinal por medio do cal é posíbel accedermos ao foro, ou nalgunhas ocasións estamos perante debates públicos que poden ser lidos por calquera persoa sen necesidade de identificación.

¹⁷⁶ Vela Delfa (2005:110) salienta que estes sistemas serviron dunha forma decisiva para crearen un sentimento de unidade e de comunidade entre as persoas usuarias da rede, que manteñen unha estreita relación a través da súa participación activa nos debates que se orixinan no foro.

sobre o tema en cuestión. No entanto, existen hodiernamente páxinas web que permiten visualizar as diversas liñas de discusión do foro sen necesidade de rexistro na páxina web que o alberga, o que si se torna necesario en caso de quereremos contribuír para o debate coa nosa participación. En relación cos temas tratados, Crystal (2006:136-137) afirma que os grupos ligados a USENET se organizaban en hierarquías arredor de máis de 50 grandes dominios sobre diversas áreas temáticas¹⁷⁷ como o entretemento, os negocios, a informática e a información. A finalidade dos grupos é tan diversa como a súa propia procedencia, xa que moitos deles se constitúen polo interese nun tema concreto e están formados tanto por profesionais como por afeccionados, en canto outros son creados fundamentalmente para conversar ou mesmo para xogar; a esfera en que se enmarque un grupo, isto é, académica, profesional, governamental, comercial ou social, incidirá nos seus obxectivos. De xeito similar, canto máis especializado for un tema, maiores posibilidades haberá de que o contido se centre nel. Neste sentido, existen moitos grupos que contan coa presenza dun moderador para garantir que as contribucións que se realicen non se afasten demasiado da cuestión a tratar. No tocante ao funcionamento dos foros de discusión, cómpre sinalarmos o exposto en Crystal (2006:138):

The systems all operate in roughly the same way. An organization provides a set of group options-such as the hierarchically organized set of newsgroups on Usenet- Which individuals who have the appropriate software choose to join. Members then send (post) their contributions (articles, messages, posts) to the group, and the system makes these available to all addresses it holds, some of which may be other networks of addresses. Messages may be saved in files for future reading or searching (archives, notebooks, logs, conferences), and catalogued with varying depth of detail in terms of date, topic, author, etc. The management of each group, or of a particular task within each group, is in the hands of an individual person or small team, identified by such role-labels as list-owner, editor, host, postmaster, maintainer, or moderator.

A respecto do funcionamento destes servizos, Yus (2001:155) sinala que se trata dunha variedade de diálogo en que unha persoa inicia a trama conversacional e a partir de aí o emisor deixa de ter o control sobre o desenvolvemento da interacción debido a que non se produce unha secuenciación dos turnos de fala. Apropiadonos das palabras deste autor, “es como si en una conversación oral , todas las personas interesadas en hablar pudieran hacerlo a la vez y, a pesar de su simultaneidad, todas sus voces pudieran oírse con claridad”. Existen, por outro lado, características técnicas que condicionan algúns aspectos dos foros de discusión, como por exemplo a extensión das mensaxes. De forma similar ao que acontece coa restricción a 160 caracteres nas SMS (véxase 1.2.3.1.5), hai algúns sistemas de correo que non aceptan mensaxes moi longas¹⁷⁸. Estas limitacións que a propia tecnoloxía impón suporán un factor relevante e influirá de forma considerábel na natureza lingüística destes medios asíncronos. Con todo, Crystal (2006:138) afirma que o propio contorno favorece a utilización de mensaxes curtas, pois o que se pretende é provocar reaccións e estimular a participación, o que nin sempre se consegue se as contribucións son moi extensas. Neste sentido, o moderador exerce un papel importante no desenvolvemento dun foro, canto que é o que decide se unha mensaxe debe aparecer ou non, isto é, pode filtrar ou editar os textos, acurtalos se foren moi longos ou censuralos se contiveren insultos, publicidade non autorizada ou mesmo contidos obscenos.

¹⁷⁷ Crystal (2006:136) afirma que na data en que se realizou o seu traballo, existían xa 162 listaxes de correo arredor do tema da linguaxe e 44 sobre a lingüística. A modo de exemplo, examina unha listaxe especializada en Lingüística en 1990, LINGUIST, que dez anos mais tarde xa desenvolvera setenta grupos de discusión.

¹⁷⁸ Segundo Crystal (2006:138), non poden exceder dos 64 ou 100 Kb.

Canto ás listaxes de distribución, tórnase necesario voltarmos ás orixes da Internet para entendermos a súa finalidade. Estas foron concibidas como unha forma de transmitir información a traves de ARPANET. Por medio das listaxes de distribución unha única mensaxe podía ser enviada de modo automático a unha grande cantidade de persoas, sempre que estivesen subscritas á listaxe. Partillan orixe cos foros de debate; de feito, estes foron considerados unha especialización das listas de distribución. Segundo Vela Delfa (2005:111), trátase dunha distinción de uso máis do que dunha oposición tecnolóxica, pois a diferenza fundamental é a funcionalidade informativa das listaxes fronte á creación de debate dos foros de discusión. Nesta liña, as primeiras presentan un tipo de interacción diferente, en que só é posíbel enviar información nunha dirección, isto é, as persoas usuarias da listaxe de distribución reciben as mensaxes, mais a súa capacidade para responderen está limitada. Este servizo está configurado para enviar información de interese xeral aos membros dunha listaxe sobre un tema de interese común. En relación con todos estes servizos, pareceunos acaído, na liña de Yus (2001), considerármolos como aplicacións derivadas do correo electrónico, mais ao mesmo tempo independentes; na actualidade conforma un novo sistema de interacción con características propias, o que favorece o seu tratamento como xénero autónomo.

1.2.2.3. Os chats

Os antecedentes dos servizos de mensaxaría instantánea e dos grupos de chat témolos de buscar antes mesmo que o desenvolvemento do correo electrónico, en que se implementaban sistemas que permitían a interacción en tempo real entre usuariado conectado á mesma máquina. Nestes medios, destaca *Talk*, que se creou debido á necesidade de producir conversas entre dúas persoas nun tempo partillado, isto é, de forma sincrónica. Para Vela Delfa (2005:112), trátase dun sistema por medio do cal o usuariado pode comunicarse a través do teclado do computador, de modo que, unha vez establecida a conexión entre os computadores, todo o que cada un escribir no seu terminal aparecerá reflectido de forma automática na pantalla do outro. Na opinión de Hardy (1996:15), “*Talking* stood as an additional form of communication popular on the early ARPANET. This means of interaction offered users the experience of real-time text conversations over network” quen engade que “*Talking* was conducted between people logged into the same ARPANET host by means of remote login”. Nestes sistemas a pantalla do computador divídese en dúas partes, unha para a intervención de cada participante, e o máis frecuente é que estas aplicacións permitan diálogos en que só inteveñen dous interlocutores, mais existe tamén un outro sistema, YTalk, que ofrece a posibilidade de interaxirmos con varias persoas, de forma que a división da pantalla variará en función do número de participantes¹⁷⁹.

Aínda que o chat ten a súa orixe neste tipo de conversas multiusuario, as propiedades específicas do Talk provocaron en moitos casos que algúns autores, cal Vela Delfa (2005:112), o considerasen un sistema independente do chat e non exclusivamente como o seu antecesor. Esta autora sinala a bidireccionalidade de TALK como unha característica determinante para o catalogar como unha aplicación independente¹⁸⁰. Neste sentido, ao contrario das aplicacións de chat, no TALK a conexión realízase sen a necesidade dun

¹⁷⁹ O primeiro Talk foi o denominado MUT (Multi-User Talk ou Conversa Multiusuario) e estaba deseñado para o sistema operativo UNIX, aínda que posteriormente tamén se implementaron algunhas adaptacións para Windows (Vela Delfa 2005:112).

¹⁸⁰ Nesta aproximación aos novos medios de comunicación orixinados polo desenvolvemento das TIC optamos por incluílo dentro dos servizos de chat fundamentalmente por unha cuestión organizativa, mais somos conscientes das especificidades do xénero.

servidor, isto é, establécese de computador a computador mediante o protocolo TCP/IP¹⁸¹: o vínculo créase por medio dun computador que ten asignada unha dirección IP e que entra en relación con outro computador do que tamén debe saber a súa IP¹⁸². Consecuentemente, a comunicación establécese de modo bidireccional, sen que exista un intermediario. Para Vela Delfa (2005:113), esta estrutura de interacción impide o anonimato, tan característico dos sistemas de chat e, segundo afirma, esta pode ser unha das causas da súa escasa extensión. O chat tal é como o coñecemos na actualidade apareceu en 1988, ano en que o finés Jarkko Oikarinen creou o sistema IRC¹⁸³ (Internet Relay Chat). Á diferenza dos seus predecesores, baseábase no establecemento de canles de conversa. Noutras palabras, trátase dunha aplicación multiusuario que permite comunicar entre si dous ou máis computadores utilizando os servidores da Rede IRC e entrando en calquera das salas de chat, dedicadas cada unha a un tema específico¹⁸⁴. Crystal (2006:157) salienta a variedade de tópicos, pois algunhas canles pódense identificar co nome dun país, outras por intereses comúns (#deportes, #poesía etc.), outras pola faixa etaria a que pertencen, ou mesmo polo emprego dunha determinada tecnoloxía (#mac).

A conversa virtual por Internet é, segundo Yus (2001:79), unha interacción oral nun soporte escrito, unha nova forma de comunicación que posúe os seus propios códigos de funcionamento. Concordamos co autor a respecto das características deste medio sincrónico¹⁸⁵: por unha parte, posúe un número significativo de usuarios/as que participan de forma estábel nun mesmo espazo temporal, ao tempo que as mensaxes que se envían ao chat tenden á interactividade; por outra parte, as persoas usuarias interaxen mediante a súa presenza virtual a través de alcumes, mais manteñen no anonimato a súa verdadeira identidade. Sobre este particular, Crystal (2006:165) sinala o seguinte:

The use of nicknames (nicks) is a highly distinctive feature of synchronous chatgroup language. Some use of nicks is also found in asynchronous groups, sometimes replacing, sometimes supplementing the use of a real name; they may also be a feature of e-mail addresses. But nick practice is primarily associated with synchronous groups and the interactions of virtual worlds, where people rarely use their real name. The choice of a nick is a ritual act, demanded by the culture to which the individual aspires to belong, and- as with all naming practices- a matter of great complexity and sensivity.

As intervencións das persoas usuarias estaban inicialmente limitadas a un máximo de catro liñas e, ao contrario do que acontece no correo electrónico, as mensaxes que se envían non se arquivan. Existen dúas áreas de interacción: unha pública, en que todas as persoas poden participar, e unha privada. No entanto, as conversas públicas e as privadas poden ser desenvolvidas de forma simultánea. Nestes medios de comunicación sincrónicos a noción

¹⁸¹ Como xa indicamos en 1.2.1.2, TCP/IP é a pedra angular de Internet e serve para relacionar computadoras que utilizan sistemas operativos distintos sobre redes de área local (LAN) ou area extensa (WAN). Este protocolo foi desenvolvido en 1972 polo Departamento de Defensa dos EEUU e executouse en ARPANET, a rede de área extensa deste departamento.

¹⁸² A IP é un enderezo formado por un número de 32 bits que se divide en catro partes de 8 bits separadas por puntos. Dado que un número de 8 bits pode ter un total de 256 combinacións, cada parte da dirección IP será un número decimal comprendido entre o 0 e o 255. Cumpre unha función análoga á do número de telefone, quere dicir, permite identificarnos o computador desde o que se realiza a conexión.

¹⁸³ Tradución: *Conversa interactiva por Internet*.

¹⁸⁴ Cada rede do chat vai prefixada polo seguinte símbolo #.

¹⁸⁵ Algúns autores, como Crystal (2006:173) e Yus (2001:80) aclaran que, se ben que son interaccións en tempo real, os participantes escriben e mandan as súas intervencións unha vez que leron as mensaxes escritas polas demais persoas usuarias. Yus (2001:80) denomina este medio asincrónico en tempo real, ao tempo que Crystal (2006:173) afirma que este tipo de conversas sincrónicas teñen unha natureza asíncrona.

temporal adquire unha relevancia notoria: de acordo con Crystal (2006:161), a demora ou o tempo que tarda en chegar a mensaxe do remitente ao resto dos interlocutores non é de vital importancia nos grupos asíncronos, dado que os marcos temporais son máis dilatados, mais tórnase unha cuestión importante nos síncronos, xa que se unha intervención demora de máis en chegar vólvese irrelevante pois, probabelmente, a conversa xa se teña desprazado para outros lugares. Neste sentido, o autor galés salienta este como un dos posíbeis factores que inflúen na extensión das intervencións. Segundo datos estatísticos que achega no seu traballo, a media de palabras por contribución era de 4.23. Aliás, as palabras que se utilizan son curtas: o 80% dun total de 300 palabras eran monosilábicas, onde só o 4% dos vocábulos superaban as dúas sílabas. En definitivo, a presenza de enunciados breves contribúe para favorecer unha interacción máis dinámica e, consecuentemente, máis parecida ás conversas en tempo real.

1.2.2.4. Mensaxaría Instantánea (MI)

O correo electrónico, debido ao seu carácter de medio de comunicación diferido ou asíncrono, posúe a desvantaxe de saber cando enviamos unha mensaxe, mais non cando esta se vai recibir e vai ser contestada. Nos inicios da Internet, para poder relacionarse en tempo real era case imprescindible utilizar os chats, mais isto podía implicar algúns problemas, pois, grazas ao anonimato que proporcionan, estes espazos eran visitados por persoas de moi diversa índole (Trigo Aranda 2010:145). No entanto, xa a comezos da década de 90 apareceu nos EEUU o primeiro sistema de comunicación a través da mensaxaría instantánea; tratábase dunha aplicación que permitía a xestión de intercambios en liña entre unha serie de persoas pertencentes a un grupo específico de contactos, escollido previamente pola persoa usuaria. Este programa permitía, igualmente, coñecer a dispoñibilidade de cada individuo no momento da conexión. Con todo, era un sistema accesíbel tan só a través das universidades e dos centros de investigacións. Convén lembrarmos que nos primeiros anos a Internet non era un servizo público, senón que o acceso estaba limitado exclusivamente aos educadores, aos militares e aos membros do goberno, de modo que non se trataba de aplicacións que se coñecesen a nivel das masas; porén, os programas iniciais non difiren moito dos que se utilizan na actualidade.

Haberá que agardar até 1996, ano en que se funda a empresa Mirabilis, para que se desenvolva unha aplicación similar de uso público. Este programa foi denominado ICQ e revolucionou o mercado¹⁸⁶; tratábase dun servizo gratuíto e de moita utilidade, de modo que conseguiu un enorme suceso a escala mundial e a súa popularidade creceu de forma vertixinosa. A difusión foi tal que dous anos máis tarde a empresa America Online (AOL) comprou Mirabilis por unha grande cantidade de diñeiro, que oscilaba arredor dos catrocentos millóns de dólares¹⁸⁷ (Trigo Aranda 2010:145). A compañía Microsoft non demorou en reparar nesta nova oportunidade de mercado e lanzou o seu propio servizo de mensaxaría instantánea, isto é, MSN Messenger, actualmente coñecido como Windows Live Messenger, o que fomentou a competencia entre estas dúas grandes empresas. Segundo Dans (2010:134), o feito de os produtos de Microsoft viren incluídos nos paquetes de Windows posibilitou unha ampla distribución, xeneralizada en todo o mundo. Así, en canto AOL domina de forma case exclusiva o mercado norteamericano, Microsoft configúrase como o líder indiscutíbel no resto do territorio. Nos últimos tempos, non obstante, debido á crecente

¹⁸⁶ Segundo Vela Delfa (2005:119) en tan só seis meses conseguiu 850.000 usuarios/as e, no seu primeiro ano, posuía a capacidade de albergar 100.000 persoas simultaneamente, converténdose, deste modo, na maior rede de comunicacións a través da web.

¹⁸⁷ Dans (2010:134) afirma, contrariamente, que a contía desta compra foi de 287 millóns de dólares. Con todo, ambas as cifras mostran a importancia que adquiriu este novo medio de interacción sincrónica dentro do mercado das comunicacións.

popularidade das redes sociais, cal Facebook ou Tuenti (cfr. 1.2.1.3.1.2), que inclúen o seu propio servizo de chat, as plataformas de mensaxaría instantánea están a perder un importante mercado (Trigo Aranda 2010:146). A reacción de Microsoft non se fixo esperar e lanzou unha aplicación de Windows Live Messenger que puidese ser empregada desde Facebook. Isto permitiu, segundo Dans (2010:135), agrupar todos os contactos desta rede social e do Messenger, de maneira que na actualidade é posíbel interaxirmos con todos eles desde unha soa plataforma¹⁸⁸.

Moitos destes servizos están asociados a unha conta de correo electrónico, en canto outros poden ser utilizados de forma independente a esta. Vela Delfa (2005:118) sinala que en todos os casos, as persoas usuarias que quixeren utilizar este tipo de aplicacións deberán descargar no seu computador un programa que lles permitirá enviaren e recibiren mensaxes, armacenalas e abriren sesións de comunicación en tempo real con outras persoas que nese momento tamén estiveren a utilizar a dita aplicación. Trátase de ferramentas que figuran no escritorio¹⁸⁹ e que permanecen activas en canto exista unha conexión á Internet. Porén, nos últimos anos desenvóléronse plataformas que permiten acceder a estes servizos sen a necesidade de posuímos un programa no noso terminal, isto é, mensaxaría instantánea baseada en web. Dentro desta categoría Dans (2010:154) distingue dous grupos: por un lado aqueles sistemas independentes e exclusivos das súas plataformas, como pode ser o chat de Facebook ou o de Gmail. Por outro lado, estarían os Webchats como eBuddy e Meebo, dúas aplicacións Web desde as cales podemos comezar unha sesión con moitos dos programas de mensaxaría instantánea máis comúns. Estas plataformas son moi úteis en canto permiten acceder desde calquera dispositivo con acceso á Internet sen a necesidade previa de descargar o software correspondente, ou de termos o noso propio terminal.

En relación cos sistemas locais, convén salientarmos que o suceso dos smartphones fixo proliferar diversas ferramentas comunicativas para estes dispositivos. Así, o Whatsapp, o Line ou o Telegram –para o que existe xa unha versión galega denominada Galegram– constitúen hoxe en día os sistemas de MI máis populares entre a poboación. Trátase de aplicacións de mensaxaría multiplataforma que complementan servizos telefónicos anteriores como o das SMS ou os sistemas de MI convencionais. Unha vez instaladas no noso terminal crea unha conta de usuario asociada ao número de teléfono, o que permite sincronizala coa axenda do teléfono e facilita importarmos os contactos. Ao utilizar o plan de datos ou as redes WI-Fi dispoñíbeis, non existe un custo adicional para o envío de mensaxes. Para alén da mensaxaría clásica, con estes novos sistemas de interacción o usuariado pode enviar imaxes, vídeos, mensaxes de audio ou mesmo realizar chamadas VoIP (cfr. 1.2.2.8), o que garante a súa fama.

Ambas as posibilidades –local ou en liña–, presentan arquitecturas similares: ofrecen a posibilidade de crearen unha listaxe de contactos entre aqueles que dispoñen do mesmo sistema de mensaxaría, de forma que permite coñecer, en todo o momento, se están conectados e, xa que logo, se se lles pode enviar unha mensaxe de texto que se recibe no acto. A(s) persoa(s) receptora(s) le(n) a mensaxe e responde(n), de forma que se establece unha interacción en tempo real. Na actualidade a maior parte das aplicacións permite igualmente enviar mensaxes a pesar de o usuariado estar ausente nese instante. Estas serán lidas no momento en que o contacto en cuestión inicie sesión novamente. A listaxe de contactos configúrase como un elemento fundamental no proceso de delimitación das condicións de

¹⁸⁸ Dans (2010:135) fai referencia aos rumores que circulan na Rede sobre o futuro de Windows Live Messenger, onde os comentarios aluden a unha posíbel fusión por parte de ambas as plataformas comunicativas.

¹⁸⁹ Como xa mencionamos, en moitas ocasións estes programas xa fan parte do sistema operativo con que conta o computador, como acontece co paquete Windows de Microsoft, en que se inclúe Windows Live Messenger.

accesibilidade das persoas usuarias, o que, por súa vez, permitirá decidir cal é a modalidade de interacción que máis se amolda á situación concreta dos nosos contactos, isto é, un intercambio de mensaxes en modo diferido ou unha comunicación en tempo real. Gómez Vieites / Otero Barros (2011:123) salienta as novas funcionalidades dos programas de mensaxaría instantánea máis recentes, que permiten partillar ficheiros do disco duro, ou sexa, que son capaces de transformar o dispositivo da persoa usuaria nunha especie de servidor onde se poden cargar e descargar ficheiros. Non se trata dunha posibilidade aberta para todo o mundo, senón que se pode configurar para negar a dita descarga ou para permitila tan só a unha listaxe de amizades concreta, ou mesmo facendo que sexa necesario pedir unha confirmación antes de realizar a operación, entre outras posibilidades.

En definitiva, a mensaxaría instantánea, en canto evolución natural do chat, exerceu unha enorme influencia nas sociedades modernas e converteuse, segundo a opinión de Dans (2010:132), nun dos principais motores da chegada da Internet á maior parte dos fogares, grazas, nomeadamente, as faixas etarias máis novas. Neste sentido, as plataformas de MI contribúen para aumentar de forma considerábel o tempo de conexión, na medida en que cada vez máis as persoas usuarias combinan cos seus contactos mediante citas virtuais, postergando en certo modo os intercambios presenciais; a posibilidade que estas aplicacións ofrecen para ficar en contacto permanente coas persoas desexadas incrementa o número de horas que se dedican diante da pantalla dos terminais. Á diferenza de ferramentas sincrónicas como o correo electrónico ou as SMS, as aplicacións de MI conseguen salvar, segundo Dans (2010:132), o factor tempo, en canto o espazo continúa a ser un aspecto fortemente dominante. Porén, é nesta complementariedade dos diversos modelos de comunicación onde radica o seu suceso¹⁹⁰. Para Dans (2010:131) o da mensaxaría instantánea é máis do que evidente:

Los últimos estudios sociológicos realizados sobre el comportamiento de los usuarios de Internet dejan claro que estos programas de comunicación instantánea son los más utilizados en los ordenadores, por encima de cualquier otro tipo de software (ya sean programas de edición de textos, reproductores de música o programas de gestión de descarga) y sólo superados por el propio correo electrónico y la búsqueda de información a través de la Web. Y es que la posibilidad de entablar conversaciones en tiempo real con una o varias personas simultáneamente, sin coste alguno (más allá de la conexión a Internet), es una opción que no ha pasado desapercibida a los internautas [...]. La globalización del mensaje comunicativo resultó ser muy interesante para un amplio sector de la población que se conectaba por primera vez a Internet sólo para probar aquella novedosa forma de entablar una conversación.

1.2.2.5. As SMS

Para alén do servizo de chamadas que tamén ofertan os servizos de telefonía fixa, os dispositivos móbeis ofrecen a posibilidade desde a década de 90 de as persoas interaxiren por medio das SMS (Short Message Service), ou sexa, dun servizo de mensaxes curtas, tamén denominado no ámbito anglófono como *texting*¹⁹¹. A tecnoloxía SMS xorde ligada á primeira fase do estándar GSM (véxase 1.2.1.1.2) e foi concibida para a notificación de mensaxes de

¹⁹⁰ Gómez Vieites / Otero Barros (2011:123) afirman que a mensaxaría instantánea une a potencia do correo electrónico, servizo máis utilizado de Internet, coa inmediatez do telefone e coa vantaxe de ser un servizo totalmente gratuíto.

¹⁹¹ Véxase Crystal (2008:6), onde se sinala a proliferación de termos con que é coñecido este fenómeno comunicativo. O propio título desta obra, *Txtng. The gr8 db8*, apunta xa algunha idea ao respecto. Unha hipótese para nos referirmos ao sistema de mensaxes curtas en lingua galega podería ser a adaptación do anglicismo SMS que pasaría para SMC; porén, consideramos que o primeiro xa está profundamente asentado na sociedade actual, razón porque será utilizado neste traballo, a coincidir coa escolla preferencial do portugués.

voz ás persoas usuarias da telefonía móbil. Porén, a pesar de que apareceu en meados da década de 80, non será até a década seguinte en que se comecen a visualizar as súas posibilidades comerciais¹⁹². A utilización desta nova ferramenta tivo, no comezo, unha progresión lenta. Neste sentido, Crystal (2008:4) afirma que aínda que a primeira SMS experimental foi enviada en Finlandia en 1992-3, transcorreran cando menos cinco anos antes de que numerosas persoas comezasen a enviar mensaxes curtas. Segundo datos manexados por este lingüista, “the average number of texts per GSM customer in 1995 was 0.4 per month; by the end of 2000 it was still only 35”. Crystal xustifica este comezo lento aludindo aos problemas que tiñan as compañías telefónicas para carregaren este novo servizo no seu software, mais “once procedures were in place, texting rocketed”. Así as cousas, en 2001 tan só no Reino Unido foron enviados 12.2 billóns de mensaxes de texto, até chegar en 2007 aos 45 billóns¹⁹³. Na opinión de Crystal (2008:4) “on Christmas Day alone in 2006, over 205 million text messages went out. And that’s just one country. World figures went from 17 billion in 2000 to 250 billion in 2001. They passed a trillion in 2005”. Observamos, xa que logo, que o aumento na utilización do servizo de mensaxes curtas vai en paralelo ao incremento na posesión dos telemóbeis por parte das persoas; e embora os índices de uso varíen moito duns países a outros, podemos falar dun extraordinario crecemento, até o punto de que arredor do 2007 nalgúns países como Xapón, Reino Unido, Suecia ou Italia o número de subscricións era igual ou superior ao total da poboación (Crystal 2008:5).

O modo de funcionamento das mensaxes curtas é notabelmente distinto ao dos servizos descritos en seccións anteriores, como tamén o é a tecnoloxía empregada: cando unha persoa enviar unha mensaxe de texto esta é recibida nun centro de mensaxes que, de maneira automática, é reenviada ao terminal móbil da persoa destinataria. Este sistema permite que a emisora, se o así solicitou, reciba unha notificación que a informa de que o envío foi realizado sucesosamente. Alén das SMS, existe outro servizo de mensaxaría MMS (Multimedia Messaging System) que ofrece alternativas máis ambiciosas, dado que posibilita a transmisión de fotografías, arquivos de son e de vídeo, gráficos, ademais de mensaxes máis longas. Con todo, esta aplicación non obtivo un crecemento tan revolucionario como o sistema de mensaxes curtas, seguramente por motivos de índole económica, a pesar de que este presentaba tamén diversas limitacións. Neste sentido, unha das particularidades máis relevantes da tecnoloxía GSM é a limitación a 140 bytes por mensaxe, o que supón para as linguas que empregan o alfabeto latino unha restrición de 160 caracteres (véxase 2.3). As SMS son un sistema de mensaxaría telefónica xa tradicional, se o comparamos con algúns dos referidos nesta sección e, en consecuencia, manifesta un menor grao de funcionalidade: número de caracteres limitado e maior custo. Porén, as SMS están sempre dispoñíbeis, dado que a rede GSM é moito máis extensa que as tarifas de datos 3G ou a conexión Wi-Fi; igualmente, este servizo non exige que o usuariado posúa terminais intelixentes –aínda en proceso de desenvolvemento e expansión– como si acontece co Whatsapp ou o Line. Por esta razón, as mensaxes de texto constitúen aínda un medio de interacción competitivo, embora en regresión.

¹⁹² Segundo datos tirados da Rede, na actualidade o 3GPP (Third Generation Partnership Project) é o responsábel do desenvolvemento e da manutención dos estándares GSM e SMS.

¹⁹³ Na Rede poden encontrarse novas nesta liña. De feito nunha recensión de *Cinco Días* con data de 08/11/2000 aparece o seguinte titular: “Movistar, Airtel y Amena facturará 71.000 millones de pesetas con los mensajes cortos SMS en el año 2000”, o que suporía un incremento no tráfico de SMS en España do 600% de o compararmos co ano anterior.

1.2.2.6. As chamadas perdidas

As chamadas e as mensaxes de texto non son as únicas posibilidades comunicativas que a telefonía ofrece. Existe unha outra práctica, fóra dos rexistros oral e escrito, que permite intercambiar información ou mensaxes intencionais sen ningún tipo de custo, o que o torna nun medio produtivo, fundamentalmente para os grupos de idade máis novos ou para aqueles con menor poder adquisitivo. Estamos a falar das chamadas perdidas, tamén denominadas popularmente como *toques*¹⁹⁴; o seu funcionamento é moi sinxelo: consiste en telefonar a un número e desligar antes de que a persoa propietaria do outro terminal poida responder. Moitos destes toques son peticións para devolver a chamada, mais tamén existen casos en que constitúen verdadeiras mensaxes como “xa podes recollerme”, “saio para aí” ou mesmo de tipo afectivo como “estou a pensar en ti”, todas elas previamente negociadas polos interlocutores. Esta práctica non é recente, pois tamén se podía realizar coa telefonía fixa, mais co enorme desenvolvemento das tecnoloxías e coas transformacións do modo de nos relacionarmos socialmente foi cando o seu uso aumentou de forma considerábel. Nun estudo levado a cabo por Donner (2007)¹⁹⁵ identificáronse diversos tipos de chamadas perdidas (devolver a chamada, mensaxe instrumental e mensaxe afectiva) e as normas que rexen o seu uso. Estas prácticas contrastan co envío de mensaxes de texto, canto que permiten transmitir información sen custo. No entanto, como teremos oportunidade de tratar, a funcionalidade das chamadas perdidas restrínxese a mensaxes moi concretas, de forma que non substitúen todas as posibilidades que ofrece o envío de SMS ou o resto dos sistemas de mensaxaría, senón que máis ben son servizos que se complementan. De acordo con Donner (2007) a singularidade deste sistema é a súa capacidade para transmitir información sen utilizar nin o código gráfico nin o oral.

O fenómeno das chamadas perdidas pon de manifesto, igual que acontece coas SMS, a relación entre as tecnoloxías e as prácticas sociais, dado que se trata dunha adaptación ou dunha apropiación da estrutura básica das tecnoloxías móbeis; quere dicir, as persoas modifican os usos destes dispositivos para o seu beneficio. A este respecto, concordamos con Castells (2001:222) en que o extraordinario da tecnoloxía é que as persoas acaban empregándoa para algo completamente diferente do seu destino orixinal e que é este valor do inesperado o que subxace á creatividade na sociedade e á innovación na empresa. No caso concreto deste medio, as persoas usuarias, mais do que alteraren a propia tecnoloxía, o que fixeron foi crearen unha outra práctica social comunicativa arredor do terminal. Neste sentido, é evidente que “users select and amplify particular features of a technology, which in turn helps shape how the technology will affect the structure of the group” (Donner 2007); a preexistencia de normas grupais influirá, igualmente, en que aspectos son seleccionados e como serán aplicados. Neste sentido, resulta sorprendente que, a pesar do crecente interese que a socioloxía e as ciencias da comunicación están a prestar aos usos sociais da telefonía móbil, este fenómeno non fose tratado ou mencionado en moita da literatura existente ao respecto e que tampouco fose o obxectivo de ningún estudo rigoroso.

Para Oksman / Turtiainen (2004), estamos perante a recodificación do sinal de chamada mediante un acordo mutuo previo. Entre os usos máis habituais, convén

¹⁹⁴ Trátase dun medio de interacción coñecido a escala mundial, como se deduce dos múltiples nomes con que se coñece no resto dos territorios: en inglés tamén se manexan varios termos para se referiren a este sistema comunicativo: *missed calls*, *flashing*, *pranking* e *beeping*, este último utilizado coloquialmente e creado a partir dunha onomatopea, ao igual que *toque*, en canto en Indonesia se coñece como *memancing* (‘pescar’). Sobre este particular, véxase Donner (2007).

¹⁹⁵ Existe pouca bibliografía a respecto deste fenómeno, razón pola cal este traballo será o noso marco de referencia.

subliñarmos que esta práctica serve para chamar a atención, para o divertimento, para aforrar cartos ou para comunicar unha determinada información. Os anteditos investigadores relacionan este mecanismo de comunicación, sobre todo, coas faixas etarias mais novas que, debido ao seu custo 0, permítelles interaxiren sen a necesidade de esgotaren o saldo dos seus cartóns¹⁹⁶, o que, por outro lado, non exclúe outros grupos xeracionais. Outros autores, como Aminuzzaman (2005) ou Chakraborty (2004), refírense a este fenómeno como “a cultura das chamadas perdidas” e diferencian os toques que se deben a información codificada daqueles simplemente interaccionais. Pertierra / Ugarte / Pingol / Hernández / Dacanay (2002) engaden tamén un outro uso: lembrar ás amizades que existen mensaxes de texto sen responder ou confirmar a chegada dunha mensaxe. Neste caso obsérvase con clarezza a complementariedade destes dous sistemas de comunicación. O usuariado, por tanto, aprópia-se das TIC e adáptaa para actividades que, en orixe, non eran consideradas. Nunha das entrevistas realizadas no estudo de Donner (2007) unha persoa sinala a funcionalidade deste sistema: no seu caso concreto, este mecanismo sérvelle para aforrar cartos e continuar a manter unha relación a distancia coa súa parella mediante o consenso previo do significado dos toques; nesta ocasión o número de toques tamén será relevante para inferir a súa intencionalidade¹⁹⁷, pois en certos casos codifícanse mensaxes máis complexas en función da duración dos tons. O seguinte excerto da entrevista resulta certamente ilustrativo deste tipo de prácticas:

Frank Payne: I telephone her every evening to see that she's all right and if she's coming here, which she does a couple of times a week- we've got it down to a bit of a fine art- she rings me, I let it ring three times and then she hangs up. So I know that a) she's coming, b) she's ok. And when she leaves her, she does the same; she gets home and the first thing she does is rings me three times and then I know that she's home (Donner 2007).

Ademais daqueles que responden a unha negociación previa entre os interlocutores, os usos que se tornan relevantes do punto de vista da comunicación interpersonal son os denominados afectivos, os cales en moitos casos non teñen como propósito unha resposta ou algún tipo de contestación por parte do receptor, mais denotaren interese: desexar as boas noites, indicar que se está a pensar na outra persoa etc. En relación con isto, Donner (2007) afirma que “this kind of beep is perhaps particularly attractive to shy teens, who can express interest in another person without having to compose a customized message. Users may reciprocate these ‘waves’ with a reply beep, but sometimes no reply is required or expected”. Con todo, existen unhas regras que condicionan a interacción entre os interlocutores. Os toques cuxo propósito é obter unha chamada de volta, o normal é que se envíen a xente con máis posibilidades económicas, de forma que o frecuente é que as crianzas e a mocidade establezan este tipo de usos cos seus familiares, aínda que non só. Entre pares, nomeadamente entre as faixas etarias máis novas, existe tamén un acordo implícito¹⁹⁸ onde

¹⁹⁶ Porén, cómpre termos en consideración que para podermos realizar chamadas perdidas, se ben que non implican gasto, precísase que o cartón conte co saldo mínimo requirido para establecer unha chamada en condicións normais; do contrario é imposible iniciarmos a conexión con outro terminal.

¹⁹⁷ Inclusive as SMS se fan eco da funcionalidade deste fenómeno e alternan os seus usos co propósito de permitiren a comunicación a un baixo custo. No repertorio de mensaxes de texto que manexamos, existen algunhas onde o usuariado programa a resposta mediante o sistema de chamadas perdidas, isto é, evitan a necesidade de que exista unha mensaxe que conteste a información solicitada na SMS inicial. Non se trata dun fenómeno moi estendido, mais existen contextos que propician o seu uso. Neste sentido destacamos a seguinte SMS: *Oiches! vou pillr x intrnt as ntrads do cine! Ti vas vir? Collo para ti tamn? Itok si, 2nn! Bks! (A246).*

¹⁹⁸ Donner (2007) afirma que “among equals who trust each other and call each other often, the “richer gay pays” approach may not apply. Instead, there is an understanding that If one person runs out of money on his or her prepay account, he or she can beep the other”.

alguén pode realizar unha chamada perdida para que a outra persoa lle devolva a chamada se nese momento non dispuxer de suficiente saldo no seu cartón. Unha outra regra consiste en non ser demasiado insistente con este tipo de prácticas, pois unha segunda chamada perdida entre persoas que se coñecen pode levar á confusión: así, por exemplo, o receptor pode interpretar que se trata dunha tentativa de chamada ou que a necesidade de interaxir está motivada por algún incidente ou urxencia.

A pesar das similitudes entre esta práctica e as mensaxes de texto, cómpre termos en conta que se trata de diferentes formas de comunicación: por un lado, un medio é de pago e o outro gratuíto; por outro lado, as chamadas perdidas precisan dunha serie de convencións previas para podermos interpretar o seu significado e fican restrinxidas ao intercambio de unidades informativas limitadas, en canto as SMS permiten estruturas lingüísticas máis desenvolvidas e, por tanto, a transmisión dunha maior cantidade de datos¹⁹⁹, aínda téndomos en conta que se trata dun servizo de mensaxes curtas. O contexto en que se producen as chamadas perdidas tórnase necesario para disipar as posíbeis ambigüidades producidas pola falta de contido explícito, dado que á excepción dos casos en que un toque ten un significado diferente a dous ou tres, todos son similares. Isto fai preciso coñecermos o contorno en que ten lugar a interacción, porque inclusive entre os mesmos interlocutores as perdidas poden significar cousas moi distintas ao longo do día. En relación con isto, Donner (2007) afirma que “to senders and receivers, however, the distinctions among the beeps are surprisingly clear, based on what they know of the situation, the time, and the people involved in the exchange”²⁰⁰. En definitivo, podemos comprobar que as chamadas perdidas constitúen un medio de comunicación cun relativo suceso, a pesar de que a mellora nas tarifas e as novas ofertas comunicativas dos termináis mobeis inciden fortemente no seu retroceso.

1.2.2.7. MUDs e MOOD

Os MUDs ou mundos virtuais son espazos imaxinarios na Web onde as persoas entran a formar parte da fantasía dunha interacción social por medio do texto escrito. Segundo Crystal (2006:178), o usuariado constrúe a realidade a partir das súas intervencións e, para alén disto, trátase dunha realidade que non toma como referente o mundo exterior, senón o universo de ficción que se crea na propia interacción. Toda a comunicación xira, pois, arredor das personaxes, dos eventos e dos contornos dun mundo virtual. De repararmos nas propiedades técnicas deste medio, observaremos que se trata dunha variante do chat en que as persoas usuarias adoptan identidades ficticias para o desenvolvemento da interacción (Vela Delfa 2005:120). A respecto do acrónimo con que se coñecen estes contornos virtuais imaxinarios, Crystal (2006:178) apunta que responde ás siglas de Multi User Dungeon (“masmorra multiusuario”), que fai referencia a un xogo de rol creado en 1970 denominado *Dungeons and Dragons* (‘Dragóns e masmorras’). Na opinión de Vela Delfa (2005:120), o primeiro MUD creouse en 1979 da man dos enxeñeiros informáticos Roy Trubshaw e Richard Bertle e tratábase dunha versión electrónica do *Dungeons and Dragons* que se denominou *Adventure*. Na actualidade, o acrónimo costuma interpretarse como Multi User

¹⁹⁹ Neste sentido, Donner (2007) sinala que as SMS presentan, ademais, outros propósitos comunicativos, alén do relacional e do coordinativo.

²⁰⁰ Tamén nesta liña engade o seguinte: “beeps mean different things to different people at different times. They are digital homonyms; the differences in meanings are delineated in the minds of the sender and the receiver” (Donner 2007).

Dimension²⁰¹ (‘dimensión multiusuario’). Na maior parte dos casos, os MUDs configúranse como xogos virtuais en que as persoas participantes gañan, perden etc.

Desde a aparición de *Dungeons and Dragons* publicáronse centos de xogos nesta liña que, segundo Crystal (2006:179), estenderon o concepto dos mundos de fantasía ao terror, á ciencia-ficción, á historia e a outros campos. No entanto, todos presentan a mesma estrutura: xógase en grupos de dúas ou máis persoas, cada xogador crea unha personaxe e define os seus atributos (tamaño, armas, vestimenta etc.), se ben existe un xogador (Game Master) que é o encargado de definir o contorno imaxinario en que se moverán e interaxirán os xogadores, os obstáculos que se teñen de salvar e os poderes con que contarán. Esta idea dos mundos virtuais está a ser aplicada con moito suceso no campo educativo, onde por exemplo se crean MUDs para participar nun debate sobre investigación universitaria, sobre técnicas pedagóxicas ou simplemente para contribuír na interacción entre o estudantado. En palabras de Crystal (2006:179):

An entire teaching situation might be created within a MUD- Whether for 7-year-olds or 17-year-olds. The virtual world might be a campus, classroom, or business centre; it might be fictitious or an accurate re-creation of a part of the real world. But whether the purpose is combat or conversation, destruction or debate, research or recreation, MUDs have all had one thing in common: they are interactive databases which create vivid environments in which users interact in real time. And they have all been text-based.

Á medida que se difundía a idea dos mundos virtuais e que ía gañando seguidores fóronse desenvolvendo variantes destes contornos imaxinarios o que, por súa vez, deu lugar a unha proliferación de acrónimos. Na liña de Vela Delfa (2005:121) existen diversas familias ou modalidades: MUXs, MUCKs, MOOs (Mud Object-Oriented), MUSEs, MUSHs (Multi-user Share Hallucination)²⁰². Cada variante ten o seu propio tipo de servidor que implementa unha clase de mundo virtual diferente. Con todo, os MOOs non se axustan completamente a esta clase de mundos virtuais. Para Crystal (2006:181) esta modalidade fai referencia a obxectos programados (estradas, armas, mobiliario etc.) que poden crearse e manipularse dentro do mundo imaxinario. O xénero MOO apareceu na década de 90 do pasado século e desde entón deu lugar a diversas clases como o LambdaMOO (mundo virtual social máis visitado), entre outros. Aínda que non constitúen auténticos xogos, si manifestan certas diferenzas cos sistemas de comunicación descritos en seccións anteriores. Así, á diferenza do que acontece no chat, neste universo as interaccións aparecen en terceira persoa e son transformadas polo sistema en intervencións en estilo indirecto. Nesta liña, en Mayans (2000) faise referencia á importancia da análise da capacidade performativa do discurso, dado que fronte a outros medios de interacción nos MOODs, dicir é facer.

Un dos mundos virtuais máis coñecidos é Second Life²⁰³ que, embora simule un xogo de rol, as posibilidades que ofrece son ilimitadas, de aí o seu suceso a nivel mundial. Alén diso, conta coa tecnoloxía das tres dimensións, o que o converte nun contorno case real. Este

²⁰¹ Crystal (2006:179) sinala que esta acepción desvincúlase en certo modo das asociacións que a relacionaban coa idea orixinal de monstros e combates, pois a pesar de que os primeiros xogos seguían a liña fantástica de “Dragóns e Masmorras”, a maior parte dos mundos virtuais dos xogos de computador responde a temas moi diferentes e, inclusive, algúns posúen escasos ou mesmo nulos elementos de fantasía.

²⁰² A este respecto, Crystal (2006:181) sinala que a capacidade de invención lexical parece non ter límites. Esta proliferación de acrónimos e de subxéneros provocou que se establecese como algo habitual facer referencia a todo o campo dos MUD coas siglas MU*, isto é, mediante a convención dun símbolo baleiro (o asterisco).

²⁰³ Segundo Trigo Aranda (2010:152), nalgúns casos Second Life é analizado dentro das redes sociais, mais en realidade é o que se coñece como “metaverso”, isto é, un contorno virtual no ciberespazo que permite interactuar a través de personaxes configurábeis. Estas características foron as que nos levaron a incluírmolo nesta sección.

universo ficticio, de acceso gratuíto, foi creado en 2003 pola compañía estadounidense Linde Lab e está inspirado na novela de ciencia ficción *Snow Crash*²⁰⁴ (1991) do escritor Neal Stephenson e no movemento Cyberpunk²⁰⁵ (Sempere 2007:378). As persoas usuarias son coñecidas como residentes e poden acceder a este espazo virtual a través de múltiples programas de interface ou Viewers, mediante o que interaxen con outros/as usuarios/as utilizando cadanseu avatar²⁰⁶. Deste modo, os residentes poden explorar ese mundo virtual, participaren en diversas actividades, tanto individuais como grupais, estableceren relacións sociais etc. Un dos seus atractivos é a posibilidade de intercambiar diversos obxectos ou produtos virtuais a través dun mercado que ten como moneda o Linden Dólar²⁰⁷ (\$L). Este universo ficticio está restrinxido aos menores de 16 anos, para os que existe unha alternativa denominada Teen Second Life. A respecto da importancia destas realidades virtuais, Sempere (2007:379) afirma o seguinte:

Second Life es la representación colorista e inocente del mito literario de la doble vida, de la identidad soñada o temida, del eterno conflicto entre el bien y el mal que vivieron con placer y dolor el doctor Jeckill y Mr. Hyde, el lobo estepario y Dorian Grey. Tras varios siglos de escrutinio en las sombras de la personalidad se mantienen las mismas preguntas inquietantes: ¿la fantasía forma parte de la realidad? ¿lo psíquico es sólo metafísico? ¿El alter ego es la exclusión del ego, su proyección ilusoria? La técnica de la realidad virtual se basa en un interfaz informático que genera entornos sintéticos en tiempo real, representación de seres, objetos y paisajes en forma tridimensional. Crea una realidad ilusoria, sin soporte objetivo, ya que solo existe dentro del ordenador. Es una pseudorealidad alternativa. Pero tiene características seductoras: la música se escucha en directo, las conversaciones son cara a cara, la tridimensionalidad reproduce la sensación táctil.

Non se trata dun xogo de rol na liña dos MUDs que analizamos anteriormente, mais dun espazo paralelo en que o usuariado pode interaccionar, xogar, comunicar, facer negocios, mais sobre todo vivir unha segunda vida do modo en que sempre gostou de vivir a primeira, quere dicir, escollendo a idade, o nome, con avatares feitos á medida e sen o risco e o compromiso que lles outorga a súa virtualidade. Neste sentido, Yus (2007:38) explica que fronte ás interaccións face a face, onde o corpo dos interlocutores achega continuamente unha información sobre trazos macrosociais (sexo, raza etc.) e microsociais (complexión, vestimenta...), e alén da información non verbal que se transmite en canto se mantén unha conversa, os interlocutores virtuais, liberados da súa presenza corpórea, conseguirán unha comunicación máis dinámica e liberada dos preconceptos que normalmente se producen perante o contacto visual da persoa. Igualmente, a personalidade real do internauta non ficará nun segundo plano, encoberta polos estereótipos sociais que emanan do corpo (véxase 1.2.3.1). Sempere (2007:380) afirma que este mundo virtual é anunciado como un chamativo continente dixital, cheo de xente, diversións e experiencias e convida as persoas usuarias a exploráreno, contruíren a súa casa, o seu negocio etc. En SL teñen cabida eventos culturais, políticos e musicais. Con todo, o antedito autor salienta que o factor preponderante neste mundo virtual, máis do que o aspecto material, son as áreas emocionais e, fundamentalmente, a posibilidade que nos ofrece para sermos outras persoas.

²⁰⁴ Novela que ironiza sobre o futuro de EEUU, un país que tan só é capaz de facer música, cine, informática e repartir pizza en menos de trinta minutos (Sempere 2007:378).

²⁰⁵ Trátase dun subxénero da ciencia ficción que mestura a cibernética cun certo grao de malestar social e de radicalismo.

²⁰⁶ Seguíndomos Crystal (2006:182), nos sistemas de deseño gráfico, onde conviven as representacións visuais co texto, as personaxes costumaban ser denominadas avatares. Estas son tridimensionais e personalizábeis, o que provoca que o usuariado se converta na personaxe que desexe nesa segunda vida.

²⁰⁷ Un dólar estadounidense equivale a uns 250 dólares Linden en Second Life.

A súa difusión a nivel mundial e o seu suceso é debido ás ilimitadas posibilidades que favorece este contorno virtual. Segundo estatísticas que figuran na rede, en xaneiro de 2008, o usuariado de Second Life pasara máis de 28.274.505 horas neste mundo virtual, cunha media de 38.000 residentes presentes en calquera momento. Xa en 2009 esta cifra aumentou no primeiro trimestre a 88.200. Canto ao número de contas, en marzo de 2008 existían arredor de 13 millóns, en canto en meados de 2010 a cifra ascendía aos 20 millóns²⁰⁸. Hai na Rede un debate continuo arredor da natureza de SL como realidade virtual, plataforma social ou videoxogo. Neste sentido, á diferenza dos xogos convencionais, Second Life non ten obxectivos finais, do mesmo modo que tampouco segue as normas tradicionais dos xogos, quere dicir, non consiste en sumar puntos, en gañar ou perder etc. Canto aos prezos, o acceso a este mundo virtual é gratuíto, se ben que para posuír o dereito de compra de terreos e de construción é preciso ter unha conta de pago, cuxo custo varía entre os 10 e os 100 dólares. A plataforma serve non só para interactuar mais tamén para a promoción. Nesta liña, grupos musicais (U2, Suzanne Vega) utilizan este medio para se promocionaren, tamén diversos dirixentes políticos²⁰⁹ (Gaspar Llamazares, Paloma Sainz) difunden as súas ideoloxías en SL. Do mesmo modo, moitas empresas e multinacionais teñen presenza no mundo virtual (Sony, Nissan, Coca Cola, Reebok, Microsoft etc). Igualmente, diversas universidades como Harvard ou Oxford utilizan Second Life para a formación, nomeadamente para o ensino de linguas. En definitiva, estamos perante un espazo virtual que permite ao usuariado aumentar as relacións sociais, dado que poden interaccionar a nivel persoal con amizades e familiares, mais tamén encontraren grupos que representen os seus intereses sociais.

1.2.2.8. Comunicaci3ns de voz e v3deo por Internet (VoIP)²¹⁰

Escollemos este titular para facermos referencia 3s tecnolox3as de transmisi3n de comunicaci3ns de voz e de v3deo a trav3s de redes IP. Segundo Dans (2010:159), este tipo de tecnolox3a evoluiu at3 tal punto que se est3 a converter na ferramenta habitual para comunicar con outros dispositivos, substitu3ndo a liña telef3nica tradicional pola conexi3n 3 Internet. Con todo, c3mpre termos en conta, seguindo o exposto en G3mez Vieites / Otero Barros (2011:129), que nunha rede IP como a da Internet, que se basea na conmutaci3n de paquetes, 3 preciso considerarmos unha serie de par3metros que inciden no comportamento dunha transmisi3n de voz e que poden producir conversas inintelix3beis ou continuas interrupci3ns: por un lado, o ancho de banda dispo3nibel 3 fundamental. Neste sentido, a velocidade m3nima de transmisi3n necesaria para garantir unha comunicaci3n acept3bel 3 de 12-15 Kbps. Por outro lado, 3 preciso considerarmos a demora dos paquetes de datos, dado que unha rede IP como a Internet non permite prever o seu retardo, isto 3, o tempo que transcorre desde que se env3a at3 que chega ao seu destino. A este respecto, unha demora elevada pode producir ecos,

²⁰⁸ Con todo, conv3n termos en conta que non se poden ofrecer estatísticas fi3beis en relaci3n co uso consistente destas contas a longo prazo, pois existen numerosas persoas rexistradas cuxas contas permanecen inactivas. En moitos casos non se debe ao desleixo ou 3 desmotivaci3n dos internautas, mais aos altos requisitos de hardware e de software que exige esta aplicaci3n.

²⁰⁹ Unha iniciativa pol3tica relevante foi a acontecida en maio de 2007, cando un usuario de Second Life convocou unha manifestaci3n virtual diante da sede do PSOE para protestar no mundo real pola pol3tica do goberno ao conceder a excarceraci3n de De Juana Chaos. V3xase <http://www.libertaddigital.com/internet/convocan-en-second-life-una-sentada-frente-a-la-sede-del-psoe-para-protostar-por-el-trato-al-terrorista-de-juana-1276305506/>.

²¹⁰ Segundo Gomez Vieites / Otero Barros (2011:129), este termo (Voice over IP) fai referencia ao conxunto de tecnolox3as que habilitan a dixitalizaci3n dun sinal de voz para que sexa transmitido a trav3s dunha rede IP, ben sexa p3blica ou privada, e reconstru3do fielmente no destino. Por3n, a proliferaci3n de c3maras IP nos dispositivos electr3nicas converteu as transmisi3ns de video –e de voz– nun sistema altamente competitivo que tam3n utiliza este protocolo, motivo por que decidimos agrupalos baixo a mesma ep3grafe.

solapamentos etc. Outrosí, a voz sobre IP non é unha transmisión fiable, na medida en que poden producirse perdas de paquetes se existir saturación na rede ou problemas na transmisión da Internet²¹¹. Por estas razóns, a Internet aínda non pode asegurar interaccións de calidade, se ben que é certo que a mellora nas conexións e nas tecnoloxías asociadas contribúen de maneira fundamental para a difusión e para a notoriedade actual destes medios de comunicación.

Para establecermos unha comunicación de voz a través da Internet é necesario termos un dispositivo electrónico con acceso á rede, pois será o que nos permita realizarmos chamadas mediante a conexión á rede. Neste sentido, os computadores, as tabletas e os teléfonos intelixentes son os soportes máis habituais, embora tamén existan os teléfonos IP. Os dispositivos poden estar baseados ben en hardware ou ben en software e, por tanto, non é necesario mercarmos ningún terminal adicional, senón instalarmos unha aplicación deste tipo no noso terminal. Os teléfonos IP, baseados en hardware, poden realizar chamadas vía Internet, dado que se conectan directamente á rede IP²¹², ao contaren cun cartón de rede integrado que facilita estas operacións. A respecto dos ditos dispositivos, Gómez Vieites / Otero Barros (2011:133) afirman que sobre todo a nivel empresarial os terminais telefónicos IP constitúen unha boa alternativa ao teléfono tradicional, a pesar de que a inversión inicial é aínda superior ao das bases analóxicas; entre os seus beneficios destacan a flexibilidade, a potencia ilimitada e o custo 0 da maioría das comunicacións. En todo o caso, serán aquelas plataformas baseadas en software as que manifesten unha maior aceptación entre a poboación en xeral. De acordo con Dans (2010:161), estes programas, coñecidos como *softphones*, teñen unha interface similar á dun teléfono, quere dicir, constan de paneis e de botóns que a persoa usuaria debe premer para poder interaxir; ofrecen, pois, todas as funcionalidades dun teléfono convencional²¹³. A dita ferramenta permite realizarmos chamadas a outros softphones e, igualmente, aos teléfonos tradicionais. Nalgúns casos só é posible establecermos conexións telefónicas entre usuariados que dispuxer da mesma aplicación, como acontece con *Hangouts* de Google, onde é necesario dispor dunha conta de Gmail.

A videoconferencia agrúpase dentro das tecnoloxías de comunicación interactiva no contexto da telefonía IP, pois permite establecer interaccións entre dous ou máis emprazamentos mediante o uso do audio e do vídeo de forma simultánea. A videotelefonía é unha alternativa a este medio, mais, á diferenza da primeira, deseñada para a interrelación entre grupos de persoas, está pensada para manter comunicacións entre individuos (Dans 2010:160). Os dispositivos necesarios para levar a cabo este tipo de interacción a través da Internet son dous: unha cámara web –exterior ou integrada– que permita ofrecer imaxes en directo a través da súa conexión a un dispositivo, e un microfone, pois sen este elemento sería imposible manter unha comunicación por voz cos interlocutores. A maioría dos terminais electrónicos incorporan xa ambas as tecnoloxías. A respecto das características técnicas, Gómez Vieites / Otero Barros (2011:131) sinalan que para a videoconferencia a través de redes IP é preciso dispor dun ancho de banda superior ao necesario para a VoIP. Neste sentido, a ITU (Unión Internacional de Telecomunicacións) deseñou unha serie de estándares

²¹¹ A Voz IP utiliza o protocolo UDP (User Datagram Protocol) para o envío de paquetes de voz, mais este non está orientado á conexión polo que se poden producir perdas, ao contrario de TCP que é o encargado de recuperar os paquetes perdidos na Rede (Gómez Vieites / Otero Barros 2011:130).

²¹² O tipo de conexión é similar á dos computadores, ben por medio dun cable de rede Ethernet, ben cunha conexión WiFi.

²¹³ Os recentes sistemas multiplataforma, como os sinalados en 1.2.2.4, integran xa moitos dos servizos analizados nesta epígrafe (VoIP, MI etc.), de modo que as interfaces tamén se volven híbridas e perden as referencias orixinais.

que permitisen desenvolver servizos de videoconferencia; neles especificanse as técnicas de compresión utilizadas en cada caso: H.320 para RDSI²¹⁴ de banda estreita, H.321 para RDSI de banda ancha, H.322 para redes IP con calidade de servizo garantida, H.323 para redes IP e H.324 para baixa velocidade de transmisión a través da Rede Telefónica Básica (RTB).

Nesta esfera existen aplicacións que gozaron e gozan aínda dunha grande popularidade; é o caso de Skype²¹⁵, programa de videotelefonía IP desenvolvido en 2003 e que permite realizar e recibir chamadas por parte doutras persoas usuarias da mesma aplicación. Tamén ofrece a posibilidade de chamar a teléfonos fíxos e móbiles de todo o mundo, mais nestes casos os servizos non son gratuítos, senón que se incluírán dentro da tarifa fixada pola compañía. Skype presenta outros servizos complementares á conversación por voz, pois tamén conta cunha ferramenta de mensaxaría instantánea²¹⁶, en que se permite o intercambio e a transferencia de arquivos, e outra de videotelefonía e de videoconferencia. A multifuncionalidade de Skype en canto que integra distintos medios de interacción, dá conta do seu grande suceso. Segundo Gómez Vieites / Otero Barros (2011:137), en maio de 2010 a compañía xa contaba con 560 millóns de usuarios/as en todo o mundo, e posuía o 12% do total de minutos de tráfico de voz cursados de todo o mundo. A este respecto tamén convén salientarmos Hangouts de Google, que aparece en 2013 e unifica os servizos de Google Talk e outras aplicacións nunha soa plataforma. Non está aínda tan estendida como Skype —é moito máis recente—, mais presenta diversas funcionalidades que cómpre resaltarmos: unha das máis chamativas é a posibilidade de enviarmos mensaxes de voz de até 10 minutos de duración. Estas son recibidas nas caixas de correo das persoas destinatarias, como un arquivo adxunto en formato *mp3*²¹⁷; Outrosí, tamén se poden realizar videochamadas con até 15 persoas na web e 10 desde un smartphone.

1.2.3. Repercusións sociais das TIC

Os avances nas tecnoloxías da información e da comunicación e nos transportes mudaron as redes sociais, tradicionalmente delimitadas polo espazo físico de convivencia común cara a un modelo máis disperso, embora máis intercomunicado do punto de vista tecnolóxico. Isto, sobre todo para as xeracións máis novas que naceron xa rodeadas da dita tecnoloxía, traducíuse de modo irreversible nunha reconfiguración do contexto físico e nun forte protagonismo das redes persoais de interacción. No entanto, o ámbito das relacións persoais non foi o único que se viu modificado pola aparición das TIC, senón que estas afectaron moitas outras esferas. Neste sentido, Odina (2000:28) afirma que as innovacións tecnolóxicas non se pensan, mais contráense, do mesmo modo que os hábitos, e poden ser consideradas como o principal motor dunha mudanza social revolucionaria; así, as novidades

²¹⁴ Siglas que fan referencia á Rede Dixital de Servizos Integrados (ISDN en inglés), trátase dunha evolución da Rede Dixital Integrada (RDI) que establece conexións dixitais, cun grande abano de servizos. Foi definida en 1988 pola UIT. Antes do aparecemento desta rede o sistema de telefonía configurábase tan só como un medio de transporte de voz, con algúns servizos específicos de datos. Contrariamente, a RDSI integra datos e voz na mesma liña.

²¹⁵ Segundo Gómez Vieites / Otero Barros (2011:136) esta tecnoloxía aplica de forma adicional *codecs*, isto é, algoritmos de dixitalización da voz, de alto nivel de compresión, acorde cos aínda precarios anchos de banda que ofrecen as liñas ADSL en moitos lugares.

²¹⁶ Do mesmo modo que acontecía cos servizos de mensaxaría instantánea, en Skype tamén é posible comprobarmos a situación dos nosos contactos no momento en que estamos conectados grazas aos estados de dispoñibilidade de Skype (conectado, ausente, ocupado, invisible e desconectado).

²¹⁷ Os/as usuarios/as de Gmail teñen a vantaxe de poderen abrir estas mensaxes sen necesidade de as descargar en no computador, pois o provedor de correo Web integra un sistema que reconece este tipo de arquivos e que os reproduce (Dans 2010:177).

técnicas sempre acaban por definir os límites do que unha sociedade é quen de realizar. A este respecto viran relevantes as seguintes palabras de Odina (2000:29-31) sobre os avances de cada revolución tecnolóxica:

La Revolución Neolítica, que trajo los primeros asentamientos humanos, debe su origen al refinamiento de los instrumentos y las herramientas de piedra y a la posibilidad de domesticación de algunas plantas y animales. La Revolución Comercial, que siguió a la exploración e África, Asia y el Nuevo Mundo, fue el resultado directo de la mejora en las técnicas de navegación y exploración; y la Revolución Industrial empezó con el descubrimiento del uso del carbón de la energía del vapor y de una serie de nuevas maquinarias para la manufactura de textiles de algodón. Todas las revoluciones han sido contraídas por un nuevo tipo de virus técnico, que nunca permite que se vean sus efectos por completo hasta mucho después de haberse instalado totalmente en el cuerpo social [...]. Si todas las revoluciones técnicas anteriores dieron como resultado una nueva serie de innovaciones en el procesamiento de la materia y la energía, la Revolución de las Comunicaciones ha dado como resultado una serie de innovaciones en el nivel más fundamental del trato humano con lo real.

É, pois, evidente que as TIC están a provocar efectos significativos a nivel global en todos os ámbitos sociais, independentemente dunha maior ou menor presenza en cada un deles. Na área da comunicación, os novos medios de masas permiten un acceso máis rápido e actualizado aos contidos, o soporte electrónico permite que emerxan novos distribuidores da información que difuminan as barreiras entre os profesionais deste medio e os axentes sociais. Igualmente, as TIC teñen un impacto relevante no mundo laboral e na economía, pois provocaron mudanzas no ámbito empresarial, onde a persoa traballadora sustenta novas relacións laborais que evolúen cara a formas máis complexas de interacción. A Internet significou tamén un paso decisivo para a liberalización da tecnoloxía e da economía, até entón circunscritas a escenarios xeograficamente delimitados. No campo xurídico as TIC están a suscitar mudanzas, nomeadamente arredor dos dereitos de tratamento de datos e de propiedade intelectual. Por outro lado, os avances tecnolóxicos e, nomeadamente a Rede, abriron novas posibilidades para o ámbito educativo, onde se crean ferramentas que contribúen para o proceso de ensino-aprendizaxe e que facilitan a interacción entre o profesorado e o alumnado, sen as limitacións espacio-temporais que impón o contorno da aula e das titorías convencionais, e tamén para a lingua e a literatura, que adquiren coa Internet novos espazos mediante os que se faceren visíbeis e se renovaren.

Non obstante, nun estudo destas características, adquiren especial relevancia aquelas relacionadas no comezo, quere dicir, as que están máis vinculadas á intercomunicación e que poden ser abordadas desde unha perspectiva lingüística, relacional e en último caso sociolóxica. Así, nas seguintes páxinas focaremos a nosa atención sobre tres esferas en que a difusión destes soportes de comunicación electrónica promoveu novos modelos de interacción: en primeiro lugar analizaremos as repercusións causadas na transformación dos agrupamentos sociais e na aparición de novas formas relacionais; en segundo lugar, afondaremos nas consecuencias que as TIC ocasionan a nivel estrutural, afianzando ou diminuíndo as diferenzas socio-económicas, xeracionais e tamén lingüísticas; por último, será tamén importante, subliñarmos os efectos que estes novos padróns de socialización xeran ou consolidan a nivel patolóxico nas persoas usuarias, desde as condutas aditivas até as implicacións na fisonomía.

1.2.3.1. Comunidade virtual vs comunidade presencial²¹⁸

O rápido desenvolvemento das TIC e o establecemento da Internet e do ciberespazo como un novo contexto de comunicación tivo como consecuencia a aparición de novas pautas de interacción social²¹⁹, entre as cales destaca a formación de comunidades virtuais, que se basean fundamentalmente na comunicación *online*. Segundo Castells (2001:137), supoñen a culminación dun proceso histórico de disociación entre o local e a sociabilidade na formación da comunidade, xa que estes novos modelos de relacións sociais substitúen as formas de interacción limitadas xeograficamente. Con todo, existen sectores críticos que denuncian que a expansión da Rede está a provocar un maior isolamento persoal²²⁰ e unha ruptura na comunicación social e na vida familiar como consecuencia das vantaxes da interacción electrónica, grazas nomeadamente ao anonimato que proporciona este tipo de comunicacións (véxase tamén 1.2.2.3). Nesta epígrafe realizaremos unha aproximación ás comunidades, tanto presenciais como virtuais, afondando nos puntos en que coinciden canto que comunidades e tamén naqueles en que se afastan. Faremos, como é obvio, especial fincapé nos trazos definitorios da comunidade virtual, na medida en que as súas características se verán reflectidas, igualmente, nos soportes comunicativos electrónicos e, en última instancia, terá repercusións tamén na configuración das novas modalidades discursivas.

Existen diversas definicións sobre a comunidade virtual que resaltan a existencia dun determinado contorno cognitivo mutuo, isto é, estamos perante agrupacións de persoas que se dan cita de forma electrónica para se comunicaren, debateren certos temas, intercambiaren información etc. Trátase dunha redefinición da interacción face a face que supera as xa citadas barreiras xeográficas e temporais das comunidades presenciais. Neste sentido, Yus (2007:20-26) sinala que as aproximacións principais ao concepto de comunidade facían referencia a unha serie de características fundamentais: i) existencia dun lugar partillado; ii) unha historia común, isto é, unha identidade; iii) reciprocidade, confianza e solidariedade; iv) interaccións sostidas no tempo; v) normas de obrigado cumprimento; vi) metas comúns; vii) valores e intereses partillados; viii) sentimento de pertenza; e ix) duración no tempo. A respecto do primeiro, a noción de lugar físico debe ser reinterpretada para que se adapte ás novas formas de interacción e ás redes sociais que foron aparecendo grazas ao desenvolvemento de distintos modos de comunicación interpersoal. Para Yus (2007:21) é válido continuarmos a falar de lugar partillado, sempre que este non exixir a co-presenza do grupo nun contexto tanxíbel, isto é, cómpre desvincularmos o espazo físico para poder incorporarmos as comunidades virtuais. Na opinión deste autor, existen algúns estudiosos que consideran necesario a formación dunha historia da comunidade, segundo factor, canto que favorece o sentimento de identidade ás persoas que pertenceren a esta. Nun momento en que o contorno físico deixa de ser un trazo definitorio da comunidade, o terceiro punto, isto é, a

²¹⁸ Seguíndomos Yus (2007:13), preferimos o termo “comunidade presencial” en lugar de “real”, pois coidamos que se trata dun concepto inapropiado que sesga dalgunha maneira, xa que na nosa opinión as comunidades virtuais son tamén reais.

²¹⁹ Yus (2007:17) afirma que as tecnoloxías da comunicación, nomeadamente a Internet e o telemóbel, provocan unha necesaria reinterpretación do concepto de comunidade para o redefinir segundo os novos parámetros de interacción que promoven estas tecnoloxías.

²²⁰ Castells (2001:137) afirma que se ten acusado a Internet de incitar as persoas a fuxir do mundo real, nunha cultura cada vez máis dominada pola realidade virtual.

reciprocidade tórnase un elemento fundamental para determinar aquelas persoas que fican dentro ou fóra dela, quere dicir, búscanse lazos de solidariedade e de confianza²²¹.

As relacións comunitarias que se establecían nun contorno físico e tanxíbel evoluíron nos últimos anos cara a outras formas de interacción desvinculadas da localización espacial física, que se producen en espazos virtuais conectados mediante redes comunicativas (SMS, MI, Chats...). Neste sentido, o mantemento das interaccións no tempo, cuarto factor, é fundamental para a formación e para a estabilización de determinados valores comunitarios xa que, a concordarmos co exposto en Yus (2007:23), o ser humano posúe unha capacidade innata para extraer destas interaccións un coñecemento enciclopédico sobre os aspectos sociais máis relevantes da comunidade a que pertence, o que inclúe a existencia e o cumprimento de determinadas normas, nomeadamente comportamentais, destinadas a facilitaren o desenvolvemento das bases que fundamentan a dita comunidade, e que constitúe o quinto punto. A respecto dos restantes factores, na obra de Agren (1999) apúntase para a necesidade de que os integrantes destes grupos sociais partillen certas metas, o que garantirá a súa pervivencia no tempo, e o mesmo acontece coa existencia de valores ou intereses comúns. Na opinión de Yus (2007:25), non se trata só de pertencer á comunidade, mais tamén se exige participar de modo activo e responsábel na cultura do grupo, o que, por súa vez, contribuirá para crear un sentimento de pertenza a ese colectivo social. Finalmente, a duración no tempo é un factor relevante para que esa comunidade sexa catalogada como tal.

Yus (2007:31) afirma que na actualidade a distinción entre comunidades físicas ou presenciais e comunidades virtuais deixou de ter sentido, pois as comunidades baseadas en contextos físicos son, cada vez máis, virtualidades reais, do mesmo modo que as comunidades da Rede se están a converter en realidades virtuais²²². A respecto da influencia das tecnoloxías da información e da comunicación nesta hibridización, cómpre citarmos Yus (2007:34) cando sinala unha mudanza fundamental:

No sorprende que los medios de comunicación interpersonal mediada, como el teléfono y, en la actualidad, sobre todo Internet, la comunicación instantánea mediante el Messenger, los mensajes de texto enviados entre teléfonos móviles, etc., hayan sido factores que los analistas utópicos han señalado como “destructores” de la idea primigenia de comunidad. Estos medios separan a las personas de su contexto físico e impiden los intercambios comunicativos cara a cara en espacios delimitados para tal fin (plazas del pueblo, pubs...), donde el denominado capital social [...] se genera y enriquece gracias a la reciprocidad comunitaria. Estos medios de masas favorecen la movilidad y permiten que las personas decidan cómo y con quién establecer lazos, en lugar de vivir bajo reglas y normas asumidas por generaciones de personas ubicadas en el mismo lugar de convivencia.

Contra as críticas negativas que inciden no isolamento social (ou inclusive na substitución das comunidades presenciais) que provocan as comunidades virtuais, Castells (2001:138) afirma que os usos que se fan da Internet son fundamentalmente instrumentais e que están intimamente relacionados co traballo, a familia e a vida cotiá dos internautas. Por exemplo, o correo electrónico ocupa máis do 85% da utilización da Rede e, na maioría dos casos, este é utilizado por cuestións laborais ou para manter o contacto e as relacións coa familia e as amizades. Alén disto, sinala este autor que se trata dun debate estéril canto que a súa orixe é anterior á recente extensión xeneralizada da Internet, de modo que está baseado

²²¹ É preciso termos en conta que, para alén das vantaxes que ofrece a ruptura das barreiras xeográficas, isto é, a posibilidade de estarmos en contacto con persoas afastadas no espazo, tamén existen limitacións, pois a ausencia de co-presenza física provoca a necesidade de reforzarmos os vínculos de solidariedade e de confianza.

²²² Neste sentido, nos últimos tempos existe certa alarma en relación co *phubbing* –termo derivado da unión dos vocábulos *phone* (telefone) e *snubbing* (desprezar) –, isto é, co comportamento das persoas que inclusive estando involucradas en interaccións presenciais priorizan as relacións de tipo virtual (*Sermos Galiza*, 77, II:21).

nas primeiras experiencias en Rede. Outrosí, non existía un corpus sobre o que investigar arredor dos usos reais da Internet e finalmente, porque esta visión parte do establecemento de oposicións simplistas e ideolóxicas entre unha comunidade presencial idealizada e un agrupamento virtual alienado. Na liña do exposto por Yus anteriormente, Castells (2001:138) tamén apunta para unha converxencia dos dous tipos de comunidades e, ao contrario do que sinalan algúns críticos cando se refiren á Internet ou ben como orixe de comunidades renovadas ou ben como fonte de evasión do mundo real, este autor afirma que os novos modos de interacción social na Rede non teñen ningunha repercusión na configuración da vida diaria das persoas, máis alá de engadiren a interacción electrónica ás formas de relación social xa existentes²²³.

Analizaremos a comunidade virtual con base nos nove factores que foron definidos por Yus (2007) para definir os grupos presenciais e para vermos en que medida estes elementos se manteñen ou se modifican como consecuencia da nova forma de agrupamento social²²⁴. Unha das principais diferenzas que se establecen entre as comunidades presenciais e as virtuais é o feito de a primeira se desenvolver en contornos xeográficos delimitados, en canto a segunda carece de fronteiras físicas e lévase a cabo en contornos virtuais mediante soportes tecnolóxicos, cal o computador ou o telemóbel. Tórnase preciso termos en conta que, se ben que diferente, tamén existe un contorno físico abstracto (as persoas usuarias, os computadores e o contexto que os rodea). A pantalla e a textualidade da interacción son aspectos que substitúen o lugar físico e o corpo da persoa das comunidades tradicionais. Neste sentido, cómpre citarmos Yus (2007:44) cando afirma que “los jóvenes, por ejemplo, cuando dicen ‘Nos vemos en el Messenger’, tienen en mente un espacio concreto de interacción que fácilmente podemos equiparar a la plaza del pueblo o al pub en contextos físicos”. O chat, as listas de distribución, os foros etc. funcionarían tamén a modo de lugares de reunión comunitaria. Se pensamos na sensación de anonimato que favorecen os medios electrónicos, o sentimento identitario, canto que membros pertencentes a unha comunidade cunha historia e unhas características propias, é imprescindible para garantirmos a súa supervivencia no tempo. Contrariamente, Blanchard / Markus (2002) salientan que as relacións cos demais no marco de comunidades presenciais non aseguran necesariamente o sentimento de identidade das persoas que interaxiren.

Como xa apuntamos, configúrase como un elemento imprescindible a reciprocidade e a solidariedade entre os membros da comunidade virtual. A este respecto, Yus (2007:45) cita un exemplo de reciprocidade virtual en maio de 2006, en que a morte dunha rapaza, apuñalada nun restaurante, provocou unha resposta masiva e recíproca de condolencias na rede social MySpace, en que moitas desas persoas nin sequera coñecían a adolescente. Este tipo de iniciativas reforzan a pertenza dos internautas á comunidade virtual a partir do recoñecemento solidario e recíproco da súa actividade na Web. Por tanto, mais do que isolar a persoa, a Internet tórnase, segundo Castells (2001:150) nun medio de comunicación efectivo que permite manter relacións sociais débais, que do contrario se perderían polo contraste entre os esforzos de establecer interaccións físicas e o beneficio que repercute destas comunicacións. E, ademais de manter os lazos débais, a Internet e os medios de interacción dixital tamén contribúen para afianzar as relacións fortes a distancia e, neste

²²³ Á diferenza de Castells (2001), concordamos con Yus (2007) cando sinala que as comunidades virtuais favorecen o establecemento de agrupamentos en función dunha elección persoal, en lugar de se tratar dun feito previamente determinado, onde non intervéñ a responsabilidade do individuo. A comunidade virtual permite, alén de decidir como e con quen nos relacionamos, levarmos a cabo interaccións sen as limitacións espacio-temporais das relacións sociais convencionais.

²²⁴ A respecto das características das comunidades virtuais, véxanse tamén os estudos de Davis (1997), Johnson (2001) e Porter (2004).

sentido convértense nos medios por excelencia para afianzaren as relacións familiares e de amizade; de acordo con Castells (2001:151), debido á crecente disparidade de formas familiares, ao individualismo da sociedade actual e, nalgúns casos, á mobilidade xeográfica aquelas tórnanse en moitas ocasións bastante difíceis²²⁵.

A respecto das normas e das obrigas, a comunidade virtual non está isenta deste tipo de protocolos e, en certos contextos, van acompañados de regras de uso lingüístico. É o que se coñece como *Netiquette*, neoloxismo formado a partir de *rede* –‘net’– e de *etiqueta* que conforma o conxunto de regras que regulan o comportamento das persoas usuarias nun grupo de novas, nun foro, nunha listaxe de distribución ou no correo electrónico; por extensión, costuma utilizarse tamén para se referir ás regras xerais de comportamento na Internet (Yus 2001:187-219). Do mesmo modo que se fai necesario a existencia de normas para garantir a existencia dunha comunidade virtual, tamén será preciso o establecemento de metas comúns que as mantiveren en funcionamento. Neste sentido, en Baker / Ward (2002:208-209) afirmase que a existencia de valores e intereses partillados é, máis do que a proximidade xeográfica, a orixe do vínculo comunitario:

In virtual communities, the role of the individual is shaped more by the intensity of shared interests than by the mere coincidence of geographic proximity. The connection between individuals in virtual communities is not one primarily characterized by shared spatially proximate events like the weather turning stormy, the neighbours being too loud or the trash collectors going on strike. Instead, what ties people together is their interest in engaging in relationships of receiving, creating and exchanging certain kinds of information that are not tightly tied to their geographical location.

Igual que acontece coas comunidades físicas e, aínda téndomos en conta o carácter provisional dalgúns espazos de interacción mediada polo computador, tamén se espera que as comunidades virtuais se manteñan ao longo do tempo. En relación con isto, Patterson (1996) clasifica estes agrupamentos segundo a súa duración e, así, distingue entre comunidades virtuais robustas e comunidades virtuais efémeras, onde as primeiras constituirían grupos sociais estábeis en que, para Yus (2007:48), non só se partillan ideais, experiencias ou sentimentos de inter-conexión, mais os seus membros achan que ao pertenceren a este tipo de comunidade poden conseguir os seus obxectivos de modo máis doado do que as comunidades menos estábeis. Mais alén destes aspectos, xa tratados para nos aproximarmos das comunidades físicas, e que con máis ou menos exactitude poden ser tamén atribuíveis aos agrupamentos virtuais, existen tamén algúns trazos inherentes á comunidade virtual, que a singularizan no contexto dos agrupamentos sociais. O máis importante é, de acordo con Yus (2007:49), a tecnoloxía que, en última instancia, é a que permite a conexión e a interacción entre os internautas. A este respecto, Baym (1995:148) sinala que a competencia no emprego do medio de comunicación repercute de forma notábel no modo en que é usado socialmente (cfr. 1.2.3.2). Por tanto, a tecnoloxía é o que torna posíbel a formación de comunidades; as persoas usuarias aprópianse e reaprópianse dela e isto permítelles conseguiren diversos obxectivos da vida social, o que, por súa vez inflúe nas características da comunidade virtual. Neste sentido, Yus (2007:49) afirma que “es interesante comprobar la influencia de los consumidores de la tecnología en el diseño y la viabilidad de las aplicaciones que los fabricantes de los programas y aparatos de interacción²²⁶ actuales inicialmente proponían a sus compradores o sus usuarios”.

²²⁵ Con todo, Castells (2001:151) afirma que o papel máis importante de Internet na modificación das relacións sociais é a súa contribución ao novo modelo de sociabilidade baseado no individualismo. Para este autor non se trata exactamente de que Internet provoque un modelo de individualismo en Rede, mais que se configura como o soporte máis apropiado para a difusión deste como unha forma dominante de sociabilidade.

²²⁶ O das SMS vira un exemplo significativo. Sobre este particular, véxase 1.2.2.5 e 2.3.

Foron numerosos os autores que, debido ás características da comunidade virtual, non puideron evitar comparala cos agrupamentos presenciais ou físicos. Neste sentido, é preciso citarmos os traballos de Agren (1997), Baym (1995), Patterson (1996), Hamman (1999) e Etzioni (2000). Segundo Yus (2001:53), subxace nesta comparativa a crenza de que as dúas clases de comunidade se exclúen mutuamente, aínda que como veremos máis adiante, presentan un alto índice de interacción. A este respecto, Baym (1998:37-38) afirma que a maior ou menor calidade das interaccións na comunidade virtual costuma ser un correlato da calidade interactiva do suxeito na comunidade física. Con todo, as conclusións de moitos destes autores permiten distinguirmos tres posturas claramente diferenciadas. En primeiro lugar, cómpre salientarmos aquela que considera que a comunidade virtual supera os agrupamentos presenciais, pois na interacción mediada por computador os interlocutores non estabelecen, á diferenza do que costuma acontecer na comunicación presencial, preconceptos interpretativos sobre o sexo, a raza e a condición social que proporciona a información contextual corpórea. Sobre esta cuestión, Rheingold (1993:Cap 1) salienta que se o interlocutor se libera da súa presentación corpórea conseguirá máis facilmente unha interpretación menos sesgada ou estereotipada dos seus enunciados o que, por súa vez, creará unha maior énfase na personalidade, máis alá das limitacións que impón a interacción face a face das comunidades presenciais. Aliás, a comunidade virtual permite establecer relacións sociais onde a comunidade física non pode chegar, isto é, sen ningún tipo de restricións a respecto da localización xeográfica das persoas interlocutoras²²⁷.

Os mesmos argumentos poden servir para estableceren as bases do pensamento contrario, isto é, a consideración de que a comunidade real supera os agrupamentos virtuais. Neste sentido e na opinión de Yus (2001:54), as persoas que sosteñen esta hipótese achan que a descorporeización da comunidade virtual constitúe un factor negativo e afirman que a co-presenza física se torna fundamental para a vida en comunidade. Para algúns autores como Jones (1997:16) a existencia de comunidade require unha sensación de co-habitar e, para este estudioso, na comunidade virtual non se poden traspasar os límites que impoñen os programas do computador que permiten a interacción na Rede desde a soidade do interlocutor. Moitas das críticas están orientadas ao feito de que os foros de debate, as listas de distribución etc., o que se deron en chamar “comunidades virtuais”, non o son na realidade, porque é necesario máis do que un interese ou uns valores comúns para crear este tipo de vínculos grupais. A capacidade destes novos medios de interacción mediada por computador para ampliaren o alcance das nosas relacións xera unha ilusión de maior contacto, o que produce a sensación de pertenza a un grupo, mais na opinión dalgúns críticos unha comunidade exige dos seus interlocutores relacións directas entre eles²²⁸. Convén, igualmente, termos en conta a natureza textual das interaccións realizadas mediante as TIC, o que impide moitas veces as posibilidades de contextualización dos enunciados e, por tanto,

²²⁷ A este respecto, Yus (2001:54) engade o seguinte: “En la comunidad virtual se comparten aspectos triviales y profundos que la vida cotidiana en la comunidad real nos impide saborear [...]; la comunidad virtual se erige en la plaza, la cafetería y el pub de la vida actual, esos centros *naturales* de interacción social de los que emana la sensación de comunidad y que, por desgracia, han sido substituídos en la comunidad real por los grandes almacenes, los restaurantes de comida rápida y los suburbios comunicados, unos lugares en los que, más que compartir la sensación de vivir en comunidad, se co-habita un espacio físico sin establecer lazos sociales. Ante la deshumanización del espacio físico, el ser humano ha encontrado otros vehículos de humanización en la interacción por Internet”.

²²⁸ Na mesma liña, London (1997) denomina estes agrupamentos virtuais *pseudocomunidades*, na medida en que carecen de moitos dos trazos esenciais das comunidades reais, cal a conversa face a face, o encontro ocasional e a confrontación con persoas cuxas formas de vida difiren das nosas. Sobre esta cuestión, London considera as comunidades virtuais como utópicas.

dificultan a súa interpretación. Apropiémonos das palabras de Yus (2001:48) para salientarmos que en

el entorno virtual, muchas pistas contextuales de índole social están ausentes debido a que no existe una co-presencia física entre los interlocutores. Esta ausencia conlleva una reducción en el nivel de mutualidad de los entornos cognitivos de los hablantes y una ausencia paralela de las convenciones sociales arquetípicas que los hablantes suelen usar en sus interacciones conversacionales cotidianas. (Donhath, 1996). Como apunta Belson (1994), las normas que son normales en la comunicación cara a cara ya no están estandarizadas... también hay escasas normas para la estructuración de los mensajes (in)formales, o para la estimación de los requisitos de cortesía. Pero esta afirmación no implica que la comunicación por Internet esté necesariamente abocada al fracaso. Al contrario [...] los interlocutores virtuales han encontrado estrategias para compensar la ausencia de pistas conversacionales de carácter social y de la esencial información contextual de la interacción cara a cara (Matthews 2000:80).

En último lugar, contamos co posicionamento que defende que a comunidade real é simplemente diferente da comunidade virtual e, xa que logo, configúranse como dúas realidades difíceis de relacionar, pois constitúen agrupamentos cun alto grao de especificidade (Yus 2001:56). En relación con isto, a comunidade virtual ten unha natureza textual, o que a converte nunha cultura particular. En conclusión, esta nova forma de interacción salva as limitacións impostas polo computador, mediante o aproveitamento de novos modos de expresión, rica e variada e, neste sentido, explota as características do sistema de forma creativa, crea relacións que noutro medio serían impensábeis, xera normas de comportamento, novas identidades etc. A noción de comunidade virtual chamaba a atención sobre o nacemento de novos soportes tecnolóxicos para a sociabilidade, que eran diferentes, máis non por iso inferiores ás formas anteriores de interacción social. Segundo Castells (2001:146), este termo, debido ás connotacións que o acompañaban, confundiu diversas formas de relación social, que foi o que provocou o debate ideolóxico entre os partidarios das vellas comunidades, limitadas do punto de vista espacial, e os entusiastas das comunidades electivas que propiciaba este novo medio electrónico.

Yus (2007:50) afirma tamén que dentro da comunidade virtual existen taxonomías que permiten distinguirmos diversos tipos de agrupamentos virtuais en función de varios factores. Nestes medios, tórnase necesario diferenciarmos entre aquelas comunidades que só se desenvolven dentro do marco da CMC, nomeadamente da Internet, daqueloutras que converxen coas comunidades presenciais²²⁹. O citado autor sinala que neste último caso estamos perante a comunidade conectada, é dicir, non conforma un espazo diferenciado da comunidade física, senón a interconexión de persoas que xa partillan a dita comunidade e que, por tanto, tamén realizan intercambios comunicativos face a face, onde a comunicación *online* supón un suplemento á antedita interacción²³⁰. Hamman (1999) diferencia, nesta liña, tres tipos de comunidades: i) aquelas formadas case en exclusiva por persoas que se coñeceron na Rede e que non tiveron interaccións face a face; ii) aquelas en que as persoas que interactúan tamén se coñecen nos espazos físicos; e iii) as comunidades onde as persoas se relacionan con outras que coñecen face a face e outras que tan só coñecen de modo virtual. Yus (2007:51) engade unha cuarta tipoloxía en que todos os integrantes se coñecen virtual e

²²⁹ En relación con isto, tamén cómpre salientarmos Matzat / De Vos (2000:68), onde se establece unha dicotomía entre as comunidades virtuais puras, ou sexa, onde os seus membros tan só interaxen de modo *online*, e as comunidades virtuais inmersas, isto é, se a dita comunidade figura inscrita nun contexto comunicativo xa establecido nun contorno físico. Por outro lado, tamén distingue entre as comunidades centradas nun único tópico ou aquelas en que, polo contrario, subxacen múltiples intereses.

²³⁰ Neste sentido, Yus (2007:50) salienta que un claro exemplo desta situación se produce, nomeadamente, entre as faixas etarias máis novas, onde é moi común que as conversas entre o espazo físico e o virtual se solapen e que se faga referencia aos dous medios con total naturalidade.

fisicamente, aínda que indica que se trata dunha variedade pouco probábel, mais que pode producirse en certas circunstancias²³¹.

Do punto de vista temporal, cómpre distinguirmos entre as comunidades virtuais sincrónicas e as asincrónicas. Nas primeiras, o diálogo interactivo textual que se constrúe desaparece no momento en que desconectamos o terminal²³², de forma que en moitos casos non fica a nosa presenza, o que dificulta o desenvolvemento dunha concepción estábel de comunidade. Nas comunidades virtuais asincrónicas rexístranse as nosas interaccións a modo de historial, o que permite a creación dun contorno comunicativo a cada paso máis complexo e un sentimento de identidade máis forte que liga os interlocutores á comunidade virtual. A este respecto, Yus (2007:52) afirma que nas comunidades sincrónicas non existe un lugar, aínda que sexa abstracto, que se poida chamar comunidade, senón que esta se crea en cada interacción, en canto as asincrónicas manteñen un historial dos acontecementos que tiveron lugar na comunidade, o que favorece a construción dun complexo contorno grupal. A esencia lingüística da comunidade virtual está presente en calquera destas dúas variedades e configúrase como a clave interactiva que regula os intercambios na Rede. Mitra (1997:59) apunta, nesta liña, que os textos que se intercambian na Rede constitúen *artefactos* que manteñen unidos estes agrupamentos. Por tanto, as identidades dentro da comunidade prodúcense sobre todo polo modo en que os participantes se presentan, eles propios, dentro do discurso. Consecuentemente, a natureza textual das comunidades virtuais convértese no seu trazo máis característico.

Por outro lado, existen estudiosos que, máis do que estableceren tipoloxías, distinguen diversas formas de agrupamento social na Rede. Neste sentido, Evans (1998) diferencia: i) as cidades dixitais: páxinas web que posúen información *online* e que ofrecen ao internauta fontes de información sobre unha cidade concreta e cuxa finalidade, na maior parte dos casos, é turística máis do que comunitaria; ii) a comunidade virtual: áreas fechadas que exixen o pagamento dunha cota ou o rexistro por parte dos seus membros e onde se fomenta o control sobre o seu desenvolvemento e a súa estabilización; iii) servizos informáticos comunitarios: lugares que presentan un número alto de computadores que permiten ás persoas accederen á Internet; iv) servizos de Información: utilizados polas autoridades para propagaren información relevante para os cidadáns, normalmente mediante intranets ou tamén accesíbeis na Rede.

Noutros casos, distínguense as comunidades virtuais en función da necesidade que satisfan. A este respecto, Sádaba (2002:477) establece catro tipos: i) comunidades de transacción, isto é, aquelas que facilitan a compra-venda de produtos ou servizos; ii) comunidades de interese, onde se agrupan persoas que interaccionan de modo intenso arredor

²³¹ Petit Herrera (2005:185) sinala que máis do que unha aldea global, como profetizou McLuhan, o mundo do mañá estará conformado por unha xustaposición de bairros conectados a outros bairros do mundo. Noutras palabras, unha amálgama de relacións locais e globais entre persoas conectadas. A este respecto, o propio Yus (2007:51) fai tamén referencia ao uso local da Rede (e non global, como acontecía non inicios de Internet). Nesta liña, afirma que a mocidade costuma organizar *quedadas*, isto é, formas de interacción en contornos físicos, mediante o uso de modos de relación virtuais. Este feito supón máis unha proba de que os límites entre real/virtual son anacrónicos e de que cómpre usarmos un novo termo que as unifique de forma adecuada. Este autor propondrá o termo “comunidade cognitiva” para este tipo de agrupamentos. Sobre este particular, en Yus (2007:78) afirmase que unha das preguntas máis frecuentes nas interaccións virtuais con descoñecidos é sobre o lugar de procedencia, pois existe a esperanza de que o noso interlocutor se sitúe próximo a nós, de modo que a interacción virtual sexa tan só un estado inicial para unha posterior relación nun espazo físico.

²³² Non obstante, existen diversas aplicacións de comunicación sincrónica, cal o *Messenger* ou os chats das redes sociais, que ofrecen a posibilidade de crearen un historial das interaccións, do mesmo modo que acontece nos grupos sincrónicos.

de determinados temas de interese común; iii) comunidades de fantasía, onde se crean novos contornos, personaxes e historias e onde as persoas usuarias poden explorar novos modos de identidade; e iv) comunidades de relacións, en que as interaccións xiran arredor de experiencias persoais que provocan que a xente busque resguardo na reciprocidade con outras persoas e que costumaban derivar en fortes vínculos de amizade entre o usuariado. En síntese, podemos observar que o establecemento e o desenvolvemento dunhas comunidades ou doutras variará en función dos soportes e dos programas de interacción empregados²³³.

Estas posibilidades comunicativas están, na actualidade, ao alcance da maioría dos cidadáns, o que, segundo Yus (2007:71), nos conduce de forma irremediábel cara a un novo tipo de sociedade que se podería denominar *sociedade virtual*, isto é, unha mudanza evolutiva en que se supera a cultura baseada tan só no contacto físico entre as persoas, que agora senten menos esta necesidade. E neste punto existen novamente dous sectores claramente diferenciados: por unha parte, aquel que defende que o dominio das tecnoloxías mellora as relacións en contextos físicos²³⁴; e, por outra parte, aqueloutro que destaca a influencia negativa dos novos medios tecnolóxicos na calidade das interaccións. A este respecto, Albero Andrés (2010:20) sinala o seguinte:

La tendencia al determinismo tecnológico que persiste a la hora de analizar la relación entre sociedad y medios de comunicación implica la permanencia de una posición dicotómica y de la alternancia injustificada entre el pensamiento utópico y el catastrofista, por el que cada tecnología de la comunicación se convierte en una profecía para mejorar el mundo social o en un enemigo de la estabilidad de ese mismo mundo. La causa de esta situación suele ser la tendencia a imaginar los efectos que un medio de comunicación tiene sobre las personas únicamente a partir de definir las características de ese medio y el tipo de contenidos que ofrece. En el caso de Internet, la interactividad, la copresencia de comunicación vertical y horizontal, la ausencia de intermediarios, la rapidez y la ausencia de fronteras, llevan a muchos a pensar que todas estas características pueden contribuir a crear una nueva esfera pública.

A única mudanza da expansión das TIC sería a que se produce no aumento do tempo que se dedica a estas tecnoloxías e, xa que logo, unha redistribución deste en función das novas actividades, isto é, escribir mensaxes electrónicas, navegar pola Rede etc. En todo o caso, a Internet parece ter un efecto positivo na interacción social e tende a incrementar o grao de exposición a outras fontes de información. Neste sentido, cómpre salientarmos as conclusións do estudo de Di Maggio / Hargittai / Neuman / Robinson (2001), en que se indica que as persoas usuarias da Rede, unha vez controladas outras variábeis, len máis literatura, asisten a máis acontecementos artísticos e espectáculos deportivos, van máis ao cinema e

²³³ Sobre esta cuestión, a utilización das SMS ou da mensaxaría instantánea favorecerá o desenvolvemento de comunidades virtuais que partillan tamén un contorno físico, en canto os foros ou os blogs fomentarán comunidades virtuais que xiran arredor de un ou de varios intereses comúns, ao paso que os chats poderán servir para estableceren comunidades relacionais como as que define Sádaba (2002:477). A este respecto, as redes sociais poden agrupar diversos tipos de comunidades virtuais, canto que dentro do factor relacional que as xerou, ofrecen tamén a posibilidade de crearen grupos que xiran arredor de diversos intereses, favorecen a interacción sincrónica e a asíncrona etc.

²³⁴ En relación con este tema, cómpre salientarmos a obra de Albero Andrés (2010) en que se cuestionan varios tópicos a respecto da mocidade, a Internet e a participación cidadá. Nesta liña, fórmulanse ao longo do estudo preguntas como as seguintes: pode realmente a Rede facer que as persoas máis novas se interesen e participen na esfera pública? Até que punto a participación *online* xera máis participación *offline* no ámbito da cultura cidadá? Substituirán estas novas formas de participación cidadá as máis tradicionais? etc. Tamén en Katz / Rice / Aspden (2001) se estuda a relación entre o emprego da Rede, a participación cidadá e a interacción social e conclúese que o nivel de participación política e relación social entre o usuariado da Internet era igual ou superior ao do non usuariado. Do mesmo modo, púidose observar tamén que existe unha correlación positiva entre o uso da Rede, a frecuencia de chamadas telefónicas e un maior grao de interacción social entre as persoas usuarias.

practican máis deporte do que as non usuarias. Debido ao coñecemento destas investigacións e, fundamentalmente, dos seus resultados, Castells (2001:145-146) conclúe que o conxunto de datos dispoñíbeis non permite soste a tese de que o uso da Internet implique unha menor interacción e conduza a un maior hermetismo social, moito embora existan certos indicios de que, en casos concretos, a súa utilización pode actuar como substituta doutras actividades sociais²³⁵ (cfr. 1.2.3.3).

A tendencia dominante na sociedade actual a respecto da evolución das relacións sociais é o apoxeo do individualismo en todos os ámbitos, non só na Rede. Isto é, non se trata só dunha tendencia cultural ou, cando menos, non no sentido dunha cultura material ou dun sistema de valores e crenzas que determinan o comportamento dunha persoa e que está arraigado nas condicións materiais de traballo. Estamos, polo contrario, perante un novo sistema de relacións sociais centrado no individuo. Segundo Castells (2001:149-150) “esta relación individualizada con la sociedad es un modelo específico de la sociabilidad, no un atributo psicológico. Está radicada, para empezar, en la individualización de la relación entre capital y trabajo, y entre trabajadores y proceso de trabajo, en la empresa-red”. O novo modelo é consecuencia, neste sentido, da crise do patriarcalismo, da desintegración da familia tradicional e está sustentada polos novos modelos de urbanización, pola crise da lexitimidade política etc. Os avances producidos polas tecnoloxías incrementan, pois, as posibilidades de que o individualismo na Rede se configure como a forma de sociabilidade predominante. Porén, este novo sistema de socialización constitúe un modelo social, non un conxunto de persoas isoladas. Isto é, os individuos crean as súas redes, tanto *online* como *offline*, en función dos seus intereses, valores, crenzas ou afinidades. Os trazos inherentes de interacción virtual teñen como consecuencia que esta adquira un papel cada vez máis importante na organización da vida social, quere dicir, constrúense comunidades virtuais, que se ben que diferentes das físicas, poden ser igualmente intensas ou produtivas para estableceren relacións ou vínculos ou mesmo para mobilizaren as persoas²³⁶. Sintetizando e retomando a idea proposta por Yus (2007:71), podemos defender que na sociedade actual se está a desenvolver un sistema de interacción social híbrido que combina as modalidades de comunicación presencial e virtual e que, por tanto, se beneficia das dúas.

1.2.3.2. A división dixital

A respecto da tecnoloxía como desafío, é necesario sinalarmos que vivimos nunha época en que cinco ou dez anos poden supor que os ditos avances e, en consecuencia, as investigacións que se realizan sobre eles, fiquen obsoletas ou se encontren xa en regresión. Neste sentido, convén citarmos Terceiro (1996:29) cando explica o seguinte:

La humanidad ha venido midiendo su progreso históricamente, en términos de tecnología, con el resultado de que cada era nos ha sobrepasado más rápidamente que las anteriores. La Edad de Piedra duró millones de años, pero la siguiente, la de Metal, sólo cinco mil años. La Revolución Industrial [...] doscientos años. La Era Eléctrica [...] cuarenta años. La Era Electrónica duró veinticinco años y la Era

²³⁵ No entanto, o lapso temporal, os contextos diferentes e as distintas etapas da extensión do uso de Internet en que se realizan os estudos a que fai referencia, obrigan Castells (2001:146) a admitir que é complexo chegar a unha conclusión definitiva sobre as consecuencias que pode ter a Rede a respecto do grao de sociabilidade das persoas usuarias.

²³⁶ Cassany (2000) afirma que o soporte dixital favorece a creación de comunidades ou tribos virtuais de persoas que partillan trazos particulares e que se conectan, interactúan e se desenvolven como grupo a través do contorno dixital. Igualmente, o dixital posibilita o desenvolvemento de comunidades baseadas en calquera tipo de propósito ou actividade, con independencia das fronteiras tradicionais, isto é, persoas de todo o mundo, que con grande dificultade se terían coñecido por canles analóxicas, chegan a conformar unha comunidade discursiva, na medida en que o obxecto básico do intercambio e de unión é o discurso.

de la Información ya tiene veinte, evolucionando rápidamente desde lo que podríamos llamar Infolítico Inferior al Infolítico Superior o información Hipermedia.

O xa citado proceso de transformación social e económica que motivou a Sociedade da Información e as novas formas de produción e de distribución do coñecemento traduciuse nos últimos anos en diversas problemáticas entre aqueles que defenden que a información debe estar accesíbel para todo o mundo e aqueles que poñen restricións segundo as regras do mercado. Así, o establecemento de copyrights, de patentes e de licenzas para algunhas aplicacións ou para determinados contidos contrasta coas iniciativas de Creative Commons²³⁷, de Open Source e mesmo co espírito das bibliotecas dixitais, que poñen os seus materiais ao dispor de todas as persoas usuarias. A plataforma Fírgoa da USC (<http://firgoa.usc.es/drupal/node/19881>) pon de manifesto estas dúas tendencias:

Se o coñecemento é un ben común, entón debe ser libre, aberto, construído comunitariamente, dispoñible por igual para todos. Se, pola contra, se entende que é un ben privado comercializable, entón debe ser pechado, xerado empresarialmente, accesible para quen o compre. A educación pública deberá, no noso parecer, considerar seriamente e desenvolver usos sociais e democráticamente desexables das tecnoloxías.

Porén, é preciso termos en conta que este tipo de iniciativas non garante que toda a poboación poida acceder á información que necesita, pois, antes de máis, precísanse os medios tecnolóxicos necesarios para poder conectarse á Rede que dá entrada a todos eses servizos e a numerosas aplicacións. Por tanto, o título que dá nome a esta sección fai referencia a dúas cuestións fundamentais para nos aproximarmos ás repercusións das TIC. Por un lado, e apoiándonos no exposto en Servon (2002:5), ten que ver coas desigualdades existentes entre aqueles países ou comunidades cunha capacidade socioeconómica alta que lles permite posuíren unha alta taxa de accesibilidade ás tecnoloxías da información e da comunicación²³⁸ e aqueles que non²³⁹. Trátase, como se pode ver, de diferenzas previas ao acceso á propia tecnoloxía derivadas dun baixo nivel económico e dunha falta de infraestruturas. Por outro lado, este termo refírese tamén ás diferenzas que existen entre aqueles grupos ou faixas etarias a respecto do manexo das diversas tecnoloxías da comunicación. No entanto, hai tamén un outro sector en que podemos falar de división dixital se temos en consideración a situación lingüística na Rede, pois observamos que existe unha taxa de presenza moi desigual, entre uns idiomas e outros e, neste sentido, cómpre

²³⁷ Na páxina desta plataforma (<http://w.w.w.creativecommons.com>) defínese o movemento nos seguintes termos: “The idea of universal access to research, education, and culture is made possible by the Internet, but our legal and social systems don’t always allow that idea to be realized. Copyright was created long before the emergence of the Internet, and can make it hard to legally perform actions we take for granted on the network: copy, paste, edit source, and post to the Web. The default setting of copyright law requires all of these actions to have explicit permission, granted in advance, whether you’re an artist, teacher, scientist, librarian, policymaker, or just a regular user. To achieve the vision of universal access, someone needed to provide a free, public, and standardized infrastructure that creates a balance between the reality of the Internet and the reality of copyright laws. That someone is Creative Commons”.

²³⁸ Aínda que o termo abranxe todas as innovacións referidas á tecnoloxía, cómpre destacarmos fundamentalmente, o computador, a telefonía móbil e a conexión á Internet.

²³⁹ A este respecto, existe outra denominación para este fenómeno: falamos de “Pobreza dixital”, termo acuñado pola DIRSI (Diálogo Rexional sobre a Sociedade da Información). Este concepto pretende incidir no mínimo nivel de uso e de consumo das posibilidades que ofrecen as TIC, do mesmo modo que nos baixos niveis de acceso de determinados sectores da poboación que inciden na súa demanda.

repararmos na situación das linguas minorizadas, facéndonos especial fincapé no caso galego²⁴⁰.

1.2.3.2.1. División socioeconómica

Podemos afirmar, baseándonos en datos estatísticos, que a maior parte dos países do mundo ten acceso á Internet; no entanto, o grao de implantación é fortemente variábel duns aos outros e, en relación con isto, achamos que o factor principal do citado desequilibrio é o nivel de ingresos das persoas usuarias²⁴¹. Segundo a información publicada na propia web da Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT)²⁴², existen clasificacións que dividen os países en categorías en función do acceso (elevado, medio-alto, medio-baixo e baixo). Nesta liña, os países nórdicos, Corea e Islandia posúen unha taxa de acceso elevado, en canto Angola, Guinea e Burundi están entre os estados cun nivel de acceso máis precario. No tocante aos niveis de acceso ás TIC no Estado español e, seguíndonos os datos achegados no informe da UIT, desde que en 1990 se sumou á Rede, o crecemento de persoas usuarias non deixa de se multiplicar. O Estado español estaría dentro da categoría de países cun acceso medio-alto e, como sinala un estudo da Universidade de Murcia de 2005²⁴³, “España cuenta en 2003 con 9.789.000 usuarios da Internet, 1.933.000 usuarios máis que el año anterior y 9.739.000 usuarios máis que en 1993, es decir, que el número de usuarios ha crecido cerca de un 200% anualmente entre los años 1993 y 2003”. Os ditos datos demostran a grande velocidade con que se foron introducindo as TIC na vida diaria da xente, o que, por súa vez, verifica que a esta rápida evolución acompañou, igualmente, un aumento das prestacións e un forte proceso de abaratamento.

Na liña de Romero / Vaquero (2001:138), é a partir de 1995 cando as TIC e, sobre todo, a Internet comezan a se introducir na sociedade galega, de modo que a finais do ano seguinte a Galiza xa contaba con 14.000 persoas usuarias²⁴⁴, o que supón un 0.5% da poboación. Con todo será no período que vai de 1997 en adiante cando comece a aumentar de forma vertixinosa o número de persoas conectadas á Rede. Neste sentido, en 1999 existían 104.720 usuarios/as, o que incrementou a porcentaxe até o 4.4%. Actualmente contamos cun alto índice de acceso á Internet –en 2012 máis do 56% da poboación ten unha conexión contratada desde o seu fogar²⁴⁵. Con todo, existen aínda poucos estudos de ámbito estatal que presenten os datos repartidos por comunidades autónomas e, alén disto, tampouco contamos con monografías que fagan referencia á evolución, aos usos e ás tendencias das TIC nos diversos contextos da sociedade, de forma que vira complexo ofrecermos información exacta sobre a popularización da Internet na Galiza.

²⁴⁰ No tocante á división dixital, en Berners-Lee (2000:152) afirmase que un dos obxectivos da Web é o acceso igualitario para todas as persoas, aínda que se encontren en situacións económicas e políticas diversas, teñan discapacidades físicas ou psíquicas, procedan de culturas diferentes e usen idiomas distintos.

²⁴¹ En Concejero Cerezo (2007:171), sinálanse outras variábeis sociodemográficas que establecen diferenzas relevantes na adopción das tecnoloxías, como o sexo (onde os homes adoptan case de forma sistemática as TIC máis rapidamente que as mulleres), a idade (a maior idade, menor probabilidade de adopción) e a educación (canto maior for o nivel educativo maior contacto coas tecnoloxías).

²⁴² Véxase <http://www.itu.int/ITU-D/ict/index.html> e <http://www.itu.int/ITU-D/ict/material/FactsFigures2010.pdf>.

²⁴³ Só accesíbel no seguinte enderezo web: <http://www.um.es/ice/publicaciones/informe-campus-virtual.pdf>.

²⁴⁴ Romero / Vaquero (2001:18) sinalan que é complexo falarmos do crecemento da Rede, dado que o usuario pode acceder a través de redes públicas ou mesmo privadas, como as empresas, e porque, para alén disto, un mesmo computador pode ser utilizado por varias persoas.

²⁴⁵ Datos tirados do Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización de Galicia: <http://www.osimga.org/gl/estadisticas/>.

Porén, nunha análise sobre a adopción das tecnoloxías e, tendo ademais en conta o obxectivo deste estudo, é preciso facermos mención tamén aos datos correspondentes á telefonía móbil. En relación con isto, non se observan grandes diferenzas na adquisición do móbil a respecto dos países do noso contorno. Por tanto, neste caso a división é mínima, cando menos considerada desde unha perspectiva xeral. Na opinión de Concejero Cerezo (2007:191), no Estado español o número de usuarios/as de telefonía móbil continúa a crecer exponencialmente. En 2003 contaba con trinta e sete millóns de persoas abonadas, o que supón un 87% da poboación española e esta porcentaxe continuou a aumentar até a actualidade. Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (2008), na faixa etaria que vai desde os 16 aos 24 anos a súa presenza xira arredor do 98.1%. Motivada polo suceso da telefonía móbil xurdiu a 3ª xeración que aumentou o ancho de banda por medio de redes móbeis; con ela, as persoas usuarias puideron navegar e interaxir desde os propios terminais sen a necesidade dunha conexión física, o que repercutiu no seu suceso sobre outros dispositivos electrónicos.

No entanto, as desigualdades continúan a estar de actualidade aínda hoxe; a este respecto, é, nomeadamente, a partir da publicación por parte da Comisión Maitland do informe “O elo perdido” en 1982 cando se pon de manifesto, tomando como exemplo tecnolóxico o telefone, a precaria situación das infraestruturas ou mesmo a carencia destas naqueles países en vías de desenvolvemento. Desde entón foron moitos os investigadores que se preocuparon por estas cuestións, entre os cales podemos destacar Schiller (1996), Wresh (1996) e Norris (2001). Todos eles reclaman a necesidade de que calquera localidade e país poida acceder á información a través das TIC para se beneficiar das posibilidades que esta ofrece en múltiples campos. Sobre este particular, Norris (2001) realiza unha aproximación máis profunda e afirma que o dito fenómeno social pode ser analizado téndomos en conta diversas escalas de fractura dixital: por un lado teríamos a “fenda global”, que se daría entre os diversos países; “a fenda social”, que se produciría entre diversas rexións dentro dunha nación; e por outro lado, a “fenda democrática”, que fai referencia a aqueles que se benefician das vantaxes das TIC e aqueloutros que, a pesar de poderen ter acceso *online*, non se aproveitan del.

Igualmente, existen tamén outras achegas que se aproximan ao fenómeno desde diferentes perspectivas: algunhas baseadas en análises cuantitativas da división dixital, en que se destacan as diferenzas en relación ás TIC mediante estatísticas, partindo dunha serie de factores que pode implicar variación, quere dicir, idade, sexo, nivel económico, etnia, lugar de procedencia etc. Un traballo destas características pode observarse en Arquette (2001). Outros aspectos estudados desde esta óptica teñen que ver non só co acceso á Internet, senón coa súa calidade (Serrano / Martínez 2002). Aquí as estatísticas xiran arredor do tipo de acceso, onde o predominio da banda ancha sería o obxectivo principal, dado que permite chegar á información en menos tempo e a un baixo custo, o que favorece unha maior facilidade para que se torne accesíbel para toda a poboación²⁴⁶. En Romero / Vaquero (2001:18-19), logo de facer referencia á rápida expansión da Internet e das conexións a practicamente todos os fogares e empresas, matízase esta afirmación e sintetizan moito do que levamos dito até agora:

²⁴⁶ Na actualidade a existencia de numerosas compañías telefónicas (Vodafone, Jazztel, Telefónica, Orange, ONO etc.) que ofrecen tarifas para a conexión á Internet está a provocar que as ofertas sexan cada vez máis asequíbeis para todas as persoas, independentemente do contexto en que viviren, pois a competencia que existe entre elas para gañaren mercado e a necesidade de sumaren clientes está a producir un abaratamento continuo das tarifas.

Internet espállase a unha gran velocidade, como vemos, pero a unha velocidade desigual. Como ocorre co teléfono, a televisión, a radio, e mesmo con outros bens de necesidade máis preemporia, o acceso á Rede non se distribúe de xeito semellante polo noso planeta –e tamén por idénticos motivos–, e non precisamente polas diferencias de poboación dos distintos países [...]. Tamén existen enormes diferencias entre países no índice de penetración de Internet, é dicir, a porcentaxe de usuarios a respecto da poboación total dun país.

Sobre as aproximacións que focalizan a súa atención na calidade do acceso, Van Dijk (<http://www.utwente.nl/gw/vandijk/>) sinala catro factores principais a ponderarmos: a motivación para acceder, o acceso material, as competencias para o acceso e para os usos máis sofisticados. Afirmar que a división dixital non é un fenómeno estático, senón que se acha en constante evolución. A este respecto, aqueles que tiveren un acceso permanente e un ancho de banda que lles permita unha navegación de calidade serán os que se apropien máis rapidamente do emprego das novidades tecnolóxicas que foren aparecendo. Por tanto, cómpre facermos un chamamento para a necesidade dunha verdadeira inclusión dixital, que non se debe pensar como un asunto individual, senón colectivo e global para que todas as persoas se poidan beneficiar dun acceso rápido e de calidade á información e das vantaxes que ofrecen os novos soportes comunicativos. A Organización Mundial do Comercio afirma que as tecnoloxías serán o cerne para unha terceira revolución industrial, pois pénsase que grazas ás TIC se poderán reducir as diferenzas socioeconómicas de desenvolvemento e a carencia de infraestruturas entre os países. Sinálase tamén que isto, por súa vez, facilitará a creación de novas relacións a escala global e de melloras na eficacia dos gobernos e dos servizos públicos.

Con todo, existen tamén autores cunha postura crítica sobre este fenómeno, entre os cales destacamos Crovi (2004) e Islas / Gutiérrez (2004). Os ditos investigadores sinalan que a tan citada Sociedade da Información non é máis do que unha invención para xustificar o proceso de globalización, xa que afirman que non ten en consideración as necesidades dos países máis pobres²⁴⁷. Para estes autores, trátase de reutilizar antigos razoamentos que nunca promoveron verdadeiras mudanzas e que, porén, orixinaron novas formas de dependencia e acentuaron as desigualdades. Segundo datos achegados en 2010 pola Internet World Stats (<http://www.internetworldstats.com/stats.htm>), de entre os 1966 millóns de persoas usuarias da Rede, practicamente o 63% vive nos países industrializados, o que tan só supón o 15% da poboación mundial. Por outro lado, en canto entre a Europa e os Estados Unidos os internautas ascenden a un total de 501 millóns, en África tan só contan con 110 millóns. Estas diferenzas abismais tamén se detectan se atendermos a factores como o sexo, a idade, o estatus social, a procedencia etc. Na opinión desta entidade, a división dixital desenvólvese de forma paralela ás fendas tradicionais, isto é, acceso á educación, sanidade, fame, pobreza, mortalidade etc. Neste sentido, tórnase significativo o seguinte excerto tirado de Romero / Vaquero (2001:55), onde se apunta que

Os avances científicos e técnicos non se están utilizando para xeneralizar o benestar do conxunto da humanidade, senón para concentrar a riqueza en cada vez menos mans. O resultado é, non unha globalización da riqueza, senón unha globalización da pobreza. O sufrimento humano xa non é tanto froito da escaseza, polo menos en termos absolutos, como, sobranceiramente, da desigualdade social, da falta dun reparto equitativo.

Consecuentemente, logo de observarmos os datos anteriores faise necesaria a creación e posterior aplicación de estratexias que contribúan para paliar as diferenzas existentes no

²⁴⁷ Para estes autores serían os países desenvolvidos os grandes beneficiados, canto que propietarios da WWW, da industria do hardware e do software e mesmo da produción de contidos (a maior parte deles en inglés), polo que os restantes países ficarían excluídos de tales beneficios e aumentarían as diferenzas sociais entre as rexións.

acceso ás TIC e que, por tanto, diminúan as desigualdades entre uns países e outros. Alén de planos encamiñados a dotaren de infraestruturas tecnolóxicas e de recursos aquelas zonas que os precisaren, cómpre tamén fomentar xa non o acceso, senón a utilización das tecnoloxías, dado que un uso acaído destas pode incidir na redución doutras fendas, xa mencionadas nesta sección. No entanto, concordamos con Compaine (2001) en que este tipo de iniciativas responden a visións en exceso positivas e que sen unha introdución homoxénea de computadores²⁴⁸ con acceso á Rede nos países menos desenvolvidos no se resolverá este problema. Igualmente, queremos chamar a atención para diversos aspectos que, con frecuencia, non son considerados nestes medios: por un lado, tan importante como o acceso é a capacitación das persoas usuarias, pois de nada serve que existan os medios se a isto non o preceder a xa citada alfabetización dixital para que se poidan utilizar de forma adecuada os recursos que a Rede nos ofrece; do mesmo modo, achamos fundamental a creación e a adaptación de contidos culturais²⁴⁹ que teñan en consideración o contexto dos/as potenciais usuarios/as.

1.2.3.2.2. División xeracional

Canto á distancia en relación cos diferentes grupos etarios e o uso das TIC, é preciso sinalarmos que, se ben o acceso á Internet está máis ou menos estendido en todas as capas da poboación, na sociedade actual existe a idea, fortemente arraigada, de que a alfabetización dixital das persoas usuarias varía dunhas para outras e de que, normalmente, existe unha certa correlación entre un maior dominio por parte das xeracións máis novas, de forma que a mocidade se configura como a máis hábil no manexo das TIC. Con todo, dentro dos propios colectivos obsérvanse diferenzas notábeis entre os individuos. Maggio (2007) emprega os conceptos de “inclusión dixital, e de “inclusión dixital xenuína” para diferenciar aqueles grupos que naceron no seo das TIC daqueles outros cuxo dominio responde a unha aprendizaxe consciente das súas características. O perfil de persoa usuaria sinalado hai máis dunha década por Romero / Vaquero (2001:19) responde á primeira fase –inclusión dixital adquirida, apuntada por Maggio (2007):

Tamén podemos observar diferenzas sociolóxicas na distribución do acceso a Internet. Ata non hai moito, o perfil máis típico de internauta era o dun home que non superaba os 40 anos, posuía unha formación académica media-alta e vivía nunha zona urbana. Hoxe en día as tendencias están mudando en canto a dous factores sociolóxicos, o sexo e a idade: ancián, mozos e, en boa medida, mulleres, estanse a incorporar de xeito masivo a Internet.

Nunha liña similar, Prensky (2001, 2004) foi o primeiro autor en utilizar os termos *nativos dixitais* e *inmigrantes dixitais* para se referir a estas dúas posturas perante o fenómeno dixital e, igualmente, reflicte sobre as súas implicacións no marco educativo e máis

²⁴⁸No artigo “La brecha digital hace más pobres a los pobres” (<http://firgoa.usc.es/drupal/node/36692>) expónse que na capital económica de Níger só existe un computador con conexión á rede e que pertence a unha ONG, que a electricidade non chega nin ao 10% da poboación, o que xa non permite mencionarmos servizos de telefonía móbil, nin tan sequera de lavadoras. O alcume de capital económica do país é debido á organización dun mercado de alimentos, non porque se realicen operacións económicas importantes, de modo que nesta localidade a tecnoloxía está totalmente ausente e isto repítese en moitos dos países que aínda se encontran en vías de desenvolvemento, o que permite notarmos que as tecnoloxías hoxe en día contribúen para aumentar as desigualdades.

²⁴⁹A este respecto, Romero / Vaquero (2001) realizan no seu traballo un achegamento á situación da Galiza no marco da Sociedade da Información. Neste sentido, alén de levaren a cabo unha aproximación do punto de vista tecnolóxico, tamén fan fincapé na necesidade de dispor de contidos propios en lingua galega para que dentro do proceso de globalización en que vivimos inmersos poida estar representada a nosa cultura, a nosa lingua e, consecuentemente, a nosa identidade.

concretamente no relativo ao proceso de ensino-aprendizaxe. A este respecto, Prensky (2001) fai unha caracterización dos adolescentes nos seguintes termos:

Today's students –through college–represent the first generations to grow up with this new technology. They have spent their entire lives surrounded by and using computers, videogames, digital music players, video cams, cell phones, and all the other toys and tools of the digital age. Today's average college grads have spent less than 5.000 houtsd of their lives reading, but over 10.000 hours playing video games (not to mention 20.000 hours watching TV). Computer games, email, the Internet, cell phones and instant messaging are integral parts of their lives.

Para o autor, as persoas nativas dixitais son aquelas que naceron logo da difusión das TIC, que aprenden de maneira autónoma, que prefiren os procesos multitarefa, que reciben grandes cantidades de información, de acceso aleatorio, nun espazo reducido de tempo; vinculado a isto, son tamén os que gostan máis dos gráficos que do texto. Costuman aprender de forma máis favorábel co xogo do que co traballo serio e, neste sentido, traballan mellor conectados á Rede, pois isto posibilita o traballo colectivo, xa que salva as distancias que, tradicionalmente, impuña a existencia de copresencialidade. No lado oposto, as persoas inmigrantes dixitais naceron antes da difusión das TIC coas diferenzas que isto leva consigo, ou sexa, prefiren procesos secuenciais e monotarefa, procesan a información de maneira lenta e en menores cantidades, prefiren o texto máis do que os gráficos e a consulta de materiais físicos, do mesmo modo que traballan mellor de forma individual e linear e gostan da aprendizaxe seria, máis do que de actividades lúdicas encamiñadas ao mesmo fin. Usándonos o símil lingüístico que propón Prensky no seu artigo “Digital Natives, Digital Immigrants”, os primeiros serían falantes nativos da linguaxe dixital xurdida polo desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación, en canto para os inmigrantes dixitais trataríase dun segundo idioma que aínda non dominan de forma competente e do cal fica un forte sotaque da lingua materna.

Na mesma liña, afirma que o dito grupo foi socializado de forma moi distinta ás súas crianzas e que o proceso de adquisición da nova linguaxe é diferente, dado que se está a realizar na idade adulta, de modo que de acordo con Prensky (2004:2) “a language learned later in life, scientists tell us, goes into a different part of the brain”, isto é, a aprendizaxe dos inmigrantes non se poderá equiparar á dos nativos por moi completa que esta for, pois, na opinión deste autor, as estruturas de pensamento de uns e doutros son distintas. Por tanto, a división non só sería dixital, mais tamén cognitiva, como afirman outros estudiosos como Piscitelli (2006). As diferenzas que se poden observar no acceso ás tecnoloxías, segundo este traballo, son produto da pegada do acento da lingua de partida e fan referencia a cuestións como “turning to the Internet for information second rather than first, or in reading the manual for a program rather than assuming that the program itself will teach us to use it” (Prensky 2002)²⁵⁰. Como xa sinalamos, a análise deste autor está centrada no ámbito educativo e, en consecuencia, a división realízase con base nos dous grupos que corresponden ás categorías que Prensky establece, isto é, o alumnado e o profesorado, en que os primeiros corresponden aos nativos dixitais. Sobre estas cuestións, cómpre citarmos Piscitelli (2006:182) que se refire a eles do seguinte modo:

Por primera vez en la historia la generación de chicos actuales, nacidos entre mediados de los noventa y principios del año 2000 se están introduciendo en los medios (la cultura, el mundo, la subjetividad) a

²⁵⁰ Con esta orientación, Prensky (2004:2) tamén sinala outros comportamentos, como imprimir un correo electrónico, a necesidade de imprimir un texto xerado no computador para o editar despois en lugar de o editar a través da pantalla, chamar a xente para ensinar unha páxina web en lugar de enviarlle a URL, ou mesmo preguntar se se recibiu un correo electrónico mediante unha chamada de telefone.

través del intermediario digital y ya no a través del papel o de la imprenta. Contra muchas protestas y consejos en contrario, un tercio de los niños de 0-6 años (36%) tienen TV en su dormitorio, más de 1 de cada 4 (27%) tienen VCR o DVD, 1 de cada 10 tiene un videojuego, el 7% tiene computadora; el 30% de los chicos entre 0-3 años tienen televisión en el cuarto y el 43% de los de 4-6 años también.

Por tanto, vemos que a alfabetización dixital das crianzas comeza mesmo antes da súa incorporación ao marco educativo obrigatorio²⁵¹. No lado oposto encóntrase o profesorado que, en xeral, non asume as mudanzas nos esquemas cognitivos do seu alumnado e que continúa a aplicar o mesmo modelo de ensino-aprendizaxe tradicional, sen ter en conta as novas realidades e as consecuencias que estas implican tamén no sistema educativo. Prensky (2004:2) sinala a problemática que a dita situación leva consigo, pois o profesorado, inmigrante dixital, que explica nunha lingua anticuada (para este autor, a linguaxe da era predixital), está loitando para ensinar a un sector da poboación que fala nun idioma totalmente novo. Dáse unha conversión nos papeis duns e doutros e o alumnado é o verdadeiro experto da nova realidade. Prensky (2004) afirma que este distanciamento entre os dous grupos só se pode resolver se o profesorado asumir a imposibilidade de o alumnado se adaptar aos seus esquemas e se aceptar unha necesaria formación nas tecnoloxías da información e da comunicación e na súa nova linguaxe. Na opinión de Prensky (2004), esta mudanza no proceso de ensino-aprendizaxe e na formación do profesorado non ten por que partir de cero, senón que moitos dos esquemas tradicionais poden ser recuperados ou adaptados. Porén, tórnase necesario que o dito colectivo aprenda a se comunicar na lingua dos seus estudantes²⁵², o que non significa que teña que mudar o significado do que é ou non é importante, pois sería suficiente con adaptar estes contidos aos novos esquemas cognitivos do seu alumnado, isto é, mediante procesos paralelos ou multitarefa, traballando de xeito colaborativo etc. Canto aos contidos, é preciso que se combinen os coñecementos tradicionais, ou sexa, lectura, escrita, comprensión, matemática etc., con outros innovadores, propios da era dixital en que vivimos; mais para isto é necesario que os inmigrantes dixitais estean preparados para os ensinaren. Neste sentido, o autor de “Digital Natives, Digital Immigrants” (2004:4-6) afirma o seguinte:

So we have to invent, but not necessarily from scratch. Adapting materials to the language of Digital Natives has already been done successfully. My own preference for teaching Digital Natives is to invent computer games to do the job, even for the most serious content. After all, it's an idiom with which most of them are totally familiar [...]. So, if Digital Immigrant educators really want to reach Digital Natives – i.e. all their students- they will have to change.

A división entre nativos dixitais e inmigrantes dixitais, vixente máis dunha década despois da súa aparición, responde, no entanto, a unha visión limitada da realidade, pois con frecuencia non todo é branco ou negro, e estes poden ser os extremos dun continuo en que tamén hai grises. Na mesma liña, existen algunhas voces críticas que fan referencia ao reduccionismo e á simplicidade excesiva da mencionada distinción. Entre elas cómpre destacarmos McKenzie (2007), quen realiza no seu artigo “Digital Nativism, Digital Delusions and Digital Deprivation” unha forte crítica aos postulados de Prensky. Considera

²⁵¹ Como se verá na epígrafe dedicada á adición ás TIC (véxase 1.2.4.6), canto máis temperá é a idade de exposición, máis probabilidades existirán de que se desenvolva unha patoloxía de abuso destas tecnoloxías. Neste sentido, Piscitelli (2004:184) demostra co seu estudo que en canto o consumo dixital e a interiorización das pantallas está avanzando a velocidades vertixinosas, a sociedade aínda está a debater cal debe ser o “abc” da alfabetización dixital.

²⁵² En Prensky (2001:6) afirmase non só a grande capacidade desta nova xeración para se apropiar das ferramentas tecnolóxicas que van aparecendo, mais tamén para as adaptar ás súas necesidades, como pode ser o caso das SMS ou o fenómeno das chamadas perdidas, pois en orixe ningún dos dous sistemas estaba pensado para a interacción persoal.

que o autor realiza un achegamento sen ter en consideración moitos traballos que existen sobre estas cuestións e que apuntan para conclusións distintas, do mesmo modo que non achega bibliografía que sustente a súa perspectiva. Consecuentemente, ofrece unha visión estereotipada da realidade, baseada en preconceitos persoais e cunha forte carga pexorativa, nomeadamente a respecto dos inmigrantes dixitais. McKenzie repasa no seu artigo estudos críticos que rebaten os postulados de Prensky e califica a súa actitude en termos negativos ao se referir aos inmigrantes dixitais. Con todo, McKenzie (2007) sinala que a pesar da fraqueza do seu estudo e da súa mensaxe insultante, aínda existen críticos que adoptan estes termos para faceren referencia á relación entre as diferentes faixas etarias e as tecnoloxías. A contribución que fai este autor é por de relevo a existencia dun continuo entre os dous grupos que establece Prensky, de modo que nacer logo do aparecemento das TIC non presupón que se posúan todas as características a que fai referencia para os nativos dixitais e o mesmo acontecerá no sentido contrario. McKenzie realiza un subgrupo dentro dos nativos dixitais que denomina “privados dixitais”, isto é, aqueles adolescentes que aínda tendo acceso á Rede e a todas as posibilidades que esta lles ofrece non son quen de as aproveitar, na medida en que descoñecen mecanismos que lles permitan interpretar a grande cantidade de información a que acceden. Por tanto, cómpre termos isto en conta cando falamos de alfabetización dixital²⁵³, pois sen a adquisición destas destrezas non existe unha verdadeira competencia nos contornos electrónicos.

Consecuentemente, adoptamos a distinción que realiza Prensky na medida en que nos serve para marcarmos os dous extremos dun continuo entre unha verdadeira competencia dixital e a ausencia total deste tipo de alfabetización. Achamos que o factor idade inflúe de maneira determinante a tornar a balanza para un ou outro extremo, mais tamén consideramos que entre estes existen grupos intermediarios en que máis relevantes do que a idade son outras variábeis como a motivación, por exemplo. Alén disto, cómpre resaltarmos que a competencia dixital a que fixemos referencia non só fai referencia ao manexo das tecnoloxías, mais tamén ás destrezas necesarias para poder procurar, interpretar e seleccionar de forma crítica a información. Por tanto, as TIC supoñen unha fenda xeracional se só tivermos en conta a división feita por Prensky (2004) e non considerarmos as categorías intermediarias. Nos últimos anos, sobre todo desde o marco educativo, estanse a levar a cabo iniciativas²⁵⁴ que pretenden garantir un bo uso das tecnoloxías por parte de todas as persoas, desde a mocidade, en que se ensinan estratexias para a busca e para a selección de información de forma acaída, até as faixas etarias máis idosas, onde o que predominan son perspectivas xerais para se desenvolveren no mundo dixital.

1.2.3.2.3. División lingüística

A respecto da situación das linguas na Rede, cómpre salientarmos que o termo “división dixital” non foi frecuentemente utilizado para facer referencia ás desigualdades que

²⁵³ Tamén en Pedreira (2011) se fai referencia á falta de rigor de Prensky, e proponse que en realidade todos deberíamos ser considerados inmigrantes dixitais, só que uns virían de máis lonxe do que outros, seguindo coa metáfora. Este autor sinala que a mocidade é máis competente no emprego das tecnoloxías tan só nalgúns ámbitos como as redes sociais ou as redes P2P de descargas, mais noutros contextos presentarían coñecementos similares ao das xeracións adultas. Con todo, Pedreira (2011) tamén apunta a necesidade de formación do profesorado, pois de nada serve que os centros educativos dispoñan de infraestruturas se non existen persoas que saiban tirarlles rendemento.

²⁵⁴ Sobre estas cuestións, existe no concello arteixán o proxecto Ponte dos Brozos (<http://www.proyectopdb.org/formacion.htm>), dirixido a dotar de infraestruturas os centros educativos da localidade e dunha formación continua en TIC ao profesorado destas institucións para contribuír para o proceso de ensino-aprendizaxe mediante a introdución das tecnoloxías como ferramenta didáctica nas aulas.

se observan canto á presenza dos distintos idiomas na Internet e tan só algúns estudiosos, nomeadamente lingüistas, se aproximan deste fenómeno. Ao respecto, destacan os recentes traballos publicados polo galés David Crystal, *The Revolution of language* (2004), *Language and the Internet* (2006) e *Internet Linguistics: a student guide* (2011). Como é obvio, a situación dos países a respecto da fenda socioeconómica repercutirá nun maior ou menor predominio das súas respectivas linguas na Rede, pois faise necesario contarmos previamente coas tecnoloxías informáticas necesarias. Nestes medios, e de acordo con Crystal (2006:86), unha vez que posuímos as infraestruturas, a Internet está accesíbel para dar cabida a todas as linguas do mundo. En orixe a Rede naceu tendo como lingua nativa o inglés, o que non resulta estraño se lembramos que foi nos Estados Unidos onde se desenvolveu esta nova tecnoloxía (véxase 1.2.1.2), mais nos últimos tempos, debido á súa expansión, a Rede estase a tornar nun medio multilingüe, en que cada vez máis idiomas gozan de presenza, por mínima que for. En relación con isto, Crystal (2004:87-88) sinala que non é de estrañar que o inglés vaia perdendo terreo na Web ao tempo que se desenvolven as infraestruturas da comunicación en Asia, África e Sudamérica, pois convén termos en conta que é nestes continentes en que se concentra a maior parte da poboación. Para este lingüista a web reflicte cada vez con máis claridade a distribución das linguas no mundo real. Facemos nosas as súas palabras cando afirma que

Nobody has yet worked out just how many languages have obtained a modicum of presence on the Web. I found over 1,000 quite quickly. It is not difficult to find evidence of an Internet presence for all the more frequently used languages in the world, and for a large number of minority languages too. My guess is that at least a quarter of the world's languages- about 1,500- have some sort of cyber-existence now. And this is language presence in a real sense. These are not sites which only analyse or talk about languages, from the point of view of linguistics or some other academic subject. They are sites which allow us to see languages as they are. In many cases, the total Web presence, in terms of number of pages, is quite small. The crucial point is that the languages are out there, even if they are represented by only a sprinkling of sites (Crystal 2004:88-89).

Neste sentido, podemos pensar que a Rede ofrece a posibilidade de reducir as desigualdades lingüísticas a nivel global, e nomeadamente, que se constitúe como un espazo idóneo para contribuír para o proceso de normalización das linguas minorizadas e para a expansión das minoritarias, sobre todo daquelas que se encontraren nunha situación crítica²⁵⁵. Se anteriormente era complexo que determinados medios publicasen artigos ou novas a respecto desta cuestión, os recursos comunicativos de que dispomos na actualidade, cal o correo electrónico, as páxinas web, os foros, blogs etc., permiten difundirnos información de forma case instantánea a unha grande parte da poboación²⁵⁶. Alén disto, estes novos medios teñen unha permanencia moito maior do que os tradicionais, de maneira que as repercusións poden ter máis alcance. Con todo, o propio Crystal (2004:89-90) advirte que non é unha tarefa doada para un idioma conseguir certa presenza na Rede, pois cómpre posuír as infraestruturas necesarias e isto nin sempre acontece, dado que moitas linguas ameazadas se encontran en partes do mundo en que non existe acceso á electricidade ou cando menos en que este non é o adecuado²⁵⁷. Igualmente, o feito de a Internet ser un medio

²⁵⁵ Véxase Patricio-Martín / Martínez-Cortés (2010), en que se analiza a repercusión da Internet para a revitalización do Aragonés, canto que exemplo de lingua minorizada.

²⁵⁶ Esta información pode emitirse na propia lingua sobre a que se fala, ademais de ir acompañada por diferentes textos noutros idiomas, grazas aos avances nas tecnoloxías da tradución automática que permiten chegar a unha maior audiencia.

²⁵⁷ Neste sentido, advirte Crystal (2004:89) que as linguas minoritarias de Europa e moitas das nativas americanas, que si contan coas infraestruturas necesarias, teñen maiores posibilidades, pois poden crear sitios web e mesmo fomentaren comunidades de fala virtual.

preferencialmente escrito exclúe unhas 2.000 linguas que non están documentadas e que, por tanto, só se conservan na súa vertente oral.

Nas linguas que si se representan por escrito existen, no entanto, outras complicacións, como a variedade de caracteres que utilizan algúns alfabetos (nomeadamente aqueles que utilizan os acentos) e que, nalgúns casos, presentan problemas canto á codificación para que poidan ser lidas por todos os computadores ou por outras tecnoloxías. Isto é debido a que o software que utilizaba a Rede para a codificación de caracteres se baseaba no inglés, considerado como o alfabeto estándar, mais este ignoraba os acentos e outros caracteres pouco comúns. Nos últimos tempos, con todo, producíronse grandes avances nesta cuestión, de modo que nun primeiro momento se ampliou o número de caracteres do teclado e pasouse a utilizar o código ASCII estendido, onde se incluían máis algúns caracteres e os acentos gráficos máis frecuentes, que non figuraban na codificación orixinal. Porén, este sistema de codificación non permitía crear máis de 256 caracteres de modo que só era válido para un grupo reducido de linguas que utilizan o alfabeto latino, mais ficaban excluídas outras tan importantes como o árabe ou o chinés, por exemplo. Consecuentemente, comezouse a utilizar o sistema UNICODE, que pasou por diferentes actualizacións até chegar a representar máis de 94.000 caracteres, mais esta cantidade fica aínda moi por debaixo do número total de caracteres que, segundo o propio Crystal (2004:91), foi estimado en aproximadamente 175.000. Este tipo de avances facilita a entrada de novas linguas na Rede e fomenta a diversidade lingüística, o que segundo este lingüista “in an era when so many languages of the world are dying, such optimism is truly revolutionary”. Dentro do aspecto negativo que supón a morte das linguas, Crystal (2004:92) afirma que hai

an up-side to language endangerment: the manifestation of language death on such a scale has sharpened the minds of minority language users wonderfully, and fresh initiatives are now everywhere- not least the one which led to the European Year of Languages- to influence public opinion about what linguistic identity means and how it can be fostered. The potencial is present for great things to happen. But, as always with revolutions, it is up to individuals to capitalize on them.

Tamén Romero / Vaquero (2001:59) tratan estas cuestións e sinalan, á diferenza de Crystal, que o rápido desenvolvemento das tecnoloxías da comunicación e da información neste século “potencia aínda máis eses procesos de minorización lingüística e cultural”. Os argumentos que empregan para defenderen esta teoría fan referencia ao dominio case exclusivo dos medios audiovisuais, económicos e técnicos necesarios por parte das sociedades máis desenvolvidas, que son as que producen e difunden os seus programas, o que provoca, segundo eles, “unha sorte de nova colonización cultural dos países pobres, pero desta volta, moito máis eficaz e rápida” na medida en que están a reflectir a lingua e a cultura dominante. Ao contrario do que acontecía nos séculos das descubertas, agora a “cultura devoradora” non é a europea, senón a estadounidense. Con todo, en Romero / Vaquero (2001:61) tamén se advirte que a propia gravidade desta tendencia á homoxeneización lingüística está a provocar o efecto contrario, como sinalaba tamén Crystal: aumenta a conscienciación das persoas a respecto da relevancia de mantermos as linguas e as culturas propias e de que a necesidade de proxección de cara ao mundo só se conseguirá se partirmos da nosa identidade. Mais para conseguirmos que as linguas teñan unha forte presenza na rede, tórnase imprescindible que os contidos que vehiculan sexan de calidade. Por tanto, alén das melloras nas infraestruturas e nas tecnoloxías que sustentan a Internet e do abaratamento dos custos de acceso a esta, é necesario que os contidos sexan atractivos e que se actualicen frecuentemente, pois deste modo as persoas usuarias apreciarán a súa importancia, visitarános

con máis asiduidade e participarán e debaterán sobre eles a xeraren, por súa vez, novos contidos²⁵⁸.

Romero / Vaquero (2001:30) afirman que unha das vantaxes en relación con isto é a posibilidade de que todos poidamos participar na creación de contidos e que esta non fiquese restrinxida a grandes entidades produtoras, como acontecía cos medios de información e comunicación tradicionais. Por tanto, agora é unha actividade partillada por parte de todas as persoas usuarias que, xunto cos sitios web de institucións públicas, empresas privadas, asociacións ou organizacións de todo o tipo, contribúen para encheren a Rede de información e motivaren a creación doutra nova na lingua que desexaren. Como sinalan estes estudiosos, “participar nunha charla interactiva; difundir os resultados dun experimento nunha rolda especializada; debater sobre se o nome oficial deste país debería ser Galicia ou Galiza nun grupo de novas” etc. son todas actividades que favorecen a presenza de contidos na Rede. En consecuencia, hoxe en día resulta doado converterse en produtor e apropiarse deste novo medio, e se até a aparición da Internet era moi complexo publicar un estudo, un libro ou mesmo unha disco musical, que tiña de pasar polo filtro e a posíbel censura dun consello editorial ou dunha discográfica, agora a Rede tórnase unha plataforma que permite que este tipo de materiais saía á luz sen a necesidade de intermediarios. Así pois, a Internet e as súas propiedades están a producir unha grande cantidade de información²⁵⁹, o que se configura como un resorte de visibilidade para as linguas que a vehiculan.

En conclusión, observamos que tamén no que se refire á presenza das linguas na Rede existen certas desigualdades fomentadas, por súa vez, polas divisións de que falamos anteriormente, isto é, a socioeconómica, relacionada coa falta de infraestruturas técnicas, e a xeracional, existente entre as diversas faixas etarias²⁶⁰ a respecto do uso da Internet. As repercusións das TIC en materia de lingua serán tratadas con máis pormenor en posteriores capítulos, mais nesta sección quixemos deixar claro que, para alén dos marcados desequilibrios que se xeran a nivel económico entre unhas sociedades e outras e a nivel instrumental, respecto ao maior grao de competencia dixital, a Internet tamén está a producir importantes repercusións que deben ser analizadas con detemento e incorporadas neste tipo de estudos. Un maior coñecemento deste fenómeno contribuirá para desenvolvermos as ferramentas e os recursos necesarios para potenciarmos o multilingüismo e garantirmos a sobrevivencia das linguas minorizadas, como acontece co galego.

1.2.3.3. Lecer e socialización: adición ás TIC

Todas as transformacións que están a xerar as TIC, sobre todo no relativo ás mudanzas do contorno comunicativo e relacional, nin sempre son positivas, pois xunto aos numerosos beneficios e ás facilidades que as tecnoloxías achegan, unha utilización indebida

²⁵⁸ A este respecto, cómpre citarmos a seguinte guía, elaborada pola Coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua, que contén enderezos virtuais en que se trata de difundir a lingua galega na Rede co seguinte lema: “O galego precisa de Internet e Internet precisa do galego”. Véxase <http://www.ctnl.org/upload/not/828-d-osmeusfavoritos2011.pdf>.

²⁵⁹ No entanto, debemos decatarnos de que nin toda a información que encontramos na Rede é fiable ao 100%, de modo que cómpre sermos conscientes da necesidade de interpretarmos e seleccionarmos de forma crítica aquilo que paga a pena do que non.

²⁶⁰ No caso galego, as xeracións máis novas tenden cara a un uso maioritario do español como lingua inicial, debido á ruptura na transmisión xeracional do idioma. Para alén diso, cómpre termos en conta que é esta faixa etaria a que ten un maior dominio das TIC; por tanto, vincularmos lingua galega e tecnoloxías aos grupos de idade en que o castelán é cada vez con máis frecuencia a súa lingua vehicular, contribuirá, igualmente, para mellorarmos a imaxe do noso idioma e para o facermos máis atractivo, o que, por súa vez, favorecerá unha maior proxección na sociedade.

pode derivar na aparición de diversas patoloxías (Argemi 2003:317). Noutras palabras, un uso abusivo das TIC pode provocar trastornos psicolóxicos ou psicosociais e tamén físicos. Dentro dos primeiros existen diversas patoloxías, entre as cales é preciso destacarmos as condutuais (isolacionismo, adicción²⁶¹ e/ou estrés) e as cognitivas, concretamente derivadas da creación dun novo contorno como a realidade virtual. Outrosí, estas desvantaxes poden derivar tanto do abuso das tecnoloxías como do seu mal uso, pois isto contribúe tamén para o desenvolvemento de trastornos sociais en diversos ámbitos. Por un lado, pode ocasionar alteracións na convivencia das persoas usuarias, xerando condutas antisociais; por outro lado, son certamente relevantes aquelas que se refiren a aspectos éticos, como pode ser o aumento dos índices de pornografía infantil na Rede, ou mesmo aqueles relativos a actos delituosos, o que engloba un amplo espectro, isto é, desde descargas ilegais, estafas, estorsións e até casos de terrorismo. O acceso aberto a información da máis diversa índole na Rede tamén favorece estas prácticas, xa que non existe, por regra xeral, ningún criterio previo fiable que limite o acceso aos contidos en función da idade e que garanta que estes sexan adecuados para o perfil da persoa usuaria en cuestión.

O factor idade, como se sinalou na sección anterior, tórnase relevante se temos en conta que é un dos implicados na xa analizada división dixital (cfr. 1.2.3.2). Neste contexto enfrontámonos a unha inversión dos roles tradicionais en que os adolescentes son os verdadeiros expertos, en canto moitos adultos (léase nomeadamente pais e nais e docentes) non contan cuns coñecementos mínimos que lles permitan desenvólvense nestes novos soportes e, consecuentemente, supervisaren o uso, ou abuso, que a mocidade realiza das tecnoloxías. Así, teríamos as persoas nativas dixitais, isto é, as mais novas, que conviven con estas tecnoloxías e que, por tanto, son quen de as entenderen e de as dominaren e, por outro lado, as inmigrantes dixitais, quere dicir, aquelas que ficaron fóra do rápido desenvolvemento das novas tecnoloxías e que, parafraseándonos Echeburúa / Labrador / Becoña (2009:221), teñen de ir aprendendo a pasos forzados nunha tentativa de non ficaren atrás. En relación con isto e desde hai algún tempo, existen programas ou accións que permiten restrinxir a entrada a determinadas páxinas, sobre todo aquelas de alto contido sexual. Por unha parte, deseñouse o denominado “software antiporno”, que en moitos casos limita de forma excesiva e provoca problemas para navegar con fluidez pola Rede; por outra parte, algúns navegadores permiten tamén unha configuración personalizada en que se restrinxe o acceso a este tipo de páxinas e ás imaxes pornográficas que poidan circular por determinadas webs; no entanto, en moitos casos estas tentativas fican só nunha declaración de intencións. Así moitas páxinas exixen diversos datos persoais –incluída a idade– para identificaren a persoa usuaria; información que na maioría dos casos esta pode falsear para acceder aos contidos ou ás funcionalidades que se ofertan, sen que exista unha comprobación por parte do xestor deses recursos electrónicos que garanta a súa veracidade.

Neste sentido, xulgamos necesario que aquelas persoas que encaixaren dentro da categoría de inmigrantes dixitais proposta por Prensky se familiaricen coas tecnoloxías e que aquelas que se configuraren como usuarias activas consigan un manexo equilibrado para así poderen superar os riscos que en ocasións as ditas plataformas formulan. Isto permitirá que toda a poboación se beneficie²⁶² das posibilidades de información e de comunicación

²⁶¹ Como se sinala en Echeburúa / Labrador / Becoña (2009:19), aínda que o concepto de adicción estivo tradicionalmente relacionado coas drogas, a falta de control e a dependencia que xeran tamén as TIC no usuariado que as utiliza en exceso permiten incluírmos o dito abuso dentro do que os profesionais denominan trastornos adictivos.

²⁶² Echeburúa / Labrador / Becoña (2009:251) sinalan que no binomio beneficio/risco as TIC achegan moito máis en positivo que a problemática que pode ocasionar o desenvolvemento de condutas adictivas. Con todo, afirman con moito acerto que isto non implica que existan casos en que sexa necesario tomar medidas de se

que esas ferramentas nos ofrecen e favorecerá entendermos as novas formas de socialización que nos rodean, substancialmente diferentes das que operaban uns anos atrás. A este respecto, Echeburúa / Labrador / Becoña (2009:23) sinalan que

observar en los menores una dedicación de tiempo y comportamientos muy diferentes a la que hemos tenido nosotros sin duda sorprende y con frecuencia alarma. No se entiende que se pasen horas ante una pantalla de televisión, un ordenador o un teléfono móvil. Cuesta comprender que en lugar de estar jugando con los amigos “en la calle”, se encierren en casa a hablar con ellos por *Messenger* o móvil o se conecten a las redes sociales virtuales (*Tuenti* o *Facebook*).

Embora se sinale a mocidade como aquela máis proclive a estes comportamentos – pola paixón desmedida que mostra por ser a primeira en posuír as últimas innovacións–, cómpre indicarmos que, non obstante, existen perfís de persoas de diversas idades máis vulnerábeis que outras ás adiccións. Así, características como a impulsividade, a disforia, a intolerancia ou a procura exaxerada de sensacións novas aumentan a dita tendencia. Nestes casos, a tecnoloxía non se ve como un medio mais como unha finalidade en si mesma. Por tanto, as TIC poden ser obxecto dunha dedicación desmedida, o que pode derivar co tempo nunha auténtica adicción. O mencionado trastorno entraría dentro do grupo de adiccións sen droga, do mesmo modo que a dependencia das compras, o exceso no exercicio físico etc. Con todo, a sintomatoloxía que presentan estes cadros clínicos é similar á que producen as causadas por estas substancias. Na liña do exposto en Echeburúa / Labrador / Becoña (2009:31), estar engachado ao espazo dixital pode actuar como un estimulante, coas subsecuentes mudanzas fisiolóxicas no cérebro. Cando existir un forte abuso da Internet, en todas as súas posibilidades (redes sociais, blogs, chats, descargas, mensaxaría instantánea etc.), a privación do seu emprego pode provocar na persoa usuaria síntomas de abstinencia, como pode ser falta de concentración, trastornos do sono, irritabilidade, humor depresivo etc., similares aos dalgúns estupefacientes. No entanto, tamén existen diferenzas, nomeadamente no relativo ao síndrome de abstinencia. En ambos os casos existe unha perda de control por parte da persoa que o padece, mais no das drogas unha dose permite saciar a dita síndrome, o que non acontece no caso das adiccións a estes medios, ao xogo etc., pois as persoas que sofren as ditas patoloxías poden pasar horas ou mesmo días enganchados, sen que iso elimine a súa abstinencia²⁶³.

En relación cos trastornos físicos ou somáticos que produce un uso constante ou un mal uso do computador, existen múltiples síndromes cunha alta probabilidade de se orixinaren como consecuencia de defectos ergonómicos, como a patoloxía posicional, o traumatismo por acción repetitiva etc., que poden provocar alteracións visuais, dor osteomuscular e/ou inestabilidade postural etc. Seguíndomos Argemi (2003:317-324), os trastornos relacionados coa ergonomía teñen que ver coa posición das diferentes partes do corpo en relación con unha determinada tarefa ou a un obxecto concreto. Isto fai referencia *estritu sensu* tanto ás características posturais da cabeza, das extremidades como do tronco. Con todo, en sentido amplo tamén se poden incluír aspectos como a posición dos ollos, entre outros. Achamos numerosas recomendacións para adquirirmos unha posición óptima do corpo, nomeadamente perante o computador. Nestes medios, é importante que se apoiem as costas no respaldo da cadeira, que o ángulo do xeonllo fiquen en posición natural e que os pés cheguen ao chan. Igualmente, non só é importante a postura corporal adoptada, mais tamén a duración das sesións nesas condicións. Contrariar este tipo de suxestións pode producir dor

detectaren situacións patolóxicas que exixiren algún tipo de tratamento ou de intervención. No entanto, apuntan que non é un fenómeno exclusivo das tecnoloxías, mais que afecta tamén outros ámbitos.

²⁶³ Para afondar máis nestas cuestións véxase García-Andrade (1993) e Goodman (1990).

de pescozo, de costas, cefaleas e trastornos visuais, se ben que estes últimos teñen que ver tamén co brillo e o contraste da pantalla dos dispositivos. Consecuentemente, canto maior for o tempo das sesións maior será a intensidade dos síntomas, aínda que isto tamén variará en función do tempo de evolución da patoloxía. Segundo Argemi (2003:319), “en casos graves pode dar lugar a baixas escolares ou laborais prolongadas tanto pola síndrome dolorosa como, ás veces, pola asociación dunha síndrome depresiva relacionada cunha fatiga crónica”.

Na mesma liña, encontramos a lesión por movementos repetitivos que provoca un microtraumatismo no sistema muscular e no osteo-articular. Esta síndrome²⁶⁴ está causada fundamentalmente polo manexo do teclado, do rato ou, para o caso dos videoxogos, do joystick. Un dos trastornos máis coñecidos é o que afecta o túnel carpiano, cuxo tratamento é normalmente cirúrxico, xa que provoca dor e tirantez nos dedos, nas mans e nos antebrazos e débese a unha compresión neurotendinosa. Alén deste, tamén existen algúns cadros menos complexos como as tendinites, a síndrome de dor miofacial ou a distrofia. En concreto, o uso abusivo da telefonía móbil produce diversas alteracións físicas e somáticas: para alén dos aínda pouco coñecidos efectos das radiacións nas persoas²⁶⁵, vira relevante o trastorno apuntado nun estudo realizado na Universidade de Warwick –aparecido hai algúns anos nun medio de comunicación– nos polgares, aludindo a unha mudanza na súa morfoloxía e na súa función. O uso contínuo do telemóbel contribuíu para o desenvolvemento da súa musculatura e favoreceu unha maior habilidade. E se ben que a realización de chamadas telefónicas e o uso de aplicacións exixen da utilización do polegar, xulgamos que é fundamentalmente o uso de sistemas de mensaxaría, como as SMS ou o Whatsapp, o que contribúe en maior medida para esta mudanza da morfoloxía.

A respecto das patoloxías adictivas, as máis comúns son as que se derivan dun uso excesivo tanto en tempo como en intensidade desta tecnoloxía e, normalmente, teñen como resultado alteracións da conduta. Estas aliméntanse sobre todo das posibilidades que as tecnoloxías ofrecen para a retroalimentación e para a interactividade, sobre todo nas aplicacións de tipo comunicativo. E aínda que as condicións persoais, como a idade, o sexo e o contexto social inflúen na vulnerabilidade de cada persoa ante unha posíbel adicción, existen, segundo Argemi (2003:321), uns padróns máis ou menos estábeis que nos permiten identificar un perfil susceptíbel de desenvolver este tipo de trastornos. Canto á faixa etaria, xa indicamos que a adicción é maior canto menor é a idade de comezo, de aí que se preste atención especial aos adolescentes e ás crianzas. A respecto do sexo, as estatísticas que se manexan reflicten unha maior presenza deste tipo de trastornos nos homes, sobre todo en tecnoloxías como os videoxogos ou nos casos de pornografía. No entanto, outro tipo de adiccións como os chats, os foros ou os correos electrónicos non fan distinción de xénero, e no caso de existiren son as mulleres as máis propensas. Este tipo de trastornos pode provocar fracaso escolar no caso dos adolescentes e baixo rendemento laboral nos adultos.

²⁶⁴ É preciso sinalarmos que non se trata dunha patoloxía exclusiva das persoas usuarias do computador ou dos terminais móbeis, mais que afecta tamén outros oficios que teñen de desenvolver movementos estereotipados repetidamente, como por exemplo os músicos (Argemi 2003:319).

²⁶⁵En relación con isto Echeburúa / Labrador / Becoña (2009:141) apuntan que “las radiaciones de radiofrecuencia emitidas por el teléfono móvil se asocian con alteraciones en distintas fases del sueño en los usuarios. Igualmente, las conductas ‘dependientes’ (por ejemplo, mantener el móvil encendido durante la noche o levantarse para comprobar si se ha recibido algún tipo de comunicación) y el estado de alerta continuo del usuario relacionado con el uso del teléfono móvil pueden afectar de forma negativa a la calidad del sueño, especialmente entre adolescentes”.

Para o caso da Internet, documentamos algunhas propostas que sinalan diversos criterios para detectarmos unha posíbel adicción. Baseándonos no exposto en Crystal (2006:15), existen numerosas páxinas²⁶⁶ que ofrecen indicacións para as persoas usuarias sobre a sintomatoloxía a que se debe prestar atención para detectar unha posíbel adicción á Rede. En moitas delas aparecen as seguintes alertas: erguerse ás 3 da mañá para ir ao baño e antes de volver para a cama acender o terminal para verificar se se recibiron novas mensaxes; desconectarse e que a pantalla do dispositivo indique que a sesión durou tres días e corenta e cinco minutos; volver a comprobar o correo, unha vez que informa de que non ten novas mensaxes; negar unha posíbel adicción á computación; deixar de se relacionar co contorno no tempo libre; mudar os hábitos de sono e de alimentación; non poder pasar demasiado tempo lonxe dun dispositivo electrónico e perder a noción do tempo etc. Mais, para alén das indicacións apuntadas polas propias persoas usuarias, existen tamén propostas rigorosas que sinalan criterios diagnósticos para detectar estas patoloxías. Nalgúns casos traducíronse os cadros clínicos propostos polo DSM-IV para as condutas susceptíbeis de adicción. Goldberg (1995) indica entre outros os seguintes criterios: necesidade de incrementar a frecuencia e o tempo de duración da conexión á Internet para conseguir satisfacción, ansiedade ou pensamentos obsesivos sobre o que estará a acontecer na Internet motivados pola síndrome de abstinencia, redución de actividades sociais, ocupacionais e de ocio a causa do uso destes medios etc.

Outrosí, a expansión da tecnoloxía provocou unha maior presenza de patoloxías que xa se daban na vida real, ao tempo que creou novas adicións. Asumíndomos a clasificación feita en Young (1998), entre as máis coñecidas están a adicción á pornografía, á ciberrelación, ao xogo (ludopatía), ás poxas e á sobrecarga de información. A primeira –a pornografía– vese favorecida pola accesibilidade as 24h e polo anonimato; existen diversas variedades, desde a fotografía até o voyeurismo e a charla erótica. Canto ás relacións por Internet –a segunda–, é preciso sinalarmos o seu suceso debido á seguridade que ofrecen e á falta de inhibición que caracteriza o medio e, alén disto, tamén outorgan unha forte sensación de pertenza a un grupo, polo que as amizades virtuais se tornan tan relevantes ou máis que as relacións coa familia e os amigos da vida real. A terceira –a adicción ao xogo ou á ludopatía– é xa unha patoloxía clásica, sobre todo desde a legalización das máquinas de xogo e, por tanto, non é exclusiva do novo medio. A estes trastornos faise necesario acrecentarmos, alén dos elementos patolóxicos, aqueles que teñen que ver coas repercusións económicas que tal clase de adicción pode causar, do mesmo modo que acontece nas poxas. Finalmente, achámonos perante a adicción motivada por un exceso de información que deriva nun comportamento compulsivo, o que provoca que as persoas usuarias pasen cada vez máis tempo na Rede na procura de datos nun sentido amplo, isto é, desde filmes, música, libros até bibliografía.

No tocante ao telemóbel, faise necesario resaltarmos tamén os datos que mencionan Echeburúa / Labrador / Becoña (2009:50), pois confirman que na maioría dos casos o seu uso principal non é a realización ou recepción de chamadas; así, fronte a un 9% do alumnado de Primaria, un 25% de Secundaria e un 34% de Bacharelato que empregan esta funcionalidade, existe un 29% de alumnado de Primaria, un 50.9% de Secundaria e un 60% de Bacharelato que o utiliza para mandar mensaxes a través dos diversos sistemas de interacción. As porcentaxes son tamén elevadas para a recepción de fotografías, para o xogo online e para a navegación por Internet. Neste sentido, a adicción á telefonía móbil pode ter moitos subtipos de patoloxías asociadas, debido a todas as aplicacións que oferta, se ben que se observan certas condutas relativamente estendidas que poden ser indicativas dun problema de adicción:

²⁶⁶ Véxase Computeraddiction.com e Netaddiction.com

así, un 38% dos menores afirma sentirse mal cando se vir obrigado a prescindir do telemóbel; un 11% recoñece ter chegado a mentir ou mesmo a roubar cartos aos seus familiares para recargar o saldo do seu terminal; e un 25% ten un gasto excesivo na factura do telefone. Tamén no caso deste dispositivo temos de chamar a atención non só para usos adictivos, mais para utilizacións pouco acaídas, como pode ser o seu emprego nunha estación de servizo, nun coche, nas aulas, nos avións ou nos hospitais, o que pode ter diversas consecuencias como o aumento do risco de accidentes de tráfico ou o malestar que produce en contornos en que o seu uso está prohibido ou limitado. A literatura existente²⁶⁷ vincula a aparición de usos problemáticos do telemóbel coa presenza de múltiples elementos adictivos no propio terminal, mais sobre todo á súa función comunicativa que produce grandes e continuas recompensas.

Seguindo coa etioloxía da adicción á telefonía móbil, convén precisarmos que alén das características do propio aparello dixital e a posíbel vulnerabilidade psicolóxica das persoas usuarias, outro factor sinalado polos estudiosos é a presión social que se detecta nomeadamente na adolescencia por posuír un dispositivo móbil para non ficar desligado do resto do contorno e para contribuír para consolidar ese sentimento de pertenza ao grupo de iguais (cfr. 2.3.2). Özcan / Koçak (2003) afirman que unha das razóns máis importantes para o emprego da telefonía móbil se relaciona coa percepción do incremento do status social, o que supón un mecanismo relevante de presión social, nomeadamente a estas idades en que as persoas son moito máis influenciábeis²⁶⁸ e onde a ausencia dos aparatos tecnolóxicos pode provocar sensacións negativas, como o rexeitamento ou significativos problemas de autoestima. A combinación dos factores mencionados aumenta o risco de abuso do móbil entre as crianzas²⁶⁹ e, sobre todo, entre a mocidade. A este respecto, cómpre citarmos Argemi (2003:324):

Aínda son poucos os casos coñecidos, pero xa se pode debuxar un perfil do adicto ó móbil. Son adolescentes entre os 12 e 18 anos, predominantemente varóns e de clase media nos que se aprecia un distanciamento e unha falta de comunicación cos proxenitores. Nalgúns prodúcese absentismo escolar ou non respectan os horarios de estudo, pasan horas charlando en lugar de relacionarse con outros mozos da súa idade e resolven os problemas de identidade que teñen desde o telefone, en lugar de confrontar opinións e falar das súas dúbidas cos demais.

Vemos, en definitivo, que na civilización occidental as TIC se adentraron de forma espectacular no día a día das persoas e que entre elas, o telemóbel se estableceu como un dos medios de comunicación interpersoal máis relevantes nos últimos tempos; a súa introdución tivo grandes consecuencias vantaxosas a nivel social e económico; porén, os xa citados beneficios non deben ocultar outras realidades menos positivas, para as cales na medida do posíbel, se deben tomar medidas preventivas.

²⁶⁷ Véxase Muñoz-Rivas / Agustín (2005), Beranuy / Sánchez-Carbonell (2007), Crystal (2008), Sánchez-Carbonell / Beranuy / Castellana (2008) e Echeburúa / Labrador / Becoña (2009), entre outros.

²⁶⁸ Sobre este particular, Muñoz-Rivas / Agustín (2005) clasifican este sector da poboación afirmando que non ten control absoluto sobre os seus impulsos, que é máis facilmente influenciábel polas campañas publicitarias e comerciais e que ten interiorizado a posesión dun terminal móbil como un símbolo de status.

²⁶⁹ Segundo Echeburúa / Labrador / Becoña (2009:142), o número de menores que a idades cada vez máis temperás dispoñen dun telemóbel para o seu uso persoal incrementou de forma considerábel nos últimos anos.

1.3. Conclusións

Neste capítulo introdutorio dedicouse atención a todos aqueles aspectos que achamos fundamentais para a contextualización do fenómeno SMS e para un mellor entendemento dos seus trazos principais. Sobre este particular, para alén de analizarmos a transcendencia das TIC e dos novos sistemas de comunicación (1.2), tamén consideramos necesario realizarmos un achegamento á historia da escrita que nos permitise observar o grao de tradición e de innovación dos novos medios de comunicación e das modalidades gráficas xeradas neste soporte (1.1). Xulgamos que esta dupla perspectiva de contextualización histórica e sociolóxica contribuirá para a análise, en posteriores capítulos, destes sistemas de representación da escrita dun punto de vista fundamentalmente lingüístico. Neste sentido, en 1.1.1 realizamos unha aproximación aos sistemas de representación da linguaxe e observamos que os condicionamentos da linguaxe oral –presenza física dos interlocutores no espazo e no tempo e a súa natureza efémera– determinaron a creación dun sistema alternativo que superase as anteditas limitacións. A escrita xorde, en consecuencia, como un mecanismo que posibilita a comunicación a distancia e a súa vixencia no tempo: a pictografía, a logografía, os silabarios e os alfabetos constitúen fases sucesivas mediante as cales se foi trazando o percurso histórico da escrita de moitas linguas. Nesta evolución puidemos observar unha tendencia xeneralizada en todas elas á simplificación dos seus métodos de representación, onde os alfabetos se configuran como o máximo expoñente, na medida en que cun reducido número de grafemas combinados entre si é posíbel construímos todo o tipo de producións lingüísticas.

No percurso, notamos igualmente a importancia do medio na fixación da escrita, pois esta só se produce cando figura inscrita nalgún soporte, ben sexa material ou virtual. Así en 1.1.2 analizamos os diversos contentores que foron empregados desde os inicios da escrita até a actualidade –pedra, metal, arxila, madeira, papiro, pergamiño, papel e pantallas dixitais– e vimos que na maioría dos casos a escolla entre uns e outros estaba condicionada tanto polos recursos e materiais de que cada comunidade dispuña, como por factores de carácter económico. A economía de espazo –que permitía apurar ao máximo o soporte dispoñíbel– e de tempo –que axilizaba o proceso da escrita tornándoa máis rápida– tamén constituíu máis un argumento fundamental que xustificou a presenza de recursos de redución vocabular en todas as épocas e que, novamente, evidencia a importancia do soporte na execución gráfica da lingua. A aparición de novos medios de comunicación no contexto dixital e as transformacións no modo de representarmos a escrita deben ser entendidas tamén desde esta óptica. A necesidade de establecermos comunicacións próximas á simultaneidade e de nos adaptarmos ás limitacións tecnolóxicas do soporte teñen como resultado diversas alteracións lingüísticas; alteracións que, por outro lado, están relacionadas unicamente con certos ámbitos de uso –neste caso a comunicación electrónica. Así as cousas, o achegamento diacrónico aos mecanismos de escrita abreviada realizado en 1.1.3 permite notarmos que, embora os exemplos gráficos poidan ser novidosos, os procedementos utilizados nin sempre o son. Por tanto, do punto de vista lingüístico non pode ser considerado un fenómeno innovador, xa que achamos antecedentes desde os primordios da escrita. O trazo máis singular da linguaxe electrónica é o emprego de abreviaturas, recurso que tamén pode ser documentado nas inscricións romanas, nos manuscritos medievais ou mesmo nos apuntamentos escolares do alumnado de todas as épocas.

Por tanto, as novas modalidades lingüísticas supoñen máis unha evolución na historia da escrita e levan até o extremo a antedita tendencia simplificadora das linguas e, en particular, da súa modalidade gráfica. A inclinación á redución tamén se pode constatar nos sistemas de simplificación que os propios idiomas xeran a modo de acrecentamento lexical

interno, como puidemos ratificar en 1.1.4. Neste sentido, o medio electrónico configúrase como un novo contexto en que as linguas e, consecuentemente, os sistemas que as representan están a sufrir grandes transformacións canto que se teñen de adaptar ás particularidades do novo medio e ás novas necesidades que demanda a recentemente instaurada Sociedade da información. En último caso, a novidade radicaría na creatividade do usuariado que adopta estratexias lingüísticas anteriores para vencer as limitacións impostas polo novo marco comunicativo e para se adecuar ao ritmo acelerado da vida actual; este exige, cada vez mais, unha maior brevidade e concisión que permita obtermos interaccións eficaces e breves. Así, á diferenza da prensa, da radio ou da televisión que, como vimos, contribuíron para democratizar a escrita e, neste sentido, para difundir un modelo de lingua unificado, o contexto electrónico veu revolucionar esta unidade ofrecendo un mapa lingüístico totalmente novidoso, onde os códigos normativos partillan espazo con modalidades gráficas totalmente transgresoras, como analizaremos en 2 e 3.

Non obstante, o feito de a Rede e o contexto electrónico constituíren un medio fundamentalmente escrito e de os códigos reducidos se propagaren con tanta celeridade xerou certo malestar entre os sectores máis críticos, que encontran nesta alternativa unha desvirtualización da linguaxe. A este respecto, a sección 1.1. demostrou tamén a alarma social que no referente á lingua suscitaron todas as tecnoloxías anteriores á Internet, como a propia escrita ou a prensa. Por esta razón, tamén nos pareceu imprescindible realizarmos na segunda parte da introdución (1.2) unha aproximación ao fenómeno das tecnoloxías da información e da comunicación e aos novos sistemas de comunicación xerados a partir delas, que nos permitise entender a súa natureza e, en consecuencia, as súas repercusións lingüísticas. Na mesma liña, tornábase preciso ofrecermos unha breve panorámica sobre as orixes e o desenvolvemento da tecnoloxía informática e das telecomunicacións na medida en que supuxeron o punto de inicio do que hoxe coñecemos como a Era da Información e o marco en que se desenvolveron novas tipoloxías textuais e novos códigos lingüísticos, como as SMS e a linguaxe SMS, obxectivos particulares deste traballo.

A mellora nas funcionalidades dos computadores, que deixaron de ser simples máquinas de cálculo para se constituíren en verdadeiros medios de comunicación, o aparecemento da telefonía móbil e a redución en tamaño e en prezo destes dispositivos fixeron posíbel que as ditas tecnoloxías fosen accesíbeis para un número máis amplo de persoas. Igualmente, favoreceron a creación de contornos de interacción, o que, por súa vez, contribuíu para o desenvolvemento do discurso electrónico, tamén denominado Comunicación Mediada por Computador (CMC). Sobre este particular, en 1.2.1 observamos a transformación das bases que gobernaban o funcionamento dos computadores, cuxa natureza evolucionou desde o procesamento de datos cara a unha función fundamentalmente comunicativa, para alén de provocar mudanzas nas relacións entre as persoas usuarias e a máquina. Así, convertéronse non só nunha ferramenta comunicativa, mais tamén nun espazo de socialización, dado que grazas ao acceso á Internet é posíbel eliminarmos as limitacións que si posúen outros medios de comunicación –caso do correo postal– para a interacción entre as persoas e, por tanto, permite o establecemento de relacións paralelas. Igualmente, observamos como a comunicación a través do telemóbil tamén se converteu nun dos sinais desta revolución; ambas as tecnoloxías contribuíron e contribúen para o establecemento e para a manutención de relacións máis frecuentes e, por tanto, tamén máis estreitas. O acceso a Internet e os sistemas de mensaxaría propiciados por estes soportes conforman as funcionalidades de maior suceso e transcendencia social. Igualmente, nos últimos tempos a aparición das tabletas e dos smartphones provocaron a converxencia das dúas tecnoloxías nun só dispositivo, o que aumenta aínda máis a súa proxección social.

Así, en 1.2.1 vimos como é a partir da xeneralización da Internet e da creación da www na década de 90 cando as posibilidades comunicativas da Internet aumentan de forma vertixinosa, unha vez que a plataforma deixa de estar limitada á esfera militar e científica para se converter nun medio accesíbel a toda a poboación. A Internet está dispoñíbel en calquera momento e desde calquera lugar para todas as persoas e as súas aplicacións favorecen o acceso rápido a todo o tipo de información, da mesma forma que non só nos permite exercer como receptores, mais tamén como participantes activos na creación de novos contidos. Por tanto, participación, dinamismo e quebra das restricións de espazo e de tempo constitúen os trazos máis relevantes que converten o novo medio nun soporte revolucionario. Nesta transformación exerceron un papel fundamental as tecnoloxías para a comunicación interpersonal mediada, como o correo electrónico, as mensaxes de texto ou as redes sociais. En 1.2.2 destacamos as súas particularidades técnicas e comunicativas, as cales van condicionar o desenvolvemento de usos lingüísticos específicos e de comunidades de falantes particulares.

Trátase de medios que permiten a disociación entre localidade e sociabilidade e que favorecen os intercambios comunicativos sen a necesidade de as persoas partillaren un contexto físico, se ben que isto non substitúe as interaccións face a face, senón que as complementa. Noutras palabras, os novos medios de comunicación xerados no contexto dixital permiten a mobilidade e fan posíbel que as persoas decidan como e con quen desexan establecer relacións, á diferenza dos agrupamentos tradicionais, que supuñan a asunción de regras e normas preestabelecidas por xeracións de persoas que pertencen a un mesmo espazo xeográfico. Con todo, en 1.2.3 notamos igualmente que, a pesar do abaratamento dos custos, aínda na actualidade a conexión á Internet non é un fenómeno universalizado, pois o seu acceso presupón a dispoñibilidade dun terminal e dunha liña telefónica, alén de exixir uns coñecementos básicos sobre o funcionamento e o manexo dos ditos dispositivos; isto, por súa vez, implica un nivel socioeconómico medio-alto que restrinxe en certo modo que toda a poboación se poida beneficiar das súas funcionalidades. Tamén do punto de vista lingüístico se detectaron desigualdades a respecto da presenza dos diferentes idiomas na Rede, onde o inglés constitúe a lingua por excelencia do discurso electrónico, se ben que a súa preeminencia comeza a ser disputada por outras linguas, ao tempo que o acceso a Internet se vai xeneralizando.

Como se deduce do xa sinalado, o impacto das TIC constituíu un fenómeno social dunha enorme transcendencia. Así, o progreso tecnolóxico xerou novas posibilidades no campo educativo a través de ferramentas e aplicacións que melloran as relacións entre todos os axentes involucrados no ensino, nomeadamente entre alumnado e profesorado, ao paso que deixa entrever o distinto grao de adquisición das innovacións tecnolóxicas por parte destes dous grupos. A lingua e a literatura tamén non escapan ao fenómeno dixital e adquiren coa Internet novos espazos a través dos cales se reinventaren e evoluíren. Tamén achamos transformacións na esfera laboral, no ámbito económico, no xurídico e no do lecer de grande calado que veñen transformar de modo significativo o modo de entender estas realidades; en definitiva, esta dupla aproximación é necesaria na medida en que nos permite sentar as bases e os precedentes para examinarmos e para comprendermos con perspectiva a súa repercusión na lingua e, mais concretamente, na súa modalidade escrita. Sobre este particular, quixemos deixar claro que, aínda que as mostras dos novos medios de representación da linguaxe poidan ser innovadoras, canto que influídas polas características do soporte en que se producen, os procesos, porén, non o son. Por tanto, mais do que unha reinvencción lingüística, supoñen unha reformulación de técnicas e de linguaxes anteriores que se adaptan ás necesidades do novo contorno virtual a que xorden asociadas.

Capítulo 2. As SMS no marco do discurso electrónico

Como tivemos oportunidade de tratarmos nas seccións precedentes, os avances nas Tecnoloxías da Información e da Comunicación tiveron profundas consecuencias en todas as esferas da sociedade. Neste sentido, tamén no ámbito da Lingüística se produciron diversas transformacións, relativas, nomeadamente, á aparición do contexto virtual, espazo que favoreceu o desenvolvemento de novas prácticas comunicativas e de novos medios de interacción (véxase 1.2.3.1). A ampla diversidade de xéneros textuais e a nova modalidade discursiva que xurdiu no medio electrónico manifestan unha serie de propiedades que deriva das características do soporte que as alberga. Por tanto, embora o interese fundamental do noso traballo o conformen as SMS e o sistema de representación da linguaxe que xorde asociado a esta modalidade textual, coidamos que é fundamental realizarmos unha aproximación a todas aquelas características que identifican o discurso electrónico e a comunicación mediada por computador, pois constitúen a macroclase a que aparecen vinculadas as mensaxes de texto. A este respecto, nas seguintes páxinas realizaremos un achegamento histórico á comunicación mediada para logo focalizarmos a atención nas orixes do discurso electrónico e nas liñas de investigación que se viñeron desenvolvendo até o de agora no marco da descrición lingüística, fundamentalmente vinculadas a áreas máis recentes como a gramática do texto ou a pragmática. A seguir, levaremos a cabo unha análise pormenorizada das características que presenta o discurso mediado atendendo, fundamentalmente, aos trazos inherentes ao soporte electrónico, á súa dimensión espacio-temporal e a cuestións relativas ás restricións comunicativas deste medio, entre as cales destacan a ausencia de retroalimentación e de información non verbal.

Unha vez consideradas as particularidades da canle, tórnase posíbel analizarmos as propiedades discursivas do conxunto de (con)textos comunicativos que favorecen os medios de interacción electrónica, cal a transitividade, a continuidade, a bidireccionalidade e o carácter público e grupal. Tales características do medio dixital viran imprescindíbeis para comprendermos que o discurso electrónico conforma unha nova modalidade comunicativa, diferente da escrita e da oralidade e que, por tanto, merece ser considerada e analizada como

un novo sistema lingüístico que, lonxe de restrinxir, aumenta as posibilidades expresivas do seu usuariado e que xera manifestacións lingüísticas diferentes ás producidas noutros soportes. Por esta razón, realizaremos tamén unha aproximación ás características que presenta a linguaxe nos contextos virtuais da informática e da Internet. Estabelecido o marco onde se insiren as mensaxes de texto, pasamos a describir esta modalidade comunicativa facendo especial fincapé en todos aqueles aspectos que nos permiten definilo como xénero e que determinan en grande parte a súa proxección social e as súas repercusións lingüísticas (véxase 3). A descrición pormenorizada dos sistemas de CMC e, en concreto, das SMS contribuirá, en última instancia, para comprendermos mellor o funcionamento da linguaxe humana e para afortalarmos ou reformularmos os seus esteos fundamentais. Así as cousas, na primeira parte deste capítulo abordaremos tamén algunhas cuestións referentes aos fundamentos da linguaxe, porque nos permitirán, por un lado, xustificarmos as nosas argumentacións sobre este novo fenómeno lingüístico e, por outro lado, notarmos a vitalidade das linguas, dado que non constitúen realidades estáticas, mais que se adaptan ás necesidades dos seus falantes e aos novos contextos de uso, o que se torna de vital relevancia para o caso da lingua galega.

2.1. Achegamento aos fundamentos da linguaxe

A linguaxe é a capacidade que todo o ser humano posúe de modo inherente para se comunicar a través dun sistema de signos ou código. Neste sentido, non debemos confundir lingua ou idioma con linguaxe, pois en canto esta última conforma o conxunto de procesos psíquicos que posibilita a adquisición e o uso dun idioma concreto, as linguas constitúen a materialización ou a representación concreta da antedita. Noutras palabras, a linguaxe supón unha facultade biolóxica²⁷⁰, en canto que a lingua representaría unha realización abstracta daquela, o que a converte nunha actividade social dentro da comunidade lingüística. Por tanto, estaríamos perante dúas entidades de natureza autónoma, mais simultaneamente interdependentes do punto de vista cognitivo, dado que a linguaxe verbal non faría sentido sen o seu funcionamento particular a través das distintas linguas naturais. A este respecto, cómpre indicarmos que se ben que todos os seres vivos manteñen diferentes tipos de interacción entre eles e en relación co medio en que se desenvolven, a linguaxe verbal constitúe o principal instrumento para a comunicación humana e trátase dunha capacidade exclusiva e innata dos seres racionais, dado que require dun procesamento cognitivo consciente que permite individuos estruturaren o pensamento, ligaren unhas ideas con outras e relacionárense a través da lingua.

Porén, a linguaxe verbal non é o único medio a través do cal as persoas interaxen; en ocasións, o termo linguaxe tamén é aplicado a outras modalidades específicas de representación da realidade que difiren da lingua falada e da escrita, mais que constitúen códigos con estatuto lingüístico pleno, cal a linguaxe xestual²⁷¹. Sobre esta cuestión, Delgado-Martins (1996b:103) salienta que “tal sistema tem sido designado como uma *linguagem alternativa*, porque sendo diferente nas suas modalidades de representação, quer na produção quer na percepção, é uma *língua* em todas as acepções do conceito”. Para alén da linguaxe visual baseada en xestos, tamén viran relevantes outras, cal a linguaxe táctil, fundamental para a comunicación entre invidentes (sistema Braille); a sonora, entre as cales destaca o código morse, e outras, cal a linguaxe olfactiva ou a gustativa. De atendermos aos exemplos, vemos que unha linguaxe constitúe un código que serve para representarmos, expresarmos e comunicarmos ideas, pensamentos, sentimentos ou mesmo para indicarmos unha conduta. As palabras, ben sexan orais, ben sexan escritas, en ocasións non permiten reflectirmos fielmente algunha das anteditas actividades; é por iso que en moitos casos son acompañadas de xestos ou de actitudes que lle outorgan un determinado significado á mensaxe, e que son sobre todo úteis para representarmos e, consecuentemente, para interpretarmos a intención comunicativa das producións lingüísticas. Nesta liña, Tusón (1982:6) salienta que

definir el lenguaje como una facultad exclusivamente humana para la comunicación, o como el medio o instrumento que por excelencia poseen los seres humanos para expresar ideas, sentimientos y acontecimientos es decir sólo parte de la verdad por lo que atañe al lenguaje. En efecto, por un lado

²⁷⁰ Sobre este particular, Hub Faria (1996:43-44) afirma que é a capacidade para que a linguaxe verbal se desenvolva como calquera outra cuxos organismos están determinados xeneticamente e que a súa especificidade estaría relacionada coa especialización biolóxica do ser humano, fundamentalmente co desenvolvemento do sistema nervioso. No entanto, esta autora sinala tamén a importancia da distinción entre a facultade da linguaxe e a capacidade biolóxica da linguaxe, pois a primeira é un construto teórico e a segunda pode ser descrita como un conxunto de feitos observábeis.

²⁷¹ Segundo a clasificación que realizan López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:29), a comunicación baseada en xestos faría parte das linguaxes visuais, do mesmo modo que as formas gráficas, cal os sinais de tránsito, ou as cores, como nos semáforos.

existen outras facultades humanas que hacen posible la comunicación: un cierto conjunto de gestos parece estar culturalmente (y hasta biológicamente) codificado; la pintura, el cine mudo, las señales que regulan el tráfico, etc., comportan significados y, por lo mismo, sirven para la comunicación...sin ser 'lenguaje' tal y como éste se entiende comúnmente. Por otra parte, hay sistemas de comunicación que, siendo tales, no son humanos: el baile de las abejas y los sonidos de los delfines parecen ser ejemplos obligados en estos casos. En cuanto a la afirmación de que el lenguaje es el instrumento humano por excelencia que nos permite manifestar ideas, sentimientos, etc., sería necesario hacer ciertas precisiones: algunas ideas pueden quedar más justamente expresadas por medio de formulaciones lógico-matemáticas, en la medida en que el lenguaje formal tiende al mínimo de ambigüedad. Y, por lo que hace a la expresión o manifestación de los sentimientos, ciertos gestos exclusivamente humanos suelen suplir las palabras, con evidentes ventajas.

Neste punto tamén se torna relevante falarmos de paralinguaxe, isto é, daqueles recursos ou mecanismos que concorren en paralelo ás emisións propiamente lingüísticas e que serven para acrecentarmos información, para a matizarmos, para nos reafirmarmos no dito ou inclusive para contrariarmos o sentido literal das nosas producións lingüísticas. Segundo algúns autores, como López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:34), Fernández Rei (2005:97) ou Monteagudo (2010: 412), a paralinguaxe enfórmana aquelas cualidades non verbais e moduladoras da voz, como o ton e o volume ou mesmo o ritmo de elocución, para alén dos sons e os silencios con que afirmamos ou contrariamos tanto as estruturas verbais como as cinésicas. Consecuentemente, a paralingüística sería a disciplina que se encarga do estudo da comunicación humana interesada nos elementos que acompañan as comunicacións verbais e que se configuran como sinais e indicios, habitualmente non verbais, que favorecen a contextualización da mensaxe e que suxiren interpretacións concretas da información estritamente lingüística. Nestes medios, adquiren especial relevancia os aparatos fonadores e os órganos nasais, pois son os que interveñen neste tipo de producións.

Igual que acontece coa linguaxe verbal, a paralinguaxe é un fenómeno de carácter universal na comunicación humana, se ben que os modos específicos en que se concretan os anteditos recursos constitúen realidades culturais, de forma que, como tales construtos sociais, poden detectarse diverxencias dunha comunidade²⁷² para outra. Aliás, estes elementos van presentar certa gradación, ou sexa, desde unha marcada presenza xunto a determinados enunciados até o seu emprego minoritario ou nulo para o caso de certas emisións lingüísticas que non presenten a necesidade de seren reforzadas por outros medios, inclusive dentro dunha mesma sociedade. Como veremos para o caso das linguas, a información de corte paralingüístico remite dalgún modo tamén para a existencia dun código aprendido, pois os utentes do xaponés, por exemplo, non empregan as mesmas variantes sonoras ou xestuais para expresaren emoción, sorpresa ou raiba que utilizan as persoas galegofalantes e, neste sentido, achamos que se trata, igualmente, dun sistema arbitrario e convencional. Así as cousas, algúns dos mecanismos máis relevantes que acompañan á información lingüística son, por un lado, a intensidade e o volume da voz, a velocidade de emisión dos enunciados, a entoación e a duración das sílabas e, por outro lado, o ritmo, a fluidez, o riso e o control demostrado de órgaos respiratorios e articulatorios.

Todos eles permiten tirarmos información sobre o estado anímico ou sobre o contexto en que se encontra o emisor no momento da produción lingüística e favorecen a comprensión da mensaxe: a escasa fluidez nun discurso, as continuas pausas e os silencios poden indicar a presenza de nervos no locutor, ou un coñecemento insuficiente sobre as cuestións que se estiveren a tratar. Na mesma liña, faise necesario sinalarmos unha outra disciplina lingüística que estuda a importancia do contexto ou da situación comunicativa para unha interpretación

²⁷² Para afondar no relativo ás comunidades lingüísticas véxase Hudson (1981:35-40)

apropiada dos enunciados, ou sexa, a pragmática²⁷³, tamén denominada gramática do texto ou do discurso (Freixeiro Mato 2006, IV:16). Tórnanse acaídas as palabras de Gouveia (1996:383) cando sinala que todas as persoas que falan unha lingua son capaces de recoñecer, dun modo máis ou menos empírico, que cada vez que é codificado ou interpretado un enunciado²⁷⁴ se fai uso de determinados coñecementos que lles son facilitados pola situación en que se produce a emisión lingüística. Noutras palabras, son conscientes de que a comunicación lingüística non existe fóra dun contexto particular motivado pola interacción social. Son, pois, estes coñecementos, entre outros –léase ‘alén dos paralingüísticos’– os que permiten comprender de modo máis claro o significado de certas mensaxes, para cuxa descodificación nin sempre é suficiente a competencia lingüística.

Neste sentido, en canto a fonética, a fonoloxía, a morfosintaxe e a semántica focalizan a súa atención no estudo das linguas como sistemas formais que se combinan a través de regras, a pragmática estuda estes dunha perspectiva comunicativa, ou sexa, entende as linguas como ferramentas para a interacción que, aínda que tamén están gobernadas por regras, permiten establecer relacións entre os ditos sistemas e a súa actualización en determinados contextos de uso. Gouveia (1996:384) afirma que non debemos cuestionar a validez dos aspectos pragmáticos para a descrición dunha lingua, mais si afondarmos naqueles trazos que consideramos centrais para a comunicación e que poden ser definidos como pragmáticos. A este respecto, indica que da citada categoría

faz parte uma série de factores linguísticos e não linguísticos que inclui, pelo menos, o que é dito, o modo como é dito e a intenção com que é dito, o posicionamento físico, os papéis sociais, as identidades, as atitudes, os comportamentos e as crenças dos participantes, bem como as relações que entre eles se estabelecem. Espaço-temporalmente localizados, todos estes factores constituem, aquando do momento da produção lingüística, o **contexto situacional** ou simplemente o contexto, necessariamente diferente do chamado **contexto lingüístico** ou **co-texto**, que diz unicamente respeito ao conjunto de palavras que, num sintagma ou numa frase, são usadas em articulação com uma palavra particular [**En negra no orixinal**].

Nos seres racionais este tipo de comunicación non verbal é frecuentemente paralingüística²⁷⁵, quere dicir, acompaña a información verbal para a matizar, para a ampliar ou mesmo para a contrariar. Non obstante, convén non confundirmos a comunicación non verbal coa comunicación non oral, dado que achamos modos de comunicación verbais, isto é, con estruturas lingüísticas non orais, cal a interacción escrita ou as linguas de signos, da mesma forma que existe comunicación non verbal que é producida por medio da oralidade, como os sons de desaprobación. Sobre esta cuestión, Givens (2000:4) afirma que a comunicación non verbal é relevante canto que cando falamos ou escoitamos a nosa atención se focaliza nas palabras máis do que na linguaxe corporal, se ben que o noso xuízo inclúe ambas as cousas. Isto é, unha audiencia procesa de modo simultáneo o aspecto verbal e o non

²⁷³ Segundo Freixeiro Mato (2006, IV:19), “para alén da lingüística textual, outras perspectivas teóricas centradas no estudo do texto, fóra da materia estritamente lingüística, teñen adquirido relevancia na actualidade; trátase fundamentalmente da análise do discurso e da análise da conversación”.

²⁷⁴ O propio Gouveia (1996:385) sinala a necesidade de distinción entre *frase* e *enunciado* para calquera investigación pragmática, pois constitúen unidades de análise diferentes. Así, a *frase* será unha unidade estrutural e, xa que logo, estará ligada ao coñecemento lingüístico, en canto que o enunciado pertence ao dominio da produción, converténdose nunha unidade do discurso, mais do que nunha unidade sintáctica, como a frase. Desta forma, unha mesma frase pode estar na orixe de tantos enunciados como situacións en que é utilizada, do mesmo modo que diversas secuencias de unha ou máis frases poden remitir para un só enunciado.

²⁷⁵ Porén, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:34) subliñan que existen algúns fenómenos moi frecuentes na oralidade, como os sopros ou as vocalizacións do tipo *eh*, *mm*, *hum* etc., que se encontran na fronteira entre o lingüístico e o paralingüístico.

verbal. Nesta liña, os movementos do corpo non son, polo xeral, positivos ou negativos en si mesmos, mais serán a situación e a mensaxe as que determinarán a súa avaliación neses termos. Por tanto, os seres humanos interrelaciónanse por medio da combinación simultánea da linguaxe verbal e da linguaxe non verbal, pois isto permite complementar a comunicación e salvar as posíbeis limitacións ou as ambigüidades que, en certos contextos, poida presentar o código lingüístico²⁷⁶.

2.1.1. Linguaxe, lingua e fala

Tornando á linguaxe verbal, cómpre sinalarmos que se configura como un sistema de signos, isto é, de sinais codificados creados de modo convencional que se establecen como vehículo de comunicación. Os símbolos non presentan unha relación de semellanza formal co obxecto, o ser ou a idea a que se refiren e, por tanto, para os interpretarmos é preciso coñecermos de antemán as relacións que se crean e o contexto en que se producen. Seguindo os postulados de Saussure (2005), en López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:50) defínese o signo lingüístico como “o símbolo resultante da asociación solidaria, arbitraria e convencional dun significante (expresión material, fónica ou escrita) cun significado (expresión conceptual) para designar un referente”. Como xa sinalamos, a adquisición e o emprego deste sistema de signos é un trazo definitorio do xénero humano: as persoas aprenden a utilizar a linguaxe a través da súa experiencia. Sobre esta cuestión, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:52) afirman tamén que a lingua constitúe “un acervo lingüístico que existe virtualmente na mente do falante e que permite, en virtude dunha especie de pacto establecido entre os membros da comunidade lingüística, exercer a facultade da linguaxe”. Estes códigos poden definirse como sistemas abstractos de signos lingüísticos que se articulan por medio dunha serie de regras gramaticais que operan en todas as esferas (morfolóxica, sintáctica, semántica, fonolóxica e pragmática) e que, consecuentemente, afectan todas as unidades lingüísticas (morfemas, palabras, frases, cláusulas e textos).

Para alén da clasificación realizada por Saussure (2005) que, como xa indicamos constan de significado e de significante e fan referencia a un obxecto real ou virtual, os signos lingüísticos caracterízanse por catro trazos igualmente relevantes: a arbitrariedade, a convencionalidade, a linearidade e a dupla articulación. A respecto do primeiro, convén sinalarmos que a relación entre o significante e o significado é arbitraria, quere dicir, é inmotivada, pois non existe un vínculo natural entre a expresión material e a conceptual. En relación con isto, o signo é tamén definido polo seu carácter convencional, como se deduce do feito de as linguas presentaren significantes distintos para designaren os mesmos referentes. E a pesar da relevancia desta tese, o propio Saussure encargouse de a relativizar ao constatar os múltiples casos de motivación da lingua. Entendéndonos por arbitrariedade a ausencia de similitude entre significado e significante e por motivación a presenza de tal semellanza, podemos indicar que o discurso verbal non é completamente arbitrario, mais que “o universo lingüístico, desde o nivel fonolóxico até o discursivo, configura-se em uma intrincada mistura e equilibrio dinámico entre os aspectos arbitrários e os motivados” (Santaella 2004:128). Tamén López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:51) sinalan que, embora os signos lingüísticos sexan produto dunha convención, algúns deles

²⁷⁶ Na linguaxe escrita e, mais concretamente, no discurso electrónico este proceso de interpretación non é simultáneo, mais linear.

encóntranse relativamente motivados²⁷⁷, cal as onomatopeas e as metáforas, entre as máis relevantes. Finalmente, os signos tamén se caracterizan polo seu carácter linear, na medida en que se inclúen nunha sucesión acústica ou gráfica, e por presentaren unha dupla articulación que lles permite dividirse en unidades menores significativas. En relación coa articulación da linguaxe, Tusón (1982:7) declara que

ese medio de comunicación oral tiene el carácter de un sistema o totalidad estructurada: sus elementos tienen un “valor” que les viene dado por ser lo que los otros no son; es decir, se definen por oposición. Además, las emisiones lingüísticas se pueden analizar en, al menos, cuatro niveles: la “frase” se compone de “sintagmas” y éstos están constituidos por “morfemas” que, a su vez, están compuestos de “fonemas”. Así, podemos decir que una emisión lingüística está articulada, cosa que no podemos afirmar de un grito. Tenemos, pues [...] que éste es un medio de comunicación oral cuyas unidades constituyen un sistema y cuyas emisiones pueden descomponerse en unidades menores, en razón de ser articuladas.

O modo en que se combinan os sons ou os grafemas para formarmos palabras e estas para crearmos enunciados con que expresarmos ideas ou pensamentos está determinado por un sistema de regras. O número de elementos que compoñen estas pautas é limitado e finito, mais esta combinación reducida de signos permite realizarmos unha cantidade ilimitada de producións lingüísticas. É o que Chomsky (1999) denominou creatividade lingüística. Sobre estas cuestións, Tusón (1981:110) afirma que os principios fundamentais da gramática xenerativa contribúen para reforzar as teses mentalistas sobre a linguaxe. Noutras palabras, os utentes dunha lingua non memorizan cláusulas feitas, mais descubren as características construtivas que subxacen ás mensaxes que van almacenando coa súa experiencia como falantes. Así as cousas, acabarán por posuír unha gramática implícita que proxectarán no momento de construíren novos enunciados, quere dicir, aplicarán as regras do código e, consecuentemente, porán de manifesto as posibilidades creativas da linguaxe²⁷⁸, como veremos en 3. No entanto, a creatividade, sendo o trazo máis notábel da competencia lingüística que desenvolven os falantes dun idioma, non é o único, pois estes tamén son capaces de realizaren xuízos sobre a propia lingua, nomeadamente sobre a gramaticalidade das construcións lingüísticas²⁷⁹, mais tamén sobre a ambigüidade e a sinonimia (véxase 3.6.1). A este respecto, tórnase acaído citarmos o seguinte excerto:

La competencia lingüística del hablante-oyente ideal (teórico) de su propia lengua se caracteriza o define como aquel conjunto de saberes que le permiten producir y entender –sin límite teórico– frases nunca antes emitidas (**creatividad**) y establecer juicios sobre esas mismas frases (**autoconciencia lingüística**). Estos juicios son, al menos, de tres tipos: 1) determinan si una frase pertenece o no a la

²⁷⁷ Jacobson (2007:98-117), no seu famoso ensaio “Á procura da essência da linguagem”, foi un dos primeiros lingüistas en estudar o funcionamento dos aspectos motivacionais da lingua con base na teoría dos signos de Pierce.

²⁷⁸ Nesta liña, Tusón (1981:110) engade que “una gramática generativa se formula como un conjunto de reglas (de diversos niveles) que permite enumerar las frases posibles de una lengua y que excluye las no posibles. Es decir, define de entrada qué frases serán gramaticales y cuáles no lo serán [...]. El hablante de una lengua es capaz también de realizar esta criba, tanto de una manera explícita como en su práctica lingüística (y esto es un indicio más de que ha deducido la gramática de su lengua)”.

²⁷⁹ En Chomsky (1974) estableceíase unha diferenza entre a “aceptabilidade” e a “gramaticalidade”, distinción que en obras posteriores xa non vai manter. Isto é, un enunciado do tipo “colorless green ideas sleep furiously” sería gramatical, porque respecta as relacións sintácticas, mais non aceptábel, xa que contradi certos criterios de carácter semántico, en canto outras como “furiously sleep ideas green colorless” non serían nin aceptábeis nin gramaticais, por non se adecuaren nin do punto de vista conceptual nin lingüístico. En Chomsky (1999), porén, as dúas oracións serían consideradas agramaticais, pois non se podería atribuír, fóra da linguaxe poética, sentido a ningunha delas. Segundo Tusón (1981:111), desde esta perspectiva poderíase facer referencia, en todo o caso, a graos de agramaticalidade.

lengua, con lo que el hablante-oyente muestra haber deducido las “reglas de juego” o la gramática de su lengua (**juicios de gramaticalidad**); 2) determinan si dos o más frases deben recibir una misma interpretación (**juicios de sinonimia**); 3) determinan si a una frase le corresponden dos o más interpretaciones (**juicios de ambigüedad**) (Tusón 1981:110) [A negra é nosa].

Tamén non podemos esquecer a clásica distinción que Saussure (2005) realiza no seu *Curso de lingüística xeral* onde diferencia a *lingua* da *fala* e da *linguaxe*. A primeira constitúe un sistema lingüístico abstracto; a segunda conforma a actividade lingüística concreta; e a terceira alude á capacidade lingüística xeral que permite adquirir e producir a lingua e, consecuentemente, a fala. Sobre estas cuestións, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:53) sinalan que na lingua predomina o carácter colectivo e abstracto, en tanto que a fala constituiría unha actividade individual e concreta condicionada pola lingua, ou sexa, “a fala é a lingua en uso, a realización das potencialidades de comunicación fornecidas pola lingua, pois cando un individuo desexa comunicarse con outro realiza unha escolla entre as distintas posibilidades que a lingua brinda en relación co léxico, ás regras para combinar etc.”. Esta diferenciación corresponde en liñas xerais á realizada por Chomsky (1999) entre competencia e actuación lingüística. A primeira representaría o coñecemento que o utente dunha lingua posúe para comprender un número ilimitado de producións gramaticais, en canto a segunda faría referencia á execución e á expresión da dita competencia; establécese, por tanto, unha distinción entre o coñecemento lingüístico e a conduta lingüística, o que na práctica se traduce nunha diferenza entre aquilo que os falantes saben e aquilo outro que levan a cabo.

As persoas, en tanto que seres sociais, empregan a capacidade da linguaxe para se comunicaren e, nestes medios, tórnanse evidentes os vínculos entre lingua e sociedade: a linguaxe necesita da existencia dunha comunidade para a súa concreción e a sociedade precisa da lingua para a súa realización comunitaria e, se ben que se trata dunha facultade innata dos seres racionais que nos permite comunicar vivencias ou pensamentos, esta debe ser desenvolvida no seo dunha comunidade (véxase 1.2.3.1). Consecuentemente, as linguas son o produto da converxencia da capacidade que temos para nos expresarmos (linguaxe) e das comunidades de que facemos parte –como poderemos notar para a lingua no espazo electrónico. E esta confluencia é manifestada por diversos medios: en primeiro lugar, os códigos lingüísticos establecen unha relación conceptual co medio en que se desenvolven, na medida en que presentan estruturas en parte diversas; isto lévanos a formularmos, como xa o fixeron Humboldt e Sapir e Whorf, que os distintos idiomas nos impoñen unha visión particular da realidade, parcialmente diferente en cada caso (Tusón 1982:8). Igualmente, as variedades diastráticas e diafásicas constitúen máis un exemplo da interrelación entre lingua e sociedade, e enmárcanse ambas as categorías dentro do que se coñece como variedades sociais da lingua (Sánchez Rei 2011:44). Aliás, as mesmas compoñentes do signo lingüístico, cuxa relación é arbitraria e convencional, demostran que as linguas son o resultado dun consenso comunitario. Consideramos acaído finalizarmos esta epígrafe afirmando que

o home, como ser, forma parte da realidade natural, pero a través do pensamento, pola palabra, pode obxectivar simbolicamente esa realidade, incluída a propia; por medio desta obxectivación convértese en “creador” dunha realidade cultural. Esta realidade cultural, que na orixe é unha experiencia privada, ó ser comunicable, convértese nun coñecemento público, de tal maneira que se forma así un “saber colectivo en continuo arriquecemento”. Pero a linguaxe, que como facultade é universal, na realidade cristaliza nunha diversidade de linguas porque está vinculada ás experiencias de cada pobo concreto. “Dende un punto de vista ontolóxico, a plenitude do ser, a súa riqueza intrínseca, eisixe a pluralidade expresiva pra se manifestar. Unha língoa única non podería manifestar toda a súa riqueza. Cada língoa é unha forma de manifestación, unha orixinal revelación do ser”. Igualmente, “dende un punto de vista sociolóxico, a língoa é o vehículo de realización da persoa colectiva como tal. Cada pobo, antes

de poder realizar o seu destino no tempo, na historia, precisa realizar a súa personalidade colectiva. A forma interna e viva desa personalidade é a líncoa, pois que é a que lle dá unidade espritoal creadora. Por eso cada líncoa representa unha cultura orixinal (Santamarina Fernández 1998:15).

2.1.2. Código lingüístico e modelos comunicativos

As linguas configúranse como o medio de comunicación por excelencia²⁸⁰ para a interacción entre os seres humanos, aínda que non de modo exclusivo²⁸¹ (Tusón 1982:8). A este respecto, é preciso indicarmos que todos os seres vivos manteñen certa interacción co medio a que pertencen, quere dicir, alteran o comportamento doutros seres e perciben feitos que modifican a súa propia conduta. A dita actividade é realizada tanto por persoas como por animais e conforma o que coñecemos por información. Na liña do exposto en López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:27), esta fai referencia ao contido da mensaxe, mentres que a comunicación alude ao o proceso que favorece a contextualización deses datos. Noutras palabras, para que poidamos falar de comunicación cómpre que a transferencia de información a través de mensaxes presente intención comunicativa, ou sexa, que procure alterar os coñecementos e/ou os comportamentos dos seus alocutarios ou instalos a realizaren determinadas accións. Para diferenciarmos entre información e comunicación cómpre atendermos ao papel fundamental da persoa destinataria, pois para falarmos de comunicación é necesario que exista unha resposta, en canto que si é posíbel falarmos de información aínda que non se producir esa retroalimentación²⁸².

Neste sentido, o propio Jacobson (2007:49) sinalaba que as coincidencias e as converxencias entre a análise lingüística e a abordaxe da linguaxe na teoría da comunicación eran notábeis, dado que cada unha destas disciplinas se encarrega, se ben que por camiños diferentes e autónomos, do mesmo dominio da comunicación verbal. Sobre esta cuestión, o antedito autor apunta que “o fluxo da linguaxe falada, fisicamente contínuo, colocou em principio a teoría da comunicación diante de uma situação ‘consideravelmente mais complicada’ do que no caso de um conjunto finito de elementos discretos que a linguaxe escrita apresentava” e acrecenta que “entretanto, a análise lingüística conseguiu resolver o discurso oral numa série finita de unidades elementares de informação”. Por tanto, observamos que se trata de dúas ramas independentes, mais fortemente relacionadas, de modo que un contacto estreito entre elas se tornará útil e proveitoso na medida en que contribuirá para conseguirmos unha perspectiva mais ampla sobre o fenómeno da linguaxe. Esta, canto que sistema que permite a comunicación, debe axustarse ao esquema xeral que presenta toda a transmisión de información. A análise de tales modelos constituíu un dos primeiros obxectivos da teoría da información, tal como foi formulada por Mckay, isto é,

²⁸⁰ Este feito é o que xustifica a tendencia actual no ensino de linguas cara á focaxe comunicativa, sobre todo para os casos da aprendizaxe dun segundo idioma, pois o que se torna relevante nestes contextos é que as persoas consoliden as catro destrezas básicas relacionadas coa lingua, quere dicir, escoitaren, falaren, leren e escribiren e, igualmente, a capacidade para utilizaren con eficacia e eficiencia a linguaxe nas súas funcións centrais, isto é, representaren, expresaren e, sobre todo, comunicaren (Baca de Espínola 2006:46). Véxase tamén 3.4.2.1.

²⁸¹ Tusón (1982:8) afirma que para Humboldt a función específica e esencial que exerce a lingua para os seres humanos ten que ver coa enerxía que desprende ao servizo do pensamento. Nestes medios, todas as linguas e, por tanto, a linguaxe constitúen o contido e a forma do pensamento e a enerxía que o torna posíbel. Noutras palabras, a linguaxe configúrase como o elemento básico que nos constitúe como seres pensantes.

²⁸² Nesta liña, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:27) sinalan que “a tose, por exemplo, indica a existencia dunha doenza mais non posúe intención comunicativa, pois transmite información de maneira involuntaria”. Esta distinción será tamén fundamental para establecermos unha tipoloxía dos textos electrónicos (véxase 2.3.3.1) e para determinarmos o modelo de interacción da comunicación dixital e, máis concretamente, das SMS (véxase 2.3.5).

“isolar de seus contextos particulares aqueles elementos abstratos de representações que possam ficar invariáveis em nova formulação” (Jacobson 2007:49).

Antes de focar a nosa atención nos esquemas de comunicación, convén indicarmos que en función da natureza dos participantes no acto comunicativo se poden distinguir tres sistemas de comunicación: a animal, a humana e a virtual²⁸³ (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010:27). A respecto do primeiro modelo, é preciso indicarmos que se trata de sistemas de comunicación fundamentalmente instintivos e adoitan servir para fins específicos, cal a delimitación do territorio ou a advertencia en relación coas potenciais ameazas. Como xa se sinalou, a linguaxe verbal constitúe a ferramenta principal para a comunicación humana e a facultade que nos diferencia doutros seres vivos, pois é produto dunha actividade cognitiva consciente, se ben que tamén existen outros medios a través dos cales os seres racionais poden interaxir, como a linguaxe non verbal²⁸⁴. Estas dúas tipoloxías constituíron as vertentes principais sobre as que asentaban inicialmente os estudos sobre comunicación. Gómez (2003:34) afirma que as diferenzas principais entre a comunicación animal e a humana radican en que a linguaxe humana é á vez significación e comunicación: os animais poden comunicar, mais non poden falar, isto é, non poden significar. As olladas, os berros, os xestos ou os olores son elementos de comunicación non privativos dos humanos, pois son partillados por moitas especies animais, mais o relevante neste punto é a ausencia de significación na comunicación animal. Nesta liña, o antecitado autor sinala que “la comunicación es al sentido lo que la lengua es al lenguaje”. Sobre este particular, cómpre salientarmos un fragmento do discurso de entrada na Real Academia Galega de Antón Santamarina Fernández, quen revisita o texto “A linguaxe i as linguas” de Ramón Piñeiro:

A linguaxe fainos diferentes ás outras especies de animais porque nomeando as cousas liberámonos da súa dependencia material. “O nome é unha representación simbólica da cousa nomeada. A palabra dálle ó home unha representación simbólica da realidade”. Ademais, a linguaxe libéranos da dependencia temporal co presente (“o animal vive preso na presenza inmediata —sensorial— da realidade [...], o home transformándoa na sustancia humá da palabra, libérase desa presenza escravizante”); e libéranos tamén da “dependencia instintiva da especie” pois pola palabra o “home pasou do nivel das sensacións ó nivel das ideas”; e finalmente liberta ó “home da dependencia psicolóxica coa colectividade” porque a palabra impide a absorción e a anulación da personalidade individual de cada un pois a “través da palabra descubrimos a realidade persoal, a persoalidade dos demais e por contraste a nosa”. En definitiva as outras especies animais viven nun medio, nós, gracias á palabra, vivimos nun mundo (Santamarina Fernández 1998:15).

Con todo, nas últimas décadas os avances tecnolóxicos no campo da enxeñaría e das telecomunicacións provocaron o desenvolvemento dun novo medio de interacción, a comunicación virtual. Á diferenza dos anteriores modelos, constitúe un sistema fundamentalmente escrito, aínda que non só, e configúrase como un proceso interactivo que contribuíu para ampliar a capacidade comunicativa das persoas, pois eliminou moitas das limitacións que presentaban o resto dos modelos analizados, como se poderá observar en seccións posteriores. No entanto, xulgamos que se trata dun tipo de comunicación complementar á humana, mais do que de dous sistemas independentes. Porén, de atendermos non só ao emisor, ou ao código, senón tamén a outros elementos relevantes do proceso

²⁸³ Esta última será analizada con máis pormenor en epígrafes posteriores, canto que constitúe o marco principal para o desenvolvemento de novos sistemas de representación da linguaxe (véxase 2.2).

²⁸⁴ Porén, a linguaxe verbal posúe máis unha característica que contribúe para a súa preeminencia como vehículo para a interacción persoal: a súa capacidade para poder traducir calquera outro sistema de comunicación; así, un enunciado da linguaxe formal pode ser traducido, cun grao de aproximación notabelmente alto, para a linguaxe corrente. Porén, unha expresión subxectiva dun desexo nin sempre poderá ser representada en termos formais.

comunicativo, cal a canle e o contexto, faise necesaria esta distinción. Así, a comunicación virtual desenvólvese en contornos computacionais e ofrece novidasas posibilidades para as persoas interaxiren. Hoxe en día encontrámonos nunha era fortemente informacional onde a presenza dos medios de comunicación, cada vez máis virtualizados, non só transmiten a linguaxe a grandes cantidades de persoas, mais tamén permiten a súa personalización, o que provoca un certo proceso de individualización de masas. En consecuencia, neste caso o medio en que se desenvolve a comunicación vai alterar de modo relevante os esquemas comunicativos tradicionais, de aí que se faga necesaria unha análise autónoma.

Así as cousas, tórnase evidente que existen diversos modelos comunicativos dos cales o máis elaborado é o da comunicación humana, dado que se establece a través de códigos lingüísticos e non lingüísticos. López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:28-30) sinalan como esquema básico o denominado *estímulo-resposta*, que consiste no envío por parte da persoa emisora dun sinal perante o cal a receptora reaxe, e acrecentan que “aínda que esta acción pretenda provocar un determinado efecto, non existe comunicación en sentido estrito, porque a resposta xerada é involuntaria”. Deste modo, para definirmos un modelo comunicativo complexo deben estar presentes, outrosí, os seguintes elementos: a persoa *emisora* ou a *fonte* que elabora e transmite a mensaxe, a *receptora* ou *destinataria*²⁸⁵ que interpreta esta e que actúa en consecuencia, a *mensaxe*, contido informacional producido pola persoa emisora, a *canle*, medio por onde este se transmite e, finalmente, o *código*, sistema de signos e regras imprescindíbel para o poder producir e, posteriormente, emitir. De acordo co sinalado en Gómez (2003:46-49), unha das características fundamentais de todo o proceso comunicativo é a súa bidireccionalidade, pois para que se poida producir é imprescindíbel que nel participen cando menos dous interlocutores, a saber, unha persoa emisora e unha destinataria, papeis que se irán intercambiando a medida que avanza a interacción: a emisora comeza o proceso producindo e transmitindo unha mensaxe; esta terá de ser descodificada e interpretada correctamente pola destinataria para de inmediato se converter en emisor dunha nova mensaxe que complementa a información anterior. O esquema conversacional repetirase de forma sucesiva até se dar por finalizada a comunicación.

No entanto, a eficacia do acto comunicativo vai depender, de modo fundamental, do dominio que tanto a persoa emisora como a receptora posúan dos códigos, isto é, dos procesos de codificación e de descodificación respectivamente. É preciso que as persoas participantes na interacción coñezan o conxunto de regras e de convencións que permiten producir e comprender unha determinada mensaxe, o que non se limita ao código lingüístico ou á linguaxe verbal, pois, como foi indicado, tamén existen outros códigos non lingüísticos que teñen significado por si propios e que serven para apoiaren, completaren, contrariaren ou enfatizaren unha tese expresada verbalmente. A este respecto, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:33-34) sinalan entre os máis significativos os elementos proxémicos, que se refiren ao lugar que cada interlocutor ocupa no escenario en que se produce a comunicación, os elementos cinésicos (nomeadamente os xestos, a expresión facial e a postura corporal), e, por último, os elementos paralingüísticos (véxase 2.1). Isto vira relevante xa que alén do código lingüístico e do non lingüístico, os anteditos autores salientan a existencia dunha outra tipoloxía o código mixto, isto é, “unha forma de discurso vehicularizada nunha variedade lingüística concreta e cunhas normas de uso específicas. A

²⁸⁵ Cómpre sinalarmos que nin sempre podemos utilizar estes dous termos como equivalentes: as persoas, en canto que ouvintes, poden ser receptoras dunha determinada mensaxe, dado que comprenden o código que se empregou para a codificar, inclusive cando esta non vai dirixida cara a elas. Porén, a persoa destinataria non é so aquela que está presente na emisión e que é capaz de entender a mensaxe, mais o suxeito concreto para quen foi codificada unha determinada información.

conversa gráfica (*chat* e *messenger*) ou as mensaxes telefónicas instantáneas (*sms*) son algúns exemplos de código mixto” e, se ben que se trata dun medio predominantemente escrito, presenta moitas características oralizantes, para alén dunha forte presenza de elementos do código non lingüístico, cal os cinésicos e os paralingüísticos²⁸⁶ (véxase 2.2.3).

As grandes transformacións no campo das comunicacións ás que fixemos referencia en 1.2, como as mudanzas revolucionarias nas formas de produción, de difusión e de recepción da información, a alteración no modelo de intercambios entre o público emisor e o receptor e, especialmente, a aparición de novas modalidades de interrelación mediadas por diferentes tecnoloxías e caracterizadas por constituíren comunicacións interactivas, dialóxicas e en tempo real, son as causantes en certo modo do desenvolvemento do código mixto. Noutras palabras, a mudanza tecnolóxica modificou a comunicación social do século XXI e estas transformacións son as que nos obrigan a revisaren os conceptos clásicos de información e de comunicación que veñen sendo empregados nas disciplinas teóricas que analizan este fenómeno, xa que en moitos casos os anteditos modelos foron alterados significativamente, como veremos cando analizarmos as características da CMC (véxase 2.2). Pineda de Alcázar (2000:266) e Vega (1999) afirman que a razón principal desta mudanza débese, sobre todo, ao feito de se teren modificado as dimensións de tempo e de espazo sobre as cales asentaban. Como consecuencia da converxencia telemática, as tecnoloxías achégannos á información e ás persoas sen a necesidade de nos deslocarmos e, igualmente, trasladánnos a prazas virtuais e cibernéticas que nos permiten experimentarmos sensacións interactivas diferentes, o que repercute necesariamente no uso que se fai da lingua.

En relación con isto, non podemos finalizar esta abordaxe aos elementos do proceso comunicativo sen facermos referencia á canle e ao contexto, dous aspectos de vital importancia non só para a transmisión da información e para o establecemento de interaccións, mais tamén para comprendermos os motivos que están na orixe da comunicación virtual e, consecuentemente, do desenvolvemento do código mixto en contornos computacionais. A respecto do primeiro elemento, cómpre sinalarmos que a canle está estreitamente relacionada co código empregado na comunicación e constitúe o medio físico ou virtual por que é elaborada (escrita ou oralidade), transmitida (o soporte dixital, o papel, o ar etc.) e recibida (medios auditivos, visuais, tácteis etc) unha determinada mensaxe ou contido (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010:35). Como se puido ver, os novos contornos tecnolóxicos e cibernéticos supuxeron máis un chanzo para incrementaren a capacidade comunicativa das persoas debido ás propias características do medio. A desaparición das limitacións espacio-temporais, a interactividade e a simultaneidade constitúen funcionalidades que permitiron aumentar a frecuencia das interaccións e, nesta liña, favoreceron que o soporte electrónico se erixise como un instrumento facilitador do contacto (Gómez 2006:48). Estas características e os condicionamentos técnicos –se os houber– da canle empregada tamén poden provocar modificacións no código empregado ou mesmo o desenvolvemento de novos sistemas comunicativos que se adapten mellor ás necesidades²⁸⁷ de cada medio.

²⁸⁶ É preciso indicarmos que o ton, o volume da voz e a fluidez ou o ritmo da elocución constitúen elementos paralingüísticos que complementan o código lingüístico no discurso oral. No entanto, desde unha perspectiva gráfica, convén, igualmente, termos en conta a relevancia dos títulos, do uso das maiúsculas ou de formas de destaque, cal a negra ou a itálica, pois exercen unha función similar á dos elementos paralingüísticos na lingua oral (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010:34). A confluencia da oralidade e da escrita na comunicación virtual outorgará un papel relevante a estes elementos do código non lingüístico.

²⁸⁷ Sobre estas cuestións, Gómez (2006:557) afirma que “por su uso natural e inmediato, en un momento histórico en el que prima la velocidad, la imprecisión generalizada y el vértigo comunicativo, la lengua adquiere

Neste sentido, tamén vira fundamental para o suceso de toda a interacción coñecermos o contexto, ben sexa lingüístico, situacional ou sociocultural en que se desenvolve a comunicación, pois será o que determine en boa medida as súas características. Tórnase obvio que o coñecemento do contexto lingüístico e, por tanto, do código, é imprescindíbel para comprendermos o significado das mensaxes e terá de ser partillado pola persoa emisora e a receptora, mais en determinadas ocasións este non é suficiente e precisa de ser complementado por referencias espacio-temporais, dado que cada interacción presenta uns condicionantes situacionais concretos. Tamén son importantes os referentes socioculturais²⁸⁸, pois en ocasións farán necesario que os participantes da interacción se adapten ás diversas circunstancias comunicativas²⁸⁹. A respecto do contexto, Freixeiro Mato (2006, IV:65) apunta unha outra tipoloxía que debe ser considerada a termos en conta as particulares circunstancias que rodean a lingua galega, extensíbel tamén para outros idiomas que se encontraren en situacións similares de conflito lingüístico. Isto permitirá explicarmos determinados fenómenos como o que se cita a seguir:

Na interacción lingüística que todo texto representa hai dous protagonistas imprescindíbeis, o locutor (autor, emisor) e o alocutario (receptor, lector). Normalmente, o primeiro escolle o segundo, isto é, o autor dun texto selecciona un tipo de receptor a que dirixirse e en función del elabora ese texto. Mais no caso dos textos escritos en galego a situación comunicativa non só se viu alterada, senón mesmo invertida: foi (e aínda en parte é) o receptor ou lector o que escolleu o texto en función da lingua en que estaba escrito, en tanto que o autor só se podía dirixir a un alocutario moi concreto, aquel que estaba disposto a ler nunha lingua como o galego (Freixeiro Mato 2006, IV:71).

Consecuentemente, o contorno en que se producir a interacción constitúe un factor fundamental do proceso comunicativo na medida en que facilita a comprensión da mensaxe e condiciona outros elementos, nomeadamente o código. Aliás, tamén permitirá eliminarmos os posíbeis obstáculos da comunicación, ou sexa, todos os elementos físicos e psíquicos que dificultaren a interacción, cal o escaso dominio do código, a ambigüidade, o ruído ambiental etc. Non obstante, o contexto non é o único medio a que podemos recorrer para reducirmos este tipo de alteracións no proceso comunicativo, dado que existe outro mecanismo –de pouca rendibilidade no medio electrónico–, a redundancia, consistente na repetición recorrente de datos nas mensaxes que contribúe, igualmente, para conseguir que a comunicación se realice de modo eficaz. En definitiva, estes seis elementos analizados (emisor, receptor, mensaxe, código, canle e contexto) conforman os constituíntes básicos de todo o proceso comunicativo, se ben que a importancia e os trazos definitorios de cada un deles dependerá do tipo de comunicación en que se integren. Esta aproximación será fundamental para comprendermos as características específicas da comunicación mediada por computador (véxase 2.2), onde elementos como o contexto, a canle e o código se tornarán fundamentais para nos achegarmos ás características que singularizan o discurso electrónico²⁹⁰ e, mais concretamente, ás particularidades da linguaxe SMS, unha das modalidades comunicativas xurdidas no contorno virtual (véxase 3).

una importancia notable, tanto por su interés formal y comunicativo que la revela centro de atención de cualquier tipo de texto, como por los múltiples avatares a los que se somete como sistema”.

²⁸⁸ Léase condicionamentos sociais, políticos, culturais, económicos e técnicos.

²⁸⁹ En relación con isto, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:36) sinalan que “este contexto pode condicionar o nivel de formalidade do código ou mesmo a interpretación de certas expresións. As palabras malsoantes, por exemplo, poden tolerarse nun contexto informal, mais resultan inadecuadas en contextos formalizados”.

²⁹⁰ Para evitarmos posíbeis ambigüidades, cómpre indicarmos que utilizamos este termo para nos referirmos tanto á esfera da oralidade como á da escrita e, por tanto, considerámolo sinónimo de *texto*. A este respecto, tórnanse acaídas as seguintes afirmacións de Freixeiro Mato (2006, IV:29): “Nun principio o discurso semella

2.1.3. Variación lingüística

En paralelo ás mudanzas que se producen na sociedade, ao longo do tempo as linguas tamén van experimentando múltiples transformacións tanto do punto de vista fonético e fonolóxico, como do morfosintáctico, do semántico e do pragmático. Estas son o resultado do proceso de adaptación a que se vén sometidos os diferentes idiomas para se adecuaren ás novas realidades e ás novas necesidades dos seus falantes. Consecuentemente, en tanto que entidades dinámicas, as linguas están suxeitas a numerosas alteracións. Neste sentido, Sánchez Rei (2011:27) sinala que “afirmarmos que calquera lingua presenta o fenómeno da variación como unha característica de relevancia supón, de entrada o recoñecemento de unha das súas principais idiosincrasias”, ou sexa, todos os idiomas que coñecemos foron e son falados de formas diversas²⁹¹, dado que a característica fundamental de todas as linguas é que varían en relación coas diferentes coordenadas que poden darse no eixo diacrónico ou no sincrónico²⁹². Sobre este particular, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:65) salientan que a diversidade lingüística pode ser analizada atendéndonos, cando menos, ao decorrer do tempo (variación histórica), ao espazo xeográfico que ocupan (variación xeográfica), ao nivel sociocultural dos falantes (variación social) e á situación de uso (variación situacional). Alén destes factores, en Sánchez Rei (2011:27-130) son analizados outros que tamén motivan a variación, cal a idade, o sexo, o idiolecto e condicionantes de tipo étnico e cultural, algúns deles de vital relevancia na nosa análise (véxase 2.3.2.1 e 3.1.2).

De acordo co antecitado autor, todos os estudos que se realizaren sobre variación lingüística deberán asentar fundamentalmente na lingua oral e, aliás, o material de análise terá de ser actual, cando menos na dimensión sincrónica, porque é o único modo de coñecermos e comprendermos as variedades vigorantes hoxe en día. A este respecto, xa Coseriu (1962:287) salientaba a necesidade de explicarmos a lingua desde a perspectiva do falar e non á inversa, porque a linguaxe é concretamente fala, actividade, e porque o falar é

apuntar para o plano oral e o texto para o plano escrito. De acordo con Vilela (1999:399), podemos definir o discurso como a interacción verbal humana que na súa forma oral se apoia en elementos extraverbais, como xestos ou expresións faciais, e en elementos paralingüísticos como pausas, ritmo, entoación etc. É unha produción verbal que presenta continuidade semántica e en que todos os enunciados producidos forman unha unidade comunicativa. O discurso constitúe, pois, un acto comunicativo coherente e, no seu sentido habitual, representa tanto o produto en si como a produción do discurso e as condicións en que este se produce; isto é, por discurso enténdese a ideoloxía, o modo de falar ou inclusive a maneira de actuar de alguén. O texto [pola súa parte] foi xeralmente entendido como unha produción escrita dotada de unidade, ou sexa, unha unidade lingüística fixada por escrito que normalmente comprende máis de unha cláusula. Mais tal exixencia da escrituralidade como característica esencial do texto é cuestionábel, como mesmo apunta a orixe etimolóxica do termo (lat. *texere* = bordar, tecer), e así resulta común falarmos de texto oral vs. texto escrito [...], onde o texto pode ser tamén substituído por discurso”. Dentro do plano escrito distinguimos o discurso electrónico e o discurso en papel, pois consideramos que constitúen dúas modalidades textuais diferentes, cuxas características estarán condicionadas polo soporte en que se producen.

²⁹¹ Sobre este particular, Ferreira / Carrilho / Lobo / Saramago / Cruz (1996:479) salientan que “estando todas as linguas vivas suxeitas a factores de mudanza, a variación que deles decorre faz parte integrante da linguagem humana e pode ser estudada e descrita. Por sua vez, a variação, a hesitação entre diversas formas, ocorrida num dado momento, produz a longo termo mudanza na língua”. Noutras palabras, a lingua vive a través da diversidade. Na mesma liña, Wardhaugh (1992:37) afirma que “cada lingua existe nunha serie de variedades e é, en certo sentido, a suma de todas elas”.

²⁹² A pesar de que o que máis nos interesa no presente estudo é o sincrónico, dado que dentro del poderemos atender a diferentes perspectivas, en especial ao contexto, á idade e ao sexo como como se verifica nos capítulos 2 e 3, tamén nos pareceu relevante unha focaxe diacrónica, que se completa co capítulo un, para así ofrecer unha imaxe máis ampla do fenómeno lingüístico das SMS.

máis amplo do que a lingua. Ou sexa, en canto a lingua se acha toda ela contida no falar, este, polo contrario, non fica contido completamente na lingua. Con todo, o propio Coseriu apunta que o falar inclúe, en sentido técnico, tamén a escrita, de modo que, aínda sendo conscientes da preeminencia do discurso oral, convén termos en conta, igualmente, as producións escritas, pois en determinados casos estas serán imprescindíbeis para analizarmos o fenómeno da variación. Pénsese, nestes medios, na importancia dos textos impresos para estudarmos a mudanza diacrónica, onde constitúen “o único medio de nos aproximarmos de diferentes estadios da lingua” (Sánchez Rei 2011:27). Porén, a importancia dos textos escritos non se restrinxe só ao estudo diacrónico da lingua, mais tamén se tornan significativos desde unha perspectiva sincrónica. Como vimos en 2.1.2., para alén da comunicación humana e da animal, xorde na última década do século XX un novo contorno interactivo que denominamos comunicación virtual, cuxa característica principal é o seu carácter escrito; este trazo, xunto con outros condicionantes de tipo contextual e técnico, serán os que contribuirán de xeito substancial para o desenvolvemento do discurso electrónico.

Na liña do exposto en Sánchez Rei (2011:230), a dialectoloxía no comezo só concedeu atención ás variedades de carácter diatópico ou rexional e ao estudo das falas rurais e populares, ao tempo que tamén se tiña en conta a perspectiva diacrónica, se ben que esta era estudada fundamentalmente pola lingüística histórica²⁹³; no entanto, e até épocas ben recentes, na pesquisa dialectolóxica tivo preeminencia a orientación xeográfica. Xa Saussure (2005:347) sinalou que “o que sorprende no estudo das linguas, antes de máis, é a súa diversidade, isto é, as diferenzas lingüísticas que se detectan ao avanzarmos no territorio, ben sexa dun país para outro ou entre rexións”. Noutras palabras, a variación diatópica é máis evidente e perceptíbel²⁹⁴, en canto a diacrónica costuma pasar inadvertida, de aí que o estudo da diversidade xeográfica fose o esteo principal na investigación dialectolóxica. Non obstante, o propio Saussure (2005:357) considera a temporalidade como o factor principal da variación; así, afirma que, embora tamén teña de ser contemplada a diversidade dos lugares, “por si só, o afastamento non xera as diferenzas” e engade que “así como non se pode xulgar un volume a partir dunha superficie, téndose de realizar coa axuda dunha terceira dimensión, do mesmo modo o esquema da diferenciación xeográfica non fica completo a non ser que se proxectar no tempo”. Mais, en paralelo ao que aconteceu para o caso da escrita, da imprensa e das tecnoloxías (véxase 1.1.2 e 1.2.3 respectivamente), a variación nin sempre foi entendida como un fenómeno lingüístico positivo, mais todo o contrario, pois contou cunha forte reprobación xa desde o mundo antigo. Neste sentido, en Sánchez Rei (2011:32-34) documéntanse varios testemuños, algúns dos cales datan dos inicios da civilización occidental²⁹⁵:

²⁹³ En relación con isto, Ferreira / Carrilho / Lobo / Saramago / Cruz (1996:480) salientan que, embora a variación diacrónica ou histórica designe as diversas manifestacións dunha lingua a través dos tempos, estas mudanzas non ocorren de modo repentino, mais existe, polo contrario, un período de transición en que se pode achar variación sincrónica entre dúas ou máis variantes concorrentes, onde unha delas acabará por prevalecer.

²⁹⁴ Sobre este particular, Sánchez Rei (2011:130) apunta o seguinte: “Non se cae en exaxeros ao afirmarmos que entre as observacións que máis incorren en tópicos referidas ao ser humano, xunto ás características da cor da pel, do cabelo, dos ollos, da altura, dos modais etc., existen as protagonizadas polas diferenzas dialectais. Moita xente fala delas, e non unicamente as persoas que profesional ou academicamente se dedican ao estudo da lingüística, de xeito que resulta bastante probábel que, desde o principio da linguaxe humana, os propios utentes dunha variedade lingüística tivesen relativa consciencia dos diversos modos de falar que detectarían se comparados con outros individuos”.

²⁹⁵ Aitchison (1992:4) considera, igualmente, que na actualidade existen aínda moitas persoas que condenan e lamentan as mudanzas nas linguas e salienta que estas son atribuídas ao descoido, á preguiza ou á ignorancia. Neste sentido, sinala que é frecuente que aparezan nos xornais artigos e cartas ao director que reproban os novos significados que adquiren as palabras ou as alteracións que sofre a súa pronunciación. Un fenómeno semellante

Un primeiro exemplo vénnos do diálogo *Crátilo*, de Platón (séculos V-IV a.d.n.e.), en que Sócrates interpreta a evolución dos sons da lingua como un feito reprobábel por contribuíren así para o insuceso da intercomprensión entre falantes [...]. Máis un testemuño de que xa na Antigüidade se percibía a diferenciación lingüística é o que se acha na Biblia, concretamente no libro da *Xénese*, integrado no *Pentateuco* e que foi compilado no século IV a.d.n.e.; nel dise que a diversidade de linguas responde, na realidade, a un castigo divino para condenar a soberba do ser humano ao pretender construír a Torre de Babel.

Por tanto, alén das mudanzas cronolóxicas e das diatópicas, que constituíron os eixos fundamentais en que tradicionalmente asentaron as reflexións sobre o variacionismo, nos últimos tempos xurdiron outras perspectivas de análise que contemplan a variación lingüística atendendo a outros condicionantes e cuxa análise contribúe para complementar as investigacións de corte estritamente temporal e/ou rexional, que só permitían ofrecer unha visión parcial da diversidade lingüística. A este respecto, xa Hudson (1981:53) era consciente de que os dialectos non só estaban distribuídos xeograficamente, pois el propio consideraba a mobilidade rexional como un dos factores para ter en consideración, xunto con outros, igualmente relevantes, cal a clase social, o sexo e a idade. Por tanto, ademais dos dialectos, rexionais o mencionado sociolingüista fai referencia tamén aos sociolectos ou dialectos sociais para se referir ás diferenzas que non se adscriben ao territorio. Nesta liña, destaca que “debido a estos otros factores [os sociais] puede que un hablante muestre más semejanza en su lengua con gente del mismo grupo social de una región distinta que con gente de otros grupos sociales, aunque sean de la misma región”, como acontece en Gran Bretaña ou no Brasil²⁹⁶, onde a clase social costuma prevalecer sobre o factor xeográfico como determinante da variación. Tamén Wardhaugh (1992:63-64) e, máis recentemente López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:87) e Sánchez Rei (2011:52-61) teñen en conta esta perspectiva, se ben que sinalan, igual que Hudson (1981:183), a dificultade de definir grupo ou clase social e de valorizar de forma axeitada os distintos factores que se inclúen na caracterización social, isto é, profesión, lugar de residencia, educación, orixe racial ou étnica, relixión, idade, sexo etc²⁹⁷.

Así pois, é doado detectarmos que os utentes dunha lingua posúen, á marxe dunha caracterización lingüística local, outra de carácter social, dado que a pesar de que as diferenzas entre estratos poden variar na medida en que uns grupos sociais e outros interaxen continuamente, tamén se observa que determinados sectores profesionais presentan certas particularidades lingüísticas que, con seguridade, non se van detectar noutros colectivos. Estas variedades asociadas a unha profesión determinada son denominadas tecnolectos ou

encontrarémolo en relación cos novos sistemas de representación da escrita, en que existe un sector moi crítico que condena estas innovadoras prácticas textuais (véxase 3.4.1).

²⁹⁶ En relación con isto, Sánchez Rei (2011:53) sinala que “en países cunhas determinadas condicións socioeconómicas, un dos factores de máis relevancia para a comprobación da existencia do variacionismo lingüístico parece ser o social, e dentro deste, o estrático. Así, converteuse practicamente en tópico a afirmación de que no Brasil as maiores diferenzas lingüísticas son as detectadas no eixo vertical da poboación, con máis clareza que as atestadas no plano horizontal ou xeográfico: alguén do Rio de Janeiro pertencente a unha camada social acomodada seguramente vai presentar moito poucos puntos de diferenciación lingüística cunha outra persoa de São Paulo de idéntica adscripción social; polo contrario, se a comparación fose feita entre dous presumíbeis individuos nados nunha desas cidades, o primeiro agrupado nun estrato social baixo e o segundo adscrito ás elites económicas da localidade, as diferenzas serían bastante máis evidentes”.

²⁹⁷ Neste sentido, Wardhaugh (1992:64) salienta que as investigacións sobre dialectoloxía social teñen de se enfrontar a moitas dificultades, nomeadamente se focalizaren a súa atención no medio urbano, dado que as cidades son moito máis complexas de se caracterizaren do punto de vista lingüístico na medida en que a variación é maior: estruturas familiares, ocupacións laborais, posibilidade de ascender ou descender socialmente etc.

xirias profesionais que, xunto a outras tipoloxías da variación, cal a formación, o lugar en que asenta a vivenda etc. son coñecidas como variedades diastráticas, vinculadas frecuentemente ao establecemento de clases sociais que se agrupan xunto ás contextuais baixo a epígrafe de variedades sociais. Mais, na liña do exposto en Sánchez Rei (2011:56), para alén dos tecnolectos, da renda per cápita, do nivel de estudos e da procedencia, dentro dos sociolectos²⁹⁸, tórnase preciso falarmos da existencia dunhas variedades moi herméticas nucleadas á volta de comunidades gremiais, que se denominan xirias. Xa Ferreira / Carrilho / Lobo / Saramago / Cruz (1996:481) repararan na existencia destoutra tipoloxía de sociolectos que xorden como resultado dun desexo de diferenciación dun grupo en relación á súa comunidade, aínda que, neste caso, o termo non se aplica exclusivamente ao ámbito profesional.

As xirias, por tanto, configúranse como códigos lingüísticos “forxados por determinados grupos com o obxectivo de se tornarem ininteligíbeis para os não iniciados”. Na maioría das ocasións basta con introducir alteracións no léxico ou na orde das sílabas para que os enunciados viren incomprensíbeis (Ferreira / Carrilho / Lobo / Saramago / Cruz 1996:481), pois á diferenza da linguaxe técnica, as xirias costumaban afectar todo o discurso. Estas modalidades lingüísticas encriptadas, de acordo con Sánchez Rei (2011:59), están marcadas polo desexo de pertenza a un grupo, de modo que constitúen en si propio un mecanismo de cohesión social a pequena escala –como acontece cos novos sistemas de escrita electrónica entre a mocidade (véxase máis abaixo). Silva (2008:35-39) apunta para unha comprensión da xiria en dous niveis, por un lado, a “xiria de grupo”, de utilización máis restrinxida, que se caracteriza como unha linguaxe de identificación e de defensa que procura a comunicación e, ao mesmo tempo, a preservación dun colectivo, en canto que o segundo nivel estaría conformado pola “xiria común”, amplamente difundida²⁹⁹. A este respecto, convén termos en consideración, igual que viamos para o caso dos sistemas de representación da linguaxe e dos mecanismos de escrita abreviada (véxase 1.1.1 e 1.1.3), que

embora seja um mecanismo de agressão/defesa, nem sempre os usuários usam códigos novos, quase sempre “reciclam”, pois as palavras são formadas de vocábulos simples, usados no cotidiano, por processo de composição e derivação, e por isso tem a facilidade de penetração na comunidade falante. A gíria é uma transição da vida das palavras: sai do vocabulário comum, vai para a linguagem de grupo, depois se desgasta, volta para a linguagem comum ou desaparece (Silva 2008:39)

Noutras palabras, algunhas xirias son pouco resistentes ao tempo, o que garda relación coa contemporaneidade, dado que o universo (lingüístico) se renova continuamente e no momento en que estas viran moi coñecidas mudan, ou sexa, “a aceitação em massa, provém do dinamismo da modernidade, da velocidade das mudanças” (Silva 2008:39). Tamén sobre este particular, Preti (1984:67) sinala que os grupos queren exclusividade e, por tanto, se todos coñecen ou usan un determinado código é hora de o mudar, porque se esgota como efecto expresivo e desaparece rapidamente. Con todo, estas modalidades lingüísticas non son exclusivas do ámbito profesional ou de grupos marxinalizados –esferas tradicionais a que se adscribían–, pois tamén posúen a función de identificaren as persoas atendendo a outros

²⁹⁸ Ferreira / Carrilho / Lobo / Saramago / Cruz (1996:481) sinalan que o sociolecto constitúe unha variedade lingüística que é partillada por certo grupo social, do mesmo modo que o dialecto é unha modalidade asociada a unha rexión, e engaden que a maior parte destas variedades é adquirida de forma inconsciente e que se transmite no uso cotián e natural da palabra.

²⁹⁹ A propia Silva (2008:38) é consiente da contradición da xiria común na medida en que constitúe unha negación da propia xiria, dado que esta, por natureza, é un código segredo e fechado. Por tanto, se proliferar e saír dun grupo específico para a sociedade pode deixar de ser vista como como tal e pasar a facer parte da linguaxe popular.

factores, cal a idade. Neste sentido, convén salientarmos a linguaxe xuvenil, en canto que modalidade propia dunha faixa etaria concreta que presenta trazos ben diferentes en moitos aspectos da linguaxe común, moi influenciada pola problemática da identidade e pola importancia da relación entre pares, que ten lugar fundamentalmente na adolescencia. Giménez (1997:4-5) afirma, no tocante a isto, que na confrontación intersubxectiva e relacional teñen lugar loitas e contradicións entre o auto e o hetero-coñecemento, xa que a distinguibilidade “supone la presencia de elementos, marcas, características o rasgos distintivos que definan de algún modo la especificidad, la unicidad o la no sustituibilidad de la unidad considerada”. A identidade persoal nestes grupos sería dialóxica porque nela participan unidade e pluralidade. Sobre esta cuestión, Martín-Barbero (2002:17) subliña que a identidade se constrúe a través do intercambio, pois é aí onde os individuos e os grupos se senten desprezados ou recoñecidos polos demais, ou sexa, a identidade do individuo depende do recoñecemento dos outros, e nesta especialización dos grupos as modalidades lingüísticas cobran vital relevancia.

Silva (2008:42) salienta que a linguaxe provén da información, das mudanzas, dos medios en que se vive, xa que o vocabulario é un instrumento de uso social e, consecuentemente, varia de acordo co momento e tamén cos grupos en que se utilizar. Segundo esta autora, non se trata só da situación socioeconómica, mais tamén da educación, da instrución e da mobilidade lexical, servindo como medio de interacción entre os discursos culturais dos suxeitos que compoñen os medios sociais. Na formación dun grupo lingüístico poderemos achar diferentes tipos de persoas que intercambian ideas facendo que xurdan palabras diferentes para se comunicaren entre si³⁰⁰. Por tanto, as construcións identitarias son a consecuencia das interaccións entre os suxeitos, o que necesariamente, implica a comunicación. A este respecto, Rizo (2004) considera que esta excede o seu aspecto lingüístico para se entender como a base das relacións sociais xeradoras de identidades (cfr. 1.2.3.1). No referente á linguaxe xuvenil, Betti (2006) afirma que para os adolescentes é importante a sensación de colectividade, para non se sentiren sós e, por tanto, tamén se torna relevante a posibilidade de interaxiren a través dun modo de falar propio que represente o grupo, de aí que necesiten crear novos termos que lles permitan manter o seu carácter grupal e a súa connotación. Nesta liña, a mocidade adoita reaxir contra as formas de asimilación e de imitación doutros grupos (adultos e crianzas) para conservar a función do que simboliza a identidade do grupo, de modo que se ve na obriga de elaborar novos símbolos. Para algúns autores, entre os cales achamos tamén Betti (2006), a linguaxe SMS constitúe mais un trazo³⁰¹ que contribúe para dotar de singularidade o grupo conformado pola mocidade, pois constitúe unha porcentaxe alta de persoas usuarias da tecnoloxía móbil:

³⁰⁰ Sobre este particular Silva (2008:42) sinala que “os estudantes, por exemplo, ‘bolam’ expressões que ficam de ‘molho’ e servem de código exclusivo entre as tribos estudantis, até que alguém ‘veaco’ descobre e ‘bota a boca no trombone’, então o ‘mano’ percebe, o professor entende e os velhos ‘se ligam’, fazendo com que a nova palavra ‘caia na boca do povo’. A idade, costuma ser nestes casos o factor predominante e iso é o que explica que “as letras de funk, geralmente compostas por moradores de guetos (ghetto/favela), no Brasil, são cantadas, e as gírias contidas nas letras, são faladas principalmente por adolescentes, tanto ricos (classe média alta) quanto pobres”. Isto é “os jovens de classe média alta, que foram preparados desde a aquisição da linguagem para terem destreza ao falar, usam a mesma linguagem dos jovens pobres de favela”, dado que, nestes casos, o trazo que permite marcar a identidade do grupo é a faixa etaria, mais do que outros condicionantes.

³⁰¹ Do mesmo modo que outros, non estritamente lingüísticos, que favorecen a creación de vínculos grupais. Nestes medios, Betti (2006) afirma que en canto a xuventude continúe a ser a protagonista da escena social, a súa linguaxe ou xiria, da mesma forma que o seu modo de vestir e os seus valores, seguirán sendo imitados polos demais –léase por todos aqueles que reúnan as características para se inseriren no grupo.

Los usuarios, sobre todo los jóvenes³⁰², han creado una nueva forma de comunicación no verbal taquigráfica que ha entrado con fuerza en nuestro mundo dando vida a una nueva jerga juvenil, que podríamos definir ‘el lenguaje de los SMS’. Una vez más, la lengua de los jóvenes se adueña de este nuevo medio y se caracteriza por ser una faceta especial de la lengua oral y coloquial, variedad a la que pertenecen rasgos como la fuerte expresividad [...]. El aspecto que más acerca el lenguaje de los SMS a las variedades juveniles es el carácter informal del intercambio comunicativo, señalado a partir de las formas de saludo [...], del amplio uso de apodos (alocutivos típicos de las variedades juveniles), del empleo de términos jergales [...]. De este modo, la negligencia en la grafía y en la puntuación y la velocidad de intercambio de los mensajes de textos proponen las formas típicas de los diálogos hablados por los jóvenes.

Alén dunha caracterización dialectal e social da lingua, tórnase necesario termos en consideración que o medio condiciona, tamén, o modo de os falantes empregaren un determinado idioma³⁰³. Isto é, nin sempre priman factores como a clase social, a idade ou o sexo, mais o que acontece é que nos encontramos inmersos nunha realidade en que as informacións son instantáneas e onde todo acontece con relativa rapidez e, nese sentido, a linguaxe, como mostra da súa vitalidade, acompaña ese constante movemento do mundo contemporáneo. Nesta liña, Rodrigues (2007:1) resalta que “o segredo da economía da língua situa-se, em grande parte, na seleção e uso que se faz do material lingüístico que melhor se ajusta áquilo que se quer exprimir” e engade que “as condições em que a fala se produz tem viva influência sobre a forma que ela toma para atender ás necesidades do momento”. Silva (2008:41), a respecto da variación lingüística, salienta que a necesidade que o ser humano ten de se comunicar provoca que precise de se adecuar ao momento, á circunstancia e ao lugar. Por tanto, a variación situacional, diafásica ou contextual vira igualmente relevante na análise das variedades da lingua, que xorden como resultado da adecuación do discurso a situacións comunicativas concretas e é especialmente significativa para a nosa investigación.

De acordo con Sánchez Rei (2011:43-44), o contexto pode ser entendido en termos de formalidade, familiaridade etc., o que determinaría distintos xeitos de utilizarmos a lingua (máis ou menos coidada, máis ou menos informal). Este tipo de variación está relacionada con factores pragmáticos e discursivos e implican, como vimos en seccións anteriores (véxase 2.1.2), o coñecemento por parte dos falantes dun código socialmente establecido para cada situación (Ferreira / Carrilho / Lobo / Saramago / Cruz 1996:481). No relativo a esta cuestión, López Viñas / Lourenço Módia / Moreda Leirado (2010:89) afirman que a competencia comunicativa será aquela que determine nestes casos a capacidade para os utentes utilizaren diversos rexistros en función do contexto comunicativo, da canle, da mensaxe, da personalidade das persoas interlocutoras ou do tipo de relación existente entre elas. No entanto, dentro da variación contextual, consideramos que, para alén dos condicionantes máis relacionados coa situación comunicativa (nivel de formalidade, relación entre os participantes etc), tratados en todas as aproximacións que se teñen feito sobre o variacionismo diafásico, tamén é necesario atendermos ao contorno a través do que se realiza

³⁰² Se ben que trataremos esta cuestión en epígrafes posteriores (véxase 2.3), convén sinalarmos neste punto que consideramos que, nas circunstancias citadas, o que prima é a necesidade de se adaptar ao contexto e non tanto a faixa etaria das persoas usuarias, embora se ligue na actualidade aos colectivos xeracionais máis novos, xa que constitúen o grupo de idade a que xorde vinculado o seu aparecemento. A este respecto, a propia Silva (2008:43) sinala que, aínda que sexa verdade que o vocabulario das xirias xorde dentro dun grupo social restrito antes de se vulgarizar na linguaxe falada por toda a comunidade, tamén non é menos certo que esta comunidade cada vez máis fala xiria en todos os seus niveis sociais, etarios, económicos e culturais.

³⁰³ Mesmo para o caso das xirias o contexto comunicativo vira relevante. Sobre isto, Silva (2008:44) afirma que a sociedade ve a xiria como unha variedade de baixo prestixio, na medida en que xorde ligada á linguaxe xuvenil, inconsecuente, de persoas sen cultura, ou a xirias de grupo (calón) conectadas a actividades marxinais. No entanto, cando estas saen do ámbito privado e se converten en linguaxe común empregada por todos os utentes da lingua, tórnase importante que “os usuários da linguagem a utilizem no ámbito correto”.

a comunicación, pois as súas características técnicas ou físicas –a depender do soporte utilizado– van condicionar dalgunha maneira o código lingüístico.

Neste sentido, no comezo do presente traballo fixemos referencia ás limitacións de espazo e de tempo que impuña a oralidade (véxase 1.1.1), que exixía a copresenza dos falantes, e que provocou a aparición da escrita, que podía durar máis que a palabra falada e que, por tanto, constituía un modo válido para se liberar do tempo. Máis recentemente, para o caso das SMS (véxase 1.2.2.5) a limitación de 160 caracteres do servizo de mensaxes curtas posibilitou a creación dun novo sistema de representación da escrita³⁰⁴, en canto nos chats (véxase 1.2.2.3) a necesidade de non perder o fío discursivo da conversa colectiva e a procura da instantaneidade favoreceron e favorecen o predominio de enunciados breves e o emprego de mecanismos de redución vocabular. Con base nos exemplos expostos, pódese aventurar que conforme xurdiren novos contornos de comunicación a lingua, en tanto que principal vehículo para a interacción, se fará dona destes espazos e se adaptará ás características de cada un e ás súas necesidades. Isto, máis unha vez, demostra a vitalidade das linguas que, do mesmo modo que as comunidades lingüísticas en que se desenvolven, non constitúen realidades estáticas, mais mudan para se adecuaren aos contextos comunicativos emerxentes³⁰⁵. En relación con este tipo de variación, Fiormonte (2003:111-112) afirma que características técnicas como as descritas poden marcar unha dimensión ou unha situación textual específica e subliña a importancia do soporte técnico para describir e favorecer a posibilidade da comunicación³⁰⁶. Por tanto,

un'analisi lingüística che voglia tenere conto delle variabili diamesiche (Fiorentino 2000) dovrebbe perciò includere almeno cinque, interagenti ma distinti, che costituiscono altrettanti vincoli all'espressione: 1) il tipo di applicazione (posta elettronica, chat, forum, SMS ecc.); 2) il tipo di hardware; 3) le funzioni del programma; 4) le caratteristiche dell'interfaccia, con la sua specifica interrelazione testo-immagini; 5) il contesto cultural-antropologico in cui si svolge la comunicazione.

A este respecto, Aitchinson (1992:117-118) sinala como unha das causas do variacionismo lingüístico a necesidade social, quere dicir, un idioma transfórmase segundo foren mudando as necesidades dos seus falantes³⁰⁷. Estas alteracións adoitan notarse con máis frecuencia no campo lexical e, normalmente, concretízanse no abandono de certas palabras que xa non son necesarias e na creación doutras que van aparecendo, ao tempo que xorden novas realidades que precisan ser nomeadas. Porén, algunhas veces, as anteditas necesidades sociais poden desencadear unha mudanza máis ampla do que a simple adición de novos termos ao vocabulario. Sobre este particular, tórnanse significativas as palabras de Crystal

³⁰⁴ Tamén en 1.1.2 tivemos oportunidade de observarmos que, xa desde a época clásica e para o caso de determinados materiais se utilizaban recursos similares aos sinalados para as SMS polas limitacións espaciais ou por condicionantes de tipo económico, o que, en última instancia, tamén pode considerarse dentro das variedades contextuais, pois configuran o marco en que ten lugar a comunicación .

³⁰⁵ Na liña do exposto en Aichinson (1992:106), as causas deste tipo de transformacións lingüísticas terían máis que ver con factores sociolingüísticos (externos), ou sexa, con condicionantes sociais alleos ao sistema lingüístico, na medida en que as súas orixes non se encontran na estrutura da linguaxe (internos).

³⁰⁶ Sobre este particular, Fiormonte (2003:112), seguindo a clasificación suxerida por Berruto (1987), fai referencia a unha quinta dimensión da variación –para alén da diacrónica, da diatópica, da diastrática e da diafásica– que podería denominarse *diatécnica*, para aludir á variación provocada polo material tecnolóxico empregado como soporte da comunicación lingüística (carta, pedra, CD-ROM etc.). No tocante a esta cuestión, o antecitado autor sinala que “il vantaggio di immaginare un quinto e indipendente asse è quello di poter comprendere al suo interno tipologie di supporti più complessi (TV, Web?) che potrebbero essere analizzati a sé”.

³⁰⁷ De acordo coa lingüísta británica, estaríamos perante unha perspectiva utilitaria do fenómeno da variación, mais que, por outro lado, non deixa de ser unha concepción bastante interesante e unha posibilidade para nos aproximarmos da mudanza lingüística.

(2006:8) cando define a variedade lingüística dunha lingua como un sistema de expresión cuxo uso está gobernado por factores de tipo situacional e, neste sentido, engade que en ocasións os trazos dunha variedade están extremadamente condicionados polo contexto, cal a linguaxe perante un xuri, gobernada por unhas regras moi estritas, de modo que se as persoas non as cumpriren probabelmente sexans criticadas ou mesmo acusadas de desacato. Porén, noutros casos, pode existir un elemento de elección no que dicimos ou no que escribimos, como cando escollemos adoptar un ton formal ou informal nunha sobremesa despois da cea, ou unha combinación de ambos. En calquera caso, todas as situacións en que é utilizada a lingua presentan restricións que debemos ter en consideración e que cómpre respectarmos se quixermos que as nosas achegas sexan aceptábeis. No tocante ás características que presenta a linguaxe na Internet, o propio Crystal (2006:10) sinala que

some of these situations are easy to identify, because they have been around a relatively long time and have begun to settle down. Some are still in their infancy, with their situational status totally bound up with emerging technology, and therefore subject to rapid change: an example is the linking of the Internet to mobile phone technology, where the small screen size immediately motivated a fresh range of linguistic expression. Given the speed of technological change, doubtless new situational variables will emerge which will make any attempt at classification quickly outdated.

Por tanto, os condicionantes contextuais constitúen un dos factores máis relevantes para nos achegarmos ao fenómeno da variación, dado que o texto (oral ou escrito) tenderá a se adaptar a situacións comunicativas concretas, orixinando diversas modalidades discursivas en función non só da finalidade, da relación entre os alocutarios ou do grao de formalidade da interacción, mais tamén do contorno onde esta tiver lugar. Así pois, o medio será tamén relevante –do mesmo modo que o é a procedencia, o grupo social etc. –, para caracterizarmos a lingua e as tipoloxías textuais que xorden como consecuencia das diferentes prácticas sociais que se fan dun mesmo sistema lingüístico (véxase 2.1.4). Porén, existen aínda máis algúns camiños para abordarmos o variacionismo lingüístico. Nestes medios, Almeida (2003:150) sinala que múltiples estudos documentan que, con independencia do número de persoas dunha comunidade, da súa estrutura económica ou social ou do tipo de cultura dominante, a lingua que os utentes empregan para interaxiren en situacións cotiás presenta trazos diferenciais entre os homes e as mulleres. Por exemplo “en la organización del discurso se ha observado que las mujeres utilizan con más frecuencia que los hombres los reforzadores lingüísticos, esto es, adjetivos o adverbios que intensifican al sustantivo o verbo al que acompañan” ao tempo que tamén usan “los llamados ‘rellenos verbales’, o palabras y frases que se utilizan en momentos de silencio (del tipo *vale, ya sabes, de acuerdo*, etc.)” e as demandas indirectas ou compostas³⁰⁸.

Tamén Sánchez Rei (2011:62) afirma que a distinción entre homes e mulleres leva consigo repercusións na variación lingüística, se ben que os comportamentos lingüísticos a este respecto poden variar de forma considerábel dunhas comunidades para outras: desde o emprego de variedades diferentes para homes e para mulleres até diferenzas puntuais como as sinaladas por Almeida. A escrita SMS non constitúe unha excepción a este respecto e en 3.1.1.1, poderemos ver as implicacións lingüísticas deste factor. Non obstante, cómpre considerarmos que, de acordo co antedito autor, estas diferenzas canto ao sexo responden

³⁰⁸ En relación coas diferenzas entre os distintos sexos, Sánchez Rei (2011:67) sinala tamén para o caso das mulleres unha menor atestación de palabróns, socialmente pouco prestixiosos, e unha maior frecuencia de encurtamentos lexicais e de morfemas diminutivo-apreciativos nos rexistros informais do tipo *cole* ou *fácul*, *riquiño* ou *curriño*. Outrosí, as mulleres adoitan presentar un vocabulario máis amplo do que os homes e empregan un léxico de carácter máis abstracto, en parte motivado polo maior tempo de exposición aos medios de comunicación.

máis a condicionantes socioculturais e políticos do que a unha verdadeira distinción provocada pola fisioloxía³⁰⁹. Por outro lado, cando nos referimos ás xirias, xa mencionamos a importancia dun outro factor, a idade, pois do mesmo modo que achamos diferenzas entre a lingua de varios territorios ou doutras épocas, tamén se poden observar variantes de atendermos ás faixas etarias en que se emprega unha lingua, como ilustra o noso corpus (véxase Anexo 6. I). Mais alén do sexo e da idade –que para algúns autores, cal Hudson (1981:53), fan parte da variación social da lingua, en canto noutros estudos merecen un tratamento independente–, nas aproximacións dialectolóxicas máis recentes son tamén considerados outros condicionantes como o grao de escolarización, a exposición aos medios, a influencia das tecnoloxías e as redes sociais (véxase Sánchez Rei 2011).

Estes dous últimos factores tórnanse especialmente relevantes para o noso estudo: o primeiro deles na medida en que o contorno tecnolóxico se configura como o medio en que se van desenvolver os novos soportes comunicativos e, por tanto, moi vinculado coa variación diatécnica apuntada por Fiorimonte (2003:112) e co propio concepto de rede social. Isto é, os novos medios comunicativos sen limitacións espacio-temporais favorecen as relacións interpersoais, quere dicir, o comportamento das persoas non será só considerado en tanto que pertencente a un grupo social específico e isolado da realidade sociocultural en que se desenvolve, “mais como parte dun entramado de relacións en que participan individuos situados en diferentes posicións dentro do colectivo de falantes” (Sánchez Rei 2011:94). As redes sociais poden caracterizarse por seren máis ou menos intensas, fracas, fechadas, multidimensionais etc. Porén, na liña do sinalado en 1.2.3.1, os novos soportes electrónicos favorecen o mantemento das redes sociais máis fracas e o afortalamo daquelas máis intensas, dado que permiten unha maior proximidade entre as persoas, coas subsecuentes consecuencias lingüísticas³¹⁰. En definitivo, todo este tipo de motivacións acabará por determinar, nun ou noutro sentido, a existencia de variación lingüística, o que, nalgúns casos, terá unha repercusión maior do que unha simple modificación no lexicón dunha lingua (Aitchison 1993:131), como se observa, por exemplo, na creación de novos sistemas de representación escrita. Igualmente, convén termos en conta que os anteditos factores non operan na lingua de modo individual, mais, ao contrario, adoitan estaren interrelacionados, de forma que, ás veces, vira complexo adscribirmos un fenómeno a unha determinada categoría, pois pode ser produto da interlocución de varios factores³¹¹.

³⁰⁹ Sobre este particular, tórnase necesario sinalarmos que nas mulleres, precisamente por este tipo de condicionamentos, costuma producirse, de forma máis frecuente que nos homes, unha asimilación ao estándar ou á variedade de prestixio e, igualmente, en sociedades diglósicas tenden adoito a adoptaren a lingua de maior prestixio, pois as mulleres son, de acordo con Sánchez Rei (2011:64-65), valorizadas polo que son e a lingua, neste sentido, convértese “nunha das primeiras evidencias do que se é”.

³¹⁰ No referente ás características lingüísticas en función das redes sociais, Sánchez Rei (2011:94) sinala que para o caso das redes múltiples “parece lóxico acreditarlos [...] nunha lingua substancialmente distinta canto á forma e á intencionalidade do que a empregada na anterior tipoloxía de redes simples, que tamén posuirá trazos propios”.

³¹¹ A respecto da relación entre contexto e sexo, Almeida (2003:158) sinala o seguinte: “por lo que respecta a los usos lingüísticos en función del contexto de situación, los estudios sociolingüísticos han confirmado que, en general, tanto los hombres como las mujeres tienden a abandonar los rasgos subestándares de habla por los estándares según se pasa de las situaciones menos formales a las más formales”. Igualmente, en Sánchez Rei (2011:98) achamos que “o factor idade e a variábel sexo ocorren tratados conxuntamente en non poucos traballos [...]. Nos patios das escolas fórmulas imperativas do tipo *Agora xogamos ás agachadas* son máis frecuentes nos meniños, ao paso que equivalentes como *Por que non xogamos ás agachadas?*, en que se atenua a imposición de brincar, ocorren adoito entre as meniñas”.

2.1.4. Aproximación á tipoloxía textual

Os estudos sobre lingüística textual fan parte dunha disciplina relativamente recente que xorde na Europa dos anos 60 do século XX, se ben que non alcanzan unha proxección considerábel até a década seguinte. A este respecto, no limiar da *Gramática da lingua galega* de Álvarez / Xove (2002:9)ponse de manifesto que existen compoñentes gramaticais, como a sintaxe, que recibiron un tratamento menor, parcial e nalgúns casos até marxinal no conxunto das disciplinas gramaticais, o que podería ser tamén aplicado para o caso das investigacións sobre teoría do texto e sobre pragmática. Freixeiro Mato (2006, IV:15) resalta que a lingüística moderna, abandeirada polo estruturalismo de Saussure, focalizou a súa atención en certas disciplinas como a fonoloxía e a morfoloxía, ao paso que a gramática xenerativa, fundamentalmente a partir das obras de Chomsky, tornou a semántica e, sobre todo, a sintaxe no albo da investigación lingüística. As dúas perspectivas, isto é, tanto o xenerativismo como o estruturalismo, non adoptaron esta focaxe dado que abordaban o estudo da lingua desde un punto de vista abstracto, ou sexa, sen teren en conta o seu uso (con)textual. A nova área de reflexión pode ser definida, de acordo con Koch (2003a:9), como unha lingüística que se encarga das manifestacións idiomáticas producidas por persoas concretas en situacións determinadas, con base en determinadas condicións de produción. Por esta razón, convén, igualmente, “ultrapasarmos o nivel de descrición da cláusula e tomar como obxecto de estudo o texto, normalmente conformado por combinación de varias cláusulas”, pois constitúe a unidade lingüística mediante a cal os seres humanos interaxen uns cos outros (Freixeiro Mato 2006, IV:16).

Sobre este particular, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:492) distinguen diversas disciplinas que, a pesar de estaren todas elas centradas no estudo do texto, presentan orientacións diferentes: en canto a Lingüística Textual atende principalmente ao aspecto estrutural, a Pragmática, pola súa parte, ocúpase da correcta interpretación do texto a partir do coñecemento das regras que rexen o uso da lingua e, finalmente, a Análise do Discurso focaliza a súa atención no texto en canto que actividade discursiva no marco da interacción verbal³¹². Todas estas perspectivas consideran o texto como a unidade máxima da comunicación e, segundo Mateus / Brito / Duarte / Faria (1994:134), este pode definirse como “un objecto materializado numa dada língua natural, produzido numa situação concreta e pressupondo os participantes locutor e alocutário, fabricado pelo locutor por selecção sobre tudo o que, nessa situação concreta, é dixível para (e por) esse locutor a um determinado alocutário³¹³”. Do punto de vista comunicativo, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:491) considéranos como “unha secuencia discursiva, oral ou escrita, que debe ser autónoma, coherente e cohesa³¹⁴”. Porén, nin todos os enunciados ou os grupos

³¹² Para unha aproximación máis pormenorizada dos antecedentes da Lingüística Textual, véxase Freixeiro Mato (2006, IV:15-26).

³¹³ Neste sentido, comprobamos a importancia do contexto no estudo das unidades lingüísticas, non só tanto que elemento do proceso comunicativo (véxase 2.1.2), máis tamén como factor que motiva certo tipo de variacionismo (véxase 2.1.3).

³¹⁴ No entanto, debemos ter presente que o termo *texto*, adquire nunha dimensión máis ampla, dous significados diferentes, aínda que relacionados: por un lado, utilizarémolo como nivel autónomo do lingüístico e, por outro lado, como nivel de estruturación idiomática, isto é, como unha unidade superior á cláusula, á frase e á palabra. Ou sexa, o texto como entidade última da linguaxe é un momento necesario do falar, en canto o texto, como categoría gramatical dunha lingua non o é (Coseriu / Loureda 2006:131). En relación con isto, Barros (2001:7) tamén salienta dúas definicións complementares de texto: a primeira refírese a el como obxecto de significación, quere dicir, como unha unidade conceptual organizada e estruturada, en canto a segunda o considera como unha entidade de comunicación entre un emisor e un destinatario, convertido, segundo Freixeiro Mato (2006, IV:32), “en obxecto cultural inserido nunha sociedade e determinado por formas ideolóxicas específicas, precisando ser examinado con relación ao contexto histórico-social que o envolve e que, en última instancia, lle dá sentido”.

de enunciados poden ser considerados como texto, senón que para que isto aconteza, tanto os anteditos autores como Freixeiro Mato (2006, IV:30) consideran necesario que se dea de forma conxunta unha serie de características. Nesta liña, o autor, baseándose no sinalado por Mateus / Brito / Duarte / Faria (1994:134) sinala o seguinte:

Entre os ‘ingredientes’ que dunha forma explícita ou implícita están presentes no texto citan a materialidade lingüística (a lingua natural en que está configurado), os códigos simbólicos en presenza na formación social en que é producido, circula e é interpretado, os procesos cognitivos a que a estruturación do texto debe ser conforme para que teña sentido, e as hipóteses e presuposicións do locutor sobre o saber que este e o alocutario compartillan acerca do mundo. Estas mesmas autoras definen a ‘textualidade’ como o conxunto de propiedades que debe posuír unha manifestación da linguaxe humana para se converter en texto ou discurso. Estas propiedades son a conectividade, a intencionalidade, a aceptabilidade, a situacionalidade, a intertextualidade e a informatividade.

A textualidade é o trazo que nos facilita entendermos que o texto non constitúe tanto unha unidade de forma como de significado. A este respecto, Freixeiro Mato (2006, IV:35) subliña que o que nos permite diferenciar un conxunto inconexo de cláusulas dun texto é que este último ten textura, quere dicir, “funciona como unha unidade a respecto do seu contorno”. Por tanto, esta noción pode ser atribuída a calquera secuencia do discurso, ben sexa oral ou escrita³¹⁵, breve ou extensa, formal ou informal, coa única condición de constituír unha unidade de sentido (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010:491). Tal feito apunta para unha grande diversidade tipolóxica na clasificación dos textos. Así as cousas, Freixeiro Mato (2006, IV:37-38) resalta as diversas posibilidades de clasificación, algunhas das cales proveñen mesmo da retórica clásica, que agrupaba os textos en tres modalidades discursivas fundamentais, a saber, a xudicial, a demostrativa e a deliberativa. Xa na Idade Media os textos eran clasificados atendendo a diversos criterios: a forma verbal (prosa ou verso), o modo de representación (narrativo, dramático e mixto), o grao de realidade da narración (historia, fábula ou ficción) e o nivel de sentimentalidade (tráxico, cómico, satírico etc.). Na actualidade a heteroxeneidade dos xéneros discursivos leva os estudiosos a realizaren outro tipo de aproximacións e así falamos de discurso político, relixioso, publicitario, literario, xornalístico etc., cada un dos cales presenta diversos subxéneros. A modo de exemplo, dentro dos textos xornalísticos distinguimos entre artigo, noticia, crónica ou entrevista, en canto dentro dos literarios diferenciamos a poesía, o teatro e a prosa, cada un deles cos seus respectivos subtipos.

Bakhtin (2000:279) subliña que a riqueza e a diversidade dos xéneros discursivos tende ao infinito, na medida en que a variedade virtual da actividade humana parece inesgotábel. Outrosí, cada ámbito desa actividade achega un repertorio de xéneros textuais que se diferencian e que se amplian conforme os propios ámbitos se tornan tamén máis complexos. Segundo sinala Freixeiro Mato (2006, IV:39), mesmo se chegou a pensar que a diversidade discursiva era tal que non existía un mecanismo común que permitise o seu estudo, quere dicir, que favorecese a caracterización dun conxunto de textos, o descubrimento das regras que operan en todos eles etc. Porén, o antecitado autor salienta que, aínda que non constitúe unha tarefa doada, os estudos tipolóxicos están a cobrar unha maior relevancia nos últimos tempos. Antes de máis, convén termos en conta a complexidade de establecermos

³¹⁵ No tocante a este tema, parécennos significativas as palabras de Gómez (2003:198) cando apunta que “durante mucho tiempo se ha considerado, tal vez por inercia tradicional y criterio de autoridad literaria, que el *texto escrito* era el texto por antonomasia (V. Lamíquiz), si bien el texto oral y el escrito presentan sistemas diferentes de funcionamiento y la dedicación prioritaria del texto oral sigue un orden natural, histórico y genético [...]. Más tarde, a causa de la influencia estructuralista, se colocó en un lugar de preeminencia teórica el mensaje oral, aunque en los distintos sectores de la enseñanza, unas veces por comodidad, otras veces por tradición y algunas otras por rentabilidad ejemplar, se ha venido utilizando de forma preferente el texto escrito”.

tipoloxías de textos homoxéneas e o feito de que dificilmente poderemos encontrar textos que respondan a todos os trazos que caracterizan unha determinada modalidade³¹⁶. A este respecto, Vilarnovo / Sánchez (1994:29) sinalan que existen dous camiños posíbeis para a definición pragmática dos diversos tipos de texto: i) tomar como punto de partida as dimensións internas dos textos, ou sexa, estrutura, métrica, contido etc., e ii) atender á situación externa (dimensións extratextuais), quere dicir, persoa emisora, receptora e circunstancias de comunicación, se ben que tamén sinala que non se trata de posibilidades excluíntes, mais complementares. Na mesma liña, Freixeiro Mato (2006, IV:46) resalta que, alén das orientacións que só teñen en consideración as características textuais internas e aqueloutros que se preocupan unicamente do contexto extralingüístico, existe unha outra visión que combina ambos os trazos³¹⁷.

Sobre esta cuestión, achamos para o caso da lingua galega agrupamentos máis tradicionais, como en Freixeiro Mato (2006, IV:44-62), en que se consideran os textos argumentativos, os explicativos, os descritivos, os narrativos e os conversacionais³¹⁸, até achegas máis novidasas, como López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:493-520), que clasifican as tipoloxías textuais en función da canle de transmisión (texto oral, escrito e electrónico), por un lado, e da temática e da intención comunicativa (texto literario, xornalístico, científico, administrativo, publicitario e instrutivo)³¹⁹ por outro. Por tanto, estaríamos perante unha aproximación que prima as situacións extratextuais para caracterizaren as diversas modalidades discursivas. En relación con isto, Loureda (1998:22) afirma que todo o discurso emitido por un falante para un ouvinte –único ou múltiplo– é proferido nunhas circunstancias particulares que, non só representan un marco para a comunicación, pois o contexto impón o aquí e o agora do discurso e, por tanto, determíno tanto do punto de vista gramatical como en relación cos aspectos textuais xerais, cal a maior

³¹⁶ En relación con isto, Vilarnovo / Sánchez (1994:22-23) sinalan diversos obstáculos debidos á propia realidade dos textos que, por súa vez, tamén formula problemas tipolóxicos que afectan o labor de clasificación e de definición destes. Entre eles, indican os seguintes: i) a variedade de trazos e de criterios posíbeis de definición, que trae consigo o problema tipolóxico da non exhaustividade das clasificacións; ii) o carácter mixto dos textos, que produce unha monotipia das clasificacións; iii) o aspecto cambiante dos tipos de texto, que implica dificultades para definir e determinar as clases de textos; iv) o distinto nivel de realización dos tipos, que provoca un uso desigual dos termos *xénero* e *tipo*; v) o carácter inclusivo dos tipos de texto, que torna complexo a identificación e a adscripción dos textos concretos aos tipos xerais; vi) a infinidade de determinacións posíbeis dos textos e, por tanto, a infinidade de clasificacións; e vii) a inexistencia de formas materiais específicas para todos os tipos de texto, o que dificulta o recoñecemento mesmo dos tipos.

³¹⁷ Véxase tamén Loureda (2003), en que se diferencian as tipoloxías que parten de características verbais, daquelas que teñen en conta características pragmáticas e das que unicamente se centran nestas últimas, para alén doutras categorías de menor relevancia nas clasificacións que se teñen feito nos estudos sobre Lingüística Textual.

³¹⁸ Con todo, Freixeiro Mato (2006, IV:47-48) sinala que os principais criterios para o establecemento dunha tipoloxía textual deben ter en consideración o tipo de macroestrutura do texto, que resulta da composición de secuencias ou categorías textuais, os trazos gramaticais e os factores comunicativos presentes no texto e, en relación con isto, distingue, elocuentemente, entre textos literarios e textos utilitarios (non literarios). Os primeiros caracterízanse por unha marcada vontade estética, en canto os segundos responden a finalidades prácticas, podéndonos diferenciar entre textos orais e escritos, monolóxicos ou dialóxicos e máis ou menos espontáneos.

³¹⁹ Aínda que tamén teñen en conta as distincións establecidas por Freixeiro Mato (2006, IV:44-62) e, nese sentido, diferencian varios tipos de estruturas textuais: a narrativa, a descritiva, a persuasivo-argumentativa, a expositivo-explicativa, a obrigativo-instrucional, a dialogal etc. Igualmente, son tamén conscientes de que ao se tratar de prototipos textuais nin sempre se van constatar todas as características nun texto e de que nalgún deles mesmo poderemos encontrar trazos característicos de máis de unha estrutura textual (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010:521).

ou menor conveniencia dun ou doutro discurso nun momento dado, por exemplo. Tamén Freixeiro Mato (2006, IV:46) salienta que aqueles que defenden esta perspectiva de análise

seguen a vía da pragmática, a se fixaren na intencionalidade do emisor, nas características do receptor, no tipo de situación comunicativa, nos actos comunicativos presentes, nas funcións comunicativas, nos factores psicolóxicos e sociolóxicos e na relación entre o tempo do enunciado e o tempo da enunciación; teñen tamén moi presente o tipo de rexistro que escolle o texto en cada caso (falado ou escrito, espontáneo ou planificado, monologado ou dialogado), así como a existencia de contacto local ou acústico entre o emisor e o receptor.

Se ben que non aprofundaremos nas distintas tipoloxías textuais en función da temática ou da intención comunicativa³²⁰, cómpre, non obstante, retomarmos a clasificación realizada por López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:493-520) a respecto da canle comunicativa, en textos orais, textos escritos e textos electrónicos, na medida en que a análise dos dous primeiros contribuirá para unha mellor comprensión do discurso dixital³²¹. Freixeiro Mato (2006, IV:35) subliña, a este respecto, que embora texto escrito e texto falado participen dun mesmo sistema lingüístico, cada un deles posúe características propias, dado que fala e escrita son tamén dúas modalidades diferentes de emprego da lingua, sen por iso constituíren “formas dicotómicas de dous pólos opostos, senón un contínuum tipolóxico das prácticas sociais”³²². A complementariedade de ambas as modalidades verase reflectida no carácter híbrido que presenta o discurso electrónico, que será analizado con máis pormenor en 2.2.4. No entanto, cómpre mantermos esa visión dicotómica para nos aproximarmos dos trazos que caracterizan unha e outra tipoloxía textual.

Canto ás diferenzas entre o discurso oral e o discurso escrito, convén mencionarmos, antes de máis, que existen múltiples aproximacións e, por tanto, unha abundante bibliografía³²³. A respecto dos textos orais, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:494) sinalan os seguintes trazos máis característicos: transmisión e recepción a través da canle oral-auditiva, mensaxe inmediata e efémera, excepto no caso de seren gravacións, adecuación ao contexto inmediato, ausencia de referencias ao tempo e ao espazo en que se emite, presenza de deícticos e pantónimos, digresións temáticas, espontaneidade e, consecuentemente, maior liberdade no cumprimento das regras gramaticais (anacolutos, erros de concordancia etc). Trátase de textos implícitos e redundantes, cuxa falta de planificación vai provocar que sexan fragmentados, incompletos e pouco elaborados (Freixeiro Mato 2006, IV:35). Para alén do emprego do código lingüístico, os textos orais recorren a numerosos

³²⁰ Para este particular, poden tomarse como referencia os traballos de Álvarez (1994, 1995, 1997), Vilarnovo / Sánchez (1994), Gómez (2003:19-275), Loureda (2003), Freixeiro Mato (2006, IV), Coseriu / Loureda Lamas (2006) e López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:493-520).

³²¹ Neste sentido, tamén nos parece acertado o tratamento dos textos conversacionais en Freixeiro Mato (2006, IV: 59), pois como xa sinalamos, a maioría dos estudos sobre tipoloxía textual deu preeminencia á análise do texto escrito, contrariando a propia natureza do discurso, cuxa primeira manifestación é a oralidade. Na mesma liña, Yus (2001:98) resalta que “dejando aparte algunos intentos de ciertos analistas por destacar la escritura por encima del habla [...], existe un cierto consenso sobre la superioridad, desde el punto de vista pragmático, del habla respecto a la escritura. En ambos casos, sin embargo, el fin último de la comunicación es el mismo, esto es, conseguir que la primera interpretación que el destinatario elija, de entre todas las posibles interpretaciones que puede tener un enunciado en un contexto concreto, sea la que el emisor pretendía comunicar”.

³²² Yus (2001:101) salienta, a este respecto, que o falado e o escrito constitúen dous usos dun mesmo sistema lingüístico: “Si distinguimos entre el saber lingüístico del ser humano y la realización concreta que éste hace de ese saber, concluimos que existen dos variedades de realización, una oral y otra escrita”.

³²³ Se ben que seguiremos fundamentalmente Freixeiro Mato (2006, IV) e López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010) por se trataren de achegas recentes e cuxo centro de atención é a lingua galega, cómpre, no entanto, citarmos tamén outras obras igualmente relevantes, cal Ochs (1979), Akinnaso (1982), Bedmar (1989), Perez Juliá (1997), Yabuuchi (1998), Bustos Tovar (1997) e Halliday (1994).

recursos paralingüísticos, cal a entoación, os xestos, as pausas etc., que permitirán, na maioría dos casos, obtermos unha caracterización social, xeográfica e xeracional (véxase 2.1.3), na medida en que estes trazos serán máis visíbeis do que no discurso escrito. No tocante á súa caracterización gramatical, o antedito autor sinala un maior predominio de cláusulas curtas, simples ou coordinadas, un escaso ou nulo uso da voz pasiva e unha menor densidade e precisión lexical (ausencia de frases de relativo, emprego de paralelismos sintácticos, fonéticos e lexicais, profusión de sintagmas nominais, mudanzas de rexistro e abundancia de enunciados de corrección³²⁴, tendencia á elipse etc.). Finalmente, o discurso oral vai presentar unha utilización reiterada de marcadores discursivos³²⁵ interactivos, para confirmar se a progresión temática se está a realizar con suceso.

Pola súa parte, o texto escrito é transmitido e recibido a través da canle visual e constitúe, por regra xeral, unha mensaxe duradeira e diferida, quere dicir, o destinatario do texto pode escoller os tempos de lectura e pode, igualmente, voltar a el tantas veces desexar, pois, á diferenza do texto oral, o escrito non precisa de ser enunciado máis do que unha vez para que perdure no tempo. Neste sentido, o texto escrito posúe unha maior autonomía en relación co contexto en que se encontra a persoa autora/lectora no momento de realizar a súa actividade (escrita e lectura respectivamente)³²⁶. Por esta razón, tamén se van documentar numerosas alusións ao tempo e ao lugar en que se escribe para favorecer unha mellor comprensión e evitar ambigüidades (datas, localización identificación do emisor etc.). Os textos escritos son discursos elaborados e, por tanto, presentan un maior respecto na aplicación das regras gramaticais e aproxímanse da lingua estándar. De igual forma, sérvense de recursos lingüísticos –fundamentalmente a puntuación–, para representaren o código non lingüístico³²⁷, o que contribuirá para dotar o texto de progresión temática (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010:494). Freixeiro Mato (2006, IV: 35) apunta tamén para o carácter explícito, condensado e planificado³²⁸ dos textos escritos que, en

³²⁴ Con enunciados de corrección facemos referencia á habitual presenza de reformulacións e de mudanzas no discurso, en moitas ocasións produto dunha actividade cooperativa entre os interlocutores (Yus 2001:105).

³²⁵ Nunha aproximación á gramática do texto e ás tipoloxías discursivas, os marcadores discursivos teñen unha grande relevancia, tanto para nos achegarmos do discurso oral como do escrito. Segundo Freixeiro Mato (2006, IV:140), trátase de “elementos lingüísticos de carácter moi heteroxéneo, formados por unha ou máis palabras, que teñen a función de marcaren relacións que exceden os límites da sintaxe da cláusula”, o que pode deducirse das denominacións que se utilizaron, tales como *partículas (discursivas)*, *conectores*, *operadores pragmáticos*, *ordenadores do discurso*, *enlaces extraoracionais*, *marcadores textuais*. Este autor afirma que os marcadores discursivos contribúen para pór de manifesto a disposición que a persoa locutora quixo dar ás diferentes partes que constitúen o texto e para transmitiren á alocutaria a información necesaria sobre a súa articulación e sobre as relacións que se producen no seu interior; a súa finalidade é, por tanto, a de facilitar o desenvolvemento da comunicación. Utilizando un símil moi pertinente, Freixeiro Mato (2006, IV:141) afirma que “os marcadores discursivos virían a ser como os sinalizadores que guían o percorrido do proceso interpretativo do texto, da mesma forma que os sinais de tránsito nos indican como debemos circular por unha cidade” e conclúe sinalando que, embora posúan unha grande importancia na lingua oral (véxase Marcuschi 2001), non son exclusivos dela, dado que tamén contan cunha grande presenza na lingua escrita.

³²⁶ Sobre este particular, Yus (2001:100) afirma que o discurso escrito actúa como elemento distanciador dos dous pólos da comunicación, quere dicir, o da creación e o da recepción.

³²⁷ Nesta liña, Crystal (2006:30) apunta que os trazos únicos da escrita abranxen páxinas, liñas, maiúsculas, organización espacial e varios aspectos da puntuación. Tan só unhas poucas convencións gráficas se relacionan coa prosodia, cal os signos de interrogación ou as cursivas (para outorgaren énfase). Algúns xéneros escritos, como os cadros, as gráficas ou as fórmulas complexas, non poden lerse en voz alta, mais teñen de ser asimiladas visualmente.

³²⁸ Kress (1979:48-49), a respecto da relación entre o pensamento e a linguaxe, salienta que os atributos da fala reproducen fielmente o proceso de pensamento. Noutras palabras, a fala espontánea, coas súas formas relaxadas, cos seus comezos repetitivos, coas dúbidas etc., permítenos, como ouvintes, accedermos aos procesos mentais non disfrazados, o que en última instancia torna vulnerábel a persoa falante. Nestes medios, tamén sinala que o

consecuencia, serán non fragmentados, elaborados e cun predominio de cláusulas complexas, normalmente subordinadas, e unha frecuente utilización da voz pasiva. Igualmente, presentan unha maior densidade e precisión lexical (primacía dos declarativos e os subxuntivos sobre os imperativos, os interrogativos e as exclamacións; maior ocorrencia de xerundios, participios, adxectivos cualificativos, modais; preferencia polo emprego de artigos definidos sobre os demostrativos e os deícticos etc.) e, destaca, tamén, o emprego de marcadores discursivos textuais que permiten estruturarmos os textos e que, como sinala Koch (2003a:40), son os “responsábeis, en grande parte, pola forza argumentativa de nossos textos”. A modo de síntese, apropiámonos das palabras de Halliday (1989:159), pois sintetizan con clareza as diferenzas entre o discurso oral e o escrito:

La escritura encadena la lengua; la detiene, para hacer de ella algo en lo que pueda reflexionar. De ahí que modifique las formas en que se usa la lengua para significar. La escritura priva a la lengua del poder de intuir, de establecer un número indefinido de relaciones en distintas direcciones a la vez, de explorar (al tolerarlas) las contradicciones, de representar la experiencia como algo fluido e indeterminado. Por lo tanto destruye uno de los potenciales humanos fundamentales: el de pensar sobre la marcha, como solemos decir...Al destruir ese potencial crea otro: el de estructurar, categorizar, disciplinar.

A pesar da distancia aparente que parece mediar entre estas dúas variedades do discurso, algúns investigadores encontraron puntos en comúns entre a oralidade e a escrita. Freixeiro Mato (2006, IV:35-36) sinala que nin todas as características apuntadas son exclusivas dos textos orais ou dos escritos, do mesmo modo que este non é o único criterio de distinción posíbel. Neste sentido, afirma que existen textos falados, como os relatorios ou as comunicacións en congresos, as entrevistas formais etc., “que se aproximan máis do que comunmente se consideran características dos textos escritos” e, no lado oposto, achamos cartas a familiares ou amizades ou mesmo diálogos humorísticos que, embora sexan representados por escrito, partillan un maior número de trazos co discurso oral. Esta visión dicotómica é explicada, elocuentemente, en Vilela / Koch (2001:456), en que se apunta que as características atribuídas a cada tipoloxía de textos foron estabelecidas desde unha perspectiva que daba preeminencia á lingua escrita, o que favoreceu a caracterización da lingua falada como pouco organizada, descontinua e sen planificación previa. E embora sexa evidente que a fala posúe trazos propios e diferenciais a respecto da escrita (espontánea, dinámica, fragmentada etc.), é preciso termos en conta que isto non implica que o texto falado sexa caótico ou desestruturado, mais que ten unha organización e unha estrutura propia, consecuencia do contexto sociocognitivo da súa produción (Koch 2003b:81) e da súa finalidade comunicativa. O que fundamenta as diferenzas entre un e outro tipo de texto son as necesidades ás que, prototipicamente, responden cada un deles: o texto oral estará gobernado por necesidades comunicativas, en canto o texto escrito priorizará as necesidades de estruturación.

Alén do discurso oral e do discurso escrito, en López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:493-494) recóllese unha outra modalidade, o texto electrónico, de recente aparición e produto do novo contorno comunicativo que supoñen as TIC. De acordo con estes autores, “a súa singularidade impide a adscrición tanto ao texto escrito a pesar do seu carácter gráfico, como ao texto oral, aínda que intente representar trazos propios deste como a entoación, os xestos etc.” e, por tanto, pode ser definido como aquel discurso que se

mais habitual é que esta linguaxe se produza en contextos pouco ameazadores, ou sexa, onde o falante se sente seguro, pois de non ser así, na maioría dos casos a única resposta é o silencio.

transmite e que se recibe por medio dunha canle electrónica³²⁹. Como veremos en seccións posteriores, no discurso electrónico a oralidade e a escrita converxen para daren lugar a un novo medio de interacción que, por súa vez, tamén conta con trazos que o singularizan, derivados, na maioría dos casos, das características técnicas do soporte. Isto reflicte, de acordo con Crystal (2006:26-27), que a influencia máis importante no tipo de linguaxe que podemos encontrar nos contornos computacionais procede da natureza electrónica da canle, o que fai necesario unha distinción a respecto do texto escrito e do texto oral, tal como os describimos anteriormente. O carácter híbrido do discurso electrónico reflíctese nos distintos termos que se utilizan para faceren referencia a este fenómeno: ciberfala, conversa gráfica, escrita oralizante, entre as máis coñecidas. Para alén da caracterización desta nova modalidade discursiva (véxase 2.2.4), o que se torna relevante son as repercusións que trae consigo o aparecemento dun novo medio de comunicación, para o cal facemos nosas as palabras de Crystal (2005:65):

Revolutions of this order of magnitude are rare events indeed. The first medium of communication was, of course speech, which emerged in the human race somewhere between 30,000 and 100,000 years ago. Then, some 10,000 years ago, in several parts of the world, we encounter the emergence of writing. Those two mediums have kept the human race satisfactorily communicating ever since, each facilitated from time to time by the arrival of new technology –notably telephony and broadcasting, in the case of speech, and printing and telegraphy, in the case of writing. We must also acknowledge the significance of a third medium of communication for an important section of society –deaf sign language, which has an obscure history until it began to be systematically recorded in the eighteenth century, and which exists today in a number of forms. But a new medium of communication affecting the whole of society not appeared in 10,000 years.

Como observamos ao longo destas páxinas, o carácter escrito e oral dos textos configúrase como un dos criterios que nos permiten clasificar un texto e, igualmente, orixina un novo parámetro de análise, xa que orixina unha outra subdivisión que agrupa os textos nas seguintes categorías: xéneros escritos, orais e electrónicos (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010:499). Nos primeiros poderíamos incluír a maioría dos textos considerados até o de agora, xa que constitúen o grupo máis importante do punto de vista cuantitativo, pois, como sinala Freixeiro Mato (2006, IV:36), encontrámoslos de modo habitual na paisaxe urbana (anuncios publicitarios, cartaces, rótulos etc.), nos medios de comunicación (necrolóxicas, anuncios por palabras etc.) e no decorrer do noso día a día (catálogos, revistas, receitas médicas, prospectos, folletos, instrucións de funcionamento etc.), aínda que tamén podemos achar textos orais, cal as mensaxes radiofónicas, a megafonía dos centros comerciais, as letras das cancións e as propias conversas que mantemos para interaxirmos con outras persoas do noso contorno. Nesta categoría López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:517-520) inclúen, alén dos relatorios e das conferencias, a conversa espontánea, o debate e as entrevistas televisivas e radiofónicas.

En relación co xénero electrónico, os anteditos autores sinalan o blog, o foro e o correo, como medios diferidos, e o *messenger* e o *chat*, dentro da comunicación instantánea. Estas, igual que o resto das modalidades textuais, presentan unha estrutura propia. Así, o correo electrónico estaría conformado por dúas partes, unha de identificación (emisor, destinatario e asunto) e a mensaxe correspondente (que, por súa vez, se divide en saúdo,

³²⁹ Fiormente (2003:112-113) resalta, a este respecto, que “anche in quei casi in cui la testualità digitale si avvicina al parlato, sembra difficile identificare un punto sull’asse diamesico (Berruto 1987), ovvero un riferimento stabile in uno spettro che attraversa tutta la gamma delle possibilità linguistiche comprese tra il mezzo orale e quello scritto”, para alén de se tratar dunha variedade lingüística fortemente contaminada de formas non lingüísticas. Para este autor a comunicación no medio dixital “subisce una ‘deviazione’ dai binari consoni dell’asse scritto/parlato”.

corpo do texto e despedida); pola súa parte, as bitácoras compóñense de material multimedia (videos, fotografías, textos) que vai sendo publicado por medio de artigos ou de *posts*. Os soportes comunicativos de carácter instantáneo ficarían inseridos dentro do que López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:520) denominan *conversa gráfica*, pois, nas súas palabras, “aínda que emprega a lingua escrita, trátase dunha verdadeira conversa gráfica (de feito, dicimos *Falei con Ana polo messenger*, non *Escribín a Ana polo messenger*)”. Por tanto, estes autores son conscientes do carácter mixto do xénero, xa que, para alén de trazos característicos da conversa –como a alternancia de turnos de intervención, o recurso aos elementos paralingüísticos, a sintaxe pouco elaborada, as referencias deícticas e o emprego de marcadores discursivos propios do discurso oral–, tamén presenta outros máis específicos da lingua escrita –cal a non superposición dos intercambios comunicativos que, en paralelo ao que acontece nos textos impresos, aparecen na pantalla dos terminais electrónicos de maneira sucesiva– como analizaremos máis adiante (véxase 2.2.3.3).

A termos en consideración os obxectivos do presente traballo, e as aproximacións que se fixeron en seccións anteriores no referente aos novos medios de comunicación xerados nos contornos computacionais (véxase 1.2.3.1), consideramos necesario incluírlos, outrosí, as SMS (véxase 2.3), como máis unha modalidade comunicativa dentro do discurso electrónico. Xulgamos que a pesar de que existen trazos que a singularizan, moitas das súas características son tamén partilladas por outras textualidades dixitais, cal a mensaxaría instantánea³³⁰. Por esta razón, achamos preciso tratarmos con máis profundidade e, por tanto, nunha epígrafe independente, a comunicación mediada por computador (CMC) e as propiedades que presenta o discurso electrónico, dado que constitúen unha nova realidade que cómpre definirmos e describirmos e, porque, en definitivo, este novo espazo virtual conforma o marco en que se están a desenvolver novos esquemas comunicativos. Consecuentemente, supón o paso previo para nos achegarmos aos novos sistemas de representación da escrita que están a xurdir, entre os cales sobresaen, polas súas repercusións, a linguaxe dos chats e das redes sociais e, nomeadamente, a linguaxe das

³³⁰ Se ben que en López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:494, 520) as SMS aparecen nomeadas como máis unha modalidade dentro do texto electrónico, non foron albo dun tratamento posterior. No ámbito románico e, nomeadamente, no galego-portugués, son poucas as aproximacións que se teñen feito deste fenómeno, de modo que se tornan obras de referencia as levadas a cabo por Crystal (2004, 2006, 2008) e Baron (2008) sobre a lingua inglesa.

2.2. CMC: o discurso electrónico

O crecente desenvolvemento das TIC fixo posíbel a proliferación dunha grande variedade de novos contextos de interacción e as disciplinas humanísticas non ficaron alleas a este fenómeno, mais desde o comezo mostraron un forte interese, nomeadamente no relativo á comunicación na Rede. No ámbito da reflexión lingüística, estas cuestións tórnanse importantes na medida en que o aparecemento de novas situacións comunicativas implica, necesariamente, o nacemento de novos xéneros discursivos. Neste sentido, vira novamente relevante a cita de Bajtín (1982:248), quen sostíña que a riqueza e a diversidade das modalidades comunicativas é inmensa, porque as posibilidades da actividade humana son inesgotábeis e porque en cada esfera da praxe existe todo un repertorio de xéneros discursivos que se diferencian e que crecen ao tempo que se desenvolve e se torna máis complexa a propia esfera a que xorden asociados³³¹. As SMS conforman só un deles, en canto as conversas virtuais, as páxinas web, os foros de debate, os correos electrónicos etc. son máis algúns exemplos que contribúen para completar a grande listaxe de novos xéneros discursivos que naceron nos espazos de interacción propiciados pola Rede (véxase 1.2.2). Todos eles manifestan características específicas como consecuencia das súas particulares condicións de enunciación, se ben que tamén presentan certas propiedades comúns que nos permiten postular a existencia duns parámetros discursivos estábeis que serven para delimitaren unha categoría unitaria, ou sexa, a do discurso electrónico, en que ficarán inseridas todas aquelas modalidades que teñan lugar no marco das tecnoloxías³³².

Do noso punto de vista, todo o texto pertence a un xénero e todo o xénero a un discurso, de modo que o texto participa das propiedades de invarianza do xénero e o xénero das particularidades que definan o discurso en que se inserir³³³. Por tanto, na presente epígrafe desenvolveremos a definición dos trazos que caracterizan esta modalidade discursiva, ou sexa, o texto electrónico, cuxas características están profundamente marcadas pola manifestación do medio que as alberga, quere dicir, a rede das TIC –fundamentalmente a

³³¹ Sobre esta cuestión, Bajtín (1982:248) engade que “aparte hay que poner de relieve una extrema *heterogeneidad* de los géneros discursivos (orales y escritos). Efectivamente, debemos incluir en los géneros discursivos tanto las breves réplicas de un diálogo cotidiano (tomando en cuenta el hecho de que es muy grande la diversidad de los tipos del diálogo cotidiano según el tema, situación, número de participantes, etc.) como un relato (relación) cotidiano, tanto una carta (en todas sus diferentes formas) como una orden militar, breve y estandarizada; asimismo, allí entrarían un decreto extenso y detallado, el repertorio bastante variado de los oficios burocráticos (formulados generalmente de acuerdo a un estándar), todo un universo de declaraciones públicas (en un sentido amplio: las sociales, las políticas); pero además tendremos que incluir las múltiples manifestaciones científicas, así como todos los géneros literarios (desde un dicho hasta una novela en varios tomos)”.

³³² Nunha liña diferente, Crystal (2011:9) sinala que describir estas novas variedades discursivas como *xéneros* “suggests a homogeneity which has not yet been established. The same question-begging would arise if they were called *varieties* or *dialects* or *registers* or any other terms for situationally related uses of language provided by sociolinguistics and stylistics” de forma que decide empregar o termo *outputs* pois considera que se trata dun concepto neutro a respecto da caracterización lingüística e de como se relaciona con outros *outputs*. Con todo, consideramos que existen certos trazos partillados por todas estas modalidades textuais que nos permiten clasificalas en xéneros e así se tratará de ilustrar en posteriores epígrafes.

³³³ Vela Delfa (2005:45) salienta que os novos contextos de enunciación definidos nos medios electrónicos ou as solucións que neles se dá a situacións de interacción preexistente precisan un modelo de análise que contribúa para organizar as súas variedades textuais, ao tempo que sirva para establecer o conxunto das súas propiedades. Igualmente, esta autora sinala que é preciso levar a cabo unha reflexión que non se limite a describir as singularidades que se observan neses contornos comunicativos, mais que asuma como obxectivo un exame profundo da natureza dos textos electrónicos no seu conxunto.

Internet³³⁴ – e a presenza da mediación tecnolóxica que, de forma xeral, se realiza a través da figura do computador e, nos últimos tempos, tamén dos terminais móbeis. Nesa liña, coidamos que as SMS participan das propiedades da modalidade, se ben que tamén manifestan suficientes trazos idiosincráticos como para seren analizadas en tanto que categoría independente (véxase 2.3). Por esta razón, xulgamos que se torna preciso unha perspectiva integradora que inclúa este xénero dentro do contexto da comunicación mediada, que desenvolverá novos modelos comunicativos e que transformará as pautas de interacción preexistentes. Entre as máis significativas, convén incidirmos novamente en que as novas modalidades discursivas permitiron que dúas persoas ou máis que se encontraren afastadas no espazo puidesen interaxir a través do intercambio de textos escritos.

Igualmente, a introdución do computador e do telemóbel como instancias mediadoras produciu importantes transformacións na consecución do intercambio, sobre todo as relativas á redución do tempo de transmisión e de recepción da mensaxe. A sensación de simultaneidade ou semi-simultaneidade provoca, segundo Vela Delfa (2005:32), unha conciencia de tempo partillado que aproximará estes xéneros textuais, cal o correo electrónico ou as propias mensaxes de texto a outros esquemas de interacción lingüística de tipo conversacional (véxase 2.3.5). Igualmente, o instrumento empregado na produción de textos non só modificará as posibilidades temporais da comunicación, mais tamén será o que motive certa sorte de variación na natureza contextual do intercambio e, por tanto, nas propiedades discursivas que presentaren os textos. En consecuencia, ben o computador ou ben o telemóbel eríxense como contexto da actividade comunicativa e determinarán, xa que logo, tanto os procesos de recepción (pantalla) como os de produción (teclado). Tamén Vizer (2011:36) sinala a respecto da relación entre o medio e a persoa usuaria que a tendencia á miniaturización e á converxencia redefinen o papel das tecnoloxías na medida en que acompañan cada vez máis situacións, experiencias e usos adaptados ás necesidades do usuariado na vida cotiá (no traballo, no lecer, no estudo, na participación cívica e política etc.). En relación con estas cuestións, subscribimos as palabras de Crystal (2006:26) cando resalta que

the most fundamental influence arises out of the electronic character of the channel. Most obviously, a user's communicative options are constrained by the nature of the hardware needed. Thus, a set of characters on a keyboard determines productive linguistic capacity (the type of information that can be sent); and the size and configuration of the screen determines receptive linguistic capacity (the type of information that can be seen). Both sender and receiver are additionally constrained linguistically by the properties of the Internet software and hardware linking them.

2.2.1. Breve historia da CMC

Os estudos sobre a Internet xa non representan necesariamente unha novidade, dado que a Rede, tal como a coñecemos, leva máis de trinta anos existindo (véxase 1.2.1.2 e 1.2.1.3), e, se ben que en moitos ámbitos, onde tamén se inclúe este estudo, aínda é moi común que reciba o nome de nova tecnoloxía, o certo é que xa fai parte da nosa ecoloxía comunicacional e goza dun importante protagonismo (Gómez / Galindo 2005). E a pesar de que o acceso á Internet continúe a ser en parte elitista e sectario (véxase 1.2.3.2.), cómpre termos en consideración a importancia que a Rede exerceu na nova conformación cultural,

³³⁴ A este respecto Herring (2001) subliña que as “characteristics of the medium have important consequences for understanding the nature of computer mediated language” posto que “they also provide a unique environment, free from competing influences from other channels of communication and from physical context, in which to study verbal interaction and the relationship between discourse and social practice”.

simbólica e mediática a nivel mundial. Segundo os anteditos autores, este protagonismo permea en toda a sociedade, independentemente do acceso á Internet. Estamos, por tanto, perante a denominada Cibercultura, ou sexa, unha nova conformación cultural onde as tecnoloxías da información e da comunicación se configuran como un elemento fundamental. Con todo, a Internet tivo un desenvolvemento en moitos niveis e a grande escala, e a súa utilización tornouse tan complexa que resulta difícil pensarmos nela tan só como un medio ou como unha tecnoloxía. De entre todas as tendencias que teñen lugar nos ámbitos da Internet, cobra grande relevancia do punto de vista comunicativo e lingüístico a Comunicación Mediada por Computador (CMC), relacionada co modo en que as persoas interaxen unhas coas outras a través de soportes electrónicos e dunha serie de conexións e de protocolos.

Herring (2001) sinala, na mesma liña, que o discurso mediado por computador é a comunicación producida cando os seres humanos se interrelacionan por medio de mensaxes transmitidas en formato dixital. A respecto deste termo, a propia Herring (2001) aclara que “the study of computer-mediated discourse (henceforth CMD) is a specialization within the broader interdisciplinary study of computer-mediated communication (CMC)” e engade que aquela é “distinguished by its focus on language and language use in computer networked environments, and by its use of methods of discourse analysis to address that focus”. Tamén desde unha perspectiva lingüística, Crystal (2004:64) resalta que nun período extraordinariamente curto de tempo a xente adoptou e dominou a tecnoloxía e que, nese transcurso, adaptou e expandiu “its highly distinctive language³³⁵”. A este respecto, convén incidirmos, máis unha vez, en que, se ben que a Rede se singulariza polo seu carácter multimedia, tamén se constitúe como un soporte de base fundamentalmente textual³³⁶. Por tanto, de repararmos no potencial comunicativo do medio a análise lingüística deste fenómeno tórnase imprescindible. Sobre este particular, Herring (2001) afirma que a maioría dos usos actuais da CMC está baseado no texto e que se materializa en diversas modalidades (chats, SMS, foros etc.), cuxas propiedades lingüísticas van depender do tipo de sistema utilizado e da influencia de condicionamentos sociais e culturais específicos.

Con base no exposto en Crystal (2004:64-65), os lingüistas ficaron especialmente impresionados pola rapidez con que as innovacións en materia de lingua circulaban na Internet e foise tornando gradualmente evidente que no contexto electrónico estaba a se manifestar algo máis do que unha nova variedade estilística da linguaxe, pois, a Internet e a telefonía móbil propiciaron a aparición de medios de interacción alternativos e máis rápidos a través dos cales podía desenvolverse a comunicación humana. É nesta esfera onde radica a novidade dos estudos sobre a Rede, xa que se configura como un fenómeno relativamente recente, o que, por súa vez, provoca que non exista aínda na actualidade un acordo xeral sobre a súa denominación, do mesmo modo que tamén non contamos cun termo consensuado que faga referencia ao tipo de lingua que se manifesta nese discurso³³⁷. Porén, baseándonos na bibliografía máis actual, optamos por utilizar, na liña do sinalado por Herring (2001),

³³⁵Di tamén Crystal (2004:64): “People found the linguistic novelty to lie chiefly in the slang and jargon of its enthusiastic proponents, as well as in their penchant for playing with language and for breaking conventional linguistic rules of spelling and punctuation”.

³³⁶A este respecto, Yus (2001:57) subliña a esencia lingüística da comunidade virtual cando sinala que a clave interactiva da comunicación virtual, ben sexa sincrónica ou asincrónica, reside no texto que os participantes escriben desde os seus terminais e, en última instancia, este configúrase como o vehículo principal de identidade. Cfr. 1.2.3.1.

³³⁷Crystal (2004:64-65) escolle o termo *Netspeak* (Ciberfala) para facer referencia á variedade lingüística empregada nos contornos electrónicos, asunto sobre o que realiza unha análise pormenorizada en Crystal (2006).

comunicación mediada por computador (CMC)³³⁸, en canto que disciplina que estuda os novos modos de interacción que se producen no contorno dixital, e *discurso electrónico*, para nos referirmos a estes soportes comunicativos do punto de vista lingüístico, se ben que achamos necesario dar conta das causas ou das orixes desta multiplicidade de termos:

The term ‘Netspeak’ is an alternative to ‘Netlish’, ‘Weblish’, ‘Internet language’, ‘cyberspeak’, ‘electronic discourse’, ‘electronic language’, ‘interactive written discourse’, ‘computer-mediated communication’ (CMC), and other more cumbersome locutions. Each term has a different implication: ‘Netlish’, for example, is plainly derived from ‘English’, and is of decreasing usefulness as the Net becomes more multilingual (p.229); ‘electronic discourse’ emphasizes the interactive and dialogue elements; ‘CMC’ focuses on the medium itself (Crystal 2006:19).

Mais a pesar de que, inicialmente, os investigadores non focalizaron a súa atención na análise deste fenómeno, o certo é que a CMC é, segundo Gómez / Galindo (2005) unha das áreas máis coñecidas da Internet e, igualmente, unha das máis empregadas, ben sexa en forma de chats, de correo electrónico, de mensaxaría instantánea ou de mensaxes de texto, entre as máis comúns³³⁹. En consecuencia, nos últimos tempos desenvolvéronse estudos con diferentes marcos epistemolóxicos (críticos, clínicos, culturalistas), con diferentes focaxes teóricas (desde a psicoloxía, a telemática, a antropoloxía, a comunicación, a lingüística³⁴⁰ etc.) en países moi diversos, con diferentes linguaxes e até en distintos formatos; esta pluridisciplinidade permite que cada perspectiva se centre en diferentes aspectos e mesmo favorece o establecemento de vínculos entre unhas áreas e outras. Existen algúns traballos que se consolidaron como os máis relevantes e son, consecuentemente, os máis citados, pois eríxense como base da disciplina e, na maioría dos casos, sentaron conceptos útiles e directrices a seguir. Nesta liña, destacan as achegas de Rheingold (1993), Anderson (1991), Baym (1995), Jones (1995, 1998), Wilbur (2000) e Mayans (2002), que entenden os sistemas de CMC como comunidades virtuais ou cibersociedades e destacan tanto as súas vantaxes – cal as novas oportunidades de educación, de aprendizaxe e de participación democrática, o establecemento de culturas nunha escala sen precedentes e a reestrutura da interacción humano/máquina– como tamén algúns dos seus contras –como as divisións socioeconómicas relativas ao seu acceso e ao seu emprego (1.2.3.2.1). Desde o campo da psicoloxía destacan tamén os estudos sobre CMC de Turkle (1995), cuxa análise radica nun dos elementos máis recorrentes nas investigacións sobre a comunicación mediada, a identidade³⁴¹. Trátase de un

³³⁸ Non obstante, certos estudiosos, entre eles Crystal (2011:2), xulgan que o termo *Comunicación mediada por computador* é moi limitado na medida en que semella na teoría non dar cabida a outros fenómenos, cal a emerxencia da tecnoloxía móbil. Isto é, consideran que as persoas usuarias non senten na realidade que se trate dun dispositivo de procesamento computacional, de modo que prefiren denominar esta disciplina *Lingüística de Internet*, o que non deixa de presentar obxeccións similares, cando menos no relativo ás SMS.

³³⁹ No entanto, tamén puntualizan que “en los últimos años se han hecho muchos estudios sobre la CMC, hasta el punto de que ésta se ha conformado como una de las líneas de investigación mas importantes en relación al Internet” (Gómez / Galindo 2005). Sobre esta cuestión, tamén Herring (2001) sostén que “human-to-human communication via computer networks, or interactive networking, is a recent phenomenon. Originally designed in the United States in the late 1960’s to facilitate the transfer of computer programs and data between remote computers in the interests of national defense, computer networks caught on almost immediately as a means of interpersonal communication”.

³⁴⁰ Vela Delfa (2005:144) afirma que as conversas nos chats, a correspondencia a través do correo electrónico ou as mensaxes de texto están, na actualidade, presentes en grande cantidade de áreas de interacción social, persoal, cultural, didáctica, comercial, lúdica etc., o que permite o desenvolvemento de novas formas discursivas que establecen variedades lingüísticas específicas e, por esta razón, constitúen o centro de interese de numerosos estudos e traballos científicos.

³⁴¹ Segundo Gómez / Galindo (2005), para esta autora a realidade virtual formula un desafío metodolóxico para o investigador e, nesta liña, o seu traballo céntrase en comprender as vidas sociais e os significados culturais que as persoas constrúen ao tempo que as súas vidas se entrelazan cada vez máis coa tecnoloxía informática.

dos traballos máis recorrentes en relación con este tema e a súa achega máis importante, de acordo con Gómez / Galindo (2005), é o emprego da técnica de entrevistas en liña e face a face, utilizada máis tarde noutros traballos sobre CMC, cal en Wallace (2001), Gómez (2002) e Miller / Slater (2000).

Na liña do exposto en Vela Delfa (2005:144), resultan tamén importantes as achegas que se realizan desde a lingüística, debido á natureza esencialmente textual deste fenómeno, de modo que a análise do contexto electrónico pasa de forma necesaria polo estudo da súa materialización discursiva. A este respecto, a antedita autora sinala que, do mesmo xeito que o seu carácter textual moldeou o desenvolvemento da Internet, tamén as propiedades das súas ferramentas influíron significativamente na linguaxe. Por tanto, a canle, o código e o contexto configúranse como os principais elementos do proceso comunicativo no medio dixital (véxase 2.1.2) e son fundamentais para explicarmos o desenvolvemento do discurso electrónico e entendermos as súas particularidades. Sobre esta cuestión, Fiormonte (2003:69) e Crystal (2006:26) asumen como hipótese de partida que a Comunicación Mediada por Computador se erixe como unha situación comunicativa en que a influencia do medio é moi importante³⁴²; quere dicir, o computador ou o telemóbel, lonxe de se constituíren como simples vehículos pasivos no intercambio de mensaxes, participan en certo modo na interacción (George / Totsching 2001:1) e, “diventa strumento per sperimentare nuovi linguaggi e generi” (Fiormonte 2003:72). Tanto o computador como o telemóbel e as aplicacións informáticas que mediatizan o intercambio comunicativo limitan as posibilidades de interacción e, en consecuencia, as persoas usuarias deberán adaptarse a cada medio particular. Vela Delfa (2005:145) resalta que a mencionada adaptación non ten de se entender como unha perda do potencial comunicativo, pois, se ben que o medio restrinxe a riqueza comunicativa, tamén favorece o desenvolvemento por parte das persoas usuarias de novas alternativas para interaxirmos, descoñecidas noutros contextos de comunicación.

A distinción entre o espazo real e o virtual serviu nun primeiro momento como marco organizador das investigacións sobre CMC. Neste sentido, Hine (2000:39) salienta que o novo medio de comunicación pode ser estudado desde dúas perspectivas: como cultura, equiparábel, segundo Gómez / Galindo (2005), ao espazo virtual, e como artefacto cultural, que se correspondería co espazo real. Con todo, o propio Hine (2000:39) observa que esa distinción subxace a dicotomía entre o real e o virtual e que a súa aceptación podería escurecer os procesos con que se constrúe esta fronteira. Por tanto, se ben que delimitaremos diversos traballos con base nestas dúas categorías, concordamos co autor en que a separación teórica podería suscitar graves problemas de precisión se o que queremos é coñecermos e comprendermos aquilo que acontece na CMC, pois na realidade, non existe unha separación clara de ambos os espazos, senón que estamos perante unha esfera simbólica con dous referentes: un físico e outro dixital (véxase 1.2.3.1). A Internet, e máis concretamente a CMC, estudouse no comezo como un artefacto cultural, isto é, como un novo dispositivo na ecoloxía tecno-cultural do noso día a día, do mesmo modo que a televisión, a radio ou o libro; por tanto, estas achegas aproxímanse da Rede canto que dispositivo externo ou físico. Moitos dos primeiros traballos sobre a CMC xiraron nesta liña: algúns deles estaban dedicados a revisar o modo en que as persoas empregaban os ditos sistemas e as diferenzas coa

³⁴² Sobre esta cuestión, Fiormonte 2003:69 afirma que “é lecito chiedersi se il predominio del mezzo audiovisivo avrà come conseguenza la scomparsa completa dei tradizionale modi di leggere e scrivere. Cesareo è convinto che il testo scritto sopravviverà, ma sarà diverso rispetto a quello al quale siamo abituati, perché il canale o i canali influiranno notevolmente sulla sua natura: “Il testo, anziché nascere direttamente nel calco di un linguaggio o di un genere, potrà essere concepito e scritto in prima istanza come progetto, come una sorta di “matrice” intenzionalmente multimediale, cioè atta a essere utilizzata e realizzata in varie forme e in vari linguaggi per essere veicolata, ovviamente, su canali differenti”.

comunicación face a face e, igualmente, estudaban as reaccións e as posibilidades do seu uso en diferentes ámbitos, cal o laboral, o educativo, o persoal etc.

En palabras de Gómez / Galindo (2005), as investigacións que poderían enmarcarse nesta liña son aquelas que analizaron a Internet como un obxecto no espazo mediático e simbólico da sociedade, isto é, traballos que estudan o que acontece da pantalla cara a fóra, e que se poderían ver como unha nova fase nos estudos de recepción na medida en que as tecnoloxías da comunicación e da información propician a creación de formas diferentes de organización e de transmisión do coñecemento. E embora xa apuntásemos que, en sentido estrito, a Internet non é máis do que a suma de computadores que poden comunicarse utilizando o protocolo TCP/IP (véxase 1.2.1.2), xeralmente este termo tamén se emprega para denotar un sistema de aplicacións que permiten tipos particulares de comunicación e diferentes modos para partillar a información (Hine 2000:27). Nesta liña, algúns traballos retoman o modelo de “sinais sociais reducidas” estudado xa por outros autores, cal Lea / Spears (1991) e Mantovani (1994), e deseñado para comprender a CMC e os efectos que un sistema de comunicación destas características pode ocasionar debido á carencia de elementos complementarios, cal a entoación, os xestos ou á proxemática, de os compararmos cos intercambios comunicativos que se produciren nun espazo físico. A este respecto, cómpre citarmos os traballos de Sproull / Kiesler (1986), de Walther (1992) e de Walther / Anderson / Park (1994), que centran a súa atención nos efectos interpersoais da comunicación mediada por computador, case sempre, desde unha perspectiva comparada coa interacción face a face³⁴³.

No referente ás investigacións sobre CMC entendida como cultura, é preciso subliñarmos que os traballos enmarcados nesta esfera teñen como obxecto de estudo a dinámica interior dos sistemas de comunicación mediada. Trátase de aproximacións que, en contraposición a aqueles que entenden a Internet como artefacto cultural, se sitúan dentro do ciberespazo, isto é “serían trabajos que dan a lo virtual el peso de lo real pero que siguen estableciendo esa distinción entre ambos” (Gómez / Galindo 2005). Noutras palabras, neste segundo momento, destacan as investigacións de carácter sociolóxico e antropolóxico³⁴⁴; e é nesta categoría onde podemos enmarcar os traballos realizados desde unha focaxe lingüística, na liña do sinalado anteriormente por Vela Delfa (2005:144). Nestes medios, destacan os estudos de Riva / Galimberti (1998), Mc Laughlin / Osborne / Smith (1995), Balaguer (2002), Danet (2001) ou Mackinnon (1995) que reflicten sobre o emprego da linguaxe e das imaxes na CMC e mesmo sobre as “regras de etiqueta” da Rede. Gómez / Galindo (2005) sinalan que no ciberespazo non estamos limitados á linguaxe escrita, mais que podemos utilizar os mesmos métodos con que nos expresamos comunmente nunha comunidade. Con todo, observan tamén que debido ás limitacións da linguaxe non verbal tradicionais nesta canle, se crean símbolos alternativos ou paralelos que contribúen, igualmente, para achegar esa sensación de realidade (véxase 2.1). O que se deduce de todo o anterior é o feito de a linguaxe se constituír como o primeiro elemento de análise; así a existencia dentro do ciberespazo está dada pola comunicación, pola interacción con outras persoas e esta só pode

³⁴³ Gómez / Galindo (2005) sinalan que a maioría destes primeiros traballos foron realizados xeralmente desde un punto de vista pragmático e, sobre todo, comparativo, e procuraban achar as vantaxes da CMC para conseguir obxectivos específicos, como o incremento da produtividade nas empresas, a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe no ámbito educativo etc.

³⁴⁴ De acordo con Gómez / Galindo (2005), nas primeiras investigacións que se realizaron nesta liña, tratáronse de establecer símiles entre situacións da vida real e situacións no ciberespazo, o que deu lugar a discusións sobre a correcta aplicación conceptual de termos como *comunidade*, *identidade* etc., conceptos que se desenvolveron desde ámbitos diferentes, mais que logo foron aplicados para determinar analoxías con fenómenos comunicativos que teñen lugar na Rede con só acrecentarlles os afixos *virtual* ou *ciber*.

producirse a través da linguaxe, nomeadamente na súa perspectiva gráfica (Mackinnon 1995:115).

As posibilidades da lingua en Internet foron abordadas desde diferentes puntos de vista; podemos achar estudos cunha focaxe sociolingüística, cal Baron (1984), que considera a fala na Rede desde unha orientación variacionista, ou outros centrados nas diversas esferas da lingüística, como Bellido / Pastor (2002), Jiménez (2002), Crystal (2004, 2006, 2008), Herring (2001), Yus (2001) ou a propia Baron (1998, 2000, 2001, 2004, 2008), cuxos intereses principais radican no establecemento de particularidades pragmáticas e na análise conversacional das interaccións mediadas por computador: organización, turnos de palabra etc. Como observa Vela Delfa (2005:145), non só destacan as monografías, mais tamén existen importantes revistas electrónicas que reúnen moitas das aproximacións realizadas neste campo. Entre elas, convén salientarmos pola súa excelencia o *Journal of Computer Mediated Communication* (JCMO) e o *Observatorio para la Cibersociedad*. Aliás, cada vez son máis comúns os centros de investigación que incorporan perspectivas de estudo sobre as TIC e que presentan publicacións en liña xa consolidadas, caso da Universidade do Sur de California, responsábel da JCMO, ou o Campus Estado de México e o Campus Monterrey representados por *Razón y Palabra* e polo *Global Media Journal*, respectivamente. Gomez / Galindo (2005) afirman que o importante de todas estas achegas é que constitúen unha área de estudo en constante construción, o que permite observarmos o avance das tendencias da investigación sobre CMC. Na mesma liña, tamén se están a celebrar diversos congresos, xornadas e coloquios que teñen como esteo fundamental de debate a comunicación a través da Internet e, principalmente a análise das producións lingüísticas que teñen lugar no ciberespazo. A este respecto, Vela Delfa (2005:145) sinala que

de entre las citas periódicas cabe destacar, por su carácter pionero y el prestigio internacional del que goza, el congreso sobre Comunicación Mediada por Ordenador que se celebra en Hawaii, *Hawaii International Conference on System Sciences*, cuyas actas se publican en la revista *IEEE Computer Society*. De importante valor han resultado encuentros como el de la Universidad de Sherbrook en 2001, o el organizado en 2004 por Jaques Anis de la Universidad de Paris X. En el ámbito hispano vienen celebrándose en la Universidad de Castellón sucesivas ediciones del congreso internacional Internet y Lenguaje.

2.2.2. O discurso mediado por computador (DMC)

No marco dos estudos que se interesan polo fenómeno da comunicación producida en espazos dixitais, interesa destacarmos aqueles que se agrupan dentro da análise do discurso mediado por computador (ADMC), denominación proposta por Herring (2001), como xa foi sinalado máis arriba (véxase 2.2.1), para facer referencia ao conxunto de traballos que realizan unha aproximación á comunicación en rede tomando como fundamento a metodoloxía da análise do discurso. De acordo con Vela Delfa (2005:146), a nomenclatura deriva da utilización xa estendida do concepto CMC para facer mención ás interaccións producidas por medio dun computador e, por tanto, podemos situar a ADMC como unha das esferas da investigación dentro do ámbito da CMC que se ocupa do discurso mediado. Noutras palabras, a CMC constitúe unha noción ampla e, se callar tamén, pouco precisa en que se inclúen todas aquelas interaccións realizadas a través da Rede ou doutros dispositivos electrónicos, cal os telemóbeis. Nesta liña, George / Tostsching (2001:1) consideran que “la notion de “communication médiatisée par ordinateur” (CMO) a émergé au tournant des années 1980 dans le milieu universitaire” e engaden que este concepto serve “pour désigner

cette nouvelle modalité de communication via des machines fonctionnant sur le principe de l'algorithme”³⁴⁵.

Consecuentemente, a análise do discurso mediado por computador fica inserido neste marco contextual e configúrase como un achegamento á CMC desde o campo da Lingüística e, máis en concreto, desde unha perspectiva teórica relativamente recente, a análise do discurso queten Michel Pêcheux como principal representante (Freixeiro Mato 2006, IV:19). Esta vertente de análise lingüística considera que “cada discurso está sometido a regras específicas que ultrapasan a dimensión e mesmo a consciencia do individuo”, para alén de se establecer a polifonía como o trazo máis característico dos textos. O antedito autor, baseándose na definición de Brown / Yule (1983:1), considera a análise do discurso como o estudo da linguaxe en uso “que, como tal, non pode reducirse á descrición de formas lingüísticas independentemente dos propósitos ou funcións que desempeñan nos asuntos humanos”. Neste sentido, o obxectivo fundamental da ADMC é o establecemento das propiedades lingüísticas, pragmáticas e discursivas das interaccións que se realizan no contorno electrónico. Na mesma liña, Torres i Vilatarsana (2001:1) define a análise do discurso mediado por computador como o estudo das manifestacións pragmático-lingüísticas propias da CMC.

A importancia destes estudos radica no seu carácter interdisciplinar e na diversidade das posíbeis áreas de aplicación dos seus resultados. A ADMC pode, por tanto, favorecer o desenvolvemento de moitos campos de investigación: por un lado, o da Lingüística en xeral, debido a que o seu estudo pon de manifesto a existencia de novas modalidades que fan parte xa da nosa praxe comunicativa; por outro lado, unha esfera de aplicación máis específica sería a pragmática, na medida en que o seu estudo revela novidosos mecanismos de interacción lingüística, do mesmo modo que de nos centrarmos na gramática do texto obteríamos a definición de novas tipoloxías discursivas³⁴⁶. O rápido desenvolvemento de novos fenómenos lingüísticos no marco das tecnoloxías da información e da comunicación e a súa crecente xeneralización son os responsábeis da vixencia e da relevancia desta clase de investigacións, pois só unha análise pormenorizada permite descubrirnos como se desenvolven as interaccións lingüísticas nos novos contornos dixitais e, ao mesmo tempo, comprendernos a natureza da linguaxe que as torna posíbeis. Parafraseádomos Vela Delfa (2005:148), o estudo desta realidade ofrécenos a oportunidade de saber máis sobre as características dos novos contornos comunicativos, achegándonos a un coñecemento máis profundo da propia linguaxe humana, da facultade comunicativa dos seres racionais e da súa capacidade de adaptación aos novos medios. En tanto que área de investigación interdisciplinar, na análise do discurso mediado por computador non só teñen cabida observacións estritamente lingüísticas, mais tamén outras achegas desde ámbitos como a antropoloxía, a socioloxía, as ciencias da comunicación e mesmo as ciencias cognitivas.

Herring (2000) realiza unha proposta metodolóxica segundo a cal a ADMC debe, en primeiro lugar, basearse nos contributos teóricos dos modelos da análise da conversa, da análise do discurso, da lingüística do texto, da sociolingüística interaccional e da teoría da CMC. En segundo lugar, ten de completar as súas pesquisas con achegas obtidas,

³⁴⁵ Nestes medios, os propios autores son conscientes de que a noción de CMC constitúe, na actualidade, unha rúbrica que agrupa un conxunto de intereses de investigación moi amplo e moi diverso, na medida en que os estudos sobre CMC comezan a facerse omnipresentes, dado que as figuras do computador e do telemóbel como instrumentos mediadores están a aparecer en practicamente todos os contextos sociais.

³⁴⁶ Tamén desde a lingüística aplicada achamos múltiples posibilidades, sobre todo para o ámbito educativo. A enxeñaría lingüística contribúe para que as persoas poidan interaxir sen limitacións espacio-temporais, o que permitirá mellorar os cursos de ensino a distancia, entre outras actividades.

nomeadamente, a través de observacións etnográficas, análises retóricas, crítica socio-política e por medio de inquéritos e entrevistas. Finalmente, para Herring (2000) a ADMC debe ter como obxectivo principal o estudo das unidades relativas á linguaxe mediada por computador, ben sexa producida de forma natural ou ben en marcos experimentais³⁴⁷. Tal tese é desglosada, por súa vez, en tres grandes obxectivos que viran fundamentais nunha análise destas características e que, para Herring (2000), deben constituír as liñas directrices da nova disciplina: i) a descrición e a clasificación das novas modalidades discursivas que foron aparecendo nos contornos da CMC; ii) a preeminencia da reflexión para comprender os efectos da mediación do computador tanto no relativo á linguaxe como á comunicación humana; e iii) o estudo do discurso mediado por computador entendido como unha xanela aberta a outros fenómenos e a outras disciplinas, cal a cognición, a identidade, as adicións, as comunidades culturais, a aprendizaxe ou as mudanzas lingüísticas.

2.2.2.1 Aproximación á historia do DMC

A análise do discurso mediado por computador, como concepto, non foi introducido até o ano 1995, se ben que Herring (2001) considera que canto esfera da investigación lingüística posúe unha antigüidade aproximada duns vinte e cinco anos³⁴⁸. Neste sentido, recoñece o traballo de Baron (1984), “Computer-mediated communication as a force in language change”, como unha das primeiras achegas neste campo, mais considera que a primeira descrición pormenorizada e sistemática sobre o discurso mediado por computador é a realizada por Murray (1985) no seu traballo sobre as mensaxes enviadas a través de medios sincrónicos de IBM. En todo o caso, o que interesa do artigo de Baron é o feito de que supón un novo campo de estudo sobre a natureza da linguaxe no contexto electrónico que continúa vixente até a actualidade. Recoñecido o labor pioneiro de Murray e Baron, Herring (2001) sinala que, porén, habería que agarda até 1991, ano en que Ferrara / Brunner / Whittemore publican “Interactive Written Discourse as an emergent genre”, para que tanto o colectivo de lingüistas como o profesorado comezasen a tomar consciencia da importancia que estaba a cobrar o DMC. Facemos nosas as palabras de Herring (2001) para explicar a evolución deste fenómeno, dado que

The immediately following years saw the rise of a wave of CMD researchers working independently on what has since emerged as a more or less coherent agenda: the empirical description of computer-mediated language and varieties of computer-mediated discourse. Since the mid-1990's CMD research has continued to expand at a rapid rate, staking out new areas of inquiry and resulting in an ever-growing list of published resources.

Herring (2000), na súa comunicación nas xornadas sobre CMC realizadas na Universidade de Barcelona, formula unha posíbel clasificación en tres etapas do desenvolvemento destes estudos: a primeira comezaría na primeira metade da década de 80 e os traballos que podemos enmarcar nese período teñen o mérito de seren aqueles que inauguran a nova liña de investigación, se ben que nalgúns casos manifestan certo simplismo (Vela Delfa 2005:150). Nestes medios, a comunicación mediada por computador definíase con trazos como o anonimato e a impersonalidade e o discurso electrónico era caracterizado

³⁴⁷ Trátase dunha síntese do modelo proposto por Herring (2000) nunha palestra proferida na *I Xornada sobre a Comunicación Mediada por Computador en Catalán*. A propia autora sinala que se trata dunha clasificación de carácter xeral e que, por tanto, terá de se adaptar á tipoloxía de CMC analizada en cada momento e tamén aos obxectivos do investigador.

³⁴⁸ Para Herring (2001), “the study of computer-mediated discourse developed alongside of interactive networking itself, as scholars became exposed to and intrigued by communication in the new medium”.

como unha variedade fragmentada ou simplemente como unha versión escrita da modalidade oral e limitada polas características do medio, o que a tornaba aínda máis imperfecta. Unha segunda etapa pode situarse a comezos da década de 90, momento en que esta disciplina comeza a agromar e en que asentan as súas bases; nesta fase desenvólvense estudos máis completos, como o de Ferrara / Brunner / Whittemore (1991). De acordo con Herring (2001) “the first wave of CMD scholarship was a reaction against misunderstandings about CMD has gone before”. E embora os anteditos autores contribuísen fortemente con apropiadas observacións sobre o que eles propios denominaron *interactive written discourse*, tamén incorreron nalgúns erros, fundamentalmente na xeneralización; consideraban que se trataba dun xénero unitario e, por esta razón, non se decataron da variedade discursiva que ofrecía. Será no terceiro período, a partir de meados da década de 90 e até os nosos días, cando os expertos que desenvolven investigacións sobre ADMC revelen o feito de a “computer-mediated language and interaction to be sensitive to a variety of technical and situational factors, making it far more complex and variable than envisioned by early descriptions” (Herring 2001).

As principais liñas investigadoras que comezan a xurdir na década de 80 enmárcanse na tradición da etnografía e da comunicación e na análise da conversa. Neste sentido, Vela Delfa (2005:151) sinala que estas formulacións teóricas se ven reflectidas na temática sobre a que versan a maior parte dos traballos: i) análise dos roles nas interaccións mediadas; ii) estudo dos mecanismos da xerencia dos turnos; iii) outras cuestións relacionadas con sociocrítica do discurso. Como xa se mencionou noutras ocasións, a maioría das aproximacións que se teñen feito sobre este fenómeno provén do mundo anglosaxón, nomeadamente do norteamericano, dado que, segundo a antecitada autora, son os departamentos de comunicación dos centros universitarios estadounidenses os responsábeis, cando menos no primeiro momento, do esforzo por consolidaren e faceren avanzar a disciplina. Foron dúas as orientacións principais que tomaron estes estudos: por un lado, son frecuentes as descrições empíricas da linguaxe mediada por computador en contraposición coa modalidade escrita clásica e a variedade oral (véxase 2.2.3.3); e, por outro lado, tamén existen numerosas análises que se centran nas variedades do discurso mediado por computador, isto é, na súa tipoloxía textual³⁴⁹. O traballo de Wilkins (1991) supón máis unha achega innovadora, pois realiza o estudo conversacional das interaccións producidas a longa distancia propiciadas pola Rede; quere dicir, o seu obxectivo e principal interese é investigar os trazos particulares que adoptan as conversas que se desenvolven nun marco de ausencia física, embora sexa de modo sincrónico.

Tórnase necesario mencionarmos tamén os traballos de December (1993) e (1994), pois non só contribúen para esclarecer o debate sobre a oralidade na CMC, mais tamén nos ofrecen unha caracterización das propiedades deste sistema de comunicación e unha clasificación con base en diversos criterios tecnolóxicos e contextuais. Ao mesmo tempo,

³⁴⁹ Estamos de acordo con Vela Delfa (2005:152) cando sinala que se realizarmos unha revisión histórica dos traballos publicados até o momento, veremos que a primeira das liñas de investigación é a que se desenvolveu tanto do punto de vista cuantitativo como cualitativo con maior suceso. Como mostra, véxase Ong (1982), Finnegan (1988), Tannen (1982) ou Thompson (1988), entre outros. Igualmente, temos que ter en conta que en paralelo á comparación coas modalidades orais e escritas tradicionais, existe outra serie de traballos que a opón á comunicación presencial, cal Kiesler / Siegel / McGuire (1984). Neste traballo trataremos de combinar ambas as perspectivas para ofrecermos unha descripción o máis completa posíbel deste fenómeno e porque, igualmente, consideramos que as características de produción en que se enmarca unha determinada modalidade textual implican importantes consecuencias na escolla dunha ou doutra forma lingüística, como veremos para o caso das SMS.

presentan unha comparación dos trazos característicos da CMC en oposición a outros medios de comunicación de masas, cal a televisión, a radio e mesmo a outros instrumentos de interacción privada, como pode ser o telefone. En December (1994) focalízase a atención para novas cuestións relacionadas coa CMC que amplían o abano de perspectivas desta disciplina. Unha das súas achegas máis relevantes será aquela referida ás estratexias de comunicación utilizadas nas interaccións que se desenvolven en espazos dixitais. Na súa análise, December afirma que grande parte das propiedades que estas presentan é debida á adaptación dos participantes á natureza do medio, neste caso un contexto electrónico de base textual. A este respecto, acaen ben as seguintes palabras de Baron (2000:158):

The networked computer supports a range of writing options. At one end is writing that resembles traditionally composed texts, the difference being only the means of transmission. At the other end is dialogue between two people that highly resembles speech, again, save for the medium of message exchange.

Nunha liña similar á proposta por December (1994) e salvándonos as distancias, podemos situar a investigación de Yus (2001), pois céntrase en analizar as propiedades que presenta a interacción conversacional entre as persoas usuarias con independencia da súa localización física e tamén nas posibilidades que ofrece o medio virtual para xerar redes interactivas que permiten o intercambio sincrónico de información. *Grosso modo*, Yus (2001:79) entende a interacción virtual como unha conversa oral nun soporte escrito, unha nova forma de comunicación cos seus propios códigos de funcionamento que posibilita a creación de vínculos sociais interactivos en forma de comunidade virtual. Trátase dun estudo que inaugura ou que, cando menos, instaura o concepto da *Ciberpragmática*, unha novidosa disciplina que xorde para analizar o uso da linguaxe nos medios electrónicos. En relación coa aparición de novos marcos teóricos e disciplinas, convén mencionarmos Fiorimonte (2003) e Crystal (2011), canto que conforman verdadeiros estudos sistemáticos sobre as relacións entre a lingua e os seus novos contextos de uso. O primeiro traballo, *Scrittura e filologia nell'era digitale*, constitúe unha aproximación moi completa ao fenómeno da textualidade electrónica, en canto o segundo, *Internet Linguistics: a Student Guide*, se configura como unha verdadeiro manual para nos introducirmos na Internet desde unha perspectiva lingüística³⁵⁰ e que, ademais, incorpora as últimas novidades a este respecto³⁵¹.

³⁵⁰ Un pequeno comentario sobre a obra nunha librería dixital (waterstones.com) dá boa conta da importancia desta nova achega do lingüista David Crystal: “The Internet is now an integral part of contemporary life, and linguists are increasingly studying its influence on language. In this student-friendly guidebook, leading language authority Professor David Crystal follows on from his landmark bestseller *Language and the Internet* and presents the area as a new field: Internet linguistics. In his engaging trademark style, Crystal addresses the online linguistic issues that affect us on a daily basis, incorporating real-life examples drawn from his own studies and personal involvement with Internet companies. He provides new linguistic analyses of Twitter, Internet security, and online advertising, explores the evolving multilingual character of the Internet, and offers illuminating observations about a wide range of online behavior, from spam to exclamation marks. Including many activities and suggestions for further research, this is the essential introduction to a critical new field for students of all levels of English language, linguistics and new media” [véxase a seguinte ligazón <http://www.waterstones.com/waterstonesweb/products/david+crystal/internet+linguistics/7981911/>].

³⁵¹ Xa sinalamos anteriormente a rapidez con que os traballos que se enmarcan no ámbito das tecnoloxías fican obsoletos en moi pouco espazo de tempo, e os de natureza non constitúen unha excepción ao respecto. Isto tamén pode observarse na evolución das propias obras de Crystal que, se ben que nun primeiro momento conceden atención á mensaxaría instantánea ou aos chats, nos últimos anos comprobamos que se dedica unha maior relevancia ao correo electrónico e, sobre todo, ás SMS e ás redes sociais. Subscribimos as palabras do autor cando sinala que os estudos lingüísticos sobre a Internet sempre corren o risco de ficaren obsoletos desde o momento en que son escritos (Crystal 2011:11).

Con base no exposto até o de agora, observamos que o estado actual das investigacións sobre a análise do discurso mediado por computador é moi positivo, dado que o número de achegas crece de forma exponencial e, embora o ámbito prioritario do desenvolvemento destas continúe a ser o norteamericano, pouco a pouco comezan a se disipar as fronteiras da disciplina. Mais sen saírmos do contexto dos Estados Unidos, é preciso subliñarmos o labor investigador levado a cabo por Herring (1996a, 1996b, 1999a, 1999b, 2000, 2001, 2002) e por Baron (1984, 1998a, 1998b, 1998c, 2000). O congreso celebrado na Universidade de Sherbrooke en Canadá sobre a CMC no ano 2001 é máis unha mostra da expansión dos traballos de DMC fóra das fronteiras norteamericanas, en que tamén participou Torres i Vilatarsana, nesa altura profesora do departamento de Filoloxía Catalá da Universidade de Barcelona. Entre o elenco de investigadores europeos sobresa a figura do autor galés Crystal (2004, 2006, 2008 e 2011) que ten reflectido en numerosas ocasións sobre a comunicación lingüística na Rede e sobre a natureza da linguaxe electrónica. Centrándonos no ámbito peninsular, cómpre sinalarmos un crecente interese por este novo campo de estudo: alén de destacarmos os traballos de Torres i Vilatarsana (2000, 2001a, 2001b, 2002), cuxos estudos son, en moitos sentidos, unha continuación dos realizados por Herring³⁵², tamén son relevantes as aproximacións levadas a cabo por Mayans (2000a, 2000b, 2000c, 2001 e 2002), Costa Bravo / Jiménez Gómez / Vela Delfa (2003), Vela Delfa (2005) e Álvarez Martínez (2008)³⁵³. E finalmente, no marco de reflexión lingüística no ámbito galego-portugués, son tamén relevantes as achegas de Teixeira (2003a e 2008), centradas, sobre todo, nos novos usos da escrita en contornos electrónicos.

2.2.2.2. Liñas de investigación nos estudos sobre DMC

Na revisión histórica que acabamos de realizar xa se apuntaron algunhas das liñas de investigación que presentan os estudos sobre CMC e ADMC. Con todo, achamos necesario describilas brevemente e acrecentarmos aquelas que non foron mencionadas para ofrecer unha visión estruturada e de conxunto que dea conta das principais áreas de traballo³⁵⁴:

1. *A comparación entre a comunicación presencial e a comunicación mediada*: o obxectivo da presente orientación é a comprensión dos efectos da mediación na comunicación lingüística. Nesta liña, estúdanse os mecanismos que desenvolven os participantes nas interaccións para conseguiren unha verdadeira adaptación ao medio (Herring 1999). En palabras de Bordia (1997), a comunicación mediada por computador preséntase como unha canle pobre onde, porén, se producen interaccións cun alto grao de emotividade. O feito de non contar cos recursos paralingüísticos típicos doutras situacións comunicativas provoca que os interlocutores se vexan na obriga de crearen unha serie de mecanismos alternativos, entre os cales destacan os emotícones (véxase Torres i Vilatarsana 2001).
2. *Os vínculos entre o discurso electrónico coa dicotomía oral/escrito*: Esta liña de investigación é, con diferenza, unha das máis desenvolvidas e aquí podemos enmarcar autores como Baron, Crystal, Herring e Yus, entre os máis coñecidos. A clasificación do discurso electrónico tórnase unha tarefa complexa, pois non pode ser definida como unha

³⁵² Podemos considerar, en certo modo, Torres i Vilatarsana como discípula de Herring ou, cando menos, como a responsábel de introducir no ámbito peninsular as liñas de investigación propostas pola lingüista norteamericana, con quen traballou durante algún tempo.

³⁵³ Desde o ámbito catalán, tamén destaca a organización da *I Xornada da Comunicación Mediada por Computador en Catalán* celebrada en Barcelona no ano 2000.

³⁵⁴ Nesta epígrafe seguiremos o sinalado por Vela Delfa (2005:159-168).

variedade da modalidade escrita tradicional. Por esta razón, moitos traballos clásicos³⁵⁵ centraron a súa atención no estudo da oralidade nas interaccións mediadas por computador. As propiedades do medio en que ten lugar este discurso conducen a unha definición híbrida do texto, que se configura como un espazo difuso en que os elementos da oralidade se filtran nos textos escritos (Vela Delfa 2005:159)³⁵⁶.

No tocante á comparación co discurso oral, a maior parte das investigacións centra a súa atención nos efectos que causa a ausencia de elementos non verbais na comunicación electrónica, como acontece en Lane (1997a, 1997b), Hentschel (1998) ou Jonnson (1998), en canto que nos estudos que opoñen o discurso electrónico coa modalidade escrita o interese costuma estar focalizado no carácter interactivo do medio. Boa mostra desta orientación son os traballos de Lameiro / Sánchez (1998), Mayans (2000a, 2000b e 2001) ou Labbe / Marcoccia (2005). Con todo, tamén existen outros traballos centrados na análise das variacións ortográficas e lexicais que presentan os textos electrónicos en relación con outro tipo de discurso que, segundo Sotillo (2000), Torres i Vilatarsana (2002) e Costa Bravo / Jiménez Gómez / Vela Delfa (2003), poden ser consideradas como unha marca de afastamento do formalismo propio da linguaxe escrita.

3. *Aspectos relativos ás manifestacións de corte pragmático na Rede*: os traballos que analizan a cortesía na Rede ou a *netiquette* enmárcanse nesta focaxe teórica, do mesmo modo que aqueles que centran o seu interese en fenómenos pragmáticos máis xerais. Na mesma liña, cómpre destacarmos a investigación de Yus (2010), que parte da perspectiva da teoría da relevancia de Sperber e Wilson³⁵⁷, mais tamén son importantes as obras de Baym (1995), Escribano Otero (1998), Shea (1994) ou Torres i Vilatarsana (2001a).
4. *A textualidade na Rede*: podemos agrupar nesta epígrafe os traballos relacionados cos mecanismos de coherencia (Herring 1999a), coa conectividade e a intertextualidade (Payà 2000) e os de tipoloxía textual (Gruber 2000, Marcoccia 2003, Fiormonte 2003 e Vela Delfa 2005).
5. *A análise da conversa en relación coas interaccións electrónicas*: se ben que dunha forma ou doutra as anteriores liñas están vinculadas coa análise da conversa, esta orientación concede especial atención aos fenómenos relativos ás unidades conversacionais, isto é, á xestión dos turnos de fala, á alternancia de vez, á constitución de pares de adxacencia ou á relevancia das intervencións, aos actos conversacionais etc. Como sinala Freixeiro Mato (2006, IV:21), a análise da conversa é unha disciplina que traballa con datos reais estudados no seu contexto de ocorrencia debido a que apareceu vinculada á socioloxía interaccionista. Por esta razón, “posúe tamén regras propias de transcripción da conversa, na procura dos detalles non só verbais senón tamén

³⁵⁵ Véxase Ferrara / Brunner /Whittmore (1991), December (1993, 1994), Davis y Brewer (1997), Abdullah (1998) e Baron (1998).

³⁵⁶ Como veremos en epígrafes posteriores, se ben que non podemos agrupar o discurso electrónico dentro da modalidade escrita tradicional, tampouco pode identificarse completamente coas propiedades do texto oral. Yates (1996) sostén, a este respecto, que o DMC posúe determinadas propiedades que o converten nunha modalidade distinta tanto do discurso oral como do escrito (véxase 2.2.3).

³⁵⁷ Como se indica na contracapa do propio traballo, constitúe unha achega que aspira a unificar, desde a perspectiva da lingüística pragmática, unha serie de estudos que ten como elo común a comunicación humana a través dos dispositivos electrónicos e da Internet. Para alén disto, tamén é a primeira vez que a teoría da relevancia se aplica de modo sistemático á análise da CMC, embora as características desta variedade de comunicación sexan idóneas para a realización de aproximacións pragmático-cognitivas desde esta focaxe teórica. Trátase, por tanto, dunha obra de referencia para todas aquelas persoas interesadas nas mudanzas que o medio dixital e a Internet producen no modo en que nos relacionamos e interpretamos a información (Yus 2010).

entonacionais ou paralingüísticos que tiveren relevancia”. En relación con isto, as investigacións que se realizan no medio electrónico céntranse, fundamentalmente, no estudo dos novos recursos desenvolvidos para dar resposta ás carencias comunicativas motivadas pola ausencia de presencialidade. Configúrase como unha liña de investigación moi cultivada e nela podemos situar os traballos de Herring (1999), Violi (1998), Suler (1997), Mitra (1999), Reed / Ashmore (2000) e Araújo e Sá / Melo (2003).

6. *As investigacións desde a perspectiva da análise crítica do discurso*: constitúe a orientación máis afastada da Lingüística, pois ocúpase das manifestacións discursivas sobre cuestións sociais, cal os estudos sobre as hierarquías do poder na Rede ou aqueloutros sobre as relacións entre o sexo e a participación e mesmo sobre o acoso sexual en contornos computacionais. Existe multitude de aproximacións que se interesan polo discurso, na medida en que este supón o punto de partida para estudar as relacións entre as persoas usuarias como actantes sociais. Agrúpanse nesta epígrafe os traballos sobre a identidade (Turkle 1994, Bays 1998, Mayans 2000c e Bertrán / Pérez / Callén 2002) e a creación de comunidades na Internet, ben a respecto das comunidades virtuais en sentido estrito (Rheingold 1993, Jones 1997, Gómez Cruz 1998, Liu 1999 e Hebrard 2001) ou ben en relación co impacto das tecnoloxías da información e da comunicación nas comunidades preexistentes (Del Brutto 2000, Hinner 2000, Vidal Jiménez 2001 e Martínez Lamparero 2002).
7. *Definición e caracterización dos xéneros electrónicos ou ciberxéneros*: trátase doutra das liñas de investigación que máis resultados está a obter dentro daquelas que xurdiron ligadas a traballos sobre a lingua e o contexto dixital e na cal podemos enmarcar autores cal Swales (1990), Yates / Orlikowski (1992) ou Shephed / Watters (1998), encargados de acuñaren o termo “ciberxénero” para se referiren á tipoloxía de textos electrónicos. Para estes autores, os xéneros constitúen mediadores institucionalizados entre o individuo e a sociedade e, por tanto, asocian cada xénero a unha comunidade discursiva. Consideran tamén que estas modalidades textuais son o resultado de longas negociacións entre os entes sociais, dado que unha vez en uso poden ser mellorados a través de modificacións para conseguiren a súa finalidade cunha maior exactitude. O obxectivo destes traballos consiste en determinar de que modo o espazo electrónico provoca a aparición de novas modalidades textuais ou transforma as xa existentes³⁵⁸, sobre todo porque, de acordo con Branca-Rosoff (2002), unha mudanza nos parámetros situacionais ou nos soportes materiais de transmisión dun xénero implica, de forma necesaria, unha modificación tamén na actividade discursiva. Nesta liña, Labbe / Marcoccia (2005) conclúen que a comunicación numérica³⁵⁹ ten como consecuencia o desenvolvemento de novos xéneros e a transformación dos antigos³⁶⁰. Facemos nosas as seguintes palabras, dado que

³⁵⁸ Con todo, existe grande complexidade para definir cales son estes novos xéneros textuais e que propiedades os caracterizan e, por tanto, os individualizan do resto da tipoloxía textual electrónica e tamén das modalidades discursivas anteriores. Nesta liña, destaca o estudo de Vela Delfa (2005) sobre o correo electrónico, onde se “aborda la cuestión de la definición del género del correo electrónico en su encrucijada con el resto de géneros digitales y con modelos epistolares anteriores a la irrupción de las TIC” (Vela Delfa 2005:163).

³⁵⁹ Entendemos que se refire ao soporte electrónico onde, como xa vimos, os datos viaxan a través de secuencias numéricas formadas por ceros e por uns.

³⁶⁰ Sobre este particular, Shepherd e Watters (1998) dividen os xéneros en diversas categorías desde un punto de vista evolutivo. Esta tipoloxía corresponde, *grosso modo*, aos diferentes estadios do proceso de adaptación ao medio dixital que presentan os documentos electrónicos analizados en Crowston / Williams (2000). Neste sentido, teriamos os xéneros *extant*, que son aqueles que xa existían noutros soportes antes de seren dixitalizados; os *replicated*, constituídos por aqueloutros que sendo dixitais non tiran partido das posibilidades do medio; os *variant*, adaptacións dos xéneros xa existentes mais que se aproveitan dos recursos do espazo

consideramos que definen á perfección esta nova perspectiva desde a que estudar o discurso electrónico:

La revolución informática que supone Internet da lugar al nacimiento de géneros discursivos —y al desarrollo y cambio de los ya existentes— en cuyas condiciones de producción y recepción se conjugan varias voces y diferentes lenguajes, universos mediados por el ordenador cuya meta es la de ser un ejecutor de programas, ámbito de transformación en donde un alfabeto de signos con sus funciones lógico—simbólicas y sus reglas de organización convierten el lenguaje informático en la lengua natural que se refleja en la pantalla. El ordenador es, pues, el instrumento mediador en el que los textos electrónicos se producen y consultan a través de ese gran soporte polivalente; desde este enfoque, la comunicación hombre—máquina es una respuesta a las necesidades sociales de transmisión de datos más exigentes lo que implica un cambio profundo y una evolución continua en el tratamiento de la información y, en consecuencia, de los géneros de escritura y modos de lectura (López Alonso 2002).

Como xa apuntamos, a maioría das investigacións en CMC tivo, cando menos nun primeiro momento, un interese específico e de aplicación particular, de modo que as aproximacións aos ciberxéneros costumaban responder a dous tipos de demandas fundamentais: por un lado, o interese por perfeccionar os modos de comunicación laboral e comercial a través da Rede e, por outro lado, a mellora das interfaces, pois, segundo afirman Shepherd / Watters (1997), un coñecemento máis amplo das actividades desenvolvidas por cada xénero pode indicar como mellorar as súas estruturas. Na mesma liña, Marcoccia (2003) sinala que grande parte destes traballos non foi realizada por lingüistas, mais por expertos en campos tan variados como a informática, a socioloxía ou as ciencias da cognición, de forma que se trata principalmente de achegas sociocognitivas sobre o xénero. Entre estas investigacións destaca a contribución á teoría da situación do xénero aplicada ao dominio do correo electrónico realizada por Bergquist / Ljungberg (1999) ou a de Gains (1999) e a de Ivanova (1999), centradas na análise desta modalidade discursiva e na complexidade dos ciberxéneros.

No marco das investigacións en CMC manifestáronse diversas perspectivas perante os chamados ciberxéneros, a depender da postura adoptada sobre a noción de xénero. De acordo co exposto en Álvarez Martínez (2008:104), existen dúas visións: i) a das persoas que defenden a súa aparición (postura innovadora) e ii) a de aquelas que a negan (postura continuísta). As primeiras seguen os postulados teóricos da New Rethoric norteamericana e entenden o xénero como unha acción lingüística tipificada que xorde como resposta a unha situación recorrente. Esta orientación sostén que os textos electrónicos provocan novas modalidades de interacción social e, por conseguinte, xéneros específicos. Igualmente, tamén son conscientes da importancia da mediatización. Álvarez Martínez (2008:105) explica que “es precisamente el poder *modalizador* de la máquina lo que determina las propiedades textuales de estas producciones, las cuales formarían [...] una *macroclase*, denominada *discurso electrónico*, que, a su vez, se dividiría en subclases, que se corresponderían a los distintos *géneros electrónicos*³⁶¹.”

No lado oposto, as persoas defensoras da corrente continuísta afirman que a mediación tecnolóxica tan só é responsábel dunha mudanza no soporte, mais xulgan que isto non implica o desenvolvemento de novos xéneros discursivos. Noutras palabras, os textos electrónicos constitúen producións sobre situacións enunciativas preexistentes nun novo

electrónico ; e, en último lugar, os *novel*, modalidades discursivas cuxa orixe está directamente relacionada co novo soporte e para os que non achamos correlato noutros formatos.

³⁶¹ Sobre a problemática da terminoloxía textual electrónica, Crystal (2011:9) observa o seguinte: “a rather different terminological question is what to call the various entities which form Internet discourse, such as email, blogs, chats, and tweets. A main aim of Internet linguistics is to establish their linguistic character”.

formato (véxase Marcoccia 2003). Así as cousas, considérase que os medios de comunicación electrónica non conforman un xénero en si mesmo, mais conteñen xéneros xa existentes noutro soporte³⁶². Na mesma liña, xulgan que a chegada da Internet e da Comunicación Mediada por Computador non supón o nacemento de novas tipoloxías textuais, mais, en todo o caso, de novos nomes de xéneros, o que, segundo eles, provoca certa confusión na análise do discurso (Mourlhon-Dallies 2006:20).

2.2.3. Caracterización do DMC

Neste traballo adoptamos a postura innovadora na medida en que consideramos que estamos perante un novo tipo de produción particular que presenta un modelo textual propio e que, embora participe de certas características da oralidade e da escrita, tamén presenta trazos particulares que o definen como xénero diferenciado. Para alén disto, a idiosincrasia do discurso electrónico está determinada pola manifestación do medio nas prácticas lingüísticas. Trátase dun medio de natureza variábel e, xa que logo, o discurso participará tamén desta variabilidade, de modo que algunhas das propiedades que identifican a modalidade electrónica poden presentar certa heteroxeneidade e isto é o que explica as diferentes subclases en que pode dividirse o xénero. Con todo, tamén consideramos que existe unha constante organizadora da actividade cognitiva que permite que os textos que manifestan certos trazos invariábeis na súa organización estrutural sexan recoñecidos como similares e agrupados dentro dun tipo común. As características técnicas do medio do discurso electrónico (o tempo da interacción, a retroalimentación, os vínculos entre a oralidade e a escrita, o número de participantes etc.) serán as que nos permitan determinarmos distintas modalidades de intercambio, mais todas elas presentarán diversos criterios de invarianza determinados principalmente por dous factores fundamentais: i) as marcas discursivas derivadas da presenza dun instrumento mediador e ii) as marcas discursivas motivadas pola actitude dos falantes fronte ao instrumento mediador (Vela Delfa 2005:63).

Por tanto, achamos necesario distinguirmos o discurso electrónico e desbotarmos a hipótese continuísta que considera o medio derivado do desenvolvemento das TIC tan só como un soporte textual novidoso, dado que continuarmos nesta liña levaría consigo ignorarmos o fenómeno revolucionario que supuxo a creación destas novas aplicacións para as prácticas comunicativas do seu usuariado. Desde unha perspectiva pragmática, Fiormonte (2003:109-110) establece catro características principais para a comunicación electrónica:

1. Velocidade e estabilidade: as mensaxes son enviadas nun espazo de tempo moi reducido (segundos) e poden ser lidas pola persoa destinataria en calquera momento, que ten a opción de responder de modo inmediato (o que instauraría unha especie de diálogo telemático) ou salvar a mensaxe, gardala, copiala etc., mantendo todos os trazos do texto electrónico.
2. Tempo e custo: o correo postal e as chamadas telefónicas presupoñen tempo e un custo de xestión que impón límites ás interaccións, tanto cualitativas como cuantitativas, en canto

³⁶² Para o caso dos chats Mourlhon-Dallies (2006:20) acha que este medio electrónico presenta semellanzas formais a respecto doutras modalidades discursivas preexistentes: as conversas simultáneas por telefone entre varias persoas e os foros e os intercambios radiofónicos; igualmente, compara os foros de discusión electrónicos co correo de lectores dunha revista especializada. Sería, pois, un mesmo xénero discursivo que se manifesta en dous soportes diferentes: o papel e o electrónico.

a comunicación virtual evita os custos, reduce o tempo e amplía a posibilidade de comunicación en termos xeográficos e numéricos³⁶³.

3. Accesibilidade e liberdade: na comunicación mediada por computador non existen dispositivos para filtraren a información e isto favorece o envío indiscriminado de mensaxes de todo o tipo. Igualmente, este medio permite dar voz a todas as persoas que tiveren acceso e, por tanto, representa un avance indiscutíbel cara á liberdade de expresión.
4. Autenticidade e seguridade: a maior parte das mensaxes chega á persoa destinataria, pois, en liñas xerais, o único modo de interceptar ou de manipular unha mensaxe é a través do sistema administrador, o que garante de partida a privacidade da comunicación electrónica face á dos medios tradicionais.

Todas e cada unha das características sinaladas por Fiorimonte inflúen no desenvolvemento dunha situación textual específica, dado que as propiedades técnicas condicionan as posibilidades de comunicación; en consecuencia, é preciso coñecermos todos os elementos implicados para realizarmos unha interacción dixital de forma eficiente. Entre os máis relevantes, destacan o tipo de aplicación, a clase de dispositivo, as funcións do programa, as características da interface e o contexto sociocultural en que se enmarca a comunicación. As particularidades sinaladas polo investigador italiano inclúen no concepto de discurso electrónico todas aquelas manifestacións lingüísticas que se xeran nun medio virtual e que presentan un formato dixital, o que, por exemplo, incorporaría a páxina web como texto electrónico, xa que partilla algunhas das características impostas pola figura da mediación (Álvarez Martínez 2008:110). Con todo, para o noso traballo interesan fundamentalmente as producións discursivas en que se pode identificar certo grao de interacción entre os participantes, aínda a sermos conscientes da complexidade de restrinxirmos o concepto de interactividade nestes contornos. Por tanto, convén centrámonos agora naquelas propiedades que nos permitirán determinar as características comúns das textualidades electrónicas e establecermos as pautas de invarianza a que se refire Vela Delfa (2005:63).

En primeiro lugar, e na liña do apuntado por Fiorimonte anteriormente, toda a comunicación está determinada polas condicións da canle que a torna posíbel. Neste sentido, a mediación é un trazo inherente á comunicación, se ben que existen modalidades comunicativas onde a influencia da canle é máis relevante. Este é o caso da CMC e do discurso electrónico que manifestan unha clase de mediación alta, marcada tanto pola figura do computador e do telemóbel como instrumentos de comunicación, como pola da Internet como espazo para a interacción. Este feito provocou que algúns estudiosos considerasen que o medio restrinxe a riqueza expresiva das interaccións e que clasificasen a CMC como un discurso pouco estruturado e cunha coherencia fragmentaria (Álvarez Martínez 2008:111). No entanto, Herring (1999) cuestiona este tipo de afirmacións e formula un interrogante: como é posíbel xustificarmos a crecente popularidade da CMC se esta constitúe un discurso limitado pola necesidade de adaptación ao medio? Os datos que figuran na súa análise sobre o texto electrónico permiten salientarmos que, a pesar dos múltiples solapamentos, da falta de

³⁶³ A este respecto, Fiorimonte (2003:111) afirma que “dal punto di vista del sistema c’è poca differenza fra uno e dieci, fra lo spedire un messaggio in Cina o all’amico sotto casa” ao tempo que engade que “questa flessibilità tuttavia può essere un rischio poiché genera un’enorme mole di informazione non necessaria”. Sobre esta cuestión, tamén Baron (2000:227) salienta, en relación co correo electrónico, que a comunicación mediada por computador é menos custosa e máis conveniente que a dos medios tradicionais: non hai cargas adicionais en función da distancia nin limitacións de lonxitude nas mensaxes, estas poden ser enviadas a calquera hora etc.

coherencia e de continuidade no desenvolvemento dos temas, as persoas usuarias son partidarias deste modelo de interacción, o que para Herring revela dúas realidades: i) a capacidade dos interlocutores para se adecuaren ás características dos novos medios e ii) que a perda de coherencia xira en beneficio dun grao de interactividade máis elevado e dunha utilización máis lúdica da linguaxe³⁶⁴.

2.2.3.1. Factores que inflúen nas especificidades do medio

As circunstancias particulares de enunciación en que se leva a cabo un proceso comunicativo determinado conforman a primeira das variábeis que cómpre termos en conta para o podermos definir. Como xa sinalamos, o contorno computacional en que se enmarca o discurso electrónico afecta especialmente os parámetros de espazo e de tempo, que contan cun tipo de restrición particular. Isto é, nas interaccións electrónicas as mensaxes son tecleadas nun computador ou nun telefone e lidas en formato texto na pantalla doutro dispositivo. Consecuentemente, estes terminais dixitais constitúen do punto de vista da enunciación o contexto da actividade comunicativa, polo que determinan os procesos de produción e os de recepción (véxase Vela Delfa 2005:67 e Cassany 2000:3). Tamén sobre estas cuestións, Crystal (2011:32-34) apunta que “the electronic medium constrains and facilitates human strategies of communication in unprecedented ways” e sinala entre as limitacións o tamaño das mensaxes, o desfase temporal entre a produción e a recepción, a falta de retroalimentación simultánea e, entre as vantaxes, os emotícones, a posibilidade de manter conversacións con múltiples persoas e as ligazóns hipertextuais. No entanto, estes non constitúen todos os aspectos que caracterizan a comunicación mediada por computador: Herring (2007) estableceu diferentes parámetros mediante os cales poden ser definidas as diversas modalidades discursivas que se utilizan no contexto electrónico e agrupounos en dous blocos en función da natureza da fonte que os orixinaba: i) aspectos tecnolóxicos e ii) aspectos sociais. Entre as variábeis do primeiro grupo a investigadora americana sinala as seguintes:

1. Sincronicidade: o tempo en que se realiza a actividade, ben de modo sincrónico ou diferido.
2. Transmisión da mensaxe: a natureza das unidades transmitidas polo sistema –mensaxes, caracteres, liñas etc.
3. Persistencia: o período de tempo que as mensaxes de texto perduran unha vez que son recibidas.
4. Lonxitude: número de caracteres que o sistema permite enviar nunha única emisión.
5. Canles de comunicación: os medios multimedia envoltos (animacións, gráficos, vídeo, audio etc.).
6. Identidade: se as mensaxes son anónimas ou identificadas.
7. Audiencia: se as mensaxes son accesíbeis para o público ou privadas.
8. Adaptación: se o sistema permite que o contido das mensaxes poida ser filtrado, modificado etc.

³⁶⁴ Vela Delfa (2005:67) sinala a este respecto que o discurso electrónico pode ser entendido como o resultado da adaptación á natureza discursiva do medio dixital para salvar as súas restricións e para explotar as súas vantaxes, ao tempo que tamén é o resultado da emerxencia de padróns comunicativos novos e específicos deste novo formato de interacción.

9. Formato das mensaxes: a aparencia que adquiren as mensaxes na pantalla –orde en que figuran, a súa posición en relación con outras mensaxes etc.

Baixo a epígrafe de elementos sociais, Herring identifica os factores que presentamos a seguir:

1. A estrutura participativa: o número de participantes activos ou potenciais que poden intervir nunha comunicación, a cantidade de información, a velocidade de transmisión das mensaxes e o tipo de interacción (pública ou privada, real ou ficticia etc.).
2. As características das persoas participantes: inclúense aquí todos os factores identificados na sociolingüística como variábeis relevantes na análise lingüística, cal a idade, o xénero, o nivel cultural, a educación, as crenzas, as habilidades profesionais etc.
3. Finalidade da comunicación: as motivacións que levan a escribir unha mensaxe, se é enviada por un individuo ou por un grupo (xogar, anunciar un produto, ensinar linguas) etc.
4. Tópicos: o tipo de contido que se considera relevante ou apropiado para unha mensaxe.
5. Ton: o modo ou o espírito da interacción (serio ou divertido, formal ou informal, persuasivo ou colaborativo etc.).
6. Actividade: o medio a través do cal se consegue a finalidade (utilizando o texto, enviando fotografías, engadindo son etc.)
7. Normas: regras relativas á organización, á adecuación e ao tipo de linguaxe que se debe empregar na comunicación.
8. Código: a lingua ou a variedade lingüística utilizada polos participantes, a modalidade usada (escrita / oralidade), o tipo de fonte etc.

Este inventario levado a cabo por Herring (2007) é válido como ferramenta para promover a descrición e a clasificación dos textos electrónicos en diferentes xéneros, mais coidamos que existen determinadas características, algunhas delas xa sinaladas pola autora, que deben ser analizadas con máis pormenor³⁶⁵, sobre todo as relativas ás limitacións espacio-temporais e ás restricións impostas pola ausencia de comunicación non verbal nas interaccións electrónicas.

- **A dimensión espacial**

A respecto da cuestión espacial, as interaccións electrónicas configúranse como unha comunicación *in absentia*, onde as persoas participantes no intercambio non partillan un lugar de enunciación común, mais encóntranse distanciadas no espazo. Con todo, o grao de afastamento pode variar, dado que as modalidades comunicativas presentes no medio electrónico non só serven para poren en relación persoas afastadas por importantes distancias, mais tamén para aqueloutras que poden mesmo partillar situacións comunicativas presenciais e que no momento do intercambio non disfrutan dun lugar común. Por tanto, podemos considerar os medios de comunicación mediada como sistemas que permiten salvar as limitacións naturais que impón a comunicación presencial, principalmente a distancia entre os alocutarios. Esta ausencia dos interlocutores ten como consecuencia a falta de elementos non

³⁶⁵ A propia Herring (2007) é consciente das limitacións que presenta a súa clasificación e sinala o seguinte: “a more general limitation is that the scheme is not in itself a contribution to a theory of genre but is rather a preliminary aggregation of factors that will have to find a place in a theory of CMD genres”.

verbais prototípicos da comunicación presencial, de modo que a interpretación da mensaxe non pode servirse dos elementos cinésicos, da entoación, dos xestos e doutras informacións extralingüísticas (véxase 2.1). Porén, a natureza do medio electrónico permite desenvolver unha sensación de copresenza no espazo virtual, nomeadamente naqueles casos en que os participantes na interacción partillan o tempo da enunciación. Os sistemas de comunicación sincrónica favorecen a creación dun espazo único de interacción representado pola pantalla en que se materializa o intercambio³⁶⁶. Esta dualidade ausencia física / presenza virtual terá repercusións do punto de vista lingüístico, como teremos oportunidade de vermos³⁶⁷.

Estreitamente relacionado co concepto de copresenza virtual e tamén desde unha perspectiva espacial, convén termos en consideración un outro fenómeno importante na análise do discurso electrónico, isto é, a presencialidade dos participantes nos intercambios comunicativos, variábel que segundo Álvarez Martínez (2008:113) remite para o grao de accesibilidade e de dispoñibilidade das persoas participantes perante a aplicación que media no intercambio. Trátase dunha noción relevante porque, por un lado, condiciona a elección do tipo de comunicación máis apropiada e, por outro lado, inflúe na implicación dos interlocutores e determina os factores emotivos que presentan as interaccións. De acordo con Vela Delfa (2005:69), a implicación afectiva costuma ser maior nas interaccións que marcan de modo notábel a presenza virtual das persoas participantes, como a mensaxaría instantánea ou os chats, en canto que os medios de comunicación que carecen destes sistemas manifestan unha maior frialdade. Algunhas das técnicas empregadas polas citadas aplicacións son consecuencia directa do deseño da interface e outras derivan das estratexias específicas dos interlocutores. A este respecto, os sistemas de MI e as Redes Sociais actuais constitúen as aplicacións que permiten codificar mellor a copresenza virtual dos participantes: ofrecen a posibilidade de acrecentaren ou de modificaren comentarios e, igualmente, permiten o uso de pequenas imaxes icónicas –avatars– que marcan a corporeidade dos alocutarios.

Nalgúns sistemas de comunicación mediada existen, alén dos recursos que ofrecen as propias interfaces, outros mecanismos xerados polas persoas usuarias do medio que tamén permiten marcar a súa presenza no intercambio. No caso dos chats, o nome de usuario ou *nick* identifícase coa representación do individuo no contexto virtual. Este pode estar constituído por un nome real ou ficticio, por unha frase e, en ocasións, incorporan longas liñas de caracteres chamativos que o que procuran é unha presentación máis efectista. Sobre este particular, os datos que extrae Bays (2004) da súa investigación sobre as canles dos chats, permiten vermos que moitas liñas de intercambio teñen como único obxectivo comunicativo marcaren de forma efectiva a participación activa dos locutores na interacción. O antedito autor salienta que a presenza na pantalla, concretada pola ocupación do espazo, constitúe un correlato da presenza do locutor no proceso comunicativo.

- **A dimensión temporal**

No relativo ao desenvolvemento cronolóxico dos sistemas de comunicación electrónica, existen dúas modalidades principais: os medios sincrónicos e os asincrónicos. Os primeiros, entre os cales sobresaen o chat e a MI, caracterízanse pola presenza simultánea dos interlocutores que, na opinión de Yus (2001:57), constrúen unha especie de diálogo interactivo textual (véxase 2.2.3.3) que desaparece no momento en que as persoas

³⁶⁶ Yus (2001:79-80) apunta que neste tipo de medios, cal os chats, os participantes están presentes nunha mesma interacción (tempo real) e, xa que logo, existe un sensación de copresenza no espazo virtual, do mesmo modo que tamén se crean vínculos interactivos en forma de comunidade virtual. Véxase 1.2.3.1.

³⁶⁷ Pénlese, por exemplo, nos deícticos, que tanto poden facer referencia ao espazo en que se encontran os interlocutores como ao lugar partillado en que se desenvolve o intercambio. Véxase 3.2.4.1.1.2.1.

participantes desligan o dispositivo. Polo contrario, os sistemas de comunicación asincrónica, entre os cales podemos destacar o correo electrónico e as SMS, conteñen trazos que facilitan o desenvolvemento dunha interacción que se mantén no tempo. Neste sentido, os ditos medios costumaban rexistrar nun historial as diversas interaccións, de modo que contribúen para edificar un contorno comunicativo a cada paso máis complexo³⁶⁸. Tanto Yus (2001:57) como Vela Delfa (2005:70) e Álvarez Martínez (2008:114) concordan con que en calquera destas dúas variedades comunicativas a clave interactiva e o vehículo principal de identidade se basea no texto que as persoas usuarias escriben desde os seus dispositivos electrónicos³⁶⁹. Concretamente, Álvarez Martínez (2008:114) sostén que a diferenza entre ambas as modalidades asenta nunha propiedade tecnolóxica baseada na permanencia textual, quere dicir, no grao de mantemento do texto en pantalla e nas súas posibilidades de almacenamento. Por tanto, teríamos aplicacións que gardan as mensaxes de forma máis ou menos indefinida e aquelas que as non almacenan e esta dicotomía será a que permita distinguirmos os intercambios comunicativos en que a presenza simultánea de emisor e receptor é obrigada –interaccións sincrónicas– daquelas en que os procesos de produción e de interpretación non teñen porque coincidir –intercambios diferidos³⁷⁰.

No tocante aos sistemas sincrónicos, convén repararmos en que na comunicación mediada a interacción nunca é completamente simultánea, xa que se torna imposible salvarmos o lapso temporal que media entre o momento de envío e o de recepción. Este pode variar en función de determinados factores, como a sobrecarga da rede ou as características técnicas dos dispositivos empregados na comunicación. Por tanto, parece necesario establecermos certos graos de sincronidade, pois igualmente o lapso temporal nos sistemas diferidos pode ser moi reducido, de forma que se crea certa sensación de simultaneidade (véxase 2.2.3.2). Adaptamos para os nosos obxectivos a seguinte táboa proposta por Álvarez Martínez (2008:114), porque permite sintetizarmos as diferenzas dos medios de comunicación do punto de vista do seu desenvolvemento temporal:

³⁶⁸ Véxase Yus (2001:57): “La posibilidad de construir un historial interactivo de la red convierte las comunidades en entes retóricos [...] cuyo significado colectivo surge de la experiencia e historia construida desde las contribuciones de los usuarios de la red”.

³⁶⁹ Yus (2001:58) argumenta que o texto serve tamén de portador dos atributos de identidade de quen os escribe e os transmite pola Internet. Trátase de medios interactivos que desposuíron a persoa do corpo e este da súa localización espacio-temporal, de forma que o único que permanece é a identidade textual.

³⁷⁰ No entanto, convén termos presente que na actualidade os sistemas de interacción electrónicos integran cada vez máis funcionalidades de ambas as tipoloxías, de forma que, a pesar de configuraren aínda dúas modalidades diferenciadas, en moitos casos converxen nunha única aplicación difuminando as fronteiras entre unha e outra. Véxase 1.2.2.

COMUNICACIÓN SINCRÓNICA	COMUNICACIÓN ASINCRÓNICA
Mensaxes accesíbeis durante un breve período de tempo antes de seren substituídas polas novas mensaxes	Mensaxes accesíbeis durante un tempo indefinido
Separación temporal reducida entre as mensaxes para non interromper a comunicación	Separación temporal flexíbel entre as mensaxes e sen consecuencias graves no desenvolvemento da comunicación
Recepción das mensaxes de forma instantánea ³⁷¹	Recepción das mensaxes variábel: desde lapsos temporais longos até outros máis reducidos.

TÁBOA 1. Diferenzas entre a comunicación sincrónica e asincrónica

Os trazos particulares presentados terán influencias no tipo de estruturas discursivas que se utilizaren en cada sistema de comunicación. Así as cousas, o feito de que nos sistemas sincrónicos a mensaxe sexa recibida e contestada en cuestión de segundos implica que o modo de interacción se caracterice por producións discursivas máis breves e directas que nos sistemas asincrónicos. Os desfases temporais na comunicación sincrónica poden provocar certo malestar, pois poden entenderse como unha posíbel falta de interese por parte de un dos individuos participantes e, xa que logo, ocasionar o abandono ou o fracaso comunicativo. Sobre este particular, Herring (1999) tamén observa certa incoherencia na comunicación electrónica, xa que o lapso temporal pode descompensar a recepción do intercambio entre as diversas persoas usuarias e provocar situacións en que se quebra a orde linear das intervencións ou onde se afastan os pares de adxacencia. As consecuencias do desfase de tempo nos medios de comunicación diferida son menos relevantes, dado que as aplicacións ofrecen a posibilidade de que a persoa usuaria decida ler ou non unha determinada intervención e en que orde facelo, pois non é necesario que coincida coa orde cronolóxica en que se recibiron. Con todo, no que respecta aos foros de discusión ou ás mensaxes de correo electrónico con máis de unha persoa destinataria, o desfase temporal provocado polas características técnicas do soporte e o desencadeado pola variabilidade no acceso ás mensaxes das outras participantes si pode dar lugar a solapamentos ou a varias reaccións simultáneas, o que pode crear liñas de debate paralelas (Vela Delfa 2005:72).

En resumo, as limitacións espacio-temporais serán as causantes do desenvolvemento destas dúas modalidades de comunicación mediada. As restricións espaciais son eliminadas polos sistemas sincrónicos, que permiten a interacción simultánea tanto en lugares distantes como próximos; e a persistencia textual dos medios diferidos favorece salvarmos as barreiras temporais, xa que os participantes poden regular o ritmo do intercambio segundo a súa dispoñibilidade.

- **Restricións na transmisión de información non verbal**

Do punto de vista da comunicación, a propiedade que máis afasta as interaccións electrónicas das conversas orais presenciais é a ausencia de información paralingüística motivada, como é obvio, pola distancia física entre os interlocutores (Mayans 2002). Xa sinalamos en anteriores epígrafes que a actitude das nosas producións discursivas pode comunicarse de forma non verbal (véxase 2.1): unha determinada entoación achéganos

³⁷¹ Aínda que xa matizamos as características da sincronidade na CMC, continuaremos a utilizar este termo para manter a mencionada dicotomía.

diversas connotacións (rogo, mandato, pregunta etc.), un riso ostensivo pode provocar que un enunciado teña unha interpretación totalmente diferente á que obteríamos directamente do seu contido proposicional (ironía, sarcasmo), do mesmo modo que unha postura concreta ou determinados xestos poden facer variar o significado ou a intencionalidade dos enunciados presentes nunha conversa (Yus 2001:86). No entanto, no discurso electrónico a maior parte destas pistas contextuais non verbais de carácter vocal (paralinguaxe, entoación etc.)³⁷² e visual (xestos, posturas) está ausente debido á compoñente textual das interaccións, o que provoca unha redución das posibilidades interpretativas dos enunciados do punto de vista tradicional. Porén, o usuariado destes sistemas de comunicación electrónica desenvolveu numerosas estratexias que lle permiten compensar as limitacións de tipo contextual. En palabras de Mayans (2002), as persoas que participan nas comunicacións virtuais adaptáanse a estas restricións e comunícanse a pesar delas. Do noso punto de vista, os interlocutores conseguiron mitigar a dita eiva dunha forma verdadeiramente creativa e eficaz e concordamos con Yus (2001:86-87) en que

es necesario subrayar que lo que subyace en esta compensación no es tanto la insatisfacción del usuario con la necesidad de escribir el texto de sus mensajes, como podría parecer a primera instancia. Varios estudios han demostrado que, a pesar de las limitaciones propias de este medio de comunicación los usuarios [...] están bastante contentos con el uso que hacen de él. Más bien, desde una perspectiva pragmática [...] esta compensación se explicaría como los intentos de los usuarios para crear condiciones contextuales que permitan a los demás usuarios extraer la misma interpretación que la que ellos pretenden comunicar, sea ésta evidente (explicaturas, implicaturas fuertes) o sutil (impresiones – implicaturas débiles– manifestadas por el enunciado del emisor y cuya extracción es también, en mayor o menor medida, responsabilidad del destinatario) y, del mismo modo, favorecer una correcta metarepresentación de las intenciones (ej. actitudes) que subyacen en la emisión del enunciado.

De partida, os únicos recursos expresivos con que contan os internautas para se comunicaren son as palabras, que se materializan na pantalla por medio de signos codificados. As limitacións derivadas da natureza física do medio condicionan tamén o tipo de información que se pode transmitir. Nesta liña, nas modalidades de comunicación electrónica a que atendemos no presente traballo –correo electrónico, chats, MI, mensaxes de texto etc.– a canle restrinxe a información susceptible de ser enviada a combinacións de conxuntos de caracteres do código ASCII. Trátase, por tanto, dunha comunicación estritamente gráfica, onde a tecnoloxía condiciona as posibilidades expresivas do usuariado: a cadea de caracteres do teclado determina a capacidade de produción e as propiedades e a configuración da pantalla as posibilidades de recepción (Vela Delfa 2005:73). No relativo á recepción debemos ter en conta que a persistencia textual nas interaccións sincrónicas é limitada, de modo que o texto recibido é substituído polas seguintes intervencións. Así as cousas, a recepción en pantalla presenta un constante dinamismo e implica unha capacidade cognitiva diferente á lectura en papel. E a este respecto, o dominio e a destreza no uso das ferramentas axilizará a comunicación no relativo ao ritmo das interaccións³⁷³.

³⁷² Na opinión de Crystal (2006:37), o texto electrónico difire da oralidade no referente ás propiedades formais do medio, dado que estas son tan básicas que se torna complexo para a xente cumprir a recomendación de escribir tal e como falan. Neste sentido, o campo da prosodia e o da paralinguaxe viran fundamentais para interpretarmos os enunciados pois “non é o que se di, mais como se di” e isto, en moitos casos, é expresado a través de variacións vocais na entoación, na acentuación, na rapidez, no ritmo, nas pausas e no ton da voz.

³⁷³ Esta cuestión tórnase de suma importancia nos soportes sincrónicos, dado que aquelas persoas que non posúan a suficiente destreza para manexaren o teclado poden causar demoras excesivas na aparición das súas intervencións e viraren ineficaz a súa participación na comunicación, nomeadamente se se trata de conversas múltiples.

Para resolver os problemas que pode ocasionar a ausencia de elementos paralingüísticos na comunicación mediada, as persoas usuarias destes sistemas electrónicos deseñaron un conxunto de mecanismos encamiñados a codificaren en formato texto parte do contido intencional das súas producións. Estamos perante un modelo de paralinguaxe alternativa que se aproveita dos recursos que lle ofrece o medio e, en lugar de facer uso das vantaxes derivadas da presenza física dos interlocutores e da natureza material do soporte, o discurso electrónico emprega unha serie de elementos que xira arredor do carácter gráfico do signo. A creatividade mencionada anteriormente maniféstase por medio dunha utilización particular do teclado, que supera as limitacións expresivas que este impón nun primeiro momento; pénsese, por exemplo, en que á diferenza da letra manuscrita, a comunicación electrónica non permite denotar a personalidade do individuo que escribe, pois esta baséase nun conxunto de caracteres estandarizados³⁷⁴. Vela Delfa (2005:74) salienta que o aspecto físico dos caracteres non perdeu interese, mais antes ben todo o contrario, pois os sistemas de procesamento textual ofreceron ao usuariado unha grande cantidade de recursos tipográficos e, en certo modo, isto provocou que se desenvolvese toda unha variedade de convencións en torno á natureza gráfica do signo para expresar a información paralingüística. Nesta liña, Crystal (2006:37) destaca o emprego exaxerado dos signos prosódicos, da puntuación, das maiúsculas, dos espazos en branco e dos símbolos especiais con que conta o teclado para marcar énfase³⁷⁵.

Como vemos, os enunciados textuais dos participantes na conversa electrónica tenden a exercer o mesmo papel que as producións orais nas conversas presenciais: chamar a atención da persoa destinataria, dirixila cara ás intencións da emisora etc., e para isto utilízanse diferentes estratexias textuais e tipográficas, que analizaremos con máis pormenor no terceiro capítulo³⁷⁶. Sobre este particular, Vela Delfa (2005:75) salienta que

todos estes mecanismos, desenvolvidos en función de la estructura formal o imagen exterior del texto y de la letra, se basan en un principio de paracaligrafía. Del mismo modo que el desarrollo de la lectura silenciosa provocó la generalización de la puntuación como guía para facilitar la lectura, reflejando fenómenos como la curva de entonación, estos nuevos mecanismos –muchos de ellos copiados o adaptados de los empleados para la transcripción de textos orales o la escritura de textos cuyo destino es la oralización– responden a la adaptación de la modalidad escrita a un nuevo contexto de interacción.

O discurso escrito carece de expresións faciais, de xestos e de convencións sobre as posturas corporais e a distancia (elementos cinésicos e proxémicos), elementos que son transcendentais na oralidade para expresaren opinións, actitudes persoais ou mesmo moderaren as relacións sociais. O interesante para os lingüistas é determinaren porque estas novidades se desenvolveron só para o soporte dixital, dado que non se trata de restricións

³⁷⁴ Existen múltiples alternativas á disposición do usuariado: tipografías, tamaños, cores, estilos etc., que contribúen para personalizar a nosa escrita no contexto electrónico, mais en calquera caso non supoñen, como a letra manuscrita, un trazo inherente á persoa, na medida en que están ao dispor de toda a comunidade.

³⁷⁵ Nunha clasificación similar á feita por Crystal, Vela Delfa (2005:75) destaca cinco mecanismos fundamentais: i) o emprego de maiúsculas para indicaren a elevación do ton da voz; ii) o uso de reticencias para marcaren a emoción; iii) a repetición dalgún carácter para denotar énfase; iv) a utilización de aspas para xustificaren usos marxinais dun termo; e v) o emprego de emotícones para expresar os estados de ánimo dos interlocutores e a actitude proposicional dos enunciados.

³⁷⁶ Crystal (2006:38) afirma que estes mecanismos serven para revelaren certa expresividade, mais aclara que o ámbito dos significados que designan é pequeno e que se limita a nocións amplas, como pór énfase ou denotar sorpresa ou asombro, mais non é posíbel utilizalos para outorgar outros matices máis sutís. Ademais, sinala que o uso de signos de puntuación non é sistemático e cabe pensar que a respecto dos signos de interrogación ou de afirmación o número só reflicte o tempo durante o que se tivo pulsada a tecla. Por último, embora haxa recursos que se utilizan para expresaren matices de significado, é preciso que existan determinados acordos sobre cales son estas convencións, pois, de non ser así, será difícil saber como teñen de ser interpretados.

exclusivas das tipoloxías textuais electrónicas, mais tamén se manifestan nos textos escritos en papel, como a carta tradicional ou o fax. Noutras palabras, a linguaxe escrita sempre tendeu á ambigüidade debido á omisión da expresión facial e á incapacidade para expresar os trazos da entoación e da prosodia característicos da modalidade oral, mais até este momento non se desenvolveran mecanismos compensatorios como os xa sinalados. Xulgamos que a razón ten que ver coa inmediatez das interaccións que se producen no soporte dixital e co seu afastamento da fala (Crystal 2006:41-42). Na escrita tradicional contamos con máis tempo para pensarmos e contruírmos enunciados que aclaren o seu contido proposicional, como as fórmulas de cortesía, entre outras moi comúns. Porén, no ciberespazo as mensaxes escríbense con rapidez para non perder o fío discursivo da conversa e, por tanto, adoitan carecer das cortesías habituais, polo que nun primeiro momento o contido pode parecer abrupto. Neste sentido, a introdución dun emotícone, por exemplo, non provoca unha demora excesiva e contribúe para dotar o texto de significado paralingüístico³⁷⁷.

Do mesmo modo, a capacidade de retroalimentación nestes contextos fica diminuída como resultado da ausencia da canle visual e da auditiva, inclusive cando a demora temporal entre as interaccións é imperceptíbel. Entendemos por capacidade de retroalimentación, na liña do sinalado por Álvarez Martínez (2008:118), aquela que permite comunicarmos que estamos atendendo ao turno de fala da persoa emisora e contribuindo para o seu desenvolvemento. Normalmente, o tipo de estratexias utilizadas para demostrar o mantemento do *feedback* costuma posuír unha natureza non verbal, de aí que a comunicación electrónica goce de escasas posibilidades de retroalimentación se for comparada coas situacións comunicativas presenciais. Neste punto, cómpre lembrarmos que algunha aplicación permitía que os interlocutores presenciasen a redacción das intervencións das outras persoas participantes (véxase 1.2.2.3): a pantalla dividíase en dúas partes onde ía aparecendo a mensaxe de cada interlocutor, caracter por caracter, conforme se tecleaba. Na actualidade estes sistemas foron reformulados e en grande parte dos medios de comunicación sincrónica, nomeadamente na MI e nos chats das redes sociais, as persoas que participan na interacción só poden saber se os seus interlocutores están ou non a redixir unha resposta como pode verse na figura 6. Con todo, mesmo nestas aplicacións a possibilidade de retroalimentación se encontra moi limitada en relación á comunicación face a face, na medida en que a ausencia de información auditiva e visual diminúe a capacidade de influencia da persoa receptora nas reformulacións que poida estar a realizar a emisora³⁷⁸ e inclusive no establecemento dos turnos de intervención.

³⁷⁷Sobre este particular, Yus (2001:116) subliña a importancia que para a intepretación final dun enunciado posúen as connotacións non verbais que o acompañan e resalta a eficacia destes novos mecanismos. Así, os emotícones poden exercer funcións similares ás dunha mirada, isto é, denotar ironía, complicidade etc.

³⁷⁸ Para Álvarez Martínez (2008:118) o feito de os interlocutores “presenciaren” a redacción da intervención pode facilitar a capacidade de retroalimentación, dado que se o coenunciador está presente no proceso de produción pode dar indicios ao seu interlocutor de que está a ter dificultades para construír unha representación mental adecuada e de que o modelo de interpretación que se está a crear é ambigüo. Non obstante, a investigadora é consciente de que as posibilidades de *feedback* non poden ser comparadas ás da comunicación face a face, a pesar dos logros conseguidos por este tipo de aplicacións.




FIGURA 6. Interface dunha conversa electrónica en *Facebook*

Nos sistemas de interacción electrónica os turnos de fala, do mesmo modo que outras estratexias conversacionais, están suxeitos á secuenciación que impón o software que xestiona a interacción. Os solapamentos e as interrupcións da conversa presencial non costuman producirse na virtual, mais si poden existir interferencias provocadas pola falta de sincronización nos turnos de fala por razóns de índole tecnolóxica. A este respecto, Yus (2001:94) observa que os sistemas actuais ofrecen ao usuariado dúas áreas perfectamente delimitadas e de funcionamento independente para a recepción e o envío de mensaxes e que, por tanto, é posíbel recibir unha mensaxe antes de que se acaba de escribir na outra área, interrupción que con frecuencia obriga a modificar a mensaxe orixinal. Na liña do exposto por este autor, na comunicación electrónica non existen pistas retroalimentadoras visuais que nos indiquen se a outra persoa está interesada nalgún aspecto da conversa á excepción de acotacións icónicas propias dos chats (textos que describen condutas non verbais). Mais este recurso non serve para explicarmos un prolongado silencio que podería ser o resultado de múltiples causas: o noso interlocutor abandonou a conversa, está a conversar con outra persoa, o sistema está colapsado etc. Outro tipo de estratexia retroalimentadora é aquela que tamén se produce nas conversas telefónicas, igualmente marcadas pola distancia dos interlocutores, para manter o contacto e que se corresponde coa función fática definida por Jacobson (1973). Referímonos a mecanismos como *diga?*, *Si?*, *Ola?*, *Escoitas?* destinados a comprobaren, manterwn ou estableceren a comunicación e que no soporte electrónico están representadas por certas convencións textuais como *ok*, *si?*, **riso**, *ahá*, *claro* ou o uso de emotícones, entre outras.

- **Interaccións múltiples**

Na comunicación tradicional é imposible mantermos conversas con máis de unha ou de dúas persoas a un tempo. Como sinala Crystal (2011:25), “entering a room in which several conversations are taking place simultaneously, we cannot pay attention to all of them or interact with all of them”. Porén, nas conversas virtuais o mantemento de interaccións múltiples é unha actividade moi habitual. O exemplo máis claro témolo nas salas de chat, onde podemos observar unha continua xustaposición de conversas sobre diferentes tópicos discorrendo na mesma pantalla³⁷⁹. O usuariado pode atender todas elas, responder en función do seu interese, da súa motivación e, en última instancia, da súa habilidade para teclear. Este

³⁷⁹ No ámbito das conversas privadas a única diferenza é que as persoas usuarias contan con tantas interfaces como conversas mantiveren, o que facilita en maior medida seguir o fío discursivo de cada unha delas sen tanta complexidade como nas interaccións públicas.

feito levou a postular o concepto de *multidiálogo*, que xorde para designar dous fenómenos relativos ao alto grao de interactividade destes contextos: por un lado, fai referencia á participación de máis de dous interlocutores nunha mesma interacción e, por outro lado, tamén se aplica ao desenvolvemento –por parte das persoas participantes– de conversas paralelas, embora non relacionadas, nun mesmo espazo (Vela Delfa 2005:77). Nos dous casos, a participación múltipla pode formular problemas interpretativos e alteracións nas expectativas de relevancia do usuariado. Sobre este particular, Yus (2001:95) sinala como unha posíbel estratexia de mitigación do impacto negativo desta multiplicidade de interaccións escribir sempre o nome ou o alcume da persoa a quen van dirixidas as mensaxes para manter unha certa coherencia interactiva dentro do conxunto de conversas. Herring (1999) denomina este mecanismo *addressivity*³⁸⁰ e, aínda que o aplica ás interaccións nos chats, tamén nas Redes Sociais podemos achar diversos exemplos desta práctica, como se pode observar na seguinte figura:




FIGURA 7. Intercambio múltiple nunha Rede Social

Ligado ao concepto de *multidiálogo* encontramos o de *hiperpersonalidade*, proposto por Walther (1996) para se referir á posibilidade que os sistemas de interacción electrónica ofrecen ás persoas usuarias para manteren máis de unha interacción ao mesmo tempo e en espazos e pantallas diferentes; esta circunstancia, como xa mencionamos, só pode ter lugar en contextos virtuais, dado que nos intercambios presenciais a ausencia de persistencia textual convertería a xestión simultánea nunha tarefa insustentábel do punto de vista cognitivo. Na comunicación mediada existen diferentes niveis de persistencia textual: se ben que nos foros de debate as mensaxes costumaban ser almacenadas, nos chats os intercambios están presentes na pantalla até os participantes realizaren novas contribucións que deslocan as anteriores. Con todo, mesmo o sistema máis efémero da CMC manifesta unha maior persistencia que a comunicación oral³⁸¹. O propio Walther (1996) afirma que o carácter de impersonalidade con

³⁸⁰ Fournel (2004) subliña que se trata dun recurso creado para seleccionar un falante próximo e para o actualizar de futuro locutor a seguinte locutor.

³⁸¹ Vela Delfa (2005:78) considera que a *hiperpersonalidade* debe entenderse como un factor positivo da comunicación electrónica e que, por tanto, contrastaría coas restricións que manifesta a actividade discursiva nestes contextos.

que se describiu en numerosas ocasións a comunicación electrónica favorece a acumulación de intercambio. O mencionado autor emprega o concepto de *multipersonalidade* para facer referencia ao desenvolvemento de personalidades diversas ao mesmo tempo. Trátase dunha característica que permite maximizar a estimulación e, en consecuencia, minimizar o aborrecemento. Quere dicir, multiplica a intensidade do proceso interactivo, dado que concentra un maior grao de interactividade nun único marco temporal³⁸². Herring (1999) alude a esta propiedade para xustificar o suceso dos intercambios electrónicos e para explicar o interese dos internautas nestes medios, a pesar do esforzo que implica a superación das limitacións comunicativas que, de partida, impón o soporte dixital³⁸³.

2.2.3.2 Tipoloxía textual electrónica

Na epígrafe anterior centramos a nosa atención nas propiedades do discurso electrónico que derivaban das propias especificidades do medio en que se produce e determinamos que toda a comunicación está condicionada polas características da canle que a fai posíbel e examinamos o grao de mediación que presentan as interaccións dixitais. Do mesmo modo, na sección introdutoria, realizamos unha aproximación ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación e fixemos especial fincapé na definición dos medios de interacción que estas possibilitaban (véxase 1.2.2). Estes novos contornos comunicativos foron presentados a través dunha breve descrición en que se salientaba, para alén da súa historia e evolución, as características do seu funcionamento, isto é, seguimos un criterio fundamentalmente técnico e atribuímos a cada aplicación un contorno de interacción independente. A pesar de ser certo que en ocasións os usos duns e doutros programas chegan mesmo a se solapar, o que se priorizou nesa descrición foi o medio de aplicación, a súa orixe e a súa evolución e non tanto á súa proximidade no tocante ao tipo de interacción e ao modo de operar do sistema. Nesta sección analizaremos as propiedades discursivas do conxunto de contextos comunicativos que propician os medios de interacción electrónica descritos en 1.2.2 e para iso seguiremos a clasificación realizada por Vela Delfa (2005:122-143), embora tamén mencionemos outras achegas relevantes.

A caracterización dos modos de interacción que se poden identificar no conxunto destes novos espazos comunicativos é fundamental na medida en que constitúen o contexto de produción de interaccións lingüísticas. Estas presentan propiedades particulares e novidosas como consecuencia do instrumento que realiza a mediación e, xa que logo, conforman o primeiro paso para definirmos os recursos lingüísticos e para comprendermos as razóns da súa orixe e da súa funcionalidade no espazo en que se producen³⁸⁴. Neste sentido, a antedita autora define o tipo de interacción con base en cinco criterios: a transitividade, a continuidade, a simultaneidade, o carácter público e o carácter grupal. Na seguinte táboa presentamos de modo simplificado as propiedades asociadas a cada un dos criterios mencionados que manifestan os sistemas descritos en 1.2.2:

³⁸² Porén, convén termos en conta que, a pesar de que presenta vantaxes, o dito trazo tamén pode dar lugar a situacións de conflito derivadas do custo cognitivo que supón a execución de diversas tarefas a un tempo. Esta circunstancia pode provocar que as persoas usuarias cheguen a confundir os diferentes contornos comunicativos e que mesturen as intervencións nunha ou noutra interacción (Vela Delfa 2005:79).

³⁸³ Na mesma liña de Herring, Walther (1996) sostén que a comunicación electrónica favorece a socialización en maior medida que as interaccións presenciais e, por tanto, considera a multipersonalidade unha das características fundamentais para entendermos a súa popularidade.

³⁸⁴ Cómpre termos en conta que a ferramenta mediadora na comunicación filtra na maioría dos casos as súas propias condicións de produción e de interpretación ás modalidades discursivas que alberga e, xa que logo, xera contextos de interacción moi diversos.

Talk	Transitiva	Continua	Bidireccional	Privada	Individual
Grupo de chat	Transitiva	Continua	Unidireccional	Pública	Grupal
Chat privado ³⁸⁵	Transitiva	Continua	Unidireccional	Privada	Individual
Mensaxaría Instantánea	Transitiva	Continua	Unidireccional	Privada	Individual
SMS	Transitiva	Descontinua	Unidireccional	Privada	Individual
Correo electrónico	Transitiva	Descontinua	Unidireccional	Privada	Individual
Foro de debate	Transitiva	Descontinua	Unidireccional	Privada	Grupal
Listaxe de distribución	Intransitiva	Descontinua	Unidireccional	Privada	Grupal

Táboa 2. Trazos dos sistemas de interacción electrónica

Este esquema ofrece, como é obvio, unha aproximación xeral e, por tanto, simplificada das características dos medios da CMC. Nel figuran os valores principais de cada un dos sistemas, mais isto non implica que, en ocasións, as mesmas aplicacións sirvan para realizaren actividades conversacionais complementares que, en certo modo, contradín eses valores, como se comprenderá logo da definición de cada un deles. A modo de exemplo, o correo electrónico e as mensaxes de texto (véxase 2.3) considéranse medios de interacción diferidos desde unha dimensión espacio-temporal. Con todo, os exemplos manexados no corpus (véxase 6. I) demostran que con frecuencia estes sistemas tamén presentan un alto grao de interactividade, similar ao dos medios sincrónicos³⁸⁶ (véxase 2.3.5). As seguintes mostras denotan usos continuos ou semicontinuos das SMS

Interacción 1

Kntxtarn d NY! Jose dl valle, do cntro d stdos glgos, di k x el nn ai problm. Q ye tn q pdir permiso ao bicreitor xo q nn pnsa q s nege [13 xaneiro 2012 18:03]

K bn! Clebrml ns prxms dias, cnd voltrs da viax.Prbns! [13 xaneiro 2012 18:06]

Si, de feito xa o stou celebrando! [13 xaneiro 2012 18:08]

³⁸⁵ A división das conversas virtuais (chats) en dous bloques é necesaria, pois como se pode observar na táboa o número de participantes implicará mudanzas noutras propiedades.

³⁸⁶ A respecto do correo electrónico, Vela Delfa (2005:124) sinala que aínda a se tratar dun medio de natureza descontinua, presenta con frecuencia usos continuos ou, cando menos, semicontinuos.

Interacción 2

Ei, q tal stas? Aptcexe tomar un coffee á noite? Q tñas un bo día. Spro resposta. Muaka [03 de febreiro de 2012 13:53]

Ola! Pois tivn lmañá spantosa! Tou cnsadísima!! Así q ok, x min o do café stá bn, q ncsito dsconctar! Falams logo? Chámame! l bico! [03 de febreiro de 2012 13:54]

• Transitividade

A tradición gramatical define este concepto como a propiedade que posúen aqueles verbos que precisan de un ou máis complementos –alén do suxeito– para conseguiren unha significación plena (véxase Freixeiro Mato 2006, II: 306 e López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2001:319). E aplicado ao texto electrónico utilízase para definir a posibilidade de os interlocutores intercambiaren os seus papeis enunciativos, ou sexa, de o discurso manifestar as propiedades do diálogo. En función desta característica, as aplicacións poden ser transitivas ou intransitivas, a depender de se presentan ou non dinamismo dialóxico. Así, unha interacción comunicativa é transitiva se os trazos da canle ofreceren ás persoas interlocutoras a opción de responderen a través do emprego do mesmo medio de transmisión. Noutras palabras, nestes contextos as mensaxes poden circular en ambas as direccións. Polo contrario, será intransitiva aquela interacción en que as características da canle limitaren o envío da información nun só sentido. Nos intercambios intransitivos a persoa receptora non ten a oportunidade de se converter en emisora, cando menos a través do mesmo soporte. O feito de as interlocutoras poderen alternar os seus roles nunha interacción conforma unha das claves do diálogo, e isto é o que explica que os intercambios transitivos manifesten dinamismo dialóxico e que nos intransitivos este fiquese ausente.

As ferramentas da comunicación mediada que presentan esta propiedade no seu grao positivo son fundamentalmente os sistemas de correo electrónico, os foros, os chats, a mensaxaría instantánea e as mensaxes de texto, en canto as listas de distribución e as webs³⁸⁷, constitúen interaccións de carácter intransitivo, dado que o fluxo de información transita sempre do suxeito produtor cara ao interpretante, sen que sexa posíbel intercambiaren os seus papeis enunciativos. As aplicacións transitivas están deseñadas para permitiren o intercambio comunicativo, de modo que, xa de partida, son capaces de soportaren a posibilidade dunha resposta efectiva por parte das persoas participantes na conversa. Canto máis rápida for esta, maior dinamismo manifestará o intercambio. Así, os chats constitúen o contexto máis propicio para crearen situacións dialóxicas onde todas as persoas posúan o mesmo status de emisión; aliás, o desenvolvemento da interacción nun tempo próximo ao real acentúa a sensación de tránsito da información.

Para considerarmos unha aplicación electrónica como transitiva esta debe garantir a identificación e a localización do interlocutor. A interacción pode ser realizada ou ben por conexión directa como acontece no caso do sistema *Talk*, ou ben a través dunha aplicación mediada, cal os chats, onde a conexión entre os dispositivos non é directa. As SMS identifican, salvo excepcións³⁸⁸, o número de telefone do terminal desde o cal se emite unha

³⁸⁷ Vela Delfa (2005:59) inclúe a páxina web como un tipo de texto electrónico, mais, como xa indicamos anteriormente, a nosa análise focalizará a súa atención naqueles discursos producidos en situacións de interlocución, embora recoñezamos que a web participa de moitas das características sinaladas para a textualidade electrónica impostas pola mediación.

³⁸⁸ Podemos distinguir con clareza dous casos en que este medio se aproxima da intransitividade: por un lado, nas mensaxes anónimas, que non se poden responder por descoñecemento do enderezo da persoa emisora e que constitúen un exemplo de intransitividade por anonimato; por outro lado, esta propiedade tamén se manifesta

mensaxe, de xeito que, na teoría, sempre é posíbel enviarmos unha contestación. E o mesmo acontece para o caso do correo electrónico, en que se pode identificar a caixa de correo e o enderezo desde a cal se envía un determinado texto e, xa que logo, dirixir unha resposta. É preciso, no entanto, termos en consideración que se ben que a táboa presentada no inicio delimita as fronteiras entre un sistema e outro, a clasificación destes contornos comunicativos nin sempre é clara, pois achamos ferramentas que poden desenvolver situacións transitivas e intrasitivas, do mesmo modo que o sinalado anteriormente para o caso da temporalidade. Por esta razón, deberíamos referirnos máis propiamente á existencia dun continuo en que as distintas aplicacións se sitúan en función do grao (máis ou menos alto) en que se manifesten as ditas propiedades³⁸⁹.

- **Continuidade**

As interaccións nos contornos electrónicos manifestarán maior ou menor grao de dinamismo dialóxico a depender da súa continuidade, isto é, da existencia ou non dun tempo de enunciación partillado polos interlocutores. Por tanto, consideramos que unha interacción será continua sempre que os participantes se mantiveren reciprocamente accesíbeis ao longo da interacción. Se, polo contrario, as persoas usuarias non poden estar presentes no momento da enunciación, o intercambio será catalogado como descontinuo, pois levarase a cabo nun tempo diferido. Esta propiedade corresponde á caracterización das interaccións en sincrónicas ou asincrónicas (véxase 2.2.3.1). A escolla terminolóxica levada a cabo por Vela Delfa (2005:128) está xustificada polo desexo de acrecentar un matiz que, incluíndo a alusión temporal, faga tamén referencia ao concepto de accesibilidade. Neste punto adquire unha grande relevancia a noción de sesión (véxase 2.3.5.1), termo con que nas interaccións electrónicas se alude ao espazo de tempo que transcorre entre o inicio e o final da accesibilidade dun determinado interlocutor. Para poder considerarmos unha interacción como continua, esta debe reunir as seguintes condicións: i) unha ferramenta mediadora da comunicación (normalmente un computador ou un terminal telefónico); ii) a aplicación que permite desenvolver a comunicación; e iii) a xanela en que esta se leva a cabo.

Téndomos en conta as características técnicas mencionadas, sería posíbel mantermos interaccións continuas a través dos chats, da mensaxaría instantánea, das SMS, do correo electrónico e mesmo dos foros de debate. Sempre que se producira unha accesibilidade recíproca, as interaccións que soportan estes sistemas poderán definirse como continuas. Outras, como as listaxes de distribución tornan complexo que os interlocutores poidan desenvolver sesións nun tempo partillado. Con todo, existen determinadas propiedades técnicas que limitan a accesibilidade, de modo que este trazo será menor en aplicacións como as SMS ou os correos electrónicos e máis evidente noutras como o chat. Por tanto, embora outras aplicacións poidan desenvolver interaccións continuas, prototipicamente esta característica é específica da MI, dos chats e do Talk, mentres que as outras ferramentas

naquelas mensaxes enviadas a través de sistemas de reenvío automático, entre as cales destacan as de tipo publicitario. En ambos os casos non é posíbel establecermos unha interacción e, por tanto, están carentes de dinamismo dialóxico.

³⁸⁹ Como se indica en Jiménez Gómez / Vela Delfa (2004), algúns medios electrónicos ofrecen a posibilidade de combinarse entre si: nas web, as persoas usuarias poden manifestar as súas opinións a respecto do contido da páxina a través de comentarios que poden ou non aparecer publicados. Estas respostas poden realizarse ben a través do correo electrónico, ben a través de mensaxes de texto, ben en espazos destinados a esta finalidade, como os foros. Como sinalan as anteditas autoras, estamos perante casos límite, pois cando se crea un foro de debate no seo dunha páxina web, aquel consitúe un xénero diferente e un contorno de interacción independente, e o mesmo acontece se a resposta se produce a través de SMS ou do correo electrónico.

costuman soportar interaccións de tipo discontinuo³⁹⁰. Mais como se puido observar, os sistemas asincrónicos son susceptíbeis de permitiren usos sincrónicos se o así favoreceren a rapidez das conexións e a accesibilidade das persoas usuarias; porén, nin todos os sistemas sincrónicos fan posíbel utilizacións asincrónicas, dado que moitos deles presentan unha persistencia textual mínima, isto é, non dispoñen de espazos de almacenamento. Na actualidade os diversos contornos comunicacionais están a converxer para complementaren as súas funcionalidades e para ofrecer un servizo máis completo. E, neste sentido, a accesibilidade constitúe a noción fundamental para o desenvolvemento das interaccións electrónicas, xa que resulta primordial para decidirmos que tipo de interacción é a máis apropiada nun determinado contexto.

- **Bidireccionalidade**

Esta propiedade será a que máis aproxime os sistemas de conversa electrónica das interaccións presenciais, na medida en que se caracteriza pola posibilidade ou non do desenvolvemento simultáneo dos procesos de produción e de interpretación. Un medio será bidireccional se as anteditas actividades coincidiren no tempo, mentres que se o desenvolvemento do intercambio se realizar de forma sucesiva, este conformará un sistema unidireccional. A bidireccionalidade é o trazo que mide a adecuación temporal entre o tempo de produción e o de interpretación nas intervencións dos participantes, isto é, ten en conta se a canle permite non só a circulación da información en dúas direccións, mais tamén a recepción da mensaxe durante o proceso mesmo de produción (Vela Delfa 2005:134). Tamén en relación con esta propiedade, Cherny (1999) e máis tarde Herring (2001) agruparon os sistemas de CMC en dúas categorías: *one-way transmission* e *two-way transmission*. En base á definición da lingüista norteamericana, nos sistemas nunha dirección a mensaxe é transmitida como unha unidade, de forma que os receptores non teñen coñecemento de que lles vai ser enviada até o momento en que a reciben. Por tanto, non asisten ao seu proceso de redacción, coas consecuencias que isto implica, sobre todo no que á capacidade de resposta se refire. Nesta liña, o único sistema que presenta esta característica é *Talk*, se ben que a simultaneidade non é cuantificábel en termos absolutos, de forma que podemos referirmos a graos de inmediatez. Sobre esta cuestión, a interacción face a face estaría no grao máximo, en canto os medios asincrónicos se situarían no outro extremo.

Para Yus (2001:123-124) a comunicación mediada carece de simultaneidade no proceso de produción e no de recepción e esta limitación está condicionada polo propio proceso de produción de signos. Noutras palabras, na comunicación electrónica os signos son xerados de forma sucesiva, en canto na presencial podemos transmitir diversos estímulos a un tempo: palabras, xestos etc. Na comunicación virtual o soporte é a pantalla e nela todos os elementos comunicativos teñen de aparecer de modo linear. Así, se quixermos acrecentar un emotícone, a información que nos achegue terá que ser procesada posteriormente á do contido informativo da mensaxe. Por tanto, novamente teremos de recorrer a puntos intermediarios que se sitúen entre a dimensión inmediata dos intercambios en *Talk*³⁹¹ e o

³⁹⁰ Isto tamén está favorecido pola capacidade que teñen os medios de comunicación electrónica para almacenaren as mensaxes. Yus (2001:153) tamén é consciente da dupla posibilidade destes sistemas de interacción cando subliña que podemos consideralos asincrónicos porque os interlocutores non costuman estar conectados ao mesmo tempo. Non obstante, as melloras na calidade e na rapidez de transferencia das mensaxes a través da rede (ben da Internet, ben da liña telefónica) converten estes contornos en medios de comunicación próximos da conversa virtual, dado que as mensaxes poden ser intercambiadas coa mesma velocidade que nos chats.

³⁹¹ Para Vela Delfa (2005:136) a simultaneidade deste medio de interacción maniféstase a pesar de non existir unha copresenza física dos coenunciadores. Esta autora sostén que a adecuación temporal é similar á que se produce nas conversas face a face máis do que en calquera outro contorno electrónico. Para o resto das

carácter diferido das listas de distribución ou dos foros de debate. O concepto de inmediatez está moi vinculado ao de continuidade, dado que ambos fan referencia á dimensión temporal. A pesar de presentaren unha condición diferente, gradual (na simultaneidade) fronte a discreta (na continuidade), podemos establecer unha relación entre eles na medida en que a adecuación temporal sempre vai ser menor nas interaccións descontinuas, onde se torna un valor sen demasiada relevancia. Porén, convértese nun factor importante para clasificarmos os sistemas de comunicación continuos, xa que cada un presentará un grao particular de simultaneidade, como xa sinalamos.

Nestes medios, as intervencións conformaranse en tres tempos: i) a persoa emisora escribe a mensaxe, ii) a emisora decide enviar a mensaxe e iii) a mensaxe aparece na pantalla para que os interlocutores poidan lela. O grao de simultaneidade variará en función do tempo que transcorre entre o segundo e o terceiro paso, que pode ser reducido, como ocorre nos sistemas de MI e de Chat, ou elevado, caso dos medios diferidos, onde a mensaxe permanece almacenada un tempo indefinido e a rapidez do intercambio dependerá da frecuencia con que a persoa interlocutora acceda á súa caixa de correo. Sobre este particular é preciso facermos referencia ás vantaxes das SMS sobre outros medios de comunicación diferidos, xa que as mensaxes se intercambian sen a necesidade de estarmos conectados á Rede, de modo que a accesibilidade dos coenunciadores será maior. Quere dicir, a mediación a través do terminal móbil fai posíbel recibirmos a mensaxe instantes despois de que esta sexa enviada e, á diferenza dos computadores, con estes dispositivos non temos a necesidade de accedermos á Internet e de comprobarmos se existen novas mensaxes na caixa de entrada; neste soporte as SMS son notificadas directamente na pantalla do telemóbel, cuxas características técnicas permiten que nos acompañe as vinte e catro horas do día.

- **Carácter público**

Este trazo está relacionado coa natureza do acceso ao contorno de interacción, que pode precisar ou non dunha identificación. Así, os intercambios poden ser públicos ou privados. Varios sistemas de CMC exixen como requisito un proceso de identificación que permite desenvolver interaccións privadas, en canto outros favorecen unha entrada libre xerando intercambios públicos. Algúns dos exemplos máis claros para o desenvolvemento de interaccións privadas son o correo electrónico e as SMS, dado que por regra xeral representan espazos restrinxidos a que só ten acceso a persoa usuaria que posúe unha determinada conta ou terminal. Tamén os foros de debate e as listas de distribución conforman interaccións privadas, dado que o acceso está limitado ao usuariado subscrito. No extremo oposto encontramos os chats e as páxinas web, onde predomina o carácter público dos intercambios³⁹². Convén termos presente que privacidade non é sempre sinónimo de individualidade: existen moitos grupos de chat e de foros que exixen unha subscrición previa para manter un único nome de usuario durante todo o tempo que se decida utilizar ese espazo de interacción, mais este non ten porque requirir a aprobación do resto das persoas usuarias, de modo que podemos observar que as ditas aplicacións continúan a manter o seu carácter público. Na liña contraria, a mensaxaría instantánea e as Redes Sociais, que permiten manter interaccións entre máis de dous participantes, si precisan do consentimento destes para que se puider levar a cabo; por exemplo, para soste unha conversa nun sistema de MI

aplicacións, a antedita lingüista indica que posúen un carácter case-simultáneo que non chega nunca a presentar un grao de adecuación plena nin unha bidireccionalidade estrita.

³⁹² Esta característica foi unha das que nos levou a desglosarmos o chat en dúas modalidades de interacción, dado que ese tipo de sistema permiten a realización de intercambios públicos e privados coas conseguíntes implicacións. Non obstante, teñen un carácter prototipicamente público.

necesítase que previamente figuren na nosa listaxe de contactos as persoas con quen nos quixermos comunicar, para alén de consentir ou non o desenvolvemento da interacción. A respecto das Redes Sociais e da privacidade, o caso de Tuenti tórnase neste punto significativo, pois o ingreso dun novo membro a esta comunidade virtual só é posíbel a través dun convite por parte doutra persoa que xa posúe unha conta propia, á diferenza de Facebook, onde o acceso é libre (véxase 1.2.1.3.1.2).

- **Carácter grupal**

Podemos definir esta propiedade pola posibilidade de relación comunitaria entre os participantes con base en grupos limitados por un interese común. Deste modo, distinguimos entre sistemas grupais ou non grupais. Outros aspectos xa mencionados, como a asiduidade con que os participantes acceden a un determinado contorno ou a transitividade do medio en cuestión, influirán de forma decisiva para o desenvolvemento de comunidades máis ou menos estábeis en torno a un vínculo de intereses partillados. Isto é o que acontece cos foros de debate e as listas de distribución, onde os internautas se insiren nuns grupos concretos, o que permite que comunidades máis ou menos homoxéneas desenvolvan a súa actividade a través do soporte dixital e o mesmo acontece con algúns grupos de chat (véxase 1.2.2.3). Nesta liña, convén sinalarmos que se ben que os chats permiten interaccións privadas entre dúas persoas usuarias e interaccións múltiples, na actualidade existe unha tendencia cara á interacción en grupos asociativos.

No lado oposto, teríamos de situar aqueles sistemas que carecen de tal pretensión ou que simplemente a secundarizan para se centraren noutro tipo de obxectivos, pois en última instancia todo o sistema de comunicación ten un matiz colectivo. Isto é, todos eles contribúen para pór en contacto unhas persoas con outras para que se relacionen e, na maioría dos casos, estes vínculos son o resultado de partillar determinados lazos ou intereses comúns. As fronteiras, máis unha vez, non son sempre tan evidentes como se presentan na táboa 2, dado que os sistemas de comunicación mediada se combinan para conseguiren diversas opcións a través de múltiples ferramentas. Por tanto, para podermos diferenciar unhas aplicacións doutras é preciso repararmos nos motivos que levan o usuariado a desenvolver a súa interacción e que poden identificarse como estritamente grupais (adhesión a unha comunidade virtual) ou como continuadores de identidades que non se desenvolven de maneira única nun grupo virtual (Vela Delfa 2005:140). Non obstante, a noción de grupalidade non debe asociarse só á posibilidade de recrear situacións de interacción con participantes múltiples, mais tamén debe completarse cun sentimento de adhesión ao grupo de que se trate (véxase 1.2.3.1).

2.2.3.3. O oral e o escrito no discurso dixital

No comezo das investigacións sobre o discurso, os estudiosos costumaban pensar na linguaxe desde dúas perspectivas, isto é, en base á dicotomía escrita ou oralidade. Máis tarde incorporouse a linguaxe non verbal para constituír unha tríade. Na definición destas tres orientacións cobra grande relevancia a noción de medio: así, o medio fónico é o caracterizador da oralidade, o gráfico o da escrita e o visual o da linguaxe sígnica (expresión facial, movemento corporal etc). No entanto, como xa apuntamos en anteriores seccións hodiernamente contamos cunha outra dimensión na comunicación lingüística, o discurso electrónico, e cun novo medio: o soporte dixital. Do noso punto de vista, o medio dixital provoca que a variedade lingüística que alberga sexa diferente da producida noutros soportes e que non poida ser agrupada en ningunha das aproximacións tradicionais que se teñen feito sobre a linguaxe. De acordo con Crystal (2011:17) “after a century of research in several

general and applied linguistic domains, such as grammar, lexicography, stylistics, and foreign language teaching, the chief differences between speech and writing have been clearly identified". Así, a fala é dinámica, espontánea, rápida, pouco planificada, informal, transcorre dentro duns límites temporais concretos e forma parte dunha interacción en que os participantes costuman estar presentes (véxase 2.1.4). A escrita, polo contrario, costuma ser elaborada, planificada, gráficamente rica, prodúcese dentro duns límites espaciais e está limitada parcialmente pola ausencia de contexto visual³⁹³. A interrogante que se formula neste punto radica en determinar cal é o lugar que ocupa o discurso electrónico en relación con estas modalidades e cales son as propiedades que o identifican como entidade independente.

Desde o ámbito anglófono tense utilizado o concepto de “ciberfala” (*netspeak*) para designar a actividade discursiva de natureza textual e mediada que se produce nos contextos dixitais a través de dispositivos electrónicos. Ora ben, nos últimos anos apareceron novos vocábulos que pretenden resaltar as súas propiedades discursivas en función da focaxe teórica adoptada, entre os cales destaca *conversa por escrito* (Young 1994), *texto escrito oralizado e conversa virtual* (Yus 2001), *conversa escrita* (Blanco Rodríguez 2002), *conversa textual* (Chardenet 2004), *texto oralizado* (Oesterreicher 1996), *texto escrito interactivo* (Werry 1996) e *conversa gráfica* (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010). De repararmos en todas as designacións mencionadas, tórnase visíbel a converxencia da oralidade e da escrita para definir esta modalidade textual. Neste sentido, Yus (2001:79) salienta que se trata dunha conversa oral nun soporte escrito e que constitúe unha nova forma de comunicación que posúe os seus propios códigos de funcionamento. Para o autor, o trazo esencial da conversa virtual é a cualidade oral dos textos escritos que as persoas usuarias intercambian entre sí. Nesta liña, a oralidade non só responde á tentativa para comunicar información, mais tamén para se aproximar da interacción presencial, máis rica en matices, e poder expresar a actitude proposicional do emisor presente no texto que tecleou na pantalla³⁹⁴. Para Yus (2001:139) estamos perante un híbrido entre a estabilidade e a formalidade da letra impresa e a calidade efémera e informal da fala.

Esta concepción do discurso electrónico sitúase moi próxima á de Oesterreicher (1996) e Werry (1996). No entanto, nin todos os estudiosos concordan coa dita orientación, pois Mayans (2001), Blanco Rodríguez (2002), López Alonso (2002) e Vela Delfa (2005), entre outros, sosteñen a hipótese contraria, isto é, consideran que non se trata dun híbrido, mais dun xénero que posúe as súas propias características e que, por tanto, pode ser diferenciado de calquera outro xénero escrito ou oral preexistente. De acordo con esta focaxe, achamos que a aparición da comunicación mediada e o desenvolvemento dunha nova forma de interacción discursiva exixen unha revisión dos conceptos de oralidade e de escrita, presentados até este momento como opostos (Blanco Rodríguez 2002). Sobre este particular, Oesterreicher (1996) explica que a diferenciación entre o oral e o escrito non constitúe unha dicotomía, senón unha distinción gradual, ou sexa, un continuo limitado por dous extremos que denomina inmediatez comunicativa (oralidade) e distancia comunicativa (escrita)³⁹⁵. As

³⁹³ Yus (2001:99) indica que nas interaccións que se producen en contornos interactivos os participantes contrarrestan as carencias expresivas do medio virtual escrito cunha dose adicional de imaxinación na xeración de novas formas de connotación textual.

³⁹⁴ O mencionado autor céntrase na análise das implicacións pragmáticas que formula a oralización do texto escrito e desde esta perspectiva defende a superioridade da fala.

³⁹⁵ A noción de continuidade entre os distintos tipos de comunicación foi estudada por Baron (1984:120; 2000:22). A se basear nos factores espacial e temporal, a autora identifica unha relación serial entre a conversa face a face, a videoconferencia e a teleconferencia, a conversa telefónica, os procesadores de palabra nos computadores e a escrita.

diversas realizacións deste continuo van depender de certos parámetros relativos á situación de comunicación e á produción e á recepción dos discursos. Referímonos a condicionantes como a privacidade da comunicación, a relación de proximidade entre as persoas interlocutoras, o coñecemento partillado entre elas, a dependencia do discurso en relación co contexto situacional, a distancia espacial e temporal entre os interlocutores, a cooperación, a finalidade da comunicación etc. (Álvarez Martínez 2008:125).

Esta dualidade intrínseca das interaccións que se producen en contornos virtuais constitúe o factor fundamental que sitúa os textos electrónicos, entre eles as SMS, na encrucillada entre o oral e o escrito. Por un lado, a comunicación no medio dixital é considerada gráfica de acordo coa canle a través da cal se transmite a mensaxe. Por outro lado, se temos en consideración o contexto en que se producen os enunciados e as modalidades lingüísticas empregadas a respecto da situación que rodea o intercambio e das necesidades comunicativas das persoas falantes, a interacción virtual aproxímase máis do oral. Para alén disto, o discurso electrónico non só combina elementos propios do rexistro oral con outros máis característicos do escrito, mais tamén presenta trazos específicos que deben entenderse como o resultado da aplicación de padróns propios aos parámetros sinalados con anterioridade³⁹⁶. Para Crystal (2006:31) “what makes Netspeak so interesting, as a form of communication, is the way it relies on characteristics belonging to both sides of the speech/writing divide”. Nun dos extremos podemos situar a páxina web que, canto ás súas funcións, non se diferencia dos contextos tradicionais onde se emprega a escrita³⁹⁷; no lado oposto, encontramos outros medios de comunicación que se aproximan máis da interacción que caracteriza a fala. É nestes casos onde os efectos sobre a linguaxe son máis significativos. Noutras palabras, en contraposición coa web, as situacións comunicativas que propician sistemas de interacción como o correo electrónico, os foros de debate, as SMS e os chats, aínda expresadas de forma gráfica, conteñen moitas das propiedades prototípicas da fala: dependen do tempo (esperan unha resposta), son efémeras (as mensaxes poden ser eliminadas ou pasadas por alto unha vez que desaparecen da pantalla) e os enunciados manifestan a urxencia e a forza propia da conversa presencial.

Neste sentido, é posíbel establecermos paralelismos entre as interaccións face a face e aquelas producidas no medio virtual. De acordo coa proposta realizada por Payrató (1996:59), a conversa coloquial presenta os mesmos trazos que as interaccións electrónicas, á excepción de que nestas últimas a natureza dos intercambios é escrita e non oral. En liñas xerais, podemos aplicar ás comunicacións mediadas once dos trece criterios con que Sacks / Schegloff / Jefferson (1974) caracterizan a conversa espontánea: i) ambas as interaccións son dialogadas; ii) fala unha persoa de cada vez; iii) a orde dos turnos non é fixa; iv) tampouco o é a duración; v) esta non se especifica previamente; vi) o que din os interlocutores non foi determinado con anterioridade; vii) a distribución das quendas é libre; viii) pode variar o número de participantes; ix) o discurso pode ser continuo ou discontinuo; x) utilízanse diferentes unidades formais para a construción dos turnos: palabras, frases, cláusulas etc.; e xi) existen mecanismos para repararen as transgresións na tomada de turnos. Os outros dous criterios para os cales non é posíbel determinarmos similitudes na conversa virtual son os

³⁹⁶ Razón pola cal nesta epígrafe nos centraremos naqueles trazos que o achegan a unha e a outra modalidade e, do mesmo modo, destacaremos aquelas propiedades intrínsecas do discurso electrónico.

³⁹⁷ En relación con isto, convén sinalarmos que moitas das variedades da linguaxe escrita poden encontrarse na Rede sen máis mudanzas que aquelas que exixir o medio electrónico. Isto é, tamén imos encontrar tipoloxías textuais que utilizan as propiedades xerais da escrita: textos legais, literarios, xornalísticos etc., que mostran as mesmas características que as que utilizan o papel como soporte.

encabalgamentos entre os participantes e as transicións entre as quendas, dado que nestes casos dependen de como xestione as intervencións a ferramenta en cuestión.

Para Torres i Vilatarsana (1999) o intercambio de mensaxes electrónicas, sobre todo nos chats, equidista da conversa e da comunicación escrita até o punto de que se pode falar de conversa escrita (véxase Blanco Rodríguez 2002). Porén, sinala tamén algúns dos trazos comúns máis significativos entre o discurso electrónico e o das conversas presenciais: i) a simultaneidade na emisión e na recepción das mensaxes, o que dá mostra de certo teor interactivo; ii) o emprego de actos ilocutivos e de actos interactivos, que tamén poden ser paralingüísticos, na interacción comunicativa³⁹⁸; iii) a numerosa presenza de parellas adxacentes do tipo pregunta-resposta, saúdo-despedida, isto é, dous enunciados sucesivos producidos por dous participantes no seu respectivo turno de fala, onde o segundo só é previsíbel a partir do primeiro; iv) ambas as modalidades discursivas, virtual e presencial, mostran un estilo informal e espontáneo e, en consecuencia, nelas aparecerán repeticións, elisións, exclamacións, erros gramaticais, incoherencias a nivel textual etc.; e v) na mesma liña, destaca a existencia dunhas estruturas sintácticas e dun léxico coloquial común que conforma unha variedade lingüística cun argot específico. Sobre este particular, cómpre subliñarmos que a escrita oralizada dos sistemas de interacción electrónica intenta reproducir a fonética coloquial da fala, o que ten como resultado a transgresión das normas ortográficas en favor dun maior achegamento á oralidade (véxase 3.2.1), ao tempo que contribúe para tornar as interaccións máis rápidas³⁹⁹.

Mais mesmo naquelas situacións próximas da fala, a conversa electrónica presenta grandes diferenzas en relación coas interaccións presenciais, derivadas sobre todo da influencia da tecnoloxía. Crystal (2006:32-33) indica, a este respecto, que a primeira das distincións é a falta de resposta simultánea: as mensaxes que se enviaren mediadas estarán completas e serán unidireccionais⁴⁰⁰. Do mesmo modo, non temos forma de saber o impacto que a nosa mensaxe causa en canto se está a escribir, se esta foi entendida ou se precisa ser reformulada ou aclarada. Do punto de vista tecnolóxico, os dispositivos mediadores non permiten enviarnos un equivalente electrónico do xesto de asentemento simultáneo (“aha”) ou calquera outra reacción xestual, pois as mensaxes non poden superporse. Estas mesmas circunstancias son aplicábeis tamén nos sistemas de duplo sentido, como naqueles que dividen a súa pantalla en dúas partes coa finalidade de mostraren as mensaxes de ambas as persoas interlocutoras para simularen unha resposta inmediata. No entanto, na realidade non é así, posto que existe, por mínimo que for, certo desaxuste temporal. Outra grande diferenza entre a interacción electrónica e a conversa face a face, tamén resultado da natureza do medio, é que o ritmo do intercambio mediado é máis lento que aquel que se realiza de modo

³⁹⁸ A propia autora é consciente de que “el repertori d’actes interactius no lingüistics en el cas dels xats és més limitat que en la conversa presencial. No és possible assenyalar una ampolla d’aigua perquè algú ens l’apropi, como s’esdevindria en una conversa en el context d’un dinar [...]. Ara bé, també hi ha actes interactius no verbals comuns a xats i converses com és el cas d’alguns gestos facials”.

³⁹⁹ En relación con isto, Vela Delfa (2005:171) afirma que a aceleración do ritmo interaccional constitúe un fenómeno moi característico das conversas virtuais. Isto é, as persoas usuarias intentan manterse na temporalidade característica do diálogo e isto xustifica a aparición de frases breves, da escrita fonética etc. O importante neste tipo de intercambios é manter o ritmo para mostrar que se está a participar de forma activa, ou sexa, para facer ver que se está copresente.

⁴⁰⁰ Sobre esta cuestión, di tamén Crystal (2006:33) o seguinte: “When we send a message to someone, we type it a keystroke at a time- in the manner of the old teleprinters. The message does not leave our computer until we ‘send’ it, and that means the whole of a message transmitted at once, and arrives on the recipient’s screen at once. There is no way that a recipient can react to our message while it is being typed, for the obvious reason that recipients do not know they are getting any messages at all until the text arrives on their screens”.

presencial e, ao tempo, tampouco admite a maior parte das cualidades máis significativas da conversa.

Sobre esta cuestión, convén termos en conta que en aplicacións como o correo electrónico, as listas de distribución, os foros ou as SMS as mensaxes poden demorar en chegar desde segundos até meses. Como xa sinalamos, a frecuencia do intercambio variará en función dalgúns factores como as propiedades técnicas dos dispositivos inmersos na comunicación, a personalidade do usuariado, os seus hábitos (se responde ao instante ou só en horas concretas) e as circunstancias en que este se encontre inmerso (se ten acceso ao terminal en todo momento, conexión á Internet etc.). A este respecto, Crystal (2006:34) subliña que

The time-delay (usually referred to as *lag*) is a central factor in many situations: there is an inherent uncertainty in knowing the length of the gap between the moment of posting a message and the moment of receiving a reaction. Because of lag, the rhythm of an interaction –even in the fastest Netspeak encounters, in instant messaging, synchronous chatgroups, and virtual worlds–lacks the pace and predictability of that found in telephonic or face-to-face conversation. Even if a participant types a reply immediately, there may be a delay before that message reaches the other members’ screens, due to several factors, such as bandwidth processing problems, traffic density on the host computer, or some problem in the sender’s or receiver’s equipment. Even ‘instant’ is relative.⁴⁰¹

A maior parte dos atrasos na transmisión provoca molestias. O tempo de demora relativa que tolera un grande número de persoas costuma durar de dous a tres segundos. No entanto, este pode resultar excesivo para outras, pois constitúe un tempo significativamente maior que o das interaccións conversacionais tradicionais. Un atraso superior aos cinco segundos xerará en moitos casos grande frustración desde ambos os extremos da canle comunicativa. De nos centrarmos no remitente, pode que se lle pasase o momento adecuado para falar, dado que o tema que quería tratar xa foi substituído por outro novo e se afasta da memoria partillada polo resto dos interlocutores. No lado oposto, o da persoa destinataria, a demora recíbese con ambigüidade, pois é difícil inferirmos a causa que a provoca. Os silencios tamén poden producirse nas conversas presenciais e nas telefónicas, mais nestes casos a existencia de quenadas de palabra preestabelecidos contribúen para unha clarificación inmediata⁴⁰². Alén disto, canto máis numeroso for o grupo de participantes que integran a conversa, maior dificultade⁴⁰³. Quere dicir, as demoras entre dúas persoas poden ser molestas, pero son máis doadas de manexar, pois cada participante só ten que se preocupar dun único interlocutor. Por exemplo, de se producir un atraso considerábel nunha situación de correo electrónico ou de SMS, a interacción pode realizarse por novas vías, como o telefone. Mais en contextos de interacción múltipla como nos chats o retraso na comunicación ten consecuencias moi distintas dado que interfere con outro trazo da interacción presencial: o

⁴⁰¹ Para unha aproximación aos efectos das limitacións no ancho de banda na conversa electrónica véxase tamén Cherny (1999).

⁴⁰² De acordo con Crystal(2006:35): “The linguistics strategies which underpin our conversational exchanges are much less reliable in chatgroups. Colin may never get a reaction to his reply to Jane because Jane may never have received it (for technical reasons), may not have noticed it (because there are so many other remarks coming in at the same time), may have been distracted by some other conversation (real or online), may not have been present at her terminal to see the message (for all kinds of reasons), or simply decided not to respond. Equally, she may have replied, and it is her message which has got delayed or lost. When responses are disrupted by delays, there is little anyone can do to sort such things out”.

⁴⁰³ A isto debemos acrecentar máis unha complexidade: canto máis ampla for a diversidade cultural entre os participantes, maior será a dificultade, pois algunhas culturas, cal a xaponesa, están mais acostumadas ao silencio en tanto que forza comunicativa e, consecuentemente, son máis tolerantes, en canto outras, como a americana, se relacionan con intervalos temporais máis reducidos. Para unha aproximación ás perspectivas do silencio véxase Tannen / Saville-Troike (1985).

turno de palabra que, como xa mencionamos, nas interaccións electrónicas non é determinado polos participantes, senón pola ferramenta⁴⁰⁴.

Para alén das cuestións relativas á resposta e á alternancia das quendas, tamén as propiedades formais do medio separan, como tivemos oportunidade de ver, as interaccións electrónicas das presenciais. As características que presenta a linguaxe da Rede e das SMS (véxase cap.3) poden verse como un modo de evitar as ambigüidades e as interpretacións erradas que aparecen cando se exige á linguaxe escrita que achegue a carga de significado que lle corresponde á fala⁴⁰⁵. Trátase de estratexias, compensatorias nuns casos, innovadoras noutros, mais en liñas xerais podemos notar que as interaccións en contornos dixitais posúen unha capacidade moi limitada para transmitir o antedito significado a través de trazos cinésicos, proxémicos e paralingüísticos. En palabras de Crystal (2006:43-44), se a isto acrecentamos a incapacidade para comunicar os aspectos prosódicos⁴⁰⁶ poderemos concluír que a ciberfala se sitúa a unha distancia máis do que considerábel da linguaxe falada. Igualmente, até as mensaxes máis espontáneas conteñen elementos de planificación previa e permiten realizar pausas durante o proceso de produción, do mesmo modo que repasar mentalmente o texto antes de que sexa enviado, e isto non é posíbel na maior parte das conversas face a face. Por tanto, embora esta nova modalidade de comunicación trate de se aproximar da fala, en determinados contextos de interacción está aínda lonxe de a alcanzar. Millard (1996:147) denomina este feito *minimalismo metacomunicativo* e sinala que “textual cyberspace filters away all qualities of a personal self save the highly mediated, acutely self-conscious elements than appear in written language” e acrecenta ademais que “phatic or metacommunicative cues, the linguistic and paralinguistic signs that maintain cognizance of the social relation between the sender and receiver of a message, are drastically reduced in this medium”.⁴⁰⁷

Halliday (1985:379) no seu estudo comparativo entre estas dúas modalidades comunicativas determinou unha serie de características da oralidade que ficán suprimidas no discurso escrito como resultado das limitacións inherentes a este medio. Entre elas cómpre destacarmos a ausencia de trazos gramaticais, fonolóxicos e prosódicos da lingua (entoación, ritmo pausas), a paralinguaxe ou as variacións vocálicas ou xestuais que achegan significado na fala (cualidades da voz, volume, xestos faciais e xestuais) e aquelas pautas que se sitúan fóra do control do individuo e que contribúen para mostrar a súa identidade, cal a gama tonal, a resonancia, a preferencia cara a certos padróns prosódicos ou paralingüísticos etc. Algúns

⁴⁰⁴ Na mesma liña, a maior número de participantes, maiores posibilidades de se produciren solapamentos.

⁴⁰⁵ Pérez Sabater / Peña Martínez / Montero Fleta / Turney (2007:192) sinalan a respecto da focalización de determinados elementos que “if such a process is important in oral commentary, it is evidently all the more so in written commentary as there are more limited possibilities to indicate prosodic focalization of real world state of affairs: prosodic focalization can only be indicated in written language by vowel elongation, capital letters, changes of typeface and a rhetorical, as opposed to grammatical, use of punctuation”.

⁴⁰⁶ No traballo de Wallace (1999:51) sobre o anonimato na Rede indícase que son as propias características do medio a razón principal de que nas interaccións virtuais sexa tan doado mentir e saír impune, á diferenza das que se producen face a face, onde a expresión, o ton de voz e outros xestos permiten descubrir as mentiras con maior facilidade.

⁴⁰⁷ No entanto, o discurso escrito posúe uns mínimos recursos de puntuación para expresar ou reproducir certa información paralingüística e connotacións prosódicas da voz (entoación, ritmo, énfase etc.) e, a este respecto, Halliday (1985:378-379) sinala que os signos de puntuación cumpren tres funcións principais: i) marcaren fronteiras (toda a lingua se organiza en unidades de distinto tamaño que cómpre delimitar); ii) indicaren o status (non chega con acabar un enunciado, mais convén facelo marcando dalgún modo a función lingüística que este desempeñar, isto é, preguntar, afirmar, exclamar etc.); e iii) estableceren relacións (destaca sobre todo o emprego do guiño para indicar unha relación nun espazo entre palabras ou para marcar a oposición dun elemento clausal e as parénteses para indicaren menor relevancia do contido ou información adicional).

autores, a se basearen nestas limitacións, entenden que a escrita é inferior á fala dado que aquela constitúe unha transcripción defectuosa da oralidade (véxase Poyatos 1999). Apropriándonos das palabras de Zires (1999), para estes estudiosos a transcripción implica domesticar o ritmo, conquistar e deter o tempo da palabra fluída, en permanente movemento e transformación. Isto é, introdúcese certa permanencia e lévase a cabo nun espazo relativamente fixo para analizar o texto efémero e fluído que é o texto oral. Transcripción, por tanto, significa tamén traslado, pois a palabra falada e xesticulada ao ser transcrita é trasladada a un libro, onde se converte tamén en letra ou palabra asinada que, segundo o antedito autor, leva o nome, o carimbo ou a identidade da persoa que o compilar ou o analizar e da editorial que o publicará.

Na liña do exposto en Crystal (2006:45), na táboa 3 realizamos un cadro sintético das características da oralidade que se poden manifestar nos distintos sistemas de interacción electrónica. De acordo con este esquema, podemos observar que das ferramentas dixitais existentes a páxina web é a que se sitúa a máis distancia da fala, en canto que as que máis se parecen á conversa presencial son os grupos de chat e a mensaxaría instantánea. Nalgún punto entre estes extremos podemos situar as mensaxes de texto e o correo electrónico. Para o citado autor, estas últimas categorías –chat, MI, correo electrónico e SMS– son as que se aproximan con maior fidelidade da fala, máis do que ningunha outra variedade de escrita tradicional, se ben que tamén sinala que as semellanzas e as diferenzas están moi igualadas ou en todo o caso superadas por estas.

	Web	SMS	Email	Chat	MI
Limitada no tempo	Non	Si, mais de forma diferente	Si, mais de forma diferente	Si, mais de forma diferente	Si, mais de forma diferente
Espontánea	Non	Variábel	Variábel	Si, mais con restricións	Si, mais con restricións
Presencial	Non	Non	Non	Non	Non
Estrutura flexíbel	Variábel	Variábel	Variábel	Si	Si
Interactiva	Non, aínda que aumentan as opcións	Variábel	Variábel	Si, mais con restricións	Si, mais con restricións
Revisión simultánea	Non	Non	Non	Non	Non
Expresividade prosódica	Non	Non	Non	Non	Non

Táboa 3. Propiedades da lingua oral aplicadas á ciberfala

Logo de indicarmos que a conversa virtual non pode identificarse coas propiedades que caracterizan a oralidade⁴⁰⁸, poderíamos esperar que mostrase maiores similitudes coa escrita, dado que, en definitivo, o medio que alberga este tipo de producións é eminentemente textual. Porén, tampouco neste casos a situación é clara, dado que tamén existen notábeis diferenzas. Crystal (2004:76) afirma que a primeira radica na limitación espacial a que está sometida a escrita tradicional, isto é, o feito de que un fragmento de texto sexa estático e permanente na páxina. Nas súas palabras, “if something is written down, repeated reference to it will be an encounter with an unchanged text. We would be amazed if, upon returning to a particular page, it had altered its graphic character in some way”. As interaccións electrónicas, por contra, non se axustan a este parámetro: unha web instalada na Rede pode variar dunha visita para outra por diversos motivos (actualizouse o contido, mudou o deseño gráfico, engadíronse novos elementos etc.). Igualmente, a escrita que se pode observar nestes contornos nin sempre é estática, debido ás posibilidades técnicas que permiten que o texto poida moverse pola pantalla, mudar de cores, aparecer e desaparecer, entre as máis comúns. Se temos en conta a perspectiva da persoa usuaria, na escrita electrónica existen oportunidades para transformaren o texto de moitas formas, impensábeis na escrita tradicional: unha vez que temos o texto este pode ser cortado, colado, eliminado, revisado, anotado, reestruturado etc.

Sen saírmos das características impostas pola limitación espacial, cómpre termos en conta que tamén os sistemas de interacción electrónica mostran diferenzas coa escrita tradicional. A modo de exemplo, as SMS e os correos electrónicos costuman definirse como textos estáticos e permanentes, mais a eliminación automática do texto costuma ser un procedemento moi habitual e, se ben que nos medios asincrónicos as mensaxes presentan un maior prazo de duración, nos medios sincrónicos este tempo pode ser moi reducido. A persistencia textual (véxase 2.2.3.1) constitúe unha das características que máis aproximan o texto electrónico da modalidade escrita e incorpora certas propiedades á conversa que non podemos achar nas interaccións face a face: unha persoa que se introducir no discurso tempo despois de que este se iniciase poderá ver todo o que se dixo, reflectir sobre isto ou reaxir, aínda que a persistencia é relativamente breve se se compara coa duración normal da escrita noutros soportes. Igualmente, nos sistemas en que as mensaxes son almacenadas na orde en que foron recibidas pola aplicación, podemos recuperar unha conversa anterior ou buscar un tema determinado dun modo que non é posíbel na conversa espontánea, a non ser que esta sexa gravada (Erickson 1999). Con todo, na práctica ningún dos sistemas mencionados permite realizar este tipo de actividades con facilidade, sen demora e cumprindo as características da interacción presencial⁴⁰⁹.

A respecto da planificación previa das mensaxes electrónicas, é preciso sinalarmos que podemos achar casos moi diversos, ou sexa, desde persoas que envían mensaxes sen

⁴⁰⁸ Do mesmo modo que Crystal, Baron (2001) establece catro parámetros para determinar as similitudes e as diferenzas entre a ciberfala e a conversa presencial. A lingüista norteamericana sinala que ambas as interaccións presentan un estilo de lingua informal que con frecuencia utiliza contraccións, vocábulos de xiria etc. Porén, a conversa mediada é máis informal que a realizada face a face. A respecto do tempo de resposta, as dúas adoitan realizarse de modo instantáneo, embora a virtual non teña capacidade de influír na mensaxe até que xa foi emitida. De igual forma, as dúas teñen un público limitado, mais as mensaxes electrónicas poden ser enviadas a outras persoas sen o consentimento do remitente orixinal. Por último, no tocante á duración do intercambio, nas dúas modalidades este costuma ser efémero, se ben que na electrónica se pode imprimir, editar etc.

⁴⁰⁹ A característica fundamental da Web é o hipertexto (véxase 1.2.1.3.), e este tamén garda certos paralelismos con algúns dos métodos tradicionais para remitir a certas partes dun texto: notas a rodapé, citacións, índices etc (Crystal 2004:78). Con todo, xulgamos que non se trata dun trazo relevante para caracterizar os sistemas de CMC do punto de vista textual.

ningún tipo de revisión, sen demasiada preocupación polos erros tipográficos, polas incorreccións ortográficas ou por outras anomalías que puideren aparecer⁴¹⁰, até persoas que dedican a mesma atención a revisaren á súa escrita nestes medios, de igual forma que noutro tipo de contextos non relacionados coas tecnoloxías. Ás veces, unha mesma persoa poderá realizar ambas as prácticas a depender de variábeis comúns a outro tipo de producións lingüísticas cal o contexto, os destinatarios ou a idade das persoas a quen se dirixir (véxase 2.1.3). En relación co primeiro factor sinalado, convén repararmos en que determinados sistemas, dadas as súas circunstancias comunicativas, favorecen o emprego dunha escrita rápida e pouco elaborada e a primacía do contido sobre a forma. Isto é, nun contexto onde a presión por comunicar rapidamente é moi alta o importante é transmitir a maior cantidade de información posíbel no menor espazo de tempo. Desde unha perspectiva gráfica, esta situación traducirase nunha menor planificación do texto escrito, nunha falta de revisión e na relaxación das normas ortográficas (véxase cap.3). No entanto, o feito de que se desenvolvesen determinados recursos como os emotícones e outro tipo de convencións gráficas demostra, cando menos, certo grao de inxenio e de creatividade –ambos produto da reflexión– por parte dos internautas.

A escrita electrónica está visualmente descontextualizada, isto é, carece de resposta visual e, neste sentido, é igual que a escrita tradicional. Os medios electrónicos costumaban ofrecer certas axudas visuais para apoiaren o texto. A modo de exemplo, na web pódense incorporar fotografías, animacións, mapas etc., como acontece nalgúns casos cando o soporte é o papel. Porén, no que respecta aos medios de interacción, os sistemas de comunicación mediada poden incluír determinados elementos visuais, como os emotícones e as imaxes de perfil dos alocutarios, ausentes naqueles⁴¹¹. Igualmente, a eficacia comunicativa dos sistemas de interacción electrónica é moi variábel. A este respecto, Crystal (2006:49) subliña que para a web, os foros e o correo electrónico a resposta debe ser un si rotundo, mais o resto dos casos non permiten asentir coa mesma firmeza, isto é, “within the reality parameters established by a virtual world, factual information is certainly routinely transmitted, but there is a strong social element always present which greatly affects the kind of language used”. Así as cousas, canto máis académico for o contexto en que se producir a interacción, máis concreto será o seu fin, en canto que se se tratar de espazos máis lúdicos e sociais, existirá unha probabilidade maior de que o contido dos seus enunciados non ofrezca ningún tipo de información.

⁴¹⁰ Di a este respecto Crystal (2004:79): “This is actually a rather minor effect, which rarely interferes with intelligibility. It is patently a special style arising out of the pressures operating on users of the medium, plus a natural desire (especially among younger –or younger-minded- users) to be idiosyncratic and daring. If I receive an e-mail from M in which he mis-spells a Word, I do not conclude from this that ‘M can’t spell’. I simply conclude that M is not a good typist or was in a hurry. There is nothing truly revolutionary here”.

⁴¹¹ Neste punto debemos ter en conta tamén a importancia da introdución das cámaras web, que están a alterar a dinámica comunicativa das interaccións electrónicas e que permiten salvar grande parte dos obstáculos visuais da comunicación mediada.

	Webs	SMS	Email	Chat	MI
Limitado no tempo	Si, mais con outras opcións	Si, mais de distinta forma	Si, mais de distinta forma	Si, mais con restricións	Si, mais con restricións
Constrinxido	Si	Variábel	Variábel	Non, mais con adaptacións	Non, mais con adaptacións
Descontextualiza do visualmente	Si, mais con adaptacións	Si, mais con adaptacións	Si, mais con adaptacións	Si, mais con adaptacións	Si, mais con adaptacións
Estrutura elaborada	Si	Variábel	Variábel	Non	Non
Comunicativo na práctica	Si	Si	Si	Variábel	Variábel
Revisábel en repetidas ocasións	Si	Variábel	Variábel	Non	Non
Rico graficamente	Si, mais de modo diferente	Non	Non	Non	Non

Táboa 4. Propiedades da lingua escrita aplicadas á ciberfala. Adaptado de Crystal (2006:47).

Outra das características que, como ilustra a táboa 4, permiten compararmos os trazos da modalidade escrita tradicional coa producida en contextos electrónicos é a riqueza gráfica destas manifestacións lingüísticas. Máis unha vez, debemos falar de gradación, pois, na liña do exposto en Crystal (2006:50), se nos últimos tempos o progreso tecnolóxico puxo á disposición do usuariado unha serie de variacións tipográficas e cromáticas que supera con moito o bolígrafo, a máquina de escribir e o primitivo procesador de textos e aumentou as posibilidades de edición convencional (texto animado, son, vídeo etc.), isto non garante que se utilicen de forma apropiada. O estudioso galés indica a este respecto que

despite the provision of a wide range of guides to Internet design and desk-top publishing, examples of illegibility, visual confusion, over-ornamentation, and other inadequacies abound, there are compounded by the limitations of the medium, which cause no problem if respected, but which are often ignored, as when we encounter screenfuls of unbroken text, paragraphs which scroll downwards interminably, or text which scroll awkwardly off the right-hand side of the screen. The difficulties are specially noticeable in blogging, where many pages fail to use the medium to best effect. The problems of *graphic translatability* are only beginning to be appreciated –that it is not possible to take a paper-based text and put it on a screen without rethinking the graphic presentation and even, sometimes, the

content of the message. Add to all this the limitations of the technology. The time it takes to download pages which contain 'fancy graphics' and multimedia elements is a routine cause of frustration, and in interactive situations can exacerbate communicative lag (Crystal 2006:50).

Se confrontarmos os datos que figuran nas táboas 3 e 4 veremos que a ciberfala presenta máis propiedades que a vinculan coa escrita do que coa fala, produto da natureza do soporte que a alberga, de base fundamentalmente gráfica. Con todo, existen diferenzas entre as distintas situacións de intercambio que se producen neste medio. Así, a web aparece como a máis próxima do discurso escrito tradicional, en canto os grupos de chat e a mensaxaría instantánea son aquelas que máis se afastan; por seu turno, os correos electrónicos e as mensaxes de texto situaríanse en posicións intermediarias a cabalo entre a oralidade e a linguaxe escrita⁴¹². Neste sentido, Crystal (2006:51) afirma que "Netspeak is better seen as written language which has been pulled some way in the direction of speech than as spoken language which has been written down", se ben que tamén matiza que expresarmos este fenómeno en relación coa antedita dicotomía pode resultar enganoso en si mesmo. Isto é, o texto electrónico non é equivalente nin á escrita nin á fala, mais manifesta propiedades de ambas as modalidades, que foi incorporando ben por selección, ben por adaptación. No que a isto concerne, Davis / Brewer (1997:19) consideran que se trata dunha fonte ecléctica: ao escribir no contorno electrónico as persoas adoptan convencións do discurso oral e do escrito para satisfaceren as súas propias necesidades individuais comunicativas⁴¹³. Por tanto, o discurso electrónico é máis do que un conglomerado de trazos falados e escritos, dado que ofrece posibilidades que, por separado, os anteriores medios non posuían. De acordo con isto, deberémolo considerar como un novo medio de comunicación en que converxen todas as características apuntadas até o de agora (escrita + fala + propiedades do medio electrónico).

Baron (2000:250) describe a influencia dos medios escrito e oral con base en catro dimensións⁴¹⁴: i) a dinámica social, que fai referencia aos vínculos entre os participantes do intercambio e que se aproxima da escrita, dado que as persoas interlocutoras están fisicamente separados; ii) o formato, isto é, as características que presenta o texto como resultado da tecnoloxía a través da cal se formula, se transmite e se recibe, onde se produce unha converxencia entre a escrita e a oralidade: como na primeira, as producións lingüísticas poden permanecer no tempo e, a respecto da segunda, o texto electrónico costuma estar pouco planificado ou estruturado; iii) a gramática, no referente aos aspectos lexicais e sintácticos das mensaxes: en relación co léxico a ciberfala aproxímase da oralidade, pois emprega con moita frecuencia as primeiras e as segundas formas dos pronomes persoais e un vocabulario informal e coloquial; e canto á sintaxe, máis unha vez achamos a converxencia entre as dúas modalidades: por un lado, unha grande parte dos textos dixitais costumaban presentar cláusulas subordinadas e un número alto de disxuncións como na escrita e, por

⁴¹² Baron (2000:250) explica a este respecto que "the linguistic profile of electronic dialogue that emerged reflected the context of the messages being sent, along with the particular linguistic measure used. If you look, for example, at type/token ratio or frequency of adverbial subordinated clauses, electronic text seems to approximate traditional writing. However, if you focus on contexts where message-senders appear personally involved in what they're communicating instead of being strictly informative, electronic messages more resemble speech".

⁴¹³ Neste sentido, non está demais lembrarmos que moitos dos recursos que os internautas empregan para reproduciren a oralidade no discurso electrónico están tomados daqueles que se utilizan na análise da conversación para transcribiren un determinado texto oral: as maiúsculas para reproduciren a énfase ou un elevado ton de voz, por exemplo.

⁴¹⁴ A lingüista norteamericana aplica esta descrición ao caso concreto do correo electrónico, de modo que poderá variar nalgún aspecto se for aplicada a outros sistemas de interacción mediada como os chats ou as SMS, por exemplo.

outro lado, o uso de tempos presentes e de contraccións aproxímana da fala; iv) o estilo: as eleccións que as persoas usuarias dos sistemas de CMC realizan para expresaren as súas intencións do punto de vista semántico presentan maior similitude coas empregadas na oralidade, dado que manifestan un baixo nivel de formalidade e porque a expresión das emocións nin sempre se controla.

En definitiva, a ciberfala é máis do que simplemente un híbrido entre a permanencia da escrita e a velocidade da fala ou o resultado da converxencia de dous medios de grande tradición. Na liña do exposto en Deegan (2000), os textos electrónicos de calquera tipo non son iguais que os demais textos, mais caracterízanse pola súa fluidez, pola súa simultaneidade (son accesíbeis desde un número indefinido de dispositivos) e por se non degradaren ao seren copiados. Para alén disto, transcenden as limitacións tradicionais para a diseminación textual e as súas fronteiras son volúbeis (debido á forma en que un texto pode integrarse dentro doutros ou mostrar vínculos con outros). Moitas das propiedades que foron sinaladas como específicas do medio teñen consecuencias na linguaxe e combinadas con aquelas asociadas á fala e á escrita dan lugar a un terceiro medio: o discurso electrónico.

2.2.4. Aproximación á linguaxe da informática e da Internet

Como tratamos en 1.2. a informática en todas as súas vertentes é con toda probabilidade o maior expoñente das transformacións que se produciron logo da revolución tecnolóxica: o número de dispositivos electrónicos crece día a día e substitúe os vellos medios de comunicación por outros máis innovadores; o computador e, sobre todo, o telefone ocupan cada vez máis o lugar da radio, da televisión, do equipo de música e mesmo do correo postal, a permitiren concentrar todos os servizos nunha soa máquina. Estes aparellos constitúen para moitos de nós unha ferramenta imprescindible na actualidade, tanto para traballarmos como para estudarmos, comprarmos, mantermos relacións etc. Para Belda Medina (2003:11) o fenómeno tecnolóxico afecta de modo moi directo as linguas, que se ven sometidas a un continuo proceso de mudanza e de adaptación ás novas realidades:

Desde el punto de vista geográfico, el planeta ha sido explorado hasta sus más remotos confines y los viejos cronistas de Indias, encargados antaño de crear un nuevo lenguaje donde cupieran las nuevas tierras e ideas halladas, se han visto sustituidos en parte por informáticos y traductores que tratan de dar cabida en nuestros idiomas a una marea ingente de nuevos términos que aparecen cada día en el ámbito de las nuevas tecnologías. Así, los *navegantes* y *exploradores* humanos del Renacimiento han sido paradójicamente sustituidos por los *navegadores* y *exploradores* informáticos del nuevo milenio.

A difusión da Internet e da Informática e a proliferación de linguas de especialidade deu lugar ao desenvolvemento de novos termos para describiren usos que até este momento eran impensábeis. Segundo Crystal (2006:71), a linguaxe presente no discurso electrónico conforma unha nova variedade en alza e está imbuída dun espírito forte e creativo: as persoas usuarias da Rede están continuamente a procurar vocabulario para describiren as súas experiencias, para captaren a natureza do mundo electrónico e para superaren as limitacións comunicativas que presenta a tecnoloxía. Nesta liña, afirma que o ritmo con que se están a crear novos termos e a introducir variacións sobre os xa establecidos non ten paralelo na linguaxe contemporánea. Este grande desenvolvemento terminolóxico provocou certa incertidume lingüística sobre a ciberfala, o que, por súa vez, está na orixe dalgúns dicionarios de uso, de glosarios e de vocabularios (véxase Benedito 2003) que foron aparecendo nos últimos anos, do mesmo modo que dos libros de estilo que ofrecen ao usuariado unha serie de indicacións sobre a forma de manter interaccións a través do soporte electrónico de forma apropiada. O futuro da ciberfala está, pois, condicionado a que esta nova variedade lingüística

e o seu estilo desenvolvan unha identidade suficientemente sólida e forte como para motivar as novas persoas usuarias a tornárense súa e a lle imprimiren unha nova orientación lingüística, distinta das súas fontes orixinais⁴¹⁵.

A linguaxe que se emprega nos ámbitos da Informática e da Internet está dentro do que se coñece como linguas de especialidade e para o caso do inglés dentro do IPA (inglés para fins profesionais e académicos). Como tivemos oportunidade de tratar en seccións anteriores (véxase 1.2.3.2), a difusión da Rede provocou un predominio da lingua inglesa, debido a que a maioría do contido a que ten acceso calquera persoa usuaria no mundo está redixido neste idioma; na opinión de Belda Medina (2003:16), é a lingua predominante non só na informática, onde é o idioma dominante (*bit, computer, RAM* etc.), senón tamén da Internet (*web, link, e-mail, chat* etc.). Máis unha mostra da influencia do inglés témola no termo con que se denominan as regras de comportamento e de cortesía que se deben cumprir para que as comunicacións realizadas a través deste medio sexan satisfactorias, *netiquette*⁴¹⁶, que con moita frecuencia tamén incorpora certas indicacións de tipo lingüístico, o que non costuma producirse para as interaccións presenciais⁴¹⁷. Fiormonte (2003:114) e Crystal (2006:78-79) sinalan que o primeiro principio para ter en conta é a importancia do medio, o que implica que a linguaxe se adecúe á tecnoloxía: cómpre modelarmos as nosas mensaxes co obxectivo de que se adapten tanto ao soporte como á súa audiencia. Neste sentido, o investigador italiano salienta que o tamaño da pantalla condiciona a lectura impedindo visualizar longos extractos de texto, de aí que a escrita de textos breves sexa particularmente apreciada. Do mesmo modo, tamén se fomenta a espontaneidade e a contundencia face á prosa elegante.

Un outro principio consiste en sermos creativos e creativas: a inventiva lingüística e o xogo en forma de novas palabras e de construcións estrañas é celebrado neste medio. O emprego de enunciados breves e de minúsculas (excepto nos casos en que se pretenda elevar o ton) e, igualmente, a elisión de caracteres ou o uso de cores especiais no tipo de letra das nosas mensaxes, constitúen regras xerais presentes en moitos dos textos que podemos achar na Rede. Como é obvio, nin todas as comunicacións que se producen na Internet e no contexto electrónico se adaptan a tales indicacións, mais o que si podemos observar é que, fronte ao prescritivismo tradicional que privilexia a escrita sobre a fala e a formalidade sobre a espontaneidade, os exemplos neste soporte obran en sentido contrario. Un dos esteos básicos da lingüística é acoller todas as variedades da linguaxe, dado que cada unha delas contribúe para enriquecer cunha nova dimensión o mosaico de efectos expresivos que

⁴¹⁵ Crystal (2006:74-75) sitúa os *hackers* como os iniciadores desta tendencia e indica que á medida que estes construían a Internet tamén configuraban físicamente as súas diversas situacións, de forma que desenvolvían un sentido de propiedade sobre a ciberfala que se reflicte nas focaxes que os dicionarios e os manuais de estilo actuais veñen adoptando.

⁴¹⁶ Para unha análise máis profunda sobre as normas de Rede, véxase Hale / Scanlon (1999), onde se analizan os principios propostos no *Wired Style*. Para as mensaxes de texto poderíamos facer referencia á Text / SMS Etiquette, pois existen na actualidade numerosos sitios web en que se ofrecen unha serie de pautas sobre os contextos en que esta linguaxe debe ser utilizada, cal en <http://www.textetiquette.com>, <http://www.wikihow.com/Practice-Text-Etiquette>, http://www.pcworld.com/article/169139/text_messaging_etiquette_to_text_or_not_to_text.htm ou <http://www.wirelessdevnet.com/newswire-less/thefeature04.html>.

⁴¹⁷ A este respecto, Crystal (2006:77) afirma que os libros de estilo tradicionais resollen dúbidas sobre que linguaxe se considera apropiada en cada ocasión, mais costuma tratarse de conflitos puntuais na variación de uso e non de cuestións relativas á interacción, que se presupoñen coñecidas. Isto é, á diferenza do espazo dixital, na conversa espontánea non esperamos encontrarnos con moderadores que nos avisen de se saímos do tema ou de se dicimos algo inaceptábel nese contexto, como acontece nalgúns medios electrónicos, como os foros, onde a figura do moderador exerce un papel fundamental.

constitúe unha lingua. Por tanto, sería un erro pensarmos que a Internet e o espazo virtual restrinxen a súa linguaxe unicamente ás indicacións anteriormente mencionadas⁴¹⁸. Polo contrario, consideramos que se trata dun medio que admite todo o tipo de estilos de escrita, se ben que algunhas das características presentes en certas situacións electrónicas, grazas ao seu suceso, foron incorporadas noutros contextos, de modo que é posíbel realizarmos algunhas observacións sobre a linguaxe da Internet e da informática no seu conxunto (Crystal 2006:86).

A gramática da Internet abranxe tanto as propiedades dos textos que se escriben neste soporte, ben sexa en forma de chats, correos electrónicos ou SMS, como aqueles trazos típicos da Rede, quere dicir, todos aqueles aspectos morfolóxicos, sintácticos e lexicais que teñen relación coa linguaxe da Internet: tipos de estruturas sintácticas, formación de derivados e compostos neolóxicos, comportamentos morfolóxicos de certos prefixos como *e-* (de *electrónico*) ou a partícula compositiva *ciber-* e cuestións relativas ao xénero e ao número de moitos dos novos termos que se crean arredor da Internet e da Informática, conforme Gómez Torrego (2001). Seguindo este autor, aínda que non se perciben propiedades idiosincráticas de envergadura entre a gramática dun texto na Rede e a doutros textos nun soporte distinto, si hai que recoñecer que é posíbel facermos referencia a graos de aparición de determinados fenómenos: máis oralidade nos textos, menor subordinación, predominio dos tempos en presente, tendencia á condensación etc. Este tipo de trazos constitúe o produto das condicións pragmáticas que rexen no acto comunicativo na Rede: a inmediatez, a rapidez, os factores espacio-temporais e as limitacións do medio, entre outras circunstancias, teñen como consecuencia unha certa relaxación lingüística e, por súa vez, un desenvolvemento da creatividade por parte do usuariado.

Nesta liña, un dos trazos máis significativos da linguaxe da Rede é o léxico, tanto a terminoloxía que se asocia á ciencia informática (*cabo, disco, bit, binario, computador* etc.), que xa fai parte da xiria científica e tecnolóxica, como certo vocabulario necesario para navegar pola Rede e para realizar diversas actividades neste soporte virtual (Sánchez Rei / Mosquera Castro 2013:195-197). En palabras de Crystal (2006:87), isto provoca que a Internet se converta nun dos ámbitos lexicais máis creativos das linguas contemporáneas que afecta todos os procesos lexicais⁴¹⁹. Algúns destes termos costuman estar permanentemente visíbeis e asóciáanse ao software que nos permite utilizar unha determinada aplicación: aparecen en forma de lapelas ou etiquetas que designan funcións ou que especifican opcións ou comandos: *archivo, edición, insertar, colar, ferramentas, xanela, táboa, desfacer, historial, inicio, gardar, abrir, enviar, atrás, fonte* etc. Outros fan referencia á poboación que habita neste medio: *ciredáns, netters, netties, ciberusuarios, surfers, digiterati* etc. Para o lingüista galés, moitas destas palabras son termos habituais a que se deu un novo sentido dentro do contexto da Internet⁴²⁰.

A composición converteuse nun mecanismo bastante frecuente para facer neoloxía: *custo por clique, duplo clique, freeware* (software libre), *shareware* (Software partillado),

⁴¹⁸ Neste sentido, somos conscientes de que non estruturamos sintacticamente igual un texto cando a mensaxe é enviada para unha amizade que cando a diriximos a un individuo descoñecido que posúe un cargo profesional importante, nin será a mesma sintaxe a dun texto que pretenda achegarse da carta tradicional daquel cuxo contido sexa similar ao dunha nota ou ao dun aviso, da mesma forma que o tempo de que dispuxermos poderá provocar tamén mudanzas no modo en que elaboramos os nosos discursos.

⁴¹⁹ Para unha aproximación aos mecanismos de formación de palabras que operan neste campo, véxase Belda Medina (2003).

⁴²⁰ Tamén neste punto Gómez Torrego (2001) subliña o emprego de verbos con réximes diferentes dos da lingua estándar, tales como *colgarse* (o computador) ou *baixar* (un arquivo), entre os máis significativos.

webcam (cámara web), *webmaster* (responsábel da manutención dunha web), *Netspeak* (Ciberfala), *Hotmail* (correo rápido) etc. Sobre esta cuestión, destaca tamén o emprego de *e-*, *ciber-* e de *hiper-* como prefixos ou formas combinadas de función semellante: *ciberespazo*, *cibercultura*, *hipertexto*, *hipervínculo*, *comercio-e* etc. A respecto da sufixación, existe na actualidade unha certa tendencia para xerar novos verbos coa terminación en *-ear* (*chatear*, *formatear*, *cliquear*, *twitear*, *mensaxear*, *teclear*, *escanear* etc.) e en *-izar*, sufixo de grande rendibilidade nos últimos tempos (*informatizar*, *dixitalizar*, *inicializar*, *computerizar*, *monitorizar* etc.). Para o caso dos substantivos destaca o sufixo *-eo* presente en formas como *chateo* e *escaneo*, entre outras. Tamén a través do elemento formante de neocompostos *net* do inglés⁴²¹ –que pode situarse ben no inicio ben no final de palabra– se teñen formado vocábulos como *netiquette*, *Internet*, *intranet*, *Telnet* etc.

De acordo con Gómez Torrego (2001), dentro dos elementos neolóxicos debemos ter en consideración tamén os acrónimos, como *módem*, *CD-ROM*, *emotícone*, *bit* e as siglas, cal *DNS* (Domain Name System), *FAQ* (Frequently Asked Question), *URL* (Uniform Resource Locator), *HTML* (Hypertext Markup Language), *WWW* (World Wide Web) ou *SMS* (Short Message System), pois constitúen unha das características máis destacadas da ciberfala. Do mesmo modo, son frecuentes as combinacións de letras e números como en W3C (World Wide Web Consortium) ou en P2P (Peer to Peer) e a proliferación de abreviaturas procedentes, sobre todo, dos grupos de chat⁴²² e dos mundos virtuais, que máis tarde se estenderon a outras situacións da Internet. A este respecto, Crystal (2006:90) subliña que as tecnoloxías, como os teléfonos WAP (Wireless Application Protocol), debido ás súas pequenas pantallas, provocaron a aparición de todo un novo xénero de abreviaturas. Aliás, os ditos acrónimos non se restrinxen a palabras ou a frases curtas, mais poden representar cláusulas completas e constitúen un dos recursos máis empregados no mundo anglosaxón⁴²³. No que se refire ao galego e, en liñas xerais, a todas as linguas romances, son escasos os acrónimos creados e con frecuencia utilízanse as siglas procedentes do inglés. Entre aquelas máis comúns que se fixeron extensíbeis cómpre resaltarmos *LOL* (“*Laughing Out Loud*” ou “Rindo sen parar”), *BTW* (“*By The Way*” ou “por certo”), *CUL* (“See you later” ou “Vémonos despois”), *BRB* (“Be Right Back” ou “Volto nun anaco”), *OMG* (“Oh my good” ou “Ai, meu deus”) e *T2YL* ou *TTYL* (“Talk to you later” ou “Falamos máis tarde”).

Tamén a grafía distintiva constitúe un trazo característico da linguaxe electrónica. Configúrase como un sistema mellorado en comparación coa escrita tradicional, pois presenta desde un amplo espectro de fontes e estilos até un sistema reducido mínimo onde, agás excepcións, non achamos contrastes tipográficos. Na mesma liña, os signos ortográficos víronse afectados dunha forma ou doutra. “For example, the status of capitalization varies greatly. Most of the Internet is not case-sensitive, which thus motivates the random use of capitals or no capitals at all. There is a strong tendency to use lower case everywhere”

⁴²¹ Convén sinalarmos que, embora este sexa de orixe anglófono, o máis habitual é que a procedencia dos elementos que forman os neocompostos sexa clásica, do latín e do grego nomeadamente.

⁴²² En relación con este vocábulo, Belda Medina (2003:259) indica o que segue: “a estas charlas se las conoce popularmente en inglés y castellano como chats, del verbo *to chat* –charlar–, y a la acción de charlar se la denomina en español *chatear*, un anglicismo parcialmente adaptado al español y criticado por numerosos lingüistas y traductores [...]. No obstante, a pesar de los meritorios esfuerzos etimológicos de lingüistas y traductores [...], lo cierto es que su popularidad ha acabado por imponerle frente al término o términos autóctonos propuestos, no sólo en español, sino en muchas otras lenguas”. Neste sentido, tamén apunta que *chat* debería traducirse, dun punto de vista purista, como *charla* ou *parola*, mais estes termos parecen insuficientes ou demasiado xerais para moitas das persoas que empregan estas canles de conversa interactiva, de modo que *chatear* é, con diferenza, o vocábulo máis popular.

⁴²³ Con base no exposto en Morala (2001), son moi comúns os formados por tres letras, que reciben o nome de *TLAs* (*three-letter acronyms*).

(Crystal 2006:90). O principio de economía lingüística está presente na maioría destes recursos. Por outro lado, a ortografía non estándar, penalizada na escrita formal, é empregada sen ningún tipo de sancións nos contornos comunicativos dixitais: os erros tipográficos non son considerados tanto unha falta de coñecemento da persoa usuaria canto unha manifestación de inexactitude ao escribir no teclado. Nalguns casos emprégase a ortografía non normativa para representar a pronuncia ou a intensidade das emocións transmitidas (*apufffff*), en canto noutras ocasións se trata de usos disidentes que pretenden afastarse da norma e fomentar a transgresión lingüística, como o emprego da grafía *k* en galego. A puntuación, por seu turno, costuma estar ausente na maioría das situacións da Internet no referente aos signos básicos (puntos e vírgulas), en canto noutras o seu uso pode parecer exaxerado e arbitrario, ben a través de combinacións particulares de signos ben por medio de repeticións.

En relación con outro tipo de pormenores lingüísticos, é preciso salientarmos aqueles recursos propios das funcións apelativas e expresivas, como os vocativos, os imperativos, as interrogacións e os enunciados interxectivos. A maioría das producións lingüísticas presentes nos sistemas de CMC aparece truncada ou incompleta, por mor da interferencia doutros participantes e manifesta unha sintaxe elíptica, sempre e cando non impida realizar con suceso unha comunicación. Quere dicir, a sintaxe presenta unha grande fragmentación e resulta pouco elaborada: os enunciados son breves, a subordinación é escasa e existe un predominio do presente de indicativo e, consecuentemente, de todos os elementos deícticos relacionados co tempo do emisor: demostrativos (*este/a/es/as*), adverbios (*agora, xa, neste momento*), formas pronominais (*eu/ti, meu/teu*) etc. Nesta liña, Gomez Torrego (2001) afirma que con frecuencia as cláusulas aparecen desprovistas de conectores ou no caso de se empregaren estes son exclusivos da lingua oral. As conxuncións subordinantes están limitadas a *que* e *se*, en canto abundan as coordinadas, nomeadamente as copulativas e as disxuntivas. Os sistemas de interacción electrónica poden permitirse certas licenzas debido ao seu carácter escrito, que con certeza non se producirían nas conversas presenciais, como acontece co estilo e a sintaxe telegráfica: eliminación de preposicións, conxuncións, artigos etc. e de todas aquelas partículas que poidan ser entendidas sen maiores dificultades no marco do intercambio.

Concluindo, a singularidade lexical, gráfica e sintáctica que describimos nestas páxinas, xunto coas propiedades xerais do medio sinaladas en epígrafes anteriores proporcionan unha base sólida para sostermos que o discurso electrónico constitúe unha auténtica variedade lingüística. Para alén disto, as distintas capacidades e expectativas dos internautas, as rápidas mudanzas que está a experimentar a tecnoloxía informática, a súa crecente dispoñibilidade e o ritmo ao que está a se producir a mudanza lingüística neste medio (moito máis rápida que calquera outro en ningunha época da historia) dan conta do complexo que é afirmarmos nada de forma categórica sobre esta variedade. Noutras palabras, se ben que moitos dos trazos lingüísticos que foron descritos máis arriba continuarán a formar parte da identidade desta durante moito tempo, outros, se callar, pode que non sobreviviran por máis de un ano ou dous (Crystal 2006:98). Trátase, en síntese, dun escenario complexo e que presenta unha enorme variabilidade. Con todo, esta só poderá entenderse se as situacións concretas que se producen no contexto virtual son consideradas en detalle. Neste sentido, o noso obxectivo é contribuírmos para a descrición e o coñecemento das novas modalidades discursivas e das súas variedades lingüísticas, concretamente, das mensaxes de texto e da linguaxe SMS.

2.3. As mensaxes de texto

2.3.1. Cuestións xerais

A extraordinaria expansión dos medios de comunicación enfróntanos a novas canles, a novos códigos e a unha ampla diversificación de textos que, en tanto que ferramentas da cultura, exixen da nosa reflexión (Elgue Patiño 2007). Por esta razón, o noso estudo centra a súa atención sobre as SMS e pretende dar cumprida conta de todos aqueles elementos que consideramos necesarios para a definición do xénero. Neste sentido, aprofundaremos nas características específicas que o enmarcan como modalidade independente dentro das tipoloxías textuais electrónicas (véxase 2.2.3), analizaremos desde unha perspectiva sociolóxica o perfil das persoas usuarias e, do mesmo modo, trataremos de xustificar a razón do suceso desta modalidade comunicativa. Igualmente, describiremos as propiedades paratextuais, a estrutura interaccional e o réxime de enunciación que caracteriza as SMS. Todos estes elementos contribuirán para determinar as propiedades intrínsecas desta nova tipoloxía textual e, da mesma maneira, favorecerán a comprensión das características lingüísticas da escrita SMS –sistema de representación lingüística que se xerou nestes contextos de interacción–, que serán analizadas no seguinte capítulo (véxase 3).

2.3.1.1. Definición

Desde unha perspectiva técnica, as SMS constitúen un sistema de comunicación mediada que favorece o intercambio, o almacenamento e a xestión de mensaxes de texto que, como xa foi sinalado, en ocasións poden verse acompañadas doutro tipo de datos, cal imaxes ou arquivos de son ou de vídeo (véxase 1.2.2.5). Á diferenza doutros sistemas de CMC, para as persoas usuarias se beneficiaren do servizo de mensaxes curtas non é preciso posuíren unha conexión a Internet ou unha aplicación de xestión de correo, mais tan só é necesario contaren cun dispositivo móbil. Isto é, unha persoa usuaria escribe unha SMS utilizando o teclado do seu terminal, introducindo o número de telefone da destinataria e pulsando a tecla “enviar”. Case de modo instantáneo a receptora recibirá no seu dispositivo móbil unha notificación. Esta poderá ler a mensaxe nese momento e responder ou deixalo para máis tarde. Con todo, o noso interese fundamental non se centra só nunha descrición técnica do medio, mais na análise da súa dimensión comunicativa e lingüística e, por tanto, nas páxinas que seguen focalizaremos a nosa atención no estudo da súa proxección en canto fenómeno social e soporte de novos contornos de interacción verbal. Neste sentido e en vista dos datos estatísticos achegados en 1.2.2.5, é posíbel defendermos que as SMS se converteron nun espazo de produción lingüística novidoso que, igual que o correo electrónico ou os chats, figura asociado ao desenvolvemento dun novo xénero textual. Desde unha óptica lingüística, podemos definir as mensaxes de texto como un medio de interacción mediado que permite realizar intercambios de tipo individual ou colectivo, real ou virtual e que se sustenta na transacción de textos dixitalizados cunha forma, función, estrutura, lingua e estilo propios (Vela Delfa 2005:198).

Na liña do exposto por López Alonso (2003a) para o correo electrónico⁴²⁴, xulgamos, igualmente, que a identidade textual que manifestan as SMS implica, por un lado, un

⁴²⁴ A respecto da bibliografía específica, cómpre sinalarmos que en liñas xerais existen grandes lacunas no tocante ás mensaxes de texto e á linguaxe SMS. Nas obras que serviron de base para realizarmos unha panorámica sobre a tipoloxía textual (2.1.4), sobre os trazos do discurso electrónico (2.2) e sobre as implicacións das tecnoloxías no desenvolvemento de novos medios de comunicación (véxase 1.2.2), as referencias a sistemas de interacción como os chats, a mensaxaría instantánea, o correo electrónico ou os foros de discusión ocupaban numerosas páxinas e eran descritos con maior rigurosidade do que as mensaxes de texto,

contorno específico de comunicación e unha relación aberta entre os coenunciadores e, por outro lado, unha modalidade revolucionaria no modo de transmitir a correspondencia. As SMS, en tanto que contorno de interacción interpersonal, posibilitan o contacto entre individuos cunha finalidade primordialmente comunicativa, baseada no intercambio de información ou na manutención da interacción. A respecto da carga de información, as SMS non presentan uniformidade en todo o xénero: por norma xeral, as mensaxes de texto revelan un alto grao de informatividade, se ben que tamén existen outras cuxo obxectivo é, sobre todo, manter a relación de comunicación, sen que se incorpore ningún tipo de contido informativo. Por tanto, embora as SMS respondan a diversos usos e funcionalidades sociais, tal e como teremos oportunidade de vermos en 2.3.3.2, a súa utilización máis prototípica e aquela que se identifica cunha modalidade de interacción persoal, mediada e de temporalidade diferida. Todos estes factores implican, de acordo con Yus (2001:171), o desenvolvemento de actos de comunicación ostensiva, ou sexa, prácticas comunicativas que por definición achegan en si mesmas a presunción da súa ulterior relevancia. Sobre este particular, Vela Delfa (2005:199) afirma que o custo comunicativo dos intercambios mediados implica a relevancia informativa dos seus enunciados⁴²⁵.

Aliás, as persoas interlocutoras que participan no intercambio de mensaxes de texto costuman desenvolver a súa comunicación *in absentia*, quere dicir, non partillan un mesmo espazo físico, aínda que existan casos en que este criterio non se cumpra –por exemplo, en lugares onde se torna difícil o mantemento dunha conversa de forma oral, como unha biblioteca, unha conferencia ou mesmo durante unhas aulas. Isto implica que a composición da mensaxe é realizada en ausencia da persoa destinataria, de modo que se prescinde daquela información extralingüística presente en contextos de produción común. Sobre esta cuestión, Yus (2001:160) salienta que a ausencia de *feedback* está xustificada polas características que rexen o intercambio comunicativo electrónico, que non permite ás persoas usuarias retroalimentaren o turno das emisoras até que a mensaxe foi enviada. Igualmente, o feito de as interaccións seren realizadas a través dun sistema de correspondencia electrónica, ou sexa, mediante a intervención dunha canle artificial de comunicación, o telemóbel, favorecerá o desenvolvemento de certas propiedades na morfoloxía das producións lingüísticas; estas serán o resultado das características do soporte, mais tamén da aplicación específica que goberna a xestión do acto comunicativo.

2.3.1.2. Propiedades das mensaxes de texto

O obxectivo desta sección constitúeo a aplicación dos trazos do discurso electrónico vistos en 2.2.3 ao caso concreto das SMS. Así as cousas, veremos cales son as particularidades do medio electrónico, nesta ocasión o telemóbel, e describiremos as propiedades que presenta en función dos cinco criterios con que foi definida esta modalidade textual en 2.2.4, alén de repararmos na súa singularidade en canto que soporte da escrita. No referente ás características outorgadas por Fiorimonte (2003:109-110) para a comunicación electrónica, as mensaxes de texto conforman un medio rápido e estábel, resultado das propias

a que só se dedicaban algunhas liñas. Outrosí, estas alusións servían nomeadamente para se referir aos mecanismos de redución vocabular, derivados das características técnicas desta modalidade discursiva. E aínda que nos últimos anos se realizaron algunhas aproximacións, ben en forma de artigos ou monografías ben a través de comunicacións en congresos de diversa índole, en moitas ocasións recorreremos a fontes bibliográficas que tratan outros sistemas de comunicación mediada; na maioría dos casos, exhiben propiedades ou características que tamén poden ser aplicadas para o caso das SMS.

⁴²⁵ Con todo, existen determinadas mensaxes de texto que carecen de relevancia informativa, como as mensaxes lixo (*spam*), que violan o principio de ostensión de relevancia, razón por que xeralmente son mal recibidas polas persoas destinatarias (véxase 2.3.3).

propiedades do soporte en que se producen; así, permiten enviar información dun terminal a outro nun breve espazo de tempo⁴²⁶, na maioría dos casos tan só uns segundos e, para alén disto, as mensaxes poden ser lidas pola persoa destinataria en calquera momento. A respecto das particularidades do telemóbel, Yus (2001:154) salienta que se ben que o correo electrónico contribuíu para restrinxir o uso do telefone, tamén é certo que o crecente uso dos terminais móbeis esta reducindo o emprego do correo electrónico. Nas súas palabras, “no deja de ser curioso el aumento en los envíos de textos escritos mediante el móvil, lo que parece convertir el teléfono en una especie de transmisor autónomo (e híbrido de varias tecnologías) de mensajes electrónicos”, tendencia que aumentou á medida que os sistemas de telefonía (GSM, WAP etc.) foron evoluíndo para permitir o acceso á Internet e a novas aplicacións comunicativas de natureza igualmente interactiva. A respecto dos gastos de xestión, convén sinalarmos que as mensaxes de texto eríxense, por regra xeral, no servizo de telefonía móbil máis asequíbel do punto de visto económico, dado que, na maioría dos países occidentais, as SMS adoitan ser menos custosas do que unha chamada de voz.

Neste sentido, Castro (2008:42) afirma que as operadoras de telefonía móbil, conscientes do vertixinoso suceso das SMS, ofrecen tarifas que incentivan o envío de mensaxes de texto a baixo custo ou inclusive de forma gratuíta, como un modo de atraeren novos clientes. O prezo reducido das mensaxes favorece que se configure como un sistema de comunicación accesíbel a todas as camadas sociais, o que explica que se convertese nun dos medios preferidos polas faixas etarias máis novas. Como veremos en 2.3.2, o colectivo adolescente, que como norma carece do poder adquisitivo das persoas adultas, viron nas SMS unha nova vía de baixo custo para interaxiren entre si. Mais para alén de se tratar dun medio de comunicación máis barato, tamen constitúe un sistema de comunicación privado, a través do cal o usuariado pode interaxir sen que a súa conversa afecte o resto das persoas con que se encontrar presentes nese momento, ou sexa, facilita a interacción social. No tocante á seguridade das comunicacións, cómpre salientarmos que ao non existiren dispositivos para filtraren a información as mensaxes costumaban chegar directamente desde o terminal da persoa emisora até o da destinataria sen que estas poidan ser interceptadas. En relación coa accesibilidade e coa liberdade na comunicación a través das SMS, o telemóbel é, á diferenza do computador, unha das tecnoloxías que nos acompaña a maior parte do día; por tanto, coidamos que se configura como un dos sistemas de CMC máis próximos. Como xa foi dito, as mensaxes son recibidas directamente no telemóbel, sen necesidade de termos de iniciar unha sesión ou comprobar a nosa caixa de correo, o que si acontece no caso doutros medios de comunicación mediados, cal as redes sociais, a mensaxaría instantánea ou o propio correo electrónico⁴²⁷.

Canto aos parámetros establecidos por Herring para definir as diversas textualidades electrónicas, podemos observar que as SMS se erixen como un medio fundamentalmente textual, que permite unha lonxitude máxima de 160 caracteres por mensaxe (véxase máis abaixo) e que conforma unha comunicación asincrónica. A persistencia textual das mensaxes pode variar en función do terminal, mais en liñas xerais costuma ser alta, á diferenza do chat, onde as mensaxes van sendo substituídas á medida que se realizan novas intervencións. Na maioría das ocasións as SMS proceden dun remitente coñecido pola persoa destinataria, mais

⁴²⁶ Sobre este particular, Castro (2008:40) sinala que lonxe ficaron os tempos en que unha mensaxe podía demorar meses en chegar ao seu destino, e subliña que o envío dunha SMS ficou reducido a minutos e, por veces, a segundos ou décimas de segundo; para a autora, esta redución do espazo e a aceleración do tempo contribuíu para a mundialización da información e da comunicación como nunca antes fora pensada.

⁴²⁷ Convén, porén, repararmos en que os novos terminais –os chamados teléfonos intelixentes– xa integran a notificación inmediata no dispositivo móbil de calquera aplicación, sempre que este tiver acceso á Internet, ben sexa a través de Wi-Fi ou de tarifa de datos.

existen casos onde estas son enviadas por emisores anónimos, por institucións ou por empresas que non permiten identificar o número desde o cal se realizou o envío; e se ben que o máis habitual costuma ser o intercambio de información entre dúas persoas, hoxe en día os terminais móbeis de última xeración permiten unha estrutura máis participativa e favorecen a comunicación entre dúas os máis persoas, como acontece no correo electrónico e na MI. En 2.2.4 caracterizamos as SMS como un sistema de comunicación transitivo, descontínuo, unidireccional, privado e individual, a pesar de que tamén advertísemos de que se trataba dos valores máis habituais e de que tamén existen casos excepcionais onde se alteran as ditas propiedades.

Cómpre recapitularmos estes trazos para observarmos de modo pormenorizado como se desenvolven no marco da telefonía móbil: as SMS son transitivas na medida en que favorecen a identificación dos interlocutores e que permiten que estes intercambien os seus roles enunciativos e son descontínuas, dado que as persoas non partillan o tempo da enunciación. A rapidez con que se realizar o intercambio de mensaxes conferirá á interacción un maior o menor dinamismo dialóxico e poderá aproximar as SMS dos medios contínuos (véxase 2.3.5). Con todo, o carácter unidireccional deste medio de comunicación electrónica distancia as SMS das interaccións face a face, pois os procesos de produción e de interpretación de mensaxes curtas non constitúen fases simultáneas como nas conversas presenciais, mais sucesivas. Seguindo a clasificación realizada por Cherny (1999) e Herring (2001), as SMS constitúen un sistema de CMC nunha soa dirección, ou sexa, a mensaxe é transmitida de forma unitaria e as persoas destinatarias non asisten ao seu proceso de redacción, o que limita a súa capacidade de resposta. Igualmente, configúrase como un medio eminentemente privado, pois a natureza restrinxida do contorno electrónico en que se produce a comunicación favorece que só as persoas usuarias do dispositivo teñan acceso a este servizo. Como sinalamos en 2.2.4, embora todo sistema de comunicación presente certa connotación colectiva, as SMS non constitúen un medio arredor do cal se agrupe unha comunidade, como poden ser os foros de debate, mais un sistema de interacción individual que permite establecer intercambios entre dúas ou máis persoas sen a necesidade de partillaren os mesmos intereses.

Como se pode observar dos datos extraídos en 2.2.4, todas as propiedades apuntadas para as SMS son partilladas por un outro sistema de comunicación mediada, o correo electrónico. As diferenzas entre un medio de interacción e outro estarán determinadas polas distintas particularidades técnicas dos soportes en que se producen –embora na actualidade os telemóbeis integren tamén as posibilidades antes limitadas aos computadores–, e polas aplicacións que establecen o seu uso, o servizo de mensaxes curtas e a tecnoloxía de redes GSM no caso dos terminais móbeis e o xestor de correo e a Internet para a correspondencia electrónica. A respecto das propiedades técnicas do servizo de mensaxes curtas, tórnase preciso sinalarmos que, como o seu propio nome indica, os datos que poden ser enviados ou recibidos son bastante limitados, debido ao sistema de codificación de caracteres⁴²⁸ empregado. Unha SMS contén 140 bytes (1.120 bits) de datos, o que, segundo Guthery / Cronin (2002:4), equivale a 160 caracteres, cando se utilizar o alfabeto latino, e 70 de se utilizaren outros como o arábigo ou o chinés. Nesta liña, Crystal (2008:6) sinala que a codificación máis usual para os caracteres do alfabeto latino é a de 7 bits, en canto que se

⁴²⁸ A codificación de caracteres en informática constitúe un método que permite converter un carácter dunha linguaxe natural, isto é, un alfabeto ou un silabario, nun símbolo doutro sistema de representación, como pode ser un número, unha secuencia de pulsos eléctricos etc., para facilitar a transmisión de datos a través de redes de telecomunicacións, cal as computadoras ou os teléfonos. Para máis información sobre sistemas de codificación véxase <http://www1.atc.uniovi.es/atc/4atc/DISTRIBUIDAS/03-L6-Caracteres.pdf> [consultado en 02/08/2011].

quixermos representar outros símbolos máis complexos é preciso utilizarmos un sistema Unicode de 16 bits, que é o que provoca que o tamaño da mensaxe se vexa reducido de 160 a 70 caracteres, ao utilizar dous bytes por carácter. Unha das vantaxes deste servizo é a compatibilidade 100% cos telemóbeis GSM, o que nin sempre acontece con outro tipo de tecnoloxías, como o WAP ou Java móbeis, sobre todo nos terminais máis antigos⁴²⁹.

A limitación de caracteres a que están sometidas as SMS non supón o único factor técnico que condiciona a redacción de mensaxes de texto a través do telemóbel, mais tamén inflúe o feito de que estes aparellos electrónicos non estivesen nun principio configurados para desempeñaren esta función comunicativa, mais fundamentalmente para manteren interaccións a través de chamadas de voz. Neste sentido, a ferramenta de escrita para o caso do servizo de mensaxes curtas é o teclado do telemóbel onde, agás excepcións recentes, como é o caso dos terminais con teclado Qwerty⁴³⁰, se realiza unha discriminación sobre as letras (Chiappe 2008). Así as cousas, o teclado consta de doce teclas, das cales tan só oito funcionan para inseriren letras, de modo que existe unha sobrecarga de información en cada unha delas: o 30% dos caracteres require que o botón sexa pulsado unha soa vez e unha cantidade similar exige dous e tres toques; algunhas necesitan até catro pulsacións, como acontece co *s* ou o *z*, ou mesmo nalgúns casos coa vogal *o*, se o sistema incluír o *ñ* – todos eles caracteres habituais na lingua galega–, por non mencionarmos os signos de puntuación ou os de acentuación, para os cales en ocasións se necesitan once pulsacións. Do mesmo xeito que o propio terminal, o teclado non foi orixinariamente deseñado para tratar coa linguaxe, isto é, estaba pensado para xestionar números, non letras (Crystal 2008:65-67)⁴³¹. Isto explica en parte que a escrita de mensaxes de texto neste tipo de dispositivos provoque certas demoras, sobre todo se se trata de palabras cuxos caracteres se encontran aloxados nun mesmo botón, pois estes requiren dunha pequena pausa entre unha e outra pulsación –caso da secuencia *def* para a tecla número 3. Seguramente tamén por esta razón, a distribución de letras nos teclados dos terminais móbeis non foi coherente do punto de vista lingüístico e estableceuse segundo o criterio alfabético. Como sinala o estudioso galés

Nor is any system linguistically sensibel. No-one took elementary letter-frequency considerations into account when designing mobile keypads. For example, key 7 on my mobile contains four symbols, *pqrs*. It takes four key-presses to access letter *s*, and yet *s* is one of the most frequently occurring letters in English. It is twice as easy to input *q*, which is one of the least frequently occurring letters. All the keys present similar inefficiencies (Crystal 2008:67).

⁴²⁹ Igualmente, convén resaltarmos que, para alén de texto e doutros datos binarios, como tons de chamada, logos ou animacións, é posíbel enviarmos mensaxes máis longas grazas ao sistema denominado “mensaxes concatenadas” que consiste en partir a mensaxe en unidades máis pequenas para logo envialas secuencialmente. Segundo Le Bodic (2005:92), nestes casos utilízase unha codificación de 16 bits porque “it reduces the probability of encountering the conflicting situation where two different segments in the receiving SME have the same message key and the same segment sequence number”; outrosí, “the usage of the 16-bit reference number means that one additional octet is used per segments of a concatenated message”.

⁴³⁰ Constitúe a distribución de teclado máis común en instrumentos tipográficos como a máquina de escribir e o computador. Nos terminais móbeis, por cuestións de tamaño non adoitaba ser o máis habitual, aínda que nos últimos tempos cobrou un forte pulo debido ao suceso das Blackberry’s; na actualidade a maioría dos terminais tácteis ofrece as dúas posibilidades ou decántase xa exclusivamente polo teclado Qwerty. O seu nome fai referencia ás seis primeiras letras da fila superior do teclado. As razóns que xustifican esta disposición das letras reflicten a necesidade do instantáneo, da velocidade en que vivimos, que exige respostas igual de rápidas. A distribución das letras está pensada para que se poidan utilizar as dúas mans para escribir a maior parte das palabras. Para unha comparativa entre ambos os teclados véxase a figura 8.

⁴³¹ Este autor tamén sinala que “many phones have clearly been designed with a focus on appearance rather than usability. Apart from anything else, phones keep getting smaller and smaller, but fingers stay the same size” (Crystal 2008:65).



FIGURA 8. Exemplos de telemóbel con teclado *Qwerty* e normal.

Nestes medios, calquera alternativa tecnolóxica que reducise os problemas derivados da multipulsación das teclas e das pausas debería ser acollida con boas expectativas, e este desexo foi o que motivou o aparecemento do sistema de texto predictivo, tamén coñecido como T9, aplicación que utiliza un dicionario para deducir cal é o termo que a persoa usuaria quere escribir. Noutras palabras, o T9 está deseñado para facilitar a escrita nas mensaxes de texto e dirixido á simplificación, xa que as persoas só teñen de presionar unha vez o carácter que desexaren e, a través dun banco de datos, este sistema ofrecélles a palabra que presenta maiores posibilidades, o que na teoría favorece unha redución significativa do número de pulsacións por tecla. Vexamos a evolución: na tecnoloxía que precedeu o texto predictivo, para escribirmos unha palabra como CORREOS era necesario seguirmos os seguintes pasos: i) pulsar 2 (abc) tres veces para conseguir o *c*; ii) pulsar 6 (mno) tres veces para conseguir o *o*; iii) pulsar 7 (pqrs) tres veces para conseguir o *r*; iv) pulsar 7 (pqrs) tres veces para conseguir o *r*; v) pulsar 3 (def) dúas veces para conseguir o *e*; vi) pulsar 6 (mno) tres veces para conseguir o *o* e vii) pulsar 7 (pqrs) catro veces para conseguir o *s*. No entanto, co T9 é posíbel escribirmos a mesma palabra marcando unha soa vez o número que correspondería a cada letra, o que para o exemplo antecitado equivalería a presionar a seguinte secuencia numérica 2 6 7 7 3 6 7. Na seguinte figura podemos observar tanto a construción textual por medio do T9 como a manual:



FIGURA 9. Mostras do sistema de texto predictivo e de escrita manual⁴³².

Na última década o avance dos sistemas de telefonía intelixente –tamén coñecidos como *smartphones*– e a proliferación de novas aplicacións afectaron igualmente a esfera da escrita, onde se desenvolveron diversos programas con obxectivos similares aos do T9, isto é, facilitaren e axilizaren o proceso de redacción dos textos. Entre eles destaca *Swipe*, un sistema certamente diferente ao descrito con anterioridade para substituír a escrita manual. Neste caso, non é necesario presionar as teclas unha a unha, mais pódese escribir sen erguer o dedo da pantalla do telemóbel. Tamén conta con texto predictivo e con entrada de texto por voz, o que o converte nunha aplicación altamente atractiva. Existen moitos programas similares para Android como *Thumb Keyboard*, *Smart Keyboard Pro* ou *Swiftkey X Beta*; en moitos casos estas aplicacións aprenden os nosos hábitos de comunicación para logo nos ofrecerem non só palabras, mais textos completos de modo predictivo; en concreto, *Swiftkey X Beta* permite ademais utilizar tres linguas de modo simultáneo, entre elas o galego. No entanto, cómpre termos presente que estes sistemas de introdución de texto son exclusivos para teclados *Querty* e telemóbeis con pantalla táctil, o que limita dalgún modo o seu ámbito de uso.

En todo o caso, poderíamos pensar que estes sistemas contribúen para a economía de caracteres e reducen o tempo de produción que, en vista dos exemplos, torna a escrita máis rápida. Mais, embora posúan unha serie de vantaxes, convén termos en conta que ao lado dos beneficios, tamén presentan certas limitacións, o que xustifica o seu escaso suceso entre o usuariado desta tecnoloxía⁴³³: a súa utilización está restrinxida ao dicionario que cada telemóbel incorpora –nin sempre dispoñíbel para a lingua galega–, de modo que o número de entradas variará dun terminal para outro e, en moitos casos, as posibilidades que ofrezan serán bastante reducidas. E aínda que non constitúe unha plataforma ríxida, dado que

⁴³² Nestes exemplos tamén podemos ver como vai sendo marcada a limitación de caracteres. Na primeira figura só se indican os caracteres que aínda fican dispoñíbeis en canto na segunda, máis clara do noso punto de vista, figuran tanto os que se levan utilizados como o total de caracteres por mensaxe.

⁴³³ Segundo sinala Thurlow (2003) un estudo levado a cabo en 2002 revela que menos da metade das persoas que envían mensaxes de texto utilizaban xa na altura o texto predictivo.

algunhas aplicacións ofrecen a opción de as persoas usuarias acrecentaren determinados vocábulos, o feito de dispormos dun número limitado de entradas acaba por provocar, na maioría das ocasións, unha demora no proceso de produción textual. Sobre esta cuestión, Crystal (2008:68) subliña que moitas persoas rexeitan o seu uso porque non permite a inclusión de abreviaturas, o que entra en contradición cunha das máximas das SMS (véxase 3.2), isto é, expresaer a maior cantidade de información no menor número de caracteres posíbeis. Outra das limitacións deste sistema asenta na alta porcentaxe de erro, quere dicir, de que ou ben non ofrezca a palabra que o usuariado está a procurar ou ben que devolva varios resultados para un mesmo vocábulo.

Nesta ocasión, a necesidade de escollermos a palabra correcta entre as varias alternativas que o T9 ou o Swipe nos ofrecen ou inclusive termos que incorporar nós mesmos o dito vocábulo pode converterse nunha tarefa lenta e provocar certa insatisfacción, na medida en que reduce o grao de inmediatez e o carácter interactivo propio deste medio de comunicación⁴³⁴. E a pesar de que se trata de ferramentas que gozan de certo uso, no capítulo 3 poderemos ver que as características técnicas do telemóbel e da aplicación que rexe o intercambio de mensaxes determinaron o desenvolvemento de mecanismos e estratexias lingüísticas que, igualmente, permiten salvar as demoras temporais no proceso de produción e de recepción; o seu obxectivo é similar ao da maior parte dos sistemas de comunicación mediada, isto é, conseguir instaurar certo dinamismo dialóxico no intercambio. Porén, a rapidez con que se transmiten os datos dá lugar a unha situación moi heteroxénea en que achamos ritmos moi variados. Outrosí, nestes medios de interacción a temporalidade dos intercambios non só depende das restricións impostas pola tecnoloxía, máis tamén da selección dos propios participantes (Vela Delfa 2005:200), se ben que aquelas condicionan en grande medida estas. Noutras palabras, unha persoa usuaria escollerá un sistema ou outro en función das súas necesidades –se precisa unha resposta inmediata, optará por un sistema sincrónico, por exemplo– máis tamén das súas limitacións –se non for capaz de condensar a súa mensaxe ou se demorar en exceso na redacción do texto, preferirá medios diferidos.

2.3.2. Socioloxía das SMS

Cando máis dun terzo da poboación mundial está en posesión dun aparello de telefonía móbil, non vira sorprendente que investigadores de todas as áreas –lingüistas, sociólogos, antropólogos, informáticos etc.– se teñan preocupado por estudaren os modos en que as persoas, novas e vellas, ricas e pobres, veñen empregando estes dispositivos (Baron 2008:129). As características particulares deste medio de comunicación, entre as cales convén destacarmos a súa ubicuidade, permiten xustificarmos a popularidade que alcanzou o telemóbel como medio para a interacción social. Estas mesmas propiedades redefinen as relacións cos demais –nunha liña similar á apuntada en 1.2.3.1. e 1.2.3.3–, e mudan determinadas pautas sociolóxicas, o que acaba por provocar que o que se coidaba unha

⁴³⁴ Di Crystal (2008:68) ao respecto: “The predictive approach especially increases the amount of scrolling down you have to do to find the correct word in those key-press combinations which give rise to many alternatives (what have been called *textonyms*, or *homonumeric words*), and you have to be on your mettle to avoid selecting and sending the wrong one. For example, the key sequence 288866 gives both *autumn* and *button*; 7378378 produces both *request* and *pervert*. Some sequences generate a dozen or more alternatives”. Para alén disto, convén termos en consideración que moitos destes dicionarios non diferencian varias linguas, de modo que se estamos a escribir un texto en galego e quixermos escribir unha palabra en inglés teríamos que pasar ao sistema tradicional, xa que o texto predictivo non permite, en moitos casos, mudar directamente de idioma.

vantaxe vire nunha necesidade⁴³⁵. Como se indica en Betti (2006:68), os telemóbeis colonizaron as nosas vidas: chamámonos máis que nunca, aínda que só sexa para dicir que volveremos a chamar, intercambiamos mensaxes de texto e mesmo utilizamos este terminal a modo de navalla suíza, ben como cámara, calculadora, videoconsola ou despertador. Na actualidade é difícil para moitas persoas prescindiren deste dispositivo electrónico cando van a algún lugar e, cando o esquecen nalgures sítense isoladas e perdidas⁴³⁶. En palabras de Thurlow (2003), “it seems that these technologies for communication have become an essential feature of both popular and commercial rethoric about new media cultures and especially of so called ‘global communications’” e neste sentido “figures and claims abound regarding the popularity, ubiquity and necessity of mobile phones in general and text-messages in particular”.

Sobre este particular, Höflich / Rössler (2002:80) sinalan que o servizo de mensaxes curtas favorece que a telefonía móbil non só se considere como un medio para a obtención de información, máis tamén un dispositivo con que as persoas usuarias teñen a oportunidade de enviaren e recibiren textos. Seguindo Eco (2002), vivimos nunha era en que o diminuto, o breve e o sinxelo son valores altamente estimados na comunicación e, por tanto, xulgamos que este tipo de interacción escrita móbil encaixa á perfección nos ditos parámetros. Podemos aducir esta circunstancia como máis unha razón que xustifique a popularidade deste servizo, inicialmente considerado para fins puramente comerciais. De acordo con Thurlow (2003), as SMS supoñen na realidade máis un exemplo de como “the human need for social intercourse –a kind of ‘communication imperative’- bends and ultimately co-opts technology to suit its own ends, regardless of any commercial (e.g. the telephone) or military (e.g. the internet) ambition for the technology”. Por este motivo, nas seguintes páxinas realizaremos unha aproximación sociolóxica do fenómeno SMS e trataremos de determinar o perfil das persoas usuarias, atendendo a variábeis como a idade, o sexo, o contexto e inclusive a criterios diatópicos. Igualmente, analizaremos cal é a temática e cales son os motivos que corroboran o suceso deste servizo e que o converten nunha das formas máis orixinais e creativas de nos comunicarmos no século XXI (Betti 2006:68).

2.3.2.1. Persoas usuarias

Como xa foi sinalado en 1.2.3.2, alén da fenda socioeconómica e da lingüística, existe unha división xeracional no referente ao acceso e ao dominio das tecnoloxías entre os diversos grupos etarios, sendo nomeadamente a mocidade a faixa de idade que se apropia con maior intensidade desta nova ferramenta comunicativa. Diversos autores, desde McLuhan (1967) até Negroponte (1995) ou máis recentemente Balardini (2004), fan especial fincapé na estreita relación entre as xeracións máis novas e a tecnoloxía, de modo que non é de estrañar que os adolescentes constitúan o sector da sociedade que utiliza con maior profusión o servizo de mensaxes curtas, de igual forma que o resto dos sistemas de comunicación

⁴³⁵ Como sinala Roco (2002:7), a CMC converteuse nun espazo importante no quefacer social, debido a que este medio favorece o encontro entre suxeitos e, en consecuencia, as súas posibilidades de acción, interacción e comunicación introduciron elementos a través dos cales se poden establecer relacións sociais de diversa índole.

⁴³⁶ Afirmo Thurlow (2003): “If you don’t have a mobile, you’re effectively a non-person”. Nesta liña, tamén na novela de Bauman (2003:83) se apunta o seguinte: “Nunca perde de vista o seu telemóvel [...]. Na verdade, nunca iría a lugar algum sem o telemóvel (“lugar algum” é, afinal, o espaço sem um telemóvel, com um telemóvel sem rede ou sem bateria). Quando está com o seu telemóvel, nunca está fora ou longe. Encontra-se sempre dentro –mas jamais trancado num lugar. Enclausurado numa teia de chamadas e mensagens, está invulnerável. As pessoas à sua volta não o podem rejeitar e, mesmo que tentassem, nada do que realmente importa iria mudar”.

mediada, cal o chat ou a mensaxaría instantánea, pois, segundo Balaguer (2006), adquiren relevancia nos seus procesos de comunicación e de socialización. En canto fenómeno comunicativo, as SMS son, de acordo con De Laire (2001), o resultado do contexto tecnolóxico actual, que provoca un desenvolvemento máximo da abstracción das relacións sociais. Quere dicir, os intercambios face a face diminúen e cada vez son máis desnecessarios e isto, para Giddens (1990), é a consecuencia da *desancoraxe*, termo que utiliza para facer referencia á capacidade da modernidade para dissociar o tempo do espazo. De Laire (2001) apunta que entre os máis novos a *desancoraxe* se transforma en *reancoraxe*, ou sexa, nunha procura de espazos de rehumanización que recuperen as relacións presenciais. Sobre este particular, Castro (2008:23) conclúe que

no que toca ás crianzas, que hoje crescem com a cultura do digital e do ciberespaço, não conseguimos prever que pessoas serão no futuro nem como se relacionarão, apenas sabemos, hoje, que é indiscutível que elas são mestres respeitados e fluentes no uso das tecnologias digitais, que sabem mais que os adultos e que criam laços de amizade através da rede com pessoas novas ou prolongando laços do mundo real para o mundo virtual⁴³⁷.

Por tanto, a mocidade converteuse na grande usuaria das tecnoloxías, hoxe en día rodeadas de aparellos tecnolóxicos. Concretamente, o telemóbel está a se tornar nun dispositivo imprescindible que acompaña as persoas as 24 horas, de modo que é metaforicamente “o cordão umbilical que as liga aos pais atarefados, á escola, aos amigos, dando-lhes uma sensação de compañía e de segurança e de organización e coordinación do seu día-a-día” (Castro 2008:37). Nesta liña, as SMS convertéronse nun medio propicio para fomentaren as relacións sociais, sobre todo entre as crianzas e a mocidade, que poden contactar case de modo instantáneo. A este respecto, Castro (2008:38), a concordar coas ideas expostas en Rieffel (2003), afirma que os máis pequenos senten que a posesión dun terminal móbil ou dun dispositivo con conexión á Internet lles confire status social e promove a súa inclusión social, na medida en que se trata dunha forma de demostraren que se está en “sintonía com os tempos actuais, evitando uma desclassificação social”. Noutras palabras, a mocidade sente a necesidade de estar ao día das novidades tecnolóxicas, xa que se trata dun sector que dominan, en contraposición aos adultos⁴³⁸. Tamén a este respecto Crystal (2006:262) salienta que o crecemento vertixinoso deste servizo corre en paralelo a unha rebaixa progresiva na idade do seu usuariado. Segundo os datos que manexa, dous terzos das persoas adolescentes comprendidas entre os 14 e os 16 anos teñen o seu propio telemóbel e, igualmente, o incremento máis importante estase a producir en grupos de idade inferiores, especialmente entre nenos e nenas de 10 e 11 anos.

O autor galés afirma que un inquérito realizado por unha empresa británica en setembro de 2000, demostrou que o 81% das persoas usuarias de entre 15 e 24 anos utilizaba os terminais móbeis para enviar mensaxes de texto, fundamentalmente, para organizaren a súa vida social⁴³⁹. Segundo Sempere (2007:153) “los mensajes de texto, SMS y correo electrónico, les mantienen en una comunicación constante y frecuente con sus amigos; incluso la mitad de ellos admiten haberlo hecho en las últimas veinticuatro horas”. Thurlow (2003) afirma que a crenza común difundida polos medios de comunicación sobre o rol dos

⁴³⁷ Sobre esta cuestión, tamén Gil / Feliu / Rivero / Gil (2003) conclúen que “los jóvenes están más preocupados por las demás personas y las relaciones que mantienen que por la tecnología en sí misma. En este sentido, utilizan las tecnologías para mantener las relaciones que ya tienen cara a cara y para transformarlas, a menudo incluso para profundizar en ellas, de manera que las convierten en relaciones más íntimas y más sinceras”.

⁴³⁸ Para aprofundar neste aspecto de fenda xeracional a respecto do uso das tecnoloxías, véxase 1.2.3.2.

⁴³⁹ Tamén Thurlow (2003) fai referencia a que “unquestionably, a core feature of almost all Young people’s mobile phone use is the text-message, with most sending upwards of three text-messages a day”.

telemóbeis na vida dos adolescentes é a de se tratar dunha tecnoloxía que os escraviza⁴⁴⁰; para alén disto, “in the case of mobile phones, however, there is a ‘double-whammy’ of adult mythology, with the coming together of popular discourses about young people *and* about new technologies”, o que levou nalgúns casos a adoptar termos como “cibercrianzas” ou “xeración net”⁴⁴¹ para faceren referencia a este sector de persoas usuarias. Porén, o antecitado autor considera que “the homogenizing assumptions about the role of technology in the lives of young people and young adults need constantly to be challenged”. Sobre este particular, Crystal (2008:89) sinala que tanto a sabedoría convencional como algúns estudos demostran que a tendencia maioritaria camiña nesta dirección; así, apunta que xa en 2002 no Reino Unido unha investigación indicaba que as mensaxes de texto substituíran as chamadas de voz como a utilización máis habitual nos telemóbeis e que “the younger you are the more likely you are to text”.

Sen o telemóbel as crianzas e a mocidade séntense incompletas porque “entrou dentro de nós, condicionou e modificou a maneira como vivemos, pensamos e nos relacionamos” (Castro 2008:34). Na mesma liña, Andreoli (2007:23) apunta que esta tecnoloxía alcanzou un estatuto de omnipresenza esencial que nos acompaña en todo o momento, como se dun apéndice se tratase; quere dicir, reconfigurou o estilo de vida civilizacional de tal maneira que as xeracións máis novas o consideran como máis un produto da natureza que, igualmente, presenta unha enorme funcionalidade ao integrar diversos servizos entre as súas aplicacións. Alén de aducirmos a alfabetización dixital como unha das razóns que xustifican o suceso deste medio de comunicación entre a poboación de menor idade, cómpre tamén sinalarmos como máis un factor o feito de este dispositivo outorgar unha maior carga de responsabilidade e un sentido simulado de privacidade, liberdade e independencia, que aproxima as crianzas do mundo das persoas adultas. Do mesmo modo, as mensaxes de texto expandiron a conectividade da mocidade e o próximo, isto é,

as mensagens viajan pelo espaço a uma velocidade alucinante. Há uma nova dimensão do tempo e do espaço se pensarmos que antes uma carta podia demorar meses a chegar ao seu destino. A validade das emoções e da ansiedade estendia-se pelo tempo e agora dilui-se e fragmenta-se em milésimos de segundos. Aliás, no que toca a estas formas de se relacionar que emergem tudo depende de decisões muito rápidas (Castro 2008:37)⁴⁴².

A cibercultura contribúe, mesmo, para o establecemento de relacións ideais en comunidades desterritorializadas, rexidas non pola proximidade xeográfica, mais por partillaren intereses comúns e que se basean na aprendizaxe cooperativa e colaborativa (véxase 1.2.3.1). Neste sentido, a mocidade sente, en maior medida que as persoas adultas, esa necesidade de estar á par dos adiantos en materia tecnolóxica, pois, segundo De Laire (2001), na construción da súa identidade o colectivo adolescentes exacerba a procura de espazos e, neste proceso, un dos lugares onde se sente máis cómodo é no contorno

⁴⁴⁰ En relación con isto, Castro (2008:32) sinala que a mocidade presenta, en ocasións, comportamentos que denotan a súa dependencia pola Internet e por outras tecnoloxías de comunicación até o punto de non conseguiren durmir á espera de mensaxes de texto ou correos electrónicos e de se comunicaren con amizades e familiares polo medio dixital, independentemente de viviren perto da súa casa ou do outro lado do mundo. Véxase tamén 1.2.3.3.

⁴⁴¹ Sempere (2007:153) fai referencia á *Xeración Next* ou *Xeración da Internet*, isto é, persoas de entre 18 e 25 anos, nadas durante a década de 80, en que irrumpen as tecnoloxías. Este grupo utiliza a rede e as tecnoloxías para se comunicar de moi diferente forma. Por súa banda, a *Xeración Text* ou a *Xeración do polegar* é para Teixeira (2003) aquela que converte as SMS na súa principal forma de comunicación.

⁴⁴² Estas propiedades das mensaxes de texto, especialmente a inmediatez, tórnanse relevantes para xustificar o seu uso masivo por parte dos adolescentes, pois unha das razóns que propoñen Boneva / Quinn / Kraut / Kiesler / Shklovski (2004) é a redución do tempo libre das persoas novas debido ás súas obrigas educativas.

electrónico. Gil / Feliu / Rivero / Gil (2003) sosteñen que é sobre todo a mocidade urbana⁴⁴³ a que constrúe de modo colectivo a súa identidade a través das tecnoloxías. Sobre este particular, tamén García / Lombarte (2005) indican que tanto os sistemas de telefonía móbil como aqueles mediados polo computador axen como instrumentos de socialización para as persoas máis novas, reforzando o seu sentimento de pertenza a un grupo. En suma, a mocidade sabe máis sobre os medios de comunicación electrónica, utilízalos máis, mellor e máis rápido. A investigación levada a cabo por Ling (2004) demostra que se trata dun fenómeno a escala mundial e os datos que achega permiten establecermos algunhas conclusións de relevo para o noso estudo: por un lado, afirmase que a taxa de individuos de 13 anos con telemóbel era superior á de 18, ao tempo que perto do 90% dos mozos entrevistados posuían telemóbel, se ben que o número de raparigas con telemóbel era superior ao de rapaces. Igualmente, convén termos presente que existen outros grupos de idade que tamén costuman empregar este sistema de comunicación: en 2006 unha investigación levada a cabo pola oficina de comunicacións do Reino Unido sinalou que, en xeral, as persoas adultas realizaban un promedio de vinte chamadas de voz á semana, en canto enviaban unhas vinteoito mensaxes de texto⁴⁴⁴.

A este respecto, Crystal (2008:89) salienta que a extensión do seu uso a outras faixas etarias é unha tendencia global que se está a producir de modo universal, nomeadamente desde os anos iniciais do novo século. Neste sentido, o autor sinala que no 2002, o 70% da poboación chinesa urbana que posuíía terminais móbeis utilizara nalgunha ocasión o servizo de mensaxes curtas, en canto un estudo realizado no ano seguinte revelaba que en Corea do Sur arredor do 93% das persoas coreanas comprendidas entre os 17 e os 19 anos recibían e enviaban mensaxes cando menos unha vez por día e, se ben que estas cifras se van reducindo coa idade, aínda se manteñen nun 47% até os 40 anos. O estudo de Ling (2004) tamén camiña nesta dirección, pois embora sinale o colectivo adolescente e o das persoas adultas máis novas como o sector de persoas usuarias máis entusiasta —o 85% envía SMS a diario—tamén indica que no outro extremo do continuo etario, tan só o 2.7% de persoas que ultrapasa os 67 anos envía mensaxes todos os días, o que para nós xa se torna un dato sorprendente. Cárcamo / Nesbet (2008:43) salientan igualmente que, a pesar de seren as persoas adolescentes as maiores usuarias, as adultas tamén non se libran da fascinación polos sistemas de comunicación mediada. Así as cousas, afirman que nun estudo sobre a penetración destas ferramentas na empresa Sodimac en 2004, o 51% dos traballadores desta compañía se declaraba satisfeito con estes novos sistemas de comunicación e o 21% moi satisfeito, en canto tan só un 4% manifestaba certo descontento⁴⁴⁵.

Igualmente, o antedito investigador é consciente de que a idade non é o único factor e tamén detecta diferentes pautas de uso en función dunha outra variábel, isto é, o sexo. Nesta liña, aínda que no inicio os rapaces parecían ser os primeiros no uso das súas funcionalidades, o estudo indica que unha vez integrados estes dispositivos no día a día, as mozas se revelan máis fluentes na redacción das mensaxes: máis do 40% das mulleres envía SMS a diario, fronte ao 35% dos homes. Tamén, Höflich / Rössler (2002:92) detectan usos específicos por xénero no emprego de mensaxes de texto e subliñan que as mozas non só escriben máis mensaxes, mais estas tamén son máis longas; ao contrario, os rapaces non

⁴⁴³ Höflich / Rössler (2002:84) consideran que o telemóbel constitúe basicamente un medio urbano de comunicación, dado que nas vilas e nas aldeas pequenas a participación das persoas usuarias é menor.

⁴⁴⁴ Véxase *The Communications Market: Nations and Regions* (London: Ofcom 2006), dispoñible en http://www.ofcom.org.uk/research/cm/nations/nations_regions/nations_regions.pdf. Consultado en 13/03/2012.

⁴⁴⁵ Tamén Sempere (2007:318-319) subliña que o uso das SMS non está limitado á xente nova, mais que está a avanzar tamén entre as faixas etarias de maior idade.

adoitan utilizar a totalidade do espazo permitido nestas e optan por mensaxes de entre 40 e 60 caracteres⁴⁴⁶. De igual modo, Crystal (2008:91) sinala que as mulleres utilizan as mensaxes de texto para un número de propósitos máis amplo, incluíndo aqueles de maior carga emocional e aqueles relativos á coordinación, como fixar datas para combinar etc. Para Ling (2004), as mulleres son máis hábeis e máis letradas do que os homes no que ao dominio das SMS se refire. Os datos que manexamos neste traballo avalan as informacións achegadas por parte doutros investigadores tanto no referente á idade como no que respecta ás diferenzas entre sexos; segundo o inquérito realizado neste estudo (véxase 6.II), o 91% das persoas entrevistadas –un total de 237– xulgan que o grupo etario que máis emprega esta tecnoloxía é o da mocidade. Igualmente, o noso corpus revela datos que avalan a opinión das persoas usuarias, pois das 790 mensaxes de texto persoais que o integran o 68,8% pertence á faixa etaria máis nova que agrupa persoas comprendidas entre os 15 e os 25 anos (adolescentes e novos adultos), en canto do total de SMS, 83,7% teñen unha autoría feminina, independentemente do grupo de idade a que se asocien –isto é, 15-25, 25-40 ou +40.

Mais en liñas xerais, o emprego do telemóbel e das SMS confire á faixa etaria máis nova, indistintamente da súa adscrición sexual, unha sensación de emancipación relativa ao modo como explora as súas interaccións sociais, permitindo unha fase de presocialización máis próxima do estadio seguinte do seu crecemento: dun lado os preadolescentes, que se senten partícipes do mundo dos adolescentes e, doutro lado, a mocidade, que coida incorporarse no mundo das persoas adultas (Castro 2008:39). En suma, concordamos con Höflich / Rössler (2002:91) cando subliñan que afirmarmos que a mocidade emprega o telemóbel significa, fundamentalmente, que están a enviar e a recibir SMS e que canto máis novas son as persoas usuarias, máis mensaxes de texto envían a través destes terminais. Os datos que achegan estes autores sosteñen que a utilización de mensaxes de texto fai parte xa da conduta comunicacional dos integrantes destas faixas etarias. Outrosí, a mocidade non só conforma o grupo de idade que máis SMS envía, mais tamén a que máis rápido as redixe, en ocasións sen ollar para o teclado, que xa teñen memorizado. Os movementos rápidos e mínimos, efectuados cos polegares, dan orixe a páxinas e páxinas de diálogos que se envían e que se reciben de forma sucesiva entre os interlocutores (Castro 2008:42). Sobre este particular, convén citarmos o seguinte excerto do libro *Amor Líquido* de Bauman (2003:82):

Uma mensagem brilha no ecrã em busca de outra. Os seus dedos estão sempre ocupados: pressiona as teclas, digitando novos números para responder às chamadas ou compondo as suas próprias mensagens. Permanece-se conectado –ainda que em constante movimento, ainda que os remetentes ou destinatários invisíveis das mensagens recebidas e enviadas também estejam em movimento, cada qual seguindo as suas próprias trajetórias. Os telemóveis são para pessoas em movimento.

Para alén da idade e do sexo, a variación diafásica ou contextual tamén se contempla como un dos factores que permiten determinarmos o perfil das persoas usuarias de mensaxes de texto, fronte a outros sistemas, nomeadamente fronte ás chamadas de voz, aplicación tamén integrada no terminal móbil. Isto é, acharemos diferenzas en función das persoas destinatarias con que quixemos interaxir e atendendo á finalidade da nosa comunicación. Así as cousas, en relación coa primeira variábel, Baron (2008:144) indica que, segundo un estudo realizado nos Estados Unidos⁴⁴⁷, as chamadas de voz costuman realizarse nunha porcentaxe aproximada do 60% cando as persoas destinatarias fan parte do mesmo grupo de idade, en

⁴⁴⁶ Sobre a lonxitude das SMS, Crystal (2008:91) afirma que o número medio de palabras por mensaxe para as mulleres costuma ser de 6.95, mentres que para os homes é de 5.54.

⁴⁴⁷ Os datos que achega pertencen fundamentalmente ás rexións de Washington D.C e de Michigan e están tirados dunha mostra que se correspondería co que Crystal (2008:90) denomina *young adults*, isto é, persoas que superan os 18 anos e que neste caso fan parte do sistema universitario americano.

canto o seguinte grupo en que prevalecen as chamadas costuma ser o dos familiares, nomeadamente o dos pais e o das nais. Neste sentido, o tráfico de voz para os irmáns ou as irmás redúcese a unha de cada dez chamadas. A respecto das mensaxes de texto, as persoas destinatarias da mesma idade costuman ser, igual que no caso anterior, os receptores máis comúns, se ben que seguidos de perto polas interaccións entre irmáns. Contrariamente ao que acontecía coas chamadas telefónicas, nos datos procedentes da American University (AU) as SMS rara vez se utilizan para se comunicaren cos pais e coas nais ou mesmo con persoas que non se inclúen en ningunha das anteriores categorías⁴⁴⁸, en canto as informacións procedentes de Michigan revelan que “the ordering among the three categories (same-age, siblings, and parents) remained the same, but nearly a third of all text messages were sent to ‘others’”.

En función do propósito comunicativo que primar nas nosas interaccións escolleremos un sistema ou outro, se ben que en moitas ocasións este criterio tamén variará en función da persoa destinataria. Neste sentido, Baron (2008:144-145) deseñou un inquérito onde solicitaba se indicaba ao estudantado que establecese unha clasificación en que figurasen, por un lado, as razóns que o levaba a realizar unha chamada de voz e, por outro, os argumentos por que prefería redixir unha mensaxe de texto. Os resultados derivados do dito cuestionario mostran os seguintes motivos, por orde de preferencia, para o establecemento de intercambios de voz: i) manter o contacto; ii) organizar xuntanzas próximas no tempo (minutos); iii) organizar reunións dilatadas no tempo (horas ou días); iv) partillar novas; v) matar o tempo cando se está a esperar ou a viaxar; e vi) pedir consello. As razóns indicadas para o caso das SMS determinan unha serie de prioridades diferentes como se pode observar a seguir: i) organizar encontros próximos, ii) e outros máis dilatados no tempo, iii) partillar novas e iv) matar o tempo de esperar ou de viaxe constitúen as preferencias do usuariado de mensaxes de texto, mentres que v) manter o contacto e vi) pedir consello conforman os usos menos habituais. Con todo, este esquema agocha marcadas diferenzas entre os sexos e tamén entre ambos os grupos participantes na investigación. A modo de exemplo, para as mulleres da AU partillaren novas era unha das razóns fundamentais para o uso de SMS (ocupaba o primeiro posto), en canto para os homes constituía unha utilización puntual e minoritaria (situábase na quinta posición). De acordo cos datos extraídos do noso inquérito (véxase 6. II), o 55% das persoas entrevistadas preferían as SMS en lugar doutros medios de comunicación e sinalan o envío de información e a interacción con amizades e familiares como as actividades máis habituais.

En seccións posteriores teremos oportunidade de analizarmos máis ao pormenor cales son os motivos do suceso das SMS fronte ás chamadas de voz e de notarmos como a antedita clasificación pode variar en función doutras marcas contextuais (véxase 2.3.2.2). Mais, como se deduce dos datos achegados máis arriba por Baron, tamén vira necesario considerarmos o factor xeográfico ou de procedencia, pois motiva certa sorte de variacionismo que convén termos presente para describir o perfil dunha persoa usuaria do servizo de mensaxes curtas. Así, observamos que no momento de establecermos unha clasificación sobre o tipo de accións que se realizan a través das SMS existían diferenzas entre a mostra da AU de Washington e aquela de Michigan. Do mesmo modo, a distancia tamén pode condicionar que se escolla un ou outro sistema de comunicación: Baron (2008:143-144) afirma que “the preponderance of voice calls were made to people within five miles of the caller (but non within the same building or within eyesight). For most students, the next most prevalent group to call was people more than thirty miles away”, se ben que tamén sostén unha distribución similar para o caso das SMS. Ligado en parte á variación diatópica, o factor

⁴⁴⁸ E tamén aquí achamos diferenzas entre sexos: “our AU [American University] males were more likely than AU females to text-message people of their same age” (Baron 2008:144).

cultural tamén precisa dunha reflexión pola nosa parte, dado que nalgunhas sociedades existen padróns moi marcados sobre cando realizar chamadas de voz e cando mensaxes de texto. Sobre este particular, Rivière / Licoppe (2005:103-104) sinalan, segundo datos recollidos entre 2001 e 2002 sobre os costumes franceses e xaponeses na utilización dos telemóbeis, que estes dispositivos tiveron un grande suceso na Franza en finais de década de 90, sobre todo a partir de que no verán de 2000 comezase a funcionar o sistema GSM para o envío de mensaxes curtas. E embora as SMS conformasen un servizo menos custoso do que as chamadas de voz (véxase máis abaixo), as persoas francesas reservaban estas mensaxes para interaxiren con un grupo reducido de individuos –xeralmente destinatarios próximos, cal o seu círculo íntimo de amizades. No resto das comunicacións, o colectivo francés utilizaba as chamadas de voz, pauta que o aproxima máis do modelo americano que do Europeo.

A elección das SMS en lugar de chamadas de voz por parte da poboación francesa fóra destes contextos responde a condicionamentos sociais a respecto da privacidade nos espazos públicos. Na Franza consideran groseiro o tratamento de negocios privados en público e para estes casos as mensaxes de texto “provides opportunities to communicate with intimate correspondents from public spaces while keeping a proper distance and sense of privacy with respect to bystanders” (Rivière / Licoppe 2005:104). En relación con isto, Baron (2008:132) afirma que se trata dun fenómeno moi común noutro tipo de culturas, non só da francesa e, neste sentido, apunta unha explicación similar para o caso dunha estudante belga que estaba de intercambio en Italia: “she found Italians who spoke in public on their *telefonini* to be rude. As a Belgian, she explained, it was far more polite to conduct personal communication via texting when other people were around”. A respecto das prácticas culturais xaponesas, Dobashi (2005:228) explica que as normas sociais neste país asiático están estritamente pautadas, sobre todo no relativo ao ámbito público e institucional; neste contexto, a regulación no uso dos terminais telefónicos non constitúe un feito isolado, e do mesmo modo que se penalizan os maos modos, os *grafittis* ou tirar lixo nas rúas, o emprego inapropiado dos telemóbeis tamén está considerado unha transgresión e está sometido a control social. Así, o goberno comezou por advertir o uso pouco acaído deste aparello electrónico en certos espazos públicos, especialmente no transporte (buses, tren e metro)⁴⁴⁹. Este tipo de restricións fai referencia, sobre todo, ás chamadas de voz, a pesar de que nalgúns casos tamén se fan extensíbeis para as mensaxes de texto.

As pautas sociais a que nos referimos fican reflectidas tamén con claridade no uso estatístico das SMS: nun estudo levado a cabo polo Mobile Communication Research Group sinalábase que a mocidade e as persoas adultas máis novas enviaban arredor de dez mensaxes de texto por día. Igualmente, só o 23% afirmaba realizar unha ou dúas chamadas diarias, en canto o 27% se situaba entre as dúas e as seis chamadas de voz semanais (Okada 2005:49). Sobre este particular, Baron (2008:136) apunta para un uso prioritario da comunicación escrita no telemóbel na maioría das situacións de interacción. Así as cousas, as SMS superan ás chamadas de voz nos seguintes contextos: na casa co 93%, na escola co 39%, nos restaurantes e cafeterías co 21%, nas estacións de trens ou de autobuses co 31% e dentro destes medios de transporte co 36% –frente ao 83%, 32%, 13%, 24% e 5% respectivamente

⁴⁴⁹ Eis algunha das prácticas que realizaba o goberno xaponés a respecto do telemóbel: “Central Japan Railway started announcing on their *shinkansen* (bullet trains) that passengers should refrain from using *keitai* [mobil phone] while in their seats. Gradually, announcements were made on other types of public transportation as well. By the late 1990s, scores of newspaper articles were appearing that condemned public use of *Keitai*. As of September 2003, passengers began hearing the following kind of announcement on trains and buses throughout Japan, after each stop: ‘We make this request to our passengers. Please turn off your *keitai* in the vicinity of priority seating [for elderly and disabled]. In other parts of the train [or bus], please keep your *keitai* on silent mode and refrain from voice calls. Thank you for your cooperation’” (Baron 2008:135).

das chamadas de voz. Tan só para as interaccións en espazos abertos a comunicación por voz supera a escrita, se ben que por unha porcentaxe mínima —49% para as chamadas e 48% para as SMS. O colectivo xaponés neste tipo de situacións costuma exercer un control máis exhaustivo no modo en que interaxe con outras persoas a depender do contexto da comunicación. Sobre este particular, vira relevante o seguinte excerto extraído de Dobashi (2005:228):

There are things in this world that can only be said in e-mail [= text message]. Like when I get into a fight with the children, some things are difficult to say on the phone. So I write, “I’m sorry, I didn’t mean what I said.” Then they write back and say, “I’m sorry, too. I also went to far.” On the phone, they would say, “Stop nagging.”

Non obstante, a preferencia por uns servizos ou outros do terminal móbil que se observa nunha determinada sociedade ás veces deriva de variábeis económicas, mais do que propiamente de condicionamentos culturais. Neste sentido, xa fixemos referencia en 1.2.2.6 ás chamadas perdidas, unha inxeniosa práctica que se desenvolveu para comunicarse a través do telemóbel sen incorrer en ningún gasto adicional, como acontece tanto para as mensaxes de texto como para as chamadas de voz, o que o converte nunha modalidade comunicativa funcional a efectos económicos⁴⁵⁰, embora presente tamén certas limitacións. Do mesmo modo, as tarifas que ofrecen as compañías telefónicas para as chamadas e para as mensaxes de texto tamén condicionan o seu uso e, se ben que afirmamos que por regra xeral as SMS constitúen un servizo máis barato que as chamadas de voz, o factor económico non é o mesmo para todos os países, de forma que debe ser examinado con cautela. A este respecto, os Estados Unidos configúranse como unha excepción, pois até moi recentemente todos os dispositivos móbeis funcionaban a través dunha tarifa mensual que, xeralmente, tiña unha permanencia de dous anos. De modo semellante ao funcionamento das tarifas planas actuais, neste tipo de subscrición págase por un número máximo de minutos para realizar chamadas de voz e, por tanto, “you might as well use them” (Baron 2008:138). O dito sistema de prezos foi o que se mantivo desde que a finais da década de 90 os terminais móbeis entraron no mercado⁴⁵¹ e constitúe a razón primordial do suceso das chamadas de voz fronte ás SMS.

Cando as compañías telefónicas descubriron o potencial das mensaxes de texto e estas se converteron nun novo servizo para a interacción móbil, poucas persoas de Norteamérica sentiron verdadeiro interese nelas, porque parecía unha aplicación innecesariamente incómoda e, sobre todo, porque significaba un custo adicional, dado que as tarifas se limitaban ao envío de datos por voz. Conforme sinala a lingüista estadounidense “no wonder Americans kept on talking, not texting, on their mobiles. Writing was something you did with ten fingers on a keyboard” (Baron 2008:138). Por tanto, cando comparamos o uso estatístico das mensaxes de texto entre uns países e outros, os Estados Unidos sitúanse nos postos máis baixos do espectro. Neste sentido, Baron (2008:139) sostén que en canto en 2006 aproximadamente o 70% dos adolescentes noruegueses apuntaba para un uso diario das SMS, en contraste, nos Estados Unidos tan só o 4% do total da poboación e o 18% das faixas etarias máis novas utilizaba as mensaxes de texto nalgunha ocasión determinada. Igualmente, en estados como Alemaña, Italia, España ou o Reino Unido, entre o 81% e o 86% das persoas usuarias dos telemóbeis envía mensaxes de texto, en canto que nos Estados Unidos o número

⁴⁵⁰ Sobre todo naqueles países con menos recursos económicos. Neste sentido, Donner (2007) documenta esta práctica no contexto da África Subsahariana.

⁴⁵¹ Aínda que a telefonía móbil entrou no mercado global anteriormente, non foi até este momento en que se xeneralizou o seu uso e en que os ditos terminais se converteron nunha tecnoloxía máis para a maior parte da poboación, grazas fundamentalmente á redución do seu tamaño e ao abaratamento dos terminais, antes só accesíbeis para un sector moi exclusivo.

se reduce ao 39%. A seguinte anedota reflicte as diferenzas no uso das SMS entre uns países e outros, que, embora deriven de variábeis económicas, poden converterse en verdadeiras pautas culturais:

I vividly remember a heated discussion among students in one of my classes in late 2002 over what a mobile phone was good for. About a third of the students owned mobile phones at that point. However, only one of them –who had just returned from a semester studying in Italy– knew about text messaging. As she explained how convenient it was to tap out messages with your thumb on the small keypad, the other students rolled their eyes in disbelief: why would anyone struggle to produce a text message when you could simply call (or use a computer to send an email or an IM)? Such was the mind-set of average American college students at the time mobile phones –and eventually text messaging– began to be aggressively marketed in the United States (Baron 2008:140).

Por tanto, para alén da conveniencia, variábel fundamental no anterior fragmento, non podemos subestimar a importancia do factor económico na fixación de determinadas actitudes sociais. En Europa, as mensaxes de texto foron xeralmente moito menos custosas do que as chamadas de voz, razón que xustifica en grande parte o suceso das SMS sobre outros medios de interacción, nomeadamente entre a xente nova, en canto nos Estados Unidos as mensaxes de texto supoñen un gasto adicional –ben sexa por SMS enviada ou a través dunha tarifa mensual. En relación cos vínculos entre as SMS e a mocidade norteamericana, Baron (2008:140) sinala que a escolla entre unha chamada de voz ou unha mensaxe está ás veces determinada por quen paga as facturas e, nesta liña, “parents of teenagers or college students know to expect monthly voice charges but sometimes balk at additional fees for texting”. Se o volume de mensaxes de texto aumentase nos Estados Unidos no futuro, non provocaría necesariamente unha diminución no número de chamadas xa que “given the huge number of voice minutes most students have on their phones (sometimes 500-1,000 per month), there’s no reason for increased texting to diminish voice-call traffic” (Baron 2008:143). Esta situación, como xa apuntamos, é esencialmente distinta noutros lugares do mundo, onde a maioría da xente nova utiliza preferencialmente as SMS, dado que constitúen o servizo de comunicación menos custoso que incorpora a súa tarifa telefónica.

Sobre esta cuestión, tamén Crystal (2008:92) sinala o seu baixo custo como un dos factores fundamentais da popularidade alcanzada polas mensaxes de texto en relación coas chamadas de voz na maioría das partes do mundo, se ben que cita algunhas onde a variábel económica adquire unha especial relevancia no momento de escoller un ou outro servizo. Así, na China, por exemplo, “a text in 2004 cost only 0,1 RMB (roughly a US cent or half a UK penny), and for the cost of a one-minute voice call on your mobile you could send eight text messages”⁴⁵². Na mesma liña, tamén en Filipinas a comunicación escrita a través do móbil se converteu no servizo máis utilizado a partir de finais da década de 90, cando as dúas maiores compañías telefónicas introduciron este servizo de forma gratuíta. A este respecto, Crystal apunta tamén que, inclusive no momento en que esta aplicación comezou a ser de pago –a partir do ano 2000 aproximadamente–, o seu desenvolvemento non se reduciu, debido a que o custo continuaba a ser moito máis baixo do que o dunha chamada: as mensaxes custan un peso, o que supón o 20% do prezo dunha comunicación por voz. Con todo, no momento en que este servizo deixou de ser gratuíta, o que si que se produciu foi unha mudanza no modelo de emprego, dado que o grupo etario de menos de 30 anos se converteu no sector que incluía

⁴⁵² Vershinskaya (2002:147) sinala o fenómeno contrario, isto é, apunta como unha das razóns do escaso uso das SMS en Rusia o feito de que só algúns dos terminais dispoñen desta aplicación adaptada á grafía do ruso. Outrosí, conforma un servizo complexo de utilizar, pois é preciso transliterar as mensaxes, quere dicir, pór con caracteres occidentais as letras da lingua rusa.

as persoas usuarias máis activas⁴⁵³. O estudioso galés sostén que esta pauta non foi exclusiva dos países con menos recursos económicos, mais que tamén naqueles que gozan de boa saúde a xente nova rapidamente se decatou das vantaxes das SMS fronte ás chamadas, especialmente cando as mensaxes “was being put across forcefully by mobile phone companies, and attractive payment packages were being placed in front of them” (Crystal 2008:92)⁴⁵⁴.

En síntese, convén termos en consideración que para establecermos o perfil dunha persoa usuaria de telefonía móbil e, concretamente, de mensaxes de texto, é preciso reflectirmos a respecto de diversos condicionantes, sobre todo, aqueles que teñen relación coa caracterización do propio individuo, cal a idade ou o sexo, mais tamén aqueles outros que se encontran determinados pola situación de uso do dispositivo en cuestión, caso do factor contextual, o económico, o xeográfico ou o cultural. Non obstante, en liñas xerais podemos observar que a mocidade se configura como a maior usuaria da tecnoloxía móbil e do servizo de mensaxes curtas, pois, como sinalan Höflich e Rössler (2002:83), este último constitúe un servizo ideal que serve a este grupo de idade para os seus propios fins: a interacción privada, a comunicación entre pares, o desenvolvemento da identidade e do sentimento de pertenza a un grupo, entre os máis relevantes. Aliás, as SMS presentan as mesmas funcionalidades que as chamadas de voz e, igualmente, en determinadas ocasións conforman medios máis apropiados para a comunicación, como teremos oportunidade de tratarmos na seguinte sección. Con todo, debemos ter en conta que nalgúns casos estas mesmas variábeis con que definimos o perfil prototípico das persoas usuarias de SMS tamén poden explicar certas pautas que se afastan do noso modelo –caso do factor económico–; do mesmo modo, as vantaxes que presenta este servizo a respecto doutras modalidades comunicativas explican tamén que estea a adquirir unha forte repercusión no resto da poboación⁴⁵⁵.

2.3.2.2. Motivos do suceso

Para alén do status social que outorga a súa posesión, o telemóbel é un instrumento fundamental que facilita a interacción entre os pares, ademais de garantir unha sensación de control, canto que se trata dun medio de comunicación propio. E como puidemos ver en seccións anteriores, o servizo de mensaxes curtas converteuse nos últimos tempos no sistema de comunicación móbil máis común, sobre todo entre as faixas etarias máis novas. Os datos que se achegaron até o momento demostran un crecemento revolucionario das SMS e xulgamos que o seu suceso a nivel mundial é debido a diversos factores. Indicamos xa que se trata dun medio máis económico que as chamadas convencionais e, igualmente, tamén máis privado, dado que permite ás persoas usuarias comunicárense sen que a súa conversa se faga

⁴⁵³ Para aprofundar en cuestións relacionadas coas pautas que gobernan o emprego de telemóbel en relación cos grupos de menor idade e con factores de tipo económico, véxase Turchetti (2004) e Rafael (2003).

⁴⁵⁴ Porén, a supresión deste tipo de barreiras económicas como consecuencia de promocións, ben de chamadas de voz, ben de mensaxes de texto, pode provocar unha inversión dos roles habituais no uso desta tecnoloxía por parte da poboación, embora se trate de condutas limitadas a un espazo de tempo determinado. Sobre este particular, Baron (2008:143) indica que “in April 2006, students at the University of Udine in Italy informed me that for the past few months, they had been making voice calls at least as often as sending text messages because a local service provider was running a voicecall promotion. They anticipated reverting to more texting once the promotion ended”.

⁴⁵⁵ Como indicamos en 1.2.24, hoxe en día os terminais móbeis de última xeración posúen aplicacións de mensaxería instantánea que, á diferenza das SMS, non teñen un número de caracteres limitado e que presentan un menor custo. En calquera caso, se ben que a limitación a 160 caracteres foi o factor fundamental para o desenvolvemento de sistemas de escrita abreviada no caso das SMS, os novos servizos de mensaxería tamén documentan este tipo de prácticas lingüísticas, xa que de igual modo que os chats ou as redes sociais, o que prima nos contextos electrónicos é a inmediatez comunicativa. Véxase cap.3.

pública ou afecte o resto da xente que permanece ao redor. Noutras palabras, o suceso das SMS non pode ser explicado sen atendermos tamén ás posibilidades que ofrece este servizo a respecto doutros medios de comunicación. Así as cousas, as mensaxes de texto chegan moito máis rápido do que as cartas, da mesma forma que a resposta, o envío e a recepción de mensaxes non interrompe a actividade que estea a realizar o interlocutor, ao contrario do que as chamadas e, igualmente, o feito de ser un medio de comunicación a distancia facilita a desinhibición das persoas usuarias. Na opinión de Castro (2008:43), “diz-se o que não se tem coragem, facilitando a confissão sem o pudor ou o receio físico da exposição face-a-face”.

Nesta liña, Crystal (2006:263) tamén apunta que as SMS se utilizan frecuentemente para axudaren a manter ou a crear relacións afectivas ou simplemente para enviaren un “estou a pensar en ti”. Segundo parece, o 37% das persoas usuarias utilizou o servizo de mensaxes curtas para lle manifestar a alguén o seu afecto ou amor. Almiron (2005:108), por súa vez, tamén sinala que as SMS, aínda que non poden suprir as vantaxes dunha comunicación oral, son de moita utilidade e prefírense ás chamadas en certas ocasións, nomeadamente cando o que se debe comunicar non necesita ser consensuado pola persoa emisora e a receptora. A modo de exemplo, esta autora sinala diversas accións como confirmar os datos dunha cita ou enviar un número de teléfono ou calquera información breve que desexemos que a outra persoa manexe. Como xa adiantamos en 2.3.1.1, as mensaxes son igualmente útiles para nos comunicarmos en momentos en que non podemos manter unha conversa oral, como nunha conferencia, nunha biblioteca, en horas de traballo etc., dado que estas poden ser enviadas e lidas en calquera momento, alén de as podermos dirixir a teléfonos fóra de liña, á diferenza dunha chamada telefónica. En definitivo, do que se trata é de evitarmos interromper o que puider estar a facer o noso interlocutor. Outro do puntos fortes que o servizo de mensaxe de texto posúe é o seu carácter inmediato, directo e persoal, en contraposición a outras aplicacións de comunicación mediada. Nestes medios, Crystal (2008:93) sinala que constitúe un sistema moito máis conveniente e funcional que a mensaxaría instantánea, onde ambos os interlocutores teñen que estar situados perante os seus computadores nun mesmo período de tempo.

De igual modo, se o noso terminal estiver accesíbel, calquera persoa pode recibir unha mensaxe de texto de forma instantánea, á diferenza do correo electrónico para o cal se precisa contar con acceso á Internet e acceder á caixa de correspondencia⁴⁵⁶. Inclusive se o terminal estiver apagado, a mensaxe sera almacenada no telemóbel para que fique dispoñíbel no momento en que este for acceso. Na mesma liña, cando o sinal de cobertura for feble, unha SMS ten moitas máis posibilidades do que unha mensaxe de voz para que sexa recibida por parte da persoa destinataria, o que se torna de especial relevancia en situacións de emerxencia ou en momentos do ano de grande tráfico de datos, cando as liñas telefónicas se colapsan, como acontece no Nadal, sobre todo na noite do día 24 e do día 31 de decembro, xa que o servizo de mensaxes curtas utiliza menos ancho de banda. A clasificación realizada por Varshinskaya (2002:148) sérvenos para sintetizarmos as razóns que xustifican o emprego de SMS e que xa foron apuntadas: i) é moito máis barato que telefonar, nomeadamente cando se envía unha SMS ao estranxeiro; ii) é un modo de os interlocutores aforraren cartos; iii) constitúe unha maneira confidencial de pasar a información e ofrece a posibilidade de realizar comunicacións secretas ou cando menos cun alto nivel de privacidade –que, como xa se apuntou, algunhas culturas como a xaponesa valorizan de forma positiva–; iv) é máis eficaz

⁴⁵⁶ Ling (2005:335) afirma a este respecto que “among teens, this is the preferred form of mediated interaction surpassing instant messaging, e-mail, voice mobile telephony and even traditional fixed line telephone calls [...]. Since mobile telephones are essentially ubiquitous among teens, one knows that if they send an SMS to a certain telephone number that it will come to that person, and not to another individual”.

para deixarmos unha mensaxe que non é urxente, cando non quixeremos distraer a outra persoa, ou cando non se nos permitir realizar chamadas⁴⁵⁷; vi) é útil cando se precisar gardar silencio ou cando o ambiente for ruidoso e non permite a conversa; e vii) constitúe, en ocasións, unha forma de diversión, especialmente entre os máis novos⁴⁵⁸. As persoas que foron entrevistadas no noso traballo sinalan, na liña das anteriores clasificacións os seguintes motivos por orde de preferencia: i) é económico; ii) é rápido; iii) é menos molesto; e iv) ten unha duración controlada (véxase 6.II).

Höflich / Rössler (2002:86) achan que os motivos para o uso das SMS terán de ser semellantes a aqueles que se describiron para o emprego do telemóbel, fronte a outros soportes de interacción. Como xa indicamos, o telefone constitúe un medio idóneo para a comunicación interpersonal e, a pesar da súa capacidade para establecer contactos por todo o mundo, este dispositivo conforma tamén un soporte de interacción para as distancias curtas: a xente chama con maior frecuencia a familiares, amigos e coñecidos. Neste sentido, cómpre termos en consideración a importancia das redes sociais: a utilización do telefone intégrase nas redes de comunicación xa existentes, de modo que aquelas persoas con máis contactos sociais aproveitarán en maior medida as súas posibilidades para a interacción. Por tanto, os mencionados autores determinan tres motivos fundamentais para xustificaren o suceso deste medio interactivo: a sociabilidade, a instrumentalidade e a autoconfianza. O primeiro refírese ao proceso de integración na sociedade⁴⁵⁹, en canto o segundo fai referencia ao proceso de coordinación social. As dúas dimensións poden ser tamén aplicadas a outros sistemas de interacción, como o correo electrónico, mais a necesidade psicolóxica de tranquilidade engadida, terceira das variábeis, é característica inherente da comunicación telefónica. Segundo Höflich / Rössler (2002:87), “los componentes tranquilidad añadida y satisfacción sirven para centrar el sentido individual de seguridad y la comprensión de que amigos y familiares están también seguros” e indican, igualmente, que a maior parte das chamadas telefónicas son curtas en lonxitude e que só son necesarios uns cantos comentarios. Nesta liña, coidamos que a autoconfianza tamén vai supor un motivo relevante no uso das SMS, ao estaren especializadas no envío de mensaxes curtas.

Outro dos potenciais das mensaxes de texto é a posibilidade de permitiren que as persoas teñan acceso, a través do seu terminal, a outros medios de comunicación de grande prestixio social, cal a radio, mais fundamentalmente a televisión (Teixeira 2003). En relación con isto, existen múltiples programas televisivos, sobre todo aqueles en que se debaten

⁴⁵⁷ Crystal (2008:94) indica que as mensaxes de texto permiten realizar unha comunicación de forma discreta, se o tes en modo silencio e, para alén disto, sinala que “in 2007, commercial trials were being conducted by Australian airline Qantas into the possible use of Inmarsat-routed SMS text messaging on their planes. The 12-month trial allowed passengers on a Boeing 767 to send text messages or emails but not voice calls, to avoid disturbing other passengers”.

⁴⁵⁸ Ling (2002:42) nunha clasificación similar para as chamadas sinala que o envío de mensaxes de carácter xocoso por voz, cal as brincadeiras, é escaso ou nulo, dado que, segundo este autor, existe unha longa tradición que considera tales chamadas como inapropiadas ou mesmo perigosas. En contraste, moitas das persoas entrevistadas para o seu estudo afirman que enviaban con certa frecuencia mensaxes de texto deste tipo. Tamén Crystal (2008:94) sinala que “the value of the medium for people –old as well as young– who want to communicate secretly or subversively is also apparent”.

⁴⁵⁹ Tamén neste sentido, Teixeira (2003) afirma que “um outro grande factor de sucesso das mensagens SMS prende-se como o cerne do funcionamento do próprio fenómeno lingüístico: facilitar as interações sociais. Sendo o discurso oral a forma clássica de interpelação pessoal, ele implica determinados códigos sociais ou sócio-lingüísticos que restringem a possibilidade de comunicação [...]. Eu, para saber a receptividade que o outro pode ter para comigo, tenho que me expor à sua presença. Ora as mensagens SMS alteram radicalmente isto tudo. Pode-se falar com o outro(a) sem nos expormos fisicamente”, o que favorece as confesións íntimas sen o pudor da presencialidade, nomeadamente entre a xente máis nova, mais non só.

determinadas cuestións ou aqueloutros dirixidos a un público xuvenil, onde se poden visualizar a rodapé as SMS que a xente envía, o que lles outorga certa visibilidade ou recoñecemento social⁴⁶⁰. Sobre esta cuestión, Höflich / Rössler (2002:88) afirman que dentro da dimensión de sociabilidade existe tamén un padrón de diversión bastante coherente formado polos coñecidos conceptos de satisfacción dos medios de masas. Para os autores hai unha clara relación entre esta dimensión e a adopción do medio de forma lúdica. Xa Rafaeli (1986:127) no seu momento suxeriu a inclusión da “Teoría lúdica” como máis un modo de explicar os usos dos sistemas de interacción mediada e as posíbeis satisfaccións a que fan referencia, de aí que se deban ter en consideración a diversión e o xogo⁴⁶¹ como dous motivos igualmente importantes para explicarmos o suceso das SMS. Mais para alén dos catro factores xa mencionados –a saber: sociabilidade, diversión, instrumentalidade e tranquilidade engadida–, existen outros condicionantes tamén relevantes, cal a mobilidade, o acceso permanente⁴⁶² e o status, propiedades todas elas xa sinaladas en Castro (2008:38-40) para facer referencia ao seu suceso entre a mocidade.

Alén de as mensaxes de texto seren un sistema de comunicación menos molesto e máis acaído para certos ámbitos, presentan máis unha vantaxe que permite xustificar a súa grande aceptación, isto é, a posibilidade de realizarmos múltiples tarefas –o que no mundo anglófono se coñece como *multitasking* (Crystal 2008:94). As persoas poden enviar unha mensaxe de texto ao tempo que realizan outras actividades, como veren a televisión, escoitaren unha conversa, iren ao cinema ou mesmo recibiren aulas. A este respecto, Crystal (2008:95) sinala que “teachers have frequently observed students texting in class while reading a book, writing an essay, or even carrying out a scientific experiment”, o que ten levado en moitas ocasións á prohibición dos terminais móbeis nestes contextos, dado que se percibe que poden interferir nas actividades que se están a levar a cabo. Neste sentido, redixirmos mensaxes de texto cando estamos a conducir pode converterse nunha práctica mesmo perigosa, prohibida e penalizada xa na maioría dos países do mundo. No tocante ás SMS e ao seu uso, Baron (2008:132) afirma en relación cos Estados Unidos que “texting is not so easy in a land where driving is so much a part of everyday life; and this difficulty has increased now that state are beginning to make it illegal to text and drive”, e acrecenta que, no sentido oposto, naqueles países en que a poboación se serve con máis asiduidade do transporte público as mensaxes de texto desempeñan unha verdadeira función social e un pasatempo. Prácticas violentas ou non, o certo é que os exemplos citados testemuñan o modo en que a escrita de SMS se xeneralizou en moitas sociedades.

Na mesma liña, as mensaxes de texto responden, igualmente, a unha nova necesidade comunicativa nunha sociedade –a Sociedade da Información– onde aumenta a presión do tempo e onde os períodos de atención curtos son cada vez con máis frecuencia a norma⁴⁶³.

⁴⁶⁰ Na opinión de Teixeira (2008) “‘aparecer’ na televisão é extremamente aliciante, mormente numa idade em que o dar nas vistas é prioritário. Conseguir que uma sua mensagem, com a sua identificação, passe num programa de televisão é ter a certeza que será lida por muitos milhares ou milhões de pessoas. Por isso é que são tão freqüentes declarações de amor em mensagens SMS televisivas: o adolescente considera um enorme prestígio social ‘aparecer’ na televisão e aproveita a oportunidade para cativar quem mais deseja”.

⁴⁶¹ Leung / Wie (2000) identificaron tamén no seu estudo o pracer como un motivo para o uso dos telemóbeis en Hon Kong.

⁴⁶² De acordo con Sempere (2007:317), manter os individuos permanentemente interconectados é unha das prerrogativas da Era Dixital e, neste contexto, as SMS constitúen un deses dóceis conectores. As SMS, segundo este autor, exteriorizan moitas das características da Era: instantaneidade, rapidez, brevidade, tactilidade, ubicuidade, interactividade, interconectividade e personalización.

⁴⁶³ Tamén Sempere (2007:319) repara nesta circunstancia cando indica que “las razones de su éxito fulgurante se derivan de las características del medio que son un modelo reducido de las propias características de la Era Digital: énfasis en la velocidad, la ubicuidad y la simplicidad, sensación de diálogo interactivo y un cierto efecto

Este medio resulta idóneo para aquelas persoas que non queren perder demasiado tempo “engaging in the linguistic hand-shaking that is needed in traditional face-to-face or voice telephone conversations” (Crystal 2008:96). Baron (2008:145) sinala que as razóns por que o estudantado escollía enviar SMS en lugar de realizar chamadas de voz eran as seguintes: i) non é un bo momento para a persoa emisora falar; ii) vontade de realizar unha comunicación curta cando a conversa telefónica demora demasiado;iii) non é un bo momento para a persoa receptora falar. Esta clasificación resulta altamente pragmática, mais con todo presenta unha certa lóxica, dado que a maioría das persoas que inicia unha comunicación coñece as súas circunstancias, mais con frecuencia ignora se as persoas a que se dirixen están dispoñíbeis nese momento. De acordo con Crystal (2008:96), en contextos de conversas presenciais ou mesmo telefónicas “it is normal polite behaviour to exchange social messages on meeting someone (*How are you?, Nice day...*), and in some languages the conversational rituals of greeting and farewell are quite elaborate”. Porén, ningunha destas propiedades é esencial para as SMS, onde as mensaxes teñen tendencia a seren curtas, directas e concisas e onde non se precisa este tipo de preámbulos; véxanse, por exemplo, as seguintes mensaxes de texto:

Chama nkanto o vxas! (A13)

Estate lista as 9. Atamaña (A8)

Ei! Q tal? Xa stas rcuprada? Km vai tdo? I miss u baby! Eu aki..vageando x mria pita! Kndo m vas vir visitar? Bks chorvi (A69).

Nelas podemos observar desde a ausencia total de rituais de saúdo e despedida até unha presenza mínima destas convencións, se ben que tamén existen casos, como se pode ver en A69, en que as SMS seguen os modelos das conversas presenciais ou telefónicas. Mais mesmo no caso de seren incluídos, adquiren, como podemos observar, dimensións moito máis reducidas. A este respecto, o estudioso galés subliña que

In a face-to-face setting, they would seem abrupt or even –depending on the relationship between the participants- rude. I received a text message from one of my children the other day which said simply: ‘Get Indie today, good review’. It is rare indeed for conversational interactions in English to begin so directly, without some sort of greeting; and it is unusual even in emails, instant messaging, and other electronic conversations, where a ‘Hi’ or some such expression routinely breaks the ice. Texting seems to be adding some new kinds of dialogue to our linguistic repertoire (Crystal 2008:96).

2.3.2.3. Funcionalidade das SMS

Se ben que o envío de mensaxes curtas tamén presenta diversos inconvenientes ou atrancos que limitan en certo modo a comunicación –sobre todo a termos en consideración a limitación de espazo–, os datos achegados até o momento inclínanse a sinalar as súas vantaxes a respecto doutros sistemas de interacción. Isto tivo como consecuencia que se constituíse como un medio de comunicación de referencia para a maior parte da poboación, non só para a mocidade, inclusive naqueles países, cal EEUU, onde o seu uso non se xeneralizou até épocas máis tardías. Na liña do exposto en Crystal (2008:99), “the benefits of texting, it seems, have made the medium irresistible”. Con base nas estatísticas a que fixemos referencia e que sinalan unha alta frecuencia de envío de SMS, xorden outros interrogantes: cales son os asuntos que se tratan a través das mensaxes de texto? Que función desempeñan

hightouch: la sensación de proximidad física, de tocar al otro, al tratarse de mensajes elaborados con el sentido del tacto”.

as SMS e que tipo de información é vehiculada a través deste medio? Embora parezan cuestións doadas de responder, convén termos en consideración a súa dificultade, pois a formación dun corpus sobre o que fundamentarmos as nosas argumentacións conforma, como xa se sinalou (véxase Metodoloxía), unha actividade complexa, dado que moitas persoas non están dispostas a cederen as súas SMS e a permitiren que estas sexan accesíbeis ou que se fagan públicas. De acordo con Crystal (2008:103), “it was as if I had asked them for a window into their most intimate world”. Non obstante, a nosa selección de mensaxes de texto e as achegas que algúns investigadores realizaron neste campo permiten asociarmos o uso deste servizo a diversas funcionalidades.

Para Höflich / Rössler (2002:89) existen tres tipoloxías principais en que se poden agrupar todas as modalidades comunicativas. Así, a primeira das categorías correspondería á comunicación tradicional face a face, en canto o segundo grupo estaría representado polos medios de comunicación de masas (televisión, libros, revistas, xornais etc.). Finalmente, tanto o telemóbil como o correo electrónico e o emprego conversacional da Internet (chat, mensaxaría instantánea) farían parte do que eles denominan “comunicación interpersoal por medios tecnolóxicos”, sección en que se incluíría tamén a interacción a través de SMS. Segundo indican os anteditos autores, a aplicación máis utilizada para o caso deste servizo é o envío de mensaxes de texto de persoa a persoa e acrecentan –na liña do sinalado anteriormente– que este tipo de comunicación é particularmente preferida para establecer diversos vínculos sociais e a máis acaída para a manutención de relacións persoais⁴⁶⁴. Na opinión de Crystal (2008:105) “all kinds of social relationships can be fostered or disturbed using texting, from the mildest of observations to the strongest of affirmations”, isto é, as persoas poden enviar mensaxes de complicidade, para indicaren que están aí ou que botan en falta os seus interlocutores, para lles desexaren unha rápida recuperación, para demandaren unha chamada ou inclusive para iniciaren ou finalizaren unha relación de amizade, onde o anonimato ou cando menos a ausencia de presenza física contribúe para tornar a interacción máis dinámica e as persoas menos introvertidas⁴⁶⁵, como xa indicara Castro (2008:43). Nestes medios, as mensaxes de texto, especialmente entre a xente nova, poden servir para flirtear ou mesmo poden ter unha clara orientación sexual (Thurlow 2003).

Noutra orde de cousas, o aborrecemento é tamén unha das grandes motivacións para o envío de SMS. Trátase dunha forma de matar o tempo cando as persoas non teñen ningunha ocupación⁴⁶⁶, como xa indicaba a clasificación elaborada por Baron (2008:144-145). Ademais, cómpre termos en conta que estas poden ser enviadas a calquera hora. Por tanto, é posíbel recibirmos mensaxes que fagan referencia ao momento do día –“bo día”, “boa noite” etc.– ou simplemente un enunciado en que se afirme que existe un interese partillado entre as

⁴⁶⁴ Crystal (2008:105) salienta que o feito de a maioría das SMS estar formada por enunciados simples e breves, podería facernos pensar que o contido que se pode enviar está moi limitado, reducido a cuestións do día a día ou, nalgún caso, destinado a responder preguntas do tipo *quen*, *que*, *onde* ou *cando*, en lugar doutro tipo de indagacións máis profundas e, tamén máis longas como as respostas a un *como* ou a un *porque*. Con todo, dentro das súas restricións de espazo, as mensaxes de texto desenvolven un amplo abano de funcións, non só sociais, mais tamén informacionais.

⁴⁶⁵ Di ao respecto Crystal (2008:109): “A text message is also, according to several online forums, the easiest and least embarrassing way to tell someone that you no longer want to go out with them. Texting evidently allows an intimate person-to-person contact while preserving distance. You can say some things in text that you can’t say face to face”.

⁴⁶⁶ Segundo Kopomaa (2005:150), “composing text messages in all kinds of places is akin to the tendency, found in children’s play, to move away from inactivity towards activity. The text message transports the sender’s thoughts to the recipient, offering the sender the freedom from the constraints of the immediate environment: the aim is escape. However, escape in this case is primarily based on the contact established with the recipient rather than a wish to get away from one’s physical setting”.

persas alocutarias. Crystal (2008:106) sinala que as SMS, alén de se utilizaren para intercambiar novidades persoais, son empregadas inclusive para fofocar. Igualmente, os parabéns de aniversario ou aqueles que se envían en datas sinaladas, como o Nadal, encontran na brevidade das mensaxes de texto un medio ideal⁴⁶⁷. Cunha orientación similar, encontramos aquelas SMS que se dedican de forma exclusiva a actividades lúdicas, onde o obxectivo único da interacción é a diversión. Segundo Thurlow (2003), “humour helps to fulfil the generally phatic function of text-messaging by which an almost steady flow of banter is used in order to maintain an atmosphere of intimacy and perpetual social contact”. As SMS empréganse para faceren circular diversas brincadeiras, mensaxes en cadea, adiviñanzas etc. A este respecto, Kopomaa (2005:151) salienta que o 65% das mensaxes de texto do seu estudo foi enviado por diversión, e non para finalidades máis serias. Tamén Crystal (2008:111) indica, en relación con isto, que en moitas páxinas webs podemos encontrar bromas SMS agrupadas en múltiples categorías –matrimonio, política, animais, sexo, diñeiro etc –, do mesmo modo que en calquera lugar de brincadeiras, mais adaptadas ao formato propio das mensaxes de texto.

É preciso considerarmos que a diversión e a interacción persoal e privada non son as únicas funcións sociais para as que se utilizan as SMS, pois diversos informes suxiren o emprego deste servizo para outros propósitos, como o acoso sexual, as ameazas, os insultos, a difusión de rumores etc., o que se torna relevante se pensamos en que estas actividades afectan sobre todo a xente nova. Non obstante, o servizo de mensaxes de texto ofrece, no sentido contrario, un grande potencial para as familias estaren informadas dos movementos dos seus fillos e das súas fillas e para se aseguraren do que lles acontece, sen influíren ou sen interromperen as súas actividades, á diferenza dunha chamada de voz. Sobre este particular, un estudo levado a cabo en Norteamérica por Mediathink en 2006 verificou que o 63% das familias que enviaban mensaxes de texto xulgaban que melloraba a comunicación coas súas crianzas (Véxase <http://www.textually.org/textually/archives/2006/08/013379.htm>). Tamén nesta liña destacan algunhas iniciativas como a “PRMTXT Campaign”, levada a cabo nos Estados Unidos nese mesmo ano. Estaba dirixida a familias preocupadas polas saídas nocturnas dos seus fillos, razón por que rexistraban o seu número de telemóbel en www.prmtxt.org, e a data en que saían; nesa noite os adolescentes recibían a seguinte mensaxe: “have fun 2night. Stay safe. Don’t drink. Luv u”. Esta iniciativa foi creada pola CTIA (véxase <http://www.ctia.org/content/index.cfm/AID/10664>).

De acordo coa clasificación feita por Thurlow (2003) e a modo de recapitulación do que levamos exposto, podemos sinalar que as principais funcións sociais que desempeñan as SMS serven para os interlocutores combinaren, para se interesaren, para manteren a súa relación de amizade, para expresaren o seu afecto ou amor e, finalmente, para se divertiren. Algunha destas actividades demostra, porén, que a función social e a informacional nalgúns casos están tan próximas que se solapan. Neste sentido, unha das funcionalidades das SMS é o seu rol para a xente planificar as súas vidas, coordinar horarios, fixar ou adiar citas, etc. De acordo con Crystal (2008:112), “a remarkable number of perfectly ordinary, daily, family activities are now organized in this way, specially in relation to travelling and redirection of journeys”, se ben que tamén acrecenta que “not all coordination is lawful: texts have been used in the planning of fraud, terrorism, and other illegal activities”. As mensaxes habitualmente realizan preguntas e achegan respostas sobre temas específicos de información, nomeadamente cando se trata de inquéritos sobre determinados temas: xa

⁴⁶⁷ Con base no sinalado por Crystal (2008:106), “some industry surveys suggest that as many as a quarter of all text messages fall into this category. Incidence varies with time of year. On New Year’s Day in 2007, a new record was set for daily text messages in the UK: 214 million”.

fixemos referencia cando sinalamos os factores que motivaron o suceso do medio ao incremento deste tipo de actividades debido a que os programas televisivos convidan o público telespectador a votar, a responder a unha determinada pregunta ou simplemente a manifestar a súa opinión a respecto dos temas de debate que se están a formular na pantalla⁴⁶⁸.

Por tanto, vemos que fóra dos contextos a que xorde vinculada, isto é, a interacción persoal, a tecnoloxía móbil e, en concreto, as SMS, desenvolveron outro tipo de funcionalidades. Nestes medios, unha aplicación igualmente popular é o envío de información ao usuariado por parte das empresas e das institucións, que difunden as súas novidades a través de alertas ou confirman a entrega dos seus produtos. Na actualidade xa se poden realizar transaccións monetarias ou recibir avisos de ingresos/cargos bancarios, descargar datos binarios etc. Mesmo o sector da publicidade está a se aproveitar das funcionalidades deste servizo, en moitos casos a través das mensaxes lixo⁴⁶⁹, igual que acontece para o caso do correo electrónico. O feito de que se prefira esta modalidade discursiva, tamén no sector empresarial e publicitario, responde a diversos factores, algúns deles xa apuntados en páxinas anteriores, isto é, trátase dun dispositivo inalámbrico que outorga unha ampla mobilidade e que, na maior parte dos casos, acompaña as persoas propietarias no seu día a día e, para alén disto, a tecnoloxía SMS permite unha rápida difusión da información, na medida en que o acceso a esta é inmediato e independente ao lugar e ao momento en que se producir. A este respecto, tórnanse relevantes as seguintes palabras de Crystal (2008: 114):

A commonly use metaphor, especially in the context of ‘alerts’, is to talk about the technology facilitating the ‘push’ of information. Information is being pushed out to recipients as it becomes available. The contrast is with a ‘pull’ mode, where people poll a server regularly to see if any new information is there. The pull model is obviously wasteful of time, energy, and bandwidth, for most of the time there will be little or no change in the data source. Far better, for many purposes, is to ask to receive only that information which is relevant to your needs and to know that it will arrive at the earliest possible moment.

Hoxe en día, todo o tipo de entidades e de organizacións envía mensaxes de texto con alertas para as persoas usuarias que figuran na súa listaxe de enderezos⁴⁷⁰ informándoas das últimas novidades no seu dominio: poden ser novas sobre as condicións ambientais, sobre

⁴⁶⁸ Tamén Sempere (2007:319) sinala diversos usos das mensaxes de texto nestes ámbitos: “Los SMS se utilizan también profusamente en el ámbito corporativo. Los medios, principalmente la radio y la televisión, los emplean como medio para verificar encuestas al minuto, votaciones y concursos. Las empresas de servicios para comunicarse con sus clientes, confirmar citas y cancelaciones, etc. Su uso es tan amplio como sus propias posibilidades. Ha habido otros usos masivos y relevantes del SMS en la implementación de lo que se conoce como marketing viral. Otra creación de la época y de los nuevos medios. Los SMS se han utilizado para transmitir a grupos, o persona a persona, mensajes comerciales, políticos, convocatoria de manifestaciones, etc. [...]. Los SMS son también el medio de comunicación genuino de las redes sociales y los grupos alternativos”.

⁴⁶⁹ Con todo, a pesar de seren os máis frecuentes, non son os únicos, dado que existen casos en que a persoa usuaria permite ou mesmo solicita o envío de mensaxes publicitarias de certas entidades (véxase 2.3.3).

⁴⁷⁰ Algunhas compañías de televisión, como a BBC ou a CNN, ofrecen un servizo de alerta SMS para estar ao día do que acontece no mundo. Do mesmo modo que acontece no caso doutro tipo de empresas, as persoas rexistran o seu número de telefone nesta aplicación e desde ese momento reciben mensaxes coa información nacional e internacional tan axiña como sucede. Nesta liña, Crystal (2008:113) salienta que “some local government authorities (such as Liverpool and Sheffield) have begun to alert subscribers to all kinds of events in their area –floods, traffic holdups, terrorist incidents, planning decisions, rubbish collections...” e, igualmente, engade que “in the aftermath of the Virginia Tech shootings in April 2007, when email alerts proved so unsatisfactory as a means of warning students of danger, universities began to explore the possibilities offered by texting”.

viaxes, deportes, mudanzas de horario, ofertas do día etc. Inclusive noutras latitudes están a se explorar novos usos para as mensaxes de texto. Así as cousas, na China e tamén na Holanda aproveitaron as posibilidades das SMS na realización de planos para a vixilancia nos vecindarios. Nestes casos, a policía utilizaba as mensaxes de texto para alertar as persoas do barrio sobre unha crianza perdida ou sobre unha vaga de roubos, entre outros asuntos de vital importancia. Do mesmo modo, nos Estados Unidos tivo lugar unha campaña similar en maio de 2006, denominada “Wireless Amber Alerts⁴⁷¹” e deseñada para aumentar o número de xente que podería colaborar na localización de persoas, nomeadamente de menores desaparecidos. Trátase dun desenvolvemento do *Sistema de Alertas Amber*, en funcionamento xa desde 1998: cando a policía recibe unha nova dunha desaparición, esta entidade emite unha “alerta Amber”, que informa tamén o Centro Nacional de Crianzas Desaparecidas e Explotadas, para que dese xeito a información sexa enviada a través de diversos provedores de servizo ao usuariado que está subscrito por medio dunha mensaxe de texto.

De todas as sinaladas até o momento, cómpre destacarmos que os servizos de banca móbil e de comercio electrónico son os que encontraron nas mensaxes curtas unha aplicación idónea para realizaren ou informaren das súas operacións. Eis unha mostra extraída do noso corpus que ilustra este tipo de prácticas:

Agora en Novagalicia Banco ten vostede un préstamo preconcedido para o que precise. Somos un novo banco cos clientes de toda a vida. (MNP2)

Na mesma liña, moitas entidades bancarias envían boletíns a través de SMS de forma regular. Por exemplo, en 2005 MasterCard puxo en funcionamento un servizo a través do cal os clientes recibían unha mensaxe de texto cada vez que se realizaba unha transacción que levantase certa desconfianza, o que reducía o tempo de resposta da Compañía nun 90%. Como se pode ver, os avances da utilidade e da funcionalidade das SMS teñen lugar en todo o momento. Neste sentido, chaman a atención as diversas posibilidades que os novos terminais ofrecen no uso das mensaxes de texto. Así, Crystal (2008:115) salienta que o telemóbil pode estar conectado con outros e, a través do servizo de mensaxes curtas, permitir unha interacción múltipla baseada en texto, de modo similar ao que acontece nos chats ou na mensaxaría instantánea. Outro dos servizos que nos ofrece é o das notificacións para a chegada de correos electrónicos e de comentarios no perfil das redes sociais ou para o aviso dunha chamada de voz entrante que non puido realizarse con suceso. Para o caso do correo electrónico, o servidor envía unha SMS ao dispositivo móbil cando algunha mensaxe chegou á nosa caixa de correo. Esta mensaxe pode incluír información sobre a persoa emisora, o seu enderezo electrónico e mesmo o asunto que figuraba como apertura do correo. Crystal (2008:115) afirma que tamén é posíbel programar a aplicación para recibir alertas tan só se a mensaxe proceder dun enderezo en particular ou se esta contiver determinadas palabras chave. Este autor achega unha outra posibilidade para as SMS:

A novel application is the use of a ‘validity period’. Imagine you are about to watch an hour-long TV programme, and you want to text friends to tell them it’s on. You send a text, but you have no way of knowing if your friend’s phones are on or not. If they are, your message will reach them. But if they aren’t, your message is of value only if they turn their phone on in the next hour. If they turn on their phone two hours later, your message is not only useless; it might also be annoying. However, if you set

⁴⁷¹ Véxase <https://www.wirelessamberalerts.org/index.jsp>.

the validity period of your message to ‘one hour’, the SMS server will not forward your message once the deadline has passed. A new interpretation of the old maxim, ‘What the eye doesn’t see...’

As perspectivas que as mensaxes de texto abren non só afectan aplicacións funcionais, mais tamén teñen o seu reflexo noutros ámbitos. Nestes medios, as conversas de texto chegaron tamén ao mundo da arte. En 2006, o artista alemán Matthias Haase creou unha escultura de conversa múltipla a través dunha SMS que denominou ‘Der Bote’ (‘The messenger’ ou ‘o mensaxeiro’) na University of Fine Art en Dresden. Como se pode ver na figura 10, o deseño consiste nunha mesa de aceiro que soporta un computador, unha pantalla e un proxector e con un módulo GSM que permite recibir mensaxes de texto. As persoas que visitaban a escultura podían enviar unha SMS desde o seu terminal móbil ao número que se mostraba na pantalla e este sería emitido uns segundos máis tarde. Nese momento o sistema enviaría unha breve resposta do autor. Unha vez que os medios anunciaron que a dita instalación viaxaría, as mensaxes procedían de todos os recantos do mundo.



FIGURA 10. ‘Der Bote’, Matthias Haase.

Como se pode observar, desde o momento en que as persoas se decataron do potencial comunicativo das mensaxes de texto, a *ratio* de usos especializados non fixo máis que aumentar. Neste sentido, tamén na política as SMS se converteron nun modo práctico e funcional de chamar a atención dos membros dun partido, dun grupo de activistas ou de sectores máis amplos de poboación sobre un asunto determinado ⁴⁷². Segundo Crystal (2008:117), “in 2007 it was reported that the Home Office was using SMS to reach foreigners in the UK whose visas were about to expire”, mentres que “in Nigeria, it was used to monitor the state of affairs at the polls in the 2007 presidential elections”. Para alén disto, as SMS permiten chegar ás persoas que, doutro modo, non poderían estar ao tanto de determinados eventos. Así as cousas, Sempere (2007:116) destaca que o acontecemento máis notorio foi aquel que se difundiu a través de mensaxes de texto de forma masiva tras os atentados do 11-M de 2004, que enfrontaron os dous grandes partidos políticos do Estado español e que puxeron de moda outra práctica xa típica das SMS: ‘*Pásao!*’. Do mesmo modo, os grupos políticos utilizan este medio de comunicación para informaren os afiliados e simpatizantes da

⁴⁷² Para unha análise máis profunda da relación entre a política e as mensaxes de texto véxase tamén “Political texting: SMS and elections”, dispoñíbel en http://www.thefeaturearchives.com/topic/Culture/Political_Texting_SMS_and_Elections.html. Consultado en 02/04/2012.

súa axenda cultural e política. No noso corpus (véxase 6.I) achamos diversas mensaxes do BNG que nos informan sobre manifestacións ou eventos que organiza a mesma fronte:

Por Galiza, sabado as 6, todas e todos a Quintana. Contra esta reforma da Constitución do PPSOE (**MNP1**)

Maña 29M, o BNG coa Folga Xeral. Contribue a que sexa un éxito e participa nas mobilizacións convocadas pola CIG. (**MNP3**)

En definitivo, non é complexo entendermos que, grazas as súas posibilidades comunicativas, as SMS se convertesen nun fenómeno a escala mundial. Os telemóbeis e as súas aplicacións teñen un alcance global e as motivacións das persoas para faceren uso das mensaxes de texto parecen ser similares en todo o mundo. A seguridade, a confidencialidade, a fiabilidade e a velocidade deste medio constitúen as garantías deste suceso.

2.3.3. Tipoloxía das SMS

Unha vez que foron indicadas as razóns que motivan a transcendencia do servizo de mensaxes curtas e a ampla gama de funcións para as cales este novo medio de comunicación é empregado, non só por individuos, mais tamén por empresas e institucións de diversa índole, tórnase preciso realizarmos unha clasificación tipolóxica das SMS que, atendendo a diversos criterios, dea conta das diversas clases de mensaxes susceptíbeis de apareceren na caixa de entrada do noso terminal móbil. De feito, se ollarmos en calquera caixa de correspondencia electrónica, observaremos que as mensaxes que se reciben manifestan un alto grao de variabilidade. A comunicación que se realiza a través do servizo de mensaxes curtas permite as persoas usuarias da telefonía móbil preencheren esferas moi diversas da vida social: desde as mensaxes publicitarias, as institucionais ou as interaccións estritamente persoais, as caixas de correo viron diversificada a tipoloxía de textos recibidos e asumiron practicamente todas as funcionalidades propias da correspondencia tradicional, ao tempo que acrecentaron outras específicas do medio, como a realizada a través doutros sistemas mediados, cal o correo electrónico. Somos conscientes de que tratarmos de pór orde entre tanta diversidade resulta unha tarefa complexa, nomeadamente a termos en consideración o escaso ou o nulo tratamento que recibiu este sistema de interacción electrónica. Neste sentido, tomaremos como referencia as achegas e as taxonomías realizadas para o correo electrónico, pois coidamos que, na maioría dos casos, son perfectamente extrapolábeis para nos aproximarmos das SMS.

Os contributos que se encarregaron de establecer clasificacións para a correspondencia electrónica foron feitos desde unha óptica fundamentalmente funcional, onde, en moitas ocasións, tan só se tiñan en consideración factores tecnolóxicos. Desde o noso punto de vista, consideramos necesario un achegamento máis inclusivo, que conteña na súa caracterización elementos relativos á súa función social tal e como xa acontece nalgunha das tipoloxías existentes. Aliás, unha auténtica sistematización dos textos debería descansar tamén en criterios lingüísticos (Yus 2001:155). Cómpre, no entanto, referírmos embora brevemente a algunha destas aproximacións. Na clasificación levada a cabo por Chamontin / Gradatour (2002) propóñense nove tipos de correo dos cales sete poden ser aplicados ás SMS –mensaxe

privada, profesional, mensaxe de correo de B a B⁴⁷³, mensaxe de resposta automática, de confirmación ou de seguimento de pedido⁴⁷⁴, mensaxes non solicitadas (*spam*), mensaxes de publicidade electrónica de prospección ou subscripción e boletíns periódicos (*Newsletter*). Mais, como se pode notar, trátase dunha clasificación complexa en que se concede demasiada relevancia a elementos diferenciais de escaso valor. Así, focaliza a súa atención nas mensaxes de tipo publicitario e comercial, en canto ignora algunhas fundamentais na comunicación persoal. A focaxe excesivamente tecnolóxico e comercial da súa proposta explica que non teña en consideración determinados parámetros que si incorporará a nosa.

Outrosí, convén destacarmos a clasificación que realiza Yus (2001:155), que se insire no marco dun traballo de corte pragmático, de modo que aplica, fundamentalmente, criterios de uso lingüístico. Por esta razón, Yus reduce a tipoloxía de mensaxes a tres clases –a correspondencia persoal, o foro de debate e a listaxe de distribución– xa que a súa achega focaliza o seu interese nos tipos de interacción. Á diferenza de Chamontin / Gradatour (2002), centrados na utilidade publicitaria do medio, este autor mostra un maior interese pola comunicación de carácter persoal. A proposta de Yus non pretende establecer unha listaxe completa cos tipos de mensaxes, mais o seu interese na distinción dos modos de interacción lévao a conceder prioridade ao carácter privado ou grupal do intercambio e á posibilidade de xerar procesos de diálogo. Estes criterios corresponderían á clasificación feita en 2.2.4, máis do que ao establecemento dunha tipoloxía de textos, obxectivo da presente sección. Por este motivo presentaremos a seguir unha sistematización da variedade de textos que podemos recibir a través da aplicación de mensaxes curtas o máis exhaustiva posíbel. Así, para alén da enumeración e da descrición de cada unha das clases, trataremos de establecer criterios de organización para os elementos comúns aos diferentes tipos de SMS.

2.3.3.1. Clasificación segundo criterios funcionais

Nun achegamento destas características prevalecen, sobre todo, os criterios sociotecnolóxicos, como os que adoptaron Chamontin / Gradatour (2002) na súa clasificación. Con todo, a nosa aproximación basearase, de forma fundamental, nas categorías presentadas por Vela Delfa (2005:208) e por López Alonso (2006) para o correo electrónico. A primeira recolle a proposta dos anteditos autores, engade novas tipoloxías e simplifica outras que poden agruparse en clases xa existentes; a segunda diferenza, segundo parámetros enunciativos (véxase 2.3.3.2), a mensaxaría en réxime de correspondencia e aquela sen intercambio de correspondencia. Ao mesmo tempo, tamén acrecentaremos aquelas modalidades propias de interacción SMS. Como consecuencia, obtivemos un total de sete categorías que presentamos a seguir e que ilustran a grande variedade de usos deste medio de comunicación, na liña dos sinalados en 2.3.2.3.

⁴⁷³ Baixo esta denominación enmárcanse aquelas mensaxes de natureza comercial dirixidas de tal modo que poden ser percibidas como mensaxes persoais ou profesionais. Segundo Vela Delfa (2005:203), cando este tipo de correos non foron solicitados achéganse ao prototipo das mensaxes lixo, en canto se están relacionadas directamente con esferas vinculadas coa vida profesional do receptor o seu status é ben diferente. Neste sentido, Chamontin / Gradatour (2002) consideran que desde unha perspectiva legal sería importante distinguir entre a publicidade profesional e os envíos masivos, pois moitas destas mensaxes de B a B corresponderían á primeira clase.

⁴⁷⁴ Adoitan ser mensaxes que se xeran de modo automático ao longo do proceso de compra-venta a través da Internet e que normalmente serven para confirmaren que a operación se realizou con suceso. Trátase de mensaxes de vital importancia no desenvolvemento do comercio electrónico, pois constitúen as garantías da transacción.

2.3.3.1.1. A mensaxe persoal

Constitúe o tipo de interacción máis frecuente a través do servizo de mensaxes curtas⁴⁷⁵; unha SMS de carácter persoal conforma un texto que se envía desde un enderezo numérico identificado a outro, como consecuencia dunha relación de correspondencia interindividual e privada. As mensaxes persoais adoitan versar sobre temáticas moi variadas, se ben que o seu sinal de identidade é o carácter particular, íntimo e privado do intercambio. Desde unha perspectiva lingüística, este tipo de correspondencia presenta un rexistro distendido, con moitas marcas coloquiais. No entanto, a variedade estilística vira moi ampla, dado que variará en función de factores como a identidade do autor do texto ou a relación que se establece entre os interlocutores (véxase 2.1.3). Mais, se observarmos as mensaxes persoais que figuran no noso corpus (véxase 6.I), poderemos determinar que, por regra xeral, participan dunha modalidade de escrita pouco formal, en que se detectan con certa frecuencia características propias da escrita electrónica tales como a transgresión das normas ortográficas, os anacolutos, as elipses ou mesmo o predominio da unidade informativa fronte á estrutura de conexión textual, entre as máis habituais. As mensaxes que figuran a seguir constitúen exemplos extremos do rexistro informal e coloquial e da presenza de mecanismos lingüísticos propios da escrita electrónica:

Flecidads plexa! Q tal? Oubo transfrmacion? Jeje! Nunk pnsar q durnt 14 dias kmpriads/ms a msm idad! Intnt disimlr os dstrgos q 351 dias fn n1 prsoa! Ri, ri! Agra nn o ntnds xo xa m dirs dntro d 365! jaja! Disfrtaos xq mpza a knt atras. E s qrs o meu skrto pa star km d 15 smpr pdms xgar a ltrato..jaja! Bks (A64)

Ei! Q tal? Xa stas rcuprada? Km vai tdo? I miss u baby! Eu aki..vageando x mria pita! Kndo m vas vir visitar? Bks chorvi (A69)

Hi baby! Pois nos x aki, inkumprnd a diet! Xa m sint mal! ☹ sakad m8 fotos e pasadeo bn! Tamos xgand pokr! Q tal lvads isso d nn dspegarvos? jeje! Biks chorvi (A327)

Como vemos, o emprego constante de abreviaturas, os distintos mecanismos de redución, os elementos denotativos da actitude emotiva, o uso da puntuación e outros recursos a que faremos referencia na terceira parte deste traballo permiten incluírmos os anteriores textos no grupo de mensaxes de tipo persoal. Con todo, tamén convén repararmos en que non toda a correspondencia de carácter persoal presenta un rexistro tan particular, se ben que a grande maioría se concentra neste grupo, xa que é pouco usual observar tantos elementos da escrita electrónica noutras categorías de mensaxes de texto. As seguintes SMS, ao presentaren un estilo máis coidado, permiten observar a ampla gama de rexistros que presentan os correos de tipo persoal:

Como vai o proceso de asimilación da noticia? Xa o vas (felizmente) asumindo? (B40)

Moitos parabéns (de novo) e un grande beixo! (B41)

Para min si que supuxo un privilexio (e encheume de orgullo) escoitarte. Moitas grazas por estar aí e moitos parabens (C3)

⁴⁷⁵ O que se reflicte tamén no corpus que manexamos para este traballo, pois das 803 mensaxes con que conta, 790 constitúen interaccións de carácter persoal. No entanto, cómpre termos en conta que esta cifra supera de forma vertixinosa a do resto das categorías, debido a que as de tipo comercial ou publicitario que chegan ás nosas caixas de correo nin sempre están redixidas en lingua galega, produto da situación diglósica da Galiza.

Todas as mensaxes presentadas até o de agora pertencen a unha interacción entre persoas que manteñen unha relación de amizade e, embora todos eles manifesten certos trazos coloquiais, os recursos propios do discurso electrónico aparecen con menor frecuencia no segundo grupo. Pódese notar que a diferenza entre unhas mensaxes e outras tamén está motivada por outro tipo de variábeis, como o factor idade, pois se ben que as tres primeiras pertencen ao grupo de 15-25, as restantes SMS fican inseridas nas categorías de maior idade –a saber, 25-40 e +40. Para Yus (2001:154), a mensaxería electrónica conforma unha ferramenta a que se lle pode tirar un duplo uso: i) por unha banda, permite a interacción regular, instantánea e permanente entre dúas ou máis persoas; e ii) por outra banda, favorece unha nova forma de publicidade e de venda de produtos. Con base nesta distinción, as mensaxes de carácter persoal, e en menor medida as de tipo profesional (véxase 2.3.3.1.2), responden á primeira das funcionalidades, en canto outras tipoloxías se encarregan de asumir o segundo dos usos sinalados polo autor.

A proliferación de mensaxes de tipo persoal e o crecente incremento da escrita de textos electrónicos alertou, como xa apuntamos, certos sectores sociais e algúns puristas da linguaxe que denuncian moitas das propiedades específicas do xénero por acharen que se trata de prácticas perigosas. En primeiro lugar, observan con cautela o aumento da escrita de textos pouco normativos que, na opinión de Vela Delfa (2005:211-212), pode comportar a dexeneración lingüística das persoas que a utilizan, sobre todo no caso da xente nova⁴⁷⁶; en segundo lugar, afirman que o xénero da correspondencia electrónica –correo electrónico, SMS, chats e mensaxaría instantánea, fundamentalmente– contribúe para a diminución do correo postal. Con todo, xulgamos que o retroceso do xénero epistolar constitúe un fenómeno anterior á aparición dos sistemas de interacción mediada. Ademais, existen outros medios de comunicación alternativos, como o propio telefone, que axudan igualmente a xustificaren a redución no uso do correo postal. No sentido contrario, achamos que tanto o correo electrónico como as SMS persoais poden entenderse como un rexurdir do discurso epistolar e da interacción de correspondencia, cuxa grande diferenza asenta no soporte que a vehicula e nos distintos xéneros textuais en que esta se materializa.

2.3.3.1.2. A mensaxe profesional

As SMS de tipo profesional son mensaxes de texto de carácter privado que se envían desde unha caixa de correo particular ou nalgúns casos semipública –dado que pode tratarse dunha aplicación accesíbel para determinadas persoas no seo dunha determinada empresa ou compañía. Segundo Vela Delfa (2005:213), o feito de algunhas mensaxes manifestaren un carácter semipúblico, embora restrinxido, débese a que, en ocasións, o intercambio involucra un conxunto de profesionais ou unha equipa dentro dunha institución, mais non constitúen o grupo máis habitual. A principal diverxencia a respecto das mensaxes persoais radica nos temas que se tratan, xa que normalmente este tipo de correspondencia se centra en asuntos relativos ao ámbito profesional ou ás relacións laborais (López Alonso 2006). Do mesmo modo que o correo electrónico, as SMS profesionais encóntranse moi estendidas nalgúns ámbitos laborais, o que se debe ás vantaxes que esta clase de intercambios ofrecen no campo das relacións de traballo. Quere dicir, por un lado, permiten o desenvolvemento da comunicación para un grupo de profesionais e, por outro lado, favorecen o almacenado de mensaxes, a través do cal se pode levar a cabo un rexistro da interacción e dos asuntos

⁴⁷⁶ Non afondaremos aquí nestas cuestións, que serán tratadas con máis pormenor en 3.4.1.

tratados, especialmente relevante no caso dos intercambios empresa-clientela ou xefe/a-empregado/a.

Ambos os sistemas de comunicación mediada encóntranse xa na orixe moi relacionados co mundo laboral, xa que os seus primeiros usos se levaron a cabo nun ámbito profesional concreto: no caso do correo electrónico vimos en 1.2.2.1 foi o mundo universitario, a que nace vinculado, mentres que inicialmente o Servizo de Mensaxes Curtas estaba deseñado para que as compañías telefónicas envíasen información á súa clientela. Esta orixe específica contribúe para comprendermos porque as textualidades electrónicas se adaptan tan ben ás necesidades do mundo profesional (Vela Delfa 2005:214). Na opinión de López Alonso (2006), o novo modo de escrita revolucionou os sistemas de traballo até o punto de que nas últimas publicacións sobre os ditos medios de interacción se chega a defender que a “cultura da mensaxaría” está a substituír a “cultura da fala”. Boothe (2001) e Dorner (2002) ocúpanse do estudo da mensaxería profesional e interésanse non só polas súas propiedades, mais tamén investigan o modo de a tornaren máis efectiva. Sobre este particular, convén salientarmos que moitas das indicacións que se ofrecen na *netiquette* (véxase 2.2.4) tamén tratan cuestións relativas á escrita na esfera profesional, entre as cales convén salientarmos as seguintes:

1. Saudar antes da mensaxe e despedirse co nome, de igual modo que se faría nunha carta física. Adicionar información de contacto no final.
2. Empregar maiúsculas e minúsculas correctamente. As maiúsculas dan a impresión de estar a elevar o ton. Escribir liñas e parágrafos en maiúsculas é de pésima educación.
3. No caso do correo electrónico, inclúe un título na epígrafe “asunto” que reflecta o contido da mensaxe.
4. Ser breve sen ser demasiado conciso. Incluír o suficiente material orixinario como para ser comprendido, mais non en exceso.
5. Non se exceder utilizando emotícones e adaptarse ao rexistro en función do contexto ou do noso interlocutor⁴⁷⁷.

O estilo lingüístico das mensaxes profesionais adoita presentar unha maior preocupación formal que no caso dos correos persoais. Porén, a depender do grao de familiaridade que existir entre os alocutarios e das relacións de hierarquía que se estableceren entre estes, a lingua dos textos de carácter profesional tamén pode presentar certas propiedades de natureza pouco formal. Nalgúns casos, chegan mesmo a se confundiren co estilo das mensaxes de tipo persoal, o que, na opinión de Vela Delfa (2005:214), provoca certa equiparación entre ambas as categorías. Neste sentido, convén termos en consideración, igualmente, que a temática profesional pode figurar unida con outras de tipo persoal, o que torna máis complexo determinarmos un límite claro entre as ditas tipoloxías. A seguir recolleemos exemplos en que se observan estas dúas vertentes lingüísticas a que acabamos de referirnos.

Mañá temos a reunión de departamento. Non olvides presentar antes o informe. Vémonos mañá. Unha aperta! (A345)

Xa temos en illa a posibilidade d xerar cv modelo mec. Podes probar co d *****? Manha falamos (C42)

⁴⁷⁷ Estas recomendacións están tiradas do seguinte sitio web <http://lasindias.net/indianopedia/Netiqueta>, embora existan moitos outros enderezos virtuais con indicacións similares ás aquí citadas e, igualmente, algúns traballos en formato papel que tratan sobre a *netiquette* (véxase Crystal 2006).

Olá, ***. Km vai td? Tms d flar d vrias csas, kmo, x xplo, d dencia k vas ipttir st ano, ds copias d rnsión d *****, d meu nnk visto nin palpado teu TFM etc. Kmo ts sts días? Fco á spera d rcbir nvas ts. Aprts (B42)

Olá, ****. O teu TFM e eu nn dmos sido bos amgs. Pdríasm mndr, d nvo, as sgnts páxns: 5-13, 47-52 e 62-68? Ou, case mlr, nvíamo outr vz ao crreo elctrónc e tnto fcer Imprsión dsas follas n CSA (B48)

As mensaxes de texto que figuran como mostra permiten notarmos que, como regra xeral, a relación que une os coenunciadores e o tipo de discurso social en que se enmarcan as súas contribucións son os factores que costuman establecer os límites entre os correos persoais e os profesionais; no entanto, en ocasións, as constantes interferencias entre estes dous ámbitos viran difícil establecermos unha clasificación independente, pois configuran fronteiras difusas. A este respecto, unha relación laboral de tipo continuado pode trascender a unha modalidade de interacción persoal en que se comeza falando de contidos profesionais para terminar cunha secuencia final en que se evolúe cara a temáticas de carácter persoal, como ilustran as seguintes SMS:

X vs, ****, q ***** trblla a 1110. Flz fn d smna! (B46)

Prabns! Tou m8 cntnte x esa nticia! Chmot dspois k tou n Bclona (B53)⁴⁷⁸

Á diferenza do exposto en López Alonso (2006) para o correo electrónico, as esferas de socialización complementares que adoitan abarcar as mensaxes de texto profesionais e persoais non desembocan no caso das mensaxes de texto na creación de caixas de correo independentes para cada fin. Sobre este particular, Vela Delfa (2005:216) afirma que a adscrición a un ou outro campo pode verse reflectida na propia estrutura da dirección de correo, pois os enderezos profesionais costuman pertencer a dominios empresariais relacionados coa compañía ou a institución para a cal se traballa⁴⁷⁹; neles os nomes adoitan presentar tamén diferenzas, sendo máis formais no contexto profesional –en canto a utilización de pseudónimos costuma ser máis habitual nos enderezos de tipo persoal. Con todo, as mensaxes de texto tamén permiten crear grupos diferenciados dentro da listaxe de contactos, nomeadamente no caso das aplicacións de tipo comercial de envío masivo de SMS, se ben que a súa recepción nos telemóbeis é xestionada a través dunha única bandexa de entrada.

2.3.3.1.3. A mensaxe institucional

As mensaxes de texto de corte institucional son aquelas que se enmarcan no contexto dunha relación de correspondencia entre unha institución e os seus membros ou entre institucións e persoas destinatarias identificadas; conforman mensaxes de carácter oficial que tratan temáticas máis concretas e que, na opinión de Vela Delfa (2005:216), chegan a se constituír en anuncios públicos de información. Este tipo de correo mantén notábeis vínculos

⁴⁷⁸ Cómpre sinalarmos que o interlocutor de B46 e de B53 é o mesmo que o de B42 e B48 e que neste caso a relación de hierarquía é supervisor/empregada. Isto evidencia que as interaccións laborais continuadas permiten establecer un grao de proximidade entre as persoas, que provoca que, en ocasións, sexa complexo delimitarmos cando estamos perante unha mensaxe de carácter persoal ou de tipo profesional.

⁴⁷⁹ No caso da Universidade da Coruña, tanto o equipo de traballadores como o alumnado dispón dunha conta de correo electrónico cuxo identificador común, alén do nome de usuario, é o dominio @udc.es.

coas mensaxes de carácter laboral, dado que na maioría dos intercambios unha das persoas interlocutoras está a desenvolver a súa encomenda profesional. Do mesmo modo, as dúas categorías manteñen puntos en común que permiten diferenciarlas das SMS interpersoais, pois os temas que se tratan non son libres, mais están relacionados con aspectos concretos que competen á esfera da dita institución. A maior diferenza que separa a correspondencia profesional da institucional é o seu carácter oficial e, subsecuentemente, a vinculación que establece cos estatutos do organismo que representan. Esta clase de mensaxes de texto presenta, fundamentalmente, dous valores ilocutivos: por un lado, a solicitude de información que se realiza desde a caixa de correo individual á institucional e, por outro lado, a oferta por parte da entidade ao particular para o envío dalgunha información.

En relación coa dita categoría de SMS, cómpre sinalarmos que a súa particular natureza oficial provoca dificultades engadidas para seren colixidas, de modo que os exemplos con que conta o noso corpus son minoritarios de os compararmos coas restantes categorías. E de igual modo que as mensaxes de corte comercial ou publicitario (véxase 2.3.3.1.3), presentan un outro inconveniente, pois a maioría delas son vehiculadas en lingua española⁴⁸⁰. Non obstante, existen determinadas institucións que dispoñen deste tipo de aplicacións en galego; concretamente, aquelas con que contamos foron extraídas de diferentes entidades e responden, por regra xeral, á estrutura de pedimento de información a que acabamos de facer referencia.

Xa ten dispoñibles os datos fiscais de Renda 2011 de NIF ***7227**. Con referencia *****. Pode consultalos en WWW.aeat.es (MNP4) [Entidade: Axencia Española de Administración Tributaria]

A USC informalle que lle foi expedido o Suplemento Europeo ao Título. Pode pasar a recollelo pola Unidade de matrícula. (MNP11) [Entidade: Universidade de Santiago de Compostela]

Novo aviso (www.sergas.es) - Lista definitiva de Grupo auxiliar da función administrativa, Persoal de servizos xerais e Celador/a (MNP12) [Entidade: Sergas]

Como se deduce dos exemplos expostos, estas producións textuais manifestan, por regra xeral, un estilo coidado, como corresponde ao grao de oficialidade dos seus enunciados e da situación comunicativa en que se inscribe a relación entre os coenunciadores. Por tanto, no referente ás súas propiedades discursivas non difire substancialmente daquelas que caracterizan os seus equivalentes na correspondencia postal tradicional; mais, á diferenza destas, as mensaxes electrónicas tiran rendemento das vantaxes que o medio dixital lles ofrece, o que ten como consecuencia que se prefira esta modalidade de intercambio. De acordo con Vela Delfa (2005:217), é posíbel distinguirmos dúas estruturas básicas de intercambio neste contexto: i) simétrica, isto é, que pon en contacto entre si diversas institucións, e ii) asimétrica, ou sexa, que relaciona entidades particulares con institucións. Con todo, o último modelo de interacción non adoita ser tan frecuente como o que se realiza a través do correo electrónico, xa que este uso está intimamente relacionado coa visita a sitios web institucionais; aquí a forma de contacto que se facilita costuma ser o correo electrónico ou un telefone de contacto destinado a recibir chamadas de voz fundamentalmente. En

⁴⁸⁰ É preciso repararmos que se ben que a maioría dos organismos da Galiza envían a súa información en lingua galega, existen moitas outras institucións a nivel estatal que nin sempre ofrecen ao usuariado a opción de escoller o idioma en que gustaría de recibir as alertas.

consecuencia, non documentamos ningún emprego desta natureza para as mensaxes de texto. O seguinte exemplo evidencia que os usos mencionados están moito máis estendido para os intercambios a través do correo electrónico.

Estimada organización,

Adxunto de novo a comunicación unha vez incorporadas as melloras suxeridas polo comité científico. A modalidade de preferencia para a presentación da comunicación é a oral e, como segunda opción, o póster.

Saúdos Cordiais

Exxxxxxxxx Mxxxxxxxx Cxxxxx (OM1)

De confrontarmos este correo coas SMS que se incluíron nas páxinas anteriores para explicaren as características das mensaxes de persoa a persoa, achamos múltiples diferenzas, sobre todo no relativo á súa organización e ao nivel de lingua con que son redixidos os textos. Neste sentido, podemos notar que a mensaxe institucional mantén a estrutura tripartida do correo postal tradicional: saúdo ou abertura, corpo do texto e despedida e sinatura (véxase 2.3.6). Presenta, igualmente, fórmulas de cortesía que se adaptan a un tipo de intercambio moi particular, moi regulado e xa estereotipado, onde a norma é que os coenunciadores non teñan referencia algunha da persoa a que se dirixen. E, como indica López Alonso (2006), ao contrario do que acontece coas mensaxes profesionais, as interaccións que teñen lugar en contornos institucionais dificilmente evolúen no grao de proximidade, de aí que, por unha parte non manifesten trazos das mensaxes de texto persoais e que, por outra parte, o seu uso no marco do servizo de mensaxes curtas sexa escaso ou nulo.

2.3.3.1.4. A mensaxe comercial e publicitaria⁴⁸¹

As SMS de carácter comercial ou publicitario constitúen mensaxes de texto de carácter público que son enviadas desde unha caixa de correo destinada á expedición de publicidade e dirixida cara a múltiples coenunciadores, isto é, cara a unha ampla variedade de bandexas de entrada de uso particular. Estas mensaxes enmárcanse, como o seu propio nome indica, na correspondencia de tipo publicitario, de modo que o seu obxectivo principal é o envío de información sobre un servizo ou produto coa finalidade de incitar as persoas ao seu consumo. Na maioría das ocasións as SMS límitanse ao envío de contido de corte publicitario, mais noutras moitas propoñen o establecemento directo dun intercambio comercial entre a persoa emisora e a receptora. No caso do correo electrónico, Vela Delfa (2005:218) afirma que “este intercambio suele desarrollarse a través de la visita a una página web de la compañía anunciante, que generalmente viene referida a través de un enlace directo en el mensaje” e, alén disto, engade que “si el receptor accede al consumo del producto, la visita a la web comercial acostumbra a verse completada con el desarrollo de un intercambio a través del correo electrónico”. Desde o momento en que se facilita o número de telemóbel a unha determinada compañía, na maioría dos casos como resultado de preencher un cuestionario para se asociar a ela, a entidade adoita proceder ao envío de mensaxes para manter os seus clientes ao día das novidades ou das posíbeis ofertas que realizaren.

No caso desta serie de mensaxes é moi frecuente que as empresas utilicen diversos medios para se promocionaren; así as cousas, costuma ser habitual recibir ao mesmo tempo

⁴⁸¹ Aínda que en López Alonso (2006) conforman dúas modalidades diferenciadas, isto é, por un lado, o correo comercial e, por outro lado, o correo publicitario, coidamos que a prevalencia das súas características comúns permiten agrupármolas de forma conxunta, na liña da clasificación realizada en Vela Delfa (2005:218).

correos electrónicos e mensaxes de texto con idéntico contido comercial ou publicitario, pois favorece o achegamento a todo o tipo de público e, por tanto, garante unha maior expansión da información, independentemente das circunstancias particulares das persoas receptoras. Mais, embora agrupemos as dúas tipoloxías nunha mesma categoría, existen certos matices que permiten diferenciármolas e, neste sentido, o establecemento dun intercambio é o trazo que separa as mensaxes de tipo publicitario das de natureza comercial: as SMS de carácter comercial manteñen unha estrutura enunciativa diferente, onde a persoa coenunciadora é única e se identifica coa consumidora con que se establece un contrato determinado. Os exemplos que figuran a seguir conforman mensaxes de tipo comercial, dado que non publicitan ningún artigo, mais serven para o desenvolvemento dun intercambio de tipo transaccional que procura a compra dun determinado produto –neste caso a solicitude dun empréstimo– e a mellora das xestións entre esa entidade e os seus clientes. Moitas destas mensaxes están xa moi estandarizadas e, de feito, até poden ser identificadas con textos xerados de modo automático.

Agora en Novagalicia Banco ten vostede un préstamo preconcedido para o que precise. Somos un novo banco cos clientes de toda a vida (MNP2) [Entidade: NovaGalicia Banco]

Para acceder a Banca electronica (Internet) debe teclear o contido da coordenada D8 (MNP7) [Entidade: NovaGalicia Banco]

Como se pode observar, a súa organización enunciativa, que xira arredor dunha única persoa destinataria, é moi diferente á que caracteriza os correos publicitarios que adoitan ir dirixidos a unha colectividade de potenciais consumidores, grazas ao seu carácter impersoal. O envío de publicidade ás caixas de entrada dos nosos terminais móbeis configúrase como unha práctica moi estendida nos últimos tempos. A súa popularidade entre as compañías está xustificada polo seu grande potencial comunicativo, pois permite chegar á maior parte da poboación –o que nin sempre se consegue co correo electrónico–, e tamén polo seu baixo prezo. A este respecto, cómpre repararmos en que se trata dun sistema de comunicación máis custoso que aqueles que empregan a Rede, dado que neses casos uns segundos de conexión á Internet permiten facer chegar unha mensaxe a millóns de consumidores. Con todo, as aplicacións de envío de SMS que están a proliferar para o ámbito empresarial⁴⁸² e que viran posíbel o envío de mensaxes de texto de forma case instantánea aos terminais de centos ou de millares de persoas no mundo a un prezo asequíbel xustifican o suceso do medio. Para as persoas receptoras das mensaxes de texto esta situación nin sempre é recibida como favorábel, pois en ocasións a acumulación de mensaxes de carácter publicitario converte as caixas de correo en espazos onde predomina o caos informativo, xa que mesmo poden chegar a colapsar a súa capacidade de almacenamento⁴⁸³. Tanto o estilo como a iconografía deste tipo de SMS responden de modo directo ao discurso publicitario, que concede un coidado

⁴⁸² Véxase por exemplo o caso de *Deporwin* ou de *Masvoz*, que permiten o envío de SMS a particulares ou mesmo mensaxes personalizadas a un grupo de persoas usuarias que cumpre unhas determinadas condicións. Igualmente, estas aplicacións permiten sabermos a data e a hora do envío e o estado da mensaxe (recibida, enviada, en proceso ou erro), entre os aspectos máis destacábeis.

⁴⁸³ Neste sentido, convén sinalarmos, asumíndonos o exposto en López Alonso (2006), que existen dúas modalidades dentro da categoría de mensaxes publicitarias: i) a publicidade autorizada, quere dicir, aquela para a que o destinatario permitiu o uso dos seus datos telefónicos e a través do que se pode contactar cos remitentes –locutores identificados–; e ii) publicidade non autorizada ou mensaxes lixo, tipoloxía de correspondencia onde non existe conformidade previa para o envío e que analizaremos en 2.3.3.1.6, pois consideramos que se trata de entidades diferenciadas.

especial a todos os elementos que puideren actuar como reclamos de atención da persoa que as recibir⁴⁸⁴.

Renova o teu móbilR e leva un smartphone dende 0€. Mais info en renove.mundo-R.com (MNP13)

2.3.3.1.5. Mensaxes de cadeas de reenvío

Nesta tipoloxía poden ser agrupadas mensaxes de natureza moi diversa, todas elas relativas a intercambios moi específicos en que a persoa emisora tira proveito da posibilidade técnica das aplicacións de envío de SMS que ofrecen a opción de reenviar as mensaxes recibidas a calquera outra caixa de entrada. Isto é, as mensaxes en cadea son textos que chegan a un terminal particular e que son novamente enviados pola persoa receptora inicial a outros dispositivos, e así de forma sucesiva⁴⁸⁵. E aínda que é posíbel o reenvío de toda a clase de mensaxes, consideramos cadeas de reenvío aquelas SMS que, asumindo esa condición, manifestan tamén outra serie de requisitos de tipo temático e enunciativo que indicamos a seguir. Para Vela Delfa (2005:223) e López Alonso (2006) o verdadeiro trazo que outorga identidade propia a esta categoría radica na súa organización enunciativa, o que propiciará que as cadeas de reenvío presenten as seguintes propiedades: i) a persoa emisora da mensaxe non adoita coincidir coa autora do texto; ii) a persoa emisora e a destinataria presentan normalmente entidades concretas, isto é, son coñecidas⁴⁸⁶; e iii) a persoa encargada de redixir o texto orixinalmente é, con frecuencia, descoñecida.

Outra das características que permiten distinguirmos esta modalidade de mensaxes de texto fai referencia á esfera temática, na medida en que as SMS manifestan un contido informativo e partillado e, por tanto, de carácter público ou, cando menos, semipúblico. Costuman corresponder a textos que tratan asuntos de interese social común e que, en principio, non involucran de modo directo a vida privada ou persoal de ningún dos alocutarios que se ven implicados na interacción. A capacidade de circulación destas SMS é moi ampla, de maneira que non resultaría estraño recibirmos na nosa caixa de entrada unha mesma mensaxe procedente de distintos emisores. Igualmente, este tipo de correspondencia adoita moverse en espazos temporais concretos, de modo que nun mesmo corte temporal un texto poderá ser encontrado en varias bandexas de entrada, pois adoitan enviarse seguindo modas cunha permanencia no tempo moi efémera⁴⁸⁷. Consecuentemente, o contido das mensaxes de texto desta modalidade engloba temáticas moi diversas, se ben que existen algúns tópicos comúns. Sobre este particular, convén salientarmos as SMS de ton humorístico –relacións entre sexos, entre membros dunha mesma familia etc.–, as de carácter

⁴⁸⁴ Nestes medios, unha marca que, en moitas ocasións, nos axuda a identificarmos este tipo de mensaxes é a utilización das MMS que, do mesmo modo que o emprego do formato HTML no caso dos correos electrónicos, permite a inclusión de imaxes e de cor.

⁴⁸⁵ Nos correos electrónicos, onde tamén é moi frecuente esta modalidade de cadeas de reenvío, as mensaxes identifícanse doadamente pola aparición da marca *Forwards* ou as abreviaturas *FWDS* e *FW*, que normalmente precede a categoría *asunto* cando se trata dunha mensaxe reenviada. Con todo, o dito elemento acompaña calquera mensaxe que empregue esta opción técnica, de maneira que pode aparecer en correos que non pertencen, en sentido estrito, á presente categoría.

⁴⁸⁶ Trátase dun intercambio persoal, ben entre amizades, ben entre familiares ou mesmo grupos de traballo.

⁴⁸⁷ A este respecto, Vela Delfa (2005:224) afirma que a vitalidade das mensaxes de cadeas de reenvío é moi variábel. En ocasións permanecen inactivas durante algún tempo, mais poden volver a rexurdir máis tarde, se ben que aquelas relacionadas con temas de actualidade teñen unha vida curta, asociada ao evento a que fan referencia.

reivindicativo ou inclusive outras referentes a cuestións ou asuntos de actualidade cunha forte carga irónica ou satírica.

CONTRA AS POLITICAS DO PP POR EMPREGO DIGNO, DEFENDAMOS A SANIDADE E O ENSINO PUBLICO MAÑA MARTES. ACUDE A MANIFESTACION DA CIG NA CORUÑA AS 12 NA PRAZA DE VIGO (MNP6) [Entidade: CIG]

Cando o PP escoita a palabra “Educación” bota man das tesoiras. Non son recortábel. Partilla (MNP14)

A actitude das persoas destinatarias perante estas mensaxes é, de igual modo que a súa temática, moi variada. Para algunhas persoas configúranse como textos de carácter lúdico e divertido, de modo que os consideran interesantes e os reciben favorabelmente; de feito, moitos dos intercambios de correspondencia dixital, non só a través de SMS, se sustentan en ocasións no reenvío deste tipo de textos. Porén, outros individuos non gustan das mensaxes en cadea, ben porque non achan na súa lectura ningún interese específico, ben porque consideran que non serven máis que para saturaren a súa caixa de entrada, evitando a chegada de mensaxes verdadeiramente relevantes. Así e todo, os problemas relativos á saturación diminuíu á medida que a capacidade de almacenamento dos nosos terminais móbeis aumentaba. Tempo atrás, esta opción estaba aínda moi limitada, motivo por que as mensaxes non desexadas ou aquelas que soportaban arquivos moi pesados non eran ben recibidas polas persoas destinatarias destes servizos. En moitas ocasións a súa capacidade de recepción víase superada e isto impedía a chegada de novas mensaxes de texto. Con todo, non debemos confundir estas SMS coa correspondencia lixo ou *spam*, que trataremos na seguinte epígrafe. A principal diferenza entre ambas as modalidades é que nas cadeas de reenvío coñecemos a persoa emisora, ou sexa, embora o texto sexa anónimo, a mensaxe que achega ese texto provén dun terminal móbil concreto e identificábel.

2.3.3.1.6. Mensaxes non solicitadas⁴⁸⁸

As mensaxes non solicitadas, tamén denominadas “mensaxes lixo”, son aquelas que as persoas reciben nas súas caixas de correo sen que previamente fosen autorizadas polo público receptor, normalmente a través da apropiación fraudulenta de enderezos e números telefónicos⁴⁸⁹. Esta clase de mensaxes tamén son coñecidas como mensaxes *spam*, termo que se impuxo ao tamén anglicismo UCE (*Unsolicited Comercial E-mail*), supomos que pola forte carga expresiva que concentra en tan só catro letras. No referente ao seu significado, Chamontin / Gratadour (2002:27) sinalan que durante moito tempo o anterior vocábulo designou exclusivamente unha marca particular de *corned-beef* (‘vitela en gran’), motivada pola contracción de *spiced ham* (‘xamón condimentado’). Será grazas aos Monty Piton, que nun *sketch* empregaron este termo nun xogo de repetición constante, que a dita expresión ampliou os seus significados e comezou a ser usada para facer referencia ao envío abusivo de mensaxes non solicitadas. Á diferenza das outras tipoloxías de SMS, onde a identificación da persoa emisora e da receptora constitúe un elemento importante do proceso de envío e de

⁴⁸⁸ As mensaxes lixo, xunto con aquelas xeradas automaticamente, forman parte do que López Alonso (2006) sinalaba como mensaxería sen resposta, ou sexa, aquela en que non existe un intercambio entre a persoa emisora e a receptora, mais onde o envío de mensaxes camiña nunha soa dirección.

⁴⁸⁹ Conforme sinala Vela Delfa (2005:226), algunas empresas ou provedores de contido aproveítanse da capacidade técnica do envío múltiplo e violan a privacidade do usuariado ou da súa clientela invadindo as súas bandexas de entrada con mensaxes non desexadas.

recepción, nas mensaxes lixo prevalece a destinataria e relégase o papel da enunciadora ou emisora, que na maioría dos casos se descoñece:

le spam repose sur le principe du report des frais de routage [...] tel qu'il est établi par la construction même du réseau Internet. À la différence de ce qui prévaut dans le envoi de courrier ou de fax par exemple, l'essentiel des coût n'est pas supporté par l'expéditeur mais par le destinataires, fournisseurs d'accès et utilisateurs (Chamontin / Gratadour 2002:28).

De acordo co sinalado en Vela Delfa (2005:227), a proliferación deste tipo de mensaxes é unha das problemáticas máis serias que perturban a correspondencia dixital e que afectan tamén o comercio electrónico ao crearen unha actitude desfavorábel nas persoas destinatarias das mensaxes, que tenden a eliminar as SMS de orixe incerta de modo automático. No caso dos correos electrónicos, moitos programas de xestión de mensaxaría teñen filtros contra esta serie de correspondencia que contribúen para deter a recepción das mensaxes lixo ou, cando menos, para as separaren das mensaxes si desexadas. No entanto, o volume dos textos aumenta de maneira vertixinosa e a saturación de mensaxes desta clase xera a denominada caixa de correo lixo, de modo que moitas persoas renuncian a eses enderezos electrónicos, ategados de información non desexada⁴⁹⁰.

A intencionalidade destas mensaxes é, na opinión de López Alonso (2006), fundamentalmente publicitaria, se ben que, como sinalamos en 2.3.3.1.4, cómpre distinguirmos ambas as modalidades, pois as mensaxes lixo pretenden introducirse nas nosas caixas de entrada sen autorización previa. Para alén disto, nin sempre podemos coñecer cal é a súa orixe e, igualmente, poden achegar contido enganoso. Por tanto, a principal diferenza entre a categoría de mensaxes publicitarias e as non desexadas baséase no criterio que empregamos na súa definición: as mensaxes lixo poden ser identificadas pola súa modalidade de envío, ou sexa, masivo e fraudulento, e as publicitarias, porén, pola súa temática e pola súa intencionalidade, se ben que ás veces as fronteiras entre unha e outra tipoloxía non son doadas de delimitar, dado que as mensaxes publicitarias poden tamén conformar *spam*, moito embora na maioría dos casos sexan autorizadas. Con todo, os correos non solicitados non se limitan unicamente ao envío de publicidade, mais tamén existen casos en que as intencións que os motivan son ben diferentes. A este respecto, cómpre salientarmos aqueles virus que circulan a través deste tipo de mensaxes, nomeadamente no caso da correspondencia electrónica que se xestiona na rede, cal o correo ou as aplicacións de mensaxaría instantánea. Alén das que introducen virus, Chamontin / Gratadour (2002:51) propoñen outras tres temáticas como principais para as mensaxes non desexadas de carácter fraudulento: i) as que versan sobre sexo, de natureza pornográfica, ii) as que baixo lemas do tipo *vira rico rapidamente*, propoñen crear unha fortuna de modo sinxelo e eficaz, e iii) aquelas que se organizan baixo o modelo das mensaxes en cadea e as súas variantes⁴⁹¹.

⁴⁹⁰ A teor dos datos extraídos por Chamontin / Gratadour (2002:50-52), podemos afirmar que a primeira mensaxe lixo foi enviada en abril de 1994 a través do correo electrónico e que, a pesar das reaccións negativas que suscitou, o seu suceso comercial foi moi importante. De feito, seis anos despois o volume deste tipo de mensaxes aumentara de tal forma que entre abril de 2001 e 2002 a súa taxa de crecemento foi do 600%. Xa nesa época certos estudos estimaban que do 13% ao 20% da correspondencia recibida polas compañías eran mensaxes non solicitadas.

⁴⁹¹ Como sinalamos para as mensaxes institucionais e para as de carácter publicitario é complexo recibir nas bandexas de entrada dos nosos terminais mensaxes non solicitadas en lingua galega, dado que son infelizmente moi minoritarias as entidades que utilizan na Galiza este idioma para se promocionaren; e cando existen na maioría dos casos non operan de forma fraudulenta. Porén, xulgamos acaído incluílas en tanto que categoría á espera de que a lingua galega gañe terreo tamén nestes espazos, pois aínda non sendo os máis desexábeis para o público receptor, conformarían máis un paso para a súa normalización.

2.3.3.1.7. Mensaxes xeradas de forma automática

Estamos perante mensaxes enviadas automaticamente por un programa de xestión configurado para tal finalidade. Estas aplicacións teñen como obxectivo enviaren mensaxes con textos modelos que se redixen para cumpriren unha determinada función que, na maioría dos casos, pode resolverse a través dun envío automatizado. Por tanto, unha parte importante destas mensaxes está formada por textos estándar, se ben que outro grupo relevante é aquel constituído por textos que atenden a variábeis específicas que poden ser extraídas a partir dos datos dos textos a que se responde. E, embora manifesten empregos e funcionalidades de natureza diversa, pois adoitan utilizarse con frecuencia en compras, subscricións e moitas outras accións, podemos diferenciar catro esferas fundamentais de aplicación:

1. Informe de entrega: moitas destas mensaxes equivalerían na correspondencia tradicional ao coñecido como *xustificante de recepción*. Noutras palabras, trátase de textos que son enviados de modo automático coa finalidade de confirmaren a recepción dunha mensaxe. A persoa emisora ten a posibilidade de solicitar esta opción para ter constancia de que a súa mensaxe foi recibida con suceso na caixa de entrada do terminal telefónico correspondente. Nun momento histórico en que prima a velocidade, a imprecisión xeneralizada e a vertixe comunicativa (Gómez 2003:557), este tipo de mensaxes adquiren unha grande importancia, dado que se trata dun medio de correspondencia en que non é posíbel termos a certeza absoluta de que a nosa mensaxe chegou ao destino desexado, xa que sempre existe unha marxe para a súa perda. Así as cousas, esta opción adoita ser activada para aqueles casos en que as mensaxes son importantes para as persoas interlocutoras.
2. Información de perda de mensaxe: de modo complementar ao modelo de correspondencia que figura en 1, existe outro tipo de mensaxes que se envía de modo automático e que ten como finalidade informar a persoa emisora de que a SMS non puido ser recibida na caixa de entrada que se especificou; trátase dunha modalidade máis propia do correo electrónico e dos novos sistemas de mensaxaría telefónicos.
3. Mensaxe de confirmación: como xa foi sinalado anteriormente, nos últimos tempos é frecuente realizar compras, subscricións ou outro tipo de accións a través da Rede e isto require dun comprobante. Así, se levarmos a cabo unha reserva de viaxe ou se comprarmos por Internet algún produto, é habitual recibirmos unha mensaxe que serve para confirmar a dita acción. Este proceso adoita ser moi común para o correo electrónico⁴⁹², se ben que recentemente os formularios de compra ou de reserva tamén ofrecen a posibilidade de enviaren a confirmación a través dunha mensaxe de texto. Por regra xeral, este medio é moito máis eficaz para accedermos á información, o que provoca que tamén se aplique ás confirmacións de movementos bancarios, que poden ser confirmadas a través desta aplicación, como evidencia o seguinte exemplo:

*NCGalicia informa: efectuouse coa súa tarxeta Visa n. **** retirada de efectivo de 300 EUR.
(MNP5)*

⁴⁹² Trátase dun proceso similar ao que ten lugar cando as persoas se dan de alta nunha listaxe de distribución ou nun grupo de discusión, onde tamén reciben respostas automáticas nas súas caixas de correo cada vez que alguén intervén.

4. Mensaxe para indicar ausencia: cando unha persoa se ausentar e non puider consultar a súa caixa de correo durante un período de tempo determinado, pode programar a súa aplicación para que esta envíe unha mensaxe automática como resposta a todas as mensaxes que se reciban. O texto neste caso servirá para indicar a dita ausencia e a consecuente demora na lectura e na resposta da correspondencia. Costuma ser frecuente no caso das mensaxes de tipo profesional e, de acordo con Vela Delfa (2005:229), constitúe unha opción moi útil nun tipo de intercambio como o da correspondencia electrónica, onde calquera ruptura do ritmo pode resultar desconcertante para os interlocutores. Aínda que os telemóbeis de uso particular non dispoñen desta opción, que si é posíbel no caso das chamadas de voz, as aplicacións de envío masivo de SMS dispoñen de funcionalidades similares.

2.3.3.2. Clasificación segundo criterios enunciativos

Co obxectivo principal de establecermos unha taxonomía de natureza enunciativa das mensaxes de texto, cómpre definirmos estas con base en diversos parámetros, entre os cales convén destacarmos os seguintes:

1. O carácter público ou privado das SMS⁴⁹³: así, contariamos entre a correspondencia privada coas mensaxes persoais e algunhas de tipo profesional, pois outras presentan un carácter semipúblico, xa que o contido pode ser accesíbel para máis dun membro da entidade. No ámbito do público estarían as mensaxes publicitarias e o correo lixo, pois ao careceren dun público destinatario concreto os textos son enviados de forma masiva a obxectivos que non se determinan previamente. A medio camiño entre estas esferas estarían as mensaxes institucionais e comerciais que, se ben que como norma establecen unha interacción entre a persoa emisora e a destinataria, adoitan partir de modelos comúns onde só se personalizan algúns datos específicos. Así, unha clasificación que atenda a este criterio debería tamén considerar se a persoa emisora corresponde a un individuo ou unha entidade pública ou privada, coa finalidade de ver se a voz enunciadora asume o papel de portadora dunha mensaxe de tipo institucional. Sobre este particular, Vela Delfa (2005:233) sostén que todos estes elementos permitirán distinguirmos aquelas SMS de carácter privado que forman un grupo homoxéneo e que se constitúen como interaccións con interlocutores de natureza definida –clase que a propia autora denomina *mensaxes interpersoais* e que identifica fundamentalmente coas mensaxes persoais e profesionais.
2. Público destinatario único ou múltiplo das mensaxes: neste punto haberá mensaxes de texto, cal as SMS comerciais ou publicitarias, que permiten unicamente destinatarios múltiples, en canto o resto das categorías vistas en 2.3.3.1 poden admitir ou ben destinatarios individuais ou ben múltiples.
3. Posibilidade de resposta: como se deduce da tipoloxía de mensaxes que se acaba de presentar, existe unha dicotomía que distingue as SMS en que a persoa emisora se identifica –e que, por tanto, permiten ofrecer unha resposta–, daquelas en que non se conta con esta opción. Seguindo o exposto en López Alonso (2006), no primeiro caso estaríamos a referirnos a intercambios en réxime de correspondencia –onde se

⁴⁹³ A respecto desta cuestión, Herring (1996) fai referencia á problemática da privacidade das mensaxes que circulan en foros e repara, máis especificamente, nos dereitos de autoría, dado que nestes espazos de acceso xeralmente público a súa circulación non parece obedecer ás leis da propiedade intelectual. As súas reflexións poderían facerse extensíbeis ao caso das mensaxes de texto a través das que certos medios de comunicación incentivan o debate.

encontrarían as mensaxes persoais, as cadeas de reenvío, as profesionais, as comerciais e as institucionais–, en canto no segundo non existiría tal interacción e as mensaxes serían unidireccionais –cal os boletíns de información, as mensaxes publicitarias e as non solicitadas e, igualmente, as SMS xeradas de forma automática⁴⁹⁴.

4. Ritmo da interacción: a natureza do intercambio de mensaxes permitirá diferenciarmos SMS inseridas en interaccións cun ritmo próximo do sincrónico –onde as intervencións dos interlocutores parecen, salvando as distancias, os turnos de fala das conversas presenciais–, daquelas que presentan unha organización propia de medios diferidos. Concordamos con Vela Delfa (2005:234) na importancia que a dita oposición manifesta na configuración das SMS e dos correos electrónicos, razón porque analizaremos esta cuestión con máis pormenor en 2.3.4.1 e 2.3.5.4⁴⁹⁵. Con todo, é preciso termos en consideración que a distinción só afecta aquelas mensaxes en réxime de correspondencia (véxase 3), entre as cales as interpersoais (véxase 1) constitúen as máis relevantes.

Alén dos anteditos parámetros e co obxectivo de obtermos as propiedades da estrutura prototípica do xénero das mensaxes de texto, vira especialmente importante identificarmos o modelo de enunciación que subxace á correspondencia dixital. O esquema que presentamos a seguir (figura 11)⁴⁹⁶, recolle o arquetipo de situación enunciativa máis frecuente nos intercambios que se levan a cabo a través de sistemas de mensaxaría electrónica –se ben que en función do xénero específico e do ritmo da interacción tamén se pode alterar nalgunha medida este modelo inicial.

⁴⁹⁴ Este criterio será fundamental para abordarmos en 2.3.5 as modalidades de interacción presentes nas mensaxes de texto.

⁴⁹⁵ No estudo da temporalidade das SMS teremos tamén en conta outros criterios, cal a natureza do intervalo de separación que identifica as mensaxes en réxime de correspondencia descontínua, as exixencias de resposta, o tipo de silencios que se toleran e a relación deste conxunto de variábeis con outros xéneros de correspondencia.

⁴⁹⁶ Embora o esquema estea baseado no que achega Vela Delfa (2005:237) na súa análise sobre o correo electrónico, este foi adaptado para integrar tamén a comunicación a través de sistemas de telefonía móbil e, consecuentemente, o servizo de mensaxes curtas.




FIGURA 11. Esquema enunciativo prototípico da mensaxaría electrónica.

En base á imaxe anterior, notamos que as mensaxes de texto, como subcategoría da correspondencia dixital, reproducen na súa representación máis prototípica un modelo enunciativo que presenta os seguintes elementos: i) un *locutor 1*, a quen se lle atribúe a función de *remitente* e que, por tanto, asume o papel de *enunciador* dunha mensaxe; ii) un *locutor 2*, que identificaremos como *destinatario* e que se configura como *coenunciador*, exercendo funcións complementares ás do remitente, nomeadamente recibir e interpretar a mensaxe; iii) a canle electrónica, que dirixe a SMS a través dunha aplicación de envío de mensaxes curtas; iv) un contorno físico caracterizado pola presenza dunha tecnoloxía –un computador, un telemóbil ou calquera outro dispositivo electrónico con acceso a este tipo de correspondencia dixital– que é a encargada de mediatizar a enunciación e que orixina un intercambio *in absentia*; e v) un réxime temporal diferido ou asíncrono e onde os interlocutores tan só partillan o espazo virtual representado pola pantalla. O intercambio nas SMS está “determinado por la existencia de un hiato, más o menos grande, entre el momento de la producción del mensaje y el de su recepción” (Vela Delfa 2005:238)⁴⁹⁷.

Na liña do sinalado en López Alonso (2003a:23-24), quen tamén concorda con estes criterios e coa antedita clasificación, podemos indicar que as mensaxes de texto, xunto co correo electrónico e o xénero epistolar tradicional, constitúen unha forma de correspondencia en que se partilla unha construción común a partir dun mesmo marco semántico prototípico, isto é, o de /dicir/ e /comunicar/ en relación co de /enviar/, /recibir/ e /responder/. Na opinión da citada autora, estes últimos elementos presupoñen unha estrutura de transferencia en que unha persoa –axente– transfíre un obxecto –carta/correo/SMS– a unha destinataria. No sentido oposto encóntranse as argumentacións sostidas por Melançon (1996) para o que nin o correo electrónico nin, por extensión, as mensaxes de texto proceden ao envío de ningún obxecto –sobreenténdase físico–, á diferenza do que si acontece no caso do correo postal. Por tanto,

⁴⁹⁷ Como ben indica esta autora, convén repararmos en que na correspondencia caracterizada por unha temporalidade diferida e polo establecemento dunha interacción non presencial, as persoas coenunciadoras non partillan as coordenadas do *aquí* e do *agora* do acto da enunciación.

para este autor, a desmaterialización que opera no medio dixital constitúe o parámetro fundamental que permite opor as ditas modalidades discursivas. Con todo, estamos de acordo con Vela Delfa (2005:239) e López Alonso (2003a:24) en que, embora a oposición entre materialidade postal e virtualidade electrónica constitúa unha das distincións entre estes xéneros, determinados polo soporte que empregan para os intercambios, a noción de transferencia dun obxecto –material e informativo ou inmaterial, mais igualmente informativo– conforma unha constante en que participan as tres modalidades textuais sinaladas. Quere dicir, o contido que se transmite configúrase como unha mensaxe verbal⁴⁹⁸ e esta cualidade é partillada por todas elas.

Os paralelismos entre os distintos xéneros epistolares son evidentes; porén, a mensaxaría electrónica constitúe un modelo autónomo e independente que non pode ser incluído en ningunha tipoloxía anterior, mais que pode enmarcarse, xunto a todas elas nunha macroclase que podemos denominar *sistemas de correspondencia*. Por tanto, aínda a partillar moitas propiedades, nomeadamente as relacionadas co proceso de enunciación, existen outras características herdadas do soporte dixital que tamén permiten diferenciarlas. Como xa sinalamos, os principais trazos identitarios deste sistema de intercambio de mensaxes derivan precisamente dos condicionamentos que operan nas interaccións electrónicas. Así as cousas, a presenza dos dispositivos tecnolóxicos como instrumentos mediadores na comunicación vese, en ocasións, reflectida nas condicións discursivas do xénero, chegando inclusive a transformar as dimensións espacio-temporais en que asentaban os intercambios de correspondencia. Como sinalamos en 2.2.3 cando analizamos o discurso electrónico, a intervención das tecnoloxías xera novidosos modos de comunicación en que se integra, desde un punto de vista temporal e situacional, un esquema de ausencia e presenza. Isto é, embora o intercambio se realice en modo diferido, a posibilidade que ofrecen as tecnoloxías para a redución do tempo da mediación favorece a construción dun ritmo de interacción áxil e rápido en que se xera unha vivencia de simultaneidade que contribúe para eliminar a sensación de distancia temporal (Violi 1998).

Un fenómeno similar acontece de nos centrarmos na coordenada espacial, dado que as distancias reais que afastan os interlocutores parecen reducirse por medio da construción dun lugar común de interacción representado, nestes contextos, pola pantalla⁴⁹⁹. En definitiva, as propiedades inherentes ás mensaxes de texto son o resultado da converxencia das particularidades sociodiscursivas que presentan os intercambios de mensaxes e os seus diferentes modos de realización, coas características específicas que se manifestan nos contornos enunciativos, neste caso mediados pola tecnoloxía móbil. De acordo co sinalado por Benveniste (1979:298), as modalidades textuais electrónicas son a consecuencia da confluencia do *eu / aquí / agora*⁵⁰⁰ específico que se constrúe no ciberespazo e que se sustenta no desenvolvemento dunha enunciación *in absentia*, mais que partilla, no entanto, moitas das características dos procesos de interacción presencial. En palabras de López Alonso (2006), na correspondencia de natureza electrónica os enunciados succédense de modo case inmediato e transmiten unha información dinámica e aberta, que modifica a noción de

⁴⁹⁸ O marco semántico de /dicir/ corresponde a esa idea de intercambio dun obxecto intelectual, ou sexa, unha transferencia de información que, por súa vez, pode asumir esquemas diversos, cal ‘contar’, ‘preguntar’, ‘explicar’, ‘pedir’, ‘avisar’ etc. (López Alonso 2003:24).

⁴⁹⁹ Aprofundaremos nestas cuestións en 2.3.4.

⁵⁰⁰ A este trinomio clásico, proposto desde as primeiras achegas das teorías enunciativas, Culioli (1990) acrecéntalle un cuarto elemento que fai referencia ao contido intencional do acto de enunciación. Para este lingüista a enunciación establécese a través dun *eu* que comunica a un *ti* nun contexto espacio-temporal determinado e cunha intención comunicativa concreta. Noutras palabras, nunha concepción deste tipo, o contido intencional constrúe e modela o evento enunciativo e vira o elemento clave para a súa análise.

discurso epistolar e que xera un tipo de relación particular e específico do xénero entre os participantes na interacción.

2.3.3.2.1. O papel da persoa que coenuncia

Como acontece en todos os sistemas de correspondencia, o vínculo que se establece entre a persoa emisora e a destinataria manifesta unha grande importancia, dado que as mensaxes que se envían conforman textos elaborados por un individuo para un ou máis suxeitos, e neles existe unha relación de interactividade. As mensaxes de texto, do mesmo modo que outros réximes de correspondencia, supoñen a presenza de dous ou máis coenunciadores que interaxen na construción dun contexto común e na negociación dunha interpretación partillada. Nesta modalidade discursiva, á excepción das mensaxes vistas en 2.3.3.1 que non teñen como finalidade o establecemento dun intercambio, podemos identificar un tipo de textos elaborados por e para un coenunciador concreto, unha persoa sobre a que se pretende provocar certa reacción, principalmente, a elaboración dunha mensaxe de resposta⁵⁰¹. A este respecto, a correspondencia electrónica sitúase nunha posición privilexiada, dado que a marca de invarianza do xénero determina unha actividade de interacción constante que xera un proceso continuo de construción conxunta do sentido textual. Noutras palabras, o ritmo especialmente rápido e áxil que adquiriu este medio, na orixe asincrónico, xunto con outros trazos que derivan dos propios condicionantes do dispositivo mediador, outorgan unha maior relevancia ás manifestacións formais da actividade de creación textual conxunta nas mensaxes de texto⁵⁰², do mesmo modo que acontece no correo electrónico, no chat e nas diversas aplicacións de mensaxaría instantánea.

Convén sinalarmos, antes de máis, que a marcada natureza interactiva das mensaxes de texto vai determinar unha forte variabilidade. No relativo a como se manifestan os vínculos entre as persoas interlocutoras, existen diversos parámetros que fan posíbel establecermos unha clasificación. Nesta liña, será relevante non só o tipo de relación que presentaren entre si, mais tamén a que mantiveren co discurso que producen. Igualmente, vira importante repararmos no rol asumido por cada unha das interlocutoras no proceso comunicativo, as súas funcións, as posibilidades interactivas e as opcións de levar ou non a cabo a redefinición dos papeis enunciativos. Sobre este particular, adaptamos os criterios enunciativos en que se baseou Vela Delfa (2005:246) para determinar unha tipoloxía para o correo electrónico: i) a posibilidade ou a imposibilidade de que os coenunciadores procedan ao intertambio dos papeis enunciativos; ii) o número de participantes que interveñen na interacción; iii) o estatuto dos interlocutores, isto é, se o intercambio sitúa o locutor na esfera

⁵⁰¹ De acordo con Yus (2001:174), en termos de relevancia, non é o mesmo recibir unha mensaxe dunha persoa con quen a destinataria partilla un certo contorno cognitivo mutuo, que dunha (despersonalizada) listaxe de distribución, ou entidade comercial. Segundo este autor, as expectativas de relevancia aléranse no mesmo momento en que determinamos a orixe da mensaxe e, no caso de remitentes coñecidos, o sistema cognitivo humano ten a capacidade de seleccionar, do amplo campo de supostos atesourados na memoria, aqueles que son pertinentes para unha interacción con esa persoa.

⁵⁰² Estas fican patentes de modo fundamental nos procesos de intertextualidade propios dos intercambios de mensaxes. E se ben que no caso das SMS non é un dos recursos máis empregados, en xeral os textos en formato electrónico son doados de se reproduciren, copiaren e pegaren grazas ás ferramentas de edición que ofrecen algunhas aplicacións. Así, os correos electrónicos erixense como unha das modalidades que máis se aproveitan das mencionadas funcionalidades, pois as respostas a través dese medio susténtanse de modo privilexiado en diversos procesos de citación. Sobre este particular, Payà Canals (2000) describe tres estruturas de resposta para este xénero: i) as que fan referencia a un texto anterior, manifestada de forma explícita ou implícita, ii) as que conservan de forma gráfica o contido da primeira e iii) aquelas que, para alén de conservaren o texto inicial, intercalan a súa resposta nel, aproveitando a posibilidade de deslocaren os caracteres. Véxase Crystal (2006:136-142).

da súa vida pública ou privada; iv) os mecanismos para establecer a autoría da mensaxe e a súa natureza; e v) a relación que existe entre a persoa responsábel da mensaxe e a autora do texto en cuestión.

A respecto do primeiro parámetro de clasificación, cómpre termos presente as diferenzas que existen dentro da teoría enunciativa entre o concepto de enunciador e o de locutor. Xa Benveniste (1966:252) definía o *eu* da enunciación do seguinte modo: “*je* signifie la personne qui énonce la présente instance de discours contenant *je*”, o que pode ser entendido de dous modos, quere dicir, ou ben fai referencia á persoa que produce o enunciado, ou ben denomina a instancia que toma a palabra no propio acto de enunciación, que se constrúe e que non ten unha existencia independente deste. A primeira das interpretacións asociámola ao concepto de locutor e a segunda ao de enunciador. Neste sentido, Ducrot (1989:181) avanza máis un paso e completa o binomio de Benveniste ao acrecentar a noción de suxeito falante, pois considera unha necesidade a distinción do suxeito modal e do suxeito falante⁵⁰³. Na liña do sinalado por este autor, distinguimos locutor e enunciador a través do principio de exterioridade e interioridade respectivamente ao acto de enunciación. Neste sentido, un interlocutor, como axente externo deste proceso, pode asumir dentro do esquema enunciativo e de modo alternativo unha posición ou outra –a saber enunciador ou coenunciador– en función do papel que desenvolva no intercambio comunicativo, isto é, posúe a posibilidade de redefinir constantemente o seu rol, como se pode ver na seguinte figura:




FIGURA 12. Esquema do acto de enunciación.

A maior parte dos intercambios comunicativos, tamén nos medios tradicionais, adoitan seguir este modelo enunciativo. Non obstante, este feito non impide que tamén se produza outro tipo de correspondencia en que os papeis dos alocutarios xa veñen determinados desde o comezo da interacción, o que exclúe de partida a posibilidade de intercambiar os seus roles, isto é, ou ben unha ou varias persoas participantes non teñen a

⁵⁰³ A este respecto, afirma o seguinte: “J’y soutiens que le sujet parlant, producteur effectif de l’énoncé, n’a pas de place prévue dans la structure sémantique de cet énoncé [...]. Dans cette structure j’introduis en revanche les rôles de locuteur et d’énonciateurs. La fonction de locuteur (fonctions qui peut, pour certains énoncés, ne pas être remplie) consiste à être présenté comme responsable d’énonciation, et la fonction d’énonciateur, comme l’origine des points de vue exprimés par l’énonciation” (Ducrot 1989:181).

opción de axiren como enunciadores ou ben as súas funcións enunciativas son limitadas. En relación con isto, para alén de esquemas de interacción bidireccionais, como o que se mostra na antedita figura, existen contextos de comunicación que impoñen modelos unidireccionais que, de acordo con Baudrillard (1999:202-203), favorecen o monopolio da palabra, na medida en que impiden o establecemento dunha dimensión recíproca do intercambio: negan o principio interlocutor ao tempo que outorgan un rol dominante á persoa emisora a respecto da receptora⁵⁰⁴. No tocante aos sistemas de interacción electrónica, convén sinalarmos que participan desta circunstancia aqueles contornos que foron catalogados como intransitivos en 2.2.3.2. Na dita epígrafe indicabamos que as SMS permitían xerar interaccións transitivas coa posibilidade de redefiniren os papeis enunciativos das persoas participantes, pois é o que costuma acontecer na maior parte dos intercambios que se realizan a través deste medio, embora tamén sexa posíbel a hipótese contraria. Así as cousas, podemos determinar dúas tipoloxías de interacción mediante as mensaxes de texto: i) aquelas que permiten o intercambio dos papeis enunciativos e ii) aqueloutras que non ofrecen a opción dunha resposta da persoa coenunciadora.

As mensaxes de texto que admiten a posibilidade de que o coenunciador asuma tamén o status do enunciador permiten crear intercambios simétricos, en canto aquelas que non ofrecen esta opción reproducen modelos comunicativos asimétricos, onde os papeis do enunciador e do coenunciador non poden ser alterados e onde, na opinión de Vela Delfa (2005:250), predominan as estruturas de interacción hierarquizadas en que unha das persoas participantes domina no proceso enunciativo e, consecuentemente, restrinxe de forma considerábel a capacidade de resposta do coenunciador⁵⁰⁵. Como xa foi sinalado, na última tipoloxía o obxectivo fundamental da comunicación non é xerar unha interacción, mais transmitir unha determinada información: as mensaxes xeradas de modo automático, as non solicitadas ou as de tipo publicitario ou comercial pertencen a este segundo grupo. Por tanto, estas SMS non son consideradas no presente traballo como integrantes prototípicas do xénero das mensaxes de texto na modalidade de intercambio de correspondencia; porén, ocupan tamén un lugar nun estudo de tales características, dado que conforman categorías posíbeis dentro das bandexas de entrada dos terminais móbeis. En definitiva, consideramos que a macroclase da mensaxaría dixital implica, necesariamente, a posibilidade de establecer unha interacción en réxime de correspondencia, en canto que xulgamos que as mensaxes que non ofrecen a dita posibilidade constitúen, desde a nosa perspectiva de análise, casos en que se aproveitan os recursos que estes medios dixitais ofrecen para faceren chegar dun modo rápido e a un baixo custo determinados servizos informativos.

En relación co segundo dos criterios, número de participantes da interacción comunicativa, diferenciamos dúas categorías de intercambios: i) aqueles que manifestan un enunciador e un coenunciador único; e ii) aqueloutras que tendo un enunciador único, presentan un coenunciador múltiplo. Como se deduce desta clasificación, e como determina Benveniste (1966:252) na súa teoría enunciativa, o enunciador neste tipo de interaccións é sempre único. A este respecto, Vela Delfa (2005:251-252) subliña o seguinte:

Puede darse el caso de que este *yo* enunciador sea la representación lingüística de un colectivo en su correlato del mundo extralingüístico, como ocurre en muchos tipos de discurso, no obstante, la voz que enuncia es siempre única y singular [...]. Se tratará de un locutor múltiple, pero siempre imbricado en

⁵⁰⁴ Un caso representativo dos mencionados modelos de enunciación pode ser o dos medios de comunicación de masas tradicionais, cal a radio ou a televisión. Con todo, como xa sinalamos en 1.2, a aparición da Internet nesta esfera social modificou en moitas ocasións os citados esquemas.

⁵⁰⁵ Este criterio constituirá un dos parámetros fundamentais para a análise dos modos de interacción das mensaxes de texto que desenvolveremos en 2.3.5.

el acto de enunciación en una voz única, es decir, en un *yo* enunciativo único. Así, si, por ejemplo, en un intercambio epistolar, un grupo de personas dirigen una carta común a un destinatario cualquiera, la voz enunciativa es única, y el enunciador, por tanto, también lo es, por más que represente la palabra de varios locutores.

Trátase de situacións onde nun intercambio a través do servizo de mensaxes curtas un único enunciador asume, a través de procedementos polifónicos, a voz de varias persoas. En consecuencia, a variación será determinada, de modo fundamental, a respecto do número de coenunciadores destinatarios. No tocante á mensaxaría dixital, podemos observar que estamos perante coenunciador múltiplo cando se nos permite xerar tantos textos como persoas destinatarias foron seleccionadas pola emisora. Neste sentido, cada copia da mensaxe conforma, de modo estrito, un texto independente, cun enunciador común a todos eles e un coenunciador diferente para cada un. Así, algunhas das tipoloxías de mensaxes de texto só permiten o envío de SMS para destinatarios múltiples, cal as de carácter comercial e publicitaria, ou as listaxes de discusión para o caso dos correos electrónicos. No lado oposto, situaríanse as mensaxes de natureza persoal, normalmente con coenunciador único; e na liña do sinalado no caso do primeiro dos parámetros, adoitan constituír intercambios en réxime de correspondencia e, xa que logo, establecen unha relación simétrica e equilibrada entre os participantes da interacción⁵⁰⁶. O modelo comunicativo que propicia este tipo de intervencións caracterízase por unha linearidade temporal e por unha sucesión ordenada na progresión da información, estrutura interaccional que podería virar máis complexa se unha SMS producir máis dunha resposta por parte dun mesmo interlocutor (Vela Delfa 2005:252).

No tocante ao estatuto público ou privado dos participantes nos intercambios comunicativos, xa foi sinalado en epígrafes anteriores que as mensaxes de texto están pensadas de modo principal para favorecer as interaccións na esfera privada do usuariado da telefonía móbil. Noutras palabras, as SMS son xeradas, en principio, sen a presenza de máis persoas, alén da emisora e da receptora; no entanto, a aplicación para o envío de SMS tamén nos ofrece a posibilidade de enviarnos unha copia do enunciado, ou ben a un outro interlocutor, co cal estaríamos perante unha interacción múltipla (véxase máis arriba), ou ben cara a unha entidade externa ao intercambio. Atendéndonos a estas opcións, existen máis dúas clasificacións no marco da mensaxaría dixital: i) a correspondencia pública e ii) a correspondencia privada. Como apuntamos en 2.3.3.2, nesta última estarían recollidas aquelas mensaxes de carácter persoal e a maioría das profesionais, en canto na pública poderíamos situar as SMS publicitarias, as mensaxes non solicitadas e as de carácter institucional. Porén, esta non é a única clasificación posíbel, dado que os textos tamén poden ser diferenciados en función do interlocutor a quen se dirixen e, así, distinguimos as seguintes categorías: i) aquelas que se dirixen a un interlocutor determinado, caso das SMS persoais, e ii) as que van destinadas a un locutor indefinido, como acontece nas mensaxes lixo.

Pola súa banda, a posibilidade de identificarmos o locutor, isto é, de determinarmos a natureza da autoría da mensaxe, tamén se converte nun elemento de vital relevancia para establecer unha clasificación das SMS dunha óptica enunciativa. Neste punto, entendemos por autora da mensaxe aquela persoa a quen podemos atribuír a responsabilidade das mensaxes creadas e enviadas a través da aplicación de envío de SMS. Con todo, e como xa foi sinalado para o caso das mensaxes en cadea de reenvío, non debemos asociar este concepto con aquel que se fai responsábel da autoría do texto, mais si coa persoa que asume, en certo modo, a voz enunciativa do corpo da mensaxe (véxase máis abaixo). Desde esta

⁵⁰⁶ Nesta clase de comunicación tan só contamos cunha liña de interacción e, por tanto, de partida esperaríamos unha soa resposta.

perspectiva, podemos distinguir tres posibilidades para as SMS: i) mensaxes cuxa persoa emisora é identificábel e, por súa vez, pode ser recoñecida por parte da destinataria; ii) mensaxes que permiten determinar a persoa locutora, mais da cal ignoramos a súa identidade; e iii) mensaxes anónimas ou cifradas, en que non vira posíbel recoñecermos a autoría do texto. En liñas xerais, as mensaxes de texto adoitan configurarse como actos de comunicación asinados, o que ven determinado polos propios condicionamentos técnicos da aplicación que rexe as ditas interaccións. Á diferenza doutros tipos de textos electrónicos, cal os chats por exemplo, vén marcada de modo automático polo sistema que xestiona o envío, dado que o número do terminal viaxa coa SMS desde a caixa de saída até a de entrada da persoa destinataria –do mesmo modo que o enderezo electrónico no caso do email. E, igualmente, cando se reciben as mensaxes de texto estas van precedidas dunha secuencia textual, isto é, da sinatura electrónica da persoa emisora, normalmente o seu nome ou o número telefónico en cuestión⁵⁰⁷.

Por todo o sinalado até o de agora, pódese ver que as dúas primeiras categorías, quere dicir, as mensaxes de autoría identificábel, conforman a norma no envío e na recepción de mensaxes de texto, en canto a terceira tipoloxía constitúe, por regra xeral, unha excepción neste tipo de intercambios a través do soporte electrónico e revela unha intención manifesta de gardar o anonimato. Da perspectiva enunciativa, a identificación do autor supón un condicionante de grande relevancia no proceso de recepción da mensaxe, pois exerce un rol fundamental na elaboración de inferencias arredor do seu contido (Vela Delfa 2005:261). A este respecto, convén indicarmos que o sistema que xestiona tal clase de correspondencia dixital permite distinguir dous momentos no proceso de recepción ou no acceso ao contido: nunha primeira achega son privilexiadas aquelas informacións que determinan as condicións en que ese texto foi enunciado –a saber: a data e a hora, a identidade da persoa emisora e a intencionalidade do texto⁵⁰⁸–, en canto que unha vez aceptada a mensaxe e, por tanto, a súa apertura se chega a un segundo momento, en que se procede á lectura do corpo do texto e da mensaxe no seu conxunto. Neste sentido, Yus (2001:174-175) tamén considera que a autoría do texto resulta esencial no primeiro momento de recepción e afirma que tamén determina o suceso ou o fracaso comunicativo da mensaxe, quere dicir, a súa posíbel identificación ou ben decide a abertura e a lectura da mensaxe, ou ben leva consigo que esta sexa ignorada e, inclusive, eliminada por parte da persoa receptora⁵⁰⁹.

⁵⁰⁷ Con todo, do mesmo modo que os propios terminais móbeis permiten ocultar o número do noso dispositivo, tamén determinadas operadoras ofreceron e ofrecen diversos mecanismos que fan posíbel ocultar a identidade do autor do texto. Por exemplo, nos terminais antigos funcionaba o seguinte código inserido antes do texto que se ía enviar: *O#. Igualmente, para os telemóbeis da compañía Movistar que teñen como destinatario unha persoa desa mesma operadora existe a opción de antepor “750” ao número telefónico do receptor a que lle chegará a mensaxe. No seu momento recibiron o nome de SMS sorpresa, ao manteren o anonimato, mais tamén favoreceron o envío de mensaxes doutra clase, o que motivou o seu insuceso. Este tipo de mecanismos de ocultación adoitan circular en moitos foros da Internet, como no que figura a seguir: http://www.gsmspain.com/foros/h681027_Operadores-Orange_Ocultar-numero-SMS.html.

⁵⁰⁸ De xeito similar ao que acontece coa categoría *asunto* para o caso dos correos electrónicos, tamén no sistema de mensaxes curtas algúns terminais permiten mostrar antes de que se proceda á abertura da SMS o seu contido inicial, o que favorece inferir a súa temática e, en consecuencia, o seu grao de relevancia na situación en que se encontrar o seu destinatario.

⁵⁰⁹ Como veremos en 2.3.6, para alén de se manifestar na cabeceira da SMS, no corpo do texto tamén existen determinadas marcas que permiten identificar o enunciador, que funcionan como pegadas do locutor na textura discursiva da mensaxe. Entre elas destacan encerramento ou a sinatura do texto, se ben que estas se encontran moito menos xeralizadas de as compararmos con outros xéneros próximos, cal a correspondencia postal tradicional, en que constitúe un fenómeno amplamente extendido (Vela Delfa 2005:261).

Sen abandonarmos as expectativas que se xeran ao identificar o remitente da mensaxe, o antecitado autor sinala que tanto naquelas situacións en que este for coñecido como na hipótese contraria, as mensaxes achegan unha presunción de relevancia, embora as operacións de tipo inferencial de atribución de sentido sexan diferentes nun ou noutro caso. Por tanto, os supostos contextuais a que se accede no momento de establecer a hipótese inferencial sobre o contido da SMS varían en función das expectativas xeradas polo nome do remitente. Sobre este particular, resultan relevantes os resultados dun experimento levado a cabo por Williams (1999) para o correo electrónico, onde certos participantes fixeron referencia a este elemento como determinante na atención que conceden a cada mensaxe e que se reflicte nos seguintes comentarios: “primeiro observo de quen é e iso determina se leo a seguir a mensaxe ou non”, “como podía ver de quen era [a mensaxe], sabía que ía ser algo importante” ou tamén “se é alguén do meu contorno, entón non me preocupo demasiado, xa que se fose urxente teríanme avisado axiña”⁵¹⁰.

E no referente ao último dos criterios sinalados por Vela Delfa (2005:246), é preciso indicarmos que nin sempre é posíbel determinarmos unha equivalencia exacta entre a identidade da persoa responsábel do envío da SMS e a da autora do texto que conforma o corpo da mensaxe. Desde esta perspectiva pódense diferenciar tres categorías: i) mensaxes en que a identidade do autor da mensaxe e do seu contido textual é a mesma; ii) mensaxes en que a persoa que envía a mensaxe non se identifica coa persoa que redixiu o contido informativo; e iii) a persoa que envía a mensaxe tan só se identifica como responsábel de parte do texto enunciado, en canto a outra parte é atribuíbel a un coenunciador distinto ou a unha entidade que non forma, de modo estrito, parte do acto comunicativo e que pode ser identificada ou non. Como mencionamos en páxinas anteriores, este parámetro vira relevante sobre todo nas mensaxes de cadeas de reenvío, en que, na maioría dos casos, non existe unha correspondencia directa entre a persoa de quen se recibe a mensaxe e a autora do texto. De feito, en 2.3.3.1.5 xa indicamos que era moi habitual recibir un mesmo texto en SMS procedentes de distintos emisores. Para Vela Delfa (2005:263),

este parámetro resulta fundamental en el estudio de la polifonía textual de los mensajes electrónicos, presente en los textos construidos a través de la intervención del coenunciador, en el texto que constituye el cuerpo del mensaje. Este modo de respuesta origina la construcción de un tipo de textos en el que se combinan las voces de los coenunciadores, a través de diferentes procedimientos, dando lugar a una estructura paratextual que recuerda a la transcripción de un diálogo.

2.3.4. O tempo e o espazo nas SMS

Como xa indicamos en anteriores epígrafes, o desenvolvemento dos medios de interacción electrónicos mudou os conceptos de espazo e de tempo tradicionais e, embora ambos se configuren como elementos indisociábeis na realidade física, a ampliación da mobilidade que favoreceu o medio dixital provocou a necesidade de redefinir estes elementos para os adaptar aos novos contextos en que son utilizados. A respecto do tempo, as tecnoloxías fixeron posíbel a conxunción de diversos réximes temporais que transcenden as fronteiras físicas de modo instantáneo. Desta forma, a temporalidade agora está vinculada ou mesmo focada en termos de conveniencia e de sincronización, na medida en que factores como o saldo ou as tarifas de datos por horarios en telemóbeis e outros dispositivos adquiren

⁵¹⁰ Yus (2001:175) subliña, na liña do exposto en Suler (1998), que existe un outro parámetro que inflúe, igualmente, nas expectativas do remitente cara á persoa destinataria, configurado a partir da hipótese sobre cal é o propósito que subxace na emisión da mensaxe por parte da enunciadora.

unha vital relevancia na correspondencia dixital, entre outras variábeis. No relativo á noción de espazo, vira preciso indicarmos que tradicionalmente este concepto facía referencia a un lugar xeográfico concreto, en canto que coa chegada das tecnoloxías adquiriu máis un significado, en que a presencialidade deixaba de ser un dos seus semas definicionais, para integrar tamén aqueles escenarios virtuais en que a copresenza vén dada por contornos interactivos, cal a interfaz dos dispositivos electrónicos. Igualmente, as TIC contribuíron para a converxencia do espazo público e do privado e ampliaron os modos de coordinación e de creación de redes sociais, pois se con anterioridade a ubicuidade era concibida como algo inalcanzábel, hoxe en día o ciberespazo achéganos deste ideal, dado que nos permite interaxir de forma simultánea e sen limitacións xeográficas con identidades reais e virtuais⁵¹¹ (véxase 1.2.3.1).

Sobre este particular, Gómez Cruz (2002) afirma que a concepción tradicional do tempo e do espazo foi durante moito tempo unha ferramenta básica para entender ou, cando menos, para situar a realidade, tanto no plano histórico como no cartesiano. Mais a emerxencia de novas configuracións tecnosociais, cal as tecnoloxías da información e da comunicación e, máis concretamente para o caso que nos ocupa, dos sistemas de comunicación electrónica, ameazaron estas nocións e fixeron necesaria certa reflexión. Así as cousas, fórmulanse interrogantes como os que seguen: como se pode pensar na concepción clásica de distancia, nunha época en que grazas ás telecomunicacións, cunha chamada ou cunha conexión á Internet podemos mercar produtos que fisicamente se encontran no outro lado do mundo e de forma moito máis sinxela que indo ao comercio que temos perto da casa? Ou como é posíbel entendermos o tempo se en ocasións tardamos máis en ir da casa ao aeroporto que no propio voo dun país cara á outro? Neste sentido, o antedito autor considera necesario outorgar a estes conceptos tradicionais dimensións máis acordes coa realidade actual en que se ven inmersos e mesmo propón que se deixen de entender como os marcos estruturais da realidade.

As mensaxes de texto, como sistema de interacción electrónica, tamén participan destas novas coordenadas espacio-temporais, que serán relevantes para entendermos en 2.3.5 cales son as modalidades de interacción preferenciais no sistema de mensaxes curtas e como, mesmo tratándose dun medio de carácter asincrónico ou diferido, en ocasións o desenvolvemento na calidade e na rapidez da transferencia de mensaxes con frecuencia converte as SMS nun medio de comunicación próximo dunha conversa virtual, pois os interlocutores poden interaxir coa mesma velocidade que nos sistemas de mensaxaría instantánea. Tamén neste medio a pantalla dos terminais móbeis se configura como un novo espazo de interacción, que se desprende de referencias físicas, mais que conforma un lugar mediador de realidades. Isto é, a pantalla constitúe unha esfera de interacción que permite xerar intercambios similares aos que acontecen en presenza dos interlocutores, mais que por súa vez, contribúe para superar as súas limitacións comunicativas.

2.3.4.1. Un medio diferido

A dimensión temporal configúrase como un dos esteos fundamentais de calquera acto comunicativo, pois todo texto se enmarca nunha instancia temporal que o condiciona e que o

⁵¹¹ Como consecuencia desta transformación, o informe “Reconceptualising ‘Time’ and ‘Space’ in the Era of Electronic Media and Communications”, realizado por The London School of Economics and Political Science e a Swansea University do Reino Unido, propuxo mudar a noción de espazo no medio dixital pola de “espazo electrónico”, en canto para reempazar o concepto de tempo nestes contextos formulan o seguinte termo “Tempo da Internet”. Véxase http://ceu.uniacc.cl/index.php?option=com_content&task=view&id=171&Itemid=48.

determina, fora da cal non pode ter lugar. Xunto coa persoa, o espazo e o tempo adquiren un papel fundamental nunha clasificación enunciativa da correspondencia electrónica: en primeiro lugar, porque non existe evento comunicativo que poida levarse a cabo sen a existencia de coenunciadores que o produciren e, en segundo lugar, porque ningún acontecemento pode desenvolverse á marxe dunhas coordenadas temporais. Sobre este particular, xa Benveniste (1979:71) subliñaba que “tout est dans le temps, hormis le temps même”. Así, é preciso termos en consideración que neste tipo de interaccións o presente da persoa enunciadora é percibido como presente tamén polo coenunciadora. Noutras palabras, a persoa que ten de interpretar a mensaxe identifica como referente das expresións temporais que figuran na mensaxe o presente da emisora. De acordo con Vela Delfa (2005:271), os esquemas a que responden na correspondencia electrónica manifestan unha natureza heteroxénea, dado que as marcas temporais que achegan os sistemas de xestión dos intercambios dixitais outorgan aos coenunciadores as coordenadas necesarias para estruturaren o desenvolvemento do tempo en que se produce a interacción.

Como sinala Yus (2011:80) cando fai referencia aos chats como medios asincrónicos en tempo real, é preciso repararmos en que o réxime enunciativo dos medios de comunicación electrónicos, como calquera tipo de intercambio que poida ser incluído na categoría de correspondencia, está caracterizado pola existencia dun baleiro temporal que separa o momento de produción da mensaxe e o de recepción. Isto é, tanto a acción de produción como a de interpretación teñen lugar nunha temporalidade diferida, de modo que enunciador e coenunciador non partillan un *agora* común. Trátase, por tanto, dun tempo de construción conxunto, mais non simultáneo⁵¹². Como vemos, o aumento no uso deste sistema de comunicación electrónica para situacións interactivas moi diversificadas tivo como consecuencia a xeneralización de esquemas temporais que presentan relevantes elementos novos, e que non corresponden ao modelo clásico da correspondencia postal ordinaria. No caso concreto das mensaxes de texto, a noción de temporalidade posúe unha natureza bastante heteroxénea en función das características concretas en que teñen lugar os intercambios. A pauta de interacción no sistema de mensaxes curtas está, como regra xeral, determinada pola existencia dun desfase entre o momento de produción e o de interpretación, o que aproxima este sistema do correo electrónico e do correo postal ordinario. Con todo, tamén é posíbel que se produzan modelos interaccionais en que a temporalidade adquire unha dimensión diverxente e onde se desenvolven intercambios de carácter simultáneo ou cando menos semisimultáneos⁵¹³. Sobre este particular, Höflich / Rössler (2002:92-93) afirman o seguinte:

Unos dos tercios de nuestros adolescentes se sienten molestos cuando tienen que hacerlo [escribir o leer mensajes cortos] durante actividades sociales y, además, casi todos aquellos a quienes no les gusta ser molestados son conscientes del hecho de que ellos pueden también, a su vez, molestar a otros cuando envían un mensaje corto. Aunque el SMS parece ser un medio discreto, existe incluso el sentimiento de enfado (véase también Höflich / Gebhardt 2001). Sin embargo, casi todos nuestros entrevistados (97%) esperan una respuesta rápida en la persona con la que establecen el contacto. En todos o en la mayoría de los casos, el enviar un mensaje corto parece que ejerce na fuerte presión en el receptor para que conteste inmediatamente. Como consecuencia de ello, la comunicación SMS puede conducir a los llamados “SMS chats” [tertulias a través de los mensajes con móviles], en las que se intercambian mensajes aislados de forma continuada, como si se tratase de un diálogo. Este tipo de utilización del

⁵¹² Di Yus (2011:80): “En general, los participantes están presentes en una misma interacción (tiempo real), pero escriben y mandan sus mensajes tras leer los mensajes escritos por los otros usuarios (asincrónico)”.

⁵¹³ Sobre a temporalidade dos medios, Herring (2007) sinala o seguinte: “Asynchronous systems do not require that users be logged on at the same time in order to send and receive messages; rather, messages are stored at the addressee’s site until they can be read. Email is an example of this type. In synchronous systems, in contrast, sender and addressee(s) must be logged on simultaneously”.

SMS, que se asemeja en parte a la situación de “chat” en línea por Internet, es incluso lo corriente para más de un tercio de los adolescentes.⁵¹⁴

Así as cousas, e en base ás SMS que conforman o noso corpus observamos que existe unha gradación no continuo temporal das mensaxes e, en consecuencia, podemos establecer dúas categorías básicas de textos: i) aqueles cuxa modalidade temporal é diferida e ii) aqueloutros en que existe unha temporalidade partillada e onde as interaccións se aproximan do modelo conversacional tradicional⁵¹⁵. Igualmente, o xénero das SMS, como calquera outro intercambio comunicativo, presenta un esquema de interacción dividido en tres fases temporais diferenciadas: i) o tempo empregado polo remitente no proceso de creación do texto; ii) o tempo utilizado polo destinatario no desenvolvemento da súa actividade interpretativa; e iii) o tempo que corresponde ao proceso de mediatización que, por súa vez, se compón de dúas accións independentes e levadas a cabo por cada un dos participantes do intercambio. Noutras palabras, o envío e a recepción da mensaxe. De acordo co sinalado por Haroche-Bouzinac (1995:74) no referente á carta, tamén as mensaxes de texto operan sobre a base dun xogo de desfases temporais, en que a persoa enunciadora é sempre consciente de que o presente da escrita da SMS corresponde co futuro da súa recepción. De igual forma, a coenunciadora tamén asume que o presente do acto de recepción remite para un tempo pasado en que tivo lugar o proceso de produción⁵¹⁶. Así, este modelo de construción en fases reflicte o conxunto de xogos de desllocamento temporal que caracteriza o arquetipo da correspondencia e, subsecuentemente, tamén o das mensaxes de texto.

O dito modelo áchase condicionado pola situación enunciativa en que se produce a mensaxe, ou sexa, un tempo e un espazo non partillado que precisa dun mediador que torne posíbel o intercambio e, inclusive, a consecución do propio acto de comunicación. Neste sentido, virán relevantes as indicacións de Haroche-Bouzinac (1995:70) cando sinala que ao se tratar de intercambios comunicativos entre dous coenunciadores que non se encontran nun espazo interactivo común, o xénero da correspondencia é, fundamentalmente, o discurso dos ausentes⁵¹⁷. E como consecuencia da separación física dos enunciadores, primeira das propiedades, os xéneros que se enmarcan en réxime de correspondencia tamén participan da

⁵¹⁴ Segundo Teixeira (2003), a sensación de instantaneidade que manifestan as SMS concédelles un grande atractivo en tanto que medio de comunicación electrónica, pois o proceso de escrita e a súa recepción son case simultáneos. Neste sentido viran novidosas as novas aplicacións de envío de mensaxes de texto, pois permiten o intercambio de mensaxes de forma gratuíta e sen límite de caracteres. Estes programas fan posíbel establecermos, para alén de comunicacións diferidas como as SMS, interaccións coas persoas usuarias que se encontran nese momento en liña. Por tanto, situaríanse a medio camiño entre os medios de comunicación sincrónicos e os asincrónicos.

⁵¹⁵ A mencionada clasificación permite incluírmos dentro de cada categoría un conxunto amplo de sistemas de intercambio de texto. Estes presentarán tanto propiedades comúns como características que permitirán opoñelos. Entre eles cómpre mencionarmos o correo postal, as mensaxes de texto, o telégrafo, as redes sociais, os correos electrónicos etc. Con todos pode establecerse unha interacción comunicativa a través do intercambio de textos escritos entre persoas que non partillan unha mesma situación espacio-temporal.

⁵¹⁶ O citado modelo temporal viraría máis complexo de esa mensaxe inicial obter resposta, o que engadiría máis unha fase ao dito esquema. Vela Delfa (2005:276) considera que o novo elemento non presenta a mesma categoría que as tres etapas anteriormente descritas, dado que a resposta o que provoca é unha renovación dese ciclo enunciativo. Neste sentido, cómpre indicarmos que o último estadio nin sempre ten por que se producir, de modo que non constitúe un elemento imprescindíbel. De feito, moitas mensaxes non admiten posibilidade de resposta e outras fican sen ela por diversos factores, como indicamos en 2.3.3.2.

⁵¹⁷ Haroche-Bouzinac (1995:70) afirma que “la lettre est souvent présentée comme bienfaitrice parce qu’elle met en ouvre une illusion, illusion de présence, illusion de dialogue, voix recrée dans le silence d’une lecture muette. Sa forcé est celle de la compensation: l’expression ‘tromper l’absence’ revient sous la plume de plusieurs correspondant. Grâce á une métaphore passée dans l’usage, elle est le ‘discours des absents’. Cicéron évoque la possibilité qu’offre la lettre de ‘rendre proches les absents’”.

distancia temporal. En relación con isto, a antedita autora subliña que “un ensemble de donnes constitue ce qu’il conviendrait d’appeler la ‘temporalité épistolaire’. La simultanéité du contact n’est jamais réalisée que sous la forme d’un simulacre [...], d’un rêvé ou d’un projet” (Haroche-Bouzinac 1995:77). Como veremos máis ao pormenor no cap.3, as condicións que caracterizan a situación de enunciación –espazo non partillado que restrinxe o intercambio e temporalidade sucesiva máis do que simultánea– van ter repercusións na construción verbal do texto e, ao mesmo tempo, os participantes na interacción veranse na obriga de crearen novos mecanismos e recursos que lles permitan deseñaren, cando menos, a ilusión dunha temporalidade partillada. A respecto das implicacións lingüísticas das condicións de enunciación, Vela Delfa (2005:279) considera que

en las producciones epistolares, enunciador y coenunciador se mueven respectivamente en sentido opuesto, en una orientación temporal complementaria que lleva al emisor a proyectar un futuro y al receptor a reconstruir un pasado [...]. La particularidad del pacto epistolar consiste en que, si bien esta sucesión de etapas permanece de manera constante en la edificación del contrato de interpretación del género, de forma paralela se crea la impresión de la vivencia de un tiempo compartido, elaborado a través de los artificios enunciativos desarrollados por los sujetos de comunicación: hacia el porvenir y desde lo pretérito. De esta manera los participantes en un intercambio de correspondencia se asocian en la invención (reconstrucción) de un tiempo de actividad lingüística común.

Na súa caracterización do xénero epistolar, Haroche-Bouzinac (1995:77) distingue dous niveis temporais neste tipo de intercambios: i) o tempo de duración e ii) o tempo de invención. Aquel fai referencia ao tempo total do desenvolvemento do proceso de intercambio, isto é, incluíría o período de mediación e o de elaboración da mensaxe –que engloba o que a antedita autora determinou como tempo de invención⁵¹⁸. Sobre este particular, vira necesario repararmos nas diferentes características entre o xénero epistolar tradicional que analiza Haroche-Bouzinac e o das SMS, pois en moitas ocasións o proceso de redacción das cartas é realizado de modo intermitente ou non continuado, isto é, desenvólvese en diversas etapas sucesivas. Esta circunstancia do correo postal xera textos en que é posíbel achar fragmentos independentes a respecto do contexto da enunciación e que, por tanto, poden indicar diferentes estados de ánimo. As rupturas discursivas revélanse nalgúns casos por medio de marcas textuais ou ben permanecen ocultas para a persoa receptora. Con todo, trátase dunha propiedade que agás excepcións, afectará minimamente a correspondencia dixital e máis en concreto o caso das mensaxes de texto, dado que a súa limitación espacial favorece o envío de textos sen interrupcións temporais.

No entanto, desde unha perspectiva tecnolóxica, o servizo de mensaxes curtas ofrece a alternativa de gardarmos os nosos textos cando, aínda estando xa redixidos, non os consideramos a versión definitiva para o seu envío e, por tanto, temos a posibilidade de os retomarmos en calquera outro momento, dado que son almacenados nunha bandexa específica denominada *rascuños*. Mais tomando como referencia tanto as características xa mencionadas para esta modalidade discursiva como os exemplos que figuran no noso corpus, consideramos que a utilización desta funcionalidade nas SMS é bastante reducida. O tamaño dos textos, na maioría dos casos moi curtos, e a natureza apresurada deste medio de interacción, inclínannos a sostermos esta postura. Nas mensaxes de texto que manexamos non detectamos ningún tipo de mención a este sistema de produción textual descontinua, e ao contrario que a carta –cuxo envío tan só se produce cando esta se considera unha unidade

⁵¹⁸ Tal e como indica Haroche-Bouzinac (1995:77), o tempo de duración é estábel e vén marcado pola aparición de marcas cronolóxicas: datas no encabezamento da mensaxe ou referencias no propio texto, en canto o tempo de invención é subxectivo e constrúese mediante un proceso de cooperación que é o que orixina a ilusión do diálogo dos ausentes nun medio diferido, como antes sinalamos.

discursiva completa–, na correspondencia electrónica prima a rapidez e, en consecuencia, o que se procura é enviar mensaxes coa maior celeridade posíbel. Nesta liña, é moito máis frecuente o envío de textos ou de fragmentos que o remitente pode considerar inconclusos. Noutras palabras, se o proceso de escrita se ve interrompido por outro acontecemento non programado con anterioridade, parece preferirse a opción de enviar un texto parcialmente incompleto e retomar a mensaxe con posterioridade, como se observa nas seguintes SMS:

****, vou xantar fora cos meus padriños. Sube igualmente se queres e fuchica na neveira ☺
(B10) [20/04/2012, 11:23:22]

Pola noite sairei a iso das nove, así q igual si nos vemos. Se te queres apuntar a cea estas convidada eh (B11) [20/04/2012, 12:35:15]

A teor das anteriores mensaxes de texto pódese observar que a redacción da primeira se viu interrompida por un acontecemento externo ao que non se fai alusión no propio texto e que se complementa coa segunda SMS. Por tanto, observamos como a persoa enunciadora prefere o envío de texto, embora considere que non está incluída toda a información necesaria. A mensaxe final, escrita unha hora máis tarde, supón a conclusión da anterior. Como vemos, a construción da segunda mensaxe é realizada a partir da primeira e constitúe unha continuación natural desta –primeiro refírese aos planos que ten esa persoa para o xantar e logo da interrupción continúa cos referentes á cea⁵¹⁹. A escolla de intervencións separadas, se ben que dependentes do punto de vista informativo, está condicionada pola propia natureza do esquema de interacción dominante na correspondencia dixital, nomeadamente naquelas ocasións en que se produce un ritmo de intercambio moi rápido. Mais para alén deste fenómeno de escrita descontinua, Haroche-Bouzinac (1995:78-79) salienta que o desenvolvemento interno do proceso de redacción dunha mensaxe tamén se ve afectado por un tempo de reflexión, que se entende como o momento que precede o propio acto da escrita e que, de acordo coa antedita autora, comprende o intervalo destinado a reflectir sobre o contido da mensaxe e o tempo que se emprega na súa elaboración e relectura. E tamén neste punto, as mensaxes de texto manifestan algunha diverxencia coa carta tradicional xa que aquelas parecen reducir de forma significativa o tempo que dedican tanto á fase de reflexión como á de escrita: a textura discursiva que presenta o xénero SMS crea textos de redacción rápida, como se observa das características de organización e distribución da información e de construción sintáctica que presentan as mensaxes do noso corpus e que analizaremos de forma pormenorizada no cap.3.

Na liña do sinalado até agora, podemos subliñar que os sistemas electrónicos acurtaron e aceleraron o desenvolvemento das etapas constitutivas deste proceso: por un lado, o momento de produción textual é executado de modo rápido e irreflexivo, desprovisto de parte da compoñente reformulativa característica doutros medios⁵²⁰ e, por outro lado, o proceso de recepción e de interpretación tamén se ve axilizado de o compararmos cos xéneros de correspondencia en soporte físico. Con todo, é na terceira das etapas que foron descritas, a correspondente á acción de envío e á de recepción, onde o medio electrónico transformou de

⁵¹⁹ Vela Delfa (2005:283) sinala que se a persoa emisora sabe que a receptora espera a mensaxe e calcula que pospor o seu envío pode alterar o ritmo previsto pola coenunciadora, costuma considerarse acaída a remisión dunha mensaxe en que se advirte a interrupción do intercambio durante un espazo de tempo.

⁵²⁰ Como é obvio, convén repararmos en que tamén neste punto existe gradación, isto é, non se empregará o mesmo tempo para a reflexión ou para a redacción dunha mensaxe de natureza persoal que para unha de tipo profesional e o mesmo acontecerá no caso dunha correspondencia de carácter comercial ou institucional.

modo máis evidente o modelo tradicional (Vela Delfa 2005:287-288). Como xa foi indicado en 1.2, os avances tecnolóxicos favoreceron a aparición de sistemas de interacción textual que reduciron de forma significativa o tempo do intercambio. Así as cousas, a faixa temporal que media entre a produción e a recepción da mensaxe electrónica depende fundamentalmente de dous factores: i) por unha banda, do tempo empregado na transmisión dos datos desde o dispositivo de orixe ao de destino –que dependerá máis de parámetros técnicos, cal a capacidade técnica e a potencia dos terminais empregados ou da densidade do tráfico na rede que se empregue para ou intercambio⁵²¹; e ii) por outra banda, do tempo que a mensaxe permaneza almacenada na caixa de entrada do dito dispositivo antes de ser lida pola persoa usuaria en cuestión –o que variará en función da relación que a vincular con ese medio dixital (profesional, persoal etc.) e, xa que logo, da súa dispoñibilidade para acceder á caixa de correo⁵²². Noutras palabras, as melloras tecnolóxicas e a súa xeneralización fixeron dos sistemas de interacción electrónicos medios de comunicación cada vez máis rápidos e máis próximos.

A respecto do tempo de resposta, que ocuparía unha cuarta fase temporal no intercambio de correspondencia electrónica e cuxa función principal é a de iniciar novamente este esquema interaccional, interesa atendermos á relación que se xera entre o momento en que a mensaxe enviada se le inicialmente e aqueloutro en que se produce o texto de contestación. Isto é, virá importante examinarmos as características dese intervalo de tempo que separa as accións de lectura e resposta, dado que isto nos permitirá distinguir dúas clases: i) aquelas que se redixen no momento inmediatamente posterior á fase de lectura e interpretación da mensaxe –o sistema predominante de modo xeral no caso das SMS–, e ii) aquelas en que a súa redacción se produce con posterioridade –pode ser un lapso temporal máis ou menos importante– ao momento de lectura. A combinación de cada tipo de resposta coas distintas variedades da temporalidade analizadas con anterioridade na presente sección dará lugar aos diferentes modos de interacción electrónica a que faremos referencia en 2.3.5. Neste sentido, ao se tratar de textos xerados *in absentia*, os sistemas electrónicos inclúen de modo automático marcas de tempo extralingüístico que, alén de determinaren os modelos interactivos, servirán como punto de referencia para o desenvolvemento do proceso de interpretación da mensaxe, como se deduce da seguinte ilustración:

⁵²¹ Segundo salientan varios autores –Huitema 1997, Crystal 2006 e 2008 e Castro 2008– da breve historia tecnolóxica do medio, a estimación do tempo utilizado na transmisión de datos pasou dos dous ou tres días iniciais (similar á do correo postal ordinario), ao sistema de envío e recepción case instantáneo da actualidade (minutos ou segundos).

⁵²² A respecto do correo electrónico, Suler (1998) establece tres categorías de usuariado a depender da frecuencia con que accede ao seu buzón de correo. Así, distingue entre o experto, que o consulta unha ou máis veces ao día; o regular, cunha asiduidade semanal; e, por último, o casual, que accede a el de modo esporádico. Do noso punto de vista, a asiduidade para o servizo de SMS sería moito maior en calquera dos tres perfís.



FIGURA 13. Interface da caixa de entrada de SMS e dunha mensaxe en particular.

Os primeiros datos temporais veñen recollidos no propio encabezamento da SMS e pódese acceder a eles antes mesmo de abrir a mensaxe. Así, indícase o momento en que esta foi recibida, o que tamén contribúe para que as SMS figuren na nosa caixa de entrada en función da súa orde de chegada. A clasificación máis habitual para as mensaxes de texto adoita ser aquela que coloca en primeira posición as SMS máis recentes⁵²³. Como demostra a anterior figura, na maioría dos dispositivos móbeis a información relativa á data en que se recibe a mensaxe está sempre presente na cabeceira, se ben que, de accedermos ao corpo do texto, a información temporal se ve acrecentada, xa que para alén da data tamén se remite a hora exacta en que se recibiu a mensaxe. E se observarmos con atención a imaxe, observaremos que, como parte da estrutura paratextual (véxase 2.3.6) das mensaxes de texto, existen dúas marcas temporais que permiten ao coenunciador interpretar e deconstruír as relacións que se establecen entre o tempo en que se produciu a enunciación e o momento en que se procede á lectura do texto: por un lado, na parte inferior da mensaxe, a seguir ao corpo do texto, figura, como se indicou, a hora exacta –e nalgúns terminais tamén a data– en que a SMS chegou á caixa de entrada da persoa receptora e, por outro lado, na canto superior dereito da pantalla do telemóbel aparece a hora a que se procede á lectura do texto, o que permite determinar as anteditas relacións temporais e interpretar as marcas discursivas que figuraren na mensaxe.

De acordo con Vela Delfa (2005:296-297), ambas as marcas temporais interaxen e condicionan o proceso de construción do sentido do texto. A primeira constitúe unha referencia estábel, dado que acompaña a SMS en cada un dos seus accesos: por unha banda, a hora en que se recibe marca o paso do tempo ao longo da lectura do texto e, por outra, a data infórmanos sobre o día, o mes e o ano en que a SMS chegou á aplicación que xestiona a nosa caixa de entrada. Debido ás condicións técnicas dos sistemas de mensaxaría electrónica que sinalabamos en páxinas anteriores, a distancia temporal entre o momento de redacción –ou de

⁵²³ Con todo, e como se observa na figura 13, existen varias posibilidades no que respecta á ordenación temporal das mensaxes e, xa que logo, tamén poden aparecer en primeiro lugar as SMS máis antigas seguidas das máis recentes, de modo similar ao que acontece nos sistemas de mensaxaría instantánea.

envío naqueles casos en que estas fases non coinciden— da mensaxe por parte da persoa enunciadora e o de recepción desta pola coenunciadora costuma ser mínima. Por esta razón, os interlocutores adoitan establecer equivalencias entre ambas as referencias de tempo e, neste sentido, na maioría dos casos a data de recepción éríxese como punto de referencia fiable para determinar o momento en que tivo lugar o proceso de enunciación. Conforme se indicou en 2.2.3, a inexistencia dun marco espacio-temporal de interacción partillado polas persoas que participan na correspondencia —neste caso a través de medios dixitais— ten como consecuencia un dos trazos característicos deste tipo de intercambios, quere dicir, as restricións no proceso de retroalimentación entre os interlocutores.

Nestes medios, nos actos de enunciación que non se constrúen sobre unha instancia temporal común, o intercambio de información contextual entre os participantes fica moi limitado. Esta é unha das propiedades que identifican este medio como un sistema de comunicación diferido, dado que, ao se carecer dunha situación enunciativa partillada polos alocutarios, a persoa receptora non pode asistir ao proceso de construción textual que realiza a emisora. Deste modo, a acción interpretativa tan só pode comezar a partir do momento en que a enunciadora, unha vez redixido e completado o texto, envía a mensaxe e en que a pon a disposición da persoa destinataria; este momento corresponde na maior parte dos medios de mensaxaría electrónica —SMS, correo electrónico, Whatsapp etc.— á acción que se executa a través do comando *enviar*, presente no noso xestor de correspondencia⁵²⁴. No lado oposto situaríanse os intercambios non diferidos en que a situación comunicativa vira algo diferente. Seguíndomos o indicado por Yus (2001:91), os coenunciadores neste caso partillan unha superficie espacio-temporal común, se ben que de modo virtual e non presencial, e isto favorece que asistan, embora na súa dimensión linear, ao proceso de elaboración do acto de enunciación⁵²⁵. Porén, na medida en que a persoa destinataria é sempre o eixo sobre o que xira todo o proceso de enunciación, calquera intercambio, sincrónico ou asincrónico, participará de certo grao de retroalimentación —embora sexa preciso salientarmos que a retórica dunha e outra modalidade presentará notábeis diferenzas.

Vela Delfa (2005:298) considera que grande parte das particularidades do xénero se fundamentan non só sobre a simple existencia dun intervalo temporal máis ou menos amplo entre o momento da produción e o da recepción do contido textual, mais, sobre todo, na incidencia da falta de retroalimentación. Como indica esta autora, a correspondencia electrónica non se cimenta, de modo obrigatorio, nunha temporalidade asincrónica, dado que nin sempre se produce un lapso temporal relevante entre a enunciación e a coenunciación.

⁵²⁴ Con base no exposto en Yus (2001:91), a conversa real está centrada na copresenza física dos interlocutores e na posibilidade dunha simultaneidade na emisión de enunciados en canto que, aínda no mellor dos casos os sistemas de interacción dixitais están supeditados, nun principio, a unha rixida sucesión de mensaxes enviadas e recibidas. E isto maniféstase dalgún modo tamén naqueles medios que se consideran sincrónicos polo feito de ambos os interlocutores estaren copresentes —embora sexa a través da rede— no momento do intercambio, como acontece nos chats. Por tanto, inclusive estes sistemas, en aparencia simultáneos, arrastan unha sucesividade temporal e espacial na produción e na recepción das mensaxes, o que de inicio limita as súas posibilidades comunicativas.

⁵²⁵ Neste sentido, convén sinalarmos que a pesar de se tratar de medios en que prima a rapidez do intercambio, nas interaccións diferidas os textos adoitan percibirse como un todo unitario preexistente, en canto que nas comunicacións en sistemas sincrónicos o enunciado enténdese como un obxecto que se produce, imbricado no tempo, e que pode ser completado por un outro enunciado nun espazo temporal moi reducido. Igualmente, conforme salienta Vela Delfa (2005:297-298) no relativo á temporalidade, a simultaneidade destes medios implica que as referencias que figuran no texto van ser as mesmas para ambos os participantes e resalta, a este respecto, que “el coenunciador interviene de forma directa en el proyecto enunciativo del productor que puede reconducirlo, a partir de un proceso de adaptación al coenunciador, mediante las inferencias situacionales extraídas de las marcas generadas por este”.

Por tanto, tomándonos como referencia estas afirmacións e o modelo de clasificación proposto por Herring (2001), podemos soste que as mensaxes de texto manifestan ambas as posibilidades de interacción. Quere dicir, algúns intercambios a través deste medio encaixan con maior facilidade na categoría de comunicacións asincrónicas, en canto outras, debido ás características que presentan, poden ser consideradas interaccións de natureza sincrónica ou case sincrónica. Así as cousas, a oposición non se fundamenta tanto nas propiedades das tecnoloxías de comunicación empregadas –xestor de correo electrónico vs. sistema de mensaxaría instantánea–, mais na utilización que destas ferramentas realizan as persoas usuarias, isto é, das circunstancias que proveñen das propias características do acto de enunciación ou do contexto en que se enmarcan os participantes no transcurso do intercambio (Vela Delfa 2005:299). En definitivo, do punto de vista da temporalidade, as SMS partillan moitas características co xénero epistolar, mais tamén presentan outros trazos propios dos sistemas de interacción electrónica, sobre todo no que respecta á redución do intervalo que media entre a produción e a recepción da mensaxe, que permite ao usuariado comunicarse de forma máis rápida e eficaz que coa correspondencia tradicional.

2.3.4.2. A pantalla como espazo partillado

De acordo co que indicamos en relación co sistema temporal, os intercambios que se realizan a través do sistema de mensaxes de texto e, de modo xeral, todos os que teñen lugar a través de programas de correspondencia electrónica, desenvólvense en situacións comunicativas onde as persoas que participan na interacción non partillan, obrigatoriamente, un mesmo espazo físico. Xa sinalamos en 2.3.4.1, que tamén nas SMS o diálogo que se establece entre os coenunciadores se configura como unha interacción *in absentia*, o que contribúe para enmarcar este xénero dentro dos esquemas contextuais prototípicos da mensaxaría, e non só da dixital. A ausencia dun espazo común constituirá unha das diferenzas máis relevantes a respecto das interaccións orais tradicionais, onde todos os interlocutores están presentes no intercambio. Sobre este particular, será de grande importancia a actividade mediadora realizada polos dispositivos electrónicos – neste caso o telemóbel– que serán os encargados de crearen a través da súa interface un lugar común para os coenunciadores e que facilitará o desenvolvemento do proceso de interacción e de construción textual partillado (véxase 2.2.3.1). Segundo a opinión de Vela Delfa (2005:300), os interlocutores virtuais están, na maior parte das ocasións, afastados do espazo, mais identifícanse como copresentes noutro contexto común definido pola pantalla. E isto é o que favorece que os sistemas de mensaxaría mediada a través de terminais dixitais difiran de modo importante a respecto doutros medios de correspondencia.

En relación con isto, é preciso resaltarmos que a separación espacial dos interlocutores que participan do intercambio foi unha das causas principais que motivou do punto de vista funcional o aparecemento dos sistemas de correspondencia. Quere dicir, os esquemas de interacción sinalados até o momento nacen como resposta a situacións en que o obxectivo que se quere alcanzar consiste no establecemento dunha comunicación entre aquelas persoas que se encontran afastadas ou que, cando menos, non se encontran nese momento nun espazo común. Sobre as propiedades inherentes ao réxime de mensaxaría, en que tamén se enmarcan as SMS, viran relevantes as seguintes afirmacións de Vela Delfa (2005:301):

El modelo prototípico de correspondencia, por lo tanto, tendría como condición enunciativa necesaria el hecho de que el enunciador establezca su enunciado en ausencia del coenunciador, y, como circunstancia complementaria a éstas, que el coenunciador reciba e interprete el texto enunciado, de igual manera, en ausencia del productor del mismo. La no coincidencia espacial se relaciona de manera

directa con el establecimiento de una temporalidad diferida. La relación entre temporalidad diferida e interacción *in absentia* es tan estrecha que resulta muy complicado llevar a cabo el análisis de una de las dimensiones sin hacer referencia a la naturaleza de la otra.

Neste sentido, existen mensaxes de texto que denotan que a construción do acto de enunciación se realiza en ausencia –nomeadamente naquelas interaccións que se enmarcan, segundo a nosa clasificación, na modalidade asincrónica prototípica– fronte a outras que crean un entramado textual que manifesta a experiencia dun contexto de actuación común. Estoutro modelo, característico dos intercambios sincrónicos ou case sincrónicos, presenta un grao de interactividade que afasta estas SMS do modelo epistolar sinalado anteriormente e constitúe o resultado da identificación da interface do telemóbel como espazo partillado –real e virtual ao tempo– da actividade comunicativa. Como xa foi dito, nalgunhas ocasións a pantalla constitúe unha dimensión paralela á do mundo real en que dous interlocutores, mesmo se encontrando nun contexto espacial común, realizan un intercambio de carácter persoal e cómplice. Así, este tipo de interaccións privadas adoitan ter lugar en situacións comunicativas en que se dá unha copresenza física de máis interlocutores con quen, ao mesmo tempo, se pode, manter un intercambio oral de forma conxunta. Aos contextos xa mencionados con anterioridade, Crystal (2008:94) sinala os seguintes: casos en que hai moito ruído, como bares ou clubs, ou mesmo reunións de diversas amizades en que existan, por súa vez, determinados grupos; nestas situacións a comunicación a través das SMS constitúe unha ferramenta moi eficaz e permite un alto nivel de privacidade. Igualmente, e como consecuencia directa desa distancia –máis virtual do que física– esta clase de interaccións tamén contribúe para construímos enunciados que posibelmente non se terían producido nunha conversa oral, cal mensaxes de amor⁵²⁶.

Voltádomos ao *aquí*, segundo elemento do trinomio proposto por Benveniste (1979:298), convén indicarmos que a noción espacial na Internet adquire unha outra dimensión que se constrúe, tal e como foi sinalado en 1.2.3.1, a partir doutro concepto, o de comunidade virtual. Neste sentido, a Rede favorece o desenvolvemento dun espazo virtual común, non só desde un punto de vista físico –representado polo conxunto de nodos e de ligazóns que a forman– mais tamén, e sobre todo, desde unha perspectiva social, creada polo conxunto de persoas usuarias que a constitúen. Trátase dun contexto único e ao mesmo tempo plural en que teñen lugar múltiples e moi heteroxéneas interaccións sociais e onde a arquitectura enunciativa dos textos dixitais non permanece allea a esta particular natureza do espazo electrónico. Se ben que Bonder (2002:29) considera que o contexto dixital se erixe como un terreo intanxíbel a que se accede a través de medios tanxíbeis, Gómez Cruz (2002) xulga que, en sentido estrito, os sistemas electrónicos gozan de ambas as posibilidades: por un lado, o espazo que ocupan os dispositivos –que é concreto e real–, que está a modificar a nosa relación co espazo físico⁵²⁷, e, por outro lado, teríamos un espazo metafórico, favorecido polas propias características dos terminais tecnolóxicos e que xorde polo uso que as persoas fan deles. Tamén sobre este particular, Jones (1995:16) afirma que a CMC non só funciona como unha ferramenta, senón que é a un tempo tecnoloxía, medio e motor de relacións sociais. Isto é, non só as estrutura, mais tamén constitúe o espazo en que as ditas relacións teñen lugar e o instrumento que as persoas usuarias utilizan para acceder a ese contorno.

⁵²⁶ En relación coa privacidade do medio, Crystal (2006:262) afirma que o usuariado deste servizo pode comunicarse sen que a súa conversa afecte o resto das persoas con que está. E como vimos en 2.3.2.3 entre as actividades máis frecuentes que se realizan a través desta aplicación, o flirteo e a expresión de sentimentos de amizade figuran entre as máis comúns: “apparently, 37 per cent of all messagers have used the service to tell someone they love them”.

⁵²⁷ Neste punto destaca o traballo de Silverstone / Morley / Hirsch (1992), en que se investiga o modo en que se integran ao espazo físico os novos dispositivos tecnolóxicos de comunicación.

Por tanto, configúrase como moito máis que o lugar en que ocorren as relacións – embora tamén o sexa– e, por esta razón, é comentado e construído imaxinativamente a través de procesos simbólicos iniciados e mantidos por persoas e grupos⁵²⁸. De acordo con Vela Delfa (2005:302), a noción de espazo transfórmase e deixa de representar unicamente o contexto en que se encontra o individuo no momento de realización do evento discursivo, para se desdobrar nunha entidade polivalente que podemos asociar, por un lado, co medio físico de emprazamento do suxeito e, por outro lado, coa dimensión que alberga o espazo en que se produce a enunciación textual. Será esta última noción a que corresponderá ao contexto virtual, ou sexa, a ese lugar común representado pola pantalla, “o mejor las pantallas, en su multiplicidad y omnipresencia⁵²⁹”. Así as cousas, a creación dun espazo de encontro común nun réxime de interacción a distancia conforma o factor innovador que introduce o contorno electrónico e do que tamén participan as SMS. Neste xénero os coenunciadores experimentan a construción dun contexto de enunciación común, construído pola rede telefónica e representado pola pantalla sen abandonar a súa localización física, por regra xeral non partillada. De igual modo que en 1.2.3.1, xulgamos que os termos “virtual” ou “electrónico” non deben entenderse como antónimos a “real”, dado que desde unha óptica enunciativa tan verdadeiro e existente é o espazo de localización do suxeito, a situación espacial, como o lugar en que se desenvolve a enunciación, representada neste caso pola pantalla –que, por súa vez, corresponde ao contexto lingüístico.

Como se indicou nas páxinas precedentes, o esquema temporal da interacción vai condicionar de maneira relevante a vivencia da pantalla como un espazo de intercambio. Como é obvio, os modelos de interacción que se aproximan da asincronicidade experimentarán esta sensación dun modo menos explícito; polo contrario, se a demora temporal que separa o acto de enunciación do de interpretación virar cada vez máis curta e a depender da rapidez con que se produza a mensaxe de resposta, a manifestación da dita condición verase acentuada. Neste sentido, os sistemas que se sitúan do lado da sincronicidade⁵³⁰ contribúen para dotar de maior estabilidade a noción de espazo virtual, en canto que os intercambios de natureza diferida presentan esta conciencia de xeito máis difuso. Como se pode observar, en función do modo de interacción que presentaren os intercambios a través das mensaxes de texto (véxase 2.3.5), as transformacións na concepción do espazo serán máis ou menos acusadas. Por definición, o xénero das SMS presenta unha dinámica espacial similar á do correo electrónico ou mesmo á do correo postal tradicional, en que non existe un *aquí* común entre os coenunciadores, se ben que tamén non resulta estraño documentarmos modelos de enunciación con esquemas diverxentes. Da mesma forma que a carta, as SMS empréganse para establecermos un intercambio con aquelas persoas con quen non poderíamos interaxir sen o emprego dunha ferramenta mediadora, embora tamén sexa habitual o envío de mensaxes de textos entre individuos que se relacionan presencialmente de

⁵²⁸ Sobre esta cuestión, convén repararmos nos conceptos que se utilizan para referirse a esta nova ubicación: fálase de *acceder*, *entrar*, *conectarse*, *estar en liña* etc., e esta sensación prodúcese cada vez que nos conectamos a calquera dispositivo electrónico (Gómez Cruz 2002).

⁵²⁹ O exemplo máis característico pode acharse no xénero do chat ou da mensaxaría instantánea onde a noción de espazo aparece cunha identidade propia no discurso: os interlocutores que participan na conversa electrónica conciben a existencia dun espazo de interactividade partillado que se constrúe arredor da ferramenta de interacción e que se define a través da pantalla. As salas de conversa, que tan só existen a partir da actividade textual, asóciense con verdadeiros contextos espaciais en que se desenvolven os procesos de comunicación, o que en última instancia confirma, máis unha vez, a natureza fundamentalmente textual dos medios electrónicos.

⁵³⁰ Seguimos, nestes medios, o continuo temporal proposto por Jiménez (2002), en que se agrupan os xéneros dixitais con base nun criterio de variabilidade que xira arredor da noción de sincronicidade: unha banda da *gradatio* está formada polos sistemas estritamente diferidos e a outra por aqueles que manifestan esquemas simultáneos ou semisimultáneos.

forma regular e que, por súa vez, manteñen unha actividade comunicativa a través do soporte electrónico⁵³¹.

Sobre este particular, convén salientarmos a clasificación en catro modalidades de interacción realizada por Vela Delfa (2005:306), a través da que se define un continuo que abarca desde as relacións de copresencialidade até aquelas en que as persoas que coenuncian se encontran demasiado afastados como para que exista a posibilidade dunha interacción presencial. Así distingue os seguintes esquemas: i) no primeiro, as persoas interlocutoras partillan un mesmo espazo de interacción, que se configura como un medio complementario á comunicación face a face; ii) no segundo, os coenunciadores non se encontran presentes, mais poderíase acceder a eles se fose necesario sen unha grande demora de tempo; iii) no terceiro, as persoas participantes non están copresentes e áchanse o suficientemente afastadas como para que a interacción presencial non poida ter lugar sen un grande lapso temporal⁵³²; e iv) no cuarto, as persoas interlocutoras non se encontran no mesmo espazo, mais grandemente afastados e, por tanto, resulta complexo accedermos a elas, cando menos de modo inmediato. Neste caso a posibilidade de escoller o tipo de interacción anúlase e o intercambio mediado configúrase como o substituto da comunicación presencial e supón unha mostra clara do *discurso dos ausentes* de que falaba Cícero (véxase máis arriba); en último lugar, teríamos unha outra modalidade (v), a quinta, en que as persoas que enuncian descoñecen a identidade das súas coenunciadoras e, xa que logo, ignoran a súa situación espacial, de modo que vira unha información pouco relevante neste tipo de intercambios, como mostran as SMS de carácter comercial ou aquelas non solicitadas, se ben que tamén pode tratarse de comunicacións de natureza persoal en que se prefere manter o anonimato.

Con base no exposto até o momento, pódese notar que o espazo partillado constituído pola pantalla dos terminais non só é valorizado pola súa funcionalidade, en canto soporte textual que contén os procesos de escrita e de lectura, mais tamén como espazo de interacción. Aliás, vira importante o modelo situacional que esta interface delimita no proceso enunciativo de todo o xénero de correspondencia dixital. Concordamos con López Alonso (2003a:191) ao defendermos que, neste sentido, a pantalla conforma o espazo en que os interlocutores constrúen a interrelación entre as diferentes dimensións visuais, quere dicir, dereita e esquerda, arriba e abaixo etc., ou sexa, unha organización dinámica a que se somete o lector e que lle serve para organizar un sistema enunciativo espacio-temporal propio. Por tanto, a intervención da interface neste proceso adquire unha importancia vital na medida en que modifica as formas de escrita e de lectura e, na opinión de Vela Delfa (2005:309), provoca unha modificación substancial na esencia mesma do discurso electrónico. Trátase, en suma, de considerarmos o telemóbel como un novo contorno de comunicación, sen lle negarmos tamén o seu valor instrumental e, neste punto, a súa interface supón a materialización deste espazo, pois terá repercusións na construción mesma da textualidade: muda o xeito de organizar a información, modifica a estrutura de hierarquización do contido e incide tamén nos procesos de negociación do sentido global do discurso. Así, a antedita autora considera que os dispositivos electrónicos se erixen como máis un enunciador do evento comunicativo, que debe entenderse como un proceso de construción común a partir de tres eixos: o *eu*, o *ti* e a máquina:

⁵³¹ Son estes últimos usos os que, non sendo totalmente alleos á correspondencia tradicional, se viron altamente potenciados grazas ás comodidades que o contorno electrónico favorece, sobre todo no relativo á axilización dos tempos do intercambio.

⁵³² Nos modelos (i) e (ii), a comunicación desenvólvese de forma paralela aos intercambios presenciais, de modo que os mesmos interlocutores adoitan manter relacións presenciais e relación mediadas por dispositivos electrónicos.

El paso de texto por el ordenador no deja inmune al primero y así, desde una perspectiva interpretativa, debemos señalar como la imbricación de un mensaje en el contexto electrónico genera una serie de implícitos en los coenunciadores, implícitos relativos al universo de sus saberes sociodiscursivos, que condicionan los procesos de producción y de interpretación. La pantalla imprime un ritmo en la interacción, es decir, modula la naturaleza temporal, genera unas condiciones espaciales particulares en el desarrollo del mensaje y define un contrato de género particular. La omnipresencia de la pantalla resulta suficiente para identificar un género dentro del discurso electrónico. A través de la pantalla, única y múltiple al mismo tiempo⁵³³, la distancia que media entre el *aquí* del enunciador y el del coenunciador se dispersa para reunirse ambos en su interior (Vela Delfa 2005:311).

En definitivo, a pantalla –tal e como foi descrita– contribúe para construír unha nova dimensión espacial, un *aquí* e un *alí* sen fronteiras, onde esa dualidade enunciativa se actualiza nun proceso de continuidade. A interface constitúe un espazo aberto en que se reducen os límites e onde se torna máis doado intervirnos no futuro sobre o mesmo texto. Trátase, subsecuentemente, dunha noción intersubxectiva do espazo, que na súa virtualidade permite unir diferentes voces a través dun principio de ubicuidade que, por súa vez, contrarresta ao tempo. Isto é, o concepto de espazo, ciberespazo ou hiperespazo (véxase Gómez Cruz 2002) é o resultado dunha situación de enunciación partillada entre os diferentes coenunciadores en que cada un ten a súa propia situación de enunciación sometida a un tempo e a un espazo propio (López Alonso 2003b:7). No caso concreto das mensaxes de texto, estas condicións implican, por un lado, que o envío de SMS teña lugar sempre nun tempo diferido e en espazos plurais e, por outro lado, que sexa igualmente o produto das diferentes persoas que participan da interacción. En síntese, a conxunción de voces maniféstase na elaboración dun contexto en constante proceso de reelaboración a través da intervención da persoa emisora, da destinataria e da coactuación da ferramenta informática.

2.3.5. Modalidades de interacción nas SMS

Na presente epígrafe dedicaremos especial atención á análise dos esquemas de interacción propios daqueles intercambios que se producen a través de sistemas de mensaxaría electrónica e que, en parte, xa foron enunciados en seccións anteriores. A este respecto, xulgamos relevante aprofundarnos nas seguintes páxinas nos trazos das interaccións verbais e, de modo particular, naqueles que caracterizan as que se producen a través de dispositivos electrónicos e vemos en que proporción a comunicación por medio do servizo de mensaxes curtas manifesta as ditas propiedades. Tamén nesta liña, repararemos na dicotomía establecida entre as SMS que presentan unha estrutura interaccional e as SMS que non; e, finalmente, analizaremos os elementos que permiten identificarmos as diferentes modalidades de mensaxes de texto que revelan esquemas interactivos. Como xa foi indicado nas epígrafes que preceden, no seu modelo prototípico as mensaxes de texto constitúen un acto comunicativo organizado a partir dun esquema de interlocución que se orixina por medio do intercambio de textos escritos entre diversos coenunciadores que non partillan unha mesma situación de comunicación. Igualmente, o intercambio está caracterizado por un modelo de interacción que se sitúa nun espazo mediado pola interface do telemóbel e que se constrúe mediante unha temporalidade diferida, embora unha grande parte das SMS manifeste unha organización moi próxima dos intercambios de tipo conversacional, como corrobora o corpus analizado (véxase 6.I).

⁵³³ Segundo explica esta lingüista é única porque permite xerar un espazo común e múltiple na medida en que cada conexión se leva a cabo a través dun terminal particular e, nesta liña, a pantalla de cada enunciador é fisicamente diferente.

Así as cousas, tórnase posíbel aplicarmos moitas das unidades propias da análise conversacional, se ben que a súa rendibilidade vai depender das propiedades específicas que presentar cada tipo de intercambio. De acordo co sinalado por Vela Delfa (2005:316), algunhas SMS responden máis a unha estrutura epistolar, outras parecen inscribirse en condicións de produción e recepción máis próximas do diálogo, en canto unha grande maioría non corresponde a ningún dos anteditos modelos e configuran esquemas mixtos, o que confirma que a distinción entre as situacións comunicativas asincrónicas e sincrónicas non é tan radical (Crystal 2006:173)⁵³⁴. Neste sentido, as SMS e, de modo xeral, a mensaxaría electrónica, presentan un carácter innovador de as compararmos coa correspondencia tradicional, pois inclusive aqueles intercambios que se afastan máis do modelo de diálogo acaban por presentar unha estrutura final que os achega aos paradigmas conversacionais. Sobre este particular, Payà Canals (2000) afirma que as mensaxes electrónicas presentan, nunha gradación de menor a maior precisión, unha forma de diálogo ou pseudodiálogo, pois conforme sinala esta autora, manifestan unha especie de interacción e mesmo se pode producir unha ilusión de retroalimentación. Porén, a alternancia dinámica das intervencións non é máis do que un espellismo, dado que a persoa emisora e a receptora non coinciden, como xa tratamos, nin no espazo nin tampouco no tempo. No contexto dixital, o diálogo é construído despois da intervención da primeira persoa participante –unha vez que xa se produciu a emisión e en ausencia da emisora.

Como se pode notar, o xénero da correspondencia electrónica difire tanto do modelo canónico das conversas presenciais, como do esquema prototípico que rexe os intercambios epistolares. De feito, a caracterización do discurso dixital, como unha nova modalidade en que converxen –para alén das funcionalidades propias do contexto dixital– a oralidade e a escrita está motivada pola natureza interaccional dos intercambios electrónicos, ademais do rexistro informal e coloquial a que se asocian este tipo de interaccións (véxase 2.2.3.3). Como é obvio, e de acordo con Payà Canals (2000), as diverxencias máis relevantes en relación cos esquemas conversacionais prototípicos estarán motivadas polo carácter non simultáneo dos intercambios. Con todo, Vela Delfa (2005:317) salienta que

a pesar de tal condición, el carácter interaccional de estos intercambios es irrefutable. Una interacción verbal consiste en una situación generadora de un tipo de discurso que se coproduce, es decir, que es fruto de un constante trabajo de colaboración, de un proceso de acción y reacción. En este sentido, consideramos que la correspondencia electrónica, por su dinamismo y alto grado de colaboración e intervención discursiva, no puede entenderse como una mera producción monologal, sino como el producto de un intercambio dialógico.

Para esta autora, a comunicación que se establece a través de dispositivos electrónicos manifesta un forte grao de *colaboración*⁵³⁵, non só no referente a cuestións

⁵³⁴ Na opinión de Yus (2001:90), tanto nas conversas presenciais como naquelas outras que se manteñen en contornos virtuais o obxectivo final adoita ser sempre o mesmo, isto é, a interactividade con outras persoas, o que outorga un alto grao de interlocución en certo tipo de intercambios de natureza diferida, cando menos en orixe.

⁵³⁵ Principio fundamental establecido por Grice (1975:45) que rexe a comunicación humana. Para este autor, os nosos intercambios comunicativos constitúen, en certo modo, esforzos de cooperación, e cada participante reconece neles un conxunto de propósitos comúns ou, cando menos, unha dirección aceptada mutuamente. De acordo con Grice, Freixeiro Mato (2006, IV:59) sinala que a conversa é unha actividade que precisa moita cooperación e un certo grao de negociación, “podendo definirse como unha sucesión xerarquizada de intercambios verbais, pois está suxeita a un xogo de turnos de palabra en que cada intervención depende da anterior”. Tamén Yus (1997:90) subliña que os interlocutores, no seu interese por cooperaren no bo funcionamento da conversa, asumen a negociación do papel e toman as medidas necesarias para aclararen a situación da conversa e os roles que nela desempeñan. Igualmente, afirma que é a propia interacción mediante a

temporais, mais tamén no relativo á propia construción dun discurso interactivo que é capaz de deslocalar o protagonismo cara á instauración dunha voz partillada. Nesta liña, a interface dos terminais é aquela que permite coordinar as distintas voces no diálogo que se xera, sumándoas e unificándoas. Cómpre termos en conta, igualmente, que, alén das estratexias xeradas entre os coenunciadores para conseguiren un bo desenvolvemento da súa interacción, na conversa electrónica a propia interacción coas aplicacións que xestionan a comunicación tamén supón unha tipoloxía concreta de acto cooperativo entre a máquina e a persoa usuaria, normalmente materializado a través da execución de diversos comandos que fan posíbel avanzarmos no proceso de comunicación. Estas características marcan unha revolución na maneira de transmitir e de recibir a información e, tamén, na definición dos elementos que servirán de base para a súa interpretación. Na liña do exposto en López Alonso (2003a), podémonos achegar á maior parte dos modos de interacción que presenta a correspondencia electrónica a partir da concorrencia de tres eixos fundamentais: o tipo de relación entre as persoas enunciadoras, o número de participantes e a funcionalidade do texto. A converxencia destes tres parámetros dá lugar a unha grande diversidade de estilos comunicativos e a diferentes modos relacionais entre os interlocutores.

Nesta liña, é posíbel diferenciarmos entre as mensaxes que se destinan fundamentalmente á transmisión de información e aquelas que focalizan o seu interese no establecemento dun intercambio comunicativo, isto é, mensaxes de natureza fática e cuxa función consiste en daren continuidade á interacción e aseguraren así o fluxo comunicativo. Porén, o habitual é que as mensaxes que se envían combinen estas dúas características, ou sexa, que conteñan fundamentos que permitan que a comunicación progrese do punto de vista informativo e outros que sustenten, dalgunha forma, o dito intercambio. Neste punto, serán relevantes as condicións temporais en que se enmarque a mensaxe inicial e a súa resposta, pois terán implicacións tanto na estrutura da interacción como nas convencións sobre as cales asentará o intercambio de turnos. Por esta razón, e como sinalamos ao comezo desta sección, distinguiremos dúas modalidades principais: as SMS de interacción continua e as SMS de interacción descontinua: as primeiras están estruturadas arredor dunha macrosecuencia constituída por varios intercambios; estes encóntranse delimitados no seu conxunto por dúas secuencias marco de abertura e encerramento. As segundas organízanse en secuencias independentes dotadas no seu interior dun acto de abertura e encerramento que, por súa vez, poden establecer un intercambio con outras intervencións, tamén descontínuas, delimitadas por unha abertura e un encerramento autónomo⁵³⁶.

Antes de continuarmos, convén definirmos o que entendemos por “interacción” e, máis concretamente, “interacción verbal”. Neste sentido, é preciso sinalarmos que a citada noción constitúe un concepto importado pola Lingüística desde outras disciplinas, cal a Bioloxía, a Socioloxía, a Antropoloxía e a Psicoloxía e que, de modo xeral, se utiliza para indicar calquera modalidade de acción cooperativa ou conxunta que poña en relación, normalmente presencial⁵³⁷, a dous ou máis participantes. Esta circunstancia permite que sexa

linguaxe a que ás veces consegue dar esa sensación de sociabilidade, coa vertente fática da comunicación como elemento básico do intercambio. A linguaxe fática é, para este autor, unha das manifestacións externas máis explícitas da actitude cooperativa das persoas.

⁵³⁶ Moitas das modalidades que serán tratadas son consecuencia das características inherentes do medio electrónico –escrito e diferido– en que se enmarcan os intercambios.

⁵³⁷ Para Goffman (1973:23), a interacción só ten lugar se existir un proceso de influencia recíproca por parte dos participantes sobre as accións dos outros en canto están en presenza física. Con todo, na actualidade existen versións menos restritivas desta noción e algunhas delas inclúen xa os intercambios non presenciais, dado que grazas aos avances no ámbito da enxeñaría informática e das telecomunicacións esta tipoloxía é cada vez máis habitual. Véxase López Alonso (2003a, 2003b), Vela Delfa (2005), Yus (2001) etc.

posíbel aplicarmos este concepto en esferas tan distantes como a das transaccións financeiras, os xogos amorosos ou os combates (Vion 1992:17). Por tanto, as interaccións están presentes na maior parte dos ámbitos da sociedades e nin todas poden ser consideradas interaccións verbais, se ben que “un conjunto importante de las interacciones humanas combina elementos semióticamente verbales con otros relativos a otros sistemas de signos” (Vela Delfa 2005:321); será en función do predominio de un deles conforme poderemos distinguir o tipo de interacción⁵³⁸. Por esta razón, Kerbrat-Orecchioni (1998:57) considera interaccións verbais aquelas en que se observa a preeminencia do verbal, quere dicir, as que teñen lugar, principalmente, a través de medios lingüísticos. Para esta autora, a comunicación posúe unha natureza esencialmente interactiva, pois a linguaxe verbal ten como función primaria a de permitir a comunicación entre diferentes persoas nas múltiples situacións que se producen no noso día a día⁵³⁹.

A interlocución enténdese, por tanto, como a existencia dun intercambio dialóxico e oponse, por definición, aos modelos monoloxais. Neste sentido, o diálogo configúrase como o modo primitivo en que se manifestan as producións lingüísticas e a conversa constitúe a forma máis representativa dos intercambios comunicativos, dado que nela nin os trazos contextuais nin os pragmáticos aparecen marcados. Esta organízase arredor dunhas pautas ou regras, entre as cales convén salientarmos aquelas referentes á organización e á distribución dos turnos ou aqueloutras relativas á interpretación dos enunciados, onde as implicaturas conversacionais desempeñan un papel relevante. Igualmente, este tipo de intercambio non adoita ter outra finalidade que a simple socialización, ao contrario que aquelas que sinalabamos anteriormente, a maioría de tipo transaccional –en que a estrutura da comunicación é hierarquizada e en que os papeis dos participantes non son simétricos. A dinámica de equivalencia con que adoita estar gobernada a conversa persoal reflíctese na posición que os participantes adoptan no intercambio, tanto no relativo á alternancia de turnos como á distribución dos seus roles enunciativos e, por tanto, será este esquema o que servirá de base para a creación dos modelos de discurso electrónico. Se ben que a análise da conversa conforma unha cuestión que se afasta dos obxectivos deste estudo, convén sinalarmos algunhas das súas propiedades definitorias para unha mellor comprensión dos modelos de interacción que presentan as mensaxes de texto.

Alén das propiedades indicadas por Sacks / Schengloff / Jefferson (1974) para o arquétipo conversacional –mudanza de participantes recorrentes, unha intervención e un único participante, solapamentos frecuentes mais breves, transicións entre turnos non espaciadas, orde variábel dos turnos, lonxitude da conversa non definida, temática conversacional e distribución de turnos non especificada con anterioridade, número de participantes variábeis, existencia de mecanismos para a rectificación dos erros e das violacións da toma de turno (véxase 2.2.3.3)–, discutíbeis para algúns autores⁵⁴⁰, Gallardo

⁵³⁸ Para Kerbrat-Orecchioni (1998:55): “Le terme d’“interaction” désigne d’abord un certain type de processus (jeu d’actions et réactions), puis par métonymie, un certain type d’objet caractérisé par la présence massive de ce processus: on dira de telle ou telle conversation que c’est une interaction (verbale), le terme désignant alors toute forme de discours produit collectivement, par l’action ordonnée de plusieurs “interactants””.

⁵³⁹ Kerbrat-Orecchioni (1996:4) considera que o carácter interactivo da comunicación se sustenta en tres principios, dado que o exercicio da palabra implica, xeralmente, i) unha alocución, isto é, a existencia dun destinatario; ii) unha interlocución, quere dicir, un intercambio de palabras ou diálogo; e iii) unha interacción, ou sexa, unha serie de influencias mutuas entre os participantes. Non obstante, a pesar da natureza interaccional das producións lingüísticas, tan só determinados discursos son considerados como interaccións de modo estrito (Vela Delfa 2005:323).

⁵⁴⁰ Convén apuntarmos que non todos os tipos de conversa se axustarán aos parámetros establecidos por estes autores, quen non consideran a posibilidade de que existan persoas a moderárenas ou quendas de intervención preestabelecidas, como acontece nas mesas redondas ou nas entrevistas, por exemplo. Nesta liña, Gallardo Pauls

Paúls (1996) establece unha outra clasificación de carácter pragmático, que estrutura do seguinte modo: i) propiedades interactivas ou dinamismo dialóxico: sistema dual de toma de turno, natureza actual e inmediatez⁵⁴¹ e estrutura triple básica⁵⁴²; ii) propiedades conversacionais: tomada de turno libre, alternancia, orde variábel, contido dos turnos non predeterminado, número variábel de participantes, lonxitude non predeterminada, construción pormenorizada, turno por turno e, finalmente, retroalimentación. Como resulta obvio, moitos trazos son partillados pola antedita clasificación, mais o relevante desta organización é que pon de manifesto a necesidade da retroalimentación para a consecución dunha correcta actividade conversacional. En 2.3.3.3 sinalamos que as interaccións electrónicas, se ben que partillan algunhas características coa conversa, tamén presentan múltiples particularidades. Neste sentido, será importante indicarmos que a ausencia de simultaneidade na ostentación dos papeis enunciativos –que difumina a oposición entre a unidade *achega* e *intervención*– e a falta dun contexto de interacción común –factor que en sistemas diferidos limita a interactividade mutua– conforman dous dos principais condicionantes para determinaren o grao de dinamismo dos intercambios.

A natureza escrita do desenvolvemento e o réxime de copresenza virtual en que se desenvolve a comunicación no caso das mensaxes de texto restrinxen a posibilidade de os interlocutores exercerem unha influencia mutua. Mais como xa se indicou en anteriores epígrafes, as persoas que utilizan os sistemas de interacción electrónica propiciaron o desenvolvemento de estratexias para se adaptaren a estas novas circunstancias comunicativas. Así, as propiedades que presentan os intercambios só poden explicarse se tivermos en conta o seu particular contexto de produción⁵⁴³: o envío dun texto que na maioría dos casos persegue recibir unha resposta e establecer unha interacción a través dunha serie de intervencións cruzadas en que os participantes alternan os seus papeis enunciativos. Neste punto, a relativa rapidez do medio das SMS e a ilusión dun espazo de acción e reacción partillado enfatizan estas propiedades interaccionais, de modo que podemos observar que moitas das mensaxes que figuran no corpus se axustan sen dificultade a esta estrutura dialogal, do mesmo modo que acontece co correo electrónico, os chats ou a MI. Noutras palabras, os dispositivos electrónicos –como tecnoloxías ao servizo da comunicación a distancia– e a mellora das conexións permiten definirmos o contexto dixital, como un espazo propicio para o desenvolvemento de procesos interaccionais⁵⁴⁴. Como vimos en 2.2.3.2, os sistemas que xestionan este tipo de comunicación interpersoal propoñen, en función da súa natureza diferida ou sincrónica, dúas modalidades de intercambio correspondentes coas establecidas nesta epígrafe para as SMS, isto é, mensaxes de interacción continua ou mensaxes de interacción descontinua.

(1996) considera que moitos dos trazos sinalados para a conversa son cuestionábeis na medida en que as mostras reais non se adaptan perfectamente a elas. En concreto, esta autora xulga que os solapamentos son máis frecuentes do que indican os anteditos autores.

⁵⁴¹ Fai referencia á situación de produción, isto é, á necesidade de partillar un contexto de intercambio común.

⁵⁴² Dado que se analizan conversas en que os participantes están copresentes, existen tres vías para a comunicación: a linguaxe, a paralinguaxe e a quinésica, todos eles elementos importantes no proceso de retroalimentación.

⁵⁴³ Neste sentido, a web constitúe en si propia un espazo de interacción. A World Wide Web érxese como unha tea de araña de documentos que figuran relacionados a través de hipervínculos (véxase 1.2.1.3). A navegación é, igualmente, un proceso interactivo que permite desenvolvermos diversas actividades: procurar información, cubrir formularios, realizar compra-venda etc. Así as cousas, o contorno electrónico posúe, en si mesmo, unha natureza interactiva (véxase Seré 2003).

⁵⁴⁴ Na opinión de Yus (2001:91), grazas á posibilidade de interacción que ofrece a Internet, as persoas usuarias poden sentir a presenza do outro e afondar (metarrepresentar) nos seus pensamentos até alcanzaren un acordo sobre a meta que debe tomar a conversa e o sentido en que deben entenderse os diferentes enunciados.

As primeiras, de natureza claramente dialogal, responden de forma prototípica aos seguintes parámetros⁵⁴⁵: i) a interacción ten lugar no interior dunha única sesión; ii) o intercambio debe cumprir as condicións de accesibilidade e bidireccionalidade (véxase 2.2.3.2); iii) os turnos da conversa sucédense de modo dinámico sen intervalos de tempo demasiado elevados, ou sexa, deben resistir as restricións dos sistemas con persistencia textual fraca, como acontece nas SMS; iv) a comunicación desenvólvese a través dunha pantalla única e partillada; v) todas as persoas participantes poden facer públicos os seus enunciados en calquera momento do intercambio; e vi) existe a posibilidade de acceder aos contributos do resto dos participantes ao tempo que se redixen as intervencións propias. A respecto dos esquemas non conversacionais, existen determinadas interaccións electrónicas que non poden ser identificadas coa tipoloxía dialogal agora definida, dado que non cumpren algunhas das propiedades que foron descritas. En relación con isto, as SMS constitúen na orixe mostras de intercambios non conversacionais, pois non manifestan de modo obrigatorio ou imprescindible todos e cada un dos anteditos criterios. Quere dicir, non é posible identificarmos unha única interface en que se desenvolva a interacción, se ben que na medida en que as pantallas recrean cada vez máis esta condición, a sensación de dialoxismo é maior (Vela Delfa 2005:334). Sobre este particular, convén sinalarmos que, en función do sistema xestor de SMS, o modo en que se presentan as mensaxes de texto pode reproducir en certo grao unha natureza dialóxica, acentuando unha produción discursiva colaborativa⁵⁴⁶, como ilustran as seguintes imaxes:



FIGURA 14. Exemplo da estrutura de diferentes xestores de SMS.

⁵⁴⁵ Para esta clasificación seguimos os criterios indicados por Vela Delfa (2005:333-334) para o correo electrónico.

⁵⁴⁶ Igualmente, noutros sistemas diferidos como o correo electrónico é posible reproducirmos os textos das mensaxes anteriores e intercalarmos as respostas, o que outorga certas similitudes co diálogo. Con todo, Crystal (2006:120) afirma que o carácter dialóxico do corpo do texto nunha mensaxe diferida vira totalmente explícito cando se activa a opción de Responder e os seus destinatarios engaden as súas reaccións, “which refer directly to the whole of a received message”.

A comunicación a través do servizo de mensaxes curtas non ten por que se levar a cabo no interior dunha sesión. De feito, os intercambios máis prototípicos son os que se desenvolven en sesións diferentes, en canto que naqueles que se producen no límite dunha única sesión tolérase unha maior demora na sucesión dos turnos do que nas interaccións electrónicas que teñen lugar en medios claramente sincrónicos –como os chats ou os sistemas de mensaxaría instantánea–, onde o grao de persistencia textual é moito menor. Dentro dos intercambios non conversacionais e téndomos en consideración certos parámetros na sucesión de turnos, podemos distinguir dúas modalidades: i) os intercambios monoloxais e ii) os encadeamentos dialóxicos de monólogos, ambas as tipoloxías albergadas polas ferramentas que xestionan o envío de mensaxes de texto. Nos primeiros, os enunciados prodúcense en ausencia da persoa coenunciadora e, se ben que se caracterizan pola sucesividade na ostentación dos papeis enunciativos, este tipo de intervención non costuma dar lugar a un turno de réplica, senón que constitúen comunicacións pechadas en si mesmas. Os segundos, pola súa banda, partillan cos intercambios monoloxais o desfase espacial das persoas alocutarias e a sucesividade na alternancia dos roles enunciativos; a diferenza vén marcada pola súa natureza dialóxica, dado que conforman intercambios cuxa finalidade é o establecemento dunha interacción (Vela Delfa 2005:335). Como analizaremos máis ao pormenor na seguinte sección, as SMS en réxime de intercambio corresponden aos intercambios dialóxicos de monólogos, en canto que os de tipo monoloxal fan parte do grupo de mensaxes sen intercambios.

2.3.5.1. A noción de sesión

A comunicación mediada fai posíbel o desenvolvemento de situacións comunicativas caracterizadas por un alto grao de interactividade. Así as cousas, achamos necesario introducirmos o concepto de “sesión”, dado que constitúe, na nosa opinión, a unidade temporal por excelencia cando nos referimos á interacción a través de medios dixitais. Esta marca de tempo alude a un proceso interactivo de dupla natureza: por unha banda, describe a relación que se establece entre os coenunciadores e, por outra banda, fai referencia á actividade interaccional que se crea entre a persoa usuaria e a máquina (Seré 2003). As sesións comezan co acceso dun suxeito a un dispositivo electrónico e, en particular, coa activación do programa que se encargará da mediación, e rematan cando a aplicación se encerra, ben de modo voluntario por parte da persoa usuaria, ben por un erro do propio xestor de mensaxaría. En 2.2.3.2, afirmamos que unha sesión estaba integrada polo intervalo de tempo que existía entre o inicio e o fin da accesibilidade. Se ben que nas mensaxes de texto non existe unha concepción tan clara da noción de sesión como acontece con outros sistemas de comunicación electrónica, é posíbel identificarmos dous momentos no proceso de relación coa máquina que se corresponden coa abertura da sesión e co encerramento desta. As aberturas de modo paradigmático adoitan estar representadas por unha situación inicial en que se introduce o nome de usuario e a clave para accedermos á dita aplicación, o que non acontece nos terminais móbeis, pois todas as aplicacións están operativas desde o momento en que activamos o noso dispositivo⁵⁴⁷.

Por esta razón, consideraremos a noción de sesión de modo amplo e, neste sentido, distinguimos dúas etapas no momento de abertura: primeiramente, o comezo da sesión, quere dicir, a situación inicial en que abrimos o programa de mensaxaría, neste caso o sistema de mensaxes curtas, e en que accedemos ao desenvolvemento dunha sesión particular e privada;

⁵⁴⁷ Como se indica en Vela Delfa (2005:336), inclusive nos casos en que esta noción é evidente, a fase de identificación pode non se manifestar, mais quedar implícita. Isto acontece naqueles casos en que a persoa usuaria configura o sistema ou a aplicación para que este paso se realice de modo automático.

nesta etapa non é só posíbel iniciarmos unha nova interacción, mais tamén consultarmos as mensaxes que xa temos almacenadas, as novas mensaxes que chegaron etc. Isto é, unha vez que iniciamos a aplicación, temos á nosa disposición o conxunto de funcións que aquela codifica. E, en segundo lugar, a fase de contacto cos interlocutores: unha vez que a persoa usuaria asume o papel de enunciadora, o programa pode indicar nalgúns casos os potenciais interlocutores dispoñíbeis para establecer un intercambio. Esta posibilidade vira máis clara nos sistemas de mensaxaría instantánea, pois aqueloutros usuarios que tamén iniciaron sesión serán identificados de modo automático e indicárase o seu estado de accesibilidade. No entanto, no xénero das mensaxes de texto a listaxe de posíbeis destinatarios, é dicir, os nosos contactos, é facultativa e non ofrece este tipo de información⁵⁴⁸.

De acordo con Crystal (2006:156-158), nas sesións dos grupos sincrónicos –chats, ou sistemas de mensaxaría instantánea– para iniciaren a interacción é preciso que as persoas usuarias conviden outras a participaren no intercambio. Este convite pode ser ou non implícito, pois enviando unha mensaxe a outro dos membros da listaxe de contactos ábrese unha xanela que pode albergar o desenvolvemento dunha interacción privada se o destinatario ou a destinataria así o decidir. E unha vez que se delimita ese espazo de intercambio entre dúas persoas, outros interlocutores poden sumarse, sempre que tiveren a autorización previa dos participantes iniciais. Polo contrario, nos medios diferidos e, concretamente, nas mensaxes de texto, pódese notar que a sesión comeza cando rediximos e enviamos as mensaxes a unha das persoas da nosa listaxe de contactos –aínda que non só– e complétase no momento en que as destinatarias proceden á súa abertura. Igualmente, o sistema xestor da nosa bandexa de entrada tamén nos permite lermos as novas mensaxes recibidas. Por tanto, o momento constituído polo inicio de sesión e as dúas fases de abertura anteriormente descritas conforman a fase preinteraccional e dan paso ao desenvolvemento das interaccións lingüísticas, en canto que o acto de encerramento da sesión se erixirá como a etapa postinteraccional. Na opinión de Vela Delfa (2005:340), toda a interacción electrónica presenta dalgún modo estas dúas secuencias marco e a súa finalidade principal consiste na delimitación das fronteiras da unidade *sesión*⁵⁴⁹, en cuxo seo se alberga a actividade lingüística. Noutras palabras, embora as propiedades particulares destas secuencias difiran dun sistema de comunicación ou dunha aplicación para outra, pódese concluír que a súa presenza é unha propiedade inherente de todas as interaccións electrónicas.

2.3.5.2. Estratexias para xestionar as interaccións

Na liña do sinalado en Yus (2001:92-93), unhas das aproximacións pragmáticas que máis se encarregou de estudar a posíbel estrutura –e paralela transcripción– do diálogo conversacional foi, sen dúbida, a análise da conversa, que traballa só con datos empíricos e

⁵⁴⁸ No entanto, os novos sistemas de mensaxaría como Whatsapp ou Line permiten non só accedermos á listaxe de todos aqueles contactos que teñen esta aplicación, mais tamén comprobarmos cando foi a última vez que se conectaron ou mesmo se están en liña, aínda que é preciso entrarmos en cada un deles para o verificarmos.

⁵⁴⁹ Esta lingüista tamén indica que a relación entre a unidade sesión e o desenvolvemento dunha interacción nin sempre se establece a través de criterios biunívocos recíprocos, de modo que determina tres tipos de relacións: i) a sesión que corresponde a unha interacción única que se sitúa entre os marcos pre e post-interaccional; ii) a sesión en que teñen lugar varios intercambios comunicativos simultáneos ou sucesivos; e iii) interaccións que se sitúan entre diversos e repetidos marcos pre e post-interaccionais, características dos sistemas diferidos como o das SMS, en que o intercambio se desenvolve en momentos de accesibilidade independente. Noutras palabras, neste tipo de ferramentas, a accesibilidade das persoas interlocutoras non está asegurada ao longo do desenvolvemento da interacción, de modo que cada intervención pode pertencer a sesións diferentes; ao contrario, nos sistemas continuos, a escisión desa unidade interaccional só pode entenderse como unha interrupción non desexada ou involuntaria, motivada en moitos casos por un problema técnico; é o que esta autora denomina “sesión fallida”.

que se basea de modo fundamental na noción de interacción. Conceptos como “vez conversacional”, “repartición e tomada de turnos”, “inicio e encerramento dunha conversa”, “tipos de actos” ou “secuencias” son comúns nos estudos que se enmarcan nesta perspectiva (Freixeiro Mato 2006, IV:20). Un turno constitúe a unidade formada por cada unha das achegas dos participantes no momento da conversa e os seus límites comprenden desde o momento en que se toma a palabra até o instante en que esta se cede en favor do outro interlocutor⁵⁵⁰. A alternancia de turnos permite que no desenvolvemento do intercambio o papel enunciativo vaia mudando dunha persoa para outra e facilita, igualmente, a progresión informativa da comunicación. Como sinalamos en 2.2.3.1 cando nos referimos ás restricións na transmisión de información non verbal, á diferenza da conversa oral tradicional, a identificación dos límites da unidade turno no caso das interaccións electrónicas resulta unha tarefa difícil⁵⁵¹. Esta complexidade deriva, na opinión de Vela Delfa (2005:342), da natureza semidiferida que manifestan estes intercambios, pois o lapso temporal que separa a produción da interpretación condiciona moitas das propiedades das conversas electrónicas. En consecuencia, xulgamos que o turno electrónico nas SMS consta de tres etapas: a primeira en que redixe a mensaxe, a segunda en que se decide proceder ao seu envío e unha terceira en que esta fica accesíbel a través da interface para que os nosos interlocutores poidan interpretala (2.2.3.2).

Como apuntamos, nestes casos vira complexo determinarmos o momento concreto de posesión do turno: cando se escribe a SMS, cando esta aparece en pantalla ou un tempo compredido por estas dúas accións. Neste sentido, os solapamentos configúranse como espazos en que se reclama o turno por máis dun participante. Os mecanismos de xestión que arbitran na conversa solucionan este tipo de superposicións atribuíndo a un dos interlocutores a palabra, o que xustifica que Sacks / Schegloff / Jefferson (1974) afirmen que, embora frecuentes, a duración dos solapamentos adoita ser breve. Por tanto, o principio de alternancia serviría para regular os posibles conflitos que fosen xurdindo, mais no relativo ás interaccións electrónicas estas zonas de solapamento non só son moi habituais, mais en determinadas situacións constitúen a norma, nomeadamente nos sistemas de comunicación sincrónica.

En los entornos de gestión de interacciones electrónicas conversacionales los solapamientos son tan abundantes que resulta extraño que los interlocutores esperen a que el otro provoque un momento de posible alternancia para tomar el turno. Además, en ciertas aplicaciones, como por ejemplo en los chat web, la ausencia absoluta de elementos de retroalimentación esconde la información necesaria para que los interlocutores pudieran ser conscientes de cuestiones importantes en la gestión de la alternancia (Vela Delfa 2005:343).

Se concordarmos na definición de turno formada polas tres fases descritas con anterioridade, os solapamentos non constitúen ningunha excepción, mais se escollermos unha noción máis limitada, os solapamentos nunca se producen, pois a aplicación que xestiona o intercambio de turno ofrécenos as intervencións de forma linear, de modo que non é posible identificarmos zonas de encabalgamento. Como sinala Crystal 2006:158) “if A’s message becamas at all lengthy, B may react to the first part of it, not waiting for A’s later points to be made. A may then choose to postpone making those points, and take up what B has said, or choose to ignore B’s intervention and carry on with them”. Con todo, A podería volver sobre a intervención de B e responderlle cunha mensaxe, que aparecerá xusto ao lado das

⁵⁵⁰ De acordo con Vela Delfa (2005:342), a alternancia de turnos pode levarse a cabo a través de dous procedementos principais: i) ben porque foi directamente outorgado por outro participante –heteroselección–; ii) ben porque o outro interlocutor o tomou sen que se producise unha selección específica –autoselección.

⁵⁵¹ Convén reiterarmos que nestes casos os turnos de fala, ben como outro tipo de estratexias conversacionais, están suxeitos a unha sucesión estrita que impón a aplicación que xestiona a interacción electrónica.

intervencións que B puido realizar até ese momento. Por esta razón, a conversa electrónica pode chegar a converterse nunha mestura de secuencias, simultaneidade e solapamentos, o que non terá cabida nunha conversa presencial, onde o solapamento é mínimo⁵⁵². Como dixemos, nas interaccións electrónicas a aplicación colocará as intervencións a partir dun principio de secuencialidade, segundo o cal a contribución que sexa recibida en primeiro lugar será a que se sitúe na primeira posición e, deste modo, os encabalgamentos quedarán disfrazados na estrutura externa observábel, se ben que virarán evidentes unha vez que analizemos a coherencia semántica dos desenvolvementos interaccionais. Segundo os datos extraídos por Herring (1999), Bays (2004) e Fournel (2004), pódese entender que, como consecuencia da natureza escrita do medio en que se desenvolve a interacción, os encabalgamentos non preocupan demasiado aos interlocutores, dado que non desenvolven extratexias para os evitaren⁵⁵³.

A respecto das mensaxes de texto, convén termos en consideración, de acordo con Violi (1998), que as diferentes circunstancias en que se desenvolve o intercambio –temporalidade diferida ou asincrónica– permiten que a regulación do turno manifeste principios distintos aos conversacionais, de modo que é posíbel realizarmos tarefas de autoselección. Sobre este particular, tamén Fournel (2004) sinala que nas interaccións a través do soporte dixital non se encontra activa a *lei do turno seguinte* –característica dos intercambios conversacionais–, senón que esta é substituída polo que o antedito lingüista denomina *lei de turno futuro*. Na súa opinión, neste tipo de intercambios unha intervención non selecciona de modo obrigatorio o turno que lle segue, mais unha quenda posterior que non ten necesariamente que aparecer de modo secuencial na disposición linear da interface. Na mesma liña que Fournel (2004), Vela Delfa (2005:346) sostén que a orde en que se reciben as diferentes mensaxes non afecta a relación de dependencia dos pares e, consecuentemente, unha SMS reactiva pode verse separada daquela que a preceda. Neste sentido, tamén Bays (2004) subliña que, ao contrario do que acontece nas conversas presenciais en que a produción e a recepción se producen a un tempo, na comunicación mediada o gasto temporal do tecleado das mensaxes adoita ser maior do que o gasto de lectura, alén de o intercambio se producir de modo linear. Así as cousas, as persoas usuarias dos medios electrónicos costuman ou ben ampliaren o período destinado á redacción ou ben utilizaren mecanismos de abreviación que lles permitan expresar o mesmo de forma máis rápida (véxase cap.3) para trataren de dotar a interacción de certo dinamismo e para eliminar os períodos temporais sen actividade evidente.

Desta forma, unha vez que se len as intervencións que aparecen na pantalla, o intercambio pode continuar alimentándose, mesmo cando non se observan mostras evidentes de abandono da posesión do turno por parte do outro participante⁵⁵⁴. No caso concreto das mensaxes de texto é preciso sinalarmos que a natureza diferida en que se produce o intercambio limita este tipo de acumulacións, de forma que a alternancia de turnos vira máis equilibrada. Con todo, e como sinala Vela Delfa (2005:346), tamén nos medios asincrónicos se producen situacións en que teñen lugar certos solapamentos: i) naquelas interaccións con máis dun coenunciador, isto é, unha mensaxe inicial pode motivar varias reaccións entre o

⁵⁵² Di tamén Crystal (2006:158): “The scenario of two people talking in parallel and at length while retaining full mutual understanding is inconceivable”.

⁵⁵³ Na nosa opinión, as persoas usuarias saben que a persistencia do texto escrito permite xestionar estas situacións de modo máis sinxelo que nas interaccións orais.

⁵⁵⁴ A propia Bays (2004) sinala que a pesar dos custos cognitivos que supón a aplicación desta serie de estratexias, estes están xustificadas, dado que conseguen aumentar o ritmo do intercambio e aproximalo ao das conversacións presenciais.

resto dos participantes; e ii) naquelas ocasións en que o momento de alternancia de turno se manifesta pouco evidente, como acontece nos casos en que o interlocutor estende a súa intervención a través de varias mensaxes. Nestas situacións, embora as mensaxes anteriores presenten claras mostras de que se desexa manter o turno, pode producirse unha situación conflitiva en que o outro interlocutor se autoselecciona e xere, por súa vez, unha intervención reactiva, ao tempo que o primeiro interlocutor continúa coa súa mensaxe inicial, como xa apuntara anteriormente Crystal (2006:158). No entanto, a segmentación constitúe un recurso fundamentalmente empregado polas persoas usuarias das conversas electrónicas, isto é, chats e mensaxaría instantánea, pois permítelles organizaren a súa intervención en secuencias máis pequenas susceptíbeis de seren visualizadas na pantalla, o que conforma unha forma eficiente de manifestar a ostentación de turno. O uso de reticencias eríxese como outra estratexia para xestionar as interaccións e adoitan indicar a intención do interlocutor por manter o seu papel enunciativo.

A modo de síntese, as características conversacionais dos intercambios electrónicos – ben sexan sincrónicos, ben asincrónicos–, a natureza eminentemente textual do medio e as súas restricións, xunto coas perspectivas dos interlocutores en relación co nivel de accesibilidade fan das intervencións de tamaño reducido –a través de mecanismos de abreviación no caso das SMS ou de secuenciación para a maioría dos medios sincrónicos– as unidades máis funcionais, se analizadas desde unha óptica pragmática. Neste sentido, é posíbel establecermos certo grao de variación no que respecta á estrutura das intervencións en función do xénero de comunicación mediada que analizarmos: así, en modelos de interacción de natureza asincrónica admítense intervencións extensas, se ben que canto máis próximos estivermos da sincronía o tamaño dos enunciados será máis reducido. Neste continuo as mensaxes de texto situaríanse a medio camiño entre o esquema de interacción do correo electrónico, en que o seu carácter diferido e a ausencia de limitación de caracteres motivan intervencións máis elaboradas, e os sistemas de chat e de mensaxaría instantánea, en que, para alén das restricións técnicas das aplicacións escollidas para o intercambio, a propia organización interna da interacción exige a adaptación a ese tipo de intervencións breves; nestes medios, se decidirmos optar por enunciados demasiado extensos o tempo de espera ou *lag* pode contribuír para o fracaso da interacción.

2.3.5.3. Análise conversacional das SMS

Como sinalamos en epígrafes anteriores, en función dos obxectivos que perseguir o envío dunha mensaxe de texto distínguense dúas tipoloxías: i) as SMS en réxime de correspondencia, isto é, cando a finalidade é establecer unha interacción; e ii) SMS sen intercambio, en que as intervencións se limitan á simple transmisión da información e onde a persoa enunciadora non pretende que a súa interlocutora xere unha mensaxe de resposta. Así as cousas, estas constrúense a partir dun réxime monoloxal, en canto aquelas constitúen unha interacción a través da sucesión de monólogos que permiten crear un intercambio dialóxico (véxase 2.3.5). De acordo con López Alonso (2006), se ben que nin sempre é posíbel determinarmos que tipo de mensaxes crean ou non un intercambio en réxime de correspondencia, diferenciaremos estes dous grupos en función da súa finalidade, ou sexa, de se a reacción que demanda o enunciado contido na SMS require ou non unha resposta a través da redacción dunha nova mensaxe de texto. Neste sentido, Vela Delfa (2005:354) entende como resposta aquel acto comunicativo que se axusta aos seguintes criterios: i) constitúe un texto escrito; ii) foi xerado como reacción a unha mensaxe inicial; iii) foi

redixido a través da mesma aplicación⁵⁵⁵; iv) a persoa autora da mensaxe coincide coa receptora do texto iniciático; v) ten de existir intencionalidade explícita por parte da autora na creación da mensaxe e debe haber unha relación semántico-informativa co texto que responde; e vi) a receptora da mensaxe debe identificarse coa autora do texto inicial.

En relación con isto, é preciso salientarmos que a maior parte dos modelos de interacción xerados a través dos sistema de mensaxes curtas teñen como finalidade a xeración dunha resposta, dado que, como xa mencionamos, as mensaxes de carácter persoal son as máis habituais no medio e costuman privilexiar a dita funcionalidade interlocutiva⁵⁵⁶. Por tanto, o modelo prototípico deste sistema de correspondencia é aquel constituído por mensaxes en réxime de intercambio dialóxico baseado no encadeamento de diversos turnos, que se constrúen a través do esquema de resposta enunciado anteriormente. Trátase, pois, dunha comunicación interactiva organizada en función da natureza do medio, isto é, a través dunha estrutura de diálogo diferido. Na mesma liña, Crystal (2006:117) afirma que a unidade comunicativa pertinente para a análise deste tipo de comunicación é, do mesmo modo que na conversa cotiá, o intercambio: “the chief linguistic evidence for exchanges is the frequency with response messages begin with an acknowledgement that there has been a previous message: direct feedback expressions, just as in everyday conversation, or elliptical and anaphoric [...] devices”. Por tanto, embora tome como base un acto comunicativo monoloxal, o modelo de interacción exposto converxe nun diálogo a través da conxunción das diversas mensaxes reactivas que os interlocutores envían. Así, concordamos con Vela Delfa (2005:375) en que o marco semántico que rexe este proceso e que asegura o progreso da actividade interlocutiva está formado polos seguintes elementos: *enviar*, *recibir* e *responder*⁵⁵⁷.

Nun estudo de tipo conversacional, pode parecer contradictorio escolleremos a mensaxe ou a SMS –de natureza monoloxal– como unidade básica de análise. Porén, o carácter dialóxico do xénero ten como consecuencia a interrelación dunhas SMS con outras, que constrúen unha cadea de mensaxes conectadas do punto de vista semántico e estrutural. Desta maneira, cada SMS constitúe unha intervención, unidade a medio camiño entre a esfera monoloxal e o ámbito dialogal e, xa que logo, manifesta propiedades que permiten identificala con estas dúas áreas, dado que a unidade *mensaxe* dá paso ao intercambio de voces enunciativas. Con todo, é preciso termos en consideración que a alternancia de voces implícita neste paso do monoloxal ao dialogal non manifesta as mesmas propiedades que nos contextos conversacionais, pois certas condicións derivadas da natureza diferida do medio poden restar harmonía á mensaxe. Deste modo, unha soa intervención pode acumular, por exemplo, varias liñas temáticas que son entendidas polos receptores como independentes⁵⁵⁸. En consecuencia e debido á variabilidade da súa extensión e ás diversas condicións enunciativas que enmarcan o seu envío, convén salientarmos a complexidade que presenta a

⁵⁵⁵ Non obstante, cómpre termos en conta que as reaccións perante unha mensaxe de texto poden ser moi diverxentes en función das persoas destinatarias, do contexto ou de moitos outros factores. Así, podemos responder a unha SMS a través dunha chamada de teléfono ou por medio dun correo electrónico, entre outros medios.

⁵⁵⁶ Neste sentido, en case todos os intercambios en que activamos o comando *responder* tras a lectura dunha mensaxe, aparecerá unha pantalla que permitirá á persoa receptora redixir unha SMS de resposta a esa mensaxe inicial, embora existan excepcións, como no caso das mensaxes publicitarias ou non solicitadas, en que o sistema non consegue detectar a información relativa ao remitente.

⁵⁵⁷ Tamén é preciso lembrarmos que neste tipo de intercambios o réxime enunciativo é simétrico, quere dicir, existe a posibilidade de redefinir os papeis enunciativos dos participantes.

⁵⁵⁸ Isto condiciona, segundo Vela Delfa (2005:387), que a unidade monoloxal máxima posúa unha maior importancia e que, por tanto, se disgregue cara ao tratamento de diversas liñas temáticas sucesivas, que corresponderían na análise conversacional tradicional a diferentes intercambios.

análise da unidade *mensaxe* e, nesta liña, vira complexo determinarmos tipoloxías puras e excluíntes, pois unha mesma SMS pode conter partes de carácter reactivo e outras de natureza iniciática. Neste punto, o texto que se produce no espazo creado tras a execución do comando *escribir unha mensaxe nova* e antes do comando *enviar* encóntrase dentro dos límites do nivel monoloxal e será recibida polo coenunciador en forma de mensaxe de texto.

A partir de aquí será posíbel establecermos o réxime de intercambio onde cada SMS equivalería ao turno electrónico a que fixemos referencia nas seccións que preceden esta. Como é obvio se temos en conta a modalidade diferida do medio, as mensaxes reactivas nin sempre se producen de modo inmediato á lectura da mensaxe inicial; cando isto acontecer, a relación de interdependencia diminúe e crea, en ocasións, pares de adxacencia moi débeis do punto de vista conversacional. De feito, o carácter asincrónico permite intercalar outras mensaxes externas ao antedito par, o que pode chegar a reducir fortemente os seus vínculos. No entanto, a persistencia textual contribúe para manter o elo de unión, de modo que aínda en situacións de asincronía é posíbel establecermos interaccións. Deste xeito, se a mensaxe constitúe a unidade máxima monoloxal, a interacción erixírase como a unidade máxima dialogal cuxos límites obedecerán a criterios como o número de coenunciadores, as condicións espacio-temporais e a continuidade temática. A respecto deste último parámetro, convén repararmos en máis unha unidade de análise conversacional, a secuencia, que agruparía o conxunto de enunciados relativos a un tema común, xa que como sinalamos, as SMS poden englobar distintas liñas argumentais. E, aliás, existe unha unidade superior a todas as tratadas até o momento, o historial de interaccións, que está formado por todas aquelas mensaxes enviadas e recibidas por parte dos interlocutores e que, como se puido ver na figura 14, xa se encontra dispoñíbel na maioría dos terminais electrónicos actuais.

En función da situación temporal en que se enmarcaren as mensaxes, estas poden ser consideradas como SMS iniciais ou reactivas. Nestes medios, as mensaxes iniciáticas adoitan ser aquelas en que prevalecen os actos de contido informativo e onde se trata de provocar unha determinada reacción. Consecuentemente, neste tipo de mensaxes abundan as estruturas interrogativas, exclamativas, imperativas e exhortativas, como demostran as seguintes mensaxes do noso corpus⁵⁵⁹:

Ola chorvi! Q tal? Stas meyor? Eu tño pra rato no mdiko! Sigo sn nticias d **** xo awantndo! Jeje! Vai abr kfe? Koidat petarda! Muaka! (A20)

Ola ***,q tal a find?Nos x casa,sn moit nvidade.Chameit pro nn stabas asiq xa falarms do d mña pra saber cmo facms.biquiños (B16)

Que desastre, ****. Segues a ir algo polo Graduate Center? Eu vou estar ali toda a tarde e volverei estar tamen martes e mercores, se che cadra podemos comer xuntos algun dia ou tomar un café (B64)

xegastedes ben? stams no dscanso do curs e fai 1 clor... (C4)

A respecto das mensaxes de resposta, convén salientarmos que estas poden ser favorábeis ou non, a depender de se satisfan os obxectivos que se perseguían na primeira SMS. Facemos nosas as palabras de Briz / Val.Es.Co (2000:56) ao sinalarmos que as

⁵⁵⁹ Sobre este particular, xa Moeschler (1982) no seu estudo sobre a negociación conversacional identificaba diversas funcións ilocutorias nas mensaxes iniciais, entre as cales destacan as seguintes: o convite, a petición, a demanda de confirmación, a orde, o ofrecemento etc.

mensaxes reactivas constitúen manifestacións de acordo ou desacordo, de aceptación ou reprobación do que se esta á dicir – neste caso a escribir– ou de colaboración no cumprimento de certas obrigas derivadas dos actos iniciáticos anteriores que os determinan previamente. Seguíndomos Vela Delfa (2005:401-402), e completándonos a clasificación das mensaxes resposta realizada no inicio desta sección, existe, igualmente, unha serie de requisitos que unha mensaxe debe cumprir para que sexa considerada como unha intervención reactiva: i) debe manifestar continuidade temática coa anterior; ii) ambas as intervencións deben manter certa persistencia semántica; iii) a función ilocutiva da mensaxe resposta debe corresponderse coa da SMS inicial; e iv) o mesmo acontece coa súa progresión argumentativa, que debe estar co-orientada coa da primeira intervención. Vexamos os seguintes exemplos:

Interacción 1

Xa cubrn o asnto ese k m mndaches e despois dinye a enviar non era asi... (C16)

Si. Gracias. E para un asunto do traballo. A ver se subo facr lvsit st finde! Q tal todo? Alg1 novidade? Bikos (A377)

operaron a *** d nebras non sei si da visicula ou algo asi pero nn sei fijo...oxe rabuñouye 1 gato d vixuan a ***** na cara e nun brazo...sta feita un poema..ahhhhhh e teu padriño xa s aburre en suiza e o 30 d ste mes xa o temos aki..ven pa trabayar na corña e se ten pa tdo o ano xa nn s vai en fin...toda 1 historia bstnt peculiar (C17)

Interacción 2

Recibiches o correo d cnfimacion da aspg? Pq eu non e nn sei se chamar ou q facer. Agora entro na clase (A342)

Eu non recibin korreo ningun! Kndo ves? Komes ai ou en Santiago! Akb d expoñer e m8 bn! (A336)

Como aqui, chego as 4 e media, collo un taxi e se che parece quedams a mens cuarto na porta ☺ ☺ (A343)

Observamos que nos intercambios dialóxicos anteriores se cumpren, en liñas xerais, os catro principios propostos con anterioridade: manifestan unha continuidade temática e semántica e existe unha correspondencia entre a función ilocutiva e a orientación argumentativa das mensaxes que se presentan como iniciais e das que funcionan como resposta. A este respecto, Briz / Val.Es.Co (2000:56) diferencia entre *respostas cooperativas*, isto é, aquelas que contestan a algunha pregunta, petición ou desexo –como as vistas até o de agora–, e *respostas colaborativas fáticas*, como evidencian as seguintes mensaxes:

Interacción 3

E k ainda non te modrnizachs co whatsapp...k antigua es...debes de ser a única persoa en España k non o ten activado....(C12)

Oxe pola tarde deskargoa, q stou no choyo! (A369)

Dios che dea moita salud pa trabayar moits ans... (C13)

No entanto, noutras ocasións as mensaxes non presentan a dita continuidade temática e semántica –embora as que si a manifestan poidan incluír tamén nas súas intervencións reactivas algún tópico novo, como demostran os exemplos anteriores– e, xa que logo, a ruptura informacional e comunicativa adoita ser moi evidente e constitúe un intento por mudar o tema da conversa. Nas SMS que citamos a seguir a relación entre elas parecería nula, mais o que as vincula é o feito de faceren parte ambas as mensaxes do mesmo historial de interacción de forma consecutiva.

Interacción 4

Ola! Fun cmprar o teu agasayo pero teñ q voltar maña! Jaja. (A62)

Resultado dos analisis: stou kañon! Jeje! (A68)

A respecto das mensaxes reactivas, convén indicarmos os diversos procedementos polifónicos⁵⁶⁰ que algúns sistemas de comunicación mediada utilizan e que contribúen para crear esa consciencia de memoria discursiva, necesaria sobre todo no caso das interaccións asincrónicas. Así, en moitas ocasións reproducése total ou parcialmente a mensaxe inicial, o que, de acordo con Vela Delfa (2005:416), serve para actualizar de forma evidente o marco discursivo que condiciona a mensaxe reactiva, dado que presenta de modo explícito o cotexto lingüístico que contribuirá para guiar a actividade interpretativa da mensaxe de resposta. No caso do correo electrónico, moitos destes mecanismos de reprodución do texto inicial son a consecuencia de configuracións automáticas da aplicación que xestiona a correspondencia electrónica e, por tanto, non responden a unha vontade manifesta da persoa usuaria. As mensaxes de texto, a pesar de se tratar tamén dun medio diferido, non adoitan recorrer a este tipo de recursos, como resultado das limitacións técnicas a respecto do número máximo de caracteres imposto pola aplicación. Consecuentemente, a maior parte das SMS recorrerá a outro tipo de extratexias para entrar en relación co texto anterior, e tenderá a prescindir daquelas que reflicten de modo explícito a voz do seu interlocutor. Nalgúns casos, as SMS poden conter alusións á existencia dunha mensaxe previa, mais sen citar o seu contido como acontece nos seguintes exemplos:

Pos m8 bn, kntr tdo pronstiko nn tño rsak! Jeje! Oxe fun vr a ***** xogar e agora tou tirada no sofa! ** e *** mndan saudos! Grazas xla sms! Es 1sol! Muaka bombon (A30)

Q sms + kurrado! Pois tams na kma. Stivems xgando a wii e agora a vr se facems os dbres, xo sn violencia! Jopis kndo akabems as klass vout botar m8 d-! Nn qro!!! (A43)

Porén, e como ilustran as SMS que figuran no noso corpus (véxase 6.I), existe un conxunto moi amplo de mensaxes de texto que non introduce ningún tipo de referencia a respecto da mensaxe a que responden. Nestes casos a continuidade semántica e temática establécese a través de mencións implícitas que debemos presupor para determinar a

⁵⁶⁰ Termo herdado das disciplinas musicais e introducido no ámbito dos estudos lingüísticos por Bajtín (1982), e que máis tarde sería retomado por Ducrot (1984). Para Charaudeau / Maingueneau (2002) a polifonía fai referencia ao nivel da enunciación, pois cada enunciado leva consigo os signos dos protagonistas do proceso de enunciación. Noutras palabras, a polifonía do texto constitúe –de igual modo que na esfera da música– a simultaneidade de varias melodías que se desenvolven independentemente mais dentro da mesma tonalidade (véxase <http://www.estraviz.org>).

coherencia do texto⁵⁶¹. Na maior parte das ocasións, a propia organización da mensaxe xa implica a existencia dunha intervención anterior sen a que sería imposible interpretarmos de forma coherente o seu contido, embora esta non figure codificada de forma explícita no texto:

Jaja! Akbo d sair! Lvabaa pnsada xo ind asi fixn kmbios d ultim ora! Jeje! A intncion era q o mstr ns servis d algo nn? Algrom d q ch gustas tonti! Coidate pk! (A19)

Stou bastante cansada! Voume ir agora pa cama. **** marts trabaya e eu stou kon exames asiq non che sei. Ireino vendo. (A36)

X ren, era pa te avisar d q xa non tou na casa e d q chegarei tarde. Ainda asi, vemonos xla maña. Chama se necesitas calquera cousa (B13)

Como estaba previsto, es unha fenomeno!! Bicossss (C10)

Calquera persoa que recibir as antecitadas mensaxes, aínda non sendo a súa potencial destinataria, determinaríase que todas parten dunha intervención previa e, nalgúns casos, mesmo poderían aventurar *grosso modo* o contido discursivo da mensaxe iniciática. A primeira mensaxe (A19) comeza cunha onomatopeia (jaja!) que pretende simular o riso característico dunha conversa presencial e que, por outra parte, presupón certa complicidade con algún enunciado previo. Da mesma forma, o clítico de acusativo que figura en *levábaa* tamén remite para un obxecto anterior sobre o que, con certeza, se fai unha pregunta e, igualmente, aparece unha confirmación sobre algunha afirmación da SMS inicial. Do mesmo modo, os enunciados que aparecen en A36, parecen responder a varias preguntas sobre o estado físico e anímico da persoa interlocutora e sobre a súa dispoñibilidade para concertar un cita. As dúas últimas SMS, na liña das anteriores, reaccionan perante certo contido proposicional enunciado na mensaxe anterior, a saber: B13 parece responder a unha pregunta –se callar, un “por que me chamaches?”– e C10 parece facer referencia a unha aseveración que ambos os interlocutores xa presuponían.

2.3.5.3.1. Esquemas interaccionais: SMS continuas e descontinuas

Convén retormamos a clasificación establecida en 2.3.5.3, en que identificamos dúas modalidades de intervención, continua e descontinua, e cuxos esquemas temporais xa foron definidos en 2.3.4.1: Alí vimos que o modelo diferido se configura como o prototipo da correspondencia dixital e do conxunto de textos que participan das propiedades do discurso epistolar. No contexto da comunicación electrónica este esquema maniféstase naquelas interaccións en que os participantes non partillan un tempo de enunciación común e onde, por tanto, existe un espazo temporal que media entre a redacción do texto e o instante da súa interpretación, o que, na opinión de Vela Delfa (2005:458) “produce una situación de interacción en la que la producción se proyecta hacia el futuro de la recepción, y, complementariamente, la interpretación textual se sustenta en la recreación del pasado de la creación del mensaje”⁵⁶². Con todo, a comunicación electrónica e, concretamente, o xénero

⁵⁶¹ Na opinión de Vela Delfa (2005:452), nestas mensaxes os procedementos de diafonía ou polifonía descansan na referencia ao propio proceso de intercambio e permiten, igualmente, facer explícita a relación de dependencia semántica que subxace entre as distintas SMS dunha interacción, que se apoian en elementos do texto a que se alude. Este procedemento coñécese na Gramática do Texto como anáfora asociativa (véxase Freixeiro Mato 2006, IV: 116-117) e será analizado com máis pormenor en 3.2.4.1.1.2.

⁵⁶² Xa Violi (1998:265) fai referencia a estes factores na súa análise sobre o diálogo electrónico cando sinala o seguinte: “Letters in general can then be defined as forms of dialogical communication that take place in the absence of the addressee, and are based on a structural spatial and temporal gap”.

das SMS, engade a este modelo de intercambio diferido e característico da correspondencia epistolar, outros esquemas temporais que, nalgúns casos se aproximan do diálogo. Esta diferenza está marcada, de modo fundamental, polas aplicacións e polas posibilidades que estas outorgan para o establecemento de interaccións; neste sentido, os terminais móbeis almacenan as SMS e poden ser interpretadas no momento en que as persoas usuarias o consideraren oportuno e, para alén disto, permite o envío de mensaxes de forma rápida e eficaz⁵⁶³. Por tanto, o ritmo do intercambio variará en función da frecuencia con que os interlocutores consultaren os seus dispositivos e con el variarán tamén os modelos de interacción do punto de vista temporal –desde comunicacións claramente diferidas até intercambios case-simultáneos⁵⁶⁴.

A respecto das SMS de intervención continua⁵⁶⁵, cada mensaxe equivalería a un turno de palabra ou intervención e o seu encadeamento sucesivo identificaríase co desenvolvemento dialóxico. A aparición destas modalidades de produción textual próximas da conversa está condicionada polas propias estruturas temporais do medio electrónico, neste caso o telemóbil. Porén, concordamos con Violi (1998:268) en que non se trata só da relevancia do intervalo que separa os procesos de enunciación dos participantes que, como xa sinalamos, se reduce, mais o verdadeiramente importante é o modo en que os interlocutores experimentan esta transformación. De feito, a antedita autora considera que a vivencia partillada e contemporánea que provoca a rapidez do medio está presente tamén mesmo naqueles intercambios claramente diferidos. Na opinión de Vela Delfa (2005:468), é frecuente que as diversas intervencións (SMS) encadeadas que integran a secuencia dialogal se achen separadas por desfases que ultrapasan aqueles derivados da ocupación do turno-lectura e da resposta e mediación, o que pode responder a diversos factores, como o desenvolvemento de actividades paralelas ou a perda de interese polo intercambio. No entanto, na maior parte dos casos trátase de lapsos temporais aceptábeis que non impiden o insuceso da comunicación, pois, á diferenza dos medios electrónicos claramente sincrónicos como os chats, o xénero das SMS manifesta unha maior tolerancia aos tempos baleiros.

Existen diversas estratexias ou marcas que nos permiten identificar as SMS en réxime de interacción dialogal e xa que logo diferencialas das mensaxes diferidas. Polo xeral, cada SMS dunha intervención continua considérase parte e todas elas conforman un todo, ao contrario que as descontinuas, que se consideran unidades independentes. Nesta liña, é importante repararmos nas secuencias de abertura e de encerramento, pois nas mensaxes con intercambio dialóxico estes elementos aparecerán en diferentes SMS –unha mensaxe de abertura, unha ou varias para o desenvolvemento temático e unha para o encerramento–, en canto que nas de réxime descontinuo figurarán todos eles no interior dunha única SMS. Por tanto, a ausencia dunha clara despedida, a petición dunha información ou a realización de diversas preguntas poden considerarse sinais que nos indican a pretensión por establecer un

⁵⁶³ Para Vela Delfa (2005:461): “La reducción del tiempo de transmisión de los datos favorece la sustitución del modelo clásico, basado en un intervalo entre la producción y la recepción, por otro que parece reducir al mínimo dicha unidad temporal, hasta el punto de llegar a ser ignorada por los interlocutores. Por lo tanto, la cuestión temporal constituye un elemento fundamental en el proceso de construcción de la innovación del género”.

⁵⁶⁴ Tamén no caso das SMS se poden aplicar as seguintes palabras de Violi (1998:268): “In my experience as an email user there are two different types of uses of email: the first, which I would call the ‘traditional’ one, often typical of novice users, uses email more like a traditional letter; the second, the ‘innovative’ one, is closer to a quasi-oral Exchange”.

⁵⁶⁵ No referente ás SMS de intervención descontinua, convén sinalarmos que serán descritas, fundamentalmente, por oposición ás características sinaladas para as de interacción continua, dado que ao non presentaren un esquema dialóxico os seus trazos xa ficaron definidos nas seccións precedentes.

intercambio continuo⁵⁶⁶, como demostran as seguintes mensaxes extraídas do noso corpus, algunhas máis explícitas do que outras:

Bs días princesa! Km tas? Parc q o dia pinta soleado, asiq (s m ska a roupa) pdms ir ao kncrto. **** dixo dir ao roxa, pdms ir dspois nn? Vou facr algo..xadiras! (A15)

Q tal ont? Eu kaka... :(Vaia shit d dia, spro q ti polo – o pasases way! Xdoa x nn ir ont! Qtm8. Oxe kbab nn? Bks (A65)

Como vai o proceso de asimilación da noticia? Xa o vas (felizmente) asumindo? (B40)

k tl o clchon...provachelo??? (C6)

Do mesmo modo que outros sistemas de comunicación mediada, o servizo de mensaxes curtas dispón tamén dun mecanismo que permite confirmar se a nosa SMS foi recibida con suceso, mais non conta –como acontece nos novos sistemas de mensaxaría móbil ou co chat dalgúns redes sociais– con ningún método efectivo para saber se esta foi lida polo seu interlocutor. A situación descrita implica que no caso de interrupción da comunicación tan só se poidan establecer conxecturas, embora coñezamos as condicións temporais adecuadas para o desenvolvemento dun intercambio dialóxico por parte da nosa persoa destinataria. Mais, aínda descoñecéndonos os datos, na maioría das ocasións é posíbel identificarmos esta modalidade interactiva polas propiedades textuais que manifestan as mensaxes. Así as cousas, as SMS que se enmarcan neste grupo adoitan ser máis breves e presentan un alto grao de dependencia entre todas as mensaxes que forman o intercambio, alén de non conteren, como sinalamos anteriormente, marcas claras de abertura e encerramento, e de faceren continuas referencias ao contexto da enunciación. Moitos destes trazos poden ser observados na seguinte secuencia de mensaxes:

Maña vams scoyrt as patacs e vou encher 2 caixas, xa vireds buscalas. Bks (C5)

Stou n portugal! X aki todo ben! O sabado kse seguro q imos! Falo kn **** e xa te informo! (A359)

e k fas en prtugal??? (C11)

Stou no kngreso q che dixera! Vlvo maña! Xa che kn to a fin d semana! Biks (A360).

A sensación de continuidade e a interdependencia que se desprende do exemplo anterior e que rexe o encadeamento das distintas intervencións deriva do feito de que o conxunto das SMS son interpretadas, na liña do sinalado por Vela Delfa (2005:494), como o resultado dun discurso colaborativo en que se combinan varias voces co obxectivo principal de conseguir a progresión dunha unidade verbal común, quere dicir, a interacción verbal. O noso corpus confirma, en parte, que a maioría das SMS son enunciadas para se incribiren no marco dun réxime de interacción continua. Noutras palabras, todas as mensaxes de texto presentan propiedades que denotan interactividade, o que as conduce cara a esquemas de intercambio dialóxico, semellantes aos da conversa presencial tradicional. Porén, existen certas particularidades que a afastan dos modelos prototípicos e que identifican este xénero

⁵⁶⁶ Sobre este particular, Vela Delfa (2005:477) considera que os finais abertos demostran a presunción do desenvolvemento dun intercambio dinámico, onde a finalización da intervención non descansa tanto no nivel monoloxal como no dialóxico.

dentro da modalidade de interacción electrónica que, como se indicou en 2.2.3.3, posúe unha natureza híbrida. Desta maneira, entendemos a mínima presenza de marcas de cortesía e a relaxación dos tratamentos, dado que estamos perante situacións comunicativas que priman a rapidez e que posúen limitacións de espazo. Esta celeridade é tamén a que favorece a dimensión reducida das SMS e a ausencia de revisión dos textos que se envían, o que terá consecuencias, por unha banda, na organización textual –de proxección linear e simple– e, por outra, na aparencia descoidada do discurso e da linguaxe, como teremos oportunidade de tratarmos no seguinte capítulo.

2.3.6. Estrutura paratextual das SMS

Mais antes de nos adentrarmos na análise de cuestións de natureza (socio)lingüística, convén examinarmos a planificación paratextual das SMS, dado que consideramos que reflectirmos sobre a organización do corpo da mensaxe e sobre as propiedades da interfaz do(s) sistema(s) que xestiona(n) o envío de mensaxes curtas –xunto cos restantes temas xa tratados ao longo deste capítulo– nos permitirá ofrecer unha descrición completa do xénero das mensaxes de texto. Nestes medios, para a definición de paratexto seguiremos Genette (1981:9), quen outorga esta denominación a todo o acompañamento que enmarcar calquera texto escrito. Na liña do exposto en Sanmartín Rei (2002a:12)⁵⁶⁷, os paratextos conforman un lugar privilexiado da dimensión pragmática da obra que comanda a nosa lectura e exercen unha notábel influencia sobre o público lector. Notaremos que, de igual modo que o prólogo, a dedicatoria, o título ou o epílogo constitúen elementos de vital relevancia para a interpretación dunha obra literaria, tamén parámetros como o remitente, o enderezo –dixital–, a persoa destinataria ou o propio corpo do texto desempeñarán un papel relevante na fase de produción e de interpretación das SMS e condicionarán os esquemas interactivos de cada intercambio (véxase 2.3.5). De acordo con López Alonso (2006) e Vela Delfa (2005:510), somos conscientes de que a idiosincrasia paratextual dos formatos dixitais, ben como a doutro tipo de textos en papel que non se poden agrupar no universo do libro, escapan á caracterización proposta por Genette (1979, 1981 e 1987); por esta razón, vira preciso realizarmos certas adaptacións do punto de vista metodolóxico para que poida ser de aplicación ao xénero das SMS e, por extensión, ao conxunto dos textos electrónicos.

O texto considerado na súa dimensión inmutábel e independente dunha realización material concreta só ten cabida como produto dun proceso de abstracción e de teorización. Porén, na realidade fai parte dunha estrutura semiótica superior que determina a súa aparencia externa. Será pois este sistema complexo –formado por elementos lingüísticos e non lingüísticos– o que condicionará a natureza do texto e o que marcará a súa recepción, para alén de ocupar un lugar de privilexio na análise textual do xénero. En palabras de Lane (1992:13), trátase dunha clase heteroxénea en que converxen diversas entidades independentes e externas –cal o tipo de letra, a cor etc. – con outras indisociábeis do propio texto, como as imaxes, as distintas epígrafes etc. Como é obvio, cada xénero establecerá unha relación particular e específica con todos os elementos que se desenvolven en paralelo a este e, en consecuencia, concederá unha importancia distinta ao papel do paratexto. No caso dos textos dixitais consideramos, seguindo López Alonso (2006), que estes elementos anexos ao texto adquiren unha nova dimensión, xustificada sobre todo pola mudanza do medio e

⁵⁶⁷ Na súa obra ponse de manifesto o papel fundamental que desempeñaron os paratextos –elementos secundarizados do punto de vista textual– no contexto da literatura galega que, como sinala a propia autora, conformaron lugares privilexiados para a difusión de idearios e para o desenvolvemento da prosa e do ensaio en galego. Véxase tamén Sanmartín Rei (2002b).

polas súas principais propiedades –concretamente as compoñentes multimedia e hipertextual do contexto electrónico– que motivan a aparición de novos elementos paratextuais⁵⁶⁸. Neste sentido, tamén a interface desenvolveu un papel fundamental, dado que constitúe o soporte en que se vehicula o texto e produciu transformacións significativas tanto no proceso de produción como no de recepción do texto (véxase 2.3.4.2)⁵⁶⁹.

O texto en formato dixital eríxese como un obxecto manipulábel que non presenta a estabilidade das edicións impresas. Nesta situación, o paratexto no soporte virtual actúa como un orientador sobre todo o relativo ao proceso de lectura. As mensaxes de texto, en canto que unha das múltiples manifestacións do texto electrónico, tamén participan das ditas mudanzas e neste xénero o paratexto terá un grande protagonismo, pois é o encargado de regular o intercambio comunicativo. Voltándonos a Genette (1987), non existe texto sen paratexto: será este último o que presente o texto e o que nos anticipe moitas das súas propiedades, isto é, o que converte o propio texto nun obxecto existente. O antedito autor establece cinco criterios para a clasificación da compoñente paratextual: i) o ámbito espacial –situación do paratexto–, ii) o factor temporal –momento en que este aparece–, iii) o seu estado substancial –o seu modo de existencia–, iv) a súa natureza pragmática e v) a funcionalidade e a finalidade dos elementos paratextuais. Á diferenza do textos en papel que analizan Genette e tamén Sanmartín Rei (2002a, 2002b), os paratextos electrónicos non teñen unha localización particular, mais ocupan o mesmo espazo, quere dicir, a interface, en que xeralmente se van sucedendo a través dunha operación de substitución. En palabras de Vela Delfa (2005:529), a clásica actividade de pasar a páxina foi reemprazada pola execución dun clique ou dun movemento de pantalla, que fai desaparecer perante os ollos do lector os elementos anteriores co obxectivo de que unha nova configuración semiótica ocupe o seu lugar⁵⁷⁰.

As achegas realizadas polo paratexto nos procesos de produción, mais sobre todo, de recepción textual son múltiples. Con todo, López Alonso / Séré (2001:26) reducen estas contribucións a tres funcións básicas: i) activador dos esquemas cognitivos de xénero, ii) guía na lectura do texto e iii) anticipador de información semántica do propio texto. Como os propios autores sinalan, non constitúen operacións isoladas, mais todas elas interaxen entre si, tornándoas posíbeis:

La organización paratextual marca profundamente la retórica de la lectura y determina el contrato explícito que se instaura entre autor y texto, y texto y lector. En el paratexto, por otra parte, intervienen los códigos sociales y los propiamente textuales: se trata de una distribución que está a mitad de camino entre el mundo externo e interno del texto, que, sin embargo se impone estratégicamente como guía, medio y modo de leer. Su función esencial es orientar la lectura de tal manera que el lector tiene que establecer un nexo entre el sentido de los elementos paratextuales y el significado del texto (López Alonso / Séré 2001:27).

⁵⁶⁸ Sobre esta cuestión, Vela Delfa (2005:512) subliña que a noción de multimedia dá cabida a novos sistemas de signos, pois xunto co código lingüístico e o icónico, tamén presentes no formato papel, créanse novas categorías, cal as sonoras ou as animacións e, igualmente, muda a relación entre estas e o texto a que acompañan.

⁵⁶⁹ Por esta razón, García Gabaldón (2003) sinala que debemos fuxir das focaxes reduccionistas que tan só consideran os dispositivos electrónicos como os substitutos materiais do papel. Para este autor, os terminais electrónicos transforman tamén o contorno da comunicación, producindo situacións discursivas en que as funcións dos coenunciadores se redefinen e, por outro lado, modifican as estruturas intrínsecas ao mecanismos de textualización.

⁵⁷⁰ A este respecto, tamén é preciso ter en consideración a natureza virtual e inestábel do texto, que non existe no sentido físico ou material, senón que o que nos chega a través da pantalla é a súa imaxe ou representación.

Como se deduce das súas palabras, o paratexto configúrase como un lugar propicio para establecer a retórica da lectura que, por súa vez, asenta nun pacto explícito entre o público lector e o autor. Segundo Alvarado (1994:20), o paratexto funciona como unha guía proposta pola persoa autora coa finalidade de dotar de lexibilidade ao texto e de asegurar a súa coherencia textual para que a lectora poida interpretar sen dificultade o texto e identificar o xénero a que pertence. En relación con isto, o citado investigador sinala que desde unha óptica pragmática, é o obxectivo da lectura aquel que define a natureza paratextual ou textual de determinados elementos, pois na maior parte dos casos concíbese o texto escrito para unha recepción diferida, de modo que a aparición de mecanismos que aseguren ou que reforzen a interpretación do texto que o autor quere privilexiar vira relevante. Serán estes elementos paratextuais os que contribuirán para compensar a ausencia dun contexto de enunciación partillado pola persoa emisora e a destinaria os que outorgarán á mensaxe certa permanencia –permitindo un control máis consciente por parte de ambos os interlocutores– e os que farán posíbel someter o texto á súa dimensión espacial (Alvarado 1994:24). No caso dos sistemas de comunicación mediada, a compoñente paratextual adquire un valor determinante; na opinión de Vela Delfa (2005:539), a natureza escrita concede primacía á linguaxe visual e a un certo matiz de reflexión e perdurabilidade: antes de accedermos á lectura do texto, o lector recibe e procesa un conxunto de información transmitido automaticamente polo aparello paratextual.

Nesta liña, a aparición dun enderezo –físico ou virtual–, a existencia dun remitente, da data e da hora de emisión etc. conforman marcas que condicionan ese pacto manifesto entre a persoa que redixe e envía e aquela que recibe e interpreta a mensaxe. Como herdeiros de varias das propiedades paratextuais da carta, os textos electrónicos manifestan moitas similitudes co antedito xénero. Porén, de acordo con Vela Delfa (2005:541-542) e López Alonso (2006), existen tamén determinadas transformacións que afectan a esfera dos paratextos, motivadas fundamentalmente pola mudanza de soporte e as súas consecuencias; nunha análise comparativa entre o paratexto do xénero epistolar tradicional e do electrónico convén salientarmos as seguintes características: i) os nomes da persoa emisora e da receptora continúan a ter certa primacía e contan, para alén disto, cun lugar privilexiado en ambos os xéneros; ii) a localización temporal, elemento prescindíbel nas cartas, é introducida na comunicación electrónica de modo automático e vira máis exacta, dado que á data adoita adxuntarse tamén a hora, o que reflicte a importancia da temporalidade neste tipo de intercambios; e iii) nalgúns casos, como o do correo electrónico, inclúese un novo elemento, o asunto, ausente no xénero epistolar tradicional. En definitivo, “la prise en compte des discours épitextuels et du péritexte permet d’ouvrir le concept de texte sur la complexité pragmatique de sa circulation matérielle et de ses conditions de production-reception” (Charaudeau / Maingueneau 2002:419).

Na nosa análise da estrutura paratextual das mensaxes de texto, adaptaremos a clasificación que realiza Ivanova (1999:25) para o correo electrónico e así distinguiremos diversos niveis de organización: en primeiro lugar, o que establece o dispositivo electrónico como soporte material do texto, en que acharemos elementos paratextuais comúns a todos os xéneros dixitais: pantalla como instrumento de recepción, teclado como ferramenta de produción etc.⁵⁷¹; en segundo lugar, convén repararmos na interface da aplicación utilizada para a redacción e a lectura das SMS, que será a que determine a aparencia externa dos textos deste xénero e as accións que podemos realizar sobre eles; e, en último lugar, as propiedades

⁵⁷¹ Sobre este primeiro nivel non realizaremos unha análise exhaustiva, dado que se erixe como o contexto xeral en que se desenvolve o xénero e xa foi tratado en 1.2.2 e en 2.2 cando describimos as propiedades das novas plataformas para a interacción e do discurso electrónico.

paratextuais do corpo da mensaxe, isto é, as propiedades formais dos textos enviados a través dos programas xestores das SMS.

2.3.6.1. Estudo paratextual dos programas de envío de SMS

As propiedades que presentan as interfaces das aplicacións que empregamos para xestionarmos o envío de SMS son en certa medida –e como xa foi sinalado– as responsábeis de grande parte das características paratextuais das mensaxes que pertencen a este xénero. Nesta epígrafe, analizaremos, por unha banda, as compoñentes formais arredor das cales xira o proceso de envío e de recepción das mensaxes, pois constitúen ferramentas que determinan as pautas de xestión do acto comunicativo⁵⁷² e, por outra banda, faremos tamén referencia a aqueles elementos que conforman o contorno inmediato do corpo da mensaxe, quere dicir, o peritexto do xénero das mensaxes de texto.

A respecto dos elementos paratextuais que enmarcan a consulta da aplicación de correspondencia electrónica, neste caso do servizo de mensaxes curtas, vira preciso, en primeiro lugar, determinarmos a súa natureza, pois esta pode ser tripla, isto é, existen mensaxes de orde icónica, verbal e sonora. As dúas primeiras constitúen as máis habituais, en canto que as de carácter auditivo son escasas e o seu uso redúcese, polo xeral, á emisión de sinais de aviso que marcan a recepción de novas mensaxes ou a confirmación daquelas que foron enviadas con suceso. Neste sentido, convén repararmos en que non se trata de signos independentes, mais en moitos casos aparecen combinados, cando menos no que ás mensaxes de carácter icónica e verbal se refire. O seguinte excerto de Ivanova (1999:25) enumera algunha desas mensaxes –todas elas ou na súa maior parte aplicábeis ao xénero das SMS:

Au niveau de l'interface du logiciel de courrier il faudrait analyser toute une mise en scène à partir du moment où on démarre le logiciel, notamment les messages temporaires du genre "You have X unread message(s)", "Your message has been sent", "You have got a new mail", aussi que les différentes cases de l'entête/ enveloppe virtuelle: "Back to inbox", "Delete", "Replay", "Forward" qui sont autant de performatifs.

Aliás, das palabras de Ivanova pódese extraer unha outra clasificación das anteditas compoñentes paratextuais, relativa á permanencia temporal deste tipo de comandos ou mensaxes. Así, podemos diferenciar entre mensaxes de natureza permanente, que ofrecen ás persoas usuarias todas as posíbeis accións que se poden realizar desde a aplicación, e mensaxes temporais, que aparecen asociadas a unha operación concreta. De acordo con Vela Delfa (2005:547), as mensaxes fixas manifestan un carácter executivo, quere dicir, convidan as persoas usuarias a codificaren comandos de actuación, en canto as transitorias posúen ou ben un valor performativo –conclúen un proceso–, ou ben informativo –a aparición da mensaxe indica a realización dunha acción. Tamén aquí as mensaxes adoitan presentarse combinadas ou de modo sucesivo: cando executamos calquera comando permanente⁵⁷³ o máis habitual é que unha mensaxe temporal confirme o desenvolvemento efectivo ou non da operación que foi executada. O comando *enviar*, por exemplo, realízase a través dunha mensaxe icónica de natureza permanente e refórzase por medio dunha outra de carácter temporal mediante a que a se confirma o (in)suceso da comunicación. En relación con isto,

⁵⁷² Para Vela Delfa (2005:546) estes elementos conforman un protocolo de funcionamento que codifica o desenvolvemento do intercambio. Nesta liña, tamén Millerand (2001:4) considera que as propiedades técnicas dos obxectos participan da creación das persoas usuarias e, por súa vez, modifican os modos en que se realizan as tarefas e, en consecuencia, estas propiedades terán repercusións na natureza da interacción.

⁵⁷³ Na maioría dos casos a execución de operacións é realizada a través dun clique, se ben que tamén existen outro tipo de convencións a depender da configuración do sistema utilizado.

cómpre sinalarmos que para alén da función de *envío de mensaxes*, existen outras seis operacións básicas que poden realizarse na maior parte dos programas: recepción, lectura, redacción, almacenado, clasificación e, finalmente, eliminación. Todas elas representadas a través dun sinal paratextual de carácter permanente. Da mesma forma, este tipo de mensaxes combina –na liña do sinalado anteriormente– o código lingüístico e o icónico e crea unidades referenciais doadamente identificábeis polas persoas usuarias.

Como se pode ver na figura 15, as diversas opcións que ofrece a aplicación do servizo de mensaxes curtas están organizadas en carpetas e ordenadas segundo o estado da SMS, priorizando a redacción –crear mensaxe– e a recepción de mensaxes –caixa de entrada–, e secundarizando a caixa de saída –elementos enviados– e a carpeta de rascuños. Ambas permiten gardar rexistro de cada unha das mensaxes que foron redixidas desde esa aplicación: no primeiro caso figurarán aquelas que foron enviadas e no segundo aquelas cuxa emisión se interrompeu ou se adiou, e ás cales se pode volver para as completar e proceder ao seu envío. Igualmente, é posíbel ampliarmos esta estrutura co número de carpetas que quixer a persoa usuaria, sobre todo para facilitar o almacenado e o acceso ás SMS recibidas establecendo subcategorías –traballo, amizades, familia etc.




FIGURA 15. Exemplos de marcas paratextuais icónicas e lingüísticas nas SMS

A correspondencia postal tradicional exerceu unha grande influencia no deseño e na configuración das aplicacións que xestionan a mensaxaría electrónica, para a cal serviu como modelo en moitas cuestións. Xunto coa interacción a través do correo electrónico, as mensaxes de texto teñen como finalidade estableceren un evento comunicativo moi similar ao levado a cabo a través da correspondencia postal; e este paralelismo está presente tamén no universo iconográfico que identifica os sistemas de mensaxaría dixital e, por tanto, tamén no xénero das mensaxes de texto. Aquí as imaxes e o vocabulario que contextualizan esta aplicación parten, na liña do indicado en Vela Delfa (2005:564) e Ivanova (1999:26), da adaptación dos seus equivalentes no universo da correspondencia tradicional. Como revela a anterior figura, a organización icónica e tamén verbal das mensaxes empregadas pola interface do servizo de mensaxes curtas para facer referencia ás distintas funcionalidades reflicte estes vínculos, sobre todo no que respecta ao paratexto de carácter icónico. No telemóbel a imaxe do sobre serve para asociarmos visualmente todo o relativo ás mensaxes

de texto, debido ás súas similitudes coa carta –parciais⁵⁷⁴– e tamén a certa representación mental das persoas usuarias⁵⁷⁵. Como resulta obvio, nas SMS non existen sobres, mais estes funcionan como símbolos para as representaren. Neste sentido, o sobre co lapis simboliza o comando que permite redixir mensaxes, en canto un sobre con frechas fai referencia ao estado das SMS, recibidas ou enviadas. Igualmente, un sobre aberto indícanos que a mensaxe en cuestión xa foi lida, mentres que se o sobre permanecer pechado quererá dicir que, embora fose recibido con suceso, a persoa usuaria aínda non procedeu á súa lectura.

Convén subliñarmos que esta relación de tipo simbólico non só se manifesta nos paratextos de natureza icónica, mais tamén nos de carácter verbal, dado que o léxico que empregan os programas de mensaxaría electrónica está moi relacionado coa esfera semántica da carta tradicional. Así, o lugar en que se gardan e almacenan as SMS recibe o nome de *buzón* ou *caixa* e denomínase *endereço* o código –numérico ou lingüístico– que identifica as persoas usuarias e que permite enviar e recibir as mensaxes satisfactoriamente. Con todo, a correspondencia postal presenta un sistema de envío e de mediación moito máis elaborado e ritualizado –introdúcese nun sobre, que debe ir selado e que ten que ser enviado a través dun buzón para que o persoal de correos se encarregue de o facer chegar ao seu destinatario–, proceso substituído ou, cando menos, transformado nas SMS por medio dos dispositivos electrónicos. Na mesma liña, o peritexto da propia mensaxe tamén presenta algunhas similitudes, pois existen determinados datos que posúen unha estrutura fixa e necesaria en ambas as modalidades: na carta, o espazo en que debe figurar o selo, os enderezos da persoa remitente e da receptora, e, nas SMS os datos relativos aos interlocutores, alén daquelas informacións espacio-temporais que o sistema establece de forma automática. Así, notamos que á medida que o sistema de envío de mensaxes se xeneralizou para o seu uso en todos os ámbitos da sociedade, os paralelismos coa correspondencia persoal tradicional aumentaron. No entanto, o carácter dixital e inmediato deste tipo de textos determina maiores vínculos con outros xéneros de comunicación electrónica, como o correo electrónico ou a mensaxaría instantánea –influenciados tamén eles polo modelo de correspondencia tradicional.

A respecto do citado peritexto, isto é, de todos os elementos que rodean o texto obxecto do intercambio nas SMS, é preciso sinalarmos que, á diferenza doutros sistemas de mensaxaría electrónica, a dimensión formal neste xénero é a mesma tanto para o momento de envío como para o de recepción e presenta, igualmente, unha estrutura bastante estábel, se ben que o reducido tamaño das interfaces dos terminais móbeis en ocasións non permite que o peritexto apareza de forma conxunta, mais sucesiva. Neste sentido, Vela Delfa (2005:572) afirma que os xéneros electrónicos se encontran especialmente condicionados polas propiedades das aplicacións empregadas no seu desenvolvemento e sinala que esta influencia é recíproca: por unha banda, as necesidades comunicativas das persoas usuarias condicionan as tendencias de deseño das interfaces e, por outra banda, as particularidades das ferramentas imponen, por seu turno, as condicións formais e as categorías textuais que constiúen o xénero. En relación con isto, e de acordo con Crystal (2006:100-112), na organización estrutural das mensaxes de texto –igual que en toda a correspondencia electrónica– poden distinguirse dúas zonas principais: unha área –normalmente a superior– preformateada, onde os datos son de obrigado cumprimento e unha área –en consecuencia, a inferior– destinada ao

⁵⁷⁴ Como afirma Vela Delfa (2005:565), non se poden identificar auténticos parecidos entre o paratexto da carta e o da mensaxaría electrónica, dado que a mudanza de soporte invalida calquera referencia directa entre os dous sistemas formais, a excepción do relativo á linguaxe iconográfica.

⁵⁷⁵ Sobre este particular, Eco (1978) sostén que no proceso de creación dun signo este non se asocia directamente co obxecto representado, mais coa imaxe mental que temos del, o que explica, en certo modo, as representacións cognitivas comúns, a pesar das diverxencias de protocolos e de soporte entre estes dous sistemas.

texto principal ou corpo da mensaxe, que analizaremos en 2.3.6.2. Na primeira figuran os datos da persoa destinataria, fundamentalmente o seu nome, se é que fai parte da nosa listaxe de contactos ou, no seu defecto, o número do telemóbel da persoa a quen se dirixe. En contraposición a outros medios como o correo electrónico, os datos sobre a persoa remitente e a información relativa á data e á hora constitúen elementos de que dispón a aplicación e que envía, xunto coa SMS, de xeito mecánico⁵⁷⁶, mais que non están visíbeis no momento da emisión. Noutras palabras, nesta área determínase a identidade da persoa que asume a autoría do texto, a da receptora deste e delimítanse as coordenadas temporais e espaciais do evento comunicativo.

2.3.6.2. Análise paratextual do corpo do texto nas SMS

O corpo da mensaxe configúrase como o espazo central onde ten lugar a produción lingüística e, por tanto, onde se desenvolve a SMS en sentido estrito. Nesta área o único elemento obrigatorio, en orixe, constitúeo a presenza dunha mensaxe dalgún tipo, e aínda que esta tamén pode ser enviada en branco, non adoita ser o habitual. Tamén no que respecta á súa organización estrutural, os intercambios a través das SMS manifestan certos paralelismos no referente ás convencións formais con outro tipo de actos discursivos ou interaccionais, cal as cartas tradicionais ou a conversa oral presencial. Sobre este particular, tanto Yus (2001:184) como Crystal (2006:104) sinalan que o corpo da mensaxe pode ser, por súa vez, subdividido en tres seccións: i) unha inicial destinada á saudación ou á abertura textual, ii) unha intermediaria en que ten lugar o desenvolvemento do intercambio e iii) unha final de encerramento textual. Porén, nin todas as mensaxes de texto manifestan esta estrutura, senón que a presenza das aberturas e dos encerramentos nin sempre é estábel, como se observa nas SMS do noso corpus⁵⁷⁷. Naquelas en que estes elementos permanecen ausentes, os espazos dedicados a albergaren estas categorías desaparecen, o que desde unha perspectiva externa outorga ao texto unha aparencia de bloque unitario que, na opinión de Vela Delfa (2005:574), reflicte do punto de vista formal unha organización textual sen secuencias estruturais evidentes. E se ben que na carta e mesmo no correo electrónico estas compoñentes adoitan aparecer separadas do corpo do texto, nas SMS o máis habitual é que se inclúan no comezo e no final do corpo da mensaxe, sen unha identificación externa e formal evidente. Os seguintes exemplos mostran a sinalada flutuación no que respecta á presenza de tales categorías:

Estate lista as 9. **Atamaña (A8)**

Ola ptarda! Stou n ksa koa mmoria! A vr s avanzo algo. O find normaliyó. Xa falei kn cris e sta tdo klaro. Pois si, vai avr q qdar! **Bkos mona!** Pasao bn! (A12)

Boas noits baby! Stou n ksa ks 2 prsons q ti sabs! Creo q tok dsknsar! Q tal with your mum? Xa kse o sbs td sobr min. Bout smtr a ltrcr grado pa ekilbrar! (A22)

Q tal d kmpras? Kurraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! Eu tou pntdeume e logo irei ksa papa! **Muaka baby!** Sta smana cofe? (A293)

⁵⁷⁶ Sobre esta cuestión, o propio Crystal (2006:100) subliña que “there is very limited scope for usage variation, within headers, because so much of the information is dictated by the software”, para alén de que as convencións relativas á estrutura do enderezo son fixas, de modo que se estas non se cumpren a mensaxe non chegará ao seu destino.

⁵⁷⁷ Convén sinalarmos antes de máis que esta estrutura tripartita tan só é característica das mensaxes de carácter persoal e profesional –onde pode aparecer ou non–, en canto que no resto das tipoloxías as ditas categorías costuman estar ausentes.

Podesme enviar o arquivo por correo para ir facendo os kambios? O xoves antes das 11 podería pasarme, andas por aí? Ou dime cando prefires e intento adaptarme (A373)

Hola, k tal? O sabado 26 celebramoslle o cumple a Teo. Estaredes libres para vir a comer?
Bicos (B1)

k muyer...xa desconctchs o whppp...levasin contr dous días.... (C14)

Como observamos, existe unha enorme variabilidade no que se refire á división tripartida do corpo da mensaxe; así, temos SMS en que detectamos a estrutura clásica de abertura, corpo do texto e encerramento, como en A12, e B1 e outras en que tan só aparece a parte central como en A293 e C14. Con todo, esta non é a única hipótese posíbel, pois tamén son frecuentes aquelas que xunto ao corpo do texto só manifestan unha das dúas categorías anteriores, isto é, ou ben abertura e corpo da mensaxe ou ben corpo da mensaxe e encerramento, como demostran A22 e A8, respectivamente. Igualmente, cómpre subliñarmos que en relación coa presenza ou coa ausencia destas categorías non parecen detectarse diferenzas entre os distintos grupos de idade que establecemos para a nosa clasificación, dado que en todos eles se documenta a dita variación⁵⁷⁸.

Esta organización en tres partes –moi estábel nos textos do xénero epistolar tradicional⁵⁷⁹– perde en grande parte a súa firmeza nas SMS, de modo que podemos achar mensaxes de texto máis tradicionais que respecten esa organización ou outras que desenvolvan modalidades de estruturación diferentes. As posibilidades –como xa indicamos– son múltiples e, na nosa opinión, responden, fundamentalmente, a tres condicionantes principais: por un lado, convén termos en conta que a liberdade formal dos textos electrónicos vén dada polo carácter relaxado e desenfadado do xénero, que permite ao usuario eliminar categorías ou xogar coa súa aparencia. En segundo lugar, a natureza informal das interaccións unida ás limitacións de espazo que presentan as mensaxes de texto explican, en parte, a pouca presenza de marcas de cortesía; por outro lado, o amplo espectro temporal e situacional que manifesta o xénero provoca que, en moitos casos, as marcas de abertura e de encerramento viren pouco rendíbeis ou innecesarias (Vela Delfa 2005:575). Sobre esta cuestión, é preciso sinalarmos que o máis habitual é que entre as persoas que se coñecen as mensaxes sen saúdo sexan respostas que se envían dun modo máis ou menos inmediato, pois en tales situacións o individuo que responde entende a SMS como a segunda parte dunha interacción entre dúas persoas onde, por tanto, un saúdo resultaría pouco apropiado. Na liña do exposto en Crystal (2006:105-106), “the longer the delay in responding, the more likely the response will contain a greeting, if only an apology for the time-lag”. Con base no noso corpus, o 11,9% das mensaxes de texto conteñen esa estrutura tripartita, en canto o 52,3% presentan cando menos un dos dous elementos, sendo o

⁵⁷⁸ As diferenzas do punto de vista etario non teñen tanto que ver coa ausencia ou a presenza destes elementos, mais coa súa natureza formal e nalgúns casos ritual. Neste sentido, haberá distinción no relativo ao tipo de aberturas ou encerramentos: as persoas máis novas tenderán a innovaren, en canto as máis idosas manterán as marcas tradicionais, similares ás da correspondencia postal. Como sinala Crystal (2006: 108), “I cannot see myself ever using the *ta ta babe* used by one of my children to her friend”.

⁵⁷⁹ E embora a estrutura das SMS sexa moito máis próxima á comunicación persoal, convén termos presente que a división do texto en tres partes é tamén común aos documentos de natureza administrativa xa desde a época latina, como nos textos notariais. Nestes, tanto a abertura como o encerramento aparecen, por regra xeral, como fórmulas prefixadas ou ritualizadas –podendo variar algún elemento–, en canto é o corpo do texto o espazo que permite unha maior flexibilidade do punto de vista lingüístico. A modo de exemplo véxase as coleccións de textoss recollidas en Maia (1986) e en Souto Cabo (2008).

encerramento o máis habitual (46,9%), mentres que no 35,8% das SMS do noso corpus estas categorías están ausentes.

En relación coas aberturas, existe tamén un notábel grao de variación, isto é, consérvanse algunhas das fórmulas máis tradicionais, se ben que adoitan escollerse as opcións menos formais. Nas mensaxes de tipo persoal o máis frecuente é a marca de saúdo *Ola*, embora tamén sexa habitual encontrarmos outras compoñentes como o nome da persoa destinataria, unha pregunta de cortesía ou os signos duplos que denotan unha grande expresividade. Estas fórmulas poden aparecer ou ben combinadas ou ben de maneira isolada como se observa nas seguintes SMS do noso corpus:

Ola! En 5 min voum poñr a korrer polo paseo n arteixo! Apuntaste? Jeje! Dsd q mpzou o mstr nn volvin asiq pde q m dprima ao vr q pouk awanto! Jeje! Ate maña! (A55)

Boas noits pk! Xa sta tdo ready! Jeje! Agora so falta q che guste! I miss u a lot n klase! Nn sei q vou facr a partir d agora...abra q pnsar n l plan b! Muaka (A38)

****, chamt un pouk mais tard. muaka (A241)

Ei? km stas? Pasou algo ont? xq xamaxs a ****? Q tal o knrto? Eu creo q stou piyand algo xq m nknto fatal! (A281)

Ola!! Q tal?? Lmbrat d m enviars as ftos d q falams. Biks (A372)

Canto ás zonas de encerramento, é preciso indicarmos que existen dous elementos de distinta natureza como son a despedida e a sinatura⁵⁸⁰ que presentan diversas combinacións: i) figuraren xuntas, ii) aparecer unha ou outra ou iii) estaren ambas ausentes. Como se deduce das estatísticas anteriores, a categoría de encerramento presenta unha maior estabilidade que a de abertura e, neste sentido, só o 31% das SMS conteñen abertura sen encerramento, en contraposición ao 74,5% que manifesta a situación oposta. Como sinala Crystal (2006:110), os elementos de despedida teñen dúas funcións importantes nas mensaxes electrónicas que os diferencian da correspondencia tradicional: por un lado, funcionan como marcaxe de límites que indican á persoa usuaria que xa non é preciso seguir pasando texto e, por outro lado, serven para estenderen a identidade, na medida en que identifica o remitente perante o receptor e tamén perante outros posibles receptores se esa mensaxe for reenviada. Con base no noso corpus, documentamos numerosas fórmulas de encerramento, todas elas cunha grande forza elocutiva:

Estate lista as 9. **Atamaña** (A8)

Ola prson! Q tl stas? Eu tou again n kma xq nn pdo ko ku! Maña s nn ts plan e qrs facr algo avisa! Eu supoño q starei n ksa! E snon vmoms luns! **Muaka chorvi!** (A23)

Jo q ilu m fai q x ns toke algo xuntas again!! Flicidads xq o mreecs chorvi! O vnres abra q clbralo dbidament! Jeje! Madrid..here we go! **Bikos xika prmiada!** XDD (A27)

Grazas x vires! Fixome moita ilu. **Bicos.** ****(A178)

Se qeres voute ver, nn m imxta. **Koidate.** (A295)

⁵⁸⁰ Debido á informalidade do medio e ao seu carácter interactivo a maioría das mensaxes de texto carecen desta categoría. Da mesma forma, a marca identitaria da persoa emisora xa figura incluída no peritexto da mensaxe, o que xustifica que só o 0,5% das SMS do noso corpus presente sinatura.

Ola! Km vas? A pli stivo bn! **Q dsknss! Boas noits pk! (A302)**

Nn psa nda! Eu tivn 1dia kmpltito! En ferrol ben! Stivemos mirando mobles! jeje! Pois **falamos maña (A369)**

Para alén das marcas que rodean o texto, o corpo da mensaxe identifícase con esa zona central en que a persoa que redixe a SMS adquire un maior protagonismo. No entanto, embora constitúa a categoría en que a vontade do emisor fica patente de modo máis obvio, existen tamén determinadas propiedades nesta área que non son da súa responsabilidade e que, igualmente, conforman marcas paratextuais. Así as cousas, é posíbel escollermos entre o formato só texto, o máis habitual para as mensaxes de tipo persoal ou profesional, ou o formato multimedia que nos últimos tempos está virando moi popular, sobre todo para o envío de SMS de natureza publicitaria, pois torna posíbel a inclusión de imaxes e mesmo de gravacións. En moitos casos as aplicacións máis recentes permiten tamén seleccionarmos cores, tamaños e tipos de letra e ofrecen, outrosí, unha ampla gama de emotícones con que personalizarmos o corpo do texto. Con todo, convén termos en consideración que existen aínda incompatibilidades entre as diferentes aplicacións que xestionan o envío e a recepción de SMS que, nalgúns casos, impiden conservarmos o formato dun dispositivo para outro⁵⁸¹. Na opinión de Vela Delfa (2005:591), as posibilidades de expresión formal que ofrecen estas ferramentas son bastante limitadas, de maneira que a aparencia das mensaxes de texto non costuma preocupar en exceso as persoas usuarias, que parecen descoidar esta variábel.

Mais isto non acontece en todos os casos, xa que existen determinadas características técnicas a que as persoas usuarias si conceden unha notábel importancia, sobre todo no relativo ás restricións no número de caracteres, dado que a lonxitude de texto enviada a través deste medio é limitada⁵⁸². Así as cousas, a extensión máxima das mensaxes de texto será – como xa vimos– de 160 caracteres, a excepción daquelas SMS que ocuparen máis dunha mensaxe, alternativa moi pouco habitual e da cal só contamos con tres exemplos no noso corpus⁵⁸³. No entanto, aínda que as posibilidades técnicas permiten estas dimensións –xa reducidas se comparadas con outros sistemas de CMC– a realidade reflicte que a maioría das mensaxes de texto non adoita esgotar o número máximo de caracteres permitidos. Esta situación revela a influencia do modelo da nota nas SMS (Laborda 2003). Igualmente, a inmediatez e a celeridade na recepción xustifica que o tamaño do texto se aproxime do da unidade *intervención*. Aliás, a redución do tempo de transmisión é paralela á diminución do tempo de lectura e de escrita das mensaxes, o que tamén provoca a preferencia polas SMS de tamaño reducido –sempre que for posíbel. Trátase, por tanto, de textos concisos en que prevalece, fundamentalmente, o desexo de transmitir información sobre calquera outra finalidade de natureza formal, o que explica, igualmente, a ausencia de marcas de cortesía e das categorías de abertura e encerramento antes analizadas. As seguintes mensaxes do noso corpus configúranse como claros exemplos de brevidade (véxase 3.2.2.1.5):

⁵⁸¹ De acordo con Crystal (2006:115): “There is no guarantee that the message as reproduced on the writer’s screen will appear in the same configuration when it reaches the reader’s. A common problem is for the line-length settings to differ, so that a message which sat neatly in 100-character lines at the sender’s terminal is reproduced with a highly erratic sequence of long and short line-lengths on the receiving screen, or fails to wrap around at all”.

⁵⁸² Noutros sistemas de comunicación mediada como o correo electrónico, embora non existan limitacións nas dimensións do texto, si que se observan restricións en relación co número de megabytes máximo que cada servidor soporta no envío e na recepción de mensaxes, sobre todo se estas se acompañan con documentos adxuntos.

⁵⁸³ Véxase C17, A497 e B35.

Pareceme ben! ☺ (A317)

Recibido. Grazas (B15)

Dacrdo, ****. Mllorat. (B60)

Parabens no teu dia. Bks (C1)

Carta no buzón (C48)

As restricións no tamaño das mensaxes non están só condicionadas polas características do programa que as xestiona, mais tamén por outros factores: o primeiro deles será a modalidade de interacción en que se integran a SMS. Noutras palabras, as condicións en que se enmarcan a enunciación tamén determinarán o tamaño do texto en cuestión. Nesta liña, nas mensaxes que seguen esquemas de interacción continua as dimensións do texto serán máis reducidas, dado que o intercambio nestes casos adoita organizarse arredor de unidades temáticas simples que se van completando coas seguintes intervencións (véxase 2.3.5) como revelan as SMS que presentamos a seguir:

Interacción 1

Acabaches? (B12)

Saiu todo BN! Chamote kndo saia q xa stou dntro (A338)

Interacción 2

Mllr ás 11.30? (B45)

ok! (A202)

Por outra banda, tamén será relevante a este respecto o carácter informativo do texto⁵⁸⁴, dado que o tamaño da mensaxe estará en relación coa complexidade do tema que nela se desenvolver e dos subtemas que a completaren informativamente (Vela Delfa 2005:663). Nos seguintes exemplos vemos un maior aproveitamento do espazo ofrecido pola aplicación en correlación coa amplitude dos contidos tratados.

Peque! q tl? ***** marcha mercors pa canad. so pod qdar maña a maña, asiq qdams 11.30 no meu prtal pa tmar kfe (tm cn ***) podes vir? senn pdms qdar ns knd digas! bsit (A244)

Ola! Q e da tua vida! Se qres um dia dsts póla tard podems tormary algo! Vads ir a fsta d arteix? ***** qre celebrar o seu cumpl em san isidro o dia 8 de xuño, apuntadesvos? Xa m dirás...a todo. Bks (A370)

⁵⁸⁴ A informatividade constitúe para Beaugrande / Dressler (1997:34-47) unha das sete normas da textualidade e, de acordo con Freixeiro Mato (2006, IV:79), serve para avaliar até que punto as secuencias dun texto son predicíbeis ou inesperadas. E aínda que todos os textos son informativos nalgunha medida, a carga de contido dependerá do tipo de progresión temática que manifeste e con ela variará tamén a extensión da mensaxe.

Perfecto, ****. Eu tamen tiña pensado tomar unha caña cun amiguete do departamento ao final do día. Se te queres apuntar tamen estaría ben. Se non avisame cando che vaia mellor para tomar o café. Apertas. (B65)

De acordo con todo o sinalado até este momento, podemos concluír que a análise das relacións que se establecen entre as marcas paratextuais e os esquemas de xénero constitúe un elemento fundamental para podermos identificar o carácter idiosincrático das SMS, na medida en que aquelas contribúen para definir os textos e para os adscribiren a unha determinada clase. A imbricación do texto na súa armazón paratextual fai posíbel a súa manifestación como un evento textual particular, ao tempo que lle confire unha realidade física concreta que determina a súa adscripción a unha clase textual. Neste sentido, os paratextos das SMS –e de todos os textos electrónicos– adquiren unha nova dimensión grazas ao medio dixital e, fundamentalmente, á pantalla, que se configura como o soporte virtual do texto e como o espazo de envío e de recepción das mensaxes. Neste último proceso –o de recepción textual– o paratexto exerce un grande protagonismo, dado que é o encargado de codificar as regras que determinarán o intercambio comunicativo e de orientar a persoa usuaria sobre as opcións de que dispón para o establecemento da correspondencia e para a fase de produción textual. Así, o contexto paratextual está formado non só pola interfaz do programa que xestiona o envío de SMS e responsábel da aparencia externa dos propios textos, mais tamén polas propiedades do corpo da mensaxe, isto é, polas características formais dos textos enviados, en que converxe a responsabilidade da persoa autora do texto coas limitacións impostas pola aplicación. En definitiva, o estudo do marco paratextual das SMS é importante por dúas razóns fundamentais: por un lado, porque serve para identificarmos a natureza do xénero e, por outro, porque contribuirá para a interpretación lingüística do texto, como analizaremos no cap.3.

2.4. Conclusións

A través das seccións deste segundo capítulo, realizamos un achegamento a todas as cuestións que nos pareceron relevantes na caracterización da comunicación mediada, do discurso electrónico e, máis concretamente, do servizo de mensaxes curtas, obxectivo principal do noso estudo. Así as cousas, na primeira parte levamos a cabo unha revisión de conceptos básicos da lingüística porque xulgamos que sería pertinente tanto para determinarmos os fundamentos en que asenta a linguaxe e, en última instancia, tamén as linguas e, igualmente, porque consideramos que contribuiría para unha mellor comprensión da CMC. Neste sentido, virou necesario termos en conta que, para alén da linguaxe verbal, escrita ou falada, os seres racionais posuímos tamén outros medios a través dos cales interaxirmos, como a linguaxe visual e a sonora, entre os máis significativos. Estoutros sistemas de comunicación nin sempre son alternativos, mais complementares, pois favorecen unha mellor comprensión do sentido do texto en canto que permiten suprir as eivas comunicativas que, en determinadas ocasións, pode presentar o código lingüístico, como é o caso da paralinguaxe.

Outrosí, a comprensión das características que definen os signos lingüísticos (entre as cales convén salientarmos a arbitrariedade) e do sistema de regras que posúen todos os idiomas para combinaren as unidades lingüísticas será relevante para aprofundarmos no discurso electrónico; neste medio, o usuariado xogará coas posibilidades que a linguaxe lle ofrece levando a creatividade lingüística até límites insospeitábeis. Do mesmo modo, tamén achamos necesario considerarmos a grande relación entre lingua e sociedade, xa que a primeira constitúe o medio de comunicación por excelencia da segunda e, á medida que a sociedade progresa e que se crean novas necesidades, a lingua evolúe para se adaptar a elas. Isto é o que explica, entre outras cuestións, que como produto do avance das tecnoloxías xurdise un novo sistema de interacción, a comunicación virtual, con características propias e innovadoras que alteraron nalgúns aspectos o código lingüístico e os propios modelos comunicativos, nomeadamente os relativos á canle e ao contexto, para se adecuaren ao novo espazo. Por tanto, estas transformacións non só teñen repercusións no ámbito sociocultural e no económico, mais tamén afectan as esferas de descrición lingüística. Neste sentido, en 2.1 puidemos notar que a lingua non é unha realidade estática, mais que varía tanto do punto de vista cronolóxico como do xeográfico, do social, do contextual etc. E estas transformacións tamén non estarán ausentes na comunicación electrónica, onde tamén documentamos diferenzas en función do sexo, da idade e das redes sociais das persoas que interaxiren no medio dixital.

De feito, observamos que o aparecemento de novos soportes comunicativos motivou un outro tipo de variación que atende as características técnicas dos medios en que a lingua é utilizada, denominada por Fiorimonte (2003) como variación diatécnica. A existencia doutro contorno que permite a comunicación e que presenta características propias ten en consecuencia fortes repercusións na esfera lingüística, dado que favorece a creación de novas tipoloxías textuais, cal o texto electrónico; este constitúese como un xénero que partilla elementos coa oralidade e coa escrita e que se materializa en diversas modalidades comunicativas, como o correo electrónico ou as mensaxaría instantánea, que están a deixar obsoletas outras tipoloxías textuais, cal o correo postal ordinario. Por esta razón, xulgamos relevante levarmos a cabo unha aproximación á CMC e ao discurso electrónico, dado que, como indicamos en 2.2, as súas propiedades configuran o marco fundamental a partir do cal definirmos calquera das textualidades electrónicas que están a se desenvolver. Por esta razón, afondamos tamén na historia da comunicación mediada e repasamos, fundamentalmente, as

principais achegas que se realizaron até á actualidade sobre a análise do discurso en contornos dixitais.

Esta aproximación permitiunos ilustrar que as investigacións lingüísticas sobre os novos soportes comunicativos cobraron un forte pulo nas últimas décadas, embora sexa o ámbito anglófono aquel a que se lles dedican máis páxinas. Debido á natureza esencialmente gráfica do medio, as repercusións nas áreas de descrición lingüística foron múltiples, como constatan as diversas liñas de investigación que se crearon ao respecto, entre as cales convén salientarmos a pragmática, a gramática do texto e a análise da conversación, fundamentais na análise do texto electrónico e das súas modalidades. Todas estas áreas, conscientes de que estamos perante novas modalidades de produción textual con propiedades específicas que nos permiten estudármolas como un xénero autónomo, centran os seus esforzos en ofrecer unha caracterización o máis completa posíbel. Así, a maioría dos autores concorda en que a comunicación electrónica está profundamente condicionada polas propiedades do instrumento encargado de mediar na interacción e pola propia actitude das persoas usuarias fronte a esa ferramenta. Neste sentido, os intercambios electrónicos son –se comparados coa comunicación oral ou coa escrita tradicionais– moito máis rápidos e estábeis, o que reduce os custos e libera a interacción das limitacións espacio-temporais. Trátase, igualmente, dun medio accesíbel e seguro, o que, de partida, garante tamén a privacidade dos intercambios que se produciren.

Alén dos trazos intrínsecos ao soporte virtual (como as condicións de tempo e espazo en que se instaura a comunicación, as vantaxes do medio para o establecemento de interaccións múltiples ou as restricións do medio no referente á transmisión de información non verbal e á capacidade de retroalimentación etc.), tamén xulgamos necesario estudarmos as propiedades textuais presentes no discurso electrónico; entre elas concedemos especial relevancia á transitividade, á continuidade, á bidireccionalidade e á natureza pública e grupal dos intercambios. Estas constitúen elementos fundamentais para observarmos a orixinalidade do novo soporte; un soporte que aumenta as posibilidades para as persoas usuarias interaxiren e que produce diferentes (con)textos comunicativos. As diferenzas entre estes derivan do lugar que ocuparen no continuo existente entre as propiedades de invarianza e as especificidades de cada xénero. Noutras palabras, a caracterización da comunicación mediada e do discurso electrónico serviu de marco para determinar cales eran os trazos comúns a todos os sistemas de interacción xurdidos do contexto electrónico e tamén para observarmos que, a pesar de manifestaren un marco común, tamén existen determinadas diferenzas –nun maior ou menor grao– entre uns medios e outros; este feito, con todo, non supón en ningún caso un problema, mais favorece podermos escoller entre un amplo abano de ferramentas, en función do tipo de comunicación que quixermos establecer.

Nesta liña, tamén nos pareceu oportuno aproximármonos da linguaxe da informática e da Internet, dado que as propiedades técnicas do medio e das aplicacións que xestionan o intercambio condicionan fortemente o tipo de lingua utilizado, tanto no referente ás estruturas sintácticas como á formación de palabras ou aos comportamentos morfolóxicos. Así, existen determinadas características comúns a todas estas textualidades, cal a tendencia á brevidade e á concisión, a preeminencia dos tempos presentes e a relaxación lingüística e ortográfica. Todas elas están presentes dun modo ou doutro na totalidade de medios de comunicación electrónica, se ben que se manifestarán de modo diverso a depender da ferramenta que se utilizar en cada caso. Por esta razón, achamos necesario incluírmos tamén neste segundo capítulo (en 2.3) unha descrición pormenorizada do xénero das mensaxes de texto: por un lado, porque a súa definición como xénero conforma un dos obxectivos fundamentais deste estudo; e, por outro lado, porque as propiedades idiosincráticas desta modalidade permitirán

explicar ou, cando menos, contribuírán para comprendermos as características do sistema de representación escrita que xurdiu ao seu redor, comunmente coñecido como linguaxe SMS, ao que nos aproximaremos no cap.3.

Nesta análise do xénero das mensaxes de texto atendemos a diversas perspectivas. En primeiro lugar, realizamos unha panorámica histórica en que afondamos nas orixes do servizo e nas causas que motivaron o seu suceso e que o converteron nun dos medios máis populares hoxe en día. En relación coas características apuntadas para o discurso electrónico, o servizo de mensaxes curtas constitúe un medio diferido, transitivo, unidireccional, privado e individual, se ben que estas propiedades poden ser alteradas nalgunhas circunstancias. A restrición a 160 caracteres por SMS non supuxo –como se podería pensar–, un problema para o usuariado, que viu nesta limitación máis unha posibilidade para experimentar coa linguaxe. Isto provocou que aplicacións como a do texto predictivo, que tiñan como finalidade facilitaren a escrita de mensaxes nos terminais móbeis, non fosen tan ben acollidas, pois ían en contra das máximas de rapidez e de brevidade que gobernan este tipo de intercambios e, en ocasións, viraban aínda máis complexa a comunicación. Igualmente, características como a inmediatez comunicativa e o baixo custo constituían valores altamente atractivos para a mocidade, que se converteu na maior usuaria deste sistema de mensaxaría. As faixas etarias máis novas ven nesta ferramenta un medio a través do cal aumentaren o seu status social e as súas relacións persoais. Non obstante, os datos manexados neste traballo permiten observarmos que o seu uso por parte da poboación adulta tamén avanzou nos últimos tempos e que, en función doutros factores como o sexo, a procedencia xeográfica ou o contexto social, o perfil sociolóxico das persoas que utilizan este servizo pode variar.

Para alén da comunicación persoal, este medio desenvolveu outras finalidades que favoreceron a súa forte acollida a nivel social. Así, as empresas e as institucións adoptaron o sistema para enviaren información á súa clientela, para confirmaren a entrega dos seus produtos ou para corroboraren o suceso dunha determinada transacción. Propiedades como a seguridade, a privacidade e a velocidade constitúen os resortes principais que converteron este medio nun fenómeno a escala mundial. E para darmos conta de todas aquelas mensaxes que poden chegar á nosa caixa de entrada tamén realizamos unha clasificación das SMS con base en criterios funcionais, o que nos permitiu distinguirmos entre mensaxes persoais, profesionais, comerciais ou publicitarias, institucionais, cadeas de reenvío, SMS non solicitadas e mensaxes xeradas de forma automática. Igualmente, xulgamos conveniente complementarmos esta clasificación reparando en diversos criterios enunciativos, cal a natureza pública ou privada da mensaxe, o número de persoas destinatarias, a posibilidade de resposta ou o ritmo do intercambio. Estes parámetros foron fundamentais para determinarmos as diferentes modalidades de interacción presentes nas mensaxes de texto, isto é, as mensaxes en réxime de intercambio monoloxal e de natureza diferida, e as mensaxes en réxime de intercambio dialóxico, conformadas pola sucesión de monólogos e de carácter sincrónico.

O establecemento dun ou doutro réxime de interacción condiciona en grande medida a estrutura da SMS, que se aproxima dos modelos epistolares –isto é, abertura, corpo do texto e encerramento– nos casos en que se tolera unha demora temporal maior. Por súa vez, nos intercambios simultáneos ou semi-simultáneos a organización da mensaxe garda maiores similitudes cos turnos de intervención propios dos intercambios dialoxais, como as intervencións breves, con maior grao de dependencia e máis vinculadas ao contexto inmediato. Na maioría dos casos a propia disposición textual que presentan as mensaxes xa nos indica o seu modelo interaccional e, igualmente, nos ofrece diversas pautas para unha interpretación coherente do contido do texto. Neste sentido, tamén xulgamos relevante aprofundarmos na estrutura paratextual das SMS, pois consideramos que en moitas ocasións

os elementos paratextuais contribúen para dotar de dimensión pragmática á mensaxe. Así, parámetros como o nome da persoa remitente, o enderezo numérico, a persoa destinataria e a propia organización do corpo do texto ocupan un lugar privilexiado no marco das mensaxes de texto dado que, alén de condicionaren os modelos de interacción, virán imprescindíbeis no proceso de produción e de interpretación das SMS. En conclusión, coidamos que todos os elementos analizados no presente capítulo son fundamentais para determinarmos a natureza idiosincrática do discurso electrónico e, mais concretamente, do xénero das mensaxes de texto. Esta aproximación contribúe non só para identificarmos a súas propiedades en canto que nova modalidade textual, mais tamén para comprendermos as súas implicacións do punto de vista lingüístico.

Capítulo 3. A linguaxe SMS

As mensaxes de texto constitúen unha tecnoloxía que se estendeu a partir da telefonía dixital GSM e que nos últimos tempos –e do mesmo modo que a maioría das restantes aplicacións electrónicas– creceu de forma extraordinaria até se consolidar como un dos medios de comunicación máis expresivos da Aldea Global que profetizara McLuhan. As SMS, como xa vimos no cap. 2, exteriorizan moitas das propiedades da época en que nos encontramos –rapidez, instantaneidade, brevidade, ubicuidade, interactividade etc.– e contribúen para afianzar un dos principais fundamentos da Era Dixital, isto é, manter as persoas interconectadas de forma permanente. Como tratamos en 2, o emprego deste sistema é masivo entre a poboación máis nova mais non exclusivo, dado que a súa funcionalidade provocou o seu suceso tamén entre as restantes faixas etarias, que utilizan a aplicación de modo intenso. Esta alta frecuencia de uso tivo como consecuencia o desenvolvemento dunha nova xiría, impulsada pola necesidade de rapidez e de economía de custo e de tempo. A dita modalidade lingüística constitúe un organismo vivo e, xa que logo, está inscrita nun proceso de creación permanente, embora poidamos identificar xa algunhas propiedades idiosincráticas que apoian a nosa hipótese de partida, quere dicir, que se creou unha nova variedade de representación da linguaxe escrita para determinados usos contextuais. Esta caracterízase por dous parámetros fundamentais: por un lado, recupera algúns recursos existentes con anterioridade (véxase 1.1.3) e, por outro lado, xera novas estratexias e xoga con aquelas xa prestabelecidas, o que deu lugar ao que hoxe coñecemos como linguaxe SMS. Trátase dunha modalidade gráfica contextual inducida polas necesidades, mais que conseguiu desenvolver un alto grao de creatividade, o que a converteu en toda unha revolución na esfera dos estudos lingüísticos.

Nas páxinas deste terceiro capítulo trataremos de analizar todos aqueles aspectos que nos parecen relevantes para ofrecermos unha caracterización completa do novo sistema de representación da escrita. Así as cousas, realizaremos unha aproximación de carácter sociolóxico que nos permita –dun xeito similar ao realizado en 2.3.2 coas mensaxes de texto– determinarmos o perfil das persoas que empregan a linguaxe SMS, reparando nas razóns que motivan o seu uso e atendendo a diversas variábeis cal a idade, o sexo ou o contexto. Unha vez establecidos estes parámetros, estudaremos de forma pormenorizada as súas repercusións en cada unha das disciplinas da gramática da lingua galega: a compoñente gráfica e fonético-fonolóxica, a compoñente morfolóxica e sintáctica, a compoñente semántica e lexical e a compoñente pragmático-textual serán as seccións en que se dividirá a nosa análise, xa que consideramos que son as áreas lingüísticas en que maiores implicacións presenta a escrita SMS a respecto da variedade estandarizada. Igualmente, examinaremos as

consecuencias que a situación de contacto lingüístico en que se acha a Galiza produce na dita variedade e realizaremos unha aproximación ao modo en que outras linguas, para alén da galega, desenvolveron sistemas de representación gráfica similares; neste sentido, tamén estableceremos vínculos entre as propiedades lingüísticas presentes na linguaxe reducida e aqueloutras propias das variedades pidgins e crioulas. Finalmente, tamén nos parece relevante analizarmos a proxección sociocultural deste fenómeno, xa que o seu alcance excede o da descrición lingüística e afectou outros ámbitos como a literatura, o ensino e a publicidade. Por este motivo, tamén daremos conta das perspectivas fundamentais desde as cales se ten analizado a linguaxe SMS.

3.1. *Achegamento sociolóxico*

Como tivemos oportunidade de tratarmos nas seccións precedentes, as prácticas comunicativas que emerxeron como consecuencia dos avances na enxeñaría informática e nas telecomunicacións deron lugar tamén ao desenvolvemento de novas habilidades ou destrezas lingüísticas. Estas derivan da combinación de varios factores, cal os condicionamentos tecnolóxicos, as variábeis contextuais e as prioridades das nosas interaccións (Thurlow / Poff 2013). Para moitos autores, entre eles Chiappe (2008), a propagación das mensaxes de texto contribuíu para acelerar un proceso revolucionario no que respecta á escrita, quere dicir, unha nova linguaxe, iconográfica e totalmente funcional que produce textos que tan só poden ser lidos e interpretados en silencio, dado que non son pronunciábeis. E a pesar de recoñecer que esta escrita abreviada, debido á súa magnitude e alcance, non ten precedentes na cultura occidental, tamén encontran nas súas características certa continuidade con procesos similares producidos na comunicación ao longo de toda a historia (véxase 1.1.3). Así, como xa apuntamos en 1.1 e como teremos oportunidade de ver no presente capítulo moitas das estratexias empregadas pola linguaxe SMS non constitúen invencións dos tempos posmodernos, mais antes recursos parellos ou idénticos aos xa empregados noutras épocas por motivos tamén similares aos sinalados para as SMS⁵⁸⁵. Por tanto, xulgamos que a limitación espacial de 160 caracteres e o tamaño reducido da pantalla e do teclado dos telemóbeis foron factores que favoreceron o incremento desta determinada modalidade de escrita, máis simplificada e con tendencia para contaxiar a representación gráfica dos discursos da oralidade (Teixeira 2008).

Igualmente, para as persoas que adoitan escribir SMS a brevidade vira un factor de relevancia –polas razóns xa apuntadas en 2.3.2–, o que non acontecía para o escribán de papiros, os cales podían ser interminábeis. Coa chegada do código a expresión textual mudou, simplifícouse a escrita, aparecen os sinais de puntuación, a disposición en parágrafos, a numeración das páxinas, as divisións en capítulos e inventouse o índice. Todos estes elementos permitiron que a escrita se afastase da expresión oral, pois canto máis popular se tornaba a escrita, máis se tendeu a eliminar os signos que permitían obter informacións paralingüísticas (véxase 2.1). As SMS, ao pertenceren á esfera escrita, avanza máis un paso neste proceso e pasan da escrita vocalizábel a unha modalidade incapaz de ser articulada –embora noutros casos manifeste estratexias que a aproximan das interaccións orais, cal os emotícones. A celeridade das interaccións deste tipo tamén vai provocar que as mínimas formas de expresión, cal a cláusula simple, o enunciado ou a frase se simplifiquen máis un grao e se sustenten na suxestión e na perspicacia da persoa que as recibe (Chiappe 2008). Por tanto, a limitación espacial vai afectar de modo substancial a forma do texto, que se torna breve e fragmentado. A dita restrición non constitúe, en todo o caso, un criterio suficiente por si só para xustificarmos unha transformación de tal transcendencia na lingua, dado que este sistema reducido se emprega tamén para redixir SMS breves, en que non se aproveitan os 160 caracteres que permite a aplicación. En consecuencia, xulgamos que aínda que desaparezan as limitacións técnicas e se superen as limitacións de espazo –como xa acontece coas novas aplicacións de mensaxaría dos novos terminais– a dita linguaxe continuará a se popularizar porque reflicte a necesidade do instantáneo.

Por esta razón, na seguinte sección trataremos de determinar, na liña do sinalado en 2.3.2 para as mensaxes de texto, cal é o perfil das persoas que empregan a modalidade

⁵⁸⁵ Sobre esta cuestión, Castro (2008:53) sostén que xa no Testamento de D. Afonso II (1214) se atesta a abreviación da conxunción “que” en “q”.

simplificada, reparando non só na súa caracterización como usuarias, mais tamén nas razóns que motivan a súa utilización.

3.1.1 Perfil da persoa usuaria

3.1.1.1 Quen?

O uso da linguaxe SMS segue a mesma tendencia que xa foi apuntada para a utilización das tecnoloxías e das mensaxes de texto. Nestes medios, a maior parte dos estudos afirma que a mocidade e os novos adultos, isto é, persoas comprendidas aproximadamente entre os 13-18 e 18-25 respectivamente, constitúen o sector da sociedade que emprega con maior profusión este novo sistema de escrita (véxase Betti 2006). Mais como indican Lobet-Maris / Henin (2002:102), se ben que as persoas idosas –que non se habituaron a unha certa tecnoloxía ou a determinadas prácticas sociais ou comunicativas– son reticentes perante o uso destes sistemas de interacción⁵⁸⁶, a xente nova, que si as emprega e que, de feito, contribuíu para o seu desenvolvemento, manterá este tipo de praxe, que probabelmente permanecerá inclusive cando for adulta. Noutras palabras, asociamos, neste momento, a linguaxe SMS ás novas xeracións porque é o grupo de idade a que xorde vinculado o seu aparecemento, igual que en xeral o dominio das tecnoloxías; mais nada permite negarmos que, nas próximas décadas, eses adolescentes que participaron na creación e na extensión da linguaxe SMS continúen, xa na madurez, a utilizar esta escrita nas súas relacións vía SMS, xa que o que prima neste medio é a necesidade de se adaptar ao contexto e non tanto a faixa etaria das persoas usuarias. A implantación das TIC desde os primeiros anos do ensino podería favorecer o coñecemento e o uso das novas ferramentas e, xa que logo, propiciaría este tipo de prácticas (véxase 3.4.2.1).

Independentemente dos mecanismos lingüísticos empregados pola persoa que envía unha SMS –emotícones, abreviaturas etc.– esta linguaxe funciona porque existe no marco dunha comunidade un certo consenso sobre o que os códigos significan e porque na maioría dos casos o contexto permite resolver os casos que presentan ambigüidade. A interpretación ten unha compoñente subxectiva, dado que a escrita SMS non está isenta de matices, mais apóiase no traballo da persoa receptora –tamén cómplice e co-produtora do mesmo código–, de modo que dous ou tres signos aparentemente impronunciábeis para unha persoa que descoñecer este sistema poden constituír para a emisora e a receptora unha auténtica mensaxe. Na opinión de Chiappe (2008), esta escrita silenciosa, chea de convencións non escritas, agocha todo o que o desenvolvemento textual conseguiu captar dos xestos, só que a persoa emisora xa non o escribe, senón que o sobreentende a receptora. Así as cousas, as faixas etarias máis novas encontran nesta linguaxe –ao igual que nas SMS– un novo medio a través do cal, por un lado, reforzaren os lazos de pertenza a un grupo, con que partillan os mesmos valores e os mesmos referentes sociais e, por outro lado, marcaren as diferenzas a respecto doutros colectivos, dado que se trata de códigos en moitos casos indescifrábeis para aquelas persoas que descoñeceren as súas regras⁵⁸⁷. E esta é unha das razóns fundamentais

⁵⁸⁶ Sobre esta cuestión, Specht / Sperandio / De la Garza (1999:117-118) indican que existen certos factores físicos, cal a diminución progresiva da agudeza visual ou auditiva, que combinados con defectos ergonómicos dos dispositivos electrónicos de uso corrente permiten explicar o relativo desinterese das persoas de idade polo telemóbel e as súas aplicacións.

⁵⁸⁷ Quere dicir, é importante poder comunicarse nunha modalidade propia que represente ao grupo, de aí que a xente nova necesite continuamente crear novos termos que lle permitan conservar e actualizar o seu carácter grupal e a súa propia connotación. Neste sentido, Zimmermman (1996:484) afirma que a mocidade adoita reaxir

que levou moitos autores a se referiren á linguaxe SMS como unha xiria xuvenil, circunscrita en exclusiva a este grupo de idade, cal Betti (2006:68) ou Martin (2009), quen sinala que as SMS

constituyen formas reflexivas, expresivo-discursivas que dan cuenta de un imaginario que permite posicionarse, estratéxicamente, fronte a los otros [...]. Las tecnologías de los mensajes de texto reintrodujeron la comunicación escrita, aunque con nuevas características: permiten reproducir, también a distancia, un código que mantiene unido a los grupos, un habla particular, veloz gracias a las abreviaturas, y con un componente gestual muy significativo [...]. Es posible pensar, en este sentido, que los jóvenes se inspiran y utilizan los telefonitos para actividades muy diversas, y que éstos, proporcionan y diseñan, de manera también móvil y en combinación con otros medios, las dimensiones de lo que los jóvenes pueden –y quieren– ser.

Nun artigo do xornal dixital luso *Veja.com*, a profesora Maria Teresa de Assunção Freitas, autora da obra *Leitura e Escrita de Adolescentes na Internet e na Escola* (2005), salienta que os/as principais autores/as –nin sempre sinónimo de usuarios/as– desta escrita simplificada son os/as máis novos/as, e especialmente, a mocidade porque, na súa opinión, é a que ten unha maior facilidade para se adaptar aos símbolos dun novo código, polas características da súa propia idade. Para esta autora, é propio da persoa adolescente crear código e no telemóbel a adhesión á linguaxe simplificada é aínda maior, debido ás dificultades de dixitación que ofrece o pequeno teclado do dispositivo⁵⁸⁸. Do mesmo modo, tamén afirma que o dito condicionamento técnico provoca que non só a mocidade utilice este sistema, mais tamén os novos adultos e os adultos. Sobre esta cuestión, Crystal (2008:20) subliña que, embora non sexa un fenómeno exclusivo da xente nova, será esta faixa etaria aquela que utilizará con máis intensidade as estratexias de simplificación lingüística asociadas a esta escrita. Así, canto maior for a idade das persoas que a empregan, máis probabilidades haberá de que as SMS presenten un estilo máis próximo do estándar, isto é “many texters alter just the grammatical words (such as you, be and can)” e, na mesma liña, “their texts may use quite informal language, but they are nonetheless spelled, capitalized and punctuated conventionally”, como ilustran os seguintes exemplos extraídos do noso corpus, en que podemos observar unha progresión conforme aumentar a idade⁵⁸⁹.

Ei, Prda q xe cortara xo taba ntrand n kasa dos avs d **** e nn era plan! So t xamei xa cnfirmar se hox abia feir mdvl?! Q tal? Fuxs praia? Nn xam x s mlsto! Bk (A398)

Ola! Akb d xegar a casa q deíxei o mbl krgando! Q ansias x deus! Jaja! Ok o domingo way! Ao meyor tms l amiga d sviya x aki! Hai l prato +? (A402)

Sintoo pero tiven ke ingresar no hospital, asi ke pospoñemos o café para kando me dean a alta. l biko (B2)

contra as formas de asimilación e de imitación doutros colectivos (o das persoas adultas e o das crianzas) e que para conservar a función do que simboliza a identidade de grupo se ve na “obriga” de crear novos símbolos.

⁵⁸⁸ Segundo Cortelazzo (2000:29), a lingua experimenta a opresión da pequena pantalla do telemóbel e por iso sofre as abreviaturas, a simplicidade sintáctica e a presenza de contidos implícitos.

⁵⁸⁹ As estatísticas extraídas do noso corpus sobre esta cuestión demostran un claro predominio dos mecanismos de abreviación nos grupos etarios máis baixos. E se ben que estes aparecen en todas as faixas de idade, son moito máis numerosos en 15-25, onde a media é de 5,3 recursos de abreviación por SMS, en canto que se reducen en 25-40 a 2,5. Porén, no terceiro (+40), a cifra é lixeiramente superior: 3,5, seguramente como consecuencia de que o número de SMS que contén cada grupo varía. Non obstante, os resultados obtidos do inquérito (véxase 6.II) avalan, en liñas xerais, esta hipótese, se ben que tamén evidencian o avance desta modalidade a outras faixas etarias, pois do 59% que afirmaba utilizar unha escrita simplificada nas súas SMS, o 17% corresponde ao grupo de 15-25, que agrupa mocidade e novos adultos, o 29% ao grupo de 25-40 e o 13% ao grupo de +40.

X ren, era pa te avisar d q xa non tou na casa e d q chegarei tarde. Ainda asi, vemonos xla maña. Chama se necesitars calquera cousa (**B13**)

Como estaba previsto, es unha fenomeno!! Bicossss (**C10**)

Carta no buzón (**C32**)

E o mesmo acontece cando se trata de mensaxes institucionais, comerciais ou publicitarias, que por norma adoitan utilizar o código estándar e os sinais de puntuación para enviaren a súa información. Con todo, algunhas mensaxes de natureza publicitaria ou propagandística –como MNP8– tamén se valen dalgúns recursos da linguaxe SMS, como o emprego de maiúsculas, a ausencia de acentuación ou o emprego da puntuación expresiva (véxase 3.6.2.2). As SMS que figuran a seguir harmonizan con esta tese:

Agora en Novagalicia Banco ten vostede un préstamo preconcedido para o que precise. Somos un novo banco cos clientes de toda a vida. (**MNP2**)

Xa ten dispoñibles os datos fiscais de Renda 2011 de NIF ***7227**. Con referencia *****. Pode consultalos em WWW.aeat.es (**MNP4**)

En BLOQUE podemos, domingo 12 da mañan. Pazo de Congresos (San Lazaro-Santiago). NON FALTES!!! (Teremos espazo infantil) (**MNP8**)

A impresión xeral que as persoas lectoras poden extraer do número de SMS que foron presentadas até o de agora –e non só neste capítulo– é a diversidade estilística que presentan. Na nosa opinión, achamos que isto é debido en parte ás diferenzas de idade e ao distinto grao de familiaridade das persoas usuarias a respecto do medio electrónico. Cando as SMS foron consideradas un fenómeno das faixas etarias máis novas, os adolescentes tomaron este sistema de interacción como propio e secundarizaron as regras da linguaxe convencional, transformaron os usos das maiúsculas e dos sinais de puntuación e conseguiron que un modelo atrevido e transgresor se puxese de moda –non só entre os membros dese grupo. No entanto, cando o resto da poboación comezou a utilizar este medio para interaxir con outros individuos, o estilo das SMS mudou para reflectir os hábitos lingüísticos das persoas usuarias, moitas das cales preferían utilizar só o código estándar. Por esta razón, concordamos con Crystal (2008:21) en que a multiplicidade de formas é nestes momentos a “e-norm⁵⁹⁰”. Aliás, a linguaxe SMS é unha variedade que experimenta unha rápida evolución e que, á diferenza doutras modalidades lingüísticas que posúen unha norma clara, a das mensaxes de texto está aínda por codificar. De feito, non hai un único estilo de referencia, como acontece para o caso dos xornais ou das revistas, senón que existen diversas variantes lingüísticas. Así, unha palabra como *casa* –de tan só catro letras– aparece no noso corpus de

⁵⁹⁰ Porén, existen estudos que indican que camiñamos cara a unha fixación normativa deste modelo de escrita. Neste sentido, a compañía británica *Tegic Communications* sostén que o 44% das persoas usuarias de telefonía móbil gustaría de que se crease un “código de comportamento” para a linguaxe SMS e que se acabase así coas SMS “mal redixidas”, nin sempre trasladábeis ao modelo estándar e, con moita frecuencia, rexeitadas polos puristas da linguaxe (Betti 2006). No entanto, convén sinalarmos que este informe procede da empresa que inventou o sistema de escrita rápida para as SMS coñecido como T9 ou texto predictivo, que como comprobamos en 2.3.1.2 non tivo demasiado suceso; isto fainos pensar que estas opinións responden máis a intereses propios do que a datos empíricos procedentes de investigacións científicas e rigorosas que, como evidencia este traballo, camiñan na liña contraria.

modo moi diverso dunha SMS para outra ou inclusive nunha mesma mensaxe: *cas, kas, ksa, kasa* ou *csa*⁵⁹¹.

Mais a idade non é o único factor importante nunha análise destas características e diversas personalidades no campo documentaron, igualmente, a existencia de diferenzas de sexo no uso deste código. Así, Waseleski (2006) revela un maior uso de sinais de exclamación por parte das mulleres que por parte dos homes, o que concorda con outros fenómenos sinalados en Sánchez Rei (2011:66-67) que aluden ao feito de as mulleres presentaren unha maior tendencia a expresaren as súas emocións a través de recursos lingüísticos. Nesta liña, convén salientarmos que tamén empregan máis abreviaturas e máis emotícones que os homes, máis fórmulas de saudación e de despedida etc. En 2.3.2.1 sinalamos que, embora os homes adoptasen máis axiña esta tecnoloxía, as mulleres rapidamente se converteron nas usuarias máis entusiastas das SMS, o que tamén se reflicte no emprego en maior ou menor medida de determinadas estratexias en materia de lingua. No seu estudo sobre a sociolingüística das SMS, Ling (2005) determinou diversas diferenzas a respecto do comportamento lingüístico das mulleres e dos homes neste medio: as mulleres escriben, polo xeral, mensaxes moito máis longas do que os homes e, con frecuencia, tenden a aproveitar o espazo máximo de 160 caracteres que lles ofrece o sistema. Segundo datos extraídos do noso corpus, o número medio de palabras por SMS para as mulleres é de 18,7, en canto para os homes é de 13,6. Tal feito tamén revela en certo modo diferenzas na complexidade gramatical das mensaxes que un e outro grupo envía. Neste sentido, no total de 116 SMS redixidas por homes o 73,2% contén cláusulas simples e/ou compostas, en canto a porcentaxe para o caso das mulleres se reduce ao 39,9%⁵⁹²:

Selección SMS de mulleres

Boas noits baby! Qtm8, no o sqzas nunca! Came what may! En srio, stou para o q ncsits, aind q nn m gust! Hox pasein xnial kntigo! Qtm8 pk! Q dskanses! (A14)

Ola ***,q tal a find?Nos x casa,sn moit nvidade.Chameit pro nn stabas asiq xa falarms do d mña pra saber cmo facms.biquiños (B16)

Prdone x dsprtala!!!! pero ahora e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun colegita d ***** e maña vams ir o prke acuatico...apuntadevos e vide k ali ven coyedes!!!! (C20)

Selección SMS de homes

A k ands km ands esta semana necesitab un favor (A528)

Moitos parabéns (de novo) e un grande beixo! (B41)

xa teño eu (C41)

⁵⁹¹ Véxase A75, A197, A220, B26, entre outras moitas.


⁵⁹² No entanto, Ling (2005) tamén apunta que as mulleres son –aínda que poida parecer contradictorio– as que mellor conservan tamén nas súas SMS as convencións da ortografía tradicional e, por tanto, empregan a puntuación estándar, as maiúsculas de modo apropiado e redixen as palabras sen omitir vogais ou consoantes: “8.5 per cent of women introduced capital letters as found in the standard language, compared with only 4.9 per cent of men”. Isto pode deberse a que as mulleres, de acordo con Sánchez Rei (2011:64), en certos contextos tenden a se aproximaren o máximo posíbel da variedade de prestixio ou do estándar, dado que aínda precisan de recoñecemento social. A este respecto, véxase tamén Holmes (1993) ou James (1996).

No entanto, isto non acontece en todos os medios de CMC, onde tamén se documentan exemplos moi diferentes aos presentados neste estudo, consecuencia en moitos casos da ausencia de restricións no número de caracteres. Sobre esta cuestión, Baron (2004:405) afirma que nos medios asincrónicos, cal as listas de distribución ou os grupos de debate, os homes son máis propensos a participaren a través de mensaxes máis longas, a comezaren e a encerraren discusións nos grupos mixtos, a aseveraren firmemente, a utilizaren unha linguaxe máis dura (incluíndo palabróns) e a manifestaren certa hostilidade ou confrontación cara aos seus interlocutores. No lado oposto, as mulleres tenden a enviar mensaxes relativamente curtas, e adoitan calificar e xustificaren as súas opinións, desculpárense, expresaren apoio ao resto dos interlocutores e, en xeral, manteñen un clima cordial coas outras persoas que participan dese medio. Non obstante, a autora tamén advirte que nos sistemas de CMC sincrónicos as diferenzas de sexo no que respecta á participación e ás estratexias lingüísticas empregadas costumaban estar máis equilibradas, sobre todo a termos en consideración a lonxitude e o número de mensaxes enviadas. En relación co sexo, o traballo de Rafi (2009) parte da asunción de que un dos grandes motores das SMS e do seu código lingüístico se encontra entre a comunidade feminina da poboación e, igualmente, sostén que tanto as súas escollas lexicais como as morfosintácticas son diferentes daquelas que realizan os homes. Para alén do número de palabras por SMS e da complexidade gramatical das mensaxes –cuxos datos concordan cos sinalados anteriormente por Ling (2005)⁵⁹³–, este autor tamén salienta a densidade lexical das palabras empregadas polas mulleres, o que tamén vira patente de examinarmos novamente os exemplos anteriores.

Os resultados obtidos do noso inquérito demostran, igualmente, que o sexo feminino constitúe o colectivo que axudou en maior medida a dotar de grande proxección este sistema de interacción e o sistema de representación da lingua escrita que a el xorde asociado. Así as cousas, do 90% das persoas entrevistadas que afirmou utilizar con certa frecuencia este medio de comunicación, o 54% corresponde a mulleres e, na mesma liña, o número de SMS que envían diariamente é maior ao declarado polos homes, como se pode observar da gráfica que figura máis abaixo. Igualmente, do 55% que prefíre as SMS para interaxir en lugar doutros medios, o 37% está formado por mulleres. Para Baron (2004:402) isto débese a que as mulleres utilizan este sistema de comunicación de forma predominante como unha ferramenta que facilita a interacción social, en canto que os homes o prefíren como un sistema a través do que transmitir información. En relación coa modalidade lingüística, do 59% que afirmou empregar mecanismos de redución, o 39% foron mulleres e, igualmente, das 237 persoas entrevistadas o 74% considera que non existen diferenzas significativas no uso da linguaxe SMS en función do sexo, mais un 21% xulga que as mulleres se erixen como as que maiores mecanismos de simplificación introducen nas súas mensaxes. Unha análise pormenorizada das SMS que conforman o noso corpus permite, *a priori*, corroborar esta segunda hipótese; con todo, o número de mensaxes con que contamos para un e outro colectivo non é simétrico, de modo que vira complexo ponderarmos estas cuestións⁵⁹⁴.

⁵⁹³ Neste punto, Rafi (2009) apunta que dentro do sector feminino son as persoas entre quince e dezanove anos aquelas que se mostran particularmente máis propensas a escribiren SMS máis longas e de maior complexidade.

⁵⁹⁴ Isto débese á metodoloxía empregada para a compilación do noso corpus, aberta para todas as persoas que quixeron contribuír ben a través do formulario, ben a través dos nosos informantes (véxase Metodoloxía). Porén, o que para algunhas persoas pode ser considerado un inconveniente nun estudo destas características, para nós é máis unha proba do papel significativo que as mulleres desempeñan no suceso desta ferramenta e na expansión da súa modalidade gráfica.



GRÁFICA Nº1. Frecuencia de envío de SMS por sexos

En síntese, observamos que a literatura existente sobre o perfil das persoas usuarias da linguaxe SMS apunta para un emprego maioritario entre a poboación máis nova e, neste grupo determinan como especialmente produtivo o colectivo feminino, o que para diversos autores, cal Sempere (2007) ou Castro (2008), é consecuencia de seren estas as xeracións que nacen en pleno auxe da tecnoloxía. Con todo, concordamos con Teixeira (2008), en que case sempre as explicacións simples acaban por ser simplistas e non focan aspectos importantes da cuestión, como acontece neste caso. Por tanto, xulgamos que sería máis correcto indicarmos que as condicións en que se desenvolveron as SMS favoreceron o incremento dunha determinada forma de escrita, máis simplificada, entre a mocidade, que a acolleu como máis un elemento de identidade do grupo. No entanto, na actualidade as persoas – independentemente da súa idade– posúen cada vez maiores coñecementos sobre o uso das tecnoloxías e, en consecuencia, coidamos que este feito xa non supón unha limitación. Así, reiteramos novamente que o que prevalece neste medio de interacción é a exigencia de as persoas teren de se axustar ao espazo que determina o sistema de mensaxes curtas, ás dificultades de manexaren a interface –teclado, pantalla etc– e ás propiedades comunicativas dos medios electrónicos, onde a rapidez do intercambio adquiriu unha nova dimensión. Serán, por tanto, factores de índole contextual os que contribuirán para que se desenvolva unha nova modalidade de escrita caracterizada “for a reasonable use of syntactic and lexical short forms, which save character space, or touches of the handset keys, as compared with using the full forms of words” (Döring 2002:7)⁵⁹⁵.

A importancia do contexto de comunicación é pois transcendental, non só polas propiedades técnicas dos dispositivos que vehiculan as interaccións, mais tamén polas condicións particulares en que se desenvolve o intercambio. Neste sentido, as diferentes funcións das SMS motivarán diferentes modelos de lingua de maneira que “it is not yet clear how far variant types of text messaging will emerge [...]. Some use abbreviated forms, some don’t. Some use full sentences; some don’t. Some engage in word-play; some don’t” (Crystal 2008:32). Para este autor, existen moitas variábeis que deben ser exploradas para así comprendermos “what people do when they text”. En consecuencia, ao igual que se poden achar diferenzas entre os diferentes sexos ou entre a xente nova e as persoas adultas, tamén a situación en que se enmarca a enunciación ou as propias características idiosincráticas da persoa poden determinar a existencia de resultados dispares, inclusive entre individuos dun

⁵⁹⁵ Nunha liña similar, Herring (2001) subliña que os sistemas sincrónicos de CMC impoñen restricións temporais ás persoas usuarias que provocan como consecuencia a redución da complexidade lingüística en comparación cos medios asíncronos que, na súa opinión, “permits users to take their time in constructing and editing messages”. Con todo, a natureza semisincrónica da maior parte das SMS constitúe máis unha razón para o emprego de mecanismos e estratexias de redución.

mesmo colectivo. As diverxencias particulares prodúcense na linguaxe SMS de igual modo que en calquera outro dominio lingüístico⁵⁹⁶; neste sentido, ao mesmo tempo que os individuos gustan de se sentir parte dun mesmo grupo e así o demostran a través do uso dos mesmos recursos lingüísticos –como acontece coas xirias ou os tecnolectos (Sánchez Rei 2011:60)–, tamén se deleitan expresando a súa individualidade; no caso da linguaxe SMS, isto conséguese a través da invención de novas formas e do uso de recursos xa existentes, mais de modo alternativo. Este tipo de innovación alcanza o seu máximo expoñente nos concursos que premian a orixinalidade das SMS (véxase 3.4.2.2), mais tamén se observa nas mensaxes que se envían de forma ordinaria en que –a pesar dos glosarios e dos dicionarios que xa recollen moitos termos da escrita SMS– existe unha grande variedade estilística e ortográfica.

A ausencia de investigacións rigorosas neste campo torna aínda máis complexo determinarmos o grao de idiosincrasia dun uso específico. Así, retomándonos os diferentes modos de deletrear a palabra *casa* –*cas, kas, ksa, kasa* ou *csa*– cabería preguntarmos cales destes recursos son partillados polo grupo e cales son propios dun individuo e, da mesma forma, cales son sistemáticos e cales non. Como xa sinalamos a respecto do noso corpus, unha persoa pode redixir unha palabra de diferentes modos nunha mesma SMS; nestes medios, debemos intuír que existe un pauta ou que o seu uso é simplemente aleatorio? Na nosa opinión, para os casos en que se utilizan diversas formas para representaren unha palabra nunha mesma SMS, as razóns –de existiren– haberá que as buscar nas limitacións de espazo –se algunha das formas permite reducir en maior medida o número de caracteres (véxase A322)– ou na desautomatización da linguaxe⁵⁹⁷, isto é, no desexo de transgredir o código estándar a través de recursos creativos e orixinais, naquelas formas que non responden ás limitacións da aplicación ou da interface, como acontece cando utilizamos *kasa* en lugar de *casa* ou *k* en lugar de *q* (véxase A57). As motivacións que están por detrás destes usos parecen moito máis claras cando aparecen en distintas SMS: así, podemos pensar que as formas que máis se aproximan do estándar ou inclusive a variante normativa se utilizará en contextos formais (véxase A21), en canto o resto das hipóteses terán maior probabilidade de seren usadas en mensaxes de natureza informal ou mesmo humorística (véxase A20). Nas seguintes mensaxes podemos observar todas as posibilidades mencionadas:

A **** nn ye dixn *q* xo kntara, xo si *que* falms asi q ...douye saudos. Xa sta + tranqlo. (A324)

Nn era pa *k* saiseds. Iate sperar a saida n plan romantiko, xo ante o rechazo *q* podo facer? Jajaja! Terei *q* knformarm ko mail. :-(ate maña (A57)

*****, Teño cita no *medico* as 10 e media e teño que ir entregar uns papeis a maestranza polo do contrato, asi *q* non sei a *q* hora chegarei. Saudos. **** (A21)

Ola chorvi! Q tal? Stas meyor? Eu tño pra rato no *mdiko*! Sigo sn nticias d **** xo awantndo! Jeje! Vai abr kfe? Koidat petarda! Muaka! (A20)

⁵⁹⁶ A respecto dos idiolectos, Sánchez Rei (2011:89-90) pon de manifesto que “as relacións que un utente posuír coa lingua, ben [como] tamén os trazos da súa personalidade, son aspectos para se teren en conta que inciden directamente na caracterización do seu modo de falar ou de escribir”.

⁵⁹⁷ Trátase dun concepto aplicado en teoría literaria e tamén en lingüística e introducido polo formalismo ruso, nomeadamente a través de Viktor Shklovski, e defínese como un proceso por medio do que o espírito creador da persoa irrompe na linguaxe e se revela contra o seu carácter colectivo e socializado, quebrando así a súa relación convencional. Erixese, en definitivo, como un xogo creativo coa lingua e, por esta razón, pode ser doadamente aplicado á escrita SMS, aínda que tradicionalmente fose considerado só como unha compoñente básica da linguaxe artística e literaria. Véxase Mironesko Bielova / Hita Jiménez (2004).

E embora estas cuestións poidan ser examinadas a través do estudo de textos isolados, cómpre tamén termos en consideración que a maioría das SMS que se envía ten como finalidade principal establecer un intercambio e, neste sentido, vira relevante atendermos á noción de texto dialogado. Os estudos existentes sobre a lingua oral (véxase Dale 1992) afirman que os interlocutores exercen unha influencia mutua no modo en que se expresan, normalmente adoptando trazos do acento da persoa con quen dialogan, mais tamén do léxico ou mesmo das súas estruturas morfosintácticas⁵⁹⁸; na opinión de Crystal 2008:58), unha acomodación similar prodúcese tamén na comunicación mediada polos dispositivos electrónicos de modo que “the features I use in my text are going to be influenced by the features you use, and viceversa. If you write *u* and *nite*, then so will I. Only when I want to preserve a distance from you am I likely to reply to your *u* and *nite* by choosing different spellings, such as *you* and *night*”. Esta situación ten lugar, por exemplo, en interaccións entre diferentes grupos como os adolescentes e os seus pais ou as súas nais, onde sería tan artificial para as familias como embarazoso para os nenos que o pai ou a nai adoptase as abreviaturas que empregan as crianzas, do mesmo modo que cando se adoptan características propias da xiría xuvenil. Esta adaptación contextual entre diferentes grupos etarios comeza a se disipar á medida que o uso das tecnoloxías se estende cara á poboación adulta. Así, o seguinte intercambio entre persoas pertencentes aos dous grupos máis afastados da nosa clasificación presenta trazos similares no emprego de mecanismos de simplificación lingüística⁵⁹⁹:

Ola!!!! o cmple cmbiamlo po domingo 12... nn m daba conta k o sabado trabayo...ok!!!! (C21)

Ola...estas ai????? Si keres mandoche 5 euros p cntstar!!!! (C22)

Ola! Akb d xegar a casa q deíxei o mbl krgando! Q ansias x deus! Jaja! Ok o domingo way! Ao meyor tms l amiga d sviya x aki! Hai l prato +? (A402)

Nn t preocupes k mntres cociñe miña nai ay comida d sobra... (C23)

A pesar de a lingua das mensaxes en C21, C22 e C23 participar de moitas das propiedades da escrita SMS (acrónimos, abreviaturas, puntuación expresiva, ausencia de acentuación, eliminación de consoantes e vogais, simplificación da correspondencia fonema / letra etc., que veremos en 3.2), a propia autora é consciente de que o grao de simplificación é moito maior no caso da súa interlocutora. Neste sentido, noutro intercambio o contido da súa SMS pon de relevo a dificultade de comprensión da mensaxe a que responde debido á distancia que presenta co código estándar⁶⁰⁰:

⁵⁹⁸ A este respecto, vira relevante a Teoría da Acomodación Comunicativa (Almeida 2003:209-216), que indica que ao interaxiren persoas con diferentes modelos de comportamento lingüístico poden desenvolverse diversas estratexias comunicativas que eliminan, reducen, manteñen ou reforzan esas desigualdades. Neste sentido, tamén Sánchez Rei (2011:191) afirma que este tipo de actitudes acomodativas constitúen “un proceso natural” nos intercambios cotiáns.

⁵⁹⁹ Concretamente, o suxeito pertencente ao grupo A (15-25) ten 25 anos, é muller e procede de Pontedeume (A Coruña), en canto o suxeito do grupo C (+40) ten 41 anos, é muller e reside en Monfero (A Coruña).

⁶⁰⁰ Chama tamén a atención que na SMS final en que se alude á intercomprensión da mensaxe, se mude tamén de lingua (véxase 3.3.2).

K tal vay ese oyo???? espero k non ye devolveras o golpe a ****!!! (C8)

Pois vai tirndo! Tño 1 bo nfermeir!! jaja! A vr s m kra pra o kngres snn vou ir ghuapa...e x ai q tal? Alg1 novidd? Bks (A331)

joder guapa...a ver si scribes un poco mejor x k casi no se ni k dices!!!! ...por aki todo igual...lo peor soy yo k cada dia k pasa soy mas viejiña (C9)

De acordo cos datos obtidos do noso inquérito, podemos corroborar que a maioría das persoas que utiliza a linguaxe SMS é consciente das diferenzas situacionais e é capaz de adaptar a súa linguaxe ás circunstancias particulares en que se desenvolve o intercambio ou a unha determinada audiencia⁶⁰¹. Sobre este particular, o 86% das persoas informantes asocia este tipo de escrita a contextos de uso informais e afirma modificar a súa lingua en función da persoa a que for dirixida a mensaxe; con todo, hai individuos que adoitan estender estas prácticas a todas as esferas, sen excepcións (5%). De igual modo, ao 52% do colectivo de informantes –usuariado ou non– non lle incomoda recibir SMS en que se empregue este sistema de escrita, dado que unha vez que se acostuma a el considéranse de doada comprensión e porque, nalgúns casos, tamén descifrar o contido das mensaxes se converte nunha actividade lúdica. Non obstante, o outro 48% acha que esta modalidade gráfica atenta contra a gramática, dificulta a lectura e require uns custos de tempo maiores para as interpretar⁶⁰² e, por tanto, non gusta de recibir esta clase de mensaxes cifradas, que para moitos constitúen auténticos hieróglifos. No noso corpus achamos unha grande variedade de rexistros, inclusive nas SMS procedentes dunha mesma persoa informante (véxase A362 e A363 ou B19 e B20), que escolle uns recursos ou outros en función do contexto do intercambio, da persoa a quen se dirixe e do grao de interrelación existente entre ambos⁶⁰³:

Mañá temos a reunión de departamento. Non olvides presentar antes o informe. Vémonos mañá. Unha aperta! (A347)

Stou no kngreso q che dixera! Vlvo maña! Xa che knto a fin d semana! Biks (A362)

Estou nun congreso en Portugal. Cando volva xa te chamo. Saudos (A363)

Moitos parabéns (de novo) e un grande beixo!(B19)

⁶⁰¹ En relación con isto, Herring (2001) sinala que a través do modelo de lingua utilizado podemos extraer igualmente trazos identitarios dos nosos interlocutores: “information about participants’ *educational level* is given off largely unconsciously by their sophistication of language use, including adherence to prescriptive norms”. Neste punto discordamos coa antedita lingüista, pois xulgamos que o nivel de competencia nunha lingua é aquel que nos permite dominar a maior cantidade de rexistros posíbeis e, en consecuencia, empregarmos un rexistro menos elaborado cando rediximos unha SMS non é sinónimo de posuímos un nivel educativo máis baixo do que outra persoa que escribe na variedade estándar, senón todo o contrario, como indicaremos máis adiante (véxase 3.4).

⁶⁰² A respecto dos custos e das vantaxes cognitivas no proceso de produción e de interpretación da linguaxe SMS, véxase Perea / Acha / Carreiras (2009:52).

⁶⁰³ No tocante ao correo electrónico, Herring (2001) sinala que “variation in structural complexity in e-mail messages, therefore, must be understood as reflecting social situational factors which determine what level of formality –and with it, standarness and structural complexity- is appropriate to the context. For example, staff in an Australian University exchange private e-mail filled with informal, spoken language features: contractions, abbreviations, use of lowercase in place of uppercase, omission of punctuation, and omission of grammatical function words. Yet the same e-mail technology, when used by computer scientists interacting professionally in a public discussion group on the ARPANET, produced highly standard messages containing features of syntactic complexity such as nominalizations, subordinate and complement clauses, use of the passive voice, and heavy noun phrases”.

Olá, ***. Km vai td? Tms d flar d vrias csas, kmo, x xplo, d dncia k vas ipttir st ano, ds copias d rnsión d *****, d meu nnk visto nin palpado teu TFM etc. Kmo ts sts días? Fco á spera d rcbir nvas ts. Aprts (B20)

Ola...ola...k tal todo por ai????? xa stad prparndo o ekipaje????? (C18)

Sen dúbida, esta versatilidade da linguaxe SMS pode ser explicada en parte polas diferenzas individuais a que xa fixemos referencia. Así, algunhas persoas son lingüísticamente innovadoras, outras conservadoras, algunhas gustan das abreviacións, outras rexéitanas; con base no sinalado por Crystal (2008:60), a mesma clase de antagonismo pode ser encontrada en relación con calquera outra área de uso: pronunciación, construcións gramaticais, un determinado vocábulo etc., e a linguaxe SMS non constitúe un fenómeno diferente. Neste sentido –e a pesar das fortes críticas que recibiu (véxase 3.4.1)–, coidamos que o uso desta modalidade lingüística require un nivel medio-alto de competencia, nomeadamente no que se refire ás habilidades escritas, pois serán estes coñecementos os que permitirán crear e interpretar os recursos de redución e os xogos lingüísticos propios da variedade. Así, defendemos que as características desta linguaxe presupoñen un coñecemento previo e consolidado da compoñente gramatical e ortográfica da lingua de partida e non á inversa e, por tanto, tamén achamos que a linguaxe SMS non exerce influencia negativa nas producións escritas na lingua vehicular⁶⁰⁴. De feito, algúns estudos, como o levado a cabo na Universidade de Tasmania por Bushnell / Kemp / Heritage Martin (2011:35), revelan que o emprego da linguaxe SMS “is associated not with declining standards of literacy, but with better spelling skills” (véxase 3.4.2.1). Subsecuentemente, xulgamos que os desvíos ortográficos, fonéticos, lexicais e morfosintácticos a respecto da norma, non son –na maioría dos casos– erros, xa que se trata de accións que as persoas realizan de forma premeditada. Por tanto, “some texters will be good spellers; some will be bad. (It is the same wih non-texters). But on the whole, the deviant spellings we see in text messaging give the impression of people consciously manipulating the writing system, rather than making inadvertent errors” (Crystal 2008:48)⁶⁰⁵.

En definitivo, notamos que tanto a literatura precedente como os resultados do inquérito e da análise do noso corpus poñen de relevo que, máis unha vez, as faixas etarias máis novas se posicionan como as maiores usuarias deste sistema de representación da linguaxe escrita, cunha porcentaxe de emprego máis alta por parte das mulleres que, segundo Ling (2005), “are more ‘adroit’ and more ‘literary’ texters”⁶⁰⁶. Porén, a linguaxe SMS xa non é un fenómeno exclusivo destes grupos, xa que, á medida que estas tecnoloxías se fixeron accesíbeis para toda a poboación, outros colectivos adoptaron esta modalidade gráfica, dado

⁶⁰⁴ Para Teixeira (2008), “o código em que assentam (mesmo as mais radicais, na escrita de polegar) é o código escrito tradicional que é respeitado (quando é conhecido) mesmo nos aspectos puramente etimológicos [...]. É que, na realidade, o verdadeiro código-suporte em que assentam todas as alterações é o código gráfico tradicional. É ele o cimento que agarra e suporta as alterações mais ou menos criativas, mais ou menos divergentes”

⁶⁰⁵ Na mesma liña, tamén Herring (2001) sostén que aínda que a linguaxe dos medios de interacción electrónica conteña con frecuencia propiedades non normativas, só unha pequena porcentaxe destas debe ser considerada erros causados por falta de atención ou de coñecemento das formas da linguaxe estándar, pois a grande maioría responde a escollas conscientes.

⁶⁰⁶ Sobre este particular, Höflich / Rössler (2002:92) salientan que “los chicos en general no utilizan la totalidad del espacio de 160 caracteres, sino que optan por mensajes de entre 40 y 50 caracteres. Las chicas por su parte destacan el hecho de que el espacio se les llena fácilmente, y critican también la poca destreza de los chicos para interpretar los mensajes SMS. Las chicas dicen que deben escribir los mensajes a los chicos en ‘lenguaje llano’ sin demasiadas abreviaturas, referencias ni sugerencias”.

que –como indicaremos na seguinte sección– todos eles partillan un mesmo interese: expresaren o máximo de información no menor espazo posíbel. Igualmente, puidemos ver que o sexo e a idade non son as únicas variábeis que debemos ter en conta para determinarmos o perfil das persoas que utilizan este sistema gráfico, mais tamén o contexto, o coñecemento do código estándar e unha boa competencia lingüística viran relevantes nunha clasificación destas características. Por esta razón, inclusive as persoas máis hábeis no dominio da variedade adaptarán a súa linguaxe á situación en que se desenvolver o intercambio, de modo que para comunicacións de natureza formal optarán por un modelo máis próximo do estándar, en canto para as interaccións informais desprezarán un maior número de estratexias tendentes non só á redución, mais tamén á experimentación lingüística; e neste sentido, canto maior for o grao de exposición á norma escrita, maiores serán tamén as ditas habilidades.

3.1.1.2. Por que?

Apropiámonos das palabras de Castro (2008:50) para darmos inicio a esta sección, dado que sintetizan moi ben os aspectos que serán tratados ao longo das seguintes páxinas:

Longe vão os tempos em que [unha persoa] se angustiava por momentos de inspiração para escrever e cuidar na forma de exprimir um sentimento, um pensamento ou uma reflexão, já que a forma como se materializava no papel o nosso pensamento, reflectia muito da personalidade de quem escrevia e, como tal, havia que ter certos cuidados, tais como: não dar erros, ter uma caligrafia legível e bonita, escolher a palavra certa para cada ideia revelada. Contudo, com o advento de novas práticas de interacção, próprias de uma Sociedade que privilegia a informação e a comunicação nun número limitado de caracteres e que se movimenta na Rede, emerge uma ‘nova’ escrita electrónica, a linguagem dos SMS, construída por uma geração que nasceu e cresceu familiarizada como a Comunicação Mediada por Computador (CMC). Através deste novo léxico, procura-se ser expressivo e comunicar o máximo no mínimo de espaço, recorrendo ao mínimo de palavras, abreviadas e/ou com cortes, e recorrendo à iconografia, dando-lhe um ‘rosto’ mais humano.

As razóns para as persoas usuarias deste código están moi claras e, na maioría dos casos, trátase dunha cuestión que tan só formula aquela xente que non adoita redixir SMS. Algúns individuos, persuadidos polas exaxeracións que entenden que esta linguaxe é unha invención perniciosa, declaran que nunca a utilizarán, en canto que aqueles que comezaron a empregar as mensaxes de texto para se comunicaren afirman na mesma liña que nunca abreviarán. Con todo, o certo é que moitas persoas, en maior ou menor medida, utilizan recursos lingüísticos que se afastan da norma estándar e que responden a diversas motivacións, entre as cales salientan a facilidade e o carácter lúdico que supón a experimentación lingüística⁶⁰⁷. A limitación a 160 caracteres por mensaxe e as características do teclado constitúen sen dúbida os factores principais que favoreceron o desenvolvemento destas estratexias e que, por súa vez, permitiron ilustrar a hipótese establecida por McLuhan (1976) de que o medio condiciona a mensaxe –que por obvia, non deixa de ser fundamental para o noso estudo. Como sinalamos en 2.3.1.2, o envío de SMS non é o modo máis natural de nos comunicarmos na medida en que o teclado dos telemóbeis non foi deseñado para conter lingua, mais números. Neste sentido, a introdución de abreviaturas ou de calquera recurso que reduza o tempo de produción e a incomodidade de insertar símbolos gráficos está destinado a ser altamente atractivo para as persoas que utilizan esta tecnoloxía. A constrición técnica está relacionada con outra de natureza claramente económica –xa sinalada para o

⁶⁰⁷ De acordo con Mayans (2000a), as persoas usuarias, para lle tiraren o maior rendemento ao medio xogan coa linguaxe e, así, aproveitan a expresividade das letras, alongan as vogais, recortan as palabras, usan maiúsculas etc.

envío de SMS en 2.3.2.2–, isto é, as persoas usuarias tenden a condensar na medida das súas posibilidades as súas mensaxes porque dispoñen dun espazo reducido e porque, para alén disto, o exceso informativo repercute negativamente no custo (Galán Rodríguez 2007:66)⁶⁰⁸.

Nestes medios, a tipoloxía de estratexias empregadas convértese nunha resposta intuitiva a un problema tecnolóxico, isto é, xorde por unha necesidade. Crystal (2008:69) afirma, a este respecto, que “if words could be shortened without loss of intelligibility, then this would speed the whole process up –and perhaps even save money, if the cost of a transmission were to take into account the number of symbols being sent” e, igualmente, engade que “the remarkable thing is that nobody ever told anyone to do this. There was no ruling from the mobile phone companies which said: ‘you must abbreviate’. It just happened, and in next to no time”. Na nosa opinión, o proceso aconteceu de forma inmediata porque aquelas persoas que redixen SMS con frecuencia son conscientes do valor das abreviacións nun contexto en que non só están condicionadas polas limitacións espaciais, mais tamén polas temporais e, neste punto, os acurtamentos contribúen para facer máis dinámicas e rápidas as interaccións. Aliás, os utentes xa tiñan os coñecementos sobre como o faceren (véxase 1.1.4), de modo que simplemente transferiron estes para o novo medio; á medida que melloraba a súa competencia foron aparecendo tamén outros recursos que permitían compensar as limitacións deste sistema de interacción, cal os emotícones ou a puntuación expresiva, como veremos en 3.2. Mais, embora os antecedentes da linguaxe SMS fosen sinalados xa en 1.1.3, non é preciso acudir á historia para entendermos que, se estivermos apurados e precisamos deixar unha mensaxe por escrito, tendemos a abreviar. Todas as persoas nalgún momento deixaron notas ou escribiron apuntamentos en que substituíron un *nove* por un *9*, un *que* por un *q*, acurtaron o final dunha palabra etc. De feito, trátase de unha das técnicas máis antigas empregadas naquelas linguas que posúen escrita, pois, como xa notamos, nos manuscritos do medievo aparecían estratexias similares.

Con todo, as limitacións tipográficas e espaciais non explican máis do que unha parte mínima da configuración desta escrita, dado que, como foi indicado en seccións precedentes, nin sempre se utilizan os 160 caracteres que permite a aplicación. De acordo cos datos do nosos corpus, o número medio de caracteres por mensaxe é de 83,10⁶⁰⁹. Para Galán Rodríguez (2007:66), a razón máis determinante deriva fundamentalmente dun novo concepto de comunicación baseado tanto na constante dispoñibilidade como na inmediatez; as mensaxes son efémeras porque xa non constitúen só un intercambio de información, mais tamén un obxecto de consumo⁶¹⁰. Por esta razón, a autora considera que as SMS non poden

⁶⁰⁸ Sobre esta cuestión, a autora tamén repara en que até non hai moito tempo o prezo dos telegramas tamén obrigaba a sintetizar ao máximo a información que se enviaba porque se pagaba en función do número de palabras empregadas. A mudanza de palabras a caracteres ofrece unha maior versatilidade para as persoas desenvolveren recursos de simplificación.

⁶⁰⁹ Porén debemos ter en consideración que o 83,7% das SMS que recollemos teñen unha autoría feminina e que, na liña do sinalado en 3.1.1.1, estas adoitan redixir mensaxes máis longas do que os homes. Por tanto, xulgamos que a media de caracteres por SMS sería máis baixa nunha análise en que a cantidade de mensaxes dun e doutro grupo fose similar. En todo o caso, estes datos serven para notarmos que as limitacións de espazo nin sempre supoñen un condicionamento para o uso de mecanismos de redución.

⁶¹⁰ Nunha campaña publicitaria da compañía Vodafone de 2006 incidíase en que se pagaba non polas SMS enviadas, mais polo tempo que se emprega en facelo a través do eslogan “Vodafone recomienda el uso responsable de este producto. Enviar mensajes por 1 cent./ min. Puede crear adicción. Hazlo deprisa, con el servicio WAP no pagas por los mensajes que envíes sino por el tiempo que tardas en hacerlo”. Nesta liña, Crystal (2008:70) afirma que “whenever speed becomes a feature of behaviour, competitions arise. And sure enough, there are now texting competitions”. De feito, o Libro Guinness inclúe nas súas páxinas desde o ano 2005 a persoa máis rápida en escribir unha SMS. O galardoado foi un estudante de Singapur que bateu a marca mundial ao escribir vinteseis palabras en 43,24 segundos. (*Diario Hoy* 29/06/2005).

ser depósitos da memoria –función que desempeñou durante moito tempo a escrita tradicional– porque o seu soporte non permite unha almacenaxe prolongada. A escrita electrónica é perecedeira e consérvase o tempo que se mantén na caixa de entrada ou, no caso dos chats, o instante que tarda en mudar a pantalla, mais non por iso ninguén dubidaría da súa condición textual escrita. A este respecto, Chiappe (2008) tamén considera que aínda cando os condicionamentos tecnolóxicos, cal a lonxitude do texto ou a discriminación das letras foren superados, esta linguaxe non perderá arraigo. Ao contrario, virará máis popular porque reflicte a necesidade do inmediato, da velocidade en que se vive e que exige respostas igual de rápidas, porque a conexión é continua e instantánea. As seguintes SMS demostran que ás veces é máis importante conseguirmos interaccións áxeis, do que aproveitarmos o espazo que este sistema nos ofrece:

Estate lista as 9. Atamaña (A9)	Sta tarde non podó ir ao insti (C15)
Chama nkanto o vxas (A13)	Imos ao vla? (B61)
I miss you baby! :- (A39)	Ei maña tas na kasa (A445)
Chama as 7 se pods. Stou reunida (a76)	xa teño eu (C41)
Dacordo. Mellorat. Bicos (B7)	Parabens no teu dia. Bks (C1)
A que hora ves? (B57)	Stou n curso! Q pasou? (A394)
k tl o clchon...provachelo??? (C6)	Mllr ás 11.30? (B45)

Igualmente, a necesidade de aforrar tempo e enerxía tampouco serven, isolados doutros factores, para comprendermos a natureza desta linguaxe. Nestes medios, o noso corpus permite observar que, cunha frecuencia similar ou mesmo maior ás antecitadas SMS, existen mensaxes de texto bastante complexas se contempladas desde unha esfera lingüística. Estas utilizan emotícones, símbolos e números con valor fonolóxico, mesturan abreviaturas en varias linguas etc., o que acaba por crear unha mensaxe moi complexa e que, nalgúns casos, exige máis tempo que se utilizásemos a ortografía estándar. De feito, algúns recursos son máis difíceis de teclear. Por tanto, cabe cuestionarmos porque as persoas poñen máis esforzo na escrita de SMS do que realmente precisarían. Para o comprendermos é preciso termos en conta outras variábeis. De acordo con Mayans (2002), a razón economizadora de tempo non é a única e en moitos casos tampouco é a máis importante. Na realidade, nesa utilización particular do rexistro escrito encontramos outros factores de tipo simbólico en que, na nosa opinión, se acha a verdadeira chave para comprendermos este xénero. Xa sinalamos con anterioridade que o antinormativismo non pode ser explicado por causa da ignorancia do código estándar, senón como un acto deliberado; e na explicación deste fenómeno, non só deben ser considerados os argumentos funcionais, mais tamén os simbólicos. O antedito autor sostén que esta distinción analítica é fundamental en antropoloxía, pois un mesmo comportamento pode explicarse ao tempo por unha combinación de motivacións funcionais (de utilidade material ou instrumental) e simbólicas que actúan de modo conxunto. E un deses factores é a diversión e a necesidade que os seres humanos temos nalgún momento de xogar coa linguaxe.

Neste sentido, convén mencionarmos a obra de Crystal (1998), en que dedica todas as súas páxinas a explorar o modo en que as persoas experimentan coa lingua⁶¹¹ e que, con certeza, nunha nova edición incluíría a linguaxe SMS, pois “the drive to be playful is still there when we text. And it is hugely powerful drive” (Crystal 2008:72). Así, Mayans (2002) afirma que cómpre

destacar la *utilidad* humorística de la incorrección normativa. Debe tenerse en cuenta que [...] es un espacio de comunicación eminentemente lúdico, es decir, el primer y principal motivo que describen los usuarios para explicar la razón por la que son usuarios [...] es que les entretiene [...]. De este modo, un factor importante para el entretenimiento de los usuarios pasa por el componente humorístico de la conversación. Una de las fuentes de humor más importantes –al menos de las más frecuentes– y la que más nos importa aquí es el uso transgresor del código [...]. Y para que el efecto humorístico de la transgresión del código sea, realmente, efectivo, los lectores deben conocer el código lingüístico convencional, ya que, como indica Azevedo, siendo el código de referencia para el usuario, precisamente, el humor surge del choque entre ese código referencial que los usuarios dominan y utilizan habitualmente y la determinada utilización coloquial y deformada de éste [...]. El argumento cae por su propio peso: es imposible que una *falta de ortografía* “haga gracia” si se desconoce que es, en efecto, una *falta de ortografía*.

Por esta razón, embora constitúa un fenómeno novidoso, unha análise lingüística pormenorizada da escrita SMS non resulta sorprendente, dado que recursos análogos foron empregados por outras persoas con anterioridade. Así as cousas, se unha persoa introduce unha abreviatura, outra pode xogar con ela, tornándoa máis longa, por exemplo, e este proceso repetírase de forma sucesiva⁶¹². Para Mayans (2002), trátase dunha utilización simbólica de algo público como é a lingua: as persoas usuarias empregan impetuosamente este modelo de escrita caracterizado por unha moi evidente inobservancia das regras ortográficas e gramaticais. Estes argumentos serán os que permitirán xustificarmos a aparición de determinados fenómenos que parecen contradicir a que se presupónha finalidade primeira da linguaxe SMS, isto é, a simplificación lingüística. Así, en Mosquera Castro (2012) exemplificamos algúns deles, como a puntuación expresiva e os estiramientos gráficos que priman o carácter emotivo e lúdico e que contribúen igualmente para dotaren de efusividade o texto. O que si vira sorprendente é a rapidez con que a linguaxe SMS desenvolveu esta dimensión lúdica, como o demostran as competicións poéticas (véxase 3.4.2.2) a que nos referimos anteriormente e que se crearon coa finalidade principal de exploraren o potencial expresivo desta modalidade gráfica. Ao contrario do que indica Galán Rodríguez (2007:71), xulgamos que as persoas usuarias empregan esta escrita porque, en liñas xerais, a súa eficiencia fática compensa a perda de contido, resolve as ambigüidades, suple o apoio do contexto e permite realizar inferencias e xogos lingüísticos.

En último lugar, tamen é preciso reiterarmos un outro factor relevante, cando menos para as faixas etarias máis novas en que “texting quickly emerged as an index of belonging. Shared text behaviour shows you belong to the same ‘gang’” (Crystal 2008:93). Como xa

⁶¹¹ A este respecto, convén repararmos en que este proceso constitúe parte da nosa perspicacia desde os primeiros anos de vida, dado que diversos estudos sinalan que o 80% dos usos lingüísticos das crianzas no seu primeiro ano de vida é realizado por diversión (Palacios / Coll / Marchesi 1991).

⁶¹² Como subliña Anís (2006), isto debeu ser o que aconteceu coas siglas que se utilizan para substituír sintagmas ou mesmo enunciados completos xa ritualizados e que tanto sucesos experimentaron na lingua inglesa. Así, a secuencia LOL (‘laughing out loud’ ou ‘Lots of laugh’) –que tamén aparece no noso corpus (véxase A278)–, foi ás veces reempazada pola máis expresiva ROTFL (‘rolling on the floor laughing’) que por súa vez, experimentou diversas transformacións: ROTFLMAO (‘rolling on the floor laughing my ass off’), ROTFLMAOAY (‘rolling on the floor laughing my ass off at you’) e ROTFLMAOWTIME (‘rolling on the floor laughing my ass off with tears in my eyes’). Véxase tamén Crystal (2008:24). E o mesmo xogo aconteceu con algúns emotícones: :-)) [= ‘feliz’], :-)) [= ‘moi feliz’], :-))) [= ‘hiperfeliz’] e :-)))) [= ‘exaltado’].

indicamos cando analizamos a socioloxía das SMS (véxase 2.3.2), o contorno electrónico é un dos medios principais a través do que a mocidade constrúe, en oposición ás persoas adultas, a súa identidade e reforza o sentimento de pertenza a un grupo. E neste sentido, diversos autores, entre os cales sobresaen Martín-Barbero, sinalan que un dos mellores contextos para a desenvolver é por medio da interacción, pois –como sinalamos en 2.1.3– é o espazo en que as persoas se senten recoñecidas ou rexeitadas polas outras e, por tanto, neste proceso as variedades lingüísticas utilizadas eríxense como altamente significativas⁶¹³. Sobre este particular, Mayans (2002) afirma que o factor identitario no contexto electrónico afecta todas as persoas que, desprovistas dun rostro e dun corpo con que se identificaren e se diferenciaren dos demais, só poden experimentar co teclado para estableceren a súa personalidade⁶¹⁴. Por tanto, o problema da ausencia física das persoas que participan na interacción, da mímica facial e dos xestos é resolto a partir da invención dun código lingüístico descarnado, mais realmente eficaz, que contribúe para revitalizar a escrita e en que destacan os mecanismos de marcaxe paraverbal (Betti 2003:72).

En conclusión, estes usos da linguaxe poñen de manifesto, do noso punto de vista, diversos aspectos: por unha parte, unha preocupación continua coa dinámica e coa eficacia comunicativas e, por outra parte, a construción dunha conduta lingüística que se erixe, ao tempo, como unha marca dunha cultura partillada. Na liña do sinalado en 3.1.1.1, non estamos perante o descoñecemento do uso da lingua, mais dun uso deliberadamente informal, económico e creativo desta, co obxectivo de dotar a comunicación de maior expresividade e de maior atractivo e cunha intencionalidade clara: virar a interacción nun proceso máis flexíbel, máis lúdico e mesmo máis elocuente. De acordo con López Alonso (2006), este código conforma unha utilización consciente dos rexistros coloquiais que capturan algúns elementos da oralidade e que se apropian deles nun proceso dinámico, creador e desafiante, revelador dunha identidade efusiva que se expande na comunicación. En definitiva, a natureza veloz e minimalista destas interaccións revela unha posición das persoas usuarias que se sitúa entre a diversión e a subversión na medida en que conxuga unha dimensión lúdica con outra de rebeldía e de transgresión cara ás normas preestabelecidas (Mayans 2000a).

3.1.1.3. Para que?

Unha vez establecido o perfil das persoas usuarias e determinadas as causas de por que esta linguaxe é amplamente utilizada por unha grande parte da poboación, cómpre neste punto indicarmos, na liña do sinalado en 2.3.2.3 e 2.3.3.1 para as SMS, en que contextos e con que intencións se usa este novo código escrito. Nas anteditas seccións puidemos analizar por extenso tanto a funcionalidade das SMS como os seus ámbitos de uso principal e as categorías tipolóxicas en que se dividen do punto de vista teórico; nesta epígrafe trataremos de exemplificar, achegando unha breve descrición en cada caso, cales son as situacións comunicativas máis propensas para o uso da linguaxe SMS e en que outros contextos pode aparecer, aínda que sexa de forma minoritaria.

⁶¹³ Di tamén Crystal (2008:93): “I do not yet know of any comparative studies, but I would expect members of a group to develop their own dialect of distinctive features, in much the same way as chatrooms do. And I would also expect texting to become an index of prestige, within a group, as some members develop special kinds of expertise, such as texting speed or creative coinages”.

⁶¹⁴A este respecto, Mayans (2002) xulga que “la incorrección normativa no es más que uno de los múltiples recursos identificadores e individualizadores, que en general, conforman un amplio repertorio de posibilidades comunicativas”.

De acordo con Thurlow (2003), “language is always multifuncional and always dependent on context for its meaning. As such, it was not always possible to be certain of the meaning of some participants’ messages and even less so the communicative intent which they were sent”. Con todo, xa indicamos con anterioridade que a depender da función comunicativa que predominase nas nosas interaccións escolleríamos unha modalidade de lingua ou outra e, neste sentido, coidamos que existen algunhas situacións interactivas que favorecen o emprego da linguaxe SMS en contraposición ao código estándar, e outras en que este sistema se estende en ocasións a dominios en que tan só cabería esperar o segundo. A esfera de uso en que se desenvolve esta escrita é moi ampla e, *grosso modo*, coincide con aqueles contextos en que, segundo Baron (2008:144), se prefería o uso das SMS fronte a calquera outro sistema. Así as cousas, as mensaxes de tipo persoal adoitan ser aquelas en que documentamos un maior uso de mecanismos de redución e de marcaxe paraverbal, mais inclusive nesta categoría é preciso establecermos varias tipoloxías en que esta tendencia é máis evidente: as persoas envían mensaxes de apoio (véxase A249), de simpatía (véxase A19), de agradecemento (véxase B40) e todo o tipo de variantes sobre os seguintes tópicos afectivos: “bótote de menos” (véxase A277), “recupérate pronto” (véxase B7) ou “quérote moito” (véxase A67), moitos dos cales poden aparecer de modo conxunto (véxase A48):

Chiki, spero q ests mllor...Nn m gusta vrt asi! eu nn tño nada d sono...votams lpartidiña o trivial? jejeje! mañan voum arreptir disto...boas noits! durm bn! bks! (A249)

Jaja! Akbo d sair! Lvabaa pnsada xo ind asi fixn kmbios d ultim ora! Jeje! A intncion era q o mstr ns servis d algo nn? Algrom d q ch gustas tonti! Coidate pk! (A19)

Boas noits kari! Botot m8 d-j Stou dsxando vrte para achuchart! Qtm8 wapo! Muaka! Xps. Ate maña! Q dsknss! (A277)

Grzas! (B62)

Dacordo. Mellorat. Bicos (B7)

Q dsknses! Qtm8 (A67)

Pra min tb es increíble e spero q nos vaia xenial xuntos. Tesm aki pra o q necesites! Es o + imxtant da miña vida! Qtm8 kari. Xps. Boteite m8 d-! Stou dsxando vrt (A48)

Como se pode ver a través dos exemplos expostos e tamén por medio dunha análise máis exhaustiva do corpus, a maior parte destes usos de natureza expresiva e emotiva corresponde ao primeiro grupo, que abranxe aquelas idades en que a exaltación da amizade e das emocións vira máis efusiva (Berndt 1982)⁶¹⁵. Nesta liña, a organización de reunións ou encontros informais e próximos no tempo (véxase A109, A119, A52, A53, A350 e B6) é outro dos motivos a que aparece asociada esta linguaxe. Non obstante, tamén documentamos –embora sexa residualmente– o seu uso en contextos máis formais para concertar (véxase B20) ou declinar citas (véxase C15), realizar peticións de chamadas (véxase B8) ou mesmo para as rexeitar cando a situación non as permite (véxase A76); e ao contrario que nas anteriores, a súa aparición é maior conforme aumenta a idade das persoas usuarias:

⁶¹⁵ Segundo este autor, é na adolescencia cando as persoas se envolven en diversos tipos e niveis de relación cos pares (de amizade, sociais de grupo, amorosas). Por tanto, o desenvolvemento cognitivo está neste punto suxeito á influencia do modo en que as ditas relacións son construídas e vividas, tornándose máis íntimas e de maior mutualidade e reciprocidade. Conforme aumentar a idade, déixase de conceder tanta importancia ao pequeno grupo e priviléxiase a participación e a organización de actividades sociais, se ben que a popularidade e a aceptación social xa non posúen a mesma significación.

Ok eu qdei as 7 pro podemos qdar cdo. Q che parec as 4.30? Qdamos no cntro no obelisco x exemplo? Sabs ond hai rprografias x ai? Kndo saibas como qdar maña dimo (A109)

Vmonos a iso da 1.30 diant do col (A119)

Stamos m8 knsos asiq kdams outro día (A52)

Non pdo tño kousas q facer pa klas! (A53)

Se iso xa t xamo logo pa quedar, q pa qdar sn kbrtur outra vez...excuso xamart again (A350)

Hola! Stás currando? O domingo 26 vids comer a Laraxe? Bicos. (B6)

Olá, ***. Km vai td? Tms d flar d vrias csas, kmo, x xplo, d dencia k vas ipttir st ano, ds copias d rensión d *****, d meu nnk visto nin palpado teu TFM etc. Kmo ts sts días? Fco á spera d rcbir nvas ts. Aprts (B42)

Sta tarde non podó ir ao insti (C15)

Chamame cando saia pq igual non estou na casa (B8)

Chama as 7 se pods. Stou reunida. (A76)

A linguaxe SMS tamén se utiliza naquelas mensaxes de tipo relacional que simplemente reflicten o momento do día (A80, A433) ou que teñen como finalidade partillar información (B28) ou mostrar interese pola outra persoa (A287). Sobre esta cuestión, Crystal (2008:106) afirma que “exchanging personal news and gossip is as important here as anywhere else”, como se observa en A156 e A196:

Boas noits pk! Km stas? Q tal o día? Eu akbo d chgar e vou dirkta pa kma. Stou morta! Vaia smaniña! Weno, flams maña!Bks (A80)

Bosssss diasssss! Perdin 1 euro na timba d pkr! Porka miseria! Da carballeira so ims os famosos churros! XD q tal vos? Stou 8 kansad! Lv td a fnd durmnd n xan!! (A433)

Ox sas nopinion p 37. Parbns (B50)

Q tal vas? Qtm8! No calls! (A287)

Creo q t vai chamar ***** xlo ds ntradas d in flams. (A156)

Segue nfadado xo vai myor a kousa! (A196)

Algunha das estratexias lingüísticas de simplificación características da escrita das SMS favorece a creación de códigos secretos, sobre todo naquelas mensaxes que presentan unha clara orientación amorosa en que priman expresións de afecto e de intimidade, cuxo significado en moitos casos tan só é coñecido polos interlocutores, o que o converte nunha interacción cómplice⁶¹⁶, como o demostra a sigla “xps”, que aparece en numerosas ocasións nas SMS dun mesmo interlocutor:

Qtm8! Xps XDD (A5)

⁶¹⁶ “The popularity of this category is illustrated by the many texting abbreviations which swear undying love” (Crystal 2008:108).

Qtm8 kari, tdo vai ir bn, xa o vras! Xps (A10)

km vai a maña? Qtm8! Xps (A296)

De igual forma, este código tamén é escollido polas persoas usuarias desta tecnoloxía para as declaracións, as disputas e as reconciliacións ben de carácter amoroso, ben entre amizades íntimas. Outros autores, cal Crystal (2008:108) ou Thurlow (2003), sinalan que sobre todo entre o colectivo máis novo, se utiliza esta linguaxe para flirtear, comezar relacións ou mesmo para as romper. No noso corpus documentamos algúns exemplos que responden en maior ou menor medida a esta descrición:

Nn qro “dsktir” x sms, parcm asurd, s qrs qdams pa falar ou chamamns. Xo creo q nn son a unik q fai as kousas mal. E stou knsa d skoitár kntinuamnt q sn smpr a mala, q so m prokpo x min e q nn m ntro dnad xq nn e crto! Eu qtm e si q m imxtas xo nn t pdo obrigar a nda, e star asi nn e sano xa ningl... (A16)

Ei, pasax algo kmigo? Mndeix mails, xameit...xq nn das sinais d vida? Jopis ***...q pasa? Kntxt xfa. Bks. Boas noits chorvi (A130)

Obvmnt nn fixexs nda!o prblm e meu, e nn falo xq m costa m8 trballo cada frase. Nn tou bn (vaia nvidd..) e nn m aptc nda, nn se kmo xplikrxo. Sinto tar asi...bks! (A193)

En último lugar, convén termos presente que o servizo de mensaxes curtas é, como xa indicamos en 2.3.2, un medio privilexiado para o envío de parabéns de todo o tipo: para celebrar os aniversarios, eventos concretos ou para se lembrar das persoas en datas sinaladas como o Nadal ou o día dos namorados. Sobre este particular, é importante repararmos en que –para alén dos poéticos– son moi frecuentes os certames que premian as composicións máis orixinais (véxase 3.4.2.2) e, neste punto, a linguaxe SMS ofrece –grazas aos seus recursos– múltiples posibilidades a través das cales crear mensaxes creativas que chamen a atención do xurado. No noso corpus achamos numerosos exemplos que evidencian estas premisas:

Flecidads plexa! Q tal? Oubo transfrmacion? Jeje! Nunk pnsar q durnt 14 dias kmpriads/ms a msm idade! Intnt disimlr os dstrgos q 351 dias fn n1 prsoa! Ri, ri! Agra nn o ntnds xo xa m dirs dntro d 365! jaja! Disfrtaos xq mpza a knt atras. E s qrs o meu skrto pa star km d 15 smpr pdms xgar a ltrato..jaja! Bks (A64)

Parabns baby! So qro q saibs q stou nkantda d kumplr ans kntigo e d kmpartir sts momntos! Intntarei facr dstas 21 h o + agradbl posibl! Qtm8 ladiya! Q durms bn! (A74)

Felicidades person! Xa tes 1 idade asiq deberías empezar a pnsar n ir mrkndo alguna crema pa disimular os dsperfektos, q os anos nn perdoan! XDD pasao ben! (A230)

Es 1 crak! Saiuche fenomeno! Os cmntrs de *** xenial non! Non t odia tant! (A397)

Alégrm m8. Flz día! (B44)

flz ndl e flzs fsts e q o ano q bn sxa mllr q ste e q ste sxa o + flz da tua vda e ste cheo d sorrisos. Dsexvs q tds os soños se vs fgn realidade (C-Nadal 1)

Se analizamos máis en pormenor as anteditas SMS observamos que, con moita frecuencia, presentan un contido festivo e lúdico. De feito, Kopomaa (2005) sinala que existe unha grande porcentaxe de SMS destinadas exclusivamente a actividades de divertimento,

isto é, facer circular brincadeiras, enigmas, mensaxes cifradas e SMS en cadea. Neste contexto a limitación de caracteres supón unha restrición, máis tamén unha motivación para facer máis atractivo ou orixinal o contido das mensaxes⁶¹⁷. Como é obvio, en todas as coleccións de SMS –e a nosa non constitúe unha excepción–, tamén achamos mensaxes redixidas en lingua estándar, se ben que son minoritarias. Será esta combinación de propiedades estándar e non estándar a que conforme a característica principal da lingua das mensaxes de texto, o que por outra parte, vira necesario, xa que “although many young texters like to be different, and enjoy breaking the rules, they also know they need to be understood” (Crystal 2008:17). Como xa apuntamos, de nada serviría pagar por unha mensaxe que transgreda tantas normas da lingua que deixe de ser intelixíbel para o interlocutor a quen vai dirixida, polo que sempre existe unha presión inconsciente por respectar algunhas das propiedades ortográficas do estándar, cando menos para determinadas situacións. En definitiva, subscribimos as palabras de Mayans (2002) cando afirma que a incorrección normativa se configura como máis unha peza do que na realidade podemos observar nas mensaxes de texto, isto é, un fenómeno de creatividade comunicativa moi significativo, tanto a nivel social como lingüístico.

⁶¹⁷ En relación con isto, en Crystal (2008:111) indícase que “many websites have been devoted to SMS jokes broken down into dozens of categories –marriage, politics, animals, sex– as any joke site. The limited size of the screen privileges jokes that are one-liners or quickfire dialogue”. Igualmente, este autor salienta ademais que “some other countries have gone in for ludic texting in a big way. The leading providers of subscription-based text messages in China (Sina, Sohu, Netease) hire teams of SMS authors (*duanxin xieshou*) to write funny or entertaining texts –including jokes, clever greetings and farewells [...], hoaxes, quotes, erotica, and trivia. Véxase tamén Long (2002:39).

3.2. Cuestións lingüísticas

Como tivemos oportunidade de tratarmos ao longo das seccións precedentes, cada época desenvolveu novos medios de comunicación e, moitos deles acabaron por xerar tamén códigos lingüísticos propios: na antigüidade o lume e os sinais con panos ou bandeiras, a partir do século XVIII o telégrafo e na actualidade os telemóbeis e a Internet. Notamos, pois, que o século XXI non foxe á regra de calquera outra época (Benedito 2003:191). Así as cousas, nos textos que se producen cando nos comunicamos a través dos sistemas de interacción electrónica podemos observar unha ampla gama de rexistros da lingua galega escrita: desde os textos máis formais, escritos segundo a normativa ortográfica e morfolóxica vixente, até aqueles textos de natureza informal en que se desenvolveron diversas licenzas lingüísticas, no só para solucionar as limitacións comunicativas do medio, mais tamén para dotaren de expresividade o discurso. E aínda que este tipo de escrita reducida se asocie frecuentemente aos medios sincrónicos, cal o chat ou a mensaxaría instantánea, coidamos que, na liña do sinalado por Torres i Vilatarsana (2004), o xénero das SMS constitúe igualmente un dos seus máximos expoñentes, debido ás restricións tecnolóxicas do soporte en que se produce (véxase 2.3). Aínda que a primeira vista poida parecer que a linguaxe utilizada nas mensaxes de texto é caótica ou mesmo incomprendible, unha análise en profundidade das estratexias lingüísticas utilizadas neste medio revela que non se trata dun proceso carente de normas reguladoras, pois en xeral existe certo grao de estandarización. Sobre este particular, Crystal (2011:39) sostén que

The language of any new Internet output takes time to settle down. Even with (relatively) long-established outputs, such as email, there continues to be considerable stylistic change [...]. However, the constraints of the technology will have motivated users to write in particular ways, so some tentative stylistic generalizations should be possible.

Neste sentido, o obxectivo fundamental desta epígrafe será describir as propiedades lingüísticas que presentan as SMS; isto, por súa vez, contribuirá para definir as mensaxes de texto como un novo xenero discursivo, na medida en que permitirá evidenciar se o tipo de lingua empregada nesta plataforma o distingue doutros xéneros electrónicos, ao tempo que lle outorga unha certa homoxeneidade estilística. Como resulta obvio, as diferentes condicións de enunciación das mensaxes de texto determinarán a aparición de fenómenos lingüísticos específicos, mais unha análise pormenorizada do noso corpus indícanos que, a pesar da diversidade que presentan as distintas SMS con que contamos, o conxunto dos textos manifesta características que lle confiren unha relativa unidade. Por tanto, as diverxencias de estilo entre as distintas tipoloxías de SMS (véxase 2.3.3.1) derivan da natureza do discurso social en que estas se inscriben; de acordo con isto, as mensaxes de texto de carácter publicitario presentarán en grande medida as propiedades lingüísticas dos xéneros publicitarios (véxase 3.4.2.3) e o mesmo acontecerá no caso das SMS institucionais ou das comerciais. Por esta razón, o noso estudo focalizará a súa atención nas mensaxes de texto interpersoais, tanto profesionais⁶¹⁸ como persoais, pois, na nosa opinión, son as que participan de modo máis evidente das convencións lingüísticas do xénero. Seguíndomos Vela Delfa (2005:669), achamos que as notas lingüísticas que particularizan as SMS fronte a

⁶¹⁸ A este respecto, Gains (1999) ao analizar a relación entre as tipoloxías de correo electrónico e o discurso social en que se inscribe a interacción comunicativa, acaba por concluír que os correos de carácter profesional non corresponden a un xénero independente, dado que neles se verifican demasiadas coincidencias co rexistro lingüístico xeral da linguaxe profesional. Non obstante, as mensaxes do noso corpus demostran que a natureza informal destas interaccións e a necesidade de economía lingüística que caracteriza o xénero das SMS tamén se filtrou na maioría dos casos nas mensaxes de tipo profesional, o que se traduce nunha certa relaxación das normas ortográficas e de estilo –se ben que existen tamén algúns textos que responden aos esquemas clásicos formais do dominio laboral.

outras modalidades discursivas se concentran nas mensaxes interpersoais, de modo que temos de ser conscientes de que ao definirmos as características da lingua das SMS estaremos facendo referencia fundamentalmente a este subtipo de mensaxes.

Como apuntamos en seccións anteriores, os condicionamentos técnicos das SMS potenciaron o desenvolvemento de estratexias compensatorias e deron lugar á creación dun novo código que se rexe polo principio de economía, isto é, expresar o maior contido proposicional utilizando o menor número de unidades lingüísticas. Como veremos a seguir, a natureza económica do estilo das SMS non só se manifesta no referente á súa organización textual e sintáctica, mais tamén afecta niveis máis concretos de análise, como se nota nalgunhas escollas lexicais e na súa realización ortográfica. Mais como advirte Thurlow (2011) “while much is made (in the media and elsewhere) about the technologically imposed need for brevity in texting, texters seldom seem to use the space available”. Os datos obtidos do noso corpus corroboran a anterior afirmación, pois a media de palabras por SMS é de 17,11, e de 83,10 no referente ao uso de caracteres por mensaxe⁶¹⁹. Por tanto e como xa foi sinalado, se ben que nun primeiro momento certos trazos lingüísticos estiveron motivados polos condicionamentos técnicos, na actualidade o emprego de mecanismos de redución vocabular parece responder á necesidade de crear unha comunicación áxil e dinámica, próxima dos intercambios dialóxicos de carácter conversacional. En consecuencia, na actualidade as propiedades lingüísticas das SMS preséntanse como recursos que permiten identificarmos un novo estilo e que favorecen a adaptación da modalidade escrita a novos contextos e un retorno á oralidade (véxase 2.2.3.3). Na opinión do antecitado autor, trátase de estratexias lingüísticas ao servizo da socialización e isto é o que xustifica igualmente que a pesar de que a economía sexa o factor que motiva moitos fenómenos de redución, achemos casos en que a expresividade sexa a causante do aparecemento de numerosas redundancias. Para Anis (2006:4), “les caractéristiques formelles de cet écrit sont l’oralité (les effets d’oralité en fait), l’abréviation et l’iconicité (notamment a travers les émoticônes) » quen engade ademais que « ces caractéristiques peuvent entrer en contradiction ». Así, por exemplo, os estiramentos gráficos –fenómeno de iconicidade– ofrecen un contraste máis do que evidente coas abreviacións (véxase 3.2.1.2.1 e 3.2.1.1.14, respectivamente).

A nos basearmos nas observacións realizadas sobre o noso corpus e nos datos extraídos de investigacións anteriores (véxase Crystal 2008, Baron 2008 e Thurlow 2010), observamos que as prácticas lingüísticas presentes nas mensaxes de texto están sustentadas en tres máximas pragmáticas: brevidade e velocidade, compensación paralingüística e aproximación fonolóxica (Thurlow 2010:10). A primeira delas maniféstase fundamentalmente a través dos mecanismos de redución vocabular e no uso mínimo de sinais de puntuación e de maiúsculas ou outro tipo de estándares, na liña do xa sinalado para a linguaxe da Internet e da informática (véxase 2.2.4); estas estratexias permiten a un tempo salvaren as constricións tecnolóxicas e tornaren máis fluída a comunicación. Pola súa parte, a segunda e a terceira máxima están intimamente relacionadas, pois en canto a compensación paralingüística trata de suplir as restricións impostas pola comunicación a distancia, isto é, a aparente perda das características socio-emocionais, prosódicas e xestuais, a aproximación fonolóxica súmase a esta restitución de elementos paralingüísticos e crea un rexistro de natureza lúdica e informal en consonancia co carácter relacional das SMS⁶²⁰. Vela Delfa

⁶¹⁹ Os nosos resultados, embora algo superiores, harmonizan en liñas xerais cos documentados por Thurlow (2011), onde a media de palabras por SMS era de 14, en canto que o número medio de caracteres ascendía a 65.

⁶²⁰ Con base no sinalado anteriormente por Anis (2006:4), nalgunhas ocasións estas máximas semellan anular a máxima de brevidade e de rapidez, mais na maioría dos casos estes tres principios adoitan operar de forma simultánea. Sobre esta cuestión, Thurlow (2010:11) afirma que “for the sake of paralinguistic restitution,

(2005:671) sinala que moitas das particularidades estilísticas deste tipo de escrita – nomeadamente nas súas manifestacións máis interactivas- son o resultado da confluencia destas dúas forzas contrarias que controlan e determinan a construción do discurso nas SMS. Por tanto, a combinación da economía lingüística coa expresividade deu lugar a unha serie de mecanismos de redución, de ampliación e / ou mantemento e á creación de novos recursos que operan de modo diferente nos distintos niveis textuais.

En consecuencia, podemos sintetizar os obxectivos deste novo sistema de representación da linguaxe escrita en tres teses principais: i) a necesidade de rapidez na produción textual, ii) a procura de individualización e iii) a explotación da cara máis lúdica e creativa da linguaxe. Igualmente, os condicionantes que orixinan os fenómenos de economía e de expresividade presentes nos textos electrónicos –embora manifesten unha grande heteroxeneidade– poden agruparse baixo as seguintes categorías:

- a. Recursos motivados por causa das restricións técnicas do soporte en que se producen: limitación no número de caracteres susceptíbeis de se enviaren ou de apareceren na pantalla, combinación de elementos textuais lingüísticos con outros semióticos e rapidez para atenuar os efectos da falta de presencialidade.
- b. Trazos estilísticos derivados das circunstancias en que se establece a comunicación: situación de enunciación próxima á simultaneidade que favorece creacións lingüísticas espontáneas e pouco elaboradas e prevalencia do carácter dialóxico das interaccións sobre a corrección normativa.
- c. Figuras de expresión xustificadas pola expresividade deste tipo de discurso: desexo de mostrar creatividade e de personalizar o discurso, marcación do texto do punto de vista emotivo para contrarrestar a ausencia de elementos paralingüísticos e tendencia a tirar partido dos aspectos lúdicos da linguaxe.
- d. Características xustificadas polas propias implicacións das comunicacións nestes contextos de interacción: textos que non están feitos para perduraren no tempo, aceptación do rexistro informal e coloquial e carácter privado deste tipo de correspondencia.

A converxencia de todas as propiedades mencionadas ten como consecuencia un estilo pouco ríxido onde a ortografía normativa se relaxa en función, en primeiro termo, da utilidade e, en última instancia, da expresividade. E aínda que as persoas usuarias non se atañen a unhas regras fixas para construíren as súas mensaxes e inclusive combinan varias posibilidades gráficas no mesmo texto, as SMS analizadas responden, como apuntamos anteriormente, a unha certa homoxeneidade estilística. As propiedades da lingua das mensaxes de texto poderían ser agrupadas en función da súa finalidade –redución ou marcaxe paraverbal–, mais, debido ás implicacións que estas presentan nas diversas esferas de descrición lingüística, pareceunos máis acaído clasificarmos estes fenómenos atendendo á área lingüística a que se adscriben, isto é, ortografía, fonética e fonoloxía, morfosintaxe, pragmática, semántica, lexicoloxía ou gramática do texto, se ben que somos conscientes de que determinados recursos poden afectar máis dunha área lingüística. Ao longo de toda a análise serán incorporados e comentados exemplos ilustrativos de cada fenómeno que, como resulta evidente, non presentan ningún tipo de corrección pola nosa parte coa finalidade de

capitalization (e.g. FUCK) and multiple punctuation (what???!!!) may be more desirable for texters. Lexical items such as *ello* ('hello'), *goin* ('going'), and *bin* ('been'), meanwhile, serve both the need for abbreviation and phonological approximation". Sobre estas cuestións, véxase tamén Spilioti (2009).

respectar a orixinalidade de cada mostra. Non obstante, recorreremos ao emprego da negra para destacar aqueles elementos relevantes para o noso estudo en cada caso. A seguir recolleemos unha gráfica en que se enumeran de forma esquemática as propiedades lingüísticas presentes nas SMS e a súa distribución por áreas⁶²¹:

Recursos e estratexias lingüísticas presentes na escrita SMS		
Ámbito fónico e ortotipográfico	Redución	<ol style="list-style-type: none"> 1. Elisións vocálicas 2. Ausencia de acentuación 3. Elisións consonánticas 4. Redución de grupos consonánticos 5. Redución de grupos cultos 6. Simplificacións de dígrafos 7. Simplificación da correspondencia fonema/letra 8. Reducións grafo-fonéticas 9. Uso de grafías etimolóxicas 10. Reducións alfanuméricas 11. Uso de símbolos con base no seu valor 12. Omisión de espazos 13. Puntuación reducida 14. Abreviacións
	Ampliación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Estiramentos gráficos 2. Puntuación expresiva
	Creación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Novos usos das maiúsculas 2. Uso de grafemas foráneos 3. Novos usos da puntuación

⁶²¹ A finalidade desta listaxe é ofrecer unha visión de conxunto dos fenómenos lingüísticos que caracterizan as mensaxes de texto e, xa que logo, non pretende a exhaustividade; máis adiante poderemos observar como dentro de cada mecanismo concreto existen diferentes estratexias a través das cales pode manifestarse.

Ámbito morfosintáctico	Redución	<ol style="list-style-type: none"> 1. Emprego de @ para evitar marcas de xénero 2. Encurtamento vocabular 3. Crases ou contraccións 4. Concordancia 5. Simplificación da sintaxe
	Ampliación ou Mantemento	<ol style="list-style-type: none"> 1. Uso de perífrases 2. Uso do Infinitivo Flexionado 3. Uso do Futuro de Subxuntivo 4. Uso do diminutivo 5. Uso de intensificadores 6. Estruturas pleonásticas
	Outros	<ol style="list-style-type: none"> 1. Adaptacións de estranxeirismos 2. Sintaxe coloquial
Ámbito semántico-lexical	Redución	<ol style="list-style-type: none"> 1. Uso de pro-formas
	Ampliación ou Mantemento	<ol style="list-style-type: none"> 1. Repeticións lexicais 2. Onomatopeas 3. Interxeccións
	Creación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ampliacións lexicais e semánticas
	Outros	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción de estranxeirismos 2. Léxico ou expresións coloquiais 3. Tratamento da toponimia
Ámbito pragmático-textual	Redución	<ol style="list-style-type: none"> 1. Elipse 2. Deíxe 3. Supeditación da cohesión á coherencia informativa
		<ol style="list-style-type: none"> 1. A función expresiva doutros recursos de ampliación con

	Ampliación	finalidade pragmática
	Creación	1. Uso de emotícones
	Outros	1. Orde pragmática

3.2.1. A compoñente gráfica e fonético-fonolóxica

O discurso electrónico manifesta diversas propiedades distintivas a respecto do modo en que se escribe noutros soportes comunicativos (véxase 2.2.3), mais sen dúbida unha das cuestións máis significativas e máis doadamente perceptíbeis nunha primeira aproximación a este tipo de interaccións é o desenvolvemento dunha serie de innovacións tipográficas conscientes e deliberadas que, como veremos, posúen múltiples e diversas funcións. Do mesmo modo, cómpre sermos conscientes de que non se trata só da adopción e da adaptación de estratexias ou mecanismos xa existentes na lingua escrita noutros soportes –como acontece no caso da puntuación ou das maiúsculas–, mais tamén da creación de novos recursos grazas ás posibilidades que ofrece o novo medio. De acordo con Vela Delfa (2005:687) e Álvarez Martínez (2008:231), é na esfera gráfica e fonética onde se documenta unha maior proliferación desta serie de licenzas lingüísticas. Con base no exposto na gráfica, podemos observar que se ben que abundan os recursos de redución, xustificados polas limitacións espaciais das SMS e pola rapidez dos intercambios electrónicos, tamén son frecuentes os de ampliación que presentan unha funcionalidade expresiva, tamén necesaria nestes contextos carentes das cualidades vocais. Todos eles constitúen recursos que dun modo ou outro desafían os cánones normativos clásicos e que, por tanto, suscitaron a alarma social nalgúns sectores (véxase 3.4.1). Non obstante, como indicamos na epígrafe introdutoria, podemos achar antecedentes ou correlatos destas estratexias noutros momentos da historia da escrita (véxase 1.1.3), de xeito que a novidade ten máis que ver co modo en que estes fenómenos se combinan que coa súa orixinalidade lingüística.

3.2.1.1. Recursos de simplificación

3.2.1.1.1. *Elisión de vogais*

Dentro da esfera fonética e orto-tipográfica un recurso moi utilizado polas persoas usuarias das SMS é o acurtamento das palabras a través da omisión de diversas letras, ben sexa no interior, no comezo ou no final do vocábulo. Neste sentido, a tendencia é que as grafías eliminadas sexan fundamentalmente vogais, o que concorda cun principio básico da teoría da información, ou sexa, que as consoantes presentan un valor informativo moito maior que o das vogais⁶²² (Crystal 2008:26). Se ben que na lingua galega non estamos acostumados a unha escrita consonántica, en 1.1.1 puidemos notar que esta conforma un sistema perfectamente estábel en moitos idiomas, cal o árabe ou o hebreo. Mesmo en linguas románicas numerosos investigadores demostraron xa que un texto pode ser intelixíbel aínda

⁶²²Non obstante, vira preciso termos en conta que do punto de vista fonolóxico son as vogais e non as consoantes as que presentan capacidade para formaren núcleo silábico e as portadoras de particularidades prosódicas distintivas (Freixeiro Mato 2006, I:65). Mais como veremos, as persoas usuarias das SMS desenvolveron para este medio outros mecanismos de marcaxe paraverbal, de modo que a escrita consonántica constitúe un recurso moi rendíbel como estratexia de redución, como se deduce das cifras que manexamos, pois o 78,3% das SMS do noso corpus presenta elisións vocálicas.

que as vogais sexan omitidas ou deslocadas, o que nin sempre acontece coas consoantes (Saberri / Perrot 1999)⁶²³. Por tanto, a escrita consonántica é asumida con naturalidade polas persoas usuarias das SMS, dado que permite axilizar o texto e aproveitar o espazo, ao tempo que non supón un custo cognitivo demasiado elevado para os receptores⁶²⁴. As elisións vocálicas prodúcense normalmente por dedución contextual, isto é, porque poden ser recuperadas polo contexto da mensaxe ou polas consoantes que forman a palabra. E neste punto é moi común a eliminación case sistemática da letra “e”, o que xera enunciados como os que figuran a seguir:

Jaja! Akbo d sair! Lvabaa pnsada xo ind asi fixn kmbios d ultim ora! Jeje! A intncion era q o mstr ns servis d algo nn? Algrom d q ch gustas tonti! Coidate pk! (A19)

Dduzo q nn ims qdar knd nn avisachs ainda! Marcho pa kma. Boas noits. (A269)

Hola! Stas currando? O domingo 26 vids comer a Laraxe? Bicos. (B6)

Nn t preocupes k mntres cociñe miña nai ay comida d sobra... (C23)

Como se observa a través dos exemplos expostos, trátase da vogal con máis tendencia a desaparecer, de modo que podemos asegurar que na maioría dos casos unha consoante que vaia desprovista do seu núcleo silábico terá unha maior probabilidade de equivaler á dita consoante acompañada da vogal “e”; porén, nin sempre esta é a vogal que ten de ser reconstruída, como acontece en *akbo*, *kmbios* e *ultim*, onde vira preciso recuperarmos un “a”. A razón que xustifica a relativa sistematicidade da perda do “e” ten que ver, con toda seguranza, con que a súa pronuncia xa vén dada en moitos casos polo nome que a lingua galega dá ás consoantes: así, o “c” lese *CE*, o “t” lese *TE*, o “p” lese *PE* etc⁶²⁵. Na liña do sinalado por Vela Delfa (2005:692), existe tamén certa propensión a reconstruír un “e” epentético na lectura de termos que presentan consoantes sen apoio vocálico, de modo que as persoas que utilizan tal recurso aproveitan esta dupla circunstancia, quere dicir, a necesidade de reconstruír vogais de apoio e a tendencia a que esta sexa a vogal “e”⁶²⁶. É preciso, por tanto, termos en conta que non se trata dunha innovación, mais que xa se manifesta noutros fenómenos lingüísticos e, neste punto, convén salientarmos as seguintes mensaxes, que operan no sentido inverso á propensión do galego e doutras linguas romances por incluíren vogais “e” epentéticas cando se utilizan consoantes líquidas.

⁶²³ “St frs nn tn vgs” / “ea ae o e oai” (‘esta frase non ten vogais’). Neste estudo achéganse tamén resultados de traballos anteriores que demostraron que a alteración da orde das letras das palabras dun texto non afecta a capacidade das persoas para o entenderen. Os antecitados autores concluíron que para evitar os problemas de lectura era suficiente con conservar a primeira e a última letra de cada palabra. O cérebro pode entender todo se se seguen estas pautas. Con todo, sinalan outros dous factores que é preciso respectarmos: por unha parte, non modificar a extensión das palabras e, por outra, posuír certos coñecementos sobre o que se está a ler. Véxase tamén Pinker (1994).

⁶²⁴ Sobre esta cuestión, Vela Delfa (2005:680) considera que os mecanismos de simplificación presentan un principio de funcionamento colaborativo; deste modo, a persoa enunciadora exige á coenunciadora un importante esforzo cognitivo para reconstruír o universo de coñecementos necesarios que completen o contido informativo. Véxase tamén Perea / Acha / Carreiras (2009).

⁶²⁵ E o mesmo acontece coa elisión da letra “a” nos casos citados, favorecida por que a súa pronuncia xa vén dada polo fonema /k/.

⁶²⁶ A este respecto, convén sinalarmos tamén dous fenómenos típicos do galego que se enmarcan nesta tendencia, como a anaptixe e a paragoxe. Trátase de dous recursos de adición vocálica –nomeadamente de e– característicos do galego popular e cuxo coñecemento, probabelmente, facilite tamén ese proceso de reconstrución vocálica. Cfr. Freixeiro Mato (2006, I: 106-113).

Q tal ont? Eu kaka... :(Vaia shit d dia, **spro** q ti polo – o pasases way! Xdoa x nn ir ont!
Qtm8. Oxe kbab nn? Bks (A65)

Ei, **stas** ben? Xq nn m koyes? Pasou algo? **Stou** rayada! Qtm8 pk! (A136)

X crto, hoxe inauguran na bata 1**xposicion** d pintura! Pasamonos logo? Nn sei se ten algo d **spcial**, supoño q si xq o puxeron no fbk. Vichelo? Logo falams! Bks! (A141)

Obvmnt nn fixexs nda!o prblm e meu, e nn falo xq m costa m8 trballo cada frase. Nn tou bn (vaia nvidd..) e nn m aptc nda, nn se kmo **xplikrxo**. Sinto tar asi...bks! (A193)

A estratexia de eliminación da vogal “e” xera, segundo Anis (2006), o fenómeno de creación de silabogramas, quere dicir, o emprego dunha única grafía –a consonántica– para representar o conxunto da unidade silábica, procedemento que se acha na base das escritas semíticas que, ou ben eliminan por completo os elementos vocálicos ou ben os transcriben como sinais diacríticos (véxase 1.1.1). Por tanto, máis unha vez vemos que as persoas usuarias explotan recursos preexistentes que a escrita electrónica e, máis concretamente as SMS, recuperaron para cumprir unha determinada finalidade, neste caso para aforraren tempo e espazo⁶²⁷. E embora nos exemplos antecitados verifiquemos que a tendencia a eliminar vogais está xeneralizada, consideramos que este mecanismo tivo a súa orixe na supresión da letra “e” e que a partir de aí se fixo extensíbel para o resto das vogais. Por outro lado, achamos que a formación de verdadeiros silabogramas –quere dicir, relativamente estandarizados– só se produce nalgúns contextos: acontece por exemplo cos pronomes persoais átonos correspondentes ás formas en singular: *me*, *te* e *se* que pasan respectivamente para *m*, *t* e *s*. Igualmente, as preposicións *de* e *en* e a partícula *que* (en calquera das súas categorías morfolóxicas) constitúen tres silabogramas –*d*, *n* e *q* ou *k*⁶²⁸– moi estendidos na linguaxe SMS, tamén como resultado da eliminación do “e”:

Ola ptarda! Stou **n** ksa koa mmoria! A vr **s** avanzo algo. O find normaliyó. Xa falei kn **** e sta tdo klaro. Pois si, vai avr **q** qdar! Bkos mona! Pasao bn! (A12)

Tou mpaxadisima! a partr dagora vou facr peqnas catas da cmida **q m** ofrezas! a miña bedroom cheira a 1 mistura ntr pintura e dtrxnt (xa tño cortinas!!!!). Boas noits! (A239)

operaron a *** **d** nebras non sei si da visicula ou algo asi pero nn sei fiyo...oxe rabuñouye 1 gato **d** vixuan a ***** na cara en un brazo...sta feita un poema..ahhhhhh e teu padriño xa s aburre en suiza e o 30 **d** ste mes xa o temos aki..ven pa trabayar na corña e se ten pa tdo o ano xa nn s vai en fin...toda 1 historia bstnt peculiar (C17)

Ou vas na playa por casualidd!!!! o dia 11d agsto e o cmple d *****xa **t** aviso pa **k** nn fagas planes!!!! (C19)

A supresión sistemática de todas as vogais que forman unha determinada palabra dá lugar ao que algúns investigadores, cal Vela Delfa (2005:694), denominan esqueletes

⁶²⁷ Non obstante, non é necesario retrocedermos tanto no tempo para buscarmos estratexias similares. Sobre este particular, Crystal (2008:46) afirma que “letter omission has well-established antecedents. We only have to think of *Mr* and *Mrs* (‘Mistress’), names of ranks (*Sgt*, *Lt*), the standar abbreviations for weights and measures (*cm*, *kg*, *ft*), or such common items as *dept* (‘department’), *adv* (‘advertisement’), and *asst* (‘assistant’)”. Isto é, varían os modos de abreviación, mais os procedementos son os mesmos.

⁶²⁸ Véxase tamén 3.2.1.1.4 e 3.2.1.1.5.

consonánticos. Nestes textos as persoas destinatarias deben reconstruír a cadea fónica completa a través de inferencias contextuais ou apoiándose na pronuncia das consoantes que figuran representadas, o que lles permitirá restituíren o elemento vocálico elidido⁶²⁹. Por tanto, concordamos con Torres i Vilatarsana (2004) en que “d’aquesta maneira, qualsevol consonant pot tenir dos valors, el del seu so o el bifonemàtic”. No noso corpus documentamos mostras que levan até o extremo este tipo de prácticas de simplificación:

Qrds qdar? (A137)

Nn s prkpar XD (B56)

kbp spzo cruñ ;) (B58)

fxndo ds adxctivs

lscou a td vledd prsguida xls adxctivs q prtndían intrdcrse n seu mnserto, rbrndcéndoo c súas vsess bbs; l sdrxlo cspiu n 1º px e n tv + rmd q smgalo c1 mrtlo. (OM2)

E aínda que se trata dun procedemento moi rendíbel no xénero das mensaxes de texto debido a que permite salvar en grande medida as súas limitacións espaciais, tamén se estendeu a outros contextos de comunicación mediada, como os chats ou as redes sociais. Esta circunstancia contribúe máis unha vez para observarmos que a pesar de que a motivación inicial destes recursos foron as limitacións da tecnoloxía, hoxe en día o seu uso debe entenderse nun sentido máis amplo, isto é, fai parte dun novo código creado para interaccións coloquiais en contextos dixitais e constitúe unha tendencia que se aproxima do oral, do espontáneo e do lúdico. Os seguintes exemplos doutros medios de interacción ilustran esta tese:

animo **** n t preocupes xlo futbol ahora cuida de tua nai q eo mais **important**, **1salud** dun amigo e **calker** cousa xa sabes (OM3)

Ola chuli!!**acordeim** moito **d** ti **n** Barcelona **d** cando **stivemos** nos!!non fun a Diagonal!!e a pena **q m** keda pero **tño** os pes **q** non dan a mais!!!vemonos o **q** keda **d** mes!!bsiños!!! (OM4)

Tamén cómpre sinalarmos que aquelas con maior probabilidade de seren elididas son as vogais átonas; as tónicas tenden a aparecer, se ben que isto nin sempre constitúe unha norma (vid. supra). O vocalismo átono, pola súa posición pretónica ou postónica, é moito menos estábel que o tónico –embora presente un menor grao de relaxamento que noutras variedades do noso tronco lingüístico, cal o portugués. Noutras palabras, a imprecisión do seu timbre resulta inestábel e vacilante e isto produce como resultado diversas alteracións no modelo de fonética oral popular (Freixeiro Mato 2006, I:94)⁶³⁰. De entre as principais

⁶²⁹ Cómpre non confundirmos o fenómeno dos esqueletes consonánticos mediante elisión de vogais coa formación de siglas, a pesar de que nos dous casos sexan as consoantes as únicas que conforman as unidades lexicais. Na escrita consonántica o procedemento está rexido polo principio de silabario, en canto nas siglas as lexías estandarizadas son simplificadas a través do emprego da letra inicial das palabras de que se compón (Belda Medina 2003:270). Véxase 3.2.1.1.14.

⁶³⁰ Como subliña este autor, o dito modelo tivo unha forte repercusión na lingua galega, dado que era o único que existía na práctica tradicionalmente ao se encontrar esta relegada ao ámbito familiar e coloquial e afastada das esferas máis formais de uso. Como consecuencia, tamén a lingua literaria reproduciu e reproduce en moitos casos os fenómenos de fonética popular. A tendencia á oralidade é a que xustifica a aparición destes recursos nas SMS.

alteracións do vocalismo átono, teñen un maior grao de aparición aquelas que obedecen a fenómenos de substracción de vogais, na liña dos procedementos xa analizados. Así, no corpus achamos con certa frecuencia casos de apócopes, de sínopes e de aféreses, en contraposición aos fenómenos de acrecentamento vocálico, como a anaptixe, a paragoxe ou a prótese, cunha aparición mínima ou nula nas SMS de que dispoñemos⁶³¹:

Aver person! Q fas? Sort para o exame, **inda** q vendo a q ts no trivial nn ch fai falta! Jejeje! A q ora t spero no meu flat? Nn m rompas agora o korazon! Muaka (A37)

Stou na ntrada pro dntro sntada na msa da **dreita** (A418)

Ola ***,q tal a find?Nos x casa,sn moit nvidade.Chameit pro nn stabas asiq xa falarms do d miña **pra** saber cmo facms.biquiños (B16)

Nn qdo hox cn ***** , q tn un velatorio en lugo. S qres imos correr. Avisam kndo podas xfi! E pnso q m **val** a tinta da pluma..deixsm probar? Durm bn ruliña! Bks! (A198)

Iate xamar onte pero ao final foism a pinza! Km xa nn ns vems ate o nadal spero q teñas lboa **vi**ax dntro do q cabe! Eu irei informand da miña avntura via face! (A442)

En todo o caso, os exemplos demostran que existe unha tendencia xeneralizada á elisión de vogais, tanto átonas como tónicas. Por tanto, concédese prioridade comunicativa ao plano semántico de intelección da mensaxe sobre o plano fonético, que dese modo inhibiría con toda probabilidade fenómenos de aférese, sínopa e apócope nos segmentos tónicos. Neste punto, o contexto lingüístico funciona como o único desambiguador en palabras que permitirían máis dunha reconstrución (Penas Ibáñez 2009). A simplificación vocálica afecta tamén os ditongos, que tenden a elidirse, se ben que non se trata dunha práctica moi estendida; deste modo, no noso corpus alternan solucións con e sen ditongo, embora predominen as primeiras.

Bos dias princesa! Nn son kpaz d durmir! **Stou** l**pk** rayada, km **puidchs** kmprbr! Grazas x oxe, **pasein** xnial! Es solete! Q tñas lbo dia! Qtm8! Muaka! (A167)

Jopis..meu pai dsmaious stando n baño e fixos dano! Xa nn **stou** nda trunkila, xq ont **tmpk** tiña m8 boa kra! Apuf..q rayadura... (A26)

Sobresalnte! Tes o noso visto e prace! Jeje (A316)

A preferencia para o caso dos tritongos e dos hiatos é moito máis clara, dado que como norma sempre se manteñen. A xustificación para o caso dos tritongos parece ser o alto custo cognitivo que require a reconstrución dunha tripla elisión, pois nin sempre o contexto permitiría recuperar os elementos vocálicos omitidos. En relación cos hiatos, coidamos que o feito de conformaren grupos silábicos independentes favorece a súa persistencia gráfica no texto:

⁶³¹ De igual xeito, as elisións vocálicas nin sempre se producen por dedución contextual, senón que en moitos casos tamén están motivadas por contacto vocálico, mais debido ás implicacións morfosintácticas deste fenómeno pareceunos máis oportuno analizado en 3.2.2.1.3.

Ei baby! Vanm lvar até ali asiq vou sn coche. En principio volvo kntigo, e se nn knsigo awantar tanto km ti vn **** x min! Vmnos ali! Sde **puntuais!** Q tal a expo? (A24)

Hi baby! **Nvieich** mail! Falei kn ela xo nn sobr iso! Kdms oxe! Knd m vs visitr? I miss u! Maña dou klass! Jeje! Bks fea (A17)

Nn puidn **sair** ants agora andas **ainda** x ai? Prdoa (A414)

ok! Se podó tb xe scribo un emilio! Non sei s n galego ou en machupino, dpndra de km d **fluido** sexa ste ultimo! XD Xa tams n madri komiditos e ate as 5 non **saims!** (A458)

3.2.1.1.2. Ausencia de acentuación

Outro dos mecanismos empregados na linguaxe SMS e que afecta o conxunto da palabra, mais especialmente o vocalismo, consiste na omisión de acentos gráficos. Os motivos que xustifican este fenómeno son varios: por unha banda a rapidez, pois se ben que no teclado do computador é moito máis doado accedermos aos sinais de acentuación, a prioridade deste tipo de interaccións é a celeridade, de modo que o habitual é que se supriman. No caso concreto das SMS, a súa ausencia, cando menos inicialmente, estaba fundamentada na demora que provocaba a súa inclusión, pois era preciso pulsar a tecla correspondente en numerosas ocasións⁶³². Por outra banda, a economía tamén se converteu nunha razón de peso, pois en certos terminais móbeis a inclusión de acentos provocaba unha mudanza no sistema de codificación de caracteres –de ASCII para UNICODE– o que reducía a cantidade total para cada mensaxe de 160 a 70, co consecuente aumento no custo das SMS. Debido á incorporación da Internet aos dispositivos de telefonía móbil esta tendencia está a se incrementar, de xeito que non constitúe un fenómeno exclusivo do xénero das mensaxes de texto. Alén disto, cómpre repararmos en que a creación doutros recursos de simplificación como a formación dos esqueletes consonánticos contribúe para afianzar este mecanismo, dado que, como xa indicamos, existen moitos casos en que tamén se suprimen as vogais tónicas, o que anula calquera intento de acentuación. A xeneralización desta práctica é clara, de aí que no corpus analizado a súa presenza sexa ínfima –tan só un 5,47%–, inclusive naqueles casos en que as SMS se escriben en lingua estándar:

Alegrome moito d q **conseguirades** un acerkmnto ;-)- Non te preocupes o segredo **esta** a salvo. Agora a volver pouco a pouco todo **a** normalidade. Un biko (A151)

Non **habia ninguen** na casa e xa o **collin** eu (A180)

E ke non sei se me operan hoxe ou **maña** (B3)

Estamos **saindo** do castelo (C12)

Para min si que supuxo un privilexio (e encheume de orgullo) escoitarte. Moitas grazas por estares **aí** e moitos **parabens** (C3)

⁶³² Igualmente, Galán Rodríguez (2007:68) apunta un dato relevante, pois moitos dos primeiros dispositivos de telefonía móbil non dispuñan de vogais acentuadas na tecla correspondente a cada letra, o que de partida xa estableceu un antecedente.

3.2.1.1.3. *Elisión de consoantes*

Os fenómenos vocálicos analizados evidencian a propensión a reducir o número de caracteres empregado para a representación das unidades lingüísticas no xénero das SMS. Mais para alén desta tendencia simplificadora, existe tamén certa predisposición á innovación tipográfica a través da creación de ortografías fonetizantes que eliminan aqueles sinais que non achan un correlato na correspondente realidade fonética da estrutura (Vela Delfa 2005:683). E neste punto o consonantismo é a área lingüística sobre a que opera un maior número de estratexias: así, a escrita dixital creou diversas alternativas para as grafías que non representan ningún fonema, para as combinacións de elementos gráficos duplos –dígrafos– que se empregan para reproduciren na escrita unha única unidade fonolóxica ou para aquelas distincións gráficas que non constitúen auténticas oposicións no plano fonolóxico. Como teremos oportunidade de observarmos, estes mecanismos, embora continúen na liña simplificadora dos anteriores, avanza máis un paso no seu intento de se aproximaren da escrita fonética e, en última instancia, da oralidade. Neste sentido, é preciso salientarmos diversos fenómenos como a elisión de consoantes, ben por dedución contextual, ben a través da omisión das grafías mudas, a redución dos dígrafos e outros recursos de maior complexidade, cal a simplificación da correspondencia fonema / letra ou as reducións grafo-fonéticas, este último de menor aparición en sistemas lingüísticos e ortográficos como o do galego, en que a relación entre a substancia ortográfica e a fónica é moi estreita.

De acordo con Anis (2006), a simplificación de caracteres e a ortografía fonetizante poden ser consideradas procedementos opostos, tanto nos seus modos de operar como nos recursos que utilizan. Con todo, son similares no relativo aos obxectivos que procuran: así, o interese por producir grafías máis simplistas orixina, nun e noutro caso, resultados ben diferentes, dado que a simplificación ortográfica ofrece grafías que toman como modelo a realización fonética, en canto os procesos de eliminación afastan a representación gráfica da realidade fonética (Vela Delfa 2005:685). Todos estes recursos, moi utilizados no xénero das mensaxes de texto como agora detallaremos, tamén se manifestan noutros xéneros electrónicos, nomeadamente nos medios sincrónicos, pois o esforzo cognitivo que requiren grande parte destes procedementos non se xustifica en modalidades textuais en que non existen condicionamentos espaciais nin temporais, como si acontece coas SMS, os chats ou a mensaxaría instantánea⁶³³. En todo o caso, xulgamos que a complexidade cognitiva que require o emprego deste tipo de recursos tan só se produce nunha primeira fase e o argumento perde vixencia cando estes se estandarizan e pasan a facer parte da competencia lingüística das persoas que utilizan o discurso electrónico. Chegados a este punto, as licenzas gráficas convencionázanse e o seu procesamento é automatizado, de modo que o que para un principiante nesta escrita constitúe unha innovación, para as persoas máis competentes consiste na repetición das regras e das estratexias lingüísticas propias do xénero das mensaxes de texto⁶³⁴.

A seguir procederemos á análise de cada un dos procedementos enunciados máis arriba. Na liña dos recursos de simplificación vocálica, a elisión de grafías por dedución

⁶³³ A este respecto, concordamos con López Alonso (2006) en que en xéneros como o correo electrónico o emprego destas estratexias adoita restrinxirse á utilización de formas máis ou menos estandarizadas no rexistro electrónico, isto é, aqueles que polo seu maior grao de automatismo, requiren un custo inferencial menor.

⁶³⁴ Alcanzar certo grao de estandarización resulta imprescindible para que este sistema de representación vire funcional, dado que se todas as estratexias empregadas constituísen sempre unha innovación, os problemas tanto no proceso de produción como no de recepción tornarían insustentábel a interacción. As estatísticas ofrecidas na análise lingüística deste xénero permiten vermos que existe certo equilibrio entre os mecanismos máis estandarizados –quere dicir, os que contan cun maior grao de aparición– e aqueloutros máis innovadores.

contextual afecta igualmente o consonantismo. Así, as persoas usuarias da escrita SMS eliminan aquelas consoantes que, ben debido á estrutura formal da palabra ou ben ao contido implícito no resto da proposición, son facilmente recuperábeis por parte da persoa receptora. Á diferenza da supresión de vogais, este mecanismo non está tan xeneralizado –tan só aparece nun 1,8% das SMS do noso corpus–, pois como xa se tratou, a tendencia é que as consoantes sirvan como marco de interpretación lexical daquelas palabras en que se suprimiu o núcleo silábico. En consecuencia, a supresión das marxes da sílaba costuma darse tan só no inicio e no final dos vocábulos, de modo que se reducen aos casos en que operan procedementos como a apócope, a aférese ou as crases –motivadas por encontros consonánticos e vocálicos e cuxa redución afecta na maioría dos casos o conxunto silábico⁶³⁵. Eis algunhas mostras:

Boas noits fea! Q tal o día? Eu + ou -! Kmpreivs lcpiy o d dnts **pa** q tñads na miña ksa. XDD nkntrm l pouk mal! Spro q sts bn! Qtm8m8m8m8 pk! Q dskanss (**A6**)

Olá, **** A rspcto do crño, **tá** no cap 3, na prmeira scción, mais só trto l pouco a cuestión lxiel. Aprts. (**B43**)

adeus 2010!! ahora pnsar no qe bn!! nas borraxeiras, bailoteos e **to** o qe qeiras facr!!flics fsts e bo aninovo!! m8s bikos (**C-Nadal 87**)

flz ndl e flzs fsts e q o ano q bn sxa mllr q ste e q ste sxa o + flz da tua vda e ste cheo d sorrisos. Dsexvs q tds os soños se vsfgn**realida** (**C-Nadal 1**)

De menor aparición son os encontros consonánticos provocados como consecuencia da fonética sintáctica. Freixeiro Mato (2006, I:205) sinala que tamén as consoantes finais de palabra poden producir fenómenos fonotáticos en determinadas ocasións e baixo o condicionamento de formaren un mesmo grupo fónico. O antedito autor sinala o *-n* como unha das consoantes que con máis frecuencia adoita sufrir este tipo de alteracións. Así, no noso corpus documentamos diversos casos que responden a diferentes condicionantes. Por un lado, achamos encontros e, xa que logo, elisión de *-n* debido á proximidade do seu punto de articulación coa consoante da palabra que a segue na cadea fónica, sobre todo cando esta é tamén nasal. E por outro lado, documentamos exemplos de supresión de *-n* especialmente co adverbio de negación *non* cando vai seguido do pronome persoal átono de 3ª persoa con función de CD, o que acaba por provocar mesmo crases vocálicas⁶³⁶. A seguir figuran algunhas mostras:

O caf e agora mesmo avisei x face e **no m** lembrei de avisart x mv sorry (**A407**)

⁶³⁵ En relación co tratamento do consonantismo na escrita SMS, Penas Ibáñez (2009) sostén que existe unha ampla conservación das consoantes en posición explosiva e unha restrinxida conservación das consoantes implosivas, nomeadamente do *-n*, do *-s* e do *-r* que, como veremos, non só reflicten unha dimensión gráfico-fonética, mais tamén unha dimensión morfofonolóxica de marcaxe de número plural e de desinencia verbal. Véxase 3.2.2.1.4 e 3.2.2.1.5.

⁶³⁶ Sobre este fenómeno, Freixeiro Mato (2006, I:208) apunta un dato que nos parece relevante en canto que lle podemos achar equivalencia no sistema de representación gráfica que estamos a describir: este autor afirma que os encontros vocálicos que hoxe non fan parte do modelo estándar da lingua escrita foron utilizados con grande asiduidade na lingua literaria, sobre todo no xénero lírico, onde constituía en ocasións un auténtico recurso métrico, isto é, onde as crases servían para axustaren o número de sílabas e respectaren a estrutura da composición, de modo similar ao que realizan as persoas usuarias das SMS para se axustaren aos condicionamentos espaciais que lles impón a aplicación.

Boas noits baby! Qtm8, **no o** sqzas nunca! Came what may! En srio, stou para o q ncsits, aind q nn m gust! Hox pasein xnial kntigo! Qtm8 pk! Q dskanses! (A14)

nos salimos ahora d funeral...vamos en camino d ver a las meyizas...d momnto nn temos gripe asi k **na** mnds p aki...meyorate bksss (C34)

A substracción na escrita SMS das letras mudas constitúe outro dos mecanismos de simplificación utilizado polo usuariado deste xénero, dado que non contan cun correlato na oralidade. E, se ben que na lingua galega non existen moitas grafías que non teñan un correspondente no momento da súa realización fonética, a inclinación xeneralizada con que se elimina o “h” confire a esta estratexia certa relevancia. Non obstante, consideramos que a súa estandarización non é tan evidente como noutros casos, pois existen moitas SMS en que esta consoante se conserva, e mesmo achamos exemplos en que converxen situacións de elisión con outras de persistencia:

Hi baby! Nvieich mail! Falei kn ela xo nn sobr iso! Kdms **oxe**! Knd m vs visitr? I miss u! Maña dou klass! Jeje! Bks fea (A17)

Jaja! Akbo d sair! Lvabaa pnsada xo ind asi fixn kmbios d ultim **ora**! Jeje! A intncion era q o mstr ns servis d algo nn? Algrom d q ch gustas tonti! Coidate pk! (A19)

Jo q ilu m fai q x ns toke algo xuntas again!! Flicidads xq o mreces chorvi! O vnres **abra** q clbralo dbidament! Jeje! Madrid..here we go! Bikos xika prmiada! XDD (A27)

Ola bicho! Km stas? D meyor **umor** q a smana pasad? E esa tos? Eu aki, missing you! Bks chorvi! (A144)

Akbn d dar knta dq **oxe** tño q dar clase pola tard, asiq nn m da tpmo a facer as **horas** se me paso pola maña. nn kntds kmigo. Se qrds qdams maña. Bks (A223)

Anis (2006) salienta que en linguas como o francés tamén existe unha forte tendencia para eliminar no final de palabra aquelas consoantes que non se pronuncian –o que esta autora denomina *mutogrammes*–, caso de *cour* (‘cours’), *e* (‘et’) ou *pa* (‘pas’), entre as de maior incidencia. De modo similar, Crystal (2008:45-46) fala de ‘*silent*’ *consonants*, para aludir á caída inicial ou final de consoantes que na súa realización fonética non se pronuncian, como acontece en *messin* (‘messing’), *rite* (‘write’) ou *englis* (‘english’), por exemplo. Como xa apuntamos, no galego esta casuística é moito máis limitada, embora tamén documentemos algúns exemplos de caída de consoante final:

Nn m kntou nda d nda! Oxe e a volta d **madri**-brsa as 9-kuart asi q se qres ims ants ou nn ims. Km ti qeiras! Bikos (A129)

ok! Se podó tb xe scribo un emilio! Non sei s n galego ou en machupino, dpndra de km d fluído sexa ste ultimo! XD Xa tams n **madri** komiditos e ate as 5 non saims! (A458)

3.2.1.1.4. Redución de grupos consonánticos

Nunha liña similar á caída do “h” podemos situar a redución dos grupos consonánticos como resultado da elisión da letra sen correspondente fonético⁶³⁷. Este mecanismo opera fundamentalmente sobre dúas grafías: *qu-* e *gu-*. No primeiro caso, *qu-* redúcese a *q-* cando vai seguido das vogais “e” e “i” como nos seguintes exemplos:

Qdamos as 4.55 na **sqina** non? Pq eu stou ai (A110)

Nn o disimls nda bn! Eu ao d *** nn ye daria imxtancia! Knd **qeirs** xa sbs q stou aki! (A176)

Xa nn sta nese **eqipo**, xo xoga o irma d ****, xamase ***. Nn sei se pdrei ir xq *** tb tn partido. Vouch dicindo ok? Bks pelexa (A208)

Se necesitas **kalqera** kousa chamame vale? Qtm8. E s nn **qres** star n kasa pds vir pa aki. Dskansa anda! Muaka (A232)

Igualmente, a combinación deste fenómeno coa elisión da vogal “e” provoca en moitas ocasións unha outra simplificación: *que* > *qe* > *q* tanto nos casos en que forma parte dunha palabra, como cando actúa como partícula monosilábica, como vemos a seguir:

Xa teño cita no okulista para o 26 deste mes. Agora xa nn tes nda **q** decirme eh! **Q** tal a ponte? Eu kaka, xa che kntarei! St finde pirams pa Madrid! A vr **q** tal! (A225)

Peque! **q** tl? ***** marxa mercors pa canad. so pod **qdar** maña a maña, **asiq qdams** 11.30 no meu prtal pa tmar kfe (tm cn ***) podes vir? senn pdms **qdar** ns knnd digas! Bsit (A244)

As ocasións en que esta dupla redución afecta a vogal “i” son moito menores –de igual modo que no caso anterior–, feito que se explica debido ao alto nivel de estandarización que revela esta grafía para representar o grupo fónico *que*, como se pode documentar xa desde épocas moito anteriores (véxase 1.1.3). Neste sentido, no noso corpus tan só achamos un exemplo desta realización:

A **** n ye dixn q xo kntara, xo si que falms asiq...douye saudos. Xa sta + **tranqlo**. (A324)

Como consecuencia da simplificación da correspondencia entre fonema e letra – mecanismo que analizaremos en 3.2.1.1.7– e da tendencia á escrita fonetizante, o grupo consonántico *qu-* tamén pode ser substituído pola grafía *k*, a pesar de que a lectura da

⁶³⁷ Algúns autores, cal Vela Delfa (2005:689) ou Galán Rodríguez (2007:69), inclúen este mecanismo dentro da simplificación de dígrafos. Non obstante, consideramos que, embora constitúan ambos procesos de redución de dúas grafías que representan un único son, a forma de operar duns e doutros é notabelmente distinta –no primeiro caso mediante eliminación dun dos elementos do grupo e no segundo a través da substitución dos dígrafos por outra grafía que non coincide con ningún dos formantes iniciais–, o que solicita da nosa parte unha análise individualizada de cada un deles.

consoante implica un *a* e non un *e*. Igual que nos casos anteriores, pode ir acompañada das vogais “e” ou “i”, como se pode ver nas seguintes mostras⁶³⁸:

Sintoo pero tiven **ke** ingresar no hospital , asi **ke** posponemos o cafe para kando me dean a alta. 1 biko (**B2**)

Sakei un 10! Stou kntnta! Jeje! Maña xa falams! Bikos (**A175**)

Prdone x dsprtala!!!! pero ahora e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun colegita d ***** e maña vams ir o **prke** acuatico...apuntadevos e vide k ali ven coyedes!!!! (**C20**)

Eu nn ia dicir nda xo m8 ben nn sbian! Jeje! Xo **tranki** q o q knta e a intncion! Jeje! Muaka! (**A186**)

Prdoa q che colgase! taba liadisima! **aki** ta caendo unha q flips!!! nn se ve pa knducir! s non skmpa terei q ir moi amodo! saio as 8, intntarei xegar a tmpo, ok?! bks! (**A247**)

Pois de sr tan multiplicados q sexan ben levados,ajaja. Moitas grazas x acordart, spro q che vaia todo ben. Un **bikiño** (**A383**)

Ou ben pode aparecer desprovista de calquera acompañamento vocálico, sendo novamente máis frecuentes os casos en que a vogal elidida é un “e”, polas razóns xa sinaladas:

Prabns! Tou m8 cntnte x esa nticial! Chmot dspois **k** tou n Bclona. (**B14**)

Boas noits **pk**! Km stas? Q tal o día? Eu akbo d chgar e vou dirkta pa kma. Stou morta! Vaia smaniña! Weno, flams maña!Bks (**A80**)

*****, fsme mal a vsta, xk a vrdade é que es un pouco feo, un pouco bstnt diría eu. Pro weno, es asi ke lle vas facr.....Aínda ke sexs feo bicas bn e gústame estr contgo. 1 **bkño** ***** (**A527**)

O outro grupo consonántico que presenta unha forte tendencia á redución é *gu* que manifesta diversas posibilidades de realización. Por unha parte, cando seguido das vogais “e” e “i”, o máis frecuente é que se elimine a semiconsoante debido a que esta non presenta realización fonética:

Ei! Q tal? Xa stas rcuprada? Km vai tdo? I miss u baby! Eu aki..**vageando** x mria pita! Kndo m vas vir visitar? Bks chorvi (**A69**)

Meyor! A ver se **knsges** dskansar agora. Boas noits baby! Qtm8 (**A235**)

Kntxtarn d NY! **** * ** ***** , do cntro d stdos glgos, di k x el nn ai problm. Q ye tn q pdir permiso ao bicreitor xo q nn pnsa q s **nege** (**A307**)

⁶³⁸ Sobre o particular uso desta grafa, Anis (2006) afirma que “le terme de réduction signifie soit abrègement en caractères, soit sélection de graphies supposées plus proche du phonétisme” e neste casos o proceso que opera é a univocidade.

Prdone x dsprtala!!!! pero ahora e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun **colegita** d ***** e maña vams ir o prke acuatico...apuntadevos e vide k ali ven coyedes!!!! (C20)

Por outra parte, o grupo *gu-* tamén pode ser substituído pola grafía foránea *w* –na liña dos fenómenos que analizaremos como reducións grafo-fonéticas (véxase 3.2.1.1.8)– debido ás súas similitudes acústicas entre este fonema na lingua inglesa e o grupo fónico galego⁶³⁹. Nestes medios, as maiores incidencias documéntanse cando *gu-* vai seguido de “a”⁶⁴⁰. A seguir mostramos algúns exemplos:

Ola chorvi! Q tal? Stas meyor? Eu tño pra rato no mdiko! Sigo sn nticias d **** xo **awantndo!** Jeje! Vai abr kfe? Koidat petarda! Muaka! (A20)

Ei baby! Vanm lvar até ali asiq vou sn coche. En principio volvo kntigo, e se mn knsigo **awantar** tanto km ti vn **** x min! Vmnos ali! Sde puntuais! Q tal a expo? (A24)

oyeeee! Q tal oxe? Puxechete **wapeta?** Sakarnch fotos? Knta knta! Bks chorvi (A257)

Como queiras. Non m importa! Q fixeches ate agora!? O curso sta **way** (A395)

Con todo, a grafía *w* non só é empregada para substituír o grupo fónico *gu-* seguido de “a”, mais en ocasións tamén aparece para representar *bu-*, nomeadamente cando a vogal que o acompaña é un “e”. Trátase dun fenómeno de equivalencia acústica entre /g/ e /b/ relativamente frecuente. De acordo con Freixeiro Mato (2006, I:185-186), estamos perante unha disimilación entre oclusivas velares ou entre bilabiais, como acontece en casos como **gomitar* por *vomitar*. No entanto, non constitúe un trazo recente ou exclusivo da oralidade, pois como apunta Ferreiro (1999:202), as disimilacións consonánticas constituíron un procedemento de grande rendibilidade para a evolución interna das palabras, como acontece en *VULPEM* que evolúe para *golpe*, ou *GRAMMA* que orixina dialectalmente para *brama*⁶⁴¹. Os casos con que contamos no noso corpus evidencian a vixencia deste recurso:

Q chorvi. Ktl onte? Ben? Eu stou q non podo co cu. Vou veyá..**wen** xa ts unha mensxe xo corpus. Muakaa! (A61)

Boas noits pk! Km stas? Q tal o dia? Eu akbo d chgar e vou dirkta pa kma. Stou morta! Vaia smanña! **Weno**, flams maña!Bks (A80)

⁶³⁹ Somos conscientes de que ao se pronunciar a semivogal *u* deixa de constituír un grupo consonántico e pasa a formar ditongo coa vogal a que acompaña, mais decidimos analízalo nesta sección para que a explicación deste fenómeno de redución non ficase incompleta. Con todo, tamén podería incluírse como parte dos mecanismos orientados á consecución dunha escrita fonética. Do mesmo modo, cando analizarmos os mecanismos de creación no plano fonético e orto-tipográfico trataremos máis ao pormenor a inclusión desta grafía, entre outras (véxase 3.2.1.3.2).

⁶⁴⁰ A respecto do grupo *gü* acompañado das vogais “e” e “i”, descoñecemos se tamén son albo de mecanismos de redución similares aos analizados até agora, dado que os textos do noso corpus non conteñen exemplos de palabras que presenten esta cadea fónica.

⁶⁴¹ Algunha destas casuísticas aparecen xa reflectidas no *Appendix Probi*: “calatus non galatus”, “adipes non alipes” ou “plasta non blasta” (Väänänen 1988:330-333).

Non obstante, esta estratexia non presenta unha grande rendibilidade por diversas razóns; en primeiro lugar debido á nula ou mínima frecuencia do ditongo *-ue-*, sobre todo acompañado da consoante bilabial sonora no galego; convén termos presente a diferente evolución fonética das vogais tónicas medias breves, que xeraron en xeral ditongos en español, mais que se mantiveron como monotongos en galego (véxase Penny 2005 e Ferreiro 1999); así, este mecanimo é utilizado en todos os casos para representar o castelanismo *bueno* (cfr. 3.3.2). En segundo lugar, porque algúns autores, cal Torres i Vilartarsana (2004), afirman que moitas persoas prefiren usar *gu-* e por extensión tamen *bu-* porque a procura de caracteres foráneos que non adoitan empregarse en galego pode supor unha perda de tempo. Neste caso, estaríase concedendo prioridade á economía temporal, sobre a espacial. Isto explica que aparezan tamén con grande frecuencia as formas sen redución:

Bos dias pk! Q tal a find? Ao final **** ox nn pd qdar e o plan knclous. Nn sei s ti qrs qdar **igual**...xa m diras. Bks chorvi (A139)

Boas fsts e prsper ani nov uns bks!!!!!! :) soms s mas **guais** de mugar incluid emiliño -.-! jojojojo FELIZ NAVIDAD :) HELLO serafiiiin :) :) (C-Nadal 26)

Felices festas e bo ano novo para todos!! m88 bicos **guapos**, amobos a todos aora d botellon (C-Nadal 78)

Este nadal e aninovo en galego pq e a nosa **lingua** (C-Nadal 105)

3.2.1.1.5. Os grupos consonánticos cultos

Igualmente, podemos supor que estes mecanismos de redución se farán tamén extensíbeis aos grupos consonánticos cultos, que presentan unha configuración silábica atípica se comparada coa das palabras patrimoniais. Seguindo Freixeiro Mato (2006, I:106), embora a súa pronuncia se conserve nos rexistros cultos, no galego popular produciuse unha adecuación á estrutura propia da lingua, nalgunhas ocasións a través de deformacións por vocalización dunha oclusiva en posición implosiva e noutras por medio da redución do primeiro elemento consonántico. A linguaxe das SMS, que presenta un rexistro informal e coloquial e que manifesta unha forte inclinación cara á oralidade, aplicará tamén nestes casos mecanismos de simplificación⁶⁴². No noso corpus achamos varios exemplos en que se prescinde da consoante que figura en primeiro lugar e que afecta especialmente os grupos cultos *-cc-*, *-ct-*, *-pt-* e *-bs-*⁶⁴³:

Bo nadal! nxme d orgullo e **stsfacion** pdrvs fleitar nst nadal e dsxrvs un prspro aninvo!! ;-P (C-Nadal 31)

coidad coa arbore do nadl, nn vaias chcar cn ela plo **efto** d chmpn!! (C-Nadal 66)

⁶⁴² Lembremos que as mudanzas que se producen nas normas dos diferentes sistemas lingüísticos camiñan, entre outros factores, cara á simplificación. Pensemos, por exemplo, nas transformacións que sofreu o sistema gráfico do portugués –código lingüístico de referencia para o galego e con maior tradición gramatical– desde a súa estandarización. Igualmente, as últimas mudanzas nas normas ortográficas e morfolóxicas do galego (RAG / ILG 2005) afectaron tamén os grupos consonánticos cultos *-cc-* e *-ct-* seguidos de “i” ou “u”, que pasan a prescindir do primeiro elemento, na liña do que acontece nos contextos populares da lingua e tamén no soporte dixital.

⁶⁴³ O tratamento do grupo culto *-ks-* será analizado nas seguintes páxinas, co resto dos fenómenos de escrita grafo-fonética.

Podesme enviar o arquivo por correo para ir facendo os kambios? O xoves antes das 11 poderia pasarme, andas por aí? Ou dime cando prefires e intento **adatar**me (A375)

Nn qro “dsktir” x sms, parcm **asurd**, s qrs qdams pa falar ou chamamns. Xo creo q nn son a unik q fai as kousas mal. E stou knsa d skoitár kntinuamnt q sn smpr a mala, q so m prokpo x min e q nn m ntro dnad xq nn e crto! Eu qtm e si q m imxtas xo nn t pdo obrigar a nda, e star asi nn e sano xa ningl.. (A16)

k muyer...xa desconctchs o whppp...levas sin **contr** dous dias.... (C14)

3.2.1.1.6. Simplificación dos dígrafos

Un fenómeno similar á redución dos grupos consonánticos constitúeo a simplificación de dígrafos. En ambos os casos a finalidade é a mesma, isto é, a compactación de bloques de caracteres formados por dúas grafías que representan unha soa unidade fonética (Vela Delfa 2005:690). Con todo, se ben que para os grupos consonánticos *qu* e *gu* a estratexia utilizada era a eliminación de un dos elementos –sobre todo o segundo, por constituír unha grafía muda–, sobre os dígrafos opera un proceso ben distinto: a fusión de ambas as unidades que conforman o conxunto nun outro carácter, diferente do punto de vista gráfico dos integrantes do grupo inicial, mais acusticamente equivalente. Os datos do noso corpus concordan co sinalado por Galán Rodríguez (2007:69), quen afirma que se trata dun exercicio fonético de grande rendibilidade na linguaxe SMS. Este mecanismo afecta nomeadamente os dígrafos *ch* e *ll* que pasan a se representar na escrita como *x* e *y* respectivamente; nos dous casos cómpre facermos certas matizacións, pois a realización fonética é aproximada: no referente ao fonema africado palatal xordo /tʃ/ (<ch>), é preciso sinalarmos que a propia evolución histórica da lingua antecede este recurso de simplificación nos contextos electrónicos. Así, o paso da realización fonética [tʃ] a [j] foi un proceso que si se produciu no padrón fonético da lingua portuguesa⁶⁴⁴, máis innovadora neste sentido que a galega, que permaneceu no estadio anterior. A proximidade acústica de ambas as solucións é clara e, por tanto, a redución non supón un alto custo cognitivo, o que o converte nun fenómeno de certo suceso entre o usuariado desta escrita –maniféstase nun 22,4% dos casos. Alén disto, neste contexto funciona con todas as vogais, á diferenza do que acontecía cos grupos consonánticos. Eis algúns exemplos que ilustran esta práctica⁶⁴⁵:

Prdoa colguei pq staba en klse e logo squecinm e agora nn sei s nn sra moi tard pa **xamart** (A93)

Fleidads plexa! Q tal? Oubo transfrmacion? Jeje! Nunk pnsar q durnt 14 dias kmprtids/ms a msm idad! Intnt disimlr os dstrgos q 351 dias fn n1 prsoa! Ri, ri! Agra nn o ntnds xo xa m dirs dntro d 365! jaja! Disfrtaos xq mpza a knt atras. E s qrs o meu skrto pa star km d 15 smpr pdms **xgar** a ltrato..jaja! Bks (A64)

Mira, meyor nn ims andr, vente para ksa q akb dir aos **xinos** e rozanme bastante. Voume facer as kuras agora. Bikos (A206)

Boas noits **xorvi**! Klqra kousa xamam ok? Da = a ora! Maña pgoxe ltok pa vr km stas! Koidate m8! Muaka (A441)

⁶⁴⁴ Embora permaneza nalgúñas variedades xeográficas do norte do territorio luso como trazo conservador, do mesmo modo que a neutralización entre as consoantes oclusivas bilabiais en favor da xorda, en converxencia coas solucións galegas (véxase Castro 1991:29-31).

⁶⁴⁵ A respecto da redución de dígrafos, Crystal (2008:49) documenta tamén para a lingua inglesa “the use of *k* for *ch* to spill over into other words –such as *kemistry*”

Eu supoño q si. *** n principio sta d trdes. Stou kurrando pero mdia **paxuxa**. Bikos (A313)

Pola súa banda, o dígrafo *ll* é o encarregado de representar o fonema lateral palatal sonoro /*ɮ*/, que á excepción do pronome *lle(s)* tan só aparece en posición explosiva interior. A este respecto, Freixeiro Mato (2006, I:180) advirte que, especialmente nos ámbitos urbanos e nas faixas etarias máis novas, este fonema está a ser substituído polo fricativo medio palatal sonoro /*ʎ*/, ausente no sistema tradicional do galego e motivado con toda a certeza pola influencia fonética do español. O uso da grafía *y* para redixir nas SMS este dígrafo de forma reducida tamén non pode explicarse sen a interferencia desoutra lingua, en que a dita letra se utiliza en distribución complementaria con *ll* para representar a antedita unidade fónica⁶⁴⁶. Mayans i Planells (2002), Vela Delfa (2005:690) e Galán Rodríguez (2007:69) documentan tamén a súa produtividade nos sistemas de escrita electrónica en español. No noso corpus, se ben que en moitos casos se manteñen as grafías duplas, tamén conforma un mecanismo fortemente estendido –o 55,2% prefere esta solución– con calquera elemento vocálico excepto con *u*⁶⁴⁷:

Grazs! Xa vou **veya** pa clbracions subidits d ton! XD a vr se vou x aí pra semna q ven! (A335)

Bs noits pk! Q tl o dia? **myor** q ont? Q tl o knert? Eu vou mimir, tou n pntdeum! ***** xa tivo o neno! A vr s flmos maña! Muaka baby (A349)

Estaba na kama! As maletas non xo os **biyetes** xa os temos! Vale pois ali staremos! A ver se maña fago visita! Stads? (A396)

Ola ptarda! Stou algo perxudikada! E asi aproveito pa dicirch q me kaes xenial eq ch **koyin** m8 kariño! Alegrom d q polo – ste mastr tivese algo bo! Bks chorvi! (A31)

K tal vay ese **oyo**???? espero k non **ye** devolveras o golpe a *****!!! (C8)

Ola!!!! o cmple cmbiamlo po domingo 12... nn m daba conta k o sabado **trabayo**...ok!!!! (C21)

Non te **rayes**, q knq **ye** digas q nn puidron vir xa sta. Nn creo q t crucifiquen! jaja! To sum up: QUEROTE M8 CHORVI! Q dskanses! Boas noits! (A219)

3.2.1.1.7. Simplificación da correspondencia fonema / letra

A escrita da lingua galega presenta como vimos certas particularidades en relación coa representación gráfica do plano fónico. Xa apuntamos anteriormente que, se ben que existe unha equivalencia relativa entre letra e fonema, aquela nunca chega a ser total e, por tanto, cada lingua manifestará unha maior ou menor correspondencia entre ambos (Freixeiro Mato 2006, I:60). Como se tratou na epígrafe anterior, existen fonemas que precisan de dígrafos para seren representados, do mesmo modo que noutros casos contamos con dúas grafías diferentes para representar un único fonema, o que se explica normalmente por razóns

⁶⁴⁶ Nestes medios remitimos para o apartado 3.2.1.3.2, onde se expoñen os motivos que xustifican a introdución de grafías foráneas na escrita SMS en lingua galega e para a epígrafe 3.3.2., onde se analizan as principais interferencias do español no galego que se documentan nos textos que constitúen o noso obxecto de estudo.

⁶⁴⁷ A ocorrencia do dígrafo *ll* con *u* tampouco se produce en ningún caso na lingua galega estándar. Este grupo silábico é tamén anómalo noutras linguas. No español, por exemplo, os dicionarios tan só documentan a palabra *lluvia* e os seus derivados. A evolución etimolóxica deu resultados diferentes para esta palabra en galego (PLUVIA > *chuvia* /*choiva*), o que xustifica a ausencia de exemplos no noso corpus.

etimolóxicas. No primeiro caso a linguaxe SMS tendía cara á redución dos dígrafos baseándose en similitudes acústicas con outros fonemas, co obxectivo fundamental de gañar espazo; mais nesta ocasión o procedemento utilizado presenta certas diverxencias: a simplificación da correspondencia entre fonema e letra tradúcese no uso indistinto das diversas grafías que representan un mesmo son, independentemente do que marquen as regras ortográficas da lingua en cuestión. Non obstante, esta estratexia non manifesta –en todos os casos– unha finalidade de economía. Na nosa opinión, as persoas usuarias da escrita SMS son plenamente conscientes das relacións entre as características gráficas e fónicas presentes na lingua galega e, neste sentido, as estratexias lingüísticas que utilizan nos seus textos responden a unha finalidade lúdica e creativa. Así as cousas, este desapego voluntario cara aos formalismos propios do rexistro escrito pretende chamar a atención para o carácter convencional dos signos, ao tempo que mostra unha actitude transgresora –para alén de se enmarcar na tendencia cara á escrita fonética (Álvarez Martínez 2008:263).

Neste contexto, existen diversos fonemas que no noso corpus aparecen representados a través de desvíos ortográficos, ao noso parecer deliberados⁶⁴⁸ (Yus 2001:87). En primeiro lugar, é significativo o uso indiferenciado das grafías e <v> para representar o fonema /b/. Os seguintes exemplos dan conta deste fenómeno⁶⁴⁹:

Prdone x dsprtala!!!! pero ahora e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun colegita d ***** e maña vams ir o prke acuatico...apuntadevos e vide k ali **ven** coyedes!!!! (C20)

q tdo o mundo **akve** o ano kn bo pe!e o mpce kn myor ainda.xd pasalo bn no nadl (o dia d fin d ano en spcia ;) unbiko a tods (fliz 2011) (C-Nadal 64)

Kntxtarn d NY! **** * ** ***** , do cntro d stdos glgos, di k x el nn ai problm. Q ye tn q pdir permiso ao **bicreitor** xo q nn pnsa q s nege. (A307)

Grazs x vir. Creo Q **Ncesitava** vrt! Vaia dia + tnto q tñ ox! Boas noits bmbn (A312)

Querote! Q **aprobeite!** XDDDD (A168)

Felices festas e bo ano novo para to2!! m88 bicos guapos, **amobos** a todos aora d botellon (C-Nadal 77)

Feliz nadal e malo sera!! q o ano q **ben** non seña mellor q este.. disfruta ds teus nestas datas tan sinaladas..bicos mil (C-Nadal 111)

Tamén as grafías *z* e *c* adoitan utilizarse de modo indiferente para representaren o fonema /θ/. Nestes casos o máis habitual é que apareza a letra *z* para reproducir secuencias en que o estándar prescribe o uso de *c*, quere dicir, acompañado das vogais *e* e *i*. Trátase de recursos que presentan como obxectivo a desautomatización da linguaxe, a que nos referimos en 3.1.1.1, e que procuran como fin último a creatividade –neste caso visual.

⁶⁴⁸ Porén, somos conscientes de que estes erros gramaticais e ortográficos poden ser tamén o resultado dunha má aprendizaxe lingüística. A fronteira entre unha e outra hipótese é complexa de delimitar.

⁶⁴⁹ O emprego dunha ou outra grafía non se explica nestes exemplos por razóns de redución de caracteres. Outrosí, o feito de que a maior cantidade de exemplos documentados sexan alteracións da grafía normativa *b* acompañada da vogal *e* non pode tampouco ser explicado como consecuencia da economía temporal, xa que se trata de dúas letras que non adoitan aparecer xuntas na mesma tecla, como si acontece nos casos en que a vogal é *a*. Nestes encontros cómpre agardarmos un mínimo de tempo para redixirmos unha grafía detras da outra, moito maior que o que require a escolla de *v*. No entanto, para o resto das vogais xulgamos que os motivos responden simplemente a unha vontade de desobediencia normativa.

QUE O CURSO QUE VEN **EMPEZEMOS** CON MOITO RITMO (C-Nadal 28)

Dsexvs un fliz nadal, e q o ano 2011 sea membrable... e a **flizitar** n galego eh! (C-Nadal 86)

as vcs nn stas e snto a tua prsenz. Nunk t sqzo. Psein mal e nn qro rptir e cand vlves tño unha **snsazn** d algria mpresionant qrot m8 (A526)

Rock in theatre!!! aaaaaauuuuu! Jeje! Fuchs pa kasa? Sto is starting! Stams diante d tdo, tratarei d skivar as bqetas e as puas q **lanzen!** Jeje! Muaka chika 10! (A40)

Ola baby! q e d tua vida? Q tal a smana? Eu ste find d relax! ti q vas **fazer?** bikos chorvi! Miss you a lot! A ver se nos vmos. Muaka (A221)

Como xa analizamos en 3.2.1.1.4 cando tratamos a redución dos grupos consonánticos, o fonema /g/ pode aparecer representado polas grafías *g* e *gu*. Con todo, nestas ocasións a lingua das mensaxes de texto prima o uso da primeira, no seu afán de simplificación de caracteres. Eis máis algún exemplo desta preferencia:

Ola persn! Foism a pinz e agor xa m parc lpk tard! Km vas? Mnos nrvirosa? Eu **xeguei** bn e a vr maña q m din! Boas noits! Bks (A438)

Grazas! Nn puxron mh a **ningn** pro saqi 10 (A403)

Olá, ****. O teu TFM e eu nn dmos sido bos amgs. Pdríasm mndr, d nvo, as **sgnts** páxns: 5-13, 47-52 e 62-68? Ou, case mllr, nvíamo outr vz ao crreo electrónic e tnto fcer lmpresión dsas follas n csa. (B9)

**** nn koyiches os **espagetis!** Pasate kndo saias e douchos. Chama a kasa kndo saias! Qtm8! Xps (A255)

No entanto, o fonema que maior interese ten do punto de vista da súa representación gráfica nas mensaxes de texto é /k/; de acordo con Freixeiro Mato (2006, I:138), pode aparecer simbolizado na escrita estándar do galego a través da letra *c*, do dígrafo *qu* ou mesmo da grafía foránea *k*, utilizada para reproducir palabras de procedencia estranxeira. Neste punto, a escrita SMS é moito máis subversiva e manifesta unha notoria predilección polo emprego de *k*⁶⁵⁰. Nos casos en que substitúe a letra *c*, xulgamos que o seu uso responde fundamentalmente a un afán lúdico, se ben que tamén se pode explicar por razóns de tempo, dado que require menor número de pulsacións no teclado dos telemóbeis. Nas seguintes mostras observamos a primacía desta solución nas mensaxes de texto do noso corpus:

Q sms + **kurrado!** Pois tams na **kma**. Stivems xgando a wii e agora a vr se facems os dbres, xo sn violencia! Jopis **kndo akabems** as **klass** vout botar m8 d-! Nn qro!!! (A43)

Akbo d chamar a ***** e *** e tñen o tlf apagado. En principio era pa hoy..pero n falei mas **cn** eles. **knd** sepa alg mas avisot.!! (A315)

ola golfa! Q tl sem sta? Eu **akbeina** 1tnt acidntada: abrin a fronte **kunha klumna!** Stou wapisisisima! A vr **kndo** visitas a nfrma...**bikos** mona! Muakaaaaa (A330)

⁶⁵⁰ Sobre o uso da grafía *k*, Álvarez Martínez (2008:263) afirma que se trata dun claro intento de reproducir non só o que se di, mais sobre todo como se pronuncia, de igual modo que o resto das estratexias de escrita fonética.

Jaja! Nn t **ekivkxs** nn!! Esta semana vai sr dficil! O **mrkrs** vou pa Santiago e vlv sabad. Luns e marts tño **kurs Kufie!** Grazas x **akrdart!** **Bikos** (A333)

Olá, ***. **Km** vai td? Tms d flar d vrias **csas**, **kmo**, x xplo, d dencia k vas ipttir st ano, ds **copias** d rnsión d *****, d meu **nnk** visto nin palpado teu TFM etc. **Kmo** ts sts días? Fco á spera d rebir nvas ts. Aprts (B42)

km stas person? Q tal twd? Deux tmpo a velo todo? Maña **kdamos** ou prefirs **dsknsar?** Q **dsknses!** Eu stou molida! Vou mimir (A346)

Para aquelas ocasións en que a grafía remprazada é *qu*, as motivacións simplificadoras son moito máis claras tanto para a solución reducida *q*, como para a alternativa con *k*, como xa apuntamos en 3.2.1.1.4. Este último caso é o que adquire maior relevancia neste punto, pois responde –máis do que a unha simple redución– a un fenómeno de substitución que, por súa vez, tamén implica redución, de modo que o procedemento adquire certa complexidade. Esta preferencia polo uso da consoante *k* tamén é documentada por Vela Delfa (2005:691) na súa análise sobre a lingua do correo electrónico, moito menos transgresora que a doutros sistemas de interacción dixital, o que permite corroborarmos a relevancia deste recurso na escrita electrónica. Nas SMS existe un certo equilibrio entre as solucións só con redución e aquelas en que se produce unha verdadeira simplificación da correspondencia entre o fonema e a letra. A seguir reproducimos algunhas mensaxes para dar conta deste fenómeno:

Boas noits baby! Stou n ksa ks 2 prsons **q** ti sabs! Creo **q** tok dsknsar! Q tal with your mum? Xa kse o sbs td sobr min. Bout smtr a ltrcr grado pa **ekilbrar!** (A22)

Stamos m8 knsos asi**q kdams** outro dia (A52)

Boas noits **pk!** Dim x sms a **k** hora m piyas maña, adaptome ao **q** m digas, e xa falams **q** agora nn pdo. Spro **q** tivss lbo dia. **Qtm8** wapa! C u 2morrow (A126)

Sakei un 10! Stou kntnta! Jeje! Maña xa falams! **Bikos** (A175)

Au! doem tamn o stomg! Sts dias forn moi durs gastronomikmnt! XD! **Q** tl tas? Spero **q** steas relaxada e **q** vos vaia bn a knvrsl! Nn vou apaga-lo movl x s m **kers** xamr! Bks! (A199)

Prdoa **q** che colgase! taba liadisima! **aki** ta caendo unha **q** flips!!! nn se ve pa knducir! s non skmpa terei **q** ir moi amodo! saio as 8, intntarei xegar a tmpo, ok?! Bks (A247)

E **k** ainda non te modrnizachs co whatsapp...**k** antigua es...debes de ser a unica persoa en España **k** non o ten activado.... (C12)

Se ben que é complexo medilo de forma cuantitativa, xulgamos que existe certa preferencia polo uso de *q* cando este forma palabra, isto é, para representar a partícula *que* e como grupo fónico en certas abreviaturas cun alto grao de estandarización, do tipo *pq* ('porque') ou *Qtm8* ('Quérote moito'). No lado oposto, cando o fonema /k/ constitúe un formante silábico, nomeadamente se vai acompañado de vogal, observamos un maior uso da grafía foránea. A xustificación deste fenómeno é razoábel, pois a inclusión dunha vogal coa grafía *qu* implica máis un carácter, en tanto que se suprimirmos a semiconsoante o efecto estético será moito menos chamativo e moito menos inmediato que se redixirmos *k*. Con todo, isto non implica que non apareza en certas ocasións, mesmo en combinación con secuencias claramente estereotipadas:

Ola son ***** deíxeixe 1 pm n face pro rsumindo **q** podo **qdar** hoxe xla tard **pq** nn **qdei** ata a noit **q** che parc **qdar** as 6 onda a fnac? (A413).

3.2.1.1.8. Reducións grafo-fonéticas

Mais, alén dos mecanismos de simplificación analizados, que podemos adscribir ou ben ao ámbito vocálico ou ben ao consonántico, desenvolvéronse outras estratexias que afectan ambas as esferas e que teñen como marco de actuación o contexto da palabra. Seguindo a tendencia cara á oralidade, convén destacarmos as reducións grafo-fonéticas, recurso moi frecuente en linguas como o inglés ou o francés, onde a escrita non corresponde á pronuncia. Este mecanismo consiste no uso da grafía para representar palabras ou secuencias fónicas tal e como son pronunciadas na oralidade. Anis (2006) documenta para o francés o suceso desta estratexia nos medios de interacción electrónica: *bo* ('beau'), *ocun* ('aucune') e *vréman* ('vraiment'); Crystal (2008:48), pola súa parte, rexistra tamén a notoriedade deste recurso no inglés: *fone* ('phone'), *luv* ('love') e *wot* ('what'). Os seguintes exemplos extraídos de conversas públicas na rede social Facebook dan conta da popularidade deste fenómeno:

Just made a group decision we **r gona** have a no swearing week, wonder how long that will last (OM5)

- Really mum...just really?
- **Ur rite** there Jackie and its rubbing off the rest lol xx
- **U** left already didnt think **u wer goin** that soon xx
- Sofa for me **tonite** looking after little sis :(
- Hope shes ok and **u ad a gud nite** xxx

Can **u c** me waving lol xx (OM6)

- Ok **u** win its big. **U** keep an eye on lesley dnt wnt her fallin over board after too many sambuccas. Have a great time **c u** soon. Dnt **foget** mine and rachels rich bloke **ur** bringing us bck x x
- Well girls i'm in the **que** to board and don't **c** no talent here only sugar daddys lol xx

E aínda que a lingua galega non constitúe un idioma que presente grandes diferenzas entre o plano fónico e a súa representación gráfica, no noso corpus achamos diversos casos que responden a esta tendencia de reproduciren por escrito a oralidade. Nalgúns ocasións, este recurso prodúcese pola aplicación de mecanismos xa analizados⁶⁵¹ como a caída de letras mudas ou a redución dos grupos cultos na lingua coloquial:

Pois cas prfiro venrs. Asi xa x cont todo emplto ao vir d **Madri!** Dime hora e sitio e xa cncrctms! S qrs vou x ti! Bks!! (A436)

ola golfa! Q tl sem sta? Eu akbeina 1tnt **acidntada**: abrin a fronte kunha klumna!! Stou wapisisisima! A vr kndo visitas a nfrma...bikos mona! Muakaaaaa (A330)

Fatura lixo buzon (C4)

⁶⁵¹ Trátase do fenómeno por excelencia da escrita fonética, de modo que incluíra todas as estratexias que contribúen para esta finalidade e que analizamos con anterioridade, se ben que tamén presenta particularidades propias que requiren unha reflexión autónoma e independente.

Noutros casos, os motivos da escrita grafo-fonética son totalmente opostos e débense á tendencia por enfatizar diversas pronunciacións marcadas, aínda que non só. Tamén achamos casos de xogo lingüístico, como en A98 e A130, en que intervén a secuencia fónica [kʃ]. Isto afecta fundamentalmente a representacións da linguaxe informal, como se pode ver nas seguintes mostras:

Boas noits pk! Km stas? Q tal o dia? Eu akbo d chgar e vou **dirkta** pa kma. Stou morta! Vaia smaniña! Weno, flams maña!Bks (A80)

Mrda coma smpre nn me ntereí e nn t **cntxto** ata agora xamam s qres a partir das 8.30 bks (A98)

Ei, pasax algo kmigo? Mndeix mails, xameit...xq nn das sinais d vida? Jopis ***...q pasa? **Kntxt** xfa. Bks. Boas noits chorvi (A130)

Davz, fsme mal a vsta, xk a vrdade é que es un pouco feo, un pouco bstnt diría eu. Pro weno, es así ke lle vas facr.....Aínda ke sexs feo bicas bn e gústame estr contgo. 1 bkño **davzño**. (A527)

Ola! Xdoa x trdar xo o mbl funcion knd qr! Eu alg1 dia d tard podria! Avisame e qdams, s pods? Q tal tdo? Eu km smpr, **extresada!!** jaja! Bkos (A253)

Ei, Prda q xe cortara xo taba ntrand n kasa dos avs d **als** e nn era plan! So t xamei xa cnfirmar se hox abia feir mdvl?! Q tal? Fuxs praia? Nn xam x s mlsto! Bk (A398)

De acordo con Crystal (2008:49), esta estratexia tamén é utilizada con asiduidade cando queremos reproducir certas variantes xeográficas da oralidade que non figuran recollidas no estándar gráfico. Neste punto, a nosa análise revela que os trazos dialectais que maior representación escrita posúen no corpus son o seseo e a gheada, embora non sexan os únicos (véxase 3.3.1). Vexamos os seguintes exemplos:

nsts dias de xiada qu tat frio vai x eso eu pa qcer acrdm dti mamaa e do teu caldinho de grelos !!:)) **Flis** Nadaal muaka pataka!! (C-Nadal 4)

nos momntos tristes tabas ai :) ns momnts d scaxada partiamns as caixs. so qria q souberas q nsts dias d ndl Krt **comij**. **Felis** 2m11!! (C-Nadal 5)

Pois vai tirndo! Tño 1 bo nfermeir!! jaja! A vr s m kra pra o kongres snn vou ir **ghuapa**...e x ai q tal? Alg1 novidd? Bks (A331)

A adaptación de palabras foráneas aos esquemas morfolóxicos e gráficos da lingua galega tamén ten como resultado, en ocasións, fenómenos de escrita fonética. Algunhas SMS presentes no noso corpus revelan esta tendencia (véxase 3.2.2.3.1):

Es 1 **crak!** Saiuche fenomeno! Os cmntrs de *** xenial non! Non t odia tant! (A397)

Mandéixe privado ao **feisbuk!** Menos mrkors e xovs q tou n Madrid poddo qdar kalqra dia d tard asq ti diras! Q tal vas? Xa m tarda vrt! Jeje! (A435)

Ora ben, moitos investigadores, cal Vela Delfa (2005:696), Anis (2006), Galán Rodríguez (2007:70), Álvarez Martínez (2008:394) ou Somoano (2011:41-51) chamaron a atención para a forte influencia da lingua inglesa nos textos electrónicos producidos noutros idiomas⁶⁵². As mensaxes de texto en lingua galega incorporan en ocasións certos recursos propios deste idioma, cal a escrita grafo-fonética, o que normalmente se explica ben por razóns de economía lingüística, ben por cuestións expresivas, como se ve nas seguintes SMS:

Boas noits pk! Xa sta tdo ready! Jeje! Agora so falta q che guste! I miss **u** a lot n klase! Nn sei q vou facr a partir d agora...abra q pnsar n1 plan b! Muaka (A38)

Q tal ye foi o dia ao meu ncalograma plano favorito? Jeje! Eu bstante ben! XD maña xa stams xuntiñas! Podras awantar? Jeje! See **u** 2morrow darling! Muakakakaka! (A47)

Boas noits pk! Dim x sms a k hora m piyas maña, adaptome ao q m digas, e xa falams q agora nn pdo. Spro q tivss 1bo dia. Qtm8 wapa! **C u** 2morrow (A126)

I miss **u** everyday baby! jaja! A vrdad e q staba n clase e pnsando n Madrid! oye si t rgalo lncria fina **** n se nfad no? jajaja! Boa viaxe de volta! Muaka! (A258)

jelou! Jau ar yu duing? Wi nid tu tolk! Tumorrou ai kal yu, if ai kan. A klas foi tdo lexitto! Jeje! (A133)

Gud mornin baby! Jaf a nais dei! Lof ya! Lol! Xoxo (A280)

Como observamos, o habitual no noso corpus é a presenza de fórmulas xa convencionais na lingua inglesa para os textos electrónicos. No entanto, é preciso destacarmos as dúas últimas SMS (A133 e A280) que, do noso punto de vista, constitúen non só unha mostra da influencia do inglés neste medio, mais que permiten tamén ilustrar que as persoas usuarias son conscientes dos xogos lingüísticos que realizan, como se deduce do emprego da escrita grafo-fonética para o inglés do punto de vista dun utente de lingua galega, o que xulgamos que pretende crear un efecto expresivo e lúdico.

3.2.1.1.9. Uso de grafías etimolóxicas

A escrita das mensaxes de texto desenvolveu –como analizamos nas páxinas precedentes– determinadas estratexias que afectan o plano ortográfico e que se deben ou á necesidade de simplificación ou ben a un desexo de se aproximar da oralidade. E aínda que se trate de mecanismos restrinxidos ao contexto electrónico –neste caso á lingua das mensaxes de texto– e motivados polas características técnicas deste soporte, en ocasións permiten reflectirmos sobre aspectos que superan estes ámbitos. Sen saírmos da esfera ortográfica, xa documentamos en anteriores SMS (C-Nadal 4, C-Nadal 5 ou A331) a reprodución na escrita de dúas variantes dialectais –o seseo e a gheada; na mesma liña, no noso corpus achamos tamén diversas SMS en que se utilizan as grafías etimolóxicas, o que trae a debate un dos grandes problemas ortográficos da lingua galega: as controversias entre os partidarios das grafías histórico-etimolóxicas que perviven no portugués moderno –modelo reintegracionista–, os que avogan pola adopción das grafías máis foneticistas modernas coincidentes xeralmente coas do castelán –modelo isolacionista– e aqueles outros que optaron por unha vía intermediaria –coñecida como de mínimos ou de concordia–; na última revisión das normas incorporáronse algunhas solucións na liña desta proposta que, na opinión de

⁶⁵² Para unha análise máis pormenorizada sobre a incorporación de estranxeirismos nas SMS do noso corpus, non só de anglicismos, véxase 3.2.3.4.1.

Freixeiro Mato (2006, I:52-55), parece “a única vía posíbel de confluencia entre dúas filosofías diferentes sobre o idioma”.

Sen entrarmos en cuestións que exceden os obxectivos deste traballo e que xa foron estudadas por outros investigadores⁶⁵³, convén repararmos nas implicacións que presenta o uso da grafía etimolóxica nestes contextos. Por un lado, analizaremos brevemente o modo en que os recursos da linguaxe SMS afectan este modelo de escrita e, por outro lado, reflectiremos sobre o uso e as motivacións da inclusión de determinadas solucións do modelo reintegracionista en mensaxes redixidas segundo as indicacións da variedade padrón. A seguir incluímos algunhas mostras que nos servirán para esta finalidade⁶⁵⁴:

Era para sabr q tal **stavas**. **Nm insistim** por s **ja** adormeceras. Espro q t ncontrs **mlhor**. Animo, **coraçom!** (A390)

*****, **nm** m lmbro se **ja** te informara d q **nm tenhem** capacidade para tanta **gnt...** (A389)

kari, sqceuche deixarm a tarxeta xo non pasa nada! Xa usarei a miña nn t preocups. Spro q teñas lboa viaxe. Falams **manha**. Querote m8. Xa t boto d-! Xps (A459)

Xa temos en illa a posibilidade d xerar cv modelo mec. Podes probar co d *****? **Manha** falamos (C2)

nsts dias de xiada qu tat frio vai x eso eu pa qcer acrdm dti mamaa e do teu **caldinho** de grelos !!:) Flis Nadaal muaka pataka!! (C-Nadal 4)

Como ilustran os antecitados exemplos, tan só as dúas primeiras SMS corresponden ao modelo reintegracionista, en canto as tres últimas inclúen unicamente a representación da consoante palatal nasal coa grafía *nh*, solución de orixe provenzal e vixente na lingua portuguesa. En A390 e A389 observamos tamén o emprego de diversos recursos de simplificación que funcionan do mesmo modo que naquelas mensaxes que parten da norma oficial: así as cousas, documentamos a elisión de vogais, nomeadamente de *e* (*sabr, s, Espro, t, mlhor, m, d, gnt* etc.); o resto das vogais presentan unha maior estabilidade, pois tan só se produce a caída da vogal *o* no caso do adverbio de negación (*nm*). Tamén e rendíbel a redución de grupos consonánticos, neste caso da partícula *que*, que se representa como *q* en todas as ocasións en que aparece, o que nos permite deducir que a simplificación da correspondencia fonema / letra non se produce con tanta frecuencia, como se infire tamén do emprego da grafía *c* en *capacidade* ou *ncontrs* para a reprodución do fonema /k/ ou das grafías *j* e *g* correspondentes ao fonema /ʃ/ (*ja, gnt*). Da mesma forma, mantense a distinción gráfica entre *b* e *v* (*sabr, stavas, lmbro*) e non se reducen os dígrafos *lh* e *nh* (*mlhor, tenhem*). Por outra parte, tamén podemos observar en *coraçom* un fenómeno oposto á escrita fonética, pois debido a un convencionalismo gráfico, reproducécese un trazo ausente na variedade xeográfica da persoa que redixe o texto⁶⁵⁵.

⁶⁵³ Véxase Hermida (1987), Kabatek (1994), Monteagudo (1999, 2004), Freixeiro Mato (2002) e Alonso Pintos (2002).

⁶⁵⁴ Con todo, somos conscientes de que os poucos exemplos con que contamos –tan só o 0,25% do noso corpus– non permiten extraermos datos definitivos, mais orientativos dos usos e das estratexias presentes neste modelo ortográfico.

⁶⁵⁵ Segundo os datos que manexamos ambas as mensaxes proceden da cidade de Santiago de Compostela, zona en que xa non se mantén o seseo, de modo que xulgamos que o uso de *ç* constitúe un elemento exclusivamente gráfico, resultado da adopción do modelo reintegracionista (véxase AGAL 1985:53).

Do noso punto de vista, a razón que xustifica o escaso ou o nulo emprego de determinados recursos de simplificación nestas mensaxes ten que ver cun maior grao de compromiso lingüístico. Quere dicir, aquelas persoas que optan por este modelo ortográfico son partidarios dun maior achegamento do portugués canto que referencia imprescindible para o establecemento dunha norma escrita galega (Freixeiro Mato 2006, I:50). Neste sentido, o emprego dalgúns mecanismos de redución anularía a maior parte dos trazos diferenciais desta escrita, que confluíría na súa vertente electrónica, co modelo normativo vixente. Por tanto, a necesidade de manter a súa identidade de código diferenciado é a que explica, ao noso ver, a menor presenza de simplificacións lingüísticas, cando menos naqueles elementos que permiten definilos como modelo. Con todo, en A459, C2 e C-Nadal 4 a reflexión redúcese a unha cuestión meramente gráfica, isto é, ao uso do dígrafo *nh* para a representación da consoante palatal nasal. Nestes casos pode tratarse, igualmente, dun uso diferencialista, que opta pola solución coincidente co portugués para evitar a escrita de procedencia española *ñ*, como acontece en C2 e C-Nadal 4. No entanto, a presenza en A459 das dúas solucións (*miña* e *manha*) permítenos supor que esta non constitúe a única causa posíbel. Nunha primeira aproximación poderíamos pensar que a preferencia –naqueles casos en que a escolla de *nh* non é deliberada– sería polo uso do *ñ*, dado que se trata dun único carácter, á diferenza de *nh*. Por tanto, os condicionamentos de tipo espacial non xustifican a presenza deste dígrafo, mais si os temporais, pois naqueles terminais telefónicos con teclado reducido a demora que provoca a procura do *ñ* pode derivar nunha maior predisposición ao emprego de *nh*⁶⁵⁶. En consecuencia, notamos que en ocasións tanto a consciencia lingüística dos falantes como a necesidade de establecermos intercambios rápidos e dinámicos favorecen o emprego de mecanismos de ampliación (véxase 3.2.1.2, 3.2.2.2, 3.2.3.2 e 3.2.4.2).

3.2.1.1.10. Reducións alfanuméricas

O uso de logogramas e de pictogramas é un dos recursos máis evidentes da escrita SMS, como iremos observando segundo analizarmos os diversos mecanismos lingüísticos que esta desenvolveu. Nese sentido, as letras –léase consoantes– non son as únicas que se utilizan polo valor fonético do seu nome, senón que este fenómeno afecta tamén os numerais que, seguíndomos Torreis i Vilatarsana (2004) e Galán Rodríguez (2007:69), valen polo que significan. Noutras palabras, utilízanse os números para representaren certas secuencias fónicas ou mesmo palabras debido á súa equivalencia fónica. Crystal (2008:37-39) sinala que o uso de letras, de numerais e de símbolos (véxase 3.2.1.1.11) para substituír palabras, partes de palabras ou inclusive sons asociados con accións –onomatopeas– ten xa o seu antecedente no rebus ou hieróglifo da escrita exipcia: “a message which, in its original definition, consists entirely of pictures that are used to represent the sounds of words, rather than the objects they refer to”. Sobre este particular, tamén Anis (2006) afirma que o proceso de resolución desta estratexia coincide co dos hieróglifos, dado que a parte que non corresponde ao abecedario ten que se interpretar como a unidade resultante da súa lectura. Así, na escrita SMS os logogramas numéricos poden ser utilizados de diversos modos. Por un lado, poden aparecer de forma individual para representaren o seu valor. Este recurso non é exclusivo da linguaxe SMS, senón que predomina nos textos escritos de carácter informal e emprégase tanto cos cardinais como cos ordinais. Vexamos os seguintes casos:

⁶⁵⁶ Embora o número de pulsacións varíe en función do teclado que se utilice, o uso de *ñ* exige como mínimo cinco pulsacións, en canto *nh* tan só precisa de catro. A respecto dos teclados *querty*, convén precisarmos que esta xustificación non sería válida nos terminais galegos e españois, para os que se inclúe esta grafía, mais seguiría a ter vixencia naqueles dispositivos mercados fóra deste territorio.

Boas noits baby! Stou n ksa ks **2** prsons q ti sabs! Creo q tok dsknsar! Q tal with your mum? Xa kse o sbs td sobr min. Bout smtr a ltrcr grado pa ekilbrar! (A22)

Boas noits chika **10!** (digoo xq stou orguyosa de ti, nn x vacilart) Nn gasts m8s enerxias, q senn maña nn m rinds, e oyo kos golpes, q qdn pouko stetikos! Bikosss (A45)

Bona nit! Neste momento mpza o meu planazo d vnres: mal d skola d pennak (**3000.**) espero q ti eskoyeses a **2** opcion! Bks. Pasa lboa finde ptarda! (A54)

Ola! En **5** min voum poñr a korrer polo paseo n arteixo! Apuntaste? Jeje! Dsd q mpzou o mstr nn volvin asiq pde q m dprima ao vr q pouk awanto! Jeje! Ate maña! (A55)

O prox cnert e o vnrs **25!** xo nn e d cpitn mrgn! E so d *****! E en acustico e poderia tar bn! Xo eu tño o d hamlt, e ad+ xa seria moito abusr, jeje! Boas noits! (A58)

Flecidads plexa! Q tal? Oubo transfrmacion? Jeje! Nunk pnsar q durnt **14** dias kmpriads/ms a msm idad! Intnt disimlr os dstrgos q **351** dias fn n l prsoa! Ri, ri! Agra nn o ntnds xo xa m dirs dntro d **365!** jaja! Disfrtaos xq mpza a knt atras. E s qrs o meu skrto pa star km d **15** smpr pdms xgar a ltrato..jaja! Bks (A64)

Chama as **7** se pods. Stou reunida (A76)

Noutras ocasións, os números son utilizados para representaren secuencias fónicas dunha palabra ou mesmo palabras completas. E, neste punto, convén destacarmos a rendibilidade do numeral 8, cunha alta porcentaxe de uso –o 90,1%⁶⁵⁷. Sobre este particular, temos de ter en conta que nalgúns casos os valores fonéticos dos numerais non son exactamente equivalentes, senón que se aproximan do valor fonolóxico que pretenden reproducir, do mesmo modo que o seu significado nin sempre é constante: por exemplo o 2 en moitos casos temos de o interpretar en español –‘dos’ en lugar de ‘dous’– (véxase 3.3.2), ao tempo que tamén pode lerse en inglés ‘tu’. As mensaxes do noso corpus demostran esta enorme variabilidade:

Grazs polo d hoxe, stba **m8** rikisimo tdo! Es 1sol! Nn sei q faria sn ti! **Qtm8m8m8!** Muaka! Chamam pa qdr maña e xa m kns q tal a peli. Bks (A125)

Boas noits pk! Dim x sms a k hora m piyas maña, adaptome ao q m digas, e xa falams q agora nn pdo. Spro q tivss **1bo** dia. **Qtm8** wapa! C u **2morrow** (A126)

Ola! Xdoa x trdar xo o mbl funcion knd qr! Eu **alg1** dia d tard podria! Avisame e qdams, s pods? Q tal tdo? Eu km smpr, extresada!! jaja! Bkos (A253)

Felices festas e bo ano novo para **to2!! m88** bicos guapos, amobos a todos aora d botellon (C-Nadal 78)

Pos **m8** bn, kntr tdo pronstiko nn tño rsak! Jeje! Oxe fun vr a ***** xogar e agora tou tirada no sofa! ** e *** mndan saudos! Grazas xlo sms! Es 1sol! Muaka bombon (A30)

M2 XD (A191)

⁶⁵⁷ Crystal (2008) tamén documenta a rendibilidade deste numeral na lingua inglesa: *gr8* (‘great’), *db8* (‘debate’), *l8r* (‘later’). Mais como se pode notar, este fenómeno non se reduce ao uso de 8 nin a unha lingua en particular, senón que presenta unha grande rendibilidade noutros contextos: (ing.) *b4* (‘before’), *2day* (‘today’); (fr.) *2m1* (‘demain’), *a2line* (‘Adeline’), *abi1to* (‘a bientot’); (esp.) *salu2* (‘saludos’) etc.

Spero q a pizza stivs rik xq os meus makrrns stban rqrtrqtrIKISIMOS! Jajaja! Qrot m8 wapa!
E nn t preokps q NY vai star ai **waiting4us!** Muaka! (A84)

Jopis! gelo tar na kmiña arrimand cebola. sta sndo **1**semana d **n8** rara entre q t bto d- e o d
***, a kbza nn para (A544)

Igualmente, documentamos algúns exemplos en que nos numerais con variación de xénero –sobre todo nos ordinais– se tende a incorporar a marca correspondente de feminino, en canto o masculino figura como o termo non marcado; porén, é necesario repararmos en que non constitúe unha práctica normalizada:

Tia, qeria kntaryo a tdas xq staba m8 kntnta! Nn t nfads kmigo fuches a **1a** a qn chamei!
Ainda segue n pe o do cine? Qtm8 (A35)

Maña d 10:30 a 12:30 dou a miña **1a** klase! Stou nerviosiya! Jeje! Pois s t pasas x ali xa che
knto tdo, tdo! Ti q tal? I MISS U 2! xa diras! Boas noits baby! (A132)

Si. Gracias. E para un asunto do traballo. A ver se subo facer lvsit st finde! Q tal todo? **Alg1a**
novidad? Bikos (A377)

felices festas a todos as personas e as q nn sn personas xk esto e **1ha** vida loca loca loca
perdida todo!!!!!!!!!!!!!! en estas navidades turrón (C-Nadal 126)

Nos casos anteriores a técnica logográfica utilizada pode ser identificada claramente como un recurso de simplificación de caracteres. Porén, achamos tamén outros exemplos en que o emprego de números non se corresponde con esta finalidade. Neste sentido, Vela Delfa (2005:699) alude para a exploración dos aspectos lúdicos da linguaxe para xustificar estes usos. No noso corpus documentamos diversos exemplos que poden adscribirse con facilidade a esta tendencia creativa da escrita das mensaxes de texto. Neles podemos achar combinacións de números e de letras, que nalgúns casos, como en C-Nadal 68, parecen estar motivados polas súas similitudes gráficas:

qrte e x iso ch dsexo l bo nadl e prspero **2o11** (C-Nadal 68)

flz **2m11** e flzs fstas. cmo est ano nigl outro (C-Nadal 91)

Feliz nadal a todos e ted cuidao en fin d ano xa nn solo co alcohol senon tamen coas uvas.E
recordad o q faigads **100PRE** CN PRCAUCION.ƒELIZ NADAL (C-Nadal 9)

pk nst **2m11** xe regalen **1nha** rosca, e k a tua vid xire cmo **1nha** roda (C-Nadal 36)

3.2.1.1.11. *Uso de símbolos*

Os signos constitúen –igual que os números– máis un recurso logográfico adoptado e adaptado pola linguaxe SMS como unha estratexia simplificadora e, ao mesmo tempo, creativa. Embora algúns autores documenten tamén o emprego doutro tipo de símbolos, cal o & ou \$ (véxase Crystal 2008:44), no corpus que manexamos aqueles que presentan unha maior rendibilidade son os signos matemáticos, que se utilizan con base no seu valor

fonolóxico⁶⁵⁸. O modo en que estes símbolos son utilizados non difire demasiado do descrito para o caso das reducións alfanuméricas e, por tanto, poden aparecer de forma individual – representando palabras–, como equivalentes de cadeas fónicas que tan só reproducen parte dun vocábulo e, nalgúns casos, tamén se combinan con outros recursos para formaren abreviaturas. En primeiro lugar destaca o signo de adición +, que pode substituír na escrita tanto o adverbio de cantidade como a conxunción adversativa. Con todo, notamos unha maior aparición do primeiro, debido ao pouco emprego de *mais* como partícula adversativa no noso corpus –onde predominan os intercambios de tipo coloquial e informal– e tamén na lingua galega en xeral, como consecuencia do predominio asoballador da forma *pero* –reponderante no español–, para a cal tamén se desenvolveron simplificacións a través de símbolos, como veremos máis adiante⁶⁵⁹. Así, a conxunción adversativa *mais* en forma de signo matemático só aparece nunha ocasión (A131), en canto para a conxunción copulativa documéntanse 25 ocorrencias. A seguir ofrécese unha pequena mostra:

Parabns baby! So qro q saibs q stou nkantda d kumplir ans kntigo e d kmpartir sts momntos! Intntarei facr dstas 21 h o + agradb! posibl! Qtm8 ladiya! Q durms bn! (A74)

Ola fea! Km stas? Eu rgulin! A nai d **** tmlus mal o d q march d kasa e stan nfadados. Pero tb m parc l feo kra a min + n fin...ti q tal? Bks chorvi! (A131)

Moits grazs ricura! E+ x faclo atopndot ml! Qdou moi bn envlto! No coxe nn via patras! Nn o recrdab tn grnd! Tiveno q subir xa pa casa! Damsllo mña xla mña! Bks! Qtm8! (A187)

ola! entncs maña vems o partid na miña casa. ***** dixo q viria sobre as 8. se qeres vir ceada ou vir + tard polo da dieta, nn hai prblm! Bsits. Ta maña! (A245)

Ola! Akb d xegar a casa q deíxei o mbl krgando! Q ansias x deus! Jaja! Ok o domingo way! Ao meyor tms l amiga d sviya x aki! Hai l prato +? (A402)

Trabayando e pouko +! Pasao bn, flams maña. Bks (A81)

O noso corpus contén tamén unha mensaxe en que o signo + equivale á conxunción copulativa e, embora manteña en grande medida o seu valor sumativo debido á disposición dos elementos coordenados:

Flz nadl + prospr an 2m11 . Sed flcs at ;) (C-Nadal 94)

Este símbolo tamén contribúe para reducir caracteres en palabras que conteñen a secuencia fónica que representa. Os exemplos son menos numerosos que nas casuísticas

⁶⁵⁸ No corpus manexado tamén detectamos en ocasións a aparición da @. No entanto, xulgamos que, debido ás súas implicacións morfolóxicas, cómpre analizármolo de modo independente dentro dos recursos propios desta esfera lingüística (véxase 3.2.2.1.1). Do mesmo modo, algúns dos símbolos examinados nesta sección, cal = ou –, tamén se utilizan para a creación dos emotícones, cuestión que será abordada en 3.2.4.3.1.

⁶⁵⁹ Os estudiosos e gramáticos consideran as dúas formas, *mais* e *pero*, plenamente galegas; porén, algúns matizan estas consideracións. Sobre este particular, Freixeiro Mato (2009:118) sinala que “a explicación máis acaída que se pode achar para o predominio actual de *pero* é o feito de este ser o marcador máis utilizado en español, para alén doutras explicacións que tamén poderían lexitimar a forma en galego, mais se callar non o seu uso esmagador na actualidade”.

anteriores e restrínxense fundamentalmente ao adverbio *demais* e á conxunción copulativa *ademais*, como se pode ver em A58 e A449⁶⁶⁰:

O prox cnert e o vnrs 25! xo nn e d cpitn mrgn! E so d *****! E en acustico e poderia tar bn!
Xo eu tño o d hamlt, e **ad+** xa seria moito abusr, jeje! Boas noits! (A58)

Por min ok! Falo kn ***** oxe e ko k m diga xa t aviso val? **** curra d partid e ate as 9 e
media nn stariams pero pol **d+** way! Bikos (A449)

Outro símbolo –totalmente oposto ao anterior– que tamén conta con certo nivel de aparición nas mensaxes de texto do noso corpus é o signo – utilizado para as operacións de resta na linguaxe matemática e para substituír o adverbio de cantidade *menos* ou as secuencias fónicas con este valor na escrita SMS. Do mesmo modo que acontecía co signo +, os casos máis frecuentes serán aqueles en que se representan palabras completas, se ben que tamén achamos exemplos deste logograma a formar parte dun vocábulo:

Nn m kntou nda d nda! Oxe e a volta d madri-brsa as **9-kuart** asi q se qres ims ants ou nn ims.
Km ti qeiras! Bikos (A129)

Boas noits kari! Botot m8 **d-j** Stou dsxando vrte para achuchart! Qtm8 wapo! Muaka! Xps.
Ate maña! Q dsknss! (A277)

Boas noites pk! Falams maña. Vou mimir q stou knsisima! Nn t rayes anda, a min molam ir x
ai KNTIGO, o dstin e o **d-**! Qtm8 baby! Q dsknses! (A172)

Boas noites pk! Nn t nfads, xq nn penso q fagas nada a proposito nin **m8 -!** Qtm8 e sei q ti a
min tb, x m8 q digas. Dsknsa princesa. Qtm8m8m8m8! Boas noits! (A200)

E nn hai nada mais light? jajaja! Senn a dieta vai ir ao carallo! nn e x **-prezar** os xixarros! jaja
(A511)

E tamén son moi habituais as aparicións dos signos de suma e de resta para representar a expresión *máis ou menos*, utilizada nalgúns casos cun valor aproximativo e noutros para sinalar un estado anímico inestábel. A natureza interpersonal das mensaxes de texto constitúe un condicionamento pragmático que favorece este último tipo de enunciados, en canto as restricións espaciais e os condicionamentos temporais xustifican estes recursos de redución. Eis algúns exemplos:

Estamos mamadisimos! Q tal o dia? Maña kndo vaiades chamadm q vos indiko + **ou -!** Q eu
nn tño m8 klaro ond e! Ate maña! Perdoa x non avisar antes! (A367)

Nn fagas nda! Xa falei kn ela e + **ou** – arrglams, pero grazs d tdas formas, Bikos . E gardam o
srto. XDD (A161)

⁶⁶⁰ Unha situación similar á comentada para o caso de *pero* é a que se dá para nexos como *ademais*, que conta cunha frecuencia de uso moito maior do que fórmulas equivalentes como *alén* ou *para alén de* na lingua galega. De acordo con Freixeiro Mato (2009:116), este fenómeno non pode ser explicado sen recorremos á influencia do español, onde os últimos nexos non se documentan. Con todo, no caso da escrita SMS, consideramos que existe máis unha razón que xustifica o uso maioritario das primeiras formas: permiten un grao de simplificación máis alto e visualmente máis atractivo.

Boas noits fea! Q tal o día? Eu + **ou** -! Kmpreivs lcpiy d dnts pa q tñads na miña ksa. XDD nkntrm lpouk mal! Spro q sts bn! Qtm8m8m8m8 pk! Q dskanss (A6)

Ola chorvi, pois eu + **ou** - e meu pai ai anda, km ch kntei nos mails..sn novidade! Eu tb stou m8 knsa, xo polo – xa akbei os exams! Q tal o teu dia? Dixom *** q maña tms q clbrar publikmnt o nso kmpromiso pra q koa distancia nn ns sparmos! Xa ye dixn q xa o falarams xo qr sr tstmuña, = q no procsol Jeje! (A25)

De repararmos no exemplo anterior A25, notaremos que tamén o símbolo matemático = se utiliza con esta finalidade simplificadora. Así, nas SMS do corpus en que aparece é usado para remprazar o adverbio de modo *igual* ou secuencias que conteñen este mesmo valor:

Boas noits xorvi! Klqra kousa xamam ok? **Da** = a ora! Maña pgoxe ltok pa vr km stas! Koidatr m8! Muaka (A441)

Escriboxe sto xa q sei cm s, e sei q os teus oios sn = **q** o teu interior, sn pesiosos XD. Es 1 rapas q vals moito e merecs todo o mejor (A522)

****, vou xantar fora cos meus padriños. Sube =**mente** se queres e fuchica na neveira ☺ (B10)

Este procedemento de simplificación de caracteres a través de inferencias de tipo fonolóxico opera –como xa se verificou–, de forma similar con todos os signos matemáticos. Por esta razón, poderíamos pensar que o mesmo acontece cos signos de división / e de multiplicación x , que equivalerían ás preposicions *entre* e *por* respectivamente. Non obstante, neste punto compre realizarmos diversas matizacións: por un lado, no noso corpus o símbolo de división presenta unha aparición nula, de forma que non constitúe unha estratexia rendíbel para as persoas que utilizan este sistema de representación escrita⁶⁶¹. E, por outro lado, o símbolo de multiplicación manifesta, contrariamente, unha enorme rendibilidade e nalgúns casos configúrase como un mecanismo de redución de grande complexidade, como veremos a seguir. En primeiro lugar é moi frecuente como substituto da preposición:

Prabns! Tou m8 cntnte **x** esa nticia! Chmot dspois k tou n Bclona. (B53)

Este ano xa esta rematando e nos cn intriga o 2011 estams esperando **x** iso dsxamosvs a todos un feliz 2011 e q haxa saude e amor (C-Nadal 8)

Q tal ont? Eu kaka... :(Vaia shit d dia, spro q ti polo – o pasases way! Xdoa **x** nn ir ont! Qtm8. Oxe kbab nn? Bks (A65)

Ei! Q tal? Xa stas rcuprada? Km vai tdo? I miss u baby! Eu aki..vageando **x** mria pita! Kndo m vas vir visitar? Bks chorvi (A69)

Stads ti e + *** agora e imos **x** iso? Q a tipa mandoum ir maña (A91)

Non podo q xusto tño que ir ao mdico a **x** rceitas para os meus avos d todos os xeitos eu xa m vou apañando para preparar os exams co q tño ti pnso que meu so qrias o modlo d exam e iso podocho pasar **x** correo sort studando! Vmonos se iso kndo akbn os exams (A108)

⁶⁶¹ Cando menos do punto de vista fonolóxico, pois en determinados casos este símbolo tamén se utiliza para a creación de emotícones. Véxase 3.2.4.3.1.

Para alén dos anteriores casos en que a preposición presenta autonomía propia, tamén achamos exemplos en que se produce simplificación e compactación cando esta partícula fai parte de locucións ou conxuncións, como se ve nas SMS que citamos a seguir:

Xa che kntestei ao korreo, xo se tes q kntxtr **xfavor** q sxa a kara! Ao final nn vou dar klases, so a karate! Apetecech ir ao strato ou a bata pola noite? Bikos (**A218**)

felz ano nv nn poñs nd vermell **xk** me ts a min bks (**C-Nadal 73**)

Ola chorvi! A miña prof mla m8. Ox rtrasous e mandamm pa klas e os rapacs xnial, kndo chegou dixo xa vxo q sobro! Jeje! Stivn kn 2bach. Maña +! km q alumna? **Xq?** (**A18**)

Nn qdo hox cn ***** q tn un velatorio en lugo. S qres imos correr. Avisam kndo podas **xfi!** E pnso q m val a tinta da pluma..deixsm probar? Durm bn ruliña! Bks! (**A198**)

A súa aparición para representar secuencias fónicas no marco dunha palabra tamén chama a atención, pois se ben que + e – se utilizaban ou no inicio ou no final de palabra, o signo *x* tamén pode aparecer en posicións interiores, representando o grupo silábico *-por-*. Os seguintes exemplos ilustran as diversas posibilidades de colocación deste símbolo⁶⁶²:

Se qeres voute ver, nn m **imxta**. Koidate. (**A297**)

Kari, para min es o meyor **xteiro** do mundo! jeje! Espero q sta noit marks m8s! jaja! Querote snorlax! Muaka! XDD xps (**A207**)

Nn o disimls nda bn! Eu ao d *** nn ye daria **imxtancia!** Knd qeirs xa sbs q stou aki! (**A176**)

E, igualmente, tamén documentamos algúns exemplos de substitucións naqueles casos en que a preposición aparece acompañada do artigo determinado. E aquí as solucións alternan as formas con marca de xénero e aqueloutras en que esta debe ser deducida polo contexto da mensaxe:

Pos m8 bn, kntr tdo prnstiko nn tño rsak! Jeje! Oxe fun vr a ***** xogar e agora tou tirada no sofa! ** e *** mndan saudos! Grazas **xlo** sms! Es 1sol! Muaka bombon (**A30**)

Ola! Tou bn! **Xla** maña kedei kn ***** e nn m ntereí do movíl e kndo o vin pensei q xa tarias na voda! E xla tard stiven durmindo ata agora! Q tl ti? Bks! (**A135**)

se hoxe, xe entra **xl** ventá un home gordo, con 1 saco e barbas, vestido de forma rara, nn chames á policía, lévaxo os meus parabéns, feliz navidade (**C-Nadal 80**)

lscou a td vlcedd prsguida **xls** adxetivs q prtndían intrderse n seu mnserto, rbrndcéndoo c súas vsess bbs; 1 sdrxlo cspiu n 1º px e n tv + rmd q smgalo c1 mrtlo. (**OM2**)

Mais a produtividade deste símbolo non finaliza aquí, pois na liña do exposto en Galán Rodríguez (2007:69), o signo *x*, nunha aplicación *sui generis* do principio de *rebus* e

⁶⁶² Non se trata tampouco dun fenómeno exclusivo da linguaxe SMS, pois na linguaxe publicitaria (véxase 3.4.2.3) ese recurso tamén goza de grande rendibilidade: así, existe un xornal deportivo galego, coñecido como *DXT* ('Deporte') *Campeón*, onde este símbolo tamén aparece en posición medial.

do principio de acrofonía, tamén se utiliza para representar aquelas sílabas ou grupos fónicos que presentan grandes similitudes acústicas con *por*. En consecuencia, este símbolo utilízase igualmente como equivalente da secuencia *per* e ten unha grande presenza como substituto da conxunción *pero*. A seguir mostramos tan só algúns exemplos representativos do noso corpus:

Hi baby! Nvieich mail! Falei kn ela **xo** nn sobr iso! Kdms oxe! Knd m vs visitr? I miss u! Maña dou klass! Jeje! Bks fea (A17)

Nn era pa k saiseds. Iate sperar a saida n plan romantiko, **xo** ante o rechazo q podó facer? Jajaja! Terei q knformarm ko mail. :(ate maña (A57)

Segue nfadado **xo** vai myor a kousa! (A196)

tña intncion d xamart **xo** nn sei se stas dsprta, asi q kndo keiras pgame l tok e chamt (A309)

Estaba na kama! As maletas non **xo** os biyetes xa os temos! Vale pois ali staremos! A ver se maña fago visita! Stads? (A396)

Por extension tamén se utiliza para representar este corpo fónico cando forma parte de palabras, ben en lugar dunha sílaba ou ben as secuencias máis amplas. Non son solucións moi frecuentes, mais documentamos varios exemplos:

Ola! **Xdoa** x trdar xo o mbl funcion knd qr! Eu alg1 dia d tard podria! Avisame e qdams, s pods? Q tal tdo? Eu km smpr, extresada!! jaja! Bkos (A253)

Boas noits ladiya! Stou superknsa asi q vou durmir. Q tal o rsto do dia? **Esxo** q meyor! Bks pk! (A302)

Q tal ont? Eu kaka... :(Vaia shit d dia, spro q ti polo – o pasases way! **Xdoa** x nn ir ont! Qtm8. Oxe kbab nn? Bks (A65)

A reprodución na escrita da preposición *para* seguindo un mecanismo similar ao sinalado para *pero* tamén goza de certa rendibilidade na linguaxe SMS. Con todo, nestes casos é infrecuente o seu uso como parte dunha secuencia fónica, o que coidamos que se debe á súa equivalencia gráfica cunha secuencia fónica moi abundante no léxico galego, o que podería orixinar múltiples ambigüidades e, por tanto, provocar demoras no proceso de descodificación da mensaxe⁶⁶³. E se ben que a abreviatura *xa* para representar a preposición tamén pode ocasionar confusións co adverbio de tempo, este recurso conta cun maior grao de fixación. Eis algúns casos:

stou kasa. Klqra kousa mbl. Tño q lr e nn m aptcia ir **xa** ali. Bks (A284)

Ei, Prda q xe cortara xo taba ntrand n kasa dos avs d **** e nn era plan! So t xamei **xa** cnfirmar se hox abia feir mdvl?! Q tal? Fuxs praia? Nn xam x s mlsto! Bk (A398)

Nn qro “dsktir” x sms, parcem asurd, s qrs qdams pa falar ou chamamns. Xo creo q nn son a unik q fai as kousas mal. E stou knsa d skoitar kntinuannt q sn smpr a mala, q so m prokpo x

⁶⁶³ Outrosí, o uso deste símbolo tamén para secuencias con “per” e “par” lembra á ambigüidade da abreviatura P nos manuscritos da lírica medieval, pois era equivalente a “per” e “par” segundo os casos; ás veces, mesmo substituíu a forma “por”, para a que normalmente se utilizaba P̄.

min e q nn m ntro dnad xq nn e crto! Eu qtm e si q m imxtas xo nn t pdo obrigar a nda, e star asi nn e sano **xa** ningl. (A16)

Só nunha ocasión achamos a forma contraída *para* xunto co artigo definido –neste caso en masculino singular– que graficamente converxe coa solución escollida para a conxunción adversativa *pero*. Nesta ocasión operan claramente fenómenos de fonética sintáctica propios da oralidade:

Q chorvi. Ktl onte? Ben? Eu stou q non pdo co cu. Vou veyá..wen xa ts unha mensxe **xo** corpus. Muakaa! (A61)

3.2.1.1.12. Omisión de espazos

A supresión dos espazos entre as palabras como mecanismo de simplificación constituíu unha estratexia habitual na primeira etapa das mensaxes de texto, cando aínda se estaban a desenvolver todos os recursos lingüísticos que estamos a analizar nesta sección e, por tanto, cando era necesario apurar ao máximo o espazo limitado das SMS. Neste sentido, o límite entre as palabras marcábase normalmente redixindo a primeira letra de cada unha delas en maiúscula. Con todo, as persoas usuarias das mensaxes de texto axiña se decataron da complexidade do fenómeno, pois o uso de letras capitais implicaba unha grande demora na escrita dos textos. Por tanto, embora fose útil para aforrar no número de caracteres, entraba en contradición con outro dos obxectivos do código, como é a rapidez dos intercambios. Este conflito entre espazo e tempo acabou por tornar pouco viábel o uso de maiúsculas que, como veremos en 3.2.1.3.1, adquiriu novas funcionalidades de tipo expresivo e mesmo lúdico. A omisión de espazos continúa a ser hoxe en día un fenómeno útil; porén, o modo en que se utiliza variou de modo considerábel a respecto dos usos descritos e na maioría dos casos non afecta todo o contido proposicional, mais tan só algunhas unidades sintácticas (Benedito 2003:193). Outrosí, convén subliñarmos que as novas aplicacións de envío de mensaxes de texto, ao non presentaren restricións de tipo espacial, acaban por limitar a rendibilidade deste mecanismo, que tan só aparece en 30 das 803 mensaxes con que contamos:

Bs dias princesa! Km tas? Parc q o dia pinta soleado, asiq (s m ska a roupa) pdms ir ao knerto. **** dixo dir ao roxa, pdms ir dspois nn? Vou facr algo..**xadiras!** (A15)

Spero q a pizza stivs rik xq os meus makrrns stban rqrtrq**RIKISIMOS!** Jajaja! Qrot m8 wapa! E nn t preokps q NY vai star aí **waiting4us!** Muaka! (A84)

flz ndl e flzs fsts e q o ano q bn sxa mllr q ste e q ste sxa o + flz da tua vda e ste cheo d sorrisos. Dsexvs q tds os soños se **vsfgnrealida (C-Nadal 1)**

Neste grupo goza dun grande grao de estabilidade a supresión de espazos naqueles grupos fráscos en que o determinante indefinido, ben na súa forma estendida ou ben como numeral, acompaña un substantivo:

Flicidads plexa! Q tal? Oubo transfrmacion? Jeje! Nunk pnsar q durnt 14 dias kmprtids/ms a msm idad! Intnt disimlr os dstrgos q 351 dias fn **n1** prsoa! Ri, ri! Agra nn o ntnds xo xa m dirs

dentro d 365! jaja! Disfrtaos xq mpza a knt atras. E s qrs o meu skрто pa star km d 15 smpr pdms xgar a **1trato**..jaja! Bks (A64)

Bos dias princesa! Nn son kpaz d durmir! Stou **1pk** rayada, km puidchs kmprbr! Grazas x oxe, pasein xnial! Es solete! Q tñas **1bo** dia! Qtm8! Muaka! (A167)

q tdo o mundo akve o ano kn bo pe!e o mpce kn myor ainda.xd pasalo bn no nadl (o dia d fin d ano en spcia ;) **unbiko** a tods fliz 2011 (C-Nadal 64)

Ola chorvi! Pois n s. Xoan tokou riazor! Oxe tou d kmunion n meson pastoriza! E maña a kasa da miña avoa! Stou morta! Isto d levar tkons e **1dport** d risiko! Admirot (A182)

Nalgúns casos a omisión de espazos afecta tamén os artigos determinados, que pasan a formar unha unidade gráfica co substantivo a que acompañan, en coherencia coa ligazón sintáctica e fonética que tamén manifestan, como na seguinte mostra:

Flz 2011 e k tds o paseds moi bn.E disfrteds d amizade e fesht.Desde Tella felices feshtas.XK **acabeza** nn paraaaaaa (C-Nadal 98)

Igualmente, este mecanismo tamén se documenta no caso de certo tipo de expresións, produto –seguramente– da súa unidade semántica e, máis unha vez, fonética. Vexamos algúns exemplos:

E **prcert** flics fsts!!!! NENOOOOOOO CULIÑOSSSSSS ;) (C-Nadal 25)

Xa che kntestei ao korreo, xo se tes q kntxtr **xfavor** q sxa a kara! Ao final nn vou dar klases, so a karate! Apetecech ir ao strato ou a bata pola noite? Bikos (A218)

Dnada! A min tb m gusta! D feito as vces ainda xogamos (A299)

Bo Nadal, prospero aninovo que nestas datas tan memorables que haxa paz,amor,tranquilidade,saude e **porsuposto** que non falte o diñeiro para merca (C-Nadal 115)

Stou saind d pontdeum! Ate a noit nn saims!! Pois si q tomachs a peito o dos sabads famliars! Jeje! Pasadeo ben e oyo coa dieta e **sbrtdo** k postre! Pasteleiros!! (A432)

No entanto, as mostras máis frecuentes en que as palabras non aparecen separadas por espazos en branco teñen lugar entre elementos gramaticais e, neste punto, destacan aquelas que se producen entre locucións e conxuncións que, alén de acusaren os seus propios procesos de simplificación, experimentan tamén un proceso de compactación:

Ola ptarda! Stou algo perxudikada! E asi aproveito pa dicirch q me kaes xenial **eq** ch koyin m8 kariño! Alegrom d q polo – ste mastr tivese algo bo! Bks chorvi! (A31)

Ao meyor si q stou algo rayada. Vou intntar durmir..bks! Qtm8! Alegrome **dq** sigas stand ai. Qtm8 (A163)

Non te rayes, q **knq** ye digas q nn puidron vir xa sta. Nn creo q t crucifiquen! jaja! To sum up: QUEROTE M8 CHORVI! Q dskanses! Boas noits! (A219)

Felicidades person! Xa tes 1 idade **asiq** deberías empezar a pnsar n ir mrkndo alguna crema pa disimular os dsperfektos, q os anos nn perdoan! XDD pasao ben! (A230)

Ei? km stas? Pasou algo ont? **xq** xamaxs a ****? Q tal o knrto? Eu creo q stou piyand algo xq m nknto fatal! (A283)

E, aínda que non é o máis habitual, tamén achamos un caso en que o numeral se adxunta á seguinte palabra, que neste caso é tamén unha partícula gramatical:

Ou vas na playa por casualidd!!!! o dia **11d** agsto e o cmple d *****...xa t aviso pa k nn fagas planes!!!! (C19)

3.2.1.1.13. Puntuación reducida

A puntuación configúrase como un ámbito moi produtivo para o desenvolvemento de estratexias lingüísticas no seo das mensaxes de texto, non só como mecanismo de simplificación, mais tamén de ampliación (véxase 3.2.1.2.2) e mesmo de creación (véxase 3.2.1.3.3). Álvarez Martínez (2008:2320) sinala que o emprego normativo dos signos de puntuación neste contexto se viu fortemente alterado se se compara cos usos tradicionais. Para esta autora, a primacía da economía de caracteres e de tempo no momento de redixir as SMS ten como consecuencia inmediata a desaparición case total dos signos de puntuación tal e como se utilizan na lingua escrita noutros soportes. Nunha liña similar, Galán Rodríguez (2007:67) afirma que as mensaxes de texto non respectan as normas de puntuación, o que na súa opinión resulta chamativo, na medida en que conforman un mecanismo excelente para reflectiren de forma gráfica a prosodia e a paralinguaxe da fala ao segmentaren as construcións gramaticais. Neste punto, parecen contraditorias as palabras de Crystal (2011:44-45) a respecto do seu estudo sobre a lingua do Twitter –xénero que presenta grandes similitudes co das SMS debido ao seu condicionamento espacial a 140 caracteres por *tweet* (véxase 1.2.3.2):

We might expect punctuation to be the area where it is easiest to save some characters. There is no linguistic need to end a tweeted statement with a period, for example, as the fact that the message is finished is obvious from the way it is graphically presented⁶⁶⁴. The primary purpose of a sentence-final period is to separate sentences in the sort of continuous text that Twitter is not designed to display. What is surprising, therefore, is to see traditional punctuation conventions generally respected.

Mais a pesar de que as teses defendidas polos anteditos investigadores se encontren en polos opostos, xulgamos que ambas fan parte dun continuo que cómpre analizarmos pormenorizadamente. Así, concordamos con Vela Delfa (2005:703-704) en que o tratamento dos diversos signos de puntuación neste tipo de textos é moi heteroxéneo, de modo que a depender da focaxe da investigación, os resultados poden ser totalmente contrarios. Algúns como o punto, a vírgula ou o punto e vírgula aparecen empregados de forma casual e na maioría dos casos a través de regras pouco estandarizadas, diferentes dos usos tradicionais, en canto outros como as reticencias ou os signos de exclamación e de interrogación son utilizados profusamente e asumen funcionalidades de que carecían noutros xéneros, ampliando e modificando algunhas das cales xa eran partícipes, como ilustraremos en 3.2.1.2.2. Por tanto, na nosa opinión, o desenvolvemento de estratexias lingüísticas para as

⁶⁶⁴ Sobre este particular, Baron (2000:173-174) afirma que en épocas anteriores á imprensa a puntuación era moito máis reducida: “words were written continuously (*scriptio continua*), without spaces between them, and information that today we’d place in charts or tables was written as part of the regular text [...]. Punctuation in Classical Latin was haphazard”.

SMS neste campo fundaméntase nunha oposición básica: por unha parte, aqueles sinais de puntuación que tan só ofrecen un valor gramatical e cuxa función é sintáctica tenden a utilizarse en menor medida; e, por outra parte, aqueles outros que se empregan como mecanismos de marcaxe paraverbal incrementan a súa aparición. Nesta epígrafe ocupáronos da análise do primeiro dos supostos.

A respecto do punto, convén repararmos que no noso corpus o seu uso é bastante restrinxido, nomeadamente se nos referimos á súa aparición no final do texto⁶⁶⁵, onde conta cun 4,8% de ocorrencias. Vexamos algúns casos:

Referiam a se stabas bn mona! Xa sei q nn che fixen nada! Polo – knscientmnt! Se ts fame..a miña nvra ta chea! Jeje! Google: axuda psiloloxik...urxnt (A28)

N kuatro cajejeros londrs (A82)

Para no menguxo cando veñas e se esta ***** xa cha da. Senon dixo q ma manda ela por correo (A189)

E ke non sei se me operan hoxe ou maña (B3)

Neste sentido, un fenómeno que goza de bastante regularidade é a supresión do punto e final cando as SMS presentan algún tipo de encerramento, como acontece nos seguintes exemplos:

Pos m8 bn, kntr tdo pronstiko nn tño rsak! Jeje! Oxe fun vr a ***** xogar e agora tou tirada no sofa! ** e *** mndan saudos! Grazas xlo sms! Es 1sol! Muaka bombon (A30)

Nn era pa k saiseds. Iate sperar a saida n plan romantiko, xo ante o rechazo q podo facer? Jajaja! Terei q knformarm ko mail. :-(ate maña (A56)

Eu quedei pa ir a 1 e kmer ali. Chamabat xq vou ir a alkmpo e se iso xa vos piyaba. Pois km qeirads. Bikos (A179)

Todo ben! Eu Tb stou morta! Vou dsknsar e maña kndo volva xa falamos ok? Bikos e boas noites! Q dskanses (A364)

Ants d flicart x stas fstas qero agrdcerxe a túa cmpaña e a túa algría q fan q kda día sxa únic. B ndl (C-Nadal 46)

As mensaxes de texto anteriores tamén nos serven para pormos de relevo o pouco uso do punto e mesmo da vírgula para sinalaren pausas entre as cláusulas. Da mesma forma, podemos observar que cando aparecen, normalmente, representan pausas correspondentes ás realizadas na oralidade máis do que marcas ou límites sintácticos. Con todo, o noso corpus tamén documenta SMS en que este tipo de signos de puntuación manifesta unha rendibilidade nula. As persoas usuarias parecen considerar que un medio coas restricións espaciais das SMS non exige esta serie de marcas para que a mensaxe sexa descodificada sen problema, o

⁶⁶⁵ Álvarez Martínez (2008:254) sinala que se trata dun recurso tamén frecuente no chat, debido a que na maior parte dos casos as intervencións aparecen inacabadas e, por tanto, as persoas usuarias non teñen a necesidade de marcaren unha pausa final. Porén, esta autora tamén detecta casos de ausencia de puntuación en intervencións que figuran completas, o que no seu parecer trata de reflectir máis unha vez dun punto de vista gráfico esa tendencia á oralidade.

que confirma as palabras anteriores de Crystal (2011:44). A seguir figuran algunhas das mensaxes en que se observa con maior claridade este fenómeno:

Prdoa colguei pq staba en klse e logo squeecinm e agora nn sei s nn sra moi tard pa xamart (A93)

Non podo q xusto tño que ir ao mdico a x rceitas para os meus avos d todos os xeitos eu xa m vou apañando para preparar os exams co q tño ti pnso que meu so qrias o modlo d exam e iso podocho pasar x correo sort studando! Vmonos se iso kndo akbn os exams (A108)

O caf e agora mesmo avisei x face e no m lembrei de avisart x mv sorry (A407)

Ond t mts q t busquei x mdia facul e nada stou no 3 andar da biblio lndo x s che intersa tomar un kf dspois (A412)

Mais para alén do punto e da vírgula, existen outros sinais de puntuación que tampouco gozan dunha grande rendibilidade nas mensaxes de texto e no soporte electrónico, como as parénteses. Estes sinais introdúcense nos textos como un mecanismo para organizar o discurso con base no que se quere expresar e, segundo López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010:161), desempeñan unha importante función semántica na medida en que funcionan como atenuantes ou desambiguadores dos actos de fala. Porén, as SMS adoitan ser claras e directas e, aliás, a introdución das parénteses require un alto número de pulsacións e implica unha demora temporal que as persoas usuarias, como norma xeral, non entenden como necesaria; convén reiterarmos que posúen outros mecanismos con obxectivos similares que se adaptan mellor as características do xénero. Mais embora o seu uso sexa residual –tan só contamos con cinco ocorrencias en todo o noso corpus– nos casos en que aparecen podemos diferenciar tres funcións principais: i) faceren aclaracións ou precisións sobre o contido do texto, ii) realizaren un comentario colateral ao tema principal do intercambio e iii) facilitaren unha corrección (Álvarez Martínez 2008:247).

Bona nit! Neste momento mpza o meu planazo d vnres: mal d skola d pennak (3000.) espero q ti eskoyeses a 2 opcion! Bks. Pasa lboa finde ptarda! (A54)

E se en plan boiño dim q m rcoll as ntrads pero en realidade si q van e eu qdo fatl??? X crto, scribe chorBi, o d v e cousa miña (nn m copies). Bks! Qtm! (A253)

Como vai o proceso de asimilación da noticia? Xa o vas (felizmente) asumindo? (B40)

Moitos parabéns (de novo) e un grande beixo! (B41)

Xa stamos outra vez de festa!! (cousa rara de Gz)... Asi k pasadeo ben e feliz aninovo!! ARRIBA GZ! (C-Nadal 92)

As aspas tampouco constitúen unha estratexia demasiado empregada, o que pode resultar estraño se pensamos que se trata dun recurso gráfico moi útil na medida en que facilita a pronuncia das producións lingüísticas e a interpretación dos seus significados. No noso corpus tan só aparece nunha ocasión:

Nn qro “**dsktir**” x sms, parcem asurd, s qrs qdams pa falar ou chamamns. Xo creo q nn son a unik q fai as kousas mal. E stou knsa d skoitar kntinuanmt q sn smpr a mala, q so m prokpo x

min e q nn m ntro dnad xq nn e crto! Eu qtm e si q m imxtas xo nn t pdo obrigar a nda, e star asi nn e sano xa ningl.. (A16)

Como podemos observar, tanto as parénteses como as aspas conforman mecanismos de pouca rendibilidade nas SMS, do mesmo modo que outros sinais de puntuación, cal o apóstrofo, o asterisco, as barras ou os colchetes, que contan cunha presenza nula no noso corpus. Estes elementos son moi valiosos na escrita noutros contextos como recursos compensatorios da ausencia de información paraverbal. Non obstante, a razón do seu escaso emprego no contexto das SMS –na nosa opinión– ten que ver co baixo nivel de usabilidade que presentan os teclados a este respecto. Xa sinalamos anteriormente que estes estaban deseñados de modo fundamental para realizaren chamadas de voz, de forma que o acceso á escrita está restrinxido ás letras do alfabeto e secundariza todo o que se considera auxiliar: acentos, sinais de puntuación etc. O usuariado deste sistema de interacción optou por desenvolver outras estratexias que, por súa vez, non provocasen un exceso de caracteres e unha demora no tempo de produción e isto motivou que os anteditos mecanismos ficasen obsoletos. Na escrita tradicional contamos con máis tempo para pensarmos e construírmos enunciados que aclaren o seu contido proposicional, acudindo ou non a este tipo de elementos, mais a inmediatez das interaccións no contorno electrónico potenciará aquelas estratexias que contribuíren de forma simultánea para dotar o texto de significado paralingüístico e da rapidez propia das comunicacións presenciais. Así, por exemplo, os emotícones constituirán unha práctica moi valorizada (véxase 3.2.4.3.1).

3.2.1.1.14 As abreviacións na escrita SMS

As abreviacións nas mensaxes de texto merecen da nosa parte un tratamento independente, pois de acordo con diversos autores, cal Belda Medina (2003:259) ou Crystal (2008:41), o seu uso constitúe unha das características máis significativas desta linguaxe. Para moitas persoas o emprego das SMS abre as portas a un novo modo de comunicación máis reflexivo e creativo e, neste sentido, as restricións de lonxitude non conforman tanto un problema como un reto para elas demostraren a súa creatividade lingüística⁶⁶⁶. Sen dúbida, as abreviacións foron o campo onde se desenvolveron de maneira máis evidente estes procesos, que xeran resultados de todo o tipo, mais todos eles de marcado carácter informal (Yus 2001:161), o que os diferencia dalgún modo daqueles analizados en 2.1.4 para aludiren a conceptos técnicos xurdidos no contexto electrónico, cal URL, HTTP etc. Fronte a estas últimas solucións, as persoas usuarias das SMS utilizan numerosas fórmulas abreviadas cuxa finalidade principal é dupla: por un lado, o aforro de tempo e de espazo e, por outro lado, a procura de complicidade entre as persoas que fan parte deste grupo lingüístico. O feito de que o propio nome da aplicación *SMS* constituía unha abreviatura e o significado do seu desenvolvemento –“Short Message Service”– parecen aventurar xa a rendibilidade daqueles recursos que permitan reducir os textos⁶⁶⁷; e na procura de brevidade as abreviaturas convertéronse na estratexia principal de redución vocabular. Por tanto, para alén dos mecanismos de simplificación analizados até o de agora, a linguaxe SMS tamén se serviu de

⁶⁶⁶ Sobre este particular, Vela Delfa (2005:678) afirma que parte dos fenómenos de economía, aínda sendo motivados inicialmente pola limitación de caracteres, teñen como finalidade última a personalización do estilo, o que os converte, en ocasións, nun obxectivo en si mesmo e axudan para identificaren os utentes como membros da comunidade lingüística que partilla esa xiria de hábitos escriturais particulares.

⁶⁶⁷ A este respecto, Crystal (2008:51) tamén conclúe o seguinte: “this is a very natural development for this technology. Huge savings of time and money can be made if word-length can be significantly reduced without loss of intelligibility”.

abreviaturas e de procedementos xa empregados con anterioridade ao soporte electrónico (véxase 1.1.3), ao tempo que desenvolveu procesos similares para xerar novas abreviacións.

Estamos perante un fenómeno amplo en que podemos distinguir diversos procedementos, todos eles destinados a acurtaren palabras ou grupos de palabras, entre os cales cómpre destacarmos tres: as abreviaturas⁶⁶⁸, as siglas e os acrónimos. Na maioría dos casos trátase de reducións máis ben persoais, creadas polo propio usuariado. Con base no sinalado por Belda Medina (2003:263), existen numerosas listas que tratan de compilar estas abreviacións, mais isto non implica que todas as persoas as coñezan e as empreguen de forma asidua porque o grao de familiaridade con tales formas depende do hábito e da frecuencia con que se utiliza este medio. Non obstante, o dito autor tamén destaca que algunhas destas abreviaturas adquiriron tal fama que son amplamente utilizadas pola maioría do usuariado. Así, as mensaxes do noso corpus corroboran esta tese e, en moitos casos, as abreviaturas corresponden ás estratexias analizadas nas seccións precedentes, cal a elisión de vogais, o uso de número e símbolos con valor fonolóxico e a redución de grupos consonánticos:

Ola prson! **Q** tl stas? Eu tou again n kma **xq** nn pdo ko ku! Maña s nn ts plan e qrs facr algo avisa! Eu supoño **q** starei n ksa! E snon vmoms luns! Muaka chorvi! (**A23**)

Jopis..meu pai dsmaious stando n baño e fixos dano! Xa nn stou nda trankila, xq ont **tmpk** tiña **m8** boa kra! Apuf..q rayadura..(**A26**)

Eu **tm** logo vou trabayar así que vn pola miña klse as 12.30 (**A85**)

Ok eu qdei as **7** pro podemos qdar cdo. **Q** che parec as 4.30? Qdamos no cntro no obelisco **x** exmplo? Sabs ond hai rprografias **x** aí? Kndo saibas como qdar maña dimo (**A109**)

Ola! Xdoa **x** trdar xo o **mbl** funcion knd qr! Eu alg1 dia d tard podria! Avisame e qdams, s pods? **Q** tal tdo? Eu km smpr, extresada!! jaja! Bkos (**A253**)

Akbo d chamar a ***** e *** e tñen o **tlf** apagado. En principio era pa hoy..pero n falei mas cn eles. knd sepa alg mas avisot!! (**A315**)

Igualmente, achamos casos de truncacións en que se elimina parte do termo, nomeadamente no final, aínda que tamén é posíbel encontrarmos elisións no comezo e no medio de palabra. A maior parte destas amputacións encóntrase fortemente consolidada e fai referencia a léxico común do universo discursivo das persoas que participan na interacción ou fácilmente recuperábel polo contexto da mensaxe. En ocasións, a redución implica tamén a unificación de varios termos nunha unidade. Vexamos algúns exemplos⁶⁶⁹:

Olá, **** A rspcto do crño, tá no **cap 3**, na prmeira scción, mais só trto 1 pouco a cuestión lxiel. Aprts. (**B43**)

ola! entncs maña vems o partid na miña casa. ***** dixo q viria sobre as 8. se qeres vir ceada ou vir + tard polo da dieta, nn hai prblm! Bsits. **Ta maña!** (**A245**)

Ox sas nopinion **p 37**. Parbns (**B11**)

⁶⁶⁸ Entendemos por abreviaturas aqueles fenómenos de redución que non superan o límite da unidade *palabra* (Vela Delfa 2005:696).

⁶⁶⁹ Estes mecanismos serán analizamos máis ao pormenor en 3.2.2.1.2 debido ás súas implicacións morfosintácticas.

Ei, pasax algo kmigo? Mndeix mails, xameit...xq nn das sinais d vida? Jopis ***...q pasa? Kntxt **xfa**. Bks. Boas noits chorvi (**A130**)

Q mal! Spero q s che arranx o computador! Pois s qres vmonos maña 10 **min** ants ou algo bicos (**A406**)

Parabns baby! So qro q saibs q stou nkantda d kumplir ans kntigo e d kmpartir sts momntos! Intntarei facr dstas 21 **h** o + agradbl posibl! Qtm8 ladiya! Q durms bn! (**A74**)

Xa stamos outra vez de festa!! (cousa rara de **Gz**)... Asi k pasadeo ben e feliz aninovo!! ARRIBA **GZ!** (**C-Nadal 92**)

En certos casos, os empréstimos tamén sofren este tipo de simplificación –sobre todo a través da elisión de grafías–, como acontece na seguinte SMS:

X crto, hoxe inauguran na bata l'exposicion d pintura! Pasamonos logo? Nn sei se ten algo d spcial, supoño q si xq o puxeron no **fbk**. Vichelo? Logo falams! Bks! (**A141**)

Como podemos ver no exemplo anterior, neste mesmo grupo merecen especial atención as palabras compostas, en que tamén se producen estratexias de abreviación. No corpus achamos casos de redución tanto naquelas que se grafan de modo conxunto, como nas que aparecen separadas por espazos ou nas que media unha preposición:

st ano hbra rgls pa tds! Ppa NI xa cille xla xmnea! Ca crse adlgzou 20**kg**...flcs fsts cn Freixenet e Shakira ;) (**C-Nadal 33**)

ola golfa! Q tl **sem sta**? Eu akbeina ltnt acidntada: abrin a fronte kunha klumna!! Stou wapisisima! A vr kndo visitas a nfrma...bikos mona! Muakaaaaa (**A330**)

Night night baby! Q tal no gym? Eu xa stou n kama q tou m8 knsa! Isto stase akbndo..pasa lboa **finde** chorvi! Vemnos o luns e falams da nsa cita! Jeje! Bks (**A41**)

Boas noites! Pois vou tirando! Sta smana **** sta d noites e durmo soíña! :(e ti xq latachs? Q tal **s. Valntin**? Vemons maña! Bikos chorvi (**A49**)

Este fenómeno non opera só sobre o marco da palabra, mais tamén se utiliza con bastante frecuencia para reducir unidades lingüísticas maiores, como grupos frásicos ou mesmo enunciados completos que adoitan abreviarse mediante as súas iniciais e que toman a aparencia de siglas⁶⁷⁰. Como indicamos en 1.1.4, este recurso era xa utilizado na lingua corrente para facer referencia a nomes propios de entidades ou para reproducir na escrita determinadas expresións de forma reducida. Así as cousas, moitas das palabras que utilizan este recurso de acronimia nas SMS do noso corpus non constitúen ningunha novidade en relación con outros soportes:

Xa temos en **illa** a posibilidade d xerar **cv** modelo **mec**. Podes probar co d *****? Manha falamos (**C2**)

⁶⁷⁰ Belda Medina (2003:270) refírese a eles como “compostos sintagmáticos abreviados” e Crystal (2008:41) denomínaos “initialisms”. Ambos os autores destacan a enorme rendibilidade deste mecanismo na lingua inglesa que, como veremos no noso corpus, tamén vai ter un forte protagonismo nas SMS en galego.

Pos m8 bn, kntr tdo pronstiko nn tño rsak! Jeje! Oxe fun vr a ***** xogar e agora tou tirada no sofa! ** e ***** mndan saudos! Grazas xlo **sms**! Es 1sol! Muaka bombon (A30)

Recibiches o correo d cnfimacion da **aspg**? Pq eu non e nn sei se chamar ou q facer. Agora entro na clase (A344)

Ola son ***** deíxeixe 1 pm n face pro rsumindo q podo qdar hoxe xla tard pq nn qdei ata a noit q che parc qdar as 6 onda a **fnac**? (A413)

Olá, ****. O teu **TFM** e eu nn dmos sido bos amgs. Pdriasm mndr, d nvo, as sgnts páxns: 5-13, 47-52 e 62-68? Ou, case mllr, nviamo outr vz ao crreo electrónic e tnto fcer 1mprsión dsas follas n csa. (B9)

Stou na listaxe provisional das **fpu**! O luns falamos. (A272)

Grazas! Nn puxron **mh** a ningn pro saqi 10 (A403)

A redución dun vocábulo mediante a súa inicial constitúe, pois, un procedemento que na lingua estándar goza de certa rendibilidade, aínda que o seu ámbito de actuación está limitado a contextos especializados. A novidade a respecto deste recurso nas SMS –e noutros medios de CMC– é que se fíxo extensíbel ao léxico común. Por tanto, como acontece con outras estratexias, o chamativo non é o proceso, mais a tendencia á creación de abreviaturas máis innovadoras, especialmente nos casos en que non afectan unha palabra, senón determinados enunciados que, debido ao seu grande uso, acaban por se ritualizar. Así, fronte aos exemplos anteriores de uso xeral, na linguaxe SMS achamos tamén fórmulas como XPS (‘xuntos para sempre’), QTM / QTM8 / KM8 (‘querote moito’), ou DPM (esp. ‘de puta madre’) que ultrapasan en moitos casos o ámbito da palabra:

Boas noits baby! **Qtm8**, no o sqzas nunca! Came what may! En srio, stou para o q ncsits, aind q nn m gust! Hox pasein xnial kntigo! Qtm8 pk! Q dskanses! (A14)

Xa lvo 1 anak no otl! Sta m8 bem e faln m8 bn o glgo! jaja! Ti q tal? Xa m bts d-? Maña a tardiñ starei na ksa! Podras soportalo? jeje! Miss you baby! **Qtm**! (A360)

spero k m conozas spero k m **km8**⁶⁷¹ sempre o teu lao sempre ao meu caron. moitos bks cn paixon spero k xe guste (C-Nadal 35)

E eu a ti petardo! I miss you very much! Penso soñar kntigo! Jejeje! **Qtm8. Xps**. Non t poñas d malas...q tas +feo! Jejeje! (A169)

K teñas un felz nadl e k o pass **dpm**!!! Felz Nad!!!!e un felz ani novo (C-Nadal 89)

Así e todo, subscribimos as palabras de Crystal (2008:43) cando afirma que as crenzas populares tenden a sobrevalorizar o rango e a frecuencia das siglas na linguaxe SMS. Tan só existen algunhas –na liña das que figuran nos exemplos anteriores– que se utilizan de modo frecuente⁶⁷²: “most are idiosyncratic embellishments designed to show that the texter knows how to play the texting game”. Esta técnica constitúe unha práctica moi estendida en inglés, lingua propensa ao uso de mecanismos de abreviación, sobre todo nos sistemas de escrita electrónica. Diversos autores cal Baron (2008:59) e o propio Crystal (2008:42-45) documentan moitas destas formas abreviadas: *brb* (‘be right back’), *btw* (‘by the way’), *tyl*

⁶⁷¹ Vemos que neste caso non se trata dunha forma ritualizada senón que o primeiro elemento –verbal– asume os morfemas de número, de modo e de tempo necesarios para concordar co suxeito da cláusula.

⁶⁷² Por exemplo QTM8 aparece en 68 ocasións e XPS en 17.

(‘talk to you later’), *omg* (‘oh my god’), *aml* (‘all my love’), *cwot* (‘complete waste of time’), *jk* (‘just kidding’), *cmb* (‘call me back’), *asap* (‘as soon as possible’), entre outras moitas (véxase 2.2.4)⁶⁷³. E do mesmo modo, tamén neste punto o inglés exerce unha grande influencia nas SMS do noso corpus como se deduce das solucións *pm* (‘private message’), *pcs* (‘personal computer’) *NY* (‘New York’) *TWD* (‘The Walking Dead’) ou *ok* (‘oll korrekt?’)⁶⁷⁴:

Spero q a pizza stivs rik xq os meus makrrns stban rqtrqtRIKISIMOS! Jajaja! Qrot m8 wapa!
E nn t preokps q **NY** vai star ai waiting4us! Muaka! (A84)

km stas person? Q tal **twd**? Deux tmpo a velo todo? Maña kdamos ou prefirs dsknsar? Q dsknses! Eu stou molida! Vou mimir (A346)

Necesito o koche asi q kndo veñas pa kmer rekoyeme primeiro e logo ti qdas na tua kasa e eu levo o koche **ok**? Vouch ir facendo a maleta pa aforrar tmpo. (A226)

Ola son ***** deíxeixe 1 **pm** n face pro rsumindo q podo qdar hoxe xla tard pq nn qdei ata a noit q che parc qdar as 6 onda a fnac? (A413)

Stou nos **pcs** do 4 piso (A116)

Kntxtarn d **NY**! **** * ** ***** , do cntro d stdos glgos, di k x el nn ai problm. Q ye tn q pdir permiso ao bicreitor xo q nn pnsa q s nege. (A307)

Todo ben! Eu Tb stou morta! Vou dsknsar e maña kndo volva xa falamos **ok**? Bikos e boas noites! Q dskanses (A364)

A este respecto, convén tamén salientarmos o acrónimo *lol*⁶⁷⁵ (‘Laughing Out Loud’) utilizado como un equivalente ao riso para denotar que algún enunciado anterior tivo moita graza. Trátase dunha expresión de orixe inglesa, mais que conta cunha proxección internacional –como o demostran diversos estudos, cal Vela Delfa 2005, Anis 2006, Crystal 2008 e Tagliamonte / Denis 2008) – e que non se limita só ao ámbito das SMS mais que se emprega en todos os sistemas de interacción electrónica⁶⁷⁶. No noso corpus documentámola

⁶⁷³ Anis (2006) tamén destaca algunhas siglas frecuentes nas mensaxes de texto do seu corpus, cal *asv* (‘áge sexe ville’) ou *mdr* (‘mort de rire’), cuxo uso alterna con solucións procedentes do inglés, como as xa sinaladas.

⁶⁷⁴ Trátase dunha sigla que foi adoptada por moitas linguas, mais cuxa etimoloxía aínda hoxe en día presenta algunha controversia e para a que existen diversas teorías. A primeira afirma que se trata da redución de “O killed”, cuxo uso remonta á guerra civil de EE.UU (1861-1865) onde era utilizada polos oficiais nos seus informes para declararen que non se produciran baixas. A segunda atribúe a orixe á lingua da tribo Choctaw en que a palabra *oke* quere dicir “todo está ben” e que permanece na expresión *Okee Dokee* do inglés americano. Algúns autores opinan que *ok* constitúen as iniciais da expresión grega *Ola Kala* que igual que *oke* significa “todo está ben”. Con todo, moitos investigadores (véxase Crystal 2008 e Baron 2008) consideran que se trata dunha deformación da expresión *all correct* por *oll korrekt*, que presenta o mesmo significado que as solucións anteriores e cuxa orixe remonta probabelmente á locución *Oll klor* do baixo alemán.

⁶⁷⁵ Como sinalamos ao longo de toda esta epígrafe, agás algunha excepción, todas as siglas aparecen grafadas en minúsculas, xa que no contexto electrónico as maiúsculas adquiren outros usos. E aínda que nalgunhas normas se prescriba tamén o seu uso para as abreviaturas e os acrónimos (Benedito 2003:193), o certo é que isto non constitúe unha práctica habitual. Este fenómeno será analizado con máis pormenor en 3.2.1.3.1.

⁶⁷⁶Na lingua inglesa configúrase como unha expresión moi habitual: Baron (2008:59) documenta setenta e tres aparicións deste acrónimo na súa análise sobre a mensaxaría instantánea, en canto unha pequena aproximación á lingua das redes sociais tamén nos permite corroborar a súa rendibilidade: *Ur rite there Jackie and its rubbing off the rest lol xx* (OM5), *Can u c me waving lol xx* (OM6) ou *Well girls i’m in the que to board and don’t c no talent here only sugar daddys lol xx* (OM6).

tan só nunha ocasión e motivada polo uso da escrita grafo-fonética (cfr 3.2.1.8) tamén para a lingua inglesa:

Gud mornin baby! Jaf a nais dei! Lof ya! **Lol! Xoxo (A280)**

Nesta mesma mensaxe observamos igualmente o uso dunha outra abreviatura formada por un proceso máis complexo en que converxen diversos mecanismos propios da escrita SMS. Estamos a nos referir á solución *Xoxo* (‘kisses and hugs’ = ‘bicos e apertas’) que figura no final da mensaxe e que conforma unha fórmula de despedida típica das interaccións electrónicas en inglés. Por unha banda, aplica de forma peculiar a marcaxe de número, que neste caso aparece reproducida graficamente de modo alterno –en contraposición á reduplicación máis habitual como en *VVAA* ou *EEUU*. E por outra banda, utiliza estratexias de redución distintas para cada un dos termos que forman o conxunto: así, *kiss* abréviase recorrendo ao uso da escrita grafo-fonética, isto é, pola similitude acústica entre a pronuncia desta palabra e a da consoante *x*; en canto para a representación de *huge* o procedemento é totalmente visual e a *o* reproduce –nunha liña similar ao que acontece cos emotícones– a aperta, simbolizando a forma en que esta acción é realizada. Non obstante, algúns autores como Grijelmo García (2001) afirman que a representación dos bicos mediante o *xis* constitúe igualmente un recurso icónico, dado que “se suponía que en el lugar de la equis se había estampado un beso”.

3.2.1.2. Recursos de ampliación

Xa sinalamos en 3.2.1 que, xunto á economía de caracteres e de tempo, existen outras innovacións gráficas que buscan –no sentido contrario aos mecanismos de redución– o recurso á repetición como un modo de codificar parte do contido emocional dos enunciados e de personalizar a forma do texto. Segundo Vela Delfa (2005:699), “en la producción de textos a través de un teclado, la repetición de caracteres es un recurso fácil y de escaso coste cognitivo, ya que, en muchas ocasiones, consiste, únicamente, en alargar el tiempo de pulsado de una tecla”. Con todo, isto só é aplicábel ás interaccións que se producen fundamentalmente a través do computador, pois nos telemóbeis esta estratexia é produto dun exercicio deliberado por parte das persoas, xa que se precisa pulsar a tecla, cando menos, tantas veces como repeticións se produciren⁶⁷⁷. Como veremos, os fenómenos de reduplicación responden a diversas finalidades a dependeren da modalidade electrónica en que se detectan. Desta forma, nos sistemas de mensaxaría instantánea ou nos chats estes poden servir para ocuparen o espazo ou para marcaren a presenza física do interlocutor na pantalla, en canto en xéneros diferidos como no correo electrónico ou nas SMS o seu uso responde en maior medida ao desenvolvemento do aspecto lúdico e expresivo da linguaxe (véxase Galán Rodríguez 2007:68). Por tanto, a súa rendibilidade nun xénero – eminentemente sintético– como o das mensaxes de texto debe entenderse como unha manifestación dun proceso máis amplo a que xa fixemos referencia e cuxa finalidade é compensar a ausencia de elementos de marcaxe paraverbal, cal os xestos, a entoación ou a postura corporal. Torres i Vilatarsana (2002) denomina estes recursos “marcas de expresividade” e neste grupo distinguimos diversas estratexias que explotan ao máximo as propiedades dos caracteres, entre as cales cómpre salientarmos os estiramientos gráficos e a puntuación expresiva.

⁶⁷⁷ Sobre este particular, coidamos que a introdución dos teclados *querty* tamén para os telemóbeis facilitou a aparición deste tipo de recursos –máis propios dos chats– tamén nas mensaxes de texto.

3.2.1.2.1. Estiramentos gráficos

A repetición de grafías constitúe un fenómeno bastante habitual no discurso electrónico. Así, a súa presenza tenderá a ser maior nos sistemas sen limitación de caracteres – nomeadamente nos sincrónicos– embora o seu uso se fixese extensíbel a todos os sistemas de interacción dixitais grazas á súa rendibilidade como fenómeno de marcaxe paralingüística. Igual que acontece coa puntuación expresiva, temos de considerar estas estratexias como o reverso da moeda, quere dicir, trátase da reiteración gráfica máis exaxerada, en contraposición aos mecanismos de redución. Neste sentido, Morala (2001) afirma que nalgúns medios como o chat non resulta inusual encontrarmos unha persoa usuaria que ocupa toda unha liña para saudar (*olaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaa*); a súa aparición nas mensaxes de texto é tamén moi heteroxénea e a multiplicación recursiva dos caracteres configúrase como o modelo de repetición máis común, ben por reduplicación ou ben por estiramentos gráficos moito maiores que adquiren unha presenza relevante na pantalla. Diversos autores, entre eles Moreno (2001), entenderon esta repetición de caracteres como o resultado dunha grafía prosódica, ou sexa, da necesidade de reflectir na escrita determinadas prolongacións propias do código oral, fenómeno presente en moitas das SMS do noso corpus. Nelas a repetición dun carácter é utilizada para compensar a ausencia da canle auditiva; na maioría dos casos a grafía que se repite correspóndese a un fonema vocálico e responde a un intento de representar a énfase sobre a sílaba a que pertence⁶⁷⁸. Vexamos algúns exemplos:

Mrdaa! Olvideim! E hoxe nn fun a clas pq nn fixn os dberes sintoo! O vnres e o luns vou sguero!! Prdoa (**A101**)

Aaah xa me olvidaba! Agora cho mando! Eu levo regular a ver bks (**A106**)

oyeeee! Q tal oxo? Puxechete wapeta? Sakarnch fotos? Knta knta! Bks chorvi (**A257**)

Sii (**A325**)

jajaja! unhas knvrse! non acrtaron no numero pero no resto ben! jeje! **Muakkaaaa** (**A352**)

Peerdoa..qdei sn bateria e aind xguei agora..xamote maña e xa concretms! Bks (**A376**)

How are you baby? Q nn sei nada d **tiiiiii!** (**A431**)

Odiamosteeeeeeeeeeeeee! (**B51**)

Nas SMS anteriores podemos observar que a multiplicación das grafías responde a unha explicación prosódica, isto é, os caracteres vocálicos e consonánticos duplicados utilízanse para marcar a intensidade sobre un determinado elemento. Igualmente, nalgúns ocasións a esta función cómpre acrecentarlle a marcaxe ou a connotación emotiva do termo. Seguindo Freixeiro Mato (2013:111), a duración e a énfase deste fenómeno conseguen unha maior rendibilidade estilística, pois ao carecer no galego de valor fonolóxico, cumpre unha función expresiva. Na lingua escrita a duración é sinalada mediante a repetición dunha mesma grafía, normalmente unha vogal. Nas mensaxes de texto a repetición pode afectar un só carácter, unha sílaba ou inclusive o conxunto da palabra (véxase 3.2.3.2.1), como se deriva das seguintes mostras:

⁶⁷⁸ A este respecto, Vela Delfa (2005:700) salienta que a pesar de que a tendencia habitual sexa a reiteración de vogais, nada impide que o carácter repetido corresponda a un fonema consonántico.

Rock in theatre!!! **aaaaaaauuuuu!** Jeje! Fuchs pa kasa? Sto is starting! Stams diante d tdo, tratarei d skivar as bqetas e as puas q lanzen! Jeje! Muaka chika 10! (A40)

Q tal ye foi o dia ao meu ncfalograma plano favorito? Jeje! Eu bstante ben! XD maña xa stams xuntiñas! Podras awantar? Jeje! See u 2morrow darling! **Muakakakaka** (A47)

Spero q a pizza stivs rik xq os meus makrrns stban **rqtrqtRIKISIMOS!** Jajaja! Qrot m8 wapa! E nn t preokps q NY vai star ai waiting4us! Muaka! (A84)

Grazs polo d hoxe, stba m8 rikisimo tdo! Es 1sol! Nn sei q faria sn ti! **Qtm8m8m8!** Muaka! Chamam pa qdr maña e xa m kns q tal a peli. Bks (A125)

ola golfa! Q tl sem sta? Eu akbeina 1tnt acidntada: abrin a fronte kunha klumna!! Stou **wapisisima!** A vr kndo visitas a nfrma...bikos mona! **Muakaaaaa** (A330)

Este tipo de compensación emotiva do código escrito será evidente nos emotícones (véxase 3.2.4.3.1), pictogramas creados para emularen as emocións e os sentimentos e nos que en ocasións tamén documentamos estiramentos gráficos cuxa finalidade é manifestaren un maior grao de exaltación do estado de ánimo que pretenden representar. Nas mensaxes de texto do noso corpus a reduplicación de símbolos nos emotícones tan só se documenta naqueles que denotan felicidade:

Jo q ilu m fai q x ns toke algo xuntas again!! Flicidads xq o mrecs chorvi! O vnres abra q elbralo dbidament! Jeje! Madrid..here we go! Bikos xika prmiada! **XDD** (A27)

nsts dias de xiada qu tat frio vai x eso eu pa qcer acrdm dti mamaa e do teu caldinho de grelos !!:) Flis Nadaal muaka pataka!! (C-Nadal 4)

boas fsts e prsper ani nov uns bks!!!!!! :) soms s mas guais de mugar incluid ***** -.-! jojojojo FELIZ NAVIDAD :) HELLO serafiiin :) :) (C-Nadal 26)

Quérote! Q aprobeite! **XDDDD** (A168)

Non obstante, xulgamos que a explicación da grafía prosódica é axeitada tan só para algunhas mostras, en tanto que noutras debemos procurar razóns de diversa índole. Así, algúns autores consideran que os estiramentos gráficos exercen tamén unha finalidade compensatoria a respecto da canle visual. Pons (2003) afirma que a reduplicación de vogais e de consoantes en aberturas e encerramentos pode ser interpretada como a manifestación do achegamento e do afastamento virtual existente entre os interlocutores⁶⁷⁹. Sobre todo no caso dos saúdos, os estiramentos gráficos teñen que ser entendidos como un recurso para simular as situacións en que se eleva a voz na procura da outra persoa. A similitude do contexto comunicativo favorece o emprego deste xogo lingüístico que atende ao valor pragmático dos actos de fala. Porén, achamos igualmente que a natureza expresiva deste procedemento serve de por si para explicar a súa concentración nestas zonas, que manifestan un marcado valor relacional e de preservación da imaxe. A seguir incluímos diversas SMS que dan conta destes usos:

⁶⁷⁹ Aínda que esta autora analiza o fenómeno no marco das conversas virtuais –chat e mensaxaría instantánea– xulgamos que os seus argumentos tamén resultan relevantes para o xénero das SMS, en que tamén son habituais estas reduplicacións.

Boas noits chika 10! (digoo xq stou orguyosa de ti, nn x vacilart) Nn gasts m8s enerxias, q senn maña nn m rinds, e oyo kos golpes, q qdn pouko stetikos! **Bikoss** (A45)

Kariiii! Vou para sabon! Jeje! *** e a miña titora! Km mola! Q se prepare ***! Jeje! Vemons a noite! Qtm8 pelexo! Xps! (A46)

Q chorvi. Ktl onte? Ben? Eu stou q non podo co cu. Vou veyaa..wen xa ts unha mensxe xo corpus. **Muakaa!** (A61)

Bosssss diasssss! Perdin 1 euro na timba d pkr! Porka miseria! Da carballeira so ims os famosos churros! XD q tal vos? Stou m8 kansad! Lv td a fnd durmnd n xan!! (A433)

olaaaaaaaa! Como vos vai co ekipaje??? Si nn che coye todo mndocho eu por correos!!!!!! Jjjjj levad bn viaxe e tede cuidado...xa chamaredes...chao... (C25)

bkssssssssssssss (C27)

As reduplicacións e as repeticións de caracteres non deben considerarse, por tanto, como recursos destinados unicamente a supriren a canle auditiva ou como marcas de prosodia; ao contrario, concordamos con Vela Delfa (2005:701) en que se debería apostar por unha análise independente en que este tipo de fenómenos fosen considerados como recursos comunicativos complementares, desenvolvidos polas particulares condicións de enunciación que manifestan os xéneros electrónicos. E aínda que en moitas ocasións o recurso á prosodia é obvio, noutros casos debe entenderse como unha estratexia lingüística cunha finalidade claramente lúdica, como se deriva das seguintes mostras:

E prcert flics fsts!!!! **NENOOOOOOO CULIÑOSSSSSS ;)** (C-Nadal 25)

boas fsts e prsper ani nov uns bks!!!!!! :) soms s mas guais de mugar incluid ***** -.-!
jojojojo FELIZ NAVIDAD :) HELLO **serafiiiiin** :) :) (C-Nadal 26)

wno xa s acab o 2010 e po ano vlvn as fsts e a psal dpm.psadeo ben en aninovo. **bicoss guapoos** :) (C-Nadal 72)

Flz 2011 e k tds o paseds moi bn.E disfrteds d amizade e fesht.Desde Tella felices feshtas.XK acabeza nn **paraaaaaa** (C-Nadal 98)

a tr voas fsts e a estar ben k family... e drlle a os **chupitooooosss jajajajajajaa** cabeza non **paraaaaa!!!!!!!!!!!!** (C-Nadal 131)

3.2.1.2.2. Puntuación expresiva

Nas mensaxes de texto e en xeral en todas as modalidades discursivas electrónicas é moi habitual a acumulación de sinais de puntuación, que se repiten creando modelos de textos cunha puntuación moi rica, mais pouco estandarizada (Vela Defa (2005:703). En 3.2.1.13 xa tivemos ocasión de analizarmos aqueles sinais de puntuación que desempeñaban funcións sintácticas e que nas SMS tendían a se eliminar ou, cando menos, a se reduciren, cal os puntos e as vírgulas. Nesta epígrafe estudaremos aqueles que se utilizan para marcaren trazos prosódicos e que –contrariamente– amplían as súas aparicións. Así, neste punto convén salientarmos os sinais de exclamación e de interrogación e as reticencias que na linguaxe SMS son utilizadas profusamente. A respecto dos primeiros, é preciso subliñarmos que exercen dúas funcións complementares: por un lado, utilízanse como substitutivos, isto é, para ocuparen o lugar daqueles sinais que desaparecen; e por outro lado, adquiren funcións expresivas, nun intento de enfatizaren o ton da mensaxe. Nos seguintes exemplos podemos

observar o uso do símbolo de exclamación para reempazar os puntos e as vírgulas, tanto nos casos en que presentan valor gramatical como naqueles que marcan pausas ou silencios propios da oralidade:

Mona! Q tal? Nrviosa? Ont nn m deu tmp a xamart! Asiq snn falams ants pasao bn no kncrto! ***** ta bn! Xa me kntras maña q tal. Vai amdo! Bks. Qtm (A9)

Era as 5.30! As 5.30 en laurence west! Qdamos xusto ao baixar do mtro no andn! Vmonos (A112)

Boas noits pk! Q durmas ben, cenicienta! Jajajaja! Maña falamos! Qtm8. Muaka. (A142)

Sakei un 10! Stou kntnta! Jeje! Maña xa falams! Bikos (A175)

Merda! e agora vainos ver soas o xoves! e se m pregunta? q lle digo? ai q mal! q vrgonza! sintoo pro tmos q cambiar d sitio...jejeje! Boas noits! (A242)

Nestes casos o sinal de exclamación é utilizado frecuentemente para separar unidades funcionalmente distintas e sintacticamente independentes, aínda que tamén representan pausas que se corresponden con zonas de descanso como acontece en A9. E se ben que os exemplos mostrados presentan igualmente unha forte carga expresiva, cómpre salientarmos que a repetición destes sinais constitúe máis un recurso rendíbel como mecanismo de marcaxe paraverbal e, para alén disto, é o que mellor encaixa en tanto que mecanismo de ampliación gráfica⁶⁸⁰. Nesta liña, a tendencia á desaparición dalgúns sinais de puntuación, como a vista en 3.2.1.1.13, contrasta de modo ostensíbel con este (ab)uso dos sinais de interrogación e de admiración. No noso corpus documentamos casos en que aparecen duplicados:

Ola!! Q tal?? Lmbrat d m enviars as ftos d q falams. Bikos (A374)

Mrdaa! Olvideim! E hoxe nn fun a clas pq nn fixn os dberes sintoo! O vnres e o luns vou sguero!! Prdoa (A101)

Ola! Xdoa x trdar xo o mbl funcion knd qr! Eu alg1 dia d tard podria! Avisame e qdams, s pods? Q tal tdo? Eu km smpr, extresada!! jaja! Bkos (A253)

Con todo, o máis habitual é acharmos enunciados en que estes sinais de puntuación se repiten tres, catro, cinco ou mesmo en máis ocasións no final dunha pregunta ou dunha exclamación. Estes usos afectan sobre todo aquelas mensaxes con maior carga emocional (Crystal 2011:63):

Q sms + kurrado! Pois tams na kma. Stivems xgando a wii e agora a vr se facems os dbres, xo sn violencia! Jopis kndo akabems as klass vout botar m8 d-! Nn gro!!! (A43)

Ola xurra! Q tl? Q pasou? Nn t xamo x se molsto...Q tl sta ****? Quero sabr!!!! Oxe ims correr? Ncsito sablo xq senn ceno con ** e ****! (A127)

⁶⁸⁰ O uso dos signos de exclamación como substitutivos constitúe unha estratexia de ampliación de usos, en contraposición aos estiramientos gráficos ou á reiteración destes sinais de puntuación que poden ser considerados recursos de ampliación na medida en que utilizan un maior número de caracteres.

Tou mpaxadisima! a partr dagora vou facr peqnas catas da cmida q m ofrezas! a miña bedroom cheira a l mistura ntr pintura e dtrxnt (xa tño cortinas!!!!). Boas noits! (A239)

E se en plan boiño dim q m rcoll as ntrads pero en realidade si q van e eu qdo fatl??? X crto, scribse chorBi, o d v e cousa miña (nn m copies). Bks! Qtm! (A243)

Pelikulon!!!!!! O_O (A348)

Prdone x dsprtala!!!!! pero ahora e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun colegita d ***** e maña vams ir o prke acuatico...apuntadevos e vide k ali ven coyedes!!!! (C20)

Ola...estas ai????? Si keres mandoche 5 euros p cntstar!!!! (C22)

Do mesmo modo que sinalamos para os estiramentos gráficos, as zonas de encerramento e abertura constituirán lugares privilexiados para o aparecemento destas estratexias, debido ao seu valor expresivo e enfático. As seguintes SMS ilustran esta situación:

Ola!!!! o cmple cmbiamlo po domingo 12... nn m daba conta k o sabado trabayo...ok!!!! (C21)

nos momntos tristes tabas ai :) ns momnts d scaxada partiamns as caixs. so qria q souberas q nsts dias d ndl Krt comij. **Felis 2m11!!** (C-Nadal 5)

et ano so me plantei mandarll sms a xent da miña axenda k cand leo os seus nomes se m scapa ua sonrisa!!!**feliz ano bobo!!!!** (C-Nadal 23)

Bo Nadl!!! e coidd co xampn k nn e augh! (C-Nadal 47)

boas fsts a tds e spero k vlo pasedes como vos gusta,unha **aperta!!!!!!!!!!** feliz ano 2011 e bo nadal (C-Nadal 70)

Aínda que se trata dun caso isolado que pode deberse a un erro tipográfico, coidamos que o seguinte exemplo mostra esa flutuación entre o uso convencional da puntuación e a necesidade de dotar de expresividade o texto:

Akbo d chamar a ***** e *** e tñen o tlf apagado. En principio era pa hoy..pero n falei mas cn eles. knd sepa alg mas avisot.!! (A315).

Outra das propiedades máis prominentes na esfera da puntuación é a rendibilidade das reticencias, que nalgúns medios de interacción dixital acaban por se converter na terminación “comodín” de moitas das intervencións. Álvarez Martínez (2008:240) asígnalles diversas funcións, algunhas delas xa presentes nos textos escritos doutros soportes e outras propias do discurso electrónico. A respecto das primeiras, cómpre destacarmos as seguintes: i) deixaren o enunciado inacabado porque o resto se pode sobreentender, ii) deixaren o enunciado para a libre interpretación do interlocutor⁶⁸¹, iii) substituíren un “etcétera” e iv) expresaren dúbida ou descoñecemento. Os seguintes exemplos dan conta desta situación:

⁶⁸¹ Debido ás limitacións espaciais das SMS, o uso de reticencias contribúe para dar a entender outras moitas ideas cuxa redacción exixiría demasiado tempo e excedería con certeza o número máximo de caracteres.

Boas noits pk! Xa sta tdo ready! Jeje! Agora so falta q che guste! I miss u a lot n klase! Nn sei q vou facr a partir d agora...abra q pnsar n1 plan b! Muaka (A38)

Night night baby! Q tal no gym? Eu xa stou n kama q tou m8 knsa! Isto stase akbndo..pasa lboa finde chorvi! Vemnos o luns e falams da nsa cita! Jeje! Bks (A41)

Ola fea! Km stas? Eu rgulin! A nai d ***** tmlus mal o d q march d kasa e stan nfadados. Pero tb m parc lfeo kra a min + n fin...ti q tal? Bks chorvi! (A131)

Mal...(B49)

Ti,galgo na fala,no kntar,na musik,na vida...Bota laturuxo pa q neste ano nos deixn vivir na nosa esncia. POR INOVO ANO SEN ATADURAS!FELIZ ANINOVO (C-Nadal 95)

Mais alén das prácticas tradicionais en que aparece este sinal de puntuación, o que vira relevante no contexto electrónico é a ampliación do seu uso para outras finalidades. Así por exemplo, Álvarez Martínez (2008:240) sinala tamén as seguintes funcións: i) incitar á reflexión a partir dalgún comentario anterior e ii) dar continuidade a interacción; ambas están presentes nas SMS con que contamos:

Flicidads plexa! Q tal? Oubo transfrmacion? Jeje! Nunk pnsar q durnt 14 dias kmprtids/ms a msm idad! Intnt disimlr os dstrgos q 351 dias fn n1 prsoa! Ri, ri! Agra nn o ntnds xo xa m dirs dntro d 365! jaja! Disfrtaos xq mpza a knt atras. E s qrs o meu skrto pa star km d 15 smpr pdms xgar a ltrato..jaja! Bks (A64)

Bo Nadal a tds. Psadeo bn, disfrutad destas festas k logo cmza o instituto d nvo...aburiño (C-Nadal 65)

Nn t preocupes k mntres cociñe miña nai ay comida d sobra... (C23)

pois dime... (A147)

O noso corpus documenta tamén mensaxes de texto en que o emprego de reticencias non asome ningunha das funcións anteriores, mais serve ou ben para marcar pausas entre diversos enunciados ou ben para delimitar os distintos tópicos tratados nunha mesma SMS, como se observa nos exemplos que figuran a seguir:

operaron a *** d nebras non sei si da visicula ou algo asi pero nn sei fijo...oxe rabuñouye l gato d vixuan a ***** na cara en un brazo...sta feita un poema..ahhhhhh e teu padriño xa s aburre en suiza e o 30 d ste mes xa o temos aki..ven pa trabayar na corña e se ten pa tdo o ano xa nn s vai en fin...toda l historia bstnt peculiar (C17)

Bos dias pk! Q tal a find? Ao final **** ox nn pd qdar e o plan knclous. Nn sei s ti qrs qdar igual...xa m diras. Bks chorvi (A139)

olaaaaaaa! Como vos vai co ekipaje??? Si nn che coye todo mndocho eu por correos!!!!!! Jjjjj levad bn viaxe e tede cuidado...xa chamaredes...chao... (C25)

vale...tanto o meu correo como o d **** xa os leo eu no telefno...levar bn viaxe... (C26)

Noutros casos a aparición de reticencias non pode ser explicada aducindo ningunha das motivacións anteriores. Desta forma, o seu uso responde con maior seguridade a

prolongacións de tipo prosódico ou mesmo a un afán de creatividade tipográfica – nomeadamente visual–, como en C18. Eis algunhas mostras:

Ola....ola...k tal todo por ai????? xa stad prparndo o ekipaje????? (C18)

Ei! Q tal? Xa stas rcuprada? Km vai tdo? I miss u baby! Eu aki..vageando x mria pita! Kndo m vas vir visitar? Bks chorvi (A69)

E eu a ti petardo! I miss you very much! Penso soñar kntigo! Jejeje! Qtm8. Xps. Non t poñas d malas...q tas +feo! Jejeje! (A169)

A **** nn ye dixn q xo kntara, xo si que falms asiq...douye saudos. Xa sta + tranqlo. (A324)

Se iso xa t xamo logo pa quedar, q pa qdar sn kbrtur outra vez...excuso xamart again (A350)

Ola! Q tal? Faceds algo? Stamos no burgo vndo a *****! Supoño q lg irems tmar algo...asiq s vos fai xa sabds (A358)

A presenza das reticencias nestes exemplos non se xustifica como un mecanismo que permita segmentar construcións gramaticais independentes, pois na maioría dos casos expostos utilízanse para separar a cláusula principal da subordinada. Esta estratexia é moi empregada nos chats, onde se deixan os enunciados incompletos e se usan as reticencias para despois os retomar do mesmo modo e os concluír. De acordo con Álvarez Martínez (2008:242), as persoas usuarias utilizan estes sinais para gañaren máis tempo no momento de redixiren a mensaxe, sen que isto implique perderen o turno de palabra. No caso das SMS consideramos que este recurso pretende reflectir de modo gráfico o tempo dedicado á elaboración do propio enunciado, dado que neste soporte as mensaxes son unidireccionais e completas. De feito, en A324 observamos que as reticencias provocan a énclise do pronome átono, a pesar de que vai precedido de conxunción. En consecuencia, estamos perante máis un mecanismo que pretende trasladar á escrita un recurso propio da oralidade.

E de igual modo que acontecía cos sinais de interrogación e de admiración, as reticencias tamén foron albo de alteracións tipográficas, ben por redución, ben por ampliación. Así, ao tempo que documentamos a súa forma normativa –tres puntos– tamén é frecuente acharmos SMS en que ou ben esta se reduce a dous puntos ou, polo contrario, presenta catro ou até cinco. O primeiro caso pode ser xustificado polas limitacións espaciais das mensaxes de texto, en canto que o segundo responde a ese afán de dotar de expresividade o discurso a través da repetición de caracteres, na liña do que acontecía cos estiramientos gráficos⁶⁸². Vexamos algunhas mostras:

Peerdoa..qdei sn bateria e aind xguei agora..xamote maña e xa concretms! Bks (A376)

*****, fsme mal a vsta, xk a vrdade é que es un pouco feo, un pouco bstnt diría eu. Pro weno, es asi ke lle vas facr.....Aínda ke sexs feo bicas bn e gústame estr contgo. 1 bkño ***** (A527)

Ou vas na playa por casualidd!!!! o dia 11d agsto e o cmple d *****....xa t aviso pa k nn fagas planes!!!! (C19)

Si stams d limpeza!!!!vent k vs muy ben.... (C24)

⁶⁸² Neste sentido, Mayans (2002) salienta entre as convencións utilizadas para dotaren os textos electrónicos de significado paralingüístico o uso de reticencias como marca de emoción.

Ao meyor si q stou algo rayada. Vou intntar durmir..bks! Qtm8! Alegrome dq sigas stand ai. Qtm8 (A163)

3.2.1.3. Mecanismos de creación

Xunto ás estratexias de redución e de ampliación analizadas en 3.2.1.1 e 3.2.1.2 respectivamente, convén facermos referencia a unha outra serie de recursos creados en exclusiva para as interaccións electrónicas e que non poden ser adscritos a ningunha das categorías anteriores. Cómpre termos en conta que, á diferenza doutras aplicacións, como o correo electrónico, en que é posíbel escollermos o tipo de letra ou o seu tamaño, nas SMS o deseño formal do texto é moi limitado. Porén, estas restricións—como xa apuntamos—non supuxeron un problema, mais foron entendidas como un desafío que permitiu ás persoas usuarias desenvolveren a súa creatividade lingüística. Así, para alén dos fenómenos que tenden á simplificación e á representación da prosodia, no ámbito fónico e ortotipográfico tamén se crearon mecanismos que —ao tempo que contribúen para unha ou outra finalidade— presentan, igualmente, unha funcionalidade icónica ou visual. Na maioría dos casos, estamos perante recursos xa existentes noutros contextos mais cuxo uso vira completamente novidoso, caso das maiúsculas, dos sinais de puntuación ou do uso de grafemas foráneos, por exemplo. En ocasións, estes novos usos acaban por constituír características idiosincráticas dos intercambios dixitais. Nas seguintes páxinas analizaremos cada unha destas estratexias.

3.2.1.3.1 Novos usos das maiúsculas

Do mesmo xeito que acontece cos sinais de puntuación, o emprego normativo das maiúsculas e, en consecuencia, das minúsculas, vese fortemente alterado nas mensaxes de texto. Cómpre termos en conta, seguindo Galán Rodríguez (2007:67), que nos primeiros modelos de telefonía móbil as SMS só podían escribirse en letras maiúsculas, dado que era a opción predeterminada. Os dispositivos actuais dispoñen das dúas opcións —maiúsculas e minúsculas—, mais como norma non costuman intercalarse na mesma mensaxe, excepto naqueles casos en que esta opción non responde á vontade das persoas usuarias, mais fai parte da configuración dos dispositivos⁶⁸³. Por tanto, a maioría dos sistemas de interacción electrónica “is not case sensitive, so there is a strong tendency to use lower-case everywhere, avoiding the extra awkwardness (for most of amateur typists) involved in choosing the upper-case option on a keyboard” (Crystal 2011:64). Así as cousas, na escrita SMS elimínase a oposición entre maiúsculas e minúsculas a favor destas: de feito, moitas das regras de comportamento que circulan pola Internet recomendan non utilizar as maiúsculas porque pode resultar ofensivo (véxase Benedito 2003). No entanto, nos medios de interacción que simulan a conversa presencial este recurso é útil en determinadas situacións en que se quere resaltar algún aspecto da mensaxe, como se poderá notar. En relación co primeiro punto, é frecuente que tanto os nomes propios de lugar e de persoa como as siglas aparezan en minúscula, como se deduce das seguintes mostras:

Ola ptarda! Stou n ksa koa mmoria! A vr s avanzo algo. O find normaliyó. Xa falei kn **cris** e stado klaro. Pois si, vai avr q qdar! Bkos mona! Pasao bn! (A12)

⁶⁸³ Os sistemas de codificación de caracteres integrados nestes terminais presentan actualmente algunhas opcións predeterminadas que se insertan de modo automático nos textos, como o uso de maiúsculas despois de puntos ou sinais de interrogación e admiración, de modo que nestes casos a oposición entre maiúsculas e minúsculas tende a se manter (Torres i Vilatarsana 2004).

Xa temos en **illa** a posibilidade d xerar **cv** modelo **mec**. Podes probar co d **pilar**? Manha falamos (C2)

Saio d **vilaxoan** (B18)

Q tal d kmpras? Kurraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! Eu tou **pntdeume** e logo irei ksa papa! Muaka baby! Sta smana cofe? (A295)

Maña van vir os familiares d **alex a andrade**. Vide pola tarde tomar un café se queredes (A310)

Nn psa nda! Eu tivn 1 dia kmpltito! En **ferrol** ben! Stivemos mirando mobles! jeje! Pois falamos maña (A369)

Como indicaba Crystal (2011:64) anteriormente, a extensión do uso das minúsculas para aquelas funcións específicas das maiúsculas pode xustificarse como unha estratexia para dotar de rapidez a comunicación pulsando o menor número de teclas posíbel. Porén, existen determinadas ocasións en que os interlocutores optan por redixir as súas mensaxes en maiúsculas, embora a utilización que se lles asigna non corresponda á que posúen nas interaccións escritas tradicionais. Así, “the lower-case default mentality means that any use of capitalization is a strongly marked form of communication”. As maiúsculas adquiren, em consecuencia, significados específicos que se enmarcan no contexto da escrita expresiva e oralizante (Álvarez Martínez 2008:259). Na linguaxe electrónica existe unha norma xeralmente aceptada pola cal o uso de maiúsculas equivale a berrar ou elevar a voz á persoa interlocutora, mais por extensión a súa aparición tamén responde a outras motivacións, isto é, utilízase para enfatizar unha palabra, para subliñar a importancia do que se está a transmitir ou mesmo como consecuencia dun estado de ánimo específico, entre os cales predominan a euforia ou o enfado⁶⁸⁴. Vexamos os seguintes exemplos:

Spero q a pizza stivs rik xq os meus makrrns stban **rqtrqtRIKISIMOS!** Jajaja! Qrot m8 wapa! E nn t preokps q NY vai star ai waiting4us! Muaka! (A84)

Nn o sei! Jajaja! Nn s pod baixar asi d **SEXY!** Jajaja (A154)

Boas noites pk! Falams maña. Vou mimir q stou knsisima! Nn t rayes anda, a min molam ir x ai **KNTIGO**, o dstin e o d-! Qtm8 baby! Q dsknses! Muaka (A172)

:-(qtm8 pk! **Q IMS A AMSTERDAM!** Ainda qdan 4mess. Oxala nn chova! Bks (A177)

Meternm outra multa en **FENE!** Tivo q ser kndo fun vr a meu pai ao ospital, xq senn nn o entnd! Me kago n tdo jodr. Kn esa pasta ya pagab l otel! N fines..**KAKA** (A181)

Saiu todo **BN!** Chamote kndo saia q xa stou dntro (A340)

Holaaa. Mandame o teu correo cando poidas. **E NIN SE VOS ACORDE ASOMA-LA CABEZA POLO TEITO DUN AUTOBUS EN N.Y. PARA ADMIRA-LA PAISAXE!!!!** (B20)

Dsxo q sxads flizs st ndl e q os vsos dsxos s cumprn n aninov. **FLIZ NDL!!(C-Nadal 79)**

⁶⁸⁴ Embora non achemos exemplos no noso corpus, Galán Rodríguez (2007:67) documenta un outro uso en que se intercalan maiúsculas e minúsculas coa finalidade de conseguir un efecto gráfico chamativo: *ChUcHaS pA yA xA tOdAs AqUeLLaS q vAyAn A cHuChEar aL pAsEo FLUvial, uN sAlUdIllo dE uN ChUchO*. Tascón / Abad (2011:51) apuntan que en ocasións este fenómeno ten o obxectivo de mellorar a lectura das palabras para evitar a posíbel confusión que provoca a ausencia de espazo entre dúas palabras, caso de moitos hashtag de Twitter. Véxase tamén Morala (2001) e Aranda (2011:232).

Nas anteriores mostras podemos reparar en que ás veces discernir cal é a motivación principal que xustifica o emprego de maiúsculas é unha tarefa complexa, dado que na maioría dos casos o feito de subliñarmos unha palabra ou parte dun enunciado implica, igualmente, unha maior énfase. Da mesma forma, tamén vemos que en ocasións as maiúsculas van acompañadas de varios signos de exclamación (véxase 3.2.1.2.2), o que contribúe para outorgar maior expresividade ao elemento afectado, caso de B20. O uso das maiúsculas ultrapasa o ámbito das SMS interpersoais e profesionais e tamén se utiliza nalgúns casos nas mensaxes de carácter publicitario ou comercial, pois constitúe igualmente unha estratexia moi útil para captar a atención do público sobre determinadas mensaxes (véxase 3.3.2.2):

CONTRA AS POLITICAS DO PP POR EMPREGO DIGNO, DEFENDAMOS A SANIDADE E O ENSINO PUBLICO MAÑA MARTES. ACUDE A MANIFESTACION DA CIG NA CORUÑA AS 12 NA PRAZA DE VIGO (MNP6)

En BLOQUE podemos, domingo 12 da mañan. Pazo de Congressos (San Lazaro-Santiago). **NON FALTES!!!** (Teremos espazo infantil) (MNP9)

3.2.1.3.2. *Uso de grafemas foráneos*

O alfabeto galego segundo a súa representación gráfica oficial consta de vinte e tres letras e de seis dígrafos, mais nalgúns casos incorpora algunhas outras letras foráneas para representar vocábulos ou abreviaturas de procedencia estranxeira, cal o *j*, o *k*, o *y* ou o *w* (Freixeiro Mato 2006, I:61). Neste sentido, o noso corpus non é unha excepción e documenta, igualmente, o uso destes grafemas no caso dos empréstitos, como se deduce dos seguintes exemplos:

Stou n **krate** xo se ncsitas klqra kousa xamam q vou tr o mbl kmigo. Qtm8. Xamote kndo volva, anyway (A231)

Rock in theatre!!! aaaaauuuuuu! Jeje! Fuchs pa kasa? Sto is starting! Stams diante d tdo, tratarei d skivar as bqetas e as puas q lanzen! Jeje! Muaka chika 10! (A40)

E k ainda non te modrnizachs co **whatsapp**...k antigua es...debes de ser a unica persoa en España k non o ten activado.... (C12)

Bossss diasssss! Perdin 1 euro na timba d **pkrl**! Porka miseria! Da carballeira so ims os famosos churros! XD q tal vos? Stou m8 kansad! Lv td a fnd durmnd n xan!! (A433)

Kntxtarn d **NY!** **** ***, do cntro d stdos glgos, di k x el nn ai problm. Q ye tn q pdir permiso ao bicreitor xo q nn pnsa q s nege. (A307)

Q tal ont? Eu kaka... :(Vaia shit d dia, spro q ti polo – o pasases way! Xdoa x nn ir ont! Qtm8. Oxe **kbab** nn? Bks (A65)

De igual forma, estas mensaxes serven, outrosí, para observarmos como o emprego de empréstitos nas SMS non se reduce a vocábulos adoptados polo galego para nomear novas realidades, como acontece con *karate*, *poker*, *kebab* ou *rock*, mais tamén se utiliza para

substituír palabras ou grupos fráxicos que contan cun correlato na lingua galega⁶⁸⁵. Este feito vai provocar que a aparición dos anteditos grafemas vire un fenómeno habitual nas SMS redixidas nesta lingua. Eis máis algunhas mostras:

Jopis.meu pai dsmaious stando n baño e fixos dano! Xa nn stou nda trankila, xq ont tmpk tiña m8 boa kra! Apuf..q rayadura.. (A26)

Boas noits pk! Xa sta tdo **ready!** Jeje! Agora so falta q che guste! I miss u a lot n klase! Nn sei q vou facr a partir d agora...abra q pnsar n l plan b! Muaka (A38)

Ola! Ktl vai todo? Q tal ****? Falch cn ela? Eu n **gym**. Hox foi outr dia d non parar! Colexio,cmida tutor.***.rosals.**gym**. Non sei s baixarei, avisote! N galgo! (A60)

Ola **baby!** q e d tua vida? Q tal a smana? Eu ste find d relax! ti q vas fazer? bikos chorvi! Miss you a lot! A ver se nos vmos. Muaka (A221)

Sorry nn scoitamos stamos na ntrada do queens **park** hai un monumnto grand sta preto da parada museum (A120)

Con todo, nas páxinas que preceden esta xa tivemos oportunidade de vermos que a aparición das ditas grafías nin sempre está xustificada polo emprego de estranxeirismos, mais en moitos casos o seu uso responde a outro tipo de motivacións: así, en ocasións o uso de *w*, *y* e *k* pode ser explicado como un recurso de simplificación de caracteres, xa que tenden a substituír dígrafos ou grupos consonánticos cal *gu*, *ll* e *qu* respectivamente. Sobre este particular, Yus (2001:144) considera que o uso dos grafemas foráneos parece responder á presión temporal sobre as persoas usuarias ao teclearen os seus textos cunha maior economía de pulsacións. As seguintes SMS serven para ilustraren esta situación:

Ola! En 5 min voum poñr a korrer polo paseo n arteixo! Apuntaste? Jeje! Dsd q mpzou o mstr nn volvin asiq pde q m dprima ao vr q pouk **awanto!** Jeje! Ate maña! (A55)

Pasousm prdoa stas **trabayando** na biblio agora? S estas vou e q entro agora no dpartamnto e saio as 2.30 (A86)

Boas noits pk! Dim x sms a **k** hora m piyas maña, adaptome ao q m digas, e xa falams q agora nn pdo. Spro q tivss lbo dia. Qtm8 wapa! C u 2morrow (A126)

O uso das grafías *k* e –nalgúns casos puntuais–⁶⁸⁶, tamén pode ser explicado por causa da tendencia á escrita fonética naquelas mensaxes en que a súa aparición se debe á simplificación da correspondencia fonema / letra (véxase 3.2.1.4) e a ese afán por reproducir de forma gráfica aquilo que se pronuncia:

Eu ainda stou empaxada agora! **jaja!** Nn m volvo chutar tanto chocolate! **jeje!** Have a good picnic! **Bks.** Qtm8 (A210)

⁶⁸⁵ En 3.2.3.4.1 trataremos con maior profundidade o fenómeno relativo á introdución de estranxeirismos nas SMS, mais neste punto só nos interesa en tanto que serven para daren visibilidade aos grafemas que estamos a analizar, o que provoca que o seu uso se estenda tamén para termos plenamente galegos.

⁶⁸⁶ A excepción dos casos sinalados, o resto das ocasións en que documentamos este carácter non pode explicarse sen termos en conta a situación de contacto lingüístico que sofre a Galiza, o que provoca en moitos casos a presenza de castelanismos –nomeadamente lexicais– nas SMS do noso corpus (véxase 3.3.2).

Xa che **kntestei** ao **korreo**, xo se tes q **kntxtr** xfavor q sxa a **kara**! Ao final nn vou dar **klases**, so a **karate**! Apetecech ir ao strato ou a bata pola noite? **Bikos** (A218)

jelou! **Jau** ar yu duing? Wi nid tu tolk! Tumorrou ai kal yu, if ai kan. A **klas** foi tdo lexito! **Jeje!** (A133)

Non obstante, ao tempo que estas xustificacións son, do noso punto de vista, válidas, tamén xulgamos que existe unha outra motivación paralela e que, por tanto, a inclusión destas grafías pode interpretarse igualmente como o produto dunha incorrección deliberada (Mayans 2000a). En todos os casos percíbese unha actitude transgresora e un desapego voluntario aos formalismos propios do rexistro escrito e da ortografía normativa. Nesta liña, viran relevantes as palabras de Yus (2001:144-145) a respecto da letra *k*:

Sabemos que puntualmente se usa la «k» en lugar de las grafías convencionales «c» y «qu» para subrayar el peso de una palabra o un concepto. En nuestro contexto cultural, la «k» es usada en determinadas posturas ideológicas contestatarias, críticas y más o menos violentas —física y/o simbólicamente— sean del tipo que sean. Colectivos antimilitaristas —como los *mili-kk*—, opositores a alguna dimensión de lo socialmente establecido, o los *graffitis* que aparecen en lugares públicos utilizan con frecuencia la grafía «k» de un modo desafiante y, podríamos decir, rebelde. En los *chats*, este fenómeno también podría situarse dentro de esta corriente reactiva, potencialmente opositora a potencialmente cualquier cosa. En concreto, a las reglas establecidas de la lengua escrita. A la formalidad de un mundo reglado previamente. Teniendo en cuenta que la mayoría de la población de los *chats* son jóvenes menores de treinta años, en gran parte adolescentes, podríamos decir que se trata de algo *propio de la edad*.⁶⁸⁷

Vela Delfa (2005:691) tamén se posiciona sobre esta cuestión e concorda con Yus (2001:144-145) en que a inclinación a empregar grafías foráneas é un fenómeno pouco frecuente na linguaxe estándar, mais moi estendido nos textos electrónicos como unha marca de sociolecto e, máis especificamente, de xiria xuvenil. Con todo, os datos que manexamos avalan a tese contraria: así, embora este código tivese unha adscripción inicial ás faixas etarias máis novas (cfr 3.1.1.1), na actualidade o emprego deste tipo de grafías —ben como do resto dos mecanismos propios do discurso electrónico— popularizouse para todas as persoas usuarias. No noso corpus detectamos a súa aparición en SMS pertencentes aos tres grupos de idade estudados, embora presenten unha maior incidencia no primeiro deles. Por tanto, podemos concluír que neste contexto o usuariado concibe a lingua como un medio flexíbel para representar a fala e que, igualmente, obtén certa satisfacción ao se aproveitar de todas as posibilidades que lle ofrecen os caracteres do teclado⁶⁸⁸. Trátase, en definitivo, dun uso lúdico e creativo da escrita que, na maioría dos casos, contrarresta o maior esforzo cognitivo que ás veces se require para inducir cales son os significados que descansan detrás das grafías fonéticas.

3.2.1.3.3. Novos usos da puntuación

Os sinais de puntuación configúranse como unha ferramenta excelente para reflectiren de forma gráfica determinados trazos prosódicos e paralingüísticos. Como vimos en epígrafes

⁶⁸⁷ A este respecto, Álvarez Martínez (2008:264) salienta que o uso de “k” pode ser entendido na liña reactiva e desafiante que tamén se detecta na abundancia de conversas de tipo escatolóxico e no frecuente uso de palabrons nestes medios de interacción (véxase 3.2.3.4.2.5).

⁶⁸⁸ Tascón / Abad (2011:49) apuntan unha outra razón que xustifica estas prácticas disidentes: “al escribir todos con caracteres estándares [...] las posibilidades clásicas de diferenciar nuestros escritos por las caligrafías han desaparecido, por lo que la gente recurre a otros sistemas. Desde los tiempos de las máquinas de escribir, luego acelerados por los ordenadores, nuestra caligrafía es similar ya que todos usamos la misma herramienta. Eso hace que algunos busquen elementos formales, dentro de lo posible, que les distinguan”.

anteriores (véxase 3.2.1.1.13 e 3.2.1.2.2), nos textos electrónicos tenden a se reducir naqueles casos en que tan só presentan un valor gramatical, ao tempo que aumentan aqueles que permiten dotar de énfase as mensaxes, como acontece coa puntuación expresiva. Mais para alén de adaptar o modo de os empregar, o usuariado destas tecnoloxías tamén desenvolveu outro tipo de estratexias, dotando os sinais de puntuación de novos usos até entón nunca explorados e que conteñen unha forte carga icónica e de experimentación lingüística. A seguir analizaremos cada un destes mecanismos de forma individual.

A última revisión das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega que tivo lugar en 2003 (véxase RAG / ILG 2005) suprimiu o uso dos signos iniciais de exclamación e de interrogación, en consonancia con outras linguas próximas tanto do punto de vista xeográfico como estrutural, cal o portugués, o francés, o alemán ou o inglés. A eliminación do elemento inicial está a constituír tamén un tema de polémica na comunidade lingüística hispana que se debate entre os partidarios da manutención e os que avogan pola converxencia coas anteditas linguas⁶⁸⁹. A este respecto, Álvarez Martínez (2008:234) detectou nas conversas virtuais en lingua española unha clara predisposición á supresión dos signos de abertura, o que pode xustificarse –segundo esta autora– “ya sea por la mencionada importancia de la rapidez a la hora de escribir, ya sea por economía lingüística –especialmente útil en las interacciones electrónicas–, ya sea por la influencia de otras lenguas de la plataforma” en que estes signos non se utilizan no inicio do grupo sintáctico. As SMS con que conta o noso corpus respectan neste sentido as normas, na medida en que non introducen en ningún caso “¡” ou “¿” para comezaren enunciados exclamativos e interrogativos respectivamente. Porén, en relación co primeiro, cómpre facermos unha matización, pois as nosas mensaxes revelan algúns usos chamativos, onde funciona como substituto do sinal de encerramento:

k pass 1 bn NADL e ANINOVI k carall tat leria agor empza a b vid¡¡¡¡¡ felz 2m11¡¡¡ (C-Nadal 11)

felz nadal a tods¡e prospero an novo¡desde esteiro para tods vs.FELZ 2011¡ (C-Nadal 45)

acabse o ano, pro botadll peito xk bn outo¡¡¡¡¡ (C-Nadal 63)

Boas noits kari! Botot m8 d-¡ Stou dsxando vrte para achuchart! Qtm8 wapo! Muaka! Xps. Ate maña! Q dsknss! (A277)

Ola¡ nn sei s oxe qres qdar para o da cnferncia. E as 6¡ ou dspois¡ m8 tard nn pod volvr q maña tka mdrugar pa filadlfia¡bks (A427)

Esta utilización particular non pode ser xustificada como un mecanismo de simplificación de caracteres –como acontece co punto e a vírgula–, mais tampouco constitúe en si mesmo un procedemento de ampliación –se ben que en moitos casos tamén vai acompañado de repetición. Na nosa opinión, a súa aparición xorde motivada pola súa supresión das normas oficiais como sinal de abertura e responde a esa necesidade de as persoas usuarias experimentaren coa linguaxe a través de xogos lúdicos e creativos; e tamén nesta liña podemos enmarcar aqueles casos en que determinados sinais adquiren funcionalidades que na linguaxe estándar lle non corresponden: así, en diversas SMS do noso corpus achamos os sinais de exclamación utilizados para interrogaren, o que non fai máis do

⁶⁸⁹ Sobre este particular, véxase a seguinte ligazón, que dá cumprida conta das diferentes posturas, embora se posicione claramente do lado da manutención: <http://castellanoactual.blogspot.com/2007/10/defensa-de-los-signos-de-apertura.html>.

que afondar no carácter expresivo e enfático desta clase de recursos⁶⁹⁰. Vexamos os seguintes exemplos:

Hi baby! Nvieich mail! Falei kn ela xo nn sobr iso! **Kdms oxe!** Knd m vs visitr? I miss u! Maña dou klass! Jeje! Bks fea (A17)

Ou vas na playa por casualidd!!!! o dia 11d agsto e o cmple d *****...xa t aviso pa k nn fagas planes!!!! (C19)

Ola!!!! o cmple cmbiamlo po domingo 12... nn m daba conta k o sabado trabayo...**ok!!!!** (C21)

Ola! **Q e da tua vida!** Se qres un dia dsts pola tard podems tormary algo! Vads ir a fsta d arteix? **** que celebrar o seu cumpl em san isidro o dia 8 de xuño, apuntadesvos? Xa m dirás...a todo. Bks (A372)

A proximidade funcional entre os signos de interrogación e os de exclamación no discurso electrónico non se reduce á estratexia anterior, mais en ocasións tamén adopta outras formas. Neste sentido, é moi frecuente a aparición de combinacións insólitas na lingua escrita como “!?” ou “?!?” para subliñaren a sorpresa, para enfatizaren o descoñecemento ou para poren de relevo unha idea, ao tempo que se expresa certo estado de incertidume⁶⁹¹. As mostras que figuran a seguir dan conta destes usos:

Prdoa q che colgase! taba liadisima! aki ta caendo unha q flips!!! nn se ve pa knducir! s non skmpa terei q ir moi amodo! saio as 8, intntarei xegar a tmpo, **ok?! bks!** (A247)

ai cariño, a mochila!! :-@ nn t fai falta?! (A386)

Como queiras. Non m importa! Q fixeches ate agora!?! O curso sta way (A395)

Ei, Prda q xe cortara xo taba ntrand n kasa dos avs d **** e nn era plan! So t xamei xa cnfirmar se hox abia feir mdvl?! Q tal? Fuxs praia? Nn xam x s mlsto! Bk (A398)

En todos os casos estamos perante estratexias que recorren a usos non marcados e novidosos dos sinais de puntuación e que dotan de visibilidade certos enunciados, na medida en que a desautomatización lingüística contribúe para os destacar. Mais o fenómeno en que os sinais de puntuación son empregados de forma máis orixinal para compensaren a ausencia da canle visual é, sen dúbida, o dos emotícones. Aínda que como veremos en 3.2.4.3.1 a creación de novos emotícones pode alcanzar unha grande complexidade, os pictogramas máis básicos están fundamentalmente construídos a través da combinación de sinais de puntuación. Nestes medios, destaca o par básico :) e :(para representar estados de ánimo positivos e negativos, respectivamente. Os sinais que manifestan unha maior rendibilidade na creación destes ícones son os dous puntos, o punto e vírgula, as parénteses e o trazo, se ben que existen numerosas ocasións en que estes se combinan con letras e símbolos orixinando

⁶⁹⁰ Igualmente, poderíamos considerar que estes usos poden responder a erros tipográficos, moi frecuentes neste tipo de soportes. Con todo, e a pesar de se tratar dun fenómeno non demasiado rendíbel no noso corpus, a súa presenza noutras modalidades discursivas outorgan un maior peso á primeira hipótese.

⁶⁹¹ Álvarez Martínez (2008:238) documenta para a lingua española combinacións similares e igualmente insólitas como a aparición de “¿?” ou “!?” no final dun enunciado para remarcar dúbida ou sorpresa. Nas SMS do noso corpus non achamos ningún caso similar, dado que a súa ausencia tamén é xeral no modelo de escrita estándar.

múltiplas opcións para a representación das emocións e para a desambiguación dos enunciados. En 3.2.1.1.13 aducimos razóns de economía para xustificarmos o seu escaso emprego en tanto que marcas con valor sintáctico; porén, xa podemos ver que nin sempre a prioridade é a brevidade e que cando se trata de enfatizar o texto os caracteres do teclado viran a única ferramenta expresiva para o usuariado. Deste modo, aproveitan as posibilidades que do punto de vista grafico presentan os sinais de puntuación en tanto que mecanismo de connotación paraverbal. A seguir, podemos evidenciar algunha destas combinacións particulares:

Que pasedes todos un feliz ano novo,con moitos familiares.Ah!,e que vos traian fantasticos agasallos :) (C-Nadal 16)

Nn era pa k saiseds. Iate sperar a saida n plan romantiko, xo ante o rechazo q podo facer? Jajaja! Terei q knformarm ko mail. :-(ate maña (A57)

Q tal ont? Eu kaka... :(Vaia shit d dia, spro q ti polo – o pasases way! Xdoa x nn ir ont! Qtm8. Oxe kbab nn? Bks (A65)

Alegrome moito d q conseguirades un acerkmnto ;-) Non te preocupes o segredo esta a salvo. Agora a volver pouco a pouco todo a normalidade. Un biko (A151)

3.2.2. A compoñente morfolóxica e sintáctica

Unha panorámica xeral ao noso corpus permitirá vermos como a esfera en que se detectan as maiores alteracións lingüísticas é sen lugar a dúbidas a ortográfica e a fonética⁶⁹². Con todo, a compoñente morfolóxica e sintáctica non fica allea á transformación e tamén para este ámbito se desenvolveron diversas estratexias, que poden ser agrupadas nas mesmas categorías que para 3.2.1, isto é, mecanismos de redución, de ampliación ou mantemento e de creación. E da mesma forma que vira difícil desligarmos a análise morfolóxica da sintáctica – motivo polo cal decidimos estudalas conxuntamente–, nas páxinas precedentes xa tivemos a oportunidade de observarmos como algúns dos recursos analizados –de orixe fonética ou gráfica– afectaban tamén outras áreas, o que dá conta da complexidade lingüística a que nos enfrontamos. Sobre este particular, Crystal (2011:45) resalta que “the combination of shortening techniques plus the use of nonstandard punctuation makes it difficult at times to assign a definite syntactic analysis to the utterance”. En todo o caso, as SMS do noso corpus revelan usos morfolóxicos e sintácticos particulares que cómpre termos en consideración.

3.2.2.1 Mecanismos de redución

3.2.2.1.1. Emprego de @

A @ (arroba) converteuse nun símbolo de uso indispensábel na época actual, marcada pola revolución das comunicacións que supuxeron a Internet e outros contextos electrónicos. En 1.2.2.1 indicamos a súa orixe, mais nesta sección analizaremos a funcionalidade e as prestacións deste signo do punto de vista da comunicación virtual. Non obstante, cómpre retrocedermos no tempo, pois aínda que a rendibilidade deste símbolo é debida ás

⁶⁹² De acordo con Crystal (2011:67), o nivel grafolóxico e o lexical son aqueles en que resulta máis doado introducir innovacións e desviacións, de aí que sexan estes os contextos onde as diferenzas da linguaxe electrónica fican mais patentes.

tecnoloxías, o seu uso documéntase xa desde o século XVI; de feito nos escritos da época de Huarte de San Juan, xa se resaltaba a capacidade creativa que requiren os xogos lingüísticos como os que estamos a analizar para a linguaxe SMS na actualidade:

En la escritura se descubren las capacidades artísticas e imaginativas [...]; de la buena letra no se infiere necesariamente una gran cultura, no es fácil ‘cambiar la letra’ para despistar al grafólogo [...]; la escritura deformada con relación al alfabeto aprendido inicialmente lo es por la fuerza del subconsciente y es la expresión de la personalidad de su autor [...]; la escritura modélica no es exponente de una personalidad desarrollada [...]; el cambio de escritura a efectos grafoterapéuticos exige mucha paciencia (Viñals / Puente 2006:325).

Con base no sinalado por Morala (2001), o interese deste símbolo reside nos diversos significados con que é utilizado no contexto electrónico. Como consecuencia da súa orixe, o máis habitual é que apareza nas direccións de correo electrónico ou no caso do Twitter para dirixir mensaxes a unha determinada persoa usuaria. En calquera dos casos, o valor da arroba equivale á preposición “en”. Mais desde unha perspectiva lingüística, a achega máis relevante desta grafía no campo da escrita é aquela que a converte nun dos símbolos modernos da linguaxe inclusiva⁶⁹³. Este uso, moi rendíbel noutros ámbitos como o publicitario (véxase 3.3.2.2), mesmo se propagou á escrita estándar, dado que permite evitar outro tipo de secuencias parafrásticas como “os usuarios e as usuarias” ou expresións cal “os/as usuarios/as”. Así, bastaría con introducirmos este símbolo para facermos referencia a ambos os sexos “@s usuari@s”. No entanto, moitos manuais de linguaxe non sexista⁶⁹⁴ consideran pouco recomendábel o seu uso, dado que entre outras razóns non serve como solución no plano oral, xa que en tanto que símbolo é impronunciábel⁶⁹⁵. A escolla da @ como marca englobadora de xénero débese ao seu trazado, na medida en que parece recoller as dúas desinencias que desempeñan esta función, onde a partir do trazo final do “a” se produce un movemento caligráfico circular que parece un “o”.

Mais alén das polémicas que xera presentemente a incorporación deste símbolo no sistema de escrita estándar e das implicacións semánticas mencionadas, do que non cabe dúbida é das posibilidades que a arroba ofrece como mecanismo de economía lingüística, non só do punto de vista espacial, mais tamén temporal, pois as repercusións gráficas desta solución son ben significativas se se compara coas alternativas que se propuxeron con anterioridade. Porén, en ocasións a súa aparición pode deberse –mais do que a un recurso de simplificación– a un intento deliberado de eludir o uso xenérico do masculino⁶⁹⁶. Aínda que nas SMS compiladas este fenómeno non ten unha grande rendibilidade, vira necesario salientarmos os seguintes casos:

⁶⁹³ Noutras linguas, cal o inglés, en que non existen desinencias específicas para a marcade de xénero, o símbolo conserva o seu valor tradicional e en moitos casos utilízase para substituír a preposición *at* ou secuencias fónicas que presentan este valor, cal @oms (‘atoms’) (Crystal 2008:38).

⁶⁹⁴ Cfr. http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/snl/servizo/descargas/linguaxe_non_sexista.pdf.

⁶⁹⁵ Con todo, existen voces contestatarias hoxe en día que se posicionan a favor da súa utilización. Neste sentido, Castro Vázquez (2010:51) considera que a arroba constitúe unha nova grafía totalmente válida para ofrecer información de xénero, ao tempo que discorda coas aseveracións que recalcan a súa disfuncionalidade no plano oral, dado que a lingua esta chea de sinais sen pronuncia asociada, cal os colchetes, o que porén non os converte en elementos prescindíbeis nalguns contextos.

⁶⁹⁶ A respecto das alternativas inclusivas ao masculino xenérico, é necesario sinalarmos que a pesar de non contarmos con ningunha ocorrencia no corpus manexado, nos últimos tempos tamén o uso de “x” se está a converter nunha forma amplamente estendida no ámbito galego e nos medios de interacción electrónica. De feito, unha procura en Google coa palabra *moitxs* devolve no día 25/11/2013 6060 resultados.

Felz 2011 a **to@s!!!!**pasadeo bn e disfrtade o maxim!! A CABEZA NN PARA!!!! (C-Nadal 40)

DESEXBS UN BO NADL E UN PROSPR AN NVO A **TOD@S** (C-Nadal 43)

FLICITO O ANO NOVO AS **MOZ@S** PASADEO BN xD (C-Nadal 44⁶⁹⁷)

Q nestas navidads, o pass moi bn, e a podr sr smpre **rodead@** d xnte coa q poidas sorrir,e sexs feliz. Bo nadal (C-Nadal 61)

Outros autores, cal Mayans (2000a) e Crystal (2008:39), documentan a rendibilidade deste símbolo como formante de diversos emotícones, cal :-@ ('berro'), :@ ('bico') ou @---- ('rosa'). No noso corpus tan só encontramos un exemplo con esta función:

ai cariño, a mochila!! :-@ nn t fai falta (A386)

En todo o caso, as anteditas mostras e a eficacia deste símbolo noutros contextos como o correo electrónico, os chats ou as redes sociais (véxase Vela Delfa 2005 e Álvarez Martínez 2008) demostran que a súa imaxe está estreitamente asociada con todo aquilo que teña relación coas tecnoloxías e, por tanto, constitúe unha marca identificadora do mundo dixital. Consecuentemente, concordamos con Morala (2001) en que, para alén do seu uso en tanto que mecanismo de redución, non resulta estraño que as persoas usuarias queiran reflectir coa súa utilización a súa pertenza a este universo e o seu coñecemento da xiria propia do medio.

3.2.2.1.2. *Encurtamento vocabular*

A proliferación de mecanismos de abreviación non só ten implicacións do punto de vista gráfico, mais tamén no referente ao plano lexical e, especialmente, ao morfolóxico. O resultado pode chegar a converterse nunha especie de hieróglifo só lexíbel para aqueles que partillaren as convencións de uso deste tipo de estratexias lingüísticas. Así, en ocasións o desenvolvemento de abreviaturas, acrónimos e truncamentos xera novas palabras que en determinados grupos acaban por substituír os termos orixinais ou cando menos por constituíren a solución preferencial, o que por outra parte conforma un fenómeno consubstancial a toda a xiria. Por tanto, non estamos perante un mecanismo exclusivo da escrita electrónica, mais as súas características ontolóxicas –condicionamentos tecnolóxicos– e a faixa etaria que a utiliza con maior profusión favorecen a súa aparición neste medio. En 3.2.1.14 tivemos a posibilidade de analizarmos a creación de abreviacións a través de truncamentos morfolóxicos en que se eliminaba parte da palabra, especialmente no segmento final, mais tamén posíbel no interior e no inicio. As solucións que se orixinaban a través destes procedementos tan só tiñan validez en tanto que recursos de simplificación gráfica, dado que non contaban cun correlato no plano da oralidade, en que se utilizan as formas completas, caso de *cap* ('capítulo') ou *min* ('minuto'), entre outras moitas. Nesta sección estudaremos aqueloutros casos en que a creación de palabras a través desta operación tamén é

⁶⁹⁷ Resulta significativo este exemplo, dado que o símbolo da arroba tan só aparece no substantivo, en canto que o artigo conserva a marca de xénero, neste caso feminina. No entanto, os poucos exemplos en que documentamos a súa aparición non nos permiten determinarmos se se trata dunha tendencia con certo uso ou se polo contrario constitúe un caso isolado.

extensíbel á lingua falada⁶⁹⁸. Nalgunha ocasión vira complexo diferenciarmos cando estamos perante vocábulos importados da linguaxe coloquial e de xirias xuvenís ou orixinados no contexto dixital, debido á estreita relación entre estas tres esferas.

Así as cousas, a maioría dos exemplos que podemos documentar no noso corpus podería ser clasificada como vocábulos próximos dos hipocorísticos e constitúen apelativos de tipo cariñoso ou familiar que se empregan para substituíren a forma plena. Nas SMS de natureza interpersonal esta finalidade afectiva funciona igualmente como estratexia de simplificación. As seguintes mostras dan conta desta situación:

Bs noits **pk!** Q tl o dia? myor q ont? Q tl o knrcr? Eu vou mimir, tou n pntdeum! ***** xa tivo o neno! A vr s flmos maña! Muaka baby (**A349**)

Boas noits **kari!** Botot m8 d-j Stou dsxando vrte para achuchart! Qtm8 wapo! Muaka! Xps. Ate maña! Q dsknss! (**A277**)

Jo q **ilu** m fai q x ns toke algo xuntas again!! Flicidads xq o mreces chorvi! O vnres abra q clbralo dbidament! Jeje! Madrid..here we go! Bikos xika prmiada! XDD (**A27**)

Nn qdo hox cn ***** , q tn un velatorio en lugo. S qres imos correr. Avisam kndo podas **xfi!** E pnso q m val a tinta da pluma..deixsm probar? Durm bn ruliña! Bks! (**A198**)

O termo hipocorístico adoita utilizarse con frecuencia para facer referencia ás abreviacións ou ás modificacións que sofren os nomes propios no tratamento familiar ou coloquial. E tamén neste punto achamos unha forte rendibilidade nas mensaxes de texto analizadas. En moitos casos trátase de solucións propias da lingua común, como nas SMS que figuran a seguir:

Deixams o caf pra outr dia q teñ aki pra long! Falei kn griye d cear e tomar algo o sabad. Vou falar kn **javi** e **tere** aver q din. Qdads avisados! Bks (**A450**)

Kariiii! Vou para sabon! Jeje! **Bea** e a miña titora! Km mola! Q se prepare **edu!** Jeje! Vemons a noite! Qtm8 pelexo! Xps! (**A46**)

Patri, nm m lmbro se ja te informara d q nm tenhem capacidade para tanta gnt... (**A389**)

Trini oxo ai karate ou e a semana q marcha *****? Vos ides ir? (**A212**)

vale...tanto o meu correo como o d **adri** xa os leo eu no telefno...levar bn viaxe... (**C26**)

Porén, noutras ocasións, os encurtamentos vocabulares nos nomes propios avanza nestes contextos máis un paso, de forma que aparecen hipocorísticos para nomes que na lingua corrente non adoitan utilizarse de forma reducida, ou cando menos non de forma regular⁶⁹⁹, como se observa nas seguintes SMS:

⁶⁹⁸ Sobre este particular, Crystal (2008:51) afirma a respecto do inglés que se trata dunha estratexia de grande produtividade na lingua para a xeración de novas palabras: “English has abbreviated words in this way ever since it began to written down, and all of the above have long histories. Words like *exam*, *vet*, *fridge*, *cox* and *bus* are so familiar that they have effectively become new words”.

⁶⁹⁹ Esta tendencia na lingua corrente adoita aparecer ligada aos casos de linguaxe infantil (cfr. 3.2.3.4.2.2). Así, é habitual referirse ás crianzas pronunciando tan só a sílaba inicial. O sorprendente nestoutro contexto e a súa extensión para outras faixas etarias.

Akbo d chamar a Sandra e **ser** [**Serxio**] e tñen o tlf apagado. En principio era pa hoy..pero n falei mas cn eles. knd sepa alg mas avisot!! (A315)

Peque! q tl? dieg marxa mercors pa canad. so pod qdar maña a maña, asiq qdams 11.30 no meu prtal pa tmar kfe (tm cn **san** [**Sandra**]) podes vir? senn pdms qdar ns knd digas! Bsit (A244)

Ola xurra! Q tl? Q pasou? Nn t xamo x se molsto...Q tl sta ***? Quero sabr!!!! Oxe ims correr? Ncsito sablo xq senn ceno con **nu** [**Nuria**] e yesi! (A127)

Good morning!!!!Vades vir polo Casal?? Tamen veñen Adri e **Xi** [**Xiana**], se non vides acercaos Mari a Andrade. Despois xa os levou eu d volta! (B25)

No referente aos nomes comúns, existen outras formas que xa contan cun certo grao de estandarización e que, embora xurdisen asociadas a xirias xuvenís⁷⁰⁰, na actualidade son utilizadas por grande parte da poboación. Así, gozan tamén dunha forte presenza solucións como as que figuran a seguir:

Ond t mts q t busquei x mdia **facul** e nada stou no 3 andar da **biblio** lndo x s che intersa tomar un kf dspois (A412)

Sta tarde non podo ir ao **insti** (C15)

Stams vendo a **pele** kndo saia buskote. Tams vndo a dos kohen..mola! Bkos chorvi!jeje (A34)

Ola chorvi! A miña **prof** mla m8. Ox rtrasous e mandarnm pa klas e os rapacs xnial, kndo chegou dixo xa vxo q sobro! Jeje! Stivn kn 2bach. Maña +! km q alumna? Xq? (A12)

Ei baby! Vanm lvar até ali asiq vou sn coche. En principio volvo kntigo, e se nn knsigo awantar tanto km ti vn **** x min! Vmnos ali! Sde puntuais! Q tal a **expo**? (A24)

Oichs! vou pillr x intrnt as ntrads do **cine**! ti vas vir? collo para ti tamn? 1 tok si, 2nn! bks! (A248)

Eu nn ia dicir nda xo m8 ben nn sbian! Jeje! Xo **tranki** q o q knta e a intncion! Jeje! Muaka! (A186)

Hola, k tal? O sabado 26 celebramoslle o **cumple** a ***. Estaredes libres para vir a comer? Bicos (B1)

Como se pode deducir dos exemplos presentados, o mecanismo de encurtamento vocabular máis habitual é a truncación no final do vocábulo. Non obstante, cando se trata de palabras compostas, este procedemento presenta diversas solucións. A rendibilidade da composición neste contexto é moi baixa e nos casos en que aparece detectamos tamén estratexias de redución. Así pois, achamos termos en que se elimina o segundo elemento, tanto nos compostos que se grafan de modo conxunto como naqueles en que media un espazo:

Ok non te preocups maña sguramnte qde cn ***** pro se iso qdo coas 2 ou qdamos algo ants como vxas falamos a noit no **face[book]** coidat bks (A124)

⁷⁰⁰ Para unha análise máis en pormenor das implicacións da xiria xuvenil –non só no referente aos encurtamentos morfolóxicos– na linguaxe SMS véxase tamén 3.2.3.4.2.1.

Podesme enviar o arquivo por **correo [electrónico]** para ir facendo os kambios? O xoves antes das 11 podería pasarme, andas por aí? Ou dime cando prefíres e intento adaptarme (A375)

E nn xe val q t recolla na ksa? E q nn stou sgura d sabr ir x diant do **cort [inglés]** n coche :_((A409)

Noutros casos, o lexema elidido é o inicial, como acontece no estranxeirismo **mail** (A25) que tamen sofre elisión do primeiro elemento, ou na forma **fixo** (A150) por analogía con **mbl** (A231):

Ola chorvi, pois eu + ou – e meu pai aí anda, km ch kntei nos **mails**..sn novidade! Eu tb stou m8 knsa, xo polo – xa akbei os exams! Q tal o teu día? Dixom *** q maña tms q clbrar publikmnt o nso kmpromiso pra q koa distancia nn ns sparmos! Xa ye dixn q xa o falarams xo qr sr tstmuña, = q no procso! Jeje! (A25)

Ola. Xamaxesm? E q levo unha semana moi dura d curro e staba durmindo. Cara a noite estarei na casa, se eso xamot o **[telefone] fixo** q m sae gratis. Bks (A150)

Stou n krte xo se ncsitas klqra kousa xamam q vou tr o **[telefone] mbl** kmigo. Qtm8. Xamote kndo volva, anyway (A231)

Nos dous exemplos documentados de compostos en que media unha preposición observamos procedementos similares aos manifestados nos exemplos anteriores: téndese a reducir a forma ao primeiro elemento, como acontece nas mostras que incluímos a seguir:

X crto, hoxe inauguran na **bata [de guata]** l xposicion d pintura! Pasamonos logo? Nn sei se ten algo d spcial, supoño q si xq o puxeron no fbk. Vichelo? Logo falams! Bks! (A141)

Xa teño cita no okulista para o 26 deste mes. Agora xa nn tes nda q decirme eh! Q tal a ponte? Eu kaka, xa che kntarei! St **finde [semana]** pirams pa Madrid! A vr q tal! (A225)

A forma reducida para “fin de semana” repítese con certa frecuencia ao longo do noso corpus –13 aparicións– e presenta, como vemos, unha solución particular en que alén do primeiro elemento tamén permanece a preposición, o que non costuma ser moi habitual. Porén, neste caso a súa aparición resulta doadamente explicábel, dado que a redución ao primeiro elemento provocaría numerosos problemas de descodificación, xa que esta solución coincidiría cun termo da lingua común. En todo o caso, a ausencia de máis exemplos non nos permite analizar os compostos lexicais con maior profundidade, mais si son significativos para defendermos que non constitúe un mecanismo moi viábel nas mensaxes de texto, por razóns evidentes. Deste modo, nas ocasións en que se utilizan, adoitan aparecer afectados por algún tipo de truncamento como os xa indicados.

3.2.2.1.3. *Crases ou contraccións*

Un medio de comunicación que se caracteriza fundamentalmente polo emprego de mecanismos de redución lingüística encontrará nas crases e nas contraccións máis un modo de condensar as mensaxes. De acordo con Otemuyiwa (2011:65) “this affords texters opportunity to maximize texting advantage over calls to its fullest by contracting all that

needs to be said into a single SMS so it could be sent once”. Neste sentido, as elisións vocálicas nin sempre se xustifican por dedución contextual como nos exemplos analizados en 3.2.1.1.1, mais tamén existen casos en que se suprimen debido ao contacto vocálico entre dúas ou máis palabras, similares aos fenómenos de fonética sintáctica que se producen nunha conversa coloquial na modalidade oral. Sobre este particular, Freixeiro Mato (2006, I:113) afirma que existe unha tendencia xeral no sistema lingüístico galego ao enxordecemento ou ao enfracemento das vogais átonas finais, o que acaba por provocar a súa elisión cando a seguinte palabra tamén comeza por vogal. Trátase, pois, da realización fonética propia da lingua falada –que como norma manifesta preferencia pola elisión– que, nalgúns casos, se traslada tamén á escrita⁷⁰¹. O antecitado autor documenta este fenómeno xa desde a época medieval, o que evidencia non só a súa rendibilidade, mais tamén a súa antigüidade, en contraposición a outras estratexias máis innovadoras da linguaxe SMS.

Nas mensaxes de texto do noso corpus documentamos diversas clases de contraccións, de igual forma que diversos graos de simplificación. En primeiro lugar, achamos elisións vocálicas que provocan crase no interior dunha única palabra. E, a este respecto, son moi frecuentes aquelas que envolven determinadas preposicións. Unha das máis rendíbeis é *para* que manifesta distintas posibilidades: por unha parte, é moi frecuente a súa aparición baixo a forma *pra*, por enxordecemento da vogal átona, como se observa nas seguintes mostras⁷⁰²:

Pra min tb es increíble e spero q nos vaia xenial xuntos. Tesm aki **pra** o q necesites! Es o + imxtant da miña vida! Qtm8 kari. Xps. Boteite m8 d-! Stou dsxando vrt (A48)

Ao final vids oxo ou adiamlo **pra** maña? a q hora? eu a partir das 8 starei na kasa. Bks (A314)

Ola! Quedoum o mbl n pntdeum, x iso non dei sinais d vida, aínda q xa vin q ti tampouco! jeje! Q tal a finde? Eu oxo teño q preparar todo **pra** marxar mañ cdo! (A359)

O xovs tño 1 cea e nn m da tmpo a vir a ksa **pra** kmbiarm asi que m vou arrglar e iso ants d ir a clas! Q che parc o marts ou xovs da smana q ven? (A415)

Por outra parte, tamén goza de certo uso a variante *pa*, con certeza debido á influencia do español en que esta constitúe a única forma reducida da preposición. Na liña do sinalado en D’Introno / Del Teso / Weston (2005:292-293), o fonema vibrante simple tende a elidirse en certos niveis de lingua cando vai precedida de vogal e no caso da partícula *para*, a desaparición do “r” provoca, por súa vez, a crase entre os dous elementos vocálicos. Vexamos algúns exemplos:

Boas noits fea! Q tal o día? Eu + ou -! Kmpreivs 1cpiyo d dnts **pa** q tñads na miña ksa. XDD nkntrm 1pouk mal! Spro q sts bn! Qtm8m8m8m8 pk! Q dskanss (A6)

Boas noits baby! Stou n ksa ks 2 prsons q ti sabs! Creo q tok dsknsar! Q tal with your mum? Xa kse o sbs td sobr min. Bout smtr a 1trcr grado **pa** ekilbrar! (A22)

⁷⁰¹ Di tamén Freixeiro Mato (2006, I:194): “Os fenómenos de fonética sintáctica producidos por encontro de dúas vogais, unha final de palabra e outra inicial da seguinte, na cadea falada, que se dan en todas as linguas, son especialmente significativos no galego pola súa secular condición de lingua oral, até hai pouco tempo non regulada por leis da escrita”.

⁷⁰² Non resulta inusual a súa aparición, xa que para alén da rendibilidade da que goza na oralidade, até non hai moito a forma *pra* estaba recollida xunto con *para* na listaxe de preposicións do galego. Véxase ILG (1980:51).

Kari! Vou kn cris x ai! Kndo saias chama **pa** chegar a tmpo! Qtm8! Xps (A66)

Boas noits pk! Km stas? Q tal o dia? Eu akbo d chgar e vou dirkta **pa** kma. Stou morta! Vaia smaniña! Weno, flams maña!Bks (A80)

Nalgúns casos, o proceso de simplificación é levado até o extremo e aparecen formas tan sintéticas como a que reproducimos a seguir, onde tan só se conserva o elemento consonántico inicial:

Ola...estas ai????? Si keres mandoche 5 euros **p** cntstar!!!! (C22)

Igualmente, a preposición *para* tamen presenta unha forte tendencia para contraer cando vai seguida por un determinante, nomeadamente na súa forma en masculino (Freixeiro Mato 2006, I:202). Por esta razón, achamos casos de crases con calquera das anteriores solucións. Eis varias SMS en que as anteditas formas contraen co artigo, tamén en feminino:

Grazs! Xa vou veyá pa elbracions subidits d ton! XD a vr se vou x ai **pra** semna q ven! (A335)

S a flicidad s pdse rgalr eu fario sn vgar xq son flz vndot disfrutr. Flz Ndl e 365 ilusions **pro** 2011!!! (C-Nadal 21)

po ano vemns en melid flz navid e prsper aninovo (C-Nadal 56)

vente **pa** cafeteria, tou aki, jeje (A138)

Ola!!!! o cmple cmbiamlo **po** domingo 12... nn m daba conta k o sabado trabayo...ok!!!! (C21)

Os exemplos en que contrae co artigo feminino son moito menores, na medida en que esta solución coincide coa adoptada para representar a preposición. Por tanto, o máis frecuente é que nestes casos non se produzan contraccións, como acontece no seguinte exemplo: *Grazas pelexa! Kncretams pra a semna! XD* (A334); razóns similares son as que motivan o pouco uso da solución *pro* para o encontro entre a preposición e o artigo masculino, dado que tamén constitúe a forma en que se representa a conxunción adversativa *pero*⁷⁰³ que, como indicamos en 3.2.1.1.11, tamén pode ser simplificada a través do signo de multiplicación; nestes casos o proceso de elisión vocálica ten lugar sobre a vogal tónica⁷⁰⁴: no caso da forma *pero* a elisión está tamén favorecida porque a pronuncia do “e” xa vén dada pola propia consoante (véxase 3.2.1.1.1). As seguintes mensaxes de texto dan conta desta situación:

⁷⁰³ Este duplo condicionamento serve para xustificarmos o predominio asoballador das formas *pa* e *po* sobre *pra* e *pro* para este tipo de crases, pois aparecen nun 76,7% dos casos.

⁷⁰⁴ Isto se temos en conta a forma oficial actual. Con todo, cómpre subliñarmos que a evolución etimolóxica tradicional desta partícula en lingua galega sitúa a vogal tónica na última sílaba, de igual modo que en catalán (véxase Ferreiro 1999:204). Será, con certeza, a influencia do español a que provoque o desprazamento acentual. A dita peculiaridade na formación da crase podería explicarse atendendo a este razoamento, se ben que coas debidas cautelas, pois existen outras formas, como a antecitada *para*, en que tamén se elide a vogal tónica.

Ti es qn algra os meus días. Sño cntg e pns q m traes flores, **pro** n realidade nn ers ti. Tiña 1 pqna speranza **pro** vexot tan lnxe como 1 lua nunha noite estrelada (A4)

Ok eu qdei as 7 **pro** podemos qdar cdo. Q che parec as 4.30? Qdamos no cntro no obelisco x exmplo? Sabs ond hai rprografias x ai? Kndo saibas como qdar maña dimo (A109)

Ao final nn qdei cn ***** oxe **pro** vou ir as 6.30 ao cort ingles como vexas! (A121)

Ola ***,q tal a find?Nos x casa,sn moit nvidade.Chameit **pro** nn stabas asiq xa falarms do d mña pra saber cmo facms.biquiños (B16)

A conxunción *pero* tamén manifesta diversos graos de redución. Así, fronte ás solucións *xo* e *pro* –xa analizadas– tamén achamos a forma *po*, con elisión da consoante vibrante simple, aínda que o seu uso é moi residual, por razóns de ambigüidade ou homonimia coa solución creada para a preposición *para* cando contrae co artigo masculino. No noso corpus tan só figura este exemplo:

Dsxamsvs a tds un prospro anonovo, ek o paseds mu bn nst ndl, **po** tnd coidado e nn vs atragntds kas uvas nin bbads m8 k ai k xgar o proxm ano..FLZ (C-Nadal 3)

Outra das preposicións que se ve afectada por fenómenos de redución por contacto vocálico é *con*, cando vai seguida de artigo determinado en feminino⁷⁰⁵. Fronte á solución normativa *coa/s*, tamén documentamos casos en que se produce crase entre os dous elementos vocálicos, ao igual que acontece a nivel dialectal nalgunhas áreas do país e tamén na lingua literaria. Os mecanismos de simplificación analizados en 3.2.1.1 van provocar que non exista unha representación gráfica estandarizada, embora predomine o uso de “k”, como ilustran as mensaxes que citamos a seguir:

wapo, dmasiado, biks bn, stou agusto cntigo, pgamos bn, o azl d teus oyos cmbina **k** miña pl moRna, teus dds fanm voar, ti s a coca coLa e eu o xeo, dbmos star xunts (A524)

km se abre o correo **k** paxina? (A536)

a psar 1 bo ndal e ir m8 d fsta cos colegas. fliz 2011 e coidado **ks** uvas (C-Nadal 14)

bo ndl a tds os glgs! a psr o ndl **ca** familia! bo aninovo a todos! (C-Nadal 93)

Boas noits baby! Stou n ksa **ks** 2 prsons q ti sabs! Creo q tok dsknsar! Q tal with your mum? Xa kse o sbs td sobr min. Bout smtr a 1trcr grado pa ekilbrar! (A22)

st ano hbra rgls pa tds! Ppa NI xa cille xla xmnea! **Ca** crse adlgzou 20kg...flcs fsts cn Freixenet e Shakira ;) (C-Nadal 33)

A tendencia á simplificación da linguaxe SMS podería levarnos á conclusión de que no tocante á preposición *a* seguida do determinante masculino, a opción preferencial será

⁷⁰⁵ De acordo con Freixeiro Mato (2006, I:195), algunhas contraccións sistemáticas na fala xa están consolidadas na norma escrita, caso de *do*, *no*, *chos*, *daquela* etc. Con esta preposición acontece un fenómeno similar, pois na lingua galega estándar a fusión da preposición *con* co artigo constitúe un outro exemplo con representación gráfica. Porén, no plano oral e dialectal estes procesos sufriron nalgún caso máis unha crase, o que contrasta coa solución da variedade lusa padrón, en que non existe tal contracción, embora tamén se documente a nivel popular e dialectal.

aquela en que se produce a crase. Porén o noso corpus ilustra a hipótese contraria, pois no 83'6% dos casos, as persoas usuarias deste código prefiren o emprego da forma completa *ao*. Esta situación non se explica en tanto que mecanismo de simplificación, mais pode estar motivada pola recomendación que figura na última revisión das normas e que establece esta como a forma predilecta na escrita –non na oralidade– ou pola necesidade de a desambiguar a través dun acento gráfico (véxase 3.2.1.1.2). No entanto, algunhas SMS si que se aproveitan das vantaxes espaciais que se derivan da forma reducida, e mesmo existen exemplos (C-Nadal 35) en que alternan as dúas solucións:

knd t vas sintot e nn t esqzo. Pds psar d amor o abandno, x iso gstaríam ser a tua memria e q ti fors o silncio q m arroup (A3)

Ola. Xamaxesm? E q levo unha semana moi dura d curro e staba durmindo. Cara a noite estarei na casa, se eso xamot o fixo q m sae gratis. Bks (A150)

Chiki, spero q ests mllor...Nn m gusta vrt asi! eu nn tño nada d sono...votams 1partidiña o trivial? jejeje! mañan voum arrepntir disto...boas noits! durm bn! bks! (A249)

Prdone x dsprtala!!!! pero agora e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun colegita d ***** e maña vams ir o prke acuatico...apuntadevos e vide k ali ven coyedes!!!! (C21)

spero k m conozas spero k m km8 sempre o teu lao sempre ao meu caron. moitos bks cn paixon spero k xe guste (C-Nadal 35)

E no referente aos encontros vocálicos no seo dunha única palabra, cómpre facermos mención, en último lugar, ao caso da conxunción consecutiva *pois*, que en ocasións tamén aparece baixo a forma simplificada *pos*. Aínda que constitúe unha porcentaxe pequena no total de aparicións –o 20%–, vira necesario sinalarmos aqueles exemplos en que goza de rendibilidade:

Pos m8 bn, kntr tdo pronstiko nn tño rsak! Jeje! Oxe fun vr a ***** xogar e agora tou tirada no sofa! ** e **** mndan saudos! Grazas xlo sms! Es 1sol! Muaka bombon (A30)

Pos rgular pq studei bstante pro nn sei como vai sr o exam animo! Bks (A107)

Pos tn m8 koidad maña koa clbracion, non vaia sr q akbs mazada! Xddd q a stas alturas xa nn stas pa tanto trote! Disfruta da find eu ainda xego maña! Bikñs! (A454)

Por outro lado, achamos moitas mostras en que a relaxación do vocalismo átono non afecta só o interior da palabra, senón que provoca crases entre varios elementos lexicais. Esta serie de contraccións aparecen por analoxía con aqueles casos en que as elisións vocálicas pasaron a ser sistemáticas, caso de *dalgunha*, *neste* ou *coa*. De acordo con Freixeiro Mato (2006, I:195), este fenómeno non se marca graficamente no modelo actual de lingua escrita, se ben que nas transcricións de textos orais se utiliza o apóstrofo para rexistrar a elisión. Polas razóns xa sinaladas en 3.2.1.1.13, este sinal gráfico goza de escasa produtividade nas SMS e, por tanto, na maioría dos casos adoitan aparecer redixidos sen ningún tipo de

indicación ou espazo⁷⁰⁶. Neste punto, documentamos exemplos en que as ditas contraccións gráficas están formadas pola fusión de varios elementos gramaticais ou ben casos en que a crase se produce pola converxencia de palabras gramaticais e palabras lexicais, sendo estes últimos os exemplos máis numerosos:

Tou n1 stio q nn cñezo. Sbes x nde se sae **daqi**? (B59)

Ola son ***** deíxeixe 1 pm n face pro rsumindo q podo qdar hoxe xla tard pq nn qdei ata a noit q che parc qdar as 6 **onda** a fnac? (A413)

Oes q falei coa sñora e me dixo que era myor qdar as 5 n st laurence west dam n toq se stas **dacordo** (A113)

Moits grazs ricura! E+ x faclo atopndot ml! Qdou moi bn envlto! No coxe nn via **patras**! Nn o recrdab tn grnd! Tiveno q subir xa pa casa! Damsllo mña xla mña! Bks! Qtm8! (A187)

Bs días princesa! Km tas? Parc q o dia pinta soleado, asiq (s m ska a roupa) pdms ir ao knerto. **** dixo **dir** ao roxa, pdms ir dspois nn? Vou facr algo..xadiras! (A15)

Tou mpaxadisima! a partr **dagora** vou facr peqnas catas da cmida q m ofrezas! a miña bedroom cheira a 1 mistura ntr pintura e dtrxnt (xa tño cortinas!!!!). Boas noits! (A239)

Ao longo das seccións anteriores subliñamos que en moitas ocasións os fenómenos que pretendían dotar de expresividade e –consecuentemente– de maior oralidade o texto escrito, cal os estiramentos gráficos ou a puntuación expresiva, entraban en contradición coa necesidade de economía. Non obstante, en calquera dos procesos analizados nesta epígrafeponse de relevo a confluencia de ambas as finalidades: estes fenómenos de fonética sintáctica favorecen un achegamento á modalidade oral ao tempo que permiten aforrar tempo e espazo, o que os converte nun mecanismo rendíbel nun sistema de interacción condicionado tanto do punto de vista tecnolóxico como pragmático.

3.2.2.1.4. *Concordancia*

A boa formación dun enunciado ou dun discurso depende, entre outros factores, da conformidade coas normas sintácticas que regulan a ligazón entre os seus varios elementos e unha parte importante destas réxese polas regras de concordancia. De acordo con Peres / Mória (1995:443), existe concordancia entre dúas expresións lingüísticas cando elas posúen determinadas propiedades en común e esa coincidencia constitúe unha condición necesaria para a gramaticalidade do discurso. Sería lícito pensarmos que nun medio de comunicación como o das SMS en que priman factores de economía o usuariado podería facer uso de certas licenzas lingüísticas nos seus textos a respecto da concordancia se isto lle permitise axilizar a interacción e, igualmente, salvar certo número de caracteres. Con todo, os casos en que documentamos falta de concordancia son mínimos e responden, na nosa opinión, á rapidez con que se redixen estes textos ou a erros característicos da oralidade e que debido á natureza informal deste soporte se trasladan tamén a escrita. En ningún caso xulgamos que a ausencia de concordancia nos textos constitúa un mecanismo consciente de simplificación –na medida

⁷⁰⁶ Así as cousas, unha análise das mensaxes do noso corpus revela que nestes casos a supresión de espazos non pode ser explicada unicamente como un recurso de simplificación (véxase 3.2.1.1.12), mais debe ser xustificada con base nos fenómenos de fonética sintáctica que tamén operan nesta modalidade comunicativa (Morala 2001).

en que en moitas ocasións esta pode conformar unha estratexia redundante⁷⁰⁷, se ben que nalgúns casos serve para esta finalidade.

Por unha banda, as mensaxes de texto do noso corpus manteñen en todos os casos as desinencias de plural e normalmente tamén as de xénero (véxase 3.2.2.1.1), de modo que a concordancia, cando menos no marco da frase nominal, constitúe unha norma. De feito, tan só achamos dous casos en que se detecta falta de concordancia: no primeiro deles (C-Nadal 107) podemos observar que o conflito deriva da influencia do español en que ese termo adoita utilizarse na súa forma en plural, ao contrario que no galego (véxase 3.3.2). E, no segundo caso (C-Nadal 126), coidamos que a ausencia de concordancia se debe a un erro tipográfico, mais do que propiamente a unha desviación a respecto da concordancia gramatical, produto da velocidade da escrita nestes contextos de interacción:

Bo nadal!! en **estas nadal** turrón de chocolate en estas nadal turrón de suchard!! Felices Festas!! (C-Nadal 107)

felices festas a **todos as** personas e as q nn sn personas xk esto e lha vida loca loca loca perdida todo!!!!!!!!!!!!!! (C-Nadal 126)

Por outro lado, o carácter informal e coloquial deste tipo de intercambios tamén permite que se filtren certos fenómenos da oralidade, como por exemplo a substitución dos imperativos polo infinitivo correspondente, cando aquel se corresponde coa segunda persoa do plural. Trátase dun fenómeno moi estendido a nivel popular e do que documentamos dúas aparicións no noso corpus. Neste caso a simplificación é moito máis obvia en C-Nadal 32, pois o uso do infinitivo permite igualmente a elisión do pronome átono, en canto en C26 a redución é mínima e podería ser realizada mediante outros mecanismos de abreviación como os analizados en 3.2.1.1.1:

flz ano 2011. K o pasds bn d fsta, nn **psars** ko chmpan e srte o ano k ven!! (C-Nadal 32)

vale...tanto o meu correo como o d **** xa os leo eu no telefno...**levar** bn viaxe... (C26)

Mais, para alén destas ocorrencias, Freixeiro Mato (2006, II:680) afirma que “do punto de vista estilístico-expresivo podemos falar de concordancia por atracción, concordancia *ad sensum* e concordancia afectiva”, que constituirían desvíos provocados por unha maior expresividade⁷⁰⁸ e cunha clara presenza en textos escritos noutros ámbitos, como o xornalístico ou o literario. Con este valor achamos tamén un caso en que o verbo da cláusula subordinada concorda co suxeito da principal:

⁷⁰⁷ Noutras variedades do noso sistema lingüístico, concretamente no portugués brasileiro, achamos no marco da frase nominal exemplos en que se documenta falta de concordancia. Así, unha frase do tipo *as meninas loiras*, nunha variedade non normativa, pode ser realizada como *as menina loira*, onde só o artigo presenta marca de número. Matos e Silva (2002:307) repara en que a concordancia é un dos fenómenos sintácticos da gramática do portugués brasileiro a que máis atención se lle ten prestado e, nesta liña, apuntan que “a concordância tanto verbo-nominal como no interior do sintagma nominal, certamente será aquele [trazo sintáctico] que é mais facilmente apreensível no julgamento ou avaliação social como traço estigmatizante”.

⁷⁰⁸ Pola súa parte, Álvarez / Xove (2002:85) consideran que o grao de aceptación deste tipo de concordancia varía dunhas expresións a outras e que a súa validez se restrinxen á lingua coloquial.

Escriboxe sto xa q sei em s, e sei q os teus oios sn = q o teu interior, sn pesiosos XD. Es **1 rapas q vals moito** e merecs todo o mejor (**A522**)

A expresividade leva tamén en ocasións a acrecentar marcas de concordancia a palabras que non as precisan, como acontece en A181 coa de plural. O carácter efusivo da mensaxe tamén se deduce do uso de maiúsculas, reticencias e da alternancia de códigos:

Meternm outra multa en FENE! Tivo q ser kndo fun vr a meu pai ao ospital, xq senn nn o entnd! Me kago n tdo jodr. Kn esa pasta ya pagab l otel! **N fines..KAKA (A181)**

3.2.2.1.5. Simplificación da sintaxe:

Ao longo das páxinas que nos preceden observamos como a inmediatez da comunicación neste tipo de soportes provocou o desenvolvemento de numerosas estratexias de simplificación e a creación de abreviaturas non convencionais. Estes condicionamentos afectaron igualmente a sintaxe, onde se detecta unha preferencia pola redución da complexidade sintáctica, e unha propensión ao uso de enunciados simples. De acordo co sinalado en Vela Delfa (2005:667), observamos que as SMS do noso corpus presentan unha organización sintáctica moi particular en que se supedita a corrección a outros obxectivos, cal a transmisión de información e a expresividade (véxase 3.2.4.1.2). Como apuntamos en 2.3.6.2, as intervencións son moi curtas e, consecuentemente, predominan as oracións simples e compostas. A respecto das primeiras, vexamos as mostras que figuran a seguir:

Estate lista as 9. Atamaña (**A8**)

Si, de feito xa o stou celebrando! (**A32**)

I miss you baby! :-(**A39**)

Ok nn pasa nada bks (**A88**)

Aki te sperams! Xdddd (**A456**)

Como subliña Álvarez Martínez (2008:328), existen outros sistemas de comunicación, nomeadamente os simultáneos como o chat ou a mensaxaría instantánea, en que prima a fragmentación do discurso ao longo de varias intervencións. Este mecanismo utilízase ou ben cando se esta a narrar un suceso longo ou ben cando se trata máis dun tópico no mesmo turno. A dita estratexia está a virar tamén de utilidade nas aplicacións de envío de mensaxes de texto máis recentes en que non existen limitacións espaciais e económicas. Como xa apuntamos en 1.2.2.4, nestes casos as aplicacións están vinculadas a unha tarifa de datos e os sistemas de interacción poden ser utilizadas de forma ilimitada e sen custo adicional. A respecto das SMS tradicionais, se ben que tamén existen bonos mensuais, o habitual é pagar por cada mensaxe que se envía, razón porque este recurso non goza de grande rendibilidade. Con todo, existen algúns casos en que o noso corpus documenta estes usos e onde a finalidade é claramente expresiva:

- a) Querote (A157)
M8! (A158)
- b) vale...tanto o meu correo como o d adri xa os leo eu no telefono...levar bn viaxe... (C26)
bkssssssssssss (C27)

Neste sentido, a alternativa máis habitual a este mecanismo adoita ser a condensación de numerosas cláusulas independentes, fundamentalmente simples ou compostas, en que se se dá conta de forma sintética de diversas cuestións relacionadas co universo das persoas interlocutoras. Os seguintes exemplos reflicten esta situación:

Hi baby! Nvieich mail! Falei kn ela xo nn sobr iso! Kdms oxe! Knd m vs visitr? I miss u! Maña dou klass! Jeje! Bks fea (A17)

Boas noits pk! Km stas? Q tal o dia? Eu akbo d chgar e vou dirkta pa kma. Stou morta! Vaia smaniña! Weno, flams maña!Bks (A80)

Bos dias princesa! Nn son kpaz d durmir! Stou lpk rayada, km puidchs kmprbr! Grazas x oxe, pasein xnial! Es solete! Q tñas lbo dia! Qtm8! Muaka! (A167)

Nn psa nda! Eu tivn ldia kmpltito! En ferrol ben! Stivemos mirando mobles! jeje! Pois falamos maña (A369)

A natureza interaccional deste medio de comunicación favorece un maior predominio das cláusulas interrogativas, pois adoitan ser o medio de continuidade dos intercambios⁷⁰⁹. Así, o 26,3% das SMS do noso corpus presentan cando menos un enunciado deste tipo. O tratamento de varios tópicos conversacionais nunha mesma SMS provoca tamén en moitas ocasións un maior número de enunciados interrogativos e, neste sentido, sobresaen as mensaxes iniciáticas (véxase 2.3.5.3):

ola chorvi! Q tal? km che qda esa pixama? km foi a smana? Eu pnso q stou inkubndo algo...bikos! (A264)

Ei? km stas? Pasou algo ont? xq xamaxs a ****? Q tal o knerto? Eu creo q stou piyand algo xq m nknto fatal! (A283)

km stas person? Q tal twd? Deux tmpo a velo todo? Maña kdamos ou prefirs dsknsar? Q dsknses! Eu stou molida! Vou mimir (A346)

Bs noits pk! Q tl o dia? myor q ont? Q tl o knert? Eu vou mimir, tou n pntdeum! ***** xa tivo o neno! A vr s flmos maña! Muaka baby (A349)

No tocante ao predominio de cláusulas compostas, convén sinalarmos que dentro desta categoría son moi habituais as adversativas con *pero* e as copulativas con *e*, para alén das xustapostas, o que demostra esa tendencia de simplificación sintáctica que estamos a analizar:

⁷⁰⁹ De acordo con Álvarez Martínez (2008:338), o sistema de interacción é moito máis similar ao dunha conversa oral, de modo que as frases son máis ben sintéticas e directas e o contido tende a ser improvisado. E, por esta razón, predomina o esquema interaccional pregunta-reposta.

Pos m8 bn, kntr tdo pronstiko nn tño rsak! Jeje! Oxe fun vr a ***** xogar *e* agora tou tirada no sofa! ** e *** mndan saudos! Grazas xlo sms! Es 1sol! Muaka bombon (A30)

Q sms + kurrado! Pois tams na kma. Stivems xgando a wii *e* agora a vr se facems os dbres, *xo* sn violencia! Jopis kndo akabems as klass vout botar m8 d-! Nn qro!!! (A53)

Ola! Fun cmprar o teu agasayo *pero* teñ q voltar maña! Jaja. (A62)

Pois teño libre o venres *pero* a partir das 5 ou x aí. *Pero* senn kmpra crema ou algo *e* faino ti! (A149)

Nn fagas nda! Xa falei kn ela *e* + ou – arrglams, *pero* grazs d tdas formas, Bikos . *E* gardam o serto. XDD (A161)

Galán Rodríguez (2007:71) constata no conxunto de SMS que manexa unha tendencia redutora que nalgúns casos é levada ao límite⁷¹⁰, mais tamén ilustra en ocasións o uso de estruturas sintácticas máis complexas, entre as cales destacan as cláusulas completivas desiderativas con “que”, as causais e as finais. O noso corpus non constitúe unha excepción e nel tamén podemos achar exemplos de subordinación. Con todo, mesmo nos enunciados máis elaborados do punto de vista sintáctico podemos observar a primacía da tendencia simplificadora sinalada para os enunciados simples –as cláusulas adoitan aparecer xustapostas ou coordinadas, omítense os nexos subordinados onde a ligazón semántica é evidente etc.:

Nn qro “dsktir” x sms, parcm asurd, s qrs qdams pa falar ou chamamns. *Xo* creo q nn son a unik q fai as kousas mal. *E* stou knsa d skoitak kntinuamnt q sn smpr a mala, q so m prokpo x min *e* q nn m ntro dnad xq nn e crto! Eu qtm e si q m imxtas *xo* nn t pdo obrigar a nda, *e* star asi nn e sano xa ningl.. (A16)

Flecidads plexa! Q tal? Oubo transfmacion? Jeje! Nunk pnsar q durnt 14 dias kmpriads/ms a msm idad! Intnt disimlr os dstrgos q 351 dias fn n1 prsoa! Ri, ri! Agra nn o ntnds *xo* xa m dirs dntro d 365! jaja! Disfrtaos xq mpza a knt atras. *E* s qrs o meu skrto pa star km d 15 smpr pdms xgar a ltrato..jaja! Bks (A64)

operaron a *** d nebras non sei si da visicula ou algo asi *pero* nn sei fijo...oxe rabuñouye l gato d vixuan a ***** na cara en un brazo...sta feita un poema..ahhhhhh *e* teu padriño xa s aburre en suiza *e* o 30 d ste mes xa o temos aki..ven pa trabayar na corña *e* se ten pa tdo o ano xa nn s vai en fin...toda l historia bstnt peculiar (C17)

Non podo q xusto tño que ir ao mdico a x rceitas para os meus avos *e* d todos os xeitos eu xa m vou apañando para preparar os exams co q tño ti pnso que meu so qrias o modlo d exam *e* iso podocho pasar x correo sort studando! Vmonos se iso kndo akbn os exams (A108)⁷¹¹

⁷¹⁰ Nas súas palabras, “será inevitable que las frases sean cada vez más breves y se limiten a la expresión de la mera acción o estado y, en consecuencia, se suprimirán las oraciones más complejas” (Galán Rodríguez 2007:71).

⁷¹¹ Os enunciados xustapostos carecen de nexos gramaticais e adoitan marcarse a través dos sinais de puntuación. Mais como sinalamos en 3.2.1.1.13 aqueles que desempeñan unha función exclusivamente sintáctica tenden a desaparecer, de modo que nalgúns casos a xustaposición é marcada a través de sinais alternativos, como as reticencias (C17), ou non ven sinalada graficamente, senón que debe extraerse da propia organización do texto, caso de A108.

Os condicionamentos espaciais e de inmediatez presentes nas mensaxes de texto non só provocaron unha preferencia polas estruturas sintácticas simples, mais tamén favoreceron o desenvolvemento doutro tipo de estratexias cuxa finalidade é, igualmente, a simplificación da sintaxe. Así, na liña contraria ao que marcan as regras textuais de cohesión, conexión e coherencia, a linguaxe SMS elimina, en moitos casos, todos aqueles elementos que poden sobreentenderse polo contexto: conxuncións e nexos, preposicións e mesmo verbos⁷¹². Por unha parte, algúns nexos subordinados compostos tenden a reducirse á forma *que* –fenómeno propio da oralidade e dos contextos informais– ou a eliminarse, cando estes poden sobreentenderse (véxase 3.2.2.3.2):

Night night baby! Q tal no gym? Eu xa stou n kama {**por**}**q** tou m8 knsa! Isto stase akbndo..pasa lboa finde chorvi! Vemnos o luns e falams da nsa cita! Jeje! Bks (A41)

Non pdo {**porque**} tño kousas q facer pa klas! (A53)

**** si q vai {**asi que**} xa diras km qdams. Bks (A79)

Maña vai a klse bixo {**por**}**q** snn capaz que sguro fala do trabayo (A92)

Stamos no sminario no 2 andar {**asi que**} vn ou lvas (A102)

Si{**que**} estou sperot onda repro (A96)

Por outra parte, tamén é moi habitual a elisión de determinadas partículas gramaticais, como acontece cos artigos determinados, elementos de doada recuperación a través do núcleo da frase nominal:

Que estas navidades, che fagan comprender que o que de verdade importa é a felicidade, [a] paz e [a] ilusión (C-Nadal 22)

Pois cas prfiro venrs. Asi xa x cont todo cmlpto ao vir d Madri! Dime [a] hora e [o] sitio e xa cncrctms! S qrs vou x ti! Bks!! (A436)

Vou para [a] fnca kn ****. Lvo o meu car asi q se queres kdar dame 1 xamada e xa m volvo! Bikos (A393)

Neste punto, cómpre destacarmos como un fenómeno recorrente a súa ausencia cando o substantivo a que acompaña corresponde a un día da semana⁷¹³, ao igual que se detecta no galego popular⁷¹⁴ (cfr. 3.2.2.3.2). Eis algúns casos:

⁷¹² Sobre este particular, Anashia Ong'onda / Maina Matu / Anyango Oloo (2011:4) achan resultados similares no seu corpus: "Variation analysis of SMS discourse shows that there are many possibilities of the syntax of the language to vary. This is especially so in the way the sentence structure is formed. The structural representation of syntactic variant is based on the assumption that variants have an identical underlying structure. Syntactic variations were found in text messages as reflected in the following ways: omission of pronouns and auxiliary verbs, omission of objects, omission of articles, omission of *to* infinitive, grammatical agreements, contractions and different word orders. Syntactic variation is systematically influenced by a range of factors such as the technical attributes of the mobile phone and shared background or context of the situation".

⁷¹³ Crystal (2008:51) salienta para o inglés un fenómeno de redución tamén no tocante aos días da semana en que "the day element is regularly omitted from the days of the week (mon, tues, sat) as are the various month endings (jan, feb, dec)".

Fun [o] **marts** a nutricionista e xa baixei 8 n total. jeje! Q tal pola montaña? (A236)

Jaja! Nn t ekivkxs nn!! Esta semana vai sr dfiel! O mrkrs vou pa Santiago e vlv [o] **sabad**. [O] **Luns** e [o] **marts** tño kurs Kufie! Grazas x akrdart! Bikos (A333)

Peque! q tl? dieg marxa [o] **mercors** pa canad. so pod qdar maña a maña, asiq qdams 11.30 no meu prtal pa tmar kfe (tm cn san) podes vir? senn pdms qdar ns knnd digas! Bsit (A244)

Pois cas prfiro [o] **venrs**. Asi xa x cont todo cmplto ao vir d Madri! Dime hora e sitio e xa cncretms! S qrs vou x ti! Bks!! (A436)

Outrosí, o artigo determinado en feminino plural sofre nalgúns casos elisión en expresións do tipo “de todos/as os/as modos / formas / xeitos / maneiras”. A razón da supresión desta partícula nas SMS do noso corpus pode explicarse como un mecanismo de simplificación, se ben que tamén cómpre mostrarmos certa reticencia, dado que a dita alteración formal na lingua galega tan só se xustifica pola interferencia do español (Freixeiro Mato 2009:127):

Nn fagas nda! Xa falei kn ela e + ou – arrglams, pero grazs d **tdas [as] formas**, Bikos . E gardam o scrto. XDD (A161)

Ao final nn ims a kaion, akbo d falar kn **** e di q myor nn. Chamam d **tdas [as] formas** e se iso qdams (A251)

***** xa arreglei! Grazas d **todas [as] formas**! A ver se deixo todo listo esta semana e xa vos xamos pa quedar a q ven! Bikos (A405)

E un fenómeno similar acontece cando o artigo vai seguido dun determinante posesivo, onde o primeiro elemento pode ser elidido. No modelo de lingua estándar, a frase formada por posesivo e substantivo tende a ir precedida de artigo e a súa supresión só se xustifica en casos onde a identificación é máxima, como nos nomes de parentesco próximos (Freixeiro Mato 2006, II:213). Na escrita SMS as persoas usuarias amplían en ocasións os usos deste procedemento, conscientes de que se trata dunha característica con que os seus interlocutores están familiarizados. A seguir mostramos algún caso:

wapo, dmasiado, biks bn, stou agusto cntigo, pgamos bn, o azl d [os] **teus oyos** cmbina k miña pl moRna, [os] **teus ddos** fanm voar, ti s a coca coLa e eu o xeo, dbmos star xunts (A524)

Nas nbes, ti m dexas, cad vez q t mro, crgado d aug. Vexo [os] **teus ollos** n dstncia q m dex moit trstra. ktm wapa (A525)

⁷¹⁴ Sobre este particular, convén citarmos un dos múltiples exemplos contidos nos cancioneros populares: “Moito me tarda **domingo**, **domingo** moito me tarda; moito me tarda **domingo** por ver a Manuel del alma” (CPG II: 13).

En 3.2.1.1.10 vimos que a linguaxe SMS utiliza o numeral 1 para representar os artigos indeterminados⁷¹⁵; no entanto, en ocasións estes tamén poden elidirse, dado que os procesos inferenciais que operan non existen un alto custo cognitivo. Así, no noso corpus achamos exemplos como os que figuran a seguir⁷¹⁶:

Hi baby! Nvieich [un] mail! Falei kn ela xo nn sobr iso! Kdms oxo! Knd m vs visitr? I miss u! Maña dou klass! Jeje! Bks fea (A17)

Jaja! Nn t ekivkxs nn!! Esta semana vai sr dficl! O mrkrs vou pa Santiago e vlv sabad. Luns e marts tño [un] kurs Kufie! Grazas x akrdart! Bikos (A333)

Estaba na kama! As maletas non xo os biyetes xa os temos! Vale pois ali staremos! A ver se maña fago [unha] visita! Stads? (A396)

Grazas! Nn puxron mh a ningn pro saqi [un] 10 (A403)

Para alén dos artigos, outras partículas gramaticais que sofren tamén frecuentes elisións son os elementos de enlace, isto é, as preposicións e dentro delas convén facermos referencia fundamentalmente a tres: *a*, *de* e *en*. Canto á primeira destacan as seguintes mostras:

Peque! q tl? **** marxa mercors pa canad. so pod qdar maña a maña, asiq qdams [as] 11.30 no meu prtal pa tmar kfe (tm cn san) podes vir? senn pdms qdar ns knnd digas! Bsit (A244)

Hi baby! Pois nos x aki, inkumprnd a diet! Xa m sint mal! ☹ sakad m8 fotos e pasadeo bn! Tamos xgand [ao] pokr! Q tal lvads iso d nn dspegarvos? jeje! Bikos chorvi (A329)

Ei, Prda q xe cortara xo taba ntrand n kasa dos avs d *** e nn era plan! So t xamei xa cnfirmar se hox abia feir mdvl?! Q tal? Fuxs [a] praia? Nn xam x s mlsto! Bk (A398)

Como vemos, a supresión desta partícula ten lugar en contextos onde a valencia do verbo principal permite a súa recuperación⁷¹⁷; así, nos exemplos anteriores a rexencia dos verbos *ir*, *quedar* e *xogar* é doadamente deducíbel ao se manifestaren uns determinados complementos e non outros. Por tanto, elidir o elemento de enlace nestes casos constitúe un mecanismo perfectamente rendíbel para os obxectivos da linguaxe SMS. Unha situación similar prodúcese no caso das preposicións *de* e *en*, como podemos observar:

Conforme. A visa e [de] debito (A381)

Q tal d kmpras? Kurraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! Eu tou [en] pntdeume e logo irei [a] ksa [de] papa! Muaka baby! Sta smana cofe? (A295)

⁷¹⁵En moitas ocasións existen varias estratexias de simplificación que poden operar sobre unha mesma palabra. A elección dunha ou outra dependerá da situación que rodear o intercambio. No caso que nos ocupa, se o que prima é o aforro de tempo e de caracteres o máis probábel será que se suprima; no entanto, se o que se pretende é usar a lingua de modo creativo e lúdico, xulgamos que se preferirá o uso do numeral (véxase Álvarez Martínez 2008:341).

⁷¹⁶A tendencia á supresión aparece mesmo nas mensaxes de tipo comercial, caso de *MNP5: NCGalicia informa: efectuose coa sua tarxeta Visa n. **** [unha] retirada de efectivo de 300 EUR.*

⁷¹⁷Para unha aproximación ao concepto da gramática de valencias véxase Vilela (1992) e Sánchez Rei (2010).

Jaja! Nn t ekivkxs nn!! Esta semana vai sr dficl! O mrkrs vou pa Santiago e vlv sabad. Luns e marts tño kurs [no] Kufie! Grazas x akrdart! Bikos (A333)

E se ben que tan só se documenta nunha SMS tamén é significativa a elisión do pronome átono en función de complemento indirecto, como no exemplo que agora citamos:

Estaba na kama! As maletas non xo os biyetes xa os temos! Vale pois ali staremos! A ver se maña [vos] fago visita! Stads? (A396)

A supresión do pronome en A396 pode vir propiciada neste caso porque os trazos semánticos que presenta xa se encontran recollidos no verbo que figura a seguir. En todo o caso, as mensaxes anteriores demostran que as elisións non operan de forma isolada, mais que habitualmente converxen varias nun mesmo texto, o que en ocasións crea mensaxes que se parecen á escrita telegráfica propia doutras épocas (véxase 1.1.3). Os exemplos que documentamos neste sentido varían dun caso para outro tanto no grao de redución como no texto sobre o que operan. Así, achamos, por unha parte, SMS en que as elisións afectan tan só unha parte do texto e que desde a nosa perspectiva están fundamentalmente motivadas polas limitacións de espazo:

Ola! Ktl vai todo? Q tal ****? Falch en ela? Eu n gym. Hox foi outr dia d non parar! **Colexio,cmida tutor.****.rosals.gym**. Non sei s baixarei, avisote! N galgo! (A60)

stou kasa. Klqra kousa mbl. Tño q lr e nn m aptcia ir xa ali. Bks (A284)

Q tal d kmpras? Kurraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! **Eu tou pntdeume e logo irei ksa papa!** Muaka baby! Sta smana cofe? (A295)

Por outra parte, tamén achamos mensaxes de texto en que a simplificación da sintaxe non pode xustificarse por razóns espaciais, dado que se trata de SMS breves que non alcanzan o número máximo de caracteres, como tamén ocorre en A284. Neste casos, xulgamos máis acertado pensar que a escrita telegráfica xorde condicionada pola necesidade dunha comunicación áxil. Como se pode observar nas seguintes mostras, as reducións afectan toda a mensaxe.

N kuarto cayejeros londrs (A82)

vente pa cafeteria, tou aki, jeje (A138)

Q tal vas? Qtm8! No calls! (A287)

56 de novembro e 42 d decembro. Total: 98 (A303)

Recibido. Grazas (B15)

kbp spzo cruñ ;) (B58)

Fatura lixo buzón (C44)

Sobre enbuzón (C45)

En ocasións a sintaxe simplificada supera os límites das mensaxes interpersoais e é utilizada tamén en mensaxes de tipo comercial e publicitario que se aproveitan dos valores que algunhas estratexias da linguaxe SMS achegan aos textos (véxase 3.4.2.3). Neste caso, alén do uso de maiúsculas xa analizado en 3.2.1.3.1, o emprego de enunciados breves e simplificados, sen demasiados elementos de enlace outorga á mensaxe maior expresividade, na medida en que a finalidade de mobilización que pretende conseguir parece reproducirse na propia cadencia do texto:

En BLOQUE podemos, domingo 12 da mañan. Pazo de Congressos (San Lazaro-Santiago).
NON FALTES!!! (Teremos espazo infantil) (MNP8)

En definitivo, nesta sección observamos que as mensaxes de texto presentan unha estruturación morfosintáctica particular e que igual que acontecía na compoñente gráfica e fonética, tamén nesta esfera as restricións tecnolóxicas, a espontaneidade e a rapidez con que se redixen as SMS son as responsábeis dun modelo de organización tendente á redución. Así, estratexias como o uso da @ para a marcaxe de xénero, os encurtamentos vocabulares, as contraccións e todos os recursos de simplificación sintáctica analizados contribúen para o obxectivo último desta escrita, ou sexa, transmitir o máximo de información no menor número de unidades lingüísticas.

3.2.2.2. Estratexias de ampliación ou mantemento

A perspectiva morfosintáctica permite igualmente documentarmos nas SMS certos padróns que dificilmente poderían ser explicados por razóns de economía lingüística –dado que están baseados fundamentalmente na redundancia, na extensión ou no mantemento– e que responden sobre todo a unha finalidade expresiva e de cohesión lingüística. No entanto, as motivacións que figuran detrás destes recursos son diversas: por un lado, achamos mecanismos de ampliación cuxo obxectivo é salvaren a ausencia de información paralingüística, como acontece co emprego dalgúns intensificadores –na liña do que acontecía con outros recursos xa estudados; e por outro lado, detectamos que o emprego de determinadas construcións gramaticais responde non tanto ás características comunicativas do soporte electrónico, como á propia lingua en que se leva a cabo a interacción, a galega. Así, nas nosas mensaxes destaca, por exemplo, o predominio das estruturas verbais perifrásticas en detrimento de alternativas máis propensas á redución, cal as respectivas formas verbais na súa forma simple, cando as houber. Estas e outras estratexias serán analizadas con máis pormenor ao longo da presente epígrafe e ilustrarán que, nalgúns casos, a vontade de redución é secundarizada en favor da elocuencia discursiva.

3.2.2.2.1. *Uso de perífrases*

Nun medio de interacción en que prima a redución de caracteres e a rapidez dos intercambios, poderíamos pensar que a presenza das perífrases é mínima, dado que constitúen construcións compostas por máis dun verbo que, en moitos casos, encontran un correlato no sistema conxugacional, caso de *vou ir* e *irei*⁷¹⁸, por exemplo. Con todo, no noso corpus a súa presenza é claramente predominante, pois aparecen no 15,4% das SMS que manexamos. Para entendermos esta situación debemos ter en conta que as perífrases verbais ocupan unha

⁷¹⁸ Neste punto, convén termos en conta que a forma verbal do futuro provén, igualmente, da evolución nas linguas romances dunha perífrase latina.

posición moi próxima das formas do paradigma verbal –embora non se achen completamente integradas no sistema conxugacional– e favorecen a expresión de determinados matices que non poden ser transmitidos a través da conxugación verbal⁷¹⁹ (Freixeiro Mato 2006, II:435). De igual modo, nunha lingua como a galega caracterizada por posuír un reducido número de formas conxugacionais, as perífrases verbais constitúen un mecanismo moi eficaz, rico e variado do punto de vista da expresividade lingüística. Neste sentido, as características interactivas –cal a inmediatez e a instantaneidade comunicativa– e pragmáticas –planificación de actividades, expresión de estados de ánimo etc.– que predominan nas mensaxes de texto van favorecer un claro predominio das perífrases aspectuais imperfectivas en presente e daquelas que indican perfectividade recente e futuridade en xeral.

A respecto das primeiras, a natureza relacional das SMS e as múltiples referencias aos estados vitais dos interlocutores (“que tal?” “como estás?” “que fas?” “onde estás?”, etc.) contribúen para unha forte presenza da construción *estar* + *xerundio*, como vemos nos seguintes exemplos:

Stams vendo a peli kndo saia buskote. **Tams vndo** a dos kohen..mola! Bkos chorvi!jeje (A34)

Pasousm prdoa **stas trabayando** na biblio agora? S estas vou e q entro agora no dpartamnto e saio as 2.30 (A86)

Ola. Xamaxesm? E q levo unha semana moi dura d curro e **staba durmindo**. Cara a noite estarei na casa, se eso xamot o fixo q m sae gratis. Bks (A150)

Este ano xa **esta rematando** e nos cn intriga o 2011 **estams esperando** x iso dsxamosvs a todos un feliz 2011 e q haxa saude e amor (C-Nadal 8)

A perífrase *estar a* + *infinitivo* –alternativa formal mais semanticamente equivalente– non goza de tanto suceso como a anterior na linguaxe SMS. Sobre este particular podemos aducir ou ben razóns de economía lingüística, dado que a primeira forma consta tan só de dous elementos⁷²⁰, ou condicionantes de natureza sociolingüística, como a presión do español, en que a primeira é a única forma posíbel ou o feito de se tratar dunha alternativa propia de contextos eminentemente formais. No noso corpus, tan só documentamos un caso:

Ola ****! Chameite onte dnd a ksa. Vin a tua msx moi tarde!! **Stou a rmatar** o saldo dsta pataca! Chamot dnd a ksa xra vr o do mrcores. Bikos! (A461)

⁷¹⁹ Para este autor, as perífrases amplían as posibilidades de matización do lexema verbal que non achan expresión dentro do marco conxugacional, de maneira que se converten nunha especie de paraconxugación que serve para expresar valores que non poden ser resaltados de forma completa por medio das formas simples e que enchen, por tanto, un baleiro na conxugación.

⁷²⁰ A diferenza entre dous e tres elementos pode non resultar demasiado significativa dun punto de vista visual mais si do espacial, pois a presenza da partícula de enlace *a* exige igualmente a marcaxe de dous espazos en branco, en canto que o uso de *estar* + *xerundio* permite evitar esta circunstancia e reducir o número de caracteres a través doutros mecanismos de simplificación no marco da unidade palabra, cal as elisións vocálicas, por exemplo.

Outra construción imperfectiva de grande eficacia é *ir + xerundio*, utilizada sobre todo para aludir a estados de ánimo ou actividades en que se indica certa progresión ou desenvolvemento gradual da acción, como nas mostras que figuran a seguir:

Boas noites! Pois **vou tirando**! Sta smana **** sta d noites e durmo soíña! :(e ti xq latachs? Q tal s. Valntin? Vemons maña! Bikos chorvi (A49)

Non podo q xusto tño que ir ao mdico a x rceitas para os meus avos d todos os xeitos eu xa m **vou apañando** para preparar os exams co q tño ti pnsó que meu so qrias o modlo d exam e iso podocho pasar x correo sort studando! Vmonos se iso kndo akbn os exams (A108)

Xa nn sta nese equipo, xo xoga o irma d ****, xamase ***. Nn sei se pdrei ir xq **** tb tn partido. **Vouch dicindo** ok? Bks pelexa (A208)

Nunha liña similar á das perífrases xa sinaladas achamos o caso de *acabar de + infinitivo* que, embora sexa perfectiva, fai referencia a unha acción máis ou menos recente, polo que tamén presenta certa rendibilidade:

Boas noits pk! Km stas? Q tal o dia? Eu **akbo d chgar** e vou dirkta pa kma. Stou morta! Vaia smaniña! Weno, flams maña!Bks (A80)

Akb d nkntar o italiano q m dixo ***** (A166)

Ao final nn ims a kaion, **akbo d falar** kn ***** e di q myor nn. Chamam d tdas formas e se iso qdams. (A251)

Eu non recibin korreo ningun! Kndo ves? Komes ai ou en Santiago! **Akb d expoñer** e m8 bn! (A338)

Mais sen lugar a dúbidas a perífrase que maior presenza manifesta nas mensaxes de texto do noso corpus é *ir + infinitivo* que, segundo o sinalado en Freixeiro Mato (2006,II:439), constitúe tamén a construción perifrástica que maior frecuencia de uso ten na actualidade, sobre todo na lingua falada. No noso corpus, a maior parte das perífrases documentadas pertence a esta tipoloxía e, responde –como xa apuntamos– a esa natureza interactiva, informacional e interpersoal característica das SMS:

Tendo en conta o dia q fai e q m doe 1pko a barriga, oxe **vou quedar** trabyand n ksa, q teño bibliografía suficiente. Finalmente kndo **imos kmbinar**? Saudos. (A197)

Mira, meyor nn **ims andr**, vente para ksa q akb dir aos xinos e rozanme bastante. **Voume facer** as kuras agora. Bikos (A206)

Boas noits pk! **Vou mimir** xa q maña ao final toka madrugar! Nn soñs kn amstrdam, q iso **vai sr** real! Qtm8 (A276)

Perdichete? Ns **foms cear** ao pans e agora **ims vr** a peli! Felices sueños baby! muaka! (A317)

E en último lugar⁷²¹, convén facermos alusión a unha outra perífrase, *ter que + infinitivo* que tamén presenta unha grande produtividade, nomeadamente en mensaxes en que se rexeitan plans ou convites, como consecuencia dunha determinada obriga por parte da persoa emisora, embora non só. A seguir reproducimos algunhas SMS:

Non podo q xusto **tño que ir** ao mdico a x rceitas para os meus avos d todos os xeitos eu xa m vou apañando para preparar os exams co q tño ti pnsó que meu so qrias o modlo d exam e iso podocho pasar x correo sort studando! Vmonos se iso kndo akbn os exams (A108)

Stou n pontedeum q **tiven q traer** o coxe d **** ao tayer a ksa d meu pai, nn sei se darei chegado a tmpo! Chamote kndo saiba algo sguro ok? E snn maña pods? (A259)

kndo pods **teño q falar** kntigo (A305)

Malas noticias. **Tño q star** ca familia. Podo baixar xro mais tard. Gustariam ir ao d hells kitchen! Falams logo! (A476)

A rendibilidade desta perífrase contrasta coa escasa ocorrencia da alternativa *ter de + infinitivo*, que só aparece na seguinte SMS:

Olá, ***. Km vai td? **Tms d flar** d vrias csas, kmo, x xplo, d dencia k vas iptir st ano, ds copias d rcnsión d *****, d meu nnk visto nin palpado teu TFM etc. Kmo ts sts días? Fco á spera d rbir nvas ts. Aprts (B42).

3.2.2.2.2. *Uso do Infinitivo Flexionado*⁷²²

Esta forma verbal constitúe xunto co Futuro do Subxuntivo (véxase 3.2.2.2.3) un dos trazos máis caracterísiticos do sistema lingüístico galego-portugués e o seu uso pódese documentar desde os textos máis antigos que se conservan. Porén, nos últimos anos a frecuencia de aparición diminuíu de forma considerábel tanto no plano oral como no escrito. A razón deste (des)uso radica na situación de contacto de linguas en que vive a Galiza e que provoca que se prefiran certas estruturas coincidentes co español e que se releguen outras que, do punto de vista lingüístico, son máis naturais do galego, precisamente por non teren correspondente directo nesoutra lingua (Freixeiro Mato 2009:99-103 e Sanmartín Rei 2009:33-42). Neste contexto en que os fenómenos máis auténticos do galego se encontran ameazados, algunhas gramáticas (véxase Freixeiro Mato 2006, III e López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010) discriminan ou prescriben certos usos en que estas construcións deben aparecer. Para o caso do infinitivo contamos con dúas posibilidades: unha invariábel e outra flexionada; será esta última a forma máis rendíbel do punto de vista da cohesión lingüística, pois permite identificarmos o suxeito que realiza a acción, sobre todo cando este for diferente ao do verbo principal, en enunciados impersoais ou cando sendo o mesmo axente existe unha distancia considerábel entre unha e outra forma verbal.

Neste sentido, a existencia de flexión no infinitivo confire aos enunciados en que figurar unha maior clareza gramatical, na medida en que, en moitos casos, identifica elementos que coa forma non flexionada presentarían certa ambigüidade; e igualmente dota os textos –sobre todo na oralidade– de cohesión lingüística, dado que nos permite ligar ou

⁷²¹ No corpus documentamos o uso dalgunha outra perífrase (*dar + participio, volver + infinitivo* etc.), mais consideramos que debido ao seu uso residual non deben ser tratadas máis en pormenor aquí.

⁷²² Tamén denominado “infinitivo conxugado” nalgúns manuais e gramáticas. Véxase, por exemplo, Feixó / Pena / Rosales (2004) e Rodríguez / Davila Ventura (2004).

retomar ideas ou accións distanciadas no plano temporal e realizadas polo mesmo suxeito. Como xa apuntamos, existen casos en que é obrigatorio o uso da forma invariábel e outros en que debe empregarse a flexionada; as indicacións sobre a pertinencia da utilización dunha ou doutra forma veñen sinaladas nas gramáticas⁷²³; porén, convén repararmos en cales son as motivacións para utilizar ou non o infinitivo flexionado naqueles casos en que o seu uso é optativo ou recomendado. En moitas ocasións, as persoas introdúceno no discurso de modo deliberado, conscientes de que se trata dunha forma en desuso que debe ser recuperada para conseguiren un modelo lingüístico de calidade; por outro lado, tamén pode ser considerado como unha estratexia expresiva, que engade certos matices ao texto que, por unha banda reforzan o seu contido proposicional e que, en última instancia, conceden unha maior dose de autenticidade á lingua galega. As necesidades comunicativas e técnicas das mensaxes de texto –brevidade e rapidez– teñen como consecuencia unha baixa rendibilidade da forma flexionada, o que pode explicarse por dúas razóns: primeiramente, as desinencias diminúen o número de caracteres dispoñíbeis e aumentan o tempo de redacción e, en segundo lugar, nin a cohesión nin as ligazóns semánticas ou gramaticais se ven grandemente afectadas, dado que constitúen textos escritos e de extensión limitada.

Así as cousas, as mensaxes do noso corpus revelan un uso residual da forma flexionada, que nin sequera se utiliza naqueles casos prescritos por algunhas gramáticas como obrigatorios. Podemos xulgar, en consecuencia, que esta circunstancia se debe a un escaso coñecemento do tempo verbal e dos seus usos; no entanto, tamén poderíamos estar perante unha estratexia consciente por parte das persoas usuarias, que ven na forma invariábel un modo de simplificación lingüística. E aínda que descoñecemos as motivacións que primaron na redacción dos textos que manexamos, achamos que o máis plausíbel é que as SMS reflectan a situación sociolingüística do galego (véxase 3.3); por tanto, a falta de usos do infinitivo flexionado ten de ser entendida baixo esta clave, embora nalgúns casos poida ser caracterizada como recurso de redución gráfica⁷²⁴. Vexamos as seguintes SMS:

Grazas x **vir**. Creo Q Ncesitava vrt! Vaia dia + tnto q tñ ox! Boas noits bmbn (A312)

Pois de **sr** tan multiplicados q sexan ben levados,ajaja. Moitas grazas x acordart, spro q che vaia todo ben. Un bikiño (A383)

Deixams o caf pra outr dia q teñ aki pra long! Falei kn ***** d **cear** e **tomar** algo o sabad. Vou falar kn **** e **** aver q din. Qdads avisados! Bks (A450)

Xa temos en illa a posibilidade d **xerar** cv modelo mec. Podes probar co d *****? (C12)

Mais como xa indicamos anteriormente, o noso corpus documenta certas ocorrencias –en concreto catro– desta forma verbal. En todos os casos o infinitivo vai introducido por preposición, que constitúe un dos contextos de uso máis habituais para a aparición da variante flexionada, como se ve nestas SMS:

Grazas x **vires**! Fixome moita ilu. Bicos. (A178)

⁷²³ Sobre este particular, debemos ter en conta que nalgunhas gramáticas, como en Álvarez / Xove (2002:307), non se considera que existan contextos en que o uso da forma flexionada sexa obrigatorio.

⁷²⁴ Outro motivo que sinala nesta dirección é a preferencia por estruturas subordinadas con *que* (“é preciso que estudemos”), en lugar das súas equivalentes co infinitivo flexionado (“é preciso estudarmos”), máis breves e, por tanto e na teoría, rendíbeis nun xénero como o das SMS.

Ola!! Q tal?? Lmbrat d m **enviars** as ftos d q falams. Biks (A374)

Ei, ao final adiaronme o curso para a proxima semana. Haberia posibilidade de **quedarmos** esta? Non te chamo por se tes aulas. Bicos (A485)

Para min si que supuxo un privilexio (e encheume de orgullo) escoitarte. Moitas grazas por **estares** aí e moitos parabens (C3)

A pesar de que os exemplos non permiten realizarmos unha análise en pormenor, podemos notar que en ocasións a súa presenza se configura claramente como un exercicio deliberado por manter un modelo de lingua de calidade, como en C3, que excepto pola ausencia de acentuación mantén a variedade estándar tamén no contexto electrónico; As SMS restantes son algo máis ambiguas neste sentido, mais do que non cabe dúbida é da forte carga expresiva e enfática que presentan tales textos se comparados cos seus equivalentes co infinitivo invariábel. Na nosa opinión, este é o motivo fundamental que favorece a súa inclusión nun xénero que prima a economía de tempo e espazo. Outrosí, constitúen fenómenos reveladores do grao de conscienciación lingüística do usuariado deste código: por unha parte transgresor e por outra comprometido.

3.2.2.2.3. *Uso do Futuro do Subxuntivo*

Un fenómeno similar ao analizado para o Infinitivo Flexionado dáse tamén co Futuro do Subxuntivo que, hoxe en día, conta cunha aparición escasa tanto nos textos escritos como nos orais. E se ben que non existen demasiados estudos que dean conta dos seus usos ao longo do tempo, o certo é que constitúe unha forma verbal plenamente vixente no resto dos territorios do sistema lingüístico galego-portugués; por tanto, o seu uso minoritario na actualidade debe ser explicado debido á interferencia do español –tamén no plano morfosintáctico–, en que este tempo verbal esta practicamente desaparecido⁷²⁵. As gramáticas galegas máis actuais reparan na súa escasa utilización hoxe en día e, máis unha vez, achamos grandes diverxencias entre unhas e outras a respecto dos contextos –inexistentes, recomendados ou obrigatorios– en que o futuro de subxuntivo debe aparecer. En canto Álvarez / Xove (2002:301) non consideran este tempo verbal e, en consecuencia, non o inclúen na súa análise sobre o subxuntivo, Freixeiro Mato (2006, III:364) establece unha serie de usos prescritivos como os que se sinalan a seguir: nas cláusulas condicionantes con *se* e nas temporais, modais e relativas que presentaren valor condicional; pola súa parte, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010: 367-368) recomendan o seu uso nos mesmos parámetros sinalados por Freixeiro Mato.

Na literatura decimonónica e na lírica tradicional esta forma verbal era utilizada con certa normalidade –se pensamos na situación de contacto lingüístico da Galiza– e así o demostra, por exemplo, o *Cancionero popular gallego* de Pérez Ballesteros; e a pesar de que nos textos actuais non é moi frecuente acharmos empregado o futuro de subxuntivo, o certo é que este tempo comeza a utilizarse especialmente e con certa rendibilidade na linguaxe administrativa e na xurídica, pois achega maior precisión e evita ambigüidades⁷²⁶. Os textos electrónicos reflicten neste sentido os usos que se atestan na oralidade, pois a súa aparición

⁷²⁵ O uso deste tempo verbal fica reducido a refráns ou ditos (*a onde fueres haz lo que vieres*) e a expresións máis ou menos consolidadas da lingua escrita (*sea como fuere*).

⁷²⁶ A este respecto, Freixeiro Mato (2006, III:376) afirma que “non é o mesmo dicirmos *Cobrarán unha pensión especial os que cotizasen durante 20 anos* que *Cobrarán unha pensión especial os que cotizaren durante 20 anos*, pois en canto no primeiro caso nos estariamos a referir a aquelas persoas que tivesen cotizado con anterioridade, no segundo precisase con clareza que nos referimos aos que van cotizar no futuro”.

nas SMS do corpus é practicamente nula. E á diferenza do que acontecía coa forma flexionada do infinitivo, o uso do futuro do subxuntivo ou de formas verbais alternativas non pode ser examinado en relación coas implicacións no número de caracteres, dado que os casos varían a depender do verbo en cuestión. Por tanto, coidamos que as ocasións en que aparecen están fundamentalmente motivadas por un uso intencionado da persoa usuaria, que é consciente da súa produtividade a nivel lingüístico e do seu grande potencial expresivo:

km **kixrs**. Starei aki tda a mña. (A134)

X ren, era pa te avisar d q xa non tou na casa e d q chegarei tarde. Aínda así, vémonos xla maña. Chama se **necesitars** calquera cousa (B13)

K bn! Clebrml ns prxms días, end **voltrs** da viax.Prbns! (B55)

Aínda que as mensaxes en que documentamos o fenómeno son escasas e, por tanto, insuficientes para realizarmos afirmacións categóricas, si que permiten apuntarmos algunhas hipóteses. Neste sentido, achamos o futuro de subxuntivo en mensaxes de carácter persoal e informal evidencia que non constitúe un trazo lingüístico específico dun rexistro concreto como pode ser, por exemplo, o emprego da forma *cuxo* máis propia dun estilo coidado e escrito de lingua⁷²⁷. Quere dicir, para aquelas persoas que o utilizaren de modo consciente é claro que conformará un recurso de estilo, mais que non estará restrinxido a un nivel de lingua en particular, senón que será extensíbel a todos eles debido á súa produtividade lingüística.

3.2.2.4. *Uso do diminutivo*

Outro dos trazos morfosintácticos máis relevantes do noso corpus é o emprego de sufixos avaliativos ou apreciativos. Trátase dun tipo de derivación que non altera a categoría sintáctica da palabra e que, por tanto, só engade á forma derivante certo matiz semántico novo, fundamentalmente subxectivo ou emocional (Freixeiro Mato 1996:26)⁷²⁸. Dentro destes sufixos encóntranse os diminutivos, que na lingua estándar se utilizan por regra xeral para indicaren un tamaño reducido ou para expresaren valor afectivo. A pesar da súa denominación, algúns autores como Alonso (1982:161) negan que a idea orixinal de pequenez acabase por derivar cara á afectiva e sosteñen que o diminutivo sempre exerceu unha función afectiva que ademais é, con diferenza, a máis habitual neste tipo de sufixos. Nas SMS que manexamos cómpre destacarmos o sufixo diminutivo *-iño* como a forma predominante para indicar esta clase de valores, se ben que tamén achamos formas menos rendíbeis cal *-ete* ou *-in* e os españolismos *-illo* e *-ito* (véxase 3.3.2)⁷²⁹. O uso reiterado do primeiro dos sufixos sinalados tanto no galego oral como nos textos literarios provocou, segundo Freixeiro Mato (1996:41), a falsa “percepción de estarmos perante un fenómeno de natureza lingüística revelador e/ou definidor da maneira de ser do noso pobo”, como o demostran moitos dos comentarios vertidos nas primeiras aproximacións gramaticais sobre a

⁷²⁷ Nas SMS do noso corpus non contamos con ningunha ocorrencia deste relativo.

⁷²⁸ De acordo co autor, “estes diferéncianse do corpus xeral de sufixos, considerados semanticamente obxectivos, que son os que alteran de modo fundamental, e non marxinal, o significado da base e que frecuentemente posúen a capacidade de efectuar un cambio de categoría sintáctica da mesma” (Freixeiro Mato 1996:26).

⁷²⁹ Com base no sinalado por Ferreiro (2001:182), das diversas posibilidades no referente aos sufixos diminutivos latinos, foi a forma *-iño* a que acabou por se impor no galego con este valor, a pesar de que nesoutra lingua tan só indicaba unha relación de orixe, pertenza e semellanza.

lingua galega (véxase Saco Arce 1868:47 e Carballo Calero 1979:173). Para este autor, o tradicional ruralismo e o subdesenvolvemento económico da Galiza constitúen factores que explican a maior rendibilidade do diminutivo, sobre todo daqueles valores afectivos, de cortesía e efusivos.

En todo o caso, esta explicación permítenos xustificarmos que o seu uso habitual nas SMS “serves as a means of accentuating expressivity in a medium of reduced paralinguistic cues” (Spilioti 2009:408). Sobre este particular, Álvarez Martínez (2008:452) subliña que nun contexto en que non é posíbel mitigar os actos de fala a través do ton de voz ou da mirada, os diminutivos constitúen unha das estratexias lingüísticas máis eficaces. Así, convén sinalarmos que os/as interlocutores/as utilizan frecuentemente o diminutivo nas súas mensaxes de texto para atenuaren a forza ilocutiva que poida presentar un enunciado, sobre todo se se trata dunha petición ou dunha desculpa; a intención da persoa que redixe o texto é minimizar o risco a ser rexeitada, o que por outra parte tamén está relacionado coas pautas de cortesía lingüística⁷³⁰. Nas seguintes mostras podemos notar estes valores do diminutivo:

Ok tardo 1 **kchiño** ainda (A410)

Jo tiña no blso o teu **rgalito** e squeceum darxo!! Saimos as 10:55 de alvedro asi q as 9 deberiamos star ali non? Con q esteas as 9-cuarto aki chegamos d sobra (A455)

Nos dous exemplos o obxectivo é en liñas xerais similar: as persoas interlocutoras pretenden mitigar a forza do enunciado a través dunha fórmula de cortesía: en A410 atenúa o retraso e en A455 prepara o terreo para formular o seguinte enunciado –neste caso unha petición– sen incomodar en exceso a persoa interlocutora para ser aceptada por esta e conseguir así unha resposta que satisfaga a súa proposta, a súa desculpa etc. (Álvarez Martínez 2008:364). O diminutivo é utilizado noutras ocasións para protexer a imaxe da persoa receptora nun intento de contrarrestar o ton negativo dun determinado enunciado:

*****, fsme mal a vsta, xk a vrdade é que es un pouco feo, un pouco bstnt diría eu. Pro weno, es asi ke lle vas facr.....Aínda ke sexs feo bicas bn e gústame estr contigo. 1 **bkño davzño**. (A527)

Peque! q tl? ***** marcha mercors pa canad. so pod qdar maña a maña, asiq qdams 11.30 no meu prtal pa tmar kfe (tm cn ***) podes vir? senn pdms qdar ns knd digas! **bsit** (A244)

De igual modo, o diminutivo é especialmente rendíbel nas zonas de encerramento para acompañar saudades e, sobre todo, despedidas; nestes casos desempeña unha función fundamentalmente fática e adoita manifestarse no nome da persoa destinataria –como en A527– ou nas fórmulas de saúdo, como se pode ver nestas mostras:

Pois de sr tan multiplicados q sexan ben levados,ajaja. Moitas grazas x acordart, spro q che vaia todo ben. Un **bikiño** (A383)

Pos tn m8 koidad maña koa clbracion, non vaia sr q akbs mazada! Xddd q a stas alturas xa nn stas pa tanto trote! Disfruta da find eu ainda xego maña! **Bikñs!** (A454)

⁷³⁰ No relativo á cortesía nos contextos dixitais exercerán tamén unha función importante os emotícones (véxase 3.2.4.3.1).

Ola ***,q tal a find?Nos x casa,sn moit nvidade.Chameit pro nn stabas asiq xa falarms do d maña pra saber cmo facms.**biquiños (B16)**

boas fsts e prsper ani nov uns bks!!!! :) soms s mas guais de mugar incluid **emiliño** -.-! jojojojo FELIZ NAVIDAD :) HELLO serafiiin :) :) (C-Nadal26)

Bo Nadal a tds. Psadeo bn, disfrutad destas festas k logo cmza o instituto d nvo...**aburiño (C-Nadal 65)**

Xunto a este uso fático, o diminutivo serve tamén para crear interaccións cun alto grao de complicidade, de empatía e de proximidade coa persoa interlocutora. As seguintes mensaxes de texto constitúen unha mostra de expresividade⁷³¹:

Prdone x dsprtala!!!! pero ahora e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun **colegita** d ***** e maña vams ir o prke acuatico...apuntadevos e vide k ali ven coyedes!!!! (C20)

Perfecto, ****. Eu tamen tiña pensado tomar unha caña cun **amiguete** do departamento ao final do dia. Se te queres apuntar tamen estaría ben. Se non avisame cando che vaia mellor para tomar o cafe. Apertas. (B65)

Chiki, spero q ests mllor...Nn m gusta vrt asi! eu nn tño nada d sono...votams **1partidiña** o trivial? jejeje! mañan voum arreptir disto...boas noits! durm bn! bks! (A249)

ok! Se podo tb xe scribo un emilio! Non sei s n galego ou en machupino, dpndra de km d fluído sexa ste ultimo! XD Xa tams n madri **komiditos** e ate as 5 non saims! (A458)

Non obstante, o valor que predomina no caso dos diminutivos do corpus é o afectivo. A relación de amizade ou de familiaridade e a natureza informal deste tipo de interaccións crean un espazo propicio para este fin. Trátase dun uso enfático e emotivo que se identifica con facilidade:

Q tal ye foi o dia ao meu ncfalograma plano favorito? Jeje! Eu bstante ben! XD maña xa stams **xuntiñas!** Podras awantar? Jeje! See u 2morrow darling! Muakakakaka! (A47)

Boas noites! Pois vou tirando! Sta smana **** sta d noites e durmo **soña!** :(e ti xq latachs? Q tal s. Valntin? Vemons maña! Bikos chorvi (A49)

Bos dias princesa! Nn son kpaz d durmir! Stou 1pk rayada, km puidchs kmprbr! Grazas x oxe, pasein xnial! Es 1 **solete!** Q tñas 1bo dia! Qtm8! Muaka! (A167)

Oyeeee! Q tal oxe? Puxechete **wapeta?** Sakarnch fotos? Knta knta! Bks chorvi (A257)

E a pesar do predominio dos usos expresivos do diminutivo, o noso corpus tamén documenta algún exemplo da súa función representativa. Con todo, nin sempre indica diminución do tamaño en sentido estrito, mais, ás veces, posúe un valor ponderativo (véxase Hasselrot 1957:312), como acontece en A12, A131 e A122:

⁷³¹ A este respecto, Freixeiro Mato (2006a:109) afirma que na función expresiva fican incluídos para alén dos valores emocionais sinalados e en xeral todos aqueles que expresaren un sentimento, os valores afectivos do diminutivo. E aínda a concordarmos con esta definición, consideramos acaído analizalos por separado nesta descrición, dado que constitúen efectos claramente diferentes.

Ola ptarda! Stou n ksa koa mmoria! A vr s avanzo algo. O find **normaliyo**. Xa falei kn **** e sta tdo klaro. Pois si, vai avr q qdar! Bkos mona! Pasao bn! (A12)

Ola fea! Km stas? Eu **rgulin!** A nai d **** tmlus mal o d q march d kasa e stan nfadados. Pero tb m parc l feo kra a min + n fin...ti q tal? Bks chorvi (A131)

Se iso un **ratiño** o vnrs xa cncretarmos (A122)

Esta función ponderativa é a que permite explicar, igualmente, os casos en que o sufixo *-iño* presenta un valor aumentativo ou intensificador que dá como resultado un superlativo emotivo. É frecuente que se acrecente a adxectivos e adverbios con este matiz (ex. *pertiño* ‘moi perto’, *rapidiño* ‘moi rápido’ etc.) e así o documentamos en A369 e A243. Outrosí, tamén observamos a súa aparición en substantivos, onde para alén do seu carácter expresivo, presenta certo matiz aumentativo. Nestes casos adquire funcións similares ás dun modificador: en A80 o substantivo *smaniña* estaría a equivaler a ‘semana máis dura’ e un fenómeno similar acontece con *tardiñ* en A360⁷³²:

Boas noits pk! Km stas? Q tal o dia? Eu akbo d chgar e vou dirkta pa kma. Stou morta! Vaia **smaniña!** Weno, flams maña!Bks (A80)

Xa lvo 1 anak no otl! Sta m8 ben e faln m8 bn o glgo! jaja! Ti q tal? Xa m bts d-? Maña a **tardiñ** starei na ksa! Podras soportalos? jeje! Miss you baby! Qtm! (A360)

Nn psa nda! Eu tivn l dia **kmplrito!** En ferrol ben! Stivemos mirando mobles! jeje! Pois falamos maña (A369)

E se en plan **boiño** dim q m rcoll as ntrads pero en realidade si q van e eu qdo fatl??? X crto, scribse chorBi, o d v e cousa miña (nn m copies). Bks! Qtm! (A243)

En resumo, á vista dos exemplos expostos podemos observar que nas SMS o uso de diminutivos se configura como un mecanismo de grande rendibilidade para regular a forza elocutiva do texto ou dalgún enunciado, especialmente no caso de peticións ou de desculpas. Deste modo, alén da función representativa dos sufixos, adquire grande relevancia na nosa análise o seu valor expresivo: nun contexto cun alto grao de complicidade entre as persoas interlocutoras e onde non é posíbel recorreremos á linguaxe paraverbal, a súa presenza contribuirá para dotar de efusividade o texto e para atenuar os posíbeis problemas de comunicación que puider provocar a falta de copresencialidade dos participantes na interacción. Igualmente, esta estratexia constitúe máis unha mostra da habilidade lingüística do usuariado que resolve os conflitos a través das únicas estratexias válidas neste medio, isto é, aquelas que se poden teclear na pantalla do noso terminal⁷³³.

⁷³² Como sinala Ferreiro (2001:185), as lexicalizacións coa maioría dos sufixos apreciativos son constantes e isto é o que ocorre con *tardiña* (‘o final da tarde’).

⁷³³ Álvarez Martínez (2008:368) apunta, sobre esta cuestión, que o diminutivo foi sinalado xa desde a Antigüidade como unha das propiedades definitivas da fala feminina, dado que se corresponde ao comportamento que delas se espera: afectivo e cortés. E do mesmo modo que acontece no seu estudo, o feito de que a maioría das SMS do noso corpus sexa de autoría feminina impide determinarmos se son elas as que estenderon o uso do diminutivo aos homes ou se é o contexto virtual o que facilita “desinhibirse de las exigencias impuestas al habla masculina”. A este respecto, véxase tamén Moure (2004:73 e 2010:154) e Sánchez Rei (2011:67).

3.2.2.2.5. *Uso de intensificadores*

A rendibilidade dos sufixos apreciativos non se limita ao uso de diminutivos, mais tamén se caracteriza polo emprego de fórmulas de realce ou intensificadores. Utilízanse co obxectivo de reforzaren a veracidade dun enunciado e de reafirmaren a súa intención de fala. De acordo con Briz (2001:114), estes mecanismos serven para valorizaren, mais tamén para persuadiren ou recriminaren. Nalgúns casos, o uso de fórmulas de intensificación pode transgredir as máximas de cooperación sinaladas por Grice (véxase 2.3.5), se con iso se consegue expresar de modo máis efectivo e enfático unha determinada mensaxe. Seguindo Álvarez Martínez (2008:369), son múltiples as estratexias morfosintácticas que dotan dunha forte expresión afectiva ou elativización o discurso interactivo presente nas SMS. Neste sentido, a antecitada autora identifica dúas clases de intensificación: i) por modificación interna e ii) por modificación externa. A primeira remite para o uso de sufixos aumentativos ou de prefixos intensificadores, en canto a segunda fai referencia ao emprego de frases específicas con valor de reforzo e á utilización enfática dalgúns conxuncións e/ou preposicións. Independentemente do tipo de procedemento que operar en cada caso, os intensificadores –ao igual que os diminutivos– funcionan nas mensaxes de texto como un recurso de grande expresividade que permite ás persoas usuarias minimizaren os posíbeis obstáculos que a ausencia de linguaxe paraverbal puider causar na comunicación.

A respecto dos intensificadores por modificación interna, Freixeiro Mato (2006, III:207) sinala como un dos principais o sufixo *-ón*. O seu tamaño reducido e a carga expresiva que achega ás palabras que acompaña –aumentativo, pexorativo, afectivo etc.– podería facernos pensar que é un recurso rendíbel nas mensaxes de texto. Porén, no noso corpus este sufixo apreciativo tan só aparece nunha SMS, o que permite aventurarmos que as persoas usuarias non o consideran unha estratexia eficaz para dotar de expresividade o discurso:

Pelikulon!!!!!! O_O (A348)⁷³⁴

Ao contrario, prefírense outros afixos que desde a perspectiva da economía lingüística resultan pouco produtivos. Entre eles, convén subliñarmos o sufixo superlativo *-ísimo/a*, que nesta primeira clase se erixe como a solución prioritaria:

Tou **mpaxadisima!** a partr dagora vou facr peqnas catas da emida q m ofrezas! a miña bedroom cheira a 1 mistura ntr pintura e dtrxnt (xa tño cortinas!!!!). Boas noits! (A239)

Arrglaxst? Spero q si. Stou **knsisima!** boas noits pk! Dsknsa! Qtm8 (A306)

Estamos **mamadisimos!** Q tal o dia? Maña kndo vaiades chamadm q vos indiko + ou -! Q eu nn tño m8 klaro ond e! Ate maña! Perdoa x non avisar antes! (A367)

⁷³⁴ Esta mensaxe constitúe unha clara mostra de como os diferentes recursos expresivos que desenvolveu a linguaxe SMS con frecuencia aparecen mesturados nunha única SMS. Aquí, para alén do sufixo apreciativo de partida aumentativo, achamos o uso da puntuación expresiva (véxase 3.2.1.2.2) e dun emotícone (véxase 3.2.4.3.1) a reforzar a efusividade do enunciado e o valor apuntado polo afixo. En concreto, este último vira de vital relevancia para a correcta interpretación do texto, dotando o enunciado de carácter irónico. Así, observamos que en ocasións estes mecanimos precisan aparecer combinados para conformaren pistas paralingüísticas efectivas.

Pois **durmidisima!** Doeume case toda a noite e nn pegei oyo! Perdoa xlo mal umor! Qtm! Q tal a tua maña? Vmns ao mediodia! Muaka (A484)

Nalgúns casos, documentamos este recurso en combinación con outras estratexias de ampliación e de creación xa analizadas, como o uso de maiúsculas para enfatizaren (véxase 3.2.1.3.1), os estiramentos gráficos (véxase 3.2.1.2.1) ou con outros intensificadores. As seguintes SMS dan conta desta situación:

Spero q a pizza stivs rik xq os meus makrrns stban **rqtrqtRIKISIMOS!** Jajaja! Qrot m8 wapa! E nn t preokps q NY vai star ai waiting4us! Muaka! (A84)

ola golfa! Q tl sem sta? Eu akbeina **1tnt** acidntada: abrin a fronte kunha klumna!! Stou **wapisisima!** A vr kndo visitas a nfrma...bikos mona! Muakaaaaa (A330)

Grazs polo d hoxe, stba **m8 rikisimo** tdo! Es 1sol! Nn sei q faria sn ti! Qtm8m8m8! Muaka! Chamam pa qdr maña e xa m kns q tal a peli. Bks (A125)

En A84 detectamos, de feito, tres procedementos a operar de forma simultánea: o uso das maiúsculas, o sufixo superlativo *-ísimo* e o prefixo enfático *requete-* que, por súa vez, xa experimentou un proceso de intensificación interno a partir da forma inicial *re-*. Trátase do único exemplo con que contamos, de modo que non permite analizármolo máis ao pormenor. Outro dos intensificadores por modificación interna que tamén posúe certa rendibilidade é o prefixo *super-*. Na liña do exposto en Montero Curiel (2011:91), este prefixo constitúe un dos trazos máis característicos do sociolecto xuvenil nestes tempos⁷³⁵. E embora nas gramáticas sexa catalogado como prefixo e, en consecuencia, constitúa un morfema dependente que figura unido graficamente á base (véxase Freixeiro Mato 2006, III:259 e López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010:241), resulta significativa a convivencia no noso corpus de dúas posibilidades de uso: como forma anexa á palabra ou como vocábulo independente. Esta última opción terá unha finalidade eminentemente expresiva e reforzará máis un grao o valor de superioridade e exceso que presenta esta partícula. Vexamos algúns exemplos:

Boas noits chika 10! Stou **superknsa!** Ti q tal? A vr se **** s da knta dq sn myor partido q o gasolinero novato e q veña pa ksa pronto! :(smpr m qdaras ti! Jeje! (A42)

E **super tarde**, vou pasar d ir q levo 2 horas sobando no sofá! Sorry! (A209)

Boas noits ladiya! Stou **superknsa** asi q vou durmir. Q tal o rsto do dia? Esxo q meyor! Bks pk! (A302)

O uso deste afixo como lexía independente xa avanza en certa medida a produtividade que do punto de vista enfático posúen os intensificadores por modificación externa que, aliás, son moito máis variados. Entre eles destaca a utilización do adverbio cuantificador *moi(to)*, que ben na súa forma completa ou ben na variante simplificada *m8* (véxase 3.2.1.1.10) goza dunha enorme rendibilidade para caracterizar os textos de forma expresiva:

⁷³⁵ Sobre as propiedades lexicais da linguaxe xuvenil, véxase tamén González (1989) e Rodríguez (2002).

Buf tou **moi** knsa sorry! Bks (A114)

Ola stou en canada sintoo **moito** x ***** dalle o psame da miña part (A118)

Ola. Xamaxesm? E q levo unha semana **moi** dura d curro e staba durmindo. Cara a noite estarei na casa, se eso xamot o fixo q m sae gratis. Bks (A150)

Ola chorvi! A miña prof mla **m8**. Ox rtrasous e mandarnm pa klas e os rapacs xnial, kndo chegou dixo xa vxo q sobro! Jeje! Stivn kn 2bach. Maña +! km q alumna? Xq?(A18)

Noutros casos, prefírese o uso enfático que achegan os adverbios *sobre todo* e *tan(to)* –tamén como pronome–, como demostran os seguintes exemplos:

Eu ainda stou empaxada agora! jaja! Nn m volvo chutar **tanto** chocolate! jeje! Have a good picnic! Bks. Qtm8 (A210)

Pois de sr **tan** multiplicados q sexan ben levados,ajaja. Moitas grazas x acordart, spro q che vaia todo ben. Un bikiño (A383)

Moits grazs ricura! E+ x faclo atopndot ml! Qdou moi bn envlto! No coxe nn via patras! Nn o recrdab **tn** grnd! Tiveno q subir xa pa casa! Damsllo mña xla mña! Bks! Qtm8! (A187)

Stou saind d pontdeum! Ate a noit nn saims!! Pois si q tomachs a peito o dos sabads famliars! Jeje! Pasadeo ben e oyo coa dieta e **sbrtdo** k postre! Pasteleiros!! (A432)

No referente a valores cuantitativos, temos de ter en consideración os numerais, categoría gramatical por excelencia neste sentido e que, en ocasións, funciona tamén dun modo enfático:

Feliz nadal e malo sera!! q o ano q ben non seña mellor q este.. disfruta ds teus nestas datas tan sinaladas..**bicos mil** (C-Nadal 113)

39 feixes de grazas, meu! (B63)

Neste punto, destaca igualmente o uso de elementos de realce ou marcadores focais como *ata* ou *até* coa finalidade de outorgar maior expresividade ao enunciado que os segue:

Q calor, mi madriña! **Ata** parece q m custa respirar! Mens mal q se m deu x komprar uns pantalns kurtos! Vemns a volta se non me drrito antes! jaja! (A227)

E para alén das formas anteriores –adverbios e determinantes cuantificadores– nas SMS documentamos outras categorías gramaticais a través das cales graduar de forma expresiva un substantivo; así, os adxectivos modificadores con valor cuantitativo tamén outorgan maior (ou menor) intensidade ao contido expresado polo nome a que acompañan, como acontece coa forma *grande*:

bo nadal, q teñades unhas **grands** festas,coas suas berbenas e q en 2011 sigades vivindo bn,bebendo e tndo boa vida. (C-Nadal 61)

Moitas felicidades, *****!!! Que acabes de pasar un bo día. Un bico **grande!!!** (B17)

Moitos parabéns (de novo) e un **grande** beixo! (B41)

Apuff! Prdoa q akbo d lelo! Sain coa rapaza do piso e maña nsei s farei **grand** kousa q toka videoknfrncia! ***** pnso q anda liada kn dspddas e iso! Bks (A472)

Outrosí, constatamos o emprego doutros modificadores que tamén presentan un valor de intensidade. Entre eles cómpre subliñarmos as formas *vaia* seguida de substantivo e *un montón*.

Bo nadal pk! Est ano foi toda lavntura para ambas! Spero q o ano q vn poidamos seguir igual d bn! Boteit **1mntn** d-j Merry Christmas baby! (A479)

Grazs x vir. Creo Q Ncesitava vrt! **Vaia** dia + tnto q tñ ox! Boas noits bmbn (A312)

En último lugar, tamén vira relevante subliñarmos a presenza doutras expresións enfáticas que, se ben que non poden encadrarse en ningunha das categorías anteriores, partillan obxectivos comúns. Embora non todas, moitas destas fórmulas pertencen de forma clara a un rexistro oral da lingua e son incorporadas no discurso electrónico das SMS debido á natureza eminentemente informal deste tipo de interaccións. Vexamos algunhas mostras:

Boas noites pk! Nn t nfads, xq nn penso q fagas nada a proposito **nin m8** -! Qtm8 e sei q ti a min tb, **x m8** q digas. Dsknsa princesa. Qtm8m8m8m8! Boas noits! (A200)

Prdoa q che colgase! taba liadisima! aki ta caendo **unha q flips!!!** nn se ve pa knducir! s non skmpa terei q ir moi amodo! saio as 8, intntarei xegar a tmpo, ok?! bks! (A247)

Eu tb o creo! XD e x pouko q ye saqs ao zx..saech **tirado d prezo**. (A294)

En síntese, os anteriores exemplos permiten vermos que o carácter expresivo e enfático das mensaxes de texto non só se consegue a través de recursos de tipo gráfico ou fonético, como os analizados en 3.2.1.2 e 3.2.1.3, mais que tamén ven certificado polo emprego dunha grande variedade de estratexias morfosintácticas que permiten dotar de intensidade os enunciados. Outrosí, tamén observamos que en moitos casos, ambas as posibilidades expresivas aparecen de modo conxunto nos textos. Desta forma, os interlocutores son capaces de provocaren un maior interese na interacción, de obxectivaren o que está sendo redixido e, igualmente, de transmitiren de forma entusiasta os seus sentimentos nun medio en que, do punto de vista técnico, esta capacidade está certamente limitada.

3.2.2.2.6. Estructuras pleonásticas e redundantes

Na lingua existen certas marcas gráficas ou construcións gramaticais que carecen de función sintáctica propia e que constitúen estruturas redundantes sen máis significado do que o puramente estilístico ou expresivo e que se utilizan para reforzaren a relación entre dous ou máis constituíntes próximos. No marco da nosa análise convén destacarmos dúas estruturas: o

redobro de clítico e a presenza do artigo nas construcións relativas con *que* precedidas de preposición. A primeira serve para indicar a concordancia entre o verbo e os seus complementos en canto a segunda reforza a relación do relativo co seu antecedente (Cidrás Escáneo 1992). En ambos os casos estamos perante un recurso cohesivo no ámbito da cláusula e que na maioría dos casos pode ser eliminado sen que isto afecte a gramaticalidade do enunciado⁷³⁶.

As construcións con redobro de clítico son tratadas en Sánchez Rei (2009:286), onde se afirma que actualmente son moi habituais na lingua galega, tendo unha menor incidencia aquelas en que non se detecta o pronome. Na mesma liña, Freixeiro Mato (2006, I:133) explica que o galego tende a utilizar de forma pleonástica o clítico como marca de función naqueles casos en que o complemento indirecto é unha frase nominal precedida da preposición *a*. Mais a pesar da súa frecuencia, este autor tamén documenta estruturas sen redobro de clítico na lingua literaria e na lírica tradicional, o que dá conta da convivencia histórica destas dúas hipóteses. Outros estudiosos, como Varela Barreiro (1997:331), non admiten como gramaticais as construcións en que non apareza o clítico, dado que afirman que o galego presenta unha acusada tendencia que exige a presenza desa marca funcional, ao tempo que subliñan que este uso contrasta co da lingua portuguesa onde a situación é a inversa. Así, afirma que o portugués é, á diferenza do galego, unha “lingua máis flexible nisto e non esixe –ou esixe con moita menos forza– a presenza do CI (complemento indirecto) clítico”. Quere dicir, o habitual e normativo no portugués é a ausencia do pronome, mentres que a súa presenza se atesta nalgúns variedades lingüísticas propias de rexistros populares, dialectais ou coloquiais onde posúe valor enfático (Sánchez Rei 2008:261). Hermida Gulías (2004:81-82), partidaria da repetición do pronome nestes casos, subliña que a predilección das persoas galegofalantes polo uso do clítico fai que a ausencia do pronome nos textos escritos provoque certo desconcerto.

Mais, á marxe dos posicionamentos a favor ou en contra dunha ou doutra solución, o importante para o nosa investigación é observarmos se as persoas usuarias do servizo de mensaxes curtas son conscientes da natureza redundante da lingua nestes casos e utilizan as estruturas sen pleonasma ou se, polo contrario, ceden á tendencia maioritaria da lingua e sacrifican a economía de tempo e de caracteres a favor da expresividade e da cohesión lingüística. Os datos do noso corpus son escasos mais permiten determinarmos a predilección polas estruturas con redobro, pois en ningún caso documentamos a ausencia do clítico:

Kntxtarn d NY! **** * ** *, do cntro d stdos glgos, di k x el nn ai problm. Q ye tn q pdir permiso **ao bicreitor** xo q nn pnsa q s nege. (A307)

Hola, k tal? O sabado 26 celebramos**lle** o cumple **a Teo**. Estaredes libres para vir a comer? Bicos (B1)

desexolle bo nadal **a todo o mundo!!** animo celta (C-Nadal 104)

O ano 2m10 xa escapou!Aora vn outro xeu d riss,fsta,alegria ! pidelle **os Reis M.1** bo paraugas: cn m8 tela e 1 bo mango!Feliz ano! (C-Nadal 129)

⁷³⁶ Con todo, é preciso termos en consideración que, embora recomenden unha delas, os investigadores admiten as dúas hipóteses –con e sen pleonasma– para as construcións con redobro de clítico, en canto que no caso da presenza do artigo en cláusulas relativas con preposición algúns autores, cal Freixeiro Mato (2009:109), tan só admiten como válida a estrutura sen redundancia.

No que respecta á presenza do artigo naquelas cláusulas de relativo con *que* introducidas por preposición, achamos grandes paralelismos co que indicamos para o caso do redobro de clítico. Os pronomes relativos introducen cláusulas que realizan unha función dentro da principal e para isto, deben ir precedidos dunha preposición, excepto se funcionaren como suxeito ou CD (complemento directo) da subordinada. Mais alén da preposición na lingua galega é moi frecuente a aparición dun artigo que concorda co antecedente en xénero e número, probabelmente por analoxía cos contextos en que o relativo non ten un antecedente expreso e onde o uso do artigo vira obrigatorio⁷³⁷. E neste punto tamén encontramos diverxencias entre os lingüistas: algúns autores como Freixeiro Mato (2009:109) consideran que se debería eliminar o artigo naqueles contextos en que o relativo vai inmediatamente despois do seu antecedente e onde, por tanto, non provoca ambigüidade no referente ao significado do enunciado; outros, porén, xulgan que nun estilo coidado se debería por freo á tendencia actual a substituír *que* por *o(s) que / a(s) que* tras calquera preposición, se ben que se tolera cando os conectores son *en* ou *de* (Álvarez / Xove 2002:576). Máis unha vez, as SMS que manexamos documentan a notoriedade das formas pleonásticas tamén nestes casos:

Q nestas navidads, o pass moi bn, e a podr sr smpre rodead@d xnte coa q poidas sorrir, e sexs feliz. Bo nadal (C-Nadal 61)

bo nadl e feliz 2011. Q teñas 2 grandes momntos,0 malos ratos 1 agasallo espectacular e 1 **persoa** moi especial coa q disfrutar este nadal ;P (C-Nadal 101)

O suceso destes mecanismos de ampliación pode estar xustificado, para alén da súa natureza enfática, debido á existencia doutras estratexias de redución que contribúen para equilibrar as máximas de rapidez e brevidade (véxase 3.2.1.1, 3.2.2.1, 3.2.3.1 e 3.2.4.1). Para as estruturas con redobro de clítico podemos salientar a simplificación do dígrafo “ll” que pasa a “y”, como en A307 (véxase 3.2.1.1.6), en canto que para a presenza redundante do artigo co relativo teríamos as elisións vocálicas (véxase 3.2.1.1.1). Estas, por súa vez, viran complexo determinarmos se estamos perante unha solución con ou sen pleonasma, dado que a reconstrución permite ambas as hipóteses. Vexamos as seguintes mostras:

A pmira vz, es q é un rgalo. Bot d- as tuas aprts. Hai un rcrdo, dn tmpo n q fms flics t e eu. Agra só m lmbro da túas tets. Tdo qdou ns mes records d infnca (A1)

Kntas +volts lle dou, peor m sinto. Nn podó kmbiar o día n q nacin. Oxala nn fose co voso, facilitaria as cousas...Prdoa x amrgart smpr o día! Qtm! Boas noits! (A63)

A elisión vocálica que afecta a dita construción gramatical presente nos exemplos anteriores podería adscribirse a calquera das posibilidades que manexamos. E se ben que en 3.2.1.1.1 indicamos que é moito máis frecuente a elisión do *e* na formación de esqueletes consonánticos, tamén notamos que o resto das vogais poden ser igualmente omitidas, a depender dos condicionamentos espaciais ou temporais en que se redixir a SMS. Por tanto, e na liña dos anteriores resultados, o máis probábel é que se trate de construcións pleonásticas que foron simplificadas a través destoutros mecanismos máis característicos da linguaxe

⁷³⁷ Igualmente, a presión do español, en que a forma pleonástica é a de uso maioritario, contribúe con certeza para a proliferación desta solución. Nesta liña, Freixeiro Mato (2006, II: 240-241) afirma que este uso é contrario á tradición lingüística.

SMS; estes permiten adaptarse ás necesidades do medio sen renunciar aos usos habituais que as persoas galegofalantes fan da lingua. Igualmente, no caso particular da presenza do artigo con cláusulas de relativo, nin sempre a súa elisión supón unha estratexia de redución: ás veces o número de caracteres non varía entre unha e outra forma, sobre todo cando estas se utilizan no singular (*en / na / no que, de / da / do que, coa / con que* etc.); noutras ocasións, a aparición do artigo provoca crase coa preposición e ocupa un menor espazo (*co que / con que*). Por tanto, tan só nos casos en que o antecedente vai en plural ou perante algunhas preposicións concretas como *por* o uso sen redundancia constitúe unha solución válida en termos de redución, o que conforma máis unha razón para xustificarmos a predilección polas formas pleonásticas. No noso corpus tan só existe unha mensaxe en que se observa de forma clara a ausencia do artigo:

Ola!! Q tal?? Lmbrat d m enviars **as ftos d q** falams. Biks (A374)

3.2.2.3. Outros recursos morfosintácticos

A linguaxe SMS manifesta diversas estratexias que afectan igualmente a compoñente morfosintáctica e que aínda que en ocasións tamén poderían ser adscritas tanto aos recursos de simplificación como aos de ampliación —a depender do caso concreto—, nin a redución nin a expresividade se erixen como os obxectivos principais destes mecanismos. Desta maneira, pareceunos oportuno tratármolos de modo independente, o que non impedirá sinalarmos tamén aqueles casos en que poden exercer as ditas funcións. Trátase de fenómenos que poden ser documentados noutros rexistros lingüísticos e que, por tanto, non constitúen unha novidade. A súa produtividade na escrita das mensaxes de texto debe ser analizada téndonos en conta o contexto particular en que este tipo de intercambios ten lugar. Estámonos a referir, por un lado, á adaptación de determinados vocábulos foráneos aos esquemas morfolóxicos da lingua galega e, por outro lado, ao predominio dun modelo sintáctico coloquial e oralizante. As características do medio e da situación comunicativa constitúen, na maioría dos casos, elementos propicios para o suceso e a rendibilidade desta clase de estratexias e serán analizadas nas seguintes páxinas.

3.2.2.3.1. Adaptación de estranxeirismos

O fondo lexical de todas as linguas non só está composto por elementos xerados de modo interno —derivación, composición etc.—, mais tamén existen vocábulos procedentes doutros idiomas que denominamos empréstimos⁷³⁸. Estes aparecen fundamentalmente cando unha cultura entra en contacto con novas realidades ou conceptos que exixen novas expresións (Ferreiro 2001:277). Así, o aparecemento da Internet e das tecnoloxías en xeral supuxo toda unha explosión terminolóxica que tiña como lingua exclusiva a inglesa e que tivo como consecuencia a introdución de moitos anglicismos nas linguas que se incorporaron ao novo medio (véxase 2.2.4). Neste sentido, o predominio do inglés como vehículo de comunicación internacional e a orixe lingüística das modalidades textuais electrónicas potenciaron o emprego desmesurado de estranxeirismos (véxase 3.2.3.4.1). Seguindo a clasificación establecida por Ferreiro (2001:279-284) e atendéndonos a unha perspectiva

⁷³⁸ A este respecto, asumimos a definición de empréstimo proposta por Ferreiro (2001:277): “constitúe un empréstimo todo aquel vocábulo que non procede da masa lexical inicial latina, formadora da lingua, ou non é resultado dos procedementos internos de formación e ampliación vocabulares (derivación e composición ou evolución semántica”.

sociolingüística, podemos clasificar os empréstimos en aceptábeis ou superfluos, a depender da súa pertinencia ou aceptabilidade: deste modo, serán aceptábeis aqueles que preencheren un espazo non cuberto pola lingua desde a cal se importa e superfluos os que substituíren un vocábulo xa existente. Na maioría dos casos os termos importados presentan unha grafía ou unha fonética que difire do modelo fonemático e morfosintáctico do galego e costumaran adaptarse.

E aínda que a maior parte dos estranxeirismos que aparecen nas SMS do noso corpus constitúen casos de empréstimos superfluos, moitos deles presentan os mesmos procedementos de adaptación que se producen cando se incorpora un novo termo á lingua estándar, aínda que con algunhas matizacións. Así por exemplo, as secuencias consonánticas que non teñen transcendencia fonética son substituídas pola grafía equivalente na lingua de destino, como acontece en A427 ou en A397, en que “ph” é igual a [f] e “ck” equivale a [k], respectivamente:

Ola; nn sei s oxo qres qdar para o da enferncia. E as 6; ou dspois; m8 tard nn pod volvr q maña tka mdrugar pa **filadlfia**;bks (A427)

Es 1 **crak!** Saiuche fenomeno! Os cmntrs de *** xenial non! Non t odia tant! (A397)

Noutros casos, os vocábulos que presentan consoantes finais que non se pronuncian na lingua orixinal tenden a desaparecer e neste punto destaca o -g final en que rematan moitos anglicismos, especialmente frecuente na terminación *-ing* propia dos xerundios ingleses⁷³⁹:

Era ariba ou no **parkin?** stou na ntrada principal (A250)

kdams nas mesas d **pin pon** d bryant park mellor. Biko (A466)

En relación con isto, tamén son adaptados os dígrafos, os grafemas ou as secuencias que representan un único fonema consonántico na lingua meta:

Maña contade connos pra xantar! **kises** (A366)

Tamén é moi habitual que nos empréstimos procedentes de linguas como o inglés ou o francés en que a grafía non corresponde á fonética sexa preciso realizar determinadas adaptacións vocálicas para linguas en que a relación entre estas esferas é moito máis estreita, como o galego. Nestes medios, en A435 temos algunhas destas correspondencias: *a>ei* (véxase *base-ball >béisbol*) e *oo>u* (véxase *igloo>iglú*), se ben que non son as únicas:

Mandeixe privado ao **feisbuk!** Menos mrkors e xovs q tou n Madrid podó qdar kalqra dia d tard asq ti diras! Q tal vas? Xa m tarda vrt! Jeje! (A435)

⁷³⁹ Sobre esta cuestión, cómpre termos en consideración que na realidade non se trata tanto dunha consoante muda, pois na oralidade o grupo *-ing* é pronunciado no inglés como [ɪŋ], velarizado, que se diferenciaría doutras realizacións fónicas con *n* alveolar, cal *begin* [-in]. Non obstante, no plano gráfico estes matices non poden ser discriminados e, por tanto, funciona como un elemento mudo.

En ocasións, non existe adaptación vocálica ou consonántica, mais o que se produce é a eliminación sistemática de marcas diacríticas –como o apóstrofe– que non teñen implicacións fonéticas e que constitúen sinais evidentes do empréstimo, en canto que son alleos ao sistema ortográfico e morfosintáctico da lingua galega:

ola *****! Kdams as 18hrs no 627 9th avenue cerca da 44th st. O local chamase **rudys**.
Un bico! (A460)

E tamén documentamos un exemplo de adaptación substitutiva, quere dicir, a acomodación dun termo estranxeiro a través da súa asimilación a un termo coñecido na lingua en que se integra, debido ás similitudes gráficas e fundamentalmente fonéticas que existen entre ambos os vocábulos (véxase 3.2.3.3):

ok! Se podo tb xe scribo un **emilio**! Non sei s n galego ou en machupino, dpndra de km d fluido sexa ste ultimo! XD Xa tams n madri komiditos e ate as 5 non saims! (A458)

Como se pode observar, as persoas usuarias das SMS non só incorporan numerosos estranxeirismos ao seu modelo de escrita, mais tamén os adaptan seguindo en moitos casos os procedementos habituais da variedade estándar. Porén, as razóns que se encontran detrás deste proceso non poden descansar unicamente na necesidade de adaptación ás pautas fonéticas e morfolóxicas do galego por varios motivos: en primeiro lugar, porque perdería sentido a propia introdución de empréstimos supérfluos cando xa existen designacións para estas realidades na lingua. En segundo lugar, porque sería contradictorio co que xa analizamos en 3.2.1.3.2, isto é, coa rendibilidade e a preferencia que se detecta na linguaxe SMS polo emprego de grafías foráneas; de feito e ao contrario do que sinala Ferreiro (2001:306) para o código normativo, nos exemplos con que contamos non se produce unha substitución sistemática deste tipo de grafías (*k*, *w*, *y* etc.) polas correspondentes na ortografía xeral galega, como se observa en A435, A250 ou A366. E, en terceiro lugar, porque xulgamos que na realidade moitos destes exemplos, sendo adaptacións morfosintácticas, corresponden en maior medida a outros recursos xa apuntados como a escrita grafo-fonética (véxase 3.2.1.1.8), a simplificación de dígrafos (3.2.1.1.6) ou a elisión de consoantes mudas (véxase 3.2.1.1.3), entre outros. En consecuencia, consideramos que a xustificación debe descansar noutros argumentos: así, xulgamos que estas estratexias funcionan como recurso de simplificación cando o seu emprego permite reducir o número de caracteres e axilizar o proceso de redacción, en canto noutros casos tan só a necesidade de elocuencia e expresividade e o emprego lúdico da linguaxe poden explicar este fenómeno.

3.2.2.3.2. Sintaxe coloquial

Nas epígrafes anteriores tivemos oportunidade de analizarmos toda unha serie de manifestacións expresivas, afectivas e enfáticas que presentan implicacións no plano morfolóxico e que son fundamentalmente características dun rexistro coloquial. Estes fenómenos están motivados pola espontaneidade que envolve a situación comunicativa e pola natureza interactiva do intercambio, que aproxima esta modalidade textual do código oral, a pesar de ter lugar nun soporte de base textual (véxase 2.2.3.3). De acordo con Briz (1996:29-30), son os trazos de cotiandade, de informalidade e de ausencia de planificación os que

definen este rexistro lingüístico que pode aparecer en varios tipos de discurso –orais ou escritos–, moito embora sexa na conversa onde se manifesta de modo máis auténtico. Nas SMS do noso corpus existen certas constantes que nos permiten defender que este constitúe o estilo de lingua preferido para establecer os intercambios: a relación de igualdade entre os interlocutores, a relación vivencial de proximidade, o marco discursivo familiar, a temática non especializada e as propias características da conversa electrónica, isto é, inmediatez, cooperación e dinamismo (véxase Pérez Giménez 2012:95). Neste sentido, ao igual que determinamos que as limitacións espaciais e temporais tiñan consecuencias sintácticas relevantes encamiñadas cara á simplificación (véxase 3.2.1.5), nesta sección veremos como os trazos inherentes do rexistro coloquial tamén inciden de modo directo nas estruturas sintácticas.

Así, cando facemos referencia á sintaxe coloquial estamos utilizando o termo *sintaxe* nunha acepción que implica o uso, quere dicir, o pragmático, de modo que nalgúns casos delimitarmos ambas as disciplinas constitúe unha tarefa complexa. De acordo con Jiménez Moreno (2005:632), un dos trazos característicos da sintaxe coloquial son as formas de iniciar o intercambio, non só constituídas polos xiros con que se establece a conversa, mais con todas aquelas manifestacións que preceden de modo inmediato calquera comunicación por parte de unha ou outra persoa interlocutora. Spitzer (1948:86) denomínaos “excitantes da atención”, ou sexa, elementos destinados a predispoen a persoa destinataria cara ao contido do discurso; con esta función destaca o emprego dos vocativos que, como veremos, tamén aparecen de modo habitual nas SMS. O máis común é utilizar o nome propio, o alcume ou o apelido da persoa receptora, como se observa nas seguintes mensaxes:

Nika x se nn o sabs maña as 11 na biblio do forum bks (A90)

Fani, chamt un pouk mais tard. muaka (A241)

Ferreiro, Teño cita no medico as 10 e media e teño que ir entregar uns papeis a maestranza polo do contrato, asi q non sei a q hora chegarei. Saudos. **** (C21)

Fani, vou xantar fora cos meus padriños. Sube igualmente se queres e fuchica na neveira ☺ (B10)

No entanto, tamén existen casos en que se utilizan unidades lexicais máis xenéricas referentes ao sexo, a idade, á aparencia física etc. Como norma, o emprego deste tipo de fórmulas dota de maior expresividade o texto e son moito máis frecuentes que as anteriores. Vexamos algúns exemplos:

k **muyer**⁷⁴⁰ ...xa desconctchs o whppp...levas sin contr dous dias.... (C14)

Tia, qeria kntaryo a tdas xq staba m8 kntnta! Nn t nfads kmigo uches a 1a a qn chamei! Ainda segue n pe o do cine? Qtm8 (A35)

Trnk! eu tamn!!!! nn sei como vou dar comida todo iso...E fai klor! nn m aptc comr ahi fora...jejeje!!! Vou facr cma os osos: xa comin para unha stacion nteira! bs! (A240)

Mona! Q tal? Nrviosa? Ont nn m deu tmp a xamart! Asiq snn falams ants pasao bn no knerto! ***** ta bn! Xa me kntras maña q tal. Vai amdo! Bks. Qtm (A9)

⁷⁴⁰ Segundo Jiménez Moreno (2005:633), o campo de funcionamento do vocativo *muller* é ilimitado e o seu uso esténdese a toda a escala de idades, desde a muller máis idosa até unha nena recén nada, ao contrario que *tía*.

De xeito similar aos vocativos, os verbos de percepción sensorial tamén son moi habituais na linguaxe coloquial como fórmulas para comezar o discurso. E, igual que acontece na lingua oral, os máis frecuentes no noso corpus son os relativos á vista e ao ouvido:

Mira, meyor nn ims andr, vente para ksa q akb dir aos xinos e rozanme bastante. Voume facer as kuras agora. Bikos (A206)

Oes q falei coa sñora e me dixo que era myor qdar as 5 n st laurence west dam n toq se stas dacordo (A113)

Oixe?kndo ims xgr o partdo de ftbol? (A541)

Hostia! Pois **mira** q bo rollo teño q non m dixeron nada! Jajajaja! (A462)

Oichs! vou pillr x intrnt as ntrads do cine! ti vas vir? collo para ti tamn? 1 tok si, 2nn! bks! (A248)

Na mesma liña podemos situar o uso de interxeccións en que o obxectivo fundamental é ou ben reclamaren a atención ou ben introduciren enunciados espontáneos e inmediatos (véxase 3.2.3.2.3):

Ei baby! Vanm lvar até ali asiq vou sn coche. En principio volvo kntigo, e se nn knsigo awantar tanto km ti vn **** x min! Vmnos ali! Sde puntuais! Q tal a expo? (A24)

ai cariño, a mochila!! :-@ nn t fai falta?! (A386)

Ei! Q tal? Xa stas rcuprada? Km vai tdo? I miss u baby! Eu aki..vageando x mria pita! Kndo m vas vir visitar? Bks chorvi (A69)

Aaah xa me olvidaba! Agora cho mando! Eu levo regular a ver bks (A106)

Ei! Km foi ont? Oxe qdei pa falar x skyp as 6 asi q suponho q as 7 podria star ai! Xamam kndo akbs d nsaiar e flms! (A470)

Que pasedes todos un feliz ano novo,con moitos familiares.**Ah!**,e que vos traian fantasticos agasallos :) (C-Nadal 16)

Nos esquemas conversacionais é moi común que se utilicen determinados fenómenos estilísticos que inciden na cortesía; neste punto, ten especial importancia a aparición de dativos de interese, de solidariedade ou dativos éticos. No noso corpus detectamos a seguinte SMS, en que o pronome que exerce de complemento indirecto non presenta ningunha función argumental. Trátase dunha construción sintáctica moi común na linguaxe coloquial:

q tal onte ko fnomno? Tomastesye moitas? Filadlfia esta benj falams pa smana! Bks (A428)

Outra fórmula de diplomacia típica nun intercambio oral é o recurso aos enunciados interrogativos referentes ao estado de ánimo do/a nosso/a interlocutor/a, que en moitos casos non teñen unha finalidade informativa, senón que serven ao usuariado para iniciar o discurso dun xeito menos brusco. Unha aproximación ao noso corpus é suficiente para evidenciar a

rendibilidade desta estratexia nas SMS que, a pesar das limitacións espaciais e da premura das interaccións, adoitan manter este tipo de protocolos. Igualmente, neste rexistro lingüístico os enunciados interrogativos adquiren as máis variadas funcións e utilízanse para que unha afirmación teña un efecto máis convincente. A propia natureza das preguntas dota o texto de maior expresividade: “el tono ascendente de la pregunta tiene algo de apremiante, a lo que el oyente se sustrae con menos facilidad que a una simple afirmación, la cual [...] no necesita ser correspondida por parte del interlocutor para dar la impresión de algo completo” (Jiménez Moreno 2005:637). Así, son frecuentes as estruturas que finalizan cunha interxección do tipo *eh!*, como ilustran estas mostras:

Ao final si se saiu algo no cumpl e nn qdei libr ata agora e xa stards akbando! Q magoa! A proxima tño q podr **eh?** Bks (A89)

Xa teño cita no okulista para o 26 deste mes. Agora xa nn tes nda q decirme **eh!**? Q tal a ponte? Eu kaka, xa che kntarei! St finde pirams pa Madrid! A vr q tal! (A225)

E desde a perspectiva da expresividade, tamén viran relevantes os modelos sintácticos con que se finalizan as intervencións. Trátase de sinais indirectos que simbolizan a (con)cesión do turno de palabra á outra persoa interlocutora e que, na liña dos anteriores fenómenos, conforma máis un mecanismo de cortesía:

Bs días princesa! Km tas? Parc q o dia pinta soleado, asiq (s m ska a roupa) pdms ir ao kncrto. **** dixo dir ao roxa, pdms ir dspois nn? Vou facr algo..**xadiras!** (A15)

Non. X crto maña qdamos as 6 mllor q total nos vai dar tmpo q dsd ai so tmos q coyer un bus e tmos 4 oras! **S ts algún problema cn iso dimo** (A115)

Paso xa! Levo un rato rkorndo tdas as praias pa nkntart e tes o koxe na kasa. **Kndo qeiras xa chamaras.** (A216)

Se qeres o proximo xoves facemos 2horas, q asi tño tempo para explicarche varias cousas. Podemos qdar de 5:30 a 7:30 **se che parece.** Bikos (A318)

En relación co tipo de cláusulas que predominan na linguaxe coloquial, Álvarez Martínez (2008:357) afirma que podemos facer referencia a unha sintaxe concatenada, fronte á sintaxe incrustada máis propia da modalidade escrita e de rexistros máis formais de lingua, en que os enunciados se acumulan de forma sucesiva. Esta sintaxe ofrecería a impresión global de parcelación: o feito de as persoas interlocutoras construíren os seus discursos sen planificación previa e tal e como lles chegan á mente maniféstase no texto a través de interrupcións e de alteracións sintácticas, como o anacoluto. E se ben que o tempo de redacción das SMS permite, de partida, non incorreremos neste tipo de estruturas, o certo é que nalgúns casos tamén podemos observar esa tendencia á parcelación⁷⁴¹. Unha das manifestacións máis evidentes a este respecto é a abundancia de enumeracións. En moitas

⁷⁴¹ De acordo con Álvarez Martínez (2008:358-359), a sintaxe concatenada está intimamente ligada á orde pragmática (véxase 3.2.4.4.1). A maioría das persoas usuarias crea as súas intervencións sen se deter a reflectir no modo en que se expresa; o que prima nestes contextos é comunicarse de modo eficaz no menor tempo posíbel. Así, os fenómenos de fragmentación discursiva serán moito máis frecuentes nos sistemas de interacción sincrónicos como os chats ou a mensaxaría instantánea, onde se van concatenando intervencións arredor dunha idea sen previa organización e en función das intervencións que se visualizan na pantalla.

mensaxes de texto os enunciados aparecen en función do que á persoa interlocutora se lle vai ocorrendo, de modo que en ocasións non existe unha orde preestabelecida na concatenación das frases⁷⁴²:

Ola! Ktl vai todo? Q tal ****? Falch en ela? Eu n gym. Hox foi outr dia d non parar!
Colexio,cmida tutor.**.rosals.gym.** Non sei s baixarei, avisote! N galgo! (A60)

Como aqui, chego as 4 e media, collo un taxi e se che parece quedams a mens cuarto na porta ☺ ☺ (A345)

Do mesmo modo, as condicións da lingua coloquial tamén favorecen a expresión implícita das relacións entre os compoñentes dun enunciado, que se deducen directamente do contexto. Neste sentido, a rendibilidade da xustaposición e da ausencia de nexos non pode explicarse só como recurso de simplificación (véxase 3.2.2.1.5), máis tamén porque permite encadear as ideas do mesmo modo que na conversa oral. A parcelación constitúe unha técnica moi frecuente no discurso interactivo e esta maniféstase tamén nas modalidades textuais electrónicas. Vexamos un exemplo:

wapo, dmasiado, biks bn, stou agusto cntigo, pgamos bn, o azl ds teus oyos cmbina k miña pl moRna, teus ddos fanm voar, ti s a coca coLa e eu o xeo, dbmos star xunts (A3)

De feito, neste rexistro de lingua é moi frecuente acharmos construcións adverbiais de natureza consecutiva, causal ou adversativa expresadas a través da xustaposición en lugar da subordinación. Con base no sinalado por Herrero Moreno (1988:193-194), os enunciados que se producen na linguaxe coloquial son máis independentes, en tanto que non están trabados en construcións subordinadas hipotácticas, máis frecuentes do discurso formal. Ao contrario, nesta modalidade priman as estruturas paratácticas, isto é, unha organización expresiva e afectiva da comunicación, máis do que unha organización lóxica. Neste punto, os nexos pausais, como os silencios, contribúen para establecer a relación de subordinación entre os distintos elementos do discurso:

Tal vez o mellor adorno de navidad sexa unha gran sonrisa, [**por tanto**] aqui tes a miña. :D (C-Nadal 6)

Non pdo [**porque**] tño kousas q facer pa klas! (A55)

Stamos no sminario no 2 andar [**así que**] vn ou lvas (A102)

Porén, o uso de esquemas paratácticos coa finalidade de conseguiren sentidos máis ou menos afastados dos que se lles asignan como propios non só afecta a xustaposición, mais tamén a coordinación. Este fenómeno é denominado por algúns autores transposición sintáctica: a fala coloquial tende cara a unha expresión implícita ou difusa das relacións

⁷⁴² Na opinión de Jiménez Moreno (2005:637), os falantes adoitan relatar os feitos reproducíndoos de modo tan plástico que se podería dicir que as están a representar. Narbona Jiménez (1989:181), pola súa parte, afirma que a ausencia de atadura característica da sintaxe coloquial e a flexibilidade sintáctica fan posíbel a presenza de constantes enumeracións que son “analíticamente parceladoras”.

interoracionais. En consecuencia, a través dos nexos coordinantes os falantes son capaces de transmitiren un grande número de relacións complexas, o que determina a versatilidade destes marcadores textuais⁷⁴³:

Boas noites! Pois vou tirando! Sta smana **** sta d noites e [así que] durmo soíña! :(e ti xq latachs? Q tal s. Valntin? Vemons maña! Bikos chorvi (A49)

Non habia ninguén na casa e [de modo que] xa o collin eu (A180)

Pois non baixes! **** traballa d partido e [así que] nn podms qdar ants... (A452)

Ok! Xamote a noite dsd a kasa e [para] xa organizams! Bks (A490)

Como se pode ver, o estilo coloquial propio da fala tamén se reproduce nas interaccións a través das mensaxes de texto e, por tanto, nelas abundan as estruturas sintácticas con preferencia polos elementos constituíntes isolados. Noutras palabras, o rexistro informal reflicte a realidade extralingüística en forma de secuencias continuas de cadros informativos. Con base no sinalado por Jiménez Moreno (2005:638), algúns autores adscriben esta tendencia ao principio de economía, como Vigara Tauste (1992), en canto outros, como Narbona Jiménez (1989), xulgan que o que predomina é o criterio de comodidade. Non obstante, en 3.2.2.1.5. xa apuntamos que as SMS nin sempre presentan frases simples e curtas, mais que a lonxitude estará marcada polos obxectivos comunicativos que as persoas usuarias perseguiren nas condicións concretas do discurso. Así, sería incorrecto afirmarmos que as cláusulas subordinadas constitúen unha porcentaxe irrelevante no noso corpus. Non obstante, o que si que podemos notar é que a inclinación á economía e á comodidade –favorecida pola oralidade presente no medio– ten como consecuencia a redución dos conectores subordinados, cuxos valores son asumidos pola partícula “que”. Pérez Giménez (2012:138-140) documenta o uso desta conxunción con valores causais, finais, consecutivos e concesivos nos textos que manexa. No noso corpus, achamos fundamentalmente construcións en que este nexo adquire funcións causais ou explicativas. En calquera caso, estas ocorrencias apuntan para o desgaste desta partícula como conxunción:

Non. X crto maña qdamos as 6 mllor [porque] q total nos vai dar tmpo q dsd ai so tmos q coyer un bus e tmos 4 oras! S ts algún problema cn iso dimo (A115)

E o trabayo? Ba nn t preocups se mo ts q mandar + tard [porque] q o imprimo pola maña bks boa viaxe e bo nadal (A97)

Stads ti e + *** agora e imos x iso? [porque] Q a tipa mandoum ir maña (A91)

Nos casos anteriores, a vontade do interlocutor é realizar un comentario sobre o enunciado que conforma a parte central da súa comunicación. O que se pretende é achegar unha xustificación da idea que foi previamente formulada. E neste sentido, presenta tamén

⁷⁴³ Na opinión de Narbona Jiménez (1989:167), a sintaxe coloquial “no solo es menos trabada, sino que prefiere servirse de esquemas que no constriñen por anticipado el significado de la relación entre los miembros de un período y de la que inmediatamente contraen éstos con la unidad global resultante. Es así, como ha de examinarse, por ejemplo, el abundante uso de conectores inespecíficos, fundamentalmente la conjunción copulativa y, en secuencias de las que emanan los sentidos más diversos, no necesariamente equivalente a alguno en especial de los tradicionalmente establecidos por la gramática”.

unha grande rendibilidade a construción coloquial formada pola P3 do Presente de Indicativo do verbo *ser* seguida da conxunción “que”, como evidencian os seguintes exemplos:

Pasousm prdoa stas trabayando na biblio agora? S estas vou **e q** entro agora no dpartamnto e saio as 2.30 (**A86**)

****, importache se hoxe non temos clase? **E q** teño unha jaqueca horrible e encontrome fatal (**A355**)

**** hoxe podes vir as 7 en vez de as 6 e media **e que** teño duas horas de física (**A356**)

E ke non sei se me operan hoxe ou maña (**B3**)

Sáíndomos do campo da subordinación, no noso corpus tamén son moi frecuentes os usos conversacionais ou discursivos dalgunhas partículas. En primeiro lugar, cómpre subliñarmos o nexa “que”⁷⁴⁴: a súa utilización como introdutor de cláusulas independentes serve para indicar a presenza da persoa interlocutora na enunciación e para definir como comentario á marxe o texto que lle segue. De acordo con Álvarez Martínez (2008:360), estamos perante un uso expletivo do “que”, dado que a súa aparición non é estritamente necesaria e a súa función é simplemente metadiscursiva, isto é, “marca el inicio de una intervención enfatizando la presencia del hablante en la enunciación”. Vexamos algunhas mostras:

Ola son ***** deíxeixe 1 pm n face pro rsumindo **q** podo qdar hoxe xla tard pq nn qdei ata a noit q che parc qdar as 6 onda a fnac? (**A413**)

Ola ****! Q tl andas? **Q** m ts preocupada! Sgue mal tua nai? X se maña ias vir avisot d q nn hai lxico! Coidat bks (**A99**)

How are you baby? **Q** nn sei nada d tiiiiii!(**A431**)

Esta partícula utilízase igualmente en certas construcións interrogativas. Para Pérez Giménez (2012:125), trátase de expresións de natureza interrogativa –aínda que nas SMS nin sempre o sexan formalmente– que aparecen encabezadas por un elemento “que” cuxa realización acentual mantén estreitas similitudes coa dos pronomes interrogativos e exclamativos, mais que a pesar diso constitúe un elemento totalmente prescindíbel:

E k aínda non te modrnizachs co whatsapp...k antigua es...debes de ser a unica persoa en España k non o ten activado.... (**C12**)

k muyer...xa desconctchs o whppp...levas sin contr dous dias.... (**C14**)

Jiménez Moreno (2005:638) sinala que en moitas ocasións é o principio de comodidade o que xustifica nun rexistro de lingua informal o emprego de certas palabras explicativas, baleiras de contido, que xeralmente funcionan como comodíns e que engaden certo énfase ao intercambio discursivo. Nas SMS que manexamos detectamos unha grande

⁷⁴⁴ Para unha análise máis pormenorizada do uso de “que” na conversa en español véxase Porroche Ballesteros (2000:245-255).

rendibilidade das formas *pois*, *a ver*, *por certo* e *en fin* que, embora desprovistas de sentido, se utilizan como marcas que regulan a interacción⁷⁴⁵:

Maña d 10:30 a 12:30 dou a miña 1a klase! Stou nerviosiya! Jeje! **Pois** s t pasas x ali xa che knto tdo, tdo! Ti q tal? I MISS U 2! xa diras! Boas noits baby! (A132)

X crto, hoxe inauguran na bata 1xposicion d pintura! Pasamonos logo? Nn sei se ten algo d spcial, supoño q si xq o puxeron no fbk. Vichelo? Logo falams! Bks! (A141)

Aaah xa me olvidaba! Agora cho mando! Eu levo regular **a ver** bks (A106)

Oxala poidse xamart agora. Nn m aptc tar soa, xo e moi tard. Hox nn m aptcia falr. Votei soa o find nteiro e foi kmo prdr a pretik da fala. **Nfin**, boas noits rula! (A184)

A sintaxe coloquial non só engade novas funcións aos nexos, ás interxeccións ou ao tipo de cláusulas que recolle a gramática tradicional, mais tamén afecta a esfera verbal. Deste modo, detectamos construcións predicativas características dos estilos máis informais da lingua. Entre elas destaca o emprego da estrutura *estou que + enunciado* que, na escrita formal, equivalería a unha cláusula subordinada comparativa en que se omite o primeiro elemento. Esta elisión adquire un valor eminentemente expresivo e enfático:

Q chorvi. Ktl onte? Ben? **Eu stou q non podoo co cu**. Vou veyaa..wen xa ts unha mensxe xo corpus. Muakaa! (A61)

Meyor non qdams! **Stou q non m teño**. Sintoo (A365)

Pérez Giménez (2012:132) denomina estes esquemas “construcións suspendidas”. Para a autora, as persoas interlocutoras suspenden a emisión dunha parte do enunciado debido a unha intención comunicativa concreta. Albelda Marco (2007:72) tamén fai referencia a estas estruturas comparativas e subliña a natureza claramente ponderativa deste fenómeno⁷⁴⁶. Tamén con carácter expresivo cómpre destacarmos o uso do infinitivo precedido da preposición *a* con valor imperativo ou desiderativo. Con base no sinalado en Freixeiro Mato (2006, II: 372), estamos perante unha construción propia da lingua coloquial non recomendábel en rexistro lingüísticos máis formais. O imperativo presenta formas propias tan só na segunda e na quinta persoa, de modo que para o resto dos casos ten de botar man doutros tempos verbais, nomeadamente do presente de subxuntivo, mais tamén do indicativo (presente, futuro, pretérito). O uso do infinitivo con este valor emprégase fundamentalmente nos enunciados de tipo impersoal (*Non fumar*) ou con carácter expresivo, mais tamén para atenuar a natureza de mandato propia deste modo verbal:

a tr voas fsts e **a estar** ben k family...e **drille** a os chupitooooooss jajajajajaja a cabeza non paraaaa!!!!!!!!!! (C-Nadal 131).

⁷⁴⁵ Decidimos incorporar o estudo dos conectores nesta epígrafe, dado que consideramos que a sintaxe tamén pode ser abordada cunha focaxe supraoracional, se ben que tamén podería ser analizado desde unha perspectiva pragmática.

⁷⁴⁶ Ao contrario dos exemplos, este autor documenta con moita máis frecuencia estruturas comparativas en que se suspende o segundo termo, do tipo “era máis fermosa!”, “estaba máis canso” etc. (Albelda 2007:72).

Outra construción verbal característica do rexistro coloquial é *a poder ser*, estrutura equivalente a unha cláusula subordinada adverbial de carácter condicional (*se puider ser*) e que funciona na lingua como unha expresión xa fixada⁷⁴⁷. O emprego de formas verbais amodotemporais para indicar este valor condicional é habitual na lingua, sobre todo a través do xerundio e do infinitivo. Así, podemos adscribir esta locución ao uso do infinitivo precedido de preposición –de acordo co analizado anteriormente–, na liña doutras construcións como *de ser así*; ou tamén é posíbel clasificármola como un infinitivo xerundial, similar a enunciados do tipo *podendo ser* ou *sendo así* (Freixeiro Mato 2006, II: 424). En calquera dos casos o matiz condicional é claro:

Q nestas navidades, o pass moi bn, e **a podr sr** smpre rodead@d xnte coa q poidas sorrir, e sexs feliz. Bo nadal (**C-Nadal 61**).

E tamén con valor condicional é preciso sinalarmos a estrutura *se iso*, moi utilizada en rexistros informais da lingua a alternar coa variante *se tal*; ambas as fórmulas equivalen a oracións bipolares condicionais. A construción formada por un nexos subordinado e un demostrativo invariábel situaríase, do punto de vista sintáctico, non límites da gramaticalidade. Porén, existen diversas características da lingua oral que permiten explicar prácticas lingüísticas como esta: a existencia dunha situación comunicativa concreta, que provoca a aparición de numerosos elementos deícticos (véxase 3.2.4.1.1.2) e a substitución do puramente lingüístico polo real, dando lugar a constantes elipses (véxase 3.2.4.1.1.1); a economía lingüística, que se apoia nos propios factores situacionais e nas presuposicións conxtextuais; e a expresión partillada, que implica en ocasións que os enunciados dun interlocutor sexan completados ou continuados cos do outro, tanto semántica como sintácticamente (Jiménez Moreno 2005:632). A antecitada construción ten de ser analizada neste contexto: así, o pronome demostrativo está a substituír un verbo ou mesmo un enunciado completo. Como veremos en 3.2.4.1.1.2, este tipo de elementos serven para dotaren de cohesión o texto e para evitaren repeticións e nun contexto como o das SMS van ter unha presenza significativa⁷⁴⁸. A seguir figuran algúns exemplos:

E fostedesvos e non me lembrei d darvos a carne!!! Cando volvas x aquí avisame q cha acerca **se iso** (**B27**)

Non podo q xusto tño que ir ao mdico a x rceitas para os meus avos d todos os xeitos eu xa m vou apañando para preparar os exams co q tño ti pnsó que meu so qrias o modlo d exam e iso podocho pasar x correo sort studando! Vmonos **se iso** kndo akbn os exams (**A108**)

Eu quedei pa ir a 1 e kmer ali. Chamabat xq vou ir a alkmpo e **se iso** xa vos piyaba. Pois km qeirads. Bikos (**A179**)

Igualmente, o uso de pronomes posesivos nin sempre se utiliza como recurso de simplificación lingüística que evita redundancias ou repeticións. Nalgúns casos a súa aparición constitúe unha estratexia de ampliación que só pode ser xustificada pola súa grande

⁷⁴⁷ Isto é o que explica que nalgúns casos se inclúa nas gramáticas ou nos dicionarios como locución adverbial como acontece para o español (http://es.wiktionary.org/wiki/a_poder_ser).

⁷⁴⁸ Na opinión de Sánchez Rei (2006:89), estas construcións son moi habituais na oralidade desenfadada para os falantes non teren a necesidade de citaren novamente certos elementos ou porque entenden que o interlocutor xa ten clara a referencia.

rendibilidade estilística. Neste sentido, será un recurso moi frecuente na sintaxe coloquial, pola súa natureza eminentemente expresiva. Así, a construción *a iso de* presenta un valor aproximativo na expresión de localización temporal (Freixeiro Mato 2006, II:206 e Sánchez Rei 2006:85), como se observa en A119; en canto a estrutura *isto de* posúe unha natureza unicamente enfática, dado que a súa elisión non alteraría en ningún caso o significado do enunciado⁷⁴⁹:

Ola chorvi! Pois n s. Xoan tokou riazor! Oxe tou d kmunion n meson pastoriza! E maña a kasa da miña avoa! Stou morta! **Isto d** levar tkons e ldport d risiko! Admirot (A182)

Vmonos a **iso** da 1.30 diant do col (A119)

Concluindo, observamos que a simple formulación de regras estruturais abstractas non pode considerarse o fin único da Lingüística, dado que as aproximacións realizadas sobre a lingua oral ou sobre rexistros informais –falados ou escritos– permiten documentarmos expresións e construcións lingüísticas que contrastan de modo evidente con aquelas definidas tradicionalmente polas gramáticas. Deste modo, a comprobación de que o significado non se encontra nas formas, mais no seu uso, obrigou nos últimos tempos a ampliar o obxecto de estudo desta disciplina para coñecermos de xeito eficaz como funcionan realmente as linguas: subdisciplinas como a Gramática do Texto ou a Pragmática dan boa conta destas orientacións (véxase 3.2.4). Con todo, nesta sección tivemos oportunidade de vermos, igualmente, que a sintaxe pode ser abordada tamén desde esta focaxe. Nesta liña, as secuencias do continuo discursivo deben ser estudadas non só en si propias e desvinculadas do seu contexto e das condicións e circunstancias de produción, mais tamén desde a perspectiva do discurso en que se integran. Só así seremos capaces de comprendermos como estas estruturas se converten en recursos de variadas intencións comunicativas. As propiedades intrínsecas do rexistro coloquial obrigan a dar entrada a todo aquilo que se revela como pertinente na comunicación idiomática e que en moitos casos foi estratexicamente obviado (Narbona Jiménez 1991:203-204). E, nestes medios, as mensaxes de texto conforman polas súas características un medio de comunicación propicio para a aparición deste tipo de rexistros lingüísticos.

3.2.3. A compoñente semántico-lexical

Entre os trazos que caracterizan o discurso electrónico e, particularmente, a linguaxe SMS sinalamos en anteriores epígrafes o seu carácter dialogal, a súa vinculación coa lingua oral –embora se trate dun soporte escrito– e a espontaneidade dos intercambios. A proximidade destas interaccións coas conversas presenciais provocará que as primeiras asuman, en grande medida, moitas das propiedades lingüísticas das segundas. Como apuntamos en 3.2.2.3.2, o estilo informal e a falta de formación e de organización dun discurso reflexivo ten repercusións no modelo sintáctico empregado, mais será na esfera lexical onde estas propiedades serán moito máis perceptíbeis. O rexistro distendido que manifesta o soporte electrónico favorece que o léxico das mensaxes de texto, cando menos as do corpus manexado, presenten moitos trazos de coloquialismo. A variedade estilística e lexical das SMS é moi ampla, dado que dependerá de factores como a identidade da persoa

⁷⁴⁹ Concordamos con Sánchez Rei (2006:94) en que esta forma contribúe para connotar un certo grao de imprecisión.

que redixir o texto ou a relación existente entre as interlocutoras. Porén, en liñas xerais observamos que tamén desde esta perspectiva se detecta un certo equilibrio entre as estratexias que perseguen a simplificación lingüística e aquelas outras que priorizan a expresividade en detrimento das limitacións de espazo e de tempo. De acordo con Briz (1996:43-44), a convivencia entre recursos de redución e de ampliación en rexistros informais como estes constitúe unha constante. Nas seguintes páxinas concederemos especial atención a aqueles mecanismos lexicais que nos parecen máis significativos para a caracterización deste novo sistema de escrita.

3.2.3.1. Estratexias de simplificación

En certos foros sublíñase con relativa frecuencia a pobreza lexical do rexistro coloquial que recorre ao emprego de unidades polisémicas ou pro-formas que son utilizadas como fórmulas comodín e que postergan a riqueza lexical da lingua galega. Deste modo, o rexistro coloquial estaría constituído por un conxunto restrinxido do léxico común e limitaría, por tanto, a nosa capacidade expresiva e comunicativa. Non obstante, xulgamos que o emprego deste tipo de recursos lexicais reducidos está motivado pola necesidade de as persoas se adaptaren ao contexto do intercambio e consegue o obxectivo comunicativo previsto. De se tratar dun mecanismo ineficaz sería complexo explicarmos a produtividade que presenta nos rexistros informais e a súa penetración no discurso electrónico. En consecuencia, nesta sección analizaremos aquelas estratexias lexicais que manifestan unha finalidade de redución e que aproximan o discurso das SMS da variedade coloquial.

3.2.3.1.1. Emprego de pro-formas⁷⁵⁰

Como tratamos en 2.3.2.3, as mensaxes de texto favorecen o desenvolvemento lexical de determinadas áreas temáticas, como a das relacións interpersoais e a do lecer, situacións da vida cotiá máis proclives a apareceren nos sistemas de interacción privada. Non obstante, tamén detectamos unha redución xeral do léxico e a preferencia ou a tendencia a utilizar palabras cunha ampla esfera semántica que se aplican para todo. Trátase de vocábulos con significado impreciso que serven para substituíren aqueles termos que nun momento particular non conseguimos lembrar ou cuxa designación exacta descoñecemos. A existencia de frecuencias lexicais no rexistro coloquial constitúe tamén unha consecuencia das circunstancias particulares do intercambio. Así, a espontaneidade do discurso potencia estas aparicións, que xogan a favor da fluidez comunicativa, que em tales contornos é máis valorizada que a precisión. Nalgúns casos, a dita substitución tamén se debe á propia acomodación ao rexistro lingüístico en cuestión, onde determinadas nomenclaturas poden ser entendidas como inapropiadas, a pesar da súa exactitude. Na comunicación electrónica este mecanismo contribúe, igualmente, para dotar de rapidez a escrita. Beinhauer (1991) e tras el outros autores cal Jiménez Moreno (2005:638) denominan estas fórmulas como *verba omnibus* e afirman que o seu uso está rexido pola lei de economía e de comodidade. Este tipo de frecuencias lexicais non pertencen a unha categoría gramatical concreta, mais poden documentarse en todas elas. En consecuencia, dentro das proformas distinguimos entre pro-verbos, pro-nomes (substantivos e pronomes), pro-adxectivos e pro-adverbios⁷⁵¹.

⁷⁵⁰ Optamos por esta denominación, dado que xulgamos que é a máis estendida nas análises de tipo pragmático, como así o demostran os traballos de Briz (1996:60) sobre o rexistro coloquial e o de Álvarez Martínez (2008:382) sobre a lingua dos chats.

⁷⁵¹ Para unha aproximación ás pro-formas desde a gramática de valencias, véxase Vilela (1999:330).

Entre os pro-nomes convén subliñarmos a grande rendibilidade dos demostrativos invariábeis, presentes no 7,9% das SMS do corpus. Como xa apuntamos en 3.2.2.3.2 a respecto da construción con valor condicional *se iso* e como analizaremos en 3.2.4.1.1.2, estes pronomes utilízanse con certa frecuencia para substituíren substantivos, verbos ou até enunciados completos cun valor anafórico ou catafórico. Os seguintes exemplos ilustran a multitude de significados que, a depender do co(n)texto de comunicación, adquiren este tipo de comodíns⁷⁵²:

Hi baby! Nvieich mail! Falei kn ela xo nn sobr **iso [ese tema, ese problema etc.]** ! Kdms oxe! Knd m vs visitr? I miss u! Maña dou klass! Jeje! Bks fea (A17)

Stads ti e + ana agora e imos x **iso [as copias de reprografía, un agasallo etc.]**? Q a tipa mandoum ir maña (A91)

Perdoa xla bordria xo nn ntndo nada! Pola maña stas ben kmig e agora **isto [trátasme con desprezo]**.. (A217)

Isto [o monólogo, o concerto, o filme etc.] ainda nn akabou! Vemons na kasa. Qtm8. Xps (A220)

O significado xeral e impreciso que define esta serie de pro-formas, favorece tamén a produtividade dos pronomes indefinidos, como *algo* –con 44 ocorrencias en todo o corpus– e *nada* –que aparece en 20 ocasións. Vexamos os seguintes exemplos:

Ola prson! Q tl stas? Eu tou again n kma xq nn pdo ko ku! Maña s nn ts plan e qrs facr **algo [cear, ir de copas etc.]** avisa! Eu supoño q starei n ksa! E snon vmoms luns! Muaka chorvi! (A23)

knd vñas kmentoch as pelis q hai e senn ch knvncn ims tomar **algo [unha copa, un café etc.]** os 2 x ai ok? Qtm8! Stou dsxando q veñas (A278)

Nn tño tlf nin **nada [ningún outro medio para me poñer en contacto]** sorry (A408)

Ond t mts q t busquei x mdia facul e **nada [non te encontro]** stou no 3 andar da biblio lndo x s che intersa tomar un kf dspois (A412)

Canto aos substantivos, convén subliñarmos a amplitude semántica da palabra *cousa*, que na lingua oral se utiliza frecuentemente para todo a clase de substitucións e cuxos usos son tamén evidentes na modalidade lingüística das SMS, como se pode ver nestas mostras:

X ren, era pa te avisar d q xa non tou na casa e d q chegarei tarde. Ainda asi, vemonos xla maña. Chama se necesitars calquera **cousa [axuda, compañía etc.]** (B13)

Ola, pois o mrkres xa me toka facr as maltas q me volvo o xovs. Teñ q akbr ls **kousas [epígrafes, análises etc.]** da tese, pero se iso martes pegoch ltok e tomams lcafe ok? Bks (A474)

⁷⁵² Sobre este particular, é preciso subliñarmos que excepto naqueles casos en que o contexto desambigua ou nos que contamos co cotexto da SMS, en ocasións deducir o elemento substituído vira unha tarefa complexa, de aí que nalgúns exemplos se indiquen varias hipóteses. En todo o caso, a finalidade simplificadora destas pro-formas é evidente aínda descoñecéndonos os referentes exactos.

Apuff! Prdoa q akbo d lelo! Sain coa rapaza do piso e maña nñsei s farei grand **kousa** [saídas, escapadas, plans etc.] q toka videoknfrncia! Olaia pnso q anda liada kn dspddas e iso! Bks (A472)

Non pdo tño **kousas** [actividades, tarefas, compromisos etc.] q facer pa klas! (A53)

O aparecemento de pro-formas nin sempre é unha consecuencia das circunstancias que envolven os intercambios. En ocasións, o seu uso non constitúe un elemento de redución lexical, mais un intento premeditado de sermos imprecisos e de realizarmos referencias xenéricas en que caiban múltiples interpretacións. En parte, o pro-nome *cousa* responde a estes condicionantes, como se observa en B13; igualmente, a presenza de pronomes indefinidos como *calquera* elevan, máis un grao, a complexidade referencial destes vocábulos. Esta pode ser a explicación de que a forma masculina *couso* –de grande rendibilidade na lingua oral en rexistros informais– non se documente no noso corpus. Quere dicir, no par *cousa* / *couso* a primeira funciona como a forma xenérica inclusiva. Así, o uso do segundo elemento será máis frecuente en contextos de comunicación presencial onde os referentes están presentes e, por tanto, onde a súa interpretación non supón un problema. Non obstante, a ausencia dun contexto físico partillado na comunicación electrónica contribúe para o uso da forma xenérica, sobre todo naqueles casos en que a súa aparición responde a utilizacións expresivas conscientes, máis do que a unha finalidade deíctica.

Ás pro-formas anteriores, cabería sumarmos o uso dalgúns pro-verbos que, de xeito similar, son utilizados de forma reiterada en múltiples construcións e que substitúen construcións verbais máis específicas. De feito, o valor inicial dos verbos ás veces está totalmente ausente. Neste punto, é relevante a rendibilidade semántica do verbo *pasar(se)*, como evidencian as seguintes mensaxes de texto⁷⁵³:

Trabayando e pouko +! **Pasao bn** [Disfruta], flams maña. Bks (A81)

Doeum m8 vrt oxe ai aprtada. Oxala nn s rpita! Eu ntndo q o **pass mal** [sufra], e oxe stivxs xnial! Isto nn vai sr smpr asi..nn podras faclo tdlas dias xo si d knn n vz! Bk! Qtm! (A188)

Ei, q **pasou** [aconteceu]? Nn t xam x s molsto. Km stas? (A83)

Pasousm [esquecéuseme] prdoa stas trabayando na biblio agora? S estas vou e q entro agora no dpartamnto e saio as 2.30 (A86)

Non podoo q xusto tño que ir ao mdico a x rceitas para os meus avos d todos os xeitos eu xa m vou apañando para preparar os exams co q tño ti pnso que meu so qrias o modlo d exam e iso podoocho **pasar** [enviar] x correo sort studando! Vmonos se iso knndo akbn os exams (A108)

Akbn d dar knnta dq oxe tño q dar clase pola tard, asiq nn m da tmpo a facer as horas se me **paso** [achego] pola maña. nn knntds kmigo. Se qrds qdams maña. bks (A223)

Paso [Renuncio] xa! Levo un rato rkorndo tdas as praias pa nkntart e tes o koxe na kasa. Knndo qeiras xa chamaras. (A216)

⁷⁵³ Na súa análise sobre a lingua dos chats, Álvarez Martínez (2008:385) documenta algúns significados máis con que aparece este verbo: a saber, ‘facilitar’, ‘proporcionar’, ‘transmitir’ e ‘dar a coñecer’. No noso corpus non achamos exemplos para estes usos. Non obstante, as corenta e dúas acepcións con que conta este verbo no dicionario da Real Academia Galega dan cumprida conta da súa produtividade. Véxase http://www.realacademiagalega.org/diccionario/#loadNoun.do?current_page=1&id=291418.

O verbo *quedar* é outra das pro-formas máis produtivas no noso corpus e nas SMS aparece con diversos significados, entre os cales sobresaen os seguintes: ‘ser’, ‘combinar’, ‘organizar’, ‘finalizar’ ou ‘restar’. Eis algúns exemplos:

Boas noits chika 10! Stou superknsa! Ti q tal? A vr se **** s da kna dq sn myor partido q o gasolinero novato e q veña pa ksa pronto! :(smpr m **qdaras [ficarás]** ti! Jeje! (A42)

Boas noits chika 10! (digoo xq stou orguyosa de ti, nn x vacilart) Nn gasts m8s enerxias, q senn maña nn m rinds, e oyo kos golpes, q **qdn [son]** pouko stetikos! Bikosss (A45)

Stamos m8 knsos asiq **kdams [combinamos]** outro día. (A52)

**** si q vai xa diras km **qdams [organizamos]**. Bks (A79)

Km **qdou [acabou]** a kousa? (A153)

:-(qtm8 pk! Q IMS A AMSTERDAM! Aínda **qdan [restan]** 4mess. Oxala nn chova! Bks (A177)

Moito máis frecuente é o uso de construcións co verbo *facer* acompañadas dun complemento directo (*facer unha casa* por *construír unha casa*; *facer un poemario* por *escribir un poemario*, *facer a comida* por *cociñar* etc.) ou co verbo *dar* (*dar un bico* por *bicar*, *dar unha labazada* por *zorregar*, *dar un responso* por *rezar* etc.)⁷⁵⁴. No conxunto de SMS que manexamos tamén documentamos estruturas similares para ambos os pro-verbos e, igualmente, casos en que os verbos adquiren outros matices, aínda a apareceren sen complementos:

A **** nn ye dixn q xo kntara, xo si que falms asiq...**douye saudos [saúdo]**. Xa sta + tranqlo. (A324)

Vou para finca kn ***. Lvo o meu car así q se queres kdar **dame 1 xamada [chámame]** e xa m volvo! Bikos (A393)

Nn o disimls nda bn! Eu ao d *** nn ye **daria imxtancia [preocuparía]**! Knd qeirs xa sbs q stou aki! (A176)

Si. Gracias. E para un asunto do traballo. A ver se subo **facr 1vsit [visitarvos]** st finde! Q tal todo? Algla novidade? Bikos (A377)

Pero non hay k **facr a cera [depilarse]** (A10)

Ola ***,q tal a find?Nos x casa,sn moit nvidade.Chameit pro nn stabas asiq xa falarms do d mña pra saber cmo **facms [combinamos]**.biquiños (B16)

Xa cubrn o asnto ese k m mndaches e despois **dinye [pulsei]** a enviar non era así... (C16)

No conxunto do noso corpus non documentamos exemplos de pro-adxectivos, o que non implica en absoluto negarmos a súa existencia, pois no léxico coloquial son moi frecuentes e adquiren, igualmente, matices polisémicos. Un vocábulo moi rendíbel a este

⁷⁵⁴ Briz (1996:60) inclúe como pro-verbo de alta rendibilidade *pegar*, para o que documenta un grande alcance semántico, como así o demostran as seguintes expresións: ‘pegar unha labazada’, ‘pegar un cartaz’, ‘pegarlle a todo’, ‘pegar con algo’, etc. Con todo, as SMS do corpus non evidencian tal produtividade. Na nosa opinión, este pouco uso pode estar relacionado en grande parte co feito de moitos destes xiros poderen aparecer tamén co verbo *dar*.

respecto é *riquiño*, por exemplo, que presenta unha forte carga de ambigüidade: ‘cariñoso’, ‘tenro’, ‘simpático’ etc. O que si observamos, polo contrario, é a existencia de certas frecuencias gramaticais que, sen chegaren a constituír pro-formas *stricto sensu*, se erixen como as solucións predominantes. Neste sentido, cómpre destacarmos a preferencia polo nexos consecutivo *así que* en detrimento doutras formas como *por tanto*, *en consecuencia*, *por conseguinte* ou *deste modo* como reflicten, entre outras, as seguintes mensaxes⁷⁵⁵:

Na kasa teño atun, gambas e piña, **así q** s qrs kmpra so o q falta (A7)

Mona! Q tal? Nrviosa? Ont nn m deu tmp a xamart! **Asiq** snn falams ants pasao bn no knerto! Gloria ta bn! Xa me kntras maña q tal. Vai amdo! Bks. Qtm (A9)

Bs dias princesa! Km tas? Parc q o dia pinta soleado, **asiq** (s m ska a roupa) pdms ir ao knerto. *** dixo dir ao roxa, pdms ir dspois nn? Vou facer algo..xadiras! (A15)

Ei baby! Vanm lvar até ali **asiq** vou sn coche. En principio volvo kntigo, e se nn knsigo awantar tanto km ti vn **** x min! Vmnos ali! Sde puntuais! Q tal a expo? (A24)

De igual modo, detéctase unha inclinación para o uso do verbo *ter* tanto nos casos en que adquire valor obrigativo e equivale a *deber*, como naqueles en que indica posesión e aparece en lugar de *posuír*. Os casos que figuran a seguir son unha boa mostra da preeminencia desta solución:

*****, **Teño [posúo]** cita no medico as 10 e media e **teño que [debo]** ir entregar uns papeis a maestranza polo do contrato, así q non sei a q hora chegarei. Saudos. **** (A21)

Ti es qn algra os meus días. Sño cntg e pns q m traes flores, pro n realidade nn ers ti. **Tiña [Posuía]** l pqna speranza pro vexot tan lnxe como l lua nunha noite estrelada (A4)

Nn era pa k saiseds. Iate sperar a saída n plan romantiko, xo ante o rechazo q poddo facer? Jajaja! **Terei [deberei]** knformarm ko mail. :-(ate maña (A57)

Que esta época de felicidade e compañía sexa levada ao resto do ano, porque iso é o máis bonito que podemos **ter [posuír]** .Feliz Ano! (C-Nadal 13)

Concordamos con Briz (1996:60) en que neste contexto as escollas lexicais están en moitas ocasións marcadas sociolectalmente, xa que se privilexia a adaptación á situación comunicativa sobre a precisión⁷⁵⁶. En todo o caso e tal e como se desprende de toda esta análise, o emprego de pro-formas constitúe a nivel lexical unha estratexia de economía lingüística que permite ás persoas interlocutoras progresaren no intercambio sen teren que meditar demasiado tempo nunha idea que logo exixirá unha reformulación, o que quebrantaría o ritmo acelerado característico das conversas electrónicas (Álvarez Martínez

⁷⁵⁵ Das 38 ocorrencias en que nas SMS do corpus aparece un nexos consecutivo, a forma *así que* documéntase no 84,2% dos casos.

⁷⁵⁶ Para a prevalencia da forma *así que* tamén se poden aducir outras razóns, alén da acomodación ao rexistro informal: a simplificación de caracteres pode ser un outro motivo de peso: trátase dun nexos de por si breve e que permite, igualmente, que nel operen os recursos de redución grafo-fonéticos, como a omisión de espazos, a redución de grupos consonánticos etc. Véxase 3.2.1.1.

2008:385)⁷⁵⁷. En síntese, podemos concluír que o uso de pro-formas outorga maior dinamismo e maior axilidade á interacción.

3.2.3.2. Mecanismos de ampliación ou mantemento

Como se puido notar na sección anterior, as persoas manifestan tamén no plano lexical unha forte tendencia cara á economía e á eficacia lingüística. A espontaneidade, a ausencia de formalización reflexiva e as presuposicións contextuais que envolven o intercambio favorecen numerosas elipses (véxase 3.2.4.1.1.1) e a preferencia polo uso de palabras cunha ampla esfera gramatical. O contido informativo é imperfecto, mais as persoas interlocutoras conseguen achegarse ao dinamismo propio dun intercambio dialogal. Non obstante, esta mesma orientación dialóxica do xénero das SMS outorga –como xa tratamos para outras áreas de descrición gramatical– un lugar privilexiado aos recursos de ampliación e de mantemento que, contrariamente, redundan na reduplicación enfática. Trátase de estratexias que permiten suplir a falta de pistas paralingüísticas dos textos electrónicos, nomeadamente as relativas á expresividade.

3.2.3.2.1. Repeticións lexicais

A repetición de palabras, frases ou ideas é tamén consubstancial á linguaxe coloquial e, por tanto, debe entenderse desde esta perspectiva (García Benito 2003:165). A súa presenza obedece á énfase expresiva que os interlocutores conceden ao discurso, se ben que tamén posúe outros valores máis sutís: Narbona (1989:181) sinala a súa finalidade elativa, Albelda Marco (2007:72-74) alude ao seu propósito intensificador, en canto Camacho Adarve (2005:1) afirma que “las repeticiones en el discurso oral realizan múltiples funciones, proveyendo cohesión, congruencia y desprendiendo una serie de connotaciones que configuran las relaciones socio-afectivas entre los hablantes”⁷⁵⁸. E aínda a se tratar dun recurso máis característico do substantivo, as reiteracións tamén poden producirse noutras categorías gramaticais (Freixeiro Mato 2006, II:75). Debido ás súas propias características cabería esperar que as mensaxes de texto presentasen en moita menor medida este tipo de estratexias se comparadas co discurso oral: as limitacións de espazo e de tempo, a maior planificación ao se tratat dun discurso escrito e as características que marcan o intercambio (estabelecemento de turnos, ausencia de presenza física e a SMS como unidade dialogal mínima) restrinxen en certa medida a súa rendibilidade. Porén, as persoas usuarias desta tecnoloxía ás veces tamén se serven deste mecanismo que, na maioría dos casos, se manifesta de forma conxunta cos recursos de intensificación que analizamos en 3.2.2.2.5. Así, por exemplo, presenta unha grande rendibilidade a reduplicación do adverbio de cantidade *moito*, que funciona de xeito semellante ao dos estiramientos gráficos (véxase 4.3.2.1.2.1):

Boas noits fea! Q tal o día? Eu + ou -! Kmpreivs lcpiyoy d dnts pa q tñads na miña ksa. XDD
nkntrm l pouk mal! Spro q sts bn! **Qtm8m8m8m8** pk! Q dskanss (A6)

Boas noits pk! Xa tams n kma q **** stab rvntado! q tal kn *****? Falams maña! Querot
m8m8m8m8! Muaka! Q dsknses! Eu vou mimir (A268)

⁷⁵⁷ Neste punto, cómpre destacarmos que, a pesar de non acharmos ningún exemplo no noso corpus, as fórmulas *aquelar*, *aquela*, *ter un aquel* etc. constitúen pro-formas de grande rendibilidade no rexistro coloquial en lingua galega (Sánchez Rei 2006:73 e Freixeiro Mato 2013:132-133).

⁷⁵⁸ Para Lapa (1979:145): “a repetição do nome é um processo estilístico que serve para exprimir, com alvoroço do sentimento, a quantidade ilimitada. O redobro da palavra é sinal de energia psíquica e encontra-se sobretudo nas línguas primitivas”.

Saud, ledicia e **m8, m8** lingua pa o ano novo!!!! (C-Nadal 60)

Grazs polo d hoxe, stba m8 rikisimo tdo! Es 1sol! Nn sei q faria sn ti! **Qtm8m8m8!** Muaka! Chamam pa qdr maña e xa m kns q tal a peli. Bks (A125)

Neste punto, convén salientarmos a súa eficacia expresiva non só cando aparece reduplicado e modificando un único elemento, mais tamén cando a súa presenza é extensíbel a toda a SMS outorgando un valor enfático a todo o enunciado. Vexamos algunha mostra:

jajaja! Nn o vira! **M8s** grazas snorlax, xo nn te akostumbres! jeje! **Qtm8** petardo. Trabya pouk e nn t knses q logo nn rndes! XDD (A213)

Boas noits kari! Botot **m8** d-j Stou dsxando vrte para achuchart! **Qtm8** wapo! Muaka! Xps. Ate maña! Q dsknss! (A277)

Boas noites pk! Nn t nfads, xq nn penso q fagas nada a proposito nin **m8** -! **Qtm8** e sei q ti a min tb, x **m8** q digas. Dsknsa princesa. **Qtm8m8m8m8!** Boas noits! (A200)

Nunha liña similar á reduplicación do adverbio de cantidade, teríamos de situar a do pronome indefinido *todo*, que presenta unha finalidade claramente expresiva e cómplice:

Maña d 10:30 a 12:30 dou a miña 1a klase! Stou nerviosiya! Jeje! Pois s t pasas x ali xa che knto **tdo, tdo!** Ti q tal? I MISS U 2! xa diras! Boas noits baby! (A132)

Álvarez Martínez (2008:370) documenta tamén como estratexia de reiteración o uso de estruturas negativas en que se combinan as partículas *non*, *nin* e *nada* para enfatizar a expresión da negación: “nada de nada”, “non teño nin idea” etc. O noso corpus tan só documenta dúas ocorrencias para este tipo de reduplicacións:

Nn tño tlf **nin nada** sorry (A408)

Nn m kntou **nda d nda!** Oxe e a volta d madri-brsa as 9-kuart asi q se gres ims ants ou nn ims. Km ti qeiras! Bikos (A129)

Noutras ocasións a motivación psicolóxica destas reduplicacións non é simplemente enfática. Na opinión de Jiménez Moreno (2005:638), o uso do imperativo favorece un tipo de repetición afectiva: a repetición mecánica ou literal dunha palabra ou elemento fraseolóxico delata o nerviosismo ou a curiosidade dos interlocutores e ten unha finalidade de insistencia⁷⁵⁹. Esta mensaxe é un claro exemplo:

oyeeee! Q tal oxe? Puxechete wapeta? Sakarnch fotos? **Knta knta!** Bks chorvi (A257)

⁷⁵⁹ Aínda que ausentes no noso corpus, Jiménez Moreno (2005:638) afirma que para alén da repetición literal do tipo “cala, home cala”, teñen un maior efecto expresivo se estas veñen introducidas por un verbo *dicendi* do estilo “cala! que cales! (dixen)”. Esta serie de estruturas terá maior probabilidade de aparecer en medios de interacción sincrónica, como os chats, en que a comunicación é, necesariamente, inmediata.

Mais de igual forma que afecta todas as categorías gramaticais, o valor expresivo das repeticións non se reduce a un tempo verbal. Así, xunto ao imperativo, documentamos outros tempos e / ou construcións verbais a que se lles poden outorgar obxectivos homólogos, como evidencia a seguinte SMS:

A vr a vr x agora vexo anuncios (A94)

O emprego de enunciados curtos, moitas veces inacabados, dunha sintaxe desordenada con frecuentes rupturas e de numerosas elipses é rendíbel porque a comunicación descansa, como xa apuntamos, en determinadas presuposicións situacionais. Con todo, en ocasións as reiteracións lexicais manifestan unha finalidade claramente pragmática, na medida en que son necesarias para dotaren de coherencia os textos. A súa aparición xorde así para compensar as posíbeis complicacións informativas provocadas pola falta de planificación previa do discurso. Neste sentido, as repeticións funcionan como elementos anafóricos ou catafóricos de progresión temática que permiten recuperar un tópico anterior ou focalizar a atención sobre unha determinada información⁷⁶⁰. Eis algúns exemplos:

Vou xegar algo tard pq vai en rtraso o bus supoño q xegarei a e 15 (A95)

Stams vendo a peli kndo saia buskote. Tams vndo a dos kohen..mola! Bkos chorvi!jeje (A34)

Se iso xa t **xamo** logo pa quedar, q pa qdar sn kbtrur **outra vez...**excuso **xamart again (A350)**

**** nn koyiches os espagetis! Pasate **kndo saias** e douchos. Chama a kasa **kndo saias!** Qtm8! Xps (A255)

Igualmente, a vontade de experimentación lingüística e a creatividade que predomina neste tipo de contornos de escrita, favorece tamén que moitas das estratexias analizadas estean en ocasións unicamente ao servizo do xogo e da diversión. Na nosa opinión, os seguintes casos deberían ser analizados desde esta perspectiva:

felz **ano ano!!!!** e coidado en fin d **ano** coas farolas XD... (C-Nadal 41)

126.felices festas a todos as personas e as q nn sn personas xk esto e lha vida **loca loca loca** perdida todo!!!!!!!!!!!!!! en estas navidades turrón de t (C-Nadal 126)

3.2.3.2.2. Onomatopeas

Tal e como sinalamos en 2.1.1, os signos lingüísticos son o resultado dunha convención. Porén, achamos algúns que presentan certo grao de motivación. Este é o caso das onomatopeas, palabras que imitan voces de persoas, animais, fenómenos naturais e ruídos de obxectos (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010:464). En moitas ocasións

⁷⁶⁰ Para unha aproximación pormenorizada á repetición lexical en tanto que recurso de cohesión, véxase Freixeiro Mato (2006, IV:110).

estas produciron novos elementos lexicais que pasaron a formar parte do lexicón dunha lingua, como así o evidencian os sons emitidos polos animais (*bear*, *croar*, *miar*, *piar*⁷⁶¹, *rinchar*) ou os nomes dos fenómenos dialectais (*seseo*, *gheada*). Noutros casos, mesmo determinaron a evolución dalgún termo, como acontece en *zoar*⁷⁶². No contexto escrito, a representación gráfica dos sons permite ás persoas usuarias transmitiren información extralingüística e compensaren a ausencia das canles auditiva e visual. Neste sentido, as onomatopeas e, como veremos en 3.2.3.2.3, tamén as interxeccións, reforzan o carácter oral das mensaxes de texto (Álvarez Martínez 2008:395). Por tanto, a súa presenza na comunicación electrónica persegue unha finalidade claramente expresiva. Consoante sinala García Benito (2003:162), moitas delas proveñen do universo da banda deseñada, onde as personaxes falan tamén a través de sinais gráficos. De feito, son as responsábeis do dinamismo da acción que caracteriza este xénero: explosións, risos, tiros, labazadas etc. De acordo con Morala (2001), son tanto máis usadas cando o texto en que se utilizan pretende ser unha mostra menos formal e máis oral da lingua, o que explica a súa eficacia no marco das SMS⁷⁶³.

O son que produce maior variedade de imitacións na escrita electrónica é, con certeza, o do riso. Continuamente aparecen nas SMS onomatopeas con que se alude a esta emoción. Existen diversas posibilidades de representación gráfica e cada unha delas engade matices distintos que, con frecuencia, non pasan desapercibidos. En palabras de Morala (2001), “desde una risa callada, casi sólo sonrisa, hasta la carcajada más hilarante y burlona, pasando por toda una gama intermedia de la que, sólo por el contexto, se podría precisar algo más su valor significativo”. No noso corpus achamos catro variantes, que pasamos a describir a seguir:

- **jajaja**, que representaría o riso normal perante un comentario gracioso. Segundo Álvarez Martínez (2008:396), en ocasións pode ir en maiúsculas, o que lle sumaría maior intensidade.
- **jejeje**, que se correspondería cun riso moito máis cómplice ou burlón que pode acompañar enunciados irónicos ou dobles sentidos.
- **jjj** (ou **jjiji**), que simboliza un riso pícaro e malicioso, que nalgúns casos pode resultar mesmo ofensivo, constituíndo así un acto ameazador da imaxe da persoa receptora⁷⁶⁴, como tamén acontece con algúns emotícones (véxase 3.2.4.3.1).
- **jojojo**, que reproduce o riso máis divertido e que adoita aparecer en textos cun marcado ton de brincadeira⁷⁶⁵.

⁷⁶¹ Convén neste punto facermos referencia ao *Twitter*, rede social de microblogging que debe a súa orixe á onomatopeia inglesa para o piar dos paxaros, animal que tamén fai parte do seu logotipo.

⁷⁶² De acordo con Ferreiro (1999:120), a evolución natural do vocábulo latino SONARE, logo da caída da nasal intervocálica e da perda da vogal postónica sería *soar* e só a influencia onomatopeica do son do vento pode explicar o paso de *soar* > *zoar*.

⁷⁶³ Os chats, ao seren espazos de interacción sincrónica que permiten partillar un espazo virtual, favorecen o uso de onomatopeas moito máis variadas, relativas ao aborrecemento, ao sono, aos choros etc. Os xéneros asincrónicos como as SMS adoitan representar estas ideas a través de emotícones (véxase 3.2.4.3.1).

⁷⁶⁴ Anis (2006) documenta tamén o uso de *mouhahahahaha* no francés, a imitar un son claramente ameazador da imaxe.

⁷⁶⁵ É preciso sinalarmos a ausencia de formas con “h” no noso corpus, a pesar de seren moi rendíbeis noutros soportes de interacción electrónica e de constituír a alternativa “máis galega” –ao non conteren a grafía española “j” – e tamén a máis universal, como se observa neste foro de WordReference: <http://forum.wordreference.com/showthread.php?t=183696>. Máis unha vez, a presión do español acaba por hibridizar o discurso interactivo en galego (véxase 3.3.2).

As dúas primeiras opcións constitúen, na mostra que manexamos, as alternativas máis frecuentes para simbolizaren o riso. E aínda que non se trate dun uso estandarizado, o máis habitual é que se representen a través de tres sílabas. Porén, achamos casos en que estas se reducen a dúas ou se estenden a catro ou máis, por cuestións de economía e de expresividade, respectivamente. Eis algúns exemplos:

Ola! Akb d xegar a casa q deíxei o mbl krgando! Q ansias x deus! **Jaja!** Ok o domingo way!
Ao meyor tms 1 amiga d sviya x aki! Hai 1 prato +? (**A402**)

Resultado dos analisis: stou kañon! **Jeje!** (**A68**)

Seguro q n paras d pnsar ns mñs prnas e o unq sxi q tñ **jajaja**. Qrt (**A532**)

Nn era pa k saiseds. Iate sperar a saida n plan romantiko, xo ante o rechazo q podó facer?
Jajaja! Terei q knformarm ko mail. :-(ate maña (**A57**)

Trnk! eu tamn!!!! nn sei como vou dar comido todo iso...E fai klor! nn m aptc comr ahi
fora...**jejeje!!!** Vou facr cma os osos: xa comin para unha stacion nteira! bs! (**A240**)

olaaaaaaa! Como vos vai co ekipaje??? Si nn che coye todo mndocho eu por correos!!!!!!
Jjjjj levad bn viaxe e tede cuidado...xa chamaredes...chao... (**C25**)

boas fsts e prsper ani nov uns bks!!!!!! :) soms s mas guais de mugar incluid ***** -.-!
jojojojo FELIZ NAVIDAD :) HELLO ***** :) :) (**C-Nadal 26**)

O valor expresivo desta estratexia provoca que se concentre nas zonas que manifestan un maior valor relacional e contribúe para preservar a imaxe da persoa interlocutora. Por esta razón, o encerramento constitúe, habitualmente, un lugar privilexiado para a aparición deste fenómeno. Así, para alén da imitación do riso, convén apuntarmos a despedida mediante bicos, que tamén pode ser representada a través dun *muaka*, onomatopea adaptada do inglés e que, no noso corpus, sempre aparece representada coa grafía foránea *k*:

Aver person! Q fas? Sort para o exame, inda q vendo a q ts no trivial nn ch fai falta! Jejeje! A
q ora t spero no meu flat? Nn m rompas agora o korazon! **Muaka** (**A37**)

Boas noits pk! Xa sta tdo ready! Jeje! Agora so falta q che guste! I miss u a lot n klase! Nn sei
q vou facr a partir d agora...abra q pnsar n1 plan b! **Muaka** (**A38**)

Grazs polo d hoxe, stba m8 rikisimo tdo! Es 1sol! Nn sei q faria sn ti! Qtm8m8m8! **Muaka!**
Chamam pa qdr maña e xa m kns q tal a peli. Bks (**A125**)

Eu nn ia dicir nda xo m8 ben nn sbian! Jeje! Xo tranki q o q knta e a intncion! Jeje! **Muaka!**
(**A186**)

Algunha das mensaxes expostas até o momento corrobora a idea dalgúns autores, como Vela Delfa (2005:703) ou Morala (2001), que afirman que as onomatopeas rara vez aparecen de forma isolada. En moitos casos, reitéranse ao longo do texto, nomeadamente as que teñen relación co riso. As seguintes mostran dan conta desta reduplicación:

Kari, para min es o meyor xteiro do mundo! **jeje!** Espero q sta noit marks m8s! **jaja!** Querote
snorlax! **Muaka!** XDD xps (**A207**)

I miss u everyday baby! **jaja!** A vrdad e q staba n clase e pnsando n Madrid! oye si t rgalo lncria fina **** n se nfad no? **jajaja!** Boa viaxe de volta! **Muaka!** (A258)

jajaja! unhas knvrse! non acrtaron no numero pero no resto ben! **jeje!** **Muakkaaaa** (A352)

Igualmente, a análise do noso corpus revela que con frecuencia o uso das onomatopeas aparece asociado ao dos estiramentos gráficos. Os traballos de Vela Delfa (2005) e Morala (2001) teñen como obxecto de estudo medios de interacción mediada por computador e sen limitacións espaciais, como o correo electrónico e os chats. Nestes contornos, as repeticións están favorecidas pola facilidade que outorga o teclado para escribir unha mesma grafía. No caso das SMS estes condicionantes restrinxen, *a priori*, a rendibilidade das ditas estratexias⁷⁶⁶, mais na realidade é tamén habitual que aparezan de forma conxunta, como se pon en relevo nestes textos:

ola golf! Q tl sem sta? Eu akbeina ltnt acidntada: abrin a fronte kunha klumna!! Stou **wapisisisima!** A vr kndo visitas a nfrma...bikos mona! **Muakaaaaaa** (A330)

Q tal ye foi o dia ao meu ncfalograma plano favorito? Jeje! Eu bstante ben! XD maña xa stams xuntiñas! Podras awantar? Jeje! See u 2morrow darling! **Muakakakaka!** (A47)

a tr voas fsts e a estar ben k family... e drlle a os **chupitooooosss jajajajajjaa** cabeza non **paraaaaa!!!!!!!!!!!!** (C-Nadal 131)

E a pesar de que a imitación do riso e dos bicos constitúen as onomatopeas predominantes no noso corpus, tamén achamos algunha outra que non encaixa nesta categoría:

Ola pk! Tou **chof!** Ti q tal? jopis, morreu Brooklyn! :(kaka (A238)

Rock in theatre!!! **aaaaaaauuuuu!** Jeje! Fuchs pa kasa? Sto is starting! Stams diante d tdo, tratarei d skivar as bqetas e as puas q lanzen! Jeje! Muaka chika 10! (A40)

En síntese, podemos observar que xunto ao emprego de maiúsculas, de estiramentos gráficos, de emotícones ou da puntuación expresiva, as onomatopeas contribúen, igualmente, para a marcaxe emotiva dos textos.

3.2.3.2.3. Interxeccións

A lingua das SMS manifesta como vemos unha forte tendencia á simulación do xestual. Os emotícones (véxase 3.2.4.3.1) serán a mostra máis evidente, mais non a única. O discurso coloquial é eminentemente xestual e as persoas usuarias pretenden trasladar esta característica á comunicación electrónica, isto é, do plano oral para o gráfico. Nesta liña, emprégase unha grande variedade de interxeccións que reforza o sentido de copresencialidade e de familiaridade entre os interlocutores e que reflicte a organización da fala (véxase 3.2.2.3.2). As interxeccións son reaccións do falante que se materializan a través

⁷⁶⁶ A propia Vela Delfa (2005:684) é consciente da diferenza que separa estes sistemas de comunicación das SMS ao subliñar que, embora o teclado dos telemóbeis sexa capaz de representar un número elevado de caracteres, a cantidade de teclas de que dispoñen é moito máis reducida que nos computadores, o que terá repercusións na rendibilidade de determinadas estratexias lingüísticas.

da palabra. Non obstante, para Freixeiro Mato (2006, II:684) estas partículas non forman parte das clases de palabras nin posúen unha caracterización morfolóxica definida, para alén de non desempeñaren tampouco ningunha función sintáctica. Deste modo, o antedito autor xulga que constitúen en sí propias enunciados ou cláusulas de grande elocuencia. Nas súas palabras “intégranse no discurso como enunciados independentes, fornecéndolle valores emocionais relevantes con significado cambiante segundo o contexto ou as circunstancias”⁷⁶⁷. E embora se comporte como unha cláusula completa, pareceunos oportuno incluírmos a súa análise na epígrafe correspondente á esfera léxico-semántica, dado que o relevante da súa aparición é o seu valor conceptual. As interxeccións funcionan, pois, como marcadores de expresividade e, neste sentido, configúranse como un recurso estilístico de grande rendibilidade, o que explica a súa forte presenza na lingua literaria (Freixeiro Mato 2006, II:684) e a súa penetración na lingua electrónica e, máis concretamente, nas SMS.

Como apuntamos, o significado das interxeccións é na maioría dos casos contextual e neste punto ten unha importancia decisiva a entoación (García Benito 2003:162), ausente para a nosa interpretación. No entanto, existen algunhas que poden ser doadamente identificábeis con certos valores ou matices. Seguidamente presentamos unha compilación daquelas que maior presenza manifestan no noso corpus, acompañadas do seu significado: i) *Au* para a expresión de dor; ii) *Ei* para a advertencia e o saúdo; iii) *Ai* para sorpresa ou o sobresalto; iv) *Ah!* ou *Oh!* para manifestarmos sorpresa ou entusiasmo; v) *Bah!* ou *Boh!*⁷⁶⁸ para indicarmos incredulidade, desprezo ou desgosto; vi) *Eh!* como fórmula apelativa ou de reafirmación categórica no final do enunciado; vii) *Buf* para expresar dificultade; e viii) *Apuf* para sinalar cansazo, tristura ou preguiza. Vexamos algúns exemplos:

Au! doem tamn o stomg! Sts días forn moi durs gastronomikmnt! XD! Q tl tas? Spero q steas relaxada e q vos vaia bn a knvrsla! Nn vou apaga-lo movl x s m kers xamr! Bks! (A199)

Ei? km stas? Pasou algo ont? xq xamaxs a ****? Q tal o knrto? Eu creo q stou piyand algo xq m nknto fatal! (A283)

ai cariño, a mochila!! :-@ nn t fai falta?! (A386)

ei guapa! Q tal foi filadelfia? Ns o venrs ben! As putas risas o tio ste!! Onte salin n manhattan. Hoxe dia tranki d curro e organizr a ultima smana...oh my god! (A469)

ahhhh olvidouseme decir k empezei a trabayar o viernes en curtis....dous meses.... (C32)

E o trabayo? **Ba** nn t preocups se mo ts q mandar + tard q o imprimo pola maña bks boa viaxe e bo nadal (A97)

Bo eu son tonta, teño aquí apuntado que e o 25 e eu pensando que era hoxe (A343)

Pola noite sairei a iso das nove, asi q igual si nos vemos. Se te queres apuntar a cea estas convidada **eh** (B11)

Buf! Xa q nervos! Nn sei s deixa ou nn xa vrmos bks (A105)

Apuff! Prdoa q akbo d lelo! Sain coa rapaza do piso e maña nnsei s farei grand kousa q toka videoknfrncia! ***** pnso q anda liada kn dspddas e iso! Bks (A472)

⁷⁶⁷ Di ao respecto Vilela (1999:269): “Nas interjeições, temos expressões com valor frásico mas sem qualquer forma frásica. Exprimem de forma condensada sentimentos e emoções em que o seu significado depende da situação e do contexto em que intervêm também a entoação, a mímica, o gesto do falante, etc. Uma mesma expressão pode significar alegria, surpresa, ódio, receio, etc.”

⁷⁶⁸ Nestes casos adoitan aparecer sen a consoante muda, na liña do sinalado en 3.2.1.1.3. Con todo, non se trata dun fenómeno sistemático, de forma que nalgúns ocasións esta xustificación nin sempre é válida.

En conclusión, pódese observar que este tipo de mecanismos responde a unha clara pretensión, isto é, a imitación da voz. Esta é, en parte, unha das razóns de que a escrita electrónica se “deforme” e manipule o significante coa finalidade de representar de modo gráfico o son da fala.

3.2.3.3. Estratexias de creación

3.2.3.3.1. Ampliacións lexicais e/ou semánticas

O desenvolvemento dun novo contexto como a Internet e dos soportes dixitais levou, como xa tratamos en 2.2.4, á aparición de multitude de termos e á ampliación semántica dos xa existentes para faceren referencia ás novas realidades do medio. Nesta liña, a expansión dos sistemas de comunicación electrónica e as circunstancias en que se desenvolve este tipo de intercambios –contexto informal, alto grao de familiaridade etc.– favoreceron, igualmente, a explosión de novo léxico. Sobre este particular, Vigara Tauste (1992:296-297) indica que no contexto da comunicación cotiá xorden con frecuencia expresións novas, auténticas creacións de urxencia que responden a unha dupla “lóxica psicolóxica”: por un lado, a do propio falante no emprego dos recursos da linguaxe e, por outro lado, a establecida entre a persoa falante e a interlocutora no conxunto da súa situación comunicativa concreta. De acordo con esta autora, non se trata en sentido estrito de neoloxismos, senón de creacións lexicais ocasionais e espontáneas que, como norma, non chegan a formar parte do léxico de uso xeral e que están destinadas a non perduraren no tempo. Na opinión de Bally (1977:41-42):

El hombre que habla espontáneamente y actúa por medio del lenguaje, aun en las circunstancias más triviales, hace de la lengua un uso personal y la recrea constantemente. Si sus creaciones pasan inadvertidas es porque en su mayor parte no tiene porvenir, son olvidadas en el momento de su aparición y escapan a la atención. Sin embargo, es un error despreciarlas; si se las examinara, se vería que se cumplen siguiendo las tendencias subterráneas que rigen el lenguaje; que esas creaciones espontáneas se destacan del fondo de la lengua usual, como las creaciones de estilo se destacan del fondo de la lengua literaria convencional. Esos dos tipos de innovaciones, hallazgos espontáneos del hablar y hallazgos de estilo, derivan de un mismo estado de espíritu y revelan procedimientos muy semejantes.

Estamos, por tanto, perante ampliacións lexicais e semánticas eventuais que xorden pola necesidade obxectiva de disporen de significantes para significados que non os teñen ou pola necesidade subxectiva de crearen significantes novos para significados que xa posúen outros (Seco 1970:170). No entanto, en ocasións algunhas creacións expresivas e individuais a que se lles presupón unha vida efémera acaban por conservar a súa vixencia, cando menos nun determinado círculo e durante un tempo máis ou menos amplo ou mesmo poden gozar dun suceso social inesperado e acabar incorporándose na lingua común. A análise do noso corpus revela a sobrevivencia de determinadas creacións lexicais asociadas inicialmente á linguaxe xuvenil⁷⁶⁹ e que se manteñen na actualidade, menos marcadas socialmente, en rexistros informais da lingua (véxase 3.2.3.4.2). Na maioría dos casos trátase de ampliacións de significado, como acontece nos seguintes casos:

⁷⁶⁹ Seguindo Moure (2004:73) e Sánchez Rei (2011:67), este tipo de léxico de tipo apreciativo adoita ser moito máis frecuente na linguaxe feminina en rexistros coloquiais.

Ola **xurra!** Q tl? Q pasou? Nn t xamo x se molsto...Q tl sta ***? Quero sabr!!!! Oxe ims correr? Ncsito sablo xq senn ceno con nu e yesi! (A127)

Trnk⁷⁷⁰! eu tamn!!!! nn sei como vou dar comido todo iso...E fai klor! nn m aptc comr ahi fora...jejeje!!! Vou facr cma os osos: xa comin para unha stacion nteira! bs! (A240)

Churri, km stas? Stou preokupad e sintm fata x nn srvir para nda! Falaxes kn tua nai? Se ncsitas kalqra kousa xa sabs ond stou ok? Qtm8m8m8 (A233)

Outras creacións lexicais aparecen co obxectivo de conseguiren unha maior expresividade. Para isto, en ocasións recórrese a outras linguas, como acontece coa forma *person*, que substitúe a normativa *personaxe*⁷⁷¹. O uso do inglés responde, como veremos en 3.2.3.4.1, a unha cuestión de moda e propágase, fundamentalmente, entre as faixas etarias máis novas. Noutros casos, ocorre todo o contrario e a elocuencia conséguese deformando o estranxeirismo mediante un proceso semellante ao da etimoloxía popular como en *emilio* ('email'). E, ás veces, tamén se crean novos termos porque os xa existentes carecen da carga expresiva que as persoas precisan nun determinado momento. Por exemplo, o noso corpus documenta o emprego de *machupino* para –de modo pexorativo– facer referencia á variedade do español sudamericano, para o que tamén existen outras fórmulas, como *panchito*. Eis algunhas mostras:

Felicidades **person!** Xa tes 1 idade asiq deberías empezar a pnsar n ir mrkndo alguna crema pa disimular os dsperfektos, q os anos nn perdoan! XDD pasao ben! (A230)

ok! Se podo tb xe scribo un **emilio!** Non sei s n galego ou en **machupino**, dpndra de km d fluido sexa ste ultimo! XD Xa tams n madri komiditos e ate as 5 non saims! (A458)

Aver **person!** Q fas? Sort para o exame, inda q vendo a q ts no trivial nn ch fai falta! Jejeje! A q ora t spero no meu flat? Nn m rompas agora o korazon! Muaka (A37)

En relación co sinalado en Sánchez Rei (2011:245) a respecto do uso de certas xirias urbanas, achamos no noso corpus o emprego dalgúns termos pertencentes á variedade lingüística coñecida como “coruño”, utilizada nos ambientes xuvenís pertencentes a estratos sociais medio-baixos da cidade herculina. Así, documentamos o uso da forma *pirar* ('irse') e, de modo recorrente –aparece en 29 ocasións– a solución *chorbo* e *chorba* ('rapaz' e 'rapariga'), utilizada habitualmente na súa variante cariñosa *chorbi*⁷⁷². Costuma aparecer con moita frecuencia como parte dos saídos, ben na apertura, ben nos encerramentos. A seguir, presentamos diversos exemplos:

Xa teño cita no okulista para o 26 deste mes. Agora xa nn tes nda q decirme eh! Q tal a ponte? Eu kaka, xa che kntarei! St finde **pirams** pa Madrid! A vr q tal! (A225)

⁷⁷⁰ O caso de *tronco/a* é significativo na medida en que esta acepción xa aparece en moitos dicionarios. Véxase <http://www.wordreference.com/sinonimos/tronco>

⁷⁷¹ Incluímos o uso de *person* nesta epígrafe porque a pesar de estarmos perante un estranxeirismo, tamén constitúe unha ampliación lexical, na medida en que adquire funcionalidades e usos que non manifesta na lingua de procedencia.

⁷⁷² Na rede circulan algúns glosarios coas creacións lexicais máis frecuentes desta variedade coruñesa. Véxase http://inciclopedia.wikia.com/wiki/Anexo:Glosario_de_Koru%C3%B1o.

ola **chorvi!** Q tal? km che qda esa pixama? km foi a smana? Eu pnso q stou inkubndo algo...bikos! (A264)

Boas noits **xorvi!** Klqra kousa xamam ok? Da = a ora! Maña pgoxe 1tok pa vr km stas! Koidatr m8! Muaka (A441)

Ola prson! Q tl stas? Eu tou again n kma xq nn pdo ko ku! Maña s nn ts plan e qrs facr algo avisa! Eu supoño q starei n ksa! E snon vmoms luns! Muaka **chorvi!** (A23)

A relativa novidade deste vocábulo provoca certas dúbidas lingüísticas a respecto da súa forma gráfica. Nestes medios, e aínda que o uso maioritario que se constata no corpus prioriza a opción con “v”, contamos cunha mensaxe en que se cuestiona a dita solución:

E se en plan boiño dim q m rcoll as ntrads pero en realidade si q van e eu qdo fatl??? X crto, **scribse chorBi, o d v e cousa miña** (nn m copies). Bks! Qtm! (A243)

E, en último lugar, cómpre subliñarmos que o feito de nos encontrarmos nun contorno de comunicación mediada favorece a utilización dunha serie de vocábulos que poderían ser interpretados como propios do soporte informatizado. De acordo con Álvarez Martínez (2008:393), nos espazos mediados é habitual a incorporación da arroba para referirse a ambos os xéneros gramaticais (véxase 3.2.2.1.1) e a difusión de verbos con ampliación semántica como *caer*, *entrar*, *saír*, *pendurar*, *subir*, *meter*, *pasarse* e *fechar* para referirse a diversas accións efectuadas na plataforma virtual (Sánchez Rei / Mosquera Castro 2013:195-198). Mais, para alén dos anteriores verbos, tamén poden ser consideradas como léxico especial as formas *sip* e *nop*, fortemente extendidas na Rede por influencia das variantes coloquiais inglesas *yep* e *nop* (Galindo Solé / Pons Moll 2000) e pola rendibilidade nestes contextos do léxico infantil como se tratará en 3.2.3.4.2.2:

Nop! Vamos kn retraso! X? (A339)

Hi! **Sip**, xa me xamou onte! Imos despois x eles! Ate un anako (A492)

Como se pode advertir da maior parte dos exemplos achegados, trátase de creacións lexicais cunha forte carga expresiva ou enfática. Estamos, igualmente, perante fenómenos que ultrapasan de forma intencional as normas do correcto, o corrente e o oficialmente admitido. E a súa rendibilidade radica, principalmente, nesas mesmas extralimitacións gramaticais (Vigara Tauste 1992:300).

3.2.3.4. Outros recursos lexicais

Unha análise do léxico presente nas SMS do noso corpus permite evidenciar, igualmente, que alén do equilibrio entre os mecanismos de redución, de ampliación e de creación, existen tamén determinados fenómenos lingüísticos que deben ser explicados atendendo ás propiedades intrínsecas do contexto de comunicación en que se producen. Na maioría dos casos non constitúen recursos novidosos, pois son comúns a todas aquelas modalidades de lingua que teñen lugar en contextos informais e que partillan certas características, entre as cales destacan a natureza oral, o carácter dialogal e a espontaneidade dos intercambios. Non obstante, as propiedades específicas da comunicación electrónica

favorecen a rendibilidade deste tipo de estratexias na escrita das mensaxes de texto: primeiramente, a distancia física dos interlocutores, que contribúe para a desinhibición das persoas usuarias; e en segundo lugar, a tendencia oralizante dos medios de interacción dixital, que provoca unha maior laxitude lingüística e unha desconfiguración dos aspectos formais e convencionais da lingua escrita⁷⁷³. Estas particularidades, como xa se tratou, teñen tamén certas implicacións do punto de vista morfosintáctico (véxase 3.2.2.3) e pragmático (cfr. 3.2.4.4), mais será a esfera lexical aquela en que viren máis evidentes viren. En 3.2.3.3 sinalamos a capacidade do rexistro informal das SMS para a creación ou, cando menos, a aparición de neoloxismos; nesta sección dedicaremos especial atención á introdución de estranxeirismos, ao predominio de certas xirias ou expresións coloquiais argóticas e ao particular tratamento que recibe a toponimia neste soporte.

3.2.3.4.1. Introducción de estranxeirismos

En seccións precedentes –3.2.1.1.8, 3.2.1.3.2 e 3.2.2.3.1– xa tivemos a oportunidade de observarmos o suceso que experimentou a introdución de estranxeirismos. Non se trata dun fenómeno novidoso, pois documéntase desde os primordios da historia das linguas⁷⁷⁴; porén, o desenvolvemento das tecnoloxías e as facilidades comunicativas que ofrecen a Internet e os novos sistemas de interacción electrónica favorecen un maior contacto lingüístico, non só con idiomas próximos do punto de vista xeográfico (catalán, portugués, español), mais tamén con outros máis afastados do noso territorio (italiano, inglés, chinés etc.). Entre todos eles, a lingua inglesa é, como xa puidemos notar, a que asume neste contexto un papel máis relevante por diversos factores que tamén foron apuntados: por unha parte, constitúe como un dos idiomas de comunicación internacional e, por outra parte, cómpre termos en conta tamén que os avances tecnolóxicos e a escrita electrónica tiveron como lingua vehicular inicial o inglés (véxase 2.2.4). Serán estas circunstancias as que expliquen en grande medida o uso desproporcionado de estranxeirismos, e particularmente de anglicismos, na esfera electrónica. A súa presenza nas SMS pode estar xustificada, igualmente, por outros condicionantes relativos ás dinámicas da conversa electrónica: así, debemos reparar en que, por exemplo, a lingua inglesa é, polo xeral, moito máis sintética do que as linguas romances –tamén no que aos recursos de abreviación se refire–, polo que o seu uso pode en ocasións reducir o número de caracteres e tornar máis fluída a interacción (véxase 3.2.1.1.8). Non obstante, xulgamos que a motivación principal descansa no emprego lúdico da linguaxe e no carácter expresivo deste tipo de textos. Igual que en 3.2.1.3.2. afirmamos que a inclusión de graffias foráneas podía interpretarse como unha incorrección deliberada, o emprego de estranxeirismos responde tamén a unha vontade transgresora que desafía as pautas lingüísticas preestabelecidas. Trátase, en definitiva, dun uso consciente e creativo que crea certa complicidade entre as persoas interlocutoras⁷⁷⁵.

⁷⁷³ De acordo con Salazar (2001), estamos perante unha representación do oral e ao falar ninguén marca acentos gráficos, tampouco se notan os erros ortográficos e a maioría das expresións lexicais argóticas ou disonantes se pasan por alto. Todo se contextualiza e a precisión non é necesaria.

⁷⁷⁴ De feito, Ferreiro (2001:312) afirma que xa na Idade Media algúns empréstitos do francés e do provenzal tiveron grande influencia na lírica trobadoresca. Igualmente, Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei (2005:734-740) documentan tamén na literatura galega do XIX algunhas composicións en que o uso de estranxeirismos é salientábel.

⁷⁷⁵ Gómez Torrego (2001) afirma que o feito de ser a mocidade o grupo de idade que máis utiliza este medio converte a introdución de estranxeirismos nunha marca de sociolecto, propia da xiria xuvenil (véxase 3.2.3.4.2.1). Os datos que manexamos concordan con esta hipótese, pois salvo algunha excepción, a maior parte das ocorrencias constátanse no grupo de idade de 15-25.

As mensaxes de texto do noso corpus conforman un claro exemplo da rendibilidade uso de anglicismos, se ben que tamén achamos mostras doutras linguas. Por un lado, a escrita SMS documenta moitos dos fenómenos lingüísticos que operan na lingua xeral; deste modo, documentamos mensaxes en que os vocábulos foráneos se utilizan para designaren novas realidades que foron fixadas nunha lingua concreta e adaptadas polas demais:

Hi baby! Pois nos x aki, inkumprnd a diet! Xa m sint mal! ☹ sakad m8 fotos e pasadeo bn!
Tamos xgand **pokr!** Q tal lvads iso d nn dspegarvos? jeje! Biks chorvi (A329)

Si. Intentarei chegar a -10, para q me dea tempo a chegar a **karate** (A281)

Neste punto a novidade radica na proliferación de novos termos vinculados ao contexto electrónico. Trátase fundamentalmente do nome de aplicacións informáticas que dificilmente chegarán a ter correlatos no resto das linguas debido á súa ampla difusión e porque na maioría dos casos funcionan como nomes propios.

O caf e agora mesmo avisei x **face** e no m lembrei de avisart x mv sorry (A407)

E k ainda non te modrnizachs co **whatsapp**...k antiga es...debes de ser a unica persoa en España k non o ten activado.... (C12)

Q **sms** + kurrado! Pois tams na kma. Stivems xgando a wii e agora a vr se facems os dbres, xo sn violencia! Jopis kndo akabems as klass vout botar m8 d-! Nn qro!!! (A43)

E mesmo nos casos en que se conseguiu fixar outro termo na lingua de destino para os neoloxismos creados desde o inglés, parece que a tendencia dominante nestes contextos continúa a ser a alternancia co anglicismo. Un exemplo significativo desta situación é a dicotomía entre o uso do estranxeirimo *e-mail* –que aparece en seis ocasións– e o seu equivalente galego *correo electrónico* –para o que documentamos sete ocorrencias. Eis algunha mostra:

Hi baby! Nvieich **mail!** Falei kn ela xo nn sobr iso! Kdms oxe! Knd m vs visitr? I miss u!
Maña dou klass! Jeje! Bks fea (A17)

olla x s aks (**email**) (B15)

Estes usos están en consonancia con aqueles que xa se detectan na lingua corrente, quere dicir, coa preeminencia dalgúns vocábulos foráneos mesmo a substituíren outros propios do galego. As mensaxes de texto tamén evidencian a aparición de empréstitos superfluos (véxase 3.2.2.3.1):

Era ariba ou no **parkin?** [aparcadoiro] stou na ntrada principal (A250)

kdams nas mesas d **pin pon** [tenis de mesa] d bryant park mellor. Biko (A466)

Ok [de acordo]! Xamote a noite dsd a kasa e xa organizams! Bks (A490)

A presenza do marcador discursivo *ok*, procedente da lingua inglesa, experimentou no galego unha ampliación nos usos nas últimas décadas, en convivencia coa forma española *vale* (Domínguez Portela 2011:211). No noso corpus a variante inglesa aparece en oitenta e sete ocasións, o que demostra a súa rendibilidade. Na maioría dos casos, esta partícula equivale ao marcador conversacional “de acordo”, mais tamén observamos outros exemplos en que non funciona como conector metadiscursivo, senón que substitúe a frase preposicional equivalente. Na seguinte SMS aparecen ambas as posibilidades sinaladas:

ok. Pois kdms diant da bibliotek publik as 3 e media? S stas **ok** dame ltoke e listo. (A426)

Convén subliñarmos que se trata dun caso isolado e que, por tanto, non permite tirarmos conclusións definitivas; en todo o caso, serve para pór de relevo que a creatividade lingüística que se observa na escrita destes sistemas de interacción non é exclusivamente gráfica, mais tamén afecta outras áreas. Así, a esfera lexical é outro dos ámbitos en que as persoas usuarias desenvolven estratexias de grande orixinalidade. Como xa sinalamos, existen SMS en que o uso de estranxeirismos presenta unha finalidade sintética. O exemplo anterior camiñaría nesta dirección, de igual modo que algúns casos de reducións grafofonéticas (véxase 3.2.1.1.8), en que o inglés adquire un alto grao de simplificación⁷⁷⁶:

Q tal vas? Qtm8! **No calls!** (A287)

M2 XD (A191)

ok! (A202)

Boas noits pk! Dim x sms a k hora m piyas maña, adaptome ao q m digas, e xa falams q agora nn pdo. Spro q tivss lbo dia. Qtm8 wapa! **C u 2morrow** (A126)

Non obstante, xulgamos que a finalidade principal da utilización de estranxeirismos coincide coa daqueles recursos que priman o xogo lingüístico e a expresividade. Na opinión de Crystal (2008:71) “this factor is the human ludic temperament [...]. it’s fun –in the broadest sense of that word”. O inquérito sobre as mensaxes de texto e a linguaxe SMS (véxase 6. II) permitiunos extraer datos significativos a este respecto: á pregunta “empregas estranxeirismos nas túas mensaxes?” o 45’3% das persoas entrevistadas respondeu de modo afirmativo. As razóns que achegou para xustificar este uso foron principalmente tres, por orde de preferencia: i) a énfase, ii) a economía lingüística e iii) a informalidade do contexto. Os calificativos que se utilizaron para se referir á primeira das motivacións reflicten toda a serie de matices que os estranxeirismos engaden ao texto: expresividade, estilo, xogo lingüístico, diversión, complicidade, moda, sonoridade etc. A seguinte opinión sintetiza de forma elocuente todas as súas funcionalidades no marco das SMS: “a maioría das veces por diversión e para crear complicidade coa outra persoa. Noutros casos, porque me convén, sobre todo no caso das abreviaturas do inglés, moi funcionais nalgunhas ocasións”. Tamén nesta liña se sitúa Freixeiro Mato (2013:210), que explica que a introdución de estranxeirismos cumpre unha función estilístico-expresiva, na medida en que achega un toque

⁷⁷⁶ Sobre este particular, Crystal (2008:42) afirma que “what happens in texting –as indeed in other forms of computer-mediated communication, such as instant messaging– is that everyday words, rather than proper names, are reduced to their initial letters”.

de exotismo ou parece máis motivado pola súa configuración fónica do que as palabras propias. A maior parte das mostras do noso corpus manifesta esta complicidade entre os/as interlocutores/as e evoca certo dramatismo aos enunciados. Non obstante, a súa presenza no texto non é uniforme, de modo que podemos establecer distintos graos de aparición. En primeiro lugar, cómpre destacarmos a inclusión de estranxeirismos isolados no corpo da mensaxe:

Ola prson! Q tl stas? Eu tou **again** n kma xq nn pdo ko ku! Maña s nn ts plan e qrs facr algo avisa! Eu supoño q starei n ksa! E snon vmons luns! Muaka chorvi! (A23)

Buf tou moi knsa **sorry**! Bks (A114)

Vou para fnca kn ***. Lvo o meu **car** asi q se queres kdar dame 1 xamada e xa m volvo! Bikos (A393)

Tou mpaxadisima! a partr dagora vou facr peqnas catas da cmida q m ofrezas! a miña **bedroom** cheira a l mistura ntr pintura e dtrxnt (xa tño cortinas!!!!). Boas noits! (A239)

Stou n krate xo se ncsitas klqra kousa xamam q vou tr o mbl kmigo. Qtm8. Xamote kndo volva, **anyway** (A231)

a tr voas fsts e a estar ben k **family**... e drlle a os chupitooooosss jajajajajajaa cabeza non paraaaaa!!!!!!! (C-Nadal 131)

Como se observa nas anteriores SMS o carácter expresivo, creativo e enfático que engaden estes vocábulos ao texto é evidente, se ben que en moitas ocasións tamén cumpren unha función simplificadora, pois os termos empregados conteñen, na maioría dos casos, menos caracteres que as formas galegas correspondentes (*again* ‘outra vez’, *sorry* ‘síntoo’, *car* ‘carro’, *bedroom* ‘dormitorio, cuarto’, *anyway* ‘en calquera caso’ e *family* ‘familia’). Na liña do sinalado para a aparición doutras estratexias expresivas, tamén os estranxeirismos costuman aparecer con grande frecuencia nas zonas de abertura e de encerramento, xa que constitúen elementos que acentúan a informalidade do xénero⁷⁷⁷. As seguintes mensaxes dan conta desta situación:

Ei **baby**! Vanm lvar até ali asiq vou sn coche. En principio volvo kntigo, e se nn knsigo awantar tanto km ti vn **** x min! Vmnos ali! Sde puntuais! Q tal a expo? (A24)

Felicidades **person**! Xa tes 1 idade asiq deberías empezar a pnsar n ir mrkndo alguna crema pa disimular os dsperfektos, q os anos nn perdoan! XDD pasao ben! (A230)

Hi! Si xa me xamou onte! Imos despois x eles! Ate un anako (A492)

Maña contade connos pra xantar! **kises** (A366)

boas fsts e prsper ani nov uns bks!!!!!! :) soms s mas guais de mugar incluid ***** -.-! jojojojo FELIZ NAVIDAD :) **HELLO** ***** :) :) (C-Nadal 26)

Maña d 10:30 a 12:30 dou a miña 1a klase! Stou nerviosiya! Jeje! Pois s t pasas x ali xa che knto tdo, tdo! Ti q tal? I MISS U 2! xa diras! Boas noits **baby**! (A132)

⁷⁷⁷ En relación con isto, Vela Delfa (2005:753) afirma que é no uso de fórmulas de cortesía onde se acentúa máis a diferenza entre as mensaxes persoais e as profesionais. Así, nas primeiras a aparición deste tipo de elementos é máis xeneralizada, debido ás necesidades comunicativas de tales situacións de interacción, en canto nas persoais ou ben están ausentes ou ben, de apareceren, prefírense formas menos sofisticadas que se identifican máis con fórmulas de oralidade que coas propias dos xéneros epistolares escritos.

En ocasións, os vocábulos foráneos son utilizados como elementos eufemísticos. Para Montero (1981:77), o problema do eufemismo é unha cuestión de asociacións. Así, os falantes, no seu afán de as evitaren, utilizan todas as posibilidades que a lingua lles ofrece e o uso de estranxeirismos é unha delas. No seguinte exemplo, o emprego da forma *shit*, que substitúe *merda*, parece desligarse das connotacións pexorativas que caracterizan a forma galega:

Q tal ont? Eu kaka... :(Vaia **shit** d dia, spro q ti polo – o pasases way! Xdoa x nn ir ont!
Qtm8. Oxe kbab nn? Bks (A65)

Un fenómeno semellante acontece cando se introducen termos relixiosos, como as referencias a Deus ou aos santos: o uso do termo *God* encobre, en certo modo, a súa vanalización, se ben que xulgamos que a súa escolla responde fundamentalmente a unha vontade enfática:

ei guapa! Q tal foi filadelfia? Ns o venrs ben! As putas risas o tio stel! Onte salin n manhattan.
Hoxe dia tranki d curro e organizr a ultima smana...**oh my god!** (A469)

Como observamos, a inclusión de estranxeirismos nestas zonas non se limita a palabras isoladas, mais tamén adoitan aparecer expresións literais noutras linguas. Neste punto, cómpre repararmos no grao de acomodación que presentan nalgúns casos estas fórmulas –moitas delas expresións coloquiais ou frases feitas–, o que presupón un coñecemento profundo tamén dos rexistros máis informais desoutras linguas, como demostra nomeadamente A41⁷⁷⁸. Eis algunha mostra:

Hi baby! Nvieich mail! Falei kn ela xo nn sobr iso! Kdms oxe! Knd m vs visitr? I miss u!
Maña dou klass! Jeje! Bks fea (A17)

Night night baby! Q tal no gym? Eu xa stou n kama q tou m8 knsa! Isto stase akbndo..pasa
lboa finde chorvi! Vemos o luns e falams da nsa cita! Jeje! Bks (A41)

Bona nit! Neste momento mpza o meu planazo d vnres: mal d skola d pennak (3000.) espero
q ti eskoyeses a 2 opcion! Bks. Pasa lboa finde ptarda! (A54)

Hi baby! Pois nos x aki, inkumprnd a diet! Xa m sint mal! ☹ sakad m8 fotos e pasadeo bn!
Tamos xgand pokr! Q tal lvads iso d nn dspegarvos? jeje! Biks chorvi (A329)

Si que vou! Pola maña currarei l pouk xo xla tard stou libre! A reforma sta a medias jeje!
Bmnos maña ntn! **Bona nit!** Muaka (A392)

Bo nadal pk! Est ano foi toda l avntura para ambas! Spero q o ano q vn poidamos seguir igual
d bn! Boteit l mntn d-j **Merry Christmas baby!**)(A479)

⁷⁷⁸ Atestarmos mostras de rexistros coloquiais doutras linguas –a pesar de que non constituía un recurso moi habitual– demostra un dominio lingüístico evidente e eríxese como máis unha proba de que os fenómenos lingüísticos presentes na escrita SMS presupoñen por parte das persoas usuarias un amplo dominio do código e un alto grao de competencia nesa lingua (véxase 3.4.1).

Nalgúns casos estamos perante verdadeiras mostras de alternancia de código que evidencian, por unha banda, unha grande competencia lingüística e, por outra, a grande rendibilidade estilística desta estratexia que non constitúe nin moito menos un fenómeno residual. Así, achamos múltiples exemplos de mensaxes de texto en que, xunto aos enunciados en galego –como norma maioritarios–, aparecen outros en linguas estranxeiras, nomeadamente en inglés:

Tia! Nn durmin n tda a noit! Creo q e polo do rtraso, xa van 17! Vou intntar kmprar iso oxe. Stou kgad! Vou pa klas! **Have a nice day!** Qtm8 (A11)

Boas noits pk! Dim x sms a k hora m piyas maña, adaptome ao q m digas, e xa falams q agora nn pdo. Spro q tivss 1bo dia. Qtm8 wapa! **C u 2morrow** (A126)

Eu ainda stou empaxada agora! jaja! Nn m volvo chutar tanto chocolate! jeje! **Have a good picnic!** Bks. Qtm8 (A210)

I miss u everyday baby! jaja! A vrdad e q staba n clase e pnsando n Madrid! **oye si t rgalo lncria fina **** n se nfad no?** jajaja! Boa viaxe de volta! Muaka! (A258)

No problem! Ti avisame e paso x ti no meu volido! jeje! (A373)

Bosssss diasssss! Perdin 1 euro na timba d pkr! **Porka miseria!** Da carballeira so ims os famosos churros! XD q tal vos? Stou m8 kansad! Lv td a fnd durmnd n xan!! (A433)

Nas mensaxes anteriores a alternancia lingüística maniféstase a nivel textual, quere dicir, sucédense cláusulas nunha ou noutra lingua. Non obstante, achamos exemplos en que a lingua orixinal e a estranxeira se utilizan de forma conxunta nun único enunciado. E embora do noso punto de vista constitúan usos deliberados, a súa aparición nestes casos ilustra a importancia da lingua inglesa como idioma internacional e de poder e a súa repercusión social. Desta forma, algunhas mostras poderían considerarse inclusive como casos de interferencia lingüística, similares aos que se producen entre o galego e o español (véxase 3.3.2), derivados estes últimos da situación de contacto lingüístico que vive a Galiza. Vexamos algún caso:

Boas noits baby! Stou n ksa ks 2 prsons q ti sabs! Creo q tok dsknsar! **Q tal with your mum?** Xa kse o sbs td sobr min. Bout smtr a 1trcr grado pa ekilbrar! (A22)

Jo q ilu m fai q x ns toke algo xuntas again!! Flicidades xq o mreecs chorvi! O vnres abra q clbralo dbidament! Jeje! **Madrid..here we go!** Bikos xika prmiada! (A27)

Boas noits pk! Xa sta tdo ready! Jeje! Agora so falta q che guste! **I miss u a lot n klase!** Nn sei q vou facr a partir d agora...abra q pnsar n l plan b! Muaka (A38)

Rock in theatre!!! aaaaauuuuuu! Jeje! Fuchs pa kasa? **Sto is starting!** Stams diante d tdo, tratarei d skivar as bqetas e as puas q lanzen! Jeje! Muaka chika 10! (A40)

Spero q a pizza stivs rik xq os meus makrrns stban rqrtrqtrIKISIMOS! Jajaja! Qrot m8 wapa! **E nn t preokps q NY vai star ai waiting4us!** Muaka! (A84)

Eu vou a krat asi q **dnt worry!** (A273)

Como se puido observar, a inclusión de palabras, frases ou cláusulas noutras linguas adoita empregarse de forma puntual e cunha finalidade expresiva ou lúdica, constituíndo o

galego a lingua predominante das mensaxes de texto. Non obstante, o xogo lingüístico e a tendencia subversiva que manifestan os medios dixitais a respecto do código normativo provoca que nalgúns casos esa proporción entre as linguas se vexa alterada. Neste sentido, achamos SMS no corpus en que ou ben a maior parte da mensaxe ou ben todo o texto está redixido nunha lingua foránea:

jelou! Jau ar yu duing? Wi nid tu tolk! Tumorrou ai kal yu, if ai kan. A klas foi tdo lexito! Jeje! (A133)

I miss you baby! :- (A39)

Smile baby (A44)

En síntese, nesta epígrafe notamos que a introdución de estranxeirismos nas mensaxes de texto responde a diversas funcionalidades: en ocasións é a necesidade de aforrarnos tempo e caracteres o que prima na súa elección, mais a tendencia simplificadora “is not by any means the whole story of texting” (Crystal 2008:71). De feito, moitas das SMS analizadas revelan unha grande complexidade lingüística. Por tanto, existen outros factores igualmente relevantes, como a creatividade, a diversión e a elocuencia, que xustifican porque as persoas usuarias realizan un maior esforzo do que realmente sería preciso, como acontece cos recursos de ampliación ou mantemento.

3.2.3.4.2. Léxico ou expresións coloquiais

O contexto distendido en que se desenvolve este tipo de intercambios⁷⁷⁹ e o feito de as persoas usuarias das SMS e, en xeral, de calquera dos sistemas de interacción electrónica, se acharen desinhibidas porque non teñen de soportar a presenza física do público interlocutor, favorece un uso moito maior de formas e expresións coloquiais, sobre todo se se trata de persoas novas. En 3.2.2.3.2. sinalamos a economía e a comodidade como factores subxacentes en moitos dos fenómenos de sintaxe coloquial presentes nas SMS, e no referente á esfera lexical serán tamén na maioría dos casos estas as razóns que fan prevalecer a expresión subxectiva e sentimental sobre a puramente lóxica e precisa (Jiménez Moreno 2005:638). O uso das xirias, dos argots e das falas secretas contribúe para crear un clima de complicidade entre o usuariado e outorga un forte grao de expresividade.⁷⁸⁰ Igualmente, está motivado pola natureza informal que predomina, como norma, nesta clase de interaccións.

Por esta razón, cómpre resaltarmos a aparición nas mensaxes do noso corpus de certo léxico coloquial que, embora xurdise ligado a un grupo social concreto ou a unha linguaxe específica, acabou por se acomodar e foi socialmente aceptado na modalidade lingüística común propia do rexistro informal⁷⁸¹. Nalgúns casos, a influencia do español neste nivel é tamén evidente. Vexamos algúns exemplos:

⁷⁷⁹ Na opinión de Salazar (2001): “El registro escrito es un acto reflexivo, la escritura en Internet es inconsciente y fluye de manera espontánea al ritmo del pensamiento, de la inmediatez; se escribe como fluye”.

⁷⁸⁰ Para unha análise en pormenor das falas secretas creadas á volta das asociacións gremiais galego-portuguesas, véxase Rodrigues Gomes (2008).

⁷⁸¹ Nalgúns casos a súa popularidade provocou a extensión dos seus usos noutros rexistros. Así as cousas, *choio* e *pasar* xa aparecen no dicionario da Real Academia Galega con estas acepcións. Cfr. <http://www.realacademiagalega.org/diccionario/#>.

Ns tends akrdns d xent e fan rbxas, ns tberns akrdns ds amgs e invtan a **1kxarro [unha bebida]**, eu akrdm de ti e flicitxe o Ndl. Bks!! (C-Nadal 2)

Ola fea! Km stas? Eu rgulin! A nai d **** tmous mal o d q march d kasa e stan nfadados. Pero tb m parc **1feo [un desprezo]** kra a min + n fin...ti q tal? Bks chorvi! (A131)

Oxe pola tarde deskargoo, q stou no **choyo [traballo]**! (A371)

Eu supoño q si. **** n principio sta d trdes. Stou **kurrando [traballando]** pero mdia **paxuxa [doente]**. Bikos (A313)

Apuff! Prdoa q akbo d lelo! Sain coa rapaza do piso e maña nnsi s farei grand kousa q toka videoknfrncia! ***** pnso q anda **liada [ocupada]** kn dspddas e iso! Bks (A472)

Non podo q xusto tño que ir ao mdico a x rceitas para os meus avos d todos os xeitos eu xa m vou **apañando [arranxando]** para preparar os exams co q tño ti pnso que meu so qrias o modlo d exam e iso podocho **pasar [enviar]** x correo sort studando! Vmonos se iso kndo akbn os exams (A108)

Ei! Ont pasou l **royo [un problema]** koa familia d **** e ao final non fms. Prdoa x nn avisart antes. Kntox kndo qdemos. Bks baby (A323)

A metáfora é, en moitos casos, a base de que parten moitas das expresións coloquiais documentadas. De acordo con Álvarez Martínez (2008:386), estes xiros permiten comprender un concepto en función doutro, transmitindo, por súa vez, un contido inferencial que nunha construción non metafórica estaría ausente⁷⁸². Así o evidencian estas SMS:

km stas person? Q tal twd? Deux tmpo a velo todo? Maña kdamos ou prefirs dsknsar? Q dsknses! Eu stou **molida!** Vou mimir (A346)

Estamos **mamadisimos!** Q tal o dia? Maña kndo vaiades chamadm q vos indiko + ou -! Q eu nn tño m8 klaro ond e! Ate maña! Perdoa x non avisar antes! (A367)

3.2.3.4.2.1. Xiria xuvenil

A ausencia de análises exhaustivas sobre o ámbito da lingua coloquial ás veces non permite delimitar claramente a extensión sociolingüística dalgunhas expresións⁷⁸³. Non obstante, xulgamos que existen certos vocábulos ou voces de moda no noso corpus que poden asociarse máis facilmente á xiria xuvenil, aínda que en ocasións tamén ultrapasen o dito contexto. De feito, estas voces documéntanse unicamente no primeiro grupo de idade (15-25), onde, para alén diso, manifestan unha enorme recursividade. O antecitado proceso metafórico está igualmente presente nos casos que citamos a seguir:

nos momntos tristes tabas aí :) ns momnts d **scaxada partiamns as caixs**. so qria q souberas q nsts dias d ndl Krt comij. Felis 2m1 l!! (C-Nadal 5)

Eu tb o creo! XD e x pouko q ye saqs ao zx..saech **tirado d prezo**. (A294)

⁷⁸² Para unha análise exhaustiva dalgunhas metáforas do ámbito galego-portugués, véxase Vilela (2002).

⁷⁸³ A respecto do galego tan só contamos con algunhas aproximacións parciais que enuncian, mais non desenvolven en profundidade estas cuestións (véxase Sánchez Rei 2011:69). Por este motivo, tomaremos como referentes as obras de González Rodríguez (2002).

Prdoa q che colgase! taba **liadisima!** aki **ta caendo unha q flips!!!** nn se ve pa knducir! s non skmpa terei q ir moi amodo! saio as 8, intntarei xegar a tmpo, ok?! bks! (A247)

Ola persn! **Foism a pinz** e agor xa m pare 1pk tard! Km vas? Mnos nrviosa? Eu xegei bn e a vr maña q m din! Boas noits! Bks (A438)

Tamén achamos determinadas expresións que serven para indicaren emocións dun modo moito máis enfático e cunha estética diferente –obxectivo deste tipo de variedades grupais. Entre elas destacan o entusiasmo, a preocupación, a sorpresa ou a aprobación, como se observa nas seguintes mensaxes:

Q tal ont? Eu kaka... :(Vaia shit d dia, spro q ti polo – o pasases **way!** Xdoa x nn ir ont! Qtm8. Oxe kbab nn? Bks (A65)

Tia! Nn durmin n tda a noit! Creo q e polo do rtraso, xa van 17! Vou intntar kmprar iso oxe. **Stou kgad!** Vou pa klas! Have a nice day! Qtm8 (A11)

Ola! Akb d xegar a casa q deíxei o mbl krgando! Q ansias x deus! Jaja! Ok o domingo **way!** Ao meyor tms 1 amiga d sviya x aki! Hai 1 prato +? (A402)

Bos días princesa! Nn son kpaz d durmir! Stou 1pk **rayada**, km puidchs kmprbr! Grazas x oxe, pasein xnial! Es 1 solete! Q tñas 1bo día! Qtm8! Muaka! (A167)

Na mesma liña, tamén convén subliñarmos a presenza dalgúns verbos coloquiais, algúns de clara procedencia española, que se encontran amplamente difundidos entre os grupos de idade máis novos, como *rallarse*, *pillar* –o único que recolle o dicionario da RAG–, *flipar* (A247) ou *molar*. A seguir reproducimos algunhas das mostras máis significativas:

Ei? km stas? Pasou algo ont? xq xamaxs a ***? Q tal o kncrto? Eu creo q stou **piyand** algo xq m nknto fatal! (A283)

Non te **rayes**, q knq ye digas q nn puidron vir xa sta. Nn creo q t crucifiquen! jaja! To sum up: QUEROTE M8 CHORVI! Q dskanses! Boas noits! (A219)

Kariii! Vou para sabon! Jeje! **** e a miña titora! Km **mola!** Q se prepare ***! Jeje! Vemons a noite! Qtm8 pelexo! Xps! (A46)

De modo similar ao que acontece no caso dos recursos de abreviación na linguaxe SMS a respecto da lingua estándar, a xiria xuvenil tamén leva en ocasións ao extremo a creatividade lingüística. Como puidemos observar, este grupo desenvolve numerosos sinónimos e en moitos casos crea os seus propios sufixos ou adapta os xa existentes para crear novas acepcións ou categorías de palabras. Así, do verbo *rallarse* obtemos o adxectivo *rallada/o* e o substantivo *ralladura*, do verbo *currar* parte o adxectivo *currado*, de *molar*, *molón* ou de *mosquear*, *mosca*, aínda que en moitos casos sexan empréstitos do español. En consecuencia, créanse novas familias lexicais que, a pesar de estaren restrinxidas a un rexistro e contexto concreto, evidencian a grande riqueza da linguaxe xuvenil, ao contrario do

que tradicionalmente se xulga⁷⁸⁴. En síntese, a presenza de tales formas nas SMS está motivada fundamentalmente por tres variábeis: i) a idade, na medida en que é a mocidade a que utiliza con máis asiduidade este medio⁷⁸⁵; ii) o contexto, que converte os sistemas de interacción electrónica nun medio proclive a un rexistro de lingua informal e / ou coloquial; e iii) a expresividade, pois achega unha carga semántica moito maior que os seus equivalentes na lingua estándar.

3.2.3.4.2.2. Léxico infantil

O noso corpus tamén posúe algúns exemplos en que se constata o uso de determinado léxico propio da linguaxe infantil. A súa inclusión responde, na nosa opinión, á familiaridade existente entre os/as interlocutores/as e, especialmente, a esa “necesidade” de sermos lingüísticamente orixinais e creativos. De feito, moitas das prácticas lingüísticas presentes nesta primeira etapa vital aproxímanse daquelas que estamos a analizar en 3.2: xogos coa linguaxe, onomatopeas, repeticións, énfase na entoación, nos xestos e na expresión dos sentimentos. No primeiro caso, a finalidade deste tipo de estratexias é que as crianzas exploren as potencialidades do seu aparello fonador e que desenvolvan unha serie de habilidades expresivas (Pugliese 2005:12); na escrita SMS consideramos que é a forte carga enfática destes termos en combinación coa súa simplicidade a responsábel da grande rendibilidade que manifestan⁷⁸⁶. A este respecto, Spilioti (2009:407-408) afirma que “baby talk is employed as a resource for self-presentation; invoking, thus, the informal and affective context of care-giving and reinforcing the participants’ intimate relationship”. De acordo con Millán Chivite (1979), nas primeiras fases de realización infantil sobre o modelo de creación lingüística non inflúe a tonicidade da sílaba, mais a facilidade articulatoria, de aí que sexan frecuentes as secuencias provistas dun alto grao de concentración homonímica e non segmentábeis en elementos fónicos ao carecer a vogal dunha auténtica natureza opositiva. Por tanto e a pesar de que os obxectivos son diferentes, tamén nestes casos se prescinde da vogal de apoio e a secuencia ficaría reducida ao seu esqueleto consonántico (véxase 3.2.1.1.1).

Os exemplos documentados nas SMS son poucos, mais presentan unha grande produtividade. Unha das máis rendíbeis é a forma *mimir* que substitúe *durmir*. A primeira aparece en seis ocasións, en canto a variante normativa presenta unha menor incidencia, con catro ocorrencias. Eis algúns exemplos:

Boas noites pk! Falams maña. Vou **mimir** q stou knsisima! Nn t rayes anda, a min molam ir x ai KNTIGO, o dstin e o d-! Qtm8 baby! Q dsknses! Muaka (A172)

Boas noits pk! Vou **mimir** xa q maña ao final toka madrugar! Nn soñs kn amstrdam, q iso vai sr real! Qtm8 (A276)

km stas person? Q tal twd? Deux tmpo a velo todo? Maña kdamos ou prefirs dsknsar? Q dsknses! Eu stou molida! Vou **mimir** (A346)

⁷⁸⁴ Na opinión de Vigara Tauste “el problema es que los jóvenes no se dedican a estudiar su lenguaje, lo hacemos los adultos y con numerosos prejuicios”. Véxase <http://revista.consumer.es/web/es/20080601/pdf/entrevista.pdf>.

⁷⁸⁵ Sobre este particular, cómpre facermos alusión ao *age-grading* formulado en Hudson (1981:26), segundo o cal existen certas formas lingüísticas utilizadas só por un grupo xeracional, neste caso a mocidade, e que se transmite dunha xeración de rapaces e raparigas para a seguinte sen que polo xeral sexan utilizadas por outros grupos de idade.

⁷⁸⁶ Por norma xeral, as formas expresivas das persoas adultas presentan unha maior complexidade que as das crianzas (Pugliese 2005:13).

Tamén achamos un outro exemplo en que prima a facilidade articulatória e a finalidade expresiva no uso da forma *quelo* por *quero*. Aquí remprázase a consoante vibrante simple pola lateral dado que, aínda sendo as dúas alveolares, o /l/ é un fonema que opón moi pouca resistencia de aire e, en consecuencia, é máis doado de producir nos momentos iniciais de adquisición da lingua:

Jopis! **qelo** tar na kmiña arrimand cebola. sta sndo lsemana d n8 rara entre q t bto d- e o d
***, a kbza nn para (A544)

Igualmente, detectamos o uso de determinados vocábulos que funcionan como eufemismos e que se xeneralizaron na linguaxe infantil. Trátase de palabras isoladas ou frases curtas sen significado que permiten ás persoas manifestaren as súas emocións e a súa agresividade sen empregar un palabrón ou unha palabra malsoante. Seguindo Montero (1981:79), son voces na súa maioría de orixe onomatopeica que as crianzas aprenden dos pais e das nais e que a persoa adulta adopta porque o ámbito de que procede é suficiente garantía de capacidade eufemística. Normalmente, créanse transformando o significante a través de mecanismos lingüísticos: semánticos ou denotativos e / ou formais ou non denotativos (Montero 1981:45). Neste punto temos as formas *jopis* e *jo*, variantes eufemísticas do españolismo *joder*; *cachis*, voz substituta da expresión *cágame en e*, finalmente, a forma *caca*, utilizada en lugar de *merda* (véxase 3.2.3.4.2.4). Vexamos algunhas mostras:

Ei, pasax algo kmigo? Mndeix mails, xameit...xq nn das sinais d vida? **Jopis** ***...q pasa?
Kntxt xfa. Bks. Boas noits chorvi (A130)

Jo, algrm m8 x ti, d vrdad! Merecelo! Querote chorvi! Muaka (A271)

Ola ladiya! 5'70 **cachis**...*** chegou as 9:40! Km dsfasan! Jaja! Grava a *****! XDD (A164)

Meternm outra multa en FENE! Tivo q ser kndo fun vr a meu pai ao ospital, xq senn nn o entnd! Me kago n tdo jodr. Kn esa pasta ya pagab l otel! N fines. **KAKA** (A181)

Ola pk! Tou chof! Ti q tal? **jopis**, morreu Brooklyn! :(**kaka** (A238)

Porén, nas mensaxes do noso corpus notamos que a voz *caca* experimentou unha ampliación de usos, pois aparece igualmente utilizada para aludir a estados de ánimo negativos. Nestes casos a proximidade coa linguaxe infantil é máis do que evidente, como se observa nos seguintes exemplos:

Q tal ont? Eu **kaka**... :(Vaia shit d dia, spro q ti polo – o pasases way! Xdoa x nn ir ont!
Qtm8. Oxe kbab nn? Bks (A65)

Xa teño cita no okulista para o 26 deste mes. Agora xa nn tes nda q decirme eh! Q tal a ponte?
Eu **kaka**, xa che kntarei! St finde pirams pa Madrid! A vr q tal! (A225)

Analizadas desde a perspectiva da adquisición da linguaxe, todas as solucións constitúen acomodacións de pronuncia producidas nas primeiras etapas: por un lado, as formas *mimir*, *quelo*, *caca* e *cachis*, formadas mediante o procedemento de concentración homonímica e, por outro, as variantes *jo* e *jopis*, creadas mediante estratexias de abreviación

e redución. Trátase, por tanto, das consecuencias da inmaduridade da linguaxe, que tende a simplificar os sons para que a súa pronunciación resulte máis sinxela. Á medida que se avanza na conquista de habilidades articulatorias as crianzas poderán reproducir sons máis complexos e melloraren tanto a súa pronuncia como a súa fluidez verbal. Porén, a sobrevivencia destas formas na linguaxe adulta e concretamente nas mensaxes de texto non debe considerarse un erro; trátase máis ben de distorsións intencionadas que procuran un efecto expresivo, quere dicir, denotan certa afectividade entre os/as interlocutores/as ao tempo que achegan dinamismo ao discurso. A natureza oralizante dos textos electrónicos e o rexistro coloquial en que se enmarca a grande maioría favorecen en maior medida estes usos.

3.2.3.4.2.3. Frases feitas e expresións fixas

Unha mostra da vitalidade lingüística manifesta nas SMS é a abundante presenza de frases feitas e expresións fixas, o que contrasta coa pouca precisión comentada en 3.2.3.1.1 a respecto do uso das pro-formas. Máis unha vez, vemos como é o equilibrio entre a simplificación e a expresividade o trazo que mellor define a lingua dos textos electrónicos. Trátase de proverbios e fraseoloxismos que presentan determinadas propiedades: “estabilidade relativa (modelabilidade e ao tempo tendencia cara ás transformacións) reproducibilidade e expresividade” (Kótova 2005:140). Normalmente, as frases feitas presentan unha estrutura sintáctica fechada e unha natureza semántica única. Ao igual que no caso da linguaxe xuvenil ou infantil, a inclusión de elementos paremiolóxicos está favorecida polo contexto informal en que se producen os intercambios e responde tanto a unha vontade estilística como a unha necesidade expresiva, máis propia da oralidade. O uso de frases feitas achega, neste sentido, unha maior eficacia comunicativa porque concentra unha maior carga significativa. De acordo con Kótova (2005:140):

A estrutura semántica do proverbio, o mesmo cá do lexema ou a do fraseoloxismo, componse das dimensións denotativa, significativa e connotativa. A dimensión denotativa é o significado recto da sentenza (oración); a dimensión significativa é a definición da situación, comprendida a partir do plano literal do proverbio, é dicir, é o plano alegórico; finalmente, a dimensión connotativa maniféstase nos acompañantes semánticos obrigatorios do plano significativo, é dicir, nas asociacións lingüísticas, culturoolóxicas, contextuais, que conforman a semántica do proverbio como unidade lingüística [...]. O plano connotativo é realmente dominante fronte a outras dimensións da estrutura semántica do proverbio.

A base metafórica da maior parte destas expresións contribúe para o seu suceso, dado que se trata de voces motivadas que subliñan e enfatizan as asociacións e que conseguen dotar o texto dunha grande elocuencia, embora en moitos casos a súa orixe sexa probabelmente espúrea (cfr. 3.3.2). A seguir presentamos algunhas mostras coa finalidade de deixarmos constancia da súa rendibilidade nas mensaxes de texto do noso corpus⁷⁸⁷:

q tdo o mundo **akve o ano kn bo pe!e o mpce kn myor** ainda.xd pasalo bn no nadl (o dia d fin d ano en spcia ;) unbiko a tods fliz 2011 (C-Nadal 64)

Pois durmidisima! Doeume case toda a noite e **nn pegei oyo!** Perdoa xlo mal umor! Qtm! Q tal a tua maña? Vmns ao mediodia! Muaka (A484)

Nn knnts kmigo oxe q *** akb d **qdars frito** n sfa e aind tño q ir a ksa d meu pai! bikos (A322)

Saiu todo sobre rodas! Falamos! Bikos ;p (A341)

⁷⁸⁷ Porén, non é a nosa intención analizar as ditas unidades fraseolóxicas, xa que un estudo paremiolóxico excede os obxectivos deste traballo.

Aver person! Q fas? Sort para o exame, inda q vendo a q ts no trivial nn ch fai falta! Jejeje! A q ora t spero no meu flat? Nn m **rompas** agora **o korazon!** Muaka (A37)

Boas noits pk! Xa sta tdo ready! Jeje! Agora so falta q che guste! I miss u a lot n klase! Nn sei q vou facr a partir d agora...abra q **pnsar n1 plan b!** Muaka (A38)

Ola! Quedoum o mbl n pntdeum, x iso non **dei sinais d vida**, ainda q xa vin q ti tampouco! jeje! Q tal a finde? Eu oxe teño q preparar todo pra marxar mañ cdo! (A359)

N stoy kbreada kntigo, stoy kbreada y punto, ya s q no lo icist a proposito OBVIAMENTE. Tuve q djar los fisos puestos n varios sitios pa q nn kaese. Perdoa q **as pagase kntigo**. Ven maña xfa! (A143)

Alegrome moito d q conseguirades un acerkmnto ;-)) Non te preocupes **o segredo esta a salvo**. Agora a volver pouco a pouco todo a normalidade. Un biko (A151)

operaron a *** d nebras non sei si da visicula ou algo asi pero nn sei fijo...oxe rabuñouye 1 gato d vixuan a ***** na cara en un brazo...**sta feita un poema**.ahhhhhh e teu padriño xa s aburre en suiza e o 30 d ste mes xa o temos aki..ven pa trabayar na corña e se ten pa tdo o ano xa nn s vai en fin...toda 1 historia bstnt peculiar (C17)

xdoa xlo rtraso, nn t preocups! kndo poidads e snn **malo sra** q para a mudnza nn sts libr! jajaja! Bks (A519)

As antecitadas expresións –*empezar o ano con bo/mal pe, non pegar ollo, quedarse fritido, saír algo sobre rodas, romper o corazón a alguén, pensar nun plan B, dar sinais de vida, pagalas con alguén, manter a salvo un segredo, estar feita un poema ou malo será*– constitúen exemplos claros de frases feitas e presentan unha estrutura sintáctica sólida que só nalgúns casos admite modificación. Non obstante, nas mensaxes de texto manexadas tamén documentamos algunhas construcións que –aínda que non constitúen fraseoloxismos *stricto sensu*– presentan unha forte tendencia a funcionaren como expresións fixas⁷⁸⁸, novamente de procedencia presumibelmente española. Eis algunha mostra:

k vs sex leve!!FLZ ANINVO (C-Nadal 54)

*****, **fsme mal a vsta**, xk a vrdade é que es un pouco feo, un pouco bstnt diría eu. Pro weno, es así ke lle vas facr.....Aínda ke sexs feo bicas bn e gústame estr contgo. 1 bkño *****. (A6)

S o Apalpador s **mte** na tua cma **en coiros** explicalle k o k t werias era un VOLVO. B NDL. (C-Nadal 24)

As q eu lvei xa **van boas!** q eu lmbre staban ben! jejeje! E si, e kn v! jajajaa (A514)

Grazs x vir. Creo Q Ncesitava vrt! **Vaia dia + tnto q tñ ox!** Boas noits bmbn (A312)

A produtividade das expresións fraseolóxicas nas SMS é máis unha mostra que evidencia que o rexistro coloquial é a modalidade dominante neste xénero e que, ao mesmo tempo, reflicte o alto grao de interferencia nestes niveis de lingua (cfr. 3.3.2). Na maioría dos casos trátase de locucións hiperbólicas que contribúen para virar máis expresivo o contido da comunicación electrónica: a través destas fórmulas as persoas galegofalantes manifestan as

⁷⁸⁸ Isto é, aproxímanse do que se coñece como colocacións: combinacións recorrentes, probábeis ou usais de dúas ou máis palabras (Koike 2001:25 e Alonso Ramos 2006:32-34).

súas emocións e os seus sentimentos, de modo que constitúe un recurso moi efectivo para reflectiren de forma significativa o rol que desempeña a afectividade neste medio.

3.2.3.4.2.4. A expresión de afecto

Nas mensaxes de texto existen, como xa se tratou, moitos recursos de natureza expresiva que redundan na caracterización apreciativa do discurso. Ao estarmos perante unha comunicación indirecta, mediada pola tecnoloxía, os/as interlocutores/as perden a timidez que lles provocan as formas de expresión directa. Como sinalamos en 2.3.2.2, as persoas usuarias prefiren os sistemas de interacción electrónica e, máis concretamente, as SMS, porque favorece a expresión dos sentimentos dunha forma máis enfática e natural que, por pudor, rara vez tería lugar nun contexto de tipo presencial. As fórmulas máis produtivas para denotaren afecto nas mensaxes do noso corpus son os hipocorísticos, os alcumes e as formas de expresión directa. Estas últimas poden aparecer representadas a través de substantivos ou adxectivos ou ben de frases ou enunciados completos. Na maioría dos casos, as mostras de afecto estarán acompañadas doutros recursos lingüísticos de carácter expresivo, como o uso de intensificadores (véxase 3.2.2.2.5), do diminutivo (véxase 3.2.2.2.4) ou mesmo de estiramientos gráficos. Neste punto, destacan especialmente os hipocorísticos⁷⁸⁹:

O marts xantams n ksa da mdriñ de **** q xa tams convidads! Xa m dixra **melita** q mpezaras! Maña stads x ai xq igual m paso? (A502)

boas fsts e prsper ani nov uns bks!!!!!! :) soms s mas guais de mugar incluid **emiliño** -.-!
jojojojo FELIZ NAVIDAD :) HELLO **serafiiiin** :) :) (C-Nadal 26)

Ola **Faniuchi**!!! Stas lista??? Vou x ti en 15 min. Bks!! (A516)

A respecto dos alcumes, convén sinalarmos que non son habituais pois tan só achamos unha ocorrencia no corpus⁷⁹⁰, máis en certo modo reveladora do teor inxenioso e de brincadeira que presentan estes discursos. Eis os textos:

Kari, para min es o meyor xteiro do mundo! jeje! Espero q sta noit marks m8s! jaja! Querote **snorlax**! Muaka! XDD xps (A207)

jajaja! Nn o vira! M8s grazas **snorlax**, xo nn te akostumbres! jeje! Qtm8 petardo. Trabya pouk e nn t knses q logo nn rndes! XDD (A213)

Os alcumes son os nomes que se adxudican ás persoas e que, por regra xeral, adoitan estar tomados das características persoais físicas, psicolóxicas ou doutra índole do individuo en cuestión, principalmente como un calificativo afectivo, máis do que depreciativo. O termo *Snorlax* alude ao nome dunha personaxe do xogo e da serie televisiva Pokémon. De acordo coa descrición que se fai del –pokémon de tipo normal que destaca polo seu enorme tamaño, o seu grande peso e a súa exaxerada preguiza– entendemos que a relación entre o alcume e a

⁷⁸⁹ Este recurso foi parcialmente tratado xa en 3.2.2.1.2, en tanto que mostra de encurtamento vocabular. Porén, parécenos pertinente retomalo nesta sección desde a perspectiva semántico-lexical, debido á súa relevancia para a marcaxe afectiva dos textos.

⁷⁹⁰ Isto contrasta coa importancia dos alcumes na vida tradicional galega, moitos dos cales cabaron formando antropónimos: Coello, Gago, Moreda etc. (véxase González García 1917).

persoa pode radicar nas características físicas e aptitudinais⁷⁹¹. De todas as formas, constitúe como xa dixemos un caso marxinal, ao contrario que as formas de expresión directa, que son moi recorrentes en todo o corpus. Por un lado, temos aquelas formadas por substantivos propiamente como *cariño*, *nené*, *chorvi*, *bebé*, ou *chica 10*:

Kariiii! Vou para sabon! Jeje! *** e a miña titora! Km mola! Q se prepare ***! Jeje! Vemons a noite! Qtm8 pelexo! Xps! (A46)

Nn pasou nda. Xa falaremos. Boas noits **chorvi** (A166)

Ola **baby!** q e d tua vida? Q tal a smana? Eu ste find d relax! ti q vas fazer? bikos **chorvi!** Miss you a lot! A ver se nos vmos. Muaka (A221)

Rock in theatre!!! aaaaauuuuu! Jeje! Fuchs pa kasa? Sto is starting! Stams diante d tdo, tratarei d skivar as bqetas e as puas q lanzen! Jeje! Muaka **chika 10!** (A40)

Nestas mostras a expresión afectiva dos substantivos está máis ou menos implícita no significado denotativo do termo. Por outro lado, tamén son moi frecuentes aqueles que denotan aprezo, non tanto polo seu significado, mais polas comparacións e as asociacións que o seu uso determina. Os casos máis reiterados ao longo do corpus son os de *princesa*, *corazón* e *bombón*. Vexamos algúns exemplos:

Bos dias **princesa!** Nn son kpaz d durmir! Stou 1pk rayada, km puidchs kmprbr! Grazas x oxe, pasein xnial! Es 1 solete! Q tñas 1bo dia! Qtm8! Muaka! (A167)

Era para sabr q tal stavas. Nm insistim por s ja adormeceras. Espro q t ncontrs mlhor. Animo, **coraçom!** (A390)

Boas noits chorvi! Q tal? Xa ts tdo preparado? Pasao bn x spaña e fai algo d trismo! jajaja! bks **bombon** (A275)

Nn qdo hox cn *****, q tn un velatorio en lugo. S qres imos correr. Avisam kndo podas xfi! E pnso q m val a tinta da pluma..deixsm probar? Durm bn **ruliña!** Bks! (A198)

Tamén é moi habitual que este tipo de expresións directas de afectividade se realice a través de adxectivos, pois é a clase de palabra por excelencia para atribuír cualidades. Cómpre termos en conta que nestes casos adoitan aparecer substantivados, dado que exercen funcións sintácticas destoutra categoría gramatical. Os adxectivos máis recorrentes nas SMS do noso corpus son *guapa/o* e *peque* ou *pequena*, se ben que tamén aparecen outros como *ricura* ou *chiqui*:

Boas noits **pk!** Q tñas 1boa volta ao trabayo! Dskansa m8! bks princesa! Querote moito! Muaka! (A211)

Chiki, spero q ests mllor...Nn m gusta vrt asi! eu nn tño nada d sono...votams 1partidiña o trivial? jejeje! mañan voum arreptir disto...boas noits! durm bn! bks! (A249)

wno xa s acab o 2010 e po ano vlvn as fstas e a psal dpm.psadeo ben en aninovo. bicoss **guapoos** :) (C-Nadal 72)

⁷⁹¹ Véxase <http://es.pokemon.wikia.com/wiki/Snorlax>.

Moits grazs **ricura!** E+ x faclo atopndot ml! Qdou moi bn envlto! No coxe nn via patras! Nn o recrdab tn grnd! Tiveno q subir xa pa casa! Damsllo mña xla mña! Bks! Qtm8! (A187)

Ola **pkna!** Tas bn? Sintm ml xlo d oxe, com s t deixase tirada kndo m nesitabas. Spero q nn sexa asi e q stivess bn sta noit! Kedei algo rallada! Maña falams! Bks! (A128)

Boas noits pk! Dim x sms a k hora m piyas maña, adaptome ao q m digas, e xa falams q agora nn pdo. Spro q tivss lbo dia. Qtm8 **wapa!** C u 2morrow (A126)

Non obstante, as mostras de afecto non se limitan ás antecitadas; así, nas SMS son tamén moi frecuentes diversos enunciados –máis ou menos estereotipados– cunha forte carga emotiva. As máis habituais son “bótote de menos” e “quérote moito”, que ou ben aparecen de forma isolada ou ben a concorreren nunha mesma SMS, como ilustramos a seguir⁷⁹²:

Quérote! Q aprobeite! XDDDD (A168)

Hi baby! Nvieich mail! Falei kn ela xo nn sobr iso! Kdms oxe! Knd m vs visitr? **I miss u!** Maña dou klass! Jeje! Bks fea (A17)

Eu ainda stou empaxada agora! jaja! Nn m volvo chutar tanto chocolate! jeje! Have a good picnic! Bks. **Qtm8** (A210)

Jopis! gelo tar na kmiña arrimand cebola. sta sndo lsemana d n8 rara entre q **t bto d-** e o d *******, a kbza nn para (A544)

Xa lvo l anak no otl! Sta m8 bem e faln m8 bn o glgo! jaja! Ti q tal? **Xa m bts d-?** Maña a tardiñ starei na ksa! Podras soportalo? jeje! **Miss you baby! Qtm!** (A360)

A produtividade de ambas as expresións no corpus manexado é innegábel–especialmente da segunda, que aparece en 70 ocasións. Porén, tamén documentamos outras fórmulas desiderativas con certa rendibilidade na marcaxe afectiva do texto, do tipo *espero que*, *alégrome de que*, *estou desexando que*, entre as máis habituais:

Alegrome moito d q conseguirades un acerkmnto ;-)- Non te preocupes o segredo esta a salvo. Agora a volver pouco a pouco todo a normalidade. Un biko (A151)

Boas noits fea! Q tal o día? Eu + ou -! Kmpreivs lcpiyu d dnts pa q tñads na miña ksa. XDD nkntrom lpouk mal! **Spro q** sts bn! Qtm8m8m8m8 pk! Q dskanss (A6)

knd vñas kmentoch as pelis q hai e senn ch knvncn ims tomar algo os 2 x ai ok? Qtm8! **Stou dsxando q** veñas (A278)

Como ilustran os exemplos achegados até o momento, as marcas de afecto figuran principalmente nas zonas de abertura e de encerramento que –con base no sinalado para outros recursos–, conforman os lugares en que se concentran de modo habitual as estratexias de natureza expresiva. Nalgúns casos as vías para expresarmos cariño implican mesmo contacto físico, simulando accións de agarimo máis propias de interaccións presenciais, como

⁷⁹² De feito, o normal é que a noción de afectividade predomine ao longo de toda a SMS. Así, costuman aparecer tamén outras estratexias de natureza expresiva como o uso de diminutivos (3.2.2.2.4), de intensificadores (3.2.2.2.5) ou mesmo doutras fórmulas xa sinaladas nesta epígrafe, como as expresións directas.

os bicos ou as apertas. Estamos, máis unha vez, perante un mecanismo que pretende suprir do punto de vista lingüístico a falta de elementos paraverbais da comunicación electrónica. Este feito provoca, igualmente, que vaian en moitas ocasións acompañados dalgún outro tipo de marca enfática, entre as cales son frecuentes o uso do diminutivo afectivo, dos intensificadores, dos estiramentos gráficos ou da puntuación expresiva. Vexamos algún exemplo:

Como estaba previsto, es unha fenomeno!! **Bicossss (C10)**

Ola! M8s grazs. Nn fcia falta q m mrkss nda! Gustoum m8. A vr s ns vmos maña! **Aprtas. (A72)**

Moitas felicidades, *****!!! Que acabes de pasar un bo día. **Un bico grande!!! (B38)**

Pois de sr tan multiplicados q sexan ben levados,ajaja. Moitas grazas x acordart, spro q che vaia todo ben. **Un bikiño (A383)**

boas fstas a tds e spero k vlo pasedes como vos gusta,**unha aperta!!!!!!!!!**
feliz ano 2011 e bo nadal (**C-Nadal 70**)

As mensaxes de texto de tipo persoal son moi propicias, como podemos observar, para a inclusión de marcas enfáticas. O grao de afectividade variará en función da familiaridade e da complicidade⁷⁹³ existente entre o usuariado e, neste sentido, tamén o número de recursos que se utilizan para este fin. Así, as mensaxes de natureza amorosa ou amical adoitan presentar en maior medida os ditos recursos. A seguir, citamos algúns textos que nos parecen significativos desde esta perspectiva:

Pra min tb es **increible** e **spero q nos vaia xenial xuntos. Tesm aki pra o q necesites! Es o + imxtant da miña vida! Qtm8 kari. Xps. Boteite m8 d-! Stou dsxando vrt (A48)**

Boas noits **kari! Botot m8 d-j Stou dsxando vrte para achuchart! Qtm8 wapo! Muaka! Xps. Ate maña! Q dsknss! (A277)**

kari, sqceuche deixarm a tarxeta xo non pasa nada! Xa usarei a miña nn t preocups. **Spro q teñas Iboa viaxe. Falams manha. Querote m8. Xa t boto d-! Xps (A459)**

Kari! Qtm8 e vout botr m8 d- Durant os 2 mss q tms spards! Sei q as vcs Sn dsknfiad xo dbrias ntndlo! **Spr q ese tmpo ns sirva pra knfirmar q e o q qrems! Xps (A440)**

Como sinalamos en 2.3.2.2 e en 2.3.2.3. “all kinds of social relationships can be fostered or disturbed using texting” (Crystal 2008:105). De entre elas, a expresión de afecto é unha das máis populares, nomeadamente entre a mocidade. Por tanto, non resulta estraño que este tipo de textos manifesten unha forte carga emotiva, motivada tamén pola natureza gráfica do medio que impide ou dificulta a expresión dos sentimentos por outros medios: xestual, prosódico ou quinésico.

⁷⁹³ Nalgúns casos esta propiedade leva os/as interlocutores/as a crearen de forma críptica determinadas fórmulas afectivas que os identifiquen dalgún modo, e nesta liña, as abreviacións constituén un recurso moi efectivo. No noso corpus detectamos a sigla *XPS* (‘xuntos para sempre’) que aparece en 17 ocasións (véxase 3.2.1.1.14).

3.2.3.4.2.5. Linguaxe malsoante

Nas anteriores epígrafes observamos que existe unha clara tendencia cara ao emprego dun léxico coloquial neste xénero, produto da informalidade e da proximidade que caracteriza a maior parte dos intercambios. De acordo con Álvarez Martínez (2008:315), estas condicións tamén favorecen o uso dalgunhas voces argóticas e malsoantes, embora isto non constitúa un fenómeno sistemático. Na súa opinión, a aparición de tales expresións responde fundamentalmente a tres razóns: i) unha actitude irónica ou de brincadeira; ii) unha situación conflitiva ou de confusión; e iii) a vontade de expresarmos enfado, sorpresa ou malestar. A respecto da primeira, convén sinalarmos que na maioría dos casos estamos perante inxurias ficticias, que poderían mesmo considerarse como expresións afectivas de tipo indirecto (véxase 3.2.4.2.4). Por tanto, o obxectivo principal non é tanto faltaren ao respecto ou incomodaren o noso interlocutor, senón que constitúe un recurso expresivo e humorístico. Este tipo de expresións adoitan referirse a características físicas ou psicolóxicas das persoas e, neste sentido, son moi produtivas aquelas en que se establecen analoxías ou comparacións co mundo animal. Eis algunhas mostras significativas:

Mona! Q tal? Nrviosa? Ont nn m deu tmp a xamart! Asiq snn falams ants pasao bn no kncrto! ***** ta bn! Xa me kntras maña q tal. Vai amdo! Bks. Qtm (**A9**)

Ola **bicho!** Km stas? D meyor umor q a smana pasad? E esa tos? Eu aki, missing you! Bks chorvi! (**A144**)

Eu a ti tb **pimpin!** Xddd (**A482**)

Compralls algo aos nens **rata!** XD (**A507**)

Felicidades **ladiya!** Xa ves q a tods ns chega a ora! Disfruta das lenteyas e da tortiya! Jeje! Vemons! Pasao ben! (**A170**)

En todo o caso, non son as únicas, pois tamén achamos o uso de palabras directas, na teoría de carácter ofensivo, tanto a respecto da aparencia como das actitudes. As seguintes SMS son un claro exemplo:

Sras **capuya!** Xa nn soms a 0! Agora just frens! XDD pois xa me contas maña ntn. Koidate (**A518**)

Grazas **pelexa!** Kncretams pra a semna! XD (**A334**)

ola **golfa!** Q tl sem sta? Eu akbeina 1tnt acidntada: abrin a fronte kunha klumna!! Stou wapisisisima! A vr kndo visitas a nfrma...bikos mona! Muakaaaaa (**A330**)

Boas noits **fea!** Q tal o día? Eu + ou -! Kmpreivs 1cpiyo d dnts pa q tñads na miña ksa. XDD nkntrm 1pouk mal! Spro q sts bn! Qtm8m8m8m8 pk! Q dskanss (**A6**)

E eu a ti **petardo!** I miss you very much! Penso soñar kntigo! Jejeje! Qtm8. Xps. Non t poñas d malas...q tas +feo! Jejeje! (**A169**)

O cotexto que enmarca este tipo de expresións e a familiaridade da situación comunicativa permite identificar a carga ofensiva que, de partida, manifestan estas voces como un recurso expresivo –afectivo ou lúdico– propio das interaccións que se desenvolven

nunha atmosfera desenfadada como a das SMS. Así, o uso de emotícones, de onomatopeas do riso ou a presenza doutras mostras de afecto contribúen para unha correcta interpretación das súas implicacións semánticas e participan, igualmente, do xogo que envolve estas prácticas lingüísticas. Non obstante, o clima distendido tamén favorece a inclusión esporádica de determinados palabróns que serven ás persoas interlocutoras para mostraren o seu enfado ou a súa sorpresa perante unha determinada situación. Na maioría dos casos funcionan a modo de interxeccións que, como sinalamos en 3.2.3.2.3, constitúen un recurso rendíbel para introduciren enunciados espontáneos. Entre eles é certamente rendíbel *merda*, como se observa nas seguintes mensaxes:

Merda! e agora vainos ver soas o xoves! e se m pregunta? q lle digo? ai q mal! q vrgonza! sintoo pro tmos q cambiar d sitio...jejeje! Boas noits! (A242)

Merda! Nvieino sen kerer (A465)

Stou por downtown, o mrkadyo d jels e 1 **merda**, myor o d union skuar! S t pasas x aki pegam 1 tok! Bks (A473)

E, a pesar de que en 3.2.3.3.4.1 afirmamos que no tocante aos termos relixiosos era frecuente recorrermos a eufemismos, o certo é que este precepto se foi contrarrestando debido á naturalidade con que os ditos conceptos se foron fixando na sociedade. Segundo Montero (1981:92-93), a insistencia da clase relixiosa en afianzar a idea de que Deus é eterna bondade e un ser a quen debe recorrerse en todo o momento tivo a súa contrapartida, quere dicir, a familiaridade. Así, o vocábulo *Deus* acabou por se desementizar e o que nun principio puideron ser invocacións efectivas e conscientes acabaron por se converter en expresións fixadas. Trátase, por tanto, dun recurso de grande expresividade: “el asombro, la ira, la sorpresa, toda la gama de sentimientos y de emociones puede expresarse por su mediación⁷⁹⁴”. E esta situación é estensíbel tamén a outros termos relixiosos cal *hostia* ou *xesús*. Eis algunhas mostras:

Deus! Smpr ch nvio a msx ants d rmatla! Jajaja! Ond e a confrencia? Pdms kdar ants? Faime saber! Bikos! (A468)

Hostia! Pois mira q bo rollo teño q non m dixeron nada! Jajajaja! (A462)

Ola! Akb d xegar a casa q deíxei o mbl krgando! Q ansias **x deus!** Jaja! Ok o domingo way! Ao meyor tms 1 amiga d sviya x aki! Hai 1 prato +? (A402)

Sáíndomos do ámbito relixioso, no noso corpus tamén se utilizan palabras ou expresións malsoantes para enfatizaren un determinado enunciado, como corroboran os exemplos que figuran a seguir:

⁷⁹⁴ Di tamén Montero (1981:93): “El término Dios se convierte así en una fórmula cómoda para, solo o en composición, denotar abundancia (“chove a Dios dar”), inconsciencia, candidez (“ti fas as cousas á boa de Dios”) o para despedir a uno y no precisamente con cortesía (“vai (anda) con Dios”)”. Sobre este particular, Sanchez Rei (2011:85) afirma que “á medida que a sociedade virar máis laica e perder o óleo estrutural do catolicismo”, este tipo de frecuencias lexicais deixarán de ser utilizadas ou, cando menos, terán un menor grao de aparición.

ei guapa! Q tal foi filadelfia? Ns o venrs ben! As **putas** risas o tio ste!! Onte salin n manhattan. Hoxe dia tranki d curro e organizr a ultima smana...oh my god! (A469)

E nn hai nada mais light? jajaja! Senn a dieta vai **ir ao carallo!** nn e x -prezar os xixarros! jaja (A511)

A respecto do uso palabróns, convén salientarmos que son igualmente frecuentes aquelas SMS que, a pesar de estaren redixidas en lingua galega, conteñen palabras malsoantes en español (véxase 3.3.2). Na nosa opinión, pode examinarse do punto de vista estilístico, como marca de énfase, se ben que tamén somos conscientes de que se trata de léxico que, de partida, xa presenta un alto grao de castelanzación:

sn dios!!!acbous o 2010!!!buenj crall!!!aor xegn as berbens, as cargdeirs, as rescas...en resumn, a boa vid!!!b ndal!!! (C-Nadal 111)

Meternm outra multa en FENE! Tivo q ser kndo fun vr a meu pai ao ospital, xq senn nn o entnd! **Me kago n tdo jodr.** Kn esa pasta ya pagab l otel! N fines..KAKA (A181)

Como podemos notar, o recurso aos palabróns non é sistemático e, mesmo neste contexto informal se manteñen, por regra xeral, as normas de cortesía. Así, é interesante subliñarmos os mecanismos de atenuación que se poñen en práctica para contrarrestaren o efecto negativo que tales voces puidesen desencadear (Álvarez Martínez 2008:392). Nesta liña, destaca, por exemplo, o uso da inicial daquelas palabras que poidan resultar ofensivas ou ben a recorrencia aos eufemismos. A seguir expoñemos algúns casos:

wno xa s acab o 2010 e po ano vlvn as fstas e a psal **dpm**.psadeo ben en aninovo. bicoss guapoos :) (C-Nadal 72)

Ei, pasax algo kmigo? Mndeix mails, xameit...xq nn das sinais d vida? **Jopis ***...**q pasa? Kntxt xfa. Bks. Boas noits chorvi (A130)

3.2.3.4.2.6. Linguaxe sexual

E un fenómeno similar acontece coa linguaxe sexual, pois embora o contexto sexa propicio para a desinhibición das persoas, parece que, nalgúns casos, se prefire o uso de eufemismos para evitaren enunciados que puidesen resultar incómodos ou demasiado abruptos para as persoas que as recibiren. Deste modo, achamos algunhas expresións substitutivas de enunciados claramente eróticos ou sexuais:

Jopis! qelo tar na kmiña **arrimand cebola.** sta sndo lsemana d n8 rara entre q t bto d- e o d ***, a kbza nn para (A544)

Q sms + kurrado! Pois tams na kma. Stivems xgando a wii e agora a vr se **facems os dbres,** xo sn violencia! Jopis kndo akabems as klass vout botar m8 d-! Nn qro!!! (A43)

Boas noits chika 10! (digoo xq stou orguyosa de ti, nn x vacilart) Nn gasts m8s enerxias, q senn maña **nn m rinds,** e oyo kos golpes, q qdn pouko stetikos! Bikoss (A45)

Kari, para min es o meyor xteiro do mundo! jeje! **Espero q sta noit marks m8s!** jaja! Querote snorlax! Muaka! XDD xps (A207)

jajaja! Nn o vira! M8s grazas snorlax, xo nn te akostumbres! jeje! Qtm8 petardo. Trabya pouk e nn t knses q **logo nn rndes!** XDD (A213)

Na liña do exposto en Montero (1981:34), o máis salientábel dos eufemismos sexuais na esfera lexical é –máis unha vez– o seu carácter afectivo e a influencia que ten e que recibe da linguaxe infantil⁷⁹⁵. Por tanto, vemos que o uso deste tipo de vocabulario camiña en paralelo ao doutras estratexias de natureza expresiva. A utilización da linguaxe xuvenil, da linguaxe infantil, das frases feitas, das fórmulas de afecto e mesmo dos palabróns, permiten reproducirmos múltiples estados anímicos –imaxinativo, inxenioso, groseiro, irónico, exaxerado etc.– e dotar de elocuencia un texto que sen estes mecanismos carecería de calquera pista paralingüística e tornaría complexa a súa interpretación.

3.2.3.4.3. Tratamento da toponimia

Debido á diversidade e á riqueza dos nomes topográficos da Galiza, xulgamos pertinente analizarmos de forma independente o seu comportamento nas SMS⁷⁹⁶. A toponimia eríxese, segundo Ferreiro (2001:28), como unha parte fundamental en relación á historia lingüístico-cultural dos pobos, pois é testemuña viva das diversas transformacións que unha comunidade sofre ao longo do tempo, cal os estigmas da colonización no caso galego. Por tanto, os topónimos conforman unha fonte de grande valor para o estudo diacrónico do idioma. A través deles podemos ver, por exemplo, as solucións diverxentes que conviviron e aínda conviven no territorio galego para un mesmo termo⁷⁹⁷ ou a estreita relación entre a paisaxe e as persoas. As SMS do noso corpus documentan exemplos que camiñan nesta dirección⁷⁹⁸, mais para alén disto, a toponimia constitúe máis unha testemuña dos procesos de redución lingüística que se producen nos medios de comunicación electrónica. Con todo, a simplificación dos nomes de lugar conta xa con algúns antecedentes fóra do contexto electrónico. Entre eles convén salientarmos o estándar ISO 3166-1 que proporciona códigos para os nomes de países e doutras dependencias administrativas e que está vixente desde 1974, ano en que foi publicado pola Organización Internacional para a Estandarización (ISO)⁷⁹⁹. Entre as regulacións derivadas desta norma, destaca o ISO 3166-1 alfa-3, sistema de códigos con tres letras, e o ISO 3166-1 alfa-2, formado por códigos de dúas letras, que son os que se utilizan nos dominios de nivel superior xeográfico da Internet (.es, .eu, .pt, .cat, .gal etc.). Igualmente, tamén existe o ISO 3166-2, que é un sistema de xeolocalización creado para cifrar os nomes das subdivisións dos países.

A finalidade principal da elaboración deste tipo de estándares é determinar unha serie mundial de abreviaturas para os nomes de lugar para que estas poidan ser utilizadas en múltiples operacións: etiquetas en paquetes ou envases, correo postal etc. Os códigos

⁷⁹⁵ Na súa opinión, “la interdicción sexual está también más arraigada en la mujer que en el hombre, como se deduce de su escasa inclinación a las imprecaciones sexuales o de sus recursos eufemísticos [...] indicio todos de una fuerte represión interdictiva” (Montero 1981:34). E se ben que as mudanzas sociais contribuíron para transformar o rol da muller tamén neste ámbito, podemos observar que das cinco SMS documentadas, catro son de autoría feminina e só unha masculina.

⁷⁹⁶ Repárese en que os nomes de persoa foron analizados *grosso modo* a través das epígrafes 3.2.1.3.1, 3.2.2.1.2 e 3.2.3.4.2.4, dado que os exemplos documentados foron moito menores, ao igual que as súas implicacións lingüísticas.

⁷⁹⁷ Para unha análise pormenorizada dos vínculos entre a onomástica e a dialectoloxía, véxase tamén Sánchez Rei (2013:389-414).

⁷⁹⁸ Neste punto é significativo o seguinte exemplo: *o q non me acordei antes foi decirch q quen esta moi maliña e M Jose da Cabana, a nai d ***** (igual xa cho dixo *****).* (B36).

⁷⁹⁹ Véxase <http://www.iso.org/iso/home.html>.

alfanuméricos permiten indicar claramente unha localización dun modo máis conveniente e menos ambiguo que o topónimo completo, o que viraría útil en territorios como a Galiza, onde a riqueza onomástica e a situación sociolingüística provocan enormes diverxencias (variantes españolizadas, variantes dialectais, casos de homonimia etc.). Non se trata de estándares amplamente coñecidos, mais en todo o caso aqueles sectores que os empregan manifestan unha enorme visibilidade, como acontece cos dominios da Internet, e isto é o que facilita a súa fixación e a súa asimilación a nivel mundial. Por tanto, poderíamos pensar que a ampla difusión das abreviaturas de lugar a través dos anteditos medios e as propiedades técnicas e interactivas características do xénero SMS favorecerían unha maior presenza destes códigos en lugar do topónimo completo. Deste modo, reduciríase o número de caracteres e diminuíría, consecuentemente, o tempo de redacción, polo que a interacción viraría máis áxil e cobraría maior dinamismo. De acordo con Ferreiro (2001:27), o nomenclátor da Galiza supón practicamente a metade dos topónimos do Estado español, o que dá conta da diversidade e da complexidade dos nomes de lugar. En consecuencia, o uso de abreviaturas para toda a riqueza toponímica da Galiza suporía unha laboriosa tarefa e requiriría dunha grande capacidade mnemotécnica –sobre todo se temos en conta os espazos xeográficos de nivel inferior⁸⁰⁰–, de modo que deixaría de ser funcional, cando menos neste contexto. Xulgamos que é por iso que as mensaxes de texto evidencian en moitos casos o mantemento da forma estendida dos topónimos. Eis algunhas mostras:

Mandéixe privado ao feisbuk! Menos mrkors e xovs q tou n **Madrid** podó qdar kalqra dia d tard asq ti diras! Q tal vas? Xa m tarda vrt! Jeje! (A435)

Estou nun congreso en **Portugal**. Cando volva xa te chamo. Saudos. (A363)

Good morning!!!!Vades vir polo **Casal**?? Tamen veñen **** e **, se non vides acercaos **** a **Andrade**. Despois xa os levou eu d volta! (B25)

Jaja! Nn t ekivkxs nn!! Esta semana vai sr dfic! O mrkrs vou pa **Santiago** e vlv sabad. Luns e marts tño kurs Kufie! Grazas x akrdart! Bikos (A333)

O uso de formas reducidas tan só aparece nas SMS cando se trata de voces que presentan un alto grao de consolidación e a coincidiren con entidades de nivel superior, nomeadamente cidades grandes, países ou estados, como ilustran os seguintes exemplos:

Kntxtarn d **NY**! **** ***, do cntro d stdos glgos, di k x el nn ai problm. Q ye tn q pdir permiso ao bicreitor xo q nn pnsa q s nege. (A307)

Bo Nad!! Xa stamos outra vez de festa!!(cousa rara de **Gz**)... Asi k pasadeo ben e feliz aninovo!! ARRIBA **GZ**! (C-Nadal 92)

olaaa!! cando teñas hueco libre podías mandarme un mini croquis da habitacion coas medidas! q ***** ten ideas pero qere saber as medidas para ver posibilidades. e xa cand tenas mas tempo ainda pods mandarm o resumo do q me contache de **NY** pero sen presa! besitoos ☺ (B35)

⁸⁰⁰ É, especialmente, nos microtopónimos onde fica máis patente a estreita relación entre as persoas e o medio no territorio galego. Na opinión de Freixeiro Mato (2005:191), “os nosos antepasados adoitaron nomear todo aquilo que os rodeaba (leiras, montes, outeiros, vales, mesmo penas, furnas ou cantís) para os integren na súa vida cotiá”.

En todo o caso, nin o uso da forma estendida do topónimo nin o uso de códigos alfanuméricos constitúen as alternativas máis rendíbeis no tratamento da toponimia nas mensaxes de texto. Así, no noso corpus evidenciamos que existe unha maior tendencia a utilizar moitos dos recursos lingüísticos de simplificación que se desenvolveron para este medio. Como xa sinalamos en 3.2.1.3.1, é moi habitual que os nomes de lugar figuren en minúscula, igual que acontecía cos nomes de persoa e coas siglas. Contamos con múltiples exemplos: *irixoa* (C20), *riazor* (A182), *lugo* (A198), *arteixo* (A201), *andrade* (A310), *burgo* (A358), *ferrol* (A369), *esteiro* (C-Nadal 45), *nebras* (C17), *suiza* (C17), ou *miño* (C39), entre outros. Eis mais algún exemplo:

N kuatro cayejeros **londrs** (A82)

ahhhh olvidouseme decir k empezei a trabayar o viernes en **curtis**....dous meses.... (C32)

po ano vemns en **melid** flz navid e prsper aninovo (C-Nadal 55)

Do mesmo modo, a ausencia de acentos gráficos é tamén unha constante nos topónimos, inclusive naqueles casos en que se utilizan de acordo co estándar:

Kariiii! Vou para **sabon!** Jeje! *** e a miña titora! Km mola! Q se prepare ***! Jeje! Vemons a noite! Qtm8 pelexo! Xps! (A46)

Ola stou en **canada** sintoo moito x marta dalle o psame da miña part (A118)

Saio d **vilaxoan** (B18)

Igualmente, son moi habituais as elisións vocálicas e as consonánticas, nomeadamente cando se trata de grafías mudas ou duplas, como en *Cardiff*. Nalgúns casos chegan inclusive a se suprimiren sílabas completas –no comezo, no interior ou no final de palabra–, como evidencian estas SMS:

operaron a *** d nebras non sei si da visicula ou algo asi pero nn sei fijo...oxe rabuñouye 1 gato d **vi[la]xuan** a ***** na cara en un brazo...sta feita un poema..ahhhhhh e teu padriño xa s aburre en suiza e o 30 d ste mes xa o temos aki..ven pa trabayar na **corña** e se ten pa tdo o ano xa nn s vai en fin...toda 1 historia bstnt peculiar (C17)

Prabns! Tou m8 cntnte x esa nticia! Chmot dspois k tou n **Bclona** (B14)

Boas noits pk! Vou mimir xa q maña ao final toka madrugar! Nn soñs kn **amstrdam**, q iso vai sr real! Qtm8 (A276)

boas fsts e prsper ani nov uns bks!!!!!! :) soms s mas guais de **mugar[dos]** incluid ***** -.- ! jojojojo FELIZ NAVIDAD :) HELLO ***** :) :) (C-Nadal 26)

Q tal d kmpras? Kurraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! Eu tou **pntdeume** e logo irei ksa papa! Muaka baby! Sta smana cofe? (A295)

Parabns baby! Aki n **cardif** ainda e dia 14, asiq xego a tmpo!!! Q tal foi o dia? E km lvas os achaks da idade? Duros non? Xa xe kntarei o meu scrto! Muaka xorvi (A453)

En ocasións tamén operan nos topónimos recursos de escrita fonética, como a simplificación da correspondencia fonema / letra, a redución dos dígrafos ou a escrita grafofonética, como se detecta nos seguintes exemplos:

Non imos q aínda van tardar en vir polo neno e logo nn hai qn s mta n **koruña** (A152)

Ola! Akb d xegar a casa q deíxei o mbl krgando! Q ansias x deus! Jaja! Ok o domingo way! Ao meyor tms l amiga d **sviya** x aki! Hai l prato +? (A402)

Pois cas prfiro venrs. Asi xa x cont todo cmplto ao vir d **Madri**! Dime hora e sitio e xa cncretms! S qrs vou x ti! Bks!! (A436)

Fosts a **krbayeira** ou andads x aki?(A215)

Stou por downtown, o mrkadyo d **jels** [Hells] e l merda, myor o d union **skuar** [Square]! S t pasas x aki pegam l tok! Bks (A473)

Estas mostras permiten observarmos que tamén no caso dos topónimos prima en moitas ocasións a subversión lingüística, o xogo e a expresividade e que nin sempre é a redución a súa única finalidade. En calquera caso, notamos que ao contrario dos antropónimos, en que por regra xeral non operan os recursos lingüísticos propios desta linguaxe⁸⁰¹, nos topónimos podemos observar o uso dunha grande parte das estratexias lingüísticas propias desta modalidade de escrita, o que resulta significativo sendo ambos nomes propios. Na nosa opinión, os antropónimos, a pesar de seren de uso común, manteñen a súa exclusividade, ao se referiren a un individuo concreto a quen respectamos a súa identidade⁸⁰²; ao contrario, os topónimos, aínda se adscribindo a un lugar en concreto, son utilizados por un colectivo moito maior, o que xulgamos que contribúe para a súa xeneralización e para o seu desgaste en tanto que nome propio, embora non deixe de o ser en sentido estrito. Será pois esta situación a que favoreza que os topónimos presenten, ao igual que o léxico común, unha maior cantidade de mecanismos propios desta nova modalidade gráfica.

3.2.4. A compoñente pragmático-textual

De acordo con Yus (2010:18), unha das grandes achegas dos estudos lingüísticos, baixo o marco investigador da pragmática e da gramática do texto, é precisamente a certeza de que resulta imposible estudarmos a linguaxe se a separamos do contexto en que esta xorde e é interpretada. Este mesmo autor introduciu en 2001 unha nova subdisciplina, a ciberpragmática, encargada de analizar a comunicación que se produce nos soportes electrónicos (véxase 2.2.2.1). Así, interésase no modo en que o usuariado recorre á información –en moitos casos limitada se a compararmos con outras situacións máis

⁸⁰¹ Tan só documentamos algúns fenómenos como o uso de minúsculas na grafía inicial, a ausencia de acentuación e o emprego de hipocorísticos en tanto que recurso afectivo e de simplificación. Véxase 3.2.1.3.1, 3.2.1.1.2 e 3.2.2.1.2 respectivamente.

⁸⁰² De feito, este valor identitario pode observarse nas novas tendencias, pois se antes primaban os nomes relixiosos como Xoán ou María, presentes na maioría dos casos, na actualidade búscanse outras fontes que permitan facer máis exclusiva a relación entre a persoa e o seu antropónimo. Neste sentido, é moi frecuente recorrer a nomes de orixe estranxeira ou retomar outros que xa estaban en desuso. Véxase <http://genforum.genealogy.com/nicaragua/messages/475.html>.

saturadas de datos contextuais– para preencher o baleiro que existe entre o que as persoas usuarias teclean e o que na realidade queren comunicar cos seus textos. Nas súas propias palabras, “la diferente «riqueza contextual» que exhiben las diferentes tecnologías de la comunicación por Internet posee implicaciones en la cantidad y calidad de información que es comunicada y en la efectividad final de su interpretación”. Neste sentido, as características propias das SMS favoreceron o emprego de mecanismos inferenciais que contribúen para a condensación textual, mais ao mesmo tempo tamén propiciaron o desenvolvemento de estratexias de ampliación que permitisen unha correcta interpretación dos textos, debido á falta de copresenza física entre os/as interlocutores/as e á proximidade deste discurso co das conversas face a face (véxase 2.2.3.3). Por tanto, nas seguintes páxinas analizaremos os mecanismos textuais e pragmáticos que, ou ben por adaptación ou ben por creación, gozan de maior rendibilidade na linguaxe SMS.

3.2.4.1. Mecanismos de redución

Alén das reducións tipográficas que afectan o interior da palabra (véxase 3.2.1.1) e das extratexias de simplificación morfosintáctica (véxase 3.2.2.1) e lexical (véxase 3.2.3.1), as SMS tamén presentan figuras de redución que inciden na esfera textual. De acordo con Vela Delfa (2005:704), a estrutura textual resultante non debe ser ambigua para a persoa receptora que ten de poder inferir o implícito sen grande dificultade. Quere dicir, a simplificación textual exige máis que ningún outro mecanismo que emisora e receptora partillen un mesmo universo de crenzas e de saberes, dado que ese contorno cognitivo común será indispensábel para reconstruír o contido intencional da mensaxe⁸⁰³. Por tanto, para recompor calquera procedemento de redución lingüística neste contexto, as persoas interlocutoras deben manexar as estratexias propias do código e, ao mesmo tempo, realizaren inferencias a partir dos seus coñecementos. Como regra xeral, se as estruturas reducidas asentán en procesos cognitivos e inferenciais apropiados, contribúen para abreviar e aceleraren os intercambios. E neste punto, convén destacarmos dúas clases fundamentais de coñecemento: por un lado, o coñecemento do mundo –ou enciclopédico– partillado que non precisa un lazo interaccional concreto e, por outro lado, o propiamente discursivo, que depende do contexto comunicacional. En moitas ocasións, a propia mensaxe permite activar as relacións asociativas necesarias para contrarrestaren as ausencias e, noutras será preciso recorrer ao conxunto de mensaxes que conforman o intercambio. Mais en calquera dos casos, é preciso destacarmos dúas figuras fundamentais sobre as que nos deteremos nesta sección: a elipse e a deíxe.

3.2.4.1.1. Simplificación textual

3.2.4.1.1.1. A elipse

A elipse, en canto que mecanismo de redución textual, configúrase como un recurso de grande rendibilidade nas mensaxes de texto e consiste na omisión dun elemento lexical, dunha frase, dunha cláusula ou de todo un enunciado cuxa presenza resulta normalmente necesaria para o procesamento do texto mais que tamén pode ser deducido polo contexto (López Alonso / Seré 2001:204). Por tanto, a interpretación do enunciado require dun proceso de reconstrución en que a persoa destinataria debe recuperar as palabras elididas a partir do seu coñecemento das regras gramaticais da lingua en que se redixiu a SMS (véxase Freixeiro Mato 2006, IV:108-109). A utilización deste mecanismo outorga unha maior axilidade á

⁸⁰³ Tanto Yus (2001) como Vela Delfa (2005) fundamentan as súas teses a partir da “Teoría da Relevancia” de Sperber / Wilson (1986).

construción textual, dado que, ao se substentar no principio de economía lingüística, permite aos coenunciadores eludiren repeticións innecesarias e fragmentos que poden ser interpretados a través da información contextual; na opinión de Vela Delfa (2005:705) un procedemento destas características resulta moi rentábel nun xénero como o das SMS, xa que a persoa que enuncia pode reducir o número de palabras. Tradicionalmente, o uso da elipse estaba motivado por razóns de tipo expresivo en contextos en que se tende ao detallamento desnecesario e en situacións en que se busca a efusividade (Charaudeau / Maingueneau 2002); ambas as propiedades poden ser aplicadas tamén ao estilo electrónico⁸⁰⁴. Por esta razón, no noso corpus achamos múltiples exemplos de elipse, debido a que, para alén de axilizaren a redacción, non provocan problemas relevantes nin un custo cognitivo excesivo, dado que a estrutura interactiva propia destes sistemas de comunicación contribúe para recompor os elementos omitidos.

Nun contexto como o das SMS a elipse non só conforma un mecanismo de economía, mais tamén expresivo, na medida en que dota o texto dun rexistro máis próximo e con fortes notas de coloquialidade. En contraposición aos fenómenos de simplificación sintáctica analizados en 3.2.2.1.5, nas mostras que figuran a seguir as elisións non causan rupturas na coherencia textual, de modo que non implican disfuncións interpretativas. A actividade cooperativa presuposta en todo o proceso interaccional sostén a construción dos textos elididos, moito máis frecuentes nas SMS en réxime de intercambio continuo (Vela Delfa 2005:714)⁸⁰⁵. Neste sentido, un dos elementos gramaticais que se elide con maior frecuencia é o verbo, ou ben porque xa foi mencionado nunha intervención anterior ou ben porque o contexto lingüístico permite inferir de que verbo se trata. Vexamos estas mostras:

Ola chorvi! A miña prof mla m8. Ox rtrasous e mandarnm pa klas e os rapacs [**portáronse**] xnial, kndo chegou dixo xa vxo q sobre! Jeje! Stivn kn 2bach. Maña +! km q alumna? Xq? (A18)

Q tal ont? Eu kaka... :(Vaia shit d dia, spro q ti polo – o pasases way! Xdoa x nn ir ont! Qtm8. Oxe [**comemos**] kbab nn? Bks (A65)

O final [**quedamos**] no Bonilla d rua real as 8 (A103)

Ola baby! q e d tua vida? Q tal a smana? Eu ste find [**vouno tomar**] d relax! ti q vas fazer? bikos chorvi! Miss you a lot! A ver se nos vmos. Muaka (A221)

Q tal d kmpras? Kurraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! Eu tou pntdeume e logo irei ksa papa! Muaka baby! Sta smana [**tomamos**] cofe? (A295)

Nn psa nda! Eu tivn 1dia kmpltito! En ferrol [**pasámolo**] ben! Stivemos mirando mobles! jeje! Pois falamos maña (A369)

Dentro das elisións verbais, convén sinalarmos que estas afectan especialmente os verbos *ser* e *estar* –ambos copulativos–, dado que na maioría dos casos tan só serven para

⁸⁰⁴ Sobre este particular, Álvarez Martínez (2008:340-341) subliña que a elipse “es consecuencia inmediata de la relación vivencial de proximidad entre los mismos. Ello propicia la existencia de un saber compartido entre ellos y, consecuentemente, el mensaje lingüístico presenta una fuerte dependencia contextual. Así pues, el texto queda supeditado con frecuencia al contexto, prima *lo contextual*, y *lo presupuesto* o *implicado* es a veces tan importante como *lo dicho* explícitamente”.

⁸⁰⁵ É preciso destacarmos que para unha recomposición total do texto é imprescindible coñecermos os pares de encadeamento, o que nin sempre acontece no noso corpus. En todo o caso, nas mensaxes en modo diferido tamén notamos que este recurso resulta certamente eficaz.

enlazaren o suxeito co predicado e non adoitan expresar por si mesmos unha acción ou condición, isto é, non contribúen para o significado semántico do texto. Eis algúns exemplos:

Boas noits fea! Q tal o día? Eu [**estou**] + ou -! Kmpreivs lcpioy d dnst pa q tñads na miña ksa. XDD nkntrm l pouk mal! Spro q sts bn! Qtm8m8m8m8 pk! Q dskanss (A6)

Q tal ye foi o día ao meu ncfalograma plano favorito? Jeje! Eu [**estou**] bstante ben! XD maña xa stams xuntiñas! Podras awantar? Jeje! See u 2morrow darling! Muakakakaka! (A47)

Ei! Q tal? Xa stas rcuprada? Km vai tdo? I miss u baby! Eu [**estou**] aki..vageando x mria pita! Kndo m vas vir visitar? Bks chorvi (A69)

Si, chegams onte pola noite e [**estamos**] moi ben. Maña imos torrarnos a piscina. Bks (A228)

[**Son**] 56 de novembro e 42 d decembro. Total: 98 (A303)

Ola! Ktl vai todo? Q tal ****? Falch cn ela? Eu [**estou**] n gym. Hox foi outr dia d non parar! Colexio,cmida tutor.****.rosals.gym. Non sei s baixarei, avisote! N galgo! (A60)

Alén dos pronomes persoais con función de suxeito –que como norma non adoitan reproducirse na maioría dos textos debido a que os seus trazos semánticos xa figuran recollidos nas desninecias do verbo⁸⁰⁶– no corpus tamén achamos casos en que ou ben se elide o suxeito ou ben se utilizan termos xenéricos para o substituíren (véxase 3.2.3.1.1), como se pode ver nas seguintes SMS:

Jo q ilu m fai q x ns toke **algo [un premio]** xuntas again!! Flicidads xq o mrecs chorvi! O vnres abra q clbralo dbidament! Jeje! Madrid..here we go! Bikos xika prmada! XDD (A27)

Rock in theatre!!! aaaaaauuuuu! Jeje! Fuchs pa kasa? **Sto [o que?]** is starting! [**quen?**] Stams diante d tdo, tratarei d skivar as bqetas e as puas q lanzen! Jeje! Muaka chika 10! (A40)

Moits grazs ricura! E+ x faclo atopndot ml! Qdou moi bn envlto [**o regalo!**] No coxe nn via patras! Nn o recrdab tn grnd! Tiveno q subir xa pa casa! Damsllo mña xla mña! Bks! Qtm8! (A187)

Feliz nadal a todos os galegos que son a mellor xente do mundo e [**a Galiza**] a mellor terra do universo (C-Nadal 100)

Eu nn ia dicir nda xo m8 ben nn sbian [**o que?**]! Jeje! Xo tranki q o q knta e a intncion! Jeje! Muaka! (A186)

Mira, meyor nn ims andr, vente para ksa q akb dir aos xinos e rozanme bastante [**o que?**]. Voume facer as kuras agora. Bikos (A206)

En que aula é [**o exame? a exposición?**]? (C2)

⁸⁰⁶ A este respecto, é preciso atendermos aos usos que se producen en linguas como o inglés onde a inclusión do pronome é obrigatoria se non existe un suxeito explícito. Así, se ben que o de primeira persoa tende a se suprimir nalgúns casos, o resto dos pronomes mantense como regra xeral, e isto é o que permite explicar a rendibilidade dalgunhas estratexias de redución sobre estas partículas: *u* ('you'), *dey* ('they') etc. (véxase Crystal 2008:41 e Otemuyiwa 2011:68).

Noutras ocasións o elemento elidido é o complemento directo, motivado pola súa aparición nun enunciado anterior ou ben no texto ao que as SMS están a responder. Neste caso, as pistas contextuais favorecen a súa reconstrución, mais noutros é probábel que tan só as persoas interlocutoras recoñezan as partes omitidas:

Ei, stas ben? Xq nn m koyes [**o telefone**]? Pasou algo? Stou rayada! Qtm8 pk! (A136)

No noso corpus achamos igualmente un emprego particular da metonimia que contribúe para omitir certos elementos dunha secuencia. Así, son comúns os casos en que aparece o nome propio de persoa ou lugar, ou o cualificativo no sitio do obxecto a que se fai referencia. Eis algunhas mostras:

Akb d nkntar o [**restaurante**] italiano q m dixo ***** (A166)

Para no [**bar do**] menguxo cando veñas e se esta ***** xa cha da. Senon dixo q ma manda ela por correo (A189)

Bosssss diasssss! Perdin 1 euro na timba d pkr! Porka miseria! Da [**festa da**] carballeira so vims os famosos churros! XD q tal vos? Stou m8 kansad! Lv td a fnd durmnd n xan!! (A433)

O tamaño limitado e a inmediatez das SMS favorece unha maior tendencia a elidir aquela información que pode ser doadamente recuperada polo contexto. Por esta razón, para alén dos exemplos anteriores, en que se omiten algúns elementos –verbos, suxeitos ou complementos–, convén destacarmos aqueloutros casos en que as elisións afectan o ámbito da cláusula:

****, vou xantar fora cos meus padriños. Sube igualmente se queres e [**se tes fame**] fuchica na neveira ☺ (B10)

stou kasa. [**se necesitas**] Klqra kousa [**podes localizarme no**] mbl. Tño q lr e nn m aptcia ir xa ali. Bks (A284)

Saio d vilaxoan [**así que nuns minutos estou aí**] (B18)

E para esta finalidade gozan dunha enorme rendibilidade os enunciados suspendidos que son aqueles cuxo valor ilocutivo é completado no contexto pola persoa destinataria. Xa nos referimos a eles en 3.2.1.2.2 cando tratamos as reticencias como un recurso expresivo na linguaxe SMS. Na opinión de Álvarez Martínez (2008:352), o seu uso nestes casos non constitúe un corte na comunicación, quere dicir, o abandono dunha construción para comezar outra ou falsos reinicios. Ao contrario, trátase de enunciados independentes tanto do punto de vista formal como informativo e posúen unha intención precisa dentro do proceso comunicativo⁸⁰⁷. As reticencias tenden a se multiplicar –como xa indicamos– neste marco interactivo na procura de maior efusividade e, en consecuencia, moitos dos casos en que

⁸⁰⁷ Sobre esta cuestión, Briz Gómez (2001:86-87) sinala que a maior parte destes enunciados é a consecuencia dos procesos de gramaticalización das relacións entre determinadas expresións verbais, os contextos e as estratexias de uso.

aparecen pretenden facer énfase non no que se di, mais naquela parte do discurso que se sobreentende. De acordo coa antedita autora, o uso de enunciados suspendidos fai parte do xogo alusivo / elusivo a partir do que se consegue a (des)activación intencionada dun punto de vista ou dunha perspectiva. As seguintes SMS constitúen un exemplo:

Ola chorvi, pois eu + ou – e meu pai ai anda, km ch kntei nos mails..sn novidade! Eu tb stou m8 knsa, xo polo – xa akbei os exams! Q tal o teu dia? Dixom *** q maña tms q clbrar publikmnt o nso kmpromiso pra q koa distancia nn ns sparmos! Xa ye dixn q xa o falarams xo qr sr tstmuña, = q no procso! Jeje! (A25)

Boas noits pk! Xa sta tdo ready! Jeje! Agora so falta q che guste! I miss u a lot n klase! Nn sei q vou facr a partir d agora...abra q pnsar n1 plan b! Muaka (A38)

Ei, pasax algo kmigo? Mndeix mails, xameit...xq nn das sinais d vida? Jopis ***...q pasa? Kntxt xfa. Bks. Boas noits chorvi (A130)

Nn t preocupes k mntres cocife miña nai ay comida d sobra... (C23)

Si stams d limpeza!!!!vent k vs muy ben.... (C24)

E aínda que non é moi frecuente, en ocasións as elipses provocan diversas disfuncións interpretativas que deben solucionarse, ou ben ao longo do propio texto a través de repeticións lexicais (véxase 3.2.3.2.1) ou ben a través dunha reformulación da información que permita reconstruír o baleiro. As SMS que figuran a seguir conforman unha mostra de elipses que producen o efecto contrario á economía textual que inicialmente se procuraba:

Referiam a se stabas bn mona! Xa sei q nn che fixen nada! Polo – knscientmnt! Se ts fame..a miña nvra ta chea! Jeje! Google: axuda psiloloxik...urxnt (A28)

Stams vendo a peli kndo saia buskote. **Tams vndo a dos kohen**..mola! Bkos chorvi!jeje (A34)

Vou xegar algo tard pq vai cn rtraso o bus **supoño q xegarei a e 15** (A95)

3.2.4.1.1.2. A deíxe

Unha outra operación complementar á elipse constitúea a deíxe, isto é, o proceso a través do cal os falantes fan referencia a un saber partillado a través de elementos lingüísticos. Seguindo Sánchez Rei (2002:407), existen dúas modalidades deícticas que, por súa vez, presentan diversas tipoloxías: a primeira, a deíxe polo tipo de contexto partillado, en que se poden distinguir varias clases: i) a deíxe indicial, isto é, as estratexias a través das cales se recollen informacións relacionadas cun punto locativo determinado e expresadas a través de adverbios ou formas pronominais; ii) a deíxe transposta, mediante a cal o falante se refire a algo que non está presente no momento da enunciación e que debe ser asimilado pola persoa interlocutora grazas ás súas capacidades intelectuais; e iii) a deíxe textual onde o campo perceptivo común corresponde ao co(n)texto verbal e pode ser recuperado polas capacidades memorísticas do resto das persoas interlocutoras; esta é a única clase en que é posíbel falarmos de referenciación textual e distinguir entre a anáfora e a catáfora. A segunda, a deíxe segundo a compoñente do contexto, en que diferenciamos catro categorías: i) a deíxe persoal, que identifica o rango dos participantes na interacción; ii) a deíxe social, que marca diferentes graos de hierarquías, distancias e proximidades entre os participantes no acto

verbal; iii) a deíxe temporal, que marca e identifica o tempo en relación co espazo; e iv) deíxe circunstancial ou nocional, encargada de activar semanticamente outros elementos do contexto (Lopes 1985:91).

Na linguaxe SMS serán a deíxe indicial, a persoal e a espacio-temporal as que, xunto á textual presentarán unha maior rendibilidade e, por tanto, aquelas que serán analizadas nas seguintes páxinas. Non obstante, no referente ás cuestións organizativas, pareceunos pertinente agruparmos as primeiras nunha soa sección debido á súa proximidade nocional e referencial no marco das interaccións e, ao contrario, tratarmos a segunda nunha sección diferente, porque, ao ser un medio de comunicación escrito, as súas implicacións e a súa rendibilidade é neste sentido moito maior.

3.2.4.1.1.2.1 A deíxe indicial, persoal e espacio-temporal

A deíxe, como apuntamos, serve para identificar a persoa (*eu, ti, nós*), sinalar (*este, ese, aquel*) ou para indicar localización espacial (*aquí, alí, arriba* etc) e temporal (*ontem, hoxe, mañá*). Neste caso, estamos perante mecanismos que carentes do contexto lingüístico perden por completo o seu valor referencial. O feito de que os textos electrónicos e, xa que logo, tamén as SMS, se caractericen por unha maior oralidade e coloquialidade non só provoca simplificacións de tipo sintáctico (véxase 3.2.2.1.5) en relación á escrita noutros soportes, mais tamén unha maior dependencia contextual. En palabras de Gómez Torrego (2001), como a referencia discursiva adoita ser a da persoa participante no momento en que interactúa cos demais, o presente de indicativo é a forma verbal máis empregada, e con ela todos os elementos deícticos relacionados co presente da persoa emisora, quere dicir, demostrativos, construcións adverbiais ou formas pronominais persoais e posesivas que teñen que ver cos eixos do diálogo *eu/ti*. Por tanto, o proceso de actualización que opera nas conversas coloquiais converte o trío *eu/aquí/agora* no centro deíctico persoal, espacial e temporal por excelencia das SMS.

Na opinión de Álvarez Martínez (2008:347), o discurso interactivo deste xénero provoca unha maior presenza do *eu* –igual que na conversa coloquial– de forma constante, explícita e latente. Esta autora engade, igualmente, que a súa inclusión⁸⁰⁸ comporta determinados valores pragmáticos ao discurso, como estratexia retórica de intensificación ou de atenuación e, en definitiva, como unha manifestación da construción da autoimaxe ou da protección desta na conversa. Vexamos algunhas mostras:

Ola prson! Q tl stas? **Eu** tou again n kma xq nn pdo ko ku! Maña s nn ts plan e qrs facr algo avisa! **Eu** supoño q starei n ksa! E snon vmoms luns! Muaka (A23)

Ola chorvi, pois **eu** + ou – e meu pai ai anda, km ch kntei nos mails..sn novidade! **Eu** tb stou m8 knsa, xo polo – xa akbei os exams! Q tal o teu dia? Dixom *** q maña tms q clbrar publikmnt o nso kmpromiso pra q koa distancia nn ns sparmos! Xa ye dixn q xa o falarams xo qr sr tstmuña, = q no procsó! (A25)

E **eu** a **ti** petardo! I miss you very much! Penso soñar kntigo! Jejeje! Qtm8. Xps. Non t poñas d malas...q tas +feo! Jejeje! (A169)

Ola! Xdoa x trdar xo o mbl funcion knd qr! **Eu** alg1 dia d tard podria! Avisame e qdams, s pods? Q tal tdo? **Eu** km smpr, extresada!! jaja! Bkos (A253)

Bo **eu** son tonta, teño aqui apuntado que e o 25 e **eu** pensando que era hoxe (A343)

⁸⁰⁸ Vira preciso lembrarmos que na maioría dos casos os pronomes persoais son elididos porque poden ser recuperados polas desinencias do verbo principal (véxase 3.2.4.1.1.1).

E embora o uso do pronome de primeira persoa non se configure por si mesmo como un mecanismo de simplificación –mais todo o contrario–, convén salientármolo porque é a partir del que se artella todo o sistema referencial que si vai ter implicacións desde a perspectiva da economía lingüística, nomeadamente o de natureza espacio-temporal⁸⁰⁹. Noutras palabras, as persoas coenunciadoras deberán coñecer as circunstancias que rodean o acto comunicativo e telas presentes durante a interacción para así interpretar adecuadamente esta serie de referencias (Álvarez Martínez 2008:348). As nocións temporais, cal *agora*, *despois*, *hoxe* ou *mañá* serven para faceren referencia a enunciados máis longos e precisos como as datas ou as horas; con todo, o deíctico *agora* tan só ten validez se a persoa destinataria o interpreta no momento en que a emisora o codificou. Esta expresión normalmente alude ao instante en que se está a desenvolver o intercambio, se ben que noutros casos adquire un valor menos preciso, como se observa nas SMS que presentamos a seguir:

Pos m8 bn, kntr tdo pronstiko nn tño rsak! Jeje! Oxe fun vr a ***** xogar e **agora** tou tirada no sofa! ** e *** mndan saudos! Grazas xlo sms! Es 1sol! Muaka bombon (A30)

Boas noits pk! Xa sta tdo ready! Jeje! **Agora** so falta q che guste! I miss u a lot n klase! Nn sei q vou facr a partir d **agora**...abra q pnsar n l plan b! Muaka (A38)

Ola tronk! Q tl? Oxe nn puidms falar! Vaia día tivn! Pola tard stiven kn ***** e **agora** tou na cena mexicana! E ti q fixeches? Falams mañan! Bks! (A78)

Alegrome moito d q conseguirades un acerkmnto ;-) Non te preocupes o segredo esta a salvo. **Agora** a volver pouco a pouco todo a normalidade. Un biko (A151)

As nocións temporais, excepto nalgún caso concreto como o de *agora*, adoitan posuír un mesmo significado para as persoas interlocutoras, independentemente de quen as enunciar. Nese sentido, serán as referencias espaciais (*aquí*, *aí* e *alí*) as que adquiren relevancia, dado que para as interpretarmos é preciso coñecermos a situación en que se encontra a persoa emisora. A respecto de *aquí*, convén salientarmos que os referentes poden ser varios: por un lado, pode aludir á localización xeográfica en que se encontra a emisora, como acontece nos seguintes casos:

As 5 **aki**, q teño kousas q facer! (A205)

Se necesitas kalqera kousa chamame vale? Qtm8. E s nn qres star n kasa pds vir pa **aki**. Dskansa anda! Muaka (A232)

Prdoa q che colgase! taba liadisima! **aki** ta caendo unha q flips!!! nn se ve pa knducir! s non skmpa terei q ir moi amodo! saio as 8, intntarei xegar a tmpo, ok?! bks! (A247)

Deixams o caf pra outr dia q teñ **aki** pra long! Falei kn ***** d cear e tomar algo o sabad. Vou falar kn **** e **** aver q din. Qdads avisados! Bks (A450)

Noutros casos o deíctico *aquí* fai referencia ao propio contexto electrónico en que se está a desenvolver a interacción, é dicir, a SMS. Trátase dunha localización non tanto física,

⁸⁰⁹ Cfr 2.3.4.

mais virtual e tamén presenta certo carácter presentativo, de modo similar aos adverbios *eis* ou *velaquí* (véxase Sánchez Rei 2002:408-415):

Tal vez o mellor adorno de navidad sexa unha gran sonrisa, **aqui** tes a miña. :D (C-Nadal 6)

O mellor agasallo dst nadl e un grn sorriso galego, **aqui** ts o meu ;) Felz aninovo!! (C-Nadal 114)

Nalgunhas ocasións para facer mención a ese espazo virtual das SMS o adverbio *aquí* é substituído por *aí*. Isto pon de relevo que a persoa interlocutora non perde a perspectiva do espazo físico en que se encontra; así, o uso de *aí* sèrvelle para marcar unha distancia entre ambos os contornos, ou sexa, o físico e o virtual:

Ola...estas **ai**???? Si keres mandoche 5 euros p cntstar!!!! (C22)

No entanto, os usos deste deíctico na linguaxe SMS correspóndense con aqueles que presenta tamén noutros contextos, isto é, para indicar a localización –normalmente física– da persoa con quen se interaxe ou un lugar afastado de ambos os interlocutores. A brevidade destas partículas convérteas nun mecanismo moi produtivo no marco da interacción electrónica:

Non. X crto maña qdamos as 6 mllor q total nos vai dar tmpo q dsd **ai** so tmos q coyer un bus e tmos 4 oras! S ts algún problema en iso dimo (A115)

Grazs! Xa vou vey a pa clbracions subidits d ton! XD a vr se vou x **ai** pra semna q ven! (A335)

Eu non recibin korreo ningun! Kndo ves? Komes **ai** ou en Santiago! Akb d expoñer e m8 bn! (A338)

No noso corpus tamén achamos este adverbio de lugar utilizado como referente temporal, de igual modo que na linguaxe coloquial:

Pois teño libre o venres pero a partir das 5 ou x **ai**. Pero senn kmpra crema ou algo e faino ti! (A149).

E do mesmo modo que acontecía con *agora* (vid. supra), tanto o adverbio *aquí* como *aí* nin sempre funcionan como referentes espaciais concretos, mais en ocasións remiten para lugares pouco precisos ou difíceis de localizar desde unha perspectiva física. Vexamos os seguintes exemplos:

Pra min tb es increíble e spero q nos vaia xenial xuntos. Tesm **aki** pra o q necesites! Es o + imxtant da miña vida! Qtm8 kari. Xps. Boteite m8 d-! Stou dsxando vrt (A48)

Kari! Vou kn **** x **ai**! Kndo saias chama pa chegar a tmpo! Qtm8! Xps (A66)

Para min si que supuxo un privilexio (e encheume de orgullo) escoitarte. Moitas grazas por estares **ai** e moitos parabens (C3)

Boas noites pk! Falams maña. Vou mimir q stou knsisima! Nn t rayes anda, a min molam ir x **ai** KNTIGO, o dstin e o d-! Qtm8 baby! Q dsknses! Muaka (A173)

Como sinalamos no comezo desta epígrafe, o contexto interaccional que predomina nas SMS provoca que o máis habitual sexa o emprego de elementos deícticos relacionados coa primeira e a segunda persoa. Con todo, o adverbio de lugar *alí* conforma igualmente un recurso de simplificación eficaz, se ben que a súa aparición é moito menor⁸¹⁰:

Ei baby! Vanm lvar até **ali** asiq vou sn coche. En principio volvo kntigo, e se nn knsigo awantar tanto km ti vn **** x min! Vm nos **ali**! Sde puntuais! Q tal a expo? (A24)

Maña d 10:30 a 12:30 dou a miña 1a klase! Stou nerviosiya! Jeje! Pois s t pasas x **ali** xa che knto tdo, tdo! Ti q tal? I MISS U 2! xa diras! Boas noits baby! (A132)

Estaba na kama! As maletas non xo os biyetes xa os temos! Vale pois **ali** staremos! A ver se maña fago visita! Stads? (A396)

De igual forma, tamén se usa a forma *ese/a/es/as* con funcións referenciais anafóricas para retomar un enunciado que acaba de mencionarse, non só como estratexia de redución textual, mais tamén cunha finalidade enfática. E normalmente acompaña anáforas de tipo lexical que sintetizan o seu antecedente, como se deduce das SMS que presentamos a seguir (véxase 3.2.4.1.1.2.2):

Meterm outra multa en FENE! Tivo q ser kndo fun vr a meu pai ao ospital, xq senn nn o entnd! Me kago n tdo jodr. Kn **esa** *pasta* ya pagab l otel! N fines..KAKA (A181)

Eu non encntr **esa** *espuma* s pods pillama (A535)

Prabns! Tou m8 cntnte x **esa** *nticia*! Chmot dspois k tou n Bclona. (B53)

kerovs dsexar a todos unha feliz navidad!!!un bo ano 2011 en todo:amores,notas todos **eses** *rollos* q se sueln dcir e tamen dar un consello ted cuid (C-Nadal 10)

Como veremos en 3.2.4.4.1, en ocasións este deíctico cando figura despois do substantivo pode outorgarlle certo carácter pexorativo, como acontece na seguinte SMS:

Xa cubrn o asnto **ese** k m mndaches e despois dinye a enviar non era asi... (C16).

⁸¹⁰ Non obstante, observamos unha redución significativa dos adverbios locativos do galego, pois tan só ten rendibilidade o par *aquí/aí/ alí*, en canto presentan unha nula aparición no corpus *acólalo, acá/alá, aquín/alén* e *acólá* (véxase Freixeiro Mato 2006, II: 500). É probábel que as razóns sexan similares ás aducidas para a preferencia pola forma *cousa* en lugar de *couso*, quere dicir, evitar a través do uso das formas xenéricas inclusivas problemas de tipo referencial motivadas pola ausencia dun contexto partillado. Así, as formas deícticas máis concretas serán máis habituais en situacións comunitivas presenciais, onde os referentes poden ser localizados con maior facilidade.

E en último lugar, cómpre comentarmos o uso deíctico do adverbio *así*, que na maioría dos casos serve para retomar contido anterior –tanto explícito como implícito– e, en consecuencia, constitúe un recurso moi rendíbel desde o punto de vista da simplificación e da cohesión textual, motivo porque tamén podería ser analizado en 3.2.4.1.1.2.2. Eis algúns exemplos:

Nn qro “dsktir” x sms, parcm asurd, s qrs qdams pa falar ou chamamns. Xo creo q nn son a unik q fai as kousas mal. E stou knsa d skoitar kntinuamnt q sn smpr a mala, q so m prokpo x min e q nn m ntro dnad xq nn e crto! Eu qtm e si q m imxtas xo nn t pdo obrigar a nda, e star **asi** nn e sano xa ningl.. (A16)

Ola pkna! Tas bn? Sintm ml xlo d oxe, com s t deixase tirada kndo m ncsitabas. Spero q nn sexa **asi** e q stivess bn sta noit! Kedei algo rallada! Maña falams! Bks! (A128)

Eu nn sei s fixen algo q ch mlestou ou s e xq ch pasa algo xo nn ntndo q nn qeiras cear kmigo, nin falar...nn me mola vrt mal, nin q stems **asi**. Qtm8! (A192)

Chiki, spero q ests mllor...Nn m gusta vrt **asi**! eu nn tño nada d sono...votams lpartidiña o trivial? jejeje! mañan voum arreptir disto...boas noits! durm bn! bks! (A249)

3.2.4.1.1.2.2. Deíxe textual: anáfora e catáfora

De forma similar ao que acontece coa elipse e coas tipoloxías deícticas xa analizadas, a anáfora constitúe unha operación lingüística de que as persoas se serven para faceren referencia a un coñecemento partillado ou que xa foi enunciado con anterioridade. Noutras palabras, unha anáfora consiste na repetición dun concepto xa expresado, ben no propio texto ou ben nunha interacción anterior. Esta función lingüística referencial é desempeñada na maioría dos casos a través de pronomes, pois é no texto onde estas partículas cobran sentido; porén, tamén poden aparecer outros elementos, cal os demostrativos, por exemplo. Así, para interpretarmos unha anáfora debemos coñecer cal é a expresión a que fai referencia, isto é, o seu antecedente. Na liña do sinalado en Freixeiro Mato (2006, IV:116-117), a natureza referencial desta figura sitúaa como un dos mecanismos básicos da cohesión, da coherencia textual e tamén da progresión temática⁸¹¹. Neste sentido, estableceéronse diversas tipoloxías de anáfora que se corresponden con factores de clasificación diferentes: por unha parte, podemos diferenciar a anáfora pronominal, a anáfora lexical e a anáfora adverbial, cando o elemento anafórico é un pronome, un grupo nominal ou un adverbio, respectivamente; por outra parte, existe unha outra oposición que distingue as anáforas correferenciais –onde a expresión anafórica remite ao mesmo referente que o antecedente– das asociativas –que evocan o antecedente a través de estratexias de equivalencia. Igualmente, diferénciase entre anáforas fieis e anáforas infieis: as primeiras reproducen o antecedente mudando o determinante, en canto nas segundas este é lexicalmente diferente. Un mecanismo

⁸¹¹ Este autor inclúea no que el denomina *cohesion referencial*, isto é, “aquela en que un compoñente da superficie textual, chamado forma referencial ou remisiva, remite para outro (ou outros) elemento do texto, que se denomina referente textual ou elemento de referencia. Este pode estar representado por un nome, un sintagma, un fragmento da cláusula, unha cláusula ou un enunciado; se representado por un nome ou un sintagma nominal, o referente vai incorporando trazos segundo o texto se desenvolve, isto é, constrúese no proceso de desenvolvemento do texto, de maneira que se modifica en cada novo ‘nome’ que se lle dá ou en cada ocorrencia do mesmo nome” (Freixeiro Mato 2006, IV:114). A súa importancia como estratexia para a organización do discurso converteuna nun fenómeno amplamente estudado desde a perspectiva da gramática do texto (véxase Fox 1996, Charolles 1999, Silva 1999, Kleiber 2001 ou Mateus / Brito / Duarte / Hub Faria 2003).

complementar á anáfora é a catafora que, ao contrario que aquela, precede o texto que se (re)formula.

As SMS do corpus que manexamos constitúen mostras moi variadas de anáforas e áchanse tanto nos límites da unidade “texto”, como a través das diversas mensaxes que conforman o marco comunicativo. Tal circunstancia dá conta da natureza interaccional do xénero das mensaxes de texto e da estreita relación de interdependencia entre os pares. A este respecto, Vela Delfa (2005:707) subliña que, desde unha perspectiva cognitiva, a anáfora se sostén grazas a que o referente da expresión anafórica é coñecido polas persoas interlocutoras ao pertencer á súa memoria discursiva máis inmediata. Por tanto, a necesidade de recorrer ao contexto discursivo confire a esta estratexia de simplificación certas limitacións, na medida en que é complexo sustentar os procesos de correferencialidade entre unidades moi distantes no tempo. En todo o caso, os exemplos con que contamos ilustran a eficacia da anáfora na linguaxe SMS en tanto que ferramenta de redución textual. Por un lado, as anáforas lexicais contan cun menor grao de aparición, debido á busca de brevidade que prima neste medio, o que non impide que as documentemos nalgún caso:

Na kasa teño atun, gambas e piña, asi q s qrs kmpra so **o q falta**. (A7)

Bona nit! Neste momento mpza o meu planazo d vnres: mal d skola d pennak (3000.) espero q ti eskoyeses **a 2 opcion!** Bks. Pasa lboa finde ptarda! (A54)

Nas dúas SMS anteriores, os referentes están ausentes do cotexto da mensaxe e con certeza apareceron nalgunha intervención anterior. No caso de A7 a secuencia *o que falta* estaría a substituír unha serie de ingredientes aos que non temos acceso, en tanto que en A54, a anáfora retoma unha das dúas posibilidades manexadas no intercambio que precede esa SMS.

Por outro lado, os elementos do discurso que maior rendibilidade presentan como recursos anafóricos son o pronome *o* –e todas as súas variantes *a/os/as*– e o pronome invariábel *iso* –nalgún caso tamén *isto*. No que respecta ao primeiro, convén salientarmos que se utiliza para substituír un só termo, unha frase ou mesmo toda unha parte do texto, como pode observarse nas seguintes mostras:

Boas noits baby! **Qtm8**, no **o** sqzas nunca! Came what may! En srio, stou para o q ncsits, aind q nn m gust! Hox pasein xnial kntigo! Qtm8 pk! Q dskanses! (A14)

Eu non encntr **esa espuma** s pods pillama (A535)

Flcidads plexa! Q tal? Oubo transfrmacion? Jeje! Nunk pnsar q durnt 14 dias kmprtids/ms a msm idad! **Intnt disimlr os dstrgos q 351 dias fn n1 prsoa!** Ri, ri! Agra nn **o** ntnds xo xa m dirs dntro d 365! jaja! Disfirtaos xq mpza a knt atras. E s qrs o meu skrto pa star km d 15 smpr pdms xgar a ltrato..jaja! Bks (A64)

vale...tanto **o meu correo como o d ****** xa **os** leo eu no telefno...levar bn viaxe... (C26)

Estaba na kama! As maletas non xo **os biyetes** xa **os** temos! Vale pois ali staremos! A ver se maña fago visita! Stads? (A396)

Nestas SMS o antecedente aparece claramente enunciado no texto e, por tanto, as conexións entre un e outro son obvias, do mesmo modo que a súa rendibilidade. Con todo, en

moitos casos a eficacia deste recurso provoca que tamén se utilice para se referir a elementos que, se ben non se manifestan na mensaxe, si fan parte do contexto interaccional derivado do intercambio comunicativo (historial de interacción):

Jaja! Akbo d sair! Lvabaa pnsada xo ind asi fixn kmbios d ultim ora! Jeje! A intncion era q o mstr ns servis d algo nn? Algrom d q ch gustas tonti! Coidate pk! (A19)

Jo q ilu m fai q x ns toke algo xuntas again!! Flicidads xq o mreces chorvi! O vnres abra q clbralo dbidamente! Jeje! Madrid..here we go! Bikos xika prmiada! XDD (A27)

Nn o sei! Jajaja! Nn s pod baixar asi d SEXY! Jajaja (A154)

jajaja! Nn o vira! M8s grazas snorlax, xo nn te akostumbres! jeje! Qtm8 petardo. Trabya pouk e nn t knses q logo nn rndes! XDD (A213)

En ocasións, a alusión a determinadas palabras pódenos dar a chave para a reconstrución do referente, como acontece nas anteditas SMS con A19 ou A27 onde *master*, *tocar e premiada* remiten para unha *exposición* e un *premio*, respectivamente. Porén, noutros casos, cal en A154 ou A213, a ausencia do contexto previo fan moi complexo este proceso, que só pode levarse a cabo naqueles textos en que contamos coas mensaxes que conforman o par interaccional, como acontece cos seguintes exemplos:

Stou na listaxe provisional das fpu! O luns falamos. (A272)

K bn! Clebrml ns prxms dias, cnd voltrs da viax.Prbns! (B55)

Como vai **o proceso de asimilación da noticia?** Xa o vas (felizmente) asumindo? (B1)

Si, de feito xa o stou celebrando! (A32)

E k ainda non te modrnizachs co **whatsapp**...k antigua es...debes de ser a unica persoa en España k non o ten activado.... (C12)

Oxe pola tarde deskargoo, q stou no choyo! (A371)

Holaaa. Mandame **o teu correo** cando poidas. E NIN SE VOS ACORDE ASOMA-LA CABEZA POLO TEITO DUN AUTOBUS EN N.Y. PARA ADMIRA-LA PAISAXE!!!! (B20)

Mandamo outra vez q ll din a borrar sen querer, please. (B19)

A rendibilidade deste recurso é moito maior en mensaxes en que se desenvolve un único tópico onde adoita aparecer ao longo do texto, pois serve non só para evitar repeticións, mais tamén para abreviar a forma lingüística sen que iso implique redución informativa, como no caso da elipse (véxase 3.2.4.1.1.1). As SMS que figuran a seguir son un claro exemplo:

Moits grazs ricura! E+ x **faclo** atopndot ml! Qdou moi bn envlto! No coxe nn via patras! Nn o recrdab tn grnd! Tiveno q subir xa pa casa! Damsllo mña xla mña! Bks! Qtm8! (A187)

Para no menguxo cando veñas e se esta ***** xa **cha** da. Senon dixo q **ma** manda ela por correo (A189)

A respecto do pronome invariábel *iso*, as funcións que desempeña son similares ás sinaladas para o pronome átono de terceira persoa, se ben que o máis habitual é que substitúa frases ou enunciados, máis do que unicamente vocábulos. De igual forma, emprégase en SMS con referente explícito como as seguintes:

Non podo q xusto tño que ir ao mdico a x rceitas para os meus avos d todos os xeitos eu xa m vou apañando para preparar os exams co q tño ti pnso que meu so qrias **o modlo d exam e iso** podocho pasar x correo sort studando! Vmonos se iso kndo akbn os exams (A108)

Non. X crto **maña qdamos as 6** mllor q total nos vai dar tmpo q dsd ai so tmos q coyer un bus e tmos 4 oras! S ts algún problema en **iso** dimo (A115)

Vads star na ksa oxe? Se **iso** pasome x ai. Bikos. (A267)

Ola! **Quedoum o mbl n pntdeum**, x **iso** non dei sinais d vida, aínda q xa vin q ti tampouco! jeje! Q tal a finde? Eu oxe teño q preparar todo pra marxar mañ cdo! (A359)

Mais tamén son certamente frecuentes aquelas en que o antecedente permanece ausente do contexto lingüístico que manexamos. Debemos ter en conta que nin sempre figura explícito a través deste medio, senón que podemos estar perante un concepto tratado mediante outra modalidade de interacción e que é retomado a través dunha SMS. Por tanto, fai parte da memoria discursiva dos interlocutores e, nese sentido, adquire tamén os valores da deíxe transposta. Eis algunhas mostras:

Tia! Nn durmin n tda a noit! Creo q e polo do rtraso, xa van 17! Vou intntar kmprar **iso** oxe. Stou kgad! Vou pa klas! Have a nice day! Qtm8 (A11)

Hi baby! Nvieich mail! Falei kn ela xo nn sobr **iso**! Kdms oxe! Knd m vs visitr? I miss u! Maña dou klass! Jeje! Bks fea (A17)

Stads ti e + *** agora e imos x **iso**? Q a tipa mandoum ir maña (A91)

Trnk! eu tamn!!!! nn sei como vou dar comida todo **iso**...E fai klor! nn m aptc comr ahi fora...jejeje!!! Vou facr cma os osos: xa comin para unha stacion nteira! bs! (A240)

E embora os dous elementos analizados desempeñen funcións fundamentalmente anafóricas, tamén achamos casos en que o seu uso é catafórico. A este respecto, convén sinalarmos o valor catafórico do pronome *todo*, tamén eficaz en tanto que estratexia referencial:

**** x se nn **o sabs maña as 11 na biblio do forum** bks (A90)

Non ntndo xq t pos asi xq nn xo dixn x mal xo d todas formas sintoo **s t ofndin**. Non m gusta star asi kntig. Querote m8. Xps (A328)

kerovs dsexar a todos unha feliz navidad!!!un bo ano 2011 en **todo:amores,notas** todos eses rollos q se sueln dcir e tamen dar un consello ted cuid (C-Nadal 10)

Ola fea! Km stas? Eu rgulin! A nai d **** tmous mal **o d q march d kasa** e stan nfadados. Pero tb m parc l feo kra a min + n fin...ti q tal? Bks chorvi! (A131)

Os elementos deícticos que analizamos en 3.2.4.1.1.2.1 tamén poden asumir funcións anafóricas ou catafóricas e, xa que logo, remitiren para un antecedente ou anunciáreno. Nas seguintes mensaxes de texto as referencias temporais con *aquí*, *aí* e *alí* reflicten esta situación:

Ok eu qdei as 7 pro podemos qdar cdo. Q che parec as 4.30? Qdamos **no cntro no obelisco** x exmplo? Sabs ond hai rprografias x **ai**? Kndo saibas como qdar maña dimo (**A109**)

Jo tiña no blso o teu rgalito e squeceum darxo!! Saimos as 10:55 de **alvedro** asi q as 9 deberiamos star **ali** non? Con q estas as 9-cuarto aki chegamos d sobra! (**A455**)

Stou n **portugal!** X **aki** todo ben! O sabado kse seguro q imos! Falo kn **** e xa te informo! aos kayos seguro q non di q non! jaja! (**A361**)

Prdone x dsprtala!!!! pero ahora e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun colegita d **** e maña vams ir o **prke acuatico**...apuntadevos e vide k **ali** ven coyedes!!!! (**C20**)

Concluindo, esta análise permite ver que a linguaxe SMS non só desenvolveu determinados mecanismos de simplificación exclusivos da modalidade electrónica, mais que tamén se aproveita daquelas estratexias presentes na lingua convencional que contribúen para esta finalidade. Deste modo, a elipse e a deíxe conforman figuras de redución relevantes, xa que, rexidas igualmente polo principio de economía, serven para expresaren o contido proposicional co mínimo número de palabras; desta maneira, permiten incluír só o máis relevante ou pertinente coa finalidade de proporcionaren unha información rápida e áxil e achegárense ao dinamismo propio da interacción dialoal (Vela Delfa 2005:718).

3.2.4.1.2. Supeditación da cohesión á coherencia informativa

Os conceptos de cohesión e de coherencia constitúen nocións básicas na análise do texto en tanto que unidade completa e para o estudo dos procesos de construción textual (Freixeiro Mato 2006, IV: 105). De acordo con Beaugrande / Dressier (1997:35-37), a cohesión eríxese como a primeira regra da textualidade, en tanto que a coherencia conformaría a segunda. Así, a cohesión configúrase como un fenómeno que indica a forma en que os elementos presentes no texto se encontran ligados entre si a través de recursos lingüísticos e que garante as relacións de sentido existentes no interior do discurso⁸¹². E a pesar de estarmos perante unha noción de natureza semántica e pragmática, esta é executada a través do sistema lexical e gramatical e, por tanto, moitos dos mecanismos de cohesión serán realizados por medio da gramática e do léxico. Non obstante, cómpre termos presente que a cohesión nin sempre é unha condición necesaria na construción textual, dado que en moitos casos a continuidade de sentido non depende exclusivamente dos constituíntes lingüísticos. Quere dicir, os textos poden ser coherentes aínda carecendo de cohesión textual, pois a coherencia é o produto dunha complexa rede de factores non só lingüísticos, mais tamén cognitivos e interaccionais que son os que aseguran a continuidade do sentido do texto (Freixeiro Mato 2006, IV:106). Por este motivo, a depender da modalidade comunicativa empregada e das circunstancias en que se producir o intercambio, as persoas seleccionarán unhas estratexias ou outras para construíren os seus discursos.

⁸¹² Neste punto, convén destacarmos o traballo de Halliday / Hassan (1976) en tanto que constitúe unha das obras clásicas sobre a cohesión.

Como puidemos observar ao longo das seccións precedentes, a linguaxe SMS caracterízase fundamentalmente pola súa tendencia á simplificación lingüística. Neste sentido, notamos que tanto os recursos que afectan a compoñente gráfica e fonética –elisións vocálicas e consonánticas, reducións alfanuméricas, uso de símbolos etc. –, como aqueles outros con implicacións morfosintácticas e lexicais –crases, encurtamento vocabular, escrita telegráfica, abreviacións etc.– priorizan a transmisión da información en detrimento da claridade e da corrección ortográfica e gramatical. E isto provoca, en consecuencia, que se supediten en moitos casos os mecanismos de cohesión fronte á coherencia informativa. Noutras palabras, o contido informativo das mensaxes é con frecuencia formalmente imperfecto e debe ser a persoa destinataria quen o restitúa a través de inferencias lóxicas, gramaticais ou textuais. Recuperemos algunha das SMS xa vistas:

Fenosa buzón (C51)

Q tal d kmpras? Kurraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! **Eu tou pntdeume e logo irei ksa papa!** Muaka baby! **Sta smana cofe?** (A295)

stou kasa. Klqra kousa mbl. Tño q lr e nn m aptcia ir xa ali. Bks (A284)

Utilizar estes recursos de forma abusiva pode dificultar a decodificación da mensaxe e crear textos extremadamente condensados e incoherentes para unha persoa carente do contexto sociolingüístico en que se produciu o intercambio. De feito, en ocasións as continuas simplificacións poden dar lugar a homonimias gráficas que dificultan a comprensión do texto, embora na maioría dos casos o contexto permita desambiguar o enunciado. Na nosa opinión, esta é tamén unha das razóns de que, xunto aos mecanismos de redución tamén se desenvolvesen determinados fenómenos de natureza expresiva que –contrariamente– redundan na repetición⁸¹³. De acordo coa nosa análise, o relativo equilibrio entre as figuras de simplificación e as de expresión constitúe unha constante na linguaxe SMS e é esta circunstancia a que contribúe para dotar de sentido –e en certo modo de exclusividade– esta modalidade textual.

3.2.4.2. Estratexias de ampliación. A función expresiva da linguaxe SMS e a súa finalidade pragmática

“Por de relevo”, “reforzar”, “enfaticar”, “intensificar” e “realzar” constitúen os principais obxectivos da maioría dos recursos de ampliación analizados até o de agora. De acordo con Vigara Tauste (1992:131), esta estratexia lingüística configúrase como un fenómeno complexo a través do cal as persoas destacan a súa actitude comunicativa ou unha parte do seu enunciado de cara ás súas interlocutoras cunha finalidade fundamentalmente expresiva. Como tivemos oportunidade de notarmos, as SMS adaptan en ocasións determinados mecanismos xa existentes noutras modalidades lingüísticas; así, os recursos de ampliación e mantemento morfosintácticos e lexicais documentados nas mensaxes do noso corpus en 3.2.2.2 e 3.2.3.2 respectivamente –uso de intensificadores, de repeticións lexicais etc.– demostran a eficacia e a rendibilidade de determinadas estratexias propias da lingua oral, sobre todo do rexistro informal. As interaccións face a face posúen moitas outras posibilidades para dotaren de expresividade o intercambio, como a información vocal e visual

⁸¹³ Como xa sinalamos, non tería sentido pagar por unha mensaxe se esta rompe tantas regras gramaticais que torna o texto inintelixíbel para a persoa destinataria (Crystal 2008:17).

que acompaña a propia fala. Na opinión de Yus (2001:88), a anonimía das SMS e a esencia textual deste tipo de comunicación conversacional son, *a priori*, unha merma en comparación coa riqueza contextual das interaccións presenciais e poden provocar interpretacións erradas; por tanto, poderíase pensar que a reacción do individuo perante este novo medio sería a insatisfacción, na medida en que reduce as súas posibilidades de expresión. Porén, a través de toda esta sección (3.2.) vimos que as persoas usuarias entenderon estas limitacións como un desafío e, por iso, non só desenvolveron novas habilidades lingüísticas desde unha perspectiva simplificadora, mais tamén desde unha focaxe compensatoria. E estas últimas poden ser adscritas á esfera pragmática.

Xunto á inmediatez da escrita nas SMS, vira igualmente relevante saber transmitir información de natureza extralingüística explotando algúns códigos lingüísticos e semióticos propios doutros medios. Estes recursos xa foron analizados nos distintos ámbitos lingüísticos a que se adscriben –gráfico, fonético-fonolóxico, morfosintáctico e semántico-lexical– e, por tanto, non se fará máis fincapé na súa descrición. Non obstante, parécenos relevante incorporármolos novamente nesta sección desde un punto de vista pragmático, dado que constitúen todos eles fenómenos que se xeran debido ás condicións de uso particulares en que se desenvolve o intercambio e porque a súa función principal é a de compensaren as restricións que a ausencia da canle auditiva e visual pode causar na comunicación. Noutras palabras, o seu obxectivo é enfatizaren un discurso que, de partida, carece das marcas de expresividade. O uso de maiúsculas para indicar un aumento do volume da voz ou da puntuación para marcar un estado de ánimo específico constitúen un claro exemplo deste tipo de estratexias e reforzan, por súa vez, o carácter oral do discurso electrónico interactivo que ten lugar nas SMS (Álvarez Martínez 2008:395). Eis máis algún exemplo:

I got it!!!! Xddd vemnos dspois!!Lmbrat 6:20 (A439)

Bos días rapariga! Tño 1 dor d kbza... Tou dsexando xegar a casa, e iso q ainda mpzou agora o dia...Apuffffffff (A520)

Holaaa. Mandame o teu correo cando poidas. **E NIN SE VOS ACORDE ASOMA-LA CABEZA POLO TEITO DUN AUTOBUS EN N.Y. PARA ADMIRA-LA PAISAXE!!!!** (B20)

En definitiva, o que cómpre pór de relevo é que as persoas usuarias conseguiron desenvolver as estratexias pragmáticas apropiadas para limitaren os inconvenientes da interacción virtual e tornaren os intercambios eficaces desde a perspectiva da comunicación. E todo isto nun contorno que presupón, de inicio, un proceso comunicacional cognitivamente máis custoso que na interacción presencial, debido á redución das fontes contextuais e aos propios problemas de natureza tecnolóxica.

3.2.4.3. Recursos de creación. Uso de emotícones

As relacións entre o código lingüístico empregado nas SMS e a modalidade oral fican patentes na maioría dos recursos analizados até o momento. Mais do punto de vista pragmático, resulta sorprendente como a linguaxe SMS foi quen de adaptar estratexias deste ámbito e baseadas sobre todo na linguaxe non verbal a un soporte comunicativo eminentemente gráfico. Na sección anterior xa reparamos na importancia dos mecanismos de ampliación que se desenvolveron nas diversas áreas da descrición lingüística para a compensación emotiva deste tipo de textos. Mais a adopción de recursos propios doutras

modalidades non constitúe a única estratexia posíbel na esfera pragmática, dado que tamén se desenvolveron outras, exclusivas do discurso electrónico. E neste punto vira de especial relevancia o desenvolvemento dos emotícones, non só como un medio para compensaren a frialdade do soporte e supliren a ausencia da canle visual, mais tamén para codificaren a actitude proposicional das persoas interlocutoras, como describiremos a seguir.

Os ideogramas son a base da escrita oriental e conforman un tipo de grafía en que os signos representan ideas en lugar de sons (véxase 1.1.1). A escrita electrónica camiña moitas veces nesta dirección e así ocorre no caso dos emotícones. Trátase de símbolos creados a partir de caracteres do código ASCII e cuxa imaxe se aproxima da representación de faces humanas que mostran un determinado xesto expresivo (Vela Delfa 2005:69)⁸¹⁴. Os emotícones serven –a través da súa relación de iconicidade– para expresaren o estado anímico das persoas interlocutoras ou a forza ilocutiva que debe atribuírselle ao enunciado lingüístico a que acompañan. O termo *emotícone* procede do inglés *emoticon* que, por súa vez, é unha palabra composta por *emotive* e *icon*⁸¹⁵. Con frecuencia reciben erroneamente o nome de *smiley* do inglés *smile* (‘sorrir’), pois nin sempre fan referencia a estados de ánimo positivos. De acordo con Crystal (2006:39), escríbense formando unha única secuencia en liña e case todas teñen de ser lidas xirando a cabeza 90 graos cara á esquerda. Por tanto, o emotícone acrecentará unha información que se procesará de forma consecutiva, quere dicir, despois do contido da mensaxe, ao contrario do que acontece nos intercambios presenciais onde os xeitos faciais se interpretan de forma simultánea ao argumento proposicional.

Este feito, entre outros, ten levado algúns autores a negaren a existencia de información extralingüística nos sistemas de interacción electrónica, se ben que os estudos máis recentes demostran a invalidez desta postura. Neste sentido, outros autores, cal Yus (2001:111) e Crystal (2006:38), prefíren facer referencia á presenza de técnicas de compensación textual –tal e como se entende no presente traballo–, xa que permiten expresar información non verbal, embora presenten múltiples limitacións se comparadas con aquelas que caracterizan a comunicación face a face. En todo o caso, Crystal (2006:42-43) recoñece o mérito daquelas persoas que se esforzaron en propiciar a evolución da linguaxe electrónica (‘Ciberspeak’) co obxectivo de evitaren as ambigüidades e as percepcións erróneas que xorden cando se exige á lingua escrita que traslade o significado que corresponde á fala. Mais esta non foi a única polémica que se produciu arredor dos emotícones, dado que tamén se problematizou sobre a posibilidade de seren estes substitutos ou non da linguaxe non verbal visual (Álvarez Martínez 2008:273). Nesta liña, existen autores como Mayans (2000a) que xulgan que os emotícones constitúen un simulacro en tanto que desvinculan o xesto concreto que teoricamente representa da persoa que o emitir. Quere dicir, non son só a forma en que os interlocutores substitúen os xestos faciais ou as emocións, senón que estes ocupan o baleiro que deixa a ausencia de xestos faciais físicos. Por tanto, non habería verdadeira substitución. Na posición oposta, Yus (2001:128-129) subliña que, embora o seu uso sexa inherente ás interaccións electrónicas, constitúen un recurso que fai referencia a unha conduta verbal que tería lugar na comunicación presencial e, en consecuencia, afirman estarmos perante unha substitución.

⁸¹⁴ Sobre este particular, Morala (2001) afirma que as posibilidades gráficas que ofrece o teclado non só se restrinxen á creación de emotícones, senón que deron lugar ao que se denominou *ASCII art*, isto é, a recreación gráfica de imaxes máis complexas. Véxase <http://eleceng.ucd.ie/~pogrady/OGRADY-RICKARD-ISSC08.pdf>.

⁸¹⁵ Escollemos o termo *emotícone* para o galego en consonancia coa solución adoptada na variedade portuguesa, non estando se uso outras formas cal *emoticon*, como verifica un artigo do semanario *Sermos Galiza* (91, III:16).

En calquera caso, subscribimos as palabras de Álvarez Martínez (2008:273) cando afirma que, á marxe da discusión que xerou a idea da existencia de información paralingüística nos contornos dixitais e da relación que esta posúe coa existente na interacción oral, o certo é que non se pode obviar a transcendencia que a aparición de tal clase de símbolos ten no marco da comunicación non verbal no soporte electrónico. Com base no sinalado pola antedita autora, a xeneralización deste fenómeno no ámbito virtual provocou un crecente interese non só entre lingüistas, mais tamén entre os investigadores das ciencias sociais, como así o demostra a abundante literatura que existe ao respecto⁸¹⁶. Por tanto, vira necesario aprofundarmos nas súas características e determinarmos a súa posición no marco das estratexias lingüísticas que operan neste contexto. Na maioría dos recursos lingüísticos presentes no xénero das SMS, o relevante é repararmos na pronuncia de determinados logogramas e non na súa forma visual. E esta é a principal diferenza cos emotícones, onde o significado “is entirely a function of the shape of the symbols” (Crystal 2008:38). Na Internet existen numerosas listaxes en que se clasifican os emotícones máis habituais do discurso electrónico, para alén daqueles máis sofisticados⁸¹⁷. En moitas ocasións, as interfaces das aplicacións estandarizan algúns dos recursos explotados con anterioridade polas persoas usuarias e, neste sentido, os emotícones –que xurdiron como un xogo cos caracteres do teclado– acabaron por se xeneralizar a través de deseños específicos e multimedia que ofrecen as propias aplicacións de mensaxaría⁸¹⁸. A seguir, presentamos unha táboa cunha selección daqueles que se utilizan de modo máis asiduo, non só nas SMS, mais tamén no resto das modalidades de interacción electrónica:

Emotícones	Significado(s)
:-) :) =D ^_^	Cara feliz, cara feliz, bo humor, felicidade, ledicia etc.
:(:(Cara triste, tristura, insatisfacción etc.
;-) ;)	Chiscar o ollo
:P	Botar a lingua
XD	Escachar a rir
:?(;-(:_(Choro, pena
:@	Enfado, alarma
:-O :O O_O	Asombro, sorpresa
:S :\ =/	Excéptic@, indecis@
:-\$:\$	Avergoñad@
:-*	Bicos

TÁBOA 5: Listaxe de emotícones máis comúns

⁸¹⁶ Véxase Torres i Vilatarsana (2001), Crystal (2006), Yus (2001 e 2010), Álvarez Martínez (2008), Martínez Sánchez (2007) ou Morala (2001), entre outros.

⁸¹⁷ Véxase http://en.wikipedia.org/wiki/List_of_emoticons. Sobre esta cuestión, Morala (2001) afirma que “los emoticonos no se acaban en la representación de rostros. Pronto comienzan a aparecer series de dibujos en los que, por el mismo procedimiento, se sugieren otras partes del cuerpo”.

⁸¹⁸ Neste punto destaca a ampla e variada gama de stickers da aplicación de mensaxaría instantánea Line, onde se inclúen motivos e figuras de moi diversa índole.

As mensaxes de texto do noso corpus utilizan con relativa frecuencia este tipo de representacións gráficas para acrecentaren certos matices aos textos que acompañan; de feito, das 812 SMS que o conforman, o 10,2% manifesta cando menos un emotícone. Porén, tamén observamos que as persoas usuarias non se comprometen a empregar unha ampla gama de pictogramas, dado que nin todas as persoas interlocutoras a que diriximos as nosas mensaxes teñen por que estar familiarizadas con esta linguaxe⁸¹⁹. Empregarmos de forma reiterada uns poucos garantiza que as persoas destinatarias os recoñezan. E, na mesma liña, convén termos presente que o carácter convencional destes signos obríganos a matizar que, embora exista un acordo previo sobre o seu significado, a súa decodificación depende en moitos casos da situación comunicativa. Por tanto, algúns deles poden adquirir múltiples significados, como revela a táboa anterior. En relación con isto, Álvarez Martínez (2008:278) afirma que a pesar de que algúns chegaron a fosilizar o seu significado por convención, a súa raíz continúa a se manter libre, quere dicir, está exposta a mudanzas de significado. Neste sentido, podemos achar dous emotícones que remitan para unha mesma idea ou que un único pictograma presente matices diversos a depender do contexto de enunciación. Os emotícones son intencionados e transmiten información voluntaria, de modo que as fluctuacións de natureza semántica tamén poden explicarse reparando na función que exercen en cada enunciado.

Tal e como sinalamos no comezo da epígrafe, as ditas figuras entendéronse nun primeiro momento como unha estratexia pragmática para marcaren de forma gráfica as emocións das persoas interlocutoras na conversa electrónica. Non obstante, esta é tan só unha das funcións que poden desempeñar e nin sempre a máis relevante⁸²⁰. Torres i Vilatarsana (2001) denomina *indicadores de sentimentos* aqueles emotícones que serven para indicaren alegría ou tristeza e que, de acordo con Álvarez Martínez (2008:280), costumaban acompañar as saudades e as despedidas. Con frecuencia, reforzan un enunciado expresado verbalmente, como se observa nas seguintes mostras:

nos momntos tristes tabas ai :) ns momnts d scaxada partiamns as caixs. so qria q souberas q nsts dias d ndl Krt comij. Felis 2m11!! (C-Nadal 5)

Que pasedes todos un feliz ano novo,con moitos familiares.Ah!,e que vos traian fantasticos agasallos :) (C-Nadal 16)

I miss you baby! :- (A39)

Boas noites! Pois vou tirando! Sta smana **** sta d noites e durmo soíña! :(e ti xq latachs? Q tal s. Valntin? Vemons maña! Bikos chorvi (A49)

Algúns autores, cal Yus (2001:130), consideran que estas estratexias para dotaren a letra de oralidade provocan que, en moitas ocasións, se produza un uso redundante deste recurso e se creen mensaxes do tipo “Hoxe estou moi alegre ☺” ou “Onte tiveron un día horroroso ☹”. Algunhas SMS do noso corpus tamén se aproximan destes usos:

⁸¹⁹ Lembremos que aquelas persoas que se inician no manexo deste sistema de representación da escrita descoñecen moitas das súas características e, por tanto, non teñen superada a fase de alfabetización necesaria para seren capaces de a utilizaren e de a interpretaren correctamente. E conforme apunta Álvarez Martínez (2008:277), este feito pode chegar a provocar nalgúns ocasións momentos de incompreensión.

⁸²⁰ Para a clasificación dos emotícones seguiremos en liñas xerais a tipoloxía realizada por Wilson (1993), embora adaptemos os seus resultados ao xénero textual das SMS.

Q tal ont? Eu kaka... :(Vaia shit d dia, spro q ti polo – o pasases way! Xdoa x nn ir ont!
Qtm8. Oxe kbab nn? Bks (A65)

Ola pk! Tou chof! Ti q tal? jopis, morreu Brooklyn! :(kaka (A238)

Nalgunhas ocasións, as persoas usuarias xogan nas súas SMS con esa relación entre as posibilidades gráficas do teclado e a marcaxe paraverbal tradicional, o que as fai máis evidentes. Vexamos algúns exemplos:

Tal vez o mellor adorno de navidad sexa unha gran **sonrisa**, aquí tes a miña **:D (C-Nadal 6)**

:) soms ***** e *****. Gustarians felicitarvs nstas datas tn sinalads e especiais coma o é o Nadal.Desexámsvs q comceds o ano cun gran **sorriso (C-Nadal 97)**

O nivel de creatividade que manifestan estes códigos é, como xa tivemos oportunidade de ver, moi alto. A progresiva familiarización do usuariado co teclado permitiu desenvolver novos emotícones e de maior expresividade que os que tradicionalmente se utilizaban para representaren alegría e tristura. Consoante o sinalado por Torres i Vilatarsana (2001), pictogramas como XDD, :D ou =D simbolizan unha expresión facial moito máis marcada, propia do riso da conversa presencial que, habitualmente, se acompaña de sons paralingüísticos máis ou menos notábeis. Os resultados do noso corpus apoian esta distinción, se ben que en moitos casos asumen funcións idénticas ás sinaladas para o resto de emotícones deste grupo:

Que pasedes un Bo Nadal! Busca a túa estrela, seguindo o camiño axeitado: Descubrirás que está preto de ti. Fliz aninovo! =D (C-Nadal 17)

Que estas navidades, che fagan comprender que o que de verdade importa é a felicidade, paz e ilusión. Bo nadal!:D (C-Nadal 22)

Q tal ye foi o dia ao meu ncfalograma plano favorito? Jeje! Eu bstante ben! XD maña xa stams xuntiñas! Podras awantar? Jeje! See u 2morrow darling! Muakakakaka! (A47)

Como apuntamos en 3.2.1.2.1, o maior grao de exaltación destes emotícones será máis evidente naqueles casos en que se reiterar o último carácter, de forma similar ao que acontece nos estiramientos gráficos. No noso corpus estas reduplicacións afectan tan só os estados de ánimo máis positivos e, normalmente, van acompañados doutros recursos expresivos, como a puntuación expresiva ou o emprego de maiúsculas. A seguir figuran algúns casos:

I got it!!!! Xddd vemnos dspois!!Lmbrat 6:20 (A439)

Como aquí, chego as 4 e media, collo un taxi e se che parece quedams a mens cuarto na porta ☺☺ (A345)

Qrote! Jeje! M8 XDDDD (A140)

Outra das funcións que poden exercer os emotícones é a de contribuíren para a interpretación dun determinado enunciado. Nestes casos os pictogramas axudan a desambiguar enunciados de tipo irónico ou xocoso. De acordo con Yus (2001:131), realizan o mesmo rol que a xesticulación da face na conversa presencial, isto é, invalidaren o significado pragmático do enunciado que se estiver a emitir nese momento⁸²¹. Así, os emotícones, igual que os xestos, permiten anular o efectismo do contido proposicional dunha frase e mudar por completo a súa interpretación. Acontece fundamentalmente nos enunciados irónicos, mais tamén naqueles que conteñen palabróns ou unha determinada carga ofensiva. Vexamos as seguintes mostras:

jajaja! Nn o vira! M8s grazas snorlax, xo nn te akostumbres! jeje! Qtm8 **petardo**. Trabya pouk e nn t knses q logo nn rndes! **XDD (A213)**

Felicidades person! Xa tes 1 idade asiq **deberías empezar a pnsar n ir mrkndo alguna crema pa disimular os dsperfektos**, q os anos nn perdoan! **XDD** pasao ben! (A230)

Eu a ti tb **pimpin!** **Xddd (A482)**

Pelikulon!!!!!! O_O (A348)

Grazas **pelexa!** Kncretams pra a semna! **XD (A334)**

Nestes exemplos vemos, igualmente, que en moitas ocasións o propio enunciado ou aqueles presentes na SMS tamén facilitan o proceso de interpretación, como en A213, A230, A334 e A482. O coñecemento dun código partillado e restrinxido a un grupo concreto tamén outorga aos emotícones unha función de complicitade. Para Álvarez Martínez (2008:280), estamos perante persoas que empatizan co espírito de intercambio de información que se produce no contexto electrónico e que incorporou a comunicación mediada por dispositivos dixitais á súa vida diaria. Na maioría dos casos, este matiz cómplice está representado polo xesto de chiscar un ollo ou de botar a lingua, se ben que non son os únicos:

Alegrome moito d q conseguirades un acerkmnto ;-)- Non te preocupes o segredo esta a salvo. Agora a volver pouco a pouco todo a normalidade. Un biko (A151)

Nn fagas nda! Xa falei kn ela e + ou – arrglams, pero grazs d tdas formas, Bikos . E gardam o scrto. **XDD (A161)**

Saiu todo sobre rodas! Falamos! Bikos ;p (A341)

Pra ste an 2011 desexoch unh vid kom a dn cepill d dntes : m8 past , n bo mang e k t cepilln 3 vecs ao dia ;) (C-Nadal 90).

En todo o caso e consoante sinalan Torres i Vilatarsana (2001) e Yus (2001:131), desde unha focaxe pragmática unha das funcións máis interesantes dos emotícones é a de preservaren a imaxe da persoa emisora e atenuaren, por tanto, a carga expresiva do enunciado a que acompaña. Os pictogramas achegan nestes casos unha connotación de cortesía da que o texto carecería se non se acompañase do xesto.

⁸²¹ Convén non confundirmos estes tipo de enunciados, en que o contido pragmático e o semántico non coinciden con aqueles outros en que os emotícones atenúan o significado proposicional, isto é, constitúen preservadores da imaxe. Véxase máis abaixo.

Au! doem tamn o stomg! **Sts dias forn moi durs gastronomikmnt! XD!** Q tl tas? Spero q steas relaxada e q vos vaia bn a knvrsl! Nn vou apaga-lo movl x s m kers xamr! Bks! (A199)

E nn xe val q t recolla na ksa? E q nn stou sgura d sabr ir x diant do cort n coche :_((A409)

Compralls algo aos nens **rata! XD (A507)**

Álvarez Martínez (2008:281) salienta que existe un outro grupo conformado polo conxunto de emotícones cuxa utilización contribúe para expresar a natureza de burla ou mofa das mensaxes, ao contrario que os emotícones preservadores da imaxe. Este uso particular incumpre algúns dos principios de cortesía propios de toda a interacción e, particularmente, da *Netiquette* (véxase 2.2.4), e tan só pode ser explicado polo carácter lúdico que predomina neste tipo de intercambios. Así, a dita transgresión non presenta consecuencias graves na comunicación, se ben que noutro contexto podería chegar a quebrala. Os emotícones ameazadores da imaxe son moito máis frecuentes nos medios de interacción sincrónica, cal os chats ou a mensaxaría instantánea, polas propias características temporais da interacción que permitirían ás persoas interlocutoras reaxiren ao instante se o ton de brincadeira non fose interpretado debidamente⁸²². No corpus que manexamos non documentamos ningún exemplo, mais consideramos oportuno reproducir algún mostra doutros medios, dado que as propiedades dos novos sistemas de envío de mensaxes favorecen xa estes usos:

Flipi: ja m'han dit que us vau fotre un ostito

Flipi: ostiot

Flipi: XD

drwho: ho vaig veure en directe!!⁸²³

Neste excerto o primeiro interlocutor mófase da desgraza do outro e, por tanto, do punto de vista pragmático constitúe un claro exemplo de emotícone ameazador da imaxe. Os contextos comunicacionais marcan as pautas de interacción e o exceso de confianza que se produce no marco dos chats fomenta esta clase de actos en momentos en que na conversa presencial esperaríamos algunha forma de cortesía do tipo “síntoo moito” ou “estades ben?”. E aínda que os antecitados autores non inclúan nas súas respectivas análises unha outra categoría, vira necesario sinalarmos que a aparición de emotícones nun texto nin sempre pode adscribirse ás categorías apuntadas até o momento. Así, algúns investigadores como Crystal (2006:41) sinalan que en ocasións o emprego de emotícones ou de onomatopeas que imitan o riso nin sempre pretenden reproducir unha realidade ou contribuír para a interpretación da mensaxe. De feito, un estudo realizado polo Instituto Nacional de Estatística (INE) verificou que o 92% das persoas que escriben “jaja” ou emotícones na Internet non se está a rir de verdade⁸²⁴. Na nosa opinión, nun contexto en que a comunicación é exclusivamente gráfica e onde as expresións faciais e entoacionais son imposíbeis, estas

⁸²² Por este motivo, a función ameazadora da imaxe non é recollida na clasificación de Wilson (1993), que está fundamentada en mostras de correo electrónico.

⁸²³ Este fragmento conversacional está tirado de Torres i Vilatarsana (2001).

⁸²⁴ Véxase <http://www.elmundotoday.com/2009/10/el-92-de-la-gente-que-escribe-jaja-en-internet-no-se-rie-de-verdad/>.

estratexias sacrifican, en ocasións, o seu significado real co obxectivo de reproduciren as nosas intencións achegando matices que permitan reducir a potencial de violencia dun texto sen pistas paralingüísticas. Nestes casos, os pictogramas –sempre de natureza cordial– tan só acompañan a linguaxe verbal e non pretenden chegar máis alá do que se dixo textualmente. Os seguintes exemplos serven para reforzaren a falta de comunicación non verbal:

Oxe pola tarde deskargoo, q stou no choyo! **XD (A371)**

Nn s prkpar **XD (B56)**

Ok. Nn t preokups! Oxe recuperei oras d sono! **XD!** Xa xamaras nton! Bks **(A434)**

En síntese, a permanencia do texto escrito na pantalla do telemóbel favorece o desenvolvemento de mecanismos de carácter visual que permiten ás persoas usuarias emularen as estratexias de comunicación non verbal propias da conversa presencial e que, en ocasións, superan os propios límites da oralidade. O uso e a creación de emotícones pon de relevo, por tanto, a importancia que as persoas conceden á linguaxe paralingüística na interacción persoal. Así as cousas, para alén de representaren sentimentos, pensamentos ou estados de ánimo –que constitúe a súa función máis básica– os emotícones adquiriron unha grande relevancia desde a perspectiva pragmática na medida en que pretenden tornar máis eficaz e elocuente un tipo de interacción que de partida se supón distante e inexpresiva. Son estas estratexias as que nos permiten eliminarmos as barreiras impostas polo distancia espacial e as que nos achegan á outra persoa, cando menos do punto de vista emocional. E, embora o consideremos un fenómeno de creación, tamén podería ser integrado dentro dos mecanismos que permiten economizar espazo e tempo: neste sentido, os emotícones representan en tan só dous ou tres caracteres significados para os que nalgún caso sería preciso recorreremos a enunciados completos.

3.2.4.4. Outros mecanismos de natureza discursiva. A orde pragmática

Como puidemos ver ao longo das páxinas precedentes, na pragmática o contexto vira unha compoñente imprescindible para delimitar as claves do funcionamento da lingua no marco da interacción conversacional. Na opinión de Yus (2001:18), esta disciplina focaliza a súa atención na *fala* saussuriana e na *actuación* chomskiana. Así, debemos entender que en moitos casos as estratexias presentes na escrita das SMS están motivadas ou son consecuencia directa das características inherentes ao discurso interactivo. Neste sentido, as mensaxes de texto manifestan non só unha organización do contido innovadora, mais tamén unha profunda transformación das condicións temporais do intercambio e unha mudanza na finalidade textual. Estas propiedades configuran uns procedementos retóricos, textuais e lingüísticos específicos que dan lugar a un modelo de lingua particular, como xa notamos. Para Vela Delfa (2005:26), a transformación enunciativa é tan profunda que se redefinen novas pautas de interactividade. As similitudes entre as interaccións electrónicas e os intercambios orais non afectan só a compoñente lexical (véxase 3.2.3), as particularidades ortográficas e fonéticas (véxase 3.2.1) e as morfosintácticas (véxase 3.2.2), mais teñen tamén o seu reflexo no modo de organizaren a información e de proxectaren o intercambio. A seguir, trataremos unha outra estratexia, a orde pragmática, que, máis do que un fenómeno de redución ou de ampliación, é o resultado do marco discursivo en que ten lugar a comunicación.

Por orde pragmática facemos referencia a unha organización textual cuxa finalidade principal é resaltar do punto de vista informativo determinados elementos do discurso. Consoante sinala Álvarez Martínez (2008:354), non se erixe como unha orde lóxica, senón máis ben psicolóxica e, por tanto, na maioría das ocasións de natureza subxectiva. Por esta razón, a disposición dos enunciados está fortemente determinada polas necesidades informativas e comunicativas que están presentes ao longo do intercambio. Como subliña Freixeiro Mato (2006, IV:102), a ordenación de palabras serve de modo fundamental para marcar certos focos de atención, se ben que tamén é útil nalgúns casos para reformular ou para desambiguar referentes; así, as exixencias comunicativas provocan que, ás veces, se altere a estrutura habitual dos enunciados, que en galego tende para Suxeito-Verbo-Obxecto (SVO). Noutras palabras, a estrutura comunicativa ocupa un primeiro plano e altera a forma do enunciado. Na opinión de Pérez Giménez (2012:119), esta alteración da orde de palabras é propia da lingua oral e mais concretamente da conversa coloquial, aínda que tamén se pode documentar nos textos escritos. Seguindo a clasificación levada a cabo por Freixeiro Mato (2006, IV:82-102) podemos distinguir dous fenómenos principais: i) a topicalización ou tematización e ii) a focalización⁸²⁵. A tematización ou topicalización prodúcese cando se altera a orde habitual das palabras debido á deslocación dalgún elemento para o inicio do enunciado. Canto á focalización, consiste no realce informativo dun elemento da cláusula, que se destaca por medio dunha forte intensidade melódica e que, por regra xeral, adoita deslocarse cara ao final do enunciado, embora tamén existan casos de inversión do foco.

A natureza das SMS vira de certa rendibilidade este tipo de alteracións na orde das palabras, na medida en que permite ao usuariado pór de relevo aquelas partes do texto que máis lle interesan do punto de vista informativo. Así, no noso corpus documentamos diversos casos de tematizacións que quebran a estrutura clásica SVO e que deslocan cara á esquerda certos elementos sintácticos coa finalidade de os realzar no marco do enunciado:

ai cariño, **a mochila!!** :-@ nn t fai falta?! (A386)

Kntxtarn **d NY!** **** ***, do cntro d stdos glgos, di k x el nn ai problm. Q ye tn q pdir permiso ao bicreitor xo q nn pnsa q s nege. (A307)

Stou n portugal! X aki todo ben! O sabado kse seguro q imos! Falo kn **** e xa te informo! **aos kayos** seguro q non di q non! jaja! (A361)

Ola; nn sei s oxe qres qdar para o da cnferncia. E as 6; ou dspois; **m8 tard** nn pod volvr q maña tka mdrugar pa filadlfia;bks (A427)

Moits grazs ricura! E+ x faclo atopndot ml! Qdou moi bn envlto! **No coxe** nn via patras! Nn o recrdab tn grnd! Tiveno q subir xa pa casa! Damsllo mña xla mña! Bks! Qtm8! (A187)

En moitas ocasións, desloca un determinado grupo frásico para a posición inicial ten como consecuencia a aparición dun pronome clítico que pronominaliza o complemento tematizado, e que se produce unicamente nos casos de topicalización do CD e do CI. E aínda que as SMS tratan, por regra xeral, de eliminar aqueles elementos prescindíbeis, tamén neste caso se prioriza a expresividade e a intencionalidade comunicativa sobre a simplificación lingüística. Vexamos algunhas mostras:

⁸²⁵ Pérez Giménez (2012:119) denomina estas dúas tipoloxías como deslocación e topicalización, respectivamente. No entanto, preferimos utilizar a terminoloxía proposta por Freixeiro Mato (2006, IV), por constituír esta a máis asentada no marco da discusión gramatical sobre a lingua galega.

A alx nn ye dixn q xo kntara, xo si que falms asiq...douye saudos. Xa sta + tranqlo. (A324)

Ola!!!! o cmple cmbiamlo po domingo 12... nn m daba conta k o sabado trabayo...ok!!!! (C21)

vale...tanto o meu correo como o d ** xa os leo eu no telefno...levar bn viaxe... (C26)**

Ás veces, o proceso de tematización implica, alén do deslocamento cara ao inicio da cláusula, a súa separación mediante pausa; na lingua oral os silencios son doadamente perceptíbeis, en canto na escrita esta pode estar marcada ou non do punto de vista gráfico. De o tema deslocado constituír un elemento externo á estrutura da cláusula, entón é cando na lingua escrita o uso da vírgula vira máis relevante para denotar a pausa (Freixeiro Mato 2006, IV:84). Cómpre sinalarmos que se trata de construcións propias dun rexistro de lingua máis culto e introducidas por locucións, o que vai encontra das máximas de economía deste xénero. Por tanto, a súa aparición vai ser minoritaria e, de feito, no noso corpus, tan só achamos un caso:

Olá, ** A rspcto do crño, tá no cap 3, na prmeira scción, mais só trto 1 pouco a cuestión lxiel. Aprts. (B43)**

Non obstante, observamos outro tipo de construcións que, a pesar de excederen o marco da cláusula, tamén poden considerarse estruturas tematizadas, na medida en que inverten a orde natural dos elementos que a conforman. A este respecto, convén destacarmos aquelas cláusulas subordinadas que presentan unha relación de causa-consecuencia, en que se realza do punto de vista informativo un determinado valor –ben o de causa, ben o de consecuencia– ao ser deslocado para a posición inicial. As seguintes SMS constituén un claro exemplo:

As 5 aki, q teño kousas q facer! (A205)

E super tarde, vou pasar d ir q levo 2 horas sobando no sofá! Sorry! (A209)

O foco constitúe, por súa vez, un outro recurso de natureza enfática de grande rendibilidade nas SMS, na medida en que permite fixar a atención naqueles elementos que a persoa emisora considera máis relevantes no intercambio comunicativo que pretende establecer. De acordo con Freixeiro Mato (2006, IV:95), o foco é un elemento da información nova que se resalta para atraer cara a el a atención da persoa alocutaria e que non ten porque coincidir cos límites da cláusula. Por regra xeral, sitúase no final do enunciado, se ben que tamén existen casos de focalización marcada en que esta posición se altera ou se inverte. Trátase dunha figura de realce e, por tanto, manifesta unha forte intensidade melódica⁸²⁶, como se pode intuír nos seguintes exemplos:

Aki te sperams! Xdddd (A456)

⁸²⁶ Sobre este particular, convén subliñarmos que o foco non debe confundirse co tema, dado que aquel está máis marcado, e tampouco co tópico, xa que non vai separado por pausas (Freixeiro Mato 2006, IV:95).

Ok **ai** stou pro vai vir algn +? (**A417**)

Koyeme o tlf q son **eu!** (**A159**)

Aaah xa me olvidaba! **Agora** cho mando! Eu levo regular a ver bks (**A106**)

As mensaxes anteriores constitúen unha mostra das diversas posibilidades que existen para marcaren o foco e que este poida recoñecerse tamén na modalidade escrita. En primeiro lugar, en A456 e A417 podemos notar a eficacia das formas deslocadas *aquí* e *aí*. Como analizamos 3.2.4.1.1.2, estes elementos funcionan de modo habitual como partículas deícticas locativas; no entanto, Sánchez Rei (2002:408) sinala que, para alén do seu valor inicial de mostración, existe outro uso que se pode denominar presentativo e que ten como principal obxectivo sinalar algo ou alguén ou chamar a atención da persoa interlocutora sobre algún obxecto, persoa ou acción. É, pois, esta última a función que desempeñan nos enunciados anteriores a actuaren como elementos focalizados. En segundo lugar, todas as SMS constitúen casos de foco invertido, excepto A159, que segue a estrutura habitual e máis propia da oralidade. Así as cousas, a focalización nestes casos non só se produce pola atribución dun acento enfático –ausente no plano gráfico–, mais tamén a través dun proceso sintáctico: a topicalización. Segundo Freixeiro Mato (2006, IV:97), este procedemento ten implicacións na estruturación da cláusula en galego, dado que afecta a colocación dos clíticos, como demostra A456 ou A106. Concretamente, é preciso repararmos neste último exemplo, pois a focalización do adverbio *agora* e a anteposición do clítico presentan, igualmente, consecuencias desde unha perspectiva semántica e pragmática, é dicir, alteran a súa función e mesmo o seu contido lexical⁸²⁷.

Todos estes exemplos permiten notarmos que as focalizacións tamén son produtivas na escrita SMS, pois supoñen máis unha estratexia expresiva. Con todo, a súa natureza gráfica limita en ocasións a eficacia deste tipo de recursos: a ausencia de elementos paralingüísticos, nomeadamente os prosódicos, dificultan realzar un elemento do punto de vista informativo. Por esta razón, a maioría das focalizacións son acompañadas de estratexias gráficas de ampliación e de creación, todas elas xa analizadas en 3.2.1, como a puntuación expresiva (véxase 3.2.1.2.2) e o uso de maiúsculas (véxase 3.2.1.3.1), que en moitos casos poden aparecer de forma conxunta. Eis algunhas mostras:

eu flet a xnt n **GLG** e t tmn dbrias fcl!!! Flz ndl e aninov !!! (**C-Nadal 128**)

Spero q a pizza stivs rik xq os meus makrrns stban **rqtrqtRIKISIMOS!** Jajaja! Qrot m8 wapa! E nn t preokps q NY vai star ai waiting4us! Muaka! (**A84**)

Boas noites pk! Falams maña. Vou mimir q stou knsisima! Nn t rayes anda, a min molam ir x ai **KNTIGO**, o dstin e o d-! Qtm8 baby! Q dsknses! Muaka (**A172**)

Meternm outra multa en **FENE!** Tivo q ser kndo fun vr a meu pai ao ospital, xq senn nn o entnd! Me kago n tdo jodr. Kn esa pasta ya pagab l otel! N fines..**KAKA** (**A181**)

E ademais das tematizacións e das focalizacións, achamos exemplos en que a orde habitual SVO tamén se ve alterada con fins expresivos ou de realce, máis en circunstancias que non permiten adscribilas a ningunha das dúas categorías anteriores. Seguindo Álvarez

⁸²⁷ Consoante subliña Freixeiro Mato (2006, IV:100), o par “agora cho mando” e “agora, mándocho” segue o esquema doutros exemplos como “Logo, dígocho” e “Logo cho digo”. Quere dicir, trátase de estruturas que non posúen o mesmo significado. Na súa opinión, é a existencia de pausas a que determina a dita mudanza lexical.

Martínez (2008:355), xulgamos que se trata dunha orde pragmática condicionada pola estrutura interactiva do discurso. Así, a deslocación pode estar motivada pola focalización dese termo na SMS a que se responde, onde figuraba como a cuestión de relevo ou pola necesidade de dispor os elementos da cláusula do punto de vista da súa importancia para a comunicación⁸²⁸. As seguintes mensaxes dan conta desta situación:

Pos m8 bn, kntr tdo prnstiko nn tño rsak! Jeje! Oxe **fun vr a ***** xogar** e agora tou tirada no sofa! ** e **** mndan saudos! Grazas xlo sms! Es 1sol! Muaka bombon (A30)

Stou bastante cansada! Voume ir agora pa cama. **** **marts trabaya** e eu stou kon exames asiq non che sei. Ireino vendo. (A36)

xa m parecia q escollera das boas, pero como **eu est ano poucas levei** q ll deu unha caixa grand o sogro d ramon a ton...pois non sabía como estaban ☺ (B39)

Igualmente, existen deslocacións no discurso que non se producen no marco da cláusula, senón nun nivel inferior, isto é, no interior da frase: son comúns na oralidade e engaden certo matiz expresivo ao realzaren *a posteriori* o elemento nuclear. De feito, nalgúns casos pasan a funcionar como verdadeiros modificadores. E como xa apuntamos ao analizarmos a deíxe, a posposición dalgúns pronomes, cal os demostrativos, pode adicionar connotacións de carácter pexorativo. A seguir figuran algúns exemplos:

Eu non recibin **korreo ningun!** Kndo ves? Komes ai ou en Santiago! Akb d expoñer e m8 bn! (A338)

Ei, km vai tdo? Eu tivn **kmpromisos varios** ests dias. Maña pola maña se cadra vou a 1mrkdiyo no centro, se te qers apuntar avisam. Bikos. **** (A421)

Xa cubrn o **asnto ese** k m mndaches e despois dinye a enviar non era así... (C16)

Nalgúns casos, estas deslocacións no nivel frásico parecen verdadeiros procesos de escrita automática⁸²⁹ mediante os cales a persoa que redixe o texto se deixa levar por un fluxo inconsciente de ideas e pensamentos. Na esfera literaria, de onde é orixinaria esta técnica, é utilizada para que o eu poético se manifeste libre de calquera represión da consciencia por medio de accións creativas non programadas e cunha falta de sentido aparente. Así pois, estamos perante un recurso especializado e propio de rexistros que procuran certa vontade literaria ou cando menos de estilo. No noso corpus contamos con algunhas SMS desta clase e, concretamente, unha delas presenta unha estratexia que se aproxima da escrita automática. Na nosa opinión, a espontaneidade do medio tamén xustifica este tipo de aparicións:

⁸²⁸ Conforme sinalan Anashia Ong'onda / Maina Matu / Anyango Oloo (2011:5): “one may change the word order if one wants to emphasize a certain point or vary the writing style”.

⁸²⁹ Na opinión de Grossi dos Santos (2002), o automatismo foi un dos esteos fundamentais da primeira fase do movemento surrealista e o elemento fundamental que o distinguiu do dadaísmo: “o automatismo se impõe como mecanismo esencial ao projeto surrealista de ultrapassar a oposição entre um mundo desejado e o mundo real, propondo uma nova relação do sujeito com a realidade: a de transformação. A surrealidade supõe um mundo no qual ‘sonhamos de olhos abertos’”.

wapo, dmasiado, biks bn, stou agusto cntigo, pgamos bn, o azl ds teus oyos cmbina k miña pl moRna, teus dds fanm voar, ti s a coca coLa e eu o xeo, dbmos star xunts (A524)

En definitivo, podemos ver que, á diferenza da preferencia pola orde morfosintáctica – fixada pola propia evolución da lingua–, a estrutura pragmática dos enunciados presenta unha maior liberdade. No entanto, concordamos con Álvarez Martínez (2008:357) en que se trata dunha liberdade relativa, dado que responde a unha estratexia de comunicación. No contexto das mensaxes de texto conforma unha disposición relevante desde unha perspectiva argumentativa, expresiva e de progresión temática. Trátase, por tanto, dun mecanismo eficaz do punto de vista discursivo e que funciona de modo paralelo ou complementar aos doutros recursos lingüísticos xa analizados en seccións anteriores. Nalgúns casos, as limitacións paralingüísticas do medio exixen do seu uso combinado para alcanzar o obxectivo que se persegue, isto é, reflectir a intención comunicativa das persoas interlocutoras.

3.3. Aspectos sociolingüísticos

Estudarmos a lingua desvinculándoa do medio social en que esta é utilizada ofrecería unha imaxe parcial e sesgada da realidade. Por esta razón, unha análise estritamente gramatical da linguaxe SMS como a realizada en 3.2 sería insuficiente para entendermos este fenómeno. Así, da mesma forma que é preciso xulgarmos o sistema de escrita reducida en función das propiedades do soporte en que se desenvolveu, tamén será necesario examinarmos as súas características atendendo aos condicionantes e ás subsecuentes implicacións do contexto sociolingüístico que operan en cada caso. A respecto da Galiza e da lingua galega, cómpre termos en consideración diversos factores: en primeiro lugar, a variación lingüística a nivel interno, isto é, ao se tratar de mensaxes de natureza interpersonal en que prima a informalidade poderán tamén conter dialectalismos propios da rexión de que proceder o usuariado⁸³⁰; desta forma, en 3.3.1 trataremos de analizar en profundidade as causas e a rendibilidade da introdución de dialectalismos. En segundo lugar, tamén non podemos obviar a situación de contacto e de conflito lingüístico que existe na Galiza entre o galego e o español, pois, como xa apuntamos en 3.2. e como veremos máis ao pormenor en 3.3.2, presenta notábeis consecuencias na dita modalidade gráfica; neste sentido, a alternancia de código e as interferencias responderán nas SMS a diversas finalidades e estarán motivadas por diferentes causas, nin sempre coincidentes coas que actúan na lingua común⁸³¹. En moitos casos, estas prácticas serán o resultado da confluencia dos condicionamentos sociolingüísticos a que nos estamos a referir e daqueles outros derivados do soporte electrónico (véxase 2.2.3 e 2.3.4).

Unha vez examinado o fenómeno da linguaxe SMS desde unha óptica sociolingüística galega, poderemos establecer pontes con outras linguas ou outras variedades lingüísticas máis afastadas para ilustrarmos até que punto moitos dos mecanismos e das estratexias lingüísticas analizadas están tamén presentes en sistemas lingüísticos moi diferentes do galego. Esta aproximación servirá non só para valorizarmos a escrita SMS desde unha perspectiva máis ampla e integral, mais tamén para comprendermos a importancia que as circunstancias sociolóxicas e contextuais teñen na creación ou na transformación dos códigos lingüísticos. Así as cousas, en 3.3.3 realizaremos unha panorámica sobre o modo en que outros idiomas desenvolveron tamén sistemas de escrita reducidos para se adaptaren ás características do medio dixital. Veremos, por tanto, que acontece nas linguas máis próximas á galega e tamén naquelas que utilizan alfabetos diferentes ao latino e observaremos que, en liñas xerais, presentan numerosas similitudes, pois en todos os casos a finalidade que motiva estas prácticas é común en todas elas. Do mesmo modo, pareceunos pertinente compararmos este sistema de escrita abreviada coas variedades pidgin e crioulas, dado que tamén constitúen modalidades lingüísticas con elementos comunicativos similares. Por esta razón, en 3.3.4 determinaremos, *grosso modo*, cales son as características partilladas e cales os puntos diverxentes entre ambos os sistemas de interacción, sendo sempre conscientes dos diferentes condicionamentos sociolingüísticos que interveñen en cada un deles. En calquera caso, o innovador na linguaxe SMS será o uso consciente de fenómenos sociais e culturais que na lingua efectiva actúan de xeito involuntario ou irreflexivo, o que reflicte máis unha vez a súa natureza lúdica e expresiva.

⁸³⁰ Lembremos que en 3.1.1.1 xa fixemos referencia a algúns outros factores, como a idade e o sexo, para determinar o perfil das persoas usuarias (véxase Sánchez Rei 2011).

⁸³¹ Por *lingua común* entendemos todas as manifestacións lingüísticas, orais e escritas, do galego que, precisamente por presentaren interferencias do español, non poden considerarse mostras de lingua estándar.

3.3.1. A linguaxe SMS e a variación dialectal

De acordo co apuntado até o de agora, as mensaxes de texto presentan unha serie de propiedades lingüísticas máis ou menos estandarizadas. Porén, o corpus de SMS que manexamos permite, igualmente, observarmos unha grande variabilidade estilística, que reflicte de modo xeral os gustos persoais do usuariado, igual que acontece noutros ámbitos de uso. Quere dicir, unha persoa pode ser lingüísticamente innovadora e, por tanto, é posíbel que mostre preferencia polas estratexias de redución e de ampliación, en canto outra, máis conservadora, probabelmente manterá un modelo de lingua próximo da variedade estándar. Mais, en calquera caso, as diferenzas individuais nin sempre serven para explicaren todos os fenómenos de variación que encontramos na escrita SMS. De acordo con Crystal (2008:61), “some of it undoubtedly reflects dialect differences of a regional, social, or ethnic background”. Así, este autor detecta diferenzas entre as SMS en inglés británico e aquelas en inglés americano. E aínda que no galego a variación non sexa tan evidente como no exemplo sinalado polo escritor galés⁸³², tamén existen abundantes mostras de variación dialectal, xa que, como sinala acertadamente Sánchez Rei (2011:37), o galego que se utiliza nas Rías Baixas non coincide totalmente co que se emprega na Terra Chá ou nas serras orientais do país. Noutras palabras, calquera lingua presentará diferenzas rexionais se ben que, a depender do alcance internacional do idioma en cuestión, estas serán máis ou menos evidentes. E nese sentido, o das mensaxes de texto e, por extensión, o contexto electrónico, constitúe un medio propicio para as persoas usuarias vehiculizaren e visibilizaren este tipo de solucións lingüísticas diverxentes da lingua padrón, dado que –como xa apuntamos en 2.3.3– teñen lugar nun contexto eminentemente familiar e informal.

A Internet e o ciberespazo non só contribúen para reforzar a lingua da comunidade do usuariado (véxase 1.2.3.4 e 1.2.4.4), mais tamén permiten unha certa permeabilización da lingua e das súas variedades dialectais. Neste medio as relacións interpersoais acaban por viraren intensas e habituais, o que configura un contexto inmellorábel para a introdución das variedades locais, máis propias de situacións coloquiais. Porén, o realmente interesante no estudo da variación dialectal nas SMS –e tamén do contacto de linguas– é analizarmos as causas e os obxectivos que motivan a súa aparición, xa que en moitas ocasións os dialectalismos non reproducen a variedade lingüística da rexión da persoa usuaria, mais tamén son utilizados por cuestións pragmáticas, isto é, ou ben como mecanismo de simplificación para reducir caracteres ou ben como estratexia expresiva para marcaren énfase sobre un determinado elemento ou enunciado. E, en relación con isto, vira importante o concepto da *experiencia* defendido por Cortés Conde (2010:4): a pesar das gramáticas prescritivas ou das clasificacións dialectolóxicas que adscriben unhas estruturas lingüísticas a unha rexión ou zona concreta, a lingua non pode divorciarse da experiencia, dado que é esta a que comunicamos. Na mesma liña, é moi útil a clasificación realizada por Carvalho Calero (1974:31-40) en relación ás fases da formación do galego literario, isto é, a dialectal, a interdialectal e a supradialectal. Así, podemos observar que no contexto informal das SMS o usuariado recorre á experiencia que ten da lingua e, para alén de transmitir a súa variedade local (dialectal), ás veces tamén emprega outros fenómenos rexionais que coñece (interdialectalismo) e que lle serven para unha determinada finalidade comunicativa –ser máis expresivo ou enfático, reducir tempo e caracteres, crear complicitade ou simplemente

⁸³² Tamén en Sánchez Rei (2011:39) se subliña a importancia da procedencia xeográfica para explicar determinados fenómenos lingüísticos dalgunhas variedades, como acontece no francés do Quebec, que conserva singularidades picardas e normandas, ou nalgunhas modalidades de español sudamericano, en que é evidente a pegada dos falares andaluces.

brincar–, en canto relega a variedade padrón (supradialectal) para contextos de comunicación máis formais.

Ofrecer unha análise exhaustiva do fenómeno dialectal nas SMS baseándonos exclusivamente nos datos do corpus constitúe unha tarefa complexa, pois carecemos en moitos casos de información necesaria para valorizarmos de modo cualitativo e cuantitativo se as mostras son ou non representativas. Quere dicir, aínda coñecendo a procedencia da mensaxe e a extensión xeográfica de determinados fenómenos dialectais⁸³³, descoñecemos as preferencias individuais do usuariado, que nin sempre incorpora no seu idiolecto as variedades locais ou tamén se a localización que achegan se corresponde con aquela da que procede a súa variedade lingüística. En todo o caso, coidamos que os resultados do noso corpus e os datos obtidos a través do inquérito sobre as mensaxes de texto e a linguaxe SMS (Cfr. 6. II) serven para realizarmos unha panorámica que dea conta da situación en que se achan os usos lingüísticos dialectais tradicionais no soporte electrónico e tamén das novas tendencias que se detectan nesta esfera. E se ben que a falta de maior cantidade de datos non permite realizarmos afirmacións categóricas, concordamos con Crystal (2008:62) en que “text dialectology is going to be a big subject one day”. Por tanto, a nosa intención é contribuír neste sentido desde e para a lingua galega.

A este respecto, cómpre indicarmos que a porcentaxe de presenza de dialectalismos nas SMS do noso corpus é relativamente baixa, tan só 68 das 803 que o compoñen, o que supón un 8,4%. Igualmente, resulta sorprendente que o 63,2% das ocorrencias correspondan ao usuariado máis novo (15-25)⁸³⁴. Poderíamos pensar que a tendencia máis natural sería que a xente de maior idade, que non tivo tantas facilidades para acceder á educación en lingua galega, utilizase nas súas interaccións un modelo de galego popular cun alto grao de dialectalismos, sobre todo se descoñecen a normativa estándar. Non obstante, tamén non é menos certo que a xente cun grao de alfabetización medio-alto pode ver nestas prácticas diatópicas un elemento estigmatizante e prefira optar por utilizar un modelo de lingua próximo do padrón. Pola súa banda, as persoas máis novas son –como xa tivemos oportunidade de vermos– lingüisticamente máis innovadoras e, por tanto, adoptan e adaptan todos aqueles elementos da lingua que lles permiten achegar novos matices á comunicación. Así, embora posúan un maior coñecemento da variedade estándar debido á escolaridade, utilizan os dialectalismos para marcaren a individualidade e para se desmarcaren dalgunha forma dos usos homoxéneos da comunidade lingüística en que se integran. Do mesmo modo, e como veremos a seguir, as novas tendencias no uso de dialectalismos están ligadas ao propio contexto electrónico e, en consecuencia, será novamente a mocidade aquela que con maior facilidade tirará proveito a características intrínsecas da lingua ou que xa presentan usos específicos para as amoldar aos seus propios intereses comunicativos.

Non obstante, cómpre tamén citarmos que son moi frecuentes os casos en que o uso de dialectalismos nas SMS responde unicamente á vontade de reflectir a variedade local do usuariado. De feito, o 63,9% das persoas entrevistadas no noso inquérito afirma utilizar de forma habitual dialectalismos nas súas mensaxes. Observamos, por tanto, que son conscientes

⁸³³ Sobre este particular, debemos ter en consideración que as análises máis exhaustivas do variacionismo dialectal da lingua galega son as que figuran en Fernández Rei (1990) e nos diversos volumes do *Atlas lingüístico Galego* (ILG 1990-2005). Porén, a información que achegan estes traballos poden non corresponder xa de modo exacto coa realidade lingüística da Galiza actual, dado que pasaron máis de dúas décadas desde entón e as isoglosas, por norma, non son estáticas, mais retroceden ou avanza en función de determinadas variábeis (véxase Sánchez Rei 2011:299).

⁸³⁴ Os datos apuntados por Ling (2005:341) camiñan tamén nesta liña: “interestingly, the data also shows that teens are more inclined to use the dialects than older users”.

de que aínda sendo necesario interiorizarmos a variedade estandarizada para certos contextos, nomeadamente os académicos, as modalidades diatópicas son perfectamente válidas en ámbitos máis informais (Sánchez Rei 2011:528). E neste punto achamos dúas interpretacións que embora poidan parecer contraditorias, se complementan. Así, o uso de dialectalismos entre persoas pertencentes á mesma variedade dialectal constituirá unha marca de (sub)grupo e terá, consecuentemente, certo carácter cómplice, en tanto que o seu uso entre persoas xeograficamente afastadas se erixe como unha marca de individualidade. En calquera caso, o acceso a variedades diatópicas diversas contribuirá tamén para reforzar as propias cualidades grupais dos utentes⁸³⁵. Eis algúns exemplos de usos dialectais nas mensaxes de texto⁸³⁶:

Chiki, spero q ests mllor...Nn m gusta vrt asi! eu nn tño nada d sono...votams lpartidiña o trivial? jejeje! **mañan** voum arreptir disto...boas noits! durm bn! bks! (A249 Arteixo)

Nn e algo que se aprenda no colexo pero se nn **aprndexs** o sgnfcado do NADAL,nn **aprendexes** nada Bo nadal!Vivamos como galegos!!☆☆ (C-Nadal 80 Cabana de Bergantiños)

olaaaaaaa! Como vos vai co ekipaje??? Si nn che coye todo mndocho eu por correos!!!!!! Jjjjj levad **bn** viaxe e tede cuidado...xa chamaredes...chao... (C25 Monfero)

E nn hai nada mais light? jajaja! Senn a dieta vai ir ao carallo! nn e x –prezar os **xixarros!** jaja (A511)

xegastedes ben? stams no dscanso do curs e fai 1 clor... (C4 Monfero)

Feliz nadal a todos e ted cuidao en fin d ano xa nn solo co alcohol senon tamen coas uvas.E recordad o q **faigads** 100PRE CN PRCAUCION.FELIZ NADAL (C-Nadal 9 Foz)

Ás veces, os dialectalismos aparecen mesmo en SMS que, por regra xeral, deberían estar redixidas na normativa estándar, dado que proceden de entidades ou organismos públicos e van dirixidos a toda a poboación. Neste caso parece que o uso da forma dialectal é en certo modo inconsciente na medida en que xulgamos que constitúe unha solución totalmente asumida pola persoa que redixiu o texto, situación que contrasta coas que logo veremos en que a presenza de dialectalismos se erixe como un fenómeno reflexivo e motivado:

En BLOQUE podemos, domingo 12 da **mañan**. Pazo de Congresos (San Lazaro-Santiago). NON FALTES!!! (Teremos espazo infantil) (MNP8)⁸³⁷

⁸³⁵ Na opinión de Teixeira (2006), “hoje em dia a instantaneidade, a frequência e a globalização das comunicações parecem tender para unificar registos lingüísticos falados en regiões muito distantes e não acelerarem o processo inverso de divergência e diferenciação que acontecia em séculos passados”.

⁸³⁶ Nestes casos, para alén da referencia numérica que permite localizar a SMS no corpus (cfr. Anexo.I) introduciremos tamén a orixe xeográfica –sempre que for posíbel– para ver se os usos se corresponden coa zona indicada ou se, polo contrario, se asocian a outras finalidades.

⁸³⁷ Este uso contrasta cunha outra SMS da mesma organización: *Lembra a convencion dos 30 anos do BNG. Mañá domingo as 12h, no Palacio de Congresos de Santiago. Non faltes! En Bloque, Podemos!* (MNP9). Pode que non fose a mesma persoa quen redixiu ambas as mensaxes ou que nunha ocasión deixase translucir, involuntariamente, fenómenos lingüísticos da súa zona de procedencia.

Noutras ocasións, o usuariado das mensaxes de texto incorpora na súa praxe lingüística formas dialectais que lle permiten aforrar no número de caracteres. E aquí convén salientarmos sobre todo aquelas que non coinciden cos usos dialectais da zona de procedencia; mais tamén pode acontecer que aquelas persoas que non utilizan habitualmente estas solucións, embora sexan propias da súa xeografía, as empreguen nun determinado contexto se estas lles permiten gañar tempo e espazo. Así, por exemplo, é relativamente frecuente o uso de *te* por *che* en zonas en que de partida distinguen o acusativo do dativo⁸³⁸:

ai cariño, a mochila!! :-@ nn t fai falta?! (A386 O Temple)

Faltanme as horas! Moitas! Jajaja. E o que te dixen, ao mellor esta semana me sae todo xenial e si que teño tempo, mais non podó arriesgarme a dicir que si e logo non poder. (A388 O Temple)

Maña vams scoyrt as patacs e vou encher 2 caixas, xa vireds buscalas. Bks (C5 Monfero)

Mrda coma smpre nn me ntereí e nn t cntxto ata agora xamam s qres a partir das 8.30 bks (C98 Feáns)

Kntas +volts lle dou, peor m sinto. Nn podó kmbiar o día n q nacín. Oxala nn fose co voso, facilitaría as cousas...Prdoá x amrgart smpr o día! Qtm! Boas noits! (A63 Arteixo)

Tamén é moi habitual o uso da forma verbal *tar*, variante reducida do verbo *estar*; segundo Fernández Rei (1990:95), é propia do galego de Asturias, do leste de Lugo, do occidente da Coruña e da zona da Ulla da Coruña e Pontevedra, mais na actualidade é xa unha solución moi extendida noutras zonas, sobre todo para a P1 e a P2. Nalgúns casos é difícil discernir se se trata dun fenómeno dialectal *stricto sensu* ou dun recurso de simplificación, mais noutros a presenza de formas completas na mesma SMS a alternar coa reducida contribúe para nos decantarnos pola tese reducionista:

Mona! Q tal? Nrviosa? Ont nn m deu tmp a xamart! Asiq snn falams ants pasao bn no knrcto! ***** ta bn! Xa me kntras maña q tal. Vai amdo! Bks. Qtm (A9 Pontedeume)

Ola! Tou bn! Xla maña kedei kn ***** e nn m ntereí do movíl e kndo o vin pensei q xa tarias na voda! E xla tard stiven durmindo ata agora! Q tl tí? Bks! (A135 Arteixo)⁸³⁹

Ola chorvi! Pois n s. Xoan tokou riazor! Oxe tou d kmunion n meson pastoriza! E maña a kasa da miña avoa! Stou morta! Isto d levar tkons e 1dport d risiko! Admirot (A182 Pontedeume)

Xa cheguei! E tou rndida! (A477 A Coruña)

O marts xantams n ksa da mdriñ de **** q xa tams convidads! Xa m dixra ***** q mpezaras! Maña stads x ai xq igual m paso? (A502 Pontedeume)

⁸³⁸ Non obstante, cómpre analizarmos este caso particular con certa cautela, pois tamén poderíamos considerar o uso de *te* nestes contextos por influencia do español, en que esta forma é a única opción posíbel. Outrosí, existen mecanismos propios da linguaxe SMS, cal a simplificación dos dígrafos –en particular, o paso de *ch* a *x*– que permitirían resolveren as motivacións espaciais sen recorrermos ao uso de formas dialectais.

⁸³⁹ Se cadra neste caso a alternancia das formas reducidas “*tou*” e “*tarias*” e da completa “*stiven*” en lugar de “*tiven*” pode derivarse da posíbel homonimia que se tería producido coa forma pretérita do verbo *ter*, embora existan exemplos –sobre todo na oralidade– en que esta solución é frecuentemente utilizada.

Igualmente, no relativo ás formas verbais, destaca a preferencia polo uso da terminación *-che* en lugar de *-ches* referido á segunda persoal do singular dalgúns verbos. De acordo con Fernández Rei (1990:87), as formas con *-s* concéntranse no occidente e avanza cara ao oriente, onde se refuxian as solucións con *-che*. A seguir figuran algunhas mostras:

Q tal d kmpras? **Kurraxe** m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! Eu tou pntdeume e logo irei ksa papa! Muaka baby! Sta smana cofe? (**A295 Pontedeume**)

*****, **ekivocache** de persoa. Son ***** (**A471 Pontedeume**)

En ocasións a presenza de dialectalismos non pode ser explicada atendendo ben á proxección da variedade local na escrita, ben a unha estratexia de simplificación, mais debe entenderse en termos de expresividade. Quere dicir, utilízase cando queremos pór énfase sobre un determinado elemento ou enunciado. Na opinión de Freixeiro Mato (2013:207), “os dialectalismos posúen [...] un grande poder evocativo e unha carga afectiva que dota de expresividade o texto en que se insiren, pois emotivamente deslócannos ao mundo das nosas vivencias máis íntimas e persoais”. E, neste sentido, son moi produtivos o *seseo* e a *gheada*, seguramente por se tratar de dous fenómenos dialectais amplamente coñecidos ao longo do territorio. A respecto do primeiro, cómpre sinalarmos que fronte a C-Nadal 4, en que o seu uso pode ser considerado como dialectal, en C-Nadal 5 e especialmente en A522 a súa aparición parece non poder xustificarse sen remitirmos para criterios de efusividade, de elocuencia ou mesmo de xogo lingüístico:

nsts dias de xiada qu tat frio vai x eso eu pa qcer acrdm dti mamaa e do teu caldinho de grelos !!:) **Flis** Nadaal muaka pataka!! (**C-Nadal 4 Mazaricos**)

nos momntos tristes tabas ai :) ns momnts d scaxada partiamns as caixs. so qria q souberas q nsts dias d ndl Krt comij. **Felis** 2m11!! (**C-Nadal 5 Laracha**)

Escriboxe sto xa q sei cm s, e sei q os teus oios sn = q o teu interior, sn **pesiosos**⁸⁴⁰ XD. Es 1 rapas q vals moito e merecs todo o mejor (**A522 Arteixo**)

A *gheada*, pola súa banda, manifesta unha finalidade similar, patente sobre todo nos casos en que este recurso só é utilizado para enfatizar un elemento concreto. E para representar por escrito este fenómeno documentamos dúas tendencias: por unha parte, o uso da grafía <j>, que en español representa a consoante fricativa velar xorda e, por outra parte, o uso de <gh>, forma con que comunmente se representa por escrito a *gheada* no ámbito galego. Eis algúns exemplos:

Bo Nadl!!! e coidd co xampn k nn e **ough!** (**C-Nadal 46 Coristanco**)

nos momntos tristes tabas ai :) ns momnts d scaxada partiamns as caixs. so qria q souberas q nsts dias d ndl Krt **comij**. Felis 2m11!! (**C-Nadal 5 Laracha**)

Pois vai tirndo! Tño 1 bo nfermeir!! jaja! A vr s m kra pra o kngres snn vou ir **ghuapa**...e x ai q tal? Alg1 novidd? Bks (**A331 Pontedeume**)

⁸⁴⁰ A presenza do seseo neste termo tamén podería ser entendida como recurso á linguaxe infantil (véxase 3.2.3.4.2.2) en tanto que resultado da concentración homonímica.

Con unha ganba e un mexillon **rejaloxe** un besucon! Cun percebe e a miña amizade, Feliz nadal! E co meu cariño qe vale un huevo ! FELIZ NADAL! (C-Nadal 74 Cerceda)

Como vemos, en C-Nadal 46 non existen indicios claros que nos permitan afirmar que se trata dun uso premeditado ou consciente por enfatizar o texto, do mesmo modo que en C-Nadal 5, se ben que neste caso a presenza doutras formas dialectais impropias da zona como *Felis* poden achegar algo de luz. Non obstante, en A331 e C-Nadal 74 observamos que a *gheada* se reserva para subliñar vocábulos concretos e non é extensíbel a toda a mensaxe, o que constitúe unha mostra evidente da finalidade expresiva da dita estratexia. Na liña do sinalado en 3.2.1, a expresividade a través de recursos graficamente chamativos eríxese como unha constante na linguaxe SMS e, neste sentido, as variedades dialectais, en tanto que modalidades paralelas ao código estándar, configúranse como máis un recurso subversivo que foxe de normas e de usos prescritivos. Ao mesmo tempo, a presenza de dialectalismos nestes medios tamén pode considerarse como un acto de reivindicación dos falares locais. Sobre esta cuestión, subscribimos as seguintes palabras de Teixeira (2006):

Qualquer língua tem de defender uma norma culta que funcione como um modelo ideal aglutinador dos falantes que na mesma língua se expressam. O que não pode fazer é coisificar essa norma padrão como um falar específico de uma dada região até aos pormenores mais atómicos, transformando a maioria dos falantes em sacrílegos quando não seguem um qualquer pormenor lexical ou fonético que a norma extraordinariamente particularizada impõe.

3.3.2. A linguaxe SMS e o contacto de linguas

A Galiza constitúe un territorio onde, para alén de se atestaren diferenzas lingüísticas internas –diatópicas, diafásicas, diastráticas etc.– coexisten dous idiomas, o galego e o español. Debido á imposición do segundo como única lingua oficial durante moito tempo, o prolongado (e desigual) contacto entre estas linguas tivo notábeis repercusións para o idioma propio do país; así, ao ficar este restrinxido á oralidade e a contextos informais, o español foise insertando profundamente nos diferentes niveis gramaticais do galego, motivo polo cal aínda hoxe achamos numerosas deturpacións lingüísticas, denominadas comunmente *españolismos*⁸⁴¹. De feito, nos últimos anos publicáronse diversos manuais (véxase Sanmartín Rei 2006 e 2007, Freixeiro Mato 2009 e Callón 2012) que analizan esta situación e que propoñen alternativas para conseguiren un galego de calidade, libre de interferencias e harmónico coa súa propia idiosincrasia. Non obstante, o contacto lingüístico, ben a través da alternancia de códigos, ben a través de interferencias, é, consoante sinala Wanji Elvis (2009), “a comon linguistic behaviour in multilingual settings” e a Galiza non constitúe unha excepción ao respecto. Os fenómenos derivados do contacto son doadamente detectábeis nas prácticas lingüísticas cotiás das persoas galegofalantes e, fundamentalmente, nas distintas modalidades discursivas da oralidade. As mensaxes de texto manifestan, como xa ilustramos, moitas propiedades da oralidade (véxase 2.2.3.3) e están circunscritas a contextos de interacción informais, razón pola cal será frecuente documentarmos diversas propiedades lingüísticas derivadas do contacto entre as dúas linguas.

⁸⁴¹ Embora as repercusións a nivel (socio)lingüístico non sexan comparábeis, cómpre termos en conta que esta influencia tamén se produciu no sentido contrario, de modo que o castelán falado na Galiza se impregnou, igualmente, de numerosas interferencias do galego (véxase Soto Andión 2003).

De acordo con Cassany / Sala Quer / Hernández (2008), a diseminación das TIC multiplicou as posibilidades e as funcións do que eles denominan prácticas vernáculas, quere dicir, “formas autogeneradas de usar la escritura que desarrollan los alfabetizados en su entorno, más allá de los usos públicos, institucionalizados y legitimados”. Trátase de prácticas máis privadas que públicas e que se opoñen ás dominantes ao crearen as súas propias funcións, códigos e tradicións. Ao constituír un fenómeno voluntario que non vén imposto por ningún axente externo goza de maior liberdade, de maior creatividade e pode dar pé a novos tipos de prácticas letradas. O vernáculo é humorístico, lúdico irreverente e deliberadamente alternativo. Segundo os anteditos autores, relaciónase coa “emocionalidade” das persoas lectoras-autoras. E, neste contexto, a competencia en máis dunha lingua outorgará ao usuariado novas oportunidades para seren subversivos e creativos. Con base nos datos achegados por Crystal (2008:62), as persoas bilingües que redixen SMS alternan con frecuencia entre as características das diferentes linguas. Eis un exemplo:

An Italian/English texter, for example, might write 2 6 for ‘you are’. ‘Six’ is sei in Italian, but sei is also a singular form of the verb ‘to be’ (‘you are’). The full form of ‘you are’ would be *tu sei*. So an English reading of 2 (‘tu’) has been used in order to make the text work [...]. Individual letters can also be borrowed. There is no *k* in the Italian alphabet; but when Italian texters write such words as *che* ‘what’, they often use *k* as a logogram, borrowed presumably from English (Crystal 2008:62).

Como xa foi apuntado, o inglés é unha das linguas que máis influencia manifesta no modo en que se desenvolven as convencións da linguaxe SMS noutros idiomas. Así, Thurlow / Poff (2013) compilan no seu traballo algúns estudos en que se analiza o uso desta lingua en combinación con outra lingua nacional nas mensaxes de texto: en Kuwait o usuariado de SMS utilizaba unha mestura de Árabe e inglés nos seus textos, en canto a mocidade finaes alterna o finés cunha miscelánea de palabras e expresións en calquera lingua estranxeira dominada pola persoa que escribir, mais sobre todo do inglés. En Sudáfrica, por súa vez, tamén se detectan certas interferencias, dado que se mestura o inglés co isiXhosa cando se escriben nomes ingleses con prefixos do isiXhosa. O poder do inglés como idioma dominante é tal que nalgúns sociedades, como en Nixeria, as persoas que utilizan este medio de comunicación prefiren o inglés británico estándar e evitan, por todos os medios, calquera tipo de nixerianismo, de inglés nixeriano ou outra lingua indíxena, aínda sendo un medio tan persoal⁸⁴². No caso do galego, xa tivemos oportunidade de vermos en 3.2.1.1.8, 3.2.2.3.1 e 3.2.3.4.1 que a presenza do inglés nas SMS do corpus é certamente relevante, embora este non sexa un idioma de comunicación habitual no noso territorio, como si acontece no caso dos países nórdicos, por exemplo. Con todo, o que vira de especial interese nesta sección é analizarmos en que medida a situación de contacto lingüístico presenta implicacións na lingua das mensaxes de texto non só en termos de pureza lingüística, mais tamén e, sobre todo, para vermos se –igual que acontecía coas solucións dialectais ou como corrobora Crystal (véx. máis arriba) para outras linguas– a súa copresenza é nalgúns casos produto das necesidades comunicativas do medio e en que grao o usuariado tira partido a esta circunstancia.

Cassany / Sala Quer / Henández (2008) a respecto do usuariado catalán afirman que todos os informantes utilizan o catalán e o español nas súas prácticas vernáculas, en diferentes contextos e frecuencias, a depender do contorno social e das propias persoas interlocutoras. E de entre todas elas, sinalan que as mensaxes de texto constitúen un medio

⁸⁴² Aínda que estes e outros pormenores serán analizados en 3.3.3, cómpre termos en consideración que en moitos casos a alternancia de códigos e mesmo de alfabetos estará motivada polas propias características técnicas da aplicación. Véxase Spilioti (2009).

propicio para estas ocorrencias, se ben que nin sempre é clara nin consistente a causa da dita alternancia: nuns casos é a persoa interlocutora, noutros o tema (referirse a un libro en español ou a unha persoa que se expresa nesa lingua) ou os discursos precedentes, mais noutros descoñécese. Os datos que manexan reflicten as seguintes motivacións: i) utilízase indistinta e azarosamente cando os interlocutores son bilingües; ii) en ocasións serve para enfatizar o discurso: catalán cando se está alegre e español cando se está triste ou irritado; e iii) úsanse de modo ambivalente ambos os idiomas debido ao fenómeno sociolingüístico coñecido como *permeabilización* (véxase 3.3.1), isto é, os falantes máis novos pertencentes a unha comunidade de fala catalá ou española pola súa orixe permeabilizan a outra lingua e tenden a usala de modo máis neutral e natural que os falantes das xeracións anteriores que perciben que unha delas non é tan súa. Por súa vez, os resultados obtidos do inquérito sobre as mensaxes de texto e a linguaxe SMS (véxase 6. II) permiten completar esta clasificación e orientala e matizala tendo en conta as circunstancias sociolingüísticas particulares da Galiza⁸⁴³. Así as cousas, dos 237 informantes que realizaron o inquérito, tan só o 23% afirma mesturar o galego e o español nas súas mensaxes de texto, o que contrasta cos resultados achegados por Cassany. Igualmente, no noso corpus, a presenza das dúas linguas de forma conxunta non supera o 14,5%, o que coincide, *grosso modo*, coa tendencia apuntada polo usuariado galego.

Tamén no referente ás razóns que provocan a alternancia de códigos achamos certas diverxencias coas apuntadas polo lingüista catalán. Prescindindo do 77% dos informantes que afirman non utilizaren o español nas súas SMS en galego, o restante 23% sinala diversas motivacións que xustifican, na súa opinión, estas prácticas: en primeiro lugar, destácase o seu carácter funcional e utilitario, quere dicir, utilízase naqueles casos en que unha das dúas linguas se adapta mellor á finalidade procurada pola persoa emisora. Por exemplo, o 47,8% das persoas entrevistadas afirman mudaren de lingua cando unha permite abreviar máis do que a outra. En segundo lugar, e aínda que a maioría se decante pola hipótese reduccionista, a expresividade conforma, igualmente, un argumento de grande peso. Así, en moitos casos o español é utilizado por motivos lúdicos e enfáticos: o humor, a diversión, a brincadeira, a ironía e o sarcasmo constitúen as principais potencialidades sinaladas polo usuariado galego. En ambos os casos –simplificación e expresividade–, os obxectivos perseguidos son similares aos mencionados para a introdución de estranxeirismos (véxase 3.2.3.4.1), se ben que a situación de prolongado contacto entre unha e outra lingua provoca que algunhas outras motivacións de natureza sociolingüística entren tamén en xogo. Neste sentido, nalgúns casos emprégase o español para redixir determinadas palabras que, tamén na oralidade, contán cun grao alto grao de penetración na lingua galega: na maioría das ocasións trátase de españolismos moi frecuentes, do tipo *Dios*, *abuela*, *bueno* etc. De feito, algunha das persoas entrevistadas afirma que en contextos informais é habitual a mestura e que, por tanto, as SMS non fan máis que reproducir as súas prácticas discursivas diarias en que tamén introducen españolismos, nalgúns casos de xeito espontáneo ou inconsciente⁸⁴⁴. Outras veces, os/as informantes xustifican o uso do español por descoñecemento da forma galega correspondente, o que non deixa de ser máis unha consecuencia da situación diglósica da Galiza.

⁸⁴³ Como é sabido, o prestixio social dunha e doutra lingua non poden ser equiparados, como tampouco as circunstancias socio-políticas que se produciron en cada territorio. Sobre este particular, véxase Ninyoles (2005), Pradilla (2011) e Monteagudo (2012).

⁸⁴⁴ Nos contextos máis formais, as persoas con competencia en ambas as linguas parecen delimitar mellor un e outro código, mais nas interaccións informais, parece que as variedades locais desprazan o estándar (véxase 3.3.1) e que o contacto lingüístico vira máis evidente, como se deduce da seguinte resposta: “[mesturo as dúas linguas] porque non falo galego nin castelán normativo”.

Os exemplos do noso corpus corroboran, en liñas xerais, as prácticas lingüísticas apuntadas polas persoas entrevistadas. Nel documéntanse casos de interferencias, quere dicir, a presenza de palabras tomadas do español nun texto redixido integramente en lingua galega e casos de alternancia lingüística, ou sexa, SMS en que se utilizan as dúas linguas de modo sucesivo, embora unha sempre poida ser identificada como lingua principal. Para alén desta distinción, os resultados obtidos tamén permiten establecermos unha outra clasificación, en función das motivacións que priman no uso do español en cada caso. Así, e a coincidir cos resultados do inquérito, teríamos un primeiro grupo en que se utiliza como estratexia de simplificación, un segundo en que o que prima é a expresividade e, por último, un terceiro, en que ficarían recollidas aquelas mostras que non poden adscribirse a ningún dos grupos anteriores e que, desde a nosa perspectiva, están motivadas pola influencia que exerce o español sobre as prácticas discursivas en lingua galega, nomeadamente na oralidade e nos rexistros coloquiais. Con todo, somos conscientes de que nalgúns casos é complexo adscribilos a un ou outro grupo, na medida en que presentan propiedades comúns a varios deles⁸⁴⁵. Canto ao primeiro, achamos exemplos máis ou menos evidentes en que o españolismo responde a unha vontade reductora, normalmente resultado do uso de mecanismos de abreviación máis rendíbeis nesoutra lingua. Como sinalamos en 3.2.2.1.5, destaca a eliminación do artigo en estruturas do tipo “todas/os as/os formas / modos / xeitos / maneiras”. Eis máis algúns exemplos:

Non ntndo xq t pos asi xq nn xo dixn x mal xo d **todas formas** sintoo s t ofndin. Non m gusta star asi kntig. Querote m8. Xps (A328)

Ola! Non vou chegar para a primeira conferencia, que ao final tiven que vir para Rianxo porque no piso de meu irman non hai auga por unha fuga, e o tren non chega ate as 8:50. Chegarei ao CGAC as 9 e pico. De **todas formas**, se tes problemas para atopar o sitio chamame (igual estou sen cobertura, que o tren e o que ten, pero chamote en canto vexa a perdida). Bicos! (A497)

Tamén cómpre subliñarmos o uso da abreviatura DPM (‘de puta madre’) para facer referencia a un estado de ánimo de euforia e exaltación que non encontra un equivalente tan reducido en galego⁸⁴⁶ (véxase 3.2.1.1.14). Nas seguintes mensaxes esta forma equivalería ás galegas xenial, fenomenal ou estupendamente. En calquera delas é evidente a diferenza no número de caracteres:

wno xa s acab o 2010 e po ano vlvn as fstas e a psal **dpm**.psadeo ben en aninovo. bicoss guapoos :) (C-Nadal 71)

K teñas un felz nadl e k o pass **dpm**!!! Felz Nadl!!!e un felz ani novo (C-Nadal 88)

Fliz ano 2011 a todos e q o pasdes **dpm** nstas grndes festas cheas d algria! (C-Nadal 120)

⁸⁴⁵ Como veremos, e a depender da consciencia e da competencia lingüística do usuariado, uns fenómenos poderían ser adscritos, ao mesmo tempo, á interferencia do español ou ben á necesidade de simplificación ou de expresividade precisa nese momento. Nestes casos menos evidentes e, ao carecermos de datos persoais dos nosos informantes, a clasificación será realizada a partir do criterio e das interpretacións das persoas que subscriben este traballo, se ben que se terán sempre en conta os resultados obtidos do inquérito e os daqueles estudos máis recentes que poidan achegar algo de luz sobre este fenómeno.

⁸⁴⁶ Parece dubidosa a hipótese de que as siglas DPM aludan á versión galega desta expresión, “de puta nai/mai” que, en todo o caso, non deixaría de ser un calco do español.

Unha outra abreviatura española de grande utilidade nas mensaxes de texto do corpus é *tb*, que substitúe o adverbio de afirmación *también* ('tamén'), e que no español conta cun alto grao de consolidación nas SMS⁸⁴⁷:

Eu **tb** o creo! XD e x pouko q ye saqs ao zx..saech tirado d prezo. (A294)

Dnada! A min **tb** m gusta! D feito as vces ainda xogamos (A299)

Todo ben! Eu **Tb** stou morta! Vou dsknsar e maña kndo volva xa falamos ok? Bikos e boas noites! Q dskanses (A364)

ok! Se podo **tb** xe scribo un emilio! Non sei s n galego ou en machupino, dpndra de km d fluido sexa ste ultimo! XD Xa tams n madri komiditos e ate as 5 non saims! (A458)

Eu a ti **tb** pimpin! Xddd (A482)

A forma española *tb* supón o 39,2% das aparicións do antecitado adverbio, se ben que tamén documentamos, alén da forma completa *tamén* (32,1%), unha certa presenza da alternativa galega *tm* (10,7%), a convivir con solucións intermediarias como *tamn* (10,7%) ou *tmn* (7,1%). Xulgamos que a existencia de formas diverxentes non demasiado consolidadas e o feito de que o grupo consonántico *tm* –como resultado das elisións vocálicas– sexa moi habitual nas SMS e poida provocar ambigüidade son as causas principais da preferencia do usuariado da Galiza pola solución espúrea *tb*, en detrimento das alternativas galegas. De feito, á excepción da forma *tm*, o resto das opcións vira menos atractivo do punto de vista da redución:

Eu **tm** m lembrei d camiño! Nn t preocpes. Xa t avisarei. Muaka (A493)

Ste ano pso d trrn e elxote a ti k ers 1 bmbn...bo ndl a tds os glegs!!e **tmn** prspro ani nvo!! (C-Nadal 15)

Au! doem **tamn** o stomg! Sts dias forn moi durs gastronomikmnt! XD! Q tl tas? Spero q steas relaxada e q vos vaia bn a knvrta! Nn vou apaga-lo movl x s m kers xamr! Bks! (A199)

Un outro caso de españolismo como estratexia de simplificación constitúe o uso do numeral 2 co valor fónico que presenta nesta lingua, quere dicir, 'dos' e que, como xa sinalamos en 3.2.1.1.10, tamén en ocasións se utiliza a modo de anglicismo para substituír a secuencia 'to' ou mesmo 'tu'. Trátase dun uso isolado, mais que en última instancia contribúe para corroborar a tese reducionista:

Felices festas e bo ano novo para **to2**!! m88 bicos guapos, amobos a todos aora d botellon (C-Nadal 77)

⁸⁴⁷ A pesar de que *también* se documenta na Galiza como solución dialectal na parte máis oriental da mariña lucense (ILG 1999-2005, II:330) e nalgúns casos na variedade das persoas máis idosas doutros territorios galegos segundo temos escoitado, o seu restrinxido ámbito de uso fainos desbotar a hipótese de que sexa esta a forma empregada nas mensaxes de texto analizadas.

En último lugar, documentamos algúns españolismos cuxa motivación non se mostra de modo tan evidente como nos casos anteriores. Así, a escolla da forma espúrea, sempre de menor número de caracteres, ben podería estar conscientemente integrada no texto en tanto que recurso de redución, ben podería responder ao uso habitual dun modelo de lingua deturpado pola presenza de españolismos. Nesta situación achamos diversos castelanismos lexicais como *rato* ('anaco'), *rechazo* ('rexeitamento'), *cumple* ('aniversario') ou *aora* ('agora') con catro, unha, seis e cinco ocorrencias respectivamente:

Boas noites baby! Xa vou pa kamiña q m sta sperando ****! Na cea tiven vacile pa **rato** xq s m okorreu mencionarte! Nn nos ntndn! Pasa lboa find! I'll miss you! (A33)

Nn era pa k saiseds. Iate sperar a saida n plan romantiko, xo ante o **rechazo** q podo facer? Jajaja! Terei q knformarm ko mail. :-(ate maña (A57)

Ola!!!! o **cmple** cmbiamlo po domingo 12... nn m daba conta k o sabado trabayo...ok!!!! (C21)

Ola!!!! K tal o ano novo? Falabams mais cando estabas en ny k **aora** k estas a media ora d camiño!!!! (C29)

Á vista dos exemplos é posíbel sinalarmos algúns aspectos que poden apuntar máis claramente cara unha ou outra dirección⁸⁴⁸. Por unha parte, o criterio que nos levou a incluírmolo no grupo dos recursos de simplificación foi o feito de que na maioría dos termos operan moitas das estratexias de simplificación analizadas en 3.2. En primeiro lugar, xa indicamos en 3.2.3.4.1 que na linguaxe SMS é habitual incorporar palabras e expresións en linguas estranxeiras se estas contribúen ben para denotar énfase, ben para sintetizar a mensaxe. Así, a expresión *tener para rato* ou palabras como *rechazo* poden perfectamente encaixar nesta perspectiva, dado que as alternativas galegas *durante moito tempo* e *rexeitamento* constitúen solucións moito menos produtivas neste sentido. Lembremos, por exemplo, os casos do inglés do tipo *I miss U* ('bótote de menos'), *lol* ('rindo efusivamente') ou *CU l8r* ('vémonos máis tarde'), tamén na mesma liña. En segundo lugar, o resto dos termos, *cumple* e *aora*, manifestan procesos de redución similares aos documentados para as formas galegas. No primeiro caso, a forma española completa *cumpleaños* é reducida por encurtamento vocabular (véxase 3.2.2.1.2), o que a converte nunha opción máis atractiva nun contexto en que o tempo e os caracteres son altamente valorizados. Deste modo, xulgamos españolismo por interferencia o uso da forma completa *cumpleaños* fronte a *aniversario* como en C-Nadal 119, en canto que consideramos a opción de españolismo por redución se se utilizar a solución abreviada *cumple*. En C-Nadal 50 a cantidade de mecanismos de redución presentes no texto parece corroborar esta tese, se ben que en B1, a presenza de máis españolismos –moitos deles contraproducentes desde unha perspectiva sintética– obríganos a describirmos este fenómeno con certa cautela. Eis os exemplos antecitados:

⁸⁴⁸ Como indicaremos máis adiante, será moito máis doado resolvermos a dita cuestión no caso da dicotomía españolismo motivado expresivamente /españolismo non motivado, dado que na maioría dos casos os recursos de énfase non aparecen de modo isolado e, igualmente, son moito máis visíbeis. Por tanto, o cotexto contribuirá para nos decantarmos por unha ou outra opción, ao contrario do que acontece cos recursos de simplificación que, ao estaren presentes no 92% das SMS, non serven para estes efectos.

como me di miña nai hai crisis asique voulle facer caso:
feliz nadal, feliz ano e feliz **cumpleaños**,asi que xa falaremos o 2012.bks (C-Nadal 119)

kmo tams n krise tño k aforrar, asi k: fliz ndl,fliz annvo,fliz **cumple** e falams n 2012.XD
(C-Nadal 50)

Hola, k tal? O sabado 26 celebramoslle o **cumple** a Teo. Estaredes libres para *vir a comer*?
Bicos (B1)

O españolismo *ahora*, por súa vez, presenta vantaxes similares na medida en que permite elidir a consoante muda e gañar en espazo, ao contrario que a forma galega *agora*, en que se manteñen todos os elementos gráficos. Así, consideramos que a presenza da forma reducida *aora* pode constituír un caso de españolismo por simplificación, como acontece en C28, C-Nadal 77 e C-Nadal 126:

chegaches ben.....**aora** descansa e xa falaremos....(C28)

Felices festas e bo ano novo para to2!! m88 bicos guapos, amobos a todos **aora** d botellon (C-Nadal 77)

O ano 2m10 xa escapou!**Aora** vn outro xeu d riss,fsta,alegria ! pidelle os Reis M.1 bo paraugas: cn m8 tela e 1 bo mango!Feliz ano! (C-Nadal 126)

Non obstante, debemos ter en consideración con base nos estudos máis recentes que a solución espúrea *ahora* constitúe unha das interferencias máis consolidadas na lingua (Freixeiro Mato 2009:115) e nalgúns territorios mesmo se sitúa como o españolismo con maior incidencia, por riba de *bueno* (Parga Valiña 2004:550)⁸⁴⁹. Estes datos e o feito de constatarmos a forma española completa co mesmo número de ocorrencias que a reducida impiden coñecermos con certeza a razón que motiva a súa presenza no texto. Con todo, ao non acharmos nos textos citados máis españolismos e, contrariamente, si observarmos múltiples mecanismos de redución, xulgamos que esta é a hipótese máis probábel. No lado oposto, isto é, españolismo por interferencia, estarán aqueles casos en que se atesta a solución sen reducir, como en C20 ou en C-Nadal 86, por exemplo:

Prdone x dsprtala!!!! pero **ahora** e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun colegita d ***** e maña vams ir o prke acuatico...apuntadevos e vide k ali ven coyedes!!!! (C20)

adeus 2010!! **ahora** pnsar no qe bn!! nas borraxeiras, bailoteos e to o qe qeiras facr!!flics fstas e bo aninovo!! m8s bikos (C-Nadal 86)

Por outra parte, tamén é relativamente habitual constatarmos mensaxes de texto en que a presenza de españolismos adquire unha finalidade claramente expresiva ou estilística, como xa aconteceu no galego literario (Freixeiro Mato 2013:213-217)⁸⁵⁰. E aínda que tamén

⁸⁴⁹ De acordo cos datos manexados, tamén no noso corpus o españolismo *ahora*, ben na súa forma completa, ben na súa variedade simplificada, supera con nove ocorrencias ao tamén españolismo *bueno*, que tan só se documenta en catro ocasións.

⁸⁵⁰ Tamén Parga Valiña (2004:556) documenta este uso estilístico dos españolismos. Non obstante, ambos os autores concordan na necesidade de os eliminarmos da nosa praxe diaria, xa que, en definitivo, non deixan de

documentemos casos de interferencia, neste punto será moi efectiva a alternancia de códigos. Na liña dos resultados do inquérito moitas persoas usuarias aducían a énfase, a diversión, o sarcasmo e a ironía como argumentos para a introdución de españolismos nas súas SMS. En primeiro lugar, é interesante o uso de sufixos apreciativos do español: en 3.2.2.2.4 xa indicamos que o diminutivo, para alén de sinalar un tamaño reducido, é moi rendíbel como recurso expresivo, nomeadamente para indicar afecto, mais tamén para atenuar a forza ilocutiva dun determinado enunciado, para protexer a imaxe da persoa receptora ou simplemente para crear un ambiente cómplice e próximo coa interlocutora. O uso do sufixo en español parece acentuar estes valores, como resultado da situación diglósica en que a lingua teito –neste caso o español- se considera máis útil⁸⁵¹. Eis algúns exemplos:

Maña d 10:30 a 12:30 dou a miña 1a klase! Stou **nerviosiya!** Jeje! Pois s t pasas x ali xa che knto tdo, tdo! Ti q tal? I MISS U 2! xa diras! Boas noits baby! (A132)

ok! Se podo tb xe scribo un emilio! Non sei s n galego ou en machupino, dpndra de km d fluído sexa ste ultimo! XD Xa tams n madri **komiditos** e ate as 5 non saims! (A458)

Jo tiña no blso o teu **rgalito** e squeceum darxo!! Saimos as 10:55 de alvedro asi q as 9 deberiamos star ali non? Con q estas as 9-cuarto aki chegamos d sobra! (A455)

Peque! q tl? ***** marxa mercors pa canad. so pod qdar maña a maña, asiq qdams 11.30 no meu prtal pa tmar kfe (tm cn ***) podes vir? senn pdms qdar ns knnd digas! **bsit** (A244)

A aparición doutras estratexias de expresividade nas mesmas SMS, como as maiúsculas, a puntuación expresiva, os emotícones ou as onomatopeas, son máis unha mostra da carga enfática do texto. E isto mesmo é o que acontece en A257, onde ademais do sufixo ponderativo *-eta* e de repeticións lexicais, tamén aparece a interxección española *oye* acompañada dun estiramento gráfico (véxase 3.2.3.2.3 e 3.2.1.2.1 respectivamente):

oyeeee! Q tal oxo? Puxechete wapeta? Sakarnch fotos? Knta knta! Bks chorvi (A257)

Con todo, o máis habitual do punto de vista enfático constitúeo a alternancia de códigos nunha mesma mensaxe. E, a este respecto, concordamos con Cassany / Sala Quer / Henández (2008) en que a indignación e o enfado son dúas das emocións que con máis frecuencia provocan a aparición do español. En A143 e en A181 a presenza de léxico español malsoante e de termos relacionados con esa situación de malestar é evidente e contrasta co uso do galego en enunciados cun ton moito máis familiar, afectivo e cómplice⁸⁵². A seguir figuran as ditas SMS:

ser interferencias ou deturpacións lingüísticas que non poden entenderse, polo xeral, polas mesmas razóns exóticas con que analizamos o resto dos estranxeirismos (véxase 3.2.3.4.1).

⁸⁵¹ Observamos, por tanto, que o españolismo en termos positivos e intensificadores adquire un forte valor connotativo; así, sendo equivalentes *muchísimo* habitualmente indica máis que *moitísimo* e *buenísimo* parece ser mellor que *boísimo*, entre outros exemplos.

⁸⁵² O que non fai máis que afondar nos tópicos sobre a Galiza e o galego, unha país e unha lingua doce, sentimental e melodiosa (véxase Míguez Carballeira 2013).

N stoy kbreada kntigo, stoy kbreada y punto, ya s q no lo icist a proposito OBIAMENTE. Tuve q djar los fisos puestos n varios sitios pa q nn kaese. Perdoa q as pagase kntigo. Ven maña xfa! (A143)

Meternm outra multa en FENE! Tivo q ser kndo fun vr a meu pai ao ospital, xq senn nn o entnd! **Me kago n tdo jodr. Kn esa pasta ya pagab l otel!** N fines..KAKA (A181)

Trátase, como pode observarse, dunha forma de se desmarcar do contido máis negativo a través da mudanza de código, que funciona nese sentido de forma similiar ao uso de eufemismos, ben a través de estranxeirismos (véxase 3.2.3.4.1), ben a través de léxico da linguaxe infantil (véxase 3.2.3.4.2.2). E o mesmo acontece cando parte da SMS presenta un alto contido erótico ou de certa picardía, como en A258, ou cando, contrariamente, a intención é sarcástica, como en C-Nadal 105, que xoga co coñecido caso do topónimo da Coruña.

I miss u everyday baby! jaja! A vrdad e q staba n clase e pnsando n Madrid! **oye si t rgalo Ineria fina ivan n se nfad no?** jajaja! Boa viaxe de volta! Muaka!⁸⁵³ (A258)

eiiii felices **fieeesstass** a todoss.Logo unhas cañitas e unhas olivas **en la coruña** omeee!!!xD DDD Feliz Nadal!!☆☆ (C-Nadal 105)

Esa dicotomía entre contido negativo e contido positivo manifésta tamén C34 se ben que a alternancia de linguas opera de modo inverso, isto é, galego para o negativo e español para o positivo. E embora contraste cos exemplos anteriores, tamén non resulta sorprendente de acordo coa distinta consideración social de ambas as linguas, quere dicir, galego como lingua minorizada e español como lingua dominante e os subsecuentes preconceptos que de aí se derivan. De feito, vemos que a SMS pertence ao grupo de idade +40, faixa etarea en que máis asentada está esta clase de preconceptos:

nos salimos ahora d funeral...**vamos en camino d ver a las meyizas**...d momnto nn temos gripe asi k na mnnds p aki..meyorate bksss (C34)

Noutros casos, os motivos da alternancia non son tan evidentes, mais en función do co(n)texto que rodea a interacción podemos aducir razóns igualmente estilísticas ou expresivas. En C-Nadal 10 e en C-Nadal 123, por exemplo, o feito de se tratar de parabéns xa predispón de partida o uso de recursos expresivos de todo o tipo. Así, a presenza da puntuación enfática e de reiteracións lexicais acompaña tamén os enunciados en español; un fenómeno similar opera en C37, o que parece presupor que a alternancia de código camiña na mesma dirección, embora descoñezamos as SMS que a preceden e a situación de enunciación:

⁸⁵³ Nesta mesma mensaxe, por exemplo, podemos ver tamén que se prefire o uso do inglés como medio para expresar un enunciado de contido afectivo como “Bótote de menos rula”, de modo que a alternancia non é só galego / español, mais galego / español / inglés.

kerovs dsexar a todos unha feliz navidad!!!un bo ano 2011 en todo:amores,notas todos **eses rollos q se sueln dcir** e tamen dar un consello ted cuid (C-Nadal 10)

Vale...pues vente k vamos facer uns chicharros!!!! (C37)

felices festas a todos as personas e as q nn sn personas xk **esto e 1ha vida loca loca loca perdida todo!!!!!!!!!!!!!! en estas navidades turrón de** (C-Nadal 123)

E en último lugar, convén salientarmos a terceira hipótese, isto é, a presenza de castellanismos en tanto que interferencia como resultado da situación de conflito lingüístico que se vive na Galiza. De acordo con Freixeiro Mato (2009:129), esta deturpación lingüística, en todos os niveis mais sobre todo no lexical, é debida a “quiñentos anos de dominio do castelán como lingua de poder”. Igualmente, este autor subliña que a proximidade entre ambos os idiomas tivo como consecuencia a extensión do sentimento de seren galego e español dúas variedades da mesma lingua, o que acabou por incrementar o número de interferencias. Consoante sinala Parga Valiña (2004:547), os españolismos son moito máis frecuentes na variedade oral; e dentro dela, gozan dun alto grao de integración no rexistro coloquial; por tanto, as características sinaladas para as SMS e, en xeral, para o discurso electrónico (véxase 2.2.3.3), converten as mensaxes de texto nun soporte propicio para a introdución de españolismos. Nun estudo destas características non vira posíbel detectarmos españolismos fonéticos, mais si aqueles que operan a nivel gráfico, morfosintáctico⁸⁵⁴, lexical e pragmático⁸⁵⁵. En liñas xerais, a introdución deste tipo de interferencias non presenta unha motivación consciente de simplificación, ao conteren normalmente máis caracteres, ou de expresión, ao non contribuíren para enfatizar ou matizar un determinado enunciado. A este respecto, no plano gráfico é moi frecuente, por exemplo, o uso da forma de saúdo informal *Ola* tal é como é grafada en español, quere dicir, *Hola*⁸⁵⁶:

Hola, k tal? O sabado 26 celebramoslle o cumple a ***. Estaredes libres para vir a comer? Bicos (B1)

Hola! Stas currando? O domingo 26 vids comer a Laraxe? Bicos (B6)

Hola ****, hoxe non tiñamos clase as 16:30? (A342)

Será, con todo, o plano morfolóxico onde se detecte un maior número de españolismos e, nesta liña, existen diversas categorías gramaticais que sofren, con máis forza, a dita interferencia. A influencia do español no substantivo faise evidente nas nosas mensaxes no relativo ao número e ao xénero gramatical. A respecto do primeiro, destaca a formación do plural coa desinencia *-es* propia do español en palabras que en galego tan só requiren dun *-s*, como acontece naquelas terminadas en *-n*:

⁸⁵⁴ Para unha análise pormenorizada sobre as interferencias no ámbito gráfico e no morfolóxico véxase Freixeiro Mato (2009: 63-71).

⁸⁵⁵ Nesta clasificación seguiremos o esquema presente en Parga Valiña (2004) para a categorización da interferencia lingüística no galego oral, se ben que o adaptaremos, se for necesario, ás características propias das mensaxes de texto.

⁸⁵⁶ Non documentamos, porén, ningunha ocorrencia da forma *olá*, grafada seguindo o modelo portugués. Sobre este particular, Callón (2012:159) subliña que se trata dunha pronuncia moi habitual, se ben que na escrita constitúe un trazo de estilo.

Ou vas na playa por casualidd!!!! o dia 11d agsto e o cmple d *****...xa t aviso pa k nn fagas **planes!!!!** (C19)

A respecto do xénero, existen vocábulos que afectados pola interferencia do español mudan e adquiren a terminación propia desta lingua. O propio termo *SMS* é albo deste conflito, se ben que non é o único⁸⁵⁷. Vexamos as seguintes mostras:

Pos m8 bn, kntr tdo pronstiko nn tño rsak! Jeje! Oxe fun vr a ***** xogar e agora tou tirada no sofa! ** e **** mndan saudos! Grazas **xlo sms!** Es 1sol! Muaka bombon (A30)

Q **sms + kurrado!** Pois tams na kma. Stivems xgando a wii e agora a vr se facems os dbres, xo sn violencia! Jopis kndo akabems as klass vout botar m8 d-! Nn qro!!! (A43)

Resultado **dos analisis:** stou kañon! Jeje! (A68)

Oxala poidse xamart agora. Nn m apte tar soa, xo e moi tard. Hox nn m aptcia falr. Votei soa **o find nteiro** e foi kmo prdr a prtik da fala. Nfin, boas noits rula! (A184)

vale...tanto o meu correo como o d **** xa os leo eu no telefno...levar **bn viaxe...** (C26)

O plano verbal tamén se ve enormemente afectado pola influencia do español. Nas nosas SMS detectamos formas espúreas do verbo *ser*, como *eres* (A4 ou C-Nadal 15) ou *es* (A335 e A356), e do verbo *dicir*, cal *decirche* (B36), *decirme* (A225) ou *decir* (C32). E embora sexan as máis recorrentes, tamén achamos outras que aparecen cunha menor incidencia como *sepa* (A315), *planteei* (C-Nadal 23), *conozas* (C-Nadal 35), *leer* (C-Nadal 52), *salin* (A469), *contagiarias* (C35), *arreglamos* (A161), *acostumbres* (A213), *acercaos* (B25), *arriesgarne* (A388) ou *perdone* (C20). Eis algúns dos exemplos citados:

Xa teño cita no okulista para o 26 deste mes. Agora xa nn tes nda q **decirme** eh! Q tal a ponte? Eu kaka, xa che kntarei! St finde pirams pa Madrid! A vr q tal! (A225)

Ste ano pso d trrn e elxote a ti k **ers** 1 bmbn...bo ndl a tds os glegs!!e tmn prspro ani nvo!! (C-Nadal 15)

Akbo d chamar a ***** e *** e tñen o tlf apagado. En principio era pa hoy..pero n falei mas cn eles. knd **sepa** alg mas avisot.!! (A315)

Good morning!!!!Vades vir polo Casal?? Tamen veñen **** e **, se non vides **acercaos** **** a Andrade. Despois xa os levou eu d volta! (B25)

Prdone x dsprtala!!!! pero ahora e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun colegita d ***** e maña vams ir o prke acuatico...apuntadevos e vide k ali ven coyedes!!!! (C20)

Existen, igualmente, outras palabras gramaticais que, ao constituíren inventarios normalmente reducidos ou limitados se comparados coas palabras lexicais, conforman

⁸⁵⁷ O conflito neste caso é duplo: a sigla responde á abreviatura de *sistema de mensaxes curtas* que en orixe é masculino, mais que por un proceso de metonimia pasa a ser utilizado como sinónimo de *mensaxe*, termo feminino en galego, mais masculino en español.

unidades de aparecemento moi habitual. Seguindo Frexeiro Mato (2009:115), tal frecuencia de uso conduce a un alto grao de interferencia. Referímonos fundamentalmente a adverbios e conxuncións: en relación cos primeiros, convén subliñarmos o uso das formas espúreas, *pronto* ('cedo', 'axiña'), *hoy* ('hoxe'), *solo* ('só'), *más* ('máis') e *tal vez* ('quizais', 'se cadra'). Estes españolismos⁸⁵⁸ presentan como máximo dúas ou tres ocorrencias en todo o corpus. As seguintes SMS dan conta desta situación:

Akbo d chamar a ***** e *** e tñen o tlf apagado. En principio era pa **hoy**..pero n falei mas cn eles. knd sepa alg mas avisot!! (A315)

Feliz nadal a todos e ted cuidao en fin d ano xa nn **solo** co alcohol senon tamen coas uvas.E recordad o q faigads 100PRE CN PRCAUCION.FELIZ NADAL (C-Nadal 9)

Tal vez o mellor adorno de navidad sexa unha gran sonrisa, aqui tes a miña. :D (C-Nadal 6)

E no tocante ás conxuncións, é necesario sinalarmos a presenza anecdótica da forma *entonces* ('entón') que tan só aparece nunha ocasión e a grande rendibilidade do nexo condicional español *si* (se), que aparece no 13,3% das ocasións, fronte ao 86, 7% en que, por regra xeral, se mantén a solución galega⁸⁵⁹. A seguir figuran algúns casos:

ola! **entncs** maña vems o partid na miña casa. ***** dixo q viria sobre as 8. se qeres vir ceada ou vir + tard polo da dieta, nn hai prblm! Bsits. Ta maña! (A245)

Ola...estas ai????? **Si** keres mandoche 5 euros p cntstar!!!! (C22)

si a vida che da mil razns pa chorr demostr k ts mil e 1 pa soñr fai da tua vida 1 soñ e do teu soñ unha realid. FELIZ ANI NOVO (C-Nadal 57)

en principio si k estamos..**si** non avisote pero nn temos previsto nada.. (C33)

A nivel sintáctico tamén nas SMS detectamos algunhas inteferencias que, aínda que mínimas se comparadas coas de carácter morfolóxico, afectan elementos da estrutura interna da lingua. A primeira ten que ver coa colocación do pronome, onde achamos un caso de próclise onde debería aparecer énclise:

Faltanme as horas! Moitas! Jajaja. E o que te dixer, ao mellor esta semana **me sae** todo xenial e si que teño tempo, mais non podó arriesgarme a dicir que si e logo non poder. (A388)⁸⁶⁰

⁸⁵⁸ Algúns adverbios cal *hoi* ou *más* documéntanse a nivel dialectal; con todo, nalgún caso a súa procedencia é presumibelmente española.

⁸⁵⁹ No plano da lingua oral, Parga Valiña (2004:550) documenta, para alén das conxuncións xa sinaladas estouttras: *anque*, *cuando*, *donde*, *mentras* e *sinón*. Para os adverbios, Freixeiro Mato (2009:115) tamén engade os casos de *lexos*, *ayer* e *siempre*.

⁸⁶⁰ De igual modo que sinalamos en 3.2.1.2.2 cando analizamos o uso de reticencias nas SMS, tórnase preciso termos en conta que nalgúns casos a énclise cando corresponde próclise pode deberse a unha pausa no proceso de redacción da mensaxe e na falta de revisión deste tipo de textos, a diferenza do que acontece noutros medios escritos ou mesmo na oralidade, onde, por regra xeral, non adoitan producirse parénteses deste tipo. Quere dicir, pensamento e fala operan ao mesmo tempo. Véxase tamén 2.1.4 e 2.2.3.3.

Mais de acordo con Parga Valiña (2004:551), o plano da lingua máis afectado pola interferencia do español é, sen ningunha dúbida, o lexical. Desde o final da Idade Media o español comezou a restar campos de uso ao galego, que ficou reducido a uns ámbitos moi específicos. Consoante o sinalado en Freixeiro Mato (2009:157), a situación socio-política que vive a Galiza e a falta de planificación lingüística por parte das institucións viran complexo o proceso de normalización e, en consecuencia, moitas desas interferencias chegan até os nosos días e fanse evidentes tamén na lingua das SMS. Debido ao contexto en que estas se producen, os campos semánticos en que o español deixa máis pegada é no dos días da semana, as comidas do día, no vocabulario relixioso e nas festividades, como se deduce dos exemplos que citamos a seguir:

ahhhh olvidouseme decir k empezei a trabayar o **viernes** en curtis....dous meses.... (C32)

Ola tronk! Q tl? Oxe nn puidms falar! Vaia dia tivn! Pola tard stiven kn ***** e agora tou na **cena** mexicana! E ti q fixeches? Falams mañan! Bks! (A78)

sn **dios**!!!acbous o 2010!!!buenj crall!!!aor xegn as berbens, as cargdeirs, as rescas...en resumn, a boa vid!!!b ndal!!! (C-Nadal 110)

Ola...como vai a situacion por ai??? o martes vamos facer uns **carnavales** a ver si podeades vir comer!!!! Bkssss (C31)

Que estas **navidades**, che fagan comprender que o que de verdade importa é a felicidade, paz e ilusión. Bo nadal!:D (C-Nadal 22)

No entanto, a antecitada convivencia desigual durante tanto tempo provoca que se produzan interferencias en moitas outras esferas de uso. Na opinión de Parga Valiña (2004:557), “o corpus de castelanismos existentes no galego é moi amplo e non todos son de doada clasificación”. Así, por exemplo, achamos outros españolismos lexicais cal *ekipaje* (C18, C25), *playa* (C19), *grado* (A22), *secreto* (A161, A453), *salud* (C13), *sonrisa* (C-Nadal 6, C-Nadal 23), *amistade* (C-Nadal 74), *hueco* (B35) ou *huevo* (C-Nadal 74), que dan conta do grao de interferencia que presentan as SMS analizadas. Como xa sinalamos noutras seccións, as mensaxes de texto reflicten, en liñas xerais, o modo en que se usa a lingua nos contextos máis informais e, neste sentido, tamén tornan evidentes as repercusións do contacto lingüístico⁸⁶¹. E se ben que nalgúns casos a presenza de españolismos nas SMS constitúe un fenómeno case inconsciente debido á presión do español –e que, por tanto, debería ser corrixido–, en moitos outros o usuariado aproveita o dominio que ten nas dúas linguas para lle tirar a maior rendibilidade á aplicación. Deste modo, o español é utilizado en ocasións para conseguir aforrar tempo e espazo, para dotar o texto de maior expresividade, ou mesmo para ambas as finalidades.

⁸⁶¹ Non obstante, consideramos un dato moi positivo que o 77% das persoas entrevistadas afirmen non mesturaren ambas as linguas e, tamén, que a porcentaxe de interferencia no noso corpus sexa tan só do 14,5%, parte da cal responde a usos conscientes condicionados por unha finalidade redutora ou expresiva e non unicamente a usos irreflexivos produto do contacto lingüístico.

3.3.3. A linguaxe SMS e a diversidade lingüística

A chamada “globalización” é un dos datos mais marcantes e mais referidos no inicio deste novo século. O mundo é cada vez mais una aldea gigante (ou minúscula, conforme as perspectivas). Cada vez é mais fácil comunicar onde quer que se esteja. Com un telemóvel ligado a un satélite, en qualquer deserto ou montanha do mundo podemos falar quase com quem quixeramos e ver com quem estamos a falar, tirar e enviar fotografías, ler os jornais, escribir e ler o que nos escreveram [...]. Esta facilidade tecnológica implica una cada vez maior facilidade de intercomunicación global a nivel planetario, exponenciando a possibilidade e efectividade de contactos e de comunicación (Teixeira 2006).

Das reflexións de Teixeira e dalgúns datos apuntados en epígrafes anteriores (véxase 2.3.2 e 3.1.1) é doado comprendermos a universalidade da revolución tecnolóxica e, concretamente, a das mensaxes de texto. As compañías de telemóveis teñen un alcance global e as persoas de todo o mundo parecen redixir as súas mensaxes con similares motivacións. De acordo con Spilioti (2009:408), aínda que as razóns que poden estimular o uso da linguaxe SMS difiren entre unha e outra persoa usuaria, existe unha común a todas elas: as limitacións técnicas do medio. Quere dicir, neste contexto cada idioma está sometido en maior ou menor medida ás restricións sinaladas para o usuariado galego –número de caracteres, características do teclado, tamaño da pantalla etc.– e os seus utentes desenvolverán estratexias similares ás analizadas para o galego –abreviarán, simplificarán a sintaxe, obviarán contidos implícitos, introducirán maiúsculas, emotícones e todas aquelas estratexias que lles permitan salvaren estes obstáculos na comunicación. Consoante sinala Crystal (2008:119), “the one major point of difference is that they text in different languages”. Por esta razón, e logo de analizarmos as propiedades lingüísticas que presentan as SMS en galego, cómpre aproximármonos ao modo en que se interaxe neste soporte con outras linguas e observarmos se o que é útil para o galego tamén funciona noutras realidades lingüísticas.

Para esta análise seguiremos fundamentalmente os traballos de Anis (2001), Betti (2003), Crystal (2008) e Spilioti (2009), algunhas notas aparecidas na prensa e na Rede e os datos achegados por algúns dos/as nosos/as informantes⁸⁶². Se, como sinalamos nas notas introdutorias, para unha persoa investigadora nesta área xa é complexo obter un conxunto representativo de datos fiables en lingua galega, será aínda máis difícil conseguilo para outros idiomas. E se ben que non contamos aínda cun corpus internacional de mensaxes de texto, o certo é que, a nivel particular, xa existen algunhas iniciativas nesta liña. Así, por exemplo, destaca o proxecto levado a cabo por Fairon / Paumier (2005) que contén 30.000 mensaxes en francés (de Bélxica) e que fai parte dunha empresa maior denominada “Faites don de vos SMS à la science” (<http://www.sms4science.org/>). O obxectivo principal de constituír un corpus internacional é contribuír para o estudo da comunicación por SMS e da lingua deste medio, na medida en que ofrece ao colectivo investigador unha cantidade de datos o suficientemente importante para realizar traballos de corpus sobre materiais auténticos. En calquera caso, non é a intención desta epígrafe describirmos pormenorizadamente as propiedades lingüísticas das SMS nesoutros idiomas, como fixemos en 3.2, mais constatar os seus usos e extensión e observarmos as diversas estratexias que operan nesas linguas. A este respecto, só poderemos afirmar con seguridade que cada recurso ou estratexia indicada ten, cando menos, unha uso xenuíno na mensaxe de texto dalgunha persoa, mais nin sempre será posíbel indicarmos a súa frecuencia de uso. Tampouco é a nosa intención ofrecer unha falsa impresión de diferenza, mais non temos a mesma cantidade de

⁸⁶² Sobre este particular, Crystal (2008:123) subliña o seguinte: “In collecting material for this chapter, I was reliant on the good will of friends and family abroad and the occasional discovery of a website where someone has been thoughtful enough to report some of the texting conventions they use in their own language”.

datos para todas as linguas. Por tanto, subscribimos as palabras de Crystal (2008:124) cando afirma que “If I illustrate abbreviation X in language A and non in language B, this doesn’t mean that X does not occur in language B. It simply means that I haven’t seen an example of X in language B”.

En primeiro lugar, cómpre termos en conta que nin todas as linguas parten coas mesmas condicións, dado que como vimos en 1.2.3.4. aquelas que teñen representación escrita e que son potencialmente visíbeis no medio electrónico poden achar outros inconvenientes, como o tipo de alfabeto que usan, nin sempre soportado por certas aplicacións. Deste modo, igual que na Internet, nos dispositivos móbeis o alfabeto dominante foi o latino e, máis concretamente, o conxunto de caracteres utilizados para representar a lingua inglesa, o que impedía o uso dun grande número de idiomas neste contexto. Na actualidade, a variedade de linguas dispoñíbeis no menú dun telemóbel é indicativo da extensión e do suceso destes terminais, mais aínda hoxe existen, nalgúns casos, limitacións tecnolóxicas. Seguindo Spilioti (2009:395), “the language choices in technologically-mediated environments are made in the context of what the technology does and does not make possible, or ‘afford’”. Así as cousas, a escolla dunha determinada lingua ás veces implica mudar o sistema de codificación de caracteres e, por tanto, acurtar o tamaño –xa de por si reducido– das mensaxes. Esta é unha das razóns, por exemplo, da eliminación dos acentos gráfcos para o galego (véxase 3.2.1.1.2)⁸⁶³ e da preferencia polo alfabeto latino para representar idiomas que normalmente utilizan un diferente, como o checo, o grego ou o coreano. Por este motivo, a maior parte dos exemplos con que contamos procede de linguas que utilizan o dito alfabeto nas súas prácticas discursivas a través das SMS.

Non obstante, o material que manexamos a respecto doutros sistemas de escrita, como aqueles baseados en símbolos ou logogramas, demostra que o usuariado está a procurar o modo de facer que o teclado sexa útil para se adaptar ás súas individualidades idiomáticas. De acordo con Crystal (2008:125), a magnitude do problema verificase en linguas como a etíope, onde o alfabeto contén 345 símbolos, fronte ás 26 letras principais do latino. Tamén o árabe tivo de desenvolver estratexias orixinais para se adaptar ás propiedades técnicas da aplicación: os numerais poden ser utilizados para substituír letras que non existen no alfabeto latino; o 2 é usado para representar unha pausa glotal árabe. Así, *insha’llah* (‘boa vontade’) adoita transcribirse *insha2llah* ou, na súa versión reducida, *isa*. Un caso parecido acontece no chinés en que aquelas palabras cuxa pronuncia é similar á dos números son substituídas por estes, como acontece con 521 (‘wu er yi’) que equivale a “Quérote” (“Wo ai ni”). Como apunta o estudioso galés, para alén do uso da linguaxe SMS, existen tres posibilidades con que o teclado pode facer fronte a unha lingua como o chinés, que posúe caracteres de grande complexidade. A primeira, o sistema multipulsación onde a pulsación inicial introduce un carácter e as seguintes engaden variacións⁸⁶⁴. A segunda alternativa é utilizar o *hanyu pinyin*, un sistema de transcripción fonética do chinés que utiliza o alfabeto latino⁸⁶⁵. E a terceira, é o recoñecemento da escrita manual, tan só dispoñíbel nos telemóbeis intelixentes. Trátase dunha aplicación que está aínda nos seus inicios e que presenta os mesmos problemas que

⁸⁶³ De feito, nas primeiras etapas da Internet e dos telemóbeis os caracteres con algún tipo de sinal diacrítico das linguas que utilizaban o alfabeto latino foron xeralmente omitidos ou reemplazados polos seus equivalentes sen acento. Os telemóbeis da compañía Nokia operaban até non hai moito tempo desta forma.

⁸⁶⁴ Este proceso coincide, en liñas xerais, con aquel que se segue na escrita habitual do chinés, onde os trazos que forman un carácter pertencen a un reducido número de grupos e son debuxados nunha orde específica. Estes grupos están relacionados cunha localización no telemóbel, de modo que, presionando as teclas na orde en que os trazos son debuxados no papel é posíbel crear o carácter que se precisa (Crystal 2008:126).

⁸⁶⁵ Para unha mellor comprensión do funcionamento deste sistema véxase o traballo de Yuan-Ting Erica Huan (2007).

calquera sistema de recoñecemento automático da escrita, como por exemplo a intelixibilidade da letra, entre outras cuestións. En todos os casos, conforman alternativas de grande complexidade, o que contribúe na maioría dos casos para o suceso da escrita reducida.

Nun contexto de dimensións reducidas, tamén será complexo integrar linguas aglutinantes, cuxas palabras son moitos máis extensas e que contan cun amplo sistema de desinencias, como o Turco, por exemplo⁸⁶⁶. Na liña do apuntado en Crystal (2008:127), nalgunhas destas linguas o número medio de letras por palabra é próximo a 10, como no malayalam –unha das linguas da India– ou de 14, como no inuit –lingua do pobo esquimó–, o que contrasta coa media do inglés que é de 5, aproximadamente. Os recursos de simplificación analizados en 3.2, cal a omisión de vogais ou a caída de consoantes mudas pode axudar, mais non se erixe como unha solución definitiva: debemos ter en conta que neste tipo de linguas os elementos flexivos e, en concreto as vogais, expresan a maior parte do significado da palabra. Lembremos que xa en galego a tendencia a eliminar os morfemas flexivos na escrita SMS era mínima (véxase 3.2.2.1.4); por este motivo, en moitos casos estas linguas desenvolven mecanismos particulares adaptados a uns condicionantes e a unhas preferencias específicas: no tamalog de Filipinas utilízanse con frecuencia os numerais para evitaren a repetición de sílabas. Así, *mamaya* (‘máis tarde’) é redixido normalmente como *ma2ya*; as linguas que teñen sistemas de escrita consonántica, como as semíticas, teñen máis facilidades no momento de se adaptaren ás características das SMS: ao non representaren as vogais xa non necesitan moitos dos recursos que, noutros idiomas, viran imprescindíbeis; por outro lado, linguas como o español ou o portugués, cuxo sistema escrito é fundamentalmente fonético –como acontece no galego–, non precisan crear rebus do tipo *Cul8* (‘See you later’), á excepción das palabras que se toman prestadas destroutras linguas (véxase 3.2.3.4.1).

A brevidade do inglés é a razón de que sexa frecuente a súa utilización en linguas onde o usuariado escribe na súa lingua de orixe: o seu reducido sistema flexivo, o feito de moitas das palabras de uso diario seren monosilábicas ou bisilábicas e o seu extenso aparello de abreviaturas –sobre todo as que se utilizan no soporte electrónico– convérteno nunha lingua altamente atractiva neste medio. Con base no sinalado por Crystal (2008:129) e Spilioti (2009:403), é moi común que o alemán utilice algúns destes anglicismos, cal *lol* (‘Laughing out loud’), *U* (‘you’), *brb* (‘be right back’) ou *gr8* (‘great’), ou mesmo que estas solucións afecten unha parte da palabra nativa, como en *2m* (‘tomorrow’) que substitúe *morgen*, ou *2d* (‘today’) que no neerlandés reempraza *vandaag*. Nalgúns casos as similitudes acústicas incentivan esta clase de prácticas non normativas: así, no alemán utilízanse tamén *b4* (‘before’) para *bevor* ou *4e* (‘for ever’) para *für immer*, entre as máis chamativas. Vershinskaya (2002:148) documenta tamén para o ruso interferencias similares: nesta lingua as palabras inglesas poden permanecer intactas ou experimentaren algunhas mudanzas na medida en que se converten ao ruso, como ilustran os seguintes exemplos: *forvardni mne soobschenie* (‘envíame unha mensaxe’), *replui mne bistro* (‘contéstame rapidamente’) e *tvoi soft plokhoi* (‘o teu software está mal’). Neste último caso, a presenza do inglés está tamén moi relacionada coa preferencia do usuariado polo alfabeto latino, dado que en certas linguas onde se utilizan as letras cirílicas –como acontece no ruso– permite evitar as aínda maiores

⁸⁶⁶ A respecto desta lingua, resultan alarmantes as posibles consecuencias que poden derivar da falta de caracteres apropiados para o alfabeto turco. Así, destacamos unha nova aparecida no xornal *La Voz de Galicia* (21/04/2008) co seguinte titular “Unha palabra mal escrita en un sms provoca un asesinato y un suicidio en Ankara”: en moitos dispositivos móbeis non existía o carácter para a “I” turca, unha i pechada que se grafa sen punto, de modo que nunha disputa de parella o marido en lugar de “sIkIsInca” (‘cando quedas sen argumentos’) escribiu sikisine (‘canto te foden’), malentendido que desencadeou toda unha traxedia. Segundo afirma o xornal “un pequeño punto destruyó las vidas de cinco personas”.

restricións no tamaño das mensaxes. Vershinskaya (2002:148) sinala, de feito, dúas tendencias principais na linguaxe SMS que utilizan as persoas rusas: as que saben inglés e as que tan só coñecen o alfabeto inglés. As primeiras tenden a usar esoutra lingua e a reduciren as palabras inglesas, en canto as que só dominan o alfabeto inglés transliteran as palabras rusas cos caracteres latinos.

Tamén Spilioti (2009:394) documenta estas prácticas para o grego, en que a depender das necesidades –rapidez, brevidade ou énfase– se utiliza o alfabeto latino ou o grego. Nalgúns casos, mesmo chegan a alternar nunha única SMS. É importante sinalarmos que os primeiros telemóbeis que se distribuíron no mercado grego non permitían o uso das fontes gregas e que este é o motivo que orixinou a mudanza para o alfabeto latino e mesmo a súa alternancia, que chega até os nosos días, se ben que na actualidade estes dispositivos dispoñen xa de menús e de caracteres gregos⁸⁶⁷. Do mesmo modo que no ruso, documéntase unha preferencia pola primeira das posibilidades sinaladas, isto é, transliterar os caracteres gregos a través de equivalencias no alfabeto latino. Isto pode ser levado a cabo de dúas formas distintas, ou ben por medio dun sistema fonético en que a transcripción se basea na similitude acústica da letra orixinal grega –por exemplo o uso de ‘o’ para o *ο* e o *ω* gregos– ou ben a través dun sistema ortográfico, que se centra na similitude visual dos caracteres –onde se utilizaría o ‘w’ para o *ω* grego. A primacía do alfabeto latino neste contexto é atribuída ás propiedades técnicas do medio, que facilitan o seu uso –é máis rápido e, por tanto, máis breve–, e tamén se asocia ao estatus dominante da lingua inglesa na esfera tecnolóxica⁸⁶⁸. Non obstante, xulgamos que o fenómeno máis interesante é a ocorrencia dos dous alfabetos nunha mesma mensaxe e a súa finalidade. Xa sinalamos que na actualidade o sistema técnico das SMS permite utilizar caracteres latinos e gregos. Porén, teclear con caracteres latinos cando o alfabeto preseleccionado é o grego ou viceversa require un maior número de pulsacións no teclado e, subsecuentemente, máis tempo. Desde unha perspectiva reduccionista como a que prima nas mensaxes de texto, esperaríase que o usuariado evitase este tipo de praxe, mais neste caso a prioridade é de natureza expresiva. Nos exemplos achegados por Spilioti (2009:401-408) sempre é o grego o alfabeto predeterminado e, neste sentido, a alternancia opera no nivel de palabras ou expresións individuais que se representan con caracteres latinos: aberturas ou encerramentos, actos de fala expresivos como *perdoa*, *quérote* ou *bótote en falta*, préstamos, abreviaturas inglesas etc.

Como se pode notar do que levamos exposto, expresividade e simplificación son as tendencias predominantes na linguaxe SMS en todas as linguas⁸⁶⁹. No caso das europeas, os

⁸⁶⁷ Na opinión de Spilioti (2009:394-395), “the online use of Romanized script [...] has often been portrayed as a form of ‘typographic imperialism’ from the west”. Neste sentido, o uso do alfabeto grego é entendido en moitos casos como un símbolo nacional. En relación con isto, destaca tamén a polémica que xurdiu nos países de fala hispana a respecto da ausencia da consoante “ñ” nos teclados dos dispositivos electrónicos, por non pertencer ao sistema latino básico. A súa inclusión foi entendida desde algúns sectores como un símbolo de colonización amparado no poder, dado que non se trasladou para outras linguas con caracteres diferentes. Desde unha perspectiva informática tan só se trataba dun problema de configuración do teclado, pois a combinación de caracteres dos computadores permite escribir practicamente calquera símbolo. Véxase http://www.larazon.es/detalle_hemeroteca/noticias/LA_RAZON_343454/3129-la-n-pide-un-hueco-en-la-red#.UqbxItKZa8A.

⁸⁶⁸ O propio nome que lle outorgan a este fenómeno, *Greeklish*, dá conta da preeminencia da versión inglesa do alfabeto latino, o que por outro lado non resulta sorprendente se temos en consideración que no inicio era a única soportada polos dispositivos móbeis. Con base no sinalado por Spilioti (2009:399) a respecto dunha usuaria, “her old technology mobile phone did not facilitate the encoding with Greek characters. In other words, it was time-consuming to key in messages in Greek”.

⁸⁶⁹ Mesmo no caso da alternancia dos alfabetos grego e latino podemos observar as dúas forzas a confluiren. Sinalamos anteriormente que a ocorrencia dos dous alfabetos constituía unha estratexia expresiva, embora

paralelos interlingüísticos no uso de determinadas convencións son realmente sorprendentes. De feito, podemos achar usos análogos da maior parte das estratexias analizadas en 3.2. De acordo con Crystal (2008:131), “the same innovative processes seem to be at work everywhere”. Algúns símbolos son tan coñecidos universalmente que a súa presenza nas SMS está practicamente garantida. Xa vimos varios casos onde os numerais constituían logogramas de grande rendibilidade nas mensaxes de texto de moitas linguas, normalmente a substituíren sílabas ou grupos fónicos: *gr8* (‘great’), *2day* (‘today’), *4ever*, (‘forever’), *db8* (‘debate’) no inglés; *6* (‘sei’) e *3mendo* (‘tremendo’) no italiano; *gn8* (‘gute Nacht’ ou ‘boas noites’) no alemán; *to2* (‘todos’), *salu2* (‘saludos’), *bizc8* (‘bizcocho’), *100pre* (‘siempre’), *alg1* (‘alguno/a’), no español; *o5* (‘онЯмь’ ou ‘outra vez’) no ruso; *d1a* (‘detta’ ou ‘este’) en sueco; *7k* (‘sjuk’ ou ‘doente’) en noruegués; *z5* (‘zpet’ ou ‘atrás’) en checo ou *2nya* (‘donya’ ou ‘mundo’) en persa. No búlgaro, por exemplo, a letra inicial do numeral crea un logograma. Así, o *catro* ‘chetiri’ e o *seis* ‘shest’ en cirílico son tamén utilizados nas SMS en que se emprega o alfabeto latino, en formas como *4akai* (‘chakai’ ou ‘espera’) e *ka6ti* (‘kashti’ ou ‘fogar’). En francés danse casos de secuencias numéricas como en *koi29* (‘quoi de neuf’ ou ‘que hai de novo’) onde *de* equivale a *deux* e *neuf* (‘novo’) a *neuf* (‘nove’), ou en *a12c4* (‘à un de ces quatres’ ou ‘até logo’).

É evidente que a maior propensión no uso de numerais terá que ver coa lonxitude das palabras nesa lingua e coa rendibilidade do grupo fónico ao que substitúe. Grande parte dos numerais son curtos, con frecuencia mono ou bisilábicos e permiten substituír sílabas en palabras de grande lonxitude: en español, en galego, en italiano e en francés, por exemplo, o número 4 (*cuatro*, *catro*, *quattro* e *quatre*, respectivamente) non será útil na medida en que a secuencia que representa é moi pouco frecuente nesas linguas. Crystal (2008:133-134) subliña, porén, que o galés é unha lingua en que estas convencións cos numerais son enormemente produtivas, embora a frecuencia de uso duns e doutros poida variar. Excepto para o 4 e o 6, onde non documentou ningún exemplo –se ben que son teoricamente posíbeis nalgunhas palabras⁸⁷⁰–, para o resto dos numerais existe cando menos unha mostra, como se indica na seguinte táboa:

Nº	Galés	Pronuncia	SMS	Palabra galesa	Pronuncia	Significado
1	un	‘een’	blod1	blodyn	blod-in	‘flor’
2	dau	‘die’	blo2	blodau	blo-die	‘flores’
3	tri	‘tree’	3st	trist	treest	‘triste’
5	pump	‘pimp’	5io	pwmpio	poomp-yo	‘bombear’
7	saith	‘sigh-tg’	7u	saethu	sighth-ee	‘tirar’
8	wyth	‘oo-ith’	8nos	wythnos	with-noss	‘semana’
9	naw	‘now’	9r	nawr	nowr	‘agora’
10	deg	‘day-g’	braw10	brawddeg	brow-theyg	‘sentence’

TÁBOA 6. Reducións alfanuméricas en galés (Crystal 2008:134)

supuña un maior gasto de tempo. Porén, a inserción de caracteres latinos ou ingleses tamén permite reducir o número de caracteres empregados, dado que os vocábulos son máis curtos que os seus homólogos gregos: μήνυμα (SMS), ιστοσελίδα (sitio), ou κωδικός (PIN) (Spilioti 2009:404).

⁸⁷⁰ Segundo este autor, o 4 (‘pedwar’) e o 6 (‘chwech’) poderían usarse en *pedwarawd* (‘cuarteto’) e *chwechawd* (‘sexteto’), presumiblemente do seguinte modo: *4awd* e *6awd*.

Estes exemplos permiten tamén notar que existen determinadas linguas máis propensas ao uso de certas estratexias de redución do que outras e que este feito non está en relación co número de falantes que posuín esa lingua ou co seu poder político, social ou económico, mais unicamente coas súas características estruturais. O caso do galés, ao igual que acontece co galego, constitúe unha mostra clara en que un idioma minorizado desenvolve recursos lingüísticos para un novo soporte e en que as propiedades internas da lingua favorecen a súa adaptación ao medio. A súa presenza na esfera tecnolóxica debería entenderse, por tanto, como máis unha proba de vitalidade lingüística (véxase 3.4.1). E como sinalamos para o galego, no galés tamén achamos exemplos en que se observa como o usuariado aproveita o coñecemento da lingua dominante, neste caso o inglés, para o seu propio beneficio, sempre que lle permite reducir caracteres ou aumentar a expresividade do texto. Un caso de contacto lingüístico é o uso de 9 para a expresión coloquial galesa *nain* ('avoa'), onde se utiliza a pronuncia inglesa para representar unha palabra do galés con que coincide desde a perspectiva fónica⁸⁷¹. Un fenómeno similar ocorre ao usarmos o símbolo @ co valor que presenta no inglés 'at'. Así, cando esa sílaba ou grupo fónico aparece nun texto en galés nas SMS costuma representarse con arroba: @f para *ataf* ('para min'), @ch para *atoch* ('para ti') ou @b para *ateb* ('resposta'). E aínda que a situación sociolingüística difira daquela que presentan o galés e o galego, o xaponés tamén presenta casos de xogo interlingüístico⁸⁷²: o logograma 39 está composto de 3 ('san') e de 9 ('kyu') e combinados forman *san-kyu* que é utilizado como forma abreviada para *thank-you* ('grazas'); e o mesmo acontece en chinés con 3Q onde o pinyin para 3 é *san* e *kyoo* a pronuncia da consoante no inglés.

Como é sabido, o xaponés é unha lingua aglutinante e utiliza para a súa representación escrita tres alfabetos: o hiragana, o katakana e o kanji. Os dous primeiros conforman silabarios e o último constitúe unha adaptación dos logogramas da escrita chinesa. E aínda que tamén empregan o alfabeto latino, *rōmaji*, para as transliteracións, é doadamente verificábel a complexidade do seu sistema gráfico. Precisamente pola dificultade de codificar SMS nos seus respectivos alfabetos, o xaponés e o chinés son as linguas onde maior complexidade e máis rendibilidade alcanzan as estratexias de simplificación. Voltando ao uso de numerais, detectamos no xaponés exemplos moito máis elaborados, como 4649 *yo-ro-shi-ku* ('olá' ou 'saudación'), 3341 *sa-mi-shi-i* ('síntome só/a') ou 88919 *ha-ya-ku-i-ku* ('vamos!' 'espabila'). En Crystal (2008:136) aparece máis algunha mostra: 0833 *oya sumi* ('boa noite'), 724106 *nani shiteru* ('que estás a facer?') ou 0840, en que se mestura inglés e xaponés: 0 (*oh*, ing.), 8 (*ha*, forma reducida do xaponés *hachi*), 4 (*yo*, forma reducida do xaponés *yon*), 0 (*oh*, ing.) e cuxa combinación produce a cadea fónica *ohayoo* ('bo día')⁸⁷³. De acordo co sinalado en Fujimoto (2005), o uso dos numerais nas SMS xaponesas ten o seu antecedente máis

⁸⁷¹ A pronuncia galesa vira irrelevante neste caso. Véxase táboa 6.

⁸⁷² Tanto Crystal (2008:135) como Spilioti (2009:408) afirman que a escrita creativa ou o xogo lingüístico non é nada novo. O galés apunta que "generations of schoolchildren were taught Latin and thereby encountered such word play as *Caesar adsum jam forte – Antonius sed passus sum*. This is nonsense in Latin, but makes sense when the syllables are interpreted as if they were English: 'Caesar had some jam for tea – Antonius said pass us some' [...]. It is an old kind of bilingual language play [...]. Bilingual texting has hit upon the same process taking a word from one language and giving it a meaning from another. In this case we are talking about a logogram rather than a word, but the principle is the same".

⁸⁷³ Cada mensaxe ou secuencia numérica aprovéitase das diversas formas de ler os números en xaponés para deletrear a mensaxe que se pretende. Así, o 8, por exemplo, pode ser lido como "ha", "ya" ou "hachi" a depender do contexto. Véxase <http://hillslearning.wordpress.com/2009/11/17/japanese-text-messaging-and-emoticons/>.

próximo nos buscas ou localizadores. As rapazas xaponesas idearon para estes dispositivos un código a través de secuencias numéricas que estiveron moi de moda nunha época; os exemplos citados anteriormente xa se utilizaban para enviar mensaxes neses sistemas de comunicación cifrada que precederon os telemóbeis⁸⁷⁴. O chinés segue un esquema semellante ao analizado para o xaponés e, alén da secuencia 521 analizada máis arriba, tamén presenta combinacións máis complexas como 8807701314520 cuxa tradución literar sería “abrarte abrazarte, bicarte bicarte, toda a vida, toda a vida quérote” e que, segundo Crystal (2008:137) “have been observed in ludic language of lovers”⁸⁷⁵.

Tamén a simplificación da correspondencia fonema / letra e a redución de grupos consonánticos e de dígrafos (véxase 3.2.1.1.4, 3.2.1.1.5, 3.2.1.1.7) se configuran como estratexias produtivas nas SMS redixidas en linguas diferentes ao galego e tamén nelas se adaptan grafías foráneas (véxase 3.2.1.3.2) que, polas súas similitudes acústicas, son máis rendíbeis para representaren certas secuencias que as do idioma propio. O usuariado polaco, por exemplo, utiliza a secuencia inglesa *sh* en lugar da súa nativa *sz* e nas SMS en checo, embora non exista no alfabeto este carácter, podemos achar *x* como substituto do grupo *k+s*: *jak se máš* (‘como estás’) torna en *jaxe mas* e *pak se uvidíme* (‘até logo’) en *paxe uvidime* e tamén no galés: *bxo* (‘becsio’ ou ‘perdón’) (Crystal 2008:138). Pola súa banda, Betti (2003:73) apunta tamén para un uso moi popular nas SMS do italiano, isto é, a substitución do grupo consonántico *ch* ou mesmo *c*, pola grafía foránea *k*: *ke* (‘che’ ou ‘que’), *ki* (‘chi’ ou ‘quen’), *ks* (‘cosa’ ou ‘cousa’), *qlkq* (‘qualcuno’ ou ‘alguén’) etc. Este fenómeno tamén se dá no portugués⁸⁷⁶, *kerer* (‘querer’), *kair* (‘cair’), de igual forma que a substitución do *s* ou do *ss* por *x*: *axembleia* (‘assembleia’), *rixox* (‘risos’). Otemuyiwa (2011:68) documenta estratexias similares no inglés para o grupo *th*: *dey* (‘they’ ou ‘el@s’), *dus* (‘thus’ ou ‘por tanto’), *dat* (‘that’ ou ‘ese/a’) ou *d* (‘the’ ou ‘o/a’). Do mesmo modo, a secuencia *wh* redúcese, segundo esta autora, a *w*: *wot* (‘what’ ou ‘que’), *wen* (‘when’ ou ‘cando’) etc. Estes mecanismos de simplificación están presentes en practicamente todas as linguas romances: no francés *keske* (qu’est-ce que’ ou ‘que’), no catalán *ki* (‘qui’) e *ke* (‘que’), no español *ksa* (‘casa’) ou *kdr* (‘quedar’) etc.

Na liña do indicado para o inglés, o francés presenta igualmente casos de reducións grafo-fonéticas (véxase 3.2.1.1.8) e, neste punto, a pronuncia das consoantes contribúe para simplificar moitas das palabras francesas que o usuariado inclúe habitualmente nas súas SMS. Así, á diferenza do galego, en que estas favorecían as elisións vocálicas (véxase 3.2.1.1.1) as consoantes francesas permiten reducir secuencias fónicas máis longas como en *gt* (‘j’étais’ ou ‘estaba/era’) ou *tt* (‘t’étais’ ou ‘estabas/eras’)⁸⁷⁷, se ben que non é a única

⁸⁷⁴ O mesmo tipo de inventiva que nas SMS, se ben que cunha vontade máis críptica do que de acomodación ao contexto, é a que motivou o desenvolvemento da escrita l33t ou da gyaru-moji nas SMS da mocidade xaponesa, nomeadamente das mulleres. En ambos os sistemas de escrita, o obxectivo é codificar as mensaxes de forma que non poidan ser lidas por outra persoa usuaria. A escrita leet está formada por caracteres alfanuméricos, en canto a gyaru-moji constitúe unha amalgama de sílabas xaponesas, números, emotícones e outros caracteres (véxase Fujimoto 2005).

⁸⁷⁵ Secuencias alfanuméricas similares son tamén moi frecuentes no inglés: YYURYYUBICURYY4ME (‘Too wise you are, too wise you be, I see you are too wise for me’). Véxase Crystal (2009:102).

⁸⁷⁶ Para unha análise máis en pormenor consúltese Benedito (2003) e <http://teoriadocodigo.wordpress.com/adaptacao-do-codigo-linguagem-sms/>.

⁸⁷⁷ Na opinión de Crystal (2008:140), o francés realiza un uso particular das maiúsculas no caso das consoantes. Así, “the capital are used as reminders to pronounce their letter-names in full” como nos seguintes exemplos: *l’s tomB* (‘laisse tomber’ ou ‘esquéceo’), *je le saV* (‘je le savais’ ou ‘sabíao’). Para o autor galés, se as palabras fosen abreviadas con letras minúsculas, como *tomb* ou *sav*, poderían provocar ambigüidade, en tanto que encurtamentos e, neste sentido, apunta que non existindo unha razón evidente para utilizar as formas sinaladas, é interesante que o valor fonético das letras sexa nestes casos superior ao seu valor gráfico.

posibilidade: *forfê* ('forfait' ou 'paquete'), *jamè* ('jamais' ou 'nunca') (Anis 2001). E de igual forma, tamén é moi habitual utilizar símbolos con base no seu valor fonolóxico. De acordo con Betti (2003) e Crystal (2008:139), no italiano é frecuente o uso do operador *x* para substituír o grupo fónico *per*, tanto a funcionar como elemento dependente ou como unidade lexical: *x te* ('per te' ou 'para ti'), *xh* ('per ora' ou 'de momento'), *sxo* ('spero' ou 'espero'), *xk* ('perché' ou 'porque'), *xo* ('però' ou 'mais'), entre as máis comúns. O mesmo fenómeno aparece no español, onde son moi rendíbeis formas con *x* ('por'), *xq* ou *xk* ('porque'), *xfa* ('por favor'), *imxtar* ('importar') etc. Para alén do signo da multiplicación, o usuariado destas linguas utiliza tamén de forma recorrente os operadores da suma e da resta. En italiano o símbolo + representa o superlativo *-issimo* como en *mmt+* ('mi manchi tantissimo' ou 'bótote moitísimo de menos'), en canto o da resta adoita substituír o adverbio de cantidade *meno*, como na expresión *-male* ('meno male' ou 'afortunadamente'). Os usos detectados no portugués e no español non difiren dos sinalados en 3.2.1.1.11 para o galego. E a mesma práctica reduccionista opera en linguas máis afastadas como o húngaro, en que + é usado para *meg* ('máis') ou para representar secuencias fónicas similares como en +*y* ('megy' ou 'ir'). Polo contrario, en inglés estes símbolos son menos produtivos e, consoante apunta Crystal (2008:141), tan só se documentan dous casos co símbolo da suma como *T+* ('think positive' ou 'pensa en positivo') e *u+me* ('you and me' ou 'ti e eu') e ningún para o da resta.

As abreviaturas, os encurtamentos e a supresión de caracteres constitúen, igualmente, estratexias de redución fortemente estendidas nas SMS de moitas linguas. En italiano temos *tvb* ('ti voglio bene'), en español *tq* ('te quiero') para *quérote*, en frances *stp* ('si'l te plait' ou 'por favor'), en polaco *zw* ('zaraz wracam' ou 'volto axiña'), en xaponés *w* ('warau' ou 'riso'), en húngaro *szvsz* ('szerény véleményem szerint' ou 'na miña humilde opinión' e equivalente do inglés *IMHO* ['in my humble opinion']) ou en galés *gtw* ('gweld ti wedyn' ou 'até logo')⁸⁷⁸. En alemán, a acronimia é un dos procesos de simplificación máis comúns, como se deduce dos seguintes exemplos: *BS* ('bis später' ou 'até logo'), *dad* ('denk an dich' ou 'a pensar en ti'), *KA* ('keine ahnung' ou 'nin idea'), *KK* ('kein kommentar' ou 'sen comentarios'), *ts* ('träume süß' ou 'doces soños') ou *kxzm* ('kommste heut zu mir' ou 'sae comigo hoxe'), entre as máis usuais. A combinación de logogramas con siglas presenta grande rendibilidade nas linguas xermánicas: *G&K* ('Grüß und Kuss' ou 'bicos e apertas') e *3n* ('nie, niemal, nirgendwo' ou 'non hai maneira nin forma en ningunha parte') para o alemán e *A3* ('any time, any place, anywhere' ou 'calquera momento, calquera lugar, calquera sitio') para o inglés, por exemplo⁸⁷⁹.

No tocante aos encurtamentos a través de elisións vocálicas e consonánticas podemos establecer diversas tendencias: na grande maioría das linguas a redución a través da combinación de grafías iniciais, medias e finais é altamente rendíbel: *tb* ('también') en español, *gg* ('gege' ou 'irmán') en chinés, *trp* ('troppo' ou 'moito'), *msm* ('mesmo') ou *bjs* ('beijos') en portugués, *bcp* ('beaucoup' ou 'moito') en francés, *aws* ('auf wiedersehen' ou 'adeus') en alemán. Non obstante, existen diverxencias no referente á presenza e á ausencia de vogais no final da palabra. Neste sentido, en italiano "there is a tendency to avoid having abbreviations end in a vowel" (Crystal 2008:144), como ilustran as seguintes mostras: *sl* ('solo' ou 'só'), *spr* ('sapere' ou 'saber'), *smprr* ('sempre') etc.; en español ou mesmo en

⁸⁷⁸ No galés este proceso é pouco frecuente e, consoante o sinalado en King (2005:13-19), xulgamos que pode ter que ver co feito de ser unha lingua en que as grafías iniciais mudan a depender do contexto gramatical en que se encontren inseridas: así, por exemplo, na lingua formal estándar, a palabra *plant* ('crianzas'), pode aparecer tamén como *blant*, *phlant* ou *mhlant*.

⁸⁷⁹ Esta estratexia que combina números e siglas é especialmente produtiva na creación de linguaxe técnica no contexto electrónico, como xa sinalamos en 2.2.4: *W3C* (World Wide Web Consortium), *3Com* (Computer, Communications, Comptibility), *P3P* (Platform for Privacy Preferences) etc.

galego (véxase 3.2) podemos achar exemplos de casos finalizados en consoante: *cnd* ('cuando'), *prsnt* ('presente'), *bs* ('beso') e exemplos en que a última grafía é unha vogal: *kro* ('caro'), *ksa* ('casa'), *mñna* ('mañana' ou), entre outros moitos. Como norma xeral, a elisión final de vogais adoita ser moito máis rendíbel cando o grafía afectada é un *e* ou cando a consoante final permite reproducir a vogal elidida (véxase 3.2.1.1.1): *bstnt* ('bastante'), *gnt* ('gente' ou 'xente'), *nnk* ('nunca') etc. Noutras ocasións, as estratexias analizadas aparecen combinadas en abreviaturas máis longas creando unha linguaxe de grande complexidade e enxeñosamente elaborada, como o alemán *zumiozudi* ('Zu mir oder zu dir' ou 'na miña casa ou na túa?'), o francés *glid2kdo* ('J'ai une idée de cadeau' ou 'Tiven unha grande idea') ou o inglés *iowan2bwu* ('I only want to be with you' ou 'Só quero estar contigo') e *ijc2sailuvu* ('I just called to say I love you' ou 'só chamei para che dicir que te quero'), que precisan dunha coitada deconstrución.

Todos os exemplos citados nesta sección serven para poren de manifesto que, sexa cal for a diversidade lingüística, as persoas cando redixen as súas SMS recorren a estratexias discursivas moi similares. De feito, a maior parte dos procesos de redución descritos en 3.2 para o galego son aplicábeis tamén en moitas outras linguas –nin sempre xeográfica ou tipoloxicamente próximas– con pequenas variacións que reflicten as propiedades individuais de cada idioma mais que, en último caso, manifestan unha mesma finalidade: axilizaren a comunicación para aforraren tempo, espazo e diñeiro. E en todas as mostras será o contexto o que permita desambiguar grande parte destes mecanismos; máis a pesar da universalidade deste fenómeno, existen –ao igual que indicamos en 2.3.2.1 para o uso da mensaxaría– diferenzas culturais que terán consecuencias no modo en que o usuariado emprega a lingua. Así, o pobo xaponés, que encontra as SMS atractivas en tanto que medio de interacción social que evita a parte embarazosa dunha conversa face a face, tamén entende a linguaxe SMS como unha forma de eludir as limitacións expresivas dos códigos formais, sobre todo no referente a marcas de respecto honoríficas, moi frecuentes na lingua oral e que son omitidas nas mensaxes de texto. De igual modo, cando quere ser expresivo, o usuariado xaponés tende a utilizar emotícones ou pictogramas, en canto os franceses e os ingleses confían máis na lingua escrita, abreviada ou non, e fan máis uso do xogo lingüístico.

Por tanto, constatamos que perante as restricións comunicativas que impuxo a telefonía móbil a través das SMS, as persoas de todos os países desenvolveron solucións que parecen camiñar polos mesmos roteiros. Quere dicir, crearon adaptacións lingüísticas –fundamentalmente ortotipográficas– que permiten adecuar a lingua ao novo medio, de modo similar ao que aconteceu noutras épocas da historia (véxase 1.1.3): a prensa, o telégrafo e a Internet levaron a linguaxe e as linguas en novas direccións, introducindo estilos e estándares novos. A escrita SMS fai parte deste repertorio e a súa novidade é descrita elocuentemente no seguinte excerto:

Each set of innovations took years to evolve, and was influenced primarily by adult experts, such as printers, engineers and broadcasters. But texting is different. Here we have a set of linguistic adaptations being introduced by youngsters, on their own, spontaneously, rapidly, and without professional tuition. (Crystal 2008:148).

As transformacións tecnolóxicas tiveron grandes consecuencias tamén no plano social (véxase 1.2); de feito, hai medio século ninguén imaxinaría que cun cartón poderíamos extraer cartos dun caixeiro automático, realizarmos operacións bancarias a través dos terminais telefónicos, enviarmos unha carta en tan só uns segundos a calquera lugar do mundo ou facer compras sen irmos ao mercado; neste contexto, a linguaxe SMS non é senón máis unha proba da capacidade das linguas para acompañaren as mudanzas. En síntese, as

páxinas precedentes permitiron notarmos que a linguaxe e as linguas –fundamentalmente da man dos utentes máis novos– desenvolven as estratexias necesarias para se adecuaren ás novas realidades, moito antes do que a propia sociedade é quen de as asumir (véxase 3.4.1).

3.3.4. A linguaxe SMS, os pidgins e os crioulos

Neste sentido –e salvando as distancias–, non vira complexo establecermos analoxías entre a linguaxe SMS e os pidgins e os crioulos, variedades lingüísticas que se forman en situacións de contacto entre dúas ou máis linguas por unha necesidade social, isto é, que falantes de diferentes linguas maternas se comuniquen entre si. A linguaxe SMS está condicionada polo factor tecnolóxico, en canto os pidgins costuman desenvolverse en ámbitos comerciais ou de escravatura que desencadean encontros multilingües, mais en ambos os casos os falantes arranxan diversas estratexias lingüísticas para superaren as limitacións comunicativas que lles impón o contexto particular en que teñen lugar, de partida adverso. De acordo con Wardhaugh (1992:73), estas tipoloxías lingüísticas ocupan unha posición marxinal, a pesar de que tanto os pidgins como os crioulos se documenten desde tempos inmemoriais. Así, a investigación lingüística nestas esferas é relativamente recente, xa que polas circunstancias en que os ditos sistemas se utilizan, “pensouse frecuentemente que tiñan escaso valor ou interese intrínseco” (Wardhaugh 1992:73)⁸⁸⁰. Por esta razón, o seu estudo tan só destacaba os trazos lingüísticos dos que “presumiblemente” carecían estas variedades⁸⁸¹. E, da mesma forma, os seus falantes eran tratados con desdén e mesmo con desprezo.

A pesar de carecermos da perspectiva que nos ofrece o tempo, as similitudes cos estudos sobre o discurso electrónico e, especialmente, sobre a linguaxe SMS, son certamente significativas: na actualidade as aproximacións do colectivo investigador son aínda escasas, sobre todo no referente ás linguas minorizadas como o galego e, tan só para o inglés existe unha relativa “tradición” neste ámbito. Outrosí, con moita frecuencia, a óptica lingüística con que se analiza nin sempre se centra en describir as súas particularidades lingüísticas, mais na súa perversión a respecto da lingua estándar. E este discurso apocalíptico é extensíbel tamén ás persoas usuarias (véxase 3.1.1), responsábeis dunhas prácticas discursivas que acabarán por destruír a lingua (véxase 3.4.1). As seguintes palabras de Wardhaugh (1992:73) sobre pidgins e crioulos poden encaixar perfectamente para describir a percepción social sobre a linguaxe SMS:

Estas linguas son consideradas, non como adaptación creativas, senón como degradacións; non como sistemas en si, senón como desviacións doutros sistemas. A súa orixe foi explicada recorrendo, non a forzas históricas e sociais [neste caso tecnolóxicas], senón á ignorancia, á indolencia, e á inferioridade [dos seus falantes].

Unha outra característica que partilla a linguaxe SMS coas variedades pidgins e crioulas é a rapidez con que se formou. A cuestión económica e as limitacións do soporte no primeiro caso e a necesidade peremptoria de que falantes de linguas diversas se comuniquen entre si no segundo fixeron que as persoas desenvolvesen a súa creatividade lingüística nun

⁸⁸⁰ Nesta liña, Baxter (1996:539) afirma o seguinte: “a pesar de o estudo lingüístico dessas linguas datar do fim do século pasado, a súa génese e a súa natureza são ainda temas de intenso debate, e muitas perguntas fundamentais ficam por responder”.

⁸⁸¹ En Vasconcellos (1987), por exemplo, podemos observar como se alude a estas variedades lingüísticas como dialectos do portugués e como a súa descrición resalta aqueles elementos que difiren en grande medida do que se considera o portugués padrón da altura.

espazo de tempo moi reducido e que potenciasen as estratexias que lles permitían ser máis funcionais. Por esta razón, a transmisión do contido adquire, en ambos os casos, moita máis importancia do que a forma⁸⁸². Conforme sinala Pereira (2006:25-26), nunha situación en que as linguas maternas non son funcionais e a lingua máis funcional –a dominante– é pouco accesível e non pode ser plenamente adquirida, os falantes do pidgin adoitan manexar un vocabulario reducido formado polas palabras máis úteis e máis frecuentes que lles serven para designaren obxectos, individuos ou situacións e, polo, contrario, prescinden das palabras con menos peso semántico –e mesmo fonético– como aquelas que teñen unha función unicamente gramatical, cal os artigos ou as preposicións. Así, o proceso de pidginización implica de forma habitual algún tipo de simplificación lingüística, como a redución da súa morfoloxía e da súa sintaxe (véxase 3.2.2.1), a tolerancia por unha variación fonolóxica considerábel (véxase 3.2.1.1) ou un caudal lexical pobre (3.2.3.1). Noutras palabras, os pidgins, ao igual que a linguaxe SMS, reducen ao mínimo a complexidade gramatical e o resultado é unha estrutura desprovista de redundancias e de ambigüidades (Baxter 1996:539).

Non obstante, despois da fase inicial en que estes códigos potencian a simplificación para conseguiren o seu obxectivo fundamental, a interacción básica, comezan a xurdir outras necesidades: o pidgin, unha vez convertida na lingua habitual de comunicación dunha comunidade plurilingüe amplía os seus ámbitos de uso e, por tanto, ten de aumentar as súas posibilidades expresivas. Normalmente, denomínase crioulo a un pidgin convertido na primeira lingua dunha nova xeración de falantes e, neste sentido, a crioulización implica a expansión da morfoloxía e da sintaxe, a regularización da fonoloxía e o aumento das funcións en que a lingua é utilizada, de igual forma que a creación dun sistema estábel que permita incrementar o vocabulario en función das necesidades⁸⁸³. Deste modo, ese primeiro código rudimentar, fragmentado e variábel, converteuse nunha sistema lingüístico completo que permite a falantes nativos comunicárense non só do punto de vista funcional –como foi en orixe–, mais tamén desde unha perspectiva relacional e, en última instancia, social, case ao mesmo nivel que o resto das linguas do mundo. E dunha forma similar, a linguaxe SMS, para alén de desenvolver mecanismos que lle permitisen ao usuariado reducir o número de caracteres e axilizar as interaccións, axiña comezou a crear estratexias que fixesen posíbel a expresión dos sentimentos e doutras marcas paratextuais. En consecuencia e, téndomos en conta o analizado anteriormente en 3.2 e 3.3, a linguaxe virou nun sistema de representación escrita de grande complexidade lingüística que, en moitos casos, sacrifica a brevidade en favor da efusividade e da elocuencia.

Os paralelos descritos aquí entre estas dúas variedades lingüísticas levou moitos investigadores a consideraren a linguaxe SMS como unha clase de crioulo que simplifica as características da lingua dominante –neste caso a variedade padrón– para as adaptar a un contexto de comunicación particular (Rafí 2009). Noutras ocasións, tense utilizado esta metáfora da crioulización para se referir ao discurso electrónico presente nos sistemas de interacción dixitais⁸⁸⁴. As SMS, o correo electrónico ou os chats, igual que o telégrafo, a carta

⁸⁸² Cando menos nas primeiras fases, que corresponderían coa formación do pidgin e co período inicial das SMS en que a limitación de caracteres e a necesidade de interaxir con rapidez favorecían este tipo de prácticas.

⁸⁸³ Así, por exemplo, o tok pisin –na súa fase de pidgin– carecía case por completo de flexión nos nomes, pronomes, verbos e adverbio. Porén, na súa transformación en crioulo, as categorías gramaticais de tempo e número viraron obrigatorias, desenvolveuse tamén un compoñente para a formación de palabras e certos mecanismos para a estruturación estilística do discurso, entre os trazos máis salientábeis (Wardhaugh 1992:83;99).

⁸⁸⁴ Na opinión de Baron (2000:256), “classifications, comparisons, analogies, and metaphors are often most useful not for showing identity between two phenomena but for helping us think about one of them in a new way”.

ou o telefone, non constitúen sistemas lingüísticos, mais tecnoloxías que permiten transmitir mensaxes. Con todo, e como puidemos percibir ao longo das páxinas precedentes, o soporte a través do que circulan pode afectar en grande medida a súa forma lingüística. Por este motivo, moitos autores, entre eles Baron (2000) ou Zitzen / Stein (2004), entenden as ditas modalidades discursivas como sistemas de transmisión lingüística, ao igual que o son a escrita e a fala. É neste sentido onde os medios de interacción electrónica partillan moitas características co contacto de linguas que orixina os pidgins e os crioulos. Baron (2000:257) determina as seguintes: i) trátase de variedades creadas de forma pouco natural, isto é, “artificial”; ii) aparecen de modo repentino; iii) nacen como consecuencia de novas circunstancias sociais ou tecnolóxicas que poñen en contacto usuariado de dous ou máis códigos lingüísticos –nas SMS oralidade e escrita–; iv) o usuariado domina cando menos un deses sistemas; v) as compoñentes lexical e sintáctica proveñen de ambas as fontes, embora o léxico proceda predominantemente de unha –a oralidade no caso das SMS e a lingua dominante no casos dos pidgins e crioulos–; vi) a tendencia a simplificar ou non corrixir o código en función do sistema lingüístico de que se parte; e vii) a ampla variedade –aínda en expansión– de usos e de utentes.

Existen, non obstante, algunhas diferenzas que convén considerarmos: a linguaxe SMS, en contraposición ao crioulo, non é unha lingua nativa, mais un sistema de representación gráfica e, igualmente, os códigos lingüísticos implicados (escrita e oralidade) están estreitamente relacionados (véxase 2.1.4), á diferenza do crioulo, eminentemente oral e con falantes de linguas maternas moi diversas. Mais, como vimos en 2.2.3.3, se ben que as persoas dominan a escrita e a fala, é posíbel considerarmos que os medios de interacción electrónica están comezando a crear un grupo de “usuari@s nativ@s” que aprende este código “as a primary and distinct avenue for creating many types of messages rather than transferring [...] prior assumptions from face-to-face speech or traditional writing” (Baron 2000:258). Para a autora, esta transformación é análoga á mudanza que se produciu no tratamento de textos nas últimas décadas onde se pasou de redixir textos no computador que previamente foran creados ou trazados a man a que o discurso orixinal se elaborase directamente no teclado do dispositivo electrónico. En todo o caso, aproximarnos á lingua electrónica baixo a metáfora da pidginización pode axudar a comprendermos mellor a súa natureza híbrida (parte oral e parte escrita), a súa rápida expansión –non só de persoas usuarias máis tamén de ámbitos de uso (véxase 3.4.2)–, e igualmente o modo en que se desenvolveu e se transmite. De feito, resulta significativo que tamén a respecto do sinalado en 3.3.3 sobre a universalidade do código abreviado utilizado nas SMS e das súas estratexias se poidan establecer paralelos coas linguas pidgins e crioulas: estas variedades lingüísticas presentan as súas propias regras específicas, mais moitas delas partillan unha serie de similitudes que “suscitan cuestións teóricas importantes relacionadas coa orixe que se lles vén atribuindo ata agora e coa aptitude humana para a adquisición lingüística” (Wardhaugh 1992:77)⁸⁸⁵.

Outrosí, a información existente sobre os pidgins e os crioulos permite tamén aventurarmos –en base ás antecitadas semellanzas– hipóteses sobre as posíbeis direccións que pode tomar a linguaxe SMS no futuro. En primeiro lugar, a avaliación social negativa de moitas linguas pidgin, consideradas variedades pobres, linguas mal faladas ou deturpacións

⁸⁸⁵ Na mesma liña, Pereira (2006:29) sinala que, para alén das condicións socio-históricas particulares en que se desenvolveron os crioulos, existen outros trazos de unión entre todos eles: “o modo semelhante como os diferentes crioulos se desenvolvem gramaticalmente, a partir das variedades básicas (estruturalmente inestáveis e lexicalmente deficitárias) de uma língua-alvo (língua que se quer aprender), determina semelhanças estruturais entre eles, independentemente das línguas que tenham estado na sua origem”.

lingüísticas, non só desencadeou consecuencias nos seus falantes, mais tamén nas propias linguas⁸⁸⁶. Así, en moitos casos tivo lugar o que neste ámbito se coñece como descrioulización, isto é, un proceso de asimilación lingüística que substitúe gradualmente as estruturas propias do crioulo polas correspondentes da lingua para a cal este tende (Pereira 2006:42). Neste sentido, o discurso electrónico pode, na opinión de Baron (2000:259), ser reempazado por unha variedade xa existente de lingua escrita ou falada e desaparecer en tanto que código lingüístico diferenciado. Porén, se os crioulos foren funcionais para as novas xeracións de falantes poderán, polo contario, permanecer como instrumento vehicular, ampliaren as situacións en que se emprega e mesmo crearen unha variedade normalizada. De modo análogo, a linguaxe SMS poderá manter o seu carácter desenfadado e a súa falta de estandarización en tanto continúe a ser práctico para o usuariado ou, igualmente, desenvolver un padrón que, mantendo os seus códigos estéticos e pragmáticos, regularice as distintas solucións. Do noso punto de vista, parece que, cando menos nun futuro próximo, este novo sistema de escrita electrónica manterá grande parte do seu carácter independente, dado que emerxeu como un medio lingüístico que permite interacción en contextos en que nin a escrita nin a fala tradicional o poden substituír con facilidade⁸⁸⁷.

Mais os vínculos entre os crioulos e o discurso electrónico non finalizan aquí, pois diversos autores, entre eles Hinrichs (2004 e 2006), sinalaron con grande acerto a influencia positiva dos sistemas de comunicación dixitais no maior uso das linguas crioulas. Desde a súa experiencia no crioulo xamaicano, Hinrichs (2006:185) considera que o soporte electrónico, ao carecer das limitacións formais da escrita tradicional en papel e ao fomentar a experimentación e o xogo lingüístico, ofrece un espazo propicio para a manifestación escrita e, por tanto, constitúe un resorte de visibilidade para unhas variedades lingüísticas que, do contrario, terían unha representación gráfica nula ou cando menos moito máis restrinxida. Igualmente, cómpre termos en conta que as mostras de lingua presentes na Rede e nos sistemas de mensaxaría dixitais responden a usos lingüísticos conscientes e intencionais por parte dos seus utentes, o que, por súa vez, contribúe para incrementar o prestixio do crioulo perante a opinión pública. Como sinalamos en 1.2.3.4 e en 1.2.4.4, o contexto electrónico e, en especial a Internet, configúrase, na maioría das ocasións, como un medio favorábel cara á normalización lingüística, o que se pode aplicar perfectamente para o caso dos crioulos, inclusive para aqueles que non posúen unha representación escrita estándar. Para notarmos as ditas ligazóns entre crioulos e discurso electrónico vira significativo o seguinte excerto:

No orthographic standard exists for JamC, so that all Creole orthography is basically experimental and mostly based on English [...]. Recent shifts in prestige notwithstanding JamC is still very much an oral language, the first language for most Jamaicans, and primarily the code of informal interaction in Jamaica. Thus, its use in writing is in itself an instance of the stylized use of orality features in writing” (Hinrichs 2006:185).

Ora ben, a informalidade que partillan o medio electrónico e as variedades crioulas non constitúe a única razón para explicar a popularidade destas prácticas discursivas vernáculas. Primeiramente, e igual que sinalamos para a linguaxe SMS en 3.3.2, en moitos

⁸⁸⁶ Aquí a analoxía podería estenderse tamén ás situacións de contacto lingüístico como a que se dá na Galiza entre o galego e o español, onde tanto a variedade minorizada como os seus falantes son albo das mesmas consideracións preconceptuosas. Véxase García Negro (2009), Núñez Singala (2009), Costa González (2010) e Callón (2012), entre os máis recentes.

⁸⁸⁷ Para Baron (2000:259), a linguaxe das SMS e por extensión o discurso electrónico “fosters a more level playing field and encourages higher self-discourse than either speech or writing. It also provides a venue for communication where initiating a traditional spoken or written message might be socially impossible”.

casos o uso do crioulo ou da lingua dominante pode responder a motivacións de natureza expresiva específicas; na liña do apuntado por Antaki / Condor / Levine (1996:483), entre as xeracións máis novas de utentes o uso do crioulo emerxe aliás como un sinal de identidade, na medida en que permite facer visíbel mundialmente as particularidades –lingüísticas e non só– que definen e que distinguen unha determinada comunidade. Por último, é preciso sinalarmos máis dúas analoxías entre a linguaxe SMS e os pidgins e os crioulos. Por un lado, en ambos os casos téñense considerado códigos lingüísticos que non deben ser ensinados e que, alén diso, non serven para esta finalidade. Como é natural, todas as linguas e todas as variedades lingüísticas poden ser aprendidas e ensinadas, tanto formal como informalmente, mais, seguindo Pereira (2006:86), a cuestión que se costuma colocar nestes foros é se unha lingua –ou sistema de representación gráfica no caso das SMS– de tradición oral ou restrinxida a un contexto específico ten lugar na escola oficial como obxecto de ensino. Como veremos en 3.4.2.1, a linguaxe SMS constitúe unha ferramenta moi rendíbel para aprendermos lingua e mesmo literatura e tamén os crioulos que, ademais, son igualmente válidos como vehículo de aprendizaxe dos contidos educativos das demais materias. Por outro lado, tamén é moi frecuente que as persoas cuestionen cal é o contributo do estudo destas variedades lingüísticas para a disciplina lingüística. No inicio, foron referidas e encaradas nalgúns casos con curiosidade e na maioría con repulsa; posteriormente impúxose o pragmatismo e comezaron a aparecer glosarios e mesmo dicionarios; e nos últimos tempos contamos cun “conjunto de notas avulsas, dados, noticias bibliográficas, reflexións teóricas e análises gramaticais que constitúen un impulso precioso para un novo olhar metalingüístico” (Pereira 2006:106).

En determinadas esferas, igual que aconteceu cos crioulos, realizar estudos sobre a linguaxe SMS e o discurso electrónico comporta, sobre todo inicialmente, un risco de marxinalización, mais responde en moitos casos á curiosidade científica do persoal investigador e á certeza de que todos os fenómenos lingüísticos, embora sexan secundarios, contribúen para un mellor coñecemento da linguaxe humana (Vela Delfa 2005:148), ao tempo que discuten, subverten e fan evoluir o pensamento lingüístico dominante. Neste sentido, subscribimos as palabras de Wardhaugh (1992:77) cando afirma que, en todo o caso, constitúen variedades lingüísticas de grande utilidade nas vidas das persoas que as utilizaren e só por iso xa son importantes. Na mesma liña, tanto Hinrichs (2006:196) como Crystal (2011:1) subliñan o valor do contexto electrónico e dos sistemas de interacción dixitais para investigarmos as novas tendencias que se están a producir na lingua e que, na súa opinión, promete converterse na principal fonte de información para os investigadores e as investigadoras⁸⁸⁸. En definitivo, o que se torna evidente é que os novos códigos como a linguaxe SMS, do mesmo modo que os pidgins e os crioulos, mostran a vitalidade da lingua e dos seus usos e reflicten, igualmente, os estereotipos e as incrustacións de sentido que en moitos casos axegan sobre os fenómenos lingüísticos e dificultan o desenvolvemento da teoría lingüística.

⁸⁸⁸ Di tamén Crystal (2011:1): “When we encounter the largest database of language the world has ever seen, we would expect to find linguists exploring it, to see what is going on. It has begun to happen. And a new field is emerging as a consequence”:

3.4. Proxección sociocultural

Alén da análise (socio)lingüística, un estudo destas características non pode ignorar a dimensión cultural e/ou instrumental que, hoxe en día, alcanzou a linguaxe SMS, e que a converteu nun fenómeno que excede con moito a esfera funcional para a cal se desenvolveu. Así as cousas, nesta sección teremos oportunidade de vermos a forte repercusión que este código está a provocar na opinión de toda a poboación, non só entre os lingüistas. O parecer xeral a respecto do impacto social que está a causar este fenómeno é maioritariamente negativo, e xulgamos que foi motivado en parte pola primeira fase de investigacións sobre estes códigos, que tiñan como obxectivo analizaren a linguaxe da Rede para determinaren até que punto se distanciaba dos outros rexistros –fundamentalmente do rexistro escrito– e elaboraren conclusións sobre ese afastamento, case sempre en termos pexorativos. Desta forma, non resulta sorprendente a alarma social que se foi creando ao longo do tempo sobre este sistema de representación da escrita, con cualificacións que –como veremos en 3.4.1–, fan referencia á dexeneración da lingua e ao perigo que supón para a continuidade da variedade normativa. Estas posturas continúan a ser moi abundantes nos últimos anos non só entre a poboación xeral, mais tamén entre algúns especialistas na materia; porén, os recentes estudos desautorizan en certa medida e de forma empírica estas afirmacións que, segundo aclaran, responden máis a un estado de incertidume sobre os novos efectos e tendencias sociais que van aparecendo a raíz da súa popularización do que a un verdadeiro estudo de campo.

De acordo con Mayans (2002), é dubidoso que poidamos establecer unha correlación sólida entre o coñecemento e o uso da normativa do código escrito e o emprego habitual das mensaxes de texto ou doutros medios de comunicación dixital que nos conduzan á hipótese de que o segundo inflúe de forma negativa sobre o primeiro. De feito, as nosas investigacións harmonizan con todo o contrario, isto é, que o uso desta linguaxe simplificada se produce algún efecto sobre o coñecemento e a aplicación do código normativo é, en todo o caso, de incremento. Igualmente, este sector crítico considera que a linguaxe SMS, na medida en que é utilizada polas faixas etarias máis novas (véxase 3.1.1.1), pode afectar de modo prexudicial a súa educación, dado que aínda están nun momento de adquisición das competencias lingüísticas básicas. Por esta razón, en 3.4.2. veremos que, ao contrario da opinión maioritaria, estes novos xéneros discursivos son tamén úteis para reflectirmos sobre lingua e mesmo sobre literatura e que, aliás, aumentan a motivación do alumnado (véxase 3.4.2.1). E do mesmo modo, vira necesario non reducirmos a nosa pesquisa ao ámbito educativo, pois existen outros contextos que tamén se están a beneficiar das funcionalidades que este código escrito lles ofrece. O campo literario, por exemplo, tamén se fixo eco deste fenómeno e nos últimos anos están a proliferar obras que, en maior ou menos grao, se aproveitan deste novo xénero textual e da súa linguaxe (véxase 3.4.2.2). Neste punto, destaca en particular o sector publicitario que utiliza a linguaxe SMS porque partilla moitos dos elementos valorizados por este medio: é orixinal, creativa, suxestiva e permite expresar o máximo posíbel no mínimo espazo (véxase 3.4.2.3). Outrosí, a creación da linguaxe SMS supón novos retos no campo da enxeñería informática e, especialmente, na esfera do procesamento da linguaxe natural, como analizaremos en 3.4.2.4. E, en último lugar, existen outras áreas en que este fenómeno ten ou tivo un certa aparición, moito embora minoritaria se comparada coas anteriores, cal a música, o cinema ou a moda, como veremos en 3.4.2.5.

3.4.1. Análise crítica da literatura a respecto da linguaxe SMS

Coa aparición da Internet e da tecnoloxía móbil, moitos lingüistas e docentes comezaron a se preocupar polas posíbeis consecuencias que esta revolución tecnolóxica puidese implicar na forma en que interaximos nestes contextos. Con todo, as reflexións sobre as linguas non son exclusivas dos filólogos, mais tamén os utentes adoitan realizar observacións sobre os idiomas e sobre os seus falantes. Quere dicir, todos en certos momentos somos teóricos da linguaxe e esta é unha das premisas desde a que a Lingüística Perceptiva se aproxima das variedades da linguaxe, isto é, mediante a pesquisa aos propios falantes sobre como senten ou perciben estes fenómenos⁸⁸⁹ (Sánchez Rei 2009:250). Así as cousas, as novas modalidades discursivas e a escrita abreviada que desenvolveron non supuxeron unha excepción e tamén foron albo das súas consideracións que, como ilustraremos nesta epígrafe, varían substancialmente dunha persoa para outra, se ben que existen dous sectores claramente diferenciados: por un lado, aquelas persoas que adoptan unha postura crítica e que se declaran en contra deste sistema de representación gráfica, canto que vulgan que se trata de deturpacións ou dexeneracións da lingua estándar e que, por tanto, deben ser condenadas e, por outro lado, aqueloutras que ven nela un modo de escrita creativa que favorece a exploración de novas formas lingüísticas que, lonxe de empobreceren as linguas, contribúen para a súa revitalización. Ao longo deste traballo decidimos focar a nosa atención nestes dous sectores extremos, isto é, nos grupos que se sitúan en contra destas novas ferramentas e aqueles que defenden as súas posibilidades. Porén, asumimos que nin todo é branco ou negro e que existen posicionamentos intermediarios, de modo que haberá persoas que aínda considerando que se trata dunha situación desfavorábel tratarán de lle tirar o máximo rendemento posíbel e viceversa.

Como xa aconteceu en numerosas ocasións na historia dos estudos sobre os idiomas, unha parte importante do traballo dos lingüistas foi e continúa a ser eliminar as concepcións erróneas que se crean ao seu redor e, neste sentido, a aparición da Internet e do resto das tecnoloxías proporcionaron unha nova vaga de críticas. Na opinión de Crystal (2011:3), “the prophets of doom have been out in force, attributing every contemporary linguistic worry to the new technology, and predicting the disappearance of languages and a decline in spoken and written standards”⁸⁹⁰. No entanto, cando se realiza un estudo exhaustivo destas preocupacións pódese observar que na maior parte dos casos están baseadas en mitos. Con frecuencia publícanse artigos sobre como a Internet repercute de modo negativo na linguaxe e neles reflíctese sobre a necesidade de salvar as linguas desa fragmentación onde a ortografía se erixe como o elemento que outorga a unidade por excelencia. O pánico moral que acompañou a chegada das mensaxes de texto e da linguaxe SMS constitúe máis un exemplo que camiña nesta dirección, pois segundo Baron (2008:163), “there’s an international perception that computers and mobile phones are affecting everyday language, and that these effects are generally not for the better”. A este respecto, convén subliñarmos que a pesar de

⁸⁸⁹ Así, convén sinalarmos os estudos que sobre a lingua galega se teñen levado a cabo neste ámbito da Lingüística Perceptiva, cal Kabatek (2000) ou Iglesias Álvarez (2003). A respecto desta disciplina, concordamos con Thurlow (2006) en que “the objective of metalinguistic research is not necessarily to evaluate folk linguistics as right or wrong against scholarly standards, not least because people’s inability to articulate their understanding (declarative knowledge) does not necessarily preclude their understanding how to use language effectively (procedural knowledge)”.

⁸⁹⁰ Cortés Conde (2010) apoia a hipótese de Crystal e subliña que non se trata dunha preocupación nova: o medo polas novas tecnoloxías e as súas consecuencias destrutivas a respecto da unidade conseguida con tanto esforzo estiveron sempre aí. Así, parece que a maldición de Babel creará novamente esa desunificación e esa fragmentación na cal *bablearemos* sen sentido ningún.

que nos últimos anos aumentaron os estudos sobre a linguaxe SMS que desmentían moitas destas representacións, o discurso público sobre este fenómeno aínda continúa focalizando a súa atención sobre o seu impacto nocivo na alfabetización e nos usos do código normativo, como veremos ao longo desta sección.

Sobre este particular vira fundamental o traballo levado a cabo por Thurlow (2006), en que se analiza un corpus internacional de arredor dun centenar de artigos ou notas de prensa cuxo tópico principal xira arredor do uso da linguaxe no contexto electrónico. A través da súa investigación, o autor pon de manifesto “the conceptual and ideological assumptions by wich particular communication practices come to be institutionalized and understood”. Os exemplos que figuran no seu corpus corresponden a moitos dos elementos metadiscursivos sinalados até o de agora, dado que –conforme subliña– estas “popular but influential (mis)representations typically exaggerate the difference between CMD and nonmediated discourse, misconstrue the ‘evolutionary’ trajectory of language change, and belie the cultural embeddedness of CMD”. De acordo co apuntado en 3.3.3, a linguaxe SMS non conforma un fenómeno exclusivo da lingua galega, senón que se xerou de forma universal e, por tanto, –embora revestida de diferentes abreviaturas– é común a todos os idiomas. Algunhas das mostras recollidas por Thurlow (2006) dan, igualmente, conta da proxección internacional que alcanzou este sistema de representación da linguaxe escrita, nomeadamente para o inglés, idioma que polas súas características (socio)lingüísticas é máis proclive a este tipo de reducións e de xogos coa linguaxe:

Online language has developed into a shorthand that all but obliterates the Queen’s English. Our kids log on and catch the Webspeak virus. This new communicable disease spreads like jam on toast, presto, Spell-Drek: The Next Generation.

If the already ingrained corruption of the English language is perpetuated, we will soon be a nation made up entirely of grammatical duffers.

Exam papers are ‘riddled’ with abbreviated words and spellings. Young people seem to be throwing out the dictionary in favour of the quick and easy way of writing.

And to think this happened in the land of Shakespeare. If the bard were alive today, he’d probably write, ‘2B or not 2B’

Tamén sobre esta cuestión, Crystal (2008:3) documenta múltiples encabezamentos como os que seguen: “Texting fogs your brain like cannabis”, “Texting replaces speech for communication among teenagers”, “Texting does not influence literacy skills” ou “Texting linked positively with literacy achievements”. Estes permiten observar a grande expectación –medo, confusión, antagonismo, fascinación, entusiasmo ou curiosidade– que a escrita SMS levantou en grande parte da poboación e tamén a rapidez con que esta se propagou, pois hai menos dunha década, practicamente ninguén escoitara falar sobre o tema. Con todo, en moi pouco tempo comezaron a aparecer aproximacións a este código desde diversas perspectivas: psicólogos, sociólogos, xornalistas, educadores e mesmo persoal sanitario decidiron achegarse a el, mais con frecuencia sen incluíren suficientes datos que avalasen as súas hipóteses. Esta foi a razón fundamental para que toda a mitoloxía que se desprende dos exemplos anteriores crecese de modo vertixinoso, exaxerando e distorsionando en moitas ocasións a realidade e realizando verdadeiras profecías a respecto dun inminente desastre lingüístico⁸⁹¹. A maioría dos/as autores/as concorda en que se trata dunha variedade altamente diverxente do punto de vista (orto)gráfico e que, ao ser utilizada por unha xeración

⁸⁹¹ En relación con isto, Baron (2008:161-181) que se fai eco das percepcións sobredimensionadas que circulan sobre a lingua e o contexto electrónico titula “Is the Internet Destroying Language?” a epígrafe do seu libro destinada a analizar e a explicar estes pormenores.

que non se preocupa polo estándar, acabará por fomentar unha diminución da alfabetización e por destruír a linguaxe, como revela o seguinte excerto aparecido nun xornal de Washington o día 7 de maio de 2007 da autoría de Eric Uthus:

I knew this was coming. From the first time one of y friends sent me the message ‘I’ve got 2 go, talk to U later’ I knew the end was near. The English language as we once knew it is out the window, and replacing it is this hip and cool sland-induced language, obsessed with taking the vowels out of words and spelling fonetikally⁸⁹².

Como se pode notar, emprégase unha linguaxe apocalíptica para describir a aparición de estratexias lingüísticas que na maioría dos casos nada teñen de novidosas (véxase 1.1.3). Por tanto, concordamos con Crystal (2008:9) en que practicamente todas as crenzas populares que se crearon sobre as mensaxes de texto e a súa linguaxe poden, cando menos, ser discutidas. Algunhas delas xa foron matizadas nas epígrafes que preceden esta, como a da adscrición deste fenómeno tan só ás faixas etarias máis novas (véxase 3.1.1.1), e outras serán examinadas ao longo das páxinas desta sección. A finalidade principal será repararmos en que estamos perante unha nova modalidade de escrita que engade unha nova dimensión ao uso que se fai da lingua, mais que, en ningún caso, supón un impacto determinante na sobrevivencia do código estándar ou das variedades lingüísticas xa existentes. Ao contrario, xulgamos que contribúe para actualizar as linguas, na medida en que incorporan novos rexistros e modalidades e amplían as súas posibilidades. Para isto, alén de analizarmos a bibliografía existente, achegaremos tamén os resultados extraídos do noso inquérito, pois permitirán ofrecermos a un tempo unha visión local e global deste fenómeno.

Os medios de comunicación adquiren un papel moi significativo no que á consideración da linguaxe SMS se refire. Así, é fundamentalmente a través dos seus artigos de opinión que se favorece a expansión deste tipo de ideas preconceptuosas⁸⁹³. Na prensa esta modalidade lingüística recibiu e recibe múltiples denominacións: desde as máis neutras ‘xiria’ ou “escrita abreviada” até outras máis connotadas, cal “virus dixital” ou “revolución lingüística”. Nesta liña, Thurlow (2001) sinala que “CMD if often framed in popular discourse through the coining of labels such as ‘netlingo’, ‘weblish’, ‘netspeak’ and so on. As a rhetorical strategy, these neologistic naming practices work in part to establish CMD as somehow unique or distinctive from standard [...], as a fully-fledged or ‘new language’”. Titulares como “SMS...perigo para o idioma?”, “Unha palabra mal escrita nunha SMS provoca un asasinato e un suicidio en Ankara” “Novos tempos novos perigos” ou “A linguaxe SMS distorsiona a ortografía”, achados en diversos xornais peninsulares, remiten para preocupacións similares ás da prensa internacional. Chegouse mesmo a establecer relacións de equivalencia entre a lingua estándar e a lingua dos medios electrónicos: as referencias ao bilingüismo ou a conceptos como tradución ou fluidez son moi comúns cando se tratan estas cuestións, como demostran as seguintes cabeceiras recollidas en Thurlow (2006): “Most texters are, in essence, bilingual”, “Thousands of teens are fluent in another language”. No entanto, na maioría dos casos, a opinión popular acha poucas vantaxes no dominio deste novo código, cualificado en ocasións como dialecto –cunha forte carga pexorativa–, como se deduce das palabras do xornalista británico John Sutherland (2002)⁸⁹⁴:

⁸⁹² Dispoñíbel en: <http://www.thedaily.washington.edu/article/2007/5/7/textMessagesDestroyingOurLanguage>. Consultado en 13/08/2007.

⁸⁹³ Na opinión de Thurlow (2006), “newspaper and other media reports often seem to portray CMD in a negative light. What is particularly troubling, however, is the tendency for these metadiscursive evaluations also to dovetail with a rising public discourse about the communicative ineptitude of young people”.

⁸⁹⁴ John Sutherland (2002): “Cn u txt?. Guardian Unlimited [11/11/2002]. Dispoñíbel en <http://www.guardian.co.uk/mobile/article/0,2763,837709,00.html>. Consultado en 20/02/2003.

As a dialect, text ('textese?') is thin and unimaginative. It is bleak, bald, sad shorthand. Drab shrinktalk. The dialect has a few hieroglyphs (code comprehensible only to initiates) and a range of face symbols. Linguistically it's all pig's ear. It masks dyslexia, poor spelling and mental laziness. Texting is penmanship for illiterates.

Con todo, a imprensa non foi o único foco a través do cal emerxeu esta clase de discursos en relación cos males lingüísticos e sociolóxicos que podería desatar a linguaxe SMS, mais tamén foron aparecendo certas aproximacións desde distintos ámbitos que en moitos casos se fundamentan nestas crenzas populares, máis do que en datos empíricos que corroboren as súas argumentacións. Como xa sinalamos, as principais críticas que recibe este código fan referencia ás consecuencias negativas que pode desencadear na lingua estándar e nas competencias lingüísticas das persoas que a utilizaren. Así, Sempere (2007:320) afirma que os efectos perversos da xiria das SMS son previsíbeis e xa están a se constatar na atrofia da ortografía nas novas xeracións e na dificultade para a narración literaria, que constitúen formas culturais case fôseis dunha era anterior. Tamén Alonso / Perea (2008:30) xulgan que é de particular interese o estudo das implicacións educativas que supón o uso indiscriminado do código SMS entre a mocidade e a posíbel ameaza que supón para a lingua escrita en termos lingüísticos e de expresión. Nunha liña similar, un estudo levado a cabo polo instituto Ramón y Cajal de Murcia sobre a fala xuvenil nos soportes telemáticos⁸⁹⁵ dedica unha epígrafe aos riscos das SMS, entre os cales cómpre mencionarmos a perda de coñecemento das regras básicas de ortografía e a xeración de normas que se sitúan fóra das pautas propostas polas academias da lingua e que se tornan de uso habitual entre as persoas máis novas. Vira sorprendente que desde o inicio do estudo, o aparecemento dun novo código para o soporte electrónico se formule como unha contrariedade:

El problema que se plantea es si una vez adquirido el código superpuesto, esto es, el código del SMS, podría éste desbancar al primario o al menos contarminarlo en su cara escrita. Está comprobado que la utilización abusiva y continuada del SMS implica cambios en el código primario escrito, altera su forma fonemática y morfológica, además de introducir nuevos neologismos en el código secundario. De la misma manera, advertimos la presencia de términos abreviados de otras lenguas.

Moitos dos contributos sobre este fenómeno están fundamentos en casos isolados en que non existe unha evidencia clara que avale ese tipo de aseveracións. De feito, as investigacións empíricas que se están a realizar nos últimos tempos obteñen resultados totalmente contrarios. De acordo con Crystal (2008:151), cando unha persoa encontra un exemplo que corrobora o seu posicionamento publíciase inmediatamente como un comportamento típico dunha xeración. Este é o caso do ensaio dunha crianza escocesa de trece anos que teoricamente escribiu toda unha redacción escolar empregando a linguaxe SMS. Un pequeno extracto deste traballo foi reproducido por centos de xornais e páxinas webs por todo o mundo. Con todo, o ensaio completo, se é que nalgún momento existiu, nunca chegou a ser presentado e, do mesmo modo, non se acharon mostras similares que confirmasen estes medos. A seguir incluímos o fragmento que se filtrou aos medios e o seu equivalente na lingua padrón:

⁸⁹⁵ Trátase dun Proxecto Comenius intitulado *Estudio del habla juvenil en los soportes telemáticos actuales* e coordinado por Fernando Cantó García e María do Carme Ortuño García. Dispoñíbel en <http://clubensayos.com/Espa%C3%B1ol/ESTUDIO-DEL-HABLA-JUVENIL-EN/65747.html>. Consultado en 14/08/2012.

My smmr hols wr CWOT. B4, we used 2 go 2 NY 2C my bro, his GF & thr 3 :-@ kds FTF. ILNY, its gr8. Bt my Ps wr so {:-/ BC 0 9/11 tht thay dcdd 2 stay in SCO & spnd 2 wks up N. Up N, WUCIWUG -- 0. I ws vvv brd in MON. 0 bt baas &.

[My summer holidays were a complete waste of time. Before, we used to go to New York to see my brother, his girlfriend and their three screaming kids face to face. I love New York, it's a great place. But my parents were so worried because of the terrorism attack on September 11 that they decided we would stay in Scotland and spend two weeks up north. Up north, what you see is what you get – nothing. I was extremely bored in the middle of nowhere. Nothing but sheep and mountains]⁸⁹⁶

A resposta mediática que obtivo este acontecemento non se fixo esperar e o día 3 de marzo de 2003 o xornal británico *Daily Telegraph* escribiu o seguinte texto:

British education experts have warned of the potentially damaging effect on literacy of cellphone text messaging after a student handed in an essay written in text shorthand. The 13-year-old girl, a student in a secondary school in the west of Scotland, explained that she found it 'easier than standard English'. 'I could not believe what I was seeing' said her teacher, who asked not to be identified. 'The page was riddled with hieroglyphics, many of which I simply could not translate'.

Como se pode observar, neste artigo aparecen os mesmos elementos metadiscursivos que sinalamos anteriormente: efectos negativos na alfabetización, hieróglifos, linguaxe críptica, tradución etc. E, de acordo con Thurlow (2006), o que resulta inclusive máis significativo é como esta mesma historia apareceu noutros moitos xornais de toda a xeografía, cal o *London Times* (UK), o *Montreal Gazette* (Canadá), o *Reason Magazine* (USA) ou mesmo no *Jakarta Post* (Indonesia) ou o *BusinessWorld* (Filipinas). Os resultados obtidos dunha procura rápida na Internet sobre este caso –arredor de 1630 coincidencias– poñen de relevo a súa vertixinosa propagación. De feito, un ano e medio despois de que aparecese o artigo do *Daily Telegraph* este mesmo exemplo apareceu no *Guardian* británico baixo o seguinte titular: “Texting is No bar to literacy”. Se ben que as incógnitas que levanta este código escrito son múltiples, unha das máis importantes –alén da dexeneración do estándar⁸⁹⁷– é que a linguaxe SMS ultrapase o contexto comunicativo concreto para o que se creou. Así, Galán Rodríguez (2007:71) salienta que estamos perante unha nova forma de escrita que opera mediante a esquematización e a simplificación e que, embora estes procedementos de abstracción non sexan novos, o que acontece e que se están a xeneralizar como unha forma particular de comunicación. Da mesma forma, a autora sinala que o feito de que esta linguaxe se utilice fóra do seu marco de interacción constitúe xa un indicio de que non é unha cuestión banal e formula, igualmente, certas problemáticas: pode esta redución esquemática impor categorías mentais? Até que punto afectará a nosa capacidade para procesarmos as diferenzas lingüísticas formais se estas se reducen de forma drástica? De que código lingüístico teremos de partir para estarmos na certeza de que as nosas mensaxes serán intelixíbeis?

Nun primeiro momento conter este tipo de críticas configurábase como unha tarefa complexa, debido á ausencia de investigacións lingüísticas relevantes arredor do tema. Porén, diversos estudos permitiron mostrar que a histeria sobre a novidade lingüística e tamén os perigos das mensaxes de texto estaban infundados. Na liña do exposto en Crystal (2011:4), os resultados máis significativos revelan que tan só unha parte mínima das SMS utiliza

⁸⁹⁶ Extraído de Thurlow (2006).

⁸⁹⁷ Sobre este particular, Balaguer (2005) afirma que a modalidade gráfica utilizada no ciberespazo, de natureza irreverente, pouco formal e libre de ataduras e estilos, é sinalada por parte dos docentes como outra das culpábeis dos maos hábitos da escrita das persoas máis novas. Así, os medios electrónicos eríxense como os causantes da desvalorización da lingua escrita.

abreviaturas distintivas, que non se trata dun fenómeno moderno e só restrinxido ás xeracións máis novas e que estas non utilizan o código abreviado para redixiren os seus exames. Igualmente, poñen de manifesto que o coñecemento e o uso desta escrita contribúe, máis do que empobrece, para a adquisición de competencias lingüísticas na lingua estándar. De feito, –e como veremos en 3.6.2.1– en Mosquera Castro (2013) tivemos a oportunidade de traballarmos cun grupo de estudantes do ensino secundario sobre a linguaxe SMS e os resultados que obtivemos evidenciaban que eran perfectamente conscientes dos contextos en que estes códigos debían ser utilizados. Aliás, observamos que utilizarmos os novos xéneros discursivos nas aulas melloraba a súa motivación e as súas habilidades lingüísticas. Non obstante, existen aínda moitas persoas críticas, sobre todo no ámbito educativo, que xulgan que este tipo de variedades acabará por reducir as linguas á súa mínima expresión:

Estes novos códigos lingüísticos, porque muitas das veces apenas descifráveis por grupos restritos, conducen à sua difícil lectura ou até incompreensão, para além de perderem riqueza de vocabulário, dado o recurso às palavras mais simples e curtas (Castro 2008:51).

Será inevitable que las frases sean cada vez más breves y se limiten a la expresión de la mera acción o estado y, en consecuencia, se suprimirán las oraciones más complejas. Curiosamente, las únicas estructuras complejas que se envían son completivas desiderativas con “que”, causales y finales. Subordinación de las emociones, los motivos y los fines, las necesidades primarias de todo acto de comunicación (Galán Rodríguez 2007:71)

Cada vez les cuesta máis conjugar formas complejas de los verbos. El subjuntivo prácticamente no se ve en los exámenes. En los mensajes todo es presente, rápido, todo muy inmediato; no se usan tiempos pretéritos ni apenas futuros. (www.perspectivaciudadana.com/edicion_290601/ciencia1.htm).

Antes del chateo, nunca nadie había escrito tanto digitalmente y tan mal. No existe un lenguaje del chat, sino deformaciones de la lengua. Y, en este sentido, si impulsamos el chat como una diversión, estamos discapacitando al alumno. Con este ejercicio de balbuceo de la lengua, que hace un jibarismo (reducción o simplificación) de las expresiones, estamos convirtiendo al chico en un inepto expresivo y, por lo tanto, en un ciudadano de segunda en el futuro⁸⁹⁸.

Consecuentemente, a pesar de que, como sinalamos, recentes estudos confirman que o emprego da escrita abreviada non entorpece a adquisición de destrezas, mais que, polo contrario, favorece as competencias lingüísticas e comunicativas das persoas que a utilizan (Ling 2002, Crystal 2008, Baron 2008 e Crystal 2011), e aínda que o seu estudo xa se está incorporando no ensino de linguas (véxase 3.4.2.1), as valorizacións sobre a linguaxe dos medios dixitais non cesan e, en grande medida, o dito sistema de escrita aínda continúa a ser albo de moitas críticas. Sobre este particular, viran relevantes os resultados obtidos do noso inquérito (véxase Anexo.II) que, na maioría dos casos, certifican as hipóteses catastrofistas: o formulario foi cuberto por 237 persoas e, se ben que o 59% das persoas entrevistadas declaraba utilizar diversos mecanismos de abreviación, o 56% xulga que empregarmos a linguaxe SMS neste medio pode ter consecuencias negativas no nivel de competencia escrita, dado que, na súa opinión, contribúe para potenciar tendencias de mal uso que xa existen, especialmente entre a mocidade. Do mesmo modo, tamén sosteñen que dana a lingua canto que acaba por automatizar diversos erros ortográficos e que, por tanto, empobrece a expresión escrita. Como se observa, estas percepcións son similares ás compiladas por Thurlow (2006) hai case unha década e, do mesmo modo, acabaron por xerar tamén na

⁸⁹⁸ Declaracións do presidente da Academia Arxentina de Letras, Pedro Luis Barcia. Dispoñíbel en <http://portal.educ.ar/debates/eid/lengua/debate/el-lenguaje-del-chat-los-sms-un-nuevo-genero-discursivo.php>. Consultado en 17/08/2012.

sociedade galega un sentimento de pánico moral⁸⁹⁹; así, á pregunta “Consideras que o uso da linguaxe SMS pode ser negativo para ter unha competencia escrita? Por que?” algunhas persoas entrevistadas constestaron o seguinte:

- (1) Si. Pode darse o caso de que asimilemos erros ortográficos ou léxicos mais na competencia escrita non só interveñen estes apartados senón que tamén son moi importantes a comprensión, sintaxe, gramática do texto... En mensaxes curtas é difícil traballar a competencia lingüística aínda que o xeito de escribir pode ser negativo, en certa medida, para ter unha boa competencia escrita.
- (2) Si. A certos niveis (xente moi nova ou con formación escasa) pode contribuír a que non se desenvolva un bo modelo lingüístico.
- (3) Si. Porque o emprego continuado de formas alternativas poden producir problemas para relacionar cal é a correcta.
- (4) Si. Considero que pode ser negativa en canto ao uso da acentuación. Nas SMS non se soen utilizar e pode supor un risco á hora de escribir calquera outro texto.
- (5) Si. A xente deixa de prestar atención aos aspectos formais do idioma. Pode xerar estrañeza ou desconcerto no destinatario, polo que perdería a esencia da mensaxe, que é comunicar.
- (6) Si. Porque empobrece a linguaxe, aínda que por outra banda agudiza o enxeño para dicir máis con menos palabras

Nestas mostras podemos observar como aparecen a maior parte dos tópicos a que antes faciamos referencia: a preocupación pola sobrevivencia da lingua estándar e pola adquisición de destrezas lingüísticas entre os utentes máis novos son os temas sobre o que as persoas centran a súa atención. Mais a pesar de que do punto de vista cuantitativo os datos obtidos do inquérito apoian fundamentalmente as teses apocalípticas, tamén documentamos percepcións máis positivas, na liña do que os estudos máis recentes parecen evidenciar, isto é, que tan só constitúe unha nova modalidade de escrita e que favorece a competencia escrita e fomenta a creatividade lingüística dos seus utentes, como xa se observa en (6). Neste sentido, o restante 44% dos inqueridos considera que as características desta linguaxe presupoñen un coñecemento previo e consolidado da compoñente gramatical e ortográfica da lingua de partida e non á inversa e, da mesma forma, xulgan que agudiza o enxeño e que contribúe para a normalización das linguas, pois reflicte a súa capacidade para se acomodar a novos espazos. Outrosí, este grupo tamén repara en que a razón fundamental que está detrás dunha má competencia é a falta de destreza no proceso de lectura e de escrita e non tanto o uso destes novos códigos:

- (7) Non. Porque penso que para escribir de forma abreviada é preciso ter unha boa competencia escrita e porque supoño que canto máis escribes mellor será o teu nivel nesa competencia, independentemente do sistema de escrita que utilizares.
- (8) Non. Porque cunha formación axeitada debería chegar a unha separación entre rexistros suficiente. Outra cuestión e se, no estado actual da formación secundaria, pode axudar a potenciar tendencias de mal uso que xa existen.
- (9) Non. Non ten nada que ver. Escribir en linguaxe SMS é cuestión de economía lingüística, non indica falta de coñecemento.
- (10) Non. Porque a competencia é independente da forma de transmitires a mensaxe.

⁸⁹⁹ Segundo John Humphrys (2007), as persoas que escriben en linguaxe SMS son “vandals who are doing to our language what Genghis Khan did to his neighbours eight hundred years ago. They are destroying it: pillaging our punctuation; savaging our sentences; raping our vocabulary. And they must be stopped”.

(11) Non. É un método complementario non substitutivo de usos máis formais da lingua, e o uso destas tecnoloxías implicou máis comunicación e hábito de lectura e escrita que non vai en contra dos ditos ámbitos e usos máis formais, educativos, profesionais, etc.

(12) Non. Porque é unha variedade máis da escrita, da mesma maneira que antes se usaba a linguaxe telegráfica. Penso que se tes unha boa formación na escola e no instituto saberás diferenciar os usos escritos. O que si é certo é que hai xente que usa a linguaxe SMS para, por exemplo, participar en foros na rede, o que, do meu punto de vista, é inapropiado. Pero penso que se se fan ben as cousas o uso da linguaxe SMS non é negativo para a competencia escrita, ao contrario: é algo creativo encontrar abreviaturas das palabras, estilo m8, x, qta!, etc.

Ao contrario das críticas que consideran que esta escrita é demasiado anárquica, desregrada e difícil de comprender, os excertos anteriores abren unha nova perspectiva desde a cal analizarmos este fenómeno e serven, do mesmo modo que as investigacións máis recentes, para desmontaren moitos dos mitos que se foron creando ao seu redor e para ilustraren, máis unha vez, que na maioría dos casos “mediatized discourse is often anecdotal or empirically unfounded” (Thurlow 2006). De acordo con Teixeira (2008), “para quem as usa, [as abreviaturas] não podem ser [caóticas], já que quem utiliza um qualquer sistema diferente do padrão o faz com a justificação de assim ser mais fácil comunicar” e acrescenta que, “na verdade, a anarquia (múltiplas formas para o mesmo efeito) é simultaneamente maleabilidade: possibilidade de adaptação a qualquer grau de alteração que os usuários queiram”. Na mesma liña, convén salientarmos que o dito desregramento é máis aparente do que real e que fomenta a creatividade na medida en que ao non existiren regras definitivas, a procura de novos procesos é constante. Por tanto, os sistemas de escrita serán complexos para aquelas persoas inexpertas, mais unha vez iniciadas neles facer parte do sistema, asimilalo e utilizalo é moi doado⁹⁰⁰. E neste sentido, o uso tan xeneralizado da linguaxe SMS constitúe máis unha evidencia, pois se no comezo estaba restrinxido ás faixas etarias máis novas, a súa extensión ao resto dos grupos de idade é actualmente unha realidade, como xa indicamos.

Igualmente, os resultados dos estudos e as opinións dos expertos permiten refutar un dos argumentos máis poderosos utilizado por aquelas persoas críticas contra este sistema de escrita, isto é, a súa vinculación coa mocidade e os seus efectos negativos na adquisición de competencias. O profesorado quexábase con frecuencia de que o alumnado cada vez ten máis faltas de ortografía e rapidamente se aventura a sinalar a comunicación electrónica como a causa principal, para alén dos lamentos por que a xente nova cada vez le menos. Con todo, Mayans (2002) vulga que, contrariamente, é por causa das SMS e do resto dos sistemas de comunicación mediada por computador que unha xeración que practicamente non utilizaba a escrita formal é agora denominada como “text generation”. Seguíndomos Teixeira (2008), os propios adolescentes recoñecen que escriben moitísimas máis SMS do que escrita formal e moitos admiten, inclusive, que esta linguaxe simplificada foi importante para adquiriren a vontade nos dominios escritos (canónicos) da lingua. E isto non deixa de ter un certo sentido se repararmos en que nos sistemas de interacción electrónicos as persoas usuarias pasan moitas horas escribindo de forma activa e cunha intensidade e insistencia moito maior do que en calquera outro ámbito en que utilicen algún tipo de rexistro escrito. Por tanto, independentemente do grao de uso da normativa gramatical e ortográfica, o emprego regular

⁹⁰⁰ A respecto da escrita abreviada, a profesora Maria Teresa de Assunção Freitas indica, nunha entrevista no xornal dixital *Veja.com*, que cando dúas persoas dominan o mesmo código non costuma haber dificultade na troca de mensaxes e subliña que, no entanto, unha persoa que nunca empregou unha linguaxe como esta pode ficar altamente sorprendida e estrañada: “pais e mães podem pensar que é uma escrita errada quando não é: é uma escrita feita para um suporte próprio adaptada para uma determinada situação. Não há erro de ortografia, embora essa linguagem desobedeça à regra culta”. Por esta razón, a substitución de “ch” por “x” ou de “gh” por “w” fai sentido nesse contexto, mais do que representar un erro.

destes medios de comunicación implica un contacto continuado e dinámico cunha variedade de código escrito e cunha infinidade de usuariado deste, a un nivel de dedicación e de interactividade moito máis alto que noutra situación de comunicación escrita na historia da humanidade (Mayans 2002)⁹⁰¹. Nunha liña similar, Crystal (2008:157) declara o seguinte:

I do not see how texting could be a significant factor when discussing children who have real problems with literacy. If you have difficulty with reading and writing, you are hardly going to be predisposed to use a technology which demands sophisticated abilities in reading and writing. And if you do start to text, I would expect the additional experience of writing to be a help, rather than a hindrance.

En consecuencia, parece existir unha ambivalencia certamente sorprendente arredor deste fenómeno: por unha parte, son moitas as protestas sobre as escasas habilidades lingüísticas da xente nova e, por outra, no momento en que aparece unha tecnoloxía que abre novas posibilidades creativas e motivadoras para a lectura e a escrita entre estes grupos de idade, os ditos lamentos aumentan en lugar de se reduciren. Por esta razón, coidamos que os problemas lingüísticos asociados co medio electrónico están sobredimensionados e que os posibles beneficios son en moitas ocasións ignorados. Do noso punto de vista, son moitos os argumentos que poden ser utilizados para apoiarmos esta tese. Así pois, xulgamos que calquera forma de exercitarmos a escrita pode ser eficaz para adquirirmos maior competencia. Na mesma liña, e como veremos en 3.4.2.1, coidamos que calquera sistema educativo que contribúa para desenvolver o noso coñecemento a respecto das diferentes propiedades, estilos e efectos da modalidade escrita pode repercutir de modo positivo na nosa educación lingüística: converteranos en mellores lectores/as –máis sensíbeis aos matices e ás pequenas alteracións– e en mellores escritores/as –pois teremos en maior consideración o noso público. A linguaxe SMS non é, por tanto, diferente de calquera outro modo –innovador no seu momento– de expresión escrita dos que xa se desenvolveron con anterioridade. De acordo con Crystal (2008:158), “it is a type of language whose communicative strengths and weakness need to be appreciated”. Como acontece con cada nova tecnoloxía, as persoas temos de aprender a xestionala. E, embora se detecten problemas en relación co uso das SMS, estes afectan máis a esfera social ou psicolóxica do que a lingüística. Neste punto, vira necesario repararmos no que diversos lingüistas xulgan ao respecto:

El lenguaje xat o sms es una variedad social y lingüística. Como cualquier otra variedad, es completamente legítima y sirve bien para los fines expresivos de sus usuarios. Tiene reglas y principios que hay que cumplir para utilizarla fructíferamente. Claro que estas reglas –y quizá esto irrita a algunas personas– siguen un espíritu diferente del que dicta la Academia Española. Hoy la lingüística se interesa por cómo son y cómo se utilizan las lenguas, no por cómo deben ser. Para los lingüistas así como no hay lengua mejor o peor que otra, tampoco hay variedad lingüística mejor que otra. En ese sentido no considero que el uso de esta variedad implique un empobrecimiento de la lengua (Nino Bariola)⁹⁰²

Internet es una maravilla. Ha revolucionado el mundo de la comunicación en todos los terrenos, también en el personal. Si hablamos de jóvenes, nuestros jóvenes no han escrito más en su vida que ahora, solo que ya no escriben ni en los mismos medios ni de la misma manera, ni con el mismo soporte que antes [...]. Los SMS son una muestra extraordinaria de adaptación de los chavales a un modo de escritura en un soporte complicado que no conocían, que les ha entusiasmado y que les sale rentabilísimo. Si ellos distinguen bien que una cosa es el SMS, otra el Messenger, otra el examen y otra un escrito periodístico, no sólo no arrastrarán problemas sino que enriquecerán nuestra perspectiva de

⁹⁰¹ A pesquisa realizada por parte de Freitas / Costa (2005) demostra que a Internet está levando a xente nova a ler e a escribir máis. Para estes autores, o texto escrito foi redescoberto como unha forma de comunicación e a lectura gañou novos formatos. Para eles existe, na actualidade, unha especie de alfabetización dixital.

⁹⁰²Dispoñíbel en <http://www.larepublica.pe/26-04-2009/el-lenguaje-sms>. Consultado en 20/08/2012.

comunicación. Nunha han escrito ni se han comunicado más los jóvenes que ahora (Ana María Vígara)⁹⁰³

Nas linguas modernas não há somente uma escrita, mas a diversidade dos utensílios tecnológicos e das situações de comunicação implicam a aceitação de níveis de maior ou menor formalidade, traduzida em participações de grau variável no respeito pelo cânone gráfico oficial [...]. A principal “utilidade” (se quisermos usar a palavra) que esta escrita (melhor, estas formas de escrita plurais) tem pode passar despercebida de tão óbvia –e fundamental– que é: demonstra a vitalidade de uma língua, a sua capacidade de adaptação a novas realidades comunicativas. As linguas mortas ou as linguas a que lhes falte dimensão global não têm uma necessidade tão premente de resolverem os seus conflitos com as novas gerações e as novas tecnologias (Teixeira 2008).

Texting is one of the most innovative linguistic phenomena of modern times, and perhaps that is why it has generated such strong emotions –‘a kind of laziness’, ‘an affectation’, ‘ridiculous’– and why we have seen this ‘moral panic’[...]. Yet all the evidence suggest that belief in an impending linguistic disaster is a consequence of a mythology largely created by the media. Children’s use of text abbreviations has been hugely exaggerated, and the mobile phone companies have played a part in this by emphasizing their ‘cool’ character, compiling dictionaries, and publishing usage guides –doubtless, thereby, motivating sales. Texting has been blamed for all kinds of evils that it could not possibly have been responsible for (Crystal 2008:172-173).

O forte antagonismo creado arredor da linguaxe SMS foi, subsecuentemente, fomentado con frecuencia pola (des)información vertida nos medios que, con titulares como os sinalados nas páxinas anteriores, alimentaron toda unha serie de xuízos apocalípticos sobre a influencia das tecnoloxías e que parten de modo fundamental dunha perspectiva prescritiva das linguas. De acordo con Thurlow (2006), levará un tempo erradicar estas percepcións erróneas do sistema de escrita das SMS, ao contrario do que aconteceu coa súa expansión⁹⁰⁴. Esta tarefa desmitificadora vira unha das responsabilidades principais dos lingüistas, que non só a través das súas reflexións persoais, mais tamén grazas a estudos empíricos que lles permitan fundamentar as súas argumentacións, tratan de desmontar estas crenzas populares e de ofrecer un outro punto de vista sobre o fenómeno, baseado en investigacións críticas e rigorosas. Neste sentido, diversos traballos afirman que a linguaxe SMS é menos banal de canto podería parecer: o lingüista Tulio de Mauro sostén que a escrita non só non corre o risco de morrer, senón que ademais establece unha relación máis forte coa fala; de acordo con este autor, o importante é ter descuberto de novo a escrita, unha escrita alegre que reflicte toda a vitalidade desta xente nova; unha forma de escrita descarnada, renovada e orixinal que desexa expresar o presente en toda a súa rapidez (en Betti 2006). Sobre este particular, Somoano (2011:38) subliña que esta é e será a tendencia dominante cando se redixiren mensaxes de texto, mais que a lingua non morre aquí, pois tan só constitúe un rexistro máis do noso idioma que cómpre dominarmos, como calquera outro. Para Somoano, a virtude está na abundancia xusta e xulga que se sabemos aproveitarnos deste novo rexistro conseguiremos enriquecer aínda máis as linguas.

Na mesma liña, os resultados de diversos estudos ofrecen unha imaxe máis positiva deste novo sistema de representación da escrita. Por un lado, Mayans (2002) indica que o perfil das persoas usuarias non é en ningún caso o de descoñecedoras do código normativo do rexistro escrito; igualmente, o antedito autor afirma que fóra destes sistemas de interacción, as persoas non deixan de coñecer nin de aplicaren a lingua estándar. En todo o caso, se se quixese establecer algún tipo de correlación lóxica esta indicaría a hipótese oposta, dado que

⁹⁰³Dispoñible en <http://revista.consumer.es/web/es/20080601/pdf/entrevista.pdf>. Consultado en 13/06/2012.

⁹⁰⁴ Na opinión de Crystal (2011:6), “it does not take long for a myth to be established in the mind of the general public, but it can take a lifetime to eradicate it”.

se trata dun exercicio de escrita intenso e interactivo, con todo o que a interactividade implica para o nivel de penetración pedagóxica dunha actividade. Por tanto, existe un alto grao de voluntariedade na maior parte das “inorreccións” gramaticais e ortográficas que cometen as persoas que utilizan este código. Do noso punto de vista, o resultado máis importante das investigacións é que a linguaxe SMS non parece repercutir negativamente nas habilidades lingüísticas, mais tende para melloralas. Por esta razón, “the more they used abbreviations, the higher they scored on tests of reading and vocabulary. The children who were better at spelling and writing used the most textisms. And the younger they received their first phone, the higher their scores” (Crystal 2011:5). Como veremos en 3.4.2.1, na actualidade existe un maior coñecemento sobre as posibilidades educativas da linguaxe SMS e en moitos casos xa se están a aproveitar.

Ao contrario dos medios de comunicación que, como vimos, conseguen proxectar unha imaxe determinada en moito pouco tempo, os filólogos e os lingüistas teñen de crear bases de datos con múltiples exemplos, publicitaren os seus resultados e tentaren establecer un clima máis positivo⁹⁰⁵. Sería tamén relevante que contribuísen no contexto educativo, suxerindo diversos modos en que a Internet e, máis concretamente as mensaxes de texto, poden ser introducidas nas aulas como unha forma de facilitar a aprendizaxe lingüística. No entanto, concordamos con Thurlow en que estes especialistas non deben contribuír de maneira profesional aos debates que teñen lugar na esfera social, psicolóxica ou legal; é obvio que en tanto que seres humanos tamén poden ter unha opinión persoal ao respecto, mais esta non debe interferir na súa experiencia como lingüista⁹⁰⁶. Neste sentido, ao longo destas páxinas observamos que, en liñas xerais, os expertos ven na Internet unha notábel expansión das oportunidades expresivas dispoñíbeis para as linguas e que exceden con moito aquelas que tiveron lugar coa chegada da prensa ou da radiodifusión. Os medios anteriores introduciron novas variedades lingüísticas, como os anuncios, os artigos, os comentarios deportivos ou as previsións meteorolóxicas; e algo similar aconteceu coa Rede, como demostran as novas modalidades cal o correo electrónico, o chat, as SMS ou as redes sociais. A diferenza é que a Internet permite abarcar moito máis do que os antecitados medios –a que engloba– e muda dun modo máis rápido (Crystal 2011:7). Consecuentemente, será necesario aprendermos a controlalo e tirármolle o maior partido posíbel non só aos contidos que por ela circulan, mais tamén á lingua en que o dito contido se expresa.

3.4.2. A linguaxe SMS e outros ámbitos

Ao mesmo tempo que se foron creando as fortes críticas en relación á linguaxe SMS –nalgúns casos produto de exaltacións melancólicas polo pasado e noutros por unha certa fascinación futurista–, houbo igualmente algúns sectores que xa no inicio se decataron das posibilidades que este fenómeno lingüístico podería ter nos seus respectivos contextos.

⁹⁰⁵ Seguindo Thurlow, “future research should pay greater attention to the linguistic and orthographic dimensions of CMC and undertake more situated analyses of actual CMD practice. This might also be done with larger surveys of diverse populations as a means of assessing the validity of claims made in the media, especially as they concern the nature of CMD. It follows, however, that any scholarly research also needs to be accompanied by a more concerted effort to publicize its finding, if rigorous, empirical perspectives are more effectively to challenge the persistent attitude of concern and negativity surrounding the impact of new media on language and social life”.

⁹⁰⁶ Porén, en tanto que é probábel que a linguaxe SMS se erixa nun fenómeno global perdurábel nas novas formas de comunicación do século XXI, para alén de acharmos necesario examinar as súas particularidades desde unha perspectiva lingüística, tamén xulgamos conveniente determinarmos a súa utilidade como ferramenta de transformación social (Perea / Acha / Carreiras (2009:54). Véxase 3.4.2.

Nestas esferas a nova grafía dixital emerxeu como unha escrita creativa e orixinal, máis do que como un código deturpado. Por esta razón, na presente epígrafe analizaremos todos aqueles ámbitos en que a linguaxe SMS ten cabida na actualidade. Por un lado, porque xulgamos que contribúen para dotar de normalidade esta variedade de representación gráfica e, por outro, porque permiten desmitificar en certo modo, as percepcións negativas e, por súa vez, ampliar o noso coñecemento sobre a proxección dun fenómeno lingüístico fortemente criticado, mais sobre o cal pouco se ten reflectido.

3.4.2.1. Linguaxe SMS e ensino

As percepcións apocalípticas sobre este sistema de representación gráfica teñen de ser entendidas no contexto a que xorden asociadas. Nestes medios, o feito de seren as crianzas e a xente nova as faixas etarias que máis utilizan esta variedade sobredimensiona en grande medida estes medos. En consecuencia, moitos dos titulares que podemos achar no discurso mediático “attends to the perceived communicative paucity of young people and both ‘teen-talk’ and ‘netlingo’ (or ‘webspeak’) are often blamed for supposedly negative impacts on standard or ‘traditional’ ways of communicating” (Thurlow 2003). O grande suceso deste sistema de interacción entre un sector da poboación que se encontra aínda nunha fase de adquisición e de perfeccionamento da competencia comunicativa e das habilidades lingüísticas no código estándar –sobre todo no relativo á linguaxe escrita– provocou que saltasen as alarmas, tanto do público xeral, como por parte do colectivo lingüista e do profesorado. Como xa anunciamos en 3.4.1, algunhas persoas coidaban que nestas circunstancias explorarmos novas formas de representar a escrita podería impedir que se adquirise de forma adecuada a linguaxe estándar⁹⁰⁷. Lembremos que algúns autores, cal John Sutherland, sinalaban que este código simplificado podería chegar a provocar dislexia, preguiza mental e unha escrita pobre. Neste punto, a linguaxe SMS é calificada no ámbito educativo como un problema, porque afecta non só a compoñente ortográfica da lingua, mais porque tamén acaba por unificar rexistros e é utilizada polo alumnado para realizar traballos ou exames escolares. Como vimos na sección anterior, estas críticas fundaméntanse en casos isolados –como o da rapariga escocesa– aparecidos na prensa, e son os medios os que crean alarmas ao afirmaren que isto acontece cada vez con maior frecuencia nos niveis básico e medio e inclusive tamén nos primeiros anos da formación universitaria.

No lado oposto sitúanse aqueles que, como “The Man of Txt” (2005:2), xulgan que as SMS achegan á mocidade un “medium that encourages them to explore and play about with the use of language at a time when they are still learning about correct punctuation, grammar and the overall structure of their syntax”. Este sector optimista considera que o feito de constituír unha nova variedade de representación escrita da lingua non implica que vaia substituír a variedade estándar; simplemente, xorde motivada polas propias características do soporte dixital en que se orixinou. Para alén disto, non se pode considerar a variación como un aspecto negativo das linguas, pois trátase dun trazo inherente a todos os idiomas que, como produtos sociais que son, mudan en función de diferentes factores. Así as cousas, é probábel que o uso das mensaxes de texto, do correo electrónico, dos chats ou de calquera sistema de interacción electrónica chegue a afectar as linguas, na medida en que como tratamos en 2.1, son entes vivos e dinámicos en constante evolución. Por tanto, coidamos que

⁹⁰⁷ Com base no exposto en Somoano (2011:39), semella existir a idea –desde a nosa perspectiva errónea– de que os nados antes de 1985 souberon compatibilizar o novo rexistro co antigo, sen que aquel comezase a influír de modo negativo na súa escrita noutros contextos, mais que as novas xeracións, isto é, aquelas que aínda non teñen asimilado o rexistro normativo, están tendo e terán maiores dificultades para dominar os diferentes rexistros dunha lingua.

o problema fundamental non debería asentar nestas modificacións. Asumíndomos o sinalado en 1.2.4.3 e en 3.1.1.1, neste momento son as xeracións máis novas as que utilizan con maior profusión este medio e, consecuentemente, a implantación das TIC e –para o caso que nos ocupa– das SMS desde as primeiras etapas educativas melloraría as competencias –lingüísticas e non só– no uso destas aplicacións e unha maior discriminación de rexistros e modalidades⁹⁰⁸.

Como xa notamos, esta escrita cumpre finalidades esencialmente comunicativas nun contexto específico e, neste sentido, xulgamos que os utentes –incluídos tamén os máis novos– saben adaptar a novas situacións interactivas máis formais outros modelos de escrita. A este respecto, concordamos con Teixeira (2008) en que vira necesario que a escola e a tradición gramatical comecen a distinguir e a aceptar como naturais distintos usos ou niveis de escrita conforme as varias situacións de comunicación gráfica, de igual modo que acontece cos niveis orais de lingua. Debemos ser conscientes de que a escrita non é só unha e que, por tanto, non podemos encarar todas as situacións do uso do código escrito como esferas formais de comunicación. Para este autor “se nos últimos séculos (ou milénios) isto assim era, com o surgir das novas tecnoloxias a situação alterou-se radicalmente, desempenhando hoje, a escrita, funcionalidades diversas e diversificadas relativamente ao cânone tradicional”. Do noso punto de vista, todo aquilo que demostra fortaleza nunha lingua, neste caso o galego, e que favorece a súa dinámica e a súa permanencia é positivo e, por este motivo, achamos que, en lugar dun purismo que se posicione só do lado do código gráfico canónico e que considere a variedade ortográfica tradicional como única forma de escrita aceptábel, sería moito máis útil que tanto a norma, como a gramática e, en consecuencia, tamén a escola recoñecesen validez na vitalidade que estas novas formas de representación de escrita conceden para a lingua.

Resulta evidente que isto non significa substituírmos o sistema gráfico normativo pola linguaxe SMS ou por calquera código simplificado que –embora presente algunhas regras– estea gobernado principalmente por metodoloxías da instantaneidade. O canon sempre será o canon, isto é, “o traje formal. Só que nem sempre o traje formal é o mais adecuado. Por vezes, uma roupa mais desportiva (ou mais íntima) não faz mal a ninguém” (Teixeira 2008). Consecuentemente, coidamos que a socialización e a normativización lingüística que compete ao ámbito educativo non debería esquecer esta vertente dos novos usos da lingua e, moito menos, consideralos un atentado contra a lingua, por non seren normativos (Crystal 2004:101). Así, da mesma forma que acontece coas variedades dialectais que non foron incluídas no estándar, mais que son igualmente lexítimas, podería ser moito máis beneficioso que o profesorado, cando menos o de lingua, aprendese a traballar con estas novas formas de expresión e as introducese nas aulas no marco das variedades e dos rexistros da linguaxe que todos os idiomas posúen. Constituiría un modo de controlar e mesmo de orientar as ditas novidades e de evitarmos hibridismos. Nesta liña, xa Teixeira (2003) afirmaba que

⁹⁰⁸ Sobre este particular, Claudia Fino, nunha entrevista na prensa, sostén que o punto que debe ser focalizado é o lugar que o ámbito educativo concede a esas transformacións e de que modo estas tecnoloxías son incorporadas ao ensino: “particularmente, que los adolescentes acorten las palabras, incorporen términos de otras lenguas, usen abreviaturas y signos personales, eliminen las vocales en sus mensajes y en sus manifestaciones lingüísticas interpersonales, me resultan incorporaciones propias a un sentido de pertenencia que debe existir, que es necesario tanto en las franjas etarias como en los grupos con gustos y afinidades específicas, las tribus, etc. Siempre los hubo, cada generación con la tecnología que le toca vivir. Ahora, lo que se complica es la adecuación y la no visualización de dónde se utiliza cada código”. Véxase <http://www.elcastellano.org/ns/edicion/2008/noviembre/adolescens.html>. Consultado en 21/0/2012.

na continuidade de uma longa tradição em que a língua estudada na aula não interessa a língua da rua, o escrevente juvenil sente que a escola não tem nada a ver com a forma como ele escreve SMS. E então, nesta forma que considera própria, investe os sinais que considera de maior prestígio no acto de comunicar, entre os quais, frequentemente, a informação que domina (muitas vezes mais aparente do que realmente) a língua que está omnipresente nas suas actividades preferidas: o inglês. E assim, enquanto as SMS inglesas são escritas apenas em inglês, muitas das escritas na língua portuguesa acabam por adquirir um hibridismo mais snobe do que criativo e que desfigura qualquer tentativa de uma construção morfo-sintáctica num português aceitável.

Perante esta situación achamos que, cando menos, existen dous camiños posíbeis: a escola pode tomar unha actitude tradicional e vulgar que o seu obxectivo nas aulas de lingua é ensinar a variedade padrón do código escrito e, por tanto, este fenómeno lingüístico e comunicativo non presentaría o maior interese, ou poderíamos aproveitar esta realidade para nos achegarmos ao funcionamento das linguas. Noutras palabras, os e as docentes deben escoller entre ou ben alzaren as voces en ton apocalíptico reivindicando a corrección perdida e denunciando este tipo de aberracións gramaticais, ou ben aproximárense destas novas modalidades textuais e aproveitaren de forma didáctica aqueles aspectos que permitan que o alumnado mellore a súa competencia comunicativa e, en última instancia, que amplíe os seus coñecementos. Nesta liña, Torres i Vilatarsana (2002) salienta que obviarmos os novos sistemas de escrita nas aulas de lingua viraría moito máis problemático, dado que se trata dun rexistro moi utilizado polo alumnado; quere dicir, o feito de o profesorado non considerar este código de interese e só presentar o rexistro ideal –isto é, a norma–, e case sempre a través do texto literario, terá como consecuencia que os e as discentes fiquen coa idea de que as materias de lingua que se imparten na escola nada teñen que ver cos usos lingüísticos que encontramos no noso día a día⁹⁰⁹.

De igual modo que desde diversos foros se fai referencia á necesidade de actualizarmos a práctica docente introducindo diversas aplicacións informáticas e utilizando novos sistemas de interacción como bitácoras, redes sociais ou wikis desde unha perspectiva metodolóxica de intervención na aula, convén que a didáctica da lingua corra paralela aos novos tempos e se faga eco das novidades no seu campo tamén no referente aos contidos. Até este momento o concepto niveis de lingua empregábase de modo fundamental para facer referencia á oralidade, dado que até o aparecemento e o uso xeneralizado destas formas de comunicación gráfica, o rexistro escrito coincidía, en liñas xerais (véxase 1.1.3), con contextos de certa formalidade onde a persoa emisora e a receptora non partillaban un mesmo espazo físico. Mais a recente aparición do discurso electrónico e, máis concretamente, da linguaxe SMS, veu alterar este proceso. En relación con isto, Teixeira (2003) afirma que neste punto a noción de “nível de escrita” poderá ser útil do punto de vista didáctico na medida en que permite que o profesorado de lingua non desbote para fóra da sala o tipo de escrita que o seu alumnado máis utiliza. Na súa opinión, deste modo terá a oportunidade non só de facer con que se poida admitir dentro da súa especificidade esta modalidade gráfica, mais tamén, a partir dela, mostrar algúns dos aspectos do funcionamento do propio sistema lingüístico e mesmo até o corraxir para o mellorar –embora pareza escandaloso desde unha perspectiva de purismo lingüístico. Igualmente, usarmos este tipo de textos favorece que o estudantado sexa consciente da vitalidade da lingua e permítelle reflectir sobre os elementos

⁹⁰⁹ Sobre este particular, Teixeira (2003) sinala que a idea de que a lingua real de comunicación do día a día non ten grande interese, quer para a escola, quer para a ciencia, permanece no estudantado inclusive até a entrada na Universidade, tamén naqueles que estudarán linguas Así, nun breve inquérito feito ao alumnado do primeiro ano dos cursos de Letras da Universidade do Minho, en Outubro de 2002, perante a cuestión “que pensa que a Lingüística debe estudar?”, que contou con tres opcións de resposta, só o 20% escolleu a resposta “o funcionamento normal da lingua do día a día”, en canto a porcentaxe restante se dividiu entre “a lingua portuguesa correcta” cun 60% e “a lingua portuguesa correcta sobre todo a dos textos literarios” cun 20 %.

do proceso comunicativo, sobre os diversos rexistros e sobre factores de variación como o contexto, a idade ou o sexo; favorece tamén traballarmos a síntese, a interpretación, a elocuencia lingüística etc.

Non cabe dúbida de que este proceso –a un tempo creativo e simplificador da escrita– cautiva a faixa etaria en que se encontra o noso alumnado, de forma que o profesorado de lingua non ten ningunha oportunidade de impedir o seu uso; ao contrario, as críticas negativas que este fenómeno lingüístico recibe contribúen para o tornar máis atractivo entre a xente nova que o adopta, como xa sinalamos en 3.1.1, cal unha forma de identificación do grupo. De acordo con Crystal (2004:101), ao se tratar dunha resposta práctica á limitación de 160 caracteres das SMS, existen poucas razóns para o seu uso fóra deste medio, pois nese caso perdería a súa función identitaria. Por tanto, xulgamos intelixente aproveitarmos as súas características para explicarmos que a escrita das SMS non pode ser utilizada cando rediximos un romance ou un artigo de xornal, isto é, para incidirmos en que unha lingua debe procurar sempre o equilibrio entre o mínimo de esforzo e o máximo de eficiencia. Con base no exposto en Perea / Acha / Carreiras (2009:52-53), é importante resaltar que a linguaxe SMS emprega abreviacións que de modo implícito teñen en consideración a redundancia da lingua escrita, mais tamén que canto máis se abrevia un sinal maior será o esforzo de decodificación e maiores as posibilidades de erro. Así, por exemplo, ao redixirmos nunha SMS *m8* a persoa receptora será a que teña que descubrir se é *moito*, *moita*, *moitos* ou *moitas*; e se ben que nas mensaxes de móbil isto non supón na realidade un problema, si pode selo noutros (con)textos. Por tanto, xulgamos que podería ser máis proveitoso que o alumnado (re)coñeza que existen diferentes formas de escrita e que estas se utilizan en determinadas situacións comunicativas, do que simplemente reprobar todas as variedades que non fagan parte do canon.

Esta visión positiva e necesaria do fenómeno SMS xa está a ter consecuencias no ensino de linguas, pois estanse a xerar mudanzas que permiten introducir as novas modalidades textuais e as súas linguaxes dentro do curriculum das materias. A pesar de que no ensino de linguas propias aínda non está asentado, a utilización destes recursos para o ensino de linguas estranxeiras é moi frecuente e existen na web numerosas propostas de actividades para traballaren estes aspectos nas aulas de ELE (véxase González-Bueno / Pérez 1999, Pérez Felipe 2003, Costa Bravo / Jiménez Gómez / Vela Delfa 2003 e Domínguez Cuesta / Mejuto Urrutia 2004). Neste tipo de iniciativas, as SMS constitúen un bo (pre)texto para ensinaren, alén do xa comentado, as relacións nin sempre obvias entre o plano gráfico e o fonético, que a escrita tradicional non ten como finalidade única representar os sons, que cada letra nin sempre corresponde a un son e que, á inversa, cada son nin sempre é representado pola mesma letra. Igualmente, a creatividade lingüística dalgunhas estratexias da escrita SMS poden ser tamén utilizadas para faceren referencia a certos procesos morfolóxicos e sintácticos do galego. Por exemplo, nunha escrita que tende á simplificación esperaríamos unha menor presenza de sufixos apreciativos que non engaden un aspecto significativo ao contido da SMS e que contribúen para gañaren espazo. No entanto, vira sorprendente a frecuencia con que o diminutivo *-iño* (véxase 3.2.2.2.4) aparece, nomeadamente nas fórmulas de despedida. Por que non utilizarmos, pois, este fenómeno como un modo de estudar a importancia dos mecanismos de derivación e sobre todo o papel fundamental que desempeñan os diminutivos e, máis en concreto, o dito sufixo na lingua galega⁹¹⁰? Fronte ás aproximacións tradicionais, estes novos usos, a súa frecuencia e os seus

⁹¹⁰ No caso da lingua portuguesa desenvolveuse un fenómeno inédito nos procesos normais de redución lexical en que por regra xeral o radical ou lexema constitúe a parte estábel e intocábel da palabra. Así, a forma de

valores semántico-pragmáticos (véxase Freixeiro Mato 1996) poden favorecer o seu estudo nas aulas de linguas.

Como sinalamos en 3.4.1, de igual modo que é tarefa dos lingüistas contribuíren co seu traballo para erradicar as percepcións erróneas sobre este fenómeno, será parte do noso labor como docentes facer que o alumnado diferencie, dentro das alteracións a respecto da escrita padrón, os procesos creativos e voluntarios que se producen nunha variedade lingüística como a das mensaxes de texto dos erros cometidos por ignorancia. Na nosa opinión, a aula de lingua viraría moito máis atractiva para o alumnado se recollese os seus materiais e tivese en conta os seus intereses e, para alén disto, permitiríalle comprender mellor a totalidade do proceso de escrita⁹¹¹. Trátase de ponderarmos os vínculos entre a reflexión en lingua e literatura e o contexto sociocultural de hoxe en día para que o alumnado se interese e participe, dado que el mesmo é protagonista da propia evolución lingüística, razón pola cal coidamos que se sentirá máis motivado e que xulgará que a súa opinión é relevante. Neste punto, subscribimos todas e cada unha das palabras de Teixeira (2003):

Por que não aproveitar o fascínio, o interesse e o uso das SMS para trabalhar a faceta que aparentemente as mesmas mais “atacam”: a escrita formal? Em vez de exorcizar para fora da aula de língua a forma da língua escrita mais divergente (ou criativa?) seria talvez melhor mostrar que contextos de comunicação diferentes admitem processos diferentes e que para os tradicionais **níveis de língua** a tecnologia vai impondo diferentes **níveis de escrita**. Estas novas formas de escrita podem ser explicadas e orientadas pela escola ou então crescerem e desenvolverem-se caoticamente. A mesma escola pensar que as impede, é pura ilusão. Até porque as mensagens SMS são a resposta mais evidente àquelas teorias que duvidam que o que é mais importante numa mensagem é comunicar [**en negra no orixinal**].

A respecto desta nova perspectiva sobre a escrita electrónica e a linguaxe SMS, convén subliñarmos diversas iniciativas que permiten termos unha idea clara da nova variedade gráfica e que recollen todas as súas características. Unha das primeiras, non sen polémica no Reino Unido, foi a que realizou o dicionario Collins, que xa introduciu os termos SMS máis coñecidos entre as súas páxinas. No Estado español, a RAE para o español e a RAG para a lingua galega aínda non se pronunciaron sobre esta cuestión, mais tamén existen propostas similares ás do Collins. A este respecto, editáronse algúns dicionarios como *Mnsjs d txt* (Poole / Lloyd 2001) para o español e *Dicionário da Internet e do Telemóvel* (Benedito 2003) para o ámbito galego-portugués, onde se poden encontrar as abreviaturas máis empregadas polo usuariado das tecnoloxías comunicativas. Na mesma liña, a Asociación de Usuarios da Internet (AUI), en colaboración con outras entidades como MSN, Movistar, Vodafone e Orange, crearon o primeiro dicionario online que permite consultar termos en varios idiomas, incluído o galego⁹¹², o catalán e o español. Para a lingua galega, alén das xa sinaladas, tamén existen diversos glosarios ou catálogos online en que se recollen os termos máis habituais; entre eles cómpre destacarmos o de *Vieiros* (<http://especiais.vieiros.com/letras2004/dicionariosms.php>) ou aquel que figura na web de

saudación *beijinhos* aparece abreviada, segundo Teixeira (2003), do seguinte modo: *jinho*, *jinhos* ou *jinhox*, o que igualmente serve para o estudantado reflectir sobre os procesos de creación lingüística.

⁹¹¹ Neste sentido, embora sexamos conscientes de que o perfil de usuariado debuxado en 3.1.1.1 indica que se trata de persoas comprendidas entre os 15 e os 25 anos –o que en idade escolar se correspondería co último ciclo da ESO, o Bacharelato e o ensino universitario– coidamos apropiado traballarmos con este tipo de textos desde as primeiras etapas educativas, pois na actualidade o seu uso está a se estender entre as faixas etarias inferiores, nomeadamente en determinadas capas da sociedade.

⁹¹²

Véxase

http://www.diccionariosms.com/contenidos/sms_index.php3?body=consultarsms&idioma_termino=Galego. Consultado en 21/08/2012.

ogalego.eu (http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/textos/sms.htm). Cunha orientación similar, tamén as gramáticas máis actuais dedican algunhas páxinas a estes novos fenómenos: no ámbito galego tórnase necesario citarmos o traballo de López Viñas / Lourenzo Mória / Moreda Leirado (2010:520), en que se analizan estas novas modalidades discursivas como máis un ámbito de descrición lingüística.

No tocante aos dicionarios SMS, convén termos presente que nin sempre os seus obxectivos son puramente descritivos. En moitas ocasións, a creación de glosarios cos termos máis frecuentes desta linguaxe responde, máis do que a unha vontade normalizadora –como acontece coas iniciativas anteriores–, á necesidade de pautar e de controlar un código que en aparencia parece críptico e caótico. Así, en Betti (2006) indícase que a fixación de normas para este sistema contribuirá para crear un código de comportamento que acabe coa variación e que o faga accesíbel e comprensíbel para aqueles sectores da sociedade onde esta linguaxe suscita maiores medos, isto é, entre os pais e as nais e entre o profesorado. Con todo, concordamos con Crystal (2008:27) en que a norma principal da linguaxe SMS é a diversidade: a novidade destes códigos implica que as persoas usuarias están aínda nas primeiras fases de traballo coas regras que deberían gobernar as súas formas e funcións. Como puidemos notar en anteriores seccións (véxase 3.2 e 3.3), existen múltiples estratexias que permiten conseguir os obxectivos deste código –quere dicir, a procura de rapidez, a economía e a eficacia comunicativa–, mais o modo en que estas se utilizan ou a escolla entre uns recursos ou outros é unha decisión exclusiva –e na maioría dos casos espontánea– da persoa que redixir a SMS en cada momento, motivo que permite explicarmos a grande variación que presentan algunhas abreviaturas, inclusive cando se trata de representarmos un mesmo termo. Por tanto, xulgamos que regularmos ou oficializarmos unhas formas en detrimento doutras iría en contra de moitos dos fundamentos en que se basea este código, sobre todo no que respecta á creatividade lingüística do usuariado, que se vería fortemente limitada.

Con independencia da finalidade con que foron creados os glosarios, dicionarios e catálogos que hoxe en día existen sobre a linguaxe SMS, o certo é que todos eles, en maior ou menor medida, contribuíron para nos achegar deste fenómeno lingüístico e, neste sentido, dotárono de certa normalidade e motivaron unha aproximación ás linguas e ás súas variedades moito máis didáctica e explicativa, que non só prescribe certos usos como correctos, mais que tamén xustifica os porqués das diferentes regras e das diferentes modalidades lingüísticas, neste caso, gráficas. A súa aparición constitúe, do noso punto de vista, un intento por virar esta nova realidade nun tema actual e relevante no marco da reflexión en lingua que evite que sexa ignorada e que favoreza un mellor coñecemento das súas propiedades. Trátase, en consecuencia, de dar resposta a todas aquelas persoas que escriben na Internet ou que utilizan as SMS para se comunicaren ou tamén aquelas que se queiran introducir nesta esfera lingüística; deste modo, constitúen igualmente, obras de consulta que complementan a aprendizaxe nas aulas. E inclusive chegados a este punto, a escola non estaría a ensinar algo totalmente novidoso, pois “many websites are already making texters aware that there are some situations in which it is inappropriate to use texting abbreviations, because they might not be understood” (Crystal 2008:158). Porén, parece necesario que desde o propio ámbito educativo se comece a traballar con esta nova realidade, dado que para moitas persoas –e sobre todo para o alumnado– constitúe xa un hábito lingüístico.

Mais, como xa indicamos, o certo é que non existe, nin moito menos, un acordo unánime entre os membros da comunidade educativa. Neste sentido, as primeiras iniciativas didácticas que se coñecen suscitaron unha forte polémica que axiña foi filtrada polos medios,

fenómeno que, como vimos en 3.4.1, contribuíu máis se cabe para avivar este tipo de discurso. Unha delas levouse a cabo nunha escola de Victoria, en Australia, onde se incorporou unha unidade didáctica dedicada ás mensaxes de texto como unha opción na programación da materia de inglés para o estudantado de idades comprendidas entre os oito e os dez anos. Este proxecto foi inmediatamente condenado por un alto cargo, a ministra de educación na altura, Julie Bishop, que reclamou urxentemente un retorno aos coñecementos básicos⁹¹³. Entre as actividades deseñadas para a unidade didáctica, o alumnado tiña de traducir SMS, escribir glosarios de abreviaturas e comparar a lingua das mensaxes de texto con aquela que aparece nos rexistros escritos máis formais. No lado oposto, nas aulas dalgúns países como o Reino Unido –e non só– o estudo comparativo entre as variedades estándar e non estándar constitúe hoxe en día un exercicio lingüístico moi frecuente e valorizado⁹¹⁴. E non é de estrañar, xa que en termos de adquisición da linguaxe este tipo de actividades centradas no desenvolvemento do sentido de adecuación lingüística viran fundamentais –básicas–, ao contrario do que Bishop xulga.

Mais non é preciso saírmos do contexto galego para acharmos críticas similares a respecto da linguaxe SMS. Nestes medios, na páxina web do Bairro das Roseiras da Coruña aparece o seguinte titular “Nin galego, nin castelán, nin inglés: a ‘linguaxe SMS’ obrigatoria no ensino primario”⁹¹⁵. Aquí alúdese aos contidos dun libro de lingua galega, da editorial Santillana de cuarto de primaria, en que aparecen, entre outras actividades, exercicios sobre este novo sistema de representación escrita, como ilustra a figura 16. A persoa que redixe esta entrada afirma, na liña do que observamos en 3.4.1, que non pretende levar a debate unha cuestión idiomática –ao contrario do que podería parecer en primeira instancia ao lermos a cabeceira, que parece aludir ao conflito do Decreto de Plurilingüismo de 2010– mais da necesidade e do inapropiado que ese tipo de contidos resulta para unha faixa etaria –crianzas entre os 8 e os 9 anos– que está aínda nunha fase de consolidación da ortografía padrón. Do seu punto de vista, trátase dun tema pouco pertinente e considera que existen formas alternativas e máis convenientes de motivar o alumnado na análise textual. O debate nesta plataforma dixital non se fixo esperar e, embora existan algunhas opinións que dalgún modo tentan desdramatizar esta cuestión⁹¹⁶, a maior parte dos comentarios concordan coa percepción catastrofista que figura no texto inicial. Así, a introdución destes contidos enmárcase como máis un exemplo da degradación e do retroceso non só do ensino, mais tamén dos valores fundamentais da sociedade⁹¹⁷.

⁹¹³ Dispoñíbel na seguinte ligazón: <http://www.abc.net.au/worldtoday/content/2006/s1760068.htm>. Consultado en 22/08/2012.

⁹¹⁴ Sobre este particular véxase o *Report of the Committee of Inquiry into the Teaching of the English Language [The Kingman Report]* publicado en 1988 ou Williams (2007).

⁹¹⁵ Dispoñíbel na seguinte ligazón <http://www.barriodelosrosales.es/2010/02/ni-gallego-ni-castellano-ni-ingles-el-lenguaje-sms-obligatorio-en-primaria.html>. Consultado en 13/07/2012.

⁹¹⁶ “A mí no me parece mal que en una página de un libro de lengua se hable del lenguaje de móvil. Porque, a quien le guste y a quien no, es algo actual y a lo que se le da uso. La gramática es un rollo, hasta la gente que estudia filología lo acepta: se aprende más gramática leyendo unos libros que aprendiendo reglas de memoria. Pero bueno, a lo que viene al caso, por saber que EXISTE ese tipo de lenguaje no se va a producir una mayor incidencia de faltas de ortografía ni nada parecido”. (Comentario nº21).

⁹¹⁷ Na mesma liña, Hernández Campoy (1993:32-35) sinala que algo similar aconteceu coas variedades diverxentes da estándar. Así, afirma que a estratexia “Eliminación da fala non estándar” foi unha constante durante moito tempo na política lingüística de diversos países. Esta práctica trasladárase igualmente ás aulas, onde non se consideraba pertinente ensinar ás crianzas as formas lingüísticas que non viñesen recollidas nas normas. A este respecto, Sánchez Rei (2011:528-529) xulga que “o labor do profesor ou da profesora de lingua non debe guiarse pola eliminación dos fenómenos dialectais presentes no estudantado [...], mais na procura de que sexa capaz de asimilar o estándar sen renunciar ao uso natural da súa variedade local”.

Sobre este particular vira de especial relevancia a entrada aparecida en novembro de 2006 na Wikipedia, intitulada “New Zealand students able to use txt language in exams”⁹¹⁸, que sostén que a New Zealand Qualifications Authority (NZQA) anunciou que a versión simplificada da lingua inglesa e coñecida como linguaxe SMS sería aceptada nos exames previstos para o final de ano. Este tipo de afirmacións revela unha clara finalidade, isto é, provocar a obxección e o clamor popular perante un feito que a propia NZQA non tardou máis do que unhas horas en desmentir, como se deduce do seguinte comunicado aparecido na súa páxina web⁹¹⁹:

The Qualification Authority is actively discouraging candidates in NCEA exams from using abbreviations, including text-style abbreviations. Deputy Chief Executive, Qualifications, Bali Haque said there had been no change in the Authority’s policy in regard to use of abbreviations in examinations. Where an examination requires candidates to demonstrate language use –i.e. sentence structure, grammar, spelling– they would be penalised for using abbreviations, Mr Haque said...[because] use of abbreviations creates a risk of answers not being understood (extraído de Crystal 2008:160).

En consecuencia, a mellor maneira de desmentirmos, matizarmos ou refutarmos este tipo de (des)información é non só recorreremos a expertos na materia –como fixemos nas páxinas anteriores–, máis tamén e, sobre todo, a investigacións sólidas neste ámbito. E neste punto, grande parte dos estudos en materia educativa está comezando a demostrar –embora sexa un proceso lento– que a linguaxe SMS contribúe, na realidade, para mellorar as habilidades lingüísticas. Cómpre salientarmos que estes traballos son aínda cuantitativamente pouco relevantes e que están realizados sobre mostras que, se comparadas con outro tipo de análises, poderían resultar pouco representativas, motivo por que debemos ser prudentes nas nosas conclusións. Con todo, estas investigacións e os seus resultados viran significativos na medida en que debuxan unha outra fotografía deste fenómeno, quere dicir, que non só non é prexudicial para as competencias escritas do noso alumnado, mais que inclusive podería axudar na súa adquisición. Así, na Revista *Wired Magazine*, o escritor Clive Thompson fai referencia a un estudo levado a cabo por investigadores da Universidade de Stanford (EEUU) e dirixido por Andrea Lunsford, que se realizou ao longo de cinco anos (2001-2006) e en que se analizaron 15.000 escritos de alumnado universitario –ensaios académicos, traballos de aula, correos electrónicos, publicacións en bitácoras, redes sociais e salas de chat⁹²⁰. Os datos que achega este traballo cuestionan o pánico xeral de que falamos en 3.4.1, xa que as pesquisas realizadas determinaron que a xente nova escribe moito máis do que as anteriores xeracións –reparemos, neste punto, en que a comunicación na Internet está fundamentalmente baseada en textos– e que, igualmente, sabe como adaptar o seu manexo da lingua á audiencia con que se relaciona⁹²¹.

⁹¹⁸ Véxase http://en.wikinews.org/wiki/New_Zealand_students_able_to_use_txt_language_in_exams.

⁹¹⁹ Véxase <http://www.nzqa.govt.nz/>.

⁹²⁰ Este artigo está dispoñíbel en http://www.wired.com/techbiz/people/magazine/17-09/st_thompson. Consultado en 24/08/2012. Outrosí, estas dúas referencias viran máis unha mostra da grande expectación que levanta ese fenómeno e a cantidade de sitios web en que esta nova é recensionada: <http://intrigapersonal.wordpress.com/2009/09/03/stanford/> e <http://www.newyorker.com/online/blogs/books/2009/09/a-new-literacy.html>.

⁹²¹ A este respecto, Freudenberg (2009:51) afirma no seu estudo sobre o impacto das SMS no contexto escolar que “the samples of written work did not contain a far greater number of incidences of SMS speak features. It seems that the general lack of SMS speak in the written work of these learners is a result of being able to assess when it is and is not appropriate to use a certain variety of language. These learners are proficient in SMS speak and use it when chatting to friends, but they can produce written work that adheres to the formally approved standards of written high school English”.

No entanto, non se trata dunha investigación isolada sobre este fenómeno, pois no mesmo artigo Thompson presenta tamén os resultados doutro estudo da Universidade de Alberta (EEUU) que demostra que o modelo lingüístico que se utiliza normalmente nos sistemas de mensaxaría instantánea non afecta de forma necesaria a ortografía da variedade padrón⁹²². A investigadora principal, Connie Varnhagen, e un grupo de alumnos/as de psicoloxía analizaron a influencia que tiña o uso de abreviaturas e da xiria comunmente utilizada nas SMS nunha mostra composta por 40 persoas de entre 12 e 17 anos; e a pesar de que os autores e as autoras esperaban achar resultados que verificasen certa correlación entre a linguaxe electrónica e unha ortografía deturpada, o certo é que constataron que as persoas con boa ortografía na aula tamén a conservaban nas súas mensaxes dixitais e viceversa. Da mesma forma, comprobraron que, sobre todo no colectivo feminino, aquelas persoas que utilizaban con maior frecuencia esta escrita simplificada presentaban un mellor dominio das regras ortográficas cando utilizaban o código estándar. No final, o estudo tamén debate sobre a posibilidade e o modo en que esta nova linguaxe creada no contexto dixital podería ser usada no ámbito educativo. Na súa opinión, a complexidade e a cantidade de mensaxes de texto enviadas polo estudantado revela que a linguaxe SMS pode constituír un modo de o incentivar para pensar de forma máis precisa e para se expresar mellor. Nunha liña similar, convén destacarmos a investigación de Veenal Raval da City University of London⁹²³, que comparou un grupo de persoas de entre 11 e 12 anos que utilizaba este código reducido con outro grupo similar de individuos que non o empregaba. A dita autora non achou datos relevantes que lle permitisen afirmar que o primeiro dos grupos tiña menores habilidades no relativo á ortografía é á gramática que o segundo. E tamén afirma que non detectou o uso de abreviaturas nos seus traballos escritos.

Sobre este particular, tamén en Kasesniemi / Rautiainen (2002:170-92) se indica que un equipo de investigadores/as fineses/as determinou que o estilo informal que predomina nas SMS era un factor motivacional importante, especialmente na adolescencia, e que ofrece novas oportunidades para a creatividade lingüística. Igualmente, nunha serie de estudos levados a cabo entre o ano 2006 e o ano 2007 –a saber Plester / Wood / Bell (2008) e Plester / Wood / Joshi (2009) – encontráronse ligazóns fortes e positivas entre o uso da linguaxe SMS e o coñecemento das habilidades necesarias para un uso correcto do código normativo entre un grupo de preadolescentes. Nestas investigacións, as crianzas tiveron de redixir mensaxes de texto para determinadas situacións e os resultados determinaron que canto maior fose o número de abreviaturas empregado nas súas SMS máis alta era a puntuación que obtiñan nos exames de lectura e de vocabulario e, do mesmo modo, mellores eran as habilidades na ortografía e na redacción escrita. Mais como non queriamos que a nosa investigación ficase nunha simple especulación teórica avalada por outros estudos anteriores realizados en contextos moi diferentes ao noso –Reino Unido, Australia, Canadá, Francia ou Sudáfrica– decidimos levar a cabo un estudo de campo nun centro de educación secundaria coa finalidade de termos unha fundamentación empírica sobre a que defendermos a súa aplicación didáctica no marco da lingua galega⁹²⁴.

⁹²² Os resultados do estudo foron publicados na revista *Reading and Writing*, Vol. 22, nº10, cuxa versión online está accesíbel na seguinte ligazón: <http://www.springerlink.com/content/h4751161435v21vg/>. Consultado en 13/05/2012.

⁹²³ Dispoñíbel na seguinte ligazón: http://www.city.ac.uk/marketing/dps/Citynews/email_bulletin/0060%20email%20bulletin%20-%2010%20January%202005.pdf. Consultado en 12/03/2011.

⁹²⁴ Para aprofundar neste tema, véxase Mosquera Castro (2013), en que se indica de forma máis pormenorizada o proceso, os resultados e as implicacións desta investigación no marco educativo.

En concreto, o noso proxecto desenvolveuse nas horas dunha materia optativa de lingua galega, motivo por que a mostra con que traballamos é reducida, aínda que non por iso carente de veracidade: 13 persoas de idades comprendidas entre os 17 e os 19 anos que cursaban 2º de Bacharelato. Segundo os datos extraídos dun cuestionario inicial, comprobamos que o 87,3% do alumnado sinalaba ser consciente dos rexistros en que a escrita SMS debe ser utilizada. Ao longo da investigación, traballamos con diferentes actividades relacionadas con esta nova modalidade textual e a acollida foi inmejorable, tanto entre o profesorado –no comezo excéptico– como entre o alumnado, o que se reflectiu nos resultados que obtivemos: non achamos erros gramaticais ou ortográficos no seu traballo que nos fixesen pensar que a utilización das SMS, e en consecuencia doutros medios de comunicación telemática, puidese ser negativa para a adquisición de competencias comunicativas e lingüísticas. Polo contrario, coidamos que estas actividades serviron para motivar o alumnado –sobre todo aquelas persoas castelanfalantes– na aprendizaxe e no uso da lingua galega, en canto que viron que tamén podía ser a lingua vehicular de prácticas tan próximas da súa cultura. Do mesmo modo, contribuíron para mellorar tanto as súas producións escritas e os coñecementos teóricos como o clima da aula. A avaliación do proxecto –feita a través dun novo cuestionario– foi tamén moi positiva: pois todos as persoas participantes, tanto o alumnado como o profesorado, consideraron que era un tema interesante, que constituía unha aprendizaxe diferente á que se adoitaba realizar nas aulas de lingua e que tamén achegaba unha compoñente lúdica, creativa e moderna que repercutía no aumento da motivación. Todas elas repetirían a experiencia e outórganlle de nota media un 8,21, cualificación que consideramos positiva e que serve, en última instancia, para reafirmar a validez da nosa investigación.

Como se pode notar, tanto a nosa investigación como as realizadas noutros países difiren en grande medida o parecer xeral da poboación e, neste sentido, poderían sorprender a moitas persoas, as cales non repararon en que

children could not be good at texting if they had not already developed considerable literacy awareness. Before you can write abbreviated forms effectively and play with them, you need to have a sense of how the sounds of your language relate to the letters. You need to know that there are such things as alternative spellings. You need to have a good visual memory and good motor skills. If you are aware that your texting behaviour is different, you must have already intuited that there is such a thing as a standard. If you are using such abbreviations as *lol* ('laughing out loud') and *brb* ('be right back'), you must have developed a sensitivity to the communicative needs of your textees, because these forms show you are responding to them. If you are using *imho* ('in my humble opinion') or *afaik* ('as far as I know'), you must be aware of the possible effect your choice of language might have on them, because these forms show you are self-critical. Teenage texters are not stupid nor are they socially inept within their peer group. They know exactly what they are doing (Crystal 2008:162).

No entanto, pode que a mocidade non reflecta sobre as repercusións que esta nova dinámica da escrita que iniciou ten para o conxunto da sociedade. E neste punto é onde consideramos fundamental o labor docente: o alumnado ten de ser consciente de cando é acaído utilizar esta linguaxe e cando non, de cando os códigos simplificados son funcionais e de cando non e precisan decatarse da variedade de reaccións sociais que a linguaxe SMS pode suscitar; e este é un coñecemento que debe ser adquirido a través das familias, dos pares, da propia *netiquette* mais, sobre todo, do profesorado. Se entendemos o contorno dixital –tal e como foi presentado– como unha extensión das potencialidades da linguaxe, consideramos que o ensino debería orientarse dun modo máis profundo (cassany 2000): debemos ser conscientes de que ensinar a escribir hoxe en día non pode ser igual que hai tres

décadas, cando aínda non existían os computadores, a Internet ou os telemóbeis⁹²⁵, cando menos se pretendemos que a didáctica da lingua continúe a responder aos usos sociais e que o estudiantado aprenda nas aulas o que precisa saber para se adaptar á sociedade. Xulgamos que é o deber dos profesionais da educación e fundamentalmente do docentes de lingua exploraren e explotaren os ditos mecanismos comunicativos, na medida en que isto permita enriquecer a comunicación, consolidar os coñecementos e integrar a información e as destrezas que se adquiren fóra das aulas coas que se traballan dentro delas. A finalidade da educación en idiomas debe ser fornecer ao alumnado o maior número de habilidades e competencias lingüísticas posíbeis, para que cando abandone a comunidade educativa sexa capaz de xestionar as demandas lingüísticas que se lle formularen. Sobre esta cuestión, Crystal (2008:164) indica que

in the end, whatever the strengths and weaknesses of texting as a variety of language, it is in the classroom that matters need to be managed. If there are children who are unaware of the difference between texting and standard English, then it is up to teachers to make them aware. If there are children whose discourse skills are being hampered by texting, then it is up to teachers to show them how to improve. Some methods will work well and some will not. As the old song might have said, it's not what you teach but the way that you teach it.

Dentro dos materiais que poden ser considerados novidosos na aulas de lingua, as SMS ofrecen a vantaxe da autenticidade, da brevidade, da unidade e da autosuficiencia. Por esta razón, e como demostraron os traballos aquí citados, son múltiples as oportunidades didácticas que ofrecen: comprensión, produción escrita, práctica de trazos fonético-fonolóxicos, estudo dos aspectos pragmáticos e intencionais, familiarización coas variedades menos formais da lingua etc. Igualmente, permiten traballarmos aspectos lúdicos do discurso, pormos en funcionamento certos valores estéticos e literarios e mellorarmos as destrezas implicadas na elaboración de resumos, quere dicir, a codificación do fundamental e a elisión dos elementos secundarios. Trátase, por tanto, dun material didáctico actual, útil e próximo da realidade do alumnado, o que en última instancia poderá servir para o motivar na súa aprendizaxe lingüística. En Mosquera Castro (2013) realizamos tamén unha proposta de actividades de diverso tipo para nos achegarmos de diferentes cuestións da materia de lingua, na liña das posibilidades mencionadas aquí. Na opinión de Domínguez Cuesta (2005:68), introducimos este tipo de materiais supón atendermos a unha serie de obxectivos: i) mellorarmos as competencias comunicativas a partir de un corpus de textos reais; ii) afianzarmos os coñecementos lingüísticos teóricos; iii) utilizarmos actos lingüísticos unitarios en que se integran aspectos textuais e pragmáticos; iv) facilitarmos a comprensión do contexto en que se xeran estas mensaxes; v) familiarizarmos o alumnado coas dificultades da práctica do idioma en situacións auténticas; vi) reproducirmos condicións semellantes ás da comunicación real; vii) ensinarmos a recoñecer e a discriminar as variedades diafásicas da lingua; viii) facilitarmos a comprensión de textos auténticos e ix) desinhibirmos as destrezas creativas, poéticas e literarias e desenvolvermos a imaxinación do alumnado.

Igualmente, para o caso concreto da lingua galega podemos sinalar –ademais dos xa apuntados por Domínguez Cuesta (2005:68) – máis algúns obxectivos que teñen en conta a situación (socio)lingüística particular en que este idioma se acha inmerso. Así, introducimos

⁹²⁵ A respecto desta ferramenta, Moura / Carvalho (2010:1001) xulgan que os dispositivos móbeis poden ser integrados en diferentes actividades de aprendizaxe e que poden ser unha fonte de motivación para o alumnado que a escola e o proceso de ensino-aprendizaxe deben aproveitar. De feito, no seu estudo a maioría das persoas participantes gustaría de que o profesorado usase esta ferramenta como un apoio á aprendizaxe, dado que a pesar das súas limitacións espaciais, estas parecen ser, nalgúns contextos, unha forma rápida e eficaz de transmitir coñecemento.

estes materiais nas aulas da Galiza favorecerá i) notarmos a importancia dos novos soportes de comunicación para a lingua galega; ii) procurarmos unha visión lúdica e atractiva do ensino da lingua galega; iii) comprobarmos como desde a linguaxe SMS tamén se pode estudar e traballar o galego no ensino secundario no relativo ás cuestións ortográficas e gramaticais, do mesmo modo que a compoñente literaria; iv) motivarmos a utilización da lingua galega no alumnado por medio da realización de actividades novidasas; v) promovermos unha visión actual e atractiva da lingua galega para a adolescencia, sector da poboación de vital importancia no proceso de normalización dunha lingua; e vi) vincularmos a lingua galega á utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, o que contribuirá para dotar esta lingua de maior visibilidade.

En definitiva, as actividades sobre lingua que realizarmos nas aulas deberían reproducir o máis fielmente posíbel o que fixermos coa lingua fóra destas. Igualmente, vincularmos a reflexión sobre a lingua galega con contextos atractivos para o alumnado, cal as tecnoloxías, favorecerá non só a motivación e o interese pola aprendizaxe realizada nas aulas, mais tamén o proceso de normalización lingüística, canto que a súa presenza nestes ámbitos contribúe para a súa promoción e dinamización

3.4.2.2. Linguaxe SMS e literatura

O ensino non foi o único ámbito en que a linguaxe SMS se proxectou con grande suceso. A literatura aproveitou tamén os novos espazos e as potencialidades que a Rede e o contexto electrónico lle ofrecía. O dixital, o hipertextual o multimedia e o colaborativo propician múltiples posibilidades a nivel creativo e as modalidades textuais que van aparecendo no contorno dixital convértense nos novos soportes para a innovación literaria. Conforme sinala Gómez Guinovart (2011), este escenario provoca a eclosión de novos xéneros literarios: un dos primeiros en cultivarse foi o da creación textual participativa, como revela o libro dixital *Por conto alleo* de Camilo Franco, onde o autor escribía un relato a partir de dúas palabras enviadas polo público lector de *Vieiros*. A blogosfera tamén se erixiu como un medio moi rendíbel para a produción literaria, e fundamentalmente como espazo onde sobresa a literatura individual. Así, ao lado de reflexións persoais e datos autobiográficos é moi frecuente encontrarmos diversas producións literarias: *Alusións* de Arturo Casas publicado por Galaxia en 2011, onde se recollen as reflexións publicadas polo autor no seu blog *Lándoas* entre 2008 e 2009⁹²⁶, ou *Anxos de garda* de Anxos Sumai, onde figuran os artigos escritos para a Rede en forma de diario persoal na edición fin de semana de Culturagalega.org. Os blogs son tamén un medio propicio para a autopublicación de composicións poéticas ou relatos de ficción (véxase 1.2.1.3.1.1) e por esta razón moitos autores comezaron a publicar neste soporte poemas que logo acabarían formando parte dunha edición impresa, como aconteceu con Samuel Lema París e o seu poemario *Manual da destrución* (2008). Na Rede tamén aparecen moitas iniciativas que fomentan a escrita, como acontece con *Tempo de contos*, un espazo de creación literaria para que os escritores e as escritoras galegas poidan dar a coñecer as súas obras⁹²⁷.

E en consonancia coas propiedades do medio dixital, na maior parte dos casos estas mostras de ciberliteratura enmárcanse nas formas textuais de extensión reducida: microliteratura. Os relatos curtos naceron moito antes da escrita, nos tempos en que a sabedoría se transmitía de modo oral. De feito, as raíces das formas breves remóntanse 4000

⁹²⁶ Parafraseando o propio autor, o blog fixo que volvese experimentar esa sensación vergoñenta do pracer da escrita. Véxase <http://temposdixital.com/td/cultura/02/arturo-casas-%E2%80%9Cco-blog-volvin-experimentar-esa-sensacion-vergonenta-do-pracer-da-escrita%E2%80%9D/>.

⁹²⁷ Véxase <http://temposdixital.com/td/cultura/03/nace-tempo-de-contos-un-espazo-de-creacion-na-rede/>.

anos atrás: xa os escribiron os exipcios e os sumerios e despois deles os gregos Heródoto ou Luciano de Samotracia e moitas delas permaneceron até a actualidade, ao tempo que se incorporaban outras (Anderson-Imbert 1979:22). Nesta liña, destacan xéneros hiperbreves como o haiku, o epigrama, o epitafio ou os microrrelatos. Trátase en todos os casos de literatura reducida á súa mínima expresión, en que a extensión das historias é clave e a concisión imprescindible. Quere dicir, non se crea en formato breve para referir tan só un instante, nin para prescindir de todo detalle, mais conforma un xogo de condensación en que o autor ou a autora constrúe a armazón e quen le edifica o resto. Neste sentido, a persoa que escribe reduce palabras para conceder á imaxinación de quen le a parte máis importante do seu relato (Tascón / Abad 2011:97), o que, por súa vez, presenta claras analoxías coas características do eslogan publicitario analizado en 3.4.2.2. A respecto das mostras en papel destes microxéneros, podemos salienta os contos de poucas palabras de Jorge Luís Borges, de Julio Cortázar ou de Vicente Huidobro e, xa no ámbito galego, o poemario *Hai cu: pintadas no báter* (2007) de O Leo i Arremecághona ou os microrrelatos de diversos certames, como o I Concurso de Microrrelatos en lingua galega organizado pola USC ou o I Certame de MicroQontos⁹²⁸, entre os celebrados máis recentemente.

Na actualidade é habitual acharmos o termo nanoliteratura para facer referencia á creación literaria de formato breve que se produce nos soportes electrónicos. Nestes medios, Twitter está exercendo na actualidade un grande poder catalizador e configúrase como unha das redes sociais máis creativas e de maior impacto: en 2009 Luis Alejandro Ordóñez (re)escribiu a súa novela *Gatubellisima* en Twitter contando cada capítulo en varios tuits; igualmente, a norteamericana Terry Taylor comezou a publicar nesta rede social a súa obra *No Good End*. Trátase dun espazo inmejorable para dar a coñecer obras que non conseguen ser publicadas en papel por ningunha editorial, caso de *La revolución Francesa* de Matt Stewart, recreada en Twitter a través de 3700 tuits (Abad / Tascón 2011:126). En maio de 2013 o director de cinema Steven Soderbergh mostrou en Twitter a súa intención de escribir unha novela nesta rede social. En dous meses publicou 14 capítulos de *Glue*, unha narración particular que algúns xa califican de tuitatura. Para o galego, destaca a iniciativa de Xosé Manuel Pereiro coa convocatoria de #luces para a creación de microtextos nesta rede social. Nos últimos tempos, Twitter está a se converter no foro onde converxe a maior parte dos proxectos literarios do ámbito galego. Así, destacan por exemplo, a celebración do Día de Rosalía de Castro en que se convidaba ao usuariado desta plataforma a twitrear versos da autora para a converter en *trending topic*.

Como se deduce do xa sinalado, a literatura é un dos medios que mellor soubo aproveitar a tecnoloxía: blogs, redes sociais etc. Nesta liña o blog *Sortea2* creou en 2009 unha aplicación que permitía construír poemas a partir da suma de varios tuits escollidos de modo aleatorio á que denominaron Twitterpoema. De acordo coas indicacións deste sitio web, o funcionamento é moi sinxelo: captúranse moitas das mensaxes que se escriben en Twitter a diario utilizando a API de Twitter e filtranse para que só queden aquelas que teñan as sílabas dos versos dun soneto. A seguir realízase unha selección ao azar e créase un soneto completo (ABBA CDDC EFE FEF). É unha forma novidosa de crear poemas que, embora poidan parecer caóticos, expresan a verdade do día para diferentes persoas que se encontran, en moitas ocasións, en lugares do mundo moi diferentes. Os creadores do blog afirman que a Web 2.0 precisaba de poetas e que Twitterpoema é unha ferramenta moi interesante a este respecto: “el único capaz de crear un verso terminado en Twitter o en un hiperenlace sin

⁹²⁸ Véxase <http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/conarenal/10aniversario/microrrelatos.html> e <http://microqontos.blogspot.com.es/>, respectivamente.

ruborizarse”⁹²⁹. Con todo, estas formas literarias hiperbreves penetraron nos dispositivos electrónicos a partir da xeneralización das SMS: a historia non podía exceder os 160 caracteres e, igual que aconteceu coa escrita (véxase 3.2.), a rixidez do formato foi un propulsor da creatividade literaria. Por tanto, en lugar de se converter nunha limitación, foi entendido polo usuariado como un desafío. Así, desde que o sistema de mensaxaría se popularizou están a proliferar novelas por entregas que, previa subscrición, son enviadas mediante mensaxes de texto. Esta fórmula para a literatura foi moi común e en moitos casos continúa a selo, especialmente nos países orientais. En xaneiro de 2008 o *New York Times*⁹³⁰ publicaba un artigo en que se afirmaba o seguinte:

Until recently, cellphone novels –composed on phone keypads by young women wielding dexterous thumbs and read by fans on their tiny screens– had been dismissed in Japan as a subgenre unworthy of the country that gave the world its first novel, “The Tale of Genji”, a millenium ago. Then last month, the year-end best-seller tally showed that cellphone novels, republished in book form, have not only infiltrated the mainstream but have come to dominate it.

De feito, das dez novelas máis vendidas de 2007 en Xapón, cinco foron orixinariamente creadas a través do sistema de mensaxes curtas dos telemóbeis. Trátase de novelas redactadas nun dispositivo móbil e enviadas por entregas ás persoas que se subscriben a este servizo, que no país nipón se contan por millares. Conforman un xénero narrativo cunhas características específicas, dado que tamén aquí o medio de expresión condiciona o contido. Así, os parágrafos e as cláusulas son moi simples e a trama e o desenvolvemento das personaxes é moito máis breve que a que pode acharse nas novelas tradicionais. Como sinalaba o *New York Times*, son as faixas etarias máis novas as creadoras –e tamén as consumidoras– desta nova tendencia literaria, que contribúe para ampliar os seus hábitos lectores máis alá dos xéneros tradicionais como o manga ou os comics. En moitos foros, esta novidade creou debates sobre a morte da figura do/a escritor/a e sobre a calidade literaria deste tipo de producións: os sectores máis críticos xulgan que o predominio das novelas en SMS empobrecerá os textos e acelerará o declinio da literatura xaponesa, en canto aqueles máis afíns sosteñen que, embora sexa unha clase de autor/a diferente, continúa a ser aínda unha forma clara de autoría. Outrosí, consideran que as xeracións máis novas utilizan o telemóbel para todo e que, por tanto, a lectura e a escrita serán igualmente válidas no soporte dixital. Neste sentido, convén subliñarmos que as novelas en SMS serviron para venderen de forma masiva libros tradicionais⁹³¹; a única diferenza entre unha e outra modalidade é que na literatura SMS a maioría da xente ten telemóbeis e pode beneficiarse do acceso instantáneo. É, simplemente, un novo formato narrativo e, en consecuencia, os autores continúan a ser autores, igual que na novela tradicional, e tan só utilizan un medio diferente para materializar as súas historias.

E a pesar de que conta cunha grande tradición en Xapón, non se trata dun fenómeno exclusivo deste país, mais tamén está presente en moitos outros, como na China, na Finlandia e, en menor medida, tamén no Estado español. Nalgunhas ocasións o sistema de mensaxes

⁹²⁹ Véxase <http://www.sortea2.com/blog/2009/06/twitterpoem-y-twitterpoema-poemas-con-twitter/>. En <http://twitterpoem.sortea2.com/> e <http://twitterpoema.sortea2.com/> encóntranse os poemas en inglés e en español creados con esta aplicación. Algúns deles son realmente orixinais.

⁹³⁰ Véxase <http://www.nytimes.com/2008/01/20/world/asia/20japan.html?pagewanted=all&r=0>.

⁹³¹ No artigo do *New York Times* relátase o caso dunha rapariga de 21 anos chamada Rin que escribiu *If you* durante seis meses no último ano da escola secundaria. No seu tempo libre redixía pasaxes da novela no seu telemóbel e subíaos a unha popular páxina web para escritores noveis. Despois de que a súa novela fose votada polo público lector e situada no primeiro posto da clasificación, a súa trágica historia de amor converteuse nun libro de 142 páxinas. Vendéronse 400.000 copias e estableceuse no quinto posto de novelas máis vendidas do 2007.

curtas serve tamén como medio para a difusión da literatura máis convencional e, a este respecto, existen xa algunhas empresas que se dedican a transliterar para este soporte clásicos da literatura, como *O Quixote*. Esta obra está composta de máis de 800 páxinas e dispoñíbel en formato T9, quere dicir, en números que unha vez que son escritos na pantalla se van convertendo automaticamente en letras. Con todo, o interesante neste punto son aquelas obras que para alén do soporte, aproveitan tamén o código lingüístico a el asociado. A este respecto, destaca por exemplo a novela do finés Hannu Luntiala *The Last Messages* (2007), cuxas 332 páxinas están formadas integramente por SMS e que foi nominada en 2008 para o Premio do Libro Europeo. A obra narra a historia dun executivo de telecomunicacións que deixa o seu traballo para viaxar arredor do mundo e que utiliza as mensaxes de texto para se manter en contacto co resto das persoas. A trama é un grande misterio e o modo hiperbreve e fragmentado en que se presenta converte a novela nun puzzle de argumento e psicoloxía moi divertido de ler. Uns anos antes, en 2004 tamén o novelista Phil Marso publicou *Pas Sage a Taba vo SMS*, escrita en linguaxe SMS e cuxa intención era advertir a xente máis nova sobre o tabaco. Pouco despois, sae do prelo *Frayeurs SMS*, unha colección de seis relatos curtos bilingües do mesmo autor, onde a versión en francés aparece no lado dereito da páxina e a versión en SMS aparece no esquerdo.

Mais a narrativa non foi o único xénero literario que penetrou neste soporte nin tampouco o de maior presenza. Ao contrario, os certames poéticos a través do sistema de mensaxes curtas foron moi populares desde que esta modalidade textual se xeneralizou hai xa varias décadas. Así, en 2001 o xornal británico *The Guardian* organizou a primeira competición poética neste medio. O único requisito que se debía respectar era escribir un poema cun máximo de 160 caracteres e, con base no número de participantes, a iniciativa foi todo un suceso: o primeiro ano participaron unhas 7500 persoas e o evento foi novamente convocado no seguinte ano. Os poemas foron xulgados por un xuri que incluía poetas coñecidos como Peter Sanson e Fanthorpe que, segundo declaran, ficaron abraiados pola creatividade das composicións. Para Sanson “one of the joys of the competition was how much grainy real-life could be got into 160 characters, though there was room for delicate watercolour too”. Fanthorpe, por súa vez, afirmaba o seguinte: “I was moved and amazed at how much feeling could be introduced in so small a space: there was great tenderness, spirit, imagination in the best entries”⁹³². De acordo con Crystal (2008:15), “this is light years away from any concept of ‘bleak, bald, sad shorthand’”. Do punto de vista ortográfico os poemas finalistas eran notabelmente distintos e isto é unha das características máis importantes da lingua das SMS. Abreviar non é unha obriga, é tan só unha opción. Por iso, a competición recoñecía esta habilidade nunha outra categoría outorgando un premio especial ao uso máis creativo da linguaxe SMS.

A boa acollida destas iniciativas contribuiu para que as SMS desenvolvesen unha dimensión lúdica e para as distanciaren das visións máis negativas que agoiraban consecuencias nocivas para a lingua (véxase 3.4.1). Deste modo, comezaron a aparecer

⁹³² Eis o poema gañador, da autoría de Hetty Hughes:

txtin iz messin
mi headn’me englis,
try2rite essays,
they all come out txtis.
gran not plsed w/letters shes getn,
swears I wrote better
b4 comin2uni.
&she’s african

Véxase <http://www.guardian.co.uk/technology/2001/may/03/internet.poetry>.

competicións similares en todo o mundo. En concreto, cómpre citarmos a competición que en 2007 levou a cabo T-Mobile para celebrar o día mundial da poesía. O concurso premiaba a mellor composición romántica en SMS e, máis unha vez, as abreviaturas non eran un requisito obrigatorio, como demostra o poema gañador. Seguindo Crystal (2008:76), daqueles que si abreviaron, destaca un dos textos finalistas, non tanto polo seu estilo mais pola persoa que o escribiu: unha muller, Eileen Bridge, de 68 anos, feito que ilustra que esta modalidade lingüística comeza a estar amplamente estendida noutras faixas etarias. A limitación de caracteres da poesía SMS promove a economía de expresión dunha forma análoga aos xéneros breves tradicionais a que nos referimos no comezo. Así, de igual modo que un haiku ten de ser escrito en tres liñas de cinco, sete e cinco sílabas respectivamente, un poema neste formato ten que se limitar aos 160 caracteres que ofrece a aplicación. Como todas as modalidades, o xénero SMS ten os seus puntos fortes, mais tamén as súas debilidades: a súa brevidade elimina as formalidades que se poden encontrar nunha lira ou nun soneto e ao tempo fomenta a creatividade, pois é preciso achar novas formas de elocuencia que caiban en tan pouco espazo. Estas limitacións levaron moitos/as escritores/as a exploraren o potencial expresivo da poesía SMS obviando a restrición de caracteres e creando composicións en papel de lonxitude ilimitada.

Non obstante, neste punto xorde unha certa problemática, pois se trasladamos a poesía SMS fóra da aplicación en que se creou, non hai forma de manter a particularidade do xénero cando as composicións son redixidas en lingua estándar. Por tanto, a estilística do xénero transfórmasse e cando os textos mudan de soporte e viran máis longos as abreviacións que antes eran tan só opcionais agora tornan imprescindíbeis. Nesta liña, Phil Marso publicou en 2005 *L*, unha versión de poemas clásicos franceses en SMS. Norman Silver, pola súa banda, escribiu en 2006 dúas antoloxías: *Laugh Out Loud :-)* e *Age, Sex Location*. As múltiples funcións expresivas analizadas en 3.2, a ortografía irreverente e o afán sintético constitúen características intrínsecas a esta nova modalidade e outorgan aos poetas novas vías de experimentación literaria. Porén, tamén debemos ter en conta que o uso literario de códigos abreviados, simbólicos, crípticos ou alternativos sempre existiu. Así, o capítulo 69 de *Rayuela* (1992) de Julio Cortázar constitúe un claro exemplo. Eis unha mostra:

Ingrata sorpresa fue leer en ‘Ortográfiko’ la notisia de aber fayesido en San Luis Potosí el 1º de marzo último, el teniente coronel (asendido a coronel para retirarlo del serbisio), Adolfo Abila Sanhes. Sorpresa fue porke no teníamos notisia de ke se ayara en kama. Por lo demás, ya ase tiempo lo teníamos katalogado entre nuestros amigos los suisidas, i en una okasión se refirió “Renovigo” a siertos síntomas en él obserbados. Solamente ke Abila Sanhes no eskojió el rebólber komo el eskritor antiklerikal Giyermo Delora, ni la sogá komo el esperantista francés Eujenio Lanti (p. 534).

Alén dos exemplos citados até o de agora, tamén existen moitas creacións que, se ben que non se basean completamente no formato das SMS, inclúen certas mensaxes de texto na súa trama argumental ou empregan o seu código lingüístico, do mesmo modo que noutros casos se utilizan diferentes rexistros para dotar de verosimilitude ás personaxes. En ocasións, mesmo constitúen o fío condutor ou o tema principal destas composicións literarias. A literatura galega non escapou tampouco a esta tendencia e conta xa con múltiples obras que incorporan esta modalidade textual e a súa linguaxe: así, por exemplo, na peza teatral *39 veces chao* (2002) de Miguel Sande, a protagonista realiza un monólogo a través das chamadas que fai ou recibe no seu telemóbel e entre unha e outra intercálanse algunhas SMS que, neste caso, manteñen a grafía convencional: *antes calaba e gardábame na miña*

borbulla, deixábasme así (p.21) / *falar é precioso. É outra forma de darse; a máis difícil* (p.45) / *ó fin, encontreite; sei que existes e iso xa me vale* (p.59). Por súa vez, na obra *Spam* (2006) de Francisco Castro non só aparece a linguaxe SMS, mais grande parte da trama está moi relacionada con este tipo de códigos. Nela, o persoal dunha empresa comeza a recibir mensaxes a través de diferentes vías –correo electrónico, fax, telefone– dun remitente anónimo que atenta contra a dignidade e a vida privada do director xeral. Nunha desas tentativas os traballadores reciben unha SMS nos seus teléfonos de empresa. A seguir incluímos un extracto desta pasaxe:

O Director Xeral abriu a mensaxe, é dicir, o sms que viña de chegarlle [...]. A mensaxe, dicimos, chegoulles a todos, tamén a Gómez e á secretaria e ao rapaz do almacén. Gómez leuno. E así como rematou de lelo (era en verdade un *short message system*, é dicir, un sms curtiño, curtiño curtiño), derivou a ollada cara á pantalla que lle permitiu ver [...] como todos os oficinistas escachaban a rir [...]. De *estehome*: o dtor xral é maricón (p. 48).

Don Servando, que non entende o que está a acontecer, pide explicacións non só sobre o que considera unha agresión intolerábel, máis tamén sobre o código empregado na mensaxe. A interacción cun dos seus empregados transcorre do seguinte modo:

Explicame por que faltan letras na mensaxe, iso si que sei respondelo, don Servando, todo o outro non lle sei, quen é estehome e por que di esas cousas non lle sei, pero iso si, o de por que lle faltan letras, iso si, pois a ver, explicate, a xente cando escribe en sms, en que, en sms, en linguaxe de móbil, si, segue, digo que a xente cando escribe nos móbiles pois come as letras porque así é máis barato enviar mensaxes, seica cobran por letras, por tamaño de mensaxe, por caracteres (p. 50).

Igualmente, no libro colectivo *Historias para ler e mirar* (2007) editado por Galix e a Xunta de Galicia inclúese un relato de Carlos Mosteiro intitulado “SMS”. Nel un grupo de estudantes planifica unha agresión a Lois, un compañeiro de aula. As SMS constitúen o medio por que este grupo se mantén en contacto e se organiza, como se deduce dos seguintes exemplos:

MAÑÁ ÁS 7 CAMIÑO BAIXO IMOS MALLAR PRING Q N FALTE NING (p. 60)

7 CAMIÑO BAIXO Q NING FALTA OK (p. 63).

Na mesma obra, Elvira Pérez relata en “Un emoticón na bandexa de entrada” a historia dun deses pictogramas que se introducen nos nosos sistemas de mensaxaría instantánea e, neste conto, tamén podemos observar como as SMS conforman o medio de interacción a través do que se comunican os protagonistas:

Finalmente, non lle puidera enviar a Antón o esquema do traballo de Naturais. Escribiulle un SMS desculpándose e preguntándolle onde conseguira o emoticón que lle mandara (p. 41).

Nese ano, en 2007, Antón Reigosa publica un relato “eMe eSe eNe” na revista *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil* (CLIJ) e cuxa versión en galego ficaría integrada na obra *O polimacho e outras criaturas* (2008). Nel cóntase a historia dunha nena que decidiu navegar, literalmente, pola Internet. Eis un fragmento en que se utiliza a linguaxe reducida nun soporte de mensaxaría instantánea:

A pantalla do ordenador abaneouse en sucesivas ondas, acendeuse unha luz alaranxada intermitente e aquilo, polo visto, o meu home así o dixo, era o sinal da chegada dunha mensaxe. Cliquei alí, no punto exacto onde a luz ía e viña, o cadro alaranxado ocupou toda a pantalla e, entre varias ducias de monicreques de cores diferentes, puideron ler: *Alva, kndo rgrses, chmme!* Só entendín que se dirixían a Alba, supoñendo que a persoa que emitise a mensaxe, había ser alguén da súa idade, aínda que non estivese docta en asuntos ortográficos; mais o resto do texto, que podería significar? Non o souben ata que mo explicou Alba uns días despois.

Outro güigüiii! chamou a nosa atención. Abrimos clicándolle enriba e lemos: *Inda trdo un anko, stse my bn pr kí!* (p. 38).

Por súa vez, o protagonista de *A Pomba e o Degolado* (2007), de Fina Casallerrey, encontra un refuxio ao ambiente agresivo que vive na escola chateando cunha amiga virtual que o convencerá de que hai xente en que merece a pena confiar. A seguir incluímos un excerto cunha das interaccións de chats que se inician no transcurso da novela e que, igualmente, reflexionan sobre o código lingüístico (p. 82-83):

<Degolado> olaaaaaaaaa!!
 <Degolado> que alguén me contesteeeeeeee!
 <Wapas16> naaaaaaaaaaaaaaaaaaassssss
 <Degolado> queee?
 <Wapas16> “buenas”, pirado novato :P
 <Leo17_> Outro que n tn nin idea
 <Degolado> p k m botas a lingua? :-)
 <Wapas16> :O n es tan novato :(((
 <Degolado> se escribo sen abrev. e pk kero
 <Wapas16> ok
 <Wapas16> kal é o teu verdadeiro nome? :))
 <Degolado> de onde sodes? cantas sodes?

As mensaxes de texto e a linguaxe SMS vehiculan tamén grande parte do contido narrativo de *Teselas de cidade* (2007) de Patricia Casas Vázquez. Nesta obra, ambientada na cidade da Coruña, dúas das personaxes principais, Alicia e Cecilia, utilizan o telemóbel para interaxiren durante o tempo en que están separadas:

Ali, tms q vernos. E urxnt. N vas crer o q che tñ q cntar. Bks (p. 15)

Rmto ás 2. S qres qdams para cmer. As 2.30 n Catro kmiños. Bks (p. 15)

Ceci, qtl? spro q bn. dixachsm preocupada. Bks (p. 99)

Ola Ali. Todo bn, xa che cntrei. Volvo o dmng pola noit. O luns chámot e qdms. Biquiños (p. 100)

Ali, chego mñ. Chamot e qdms Bks (p. 141).

En moitos casos, as circunstancias en que se encontran as protagonistas cando reciben e envían as SMS exixen comunicacións rápidas e breves, o que favorece a aparición da linguaxe reducida. E unha das escritoras que máis incursións ten realizado ao campo do código lingüístico das SMS é, sen dúbida, Anxos Sumai. Así, na edición dixital de *Anxos e días* (2002) figura un texto intitulado “O segredo está na pasta” da sección “Economías Lingüísticas”, en que de modo literario realiza un alegato a favor desta modalidade gráfica. A seguir figura un extracto do texto completo:

Agora, xusto agora, a miña amiga Carlota recibe unha mesaxe no móbil. Só dúas letras, "QM", e a ela bríllanlle os ollos como se recibise unha carta de amor escrita polo mesmo Lord Byron: ela é así de romántica. "Quéreme moito", di, e quédalle na cara ese sorriso arroubado e as meixelas acéndenselle como se lle desen un bico na boca.

Falar custa. Pode custarche horas de sono, a tarifa de internet ou unhas cañas de cervexa. Pero é curioso que cando millóns de persoas entran en contacto a través dun simple aparello que podes levar no bolsillo facilitando así a comunicación, sempre aparece quen se cabrea precisamente porque millóns de persoas se comunican, dinse cousas —urxentes ou non, agudizando o inxenio para aforrar pasta—. Pense entón no gran dano que lle fan á ortografía os sms e eu pregúntome que terá que ver un "h" de máis ou de menos, que importancia pode ter unha vocal cando con dúas consoantes podes transmitir unha mensaxe intelixible. Só estamos a falar de recados e os recados, como a lista da compra, non teñen ningunha influencia sobre as normas ortográficas, do mesmo modo que os telegramas, ó longo de todo o século XX, non afectaron para nada á sintaxe de ningún idioma.

Igualmente, en *Anxos da Garda* (2002-2004) aparecen diversos textos que inclúen na súa trama mensaxes en que achamos linguaxe SMS. Así, no relato que leva por nome “Esperando en fin de ano” cómpre salientarmos este fragmento:

Iso foi ás nove da mañá. Pola tarde, ás seis máis ou menos, leváronme a Catoira Siño e mais Nancy e o ghicho non aparecera. Sms de Cambita: «Prinzipinha: 11111 bikos. Ando na kasa sribillando. Saude prinzi». Sms de Pedro: «Sen problemas. 1º día en kasa feliz. Bikos. Pedro&Teo».

E, do mesmo modo, tamén vira preciso citarmos “Chove nas praias”, narración en que de xeito similar ao anterior Anxos Sumai incorpora varias mostras desta modalidade textual e das súas propiedades lingüísticas⁹³³.

Rebeca e mais eu rimos e a risa rescatounos da indolencia. Saímos, por fin, á rúa a perseguir tendas, a buscar roupa para levar ó cruceiro. Chégame un sms de Lupe, de vacacións na praia: “Estou vendo como chove sobre o mar de Louro. Parecen bágoas de felicidade. É bonito”. Chégame outro sms da miña irmá Elvira, dende Benidorm: “Praia colapsada, mar bonito. Chove auga quente a paladas. Tite con antibiótico e dor de moas”.

⁹³³ Ambos os textos poden consultarse na súa versión dixital no seguinte enderezo web: <http://www.culturagalega.org/anxosdegarda2.php?id=587>.

En *Melodía de días usados* (2005), en que na liña das súas obras anteriores, a escritora mantén o formato flexíbel e aberto do diario persoal que tanto sucesos lle outorgou e, máis concretamente, na entrada “Perdas que permanecen”, figura unha referencia a este sistema de interacción, embora non se inclúe o contido da mensaxe e, consecuentemente, a modalidade escrita utilizada:

Iso, e un sms dun amigo, faime pensar nas paisaxes perdidas. Nos prados que me humedecían os pés de pequena e que xa non existen; no bosque que xa non é o ouveo do lobo ni o trotar dos cabalos á media noite (p. 148).

En último lugar, tamén aparece máis unha alusión aos novos soportes de interacción electrónica, entre elas as SMS, en *Así nacen as baleas* (2007), en tanto que medios óptimos para favorecer o contacto entre persoas que se encontran xeográficamente distantes:

Eran as once da noite na cidade. Eran as dúas da tarde na baía e mais en San Diego cando Ángela descolgou o teléfono e me respondeu cun distante *¿Que hay, mi niña?* Malia *mi niña* parecer agarimoso, no seu ton de voz había unha clara intención de esquivarme cunha eficaz friaxe que me afectou. Respondeume ás preguntas con monosílabos e non se interesou en absoluto por min. Estaba anoxada, moi anoxada e tiña as súas razóns: nin sequera me molestara en enviarlle un sms, non lle escribira ningún correo electrónico despois de prometerlle que lle enviaría un cada día para que me sentise ao seu lado (p. 145).

Pola súa parte, O Leo realiza en *Hai cu* (2007) unha aproximación aos xéneros hiperbreves e, entre as 155 composicións que integran o poemario, figuran dúas en que o escritor utiliza as estratexias do discurso electrónico. Neste sentido, destaca o poema “Ultrahaicu” que se limita ao seguinte verso: :-*? (p. 62), ou tamén o titulado “Berros de guerra da tribo” en que emprega reiteradamente os estiramientos gráficos e a puntuación expresiva:

xa pasaron as leiteeeiras! / Abuela, o tempooo! / O leite polo luuume! (p. 134)

Mais sen dúbida, a referencia poética máis clara a esta linguaxe aparece no poema que reproducimos a seguir (p. 77):

sms
aínd
t levo
n pel

Tamén Vázquez Pintor na súa obra narrativa *Para dicir abril* (2008), introduce numerosas alusións a esta modalidade discursiva, nun xogo de intertextualidade que lle permite á protagonista debullar o seu percurso vital. Así, son múltiples as referencias ao longo do texto:

Pois nin paso nin desmemoria. Eran os días infelices. Deixábame conducir polas esperas dunha chamada, un SMS, un cortocircuíto para as desconexións daquela mañá de fugas (p.61).

Raquel marchou cabo do océano para morar nas outras insuas. Acotío as insuas, medio baleiras medio cheas. Cada ano achégame un SMS co xardín dos seus idilios, ela nunca ególatra, pero convencida do meu rescate (p.75).

Era un acoso incesante. Alguén correra a voz da miña autosuficiencia e deron en chegar mensaxes de revolta polos corredores do instituto. Eles eran a masa SMS que pasa a indiscreción de boca en boca e son solidarios para os ataques desde a escasa distancia (p. 119).

Seguen a chegar SMS que non quero ver, que borro axiña, que se inxecta o móbil na virilla esquerda e non asisto á rechamada, tantas son perdidas (p. 124).

E Ludivina escribe SMS no meu móbil, dá recado do xardín renacentista, da grileira dos venres e sábados noite, dos tantos híper e dos tantos superhomo que son sexo de botica (p. 131).

Mais non só se mencionan en tanto que soporte textual, senón que en varias ocasións tamén se translitera o contido da mensaxe e é posíbel examinarmos o tipo de lingua que manifestan. Eis algún exemplo:

Non houbo máis que a nota do SMS tan dura coma un seixo e ao tempo tan de agradecer: “ti n es aql formula 1 ds noss soñs, ghi ghi”. Saín do móbil coma quen sae das desgrazas (p.123).

Lembro as últimas escenas, cando a tensión reborda o clímax e hai os dez segundos de bloqueo, a outra biografía que aí está e pode ou non contigo nesa desavinza coas realidades. –SMS. *sabs qeu tamn t qro moitiismo*. E prende o sono en min (p. 189).

En 2010 publícanse tamén varias obras onde se pode ver a presenza deste xénero textual e da escrita SMS: por un lado, en *A pregunta perfecta (O caso Aira-Bolaño)* de Juan Tallón encontramos o seguinte texto:

Detense o autobús número quince e baixa un ancián con catro bolsas da compra. Soa un teléfono. Pasa unha muller que, como nas novelas de George Simenon, “leva un vestido vermello e é obvio que non leva nada debaixo”. Éntrame un sms no teléfono. Léoo. Ás 8 kdams para crvxa ond smpre :-). Marcha a nube de Avignon e chega a nube con cara de Abraham Lincoln (p.72).

Por outro lado, Marilar Aleixandre inclúe na súa obra *O coitelo en novembro* un exemplo desta linguaxe reducida⁹³⁴. Así, no relato que dá nome á novela a protagonista sorpréndese ao comprobar como no escaparate dunha librería figura ao carón de Revistas como *Braña*, *Madrygal* ou *Resol* un texto escrito no código das SMS:

⁹³⁴ De acordo con Armando Requeixo (2010:18), a linguaxe SMS encaixa perfectamente nunha obra como a de Marilar Aleixandre en que podemos achar desde relatos longos até microrrelatos, pasando por relatos curtos e minirrelatos e onde se conxuga o recendo poético co discursivo.

Seis poemas de Cunqueiro. Debaxo outro número de cor laranxa esvaída. Resol, número 7. Abril 1933. Número dedicado a Portugal. Poemas de Almeida Garret. Estaría a colección completa? Roberto tiña unha partida para mercar documentos mais, poderían considerarse relacionados co proxecto revistas editadas en Santiago nos anos trinta? [...]. Que mestura, os textos escritos a ordenador debían ser posteriores aos últimos anos 80, antes escribíase a máquina. Que facía aquí un texto escrito na linguaxe dos sms?

fxndo ds adxctivs

lscou a td vledd prsguida xls adxctivs q prtndían intrdese n seu mnsrcto, rbrndcéndoo c súas vscess bbs; l sdrxlo cspiu n 1ª px e n tv + rmd q smgalo c1 mrtlo.

Mila riu, atraendo a atención da libreira. O descoñecido autor compartía a súa prevención contra os adxectivos (p.34-35).

A pesar de que non figuren todas as que son, as obras citadas até o de agora constitúen unha mostra significativa que permite observarmos que, perante a aparición dun novo xénero discursivo, a literatura optou por o normalizar e por aproveitar as posibilidades que lle ofrecía para a innovación literaria. Neste sentido, o código lingüístico das SMS converteuse no símbolo de identidade deste xénero e potenciou a creatividade dos autores e das autoras que viron neste soporte unha nova forma de microliteratura. Por tanto, e contrariamente do que lle aconteceu a Platón coa aparición da escrita (véxase 1.1.1.1), na esfera literaria este sistema de interacción foi acollido como un novo reto: a limitación de caracteres non só obrigou a desenvolver recursos de síntese, mais tamén permitiu crear un novo perfil de público lector que, igual que na narrativa hipertextual (véxase 1.2.4.4), deixa de ser pasivo e adquire un maior protagonismo. Nunha entrevista realizada ao autor de *The Last Messages*, Hannu Luntiala subliña o seguinte⁹³⁵:

The reader has to fill the empty lines in the messages and also the empty space between the messages. An appreciative poet commented on the book by saying: “The messages in the novel are like windows; you can see part of the landscape, but not the entirety, the whole landscape. You can’t see the horizon, and you have to guess what lies around the frames of the windows”.

En consecuencia, nunha SMS o público lector non debe esperar enunciados complexos nin longas disertacións, embora aparezan divididas en capítulos. Ao contrario, nun contexto en que os avances da tecnoloxía e dos medios de interacción crecen de forma vertixinosa, as persoas encargadas da creación literaria víronse na necesidade de desenvolveren o seu inxenio para imaxinaren obras atractivas e encontraron no microtexto unha ferramenta ideal. Así, aparecen formas literarias máis flexíbeis e versáteis que experimentan coas novidades tecnolóxicas e cuxo valor literario descansa na concisión. En definitiva, as SMS eríxense, xunto co correo electrónico e outras plataformas dixitais, no soporte da nova literatura epistolar e a escrita SMS no código lingüístico que, ben en prosa ou ben en verso, as identifica como xénero literario e lles outorga unha alta dose de creatividade e imaxinación.



⁹³⁵ Véxase http://writenowisgood.typepad.com/write_now_is_good/2007/05/interview_with_.html.

3.4.2.3. Linguaxe SMS e publicidade

A creatividade manifesta da linguaxe SMS converteuna, como vemos, nun fenómeno de grande rendibilidade en contextos que exceden o marco tecnolóxico para o que se creou. Neste marco, o sector publicitario está a se aproveitar tamén nos últimos tempos das funcionalidades que este sistema de representación da escrita lle ofrece. A publicidade ten como obxectivo persuadir, isto é, captar a atención do público e convencelo para que adquira un determinado produto. Neste sentido, a súa linguaxe é orixinal, creativa e suxestiva. Ao igual que acontece nas SMS, as mensaxes publicitarias son directas, rápidas e prácticas e, por tanto, tratan de expresar o máximo posíbel nun espazo reducido. Na opinión de Muela Molina (2008:121), a creatividade publicitaria implica concebir mensaxes que aproveitan ao máximo tanto o tempo como o espazo. Tamén neste ámbito as cuestións espaciais teñen implicacións económicas significativas e, consecuentemente, as mensaxes deben transmitir a información máis relevante do produto na maior brevidade posíbel e, ao mesmo tempo, é preciso ser lingüísticamente orixinal para conseguir que o público as reteña e as memorice. Por estes motivos, a publicidade partilla coa linguaxe SMS a súa natureza pragmática: nos dous casos, o sincretismo e a creatividade converxen para crearen un sistema comunicativo de grande complexidade lingüística. Nos manuais de publicidade estas son as dúas máximas que o redactor publicitario debe ter en consideración no momento de elaborar as súas mensaxes (Castellblanque 2005) e, como veremos a seguir, os paralelos coa linguaxe das SMS evidentes.

A respecto da primeira, a síntese e a brevidade son os mellores aliados do publicista para crear textos claros e directos. Para iso, recoméndase practicar a “economía de expresión”. Da mesma forma que nas SMS que exceden os 160 caracteres o usuariado trata de reducir todo aquilo do que poida prescindir para non pagar unha segunda mensaxe, os redactores publicitarios con frecuencia teñen de revisar o seu traballo e reducir a súa extensión eliminando todo o elemento superfluo. De acordo con Castellblanque (2005:75), débese omitir toda a palabra sobranse e prescindir do desnecesario: así, simplifícase a sintaxe (véxase 3.2.2.1.5), óptase polas palabras curtas fronte ás longas e elimínanse as repeticións e as redundancias, que tan só se empregan nun esforzo por enfatizaren ideas (véxase 3.2.3.2). Noutras palabras, todo aquilo que non achegar contido debe desaparecer. A simplicidade tamén se reflicte no modelo de lingua utilizado, xa que é habitual evitar o argot especializado e utilizar un rexistro informal e familiar; deste modo, as palabras remiten directamente para unha imaxe mental na persoa receptora e non teñen de ser traducidas ou interpretadas⁹³⁶; non obstante, para convencer, a claridade non é suficiente. Quere dicir, fan falta textos non só doados de se comprenderen, mais tamén orixinais, atractivos e creativos. Como vimos ao longo de 3.2. as estratexias de redución van con frecuencia acompañadas de recursos enfáticos que crean textos dinámicos e expresivos e que permiten comunicar con máis precisión e de forma máis efusiva. No mundo da publicidade e da persuasión, a creatividade tamén é sinónimo de efectividade: os publicistas pretenden chamar a atención, convencer a primeira vista e provocar reaccións no público. En consecuencia, moitas mensaxes publicitarias utilizarán recursos expresivos similares aos analizados en 3.2 para conseguir conectar co público, sobre todo na publicidade gráfica.

⁹³⁶ Segundo o Manual de Escrita Creativa da C4E (<http://c4e.es/>), un discurso escrito para o presidente Franklin D. Roosevelt que dicía “Estamos ansiosos por construír unha sociedade máis inclusiva” foi mudado polo propio Roosevelt en “imos facer un país en que ninguén ficará fóra” para así chegar coa súa mensaxe a toda a poboación.

Nesta liña, é preciso destacarmos diversos anuncios que empregan recursos análogos aos documentados na linguaxe SMS e noutros xogos lingüísticos anteriores: os hieróglifos son realmente frecuentes na publicidade e algúns deles acabaron por se converter en sinais de identidade para determinados produtos. Neste punto, cómpre destacarmos o anagrama I♥NY deseñado por Milton Glaser: segundo explica o seu creador⁹³⁷, viu que no eslogan había tres elementos –“eu”, “amor” e “Nova Iorque”– e pensou que podían ser signos ou símbolos, de modo que os converteu na mínima expresión e todo o mundo os entendeu⁹³⁸. Un esquema similar seguiu a campaña publicitaria da Ford para divulgar un dos seus modelos, o Ford Ka, onde o xeróglifo estaba formado por letras e un obxecto, o propio coche, asociándoo así a palabras como *caña* ou *descaro* do seguinte modo: ña e Desrado. Nestes exemplos as persoas encargadas do deseño gráfico xogan coa emoción da incógnita e provocan nas receptoras a necesidade de a descrifiren e de conseguiren a recompensa de encontraren a solución. A linguaxe SMS, igual que a publicitaria, tamén emprega estas estratexias. Para Sutherland (2002), “the dialect has a few hieroglyphs (codes comprehensible only to initiates) and a range of face symbols”. A este respecto, tamén Crystal (2008:39) sinala a influencia da escrita exipcia na linguaxe SMS. En ambos os casos, estamos perante mensaxes que utilizan imaxes ou pictogramas en combinación con símbolos e caracteres para representaren o son das palabras, en lugar dos obxectos a que se refiren. Estes exemplos son tan só unha mostra reducida, mais permiten observar, igualmente, os puntos en común que presentan a lingua da publicidade e a das SMS.

Non obstante, o diálogo que se establece entre estes dous códigos lingüísticos non se reduce ás similitudes estruturais que manifestan, mais tamén ao recente interese do sector publicitario por vehiculizar as súas campañas a través deste sistema de mensaxaría (véxase 2.3.3.1.4). As SMS obrigan a persoa emisora a enviar comunicacións directas e sinxelas que impactan con precisión á consumidora. Na opinión de Rico Hernández (2006:190), as características deste medio conseguen vencer en moitas ocasións o correo electrónico, até o momento considerada unha grande ferramenta de marketing pola súa rapidez. Como xa indicamos, en ambas as esferas a finalidade é comprimir a lingua á súa mínima expresión para se axustaren a un espazo reducido e non ultrapasaren os caracteres dispoñíbeis. Quere dicir, tanto a linguaxe SMS como a publicitaria se rexen pola economía de tempo, de espazo e de diñeiro e esta é a razón da proxección da primeira ao ámbito da publicidade. Nesta esfera a linguaxe SMS entendeuse como unha posíbel vía para contrarestar as anteditas limitacións e, en moitos casos, integrou nas súas mensaxes as estratexias e os recursos propios desta escrita. Para alén disto, pode que utilizarmos menos caracteres nun cartaz permita que estes sexan de maior tamaño e que se poidan ler desde máis lonxe. E igual que nos exemplos antecitados, encriptar nalgunha medida o contido da mensaxe require un maior esforzo de comprensión que aumenta o interese das persoas para a descodificaren. Mais embora sexan estes os motivos fundamentais, non son os únicos, dado que tamén é frecuente utilizar a linguaxe SMS para mostrar a proximidade con certo tipo de público e a orixinalidade do produto ofertado: trátase de que nos resulte familiar, isto é, que non nos convenza unha empresa, senón un amigo e de que, ademais, a mensaxe sexa visualmente atractiva.

Neste sentido, cando se produciu o boom dos telemóbeis e das mensaxes SMS, as empresas de marketing non só aproveitaron esta ferramenta como medio de difusión

⁹³⁷ Véxase a súa páxina persoal <http://www.miltonglaser.com/the-work/81/new-york-state-i-love-ny-campaign/>.

⁹³⁸ Este lema difundíuse de forma vertixinosa e hoxe en día é frecuente achármolo en cantidade de souvenirs de moitas cidades. Mais en relación co uso de códigos simplificados, convén salientarmos particularmente aqueles que se venden en Amsterdam onde é habitual encontrarmos camisolas e xerseis co seguinte eslogan serigrafado: I♥A'DAM.

publicitaria, mais tamén crearon moitos anuncios que utilizaban este sistema de escrita, tanto pola súa finalidade redutora como por unha cuestión meramente estética e comercial⁹³⁹. E, dentro das campañas publicitarias que adoptaron esta linguaxe destacan as das propias compañías de telemóbeis: Movistar realizou en 2007 unha en soporte gráfico para informar sobre unha promoción de SMS gratuítas nas fins de semana co lema *otr vz!* e nos puntos de venda adoptou o eslogan *Movistar te abla*. Por outro lado, nalgúns sistemas de interacción dixital aparece publicidade que utiliza as mesmas estratexias, como no MSN Messenger onde documentamos o seguinte anuncio: *kon 500 sms gratis, ke arias?*. Nos tres casos predominan os recursos de simplificación, mais, ao mesmo tempo, o uso da linguaxe SMS constitúe unha técnica publicitaria moi eficaz para sorprender o público, especialmente o máis novo. Esta debeu de ser a motivación de diversas iniciativas impulsadas por entidades bancarias: por unha parte, La Caixa creou un portal para a mocidade ao que denominou *LKXA* e onde operan recursos de simplificación, como a elisión de vogais e as abreviacións e fenómenos de expresividade como o uso de *k* en lugar de *c*. Por outra parte, Caja Madrid prescinde das elisións vocálicas e opta polo proceso de acronimia e polo uso dun anglicismo de moda e crea *cmcool*, un depósito bancario dirixido tamén á xente nova. A necesidade de persuadir esta clase de público levou o colectivo de publicistas a utilizaren un rexistro de lingua informal e a incluíren vocabulario propio das xirias xuvenís, como se reflite da seguinte frase con que se promociona o depósito: “Pones 600 napos o más y en tres mesecitos tienes más pasta”.

O suceso destas campañas motivou que moitas outras compañías se unisen a esta nova tendencia e que visen a linguaxe SMS como unha ferramenta de mercadotecnia moi eficiente. Por exemplo, BMW adoptou en 2008 este código nunha das súas campañas publicitarias e incluíu na súa propaganda palabras abreviadas como *Frza* e *Dprtvo* (Trenas 2008:37); tamén nunha promoción máis recente de Ibericar figura o seguinte texto: *Ola ke ase? Nosotros sortear un BMW gratis*. A comezos de 2013 foron varios os anuncios deste tipo: Campofrío e a súa campaña *cuidat+* e General Óptica co seu *mas x menos*, entre as máis salientábeis. Como se pode observar, esta publicidade non fai máis do que proliferar e na actualidade non só as grandes multinacionais utilizan estes códigos para chegaren á xente, mais tamén comezan a ser frecuentes en múltiples sectores e a nivel local. Por este motivo, a poboación está a se tornar cada vez máis consciente da proxección da linguaxe SMS a este ámbito: así, no inquérito que realizamos sobre as mensaxes de texto e o seu sistema de escrita, o 60% das persoas entrevistadas afirma coñecer outras áreas en que se utiliza a linguaxe SMS, alén dos sistemas de mensaxaría; moitos deles —concretamente o 22%— indican o publicitario como un dos sectores en que a dita influencia vira máis patente. De feito, algunhas persoas indicaron na súa resposta algún exemplo que lles pareceu significativo, como a zapatería online *Xti*. O comercio online é moito máis rico en canto ao número de mostras, dado que se desenvolve no mesmo contexto en que se crearon e se utilizan estes códigos e, en consecuencia, contáxiase con maior facilidade e demostra unha maior predilección polo seu uso. Neste sentido, destaca a tenda online de camisolas *Qwertee*, cuxo nome debe a súa orixe ao teclado dos computadores e á pronuncia da consoante inicial do nome inglés t-shirt⁹⁴⁰. Igualmente, as

⁹³⁹ Nesta epígrafe só describiremos os eslogans para analizarmos a influencia da linguaxe SMS na súa creación e, por tanto, prescindiremos do apoio visual xa que xulgamos que tan só serviría para sobrecargar o texto. Con todo, remitimos para o seguinte enderezo web en que se pode observar unha ampla mostra deste tipo de textos recollidos nas catros provincias galegas: https://drive.google.com/folderview?id=0B_gTRzZQkwIOeFdjNHFLdGo2bms&usp=sharing.

⁹⁴⁰ Sobre este particular, na súa páxina web explican a súa orixe: “If you look at the keyboard in front of you, chances are the first 6 letters on it are QWERTY. The Qwerty keyboard is the most common in the world. We wanted a fun name that combined tee shirts with something nerdy/technology related, Qwertee seemed to fit the bill. Will we be launching an AZERTEE for the French market and a QWERTZTEES for the Germans? Maybe one day, but for the moment we hope you'll be happy with Qwertee” (véxase <http://www.qwertee.com/faq/>).

tendas de xoguetes, debido ao público a quen se dirixen e á súa natureza lúdica e creativa, tamén son propensas a este tipo de xogos lingüísticos: a máis coñecida a este respecto é a cadea americana *Toys "Я" Us*, mais tamén achamos exemplos máis próximos, como a catalana *Drim*. En ambos os casos o recurso á escrita grafo-fonética (véxase 3.2.1.1.8) é evidente: *r* ('are') e *drim* ('dream').

Tamén entre o comercio local galego podemos notar a extensión deste fenómeno, que se documenta amplamente en todo o territorio e que modela cada vez con máis intensidade a nosa paisaxe lingüística (Mosquera Castro / Wellings: no prelo): en Pontevedra e Viveiro temos a cafetaría *PK2* ('pecados'), en Lugo a tenda de regalos *K-mon* ('come on') ou a cadea de confeitaría *Aptc*, presente en numerosas vilas e cidades. A provincia da Coruña foi aquela en que máis mostras encontramos sobre este tipo de prácticas tipográficas: no concello de Arteixo, por exemplo, sorprende o nome dun salón de peiteados denominado *Kbeyo's*; no centro da Coruña a tenda de roupa *Kprichos*, a de deportes *Koruña Sports*, a de complementos *Deskarada*, o salón de peiteados *koketa*, a cafetaría *Ksi Kno* ou a veterinaria *Vet+cotas*. Tamén é preciso destacarmos o bar *Xunkeira* en Ferrol e os seguintes establecementos de Compostela: a cadea hoteleira *pQliar*, a xoiaría *Katuxa Platero* e a tenda de cosmética *Biuti Butik*. En todos eles podemos observar un mesmo padrón: linguaxe coloquial, moi próxima á oralidade, práctica, cotiá, que se adapta á perfección ao contexto comunicativo e o máis relevante, orixinal. Trátase dunha escrita libre e creativa que reivindica o lado alternativo, rebelde e anárquico da lingua: non hai normas que cumprir e cando aparecen é o propio usuariado quen as crea. O único que importa é que a mensaxe sexa comprensíbel para o público a que vai dirixida. En definitiva, as características da escrita SMS ofrecen á linguaxe publicitaria autenticidade, brevidade, unidade e modernidade. Conforman, por tanto, un proceso de reciclaxe e adaptación: a linguaxe SMS é produto da adecuación lingüística a un novo medio e as empresas, por súa vez, utilizan este código na súa propaganda e aproveitan as oportunidades que lle ofrece para conectar co público máis novo.

3.4.2.4. Linguaxe SMS e informática

Como sinalamos en 1.2.4.4, o avance da tecnoloxía informática e das telecomunicacións tivo numerosas repercusións na esfera lingüística; a aparición dun novo soporte non só deu lugar a novas modalidades discursivas e a novos códigos lingüísticos, mais tamén contribuíu para o desenvolvemento ou afortalamo dun novo campo de investigación científica, a Lingüística Computacional. Esta disciplina xorde co obxectivo fundamental de deseñar aplicacións informáticas hábeis no manexo da linguaxe natural e así contribuír para o tratamento informatizado das linguas e do seu estudo (Gómez Guinovart 2000:221). O suceso dos dispositivos electrónicos e da Internet creou a necesidade de investigar e de implementar estratexias informáticas eficaces para a comunicación entre persoas ou entre persoas e máquinas e para a recuperación da información a través da linguaxe natural. Nesta liña, destacan os programas de tradución automática, os sintetizadores de voz, os lematizadores, os córpora de textos anotados, os dicionarios etc. Mais, á diferenza das linguaxes artificiais, a linguaxe natural é ambigua e presenta certa complexidade en diferentes niveis, nomeadamente no lexical, no referencial, no semántico e pragmático, como se observa cando facemos uso dos tradutores automáticos. Quere dicir, hoxe en día a linguaxe natural escapa en moitos casos ao tratamento computacional debido a que o coñecemento lingüístico está asociado de modo sutil ao coñecemento contextual dos utentes. No entanto,

nos últimos anos “there has been a big effort to produce natural language processing (NLP) algorithms and tools that try to understand well-written text” (Xue / Yin / Davison 2011:74), de modo que existen hodiernamente ferramentas cunha alta porcentaxe de suceso. En ocasións, utilízanse gramáticas de estilos e formas lóxicas para incorporar o coñecemento contextual no proceso e reducir, así, a complexidade do procesamento sintáctico-semántico⁹⁴¹.

A web constitúe na actualidade a canle por excelencia a través da cal as persoas se comunican, escriben sobre o que lles acontece e sobre os seus intereses, dan opinións e valorizan produtos de todo o tipo, de forma que podemos considerala, seguindo Crystal (2011:1), “the largest database of language the world has ever seen”. Neste sentido, a maioría das aplicacións de procesamento de linguaxe natural (PLN) é elaborada por e para este soporte, mais sempre con base na lingua estándar; porén, o desenvolvemento dunha modalidade lingüística particular, o discurso electrónico, desafia, por súa vez, a enxeñaría lingüística creada para esta finalidade. Estamos, por tanto, perante un proceso que se retroalimenta, isto é, por unha parte a lingua tivo que se adaptar ao novo soporte creado pola ciencia informática e, por outra parte, estes usos lingüísticos obrigan a enxeñaría a desenvolver novas ferramentas para procesar os datos contidos na rede. De feito, unha grande cantidade da información deste soporte está redixida utilizando este tipo de escrita informal, en que se desatende a ortografía e a gramática, en que se utilizan de forma deliberada numerosas técnicas de redución e de expresividade e onde os símbolos son empregados de forma non convencional. Consoante afirman Kobus / Yvon / Damnati (2008:441), “addressed to relatives or peers, written in the spur of the moment, using interfaces, each with its specific constraints (computer keyboards, PDAs, mobile phones keypads)”, estas mensaxes están caracterizadas por desviacións masivas e sistemáticas a respecto da lingua estándar e, por tanto, as ferramentas de PLN non serven para as procesaren⁹⁴². Por esta razón, Xue / Yin / Davison (2011:74) consideran necesario desenvolver un normalizador lingüístico que permita analizar textos en formato non estándar –ou como eles o denominan *microtexto*–, dado que as incorreccións normativas que conteñen obstaculizan calquera sistema de procesamento de linguaxe natural estándar e, en consecuencia, impiden recuperar unha importante masa de datos.

Neste punto, a maioría dos/as investigadores/as do campo escolleron traballar sobre as SMS, “because it features the maximum amount of compression and thus, is the most

⁹⁴¹ Sobre esta cuestión, Vázquez Perez (2009:3-4) salienta que “uno de los principales problemas encontrados al tratar texto no pre-formateado: diálogos, consultas telefónicas... es la ambigüedad. En el lenguaje humano podemos encontrar múltiples expresiones y palabras que pueden tener varios significados distintos dependiendo de las circunstancias de uso. Estas características hacen que el lenguaje natural se distinga de los lenguajes artificiales por su riqueza (en vocabulario y construcciones), flexibilidad (reglas con múltiples excepciones), ambigüedad (pudiendo darse diversos significados de una palabra o una frase según el contexto), indeterminación (permitiendo referencias y elipsis) y distintas interpretaciones del sentido literal según la situación o el contexto en que se produce. Lo que son ventajas para la comunicación humana se convierten en problemas a la hora de un tratamiento computacional, ya que implican conocimiento y procesos de razonamiento que son difíciles de formalizar. Debido a estas características del lenguaje natural, es necesario utilizar una serie de técnicas de PLN para trabajar con texto y expresiones humanas que permitan resolver a partir de un análisis dirigido por el dominio, el uso, el contexto, etc, los distintos problemas de interpretación que puedan aparecer”.

⁹⁴² Aw / Zhang / Xiao / Su (2006:34) sinalan esta diferenza: “General text normalization deals with Non-Standard Words (NSWs) and has been well-studied in text-to-speech [...] while SMS normalization deals with Non-Words (NWs) or lingoos and has seld been studied before. NSWs, such as digit sequences, acronyms, mixed case words (WiNT, sunOS), abbreviations and so on, are gramatically correct in linguistics. However lingoos, such as “b4” (*before*) and “bf” (*boyfriend*), which are usually self-created and only accepted by young SMS users, are not yet formalized in linguistics”.

challenging one to model” (Choudhury / Saraf / Jain / Sarkar / Basu 2007:65). Á diferenza do correo electrónico, ou das redes sociais en que tan só a premura provoca o uso desta escrita, a extrema brevidade das mensaxes de texto polas restricións da aplicación e do propio dispositivo converten este xénero no máis complexo do punto de vista do procesamento lingüístico. Así as cousas, o desenvolvemento dun normalizador baseado na linguaxe SMS tornará unha ferramenta moi eficaz para o tratamento dos usos lingüísticos da rede, por norma, menos sintéticos. Non obstante, un dos primeiros problemas que se detecta para levar a cabo esta empresa é a escaseza de corpus de referencia (véxase Metodoloxía), se ben que como sinalamos en 3.3.3, existen xa algunhas iniciativas neste sentido como *sms4science* ou *treasuremytext*⁹⁴³. De acordo con Fairon / Paumier (2006), nestes casos as mensaxes foron compiladas polo estudantado e copiadas de forma manual desde as pantallas dos telemóbeis, de modo que vira preciso ter en conta dúas posíbeis limitacións: por unha parte, o corpus fica restrinxido a unha certa categoría de SMS; e, por outra parte, a fase de copiado puido introducir alteracións no modelo de lingua: erros, correccións voluntarias e, en liñas xerais, todos os fenómenos sinalados en V. Mais, en todo o caso, e até que non aparezan corpus de maior escala, os repertorios existentes –limitados aínda a unhas poucas linguas– constitúen os únicos bancos de datos desde os que aproximarse da normalización da linguaxe SMS e, por extensión, do resto dos códigos lingüísticos que se utilizaren na Rede.

Un estudo como o realizado en 3.2 sobre a linguaxe SMS permite ilustrar a grande variabilidade de formas que adquire unha palabra. Os únicos límites na variación descansan na imaxinación do usuariado e, en consecuencia, a explotación do corpus vira complexa. Por esta razón, na maioría dos proxectos levados a cabo neste ámbito viuse necesario traducir ou transliterar os textos SMS para a lingua estándar creando un corpus “bilingüe”. Así, o aliñamento das mensaxes no banco de datos facilita a exploración lingüística, xa que permite facer as procuras no texto estándar para logo examinar a secuencia correspondente na SMS e evita os problemas motivados pola variación. Unha vez feita a tradución será preciso realizar un mapeo para establecer correspondencias entre o orixinal e o texto traducido utilizando un algoritmo heurístico. Seguindo Choudhury / Saraf / Jain / Sarkar / Basu (2007:65), o algoritmo “searches for sites (tokens) in the original and translated texts, which can be aligned to each other with high confidence”, o que permitirá extraer unha listaxe de vocabulario en que ao lado de cada palabra na lingua estándar aparezan as correspondentes variacións en SMS e tamén a frecuencia de aparición de cada unha delas. Con todo, para que o normalizador funcione con suceso ao ser aplicado sobre un conxunto diferente de SMS, cómpre ter en conta cales son os fenómenos lingüísticos que nos podemos encontrar (estiramentos gráficos, escrita fonética, abreviaturas, elisión de vogais etc.) e automatizar as ordes correspondentes na aplicación para que poida desenvolver procesos xa coñecidos en palabras que no corpus mapeado non aparecían. No noso corpus, por exemplo, aparece en múltiples ocasións a forma *mδ* para *moito*; nestes casos débese indicar que os números representan secuencias gráficas e que *δ*, nalgúns casos equivale á secuencia fónica *oito* [‘ojto], de forma que se nalgún momento o normalizador se atopa cun uso similar nunha nova palabra –pensemos en *biscδ* por *biscoito*– sexa capaz de a identificar. Este sistema será máis

⁹⁴³ A este respecto, Fairon / Paumier (2006) subliñan que no caso das SMS a compilación de datos é tecnicamente máis complexa que no dos correos electrónicos, os chats ou os foros, porque estes son espazos de dominio público e o das mensaxes é unha esfera privada e require a colaboración das persoas usuarias que, por regra xeral, se encontran dispersas.

complexo no caso de linguas como o inglés e o francés en que a escrita non se corresponde coa pronuncia⁹⁴⁴.

A creación dun normalizador que converta a linguaxe SMS en lingua estándar sería moi útil en múltiples aspectos. En primeiro lugar, o feito de contarmos con esta aplicación nos dispositivos electrónicos –smartphones, tablets, computadores etc.– concedería ao usuario unha maior liberdade para redixir as súas mensaxes de forma rápida e directa sen adaptar a súa escrita en función da persoa destinataria –principiante ou experta–, ao facilitar ás non iniciadas a posibilidade de traduciren o contido das mensaxes. En segundo lugar, a funcionalidade deste decodificador non se reduciría á interacción a través de mensaxes de texto, mais tamén sería certamente válido como ferramenta de corrección automática para eliminar o ruído doutros documentos de textos en que, igualmente, se utilizan códigos abreviados, como os blogs, as redes sociais ou os correos electrónicos; do mesmo modo, vira unha aplicación moi eficaz para os motores de búsqueda, xa que facilita as tarefas de recuperación da información: como xa sinalamos, a web contén unha grande cantidade de datos con este sistema de escrita e, por tanto, os motores de búsqueda terán no normalizador un aliado que os fará inmunes aos posibles ruídos que poidan aparecer; nesta liña –valéndonos do exemplo anterior–, se facemos unha busca mediante a palabra “biscoito”, esperaríamos que o motor de búsqueda utilizado nos devolvese tamén palabras como *bisc8*, *bsk8*, *bskoit* etc. A habilidade do normalizador para o tratamento das variacións ortográficas tamén o converte nun recurso eficiente para a búsqueda de nomes propios⁹⁴⁵. E, en terceiro e último lugar, esta aplicación contribuiría tamén para mellorar os sistemas de conversión do texto escrito para a oralidade, xa que permite ás persoas con problemas visuais –ou aquelas non iniciadas na escrita– acceder ás páxinas web redixidas nesta modalidade gráfica, tales como os blogs e as redes sociais ou, inclusive, converter as propias SMS en mensaxes de voz.

Na actualidade existen diversas iniciativas nesta dirección e podemos achar xa algúns exemplos de normalizadores de linguaxe SMS, nomeadamente para a lingua inglesa. Non se trata de aplicacións definitivas, mais aínda poden ser melloradas: os modelos presentados por Kobus / Yvon / Damnati (2008:447) e por Choudhury / Saraf / Jain / Sarkar / Basu (2007:69), por exemplo, viran altamente eficientes para a conversión a texto normativo, se ben que tamén detectan algúns erros. Así, no primeiro caso os/as autores/as afirman que o seu sistema comete cando menos un erro no 60% das mensaxes que decodifica, en canto no segundo a porcentaxe de suceso é do 89%. Para o francés, Fairon / Paumier (2006) crearon un corpus de SMS moi relevante tanto do punto de vista cuantitativo como cualitativo e realizaron a súa conversión á lingua estándar para que o persoal investigador contase cun banco de datos a partir do cal achegarse a este fenómeno lingüístico. E aínda que foi realizado desde a esfera das humanidades, conforma un marco idóneo para desenvolver ferramentas como as xa sinaladas (cfr. Guimier de Neef / Debeurme / Park 2007). Para as linguas peninsulares son escasos os traballos con esta orientación (cfr. Mosquera / Moreda 2012 e Vilares / Alonso /

⁹⁴⁴ Nestas linguas, o suceso do decodificador pode ser moito menor ao ser máis complexo o establecemento de normas que permitan que non falle no recoñecemento da palabra correcta. Por exemplo, a distancia que separa *ksa* de *casa* ou *okupd* de *ocupado* é moito menor que aquela que debe establecerse para que de palabras como *rite*, *gud* ou *nite* se chegue a *right*, *good* ou *night*. Véxase tamén Choudhury / Saraf / Jain / Sarkar / Basu (2007: 67).

⁹⁴⁵ A este respecto, Choudhury / Saraf / Jain / Sarkar / Basu (2007:64) afirman que un decodificador para a linguaxe SMS sería eficiente para captar as variacións de nomes de cidades, persoas ou institucións dos que, en moitos casos, descoñecemos a súa forma gráfica e aos que procuramos por aproximación. Os autores sinalan o seguinte exemplo: “we find several variations for the name “Sarauv Ganguly” in the web (‘Saurabh Ganguly’, ‘Sourav Ganguli’, ‘Sourabh Ganguly’, etc).

Vilares 2013), o que entendemos que continúa a tendencia do que acontece cos estudos sobre a linguaxe SMS e os novos usos lingüísticos da rede⁹⁴⁶.

3.4.2.5. Linguaxe SMS e outras artes

As epígrafes anteriores evidencian como a linguaxe SMS transcendeu máis alá dos límites da comunicación electrónica interpersonal e penetrou en moitas áreas que souberon tirar partido das potencialidades que este novo código lles brindada. Non obstante, se ben que a literatura, a educación, a publicidade e a informática constitúen os ámbitos en que se documenta unha maior visibilidade da escrita SMS, tamén é posíbel constatar a súa aparición en esferas tan diversas como a música, o cinema, a moda ou a decoración, onde este fenómeno marcou ou está a marcar tendencia, embora nin sempre se poidan documentar na Galiza. Trátase en todos os casos de exemplos particulares que, á diferenza dos anteriores, non permiten unha análise exhaustiva por campo, mais que, ilustran de igual forma o alcance e a importancia social que adquiriu esta linguaxe. Por este motivo, decidimos incluír estas mostras nunha única sección, xa que, a pesar da pluralidade temática, todas elas permiten exemplificarmos a normalidade con que foi entendida esta variedade noutros ámbitos e o contraste coa alerta social creada a respecto da lingua. Neste sentido, vira preciso citarmos a esfera artística, pois a música e o cinema aproveitaron, aínda que en menor medida que a literatura, este modalidade lingüística nas súas creacións audiovisuais.

En primeiro lugar, convén mencionarmos o filme intitulado *LOL* estrenado en 2012, protagonizado por Miley Cyrus e Demi Moore e dirixido por Lisa Azuelos, directora tamén do filme orixinal de 2008 *LOL (Laughing Out Loud)*. A linguaxe SMS non só está presente no título, máis tamén no propio argumento: narra a relación entre unha nai e a súa filla e nesta historia o discurso electrónico adquire unha importancia vital; así, a falta de comunicación entre elas contrasta coa facilidade con que a filla se expresa no soporte dixital: as mensaxes de texto, as redes sociais, o seu blog persoal e o propio código lingüístico asumen nesta longametraxe un papel protagonista. Outrosí, moitas telenovelas ou series focadas ás faixas etarias máis novas incorporan esta linguaxe nas súas tramas. En concreto, as series coreanas, a través do uso das xirias e do *slang* reforzan a súa presenza, como acontece na comedia *High Kick Through The Roof*. En segundo lugar, tamén a linguaxe SMS se converteu nun recurso atractivo no sector musical: de xeito similar ao que acontece na literatura, as persoas que compoñen introducen nas súas letras moitos dos recursos lingüísticos que caracterizan este código e referencias aos novos sistemas de interacción electrónica. Un dos exemplos máis significativos é a canción *LOL :-)* do artista norteamericano Trey Songz, que incorpora moito do argot da Internet e mencións explícitas a estas prácticas comunicativas. E sen entrarmos a valorizar a súa calidade musical, tamén é preciso citarmos a canción-manual *LOL* do grupo musical Los Ganglios, que pretende servir como guía didáctica para a aprendizaxe das abreviaturas máis utilizadas no contexto dixital. En todos os exemplos que citamos, o

⁹⁴⁶ Neste sentido, e como indicamos nas páxinas iniciais deste traballo, un dos nosos obxectivos era que o estudo da linguaxe SMS non ficase nunha mera reflexión lingüística, mais tamén que se convertese nunha ferramenta útil e que os seus resultados puidesen ser aproveitados para a elaboración de aplicacións informáticas de predición lingüística para o galego. Por esta razón, estamos xa a traballar na creación dun normalizador de linguaxe SMS para a nosa lingua. E aínda que é moi cedo para aventurarmos resultados, xulgamos que este proxecto servirá para situar o galego nunha posición relevante na esfera da PLN. Igualmente, a súa funcionalidade nun campo emerxente e de vital importancia como o procesamento da información na Rede convertería esta ferramenta e, por extensión, a nosa lingua nun marco de referencia para aproximacións similares.

obxectivo principal dos creadores é conectar cun sector da poboación concreto que está a crecer coa Internet e co resto das plataformas de interacción electrónica.

O suceso mediático da linguaxe SMS, en parte favorecido polas críticas e pola alarma social que provocou, converteu este código no obxectivo de moitas olladas. Desta forma, non só os publicistas decidiron incorporalo nos seus slogans, mais tamén os deseñadores e inclusive os decoradores explotaron o seu potencial. Sobre este particular, vira necesario mencionarmos o seu grande suceso no ámbito do deseño: hai uns anos púxose moi de moda o emotícone da face sorrinte ☺ e comezou a aparecer en toda a clase de produtos de mercadotecnia, tales como bolsos, carteiras, suéters, chapas etc. Na actualidade, tamén achamos moitas marcas de roupa que seguindo esta tendencia incorporan mensaxes cifradas como elemento estético, nomeadamente nas camisolas. E igualmente, esta linguaxe aparece como motivo ornamental en moitos artigos de menaxe e decoración. Así, as tendas da empresa *Casa*, especializada en produtos para o fogar, comercializan cuncas, pratos, recipientes e tapetes que inclúen palabras en linguaxe SMS e diferentes emotícones e que conforman auténticas mostras de creatividade ao conceder a utensilios habituais un aire fresco e innovador.

3.5. Conclusións

Nos capítulos anteriores (1 e 2) establecemos os precedentes da comunicación escrita no soporte virtual e definimos os parámetros e as bases en que asenta o discurso electrónico para logo nos centrarmos, máis ao pormenor, na especificidade das mensaxes de texto. A descrición desta nova modalidade textual conforma un dos obxectivos principais deste traballo e serve, igualmente, para contextualizar o espazo en que se desenvolve a linguaxe SMS, as motivacións e, inclusive, a súa idiosincrasia en tanto que sistema de representación da linguaxe escrita. A definición e a análise deste código constitúe a tese principal en que fundamentamos as nosas pesquisas e, nestes medios, no capítulo 3 abordamos o dito fenómeno desde diversas perspectivas –todas elas relacionadas– para ofrecermos unha visión o máis completa posíbel. Por esta razón, dedicamos especial atención a varios aspectos que, na nosa opinión, contribúen para esta finalidade: achegámonos a esta modalidade gráfica desde unha perspectiva sociolóxica (3.1); así, verificamos unha tendencia similar á establecida para o uso das SMS, en que o colectivo de menor idade constitúe o grupo que utiliza este código con maior profusión. De modo análogo ao que acontece coas comunidades lingüísticas, as particularidades da linguaxe SMS eríxense para a mocidade como un elemento identitario que a reforza como colectivo, ao tempo que a singulariza a respecto doutros. A aparición e o desenvolvemento deste sistema lingüístico estivo vinculado ás persoas máis novas, na medida en que foron aquelas que se beneficiaron de forma máis inmediata destes sistemas de comunicación e tamén aquelas que primeiro se enfrontaron aos condicionamentos técnicos e gráficos que presentaban os novos medios de interacción.

Non obstante, estas restricións e a incorporación do resto das faixas etarias á esfera dixital e ao ámbito das telecomunicacións favoreceron unha expansión sen precedentes desta modalidade escrita, que ampliou o perfil de idade do usuariado. De acordo cos nosos datos, para alén da mocidade, son os novos adultos e os adultos os grupos que máis utilizan a linguaxe abreviada neste soporte e dentro deles as mulleres son as que lle conceden unha maior proxección. En todo o caso, os resultados demostran a prevalencia do factor contextual –adaptación ao un espazo limitado, a un dispositivo determinado e a uns novos parámetros comunicacionais– sobre o xeracional na súa definición. Neste sentido, verificamos que independentemente da idade, unha persoa pode utilizar a linguaxe SMS en función de múltiples factores: a persoa a quen for dirixida, a situación en que tiver lugar a interacción, a temática da mensaxe etc. A variedade estilística documentada no noso corpus, non só entre os diversos grupos de idade mais tamén a nivel interno, evidencia a versatilidade da escrita SMS; esta incorpora tanto recursos lingüísticos tradicionais como outros máis innovadores, de modo que o coñecemento do código estándar e a competencia lingüística viran instrumentos imprescindíbeis para o usuariado desde a perspectiva da redacción, mais tamén da recepción. E ademais da adaptación ao medio, existen outras motivacións que xustifican estas novas estratexias lingüísticas, como por exemplo as novas necesidades comunicativas: a preocupación pola caligrafía, os erros tipográficos ou a busca da palabra idónea transformouse na actualidade en premura, efusividade e condensación. Ao mesmo tempo, a diversión, a creatividade e a rebeldía configúranse igualmente como factores claves para explicaren este fenómeno, que se move entre a transgresión lingüística e a eficiencia comunicativa.

Na mesma liña, tamén notamos que son múltiples os contextos en que a linguaxe SMS pode ser documentada; normalmente está presente nas mensaxes de carácter persoal, se ben que en ocasións excede esta esfera: achámola en SMS de tipo relacional, sobre todo naquelas que manifestan unha maior carga afectiva ou unha orientación claramente lúdica e expresiva, mais tamén é frecuente que apareza naquelas outras de temática xeral, para partillar

unha determinada información ou reflectir sobre algún feito puntual. Os datos revelan a capacidade deste código para vehiculizar todo o tipo de interaccións nun contexto de grande complexidade do punto de vista lingüístico e, por tanto, tamén dán conta da vitalidade da lingua que, da man dos seus utentes, se adapta aos novos espazos de uso. De feito, en 3.2 vimos que, en liñas xerais, a linguaxe SMS manifesta unha certa unidade, a pesar de non constituír unha variedade estandarizada. Na súa conformación identificamos dúas forzas que actúan como os eixos fundamentais que permiten explicar todos os mecanismos lingüísticos que particularizan esta modalidade: por unha banda, a máxima de economía –motivada pola limitación a 160 caracteres, o teclado abreviado, as pequenas dimensións das pantallas dos dispositivos móbiles e a necesidade de axilizar a comunicación– obrigou o usuariado a desenvolver estratexias compensatorias que primasen o contido sobre a forma e que permitisen transmitir a máxima información no menor número de unidades lingüísticas. Por outra banda, a máxima de expresividade –impulsada pola necesidade de contrarrestar a ausencia de información paralingüística e de aproximar as interaccións escritas dixitais da oralidade– potenciou a elocuencia e a creatividade lingüística das persoas usuarias.

A confluencia destes dous principios, en aparencia opostos mais na realidade complementares, orixina múltiples recursos lingüísticos que poden ser clasificados baixo as etiquetas de redución, ampliación e/ou mantemento e creación, na medida en que priorizan unha ou outra finalidade. A converxencia de todos os factores mencionados ten como resultado un estilo informal, subversivo e transgresor, que foxe das prescricións normativas do código estándar e que manifesta un alto grao de experimentación lingüística. A este respecto, convén subliñarmos que os mecanismos presentes na linguaxe SMS afectan todas as esferas da descrición gramatical, se ben que o nivel de incidencia non é idéntico en todas elas. A compoñente gráfica e fonético-fonolóxica é aquela que experimentou na escrita SMS un maior número de transformacións: en 3.2.1 tratouse como nesta área proliferan os recursos de simplificación, se ben que tamén documentamos estratexias de ampliación e inclusive de creación. Entre os primeiros é preciso salientarmos a rendibilidade que no corpus examinado manifestan as elisións vocálicas e consonánticas –nomeadamente aquelas que se producen por dedución contextual–, a ausencia de acentuación, o uso de abreviacións e toda unha serie de innovacións tipográficas que camiñan cara á escrita fonética, cal as reducións de grupos consonánticos, a simplificación dos dígrafos, as reducións grafo-fonéticas, a simplificación da correspondencia fonema / letra e o uso de símbolos e números con base no seu valor fonolóxico. Igualmente, a tipografía virou para o usuariado no único medio para reproducir a expresividade, razón por que tamén vira necesario indicarmos a produtividade dos estiramentos gráficos, da puntuación expresiva e dos novos usos das maiúsculas.

Tamén no tocante ao ámbito morfosintáctico (3.3.2) puidemos ver como a linguaxe SMS adoptou e adaptou moitas das estratexias presentes noutros rexistros ou modalidades lingüísticas, na medida en que son úteis para paliaren as constricións comunicativas do soporte electrónico. No tocante á economía de tempo e de espazo verificamos a rendibilidade dos encurtamentos vocabulares, as crases e as contraccións que, ao tempo que aproximan estes textos da oralidade –igual que a sintaxe coloquial– permiten aforrar no número de caracteres. Tamén a simplificación da sintaxe, máis propia das comunicacións telegráficas ou das notas, desafia as regras de cohesión gramatical e reduce ao mínimo a expresión. No referente aos recursos de natureza enfática, destaca o uso do diminutivo ou dos intensificadores que permiten caracterizar o texto do punto de vista afectivo e que contribúen para desambiguar un discurso en ocasións equívoco. E no lado oposto, analizamos tamén algúns fenómenos que, embora menos numerosos, destacan pola súa connotación simbólica, pois constitúen marcas lingüísticas deliberadas e motivadas por un alto grao de compromiso

coa lingua e tamén con outras realidades, aínda que tamén poidan ser incluídas en tanto que recursos de redución ou ampliación. Así, por exemplo, pareceunos significativa a presenza de perífrases, do infinitivo flexionado ou do futuro de subxuntivo nas SMS do corpus, de igual modo que o uso da @ para evitar as marcas de xénero. A falta de planificación do discurso e a espontaneidade dos medios ten tamén importantes implicacións na esfera semántico-lexical (3.2.3), onde se detecta unha clara tendencia cara ao coloquialismo. Deste modo, determinamos a rendibilidade das pro-formas que, lonxe de se erixiren como un sinal de pobreza lingüística, contribúen, a noso ver, para dotaren de fluidez e dinamismo a comunicación nun contexto en que a precisión non constitúe o elemento máis valorizado.

Outrosí, a orientación dialóxica das interaccións propiciou na área lexical a proliferación de recursos expresivos e en moitos casos redundantes: cunha finalidade elativa ou de énfase destacan nomeadamente as repeticións lexicais, as onomatopeas e as interxeccións, que tratan de integrar no texto plano outros elementos interpretativos cal os xestos, o ton de voz ou a linguaxe corporal e que, por súa vez, lle proporcionan cohesión. O léxico é, despois da ortotipografía, o campo que maiores posibilidades ofrece ao usuariado para demostrar a súa creatividade lingüística, sobre todo nun contexto como o dixital en que a creación lexical é unha constante. Nesta liña, na linguaxe SMS detectamos un forte emprego de creacións lexicais ou ampliacións semánticas de tipo afectivo, satírico ou lúdico. E cunha finalidade similar, constatamos que o usuariado introduce con moita frecuencia estranxeirismos, expresións coloquiais, frases feitas e mesmo vocabulario de diferentes xirias. Todos estes recursos permítenlle expresar un determinado estado anímico, brincar coas persoas destinatarias ou simplemente adicionar unha nota elocuente ao texto e, por tanto, serán os condicionamentos contextuais os que determinen en grande medida a escolla dunha ou outra estratexia. A importancia do factor contextual na interpretación das SMS é o que explica, igualmente, a rendibilidade dos recursos de tipo pragmático (3.2.4) que, nalgúns casos por redución e noutros por extensión, favorecen a eficacia comunicativa. Neste punto son moi frecuentes as elipses e o emprego de elementos décticos como estratexias de simplificación e o desenvolvemento dos emotícones en tanto que recurso desambiguador.

Por outro lado, en 3.3 realizamos unha aproximación sociolingüística que nos permitu notar a importancia do contexto social no desenvolvemento e na (a)normalidade deste fenómeno lingüístico: desde unha perspectiva local verificamos a produtividade do uso de formas dialectais (3.3.1) e a documentación de interferencias lingüísticas (3.3.2) nas SMS do noso corpus, nuns casos como medio para aforraren tempo e espazo e noutros como un modo de conceder efusividade á mensaxe ou de mostrar complicidade entre as persoas interlocutoras. Desde o punto de vista global, a nosa análise mostrou que estamos perante un fenómeno universal que se desenvolveu de forma paralela en diferentes linguas (3.3.3); así, vimos que idiomas como o chinés, o turco, o inglés, o francés ou o galés manifestan para a escrita SMS estratexias lingüísticas similares ás analizadas para o galego, dado que, a pesar das diferenzas estruturais entre uns e outros, os condicionamentos que a propiciaron son comúns a todos eles. Neste sentido, resultan tamén significativos os parecidos constatados entre a linguaxe SMS e os pidgins e os crioulos, non só a nivel estrutural, mais tamén no que respecta á súa consideración social (3.3.4). En 3.4, por súa vez, tivemos tamén a oportunidade de reparar na repercusión sociocultural que alcanzou este fenómeno, que excede os límites da descrición lingüística. A este respecto, aprofundamos nas distintas perspectivas desde a que a linguaxe SMS foi analizada, tanto desde unha óptica científica, como do punto de vista da lingüística perceptiva (3.4.1). Desta forma, vimos que a alarma social que suscita é consecuencia de opinións individuais na maioría dos casos carentes de fundamentación

empírica; para darnos conta disto, achegamos datos que contrarrestan eses preconceptos e que permiten aproximarse de tal código cunhas maiores doses de cautela e de obxectividade.

Por esta razón, decidimos tamén examinar aqueles campos en que desde o inicio se tirou proveito a esta nova modalidade de expresión lingüística (3.4.2). Así, tratamos a súa proxección no ámbito da publicidade, da literatura e doutras artes en que conta con maior ou menor presenza e indicamos os novos retos que esta escrita formula no campo da informática e das telecomunicacións; ao mesmo tempo, tamén apuntamos diversas posibilidades e orientacións para incorporarmos as novas tipoloxías textuais e a linguaxe SMS aos planos de estudo das materias de lingua e para aproveitarmos as múltiples oportunidades didácticas que ofrece.

En resumo, consideramos que o tratamento de todos estes elementos proporciona unha descrición completa do fenómeno SMS, non só do punto de vista lingüístico, mais tamén no referente á súa transcendencia sociolóxica e cultural. Outrosí, xulgamos que unha análise destas características, baseada en datos empíricos e con apoio bibliográfico, contribuirá para nos achegarmos cunha óptica diferente a esta nova realidade lingüística, desligada de preconceptos e centrada nas súas propiedades estruturais, na súa funcionalidade e no seu valor en tanto que sistema gráfico de comunicación.

Capítulo 4. Conclusións finais

Unha vez xa neste punto, parece pertinente ponderarmos as principais ideas que foron sendo expostas no desenvolvemento da presente tese de doutoramento, para o cal elaboramos esta pequena parte de síntese denominada convencionalmente “Conclusións”. Así as cousas, non estando na nosa vontade a reiteración de aspectos xa sinalados nas partes conclusivas de cada capítulo, talvez debamos comezar a presente sección a facermos fincapé en que a tecnoloxía transformou en moi pouco tempo a nosa realidade e seduciou o mundo, debido á súa novidade e á atracción que desprende. Neste sentido, ao ser a linguaxe un dos indicadores que mellor dá conta das mudanzas sociais, o que sería realmente insólito é que un fenómeno tan singular e innovador non tivese implicacións na lingua e no modo en que as persoas se comunican. Foi tamén esta axitación inicial –en certo modo comprensíbel– a que suscitou na esfera lingüística entusiasmo e temor –todo a un tempo– entre os diversos colectivos sociais. Así as cousas, existiu e existe na actualidade a idea de que as novas prácticas lingüísticas teñen un impacto fortemente negativo no modelo de lingua estándar, sobre todo na súa representación gráfica, e tamén nas competencias comunicativas do usuariado. Porén, no primeiro capítulo puidemos observar, igualmente, que as particularidades lingüísticas –ou cando menos os procesos– asociadas ao contexto electrónico xa existiron antes dunha maneira ou doutra, de igual modo que os vaticinios apocalípticos sobre cada nova revolución tecnolóxica. A novidade descansa, por tanto, na maior visibilidade que outorga o contexto dixital – eminentemente público – a estratexias que até este momento eran para moitas persoas descoñecidas ou, cando menos, exclusivas do dominio do privado. Resulta innegábel, non obstante, a influencia deste fenómeno, mais en todo o caso será unha influencia parcial nas formas, nas posibilidades técnicas, na rapidez e na extensión ou no sistema de representación gráfica, mais non na linguaxe. Cando os pergamiños escaseaban, os escribáns tamén empregaron diversas estratexias de redución que lles permitiron aproveitar mellor o espazo dispoñíbel e inclusive o propio soporte unha e outra vez, como verifica o palimpsesto. Trátase, por tanto, dunha adaptación formal ao medio en que vehiculamos os nosos textos.

A modalidade lingüística que se utiliza nos medios dixitais, embora manifeste certas similitudes con outras formas de comunicación, é esencialmente diferente de todas elas. Non constitúe nin unha conversa escrita nin unha escrita oralizante; a variedade electrónica é algo completamente novo que, outrosí, transforma o modo en que tradicionalmente se entendía a escrita e a oralidade. Ao igual que os anteriores, o novo soporte revela unha grande complexidade sociolingüística e estilística. Nesta liña, desenvolvéronse diversos xéneros

textuais novos, como as mensaxes de texto ou os chats, ao tempo que se reformularon outros, como a carta ou o diario persoal, que adquiriron maior dinamismo e versatilidade en tanto que correo electrónico ou bitácora. Como indicamos no segundo capítulo, as tipoloxías discursivas dixitais presentan diversas propiedades comúns –derivadas do propio medio– que nos permiten determinarmos que todas elas pertencen a unha mesma clase, a do discurso electrónico. Con todo, ao se tratar dun soporte variábel, non só establece as similitudes, mais tamén as particularidades de cada modalidade. Así, as diferentes características técnicas das aplicacións informáticas moldearon e moldean en cada caso unha variedade escrita singular: as limitacións de espazo, o tamaño dos dispositivos electrónicos ou as necesidades do usuariado –que cada vez valoriza máis a rapidez nas comunicacións– serán os principais condicionantes desta revolución gráfica. A nova dinámica interactiva será, con certeza, a máis relevante na actualidade, pois en moitos casos as carencias técnicas xa foron superadas e, no entanto, as prácticas discursivas que se crearon inicialmente perduran. Así, por exemplo, para moitas das persoas que mudaron das SMS para o Whatsapp ou o Line esta variedade gráfica é aínda enormemente pragmática.

O xénero das mensaxes de texto e a modalidade escrita coñecida como linguaxe SMS é, neste sentido, un dos fenómenos lingüísticos máis innovadores desta transformación social e tecnolóxica; é tamén un dos máis sorprendentes, na medida en que desenvolveu funcionalidades para as cales non fora creado e alcanzou unha enorme proxección social en campos moi diversos. Obxectivamente, as posibilidades comunicativas do telemóbel e da aplicación non eran as máis vantaxosas para as persoas interaxiren: o teclado non era familiar nin lingüísticamente motivado, as teclas eran minúsculas e provocaban problemas no proceso de escrita, existían limitacións de caracteres que repercutían no custo por SMS, a pantalla era moi pequena e implicaba dificultades na lectura, a mensaxe ao ser instantánea interrompía a vida cotiá da persoa destinataria etc. Porén, o usuariado considerou antes as vantaxes que lle ofrecía o dispositivo e desenvolveu diversos mecanismos para solucionar os ditos inconvenientes: era directo e non precisaba da dispoñibilidade do/a receptor/a; era rápido e evitaba a demora temporal doutras tipoloxías, como a carta; era breve, e permitía eludir os convencionalismos e a duración propia da conversa; era portátil e podía enviar textos virtuais a calquera lugar; era persoal, e outorgaba maior intimidade e inclusive secretismo; e era relativamente económico. Os dous últimos factores foron fundamentais para que as SMS virasen nun dos medios de comunicación preferidos polas faixas etarias máis novas e, igualmente, para o desenvolvemento da linguaxe SMS, entendida inicialmente como un sinal de identidade de grupo; a discreción e a conveniencia do medio e a súa orixinalidade lingüística atraeron tamén as persoas adultas cara a este sistema de mensaxaría e en ocasións cara á súa variedade gráfica, como revela o noso corpus.

Tales características motivaron a preferencia do usuariado polos textos breves, espontáneos e coloquiais, que se afastan da ortograficamente normativa estándar ao prescindiren de acentuación, ao omitiren as vogais ou ao simplificaren as consoantes. Nalgúns casos, a Internet e o contexto electrónico contribuíron para resaltar algúns dos defectos lingüísticos que antes tan só se intuían, mais na realidade a maior parte dos exemplos que achamos neste soporte non é produto do azar nin constitúen mostras isoladas; ao contrario, trátase de prácticas conscientes –embora improvisadas– e altamente creativas, resultado da necesidade de interaxir a través das pantallas de modo rápido, barato e eficaz, mais tamén novidoso: ao redixirmos con caracteres estándares, as oportunidades tradicionais para diferenciarmos os nosos textos pola califrafía desapareceron, o que provoca que o usuariado investigue outros elementos formais que o distinguan do resto. Neste sentido, a escrita estándar comeza a convivir no medio dixital cunha modalidade gráfica non padrón

que utiliza todas as posibilidades que lle ofrece o teclado para se aproximar da fonética da lingua e para transcribir accións que na conversa presencial expresamos a través dos xestos. Os xéneros sincrónicos son aqueles que utilizan con maior profusión a dita variedade, dado que se caracterizan por interaccións inmediatas, sen previa planificación nin revisión, e nas cales se teclea con celeridade e con límites de espazo e/ou restricións contextuais. No entanto, a instantaneidade virou nun dos trazos máis apreciados das últimas décadas: as persoas teñen o mesmo tempo, mais contan cunha oferta de actividades –incluídas as comunicativas– moito máis ampla, o que obriga a lle dedicaren menos espazo a cada unha delas ou inclusive a recorreren á multitarefa; por iso, esta grafía foi asumida tamén polos xéneros asincrónicos, como as mensaxes de texto.

Os resultados obtidos suxiren que os grupos de idade máis novos crearon e utilizaron inicialmente esta variedade para construíren unha identidade propia. Así, conseguiron diferenciar tamén a súa escrita das restantes faixas etareas –crianzas e persoas adultas–, polo seu modo singular de teclearen. Neste contexto, as incorreccións non adquiren as connotacións sociais negativas que lles son habitualmente atribuídas, como a falta de cultura, de alfabetización ou o desleixo; ao contrario, son toleradas e mesmo asumidas polo resto do usuariado, que as interpreta como algo irrelevante e ao tempo atractivo e transgresor. Esta é, igualmente, a razón que explica a asistemacidade das estratexias lingüísticas da escrita SMS, que varían dunha persoa para outra –sobre todo se pertenceren a grupos diferentes– e mesmo dun texto para outro da mesma autoría. Ás veces, como xa mostramos, un só texto permite detectar as ditas irregularidades. Por este motivo, é complexo establecermos en moitas ocasións fronteiras entre o que xulgamos unha falta ortográfica, unha solución deliberada ou mesmo un erro tipográfico. Con todo, o estudo do corpus e os resultados dos inquéritos evidencian unha vontade por parte do usuariado de se rebelar dalgún modo contra as ataduras da normativa ortográfica a través do xogo e da experimentación lingüística, o que discute en grande medida diversos xuízos de valor que atribúen a este sistema de escrita unhas consecuencias certamente prexudiciais e, inclusive, devastadoras. A aproximación didáctica realizada permitiu notarmos que o usuariado máis novo é perfectamente consciente dos diferentes rexistros lingüísticos e das propiedades e dos contextos asociados a cada un deles.

Observamos tamén que diversos estudos evidenciaban a existencia dunha conexión positiva entre o emprego dos dispositivos electrónicos e a mellora das competencias lingüísticas –escrita e lectura, fundamentalmente–, sobre todo se, en lugar de ser ignorada, se lle tirara un aproveitamento pedagóxico; non vira complexo entendermos o porqué: primeiramente, ben como autor ben como lector, o usuariado está moito máis exposto á escrita, a cal prefire en lugar da fala. En segundo lugar, trátase de prácticas discursivas reais que responden a motivacións interaccionais e contextuais particulares, co que se desenvolve en maior grao o sentido da variación e das propiedades textuais, ao se ampliaren os rexistros en función das necesidades comunicativas, da situación ou das persoas involucradas. En terceiro lugar, tamén se fomenta o coñecemento fonético e fonolóxico e visibilízanse as súas ligazóns coa compoñente gráfica. E, en último lugar, o soporte incita o usuariado a utilizar a lingua dun modo lúdico e altamente creativo. A dita situación acaba por xerar moita aprendizaxe e por transformar as súas experiencias lingüísticas e vitais; con frecuencia, de feito, estas prácticas exceden o marco estritamente filolóxico e acaban por se proxectar a outras esferas e por adquirir novos valores –artísticos, publicitarios, comerciais etc.–, que exhiben unha outra consideración da linguaxe SMS. Así, nestes ámbitos é entendida como un elemento orixinal e, por tanto, vinculada a connotacións positivas como a innovación, a expresividade ou a subversión, o que contrasta fortemente co que acontece no campo en que se orixinou.

As perspectivas de futuro e de sobrevivencia desta modalidade gráfica son difíceis de determinarmos, sobre todo porque no ámbito tecnolóxico as transformacións son continuas e o que a certa altura nos parece unha innovación acaba por ficar obsoleto nuns anos ou inclusive nuns meses, o que do punto de vista lingüístico supón un desafío constante. Así, as mensaxes de texto son na actualidade un xénero textual en retroceso, que está a ser progresivamente substituído polos novos sistemas de mensaxaría instantánea, como o Whatsapp ou o Line, que ofrecen maiores funcionalidades e menores restricións. No entanto, a variedade gráfica das SMS trasladouse tamén para estes contextos interactivos, onde continúa a convivir, de xeito similar ao que acontecía no xénero analizado, coa modalidade estándar da lingua. A nova percepción do tempo que se instalou na actualidade favorece a súa continuidade: hoxe en día, a espera duns segundos perante a pantalla do dispositivo xa nos transmite unha sensación de lentitude, cando uns anos atrás unha interacción similar podería ter demorado semanas. Se callar, esta variedade permanecerá como unha alternativa gráfica para a comunicación en contextos similares de interacción electrónica, ou quizais nun par de anos acabe por ser visto como un sistema de representación gráfica desfasado, de as ferramentas lingüísticas de corrección e de predición melloraren a súa rendibilidade. Se acontecer a primeira das hipóteses, xulgamos complexo que se chegue a producir unha fixación normativa, dado que é precisamente a súa oposición ao estándar a que lle dá sentido. No momento actual, a linguaxe SMS segue a gozar de boa saúde, aínda que revestida de novas roupaxes e nomenclaturas.

O soporte electrónico ofrece oportunidades lingüísticas sen precedentes na esfera da investigación e os seus resultados exceden tamén a propia descrición. Quere dicir, non supón unicamente a análise de novas tipoloxías discursivas ou modalidades lingüísticas introducidas pola tecnoloxías, mais implica en moitos casos reinterpretarmos todo o que xa sabiamos sobre a linguaxe. Así, puidemos notar que, a pesar de que os trazos lingüísticos neste soporte están a se reconfigurar constantemente, todos eles se caracterizan por seren enormemente diversos e creativos, mais en ningún caso substitutivos: consideramos que non existen sinais evidentes, en ningunha das esferas sobre as cales reflectimos, de que a linguaxe SMS –en tanto que variedade gráfica– ou o discurso electrónico –a respecto da escrita e da oralidade–, supoñan un perigo para as modalidades lingüísticas xa existentes, as cales, máis do que seren relevadas, se ven complementadas; nesta liña, a aparición de novas formas lingüísticas aumenta a nosa agudeza para repararmos nos contrastes lingüísticos e, en consecuencia, favorece tamén a nosa competencia no resto das variedades. Por esta razón, xulgamos positivo que para a lingua galega se teña tamén desenvolvido unha variedade electrónica con características de seu, pois é máis unha mostra da súa vitalidade e da súa funcionalidade. Outrosí, a capacidade do conxunto de galegofalantes para explotaren dunha forma creativa o seu potencial lingüístico e para crearen novas formas de expresión contribuirá, con toda a probabilidade, para a normalizar e para a dotar de proxección.

Capítulo 5. Bibliografía

5.1. Obras de consulta primaria

- Abdullah, M. H. (1998): “Electronic Discourse: Evolving Conventions in Online Academic Enviroments”. *ERIC Clearinghouse on Reading, English and Communication Digest*, 129. Disponible en http://www.indiana.edu/~eric_rec/ieo/digests/d129.html. Consultado en 16/01/2012.
- AGAL [Associação Galega da Língua] (1985): *Prontuário ortográfico galego*. Ourense: AGAL Universália.
- Agren, P. O. (1997): “Virtual community life: A disappearance to third places for social capital”. Proxecto *Virtual Communities*. Departamento de Informática da Universidade de Umea (Suecia). Disponible en <http://www.ifi.uio.no/iris20/proceedings/7.htm>. Consultado en 9/12/2010.
- Agren, P. O. (1999): “On the creation of social capital in a virtual community: A case study”. *Congreso Iris* 22. Keuru: Finlandia. Disponible en http://www.cs.jyu.fi/~timokk/iris22/IRIS22_Volume1.pdf. Consultado en 7/12/2010.
- Aguirre Romero, J. (1997): “Literatura en Internet: ¿Qué encontramos en la WWW?”. *Espéculo. Revista de estudios literarios*, 6. Disponible en http://www.ucm.es/info/especulo/numero6/lite_www.htm. Consultado en 15/03/2011.
- Aguirre Romero, J. (2005): “El fluído literario: Internet y la Literatura”. *Espéculo. Revista de estudios literarios*, 31. Disponible en <http://www.ucm.es/info/especulo/numero31/fluido.html>. Consultado en 15/03/2011.
- Aitchison, J. (1992): *Language Change: Progress or Decay?*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Aitchison, J. (1997): *The language web*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Akinnaso, F. N. (1982): “On the differences between spoken and written language”. *Language and Speech*, 25 (2). 97-125.
- Akrich, M. (1993): “Les formes de la médiation technique”. *Réseaux*, 60. 87-98.
- Albelda Marco, M. (2007): *La intensificación como categoría pragmática: revisión y propuesta. Una aplicación al español coloquial*. Frankfurt: Peter Lang.

- Albero Andrés, M. (2010): *Internet, jóvenes y participación cívica*. Barcelona: Octaedro.
- Almeida, M. (2003) [1999]: *Sociolingüística*. Santa Cruz de Tenerife: Universidad de La Laguna.
- Almiron, N. (2005): *Actúa con inteligencia en la era digital: enfréntate con éxito al reto del spam, virus, email, redes P2P, derroche de papel, SMS, hardware, software, pirateo, fraudes, fotografía digital*. Barcelona: Editorial Gestión 2000.
- Alonso Pintos, S. (2002): *Para unha historia do estándar galego. As propostas do período 1966-1980*. Madrid: UNED.
- Alonso, A. (1982): “Noción, emoción, acción y fantasía en los diminutivos”. *Estudios lingüísticos. Temas españoles*. Madrid: Gredos. 161-189.
- Alonso, E. / Perea, M. (2008): “SMS: impacto social y cognitivo”. *Escritos de Psicología*, 2 (1). 24-31.
- Alonso Ramos, M. (2006): “Entón, ¿é unha colocación ou non?: análise contrastiva das colocacións”. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 8. 29-43.
- Alvarado, M. (1994): *Paratexto*. Bos Aires: Universidade de Bos Aires.
- Álvarez Martínez, S. (2006): “Rasgos morfosintácticos del español coloquial en la conversación escrita”. *XVII Congreso Internacional de la Asociación del Español como lengua extranjera (ASELE)*. Disponible en http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/asele/pdf/17/17_0235.pdf. Consultado en 31/08/2012.
- Álvarez Martínez, S. (2008): *Interacciones sincrónicas escritas en línea y aprendizaje del español: caracterización, perspectivas y limitaciones*. Tese de doutoramento. Universidade de Lleida. Disponible en http://www.galanet.eu/publication/fichiers/Alvarez2008_tesis.pdf. Consultado en 31/01/2012.
- Álvarez, M. (1994): *Tipos de escrito I: Narración y descripción*. Madrid: Arco / Libros S. L.
- Álvarez, M. (1995): *Tipos de escrito II: Exposición y argumentación*. Madrid: Arco / Libros S. L.
- Álvarez, M. (1995): *Tipos de escrito III: Epistolar, administrativo y jurídico*. Madrid: Arco / Libros S. L.
- Álvarez, M. (1997): *Tipos de escrito IV: Escritos comerciales*. Madrid: Arco / Libros S. L.
- Álvarez, R. (2003): *Variade e diversidade da lingua. Algunhas reflexións sobre cambio, variación e galego estándar*. Discurso lido o día 6 de xuño de 2003 no acto da súa recepción, pola Ilustrísima Señora Dona Rosario Álvarez Blanco e resposta do Excelentísimo Señor Don Antón Santamarina Fernández. A Coruña: Real Academia Galega.
- Álvarez, R. / Xove, X. (2002): *Gramática da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- Aminuzzaman, S. (2005): “Is mobile phone a sociocultural change agent? A study of the pattern of usage of mobile phones among university students in Bangladesh”. *Actas*

- do Congreso Internacional de Comunicación Móbil e as Modernidades Asiáticas II*. Pekín. Outubro 20-21. 72-82.
- Anashia Ong'onda, N. / Maina Matu, P. / Anyango Oloo, P. (2011): "Syntactic Aspects in Text Messaging". *World Journal of English Language*, 1 (1). Disponível em www.sciedu.ca/journal/index.php/wjel/.../83. Consultado em 22/12/2011.
- Anderson, B. (1991): *Imagined Communities*. New York: Verso
- Anderson, L. / Trudgill, P. (1990): *Bad Language*. Londres: Penguin Books Ltd.
- Anderson-Imbert, E. (1979): *Teoría y técnica del cuento*. Barcelona: Ariel.
- Araújo e Sá, M. H. / Melo, S. (2003): "Beso em português diz-se beijo *: la gestion des problèmes de l'interaction dans des chats plurilingues romanophones". Degache, C. (dir.): *Intercompréhension en langues romanes. Du développement des compétences de compréhension aux interactions plurilingues, de Galatea à Galanet*. 95-108.
- Andreoli, V. (2007): *O Mundo Digital*. Lisboa: Editorial Presença.
- Anis, J. (2001): *Parlez-vous texto? Guide des nouveaux langages du réseaux*. Paris: LeChercheMidi.
- Anis, J. (2006): "Communication électronique scripturale et formes langagières". Disponível em <http://rhrt.edel.univ-poitiers.fr/document.php?id=547>. Consultado em 19/01/2012.
- Antaki, Ch. / Condor, S. / Levine, M. (1996): "Social identities in talk: Speakers' own orientations". *British Journal of Social Psychology*, 35 (4). 473-492.
- Aranda, J. C. (2011): *Manual de redacción para profesionales e internautas*. Madrid: Berenice.
- Araujo, M. (trad.) (1973): *Fedro, o de la belleza*. Madrid: Aguilar.
- Argemi, J. (2003): "Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC). Bo uso, mal uso e abuso. Riscos e beneficios para a saúde biopsicosocial". *Revista Galega do Ensino*, 40. 317-325.
- Arquette, T. (2001): "Assesing the Digital Divide: Empirical analysis of a meta-analytic framework for assesing the current state of information and communication system development". *Symposium of the International Association of Mass Communication Research and the International Communication Association about Digital divide*. Austin, Texas. Novembro 15-17. Disponível em <http://citeseerx.ist.psu.edu/viewdoc/download?doi=10.1.1.203.3679&rep=rep1&type=pdf>. Consultado em 05/09/2013.
- Ávila, R. (2006): *De la imprenta a la internet: la lengua española y los medios de comunicación masiva*. México: El Colégio de México.
- Aw, A. / Zhang, M. / Xiao, J. / Su, J. (2006): "A phrase-based Statistical Model for SMS Text Normalization". *Proceedings of the COLING/ACL 2006 Main Conference Poster Sessions*. 33-40. Disponível em <http://aclweb.org/anthology/P/P06/P06-2005.pdf>. Consultado em 24/02/2014.

- Baca de Espínola, I. (2006): “La lingüística, la enseñanza de la lengua y la producción escrita”. *Laurus*, 12. 39-57.
- Bagno, M. (2001): *A lingua de Eulália. Novela Sociolingüística*. São Paulo: Contexto.
- Bagno, M. (2006): *Preconceito Lingüístico. O que é, como se faz*. São Paulo: Loyola.
- Bahamonde Magro, A. (dir.) / Martínez Llorente, G. / Otero Carvajal, L. E. (1993): *Las comunicaciones en la construcción del Estado Contemporáneo en España: 1700-1936. El correo, el telégrafo y el teléfono*. Madrid: Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente.
- Bailey, C-J. N. (1973): *Variation and Linguistic Theory*. Washington DC: Center for Applied Linguistics.
- Baiz Quevedo, F. (ed.) (2004): *El personaje y el texto en el cine y la literatura*. Caracas: Cinemateca Nacional Venezuela e Comala.com.
- Bajtín, M. (1982): “El problema de los géneros discursivos”. Bajtín, M. (coord.): *Estética de la creación verbal*. México: Siglo XXI. 248-293.
- Baker, P. M. A / Ward, A. C. (2002): “Bridging temporal and spatial “gaps”. The role of information and communication technologies in defining communities”. *Information, Communication & Society* 5 (2). 207-224. Disponible en http://www.casa.ucl.ac.uk/cyberspace/baker_ics.pdf. Consultado en 14/05/2011.
- Bakhtin, M. (2000): *Estética da Criação Verbal*. São Paulo: Martins Fontes.
- Balaguer, R. (2002): “El hermano ‘del medio’. Un hermano mediado y tan cercano como lejano”. *Hermano Animal. Cuadernos de la Coordinadora de Psicólogos del Uruguay*. Disponible en www.cibersociedad.net/archivo/archivo.php?art=152. Consultado en 10/01/2012.
- Balaguer, R. (2006): “El chat y el Messenger: instrumentos de entrenamiento en comunicación para tiempos de incertidumbre y baja atención”. Palestra presentada nas *VII Xornadas de AIDEP*. Montevideo. Disponible en <http://www.cibersociedad.net/archivo/articulo.php?art=209>. Consultado en 13/05/2011.
- Balardini, S. (2004): “Dedeejays y ciberchabones: subjetividades juveniles y tecnocultura”. *Revista Jóvenes*, 20. México: IMJ. Disponible en http://www.imjuventud.gob.mx/pdf/rev_joven_es/20/De%20deejais%20y%20ciberchabones,%20Sergio%20Balardini.pdf. Consultado en 12/03/2011.
- Bally, C. (1977): *El lenguaje y la vida*. Buenos Aires: Losada.
- Barini, T. / Proulx, S. / Tremblay, G. (2001): “Actualité et avenir de la notion de communication médiatisée par ordinateur”, *La Communication Médiatisée par Ordinateur: un carrefour de problématiques. 69º Congrès de l’ Association canadienne-française pour l’avancement des sciences*. Université de Sherbrooke. Maio 15-16.
- Baron, D. (1986): *Grammar and Gender*. New Haven: Yale University Press.
- Baron, N. S. (1984): “Computer Mediated Communication as a force in language change”. *Visible Language*, 18. 118-141.

- Baron, N. S. (1998): "Letters by phone or speech by other means: The linguistics of email". *Language and Communication*, 18. 133-170.
- Baron, N. S. (2000): *Alphabet to email*. London / New York: Routledge.
- Baron, N. S. (2001): "Why Email Looks Like Speech. Proofreading, Pedagogy and Public Face". *Language, the Media, and International Communication*. Aitchinson, J. / Lewis, D. (eds.): New Media Language. London: Routledge. 102-113. Disponible en <http://www.american.edu/cas/lfs/faculty-docs/upload/2003-Paper-Why-Email-Looks-Like-Speech.pdf>. Consultado en 20/12/2011.
- Baron, N. S. (2004): "See you online: Gender issues in college student use of instant messaging". *Journal of Language and Social Psychology*, 23 (4). 397-423.
- Baron, N. S. (2008): *Always on. Language in an Online and Mobile World*. Oxford: Oxford University Press.
- Barros, D. L. (2001): *Teoria Semiótica do Texto*. São Paulo: Ática.
- Battistella, E. (2005): *Bad language: are some words better than others?* Oxford: Oxford University Press.
- Baudrillard, J. (1999): *Crítica de la economía política del siglo*. México: Siglo XXI.
- Bauman, R. / Sherzer, J. (eds.) (1974): *Explorations in the Ethnography of Speaking*. Londres: Cambridge University Press.
- Baxter, A. (1996): "Línguas pidgin e crioulas". Hub Faria, I / Gouveia, C. A. M. / Ribeiro Pedro, E. / Duarte, I. (orgs.): *Introdução à Linguística Geral e Portuguesa*. Lisboa: Caminho. 539-549.
- Baym, N. (1995): "The emergence of community in Computer- Mediated Communication". Jones, S. (ed.): *Cybersociety: Computer- Mediated Communication and Community*. USA: Sage.
- Baym, N. K. (1995): "The Performance of Humor in Computer-Mediated Communication". *Journal of Computer-Mediated Communication*, 1. Disponible en <http://onlinelibrary.wiley.com/doi/10.1111/j.1083-6101.1995.tb00327.x/full>. Consultado en 24/02/2014.
- Baym, N. K. (1998): "The emergence of on-line community". Jones, S. (ed.): *Cybersociety*. Londres: Sage. 35-68.
- Bays, H. (1998): "Framing and face in Internet exchanges: A socio-cognitive approach". *Linguistik online*, 1 (1). Disponible en <http://www.linguistik-online.de/bays.htm>. Consultado en 16/01/2012.
- Bays, H. (2004): "Temporalité en Internet Relay Chat: le rythme du discours électronique". *Colloque international sur "La communication électronique: Approches linguistiques et anthropologiques"*. École des Hautes Études en Sciences sociales: Paris. 5-6 Février. Disponible en <http://halshs.archives-ouvertes.fr/halshs-00126939>. Consultado en 24/02/2014.
- Beaufort, R. (2011): "From SMS gathering to SMS normalization: linguistic studies and finite-state algorithms". *TCTS Lab's seminars*. University of Mons. Disponible en <http://tcts.fpms.ac.be/poleti-seminars/2011/tcts2011-beaufort-abstract.pdf> Consultado en 21/07/2013.

- Beaugrande, R. A. / Dressler, W. U. (1997): *Introducción a la lingüística del texto*. Barcelona: Ariel.
- Becerril Ruíz, D. (Coord.) (2007): *TIC y Sociedad en el Siglo XXI*. Granada: Universidad de Granada.
- Bedmar, M. J. (1989): “La norma del texto oral y la norma del texto escrito”. *Revista Española de Lingüística*, 19 (1). 111-120.
- Beinhauer, W. (1991): *El español coloquial*. Madrid: Gredos.
- Belda Medina, J. R. (2003): *El lenguaje de la informática e Internet y su traducción*. Alicante: Universidad de Alicante.
- Bell, R. T. (1976): *Sociolinguistics: Goals, Approaches and Problems*. London: Batsford.
- Bellido, L. / Pastor, E. (2002): *Ling@net Europa: un catálogo de recursos multilingüe con garantía de calidad. Memoria del 1er Congreso On-line para la CiberSociedad*. (CD-ROM).
- Belson, D. (1994): *The Network Nation Revisited*. Tese de doutoramento. Stevens Institute of Technology. Disponível en <http://www.stevens-tech.edu/~dbelson/thesis/thesis.html>. Consultado en 24/07/2011.
- Benavides, J. (1997): *Lenguaje publicitario*. Madrid: Síntesis.
- Benavides, J. (ed.) (1998): *El debate de la comunicación*. Madrid: Universidad Complutense.
- Benedito, J. (2003): *Dicionário da Internet e do Telemóvel*. Lisboa: Centro Atlântico.
- Benveniste, E. (1966): *Problèmes de linguistique générale*. Tomo I. Paris: Gallimard.
- Benveniste, E. (1979): *Problèmes de linguistique générale*. Tomo II. Paris: Gallimard.
- Bergquist, M. / Ljungberg, J. (1999): “Genres in Action: Negotiating Genres in Practice”. 32º *Hawaii International Conference on System Sciences*. Disponível en http://www.viktoria.se/results/result_files/159.pdf. Consultado en 18/01/2012.
- Bergvall, V. L / Bing, J. M. / Freed, A. F. (eds.) (1996): *Rethinking language and gender research*. London: Longman.
- Berners-Lee, T. (2000): *Tejiendo la Red. El inventor de la World Wide Web nos descubre su origen*. Madrid: Siglo XXI.
- Bernis Pueyo, J. (2010): “Las abreviaturas en Paleografía”. Disponível en <http://hdl.handle.net/2024/684>. Consultado en 22/09/2011.
- Bernstein, B. (1972): “Social Class, Language and Socializaion”. Giglioli, P. (ed): *Language and Social Context: Selected Readings*. Harmondsworth: Penguin Books. 170-188.
- Bernstein, B. (1989): *Clases, códigos y control*. Madrid: Akal.
- Berruto, G. (1987): *Sociolinguistica dell'italiano contemporaneo*. Roma: Best M.
- Bertrán, M. / Pérez, C. / Callén, B. (2002): “‘Viajando sin brújula’. Reflexiones en torno a la experiencia etnográfica en chats: La Observación Participante on line”. *1er Congreso ONLINE del Observatorio para la CiberSociedad: CULTURA & POLÍTICA @ CIBERESPACIO*. Disponível en <http://cibersociedad.rediris.es/congreso>. Consultado en 16/01/2012.

- Betti, S. (2003): “He escrito te quiero en la pequeña pantalla (del móvil)”. *Cuadernos Cervantes*, 44. 70-75.
- Betti, S. (2006): “La jerga juvenil de los SMS :-)”. *Cuadernos del Lazarillo*, 31. 68-76.
- Biber, D. (1988): *Variation across speech and writing*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Birkerts, S. (1999): *Elegía a Gutenberg. El futuro de la lectura en la era electrónica*. Madrid: Alianza.
- Bittar Bueno, C. / Macedo Patti, E. (2005): “A nova escrita virtual e as conseqüências nos aspectos psicomotores”. Disponible en <http://www.cibersociedad.net/archivo/articulo.php?art=212>. Consultado en 22/04/2011.
- Blanchard, A. M. / Markus, M. L. (2002): “Sense of virtual community maintaining the experience of belonging”. Actas do *35th Hawaii International Conference on System Sciences*. Disponible en <http://citeseerx.ist.psu.edu/viewdoc/download?doi=10.1.1.98.8185&rep=rep1&type=pdf>. Consultado en 24/02/2014.
- Blanco Rodríguez, M. J. (2002): “El chat: la conversación escrita”. *Revista de lingüística aplicada*, 16. 43-88.
- Bloomfield, L. (1933): *Language*. New York: Henry Holt.
- Bolter, J. D. (ed.) (1991): *The writing space: the computer, hypertext and the history of writing*. Hillsdale: NJ Erlbaum.
- Bonder, G. (2002): *Las nuevas tecnologías de información y las mujeres: reflexiones necesarias*. Chile: CEPAL.
- Boneva, B. / Quinn, A. / Kraut, R. E. / Kiesler, S. / Shklovski, I. (2004): “Teenage Communication in the Instant Messaging Era”. Disponible en www.cs.cmu.edu. Consultado en 18/02/2012.
- Borges Nunes, E. (1981): *Abreviaturas. Paleográficas. Portuguesas*. Lisboa: Edición do autor.
- Borràs Castanyer, L. (ed.) (2005): *Textualidades electrónicas. Nuevos escenarios para la literatura*. Barcelona: UOC.
- Bother, D. (2001): *E-Writing. 21st-century Tools for Effective Communication*. Nueva York: Pocket Books.
- Boxer, D. (2002): *Applying Sociolinguistics. Domain and face-to-face interaction*. Impact: Studies in language and society.
- Branca-Rosoff, S. (2002): “Genre et histoire”. Charaudeau, P. / Maingueneau, D. (eds.): *Dictionnaire d'analyse de discours*. Paris: Seuil. 281-283.
- Brauner, J. / Bickmann, R. (1994): *La sociedad multimedia*. Barcelona: Gedisa.
- Britain, D. (ed) (2007): *Language in the British Isles*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Briz, A. (1996): *El español coloquial: situación y uso*. Madrid: Arco Libros.

- Briz, A. (2001): *El español coloquial en la conversacion. Esbozo de pragmatica*. Barcelona: Ariel.
- Briz, A. / Val.Es.Co (2000): *¿Cómo se comenta un texto coloquial?*. Barcelona: Ariel.
- Brown, G. / Yule, G. (1983): *Discourse analysis*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Browner, S. / Pulsford, S. / Sears, R. (2000): *Literature and the Internet. A Guide for Students, Teachers, and Scholars*. New York: Garland.
- Bruguera, E. (2007): *Los blogs*. Barcelona: UOC.
- Bushnell, C. / Kemp, N. / Heritage Martin, F. (2011): "Text-messaging practices and links to general spelling skill: A study of Australian children". *Australian Journal of Educational & Developmental Psychology*, 11. 27-38.
- Bustos Tovar, J. J. (1997): "Organización textual y oralidad". *Quaderns de Filologia*, 4. 7-24.
- Callón, C. (2012): *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez*. Vigo: Xerais.
- Calvet, L-J. (1998): *A (Socio)lingüística*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Calvet, L-J. (2004): *Por unha ecoloxía das linguas do mundo*. Ames: Laiovento.
- Camacho Adarve, M^a. M. (2005): "Las repeticiones del discurso oral como elementos delimitadores de unidades discursivas". *Espéculo. Revista de estudios literarios*, 30. Disponible en <http://www.ucm.es/info/especulo/numero30/disoral.html>. Consultado en 27/02/2013.
- Camargo, T. Nicoleti de (2004): "Língua padrão e cidadania". Henriques, C. C. / Simões, D. (orgs.): *Língua e cidadania: novas perspectivas para o ensino*. Rio de Janeiro: Europa. 63-74.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda (1982).
- Cappeli, A. (2008): *Dizionario di abbreviature latine ed italiane*. Milano: Ulrico Hoepli Editore.
- Carballo Calero, R. (1974): "La construcción del gallego como lengua escrita", *Verba, Anuario gallego de filología*, 1. 31-40.
- Carballo Calero, R. (1979): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- Cárcamo Ulloa, L. / Nesbet Montecinos, F. (2008): "La generación messenger. Relevancia de la mensajería instantánea en la adolescencia chilena". *Última Década*, 28. 35-49. Disponible en http://redalyc.uaemex.mx/redalyc/pdf/195/Resumenes/19502803_Resumen_1.pdf . Consultado en 16/12/2011.
- Cardona, G. R. (1994): *Antropología de la escritura*. Barcelona: Gedisa.
- Casado Velarde, M. (1988): *Lenguaje y cultura*. Madrid: Síntesis.

- Cassany, D. (2000): “De lo analógico a lo digital. El futuro de la enseñanza de la composición”. *Revista Latinoamericana de Lectura*, 21. Disponible en <http://www.unne.edu.ar/institucional/documentos/lecturayescritura08/cassany.pdf> . Consultado en 19/09/2011.
- Cassany, D. (2012): *En línea. Leer y escribir en la red*. Barcelona: Anagrama.
- Cassany, D. / Hernández, D. (2011): “Internet: 1; Escola: 0?”. *Didáctica de la Lengua i de la Literatura*, 53. 25-34.
- Cassany, D. / López, C. (2002): “Analizando las voces positivas”. *Quark. Ciencia, medicina, comunicación y cultura*, 24. 62-75. Disponible en http://www.upf.edu/pdi/df/carmen_lopez_ferrero/voces.pdf. Consultado en 31/08/2012.
- Cassany, D. / Sala Quer, J. / Hernández, C. (2008): “Escribir “al margen de la ley”: prácticas letradas vernáculas de adolescentes catalanes”. *8º Congreso de Lingüística General*. Madrid: Universidad Autónoma de Madrid (25/28-6-2008). Disponible en <http://www.llf.uam.es/clg8/actas/pdf/paperCLG21.pdf>. Consultado en 07/05/2012.
- Castañeda Quintero, L. / Prendes Espinosa, M. P. (2005): *Tecnologías de la Información y la Comunicación en la enseñanza superior. Análisis de una experiencia de implementación en la Universidad de Murcia*. Universidad de Murcia: Instituto de Ciencias de la Educación. Disponible en <http://www.um.es/ice/publicaciones/informe-campus-virtual.pdf>. Consultado en 12/05/ 2011.
- Castellblaque, M. (2005): *Manual del redactor publicitario*. Madrid: ESIC.
- Castells, M. (2001): *La Galaxia Internet: Reflexiones sobre Internet, empresa y sociedad*. Madrid: Areté.
- Castro Vázquez, O. (2010): “Galego+non sexista: como e por que avanzarmos cara a unha outra representación de xénero na lingua”. Mosquera Carregal, X. M. (ed.): *VI Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Xenero*. A Coruña: Servizo de Publicacions da UDC. 33-61.
- Castro, I. (1991): *Curso de História da Língua Portuguesa*. Lisboa: Universidade Aberta.
- Castro, T. S. Pereira de (2008): *Quando as Teclas Falam, as Palavras Calam. Estudo sobre a Utilização do Telemóvel e do Messenger por Crianças do 5º e 6º Ano do Distrito de Braga*. Universidade do Minho: Instituto de Estudos da Criança.
- Chakraborty, D. (2004): “The case of mobile phones in Sitakund”. *i4d*. Disponible en http://www.i4donline.net/issue/mayo4/sitakund_full.htm. Consultado en 12/12/2010.
- Chamontin, E. / Gratadour, J.R. (eds.) (2002): *Mille milliards d'e-mails*. France: IREPP.
- Charaudeau, P. / Maingueneau, D. (eds.) (2002): *Dictionnaire d'analyse de discours*. Paris: Seuil.
- Chardenet, P. (2004): “Échanges plurilingües en ligne: à la recherche de l’objet du discours”. *Les cadens du Cediscor*, 8. 57-73.
- Charolles, M. (1999): “Associative Anaphora an its Interpretation”. *Journal of Pragmatics*, 31 (3). 311-326.
- Cherny, L. (1999): *Conversation and Community: Chat in a Virtual World*. Stanford: CSLI Publications.

- Chiappe, D. (2008): “SMS, 1 9o lgl (mensajes de texto, un nuevo lenguaje)”. *Revista Letras Libres*, 86. Dispoñíbel en http://domenicochiappe.com/pg_d_3f.html. Consultado en 07/03/2012.
- Chomsky, N. (1974): *Estructuras sintácticas*. México: Siglo XXI.
- Chomsky, N. (1999): *Aspectos de la teoría de la sintaxis*. Barcelona: Gedisa.
- Choudhury, M. / Saraf, R. / Jain, V. / Sarkar, S. / Basu, A. (2007): “Investigation and Modeling of the Structure of Texting Language”. Knoblock, C. / Lopresti, D. / Roy, S. / Subramaniam, L. V. (eds.): *Proceedings of the IJCAI Workshop on “Analytics for Noisy Unstructured Text Data”*. 63-70.
- Cidrás Escáneo, F. A. (1992): “Sobre a función da concordancia : consideracións a propósito das concordancias verbais anómalas”. *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 19. 41-53.
- Cohen, M. (1948-1951): “Sur l’écriture libyco-berbère”. *Comptes rendus du Groupe Linguistique d’Études Chamito-Sémitiques*, 5 .40.
- Cole, P. / Morgan, J. L. (eds.) (1975): *Syntax and semantics 3: speech acts*. New York: Academic Press.
- Compaine, B. M. (2001): *The Digital Divide. Facing a crises or creating a myth?* Cambridge, Massachusetts: The MIT Press.
- Comrie, B. (1989): *Universales del lenguaje y tipología lingüística: Sintaxis y morfología*. Madrid: Gredos.
- Concejero Cerezo, P. (2007): “La brecha digital en las sociedades avanzadas”. Becerril Ruíz, D. (coord.): *TIC y Sociedad en el Siglo XXI*. Granada: Editorial Universidad de Granada. 169-192.
- Condrón, F. / Fraser, M. / Sutherland, S. (eds) (2000): *CTI: textual studies:guide to digital resources for the humanities*. Oxford: Oxford University, Humanities Computing Unit.
- Cortelazzo, M. (2000): “‘6 proprio 3mendo’: dalla lettera ai messaggini in codice. Oralità, concisione, assenza di sintassi: Le caratteristiche di una scrittura ‘allegra’”. *II Corriere della Sera* (19/08/2000).
- Cortés Alonso, V. (1990): “Las abreviaturas, ayer y hoy”. *Boletín de la ANABAD*, 40 (4). 163-165.
- Cortés Conde, F. (2010): “El lenguaje en Internet. La búsqueda de la lengua perfecta y el miedo a los nuevos medios”. Dispoñíbel en <http://www.diegolevis.com.ar/secciones/Articulos/cortesconde.pdf>. Consultado en 13/05/2012.
- Coseriu, E. (1977): *El hombre y su lenguaje. Estudios de teoría y metodología lingüística*. Madrid: Gredos.
- Coseriu, E. (1981): “La socio- y la etnolingüística: sus fundamentos y sus tareas”. *Anuario de Letras*, 19. 5-29.
- Coseriu, E. / Loureda Lamas, O. (2006): *Lenguaje y discurso*. Navarra: Eunsa.
- Costa Bravo, C. / Jiménez Gómez, J. J. / Vela Delfa, C. (2003): “Los textos electrónicos en la enseñanza de lenguas extranjeras”. *Interlingüística*, 14. 219-228.

- Costa, F. A. (org.) (2010): *Actas do Encontro Internacional TIC e Educação I*. Lisboa: Instituto de Educação da Universidade de Lisboa.
- Costas González, X. H. (2010): *55 mentiras sobre a lingua galega*. Ames: Laiovento.
- CPG = Pérez Ballesteros, J. (ed.) (1979) [reproducción facsimilada da edición de 1885-1986]: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña por José Pérez Ballesteros. Con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theóphilo Braga*. 3 vols. Madrid: Akal.
- Crovi, D. (2004): *Sociedad de la información y el conocimiento. Entre lo falaz y lo posible*. Buenos Aires: Crujía.
- Crowston, K. / Williams, M. (2000): “Reproduced and emergent genres of communication on the World-Wide Web”. *The Information Society*, 16 (3). 201-216. Disponible en <http://crowston.syr.edu/papers/genres-journal.html>. Consultado en 18/01/2012.
- Crystal, D. (1998): *Language Play*. London: Penguin.
- Crystal, D. (2004): *Language revolution*. Cambridge: Polity.
- Crystal, D. (2006): *Language and the Internet*. Cambridge / New York: Cambridge University Press.
- Crystal, D. (2008). *Txtng: The Gr8 Db8*. Oxford: Oxford University Press.
- Crystal, D. (2009): *The Future of Language*. Milton Park / Abingdon / New York: Routledge.
- Crystal, D. (2011): *Internet Linguistics: a student guide*. Abingdon / Oxon / New York: Routledge.
- Cuevas, J. / Falsa, D. (coords.) (1999): *Contribuciones al estudio de la Lingüística Aplicada*. Logroño: Asociación Española de Lingüística Aplicada.
- Culioli, A. (1990): *Pour une linguistique de l'enonciation: operations et representations*. Paris: Ophrys.
- D’Introno, F. / Del Teso, E. / Weston, R. (1995): *Fonética y fonología actual del español*. Madrid: Cátedra.
- Dale, P. S. (1992): *Desarrollo del lenguaje: un enfoque psicolingüístico*. México: Editorial Trillas.
- Danet, B. (2001): *Cyberpl@y. Communicating online*. New York: Berg.
- Dans, P. (2009): *Internet. Edición 2010*. Madrid: Anaya.
- Davis, B. H. / Brewer, J. P. (1997): *Electronic Discourse: Linguistic Individuals in Virtual Space*. Albany: State University of New York Press.
- Davis, M. (1997): “Fragmented by technologies: A community in cyberspace”. *Electronic Computing and Technology*, 5 (1-2), 7-18.
- De la Torre, A. (2006): “Web Educativa 2.0”. *EduTec. Revista Electrónica de Tecnología Educativa*, 20. Disponible en <http://edutec.rediris.es/Revelec2/revelec20/anibal20.htm>. Consultado en 24/02/2014.

- De Laire, F. (2001): “¿Identidad juvenil? La insoportable levedad del ser (aportes para renovar el marco teórico de los estudios sobre juventud)”. *Persona y Sociedad*, 15. Disponible en <http://www.personaysociedad.cl/%C2%BFidentidad-juvenil-la-insoportable-levedad-del-ser-aportes-para-renovar-el-marco-teorico-de-los-estudios-sobre-juventud/>. Consultado en 05/09/2013.
- December, J. (1993): “Characteristics of Oral Culture in Discourse on the Net”. *12th Annual Penn State Conference on Rethoric and Composition*. Pennsylvania: Universidad de Penssylvania. Disponible en <http://www.december.com/john/papers/psrc93.txt>. Consultado en 15/01/2012.
- December, J. (1994): “Communicating in the global network”. *Composition and Communication annual conference*. Disponible en <http://www.december.com/john/papers/stc94.txt>. Consultado en 15/01/2012.
- December, J. (1994): “Computer-Mediated Communication as a Component of Technical Communication Education”. *Society for Technical Communication Annual Conference*. Disponible en <http://www.december.com/john/papers/stc94.txt>. Consultado en 15/06/2012.
- Deegan, M. (2000): “Introduction”. Condrón, F / Fraser, M. / Sutherland, S. (eds): *CTI: textual studies:guide to digital resources for the humanities*. Oxford: Oxford University, Humanities Computing Unit. 1-12.
- Deegan, M. / Sutherland, K. (2009): *Text Editing, Print and the Digital World*. Farnham, England: Ashgate.
- Del Brutto, B. A. (2000): “Lenguajes, identidades, tecnologías”. *Archivo de la CIBERSOCIEDAD*. Disponible en <http://cibersociedad.rediris.es/bibiana/lengu.htm>. Consultado en 16/01/2012.
- Delgado-Martins, M. R. (1996a): “Representações da linguagem verbal”. Hub Faria, I / Gouveia, C. A. M. / Ribeiro Pedro, E. / Duarte, I. (orgs.): *Introdução à Linguística Geral e Portuguesa*. Lisboa: Caminho. 85-102.
- Delgado-Martins, M. R. (1996b): “Língua gestual: uma linguagem alternativa”. Hub Faria, I / Gouveia, C. A. M. / Ribeiro Pedro, E. / Duarte, I. (orgs.): *Introdução à Linguística Geral e Portuguesa*. Lisboa: Caminho. 103-112.
- Departament d’Història Medieval – Paleografia i Diplomàtica (coord.) (1990): *Las abreviaturas en la enseñanza medieval y la transmisión del saber*. Barcelona: Universitat de Barcelona.
- Di Maggio, P. / Hargittai, E. / Neuman, W. R. / Robinson, J. P. (2001): “The Internet’s effects on society”. *Annual Reviews of Sociology*, 27. 307-336.
- Díaz Noci, J. (2000): *La escritura Digital*. San Sebastián: Fundación Talaia. Disponible en http://www.dgdc.unam.mx/Assets/pdfs/sem_ago04.pdf. Consultado en 22/09/2011.
- Díaz y Díaz, M. (1981): *Antología del Latín Vulgar*. Madrid: Gredos.

- Diez Merino, L. (1990): “Las abreviaturas: una clave de la cultura hebrea”. Departament d’Història Medieval – Paleografia i Diplomàtica (coord.): *Las abreviaturas en la enseñanza medieval y la transmisión del saber*. Barcelona: Universitat de Barcelona. 111-147.
- Dobashi, S. (2005): “The Gendered Use of *Keitai* in Domestic Contexts”. Ito, M. / Okabe, D. / Matsuda, M. (eds.): *Personal, Portable, Pedestrian: Mobile Phones in Japanese Life*. Cambridge: MIT Press. 219-236.
- Domínguez Cuesta, C. (2005): “El lenguaje de los SMS y del chat en las aulas”. *Cuadernos de Pedagogía*, 343. 65-69.
- Domínguez Cuesta, C. / Mejuto Urrutia, T. (2004): “Diccionarios y repertorios de SMS en el aula de ELE”. Castillo Carballo, M. A. / Cruz Moya, O. / García Platero, J. M. / Mora Gutiérrez, J. P. (coords.): *Actas XV Congreso Internacional ASELE: Centro Virtual Cervantes*. Disponible en http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/asele/pdf/15/15_0301.pdf. Consultado en 12/03/2011.
- Domínguez Portela, S. (2011): “O marcador discursivo *vale*: usos ou abusos?” *Estudos de Lingüística Galega*, 3. 211-226.
- Donath, J. (1996): *Inhabiting the Virtual City: The Design of Social Environments for Electronic Communities*. Tese de doutoramento. Massachusetts (MIT). Disponible en <http://smg.media.mit.edu/people/Judith/Thesis/ThesisContents.html>. Consultado en 24/07/2011.
- Donner, J. (2007): “The Rules of Beeping: Exchanging Messages Via Intentional ‘Missed Calls’ on Mobile Phones”. *Journal of Computer-Mediated Communication*, 13 (1). Disponible en <http://jcmc.indiana.edu/vol13/issue1/donner.html>. Consultado en 02/03/2011.
- Döring, N. (2002): “Abbreviations and acronyms in SMS communication”. Disponible en <http://nicola-doering.de/>. Consultado en 07/08/2012.
- Dorner, J. (2002): *Writing for the Internet*. Oxford: Oxford University Press.
- Dos Santos, L. Grossi (2002): “A experiência surrealista da linguagem: Breton e a psicanálise”. *Ágora: Estudos em Teoria Psicanalítica*, 5 (2). Disponible en http://www.scielo.br/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S151614982002000200003. Consultado en 08/02/2013.
- Ducrot, O. (1984): *Le Dire et le dit*. Paris: Minuit.
- Ducrot, O. (1989): *Logique, structure, énonciation*. Paris: Minuit.
- Dunbar, R. (1996): *Grooming, gossip and the evolution of language*. Londres: Faber and Faber.
- Echeburúa, E. / Labrador, F. J. / Becoña, E. (coords.) (2009): *Adicción a las nuevas tecnologías en adolescentes y jóvenes*. Madrid: Pirámide.
- Eco, U. (1977): *Apocalípticos e integrados*. Barcelona: Lumen.

- Eco, U. (1978): "Pour une reformulation du concept de signe iconique". *Communications*, 29. 141-191.
- Eco, U. (2002): "Diminutive, but perfectly formed". *Guardian Newspaper* (20/04/2002).
- Elgue Patiño, M. S. (2007): "El chat: un acercamiento a la cultura contemporánea". *Revista Iberoamericana de Educación*, 44 (2). Disponible en <http://www.rieoei.org/deloslectores/1881Patino.pdf>. Consultado en 07/03/2012.
- Erickson, T. (1999): "Persistent conversation: an introduction". *Journal of Computer Mediated Communication*, 4 (4). Disponible en <http://www.ascusc.org/jmc/vol4/issue4/ericksonintro.html>. Consultado en 11/02/2012.
- Escribano Otero, J. J. (1998): "Tratado de las ciberbuenas maneras". *II Seminario Complutense de Telecomunicaciones e Información: Las libertades de acceso y difusión*. Disponible en <http://www.ucm.es/info/dinforma/activi/libro/17.html>. Consultado en 17/01/2012.
- Etzioni, A. (2000): "E-Communities build new ties, but ties that bind". *The New York Times* (10-2-2000).
- Evans, A. (1895): *Cretan pictographs and prae-Phoenician script. With an account of a sepulchral deposit at Hagios Onuphrios near Phaestos in its relation primitive Cretan and Aegean*. London / New York: G.P. Putnam's sons.
- Evans, K. (1998): "Populating the digital city communities in cyberspace". *Congreso IRISS'98*. Disponible en <http://www.intute.ac.uk/socialsciences/archive/iriss/papers/paper08.htm>. Consultado en 15/08/2011.
- Fabb, N. / Derek, A. / Durant, A. / Colin, M. (eds.) (1989): *La lingüística de la escritura*. Madrid: Visor.
- Fairon, C. / Paumier, S. (2006): "A translated corpus of 30,000 French SMS". *International Conference on Language Resources and Evaluation*. Disponible en <http://tcts.fpms.ac.be/poleti-seminars/2011/tcts2011-beaufort-abstract.pdf>. Consultado en 22/07/2013.
- Fasold (1990): *The Sociolinguistics of Language*. Oxford: Basil Blackwell.
- Feixó, X. / Pena, X. R. / Rosales, M. (2004): *Galego século XXI: nova guía da lingua galega. Caderno de exercicios*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Rei, E. (2005): "O estándar prosódico". Álvarez, R. / Monteagudo, H. (eds.), *Norma lingüística e variación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega. 377-436.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Ferrara, K. / Brunner, H. / Whittemore, G. (1991): "Interactive written discourse as an emergent register". *Written Communication*, 8 (1). 8-34.

- Ferreira, M. / Carrilho, E. / Lobo, M. / Saramago, J. / Cruz, L. (1996): “Variação linguística: perspectiva dialectológica”. Hub Faria, I / Gouveia, C. A. M. / Ribeiro Pedro, E. / Duarte, I. (orgs.): *Introdução à Linguística Geral e Portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Ferreiro, M. (1999) [1995]: *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Ferreiro, M. (2001) [1997]: *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Ferreiro, M. (2007): “Sobre a edición dos textos trovadorescos galego-portugueses. Novamente Mendinho”. *Critica del testo X/2*. 47-67.
- Feuba Wanji, E. (2009): “The Sociolinguistics of Mobile Phone SMS Usage in Camerron and Nigeria”. *The International Journal of Language Society and Culture*, 28. Disponível en <http://www.educ.utas.edu.au/users/tle/journal/issues/2009/28-3.pdf>. Consultado en 16/12/2011.
- Finnegan, R. (1988): *Literacy and Orality: Studies in the Techonlogy Communication*. Oxford: Basil Blackwell.
- Fiormonte, D. (2003): *Scrittura e filologia nell'era digitale*. Milano: Bollati Boringhieri Editore.
- Fishman, J. A. (1972): “The Sociology of language”. Giglioli, P. (ed.): *Language and Social Context: Selected Readings*. Harmondsworth: Penguin Books.
- Fournel, M. (2004): “Fondements conversationnels et sociolinguistiques de la communication électronique”. *Colloque international sur “La communication électronique: Approches linguistiques et anthropologiques”*. Paris: École des Hautes Études en Sciences sociales.
- Fox, B. (ed.) (1996): *Studies in Anaphora*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.
- Freitas, M. T. / Costa, S. R. (orgs.) (2005): *Leitura e escrita de adolescentes na Internet e na escola*. Belo Horizonte: Autêntica.
- Freixeiro Mato, X. R. (1996): *Os diminutivos en galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, X. R. (2002): *Lingua galega: normalidade e conflicto*. Santiago: Edicións Laiovento.
- Freixeiro Mato, X. R. (2005): “A recuperación da topoantroponimia e a perda de referentes culturais para a mocidade”. *I Xornadas sobre lingua e Usos, ‘Lingua e cidade’*. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña. 191-204.
- Freixeiro Mato, X. R. / Sánchez Rei, X. M. / Sanmartín Rei, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña.
- Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1998/2000/1999/2003]: *Gramática da lingua galega. I. Fonética e Fonoloxía. II Morfosintaxe. III Semántica. IV Gramática do texto*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, X. R. (2006a): *Manual de gramática galega*. Vigo: A Nosa Terra
- Freixeiro Mato, X. R. (2009): *Lingua de Calidade*. Vigo: Xerais..
- Freixeiro Mato, X. R. (2013): *Estilística da lingua galega*. Vigo: Xerais

- Freudenberg, K. (2009): *Investigating the impact of SMS speak on the written work of English first language and English second language high school learners*. Tese de doutoramento. Stellenbosch University. Disponível em <http://scholar.sun.ac.za/handle/10019.1/2052>. Consultado em 15/04/2011.
- Fujimoto, K. (2005): "The third stage paradigm: territory machines form the girls' pager revolution to mobile aesthetics". Ito, M. / Okabe, D. / Matsuda, M. (eds.): *Personal, Portable, Pedestrian: Mobile Phones in Japanese Life*. Cambridge, Mas: MIT. 77-101.
- Gains, J. (1999): "Electronic Mail: A New Style of Communication or Just a New Medium? An Investigation into the Text Features of E-mail". *English for Specific Purposes*, 18. 81-101.
- Galán Rodríguez, C. (2007): "Cncta kn nstrs: los SMS universitarios (Conecta con nosotros: los SMS universitarios)". *Estudios de Juventud*, 78. 63-73.
- Galindo Solé, M. / Pons Moll, C. (2000): "La col.loquialitat en els xats: aspectes fonètics e interlingüístics". *I Jornada sobre Comunicació Mediatitzada per Ordenador en Catalá (CMO-cat)*. Universidade de Barcelona. Disponível em <http://www.ub.es/lincat/cmo-cat/Galindo-pons.htm>. Consultado em 05/03/2013.
- Gallardo Paúls, B. (1996): *Análisis conversacional y pragmática del receptor*. Valencia: Episteme.
- Gallego Arrufat, M. / Gutiérrez Santiuste, E. (2011): "Analizar la comunicación mediada por ordenador para la mejora de procesos de enseñanza-aprendizaje". *Profesorado. Revista de currículum y formación del profesorado*, 15 (1). 23-39. Disponível em <http://www.ugr.es/~recfpro/rev151ART2.pdf>. Consultado em 15/12/2011.
- García Benito, A. B. (2003): "Xi! Puxa! Hum...Glub! Glub! O el léxico coloquial português en 'A Banda Desenhada'". *Anuario de Estudios Filológicos*, 26. 157-170.
- García Blanco, J. M. / Navarro Sustaeta, P. (eds.) (2002): *¿Más allá de la modernidad? Las dimensiones de la información, la comunicación y sus nuevas tecnologías*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- García Gabaldón, J. (2003): "La configuración lingüística, comunicativa y tecnológica de los correos electrónicos". *LinguaX. Revista de Lenguas Aplicadas*, 1. Disponível em http://www.uax.es/publicaciones/archivos/LINCOM03_001.pdf. Consultado em 04/07/2012.
- García Granja, M. J. (2010): "Redes sociales aplicadas a la educación". *Revista digital de innovación y experiencias educativas*, 28. Disponível em http://www.csi-csif.es/andalucia/modules/mod_ense/revista/pdf/Numero_28/MARIA%20JESUS_%20GARCIA%20GRANJA_1.pdf. Consultado em 24/02/2014.
- García Matilla, A. / Callejo Gallego, J. / Walzer, A. (2004): *Los niños y los jóvenes frente a las pantallas*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- García Negro, M. P. (ed.) (2009): *Sobre o racismo lingüístico*. Ames: Laiovento.

- García Sanchidrián, J. (2003): *Uso eficaz del teléfono*. Madrid: FC.
- García, I. / Lombarte, S. (2005): “Estudio de un caso sobre el uso de las tecnologías de la información y la comunicación para la inclusión social”. *Teoría de la Educación: Educación y cultura en la sociedad de la información*, 6 (1). Disponible en http://campus.usal.es/~teoriaeducacion/rev_numero_06/n6_art_garcia_lombarte.htm. Consultado en 12/03/2012.
- García-Andrade, J. A. (1993): *Psiquiatría forense*. Madrid: Fundación Ramón Areces.
- Gardiner, A. (1988): *Egyptian Grammar*. Oxford: Griffith Institute
- Gelb, I. J. (1982): *Historia de la escritura*. Madrid: Alianza.
- Genette, G. (1979): *Introduction à l'architexte*. Paris: Seuil.
- Genette, G. (1981): *Palimpsestes*. Paris: Seuil.
- Genette, G. (1987): *Seuils*. Paris: Seuil.
- George, E. / Totsching, M. (2001): “20 ans de CMO. Dialogue sur l'histoire d'un concept et d'un champ de recherche”. *La Communication Médiatisée par Ordinateur: un carrefour de problématiques*. 69^o Congrès de l'Association canadienne-française pour l'avancement des sciences. Université de Sherbrooke Maio 15-16.
- Giddens, A. (1990): *The consequences of modernity*. Cambridge: Polito Press.
- Giglioli, P. (ed.) (1972): *Language and Social Context: Selected Readings*. Harmondsworth: Penguin Books.
- Gil, A. / Feliu, J. / Rivero, I. / Gil, E. P. (2003): “¿Nuevas tecnologías de la información y la comunicación o nuevas tecnologías de relación? Niños, jóvenes y cultura digital”. Disponible en <http://www.uoc.edu/dt/20347/>. Consultado en 09/03/2012.
- Givens, D. B. (2000): “*Body speak: what are you saying?*”. *Successful Meetings (october)*, 51.49-51.
- Givon, T. (ed.) (1979): *Syntax and Semantics. Vol. 12: Discourse and Syntax*. Londres: Academic Press.
- Goldberg, I. (1995): “Internet addiction disorder-Diagnostic Criteria”. Disponible en <http://www.cibersociedad.net/archivo/articulo.php?art=2>. Consultado en 3/07/2011.
- Gómez Cruz, E. (1998): “La CMC: Comunicación Mediada por Computadora: Caso BBS”. *Razón y Palabra*, 10 (3). Disponible en <http://razonypalabra.org.mx/anteriores/n10/gomez2.htm>. Consultado en 16/01/2012.
- Gómez Cruz, E. (2002): “Espacio, Ciberespacio e Hiperespacio: Nuevas configuraciones para leer la Comunicación Mediada por Computadora”. *Anuario de Investigación del CONEICC*. Disponible en <http://www.cibersociedad.net/archivo/articulo.php?art=19>. Consultado en 25/03/2012.
- Gómez Guinovart, X. (2000): “Lingüística computacional”. Ramallo, F. / Rei-Doval, G. / Rodríguez, X. P. (eds.): *Manual de ciencias da linguaxe*. Vigo: Xerais. 221-268.
- Gómez Guinovart, X. (2011): “A literatura dixital galega”. *Terra e Tempo* (09/10/2011). Disponible en <http://www.terraetempo.com/artigo.php?artigo=1960&seccion=13>. Consultado en 16/07/2013.

- Gómez Torrego, L. (2001): “La Gramática en Internet”. *II Congreso Internacional de la Lengua Española. Nuevas fronteras del español: Lengua y escritura en Internet*. Disponible en http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/4_lengua_y_escritura/gomez_1.htm. Consultado en 14/02/2012.
- Gómez Vieites, A. / Otero Barros, C. (2011): *Redes de ordenadores e Internet. Funcionamiento, servicios ofrecidos y alternativas de conexión*. Madrid: Rama.
- Gómez, E. (2002): “Hacia la construcción de las comunidades virtuales”. *Versión. Escenarios de las nuevas tecnologías, mitos y posibilidades*, 12. 61-78. México: Universidad Autónoma Metropolitana.
- Gómez, E. / Galindo A. (2005): “Los estudios de comunicación mediada por computadora: una revisión y algunos apuntes”. *Razón y Palabra*. 44. Disponible en <http://www.razonypalabra.org.mx/anteriores/n44/gomergalindo.html>. Consultado en 17/12/2011.
- Gómez, J. P. (2003): *Lengua. Sistema y comunicación*. España: Quaderna.
- González García, V. (col.): *Alcumes*. Santiago de Compostela: Editorial Alvarellos.
- González Rodríguez, F. (2002): *El lenguaje de los jóvenes*. Barcelona: Ariel.
- González, F. (1989): *Comunicación y lenguaje juvenil*. Madrid: Fundamentos.
- González-Bueno, M. / Pérez, L. (1999): “Ventajas y desventajas del uso del correo electrónico en la clase de ELE”. *Actas X Congreso Internacional ASELE*. Centro Virtual Cervantes. Disponible en http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/asele/pdf/10/10_0341.pdf. Consultado en 23/04/2011.
- Goodman, A. (1990): “Addiction: definition and implications”. *British Journal of Addiction*, 85. 1403-1408.
- Gouveia, C. A. M. (1996): ”Pragmática”. Hub Faria, I / Gouveia, C. A. M. / Ribeiro Pedro, E. / Duarte, I. (orgs.): *Introdução à Linguística Geral e Portuguesa*. Lisboa: Caminho. 383-419.
- Goyanes, H. / Núñez, M. / Romero, P. / Túñez, M. (1996): *A información en galego*. Santiago de Compostela: Lea.
- Grice, H. P. (1975): “Logic and conversation”. Cole, P / Morgan, J. L. (eds.): *Syntax and semantics 3: speech acts*. New York: Academic Press. 41-58.
- Griffiths, R. (2001): *History of the Internet, Internet for Historians (and just about everyone else)*. Disponible en http://www.let.leideuniv.nl/history/ivh/frame_theorie.htm. Consultado en 15/04/2011.
- Grijelmo García, A. (2001): “El ciberlenguaje provisional”. *II Congreso Internacional de la Lengua Española. Nuevas fronteras del español: lengua y escritura en Internet*. Disponible en http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/4_lengua_y_escritura/grijelmo_a.htm. Consultado en 31/08/2012.

- Gros Puyol, M. S. (1990): “Abreviaturas de manuscritos litúrgicos hispánicos”. Departament d’Història Medieval – Paleografia i Diplomàtica (coord.): *Las abreviaturas en la enseñanza medieval y la transmisión del saber*. Barcelona: Universitat de Barcelona. 37-42.
- Gruber, H. (2000): “Scholarly Email Discussion List Postings: a single new genre of academic communication? Pemberton, L. / Shurville, S. (eds.): *Word on the Web*. Exeter: Intellect. 36-43.
- Guimier de Neef, E. / Debeurme, A. / Park, J. (2007): “TILT correcteur de SMS: évaluation et bilan quantitatif”. *Actes de TALN*. 123-132. Disponible en http://www.atala.org/taln_archives/TALN/TALN-2007/taln-2007-long-011. Consultado en 08/05/2014.
- Guthery, S. / Cronin, M. (2002): *Mobile Application Development with SMS and the SIM Toolkit*. New York: McGraw-Hill.
- Hafner, K. / Lyon, M. (1996): *Where wizards stay up late. The origins of the Internet*. New York: First Touchstone Editions.
- Hale, C. / Scanlon, J. (1999): *Wired Style: principles of English usage in the digital age*. New York: Broadway Books.
- Halliday, M. A. K. (1985): *Spoken and Written Language*. Londres: Arnold.
- Halliday, M. A. K. (1989): “El lenguaje y el orden natural”. Fabb, N. / Derek, A. / Durant, A. / Colin, M. (eds.): *La lingüística de la escritura*. Madrid: Visor. 145-163.
- Halliday, M. A. K. (1994): “Spoken and written modes of meaning”. Gradol, D. / Boyd-Larret, O. (eds.): *Media Texts: Authors and Readers*. Londres: Open University Press. 51-73.
- Hamblin, D. L. / Wood, A. / Croft, R. J. / Stough, C. (2004): “Examining the effects of electromagnetic fields emitted by GSM phones on human event-related potentials and performance during an auditory task”. *Clinical Neuro-physiology*, 115. 171-178.
- Hamman, R. B. (1999): “Computer networks linking network communities: A study of the effects of computer network use upon pre-existing communities”. Thiedeke, U. (ed.): *Virtuelle Gruppen – Charakteristika und Problemdimensionen*. Wiesbaden: Westdt. Disponible en <http://cybersoc.blogs.com/mphil.html>. Consultado en 24/02/2014.
- Hardy, I. (1996): *The evolution of ARPANET email*. Tese de doutoramento. University of California, Berkeley. Disponible en <http://archive.ifla.org/documents/internet/hari1.txt>. Consultado en 09/08/2012.
- Haroche-Bouzinac, G. (1995): *L’épistolaire*. Paris: Hachette.
- Harper, R. / Palen, L. / Taylor, A. (eds.) (2005): *The Inside Text*. Dordrecht: Springer.
- Hasselrot, B. (1957): *Etudes sur la formation diminutive dans les langues romanes*. Uppsala: Lundequitska Wiesbaden Otto.
- Hebrard, C. (2001): “Le village virtuel 3D: Introduction à une ethnologie des communautés virtuelles”. *Ethnologies comparées*, 2. Disponible en <http://alor.univ-montp3.fr/cerce/r2/c.h.htm>. Consultado en 16/01/2012.

- Hentschel, E. (1998): "Communication on IRC". *Linguistik online*, 1. Dispoñíbel en <http://www.linguistik-online.de/irc.htm>. Consultado en 16/01/2012.
- Hermida Gulías, C. (1987): "A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888)". *Grial*, 97. 299-316.
- Hermida Gulías, C. (2004): *Gramática práctica (Morfosintaxe)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Hernández Campoy, J. M. (1993): *Sociolingüística británica. Introducción a la obra de Peter Trudgill*. Barcelona: Octaedro.
- Herrero Moreno, G. (1988): "Yuxtaposición, coordinación y subordinación en el registro coloquial". *Anuario de Lingüística Hispánica*, 4. 193-220.
- Herring, S. C. (1996a): "Posting in a different voice: Gender and ethics in CMC". Ess, C. (ed.): *Philosophical Perspectives on Computer-Mediated Communication*. New York: Suny.
- Herring, S. C. (1996b): "Linguistic and critical research on computers-mediated communication: Some ethical and scholarly considerations". *The Information Society*, 12 (2). 153-158.
- Herring, S. C. (1996d): "Computer-Mediated Discourse Analysis". *Electronic Journal of Communication*, 6 (3). Dispoñíbel en <http://www.cios.org/www/ejc/v6n396.htm>. Consultado en 16/01/2012.
- Herring, S. C. (1998): "Le style du courrier électronique: variabilité et changement". *Terminigramme*, 85. 9-16.
- Herring, S. C. (1999): "Interactional Coherence in CMC". *Journal of Computer-Mediated Communication*, 4 (4). Dispoñíbel en <http://www.ascusc.org/jcmc/vol4/issue4/herring.html>. Consultado en 16/01/2012.
- Herring, S. C. (2000): "Linguistic Approaches to Computer-Mediated Communication". *I Jornada sobre Comunicació Mediada per Ordinador en Catalá*. Barcelona: Universidade de Barcelona. Dispoñíbel en <http://www.ub.es/lincat/cmo-cat>. Consultado en 11/01/2012.
- Herring, S. C. (2001): "Computer-Mediated Discourse". Tannen, D. / Schiffrin, D. / Hamilton, H. (eds.): *Handbook of Discourse Analysis*. Oxford: Blackwell. 612-634.
- Herring, S. C. (2002): "Computer-Mediated Communication in the Internet". *Annual Review of Information Science and Technology*, 36. 109-168.
- Herring, S. C. (2007): "A faceted classification scheme for Computer-Mediated Discourse". *Language@Internet*. Dispoñíbel en <http://www.languageatinternet.org/articles/2007/761>. Consultado en 01/02/2012.
- Herring, S. C. (ed.) (1996c): *Computer-Mediated Communication: Linguistic, Social and Cross-Cultural Perspectives*. Amsterdam: Benjamins.
- Herring, S. C. / Stein, D. / Virtanen, T. (eds.) (2011): *Handbook of the pragmatics of CMC*. Berlín / New York: Mouton de Gruyter.
- Hine, Ch. (2000): *Virtual Ethnography*. Londres: Sage.

- Hinner, K. (2000): "Statistics of Major IRC Networks: Methods and Summary of User Count". *M/C: A Journal of Media and Culture*, 3 (4). Disponible en <http://www.media-culture.org.au/0008/count.txt>. Consultado en 16/01/2012.
- Hinrichs, L. (2004): "Emerging orthographic conventions in written Creole: computer-mediated communication in Jamaica". *Arbeiten aus Anglistik und Amerikanistik*, 29 (I). 81-109.
- Hinrichs, L. (2006): "Creole on the Internet: New types of evidence in the study of written vernacular language use among young people". Spitzmüller, J. / Dürscheid, C. (eds.): *Perspektiven der Jugendsprachforschung*. 183-200. Disponible en https://webpace.utexas.edu/lh9896/public/hinrichs/hinrichs_2006.pdf. Consultado en 17/12/2011.
- Höflich, J. R. / Rössler, P. (2002): "MÁS QUE UN TELÉFONO. El teléfono móvil y el uso del SMS por parte de los adolescentes alemanes: Resultados de un estudio piloto". *Estudios de Juventud*, 57. 79-99.
- Holmes, J. (1993): "Women's talk: the question of sociolinguistic universals". *Australian Journal of Communication*, 20. 125-149.
- Hub Faria, I. (1996): "Linguagem verbal: aspectos biológicos e cognitivos". Hub Faria, I / Gouveia, C. A. M. / Ribeiro Pedro, E. / Duarte, I. (orgs.): *Introdução à Linguística Geral e Portuguesa*. Lisboa: Caminho. 35-55.
- Hub Faria, I. / Gouveia, C. A. M. / Ribeiro Pedro, E. / Duarte, I. (orgs.) (1996): *Introdução à Linguística Geral e Portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Hudson, R. A. (1981): *La sociolingüística*. Barcelona: Anagrama.
- Huitema, C. (1997): *Et Dieu créa l'Internet*. Paris: Edicions Eyrolles.
- Humphrys, J. (2007): "I h8 txt msgs". *Daily mail* (28/09/2007). Disponible en http://www.dailymail.co.uk/pages/live/articles/news/news.html?in_article_id483511&in_page_id=1770. Consultado en 13/08/2010.
- Hymes, D. H. (1964): *Language in Culture and Society: A Reader in Linguistics and Anthropology*. New York: Harper / Row.
- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1980): *Bases para unificación das normas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1990/1995/1999/2003/2005): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. I. *Morfología verbal*. Vol. II. *Morfología non verbal*. Vol. III. *Fonética*. Vol IV. *Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. Vol. V. *Léxico. O corpo humano* (I). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Instituto Deusto de Drogodependencias (2010): *El discurso de los jóvenes en internet*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- Islas, O. / Gutiérrez, F. (2004): "Sociedad de la información: ¿utopía o cárcel?". *Revista Chasqui*, 85. 26-35.
- Ito, M. / Okabe, D. / Matsuda, M. (eds.) (2005): *Personal, Portable, Pedestrian: Mobile Phones in Japanese Life*. Cambridge: MIT Press.

- Ivanova, N. (1999): *Epistolaire numérique*. Trabajo fin de mestrado. Universidade de París. Disponível en <http://izuminka.free.fr/mailomanie/memo.htm>. Consultado o 15/03/2011.
- Jacobson, R. (1973): *Fundamentos del lenguaje*. Madrid: Ayuso.
- Jacobson, R. (2007): *Lingüística e comunicación*. São Paulo: Cultrix.
- James, D. (1996): “Women, men and prestige speech forms: a critical review”. Bergvall, V. L / Bing, J. M. / Freed, A. F. (eds.): *Rethinking language and gender research*. London: Longman. 98-125.
- Jiménez Gómez, J. / Vela Delfa, C. (2004): “La transformación de la experiencia virtual a través de la mensajería instantánea”. *II Congreso del Observatorio para la CiberSociedad*. Disponível en http://www.cibersociedad.net/congres2004/grups/fitxacom_publica2.php?grup=15&id=407&idioma=es. Consultado en 09/02/2012.
- Jiménez Lara, A. (2011): *El Estado Actual de la Accesibilidad de las Tecnologías de la Información y la Comunicación (TIC)*. Madrid: Observatorio Fundación Vodafone-CERMI.
- Jiménez Moreno, J. C. (2005): “Aproximaciones y breve análisis sistemático de la sintaxis coloquial”. *Interlingüística*, 16 (2). 631-639.
- Jiménez Vargas, H. / Campos, R. (2005): *El “invento” de “Gutenberg”*. Disponível en <http://portal.educ.ar/debates/eid/tecnologia/gutenberg.pdf>. Consultado en 20/09/2011.
- Jiménez, R. (2002): *Internet y educación: La gestión de la identidad cultural de género. Memoria del primer congreso On-line para la ciber sociedad*. (CD-ROM).
- Johnson, C. M. (2001): “A survey of current research on online communities of practice”. *Internet and Higher Education*, 4. 45-60.
- Jones, S. (1995): “Understanding Community in the Information Age”. Jones, S. (ed.): *Cybersociety: Computer-Mediated Communication and Community*. USA: Sage.
- Jones, S. (1997): “The Internet and its social landscape”. Jones, S. (ed.): *Virtual Culture. Identity & Communication in Cybersociety*. Londres: Sage. Disponível en <http://knowledge.sagepub.com/view/virtual-culture/n2.xml>. Consultado en 05/09/2012.
- Jones, S. (1998): “Information, Internet and Community: Notes Towards and understanding of Community in de Information Age”. Jones, S. (ed.): *Cybersociety: Revisiting Computer-Mediated Communication and Community*. USA: Sage.
- Jones, S. (ed.) (1995): *Cybersociety: Computer-Mediated Communication and Community*. USA: Sage.
- Jones, S. (ed.) (1997): *Virtual Culture. Identity & Communication in Cybersociety*. Londres: Sage.
- Jonsson, E. (1998): *Electronic Discourse: On Speech and Writing on the Internet*. Lulea: Lulea University of Technology. Disponível en <http://ludd.luth.se/users/jonsson/D-essay/ElectronicDiscourse.html>. Consultado en 16/01/2012.

- Kabatek, J. (1994): “Galego escrito e lingua común na segunda metade do século XX”. *Grial*, 122. 157-179.
- Kasesniemi, E. L. / Rautiainen, P. (2002): “Mobile culture of children and teenagers in Finland”. Katz, J. E. / Aakhus, M. (eds.): *Perceptual Contact: Mobile Communication, Private talk and Public Performance*. Cambridge: Cambridge university Press. 170-192.
- Katz, J. / Rice, R. / Aspden, P. (2001): “The Internet 1995-2000: Access, civic involvement, and social interaction”. *American Behavioral Scientist*, 45 (número especial sobre Internet e a vida cotiá). 405-419.
- Katz, J. E. / Aakhus, M. (eds.) (2002): *Perceptual Contact: Mobile Communication, Private talk and Public Performance*. Cambridge: Cambridge university Press.
- Kerbrat-Orecchioni, C. (1994): *Les interactions verbales*, Vol. III. Paris: Armand Collin.
- Kerbrat-Orecchioni, C. (1998): “La notion d’interaction en linguistique: origines, apport, bilan”. *Langue Française*, 117. 51-67.
- Kernan, A. (1990): *The Death of Literature*. Connecticut: Yale University Press.
- Kiesler, S. / Siegel, J. / McGuire, T. (1984): “Social psychological aspects of computer-mediated communication”. *American Psychologist*, 39. 1123-1134.
- King, G. (2005): *Modern Welsh: A Comprehensive Grammar*. London / New York: Routledge.
- Kleiber, G. (2001): *L’anaphore associative*. Paris: Presse Universitaires de France.
- Knapp, K. / Enninger W. / Knapp-Potthoff, A. (eds.) (1987): *Analyzing Intercultural Communication*. Berlin / New York / Amsterdam: Mouton de Gruyter.
- Kobus, C. / Yvon, F. / Damnati, G. (2008): “Normalizing SMS: are two metaphors better than one?”. *Proceedings of the 22nd International Conference on Computational Linguistics (Coling 2008)*. 441-448. Disponível em <http://www.aclweb.org/anthology-new/C/C08/C08-1056.pdf>. Consultado em 21/07/2013.
- Koch, I. G. (2003a): *A inter-ação pela linguagem*. São Paulo: Contexto.
- Koch, I. G. (2003b): *O texto e a construção dos sentidos*. São Paulo: Contexto.
- Koike, K. (2001): *Colocaciones léxicas en el español actual: estudio formal y léxico-semántico*. Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones da Universidade.
- Kopomaa, T. (2005): “The breakthrough of text messaging in Finland”. Harper, R. / Palen, L. / Taylor, A. (eds.) : *The Inside Text*. Dordrecht: Springer. 150-151.
- Kotova, M. (2005): “Unha vez máis sobre a correlación entre paremioloxía e fraseoloxía”. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 7. 135-148.
- Kotschi, T. / Oesterreicher, W. / Zimmermann, K. (eds.) (1996): *El español hablado y la cultura oral en España e Hispanoamérica*. Frankfurt am Main / Madrid / Vervuert: Iberoamericana.

- Kwang-Kyu, K. (1996): "Structural characteristics of computer-mediated language: a comparative analysis of Interchange Discourse". *The Electronic Journal of Communication*, 6, (3). Disponível en <http://www.cios.org/EJCPUBLIC/006/3/006315.HTML>. Consultado en 16/01/2012.
- Labbe, H. / Marcoccia, M. (2005): "Communication numérique et continuité des genres: l'exemple du courrier électronique". *Texto!*, 10 (3). Disponível en <http://www.revue-texto.net/Inedits/Labbe-Marcoccia.html>. Consultado o 16/01/2012.
- Laborda, X. (2003): "Estilo y cortesía en el correo electrónico". *Tonos. Revista Electrónica de Estudios Filológicos*, 6. Universidad de Murcia. Disponível en <https://www.um.es/tonosdigital/znum6/estudios/Laborda.htm>. Consultado en 09/07/2011.
- Lameiro, M. / Sánchez, R. (1998): "Vínculos e Internet: Investigación cualitativa acerca de nuevas formas de vincularse". *Boletín de la Sociedad Española de Psicoterapia y Técnicas de Grupo*, 4 (14). 45-66. Disponível en <http://www.campogrupal.com/vinculos.html>. Consultado en 16/01/2012.
- Lane, D. R (1997a): "Function and Impact of Nonverbal Communication in a Computer-Mediated Communication: An Investigation of Defining Issues". *COM 454 Communication & Technology*. Disponível en <http://www.uky.edu/~drlane/techno/nvcmc.htm>. Consultado en 16/01/2012.
- Lane, D. R. (1997b): "Computer-Mediated Competence: An Examination of Communicative Competence Using The Modem As The Medium". *COM 454 Communication & Technology*. Disponível en <http://www.uky.edu/~drlane/techno/cmcompetence.htm>. Consultado en 17/01/2012.
- Lane, P. (1992): *La périphérie du texte*. Paris: Nathan Université.
- Lapa, M. Rodrigues (1979): *Estilística da Língua Portuguesa*. Coimbra: Coimbra Editora.
- Lauterborn, W. (2002): *Comunicaciones por teléfono*. Madrid: Arco Libros.
- Le Bodic, G. (2005): *Mobile Messaging technologies and services: SMS, EMS and MMS*. Inglaterra: John Wiley & Sons Ltd.
- Lea, M. / Spears, S. (1991): "Computer-Mediated Communication, the individuation and group decision – making". *International Journal of Man-machines Studies*, 34. 280-301.
- Leung, L. / Wie, R. (2000): "More than just Talk on the Move: Uses and Gratifications of the Cellular Phone". *Journalism & Mass Communication Quarterly*, 77. 308-320.
- Levinson, S. (1983): *Pragmatics*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Lévy, P. (1994): *L'intelligence collective. Pour une anthropologie du cibernespace*. Paris: La Découverte.
- Lévy, P. (1995): *¿Qué es lo virtual?*. Barcelona: Paidós.
- Lévy, P. (1997): *Cyberculture. Rapport au Conseil de l'Europe dans le cadre du projet "Nouvelles technologies: coopération culturelle et communication"*. París: Odile Jacob.

- Licklider, J.C.R. (1960): “Man-Computer symbiosis”. *IRE Transaction on Human Factors in Electronics. In Memoriam: J.C.R. Licklider 1915-1990. Science and Technology. Research Report*, 61. 1-19. Disponible en <http://groups.csail.mit.edu/medg/people/psz/Licklider.html>. Consultado en 09/09/2013.
- Licklider, J. C. R. / Taylor, R. W. / Herbert, E. (1968): “The Computer as a communication device”, *Science and Technology. Research Report*, 61. 20-41. Disponible en <http://www.utexas.edu/ogs/alumni/events/taylor/licklider-taylor.pdf>. Consultado en 08/09/2012.
- Ling, R. (2002): “Chicas adolescentes y jóvenes adultos varones: dos subculturas del teléfono móvil”. *Estudios de Juventud*, 57. 33-46.
- Ling, R. (2004): *The Mobile Connection –The Cell Phone’s impact on society*. San Francisco: Morgan Kaufman Publisher.
- Ling, R. / Pedersen, P. (eds.) (2005): *Mobile Communications: Renegotiation of the social sphere*. London: Springer.
- Ling, R. (2005): “The socio-linguistics of SMS: An analysis of SMS use by a random sample of Norwegians”. Ling, R. / Pedersen, P. (eds.): *Mobile Communications: Renegotiation of the social sphere*. London: Springer. 335-349. Disponible en <http://www.richardling.com/papers/2005 SMS socio-linguistics.pdf>. Consultado en 16/12/2011.
- Ling, R. / Baron, N. S. (2007): “Text Messaging and IM: Linguistic Comparison of American College Data”. *Journal of Language and Social Psychology*, 26. 291-298. Disponible en <http://www.american.edu/cas/lfs/faculty-docs/upload/text-messaging-and-im.pdf>. Consultado en 13/12/2011.
- Ling, R. / Baron, N. S. (2007): “Emerging Patterns of American Mobile Phone Use: Electronically-mediated communication in transition”. Goggin, G. / Hjorth, L. (eds.): *Mobile Media 2007. Proceedings of an International Conference*. Chapter 23. Disponible en <http://www.american.edu/cas/lfs/faculty-docs/upload/Emerging-Patterns-of-American-Mobile-Phone-Use-3.pdf>. Consultado en 14/12/2011.
- Liu, G. Z. (1999): “Virtual Community Presence in Internet Relay Chatting”. *Journal of Computer-Mediated Communication*, 5 (1). Disponible en <http://www.ascusc.org/jcmc/vol5/issue1/liu.html>. Consultado en 16/01/2012.
- Lobet-Maris, C. / Henin, L. (2002): “Hablar sin comunicar o comunicar sin hablar: del GSM al SMS”. *Estudios de Juventud*, 57. 101-114.
- Long, C. (2002): “I am a backstage manipulator of SMS culture”. *New Weekly* (15/06/2002).
- Lopes, O. (1985): “Algumas particularidades do português, e especialmente do português europeu, que importam á teoria semântica lingüística universal”. *Actas do Congresso sobre a Situação Actual da Língua Portuguesa no Mundo*. 85-104.
- Lopes da Silva, B. (1984): *O Dialecto Crioulo de Cabo Verde*. Lisboa: Imprensa Nacional Casa da Moeda.
- López Alonso, C. (2002): “El texto electrónico en el aprendizaje de las lenguas”. *Congreso Internacional de Análisis del discurso: lengua, cultura, valores*. Navarra: Universidad de Navarra. Disponible en <http://elies.rediris.es/elies23/lopez.htm>. Consultado en 24/02/2014.

- Lopez Alonso, C. / Séré, A. (eds.) (2003): *Nuevos géneros discursivos: los textos electrónicos*. Disponível em <http://elies.rediris.es/elies24/>. Consultado em 04/04/2012.
- López Alonso, C. (2003a): “Un nuevo género: el correo electrónico”. Soriano, M. (coord.): *Genre(s), formes et identités génériques*. Montpellier: Université Montpellier III. 187-198.
- López Alonso, C. (2003b): “Modes d’interaction dans le courrier électronique”. *LIDIL*, 28. 109-120.
- López Alonso, C. (2006): “El correo electrónico”. Lopez Alonso, C. / Séré, A. (eds.): *Nuevos géneros discursivos: los textos electrónicos*. Disponível em <http://elies.rediris.es/elies24/>. Consultado em 04/04/2012.
- López Alonso, C. / Séré, A. (2001): *La lectura en lengua extranjera. El caso de las lenguas románicas*. Buske Verlag.
- López Viñas, X. / Lourenço Mória, C. / Moreda Leirado, M. (2010): *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*. A Coruña: Baía Edicións.
- Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. / Casares Berg, H. (2008): *Lingua, sociedade e medios de comunicación en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Loureda Lamas, Ó. (1998): *La semántica del hablar para un análisis de los juicios de valoración lingüística y extralingüística de los discursos en español actual*. Tese de doutoramento. Universidade da Coruña.
- Loureda Lamas, Ó. (2003): *Introducción a la tipología textual*. Madrid: Arco Libros.
- Mackinnon, R. C. (1995): Searching for the Leviathan in Usenet. Jones, S. (ed.): *Cybersociety: Computer- Mediated Communication and Community*. Thousand Oaks, CA: Sage. 112-137.
- Maia, Azevedo de C. (1986): *História do galego português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI. (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica
- Mantovani, G. (1994): “Is Computer- Mediated Communication Intrinsically Apt Enhance Democracy in Organizations?”. *Human Relations*, 47 (I). 45-62.
- Marcoccia, M. (2003): “La communication médiatisée par ordinateur: problèmes de genres et de typologie”. *Journée d’études: les genres de l’oral*. Lyon: Université Lumière. Disponível em http://gric.univ-lyon2.fr/Equipe1/actes/journees_genre.htm. Consultado em 05/04/2012.
- Marcuschi, L. A. (2001): *Análise da Conversação*. São Paulo: Ática.
- Martínez Lamparero, G. (2002): “El impacto de Internet en la vida cotidiana española”. *1er Congreso ONLINE del Observatorio para la CiberSociedad: CULTURA & POLÍTICA @ CIBERESPACIO*. Disponível em <http://cibersociedad.rediris.es/congreso>. Consultado em 16/01/2012.

- Martínez Sánchez, J. M. (2007): “Emoticonos o la codificación emotiva de la comunicación hipertextual. *Revista Digital Universitaria*, 8. Disponible en http://www.revista.unam.mx/vol.8/num8/art57/ago_art57.pdf. Consultado en 31/08/2012.
- Mateus, M. H. M. / Brito, A. M. / Duarte, I. / Hub Faria, I. (2003): *Gramática da Língua Portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Matos e Silva, R. V. (2002): “Variação, mudança e norma (movimentos no interior do português brasileiro)”. Bagno, M. (org.): *Linguística da Norma*. São Paulo: Loyola. 291-316.
- Matthews, H. (2000): “Effects of group identity on discussions in public on-line fora”. Pemberton, L. / Shurville, S. (eds.): *Words on the web*. Exeter: Intellect Books. 79-86.
- Matzat, U. / De Vos, H. (2000): “Online communities: Which conditions make them succesful?”. *Informe para KNP Research*. Universidade de Groningen. Disponible en <http://www.ppsw.rug.nl/matzat/onlinecommunities.pdf>. Consultado en 15/08/2011.
- Mayans, J. (2000a): “El lenguaje de los chats. Entre la diversión y la subversión”, *Revista iWorld*, 29, 42-50.
- Mayans, J. (2000b): “Chats. Un nuevo lenguaje”. *iWorld*. Disponible en <http://www.quadernsdigitals.net/articles/idg/chats.htm>. Consultado en 16/01/2012.
- Mayans, J. (2000c): “Anonimato: el tesoro del internauta”. *iWorld*, 31. Disponible en <http://www.idg.es/iworld/articulo.asp?id=113043>. Consultado en 16/01/2011.
- Mayans, J. (2001): “Género confuso: género chat”. *Textos de la Cibersociedad*, 1. Disponible en <http://cibersociedad.rediris.es/mayans/gc.htm>. Consultado en 16/01/2012.
- Mayans, J. (2002): “De la incorrección normativa en los chats”. *Revista de investigación lingüística*, 2 (5). 101-116. Disponible en: <http://www.cibersociedad.rediris.es/archivo/articulo.php?art=28>. Consultado en 15/04/2011.
- Maynor, N. (1994): “The language of electronic mail: written speech?”. Montgomery, M. B. / Little, G. D. (eds.): *Centennial usage studies*. Tuscaloosa: University of Alabama Press. 48-54.
- Mc Laughlin, M. L. / Osborne, K. K. / Smith, C. B. (1995): “Standars of conduct on Usenet”. Jones, S. (ed.): *Cybersociety: Computer- Mediated Communication and Community*. Thousand Oaks. CA: Sage. 90-111.
- McKenzie (2007): “Digital Nativism, Digital Delusions and Digital Deprivation” *From Now On, the educational technology journal*, 17 (2). Disponible en <http://www.fno.org/nov07/nativism.html>. Consultado en 12/04/2012.
- McLuhan, M. (1967): *El medio es el mensaje: inventario de efectos*. New York: Paidós Estudio.
- McLuhan, M. (2010): *A Galaxia Gutenberg. A creación do home tipográfico*. Santiago de Compostela: Fundación BBVA.
- McLuhan, M. / Powers, B. R. (1995): *La Aldea Global. Transformaciones en la vida y los medios de comunicación mundiales en el siglo XXI*. Barcelona: Gedisa Editorial.
- MEC: Ministerio de educación y ciencia (ed.) (1977): *Paleografía*. I, II, III. Madrid: UNED.

- Melançon, B. (1996): *Sevigne@Internat. Remarques sur le courrier électronique et la lettre*. Montreal: Éditions Fides. Disponível em http://www.univ-roen.fr/arobase/v3_n2/melancon.pdf. Consultado em 03/05/2012.
- Mesthrie, R. / Asher, R. (eds.) (2001): *The Concise Encyclopedia of Sociolinguistics*. London: Pergamon.
- Míguez Carballera, H. (2013): *Galicia, A Sentimental Nation. Gender, Culture and Politics*. Bangor: University of Wales Press.
- Millán Chivite, F. (1979): “Aspectos léxico-semánticos en las primeras etapas del lenguaje infantil: reflexiones en torno a una experiencia”. *Cauce. Revista de filología y su didáctica*, 2. 11-32. Disponível em http://cvc.cervantes.es/literatura/cauce/pdf/cauce02/cauce_02_003.pdf. Consultado em 19/03/2013.
- Millard, W. (1996): “I flamed Freud: a case study in teletextual incendiarism”. Porter, D. (ed.): *Internet Culture*. New York / Londres: Routledge. 149-159.
- Miller, D. / Slater, D. (2000): *The Internet: an Ethnographic Approach*. Oxford: Berg.
- Miller, G. A. (1980): *Psicología de la comunicación*. Barcelona: Paidós.
- Millerand, F. (2001): “Le courrier électronique: artefact cognitif et dispositif de communication”. *La Communication Médiatisée par Ordinateur: un carrefour de problématiques. 69º Congrès de l' Association canadienne-française pour l'avancement des sciences*. Université de Sherbrooke. Maio, 15-16.
- Millerand, F. / Giroux, L. / Proulx, S. (2001): “La culture technique dans la appropriation cognitive des TIC. Une étude des usages du courrier électronique”. *Actes du colloque international ICUST*. Paris. 400-410.
- Miquel, J. (1990): “Omisión de línea y la prohibición de abreviaturas en Justiniano”. Departament d'Història Medieval – Paleografia i Diplomàtica (coord.): *Las abreviaturas en la enseñanza medieval y la transmisión del saber*. Barcelona: Universitat de Barcelona. 59-74.
- Miraflores Gómez, E. / Hernández Pacheco, J. L. (2004): “Lenguaje SMS: la alfabetización de los jóvenes en el siglo XXI”. *Educación y futuro: revista de investigación aplicada y experiencias educativas*, 11.121-130. Disponível em <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2044764>. Consultado em 31/08/2012.
- Mironesko Bielova, E. / Hita Jiménez, J. A. (2004): *Introducción a la estilística rusa. Estilo coloquial*. Barcelona: PPU.
- Mitra, A. (1997): “Virtual commonality: Looking for India on the Internet”. *Virtual Culture. Identity & Communication in Cibersociety*. Londres: Sage. 55-79.
- Mitra, A. (1999): “Characteristics of the WWW Text: Tracing Discursive Strategies”. *Journal of Computer-Mediated Communication*, 5 (1). Disponível em <http://www.ascusc.org/jcmc/vol5/issue1/mitra.html>. Consultado em 16/01/2012.
- Moeschler, J. (1982): *Dire et contredire: pragmatique de la négation et acte de réfutation dans la conversation*. Berne: Francfort au Main.
- Monteagudo, H. (1995): “Na procura da “Recendente Pantera”: os escritores galegos e a construción da lingua literaria”. *Revista Colóquio/Letras* 137/138. 51-64.

- Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Monteagudo, H. (2004): “A demanda da norma. Avances, problemas e perspectivas no proceso de estandarización do idioma galego”. Bouzada, X. / Monteagudo, H. (coords.): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume III: Difusión da lingua*. Santiago: Consello da Cultura Galega. 37-130.
- Monteagudo, H. (2005): “Do uso á norma, da norma ao uso (variación sociolingüística e estandarización no idioma galego”. Álvarez, R. / Monteagudo, H. (eds.): *Norma lingüística e variación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega. 377-436.
- Monteagudo, H. (2012): “Sociolingüística galega. Problemas e pescudas”. *Treballs de Sociolingüística Catalana. Revista de la Societat Catalana de Sociolingüística*, 22. 271-286.
- Montero Curiel, M. L. (2011): “*Mola mogollón*: la superlación morfológica y léxica en el lenguaje juvenil”. *Revista de Estudios de Juventud*, 93. 89-104.
- Montero, E. (1981): *El eufemismo en Galicia (Su comparación con otras áreas romances). Verba. Anexo 17*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Morala, J. R. (2001): “Entre arrobas, eñes y emoticones”. *II Congreso Internacional de la Lengua Española. Nuevas fronteras del español: Lengua y escritura en Internet*. Disponible en http://congresosdelengua.es/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/4_lengua_y_escritura/morala_j.htm. Consultado en 14/02/2012.
- Moreno, B. (2001): “La Internet en español y el español en los mensajes electrónicos”. *II Congreso Internacional de la Lengua Española. El español en la Sociedad de la Información*. Disponible en http://cvc.cervantes.es/obref/congresos/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/4_lengua_y_escritura/moreno_b.htm. Consultado en 28/11/2012.
- Mosquera, A. / Moreda, P. (2012): “TENOR: A Lexical Normalization Tool for Spanish Web 2.0. Texts”. *Lecture Notes in Computer Sciences*, 7499. 535-542.
- Mosquera Castro, E. (2012): “Novos retos da Lingüística: as textualidades electrónicas. Consideracións sobre a escrita dos chats e das SMS”. *LLJournal*, 7 (1). New York. Disponible en <http://ojs.gc.cuny.edu/index.php/lljournal/article/view/1147/1250>. Consultado en 16/07/2012.
- Mosquera Castro, E. (2013): *Didáctica da lingua e novos soportes comunicativos: a linguaxe SMS*. A Coruña: AS-PG.
- Moura, A. / Carvalho, A. A. (2010): “Enquadramento teórico para a integração de tecnologias móveis em contexto educativo”. Costa, F. A. (org.): *Actas do Encontro Internacional TIC e Educação I*. Lisboa: Instituto de Educação da Universidade de Lisboa. 1001-1006.
- Moure, T. (2004): *A palabra das fillas de Eva*. Vigo: Galaxia.
- Moure, T. (2010): “Falamos galego as mulleres, por que non?”. Mosquera Carregal, X. (ed.): *VI Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Xénero*. A Coruña: Universidade da Coruña. 147-169.

- Mourlhon-Dallies, F. (2006): "Communication électronique et genres du discours". *Grottopol. Revue de sociolinguistique*, 10. 11-23.
- Muela Molina, C. (2008): "La representación de la realidad en la cuña publicitaria". *Comunicación y Sociedad*, 21 (2). 115-139.
- Muñoz-Rivas, M. / Agustín, S. (2005): "La adicción al teléfono móvil". *Psicología Conductual*, 13. 481-493.
- Murray, D. E. (1985): "Composing as conversation: the computer terminal as medium communication". Odell, L. / Goswami, D. (eds.): *Writing in Nonacademic Settings*. New York: Guilford. 203-227.
- Narbona Jiménez, A. (1989): *Sintaxis española: nuevos y viejos enfoques*. Barcelona: Ariel.
- Narbona Jiménez, A. (1991): "Sintaxis coloquial y análisis del discurso". *RSEL*, 21. 187-204.
- Naughton, J. (1999): *A brief history of the future: the origins of the Internet*. Londres: Weidenfield and Nicolson.
- Negroponte, N. (1995): *Ser digital*. Bos Aires: Atlántida.
- Ninyoles, R. L. (2005): *Idioma e poder social*. Santiago de Compostela: Laidovento.
- Norris, P. (2001): *Digital divide. Civil engagement, information poverty and the Internet world wide*. Cambridge, Massachussets: Cambridge University Press.
- Núñez Singala, M. (2009): *En galego, por que non?* Vigo: Galaxia.
- O'Donnell, J. (2000): *Avatares de la palabra. Del papiro al ciberespacio*. Barcelona: Paidós.
- Ochs, E. (1979): "Planned and unplanned discourse". Givon, T. (ed.): *Syntax and Semantics. Vol. 12: Discourse and Syntax*. Londres: Academic Press. 51-80.
- Odell, L. / Goswami, D. (eds.) (1985): *Writing in Nonacademic Settings*. New York: Guilford.
- Odina, M. (2000): *La aldea irreal. La sociedad del futuro y la revolución global*. Madrid: Aguilar.
- Oesterreicher, W. (1996): "Lo hablado en lo escrito. Reflexiones metodológicas y aproximación a una tipología". Kotschi, T. / Oesterreicher, W. / Zimmermann, K. (eds.): *El español hablado y la cultura oral en España e Hispanoamérica*. Frankfurt am Main; Vertuert Verlag: Biblioteca Ibero-americana. 317-340.
- Okada, T. (2005): "Youth Culture and the Shaping of Japanese Mobile Phones". Ito, M. / Okabe, D. / Matsuda, M. (eds.): *Personal, Portable, Pedestrian: Mobile Phones in Japanese Life*. Cambridge: MIT Press. 41-60.

- Oksman, V. / Turtianen, J. (2004): "Mobile communication as a social stage: Meanings of mobile communication in everyday life among teenagers in Finland". *New media & Society*, 6 (3). 319-339.
- Olivar, A. (1990): "Las abreviaturas de los manuscritos de liturgia romana". Departament d'Història Medieval – Paleografia i Diplomàtica (coord.): *Las abreviaturas en la enseñanza medieval y la transmisión del saber*. Barcelona: Universitat de Barcelona. 43-49.
- Ong, W. J. (1982): *Orality and Literacy: The Technologizing of the Word*. London: Methuen.
- Ostolaza Elizondo (1990): "Evolución de las abreviaturas en la documentación castellana bajomedieval: razones lingüísticas y paleográficas". Departament d'Història Medieval – Paleografia i Diplomàtica (coord.): *Las abreviaturas en la enseñanza medieval y la transmisión del saber*. Barcelona: Universitat de Barcelona. 253-262.
- Otemuyiwa, A. (2011): "The emergence of New Linguistic Features in SMS Text Messages among University Undergraduate Students in South/western Nigeria". *International Journal of African Studies*, 4. 61-69. Disponible en http://www.eurojournals.com/IJAS_4_07.pdf. Consultado en 16/12/2011.
- Pajares Tosca, S. (1997): "Las posibilidades de la narrativa hipertextual", *Espéculo*, 6. Disponible en http://www.ucm.es/info/especulo/numero6/s_pajare.htm. Consultado en 07/05/2010.
- Palacios, J. / Coll, C. / Marchesi, A. (1991): *Desarrollo psicológico y educación infantil. I. Desarrollo del lenguaje*. Madrid: Alianza.
- Parente, S. (2000): *Pelos Caminhos da Ignorancia e do Conhecimento- Fundamentação Teórica da Prática clínica dos Problemas de Aprendizagem*. São Paulo: Casa do Psicólogo.
- Parga Valiña, M. (2004): "A interferencia lingüística no galego oral", Álvarez, R. / Fernández Rei, F. / Santamarina, A. (eds.): *A Lingua Galega: Historia e Actualidade*. VOL. 1. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega. 547-558.
- Parker, S. (1995): *Alexander Graham Bell y el teléfono*. Madrid: Celeste Ediciones.
- Patricio-Martín, S. J. / Martínez-Cortés, J. P (2010): "Nuevas vías de revitalización para lenguas minorizadas: la repercusión de internet en el caso del aragonés". *Digithum*, 12. Disponible en <http://digithum.uoc.edu>. Consultado en 10/12/2010.
- Patterson, H. (1996): *Computer Mediated Groups. A Study of a Culture in Usenet*. Tese de doutoramento. Universidade de Texas. Disponible en http://www.agm.net/holly/holly_dissert.html. Consultado en 20/06/2011.
- Payá Canals, M. (2000): "Com responem els missatges de correu electrònic? Noves formes de diàleg". *I Jornada sobre Comunicació Mediatitzada per Ordinador*. Barcelona: Universitat de Barcelona. Disponible en <http://www.ub.es/lincat/cmo-cat/paya.htm>. Consultado en 16/01/2012.
- Payrató, LL. (1996): *Català col·loquial. Aspectes de l'ús corrent de la llengua catalana*. Valencia: Universitat de València.

- Paz Gago, J. M. (2004): "Visualitura: entre el cine y la literatura". Baiz Quevedo, F. (ed.): *El personaje y el texto en el cine y la literatura*. Caracas: Cinemateca Nacional Venezuela e Comala.com.
- Pemberton, L. / Shurville, S. (eds.) (2000): *Words on the web*. Exeter: Intellect Books.
- Penas Ibáñez, A. (2009): "Lenguaje digital en los SMS". *IV Congreso de la Cibersociedad 2009. Crisis analógica, futuro digital*. Disponible en <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3350262>. Consultado en 01/03/2013.
- Penny, R. (2005): *Gramática histórica de la lengua española*. Barcelona: Ariel.
- Perea, M. / Acha, J. / Carreiras, M. (2009): *Lnguaj SMS: ¿cost o bnficio?*. *Ciencia Cognitiva: Revista Electrónica de Divulgación*, 3 (2). 52-54.
- Pereira, D. (2006): *Crioulos de Base Portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Peres, J. / Móia, T. (1995): *Áreas Críticas da Língua Portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Pérez Felipe, M. (2003): "Los mensajes de texto a móviles y su presencia en los medios de comunicación: caracterización y sugerencias para la explotación en el aula". *XIV Congreso Internacional de ASELE*. Burgos. Disponible en http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/asele/pdf/14/14_0730.pdf. Consultado en 24/02/2014.
- Pérez Giménez, M. (2012): *Aproximación a la didáctica de la sintaxis coloquial en bachillerato: el estudio de las construcciones incompletas*. Valencia: Servei de Publicacions Universitat de València. Disponible en <http://roderic.uv.es/bitstream/handle/10550/24575/perezgimenez.pdf?sequence=1>. Consultado en 01/02/2013.
- Pérez Guerra, J. (1998): *Introducción a la lingüística de corpus. Un ejercicio con herramientas informáticas aplicadas al análisis textual*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicions.
- Perez Juliá, M. (1997): "Tres parámetros para una caracterización del concepto de escritura". *Quaderns de Filologia*, 2. 25-38.
- Pérez Sabater, C. / Peña Martínez, G. / Montero Fleta, B. / Turney, E. (2007): "A developing CMC genre: online sports broadcasts". *ISCAL*. 190-196. Disponible en <http://www.upv.es/diaal/publicaciones/gemma3.pdf>. Consultado en 20/12/2011.
- Pérez, L. C. (2001): "El uso del correo electrónico (asíncrono) y de las salas electrónicas de conversación (sincrónico) en la clase de español como lengua extranjera". *ASELE. Actas XII*. Centro Virtual Cervantes. Disponible en http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/asele/pdf/12/12_0477.pdf. Consultado en 15/12/2011
- Pertierra, R. / Ugarte, E. F. / Pingol, A. / Hernández, J. / Dacanay, N. L. (2002): *Txt-ing Selves: Cellphones and Philippine Modernity*. Manila, Filipinas: De La Salle University Press.
- Petit Herrera, L. A. (2005): *Luces y Sombras de las TIC. 50 años de Tecnologías de la Información en España*. Madrid: Fundación Dintel.
- Pettit, C. (coord.) (2011): *Medios y tecnologías de la información y la comunicación. Socialización y nuevas apropiaciones*. Argentina: Brujas.

- Pineda de Alcázar, M. (2000): “Los paradigmas de la comunicación: nuevos enfoques teóricos- Metodológicos. *Diálogos de la Comunicación*, 60. 264-271. Disponible en http://www.dialogosfelafacs.net/dialogos_epoca/pdf/59-60-24MigdaliaPineda.pdf. Consultado en 16/11/2011.
- Pinker, S. (1994): *The language instinct*. London: Penguin.
- Piscitelli, A. (2006): “Nativos e inmigrantes digitales. ¿Brecha generacional, brecha cognitiva, o las dos juntas y más aún?”. *Revista Mexicana de Investigación Educativa*, 11 (28). 179-185.
- Plester, B. / Wood, C. (2009): “Exploring Relationships Between Traditional and New Media Literacies: British Preteen Texters at School”. *Journal of Computer-Mediated Communication*, 14. 1108-1129. Disponible en <http://onlinelibrary.wiley.com/doi/10.1111/j.1083-6101.2009.01483.x/pdf>. Consultado en 31/08/2012.
- Plester, B. / Wood, C. / Bell, V. (2008): “Txt msg n school literacy: does mobile phone use adversely affect children’s attainment?”. *Literacy*, 42. 137-144.
- Plester, B. / Wood, C. / Joshi, P. (2009): “Exploring the relationship between children’s knowledge of text message abbreviations and school literacy outcomes”. *British Journal of Developmental Psychology*, 27. 145-161.
- Pons Moll, C. (2003): “Els xat :) la ludoteca de la llengua”. *Interlingüística* 13 (3). 273-282.
- Poole V. / Lloyd, J. (2001): *Mnsjs d txt*. Barcelona: Plaza y Janés.
- Porroche Ballesteros, M. (2000): “Algunos aspectos del uso de *que* en el español conversacional (*que* como introductor de oraciones “independientes”)”. *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación*, 3. Disponible en <http://www.ucm.es/info/circulo/no3/porroche.htm>. Consultado en 01/02/2013.
- Porter, C. E. (2004): “A tipology of virtual communities: A multidisciplinary foundation for future research”. *Journal of Computer-Mediated Communication*. 10 (1). Disponible en <http://onlinelibrary.wiley.com/doi/10.1111/j.1083-6101.2004.tb00228.x/full>. Consultado en 24/02/2014.
- Porter, D. (1996) (ed.): *Internet Culture*. New York, Londres: Routledge.
- Porzig, W. (1964): *El mundo maravilloso del lenguaje*. Madrid: Editorial Gredos.
- Poyatos, F. (1999): “Discurso interactivo y comunicación no verbal: Lenguaje oral, escritura, lectura, transcripción. Estudio y transcripción del hablar interactivo y elaboración de inventarios audiovisuales culturales”. Cuevas, J. / Falsa, D. (coords.): *Contribuciones al estudio de la Lingüística Aplicada*. Logroño: Asociación Española de Lingüística Aplicada. 813-824.
- Prensky, M. (2001) “Digital Native, Digital Immigrants” . *On the Horizon*, 9 (5). Disponible en <http://www.marcprensky.com/writing/prensky%20-%20digital%20natives,%20digital%20immigrants%20-%20part1.pdf>. Consultado en 19/07/2011.
- Prensky, M. (2004) “The death of command and control?”. *Mark Anderson's "SNS" Newsletter*. Disponible en <http://www.marcprensky.com/writing/Prensky-SNS-01-20-04.pdf>. Consultado en 19/07/2011.

- Preti, D. (1984): *A linguagem proibida: um estudo sobre a linguagem erótica*. São Paulo: T. A. Queiroz.
- Quintana Trias, L. (2007): “Signos viejos y nuevos usos: consideraciones sobre la escritura usada en algunos nuevos medios de comunicación”. *Revista Española de Lingüística*, 37. 169-183. Disponível em <http://www.uned.es/sel/pdf/ene-dic-07/RSEL-37-QuintanaTrias.pdf>. Consultado em 31/08/2012.
- Rafael, V. (2003): “The cell phone and the crowd: Messianic politics in the contemporary Philippines”. *Popular Culture*, 15 (3). 399-425.
- Rafaeli, S. (1986): “The Electronic Bulletin Board: A Computer driven Mass Medium”. *Computers and the Social Sciences*, 2. 123-146.
- Rafi, M. S. (2009): “SMS Text Analysis: Language, Gender and Current Practices”. *Language Vitality in South Asia*. India: Aligarh Muslim University Press. 393-405. Disponível em [http://www.tesol-france.org/Documents/Colloque07/SMS%20Text%20Analysis%20Language%20Gen-der%20and%20Current%20Practice%20 1 .pdf](http://www.tesol-france.org/Documents/Colloque07/SMS%20Text%20Analysis%20Language%20Gender%20and%20Current%20Practice%201.pdf). Consultado em 06/08/2012.
- RAG [Real Academia Galega] / ILG [Instituto da Lingua Galega] (eds.) (2005): *Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Reed, D. / Ashmore, M. (2000): “The Naturally-Occurring Chat Machine”. *M/C: A Journal of Media and Culture*, 3 (4). Disponível em <http://www.media-culture.org.au/0008/machine.txt>. Consultado em 16/01/2012.
- Requeixo, A. (2010): “Ganduxando sonhos”. *Revista Tempos Novos. Protexa*, 15. 18.
- Rheingold, H. (1993): *The Virtual Community*. Reading, Mass. Massachusetts: Addison-Wesley. Disponível em <http://www.rheingold.com/vc/book>. Consultado em 10/01/2011.
- Rico Hernández, H. (2006): “El SMS y la mensajería instantánea”. Álvarez Pousa, L. / Evans Pim, J. / Crespo Argibay, O. (eds.): *Comunicación e xuventude. Actas do Foro Internacional*. 183-190. Disponível em http://biblioteca.universia.net/html_bura/ficha/params/title/sms-mensajeria-instantanea/id/44753923.html. Consultado em 03/07/2013.
- Riva, G. / Galimberti, C. (1998): “Computer-Mediated Communication: Identity and Social Interaction in an Electronic Environment”. *Genetic, Social, and General Psychology Monographs*, 124. 434-64.
- Rivière, C. / Licoppe, C. (2005): “From Voice to Text: Continuity and Change in the Use of Mobile Phones in France and Japan”. Harper, R. / Palen, L. / Taylor, A. (eds.): *The Inside Text*. Dordrecht: Springer, 103-126.
- Rizo, M. (2004): “El papel de la comunicación en la contrucción de identidades”. *Revista Comunicología@: indicios y conjeturas*, 1. Disponível em <http://revistacomunicologia.org>. Consultado em 02/12/2010.

- Roco, G. (2002): “Relaciones interpersonales en los chats de internet”. Disponible en <http://cibersociedad.rediris.es>. Consultado en 14/02/2012.
- Rodríguez Gomes, J. (2008): *Falas secretas. Estudo das gírias gremiais galego-portuguesas e ibéricas*. Ourense: AGAL Universália.
- Rodríguez, A. / Davila Ventura, M. (eds.) (2004): *Lingua galega: dúbidas lingüísticas*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Rodríguez, F. (2002): *El lenguaje de los jóvenes*. Barcelona: Ariel.
- Romero, D. / Vaquero, I. (2001): *Da periferia á rede*. Vigo: Xerais.
- Saberi, K. / Perrot, D. (1999): “Restauración cognoscitiva del discurso invertido”. *Nature*. Disponible en www.reversespeech.com/images/bakspeech.pdf. Consultado en 15/03/2011.
- Sacks, H. / Schegloff, E. A. / Jefferson, G. (1974): “A simplest systematics for the organization of turn-taking for conversation”. *Language*, 50. 696-735.
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Sádaba, C. (2002): “Comunicación humana a través de la tecnología. Comunidades virtuales”. *Tecnología, ética y futuro. Actas del Primer Congreso Internacional de Tecnoética*. Bilbao: Desclée. 473-478.
- Sahagún, F. (2004): *De Gutenberg a Internet. La Sociedad Internacional de la Información*. Madrid: Fragua.
- Sain, G. (2001): “Comunicación interpersonal en Internet: Interacción en el IRC (chat)”. Disponible en <http://seminarioint.blogia.com/2005/092802-comunicacion-interpersonal-en-internet-interaccion-en-el-irc-chat-.php>. Consultado en 22/04/2011.
- Salazar, W. A. (2001): “La virtualización del lenguaje verbal coloquial en Internet. Norma, comodín, claridad y precisión”. *II Congreso Internacional de la Lengua Española. Nuevas fronteras del español: lengua y escritura en Internet*. Disponible en http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/4_lengua_y_escritura/salazar_w.htm. Consultado en 31/08/2012.
- Sánchez Rei, X. M. (2002): “Arredor dos elementos deícticos adverbiais apresentativos”. Fernández Roca, X. A. / Martínez López, M. J. (coords.): *Vir bonus docendi peritus: Homenaxe a José Pérez Riesco*. A Coruña: Universidade da Coruña. 407-417.
- Sánchez Rei, X. M. (2006): “Expresividade, Estilística e Deíxe: arredor dalgunhas construcións cos pronomes demostrativos en galego”. *Diacrítica, Ciências da Linguagem*, 20/1. 71-104.
- Sánchez Rei, X. M. (2008): “O português popular europeu dos séculos XVI-XIX e a sua importância para o estudo do Galego Médio”. *Revue Romane*, 43 (2). 248-272.
- Sánchez Rei, X. M. (2009): “Para unha sintaxe do galego”. Rei-Doval, G. (ed.): *A lingüística galega desde alén mar*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. 273-292.

- Sánchez Rei, X. M. (2010): *O Complemento preposicional en galego. Análise desde a gramática de valencias*. Monográfico da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
- Sánchez Rei, X. M. (2011): *Lingua galega e variación dialectal*. Noia: Laivento.
- Sánchez Rei, X. M. / Mosquera Castro, E. (2013): “Os factores socioculturais e tecnolóxicos como explicación para a variación lingüística: algunhas fenomenoloxías para o caso do galego”. *Revista de linguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, 18. 179-205.
- Sánchez Rei, X. M. (2013): “Os nomes de lugar e a dialectoloxía”. *Verba: Anuario galego de filoloxía*, 40. 389-414.
- Sánchez-Carbonell, X. / Beranuy, M. / Castellana, M. (2008): “La adicción a Internet y al móvil: ¿moda o trastorno?”. *Adicciones*, 20 (2).149-159.
- Sanmartín Rei, G. (2002a): *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*. A Coruña: Espiral Maior.
- Sanmartín Rei, G. (2002b): *Os (pre)textos galegos (1863-1936)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación*. Vigo: Xerais.
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2006): *Criterios para o uso da lingua*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007): *Sobre a calidade da nosa lingua*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Santaella, L. (2004): “O papel da iconicidade da lingua na literatura”. *Escripta, Bello Horizonte*, 7 (14). 128-136.
- Santamarina Fernández, A. (1998): *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Saussure, F. de (2005): *Curso de lingüística xeral*. Tradución, estudo introdutorio e notas de Xosé Manuel Sánchez Rei. Santiago de Compostela: Laivento.
- Schiller, H. I. (1996): *Information inequity*. New York: Routledge.
- Seco, M. (1970): *Arniches y el habla de Madrid*. Barcelona: Alfaguara.
- Sempere, P. (2007): *McLuhan en la era de Google. Memorias y profecías de la Aldea Global*. Madrid: Popular.
- Seré, A. (2003): “El documento hipertexto en el discurso de transmisión de conocimientos”. López Alonso, C. / Seré, A. (eds.): *Nuevos géneros discursivos: los textos electrónicos*. Madrid: Biblioteca Nueva. Disponible en <http://elies.rediris.es/elies24/sere.htm>. Consultado en 24/02/2014.
- Serrano, A. / Martínez, E. (2002): *La brecha digital. Mitos y realidades*. Maxicali: Universidad Autónoma de Baja California.
- Servon, L. (2002): *Bridging the Digital Divide. Technology, community and public policy*. Inglaterra: Blackwell Publishing.
- Shea, V. (1994): *Netiquette*. San Francisco: Albion Books.

- Sheperd, M. / Watters, C. (1998): "The Evolution of Cybergenres". Sprague, R. H. (ed.): *Proceedings of the Thirty-First Annual Hawaii International Conference on System Sciences*. IEEE Computer Society. 97-109.
- Silva, A. (2008): "Gíria: linguagem ou vocabulário?". *Revista Philologus*, 14. 35-48. Rio de Janeiro: CiFEFiL.
- Silva, F. (1999): "A dimensão cognitiva na anáfora associativa: um exemplo". Vilela, M. / Silva, F. (orgs.): *Actas do 1o Encontro Internacional de Linguística Cognitiva*. Porto: Faculdade de Letras. 253-268.
- Silverstone, R. / Hirsch, E. (eds.) (1992): *Media and Information in domestic spaces*. New York: Routledge.
- Silverstone, R. / Hirsch, E. / Morley, D. (1992): "Information and communication technologies and the moral economy of the household". Silverstone, R. / Hirsch, E. (eds.): *Media and Information in domestic spaces*. New York: Routledge. 15-31.
- SMTE [Soportes, materiales y técnicas para la escritura]: "La escritura: soportes, materiales y técnicas". Disponível em http://www.rinconcastellano.com/lenguas/hist_escr_ii.html#. Consultado em 20/09/2011.
- Soler-Espiauba, D. (2001): "Yo emilio, tú emilias... Todos emiliamos (El Correo Electrónico en el aula de E/LE)". *ASELE. Actas XII*. 73-84. Disponível em http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/asele/pdf/12/12_0073.pdf. Consultado em 13/09/2013.
- Somoano, J. (2011): *Deslenguados. El nuevo español y el uso correcto de nuestro idioma*. Barcelona: Planeta.
- Sotillo, S. M. (2000): "Discourse Functions and Syntactic Complexity in Synchronous and Asynchronous Communication". *Language Learning & Technology*, 4 (1). 82-119. Disponível em <http://llt.msu.edu/vol4num1/sotillo/default.html>. Consultado em 17/02/2012.
- Soto Andión, X. (2003): "Aproximación al habla de la Pontevedra Interior: morfología verbal". *Revista de Filología Románica*, 20. 53-72.
- Sotomayor, G. (2003): "Los viejos lenguajes en las Nuevas Tecnologías". *Revista Textos de la CiberSociedad*, 3. Disponível em <http://www.cibersociedad.net>. Consultado o 05/04/2011.
- Souto Cabo, J. A. (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. Monográfico da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.
- Specht, M. / Sperandio, J. C. / De la Garza, C. (1999): "L'utilisation réelle des objets techniques du quotidien par les personnes âgées". *Réseaux*, 96. 97-120.
- Sperber D. / Wilson, D. (1986): *Relevance: Communication and Cognition*. Harvard: Harvard University Press / Blackwell.
- Spilioti, T. (2009): "Graphemic Representation of Text-Messaging: Alphabet-choice and Code-Switches in Greek SMS". *Pragmatics*, 19 (3). 393-412.
- Spitzer, L. (1948): *Linguistics and Literary History*. Princeton: Princeton University Press.

- Sprague, R. H. (ed.) (1998): *Proceedings of the Thirty-First Annual Hawaii International Conference on System Sciences*. IEEE Computer Society.
- Sproull, L. / Kiesler, S. (1986): “Reducing Social Context Cues: Electronic Mail in Organizational Communication”. *Management Science*, 32. 1492-1512.
- Suler, J. (1997): “Psychological dynamics of online synchronous conversations in text-driven chat environments”. *Psychology of Cyberspace*, 3. Disponível em <http://www.rider.edu/~suler/psycyber/hilucy.html>. Consultado em 16/01/2012.
- Suler, J. (1998): “E-mail communication and relationships”. *The Psychology of Cyberspace*, 4. Disponível em <http://www.rider.edu/users/suler/psycyber/emailrel.html>. Consultado em 23/12/2011.
- Sutherland, J. (2002): “Cn u txt?”. *Guardian* (11/11/2002). Disponível em www.guardian.co.uk/technology/2002/nov/11/mobilephones2. Consultado em 24/04/2011.
- Swales, J. M (1990): *Genre Analysis*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Tagliamonte, S. / Denis, D. (2008): “Linguistic ruin? Lol! Instant Messaging and teen language”. *American Speech*, 83 (1). 3-34. Disponível em <http://web.uvic.ca/ling/coursework/ling395/395 LOL.pdf>. Consultado em 14/12/2011.
- Tannen, D. (1982): “Oral and literate strategies in spoken and written narrative”. *Language*, 58. 1-21.
- Tannen, D. / Saville-Troike, M. (eds.) (1985): *Perspectives on silence*. Norwood / New York: Ablex.
- Tannen, D. / Schiffrin, D. / Hamilton, H. (eds.) (2001): *Handbook of Discourse Analysis*. Oxford: Blackwell.
- Tascón, M. / Abad, M. (2011): *Twittergrafía. El arte de la nueva escritura*. Madrid: Catarata.
- Teixeira, J. (1996): “ERRARE HUMANUM EST (Sincronia, diacronia e erro)”. *Diacrítica*, 11. 529-537. Braga: Universidade do Minho. Disponível em <http://repositorium.sdum.uminho.pt/bitstream/1822/4496/1/diacroniaErro.pdf>. Consultado em 12/07/2012.
- Teixeira, J. (2003): “Norma Lingüística e Erro – Uma abordagem cognitiva”. *Revista Portuguesa de Humanidades*, 7. 125-131.
- Teixeira, J. (2003a): “O Q É Q É + IMPORTT N1 MSG? (Mensagens SMS e novos usos da escrita)”. *Diacrítica Série Ciências da Linguagem*, 17 (1). 387-405.
- Teixeira, J. (2006): “Globalização, novos cosmopolitismos e a anunciada morte das línguas”. Macedo, A. G. / Keating, M. E. (orgs.): *Colóquio de Outono – Novos Cosmopolitismos. Identidades Híbridas* (2004). Braga: Centro de Estudos Humanísticos da Universidade do Minho. 169-186.
- Teixeira, J. (2008): “Língua Portuguesa e as Novas Tecnologias de Comunicação: as dinâmicas da(s) escrita(s)”. *Diacrítica Série Ciências da Linguagem*, 22 (1). Braga: Centro de Estudos Humanísticos da Universidade do Minho. 107-127

- Terceiro, J. B. (1996): *Sociedad digital. Del homo sapiens al homo digitalis*. Madrid: Alianza Editorial.
- Terceiro, J. B. (1998): “El texto impreso en la cultura digital”. *Revista de Occidente*, 206. 131-137.
- The Man of Txt (2005): “Are text messages making us illiterate?”. Disponible en <http://txt2nite.com/forum/viewtopic.php?t=43>. Consultado en 20/04/2011.
- Thiedeke, U. (ed.) (1999): *Virtuelle Gruppen – Charakteristika und Problemdimensionen*. Westdeutscher Verlag GmbH.
- Thompson, D. (1988): “Interactive networking: creating bridges between speech, writing and composition”. *Computers and Composition*, 5 (3). 2-27.
- Thurlow, C. (2001): “The Internet and Language”. Mesthrie, R. / Asher, R. (eds.): *The Concise Encyclopedia of Sociolinguistics*. London: Pergamon. 287-289.
- Thurlow, C. (2003): “Generation Txt? The sociolinguistics of young people’s text-messaging”. *Discourse Analysis Online*, 1 (1). Disponible en [http://faculty.washington.edu/thurlow/papers/Thurlow\(2003\)-DAOL.pdf](http://faculty.washington.edu/thurlow/papers/Thurlow(2003)-DAOL.pdf). Consultado en 14/12/2011.
- Thurlow, C. (2006): “From Statistical Panic to Moral Panic: The Metadiscursive Construction and Popular Exaggeration of New media Language in the Print Media”. *Journal of Computer-Mediated Communication*, 11(3). Disponible en <http://jcmc.indiana.edu/vol11/issue3/thurlow.html>. Consultado en 12/08/2012.
- Thurlow, C. / Poff, M. (2013): “Text Messaging”. Herring, S. C. / Stein, D. / Virtanen, T. (eds.): *Handbook of the pragmatics of CMC*. Berlín / New York: Mouton de Gruyter. 163-190. Disponible en [http://faculty.washington.edu/thurlow/papers/thurlow&poff\(2010\).pdf](http://faculty.washington.edu/thurlow/papers/thurlow&poff(2010).pdf). Consultado en 17/12/2011.
- Torrent, J. / Ficapal, P. (2009): *Tic, conocimiento, redes y trabajo*. Barcelona: UOC.
- Torres i Vilatarsana, M. (1999): “Els xats: entre l’oralitat i l’escriptura”. *Els marges*, 65. 113-126. Disponible en <http://perso.wanadoo.es/mtorresv/articles/art-emot.html>. Consultado en 31/08/2012.
- Torres i Vilatarsana, M. (2000): “Anàlisi del Discurs Mediatitzat per Ordenador”. *I Jornada sobre Comunicació Mediatitzada per Ordinador en Catalá (CMO-Cat)*. Barcelona: Universitat de Barcelona. Disponible en <http://www.ub.edu/lincat/cmo-cat/torres.htm>. Consultado en 23/06/2013.
- Torres i Vilatarsana, M. (2001a): “Funciones pragmáticas de los emoticonos en la comunicación mediada por ordenador”. *Textos de la Cibersociedad*, 1. Disponible en <http://cibersociedad.rediris.es/torres/pragma.htm>. Consultado en 16/01/2012.
- Torres i Vilatarsana, M. (2001b): “L’analyse du discours médiatisé par ordinateur: l’apport de la linguistique á la société de l’information”. *La Communication Médiatisée par Ordinateur: un carrefour de problématiques*. 69º Congrès de l’Association canadienne-française pour l’avancement des sciences. Université de Sherbrooke. 15-16 maio. Disponible en <http://grm.uqam.ca/cmo2001/torres.html>. Consultado en 16/01/2012.

- Torres i Vilatarsana, M. (2002): “Catalá col·loquial a Internet: els xats i els correus electrònics per a l’ensenyament de les varietats informals”. *Ier Congreso ONLINE del Observatorio para la CiberSociedad: Culutra & POLÍTICA @ CIBERESPACIO*. Disponível en <http://cibersociedad.rediris.es/congreso>. Consultado en 17/01/2012.
- Torres i Vilatarsana, M. (2004): “Aproximació a l’escriptura ideofonemàtica o netspeak català”. *II Congreso ONLINE del Observatorio para la CiberSociedad*. Disponível en http://www.cibersociedad.net/congres2004/grups/fitxacom_publica2.php?grup=86&es&id=671. Consultado en 17/01/2012.
- Trenas, M. A. (2008): “La Academia, ante el fenómeno SMS”. *La Vanguardia* (19/01/2008).
- Trigo Aranda, V. (2010): *Del Ábaco a Internet*. Madrid: Creaciones Copyright.
- Trudgill, P. (1983): *Sociolinguistics: An Introduction to Language and Society*. Harmondsworth: Penguin Books.
- Tuchetti, D. (2004): “Teens deserve credit for hot SMS market”. *21 Communications*, 28. Disponível en <http://www.21cms.com>. Consultado en 26/03/2012.
- Turkle, S. (1994): “Constructions and Reconstructions of Self in Virtual Reality”. *Mind, Culture and Activity*, 1 (3). 158-167. Disponível en <http://web.mit.edu/sturkle/www/constructions.html>. Consultado en 16/01/2012.
- Turkle, S. (1995): *Life on the screen: Identity in the age of the Internet*. USA: Touchstone.
- Tusón, J. (1981): *Teorías gramaticales y análisis sintáctico*. Barcelona: Teide.
- Tusón, J. (1982): *Aproximación a la historia de la lingüística*. Barcelona: Teide.
- Väänänen, V. (1988): *Introducción al latín vulgar*. Madrid: Gredos.
- Varela Barreiro, X. (1997): “A existencia de dúas expresións clíticas de segunda persoa de singular en galego”. Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994)*. VOL.1. Oxford: Centro de Estudos Galegos. 319-342.
- Varshinskaya, O. (2002): “Comunicación móbil como fenómeno social: La experiencia rusa”. *Estudios de Juventud*, 57. 139-149.
- Vasconcellos, J. Leite de (1987): *Esquise d’une Dialectologie Portugaise*. Lisboa: Instituto de Investigação Científica.
- Vázquez Pérez, S. (2009): *Resolución de la ambigüedad semántica mediante métodos basados en conocimiento y su aportación a tareas de PLN*. Alicante: Universidad de Alicante. Disponível en http://gplsi.dlsi.ua.es/gplsi11/sites/default/files/tesis_svazquez.pdf. Consultado en 22/07/2013.
- Vega, A. (1999): “Los medios de comunicación en el nuevo orden”. *Noticias de Comunicación (Noticom)*, 10. Disponível en http://www.robertexto.com/archivo10/medios_nuevorden.htm. Consultado en 05/09/2013.

- Vela Delfa, C. (2005): *El Correo Electrónico: El nacimiento de un nuevo género*. Tese de doutoramento: Universidad Complutense de Madrid. Disponible en http://www.galanet.eu/publication/fichiers/tesis_cristina_vela_delfa.pdf. Consultado en 05/05/2011.
- Velázquez Soriano, I. (1989): *Las pizarras visigodas. Edición crítica y estudio*. Murcia: Universidade de Murcia.
- Vidal Jiménez, R. (2001): “La Red y la destrucción de la identidad”. *Espéculo. Revista de estudios literarios*, 17. Disponible en <http://www.ucm.es/info/especulo/numero17/vidal.html>. Consultado en 16/01/2012.
- Vigara Tauste, A. M. (1992): *Morfosintaxis del español coloquial. Esbozo estilístico*. Madrid: Gredos.
- Vilares, M. / Alonso, M. / Vilares, D. (2013): “Prototipado Rápido de un Sistema de Tuits: Una Aproximación Léxica”. Díaz Esteban / Alegría Loinaz, I. / Villena Román, J. (eds.): *XXIX Congreso de la Sociedad Española de Procesamiento de lenguaje natural (SEPLN 2013). Tweet Normalization Workshop at SEPLN 2013*. 76-80.
- Vilarnovo, A. / Sánchez, J. F. (1994): *Discurso, tipos de texto y comunicación*. Navarra: Eunsa.
- Vilela, M. (1992): *Gramática de Valências: Teoria e Aplicação*. Coimbra: Almedina.
- Vilela, M. (1999): *Gramática da Língua Portuguesa*. Coimbra: Almedina.
- Vilela, M. / Koch, I. V. (2001): *Gramática da Língua Portuguesa*. Coimbra: Almedina.
- Vilela, M. (2002): *Metáforas do Nosso Tempo*. Coimbra: Almedina.
- Viñals, F. / Puente, M. L. (2006): *Psicodiagnóstico por la escritura. Grafoanálisis transaccional*. Mexico: Herder.
- Violi, P. (1998): “Electronic dialogue between orality and literacy. A semiotic Approach”. Cmerjrkova, S. / Hoffmannova, J. / Mullerova, O. / Svetla, J. (eds.): *Dialoganalyse VI. Proceedings of the 6th Confernces*. Tubingen: Max Niemeyer Verlag. 263-270. Disponible en <http://www.hf.ntnu.no/avs696/Articles/Prague/Praga.html>. Consultado en 16/01/2012.
- Vion, R. (1992): *La communication verbale. Analyse des interactions*. Paris: Hachette.
- Vizer, E. A. (2011): “El sujeto móvil de la aldea global. Tendencias en la sociedad mediada”. *Mediaciones Sociales. Revista de Ciencias Sociales y de la Comunicación*, 8. 21-43. Disponible en <http://www.ucm.es/info/mediars/MediacioneS8/Indice/VizerEA2011/assets/021-043%20Vizer.pdf>. Consultado en 14/12/2011.
- Volckaert-Legrier, O. / Bernicot, J. / Bert-Erboul, A. (2009): “Electronic mail, a new written-language register: a study with French-speaking adolescents”. *British Journal of Developmental Psychology*, 27. 163-181. Disponible en http://cerca.labo.univ-poitiers.fr/IMG/pdf_2009_01_O.VOL.pdf. Consultado en 15/12/2011.
- Vurdien, R. (2010): “Email Discourse”. *www.onlineMET.com*. 20 (1). 62-68. Disponible en <http://www.whiterose-valladolid.com/academicos/emaildiscourse.pdf>. Consultado en 17/12/2011.

- Wallace, P. (1999): *The psychology of the Internet*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Wallace, P. (2001): *La psicología en Internet*. Barcelona: Paidós.
- Walther, J. B. (1992): "Interpersonal Effects in Computer-Mediated Interaction: a Relational Perspective". *Communication Research*, 19. 52-90.
- Walther, J. B. / Anderson, J. F. / Park, D. W. (1994): "Interpersonal effects in computer-mediated interaction: a meta-analysis of social and antisocial communication". *Communication Research*, 21. 460-487.
- Walther, J. B. (1996): "Computer-Mediated Communication: Impersonal, Interpersonal and Hyperpersonal Interaction". *Communication Research*, 23 (1). 3-43.
- Wardhaugh, R. (1992): *Introducción á sociolingüística*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- Waseleski, C. (2006): "Gender and the use of exclamation points in computer-mediated communication: An analysis of exclamations posted to two electronic discussion lists". *Journal of Computer-Mediated Communication*, 11 (4). Disponível em <http://jcmc.indiana.edu/vol11/issue4/waseleski.html>. Consultado em 10/08/2012.
- Werry, C. C. (1996): "Linguistic and International Features of Internet Relay Chat". Herring, S. (ed.): *Computer-Mediated Communication: Linguistic, Social and Cross-Cultural Perspectives*. Amsterdam: John Benjamins. 47-63.
- Wilbur, S. (2000): "An archeology of cyberspaces: Virtuality, Community, Identity". Bell, D. / Kennedy, B. (eds.): *The Cybercultures reader*. USA: Routledge.
- Wilkins, H. (1991): "Computer-talk: Long-distance conversations by computer". *Written Communication*, 8 (1). 56-78.
- Williams, A. (2007): "Non-standard English and Education". Britain, D. (ed): *Language in the British Isles*: Cambridge: Cambridge University Press. 401-416.
- Williams, E. (1999): "E-mail and the effects of future developments". *First Monday*, 4 (8). Disponível em <http://firstmonday.org/ojs/index.php/fm/article/view/686/596>. Consultado em 02/03/2012.
- Wilson, A. (1993): "A pragmatic device in electronic communication". *Journal of Pragmatics*, 19 (4). 389-392.
- Windeatt, S. / Hardisty, D. / Eastment, D. (2000): *The Internet*. Oxford: Oxford University Press.
- Wresh, W. (1996): *Disconnected. Haves and have-nots in the information age*. New Brunswick / New Jersey: Rutgers University Press.
- Xue, Z. / Yin, D. / Davison, B. (2011): "Normalizing Microtext". *Proceedings of The AAAI-11 Workshop on Analyzing Microtext*. 74-79. Disponível em <http://www.cse.lehigh.edu/~brian/pubs/2011/AAAI/normalizing-microtext.pdf>. Consultado em 24/02/2014.

- Yabuuchi, A. (1998): "Spoken and written discourse: What's the true difference?". *Semiotica*, 120 (1/2). 1-37.
- Yates, J. (1996): "Oral and written linguistics aspects of computer conferencing". Herring, S. C. (ed.): *Computer-Mediated Communication: Linguistic, Social and Cross-Cultural Perspectives*. Amsterdam: John Benjamins Publishing. 29-46.
- Yates, J. / Orlikowski, W. (1992): "Genres of Organizational Communication: A Structural Approach to Studying Communication and Media". *Academy of Management Review*, 17 (2). 299-326.
- Young, J. R. (1994): "Textuality in cyberspace: MUDs and written experience". *Eserver. Collections in the Arts and Humanities*. Disponible en <http://cyber.eserver.org/young2.txt>. Consultado en 05/09/2013.
- Young, K. (1998): "Internet addiction: The emergence of a new clinical disorder". *CyberPsychology & Behaviour*, 1. 237-255.
- Young, K. (2000): *Caught in the net: How to recognize the signs of Internet Addicción and a winnin strategy for recovery*. New York: Hohn Willey and Sons.
- Yus, F. (1997): *Cooperación y relevancia. Dos aproximaciones pragmáticas a la interpretación*. Alicante: Servizo de Publicacións da Universidade de Alicante.
- Yus, F. (2001): "Ciberpragmática. Entre la compensación y el desconcierto". *II Congreso Internacional de la Lengua Española. Nuevas fronteras del español: lengua y escritura en Internet*. Disponible en http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/4_lengua_y_escritura/yus_f.htm. Consultado en 31/08/2012.
- Yus, F. (2001): *Ciberpragmática*. Barcelona: Ariel.
- Yus, F. (2007): *Virtualidades reales. Nuevas formas de comunidad en la era de internet*. Alicante: Universidad de Alicante.
- Yus, F. (2010): *Ciberpragmática 2.0. Nuevos usos del lenguaje en Internet*. Barcelona: Ariel.
- Zimmermann, K. (1996): "Lenguaje juvenil, comunicación entre jóvenes y oralidad". Kotschi, T. / Oesterreicher, W. / Zimmermann, K. (eds.): *El español hablado y la cultura oral en España e Hispanoamérica*. Frankfurt am Main / Madrid / Vervuert: Iberoamericana. 475-514.
- Zires, M. (1999): "De la voz, la letra y los signos audiovisuales en la tradición oral contemporánea en América Latina. Algunas consideraciones sobre la dimensión significativa de la comunicación oral" . *Razón y Palabra*, 15 (4). Disponible en <http://www.razonypalabra.org.mx/antiores/n15/zires2-15.html>. Consultado en 11/02/2012.
- Zitzen, M. / Stein, D. (2004): "Chat and conversation. A case of transmedial stability?". *Linguistics*, 42 (5). 983-1021.

5.2. Obras de consulta secundaria

- Aleixandre, M. (2010): *O coitelo en novembro*. Vigo: Xerais.
- Casalderrey, F. (2007): *A Pomba e o Degolado*. Vigo: Xerais.
- Casas Vázquez, P. (2007): *Teselas de cidade*. A Coruña: Biblos.
- Castro, F. (2006): *Spam*. Vigo: Galaxia.
- Cortázar, J. (1992): *Rayuela*. Madrid: Cátedra.
- Fernández Campos, L. (2007): *Hai cu*. Vigo: Xerais.
- Reigosa, A. (2007): “eMe eSe eNe”. *Cuadernos de literatura infantil y juvenil*, 200. 37-40.
- Reigosa, A. (2008): *O polimacho e outras criaturas*. Vigo: Tambre.
- Riveiro, B. / Alonso, F. / Pérez, E. / Mosteiro, C. (2007): *Historias para ler e mirar*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.
- Sande, M. (2002): *39 VECES CHAO*. A coruña: Deputación da Coruña.
- Sumai, A. (2003): *Anxos da garda*. Vigo: A Nosa Terra.
- Sumai, A. (2005): *Melodía de días usados*. Vigo: Galaxia.
- Sumai, A. (2007): *Así nacen as baleas*. Vigo: Galaxia.
- Sumai, A. / Ribao, R. (2002): *Anxos e diaños*. Edición dixital do Consello da Cultura Galega. Dispoñíbel en www.culturagalega.org/docs/anxosedianos.pdf. Consultado en 19/07/2013.
- Tallón, J. (2010): *A pregunta perfecta (O caso Aira-Bolaño)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Vázquez Pintor, X. (2008): *Para dicir abril*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Capítulo 6. Anexos

6. I. Corpus de mensaxes de texto

A. Mensaxes persoais (MP)

1. A primeira vez, es q é un regalo. Bot d- as tuas aprts. Hai un rcrdo, dn tmpo n q fms flics t e eu. Agra só m lmbro da túas tets. Tdo qdou ns mes records d infnca (A1)
2. Tpar a bca e abrr, xo xa nn dgo o q gro, snn o q qrs, pra q t stes bn. Nnca o prtndin, e so prtndo e o cnsig, nn imxta, so qro q saibs o q snto (A2)
3. knd t vas sintot e nn t esqzo. Pds psar d amor o abandno, x iso gstaríam ser a tua memria e q ti fors o silencio q m arroup (A3)
4. Ti es qn algra os meus días. Sño cntg e pns q m traes flores, pro n realidade nn ers ti. Tiña 1 pqna speranza pro vexot tan lnxe como 1 lua nunha noite estrelada (A4)
5. Qtm8! Xps XDD (A5)
6. Boas noits fea! Q tal o día? Eu + ou -! Kmpreivs 1cpiyo d dnts pa q tñads na miña ksa. XDD nkntrom 1pouk mal! Spro q sts bn! Qtm8m8m8m8 pk! Q dskanss (A6)
7. Na kasa teño atun, gambs e piña, asi q s qrs kmpra so o q falta. (A7)
8. Estate lista as 9. Atamaña (A8)
9. Mona! Q tal? Nrviosa? Ont nn m deu tmp a xamart! Asiq snn falams ants pasao bn no knerto! ***** ta bn! Xa me kntras maña q tal. Vai amdo! Bks. Qtm (A9)
10. Qtm8 kari, tdo vai ir bn, xa o vras! Xps (A10)
11. Tia! Nn durmin n tda a noit! Creo q e polo do rtraso, xa van 17! Vou intntar kmprar iso oxe. Stou kgad! Vou pa klas! Have a nice day! Qtm8 (A11)
12. Ola ptarda! Stou n ksa koa mmoria! A vr s avanzo algo. O find normaliyó. Xa falei kn **** e sta tdo klaro. Pois si, vai avr q qdar! Bkos mona! Pasao bn! (A12)
13. Chama nkanto o vras! (A13)

14. Boas noits baby! Qtm8, no o sqzas nunca! Came what may! En srio, stou para o q ncsits, aind q nn m gust! Hox pasein xnial kntigo! Qtm8 pk! Q dskanses! (A14)
15. Bs días princesa! Km tas? Parc q o dia pinta soleado, asiq (s m ska a roupa) pdms ir ao knerto. *** dixo dir ao roxa, pdms ir dspois nn? Vou facr algo..xadiras! (A15)
16. Nn qro “dsktir” x sms, parcm asurd, s qrs qdams pa falar ou chamamns. Xo creo q nn son a unik q fai as kousas mal. E stou knsa d skoitar kntinuamnt q sn smpr a mala, q so m prokpo x min e q nn m ntro dnad xq nn e crto! Eu qtm e si q m imxtas xo nn t pdo obrigar a nda, e star asi nn e sano xa ningl.. (A16)
17. Hi baby! Nvieich mail! Falei kn ela xo nn sobr iso! Kdms oxe! Knd m vs visitr? I miss u! Maña dou klass! Jeje! Bks fea (A17)
18. Ola chorvi! A miña prof mla m8. Ox rtrasous e mandarnm pa klas e os rapacs xnial, kndo chegou dixo xa vxo q sobre! Jeje! Stivn kn 2bach. Maña +! km q alumna? Xq? (A18)
19. Jaja! Akbo d sair! Lvabaa pnsada xo ind asi fixn kmbios d ultim ora! Jeje! A intncion era q o mstr ns servis d algo nn? Algrom d q ch gustas tonti! Coidate pk! (A19)
20. Ola chorvi! Q tal? Stas meyor? Eu tño pra rato no mdiko! Sigo sn nticias d **** xo awantndo! Jeje! Vai abr kfe? Koidat petarda! Muaka! (A20)
21. *****, Teño cita no medico as 10 e media e teño que ir entregar uns papeis a maestranza polo do contrato, asi q non sei a q hora chegarei. Saudos. **** (A21)
22. Boas noits baby! Stou n ksa ks 2 prsons q ti sabs! Creo q tok dsknsar! Q tal with your mum? Xa kse o sbs td sobr min. Bout smtr a ltrcr grado pa ekilbrar! (A22)
23. Ola prson! Q tl stas? Eu tou again n kma xq nn pdo ko ku! Maña s nn ts plan e qrs facr algo avisa! Eu supoño q starei n ksa! E snon vmons luns! Muaka chorvi! (A23)
24. Ei baby! Vanm lvar até ali asiq vou sn coche. En principio volvo kntigo, e se nn knsigo awantar tanto km ti vn **** x min! Vmnos ali! Sde puntuais! Q tal a expo? (A24)
25. Ola chorvi, pois eu + ou – e meu pai ai anda, km ch kntei nos mails..sn novidade! Eu tb stou m8 knsa, xo polo – xa akbei os exams! Q tal o teu dia? Dixom *** q maña tms q clbrar publikmnt o nso kmpromiso pra q koa distancia nn ns sparmos! Xa ye dixn q xa o falarams xo qr sr tstmuña, = q no procso! Jeje! (A25)
26. Jopis..meu pai dsmaious stando n baño e fixos dano! Xa nn stou nda trankila, xq ont tmpk tiña m8 boa kra! Apuf..q rayadura..(A26)
27. Jo q ilu m fai q x ns toke algo xuntas again!! Flicidads xq o mreces chorvi! O vnres abra q clbralo dbidament! Jeje! Madrid..here we go! Bikos xika prmiada! XDD (A27)
28. Referiam a se stabas bn mona! Xa sei q nn che fixen nada! Polo – knscientmnt! Se ts fame..a miña nvra ta chea! Jeje! Google: axuda psiloloxik...urxnt (A28)
29. Tabs 1pouk sria! Pasach algo? Bks fea! (A29)

30. Pos m8 bn, kntr tdo pronstiko nn tño rsak! Jeje! Oxe fun vr a ***** xogar e agora tou tirada no sofa! ** e *** mndan saudos! Grazas xlo sms! Es 1sol! Muaka bombon (A30)
31. Ola ptarda! Stou algo perxudikada! E asi aproveito pa dicirch q me kaes xenial eq ch koyin m8 kariño! Alegrom d q polo – ste mastr tivese algo bo! Bks chorvi! (A31)
32. Si, de feito xa o stou celebrando! (A32)
33. Boas noites baby! Xa vou pa kamiña q m sta sperando ***! Na cea tiven vacile pa rato xq s m okorreu mencionarte! Nn nos ntndn! Pasa 1boa find! I'll miss you! (A33)
34. Stams vendo a peli kndo saia buskote. Tams vndo a dos kohen..mola! Bkos chorvi!jeje (A34)
35. Tia, qeria kntaryo a tdas xq staba m8 kntnta! Nn t nfads kmigo uches a 1a a qn chamei! Ainda segue n pe o do cine? Qtm8 (A35)
36. Stou bastante cansada! Voume ir agora pa cama. **** marts trabaya e eu stou kon exames asiq non che sei. Ireino vendo. (A36)
37. Aver person! Q fas? Sort para o exame, inda q vendo a q ts no trivial nn ch fai falta! Jejeje! A q ora t spero no meu flat? Nn m rompas agora o korazon! Muaka (A37)
38. Boas noits pk! Xa sta tdo ready! Jeje! Agora so falta q che guste! I miss u a lot n klase! Nn sei q vou facr a partir d agora...abra q pnsar n1 plan b! Muaka (A38)
39. I miss you baby! :- (A39)
40. Rock in theatre!!! aaaaauuuuuu! Jeje! Fuchs pa kasa? Sto is starting! Stams diante d tdo, tratarei d skivar as bqetas e as puas q lanzen! Jeje! Muaka chika 10! (A40)
41. Night night baby! Q tal no gym? Eu xa stou n kama q tou m8 knsa! Isto stase akbndo..pasa 1boa finde chorvi! Vemnos o luns e falams da nsa cita! Jeje! Bks (A41)
42. Boas noits chika 10! Stou superknsa! Ti q tal? A vr se **** s da knta dq sn myor partido q o gasolinero novato e q veña pa ksa pronto! :(smpr m qdaras ti! Jeje! (A42)
43. Q sms + kurrado! Pois tams na kma. Stivems xgando a wii e agora a vr se facems os dbres, xo sn violencia! Jopis kndo akabems as klass vout botar m8 d-! Nn qro!!! (A43)
44. Smile baby (A44)
45. Boas noits chika 10! (digoo xq stou orguyosa de ti, nn x vacilart) Nn gasts m8s enerxias, q senn maña nn m rinds, e oyo kos golpes, q qdn pouko stetikos! Bikoss (A45)
46. Kariiii! Vou para sabon! Jeje! *** e a miña titora! Km mola! Q se prepare ***! Jeje! Vemons a noite! Qtm8 pelexo! Xps! (A46)
47. Q tal ye foi o dia ao meu ncfalograma plano favorito? Jeje! Eu bstante ben! XD maña xa stams xuntiñas! Podras awantar? Jeje! See u 2morrow darling! Muakakakaka! (A47)

48. Pra min tb es increíble e spero q nos vaia xenial xuntos. Tesm aki pra o q necesites! Es o + imxtant da miña vida! Qtm8 kari. Xps. Boteite m8 d-! Stou dsxando vrt (A48)
49. Boas noites! Pois vou tirando! Sta smana **** sta d noites e durmo soña! :(e ti xq latachs? Q tal s. Valtin? Vemons maña! Bicos chorvi (A49)
50. E a min gustame q che guste! Jeje! Vemonos maña! Bks (A50)
51. **** trabaya pero eu pnso q stou libre! (A51)
52. Stamos m8 knsos asiq kdams outro dia. (A52)
53. Non pdo tño kousas q facer pa klas! (A53)
54. Bona nit! Neste momento mpza o meu planazo d vnres: mal d skola d pennak (3000.) espero q ti eskoyeses a 2 opcion! Bks. Pasa lboa finde ptarda! (A54)
55. Ola! En 5 min voum poñr a korrer polo paseo n arteixo! Apuntaste? Jeje! Dsd q mpzou o mstr nn volvin asiq pde q m dprima ao vr q pouk awanto! Jeje! Ate maña! (A55)
56. Non, so polo solicitante. (A56)
57. Nn era pa k saiseds. Iate sperar a saida n plan romantiko, xo ante o rechazo q podu facer? Jajaja! Terei q knformarm ko mail. :-(ate maña (A57)
58. O prox cnert e o vnrs 25! xo nn e d cpitn mrgn! E so d *****! E en acustico e poderia tar bn! Xo eu tño o d hamlt, e ad+ xa seria moito abusr, jeje! Boas noits! (A58)
59. **** q? Cortache? (A59)
60. Ola! Ktl vai todo? Q tal *****? Falch cn ela? Eu n gym. Hox foi outr dia d non parar! Colexio,cmida tutor.*****.rosals.gym. Non sei s baixarei, avisote! N galgo! (A60)
61. Q chorvi. Ktl onte? Ben? Eu stou q non podu co cu. Vou veyaa..wen xa ts unha mensxe xo corpus. Muakaa! (A61)
62. Ola! Fun cmprar o teu agasayo pero teñ q voltar maña! Jaja. (A62)
63. Kntas +volts lle dou, peor m sinto. Nn podu kmbiar o dia n q nacin. Oxala nn fose co voso, facilitaria as cousas...Prdoa x amrgart smpr o dia! Qtm! Boas noits! (A63)
64. Flcidads plexa! Q tal? Oubo transfmacion? Jeje! Nunk pnsar q durnt 14 dias kmprtids/ms a msm idad! Intnt disimlr os dstrgos q 351 dias fn n1 prsoa! Ri, ri! Agra nn o ntnds xo xa m dirs dntro d 365! jaja! Disfrtaos xq mpza a knt atras. E s qrs o meu skrto pa star km d 15 smpr pdms xgar a ltrato..jaja! Bks (A64)
65. Q tal ont? Eu kaka... :(Vaia shit d dia, spro q ti polo – o pasases way! Xdoa x nn ir ont! Qtm8. Oxe kbab nn? Bks (A65)
66. Kari! Vou kn **** x ai! Kndo saias chama pa chegar a tmpo! Qtm8! Xps (A66)
67. Q dsknses! Qtm8! (A67)
68. Resultado dos analisis: stou kañon! Jeje! (A68)
69. Ei! Q tal? Xa stas rcuprada? Km vai tdo? I miss u baby! Eu aki..vageando x mria pita! Kndo m vas vir visitar? Bks chorvi (A69)

70. A min valeme. Resrva e maña xa falams. Bks (A70)
71. Ola fea! Q tal? Xa tño a primeira srpresa d kumpl! **** vns vivir kmigo d vrdad!!
Ia faclo maña, xo vams sprar a q s poña meyor sua nai, pa q n ye dea algo! Jaja!
(A71)
72. Ola! M8s grazs. Nn fcia falta q m mrkss nda! Gustoum m8. A vr s ns vmos maña!
Aprtas. (A72)
73. M8s grazas! XD jaja! (A73)
74. Parabns baby! So qro q saibs q stou nkantda d kumplir ans kntigo e d kmpartir sts
momntos! Intntarei facr dstas 21 h o + agradb1 posibl! Qtm8 ladiya! Q durms bn!
(A74)
75. ***** come na miña casa (A75)
76. Chama as 7 se pods. Stou reunida. (A76)
77. N q part d teu libro aprc o tema do koruño? Nn o dou nkntado! Saudos. (A77)
78. Ola tronk! Q tl? Oxe nn puidms falar! Vaia dia tivn! Pola tard stiven kn ***** e
agora tou na cena mexicana! E ti q fixeches? Falams mañan! Bks! (A78)
79. **** si q vai xa diras km qdams. Bks (A79)
80. Boas noits pk! Km stas? Q tal o dia? Eu akbo d chgar e vou dirkta pa kma. Stou
morta! Vaia smaniña! Weno, flams maña!Bks (A80)
81. Trabayando e pouko +! Pasao bn, flams maña. Bks (A81)
82. N kuatro cayejeros londrs (A82)
83. Ei, q pasou? Nn t xam x s molsto. Km stas? (A83)
84. Spero q a pizza stivs rik xq os meus makrrns stban rqtrqtRIKISIMOS! Jajaja! Qrot
m8 wapa! E nn t preokps q NY vai star ai waiting4us! Muaka! (A84)
85. Eu tm logo vou trabayar asi que vn pola miña klse as 12.30 (A85)
86. Pasousm prdoa stas trabayando na biblio agora? S estas vou e q entro agora no
dpartamnto e saio as 2.30 (A86)
87. Ola! Mira kndo poidas o correo (A87)
88. Ok nn pasa nada bks (A88)
89. Ao final si se saiu algo no cumpl e nn qdei libr ata agora e xa stards akbando! Q
magoa! A proxima tño q podr eh? Bks (A89)
90. **** x se nn o sabs maña as 11 na biblio do forum bks (A90)
91. Stads ti e + *** agora e imos x iso? Q a tipa mandoum ir maña (A91)
92. Maña vai a klse bixo q snn capaz que sguro fala do trabayo (A92)
93. Prdoa colguei pq staba en klse e logo squecinm e agora nn sei s nn sra moi tard pa
xamart (A93)
94. A vr a vr x agora vexo anuncios (A94)
95. Vou xegar algo tard pq vai cn rtraso o bus supoño q xegarei a e 15 (A95)
96. Si estou sperot onda repro (A96)

97. E o trabayo? Ba nn t preocups se mo ts q mandar + tard q o imprimo pola maña bks boa viaxe e bo nadal (A97)
98. Mrda coma smpre nn me ntereí e nn t cntxto ata agora xamam s qres a partir das 8.30 bks (A98)
99. Ola ****! Q tl andas? Q m ts preocupada! Sgue mal tua nai? X se maña ias vir avisot d q nn hai lxico! Coidat bks (A99)
100. Ok fico preocupada... (A100)
101. Mrdaa! Olvideim! E hoxe nn fun a clas pq nn fixn os dberes sintoo! O vnres e o luns vou sguro!! Prdoa (A101)
102. Stamos no sminario no 2 andar vn ou lvas (A102)
103. O final no Bonilla d rua real as 8 (A103)
104. N principio si smn xa aviso bks (A104)
105. Buf! Xa q nervos! Nn sei s deixa ou nn xa vrmos bks (A105)
106. Aaah xa me olvidaba! Agora cho mando! Eu levo regular a ver bks (A106)
107. Pos rgular pq studei bstante pro nn sei como vai sr o exam animo! Bks (A107)
108. Non podo q xusto tño que ir ao mdico a x rceitas para os meus avos d todos os xeitos eu xa m vou apañando para preparar os exams co q tño ti pnso que meu so grias o modlo d exam e iso podocho pasar x correo sort studando! Vmonos se iso kndo akbn os exams (A108)
109. Ok eu qdei as 7 pro podemos qdar cdo. Q che parec as 4.30? Qdamos no cntro no obelisco x exmplo? Sabs ond hai rprografias x ai? Kndo saibas como qdar maña dimo (A109)
110. Qdamos as 4.55 na sqina non? Pq eu stou ai (A110)
111. Ok non t procups qdamos o vnres tard pq qdei cos do mastr pro xa cncretamos x face bicos (A111)
112. Era as 5.30! As 5.30 en laurence west! Qdamos xusto ao baixar do mtro no andn! Vmonos (A112)
113. Oes q falei coa sñora e me dixo que era myor qdar as 5 n st laurence west dam n toq se stas dacordo (A113)
114. Buf tou moi knsa sorry! Bks (A114)
115. Non. X crto maña qdamos as 6 mllor q total nos vai dar tmpo q dsd ai so tmos q coyer un bus e tmos 4 oras! S ts algún problema cn iso dimo (A115)
116. Stou nos pcs do 4 piso (A116)
117. Stou en Toronto x iso nn collo (A117)
118. Ola stou en canada sintoo moito x ***** dalle o psame da miña part (A118)
119. Vmonos a iso da 1.30 diant do col (A119)
120. Sorry nn scoitamos stamos na ntrada do queens park hai un monumnto grand sta preto da parada museum (A120)

121. Ao final nn qdei cn ***** oxe pro vou ir as 6.30 ao cort ingles como vexas!
(A121)
122. Se iso un ratiño o vnrs xa cncretarmos (A122)
123. ****! Qdamos maña a tard se che parec bks (A123)
124. Ok non te preocups maña sguramnte qde cn **** pro se iso qdo coas 2 ou qdamos algo ants como vxas falamos a noit no face coidat bks (A124)
125. Grazs polo d hoxe, stba m8 rikisimo tdo! Es 1sol! Nn sei q faria sn ti!
Qtm8m8m8! Muaka! Chamam pa qdr maña e xa m kns q tal a peli. Bks (A125)
126. Boas noits pk! Dim x sms a k hora m piyas maña, adaptome ao q m digas, e xa falams q agora nn pdo. Spro q tivss lbo dia. Qtm8 wapa! C u 2morrow (A126)
127. Ola xurra! Q tl? Q pasou? Nn t xamo x se molsto...Q tl sta *****? Quero sabr!!!!
Oxe ims correr? Ncsito sablo xq senn ceno con ** e *****! (A127)
128. Ola pkna! Tas bn? Sintm ml xlo d oxe, com s t deixase tirada kndo m ncsitabas.
Spero q nn sexa asi e q stivess bn sta noit! Kedei algo rallada! Maña falams! Bks!
(A128).
129. Nn m kntou nda d nda! Oxe e a volta d madri-brsa as 9-kuart asi q se qres ims
ants ou nn ims. Km ti qeiras! Bikos (A129)
130. Ei, pasax algo kmigo? Mndeix mails, xameit...xq nn das sinais d vida? Jopis
***...q pasa? Kntxt xfa. Bks. Boas noits chorvi (A130)
131. Ola fea! Km stas? Eu rgulin! A nai d **** tmlus mal o d q march d kasa e stan
nfadados. Pero tb m parc lfeo kra a min + n fin...ti q tal? Bks chorvi! (A131)
132. Maña d 10:30 a 12:30 dou a miña 1a klase! Stou nerviosiya! Jeje! Pois s t pasas x
ali xa che knto tdo, tdo! Ti q tal? I MISS U 2! xa diras! Boas noits baby! (A132)
133. jelou! Jau ar yu duing? Wi nid tu tolk! Tumorrou ai kal yu, if ai kan. A klas foi
tdo lEXITO! Jeje! (A133)
134. km kixrs. Starei aki tda a mña. (A134)
135. Ola! Tou bn! Xla maña kedei kn ***** e nn m ntere do movil e kndo o vin
pensei q xa tarias na voda! E xla tard stiven durmindo ata agora! Q tl ti? Bks!
(A135)
136. Ei, stas ben? Xq nn m koyes? Pasou algo? Stou rayada! Qtm8 pk! (A136)
137. Qrds qdar? (A137)
138. vente pa cafeteria, tou aki, jeje (A138)
139. Bos dias pk! Q tal a find? Ao final **** ox nn pd qdar e o plan knclous. Nn sei s
ti qrs qdar igual...xa m diras. Bks chorvi (A139)
140. Qrote! Jeje! M8 XDDDD (A140)
141. X crto, hoxe inauguran na bata 1xposicion d pintura! Pasamonos logo? Nn sei se
ten algo d spcial, supoño q si xq o puxeron no fbk. Vichelo? Logo falams! Bks!
(A141)
142. Boas noits pk! Q durmas ben, cenicienta! Jajajaja! Maña falamos! Qtm8. Muaka.
(A142)

143. N stoy kbreada kntigo, stoy kbreada y punto, ya s q no lo icist a proposito
OBVIAMENTE. Tuve q djar los fisos puestos n varios sitios pa q nn kaese.
Perdoa q as pagase kntigo. Ven maña xfa! (A143)
144. Ola bicho! Km stas? D meyor umor q a smana pasad? E esa tos? Eu aki, missing
you! Bks chorvi! (A144)
145. Stan aki stes. Xamote kndo marchen. Qtm8 (A145)
146. Sn presa q maña ainda teño a revision do artigo. Bks (A146)
147. pois dime... (A147)
148. E q qres q che faga eu? (A148)
149. Pois teño libre o venres pero a partir das 5 ou x ai. Pero senn kmpra crema ou
algo e faino ti! (A149)
150. Ola. Xamaxesm? E q levo unha semana moi dura d curro e staba durmindo. Cara
a noite estarei na casa, se eso xamot o fixo q m sae gratis. Bks (A150)
151. Alegrome moito d q conseguirades un acerkmnto ;-). Non te preocupes o segredo
esta a salvo. Agora a volver pouco a pouco todo a normalidade. Un biko (A151)
152. Non imos q ainda van tardar en vir polo neno e logo nn hai qn s mta n koruña.
(A152)
153. Km qdou a kousa? (A153)
154. Nn o sei! Jajaja! Nn s pod baixar asi d SEXY! Jajaja (A154)
155. O domingo e a komunion, vasm alisar o plo ou buskm a vida? Ncsito sblo xa!
(A155)
156. Creo q t vai chamar ***** xlo ds ntradas d in flams. (A156)
157. Querote (A157)
158. M8! (A158)
159. Koyeme o tlf q son eu! (A159)
160. Stou kn ****. Xa volverei (A160)
161. Nn fagas nda! Xa falei kn ela e + ou – arrglams, pero grazs d tdas formas, Bikos .
E gardam o scrto. XDD (A161)
162. Nn pasou nda. Xa falaremos. Boas noits chorvi (A162)
163. Ao meyor si q stou algo rayada. Vou intntar durmir..bks! Qtm8! Alegrome dq
sigas stand ai. Qtm8 (A163)
164. Ola ladiya! 5'70 cachis...**** chegou as 9:40! Km dsfasan! Jaja! Grava a *****!
XDD (A164)
165. Volvin diskutir kn **** e stou rayada asiq km ao star ***** nn vou pdr kntarch
nda paso d kdar. Falams. Qtm8. (A165)
166. Akb d nkntar o italiano q m dixo ***** (A166)
167. Bos días princesa! Nn son kpaz d durmir! Stou 1pk rayada, km puidchs kmprbr!
Grazas x oxe, pasein xnial! Es 1 solete! Q tñas 1bo dia! Qtm8! Muaka! (A167)

168. Quérote! Q aprobeite! XDDDD (A168)
169. E eu a ti petardo! I miss you very much! Penso soñar kntigo! Jejeje! Qtm8. Xps. Non t poñas d malas...q tas +feo! Jejeje! (A169)
170. Felicidade ladiya! Xa ves q a tods ns chega a ora! Disfruta das lenteyas e da tortiya! Jeje! Vemons! Pasao ben! (A170)
171. Enkntrom fatal! Spro q ti sts myor. Qtm8. Boas noits princesa! (A171)
172. Boas noites pk! Falams maña. Vou mimir q stou knsisima! Nn t rayes anda, a min molam ir x ai KNTIGO, o dstin e o d-! Qtm8 baby! Q dsknses! Muaka. (A172)
173. Minimo ate as 8 nn saio. (A173)
174. Si q ims. Chamt knd saia. (A174)
175. Sakei un 10! Stou kntnta! Jeje! Maña xa falams! Bikos (A175)
176. Nn o disimls nda bn! Eu ao d **** nn ye daria imxtancia! Knd qeirs xa sbs q stou aki! (A176)
177. :-(qtm8 pk! Q IMS A AMSTERDAM! Ainda qdan 4mess. Oxala nn chova! Bks (A177)
178. Grazas x vires! Fixome moita ilu. Bicos. **** (A178)
179. Eu quedei pa ir a 1 e kmer ali. Chamabat xq vou ir a alkmpo e se iso xa vos piyaba. Pois km qeirads. Bikos (A179)
180. Non habia ninguen na casa e xa o collin eu (A180)
181. Meternm outra multa en FENE! Tivo q ser kndo fun vr a meu pai ao ospital, xq senn nn o entnd! Me kago n tdo jodr. Kn esa pasta ya pagab l otel! N fines..KAKA (A181)
182. Ola chorvi! Pois n s. Xoan tokou riazor! Oxe tou d kmunion n meson pastoriza! E maña a kasa da miña avoa! Stou morta! Isto d levar tkons e 1dport d risiko! Admirot (A182)
183. Querote pk! Q dsknses! (A183)
184. Oxala poidse xamart agora. Nn m aptc tar soa, xo e moi tard. Hox nn m aptcia falr. Votei soa o find nteiro e foi kmo prdr a prtik da fala. Nfin, boas noits rula! (A184)
185. Querote pk! Q dskanses! (A185)
186. Eu nn ia dicir nda xo m8 ben nn sbian! Jeje! Xo tranki q o q knta e a intncion! Jeje!Muaka! (A186)
187. Moits grazs ricura! E+ x faclo atopndot ml! Qdou moi bn envlto! No coxe nn via patras! Nn o recrdab tn grnd! Tiveno q subir xa pa casa! Damsllo mña xla mña! Bks! Qtm8! (A187)
188. Doeum m8 vrt oxe ai aptada. Oxala nn s rpita! Eu ntndo q o pass mal, e oxe stivxs xnial! Isto nn vai sr smpr asi..nn podras faclo tdls dias xo si d knd n vz! Bk! Qtm! (A188)
189. Para no menguxo cando veñas e se esta ***** xa cha da. Senon dixo q ma manda ela por correo (A189)

190. Qtm8! Jeje (A190)
191. M2 XD (A191)
192. Eu nn sei s fixen algo q ch mlestou ou s e xq ch pasa algo xo nn ntndo q nn qeiras cear kmigo, nin falar...nn me mola vrt mal, nin q stems asi. Qtm8! (A192)
193. Obvmnt nn fixexs nda!o prblm e meu, e nn falo xq m costa m8 trballo cada frase. Nn tou bn (vaia nvidd..) e nn m aptc nda, nn se kmo xplikrxo. Sinto tar asi...bks! (A193)
194. Qtm8! Tsm para o q qeiras, xa o sabes. (A194)
195. Kari, perdoa! Nn qeria q t puxeses asi, so q tiven q momento d rayadura e qria q ti m Frankilizases. Xa sei q m dmostras tds os dias q me qeres m8 e q sn a unika. Sperot para q me fagas eses xampiñons tan rikos! Xfa, ven a nosa kasa! Qtm8, ate o infinito e +ala! Xps (A195)
196. Segue nfadado xo vai myor a kousa! (A196)
197. Tendo en conta o dia q fai e q m doe 1pko a barriga, oxe vou quedar trabyand n ksa, q teño bibliografia suficiente. Finalmente kndo imos kmbinar? Saudos. (A197)
198. Nn qdo hox cn ***** , q tn un velatorio en lugo. S qres imos correr. Avisam kndo podas xfi! E pnsó q m val a tinta da pluma..deixsm probar? Durm bn ruliña! Bks! (A198)
199. Au! doem tamn o stomg! Sts dias forn moi durs gastronomikmnt! XD! Q tl tas? Spero q steas relaxada e q vos vaia bn a knvrta! Nn vou apaga-lo movl x s m kers xamr! Bks! (A199)
200. Boas noites pk! Nn t nfads, xq nn penso q fagas nada a proposito nin m8 -! Qtm8 e sei q ti a min tb, x m8 q digas. Dsknsa princesa. Qtm8m8m8m8! Boas noits! (A200)
201. Imos cear kmida mexikana e baixar logo x arteixo, apuntadesvos? (A201)
202. ok! (A202)
203. Querote m8! Bos dias princesa! Espero q teñas 1bo dia! (A203)
204. As 5 (A204)
205. As 5 aki, q teño kousas q facer! (A205)
206. Mira, meyor nn ims andr, vente para ksa q akb dir aos xinos e rozanme bastante. Voume facer as kuras agora. Bikos (A206)
207. Kari, para min es o meyor xteiro do mundo! jeje! Espero q sta noit marks m8s! jaja! Querote snorlax! Muaka! XDD xps (A207)
208. Xa nn sta nese equipo, xo xoga o irma d ****, xamase ***. Nn sei se pdrei ir xq ***** tb tn partido. Vouch dicindo ok? Bks pelexa (A208)
209. E super tarde, vou pasar d ir q levo 2 horas sobando no sofá! Sorry! (A209)
210. Eu ainda stou empaxada agora! jaja! Nn m volvo chutar tanto chocolate! jeje! Have a good picnic! Bks. Qtm8 (A210)

211. Boas noits pk! Q tñas lboa volta ao trabayo! Dskansa m8! bks princesa! Querote moito! Muaka! (A211)
212. ***** oxe ai karate ou e a semana q marcha *****? Vos ides ir? (A212)
213. jajaja! Nn o vira! M8s grazas snorlax, xo nn te akostumbres! jeje! Qtm8 petardo. Trabya pouk e nn t knses q logo nn rndes! XDD (A213)
214. Tes a cea na neveira! Qtm8! Xps (A214)
215. Fosts a krbayeira ou andads x aki? (A215)
216. Paso xa! Levo un rato rkorndo tdas as praias pa nktrart e tes o koxe na kasa. Kndo qeiras xa chamaras. (A216)
217. Perdoa xla bordria xo nn ntndo nada! Pola maña stas ben kmig e agora isto.. (A217)
218. Xa che kntestei ao korreo, xo se tes q kntxtr xfavor q sxa a kara! Ao final nn vou dar klases, so a karate! Apetecech ir ao strato ou a bata pola noite? Bikos (A218)
219. Non te rayes, q knq ye digas q nn puidron vir xa sta. Nn creo q t crucifiquen! jaja! To sum up: QUEROTE M8 CHORVI! Q dskanses! Boas noits! (A219)
220. Isto ainda nn akabou! Vemons na kasa. Qtm8. Xps (A220)
221. Ola baby! q e d tua vida? Q tal a smana? Eu ste find d relax! ti q vas fazer? bikos chorvi! Miss you a lot! A ver se nos vmos. Muaka (A221)
222. Q pasa? xq nn m koyes? (A222)
223. Akbm d dar knta dq oxe tño q dar clase pola tard, asiq nn m da tmpo a facer as horas se me paso pola maña. nn kntds kmigo. Se qrds qdams maña. bks (A223)
224. Xa me dixeron q falecera tua nai. Sintoo m8. Akabo d pasar polo tanatorio mais non vin ninguen q coñecese. Se podoo volvo + tarde. Apertas e animo. (A224)
225. Xa teño cita no okulista para o 26 deste mes. Agora xa nn tes nda q decirme eh! Q tal a ponte? Eu kaka, xa che kntarei! St finde pirams pa Madrid! A vr q tal! (A225)
226. Necesito o koche asi q kndo veñas pa kmer rekoyeme primeiro e logo ti qdas na tua kasa e eu levo o koche ok? Vouch ir facendo a maleta pa aforrar tmpo. (A226)
227. Q calor, mi madriña! Ata parece q m custa respirar! Mens mal q se m deu x komprar uns pantalns kurtos! Vemns a volta se non me drrito antes! jaja! (A227)
228. Si, chegams onte pola noite e moi ben. Maña imos torrarnos a piscina. Bks (A228)
229. Chegams as 9:40 teorikamente! Stou dsexando volver. Miss you! Bks. Qtm8 (A229)
230. Felicidades person! Xa tes 1 idade asiq deberías empezar a pnsar n ir mrkndo alguna crema pa disimular os dsperfektos, q os anos nn perdoan! XDD pasao ben! (A230)
231. Stou n krate xo se ncsitas klqra kousa xamam q vou tr o mbl kmigo. Qtm8. Xamote kndo volva, anyway (A231)

232. Se necesitas kalqera kousa chamame vale? Qtm8. E s nn qres star n kasa pds vir pa aki. Dskansa anda! Muaka (A232)
233. Churri, km stas? Stou preokupad e sintm fata x nn srvir para nda! Falaxes kn tua nai? Se ncsitas kalqra kousa xa sabs ond stou ok? Qtm8m8m8 (A233)
234. Came what may, lembrás? Dskansa chorvi! Qtm8! Muaka (A234)
235. Meyor! A ver se knsges dskansar agora. Boas noits baby! Qtm8 (A235)
236. Baixei 4.5 +, o q fai un total d 7.5 en 2 meses e 1semana. XD (A236)
237. Fun marts a nutricionista e xa baixei 8 n total. jeje! Q tal pola montaña? Bks (A237)
238. Ola pk! Tou chof! Ti q tal? jopis, morreu Brooklyn! :(kaka (A238)
239. Tou mpaxadisima! a partr dagora vou facr peqnas catas da cmida q m ofrezas! a miña bedroom cheira a 1 mistura ntr pintura e dtrxnt (xa tño cortinas!!!!). Boas noits! (A239)
240. Trnk! eu tamn!!!! nn sei como vou dar comido todo iso...E fai klor! nn m aptc comr ahi fora...jejeje!!! Vou facr cma os osos: xa comin para unha stacion nteira! bs! (A240)
241. ****, chamt un pouk mais tard. muaka (A241)
242. Merda! e agora vains ver soas o xoves! e se m pregunta? q lle digo? ai q mal! q vrgonza! sintoo pro tmos q cambiar d sitio...jejeje! Boas noits! (A242)
243. E se en plan boiño dim q m rcoll as ntrads pero en realidade si q van e eu qdo fatl??? X crto, sribse chorBi, o d v e cousa miña (nn m copies). Bks! Qtm! (A243)
244. Peque! q tl? **** marxa mercors pa canad. so pod qdar maña a maña, asiq qdams 11.30 no meu prtal pa tmar kfe (tm cn ****) podes vir? senn pdms qdar ns kn d digas! bsit (A244)
245. ola! entncs maña vems o partid na miña casa. ***** dixo q viria sobre as 8. se qeres vir ceada ou vir + tard polo da dieta, nn hai prblm! Bsits. Ta maña! (A245)
246. Si (A246)
247. Prdoa q che colgase! taba liadisima! aki ta caendo unha q flips!!! nn se ve pa knducir! s non skmpa terei q ir moi amodo! saio as 8, intntarei xegar a tmpo, ok?! bks! (A247)
248. Oichs! vou pillr x intrnt as ntrads do cine! ti vas vir? collo para ti tamn? 1 tok si, 2nn! bks! (A248)
249. Chiki, spero q ests mllor...Nn m gusta vrt asi! eu nn tño nada d sono...votams 1partidiña o trivial? jejeje! mañan voum arreptir disto...boas noits! durm bn! bks! (A249)
250. Era ariba ou no parkin? stou na ntrada principal (A250)
251. Ao final nn ims a kaion, akbo d falar kn **** e di q myor nn. Chamam d tdas formas e se iso qdams. (A251)
252. Qtm8 princesa! Q dskanses! Muaka (A252)

253. Ola! Xdoa x trdar xo o mbl funcion knd qr! Eu alg1 dia d tard podria! Avisame e qdams, s pods? Q tal tdo? Eu km smpr, extresada!! jaja! Bkos (A253)
254. Boas noits pk! Supoñ q nn qrs sbr nada d min, asi q nn vou insistir, so q stou aki. Pasao bn maña! Bks! Qtm8 (A254)
255. **** nn koyiches os espagetis! Pasate kndo saias e douchos. Chama a kasa kndo saias! Qtm8! Xps (A255)
256. Alegrome! Qtm8 (A256)
257. oyeeee! Q tal oxe? Puxechete wapeta? Sakarnch fotos? Knta knta! Bks chorvi (A257)
258. I miss u everyday baby! jaja! A vrdad e q staba n clase e pnsando n Madrid! oye si t rgalo lncria fina **** n se nfad no? jajaja! Boa viaxe de volta! Muaka! (A258)
259. Stou n pontedeum q tiven q traer o coxe d **** ao tayer a ksa d meu pai, nn sei se darei chegado a tmpo! Chamote kndo saiba algo sguro ok? E snn maña pods? (A259)
260. Kmo stas baby? (A260)
261. Xa che deixo maña os cartos no buzon. Saudos (A261)
262. Nn t preokps! Knd qeiras! Koidat chorvi! Muaka! (A262)
263. Pero pasou algo? Stas ben? (A263)
264. ola chorvi! Q tal? km che qda esa pixama? km foi a smana? Eu pnso q stou inkubndo algo...bikos! (A264)
265. Qtm8 pk! Boas noites (A265)
266. O domingo andarei x Andrade. (A266)
267. Vads star na ksa oxe? Se iso pasome x ai. Bikos. (A267)
268. Boas noits pk! Xa tams n kma q **** stab rvntado! q tal kn *****? Falams maña! Querot m8m8m8m8! Muaka! Q dsknses! Eu vou mimir (A268)
269. Dduzo q nn ims qdar knd nn avisachs ainda! Marcho pa kma. Boas noits. (A269)
270. Boas noits kari! Qtm8! Vou mimir. Muaka! (A270)
271. Jo, algrm m8 x ti, d vrdad! Merecelo! Querote chorvi! Muaka (A271)
272. Stou na listaxe provisional das fpu! O luns falamos. (A272)
273. Eu vou a krat asi q dnt worry! (A273)
274. Non me acordei d dcirche q se kere tamen a chamo eu, cm ela prefira (A274)
275. Boas noits chorvi! Q tal? Xa ts tdo preparado? Pasao bn x spaña e fai algo d trismo! jajaja! bks bombon (A275)
276. Boas noits pk! Vou mimir xa q maña ao final toka madrugat! Nn soñs kn amstrdam, q iso vai sr real! Qtm8 (A276)
277. Boas noits kari! Botot m8 d-j Stou dsxando vrte para achuchart! Qtm8 wapo! Muaka! Xps. Ate maña! Q dsknss! (A277)

278. knd vñas kmentoch as pelis q hai e senn ch knvncn ims tomar algo os 2 x ai ok?
Qtm8! Stou dsxando q veñas (A278)
279. N timbrs dam 1tok (A279)
280. Gud mornin baby! Jaf a nais dei! Lof ya! Lol! Xoxo (A280)
281. Si. Intentarei chegar a -10, para q me dea tempo a chegar a karate (A281)
282. Qtm8 (A282)
283. Ei? km stas? Pasou algo ont? xq xamaxs a ***? Q tal o kncrto? Eu creo q stou
piyand algo xq m nknto fatal! (A283)
284. stou kasa. Klqra kousa mbl. Tño q lr e nn m aptcia ir xa ali. Bks (A284)
285. ok! pasao bn! Qtm8 (A285)
286. chamame cando poidas e marcamos outro dia. Pareceche? (A286)
287. Q tal vas? Qtm8! No calls! (A287)
288. S t atrvs axudx! Avanzou algo? (A288)
289. 56 euros. Saudos (A289)
290. Ainda stou kn ela! Sorry baby! (A290)
291. Nn pdo qdar. Xa che kntarei. Perdoa. (A291)
292. Eu si q t qero pk! Intnta dsknsar! Muaka (A292)
293. Km tas? Dsknsa baby e s ncsitas algo xamam! Qtm8 (A293)
294. Eu tb o creo! XD e x pouko q ye saqs ao zx..saech tirado d prezo. (A294)
295. Q tal d kmpras? Kurraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! Eu tou pntdeume e
logo irei ksa papa! Muaka baby! Sta smana cofe? (A295)
296. km vai a maña? Qtm8! Xps (A296)
297. Se qeres voute ver, nn m imxta. Koidate. (A297)
298. Avisame co q sexa. Eu vou star na kasa. Spero q nn sex anda. Bikos (A298)
299. Dnada! A min tb m gusta! D feito as vces ainda xogamos (A299)
300. tdo bn? (A300)
301. ok. Vemonos o martes q ven? (A301)
302. Boas noits ladiya! Stou superknsa asi q vou durmir. Q tal o rsto do dia? Esxo q
meyor! Bks pk! (A302)
303. 56 de novembro e 42 d decembro. Total: 98 (A303)
304. Ola! Km vas? A pli stivo bn! Q dsknss! Boas noits pk! (A304)
305. kndo poids teño q falar kntigo (A305)
306. Arrglaxst? Spero q si. Stou knsisima! boas noits pk! Dsknsa! Qtm8 (A306)
307. Kntxtarn d NY! ***** ***, do cntro d stdos glgos, di k x el nn ai problm. Q
ye tn q pdir permiso ao bicreitor xo q nn pnsa q s nege. (A307)
308. Ok! Vemons o proxim xovs? Bikos (A308)

309. tña intncion d xamart xo nn sei se stas dsprta, asi q kndo keiras pgame 1tok e chamt (A309)
310. Maña van vir os familiares d **** a andrade. Vide pola tarde tomar un cafe se queredes (A310)
311. Qdronm as xavs na ksa. stou sprando a q vña ****. (A311)
312. Grazs x vir. Creo Q Ncesitava vrt! Vaia dia + tnto q tñ ox! Boas noits bmbn (A312)
313. Eu supoño q si. *** n principio sta d trdes. Stou kurrando pero mdia paxuxa. Bikos (A313)
314. Ao final vids oxe ou adiamlo pra maña? a q hora? eu a partir das 8 starei na kasa. Bks (A314)
315. Akbo d chamar a ***** e *** e tñen o tlf apagado. En principio era pa hoy..pero n falei mas cn eles. knd sepa alg mas avisot.!! (A315)
316. Sobresalnte! Tes o noso visto e prace! jeje (A316)
317. Perdichete? Ns foms cear ao pans e agora ims vr a peli! Felices sueños baby! muaka! (A317)
318. Se qeres o proximo xoves facemos 2horas, q asi tño tempo para explicarche varias lousas. Podemos qdar de 5:30 a 7:30 se che parece. Bikos (A318)
319. Pareceme ben! ☺ (A319)
320. Qrot m8 baby! ☺ (A320)
321. ok! Vemonos o xoves (A321)
322. Nn knts kmigo oxe q **** akb d qdars frito n sfa e aind tño q ir a ksa d meu pai! bikos (A322)
323. Ei! Ont pasou 1 royo koa familia d *** e ao final non fms. Prdoa x nn avisart antes. Kntox kndo qdemos. Bks baby (A323)
324. A *** nn ye dixn q xo kntara, xo si que falms asiq...douye saudos. Xa sta + tranqlo. (A324)
325. Sii (A325)
326. Hoxe temos aulas non? (A326)
327. Vamlo prob ox pola tard. Dspois xa che digo. Q tal x ai? Xove? (A327)
328. Non ntndo xq t pos asi xq nn xo dixn x mal xo d todas formas sintoo s t ofndin. Non m gusta star asi kntig. Querote m8. Xps (A328)
329. Hi baby! Pois nos x aki, inkumprnd a diet! Xa m sint mal! ☹ sakad m8 fotos e pasadeo bn! Tamos xgand pokr! Q tal lvads iso d nn dspegarvos? jeje! Bikos chorvi (A329)
330. ola golfa! Q tl sem sta? Eu akbeina 1tnt acidntada: abrin a fronte kunha klumna!! Stou wapisisima! A vr kndo visitas a nfrma...bikos mona! Muakaaaaa (A330)
331. Pois vai tirndo! Tño 1 bo nfermeir!! jaja! A vr s m kra pra o kngres snn vou ir ghuapa...e x ai q tal? Alg1 novidd? Bks (A331)

332. Stou busknd ond aparkar (A332)
333. Jaja! Nn t ekivkxs nn!! Esta semana vai sr dficl! O mrkrs vou pa Santiago e vlv sabad. Luns e marts tño kurs Kufie! Grazas x akrdart! Bikos (A333)
334. Grazas pelexa! Kncretams pra a semna! XD (A334)
335. Grazs! Xa vou vey a pa clbracions subidits d ton! XD a vr se vou x ai pra semna q ven! (A335)
336. Era a semana q ven que estou en Santiago ate o sabado. Entndixesm mal (A336)
337. Ok! Non te preokupes! A noite vexote ou xa non stas? (A337)
338. Eu non recibin korreo ningun! Kndo ves? Komes ai ou en Santiago! Akb d expoñer e m8 bn! (A338)
339. Nop! Vamos kn retraso! X? (A339)
340. Saiu todo BN! Chamote kndo saia q xa stou dntro (A340)
341. Saiu todo sobre rodas! Falamos! Bikos ;p (A341)
342. Hola *****, hoxe non tiñamos clase as 16:30? (A342)
343. Bo eu son tonta, teño aqui apuntado que e o 25 e eu pensando que era hoxe (A343)
344. Recibiches o correo d cnfimacion da aspg? Pq eu non e nn sei se chamar ou q facer. Agora entro na clase (A344)
345. Como aqui, chego as 4 e media, collo un taxi e se che parece quedams a mens cuarto na porta ☺ ☺ (A345)
346. km stas person? Q tal twd? Deux tmpo a velo todo? Maña kdamos ou prefirs dsknsar? Q dsknses! Eu stou molida! Vou mimir (A346)
347. Mañá temos a reunión de departamento. Non olvides presentar antes o informe. Vémonos mañá. Unha aberta! (A347)
348. Pelikulon!!!!!! O_O (A348)
349. Bs noits pk! Q tl o dia? myor q ont? Q tl o knprt? Eu vou mimir, tou n pntdeum! Santi xa tivo o neno! A vr s filmos maña! Muaka baby (A349)
350. Se iso xa t xamo logo pa quedar, q pa qdar sn kbrtur outra vez...excuso xamart again (A350)
351. Saio agora de arteixo q ao final non tiven klases, q fixeron ponte! (A351)
352. jajaja! unhas knvrse! non acrtaron no numero pero no resto ben! jeje! Muakkaaaa (A352)
353. Quedan os cartos no buzon (A353)
354. Gardada. Grazas (A354)
355. *****, importache se hoxe non temos clase? Es q teño unha jaqueca horrible e encontrome fatal (A355)
356. ***** hoxe podes vir as 7 en vez de as 6 e media es que teño duas horas de física (A356)

357. Si, de 4 30 a 6. Gracias! (A357)
358. Ola! Q tal? Faceds algo? Stamos no burgo vndo a *****! Supoño q lg irems tmar algo...asiq s vos fai xa sabds (A358)
359. Ola! Quedoum o mbl n pntdeum, x iso non dei sinais d vida, ainda q xa vin q ti tampouco! jeje! Q tal a finde? Eu oxe teño q preparar todo pra marxar mañ cdo! (A359)
360. Xa lvo 1 anak no otl! Sta m8 bem e faln m8 bn o glgo! jaja! Ti q tal? Xa m bts d-? Maña a tardiñ starei na ksa! Podras soportalo? jeje! Miss you baby! Qtm! (A360)
361. Stou n portugal! X aki todo ben! O sabado kse seguro q imos! Falo kn **** e xa te informo! aos kayos seguro q non di q non! jaja! (A361)
362. Stou no kngreso q che dixera! Vlvo maña! Xa che knto a fin d semana! Biks (A362)
363. Estou nun congreso en Portugal. Cando volva xa te chamo. Saudos. (A363)
364. Todo ben! Eu Tb stou morta! Vou dsknsar e maña kndo volva xa falamos ok? Bikos e boas noites! Q dskanses (A364)
365. Meyor non qdams! Stou q non m teño. Sintoo (A365)
366. Maña contade connos pra xantar! kises (A366)
367. Estamos mamadisimos! Q tal o dia? Maña kndo vaiades chamadm q vos indiko + ou -! Q eu nn tño m8 klaro ond e! Ate maña! Perdoa x non avisar antes! (A367)
368. Xa se akordou ***** tamen! jajaja! Q aproveite! (A368)
369. Nn psa nda! Eu tivn 1dia kmpltito! En ferrol ben! Stivemos mirando mobles! jeje! Pois falamos maña (A369)
370. De abril son 56 e este mes en principio tamen 56, se non perdemos ningunha klase. Maña era de 4:30 a 6 non? Bikos (A370)
371. Oxe pola tarde deskargoo, q stou no choyo! XD (A371)
372. Ola! Q e da tua vida! Se qres un dia dsts pola tard podems tormary algo! Vads ir a fsta d arteix? **** qre celebrar o seu cumpl en san isidro o dia 8 de xuño, apuntadesvos? Xa m dirás...a todo. Bks (A372)
373. No problem! Ti avisame e paso x ti no meu volido! jeje! (A373)
374. Ola!! Q tal?? Lmbrat d m enviars as ftos d q falams. Biks (A374)
375. Podesme enviar o arquivo por correo para ir facendo os kambios? O xoves antes das 11 poderia pasarme, andas por ai? Ou dime cando prefires e intento adatar-me (A375)
376. Peerdoa..qdei sn bateria e aind xguei agora..xamote maña e xa concretms! Bks (A376)
377. Si. Grazas. E para un asunto do traballo. A ver se subo facr lvsit st finde! Q tal todo? Algla novidade? Bikos (A377)
378. Ok. Xa me diras como facemos enton. Biks (A378)
379. Perdoa esqueceusm avisart d q non podia ir. Foisem a kbza. Sintoo (A379)

380. En total son 140 (A380)
381. Conforme. A visa e debito (A381)
382. ata as 10:30 nn abre, se che urxe avisa q intnto imprimir aki (A382)
383. Pois de sr tan multiplicados q sexan ben levados,ajaja. Moitas grazas x acordart, spro q che vaia todo ben. Un bikiño (A383)
384. Ola. Non m encntr m8 ben. Vou qedar na ksa. Bikos (A384)
385. xa che deixei pola tarde os kartos de volta no buzon. Saudos (A385)
386. ai cariño, a mochila!! :-@ nn t fai falta?! (A386)
387. si. na parad do univrsitario nn? ntrand a juan florez nn? (A387)
388. Faltanme as horas! Moitas! Jajaja. E o que te dixen, ao mellor esta semana me sae todo xenial e si que teño tempo, mais non podoo arriesgarme a dicir que si e logo non poder. (A388)
389. *****, nm m lmbro se ja te informara d q nm tenhem capacidade para tanta gnt... (A389)
390. Era para sabr q tal stavas. Nm insistim por s ja adormeceras. Espro q t ncontrs mlhor. Animo, coração! (A390)
391. Estou no primeiro andar (A391)
392. Si que vou! Pola maña currarei 1 pouk xo xla tard stou libre! A reforma sta a medias jeje! Bmnos maña ntn! Bona nit! Muaka (A392)
393. Vou para fnca kn ****. Lvo o meu car asi q se queres kdar dame 1 xamada e xa m volvo! Bikos (A393)
394. Stou n curso! Q pasou? (A394)
395. Como queiras. Non m importa! Q fixeches ate agora!? O curso sta way (A395)
396. Estaba na kama! As maletas non xo os biyetes xa os temos! Vale pois ali staremos! A ver se maña fago visita! Stads? (A396)
397. Es 1 crak! Saiuche fenomeno! Os cmntrs de *** xenial non! Non t odia tant! (A397)
398. Ei, Prda q xe cortara xo taba ntrand n kasa dos avs d *** e nn era plan! So t xamei xa cnfirmar se hox abia feir mdvl?! Q tal? Fuxs praia? Nn xam x s mlsto! Bk (A398)
399. Maña as 9 e 30 recollote! (A399)
400. Stou no cine (A400)
401. Ok. Nn pasa nada. Xa falams! Bikos (A401)
402. Ola! Akb d xegar a casa q deixei o mbl krgando! Q ansias x deus! Jaja! Ok o domingo way! Ao meyor tms 1 amiga d sviya x aki! Hai 1 prato +? (A402)
403. Grazas! Nn puxron mh a ningn pro saqi 10 (A403)
404. Xa metin os cartos no buzon. Saudos (A404)

405. ***** xa arreglei! Grazas d todas formas! A ver se deixo todo listo esta semana e xa vos xamos pa quedar a q ven! Bikos (A405)
406. Q mal! Spero q s che arranx o computador! Pois s qres vmonos maña 10 min ants ou algo bicos (A406)
407. O caf e agora mesmo avisei x face e no m lembrei de avisart x mv sorry (A407)
408. Nn tño tlf nin nada sorry (A408)
409. E nn xe val q t recolla na ksa? E q nn stou sgura d sabr ir x diant do cort n coche :_((A409)
410. Ok tardo 1 kchiño ainda (A410)
411. Nn te procups outro dia sra bks (A411)
412. Ond t mts q t busquei x mdia facul e nada stou no 3 andar da biblio lndo x s che intersa tomar un kf dspois(A412)
413. Ola son ***** deíxeixe 1 pm n face pro rsumindo q podo qdar hoxe xla tard pq nn qdei ata a noit q che parc qdar as 6 onda a fnac? (A413)
414. Nn puídn sair ants agora andas ainda x ai? Prdoa (A414)
415. O xovs tño 1 cea e nn m da tmpo a vir a ksa pra kmbiarm asi que m vou arrglar e iso ants d ir a clas! Q che parc o marts ou xovs da smana q ven? (A415)
416. Deíxeiche os apunts n consrxeria(A416)
417. Ok ai stou pro vai vir algn +?(A417)
418. Stou na ntrada pro dntro sntada na msa da dreita(A418)
419. Sorry ste find tño moi liado nn podria sr xla mañ un dia d smana? (A419)
420. ok! Intentarei star ai sobre esa hora enton. Saudos (A420)
421. Ei, km vai tdo? Eu tivn kmpromisos varios ests dias. Maña pola maña se cadra vou a 1mrkdiyo no centro, se te qers apuntar avisam. Bikos. ***** (A421)
422. Pasousm prdoa stas trabayando na biblio agora? S stas vou e q ntro agora no dpartamnto e saio as 2.30 (A422)
423. ok. Chameite a kasa kndo vin a xamada e xa m dxrn q nn stabas. Bks (A423)
424. Ok nn pasa nada bks (A424)
425. x s nn o sabs maña as 11 na biblio do forum bks (A425)
426. ok. Pois kdms diant da bibliotek publik as 3 e media? S stas ok dame 1toke e listo. (A426)
427. Ola; nn sei s oxe qres qdar para o da cnferncia. E as 6; ou dspois; m8 tard nn pod volvr q maña tka mdrugar pa filadlfia;bks (A427)
428. q tal onte ko fnomno? Tomastesye moitas? Filadlfia esta ben; falams pa smana! Bks (A428)
429. Ok fico preocupada... A vr (A429)
430. Vads star na casa oxe? (A430)
431. How are you baby? Q nn sei nada d tiiiiii! (A431)
432. Stou saind d pontdeum! Ate a noit nn saims!! Pois si q tomachs a peito o dos sabads famliars! Jeje! Pasadeo ben e oyo coa dieta e sbrtdo k postre! Pasteleiros!! (A432)
433. Bosssss diasssss! Perdin 1 euro na timba d pkr! Porka miseria! Da carballeira so ims os famosos churros! XD q tal vos? Stou m8 kansad! Lv td a fnd durmnd n xan!! (A433)
434. Ok. Nn t preokups! Oxe recuperei oras d sono! XD! Xa xamaras nton! Bks (A434)
435. Mandeíxe privado ao feisbuk! Menos mrkors e xovs q tou n Madrid podo qdar kalqra dia d tard asq ti diras! Q tal vas? Xa m tarda vrt! Jeje! (A435)

436. Pois cas prfiro venrs. Asi xa x cont todo cmplto ao vir d Madri! Dime hora e sitio e xa cncrctms! S qrs vou x ti! Bks!! (A436)
437. Asi sta prfcto! Vmns o vnrs entn! Bks (A437)
438. Ola persn! Foism a pinz e agor xa m parc 1pk tard! Km vas? Mnos nrvisosa? Eu xegei bn e a vr maña q m din! Boas noits! Bks (A438)
439. I got it!!!! Xddd vemnos dspois!!Lmbrat 6:20 (A439)
440. Kari! Qtm8 e vout botr m8 d- Durant os 2 mss q tms spards! Sei q as vcs Sn dsknfiad xo dbrias ntndlo! Spr q ese tmpo ns sirva pra knfirmar q e o q qrems! Xps (A440)
441. Boas noits xorvi! Klqra kousa xamam ok? Da = a ora! Maña pgoxe 1tok pa vr km stas! Koidatr m8! Muaka (A441)
442. Iate xamar onte pero ao final foism a pinza! Km xa nn ns vems ate o nadal spero q teñas 1boa viax dntro do q cabe! Eu irei informand da miña avntura via face! (A442).
443. Ola baby! Km vas? Klquer kousa xa sabs! Muaka (A443)
444. Vou o dmng a pontdeum! Se ves avsam. Rkollot as 10 (A444)
445. Felicidades person! Pasao bn no teu dia e a vr s o clbrams ants dq m march! Bks (A445)
446. Ao final non vou asi q s queredes x min ok! (A446)
447. Xa tes os cartos no buzon (A447)
448. ***** akb d xegar! Spabilad! (A448)
449. Por min ok! Falo kn ***** oxe e ko k m diga xa t aviso val? ***** curra d partid e ate as 9 e media nn stariams pero pol d+ way! Bikos (A449)
450. Deixams o caf pra outr dia q teñ aki pra long! Falei kn ***** d cear e tomar algo o sabad. Vou falar kn ***** e ***** aver q din. Qdads avisados! Bks (A450)
451. Qdams as 10:30 na tbrneta pa cear. Lg nn sei ond irms xo supoñ q tmarms algo x ali! Vides non? (A451)
452. Pois non baixes! ***** traballa d partido e nn podms qdar ants... (A452)
453. Parabns baby! Aki n cardif ainda e dia 14, asiq xego a tmpo!!! Q tal foi o dia? E km lvas os achaks da idade? Duros non? Xa xe kntarei o meu scrto! Muaka xorvi (A453)
454. Pos tn m8 koidad maña koa clbracion, non vaia sr q akbs mazada! Xddd q a stas alturas xa nn stas pa tanto trote! Disfruta da find eu ainda xego maña! Bikñs! (A454)
455. Jo tiña no blso o teu rgalito e squeceum darxo!! Saimos as 10:55 de alvedro asi q as 9 deberiamos star ali non? Con q estas as 9-cuarto aki chegamos d sobra! (A455)
456. Aki te sperams! Xdddd (A456)
457. Xa stams listos! Chamamos n knto poidamos e mentres stad atntos ao correo. Bikos e grazas (A457)

458. ok! Se podo tb xe scribo un emilio! Non sei s n galego ou en machupino, dpndra de km d fluido sexa ste ultimo! XD Xa tams n madri komiditos e ate as 5 non saims! (A458)
459. kari, sqceuche deixarm a tarxeta xo non pasa nada! Xa usarei a miña nn t preocups. Spro q teñas lboa viaxe. Falams manha. Querote m8. Xa t boto d-! Xps (A459)
460. ola *****! Kdams as 18hrs no 627 9th avenue cerca da 44th st. O local chamase rudys. Un bico! (A460)
461. Ola ****! Chameite onte dnd a ksa. Vin a tua msx moi tarde!! Stou a rmatar o saldo dsta pataca! Chamot dnd a ksa xra vr o do mrcos. Bikos! (A461)
462. Hostia! Pois mira q bo rollo teño q non m dixeron nada! Jajajaja! (A462)
463. Non rcarguei o tlf. Dime sitio e hra n msx. Eu vou star cerk d bryant park. Como cun colega e dsp stou libre! Bikos! (A463)
464. Ola! No rkrquei o mbl. (A464)
465. Merda! Nvieino sen kerer (A465)
466. kdams nas mesas d pin pon d bryant park mellor. Biko (A466)
467. Ola! xa teño saldo (A467)
468. Deus! Smpr ch nvio a msx ants d rmatla! Jajaja! Ond e a confrencia? Pdms kdar ants? Faime saber! Bikos! (A468)
469. ei guapa! Q tal foi filadelfia? Ns o venrs ben! As putas risas o tio ste!! Onte salin n manhattan. Hoxe dia tranki d curro e organizr a ultima smana...oh my god! (A469)
470. Ei! Km foi ont? Oxe qdei pa falar x skype as 6 asi q suponho q as 7 podria star ai! Xamam kndo akbs d nsaiar e flms! Bks (A470)
471. *****, ekivocachete de persoa. Son **** (A471)
472. Apuff! Prdoa q akbo d lelo! Sain coa rapaza do piso e maña nnsei s farei grand kousa q toka videoknfrncia! ***** pnso q anda liada kn dspddas e iso! Bks (A472)
473. Stou por downtown, o mrkadyo d jels e l merda, myor o d union skuar! S t pasas x aki pegam l tok! Bks (A473)
474. Ola, pois o mrkres xa me toka facr as maltas q me volvo o xovs. Teñ q akbr l s kousas da tese, pero se iso martes pegoch l tok e tomams lcafe ok? Bks (A474)
475. Nn sain d kasa mais q pra ir ao supr! Fai l dia orribl e alguns maña krramos! Bks (A475)
476. Malas noticias. Tño q star ca familia. Podo baixar xro mais tard. Gustariam ir ao d hells kitchen! Falams logo! (A476)
477. Xa cheguei! E tou rndida! (A477)
478. Olaaaaa! bo nadal! Estiven recuprando sts dias! Xamot para a semana! Bks (A478)

479. Bo nadal pk! Est ano foi toda 1avntura para ambas! Spero q o ano q vn poidamos seguir igual d bn! Boteit 1mtn d-; Merry Christmas baby! (A479)
480. Feliz ano baby! spero q tivss 1 boa ntrad d ano! Qt moito e alegrome d sguir kmpartndo anos e historias kontigo! Feliz 2013 peke! Muakaaaa! (A480)
481. Claro chama e a ver q s pod facer! Bks (A481)
482. Eu a ti tb pimpin! Xddd (A482)
483. Deíxei pola maña a karta (A483)
484. Pois durmidisima! Doeume case toda a noite e nn pegei oyo! Perdoa xlo mal umor! Qtm! Q tal a tua maña? Vmns ao mediodia! Muaka (A484)
485. Ei, ao final adiaronme o curso para a proxima semana. Haberia posibilidade de quedarmos esta? Non te chamo por se tes aulas. Bicos (A485)
486. Olaaa! Vale, pois eu pillarei despois algo pa cear! Bikos (A486)
487. Chamou un rapaz dicindo que chamases a tua avoa cando puideses (A487)
488. Ei, km stas? Dbsm 1cafe dsd hai 1 ano asiq xa tn moits intrses! Xa diras ok? Bks! ***** (A488)
489. 7 anos e 8 mses! Apuffff! Qro q saibas q stou enkntada de kmpartir a mña vida kntigo e que spero q st sexa so o kmzo! Grazas x awantarme! Muaka (A489)
490. Ok! Xamote a noite dsd a kasa e xa organizams! Bks (A490)
491. n principio si! A nn sr q m xurda 1 imprevisto podems deixalo para ese dia! Bkssss (A491)
492. Hi! Si xa me xamou onte! Imos despois x eles! Ate un anako (A492)
493. Eu tm m lembrei d camiño! Nn t preoces. Xa t avisarei. Muaka (A493)
494. Intento aparkar preto d tua kasa sobr esa ora e ims tomar algo x ali. Pareceche? Bks (A494)
495. Encantoum volvr a vrt! Esprms q non pase tanto tempo ate a proxima! Daye saudos a yasin q s m squeceu dicirxe antes. Bikos! (A495)
496. Estou nun kurso. Saio as 7 e media! Se iso pgam 1tok ds pois (A496)
497. Ola! Non vou chegar para a primeira conferencia, que ao final tiven que vir para Rianxo porque no piso de meu irman non hai auga por unha fuga, e o tren non chega ate as 8:50. Chegarei ao CGAC as 9 e pico. De todas formas, se tes problemas para atopar o sitio chamame (igual estou sen cobertura, que o tren e o que ten, pero chamote en canto vexa a perdida). Bicos! (A497)
498. ok, sabes chegar ao taller didactico? eu xa estou, se queres que che saia a algures avisame ☺ (A498)
499. Xa asinei o papel e xa deíxei todo no buzón! Saudos (A499)
500. Eu tmp creo q chegue para esa. Chamote kndo stea ali. Bks (A500)
501. Xa chegei. Tomo un café e vmns na sala (A501)
502. O marts xantams n ksa da mdriñ de ***** q xa tams convidads! Xa m dixra ***** q mpezaras! Maña stads x ai xq igual m paso? (A502)

503. Pasam o teu email, ou se tes fbk e demais. Asi ims falndo e podox enviar o da publicacion da aspg! Bks (A503)
504. Como vexas. Eu marcharei as 9 e media aprox. (A504)
505. Por min ok! Dam un toke kando stes e baixo! Bikos (A505)
506. ok! Baixo eu enton. Bks (A506)
507. Compralls algo aos nens rata! XD (A507)
508. Ok! Pro studiaaaaaaaaa! (A508)
509. oxe ao final nn subin xq stou griposa. Tiven q ir as 8 da maña x urxencias q non me tiña. Asiq qdara pa proxima smana! Todos ben x ai? bks (A509)
510. Pois ***** sta ai ai! Sta smna sta d noit e maña a tard tn partido asi q kntad so comigo pa xantr! Eu xa stou case rcuprad! Bks (A510)
511. E nn hai nada mais light? jajaja! Senn a dieta vai ir ao carallo! nn e x -prezar os xixarros! jaja (A511)
512. Si xa o sabia! Dixenlle q m avisasen cando pasas algo! Polo vist nn sabn cando sera pero nn ll dan moito tmpo! (A512)
513. Morreu a nai dunha amiga agora mesmo e probabelmente maña non poida ir polo departamento. Quero pasarme polo tanatorio e ir ao enterro. Falamos o mercores. (A513)
514. As q eu lvei xa van boas! q eu lmbre staban ben! jeje! E si, e kn v! jajajaa (A514)
515. Era xq teñ curso no teu edificio! Se qres maña tomams cofeee! Muaka (A515)
516. Ola *****!!! Stas lista??? Vou x ti en 15 min. Bks!! (A516)
517. okis! Ad+ teñ q ir x uns certificads ao cufie e xa aprobeit! Biks (A517)
518. Sras capuya! Xa nn soms a 0! Agora just frens! XDD pois xa me contas maña ntn. Koidate (A518)
519. xdoa xlo rtraso, nn t preocups! kndo poidads e snn malo sra q para a mudnza nn sts libr! jajaja! Bks (A519)
520. Bos dias rapariga! Tño 1 dor d kbza... Tou dsexando xegar a casa, e iso q ainda mpzou agora o dia...Apuffffffff (A520)
521. Vacacions d pascua para min! Vacacions d pascua para ti! jajaja! Bos días! Oxe + che vale tar cntnta eh! Q tocan 4 diiñas pa descansar! ☺ bicasooooo (A521)
522. Escriboxe sto xa q sei cm s, e sei q os teus oios sn = q o teu interior, sn pesiosos XD. Es 1 rapas q vals moito e merecs todo o mejor (A522)
523. Tes uns olls bonits aind que nn sei d que cor os tes fascinam o teu interior e tes un corpo humid e se queres bicarm o lombo non hai fallo, ala bikos (A523)
524. wapo, dmasiado, biks bn, stou agusto cntigo, pgamos bn, o azl ds teus oyos cmbina k miña pl moRna, teus dds fanm voar, ti s a coca coLa e eu o xeo, dbmos star xunts (A524)
525. Nas nbes, ti m dexas, cad vez q t mro, crgado d aug. Vexo teus ollos n dstncia q m dex moit trstra. Tkm wapa (A525)

526. as vcs nn stas e snto a tua prsenz. Nunk t sqzo. Psein mal e nn gro rptir e cand vlves tño unha snsazn d algria mpresionant qrot m8 (A526)
527. ****, fsme mal a vsta, xk a vrdade é que es un pouco feo, un pouco bstnt diría eu. Pro weno, es asi ke lle vas facr.....Aínda ke sexs feo bicas bn e gústame estr contgo. 1 bkño *****. (A527)
528. A k ands km ands esta semana necesitab un favor (A528)
529. kero depilar o peito (A529)
530. Pds facerm ti (A530)
531. Pero non hay k facr a cera (A531)
532. Seguro q n paras d pnsar ns mñs prnas e o unq sxi q tñ jajaja. Qrt (A532)
533. Ei maña tas na kasa (A533)
534. km fago vou pa a gasolinera (A534)
535. Eu non encntr esa espuma s pods pillama (A535)
536. km se abre o correo k paxina? (A536)
537. Grazs x prestarm atncion (A537)
538. Eu akbo d kmr (A538)
539. Vou durmir, votot d mns na kmiña. qrt bks boas noits (A539)
540. Piya 1906 grazs. xps (A540)
541. Oixe?kndo ims xgr o partdo de ftbol? (A541)
542. E eu tou enkntao e orgulloso. qrot m8. amot (A542)
543. Fai m8 frio (A543)
544. Jopis! qelo tar na kmiña arrimand cebola. sta sndo 1semana d n8 rara entre q t bto d- e o d edu, a kbza nn para (A544)
545. Hola, k tal? O sabado 26 celebramoslle o cumple a ***. Estaredes libres para vir a comer? Bicos (B1)
546. Sintoo pero tiven ke ingresar no hospital , asi ke posponemos o cafe para kando me dean a alta. 1 biko (B2)
547. E ke non sei se me operan hoxe ou maña (B3)
548. ok, grazas (B4)
549. Felices Festas e Prospero Ano 2012 (B5)
550. Hola! Stas currando? O domingo 26 vids comer a Laraxe? Bicos. (B6)
551. Dacordo. Mellorat. Bicos (B7)
552. Chamame cando saia pq igual non estou na casa (B8)
553. Non fai falta q chames, xa estou na casa (B9)
554. ****, vou xantar fora cos meus padriños. Sube igualmente se queres e fuchica na neveira ☺ (B10)

555. Pola noite sairei a iso das nove, asi q igual si nos vemos. Se te queres apuntar a cea estas convidada eh **(B11)**
556. Acabaches? **(B12)**
557. X ren, era pa te avisar d q xa non tou na casa e d q chegarei tarde. Ainda asi, vemonos xla maña. Chama se necesitars calquera cousa **(B13)**
558. Hola, q tal? Se ves a Ferrol o vindeiro luns come con nos. Bicos. **(B14)**
559. Recibido. Grazas **(B15)**
560. Ola ***,q tal a find?Nos x casa,sn moit nvidade.Chameit pro nn stabas asiq xa falarms do d mña pra saber cmo facms.biquiños **(B16)**
561. Moitas felicidades, *****!!! Que acabes de pasar un bo día. Un bico grande!!! **(B17)**
562. Saio d vilaxoan **(B18)**
563. Mandamo outra vez q ll din a borrar sen querer, please. **(B19)**
564. Holaaa. Mandame o teu correo cando poidas. E NIN SE VOS ACORDE ASOMA-LA CABEZA POLO TEITO DUN AUTOBUS EN N.Y. PARA ADMIRA-LA PAISAXE!!!! **(B20)**
565. ok. kando keiras miramos d coincidir. 1biko **(B21)**
566. Estiven intentando organizar para kedar hoxe pero ao final eme imposible **(B22)**
567. O luns as 18:45h podes? **(B23)**
568. Pois onde keiras a esa hora xq ***** ten baile de 18:30 a 20:00h e asi non hai problema **(B24)**
569. Good morning!!!!Vades vir polo Casal?? Tamen veñen **** e **, se non vides acercaos **** a Andrade. Despois xa os levou eu d volta! **(B25)**
570. Ok! **(B26)**
571. E fostedesvos e non me lembrei d darvos a carne!!! Cando volvas x aquí avisame q cha acerco se iso **(B27)**
572. Ok. Se keres aparca ao lado da escola de Soul en Voiño k sempre hai sitio e esperote ali **(B28)**
573. Eu tm estou moi contenta. Viñeronseme a cabeza moi bos recordos. Saudos a ****. Alegrame verte tan ben. 1biko. Estaremos en contacto. **(B29)**
574. Ok. Grazas. Xa veras 1foto x ai. Non t rias moito **(B30)**
575. saimos **(B31)**
576. esto antes das nove non acaba!! **(B32)**
577. ah daquela si q nos da tempo **(B33)**
578. xa estan recollendo regalo e van soltar os globos e xa **(B34)**
579. olaaa!! cando teñas hueco libre podias mandarme un mini croquis da habitacion coas medidas! q ***** ten ideas pero qere saber as medidas para ver posibilidades. e xa cand tenas mas tempo ainda pods mandarm o resumo do q me contache de NY pero sen presa! besitoos ☺ **(B35)**

580. o q non me acordei antes foi decirch q quen esta moi maliña e * **** da Cabana, a nai d ***** (igual xa cho dixo ****). (B36)
581. maña si q podo ir o enterro, vemonos maña? (B37)
582. ola, nunca me acordo d preguntarch, q tal ch sairon as cebolas xq di tua avoa(v???) q este ano teñen moito desperdicio (B38)
583. xa m parecia q escollera das boas, pero como eu est ano poucas levei q ll deu unha caixa grand o sogro d ramon a ton....pois non sabía como estaban ☺ (B39)
584. Como vai o proceso de asimilación da noticia? Xa o vas (felizmente) asumindo? (B40)
585. Moitos parabéns (de novo) e un grande beixo! (B41)
586. Olá, ***. Km vai td? Tms d flar d vrias csas, kmo, x xplo, d dencia k vas ipttir st ano, ds copias d rnsión d *****, d meu nnk visto nin palpado teu TFM etc. Kmo ts sts días? Fco á spera d rcbir nvas ts. Aprts (B42)
587. Olá, **** A rspcto do crño, tá no cap 3, na prmeira scción, mais só trto 1 pouco a cuestión lxiel. Aprts. (B43)
588. Alégrm m8. Flz dia! (B44)
589. Mllr ás 11.30? (B45)
590. X vs, ****, q ***** trblla a 1110. Flz fn d smna! (B46)
591. Obrgd! (B47)
592. Olá, ****. O teu TFM e eu nn dmos sido bos amgs. Pdríasm mndr, d nvo, as sgnts páxns: 5-13, 47-52 e 62-68? Ou, case mllr, nvíamo outr vz ao creoo electrónic e tnto fcer 1mprsión dsas follas n csa. (B48)
593. Mal...(B49)
594. Ox sas nopinion p 37. Parbns (B50)
595. Odiamosteeeeeeeeeeeeee! (B51)
596. K foi? (B52)
597. Prabns! Tou m8 cntnte x esa nticia! Chmot dspois k tou n Bclona. (B53)
598. olla x s aks (email) (B54)
599. K bn! Clebrml ns prxms dias, cnd voltrs da viax.Prbns! (B55)
600. Nn s prkpar XD (B56)
601. A que hora ves? (B57)
602. kbp spzo cruñ ;) (B58)
603. Tou n1 stio q nn cñezo. Sbes x nde se sae daqi? (B59)
604. Dacrdo, ****. Millorat. (B60)
605. Imos ao vla? (B61)
606. Grzas! (B62)
607. 39 feixes de grazas, meu! (B63)

608. Que desastre, ****. Segues a ir algo polo Graduate Center? Eu vou estar ali toda a tarde e volverei estar tamen martes e mercores, se che cadra podemos comer xuntos algun dia ou tomar un cafe **(B64)**
609. Perfecto, ****. Eu tamen tiña pensado tomar unha caña cun amiguete do departamento ao final do dia. Se te queres apuntar tamen estaría ben. Se non avisame cando che vaia mellor para tomar o cafe. Apertas. **(B65)**
610. Parabens no teu dia. Bks **(C1)**
611. En que aula é? **(C2)**
612. Para min si que supuxo un privilexio (e encheume de orgullo) escoitarte. Moitas grazas por estares aí e moitos parabens **(C3)**
613. xegastedes ben? stams no dscanso do curs e fai 1 clor... **(C4)**
614. Maña vams scoyrt as patacs e vou encher 2 caixas, xa vireds buscalas. Bks **(C5)**
615. k tl o clchon...provachelo??? **(C6)**
616. Si pero muy pouco **(C7)**
617. K tal vay ese oyo???? espero k non ye devolveras o golpe a ****!!! **(C8)**
618. joder guapa...a ver si scribes un poco mejor x k casi no se ni k dices!!!! ...por aki todo igual...lo peor soy yo k cada dia k pasa soy mas viejiña **(C9)**
619. Como estaba previsto, es unha fenomeno!! Bicossss **(C10)**
620. e k fas en prtugal??? **(C11)**
621. E k ainda non te modrnizachs co whatsapp...k antigua es...debes de ser a unica persoa en España k non o ten activado.... **(C12)**
622. Dios che dea moita salud pa trabayar moits ans...**(C13)**
623. k muyer...xa desconctchs o whppp...levas sin contr dous dias.... **(C14)**
624. Sta tarde non podoo ir ao insti **(C15)**
625. Xa cubrn o asnto ese k m mndaches e despois dinye a enviar non era asi... **(C16)**
626. operaron a *** d nebras non sei si da visicula ou algo asi pero nn sei fijo...oxe rabuñouye 1 gato d vixuan a ***** na cara en un brazo...sta feita un poema..ahhhhhh e teu padriño xa s aburre en suiza e o 30 d ste mes xa o temos aki..ven pa trabayar na corña e se ten pa tdo o ano xa nn s vai en fin...toda 1 historia bstnt peculiar **(C17)**
627. Ola...ola...k tal todo por ai????? xa stad prparndo o ekipaje????? **(C18)**
628. Ou vas na playa por casualidd!!!! o dia 11d agsto e o cmple d *****...xa t aviso pa k nn fagas planes!!!! **(C19)**
629. Prdone x dsprtala!!!! pero agora e ora d levntarse!!!! oxe tmos un cmple en irixoa dun colegita d ***** e maña vams ir o prke acuatico...apuntadevos e vide k ali ven coyedes!!!! **(C20)**
630. Ola!!!! o cmple cmbiamlo po domingo 12... nn m daba conta k o sabado trabayo...ok!!!! **(C21)**
631. Ola...estas ai????? Si keres mandoche 5 euros p cntstar!!!! **(C22)**

632. Nn t preocupes k mntres cociñe miña nai ay comida d sobra... (C23)
633. Si stams d limpeza!!!!vent k vs muy ben.... (C24)
634. olaaaaaaa! Como vos vai co ekipaje??? Si nn che coye todo mndocho eu por correos!!!!!! Jjjjj levad bn viaxe e tede cuidado...xa chamaredes...chao... (C25)
635. vale...tanto o meu correo como o d adri xa os leo eu no telefono...levar bn viaxe... (C26)
636. bkssssssssssssss (C27)
637. chegaches ben.....aora descansa e xa falaremos.... (C28)
638. Ola!!!! K tal o ano novo? Falabams mais cando estabas en ny k aora k estas a media ora d camiño!!!! (C29)
639. Ola, esta semana eu teño un pouco complicado e creo que non poderei sacar tempo, se o consigo douche un toque. Bicos (C30)
640. Ola...como vai a situacion por ai??? o martes vamos facer uns carnavales a ver si podedes vir comer!!!! Bkssss (C31)
641. ahhhh olvidouseme decir k empezei a trabayar o viernes en curtis....dous meses.... (C32)
642. en principio si k estamos..si non avisote pero nn temos previsto nada.. (C33)
643. nos salimos ahora d funeral...vamos en camino d ver a las meyizas...d momnto nn temos gripe asi k na mnds p aki..meyorate bkss (C34)
644. ola como vai esa gripe??? non contagiarias a *****?? (C35)
645. vide xantar maña....(C36)
646. Vale...pues vente k vamos facer uns chicharos!!!! (C37)
647. Algo mais seguro k ay mntres estea miña nai o frente d cociña polo menos!!!! (C38)
648. ola chicos!! Acaba de morrer * ***** e levana p miño... (C39)
649. kedas disculpada!!!! Seran os nervios!!!! non che keda nada!!!!jjjj (C40)
650. xa teño eu (C41)
651. Xa temos en illa a posibilidade d xerar cv modelo mec. Podes probar co d *****? Manha falamos (C42)
652. Garda a mensaxe! (C43)
653. Fatura lixo buzón (C44)
654. Sobre enbuzón (C45)
655. Mira buzón (C46)
656. X fin xgou o vran (C47)
657. Carta no buzón (C48)
658. Agua buzón(C49)
659. Fenosa en buzón (C50)

660. Fenosa buzón (C51)
661. Estamos saindo do castelo (C52)
662. flz ndl e flzs fsts e q o ano q bn sxa mllr q ste e q ste sxa o + flz da tua vda e ste cheo d sorrisos. Dsexvs q tds os soños se vsfgnrealida (C-Nadal 1)
663. Ns tendis akrdns d xent e fan rbxas, ns tberns akrdns ds amgs e invtan a lxxarro, eu akrdm de ti e flicitxe o Ndl. Bks!! (C-Nadal 2)
664. Dsxamsvs a tds un prospro anonovo, ek o paseds mu bn nst ndl, po tnd coidado e nn vs atragntds kas uvas nin bbads m8 k ai k xgar o proxm ano..FLZ (C-Nadal 3)
665. nsts días de xiada qu tat frio vai x eso eu pa qcer acrdm dti maaaa e do teu caldinho de grelos !!:)) Flis Nadaal muaka pataka!! (C-Nadal 4)
666. nos momntos tristes tabas ai :) ns momnts d scaxada partiamns as caixs. so qria q souberas q nsts días d ndl Krt comij. Felis 2m11!! (C-Nadal 5)
667. Tal vez o mellor adorno de navidad sexa unha gran sonrisa, aqui tes a miña. :D (C-Nadal 6)
668. O 2010 regaloume a tua amizade,q o ano q empeza nos traia tntos e tn bos momntos coma os que vivimos este ano xuntos, pra ser ben, en galego! (C-Nadal 7)
669. Este ano xa esta rematando e nos cn intriga o 2011 estams esperando x iso dsxamosvs a todos un feliz 2011 e q haxa saude e amor (C-Nadal 8)
670. Feliz nadal a todos e ted cuidao en fin d ano xa nn solo co alcohol senon tamen coas uvas.E recordad o q faigads 100PRE CN PRCAUCION.FELIZ NADAL (C-Nadal 9)
671. kerovs dsexar a todos unha feliz navidad!!!un bo ano 2011 en todo:amores,notas todos eses rollos q se sueln dcir e tamen dar un consello ted cuid (C-Nadal 10)
672. k pass 1 bn NADL e ANINOVI k carall tat leria agor empza a b vidijiii felz 2m11jii (C-Nadal 11)
673. o ano x sta acbndo, outr nvo xegara e a nsa lg glga smpr ai stra. B Ndl a tds os glgos!! (C-Nadal 12)
674. Que esta época de felicidade e compañía sexa levada ao resto do ano, porque iso é o máis bonito que podemos ter.Feliz Ano! (C-Nadal 13)
675. a psar 1 bo ndal e ir m8 d fsta cos colegas. fliz 2011 e coidado ks uvas (C-Nadal 14)
676. Ste ano pso d trrn e elxote a ti k ers 1 bmbn...bo ndl a tds os glegs!!e tmn pspro ani nvo!! (C-Nadal 15)
677. Que pasedes todos un feliz ano novo,con moitos familiares.Ah!,e que vos traian fantasticos agasallos :) (C-Nadal 16)

678. Que pasédes un Bo Nadal!
Busca a túa estrela, seguindo o camiño axeitado: Descubrirás que está preto de ti.
Fliz aninovo! =D (C-Nadal 17)
679. QUE O CURSO QUE VEN EMPEZEMOS CON MOITO RITMO (C-Nadal 18)
680. FLZ NDAL E PROSPERO ANO NOVO(2010). QUE TODOS OS NADAIS
SEXAN EN GALEGO. QUE OS REIS VEÑAN CARGADOS DE(ledicia,paz e
amor) O CURSO QUE VEM (C-Nadal 19)
681. feliz nadal e nn beba des moito champan (C-Nadal 20)
682. S a flicidad s pdse rgalar eu fario sn vgar xq son flz vndot disfrutr.
Flz Ndl e 365 ilusions pro 2011!!! (C-Nadal 21)
683. Que estas navidades, che fagan comprender que o que de verdade importa é a
felicidade, paz e ilusión.
Bo nadal!:D (C-Nadal 22)
684. et ano so me plantei mandarll sms a xent da miña axenda k cand leo os seus
nomes se m scapa ua sonrisa!!!feliz ano bobo!!!! (C-Nadal 23)
685. S o Apalpador s mte na tua cma en coiros explikalle k o k t verias era un
VOLVO. B NDL. (C-Nadal 24)
686. E prcert flics fsts!!!! NENOOOOOOO CULIÑOSSSSSS ;) (C-Nadal 25)
687. boas fsts e prsper ani nov uns bks!!!! :) soms s mas guais de mugar incluid
***** -.-! jojojojo FELIZ NAVIDAD :) HELLO ***** :) :) (C-Nadal
26)
688. feliz 2011:) (C-Nadal 27)
689. feliz aninovo :) (C-Nadal 28)
690. este ano nv a dvtrs e a pasalo moi bn (C-Nadal 29)
691. st nadl, 2011 ai k paslo bn, jaja bss prt knt (C-Nadal 30)
692. Bo nadal! nxme d orgullo e stsfacion pdrvs flcitar nst nadal e dsxrvs un prspro
aninvo!! ;-P (C-Nadal 31)
693. flz ano 2011. K o pasds bn d fsta, nn psars ko chmpan e srte o ano k ven!! (C-
Nadal 32)
694. st ano hbra rgls pa tds! Ppa Nl xa clle xla xmnea! Ca crse adlgzou 20kg...flcs fsts
cn Freixenet e Shakira ;) (C-Nadal 33)
695. Spr k tñs 1 flcs fts xcas d amor, paz e flade. Fliz Ndl. (C-Nadal 34)
696. spero k m conozas spero k m km8 sempre o teu lao sempre ao meu caron.
moitos bks cn paixon
spero k xe guste (C-Nadal 35)
697. pk nst 2m11 xe regalen 1nha rosca, e k a tua vid xire cmo 1nha roda (C-Nadal
36)
698. O 2010 sta rmatnd e 2011 kse cmzndo. X iso 1 flz ano xe stams dsxand!!! (C-
Nadal 37)

699. FELZ NADAL A TODOS; e prospero ano nv. desde steiro para tods vos. **(C-Nadal 38)**
700. Felz 2011 a to@s!!!! pasadeo bn e disfrtade o maxim!! A CABEZA NN PARA!!!! **(C-Nadal 39)**
701. felz ano ano!!!! e coidado en fin d ano coas farolas XD... **(C-Nadal 40)**
702. fliz ano nvo!!!! xd **(C-Nadal 41)**
703. DESEXBS UN BO NADL E UN PROSPR AN NVO A TOD@S . **(C-Nadal 42)**
704. FLICITO O ANO NOVO AS MOZ@S PASADEO BN xD **(C-Nadal 43)**
705. felz nadal a tods; e prospero an novo; desde esteiro para tods vs. FELZ 2011; **(C-Nadal 44)**
706. Ants d flictart x stas fstas qero agrdcerxe a túa cmpaña e a túa algría q fan q kda día sxa únic. B ndl **(C-Nadal 45)**
707. Bo Nadl!!! e coidd co xampn k nn e augh! **(C-Nadal 46)**
708. FELZ ANINVO **(C-Nadal 47)**
709. pra mpzar bn o anonovo... com as uvs amdo e non vais a velocidade ds campnds, pds sganrt. b ndl e fliz annovo **(C-Nadal 48)**
710. sorte **(C-Nadal 49)**
711. kmo tams n krise tño k aforrar, asi k: fliz ndl,fliz annvo,fliz cumple e falams n 2012.XD **(C-Nadal 50)**
712. k empecds o aninovo studnd, lndo, facndo diario de lcturs e as acts dia a dia!!!! **(C-Nadal 51)**
713. felz aninov e a leer **(C-Nadal 52)**
714. k vs sex leve!!FLZ ANINVO **(C-Nadal 53)**
715. A KAVEZA NN PARA E O KABAL TRABALL!!!! FLZ ANINVO **(C-Nadal 54)**
716. po ano vemns en melid flz navid e prsper aninovo **(C-Nadal 55)**
717. se a vida ch da limns dalle limoada. FELZ ANINOV!!! **(C-nadla 56)**
718. si a vida che da mil razns pa chorr demostr k ts mil e 1 pa soñr fai da tua vida 1 soñ e do teu soñ unha realid. FELIZ ANI NOVO **(C-Nadal 57)**
719. N ano novo esbardallad knt poidds. **(C-Nadal 58)**
720. Saud, ledicia e m8, m8 lingua pa o ano novo!!!! **(C-Nadal 59)**
721. Q nestas navidads, o pass moi bn, e a podr sr smpre rodead@ d xnte coa q poidas sorrir, e sexs feliz. Bo nadal **(C-Nadal 60)**
722. bo nadal, q teñades unhas grands fests,coas suas berbenas e q en 2011 sigades vivindo bn,bebendo e tndo boa vida. **(C-Nadal 61)**
723. acabse o ano, pro botadll peito xk bn outo;iii **(C-Nadal 62)**

724. q tdo o mundo akve o ano kn bo pe!e o mpce kn myor ainda.xd pasalo bn no nadt (o dia d fin d ano en spcia ;) unbiko a tods (fliz 2011 **(C-Nadal 63)**)
725. Bo Nadal a tds. Psadeo bn, disfrutad destas festas k logo cmza o instituto d nvo...aburiño **(C-Nadal 64)**
726. coidad coa arbore do nadt, nn vaias chcar en ela plo efto d chmpn!! **(C-Nadal 65)**
727. ollo co mazapn e o chmpn q t pds mpachr ste nadt!! =P **(C-Nadal 66)**
728. qrte e x iso ch dsexo 1 bo nadt e prspero 2o11 **(C-Nadal 67)**
729. flz ano novo e a pasalo bn o ano q vn **(C-Nadal 68)**
730. boas fstas a tds e spero k vlo pasedes como vos gusta,unha aperta!!!!!!!!!!!! feliz ano 2011 e bo nadal **(C-Nadal 69)**
731. st ndl a psalo ben en glgo, bo ndal!! e fliz 2011... k smos glgos e sbems cma dvertirns!! **(C-Nadal 70)**
732. wno xa s acab o 2010 e po ano vlvn as fstas e a psal dpm.psadeo ben en aninovo. bicoss guapoos :) **(C-Nadal 71)**
733. felz ano nv nn poñs nd vermell xk me ts a min bks **(C-Nadal 72)**
734. Pra est ano échet d alegría. Regala amr e recolle bs momnts da vda **(C-Nadal 73)**
735. Con unha ganba e un mexillon rejaloxe un besucon!Cun percebe e a miña amizade, Feliz nadal! E co meu cariño qe vale un huevo ! FELIZ NADAL! **(C-Nadal 74)**
736. k o annvo m prmta sgr amndt smpr:vo ndl a tds prspro annvo!!!!bks **(C-Nadal 75)**
737. Eu tamén estou en crise asi que decidín reenviache a felicitacion do pasado ano: Felicitación orixinal nº2373: Bo Nadal! **(C-Nadal 76)**
738. Felices festas e bo ano novo para to2!! m88 bicos guapos, amobos a todos aora d botellon **(C-Nadal 77)**
739. Dsxo q sxads flizs st ndl e q os vsos dsxos s cumprn n aninov. FLIZ NDL!! **(C-Nadal 78)**
740. se hoxe, xe entra xl ventá un home gordo,con 1 saco e barbas,vestido de forma rara,nn chames á policía,lévaxe os meus parabéns,feliz navidade **(C-Nadal 79)**
741. Nn e algo que se aprenda no colexo pero se nn aprndexs o sgnfcado do NADAL,nn aprendexes nada Bo nadal!Vivamos como galegos!!☆☆ **(C-Nadal 80)**
742. Soña,Sorrí e se feliz outro ano mais. Bo nadal e Feliz aninovo! :) **(C-Nadal 81)**
743. bo nadal e felices festas!!! **(C-Nadal 82)**
744. Bo Nadal e feliz ano novo!!!!!!!!!!!! **(C-Nadal 83)**
745. felz ano 2011 q sexa do voso agrd todo o q vos pse, faland smpr en glg!! nn vos esqzades d brinde d fn de ano... da roupa vermlla.. XD sorte!! **(C-Nadal 84)**
746. Dsexvs un fliz nadal, e q o ano 2011 sea memrable... e a flizitar n galego eh! **(C-Nadal 85)**

747. adeus 2010!! agora pnsar no qe bn!! nas borraxeiras, bailoteos e to o qe qeiras facr!!flics fstas e bo aninovo!! m8s bikos **(C-Nadal 86)**
748. nn esquezades pslo bn este ndl! e k o 2011 sexa un ano de alegrias cun sol + brillante cada dia **(C-Nadal 87)**
749. K teñas un felz nadl e k o pass dpm!!! Felz Nadl!!!e un felz ani novo **(C-Nadal 88)**
750. Pra ste an 2011 desexoch unh vid kom a dn cepill d dntes : m8 past , n bo mang e k t cepilln 3 vecs ao dia ;) **(C-Nadal 89)**
751. flz 2m11 e flzs fstas. cmo est ano nig1 outro **(C-Nadal 90)**
752. Bo Nadl!! Xa stamos outra vez de festa!!(cousa rara de Gz)... Asi k pasadeo ben e feliz aninovo!! ARRIBA GZ! **(C-Nadal 91)**
753. bo ndl a tds os glgs! a psr o ndl ca familia! bo aninovo a todos! **(C-Nadal 92)**
754. Flz nadl + prospr an 2m11 . Sed flcs at ;) **(C-Nadal 93)**
755. Ti,galgo na fala,no kntar,na musik,na vida...Bota laturuxo pa q neste ano nos deixn vivir na nosa esncia. POR INOVO ANO SEN ATADURAS!FELIZ ANINOVO **(C-Nadal 94)**
756. Pnsa ns momnts mais felices d tua vida, ns q xe fixeron rir e nos q te fixeron rir.. iso e tod o q xe desexo. Fliz 2011 :) **(C-Nadal 95)**
757. :)soms ***** e *****. Gustarians felicitarvs nstas datas tn sinalads e speciais coma o é o Nadal.Desexámsvs q comceds o ano cun gran sorriso. **(C-Nadal 96)**
758. Flz 2011 e k tds o paseds moi bn.E disfrteds d amizade e fesht.Desde Tella felices feshtas.XK acabeza nn paraaaaaa **(C-Nadal 97)**
759. FELIZ ANO 2010!*!Pasadeo ben que as navidades son 1 ves o ano. **(C-Nadal 98)**
760. feliz nadal a todos os galegos que son a mellor xente do mundo e a mellor terra do universo **(C-Nadal 99)**
761. bo nadl e feliz 2011. Q teñas 2 grandes momntos,0 malos ratos 1 agasallo espectacular e 1 persoa moi especial coa q disfrutar este nadal ;P **(C-Nadal 100)**
762. Disfruta este nadal como nunca, e esperemos que o proximo ano seña o mellor! Bebe moito champan e come todas as uvas! BO NADAL E FELIZ ANINOVO! **(C-Nadal 101)**
763. Fliz aninovo! oxlá st sxa un bo ano para o galego! oxalá acabe a crise e oxlá non se acab o MALOSERÁ! **(C-Nadal 102)**
764. desexolle bo nadal a todo o mundo!! animo celta **(C-Nadal 103)**
765. este nadal e aninovo en galego pq e a nosa lingua **(C-Nadal 104)**
766. eiiii felices fieceesstass a todoss.Logo unhas cañitas e unhas olivas en la coruña omeee!!!xDDDD Feliz Nadal!!☆☆ **(C-Nadal 105)**
767. Bo nadal!! en estas nadal turrón de choocolate en estas nadal turrón de suchard!!Felices Festas!! **(C-Nadal 106)**

768. Bo nadal e a ver se chega o verán e vamos a praia dunha vez que fai un frio que pela. **(C-Nadal 107)**
769. Que teñades un bo nadal galegos! As mellores festas estan en Galicia!Vivamos como Galegos! **(C-Nadal 108)**
770. Bo nadal e feliz aninovo **(C-Nadal 109)**
771. sn dios!!!acbous o 2010!!!buen; crall!!!aor xegn as berbens, as cargdeirs, as rescas...en resumn, a boa vid!!!b ndal!!! **(C-Nadal 110)**
772. Feliz nadal e malo sera!! q o ano q ben non seña mellor q este.. disfruta ds teus nestas datas tan sinaladas..bicos mil **(C-Nadal 111)**
773. O mellor agasalho dst nadl é un grn sorriso galego, aquí ts o meu ;) Felz aninovo!! **(C-Nadal 112)**
774. Bo Nadal,prospero aninovo que nestas datas tan memorables que haxa paz,amor,tranquilidade,saude e porsuposto que non falte o diñeiro para merca **(C-Nadal 113)**
775. Bo nadal, e feliz ano 2011! **(C-Nadal 114)**
776. Bo Nadal, felices festas!E divírtete coma se foran as últimas, qe nunca se sabe o que che pode pasar :) **(C-Nadal 115)**
777. Bo nadal!!!! E prospero ano novo. **(C-Nadal 116)**
778. bo nadal próspero ano e non te emborraches co chapan **(C-Nadal 117)**
779. b ndl e n t mboraxs c xmpn bks **(C-Nadal 118)**
780. como me di miña nai hai crisis asique voulle facer caso: feliz nadal, feliz ano e feliz cumpleaños,asi que xa falaremos o 2012.bks **(C-Nadal 119)**
781. Fliz ano 2011 a todos e q o pasdes dpm nstas grndes festas cheas d algria! **(C-Nadal 120)**
782. Bo nadal e que sexades felices **(C-Nadal 121)**
783. k tos os ndais sexn falnd galgo **(C-Nadal 122)**
784. felices festas a todos as personas e as q nn sn personas xk esto e lha vida loca loca loca perdida todo!!!!!!!!!!!!!! en estas navidades turrón de t **(C-Nadal 123)**
785. nste ndal xntate ca fmilia e n stes trste pk hay k dsfrutr d momnto.flz ndal a tds **(C-Nadal 124)**
786. eu flct a xnt n GLG e t tmn dbrias fcl!!! Flz ndl e aninov ! **(C-Nadal 125)**
787. O ano 2m10 xa escapou!Aora vn outro xeu d riss,fsta,alegria ! pidelle os Reis M.1 bo paraugas: cn m8 tela e 1 bo mango!Feliz ano! **(C-Nadal 126)**
788. wno xa s acab o 2010 e po ano vlvn as fstas e a psal dpm. e s os reis nn traen agsalls q vaian fcels qeixos! **(C-Nadal 127)**
789. a tr voas fsts e a estar ben k family... e drlle a os chupitooooosss jajajajajjaa cabeza non paraaaaa!!!!!!!!!!!!!! **(C-Nadal 128)**
790. flz 2011 e q tods as fstas sxan tan boas e dpm cmo as dst ano.a kbza nn para!! **(C-Nadal 129)**

B. Mensaxes non persoais (MNP)

791. Por Galiza, sábado as 6, todas e todos a Quintana. Contra esta reforma da Constitución do PPSOE (MNP1)
792. Agora en Novagalicia Banco ten vostede un préstamo preconcedido para o que precise. Somos un novo banco cos clientes de toda a vida. (MNP2)
793. Mañá 29M, o BNG coa Folga Xeral. Contribúe a que sexa un éxito e participa nas mobilizacións convocadas pola CIG. (MNP3)
794. Xa ten dispoñibles os datos fiscais de Renda 2011 de NIF ***7227**. Con referencia *****. Pode consultarlos en WWW.aeat.es (MNP4)
795. NCGalicia informa: efectúase coa súa tarxeta Visa n. **** retirada de efectivo de 300 EUR. (MNP5)
796. CONTRA AS POLÍTICAS DO PP POR EMPREGO DIGNO, DEFENDAMOS A SANIDADE E O ENSINO PÚBLICO MAÑÁ MARTES. ACUDE A MANIFESTACIÓN DA CIG NA CORUÑA AS 12 NA PRAZA DE VIGO (MNP6)
797. Para acceder a Banca electrónica (Internet) debe teclear o contido da coordenada D8 (MNP7)
798. En BLOQUE podemos, domingo 12 da mañan. Pazo de Congresos (San Lázaro-Santiago). NON FALTES!!! (Teremos espazo infantil) (MNP8)
799. Lembra a convención dos 30 anos do BNG. Mañá domingo as 12h, no Palacio de Congresos de Santiago. Non faldes! En Bloque, Podemos! (MNP9)
800. Hoxe as 21h30 na TVG non perdas o debate Jorquera-Feijoo. Para facerlles frente. En Bloque podemos. Co teu apoio podemos. Adiante co BNG. Pasao! (MNP10)
801. A USC informalle que lle foi expedido o Suplemento Europeo ao Título. Pode pasar a recollelo pola Unidade de matrícula. (MNP11)
802. Novo aviso (www.sergas.es) - Lista definitiva de Grupo auxiliar da función administrativa, Persoal de servizos xerais e Celador/a (MNP12)
803. Renova o teu móbilR e leva un smartphone dende 0€ Mais info en renove.mundo-R.com (MNP13)
804. Cando o PP escoita a palabra “Educación” bota man das tesoiras. Non son recortábel. Partilla (MNP14)

C. OUTRAS MOSTRAS (OM)

805. Estimada organización

Adxunto de novo a comunicación unha vez incorporadas as melloras suxeridas polo comité científico. A modalidade de preferencia para a presentación da comunicación é a oral e, como segunda opción, o póster.

Saúdos Cordiais

Exxxxxxxxx Mxxxxxxxx Cxxxxx (OM1)

806. fxndo ds adxctivs

lscou a td vlcdd prsguida xls adxctivs q prtndían intrdcrse n seu mnsrto, rbrndcéndoo c súas vsess bbs; 1 sdrxlo cspiu n 1º px e n tv + rmd q smgalo c1 mrtlo. (OM2)

807. animo **** n t preocupes xlo futbol ahora cuida de tua nai q eo mais important, l salud dun amigo e calker cousa xa sabes (OM3)

808. Ola chuli!!acordeim moito d ti n Barcelona d cando stivemos nos!!non fun a Diagonal!!e a pena q m keda pero tño os pes q non dan a mais!!venonos o q keda d mes!!bsiños!!! (OM4)

809. Just made a group decision we r gona have a no swearing week, wonder how long that will last

- Really mum...just really?
- Ur rite there Jackie and its rubbing off the rest lol xx
- U left already didnt think u wer goin that soon xx
- Sofa for me tonite looking after little sis :(
- Hope shes ok and u ad a gud nite xxx

(OM5)

810. Can u c me waving lol xx

Ok u win its big. U keep an eye on lesley dnt wnt her fallin over board after too many sambuccas. Have a great time c u soon. Dnt foget mine and rachels rich bloke ur bringing us bck x x

Well girls i'm in the que to board and don't c no talent here only sugar daddys lol xx

(OM6)

811. Q sunormal e a xente..q pasa andasme espiando???polo menos da a cara.. deixa de cntarlle a adrian o ke pon ou nn no meu tuenti! (OM7)

812. nn creo ke o video ke me mandaxe sea moi acertado..pero weno.ademais ti tamen comes ali nn? (OM8)

6. II. Inquérito sobre as mensaxes de texto e a linguaxe SMS

Inquérito sobre as mensaxes de texto e a linguaxe SMS

*Obrigatorio

Indica a teu grupo de idade *

Bloque de idade 15-25 ▼

Indica o teu sexo *

Muller ▼

Indica a túa procedencia. Localidade e provincia *

Adoitas escribir mensaxes de texto (SMS ou Whatsapp)? *

- Si
 Non

Cantas envías normalmente ao día? *

- Entre 1 ou 2
 Máis de 3
 Máis de 5
 Máis de 10

Prefires as mensaxes de texto en lugar doutros medios de comunicación? *

- Si
 Non

Por que? *

En relación á pregunta anterior

- É máis económico
 É máis rápido
 É menos molesto
 Ten unha duración controlada
 Outro:

Con que finalidade envías SMS *

- Para envíar información
- Para relacionarme coas amizades e os familiares
- Para realizar trámites ou xestións (profesionais, comerciais, administrativas etc.)
- Para participar en concursos ou programas
- Outro:

Desde o teu punto de vista, quen pensas que envía máis SMS? *

A mocidade

Nas túas mensaxes costumabas utilizar a linguaxe SMS, é dicir, empregas recursos de abreviación? *

- Si
- Non

Que tipo de recursos empregas nas túas mensaxes? *

- Supresión de vogais e consoantes onde for preciso
- Pouco uso de puntos e vírgulas
- Uso excesivo de signos de interrogación e de exclamación
- Eliminación de palabras gramaticais (artigos, preposicións etc.)
- Utilización de abreviaturas, siglas e acrónimos
- Emprego de emotícones
- Uso de símbolos (+, -, x, &, % etc.) e de números para expresar o modo en que soa unha letra ou palabra (ex. moito > m8)
- Ausencia de acentuación
- Uso de maiúsculas para dar énfase
- Repetición de graffías (Ex. hahaha!!! ou ohhhh!!)
- Outro:

Por que utilizas este sistema de escrita? *

- Non o utilizo
- Para aforrar espazo
- Porque é máis rápido
- Por diversión
- Outro:

Na túa opinión, quen pensas que usa máis a linguaxe SMS? *

A xente nova

En relación ao sexo, quen consideras que usa máis este tipo de linguaxe? *

Os homes

En relación ao sexo, quen consideras que usa máis este tipo de linguaxe? *

Os homes

En que contextos é habitual empregares a linguaxe SMS? *

- Contextos formais
 Contextos informais
 Todos
 Ningún
 Outro:

Modificas a túa lingua en función da persoa a quen se dirixe a mensaxe? *

- Si
 Non

Por que? *

En relación á pregunta anterior

- Porque non a considero unha linguaxe apta para empregala con certo tipo de persoas
 Porque penso que este tipo de escrita só se debe empregar con persoas coas que tes moita confianza
 Outro:

Introduces variedades dialectais propias da túa zona nas mensaxes de texto que envías? *

- Si
 Non

Empregas estranxeirismos nas túas mensaxes?

Palabras procedentes doutras linguas, como o inglés

- Si
 Non

Por que empregas estranxeirismos? *

Mesturas o galego e o español cando escribes as túas SMS? *

- Si
 Non

Por que mesturas as dúas linguas (galego e español) nas mensaxes de texto que envías? *

- Non as mesturo
- Por funcionalidade (nalgúns casos unha permite abreviar máis do que a outra etc.)
- Outro:

Moléstache recibir mensaxes de texto cheas de abreviaturas? *

- Si
- Non

Por que? *

En relación á pregunta anterior

Consideras que o uso da linguaxe SMS pode ser negativo para ter unha boa competencia escrita? *

- Si
- Non

Por que? *

En relación á pregunta anterior

Xulgas conveniente incorporar esta nova linguaxe ao ensino de linguas? *

- Si
- Non

Por que? *

En relación á pregunta anterior

Coñeces outros ámbitos, ademais do das mensaxes de texto, en que se empregue este tipo de escrita? *

- Si
- Non

Cales?

Se contestaches de modo afirmativo a anterior

Porque consideras que estes ámbitos utilizan a linguaxe SMS?

Se contestaches afirmativamente ás anteriores


Segundo o teu parecer, cal pensas que será o futuro desta linguaxe? *

Este formulario está tamén accesíbel en <http://goo.gl/1HFMog>


6. III. Relación dos principais datos estatísticos sobre as SMS e a súa escrita SMS

A. Sobre o inquérito


Persoas que cubriron o inquérito por idade




Persoas que cubriron o inquérito por sexo




Utilizas habitualmente as mensaxes de texto para te comunicares?




Cantas mensaxes adoitas escribir diariamente?




Prefires as SMS sobre outros sistemas de comunicación electrónica?




Cales son os motivos?




Cal é a finalidade de enviare SMS?




Desde o teu punto de vista, quen pensas que envía máis SMS?




Nas túas mensaxes de texto, adoitas utilizar a linguaxe SMS?




Que tipo de recursos empregas nas SMS que escribes?




Por que utilizas este sistema de escrita?




Na túa opinión, quen consideras que emprega máis a linguaxe SMS?




En relación ao sexo, quen utiliza máis este sistema de escrita?




En que contextos é habitual empregares a linguaxe SMS?




Introduces variedades dialectais nas túas SMS?




Utilizas estranxeirismos nas túas mensaxes de texto?




Mesturas o galego e o español nas túas SMS?




Cales son as razóns?




Moléstache recibir SMS cheas de abreviaturas?




Consideras que o uso da linguaxe SMS pode ser negativo para ter unha boa competencia escrita?



Xulgas conveniente incorporar esta nova linguaxe ao ensino de linguas?




Coñeces outros ámbitos, ademáis do das mensaxes de texto, en que se empregue este sistema de escrita?




B. Sobre o corpus


Clasificación das persoas que cederon as súas SMS por grupo de idade




Clasificación pas persoas que cederon as súas SMS por sexo



Estrutura textual das SMS



Presenza dalgúns dos fenómenos lingüísticos das SMS do corpus



6. IV. Tradución para o inglés: Limiar e conclusións finais

Introduction

Aims

The Internet and digital interaction systems have constituted a social revolution and nowadays they form an important part of our daily lives. Furthermore, in as much as it is a highly graphic medium, the electronic context also represents a linguistic revolution. Therefore, linguistic approaches to this field become necessary so that this new reality can be described in depth and from multiple perspectives. This reality has motivated our choice of topic and it has been the reason that has led us to carry out a study such as the present one. Thus, our main objective is to analyse the influence of Information and Communication Technologies (henceforth referred to as ICT) on the appearance of new communicative practices and their impact on the way people use language to interact in digital contexts. In particular, we have focused our attention on the study of the discursive genre of text messages and the description of the linguistic features characteristic of its written code, commonly known as texting language. The objectives pursued by this research are diverse: on the one hand, it aims to offer a broad view of the aforementioned textual genre and its linguistic properties; on the other hand, it attempts to contribute to updating Galician Philology by introducing a new approach, Internet Linguistics, from which to study our language. In this regard, this work vindicates that not only should the study of the Galician language rely on tradition, but also on the analysis of current realities. Additionally, a study of this nature may promote the normalization of the Galician language and these new discursive practices since it proves their vitality and usefulness.

This linguistic phenomenon requires deep consideration from—various contexts of (socio)linguistic description and this, in turn, allows us to establish more accurate goals; those mentioned in the previous paragraph and those quoted below are the main targets that will guide our research:

- a) to determine the particular properties of electronic discourse and the communicative potential of digital media.
 - b) to study how the genre of text messages is structured as well as the characteristics that distinguish it from other electronic forms.
 - c) to describe the linguistic strategies and the written features of texting language and to establish their determining factors, their functionality and their purposes.
 - d) to demonstrate the level of originality and the level of debt that texting language offers vis-à-vis other written systems that rely on abbreviations.
 - e) to provide a diachronic approach to the history of writing, incorporating the latest practices produced in the electronic medium.
 - f) to demonstrate that the representation of written language is a body that is constantly changing and adapting itself to changing times and new contexts of use.

- g) to clarify the field of Internet Linguistics, particularly with regard to the genre of text messages and texting language.
- h) to analyze the level of (ab)normality with which the changes caused by ICT have been incorporated into the linguistic sphere in relation to other areas and fields.
- i) to specify and refute existing prejudices surrounding the usage of language on the Internet, not only within popular opinion, but also within the research community.
- j) to determine the user profile of these electronic genres and written codes, delving into the causes and purposes that have favoured these practices.
- k) to find out the potential of texting to encourage users to play with language and to be creative.
- l) to reflect on the usefulness of this new textual genres and linguistic codes as educational tools.
- m) to verify that texting is a universal phenomenon since nearly all written languages have developed a similar graphic system to adapt themselves to the digital context.
- n) to determine the social impact and the profitability of texting language in other fields, such as the literary, advertising or even artistic domains.
- o) to vindicate the need to link the Galician language with digital media and new linguistics processes in order to favour its revitalization.

In short, the present work aims, at a general level, to expand the perspectives of linguistic research, by incorporating new scenarios of usage and new linguistic realities which may also be discussed. At a more specific level, it also attempts to encourage further research on a particular area of the Galician language—the Internet and electronic media—; to fill in the gaps caused by a late development of its grammatical tradition; and to widen linguistic reflections on our language.

Methodology

According to what has been said in previous paragraphs, the development of ICT has contributed to the appearance of a variety of new interaction platforms. Their study and observation should not remain oblivious to the interests of humanistic disciplines, including linguistics, which is continuously witnessing the birth of new discursive genres. Text Message is just one example, and along with e-mail, chat-rooms or instant messaging, they complete the map of the different sorts of texts arising in—electronic communicative spaces. Our research is placed, therefore, within a context dominated by the emergence of new language usages and it seeks to study their characterization. However, the novelty of this research also involves encountering certain obstacles, especially with regard to the theoretical framework and the methodological principles that may structure a work of this nature in order to ensure its consistency. In fact, in the Galician-Portuguese sphere there is as yet no monographic study dealing, in detail, with these aspects. There are only a few articles or notes that reflect on specific issues. Due to this theoretical void, some of the theories outlined in this work have been formulated *ex nihilo* and others represent an elaboration on previous studies carried out in English, one of the languages on which more research has been conducted from this perspective. But even English authors are aware of the difficulty of

analysing a discipline that does not exist or that has barely been incorporated into specialized handbooks or university curricula. Internet Linguistics is a new research area that, despite its importance, it is still in a fledgling state. For this reason, we approach the study of text messages and texting language from the perspective of its linguistic description. We consider that, at this point, this is what these new codes are in need of: descriptions that might allow us to understand their functionality within the contexts where they have emerged.

The characterization of text messages and their linguistic features from a descriptive viewpoint should start, necessarily, from a compilation of SMS and such a compilation has to be representative enough in order to illustrate all their peculiarities. And, in this respect, we have, once again, found many obstacles because, in general, there are few databases which compile samples of these new linguistic practices. What is more, most of the existing databases do not incorporate Galician into their selections of languages. In the Galician-Portuguese area there are some initiatives in this respect, but the number of texts handled is still limited from a qualitative and quantitative point of view, since they are restricted to a specific theme and they contain a small number of samples. Consequently, we have created a corpus of text messages in Galician, which allows us to describe, rigorously, its most representative features. This corpus consists of 812 messages which have been selected amongst a larger sample and compiled through various systems: firstly, we compiled a series of text messages produced in the context of a contest organized by the Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (and whose reference in the text will be C-Nadal). This association gave an award to the most original Christmas text message. Secondly, and after several preliminary tests, we selected several informants located at different areas within the Galician geography. This allowed us to collect a set of representative SMS of the whole territory. Finally, we developed an electronic platform of open access (<http://goo.gl/n0szso>) so that anyone could contribute to the project by sending SMS in Galician. In order to achieve more involvement, a form was distributed through certain social networks so that users could share and “retweet” our SMS research form. In so doing, we managed to reach a large number of Galician speakers. In both cases, in addition to the text messages themselves, we requested the participants to provide personal information (age, sex, origin) in order to determine the sociological profile of the users.

According to Pérez Guerra (1998:28), the greater the volume of texts collected, the greater the accuracy of analysis and description of a particular phenomenon might be. However, it is worth noting that the process has been extremely difficult, since it has implied working with texts usually related with the individual private sphere. It has not been easy to have access to these samples considering that we have needed the users’ authorization. Users were often reluctant to share their SMS and, consequently, most of the text messages collected were ceded or compiled by people from our closest circles. Likewise, in some cases the text messages that we have received might have been slightly modified with regard to their original version. The users might have introduced certain changes: bug fix, abbreviations development, among others. Despite these inconveniences, we consider that our informants represent a sufficiently diverse group, above all in comparison with those of other studies on electronic texts. We certainly believe that the 812 SMS which make up the corpus of this work constitute a significant sample that might allow us to identify the most important features of the shorthand writing system used in Galician text messages. In a linguistic analysis, personal data is irrelevant and, therefore, the names of the informants and institutions that gave us the messages have been removed in order to respect their privacy, except in those cases where we have their express consent or where such references become relevant to the textual or linguistic study. And, although the database with which we have

been working contains further information, in the SMS list given in Annex I we have only incorporated their reference according to the age group to which they belong (15-25 is A, 26-40 is B, +40 will be C) and the type of messages (personal and non-personal). Similarly, we have also tried to include, in as much as possible, a few interactional complete units in order to analyse aspects related to messages concatenation and their structure and texts from other discursive genres (identified as OM at the SMS collection), such as social networks, chat-rooms or e-mails to determine the texting language profitability in digital supports with different technical constraints.

In addition to the linguistic description of texting language, we have also found it pertinent to study this phenomenon from the point of view of Perceptive Linguistic –that is, from the users’ perspective– in order to verify its social status. For this purpose, we designed a questionnaire that was distributed through social networks too, particularly Facebook and Twitter. This fact allowed us to obtain a wide range of informants, geographically and socially diverse. The survey was made by 237 users, a figure which proves the representative character of our data. The questionnaire consisted of thirty-two questions –many of them linked by a cause-effect relationship– where Galician speakers were questioned on various aspects related to text messages, texting language and its social perception. Questions were shown in various forms –choose from several options, free answer questions, ‘yes’ or ‘no’ questions, among others–, which has made it possible to offer statistic data. The survey was divided into three main parts: the first one related to various aspects concerning the users’ profile (age group, sex and origin); the second one concerning text messages (usage reasons, sending frequency, etc.); and the last, and most extensive, one focusing on texting language (usage reasons, users’ profile, linguistics features, and judgements regarding its use and its future). As in the corpus –where linguistic creativity lies on the subversion regarding standard written code–, we have also decided to adopt literally criteria to reproduce texts from the survey and the works cited, as they occur in the original publishing. Texts have been edited in those cases where typing errors were detected, in order to favour reading.

Regarding the theoretical framework, it relies mostly on the functional grammar model since it is the dominant one in Galician linguistic studies and the one that is more appropriate for the purposes of this work: it understands language as a starting point to explain the organization, the variation and the (re)production of each of the elements that it comprises, and it grants a great relevance to the contextual circumstances surrounding the entire linguistic act. However, we do not deny the significance of more formalist approaches throughout these pages. Therefore, we have decided to adopt a mixed methodology that allows us to approach the aforementioned linguistic phenomenon, combining reflexive introspection with observation and the analysis of texts. Thus, not only will the theoretical framework pay attention to the speakers, their linguistic environment and their communicative pretensions, but also to the search of common or universal principles that will ultimately enable us to study the language abilities and capabilities of human beings. Before moving onto the next section, it is worth highlighting the importance of the Galician grammatical tradition to the linguistic description of this code. The works of José Ramón Freixeiro Mato, Manuel Ferreiro and Rosario Alvarez are valuable theoretical referents in this regard. Likewise, we cannot ignore our debt to the existing literature on general linguistics, in particular those works produced from the English-speaking angle. As mentioned in previous paragraphs, given the lack of research on this field, we have recurrently drawn on some of these works. David Crystal’s, Naomi Baron’s, Crispin Thurlow’s, Rich Ling’s and Susanne Herring’s studies, among others, have significantly contributed to enriching this dissertation.

Structure

In order to provide a coherent organization – introducing the objectives and the observations resulting from the study of the corpus and surveys – we have decided to follow a conventional structure and to divide the work into various chapters. Each chapter focuses on particular aspects related to the definition of text messages and texting language as innovative textual genres and linguistic codes within the framework of written communication. In some cases, the relevance of the subchapters can only be appreciated when the work is read as a whole, since all of them prove effective to understand the nature and uniqueness of the SMS phenomenon in all its breadth and complexity.

In addition to the introductory section where the methodology is explained and the indexes are listed, the present work is divided into six parts. Chapter 1, entitled “Tradition and innovation in written communication”, focuses on two areas that we consider essential to understand certain textual and linguistic codes that the digital context is promoting: on the one hand, we examine how languages are represented in writing and their main characteristics, the implications of the various media that have been used in the course of history and the antecedents of written shorthand mechanisms so that we can determine the level of innovation of texting language and its linguistic features; on the other hand, this chapter also focuses on the technological sphere and its impact from a linguistic and communicative viewpoint. In this respect, we provide a historical contextualization and we approach the description of the different Apps used in electronic interaction and their linguistic potential. We also analyse the social impact of these technologies in order to observe the level of (un)naturalness with which they have been regarded in different contexts and areas. We are aware of the excessive length of a chapter whose main aim is to offer some sort of contextualization. However, we consider it important to deepen this dual perspective, since it explains the main principles through which to address the study of these practices, above all, considering that there is a theoretical void in this respect.

Chapter 2, "SMS within the electronic discourse", explains the consequences brought about by the appearance of a new medium for human interaction. In this sense, we have found it relevant to begin by analysing some aspects related to the fundamentals of Language so that we can know, in depth, how it works and we can understand the origin and the profitability of a phenomenon such as texting. Thus, approaching the linguistic code, communicative models and textual genres will allow us to identify the intrinsic properties of electronic discourse as a macro-class that comprises all the discursive varieties which are generated in this context. At this point, we carry out a historical contextualization of Computer mediated Discourse and the main research topics and areas from which its study has been conducted. Thereafter, we will focus on its characterization, emphasizing the inherent features regarding its support: the dimension of space and time, the technical limitations of communicative Apps or their lack of feedback. This approach will favour the understanding of the discursive properties of electronic genres, the hybrid nature of their writing system –halfway between orality and writing–, and the synthetic and expressive nature of the linguistic strategies that define them. Finally, this chapter also includes a detailed description of genre of text messages from a double perspective: i) the sociological, which focuses on the users and analyses the functionality of this App; and ii) the communicative, which classifies SMS according to their type, the conditioning of space and time, the predominant modes of interaction and their paratextual structure.

For its part, Chapter 3, entitled "Texting language", is concerned with the study of this discursive variety, mainly, from a linguistic point of view. Therefore, it is focused on the analysis of all those matters that we found relevant to define this new writing shorthand. In this chapter, we also study some sociological aspects, such as the users' profile or their motivations and purposes for the use of these codes. The centrefold of this section is devoted to the analysis of their main linguistic features, grouped according to the grammar area they belong to: spelling, phonetics, morpho-syntax, semantics, pragmatics, etc. This is, for sure, one of the most interesting parts of the work. On the one hand, the linguistic description of this phenomenon highlights the speakers' ability to be linguistically creative: they play with language features to shape them according to their goals. On the other hand, it proves the vitality of languages: they immediately and almost instinctively adapt themselves to new contexts of use and the demands of their speakers. In this regard, we also pay attention to certain sociolinguistic aspects, such as dialectal variation or language contact situation, in order to observe how they influence the production of Galician texting language. Likewise, we explore this written system from a global perspective and we examine the way in which other languages behave in this support and the structural similarities between this shorthand features and other linguistic varieties such as Pidgins and Creoles. The study of texting language is completed by the analysis of its socio-cultural impact; in this sense, it focuses on its social status and its extension to other areas, such as the literary, the educational or the artistic.

Chapter 4 includes the general conclusions obtained by our research. On this issue, it should be noted that, at the end of each chapter, we provide a brief summary that synthesizes the main aspects we have discussed. In these final pages we establish a series of links between the aims formulated in the introductory section and the results presented throughout the work.

Chapter 5 contains the bibliographic references that we have used throughout the study. They appear sorted into two groups: in the first, and more numerous, one, we can find primary references, i.e., those that we have deployed to support our hypotheses, to extract data or to confront our results; they are, in the main, (socio)linguistic and philological studies, although the technological nature of the subject we deal with hinder their exclusivity. In the second group we list secondary references: they are mainly literary volumes from where we extract some of the examples provided in the work. Regarding the quotation system, it should be pointed out that we follow the American one, since we have considered it more convenient. We have used footnotes to enlarge certain information or complete that provided in the main body of the text. In this way, the observations and notes offered complement, but do not hinder, the overall meaning of each chapter. Beyond the quotation of physical works, online resources have also been essential sources for the development of the present study. To reference these sources of information, we have added to the bibliographical reference the web page where they are available, including the date of last access. In some cases, the electronic format does not allow us to quote the page number of these materials.

This dissertation concludes in chapter 6, "Attachments", which offers a number of appendices that have been used as a source of information throughout the research and that were mentioned in several parts of the text. Firstly, it includes the list of text messages that our corpus contains, noting the classification adopted for quotation in the body of the text. Secondly, we have also attached the web form that we have used to extract sociological information regarding the system of text messaging and texting language; in this section, we also include a link to its site location, since it is the only way we can view the alternatives

suggested for those questions that do not have a free answer. Thirdly, Thirdly we have included the main statistic data used throughout the work on the text messages and SMS language. And lastly, we have added a version of the “Introduction” and “Final Conclusions” in English, which is one of the necessary requirements to obtain the International mention.

4. Final conclusions

Technology has transformed our reality in a very short period of time and it has seduced the world, due to its novelty and the attraction it generates. In this regard, we should note that language is one of the indicators that gives, in a more conspicuous way, an account of the social changes. It would have been unusual that an innovative phenomenon such as this had not have implications in language and the way which people interact. This initial agitation – somehow understandable– aroused excitement and fear at once in the linguistic sphere between the different social groups. As a result, there exists the idea that these new linguistic practices might have a strongly negative impact on the standard language code, especially in its written representation and also in the communicative competences of their users. However, as we have noted in Chapter 1, the linguistics features –or at least the processes– associated with the electronic context have, in one way or another, existed long before, as also occurs with regard to the apocalyptic predictions about each new technological revolution. The novelty lies, therefore, in the higher visibility given by the digital context – eminently public– to certain linguistic strategies that were until now unknown to many people, or at least, only used in the private domain. It is undeniable, nevertheless, the influence of this phenomenon, but in any case it will be a partial influence on the shapes, the technical possibilities, the speed and the extent or the written representation system, but not on language. When parchments were scarce, the scribes also used various reduction strategies that allowed them to make better use of the space available and even the support itself over and over again, as palimpsests demonstrate. It is, therefore, a formal adaptation to the context in which our texts are written.

The linguistic modality used in digital media, despite indicating certain similarities with other communicative forms, is essentially different from all of them. It is not a written conversation or a spoken writing; the electronic variety is something completely new and it also transforms the way in which we have traditionally understood writing and orality. Like the previous ones, the new media reveals a large sociolinguistic and stylistic complexity. In this sense, several new textual genres have been developed, such as text messages or chats-rooms, while others such as letters or diaries have been reformulated, acquiring greater dynamism and versatility as e-mail or blog. As indicated in chapter 2, the genres of digital discourse have different properties in common –derived from the context– that allow us to claim that all of them belong to the same class: electronic discourse. However, it is also a variable support that presents similarities but also differences in each of its manifestations. Thus, the different technical features of Apps have shaped, and continue to shape, a particular type of writing variety in each case: space constraints, the size of electronic devices or the users’ needs –who value speed in communication more and more – are some of the factors that determine this written revolution. The new interactive dynamic is, for sure, the more relevant today, since in many cases technical shortcomings have already been surpassed. Nevertheless, the discursive practices that were initially created continue to exist. For example, for many people who moved from SMS to WhatsApp or Line this written variety is still extremely pragmatic.

The genre of text messages and the written code known as texting language is, in this respect, one of the most innovative linguistic phenomena of this technological and social transformation; and it is also one of the most amazing, since it has come to function in ways

different from those for which it was initially created, and it has had a huge social impact on very diverse fields. At the beginning, the communicative chances of the mobile phone and SMS service were not the most advantageous ones for people to interact: the keyboard was not familiar or linguistically motivated, keys were tiny and caused problems in the writing process, there were character restrictions which had an impact on the cost per text message, the screen was very small and involved difficulties in reading, the message could interrupt the daily life of the recipient, among others. However, users saw more advantages than disadvantages and they went on to develop various mechanisms to solve these problems: it was direct and it did not need the availability of the receiver to work; it was fast and it avoided the time delay of other textual genres, such as the letter; it was brief and it allowed individuals to circumvent the conventions and length of traditional conversations; it was portable and it could send virtual texts to any place; it was personal and it granted even greater privacy and secrecy; and it was relatively cheap. The last two reasons turned SMS into one of the preferred media by groups of youngsters and they also motivated the development of texting language, initially perceived as a sign of group identity. The discretion and convenience of the medium and its linguistic originality also attracted adults to this messaging system and sometimes to its written variety, as our corpus reveals.

These features motivated the users' preference for short, spontaneous and informal texts, especially those that deviate from standard spelling rules by dispensing of stress, omitting vowels or simplifying consonants. In some cases, the Internet and electronic media helped to highlight some of the linguistic mistakes we could only intuit before. However, most of the examples we find in digital interaction systems are neither a coincidence, nor isolated cases; instead, they are the product of deliberate – albeit improvised – and highly creative acts, resulting from the need of the users to interact screens in a fast, cheap and effective, but also novel way: if we write following standard patterns, traditional opportunities to differentiate our texts by handwriting disappear; so users try to find other formal features that distinguish them from the rest. As a result, standard writing begins to co-exist in the digital medium with a non-standard written system that uses all the possibilities offered by the keyboard in order to create a phonetic written language –nearly spoken– and to represent actions that we expressed through gestures in face-to-face conversations. Synchronous genres use this variety with greater profusion, since they are characterized by immediate and non-planning talks, where users try to mitigate space and/or contextual constraints by typing swiftly. In turn, instantaneity has turned out to be one of the most appreciated features of recent decades: people have the same time, but they have a range of activities –including communicational–, much wider, so it requires less space devoted to each of them, sometimes by resorting to multitasking; therefore, this writing was also taken by asynchronous genres such as text messages, as we could observe.

The results obtained in this study suggest that younger groups –teenagers– initially created and used this variety to build their own identity, since it enabled them to differentiate their writing from that of other groups – children and adults. In this context, mistakes do not acquire the negative social connotations that people usually attribute to them, such as lack of culture, literacy and interest, among others; on the contrary, they are tolerated and even assumed by the rest of the users, who understand them like something irrelevant and at the same time attractive and subversive. This is also what explains the lack of systematicity of texting language strategies: they vary from one person to another –especially if they belong to different groups–, and even from one text to another of the same authorship. Sometimes, as we have shown, one single message allows us to detect these irregularities. For this reason, it is difficult in many cases to set boundaries between what we consider a misspelling, a

deliberate choice or a misprint. Nevertheless, the corpus that we have studied and the results of the surveys show willingness on this usage: users allude to the need of being transgressor by rebelling against the shackles of spelling rules through linguistic play. This, in turn, opposes the stigmatization that has frequently surrounded this written code as being harmful and having devastating consequences. Indeed, the teaching approach deployed in this work has allowed us to observe that young users are perfectly aware of different linguistic registers as well as the linguistic properties and contexts associated with each of them.

We have also observed that several studies had already demonstrated the existence of a positive connection between the use of electronic devices and the improvement of language skills –reading and writing, primarily– especially if teachers take advantage of this new linguistic reality from a pedagogical viewpoint, instead of ignoring it. It is not complex to understand why: firstly, either as author or reader, users are much more exposed to writing, which they prefer instead of speech. Secondly, these discursive practices are real and they respond to particular interactional and contextual motivations, which helps users to develop a greater sense of variation and textual properties, i. e., users extend linguistic registre levels based on their communicative needs, the situation or the people involved. Thirdly, it also promotes the phonological and phonetic knowledge of the language and their links with the written system. And finally, media encourages users to use language in a playful and highly creative way. Such a situation goes hand in hand with a process of learning and it transforms their linguistic and life experiences. In fact, these practices exceed very often the strictly philological or communicational frame and they end up spreading to other areas and acquiring new values –artistic, advertising, commercial, among others– which exhibit a different perception of texting language. In these areas, texting is understood as an original item and, therefore, it is linked to positive connotations as innovation, eloquence or subversion; and this situation contrasts strongly with what is happening in the area where it was initially originated.

The future and survival prospects of this written code are difficult to determine, especially because the technology sphere is continuously changing. Therefore, what we see as an innovation in the present might end up getting obsolete in a few years or even in a few months, and this is a constant challenge from a linguistic perspective. In this respect, text messages are now a textual genre in retreat, which is being progressively replaced by new instant messaging systems such as Whatsapp or Line, since they offer greater functionality and lower constraints. However, texting language has also moved to these interactive contexts, where it lives – as occurs in texts messages – side by side with the standard code. The current perception of time favours its continuity: today, having to wait a few seconds in front of a device's screen already instils a sense of slowness, when some years ago a similar interaction could last for weeks. Therefore, this variety may remain as a written alternative to communicate in similar electronic interaction contexts, or in a couple of years it may end up being seen as an outdated written code, especially if linguistic tools as editors or predictive texting improve their profitability. If the first hypothesis happens, we believe that texting language will not develop a regulatory variety, since its opposition to the standard code is what gives meaning to it. In the present, texting language is still in good health, even wearing new robes and appellations.

The electronic medium offers unprecedented linguistic opportunities in the research sphere and its results exceed descriptive aims. In other words, not only does it involve the analysis of the new textual genres or linguistic codes introduced by technology, but in many cases it also involves reinterpreting everything we know about language. Thus, we have detected that, although the linguistic features in this context are constantly changing, all of them are

characterized by being extremely diverse and creative, but in no case substitutes: we consider that there are no obvious signs, in any of the areas we have analysed, that texting language – as a written code– or electronic discourse –regarding writing and spoken language– might represent a danger to existing linguistic varieties, since they are complemented by the new ones, rather than substituted. In line with this, the emergence of new linguistic features increases our sharpness to perceive linguistic contrasts and it also favours our proficiency in the rest of the varieties. For this reason, we consider it extremely positive that the Galician language has developed an electronic variety with its own features, since this is an additional sign of its vitality and usefulness. In addition, the ability of Galician speakers to explore, in a novelty way, the linguistic potential of the language and to create new forms of expression will contribute, in our opinion, to revitalizing it and to broadening its social implications.